A nacionalización do pasado irlandés
1845-1937

Xavier R. Madriñán

XUNTA DE GALICIA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

A nacionalización do pasado irlandés 1845-1937

Xavier R. Madriñán

XUNTA DE GALICIA

Edita:
Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Coordinador científico
Manuel González González

Proxecto de Dimensións da Identidade Colectiva de Galicia
Director
Ramón Máiz

Imprime
Grafisant, S.L.
Santiago de Compostela

ISBN
978-84- 453-4960-1

Depósito Legal
C 3572-2010

Agradecementos

A primeira versión desta obra foi presentada como tese de doutoramento na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela en decembro de 2005. Debo amosar, ante todo, a miña gratitude ó profesor doutor Ramón Máiz Suárez, que soubo orientar, animar e dirixir o meu traballo, engadindo ó seu recoñecido maxisterio no campo dos estudios sobre nacionalismo unha disposición e unha amabilidade na súa tarefa que sempre estiveron máis alá do simple compromiso profesional. Son debedor tamén dos profesores que tiveron a ben xulgar o resultado da miña investigación, honrándoa coa máxima cualificación, os doutores José Álvarez Junco, Borja de Riquer i Permanyer, Ramón Villares Paz, Xusto Beramendi González e Manuel María de Artaza Montero.

Nada sería posible sen María. Para ela é este libro.

Índice

INTRODUCIÓN **13**
Irlanda desde Galicia: un retrato con espello 15

I. MODERNIZACIÓN, NACIONALISMO E REPRESENTACIÓN DO PASADO **29**
1. A nacionalización da política 34
2. A nacionalización do pasado 41
3. A renovación historiográfica: disciplina académica e fragmentación nacional do pasado 49
4. A historiografía británica: o glorioso pasado dunha nación excepcional 58

II. A NACIONALIZACIÓN DA HISTORIA NUNHA NACIÓN SEN ESTADO: PRESUPOSTOS PARA A ANÁLISE DA REPRESENTACIÓN NACIONALISTA DO PASADO DE IRLANDA **67**
1. Factores que determinan a elaboración do relato 72
2. A conformación gradual da representación histórica: da versión literaria á formulación académica 80
3. Análise textual da representación nacionalista do pasado de Irlanda 84

III. A FORMACIÓN DO MODELO NACIONALISTA DA HISTORIA EN IRLANDA. 1845-1881 ..... **91**
0. O uso político do pasado na Irlanda anterior ó nacionalismo 93
0.1. A relixión como factor de diferenciación identitaria 93
0.2. O patriotismo colonial 97
0.3. Identidade irlandesa e radicalismo republicano 104
0.4. A catolización da identidade 107

1. Celtas contra saxóns: o pasado como confrontación entre pobos 112
1.1. A Young Ireland e o nacemento do nacionalismo étnico 116
1.2. A ambigüidade do discurso de conciliación nacional 126
1.3. A historia como conflito entre nacións 130
1.4. O pasado segundo a poesía patriótica da Young Ireland 135
1. A materia histórica dos poemas 137
2. Os heroes da nación 139
3. Historia e ficción 144
4. A visión do pasado 147
Conclusión 149
2. Memoria de opresión e promesa de liberación: John Mitchel e a experiencia persoal da historia da nación 151
2.1. Presente e pasado no ***Diario de prisión*** de John Mitchel 153
1. A descrición ideolóxica da realidade irlandesa 156
2. O plano de acción política 158
3. A interpretación histórica de Mitchel 162
2.2. Análise do relato histórico de Mitchel 177
1. Os obxectivos 179
2. As características 181
3. A funcionalidade política 188
Conclusión 191
3. Irlanda como suxeito da historia: o pasado contado á nación. *The Story of Ireland,* de A.M. Sullivan 196
3.1. A selección e a representación dos contidos en ***The Story of Ireland*** .. 202
1. Criterios de relevancia histórica 202
2. As fontes 213
3. A caracterización formal 222
3.2. A estrutura do relato 228
1. Unidade e fragmentación do decurso histórico 228
2. A periodización do pasado 236
3. O desenvolvemento da historia de Irlanda 238
3.3. Análise dos contidos 292
1. Presentismo, reducionismo político e distribución desequilibrada dos contidos 292
2. A configuración da nacionalidade 297
3. A procura da unidade nacional 304
4. A resistencia á opresión 307
Conclusión: interpretación, representación e funcionalidade política do pasado en *The Story of Ireland* 311

4. Irlanda como suxeito da historia: a narración do pasado nacional segundo "A bird's-eye view of Irish History", de Charles Gavan Duffy .. 318
4.1. Presupostos e obxectivos 327
4.2. A estrutura do relato 331
4.3. Análise dos contidos 335
1. A singularidade nacional: raza, cultura e relixión 336
2. O sistema de dominación e o decaemento nacional 339
3. A loita nacional contra a opresión 353
4. A impugnación da versión inglesa do pasado 359
Conclusión 371
5. O primeiro modelo nacionalista da historia de Irlanda 379
5.1. A fundamentación ideolóxica e a lectura presentista do pasado 383
5.2. A materia da historia irlandesa 387
5.3. Os trazos formais e a estrutura das historias nacionalistas 394
5.4. A recepción do relato nacionalista da historia 398
Sinopse do modelo de historia nacionalista 402

IV. A FIXACIÓN DO RELATO HISTÓRICO NACIONALISTA. 1886-1937 405
1. Loita e triunfo do nacionalismo irlandés 407
1.1. O establecemento da hexemonía ideolóxica nacionalista 408
1. A reconfiguración do escenario político: sectarismo e mobilización 411
2. Crise e apoxeo do nacionalismo parlamentario 417
1.2. A radicalización do conflito nacional, 1912-1921 430
1. O difícil camiño cara ó autogoberno: bipolarización identitaria e resistencia, 1912-1914 430
2. A consunción da vía constitucional, 1914-1918 441
3. A recomposición do espazo político nacionalista: o triunfo da opción republicana, 1918-1921 450
1.3. A definición da nacionalidade irlandesa 460
1.4. O Estado da nación católica, gaélica e republicana 472
1.5. Nación, cultura e historia: a función do relato do pasado na culminación da loita nacionalista 478
2. A fundamentación académica da representación nacionalista da historia de Irlanda: a achega de Eoin MacNeill 484
2.1. A utilización das fontes gaélicas 491
1. Utilidade do enteiro corpo de manuscritos gaélicos 497
2. A historicidade das fontes 500
3. Intencionalidade política dos manuscritos 506
2.2. A antiga Irlanda gaélica 509

2.2.1. A crítica do relato histórico tradicional da era precristiá 509
1.A elaboración do relato 510
2.A estrutura do relato 514
3.Valoración do relato por MacNeill 517
2.2.2. A Irlanda anterior á cristianización 531
1.A poboación precéltica 531
2.A raza gaélica 540
3.A Irlanda gaélica orixinaria 555
2.3. A nación gaélica e cristiá 577
2.3.1. Irlanda no século V: a cristianización 578
2.3.2. A plenitude nacional: a Idade de ouro 584
1.O sistema político 585
2.A sociedade 599
3.Unha economía agraria 610
4.O esplendor da cultura gaélica 614
5.A significación cultural e política da Igrexa 620
2.3.3. Inestabilidade e decadencia do sistema gaélico 623
1.Os homes do norte 624
2.O fracaso na constitución dunha monarquía nacional 628
3.A descomposición do sistema: a penetración das formas feudais 631
2.4. Invasión, resistencia e destrución da orde gaélica 633
2.4.1. A invasión anglonormanda 633
2.4.2. Unidade e resistencia nacional 645
2.4.3. A nova conquista e a fin da orde gaélica 656
3. A representación académica do pasado examinada na perspectiva do primeiro modelo de historia nacionalista 658
3.1. A difícil coexistencia entre a fundamentación científica e a determinación ideolóxica 661
3.2. A caracterización cultural da nacionalidade 674
3.3. A dobre cara do pasado: esplendor e decadencia da nacionalidade irlandesa 679
3.4. Entre a ciencia e a ideoloxía: a configuración formal do relato histórico 684
Conclusión 687

V. A HISTORIA OFICIAL DA NACIÓN IRLANDESA: CONCLUSIÓNS 695
1. Caracterización do relato canónico da historia nacional de Irlanda 699
1.1. Estrutura e contidos do relato 699
1.2. Mitografía histórica nacionalista 703

1.3. Disposición narrativa do pasado 712
1.4. Funcionalidade política 715
2. O proceso de configuración do relato 717
2.1. Fixación do argumento e do suxeito do relato 718
2.2. Selección e o ordenamento da materia histórica 720
2.3. Representación narrativa do pasado 727
3. A reformulación académica da historia nacionalista 728
4. A historia como recurso político do nacionalismo irlandés 739
4.1. Reducionismo político e inversión da causalidade histórica 742
4.2. A historificación das crenzas populares sobre o pasado 750
4.3. A tardía incorporación da cultura á representación histórica 752
4.4. Historia alternativa e dependencia do relato 755
4.5. Os rendementos dunha historia militante 758
Epítome 761
Fontes documentais 765
Bibliografía 767

Ilustracións

Figura 1. Desequilibrio da distribución do espazo textual en *The Spirit of The Nation* 139
Figura 2. Desequilibrio da distribución do espazo textual en A.M. Sullivan, *The Story of Ireland* 292
Figura 3. Desequilibrio na distribución do espazo textual en Charles Gavan Duffy, "A bird's-eye view of Irish History" 333
Figura 4. O primeiro modelo nacionalista da historia de Irlanda 404
Figura 5. Inversión da distribución do espazo textual en Eoin MacNeill, "History" 701
Figura 6. Reequilibrio da distribución do espazo textual en Edmund Curtis, *A History of Ireland* 702
Figura 7. Comparanza da distribución do espazo textual 721
Figura 8. Distribución espacial: a era prenormanda, 1400ac - 1169 735
Figura 9. Distribución espacial: das orixes á segunda conquista, 1400ac - 1500 . 736
Figura 10. Distribución espacial: a fase aguda do conflito, 1540 - 1691 737
Figura 11. A reformulación académica da representación nacionalista do pasado 741

INTRODUCIÓN

Introdución
Irlanda desde Galicia: un retrato con espello

Os procesos de autodefinición colectiva étnica ou política fúndanse na selección e afirmación dunha serie de signos *visibles* de orde cultural, ós que se reviste coa presunción de obxectividade e se lles outorga a condición de marcadores da especificidade grupal. Pero tamén, a maiores desta fundamentación orixinaria, a necesidade de reforzar a pertinencia da diferenciación identitaria diante dos individuos afectados –por inclusión ou por exclusión– empuxa a ilustrar a súa proclamación acudindo a outros elementos complementarios *externos,* ós que se dota dunha especial significación ó poñelos relación co ser comunitario singularizado. Así, entre outros mecanismos de confirmación, adoita recorrerse á comparación con outros entes da mesma natureza constitutiva, de modo que, ben por semellanza, ben por contradición, contribúan á lexitimación da proposta identitaria e á fixación dos trazos distintivos que a definen.

Isto é así, de maneira especial, cando o grupo se vincula a un territorio específico e o proceso de aseveración da identidade se desenvolve no ámbito político como negación da lexitimidade da estrutura estatal na que se atopa integrado ou como requirimento da súa reordenación. Daquela, no momento de esixir o conseguinte recoñecemento institucional da singularidade proclamada, a simplificación por medio dun contraste externo resulta ser un recurso de gran eficacia para a penetración social do discurso identitario. Por unha parte, no senso positivo, porque amosa a existencia de casos similares que confirman a oportunidade das demandas propias e as volven procedentes no contexto internacional; por outra, en sentido negativo, porque sinala de maneira precisa o obstáculo principal que impide a súa cumprimentación.

Por máis que desempeñen funcións complementarias tanto na esfera estritamente política coma na etnocultural, os termos positivo e negativo da

comparanza presentan diferencias notables entre si a respecto do seu desenvolvemento histórico, en particular no relativo ós condicionantes da súa fixación, ó seu grao de estabilidade e, en consecuencia, ás posibilidades de utilización e instrumentalización política. Así, en canto a figura de negación vén directamente determinada polo propio marco político-territorial *fronte* ó cal se constitúe o movemento reivindicativo, as súas posibilidades de renovación ou de substitución van ligadas de modo solidario á alteración do contexto estatal no que opera – verbigracia, por desaparición ou por remodelación federal do Estado– ou a un cambio no obxectivo final perseguido –da autonomía á independencia, por exemplo. O polo afirmativo, sen embargo, non se ve constrinxido por tales rixideces. Pola contra, a comparación de semellanza entre grupos da categoría mencionada goza da presunción de universalidade cando se efectúa no plano político, de xeito que cabe encadrar as demandas que a xustifican no conxunto xeral de reivindicacións da mesma natureza ou relacionalas de maneira explícita con aqueles casos concretos que parezan máis oportunos en cada momento. Mesmo no plano cultural, onde os límites de plausibilidade da comparación son máis reducidos, as propostas de afinidade poden ser activadas ou desactivadas no decurso do tempo, así como, en todo caso, moldeadas á comenencia, poñendo a énfase nuns ou noutros trazos da correspondencia en función dos intereses conxunturais.

Neste sentido de procurar un fortalecemento extrínseco por semellanza, a referencia irlandesa constituíu un modelo paradigmático nos dous últimos séculos da historia europea, como punto de apoio recorrente dunha gran variedade de movementos que formularon esixencias de reconfiguración interna dos Estados existentes e mesmo, no caso das posicións nacionalistas, de redistribución da organización territorial do poder segundo unhas novas fronteiras políticas axeitadas ás delimitacións culturais. Máis alá das razóns que a sustentaban, a longa loita pola reestruturación dos termos da integración de Irlanda no Reino Unido –ou, segundo a opción radical que acabaría triunfando, pola súa separación– suscitou unha simpatía xeral crecente nas sociedades europeas da segunda metade do século XIX e do primeiro terzo do XX. Era unha corrente de comprensión e solidariedade que nacía, en boa parte, da admiración pola teimosía irlandesa en perseverar nunha confrontación entre dous contendentes de desigualdade manifesta. Pero tamén era unha proba patente do grao de difusión e aceptación dos criterios nacionalistas como pauta de lexitimación das fronteiras políticas. En boa lóxica, a forza de tales sentimentos foi aínda maior nos movementos que en distintas partes do continente, incluída a Península Ibérica, pretendían emular os logros do nacionalismo irlandés

nos planos político e cultural e aspiraban a facer avanzar as súas comunidades por camiños que conducisen a metas semellantes.[1]

Desde mediados do XIX as minorías instruídas galegas comezaron a mirar tamén cara á illa atlántica na procura dun exemplo significativo para o remedio dos problemas do país, partindo do suposto da existencia dunhas características históricas, xeográficas, económicas, culturais e mesmo raciais compartidas polas dúas terras. De tal xeito que Irlanda, xunto con Portugal, quedou pronto constituída como un sinalado "referente de analoxía", como un espello no que reflectiren os problemas e as aspiracións de Galicia.[2] A partir daqueles momentos, segundo o contexto e os intereses propios, o galeguismo presentou o movemento nacional irlandés, nas súas diferentes manifestacións, como a mellor pauta para orientar o esforzo pola rexeneración do país. Fose como estímulo para a mobilización campesiña, como exemplo de revitalización da lingua e da cultura autóctonas ou como paradigma de loita nacional, Irlanda foi caracterizada desde aquela como o máis axeitado modelo de inspiración para a reafirmación cultural, económica e política de Galicia.

A relación de afinidade entre Galicia e Irlanda completaría a súa formulación sistemática durante a segunda e a terceira décadas do século XX, xusto no período de concreción doutrinal e articulación organizativa do nacionalismo galego na procura dunha proxección social máis efectiva tanto no terreo cultural coma no político, despois da creación das Irmandades da Fala en 1916. A coincidencia non foi casual, desde logo. Primeiro, porque tamén atopou eco no país a atención que na prensa europea suscitaba daquela a loita pola independencia de Irlanda, extremadamente violenta na súa fase final, entre o mesmo 1916 e 1922. Os acontecementos irlandeses daqueles anos foron seguidos cun fondo interese polos principais medios galeguistas, *A Nosa Terra* e *Nós.* Esta última revista mesmo lle dedicou un número monográfico ó conflicto irlandés, poñendo os sucesos máis recentes nunha perspectiva histórica e destacando as semellanzas entre Galicia e Irlanda.[3] Influíu ademais de modo importante o contexto internacional, porque a consagración do dereito de autodeterminación na Conferencia de París (1919)

---

[1] Xosé M. Núñez Seixas, "El mito del nacionalismo irlandés y su influencia en los nacionalismos gallego, vasco y catalán (1880-1936)", *Spagna Contemporanea,* nº 2, 1992, pp. 25-53.

[2] Justo Beramendi, *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo 2007. Nesta obra, na que se que fai un repaso exhaustivo da evolución do movemento galeguista, recóllense moitas das frecuentes alusións a Irlanda nos escritos dos intelectuais e políticos do país.

[3] *Nós,* nº 8, 5 dec. 1921. Esta publicación facíase "En lembranza de Terencio Mac Swiney, o Héroe-Mártir que pasmou ó mundo", militante do Sinn Féin e alcalde de Cork, morto nun cárcere inglés despois de 74 días folga de fame. Cinco anos despois, na mesma revista, Risco referiuse a Mac Swiney como "o noso Irmau de Raza". Vicente Risco, "A moderna literatura irlandesa", *Nós,* nº 26, 15 feb. 1926, pp. 7-9.

como un dos fundamentos sobre os que se había reconstruír aquela Europa estragada pola Gran Guerra deu azos á manchea de reivindicacións das pequenas nacións sen Estado, das cales a irlandesa era exemplo sobranceiro pola constancia coa que sostivera o seu esforzo. Pero sobre todo, a consolidación de Irlanda no repertorio ideolóxico do nacionalismo galego foi consecuencia directa da funcionalidade que lle debería achegar o irmandamento con ela no ámbito da súa lexitimación externa e interna, autorizando as reivindicacións fronte ó Estado español e revalidando diante da sociedade propia a procedencia das propostas políticas que promovía o movemento galeguista.

En todo caso, cómpre salientar que a comparación non se efectúa entre dous entes que se *descobren* como iguais, senón que é a ideoloxía nacionalista a que os *constrúe* como tales, en virtude dunha serie de demandas concretas que persegue co establecemento da correlación. De feito, un proceso deste teor supón sempre dous desenvolvementos construtivos, o da nación propia e o da que se presenta como análoga a ela. E nesa confluencia orixinaria é o primeiro elemento o que determina o segundo. Quer dicir, que só se pode configurar outra nación como *semellante* unha vez que se procedeu *previamente* á definición da propia. É esa fixación *anterior* dos trazos constituíntes da identidade nacional desde a que se formula a comparación o condicionante do proceso de busca e definición de referentes de correspondencia no exterior.

Irlanda, por tanto, quedou caracterizada pola intelectualidade galeguista desde aqueles momentos fundacionais do nacionalismo como unha nación *irmá* polas súas orixes célticas, por un pasado e un presente de opresión a mans dun pobo estraño que afogaba o seu desenvolvemento histórico, por unha economía de base rural na que os campesiños habían loitar por acceder á propiedade plena e acabar cunha explotación que os condenaba á miseria a eles e á nación mesma, por unha emigración masiva que era froito do despoxo dos seus ricos recursos, por unha lingua e unha cultura específicas gravemente afectadas polos atrancos que lles apoñía o Estado, por unha relixiosidade católica que era consubstancial á mentalidade nacional… Tratábase, en realidade, dunha imaxe idealizada que se correspondía co autorretrato nacionalista de Irlanda e que se sobrepoñía á propia idealización galeguista de Galicia co obxectivo de satisfacer certas funcións en beneficio das reivindicacións nacionalitarias. Imaxe que, por certo, chegaría case intacta nos seus trazos esenciais ó presente, transcendendo xa o ideario nacionalista, convertida en *evidencia* de asunción xeneralizada.

A fundamentación da correspondencia entre as dúas nacionalidades imaxinada nas primeiras décadas do século XX asentaba tanto no discernimento das concordancias coma no obrigado ocultamento dos riscos disonantes que puidesen

minguar a súa verosimilitude. A xénese ideolóxico-política da que xurdía determinou unha narrativa de semellanza sen fisuras nin matices, congruente coa caracterización nacional plena de ambos os dous suxeitos, definidos por signos *obxectivos* segundo a lóxica do discurso nacionalista. Soamente así podería ser operativa a comparanza e dar cumprimento á funcionalidade que, en último termo, xustificaba a súa formulación.

A simplificación identitaria, imprescindible para a autorrepresentación nacional, impregnou tamén, por tanto, a figuración da nacionalidade irlandesa feita desde Galicia, nuns momentos nos que, precisamente, se resolvía en Irlanda no mesmo sentido o conflito entre as diferentes propostas de caracterización nacional en competencia. Fronte á definición política e incluínte da nación, aberta á diversidade cultural e relixiosa do país, os anos finais da loita pola independencia confirmaron a imposición da versión etnocultural máis restrinxida, aquela que identificaba a nacionalidade coa relixión católica, a lingua gaélica e o republicanismo –isto é, o independentismo. Asumida e promovida despois en virtude do Estado Libre Irlandés creado polo Tratado anglo-británico de 1921, e reforzada polo mito ruralista que presentaba os campesiños como os gardas de tales esencias nacionais, a definición católica e gaélica do irlandés consagraría como *verdadeira* identidade nacional a preconizada polo máis tradicionalista e clerical de entre os diversos proxectos que pugnaran por impoñerse nas décadas previas.

Esta imaxe ideal proxectada desde Irlanda foi recibida e convenientemente adaptada ás necesidades ideolóxicas e políticas propias polo primeiro nacionalismo galego, como xa se indicou, co fin de amosala diante da sociedade como factor de lexitimación das súas propostas. Lonxe da obxectividade proclamada, o salientamento dos trazos escollidos como *marcadores* da identidade irlandesa compoñía –aquí e alá– unha representación do país que, por forza, implicaba o encubrimento de determinados aspectos da realidade pouco conformes co retrato que aqueles debuxaban. A confirmación do catolicismo como símbolo da nacionalidade, por exemplo, viña recoñecer o que sempre fora o principal elemento de diferenciación comunitaria, pero tamén a corroborar a exclusión *de facto* dos centos de miles de irlandeses que non compartían a confesión da maior parte da poboación, obrigados despois da independencia, por demais, a someterse a unha lexislación rexida polos criterios morais dunha Igrexa católica convertida en garante da conformidade da acción política do novo Estado cos preceptos da relixión *nacional.*[4] En canto ó idioma gaélico, a súa afirmación como sinal de

[4] A Constitución irlandesa (1937) recoñeceulle á Igrexa católica unha "posición especial" como "gardián da fe profesada pola maioría dos cidadáns" (art. 44.1.2, abolido en 1973) e plasmou a influencia da súa doutrina social no tratamento do título dos "dereitos fundamentais" sobre a familia, a educación, a

identidade escurecía o *feito* da implantación social maioritaria do inglés e o continuado declive da lingua irlandesa, resultado dun longo proceso que nin sequera a política gaelizadora dos gobernos do novo Estado irlandés conseguiría interromper.

Se a énfase na caracterización cultural viña determinada en Irlanda polo afán de construír unha entidade nacional lexitimada pola súa diferenciación respecto de Inglaterra, tamén desde Galicia se precisaba salientar esa mesma condición que volvía procedentes as proclamas nacionalistas e o seu programa político. Como en Irlanda, cultura e política camiñaban estreitamente unidas. Non era tan relevante para o nacionalismo galego, sen embargo, destacar naquel momento de maneira expresa a dimensión política concreta que despois da I Guerra Mundial e do tratado de 1921 identificaba os irlandeses cun proxecto independentista. A pluralidade de opinións respecto do obxectivo final do movemento galeguista –máis ben, o predominio case absoluto da posición a prol dunha certa autonomía dentro do Estado– e o considerable apoio a unha práctica puramente culturalista nos anos anteriores á II República impedían a súa inclusión no núcleo definidor da identidade galega. Naquel contexto, por tanto, era a súa virtualidade funcional a que determinaba os termos da comparanza analóxica, que poñía así de manifesto a súa condición continxente, conxuntural e maleable á comenencia, val dicir, en aparente paradoxo, a súa natureza estritamente política. Unha condición proteica que é, xustamente, a que explica o longo percorrido histórico da referencia irlandesa en Galicia, presta para ser utilizada, ata hoxe mesmo, en contextos –galegos e irlandeses– ben diversos e con finalidades ben diferentes.

En todo caso, a súa eficacia como recurso político esixía o mantemento da comparación de semellanza no plano da caracterización idealizada dos elementos que a compoñían. Soamente así cabería relacionar dúas realidades tan dispares como as que nos decenios finais do século XIX e primeiros do XX representaban Galicia e Irlanda.

Como, se non, volver plausible a proxección de afinidade do escenario político galego-español sobre o irlandés-británico? Téñase en conta que a "cuestión irlandesa" viñera ocupando un lugar central na axenda política do Reino Unido durante longo tempo e que un dos dous grandes partidos de goberno recoñecía desde a década de 1880 a necesidade de atopar unha fórmula que recoñecese a singularidade de Irlanda e lles permitise ós seus habitantes decidir sobre os asuntos

propiedade e a relixión (art. 40-45). Un bo retrato do extremo conservadorismo da vida social e cultural dos primeiros anos do novo Estado irlandés pode verse en Terence Brown, *Ireland. A Social and Cultural History, 1922-1985,* Fontana Press, Londres 1985, esp. pp. 13-140.

particulares da illa. E que, como consecuencia, despois dos intentos frustrados de 1886 e 1893, unha lei que establecía o *home rule* foi aprobada en 1914, aínda que a súa aplicación, primeiro, fose adiada provisionalmente pola I Guerra Mundial e, despois, por causa das discrepancias sobre a integración do norte protestante e mais polo xiro radical do movemento nacionalista cara ó republicanismo.[5] Pénsese, ademais, na impresionante capacidade de mobilización do campesiñado irlandés xa desde antes da metade do século XIX, iniciada coas campañas lideradas por Daniel O'Connell a prol da igualdade de dereitos para os católicos e da abrogación da unión e confirmada despois co apoio masivo ás loitas agrarias e ó Partido Irlandés no derradeiro cuarto da centuria. Desde as reformas electorais de 1884 e 1885, o nacionalismo convertérase na forza hexemónica do país, dispoñendo os seus parlamentarios dunha capacidade de presión considerable, ó constituírse en diversas ocasións como forza decisiva para a conformación dos gobernos do Estado, poder que usaron a favor das demandas autonomistas e para acadar a aprobación dunha serie de medidas beneficiosas para os intereses do país. O contraste coa irrelevancia do galeguismo da época na vida política española e a súa inexistente penetración nas zonas rurais é abondo salientable. Iso sen engadir a complexa pluralidade do campo nacionalista irlandés, integrado por diversas opcións ben diferenciadas en canto ós medios –constitucionais ou violentos– e ás metas últimas que perseguían –autonomía ou independencia–, confundidas todas elas, en cambio, na visión galeguista dunha Irlanda unida nunha soa e idéntica loita pola liberación nacional. Só esta confusión nacida dunha representación idealizada da realidade pode explicar que galeguistas tan moderados como Otero Pedrayo sostivesen que os *sinnféiners* "representan o verdadeiro esprito irlandés" e que fosen descualificados como "rexionalistas" os nacionalistas irlandeses partidarios de actuar dentro da legalidade constitucional, os mesmos que ata 1918 concitaran o apoio xeral no país arredor da súa demanda dunha autonomía que en Galicia parecía aínda un soño inalcanzable.[6] Posición verdadeiramente rechamante en xentes tan pacíficas, por canto implicaba defender a vía insurreccional do Sinn Féin e mesmo a violencia da súa rama militar, o IRA (Irish Republican Army), dirixida non só contra as tropas e institucións do Estado, senón tamén contra a poboación civil protestante e incluso contra os católicos sospeitosos de non

[5] Unha boa e detallada exposición do proceso seguido pola loita a prol do establecemento de institucións autónomas irlandesas atópase na xa clásica obra de Alan O'Day, *Irish Home Rule, 1867-1921,* Manchester University Press, 1998.

[6] Ramón Otero Pedrayo, "Irlanda políteca no século XIX", *Nós,* nº 8, pp. 13-7. No mésmo número da publicación Risco despreza os constitucionalistas irlandeses comparándoos cos políticos galegos do "regionalismo sano y bien entendido". Vicente Risco, "Irlanda e Galiza", pp.18-20.

compartir as súas prácticas ou de amosar morneza ante a radicalidade das súas posicións políticas.

Como presentar a sociedade irlandesa nun plano de semellanza coa galega sen elevar a comparación ó nivel dunha abstracción ideal? Porque Irlanda era un país rural, certamente, pero cunha substantiva parte urbana, con dúas grandes cidades como Dublín e, aínda máis, Belfast que marcaban o ritmo de desenvolvemento do país polos vieiros da modernidade. De feito, ó estoupar a Gran Guerra, agás no máis atrasado oeste, a irlandesa era unha sociedade moderna, cunhas clases medias, incluídas as católicas, puxantes e con boa preparación, alfabetizada case ó 90%, cun sistema escolar que pouco tiña que envexar ó dos veciños británicos e aberta ó exterior, a pesar da forza arredista dunha Igrexa católica empeñada en *protexer* o país das perversas influencias do exterior.[7]

Como comparar dúas economías tan dispares se non era reducindo a irlandesa ó estereotipo ruralista e ó atraso forzado pola explotación allea? Porque Irlanda distaba de estar pechada sobre si mesma, de estar encerrada no círculo da miseria da agricultura de subsistencia. Pola contra, á parte as rexións occidentais, a súa economía experimentaba desde había tempo as transformacións ligadas á implantación progresiva do sistema produtivo capitalista, plenamente integrada nun único mercado cunha das grandes potencias industriais, comerciais e financeiras do planeta, por máis que o nacionalismo local denunciase o seu papel subordinado e o impedimento que tal dependencia supuña para o desenvolvemento de todas as potencialidades que os recursos da illa prometían.

Como compaxinar a realidade cultural diversa de Irlanda coa uniformidade que requiría a presunción comparatista? Porque, como xa se adiantou, o retroceso do idioma nativo parecía imparable, pese ós esforzos da Liga Gaélica (1893) por recuperalo como lingua falada. E igual sucedía no ámbito literario, no que o prestixio da literatura irlandesa *en inglés* nos anos do cambio de século era universalmente recoñecido, con figuras tan senlleiras como William B. Yeats, John M. Synge ou James Joyce, moi estimados polos intelectuais galeguistas e mesmo propostos, nos dous primeiros casos, como modelo de inspiración para unha literatura en galego –esquecendo non só a lingua na que aqueles escribían, senón tamén o rexeitamento que suscitaban nas ringleiras do nacionalismo gaelizador

[7] Joseph Lee, *The modernisation of Irish Society 1848-1918,* Gill and MacMillan, Dublín 1989. Cormac Ó Gráda, *Ireland. A New Economic History 1780-1939,* Clarendon Press, Oxford 1998. Senia Paseta, *Before the Revolution. Nationalism, Social Change and Ireland's Catholic Elite, 1879-1922,* Cork University Press, 1999.

co que eles simpatizaban.[8] Tratábase dunha sociedade, por demais, crecentemente influída pola penetración de formas cosmopolitas asociadas á cultura popular inglesa e americana, para escándalo dos puristas gaélicos e da ultraconservadora Igrexa católica.

Certamente, só a xénese ideolóxica da súa formulación permitía soster a semellanza galego-irlandesa e contrastala cunha realidade que era moito más complexa do que a simplificación da comparanza esixía.

As historias dos nacionalistas

Un dos mecanismos básicos ós que o nacionalismo, en xeral, recorre para xustificar o establecemento de relacións de lexitimación con referentes externos –de analoxía ou de oposición– consiste na apelación á historia para confirmar a súa pertinencia. Máis que á historia, en realidade, o recurso diríxese a unha *representación* do pasado configurada desde as mesmas instancias doutrinais. Neste senso, adoita procederse á elaboración dun discurso histórico destinado a ratificar a exactitude da súa descrición da realidade presente, amosando a súa coherencia cun pasado do que aparece como conclusión *lóxica,* a lexitimar os principios ideolóxicos nos que asenta e a autorizar a práctica política que se deduce da definición nacional da comunidade.

Fosen concibidos como ilustración moralizante ou como arquivo de acontecementos dos que cumpría gardar recordo, desde a mesma fundación clásica da historia os seus relatos estiveron estreitamente ligados ó presente. De modo que a dimensión política, a pretensión de intervir na realidade, semella ser consubstancial ó traballo histórico. Así foi, sen dúbida, mentres a historia foi considerada como un máis entre os xéneros literarios, cando a destreza narrativa do autor, a súa capacidade para transmitir a mensaxe e a brillantez estética da súa obra primaban sobre calquera outra consideración, incluída a exactitude no tratamento dos sucesos e personaxes que compoñían a materia do relato. E tampouco non deixou de selo cando, a partir do século XIX, comezou o proceso

[8] As loas dos galeguistas a Yeats e a Synge contrastaron coas descualificacións que padeceron por parte dos nacionalistas irlandeses radicais política ou culturalmente. O primeiro, acusado de falta de compromiso coa lingua autóctona e cos valores católicos –era de orixe protestante– e o segundo, de deformar a realidade do país no seu teatro, por non reproducir nel a imaxe idealizada consagrada polos *patriotas.* Yeats sufriu ataques mesmo ó recibir o Premio Nobel, en 1923. En canto a Joyce, que retratou sen piedade os nacionalistas do país nos seus escritos pero que debía ser recoñecido como unha gloria literaria de Irlanda, dada a súa sona internacional, Risco resolveu o paradoxo subliñando que o "irlandesismo d'iste descastado" era visible, ó seu pesar, na súa obra, que sempre trataba de Irlanda, e mais na súa personalidade, que facían del un "irlandés pol-a súa rebeldía, pol-a exaxeración, pol-a paixón, pol-o humorismo, pol-a cobiza do misterio, pol-a rareza, porque non s'imita a ninguén…". Vicente Risco, "A Moderna Literatura Irlandesa" [3], *Nós,* nº 28, 15 maio 1926, pp. 2-5.

de inversión desta relación en favor da primacía da fidelidade ós feitos como principio definidor do traballo historiográfico.

En realidade, a transformación da tarefa do historiador nun *oficio* que, mediante a aplicación das técnicas profesionais adecuadas, permitía un achegamento preciso ós sucesos dos tempos pasados, quedou marcada polo desenvolvemento político da nova atribución da soberanía ás nacións co que foi coincidente. A reconfiguración da historia como disciplina académica, rexida polos correspondentes formalismos e pautas metodolóxicas, naceu e medrou acompañando a implantación do Estado nacional contemporáneo. De tal xeito que a profesionalización do traballo histórico, á vez que permitiu ós historiadores contar cun mellor acceso ás fontes e refinar os seus métodos, trouxo consigo tamén unha dependencia respecto do Estado para o cal, directa ou indirectamente, traballaban nas súas cátedras, nos seus museos, nos seus arquivos, nos seus centros de investigación e nas demais institucións relacionadas co estudio do pasado. A administración pública, por tanto, pasou a desempeñar un papel relevante na fixación dos fins que xustificaban a inclusión desta clase de actividades nos presupostos estatais e, así, a influír de modo decisivo nas diferentes facetas do traballo do historiador. Certamente, a nacionalización das sociedades e das institucións que delimitaban o reparto do poder territorial non podía deixar de implicar nun mesmo proceso o pasado e a súa formalización narrativa no presente.

Neste contexto político e profesional, a asignación ás nacións de cadanseu espazo territorial veuse complementada pola conseguinte *fragmentación* do pasado, como efecto da proxección cara a atrás no tempo desas comunidades nacionais. Deste xeito, ó rastrexar e considerar con criterios de nacionalidade os materiais doutras épocas, a historiografía moderna puxo os seus métodos, os seus instrumentos de selección documental e de análise rigorosa dos vestixios do pasado ó servizo das esixencias políticas. Fose para certificar a pertinencia das delimitacións estatais vixentes, fose para desautorizalas en beneficio doutras propostas alternativas, en todo caso, ó tempo que se revestía cos aparellos formais da obxectividade, a historia pasou a integrarse no núcleo de lexitimación ideolóxica do Estado. De modo paradoxal, polo tanto, á vez que afastaba a súa práctica académica de afeccionados e literatos, a renovación conceptual e metodolóxica da historia veu subliñar a súa inherente dimensión política. A nova historiografía, de modo inevitable, non podía deixar de reflectir a tensión nacida da relación entre os seus dous determinantes, o ideolóxico-político e o académico.

O modelo xeral que expresa a relación entre a historia e a nación debía reproducirse cando se trataba de desafiar, en virtude dunha reivindicación nacionalista, o Estado constituído. Por forza, se o pasado se presentaba como

elemento de lexitimación estatal, os que propoñían a remodelación das fronteiras habían de desmentir o argumento histórico difundido desde o poder opoñéndolle un relato alternativo que autorizase a descrición do presente como resultado dunha relación conflitiva entre dous suxeitos enfrontados. Cómpre subliñar, sen embargo, que unha vez elaboradas, estas *contrahistorias* tenderon a volverse máis estables, menos abertas á renovación que as formuladas desde as instancias oficiais. Naquelas, a urxencia determinada pola utilización política inmediata de que eran obxecto vencía o equilibrio entre as súas dimensións académica e ideolóxica en favor da segunda e introducía unha barreira de resistencia á incorporación de novos elementos que puidesen afectar a solidez da súa narrativa. En cambio, no caso dos relatos elaborados ó abeiro dos Estados consolidados, en canto se sentían seguros da súa lexitimidade e estaban convencidos da súa permanencia, cabía unha certa marxe para unha investigación menos subordinada ós prexuízos nacionais e para a produción de textos independentes dos condicionantes políticos máis evidentes. Fóra do ámbito institucional e do escolar, que esixían unha adecuación rigorosa á lexitimación histórica da entidade estatal, podía haber máis espazos abertos á contraposición de relatos discrepantes ou mesmo, dependendo do grao de liberdade de expresión recoñecido no sistema político, contraditorios coa representación oficial do pasado promovida desde o poder.

A liberdade do historiador, polo tanto, tendía a verse limitada en maior medida –máis ben, carecía de sentido– cando se trataba da elaboración de relatos do pasado alternativos. Nestes casos, para desempeñar a súa función política primordial, o produto histórico debía ser máis *cerrado* e compacto, excluíndo do relato calquera elemento que puidese introducir dúbidas respecto da preservación do seu núcleo argumental, quer dicir, a confirmación da nacionalidade do grupo e a caracterización conflitiva da súa relación coa nación dominante. De certo, se a súa narrativa abrise vías a novas interpretacións do pasado ou, simplemente, admitise a posibilidade da existencia doutras diferentes, veríase ameazada a súa consistencia e, con ela, a súa eficacia política. Por máis que o relato afirmase buscar a mellor fundamentación historiográfica segundo os estándares académicos da época, en última instancia, a representación do pasado concibida co ánimo de soster unha demanda de remodelación territorial do poder tiña que outorgar prioridade sempre –baixo pena de desautorizar a proclamación nacionalitaria da que xurdía ou de poñer en cuestión as reivindicacións que debía sustentar– á satisfacción da funcionalidade política que estaba na orixe da súa propia existencia.

Máis que noutras variantes, parece lóxico supoñer, por tanto, que a narrativa histórica do pasado que reclama a reconfiguración das fronteiras políticas ou o recoñecemento institucional da súa singularidade aparece sempre máis

inmediatamente dependente da necesidade de manter a verosimilitude histórica do dereito que proclama. Neste sentido, a aplicación do paradigma nacional ó pasado irlandés e ó galego no século XIX e no primeiro terzo do XX respondeu, en termos xerais, ós condicionantes deste modelo, propio das comunidades nas que se desenvolveron naquel período movementos nacionalistas de oposición. Así o trata de demostrar a obra que introducen estas liñas iniciais a respecto de Irlanda, e alí se remite a cuestión. En canto a Galicia, aínda que non é este o lugar para unha análise demorada do proceso de configuración do relato histórico nacionalista, a propia caracterización de Irlanda como o seu referente de afinidade reforza, en principio, a presunción de que respondían os dous a pautas similares no que atinxe á súa xénese, á natureza dos seus contidos e á forma que adoptou a narrativa que os enfiaba como *historias nacionais.*

Por riba da relativa diversidade das formulacións específicas coas que expuxeron os relatos nacionalistas o pasado de Irlanda e de Galicia, cada un deles daba resposta ó argumento esencial que articulaba a súa historia respectiva como factor de lexitimación da mesma doutrina da que nacían. En consecuencia, todos eles orientaron a súa exposición a satisfacer a necesidade de corroboración das presuncións ideolóxicas que os constituían, a saber, o discernimento da diferenciación orixinaria a respecto do referente de oposición, a afirmación do valor intrínseco da cultura que sostén a proclamación desta singularidade, a caracterización negativa da relación entre os dous suxeitos históricos en conflito, a opresión política e cultural que padecera a nación propia e a resistencia que suscitara pola súa parte, ademais da achega dunha explicación histórica que dese conta do estado de prostración actual no que se atopaba a nación sometida. En suma, a súa representación histórica configurouse, necesariamente, como unha *contranarrativa* destinada, pola súa propia natureza, a desautorizar cada un dos elementos que compoñían a historia *oficial* do Estado fronte ó cal que se dirixía a reivindicación nacionalista. Fose respecto de Inglaterra/Gran Bretaña, fose en relación a Castela/España, en ambos os casos a deslexitimación histórica que acometeron os nacionalismos irlandés e galego condicionou unhas representacións do pasado que debían compartir, en canto respondían á mesma funcionalidade, unha estrutura, unha clase de contidos e mesmo unha formalización similares. Reducidas cada unha das historias nacionais de Galicia e Irlanda a un relato ideal fundamentado en idéntica xénese ideolóxica, convertidas en recurso político de aplicación inmediata, o galeguismo puido constituílas –*as dúas*– como proba das reivindicacións que formulaba. Deste xeito, a simplificación histórica nacionalista sobrepúxose, como factor de reforzamento da súa verosimilitude, a aqueloutra que definía a presunta analoxía entre os dous suxeitos previamente proclamada desde o discurso galeguista.

Queda para outro momento o desenvolvemento exhaustivo da hipótese someténdoa a unha comparación expresa entre os dous relatos. Pero a exposición e a análise do proceso de elaboración da versión da historia irlandesa que se amosa nas páxinas seguintes suxiren, a expensas dunha ulterior comprobación, que tamén no campo historiográfico a relación de semellanza entre Galicia e Irlanda *parece* xustificada, de tal xeito que mesmo se ofrece cos trazos do *evidente.* En realidade, sen embargo, esta aparencia non sería máis que o efecto da vontade *política* dos intelectuais galeguistas da época de construír unha representación do pasado que soportase unha imaxe de semellanza ideada con anterioridade.

Que moitos aínda entendan unha relación analóxica que empezou a imaxinarse vai para centocincuenta anos como certeza fóra de toda discusión, que mesmo nos círculos académicos do país se insista en outorgar un lugar preeminente ó estudio dos lazos históricos entre Galicia e Irlanda, das súas supostas similitudes culturais e mesmo económicas, supoñéndolles ós dous países unha especial relación *natural,* non é máis que a proba última do extraordinario éxito que aqueles primeiros galeguistas acadaron no seu propósito preconcibido de irmandalos*. Irmáns,* dinnos áinda, *desde* sempre e *para* sempre.

I. MODERNIZACIÓN, NACIONALISMO E REPRESENTACIÓN DO PASADO

A expansión do nacionalismo como forza ideolóxica e como impulsor principal da acción política, tanto gobernamental coma de oposición, constitúe un dos trazos que caracterizaron a configuración da Europa contemporánea. En efecto, ó longo do século XIX e do primeiro terzo do XX consolidouse de maneira progresiva a afirmación da necesidade de establecer unha conexión que enlazase de maneira directa as institucións de goberno e as unidades nacionais. A penetración social da idea foi callando de modo tan profundo no terreo da fundamentación das entidades políticas, que mesmo pareceu converterse nunha *evidencia,* nunha verdade de *sentido común,* crecentemente asumida sen precisar de maiores xustificacións. Seguindo o camiño que abrira a proclamación dos revolucionarios da Francia de 1789, no decurso das décadas subseguintes iríase impoñendo de maneira gradual a representación *nacional* da realidade política, val dicir, aquela que asociaba a nación, como suxeito único da soberanía, e o aparello institucional de poder no que se debía expresar esta atribución. Certamente, as diferenzas na definición da substancia que identificaba de maneira concreta os novos entes titulares da soberanía sinalaron dúas rutas diverxentes na aplicación do principio das que deitan dúas clases de nacionalismo. Unha delas, a do nacionalismo *liberal,* herdeiro por liña directa da Revolución Francesa, que entendeu a nación como corpo de individuos asociados en virtude dos dereitos de cidadanía que compartían, en canto membros dunha comunidade política amparada polos límites do Estado. A outra, a do nacionalismo *étnico,* que asentou a existencia da nación nos riscos culturais compartidos polos seus compoñentes, signos identitarios que establecían unha delimitación grupal poucas veces concorde coas fronteiras estatais. Segundo a periodización que propón Eric J. Hobsbawm, a diferenciación correspóndese no tempo cunha primeira fase na cal, entre 1830 e 1870, operou fundamentalmente a concepción liberal da nacionalidade e unha segunda, ata

a finalización da I Guerra Mundial, na que se espallou a deriva étnica e cultural do nacionalismo.[9]

A distinción que establece esta tipoloxía ideal temporalmente duplicada, sen embargo, non pode ocultar o feito de que as dúas formas de nacionalismo non soamente coincidiron no escenario histórico, sobre todo na segunda das etapas consideradas, senón que compartiron o principio esencial que estableceu a confluencia entre a estrutura política, incluída a dimensión territorial, e o suxeito ó que se lle pasara a asignar a soberanía. Durante o século XIX, fose por pragmatismo, cando se promoveu desde as institucións políticas como nova base de lexitimidade, fose por pura aseveración ideolóxica, cando foi utilizada para fundar os movementos de oposición ás entidades estatais xa constituídas, a idea que sustentaba a ligazón inextricable entre Estado e nación converteuse na guía que orientou a argumentación política respecto do ordenamento territorial do poder, caracterizada como *nacionalismo de Estado* e como *nacionalismo de oposición,* respectivamente.

En calquera das súas versións, polo tanto, o nacionalismo pasou a ocupar un lugar central como forma de acción política no decurso do século XIX. E como tal, deben relacionarse o seu xurdimento e a súa xeneralización –en canto ideoloxía, movemento político e expresión dun sentimento identitario– coas novas condicións que por aquelas datas comezaron a transformación das sociedades tradicionais e sentaron as bases da modernización, expresada nos cambios estruturais que afectaron ás dimensións política, económica e de organización social. Sen necesidade de establecer unha causalidade determinista entre a formación do Estado moderno, a sociedade industrializada e o nacionalismo, cabe asegurar que a ideoloxía que afirmaba a centralidade da nación demostrou un notable grao de compatibilidade cos carácteres da nova época e de axeitamento ás súas demandas na orde política. Cómpre considerar, polo tanto, a súa ascendente relevancia á luz do moldeamento das novas formas políticas. Neste senso, en primeiro termo, correspondeulles unha especial importancia na aparición e no espallamento social do nacionalismo á difusión dos principios doutrinais do liberalismo, sinaladamente o que fixaba a adscrición nacional da soberanía, e á democratización do acceso á participación política da cidadanía que, no seu caso, seguiu ó establecemento de sistemas de goberno fundados neles. Pero tamén, ademais desta dimensión ideolóxico-política, é necesario destacar a singular relevancia da propia conformación do Estado moderno, asentado sobre a reivindicación do exercicio exclusivo da soberanía no seu ámbito territorial, que se expresa no control

[9] E.J. Hobsbawm, *Nations and Nationalism since 1780. Programme, myth, reality,* Cambridge University Press, 1990.

administrativo e dos medios de coerción, así como na esixencia de certo nivel de lealdade por parte dos cidadáns, deducida, xustamente, da representatividade nacional que aquel asume e que o lexitima. Territorialidade, control dos medios de violencia, estrutura impersoal de poder e lexitimidade son, pois, os elementos definidores do Estado moderno, o cal, debido á propia acción de goberno uniforme sobre o espazo que el mesmo delimita, desenvólvese na forma de Estado-nación.[10] Aínda que non se desboten outras explicacións sobre as súas orixes, de certo, a nación e o nacionalismo acompañaron o establecemento do Estado moderno, e mesmo demostraron ter validez como resposta ás súas necesidades, contribuíndo como elementos substanciais á súa conformación, aínda que tamén puideron converterse, en ocasións, na principal ameaza para algunhas das entidades estatais existentes.[11] Non cabe esquecer, por demais, a incidencia das mudanzas de toda clase que acompañaron o proceso mesmo de modernización das sociedades europeas, en canto o desenvolvemento de sistemas de comunicación física e informativa quebrou a compartimentación espacial, fomentou a mobilidade social e contribuíu, dese xeito, a dotar dunha nova coherencia interna ás sociedades, conferindo verosimilitude á súa caracterización política e cultural nacionalitaria.[12]

Non sendo privativa da época contemporánea a utilización da historia como recurso político, é verdade que nunca antes se instrumentara o pasado dunha forma tan sistemática e xeneralizada polos axentes con capacidade de intervención no escenario onde se desenvolve a competencia polo poder. A universalización do fenómeno da acomodación do pasado na procura da consecución inmediata de determinados obxectivos desta orde aparece relacionada co asentamento das novas bases sobre as que se conformaron as sociedades industrializadas ó longo do proceso de modernización que se iniciou na Europa do século XIX. E, máis en concreto, cos requirimentos suscitados pola transformación do sistema político cara a un modelo ideal de Estado de alta eficiencia administrativa e con gran

---

10 David Held, "The development of the modern state", en Stuart Hall e Bram Gieben (ed), *Formations of Modernity,* Polity Press, Cambridge 1992, pp. 71-125, esp. pp. 87-8.

11 Segundo Michael Mann, a *nacional* é unha das dimensións nas que "cristaliza" o Estado moderno, xunto coa capitalista, a militarista e a representativa. Na fase "capitalista industrial" que se desenvolve na Europa da segunda metade do XIX e comezos do XX xeráronse tres tipos de nación, a saber, "state-reinforcing, state-creating and state-subverting", que o autor exemplifica con Inglaterra, Alemania e as terras austríacas, respectivamente. Michael Mann, *The Sources of Social Power, vol. 2: The rise of class and nation-states, 1760-1914,* Cambridge University Press, 1993, pp. 81-8 e 731.

12 Segundo a xa clásica tese de Karl W. Deutsch, *Nationalism and Social Communication. An inquiry into the foundations of nationality,* The M.I.T. Press, Cambridge (Massachussets) 1975 [1953]. A posibilidade certa de que a medra nas redes de comunicación viñese poñer de relevo as *diferenzas* entre grupos non desmente a conclusión xeral de que o tal incremento outorgou veracidade á autopercepción dos individuos da súa pertenza a *unha* nación, aínda que fose diferente da que se correspondía co Estado no que vivían. O resultado final será, en ambos os casos, o reforzamento da identificación entre Estado e nación.

capacidade de intervención, lexitimado pola súa correspondencia cunha sociedade de gobernados entendida como nación. En boa parte, foi o resultado da reestruturación política cara a un novo modelo de organización territorial do poder fundado no solapamento entre o Estado e a nación o que outorgou unha relevancia notable ás referencias ó pasado, fose como mecanismo de ratificación de tal correspondencia, fose como denuncia do seu incumprimento.

A reavaliación do valor político da historia veu relacionada, pois, co establecemento do moderno Estado *nacional* como forma predominante de distribución territorial do poder en Europa. En consecuencia, estivo asociada, en gran medida, á difusión dos presupostos ideolóxicos que, despois da Revolución de 1789, vincularon o Estado e a nación. Quer dicir que, aínda que non de maneira exclusiva, advírtese a presenza dun lazo que conectou a nova significación política da historia coa difusión dos principios doutrinais do nacionalismo, os cales eran tamén, en por si, unha resposta ó cambio modernizador da época. De feito, en canto o Estado-nación –ben como aspiración, ben como autodescrición das unidades políticas existentes– se converteu no eixe da actividade política europea, a historia experimentou unha reconfiguración gradual cara a un relato converxente cos elementos constitutivos da nova formación modelo, de xeito que puidese satisfacer as demandas políticas do momento, tanto dos que exercían o poder coma, no seu caso, dos que pretendían dispoñer del nunha nova instancia estatal que dese expresión ás súas reivindicacións nacionais. De tal maneira que o nacionalismo, como forma de política organizada arredor do control do Estado moderno,[13] estimulou a consolidación dun estreito nexo entre o relato do pasado e o novo ente político específico do tempo contemporáneo. No decurso da segunda metade do século XIX, en consecuencia, a historia quedou fortemente vinculada á principal referencia política do momento na dobre faciana en que esta se manifestaba, como anverso e reverso dunha mesma realidade, é dicir, como a entidade fundante da lexitimidade, a nación, e como o aparello institucional no que esta se concretaba, o Estado. Na época do irmandamento dos Estados e as nacións, a representación do pasado adoptou tamén, en adecuada correspondencia coa súa significación política, a forma de *historia nacional.*

1. A nacionalización da política

Entre os factores de modernización que, a partir do século XIX, implicaron a desaparición das estruturas tradicionais sobre as que ata entón se organizara a

[13] John Breuilly, *Nationalism and the State,* Manchester University Press, 1985.

vida das sociedades europeas discírnese con claridade a presenza dun forte pulo *nacionalizador*. De feito, entendida no senso de que a *nación* se foi convertendo despois de 1789 nunha referencia central para cada unha das dimensións que configuraron o novo sistema, a *nacionalización* constituíuse nun dos trazos xenéricos que impregnaron as distintas manifestacións do proceso modernizador. Deixando á marxe as consideracións sobre as actividades económicas, que tampouco non exclúen a relevancia do nacional, a pesar da tendencia do sistema capitalista a superar as restrinxidas delimitacións estatais, as transformacións experimentadas tanto no ámbito político coma no social na primeira centuria da Europa contemporánea revelan a fonda influencia das concepcións sobre a nación como suxeito político esencial que se estenderon a raíz da Revolución Francesa.

A este respecto, cómpre salientar a cualificación de *nacional* que se lle asociou ó Estado moderno que se consolidou por aqueles tempos. En primeiro lugar, porque se foi impoñendo en Europa a atribución da soberanía á propia nación, que se constituíu así, de maneira gradual, no factor de lexitimación do ordenamento político-territorial durante o longo século que, val dicir, culminou en 1918. Deste xeito, o Estado foise identificando progresivamente coa entidade nacional que presumía acoller dentro das súas fronteiras e da que se deducía que era a súa manifestación na orde institucional. En consecuencia, a necesidade de lexitimar a orde política por referencia a unha nación determinada foi estendéndose no transcorrer do século XIX e obrigou ó Estado a intentar que a realidade se conformase coa afirmación do carácter nacional da sociedade da que proclamaba ser expresión política. O proceso nacionalizador, neste senso, foi o froito dunha crecente intervención das institucións políticas na esfera pública e mesmo na privada, como consecuencia da necesidade de fortalecemento do Estado moderno. A maiores, as propias esixencias do desenvolvemento da economía capitalista contribuíron á tarefa. Segundo a tese de Michael Mann, o desempeño das múltiples funcións e servizos civís que asumiu o Estado durante a segunda metade do século XIX e principios do XX, atendendo a demanda do capitalismo industrial de incrementar a coordinación social, fixo medrar a "densidade de interacción social" *dentro* dos límites que aquel establecía, volvendo as sociedades, así fragmentadas territorialmente, máis "nacionalmente homoxéneas".[14]

Pero ademais da pretensión lexitimadora da soberanía sobre o espazo que abranguían os seus límites, tamén se fixo o Estado merecente do adxectivo *nacional* por efecto dos propios procesos de modernización, que foron dando consistencia de maneira paulatina a unha aparente identificación entre o Estado e a sociedade.

---

[14] Michael Mann, *The Sources of Social Power, vol. 2,* p. 730.

De maneira que, en realidade, tales resultados foron parcialmente independentes da vontade estatal explícita, polo menos en boa parte do seu desenvolvemento, aínda que tamén se deberon, e deste modo foron percibidos pola maioría social, á acción política expresada en proxectos gobernamentais destinados a incidir directamente sobre o territorio do Estado e as xentes que o habitaban.

Dun e doutro xeito, combinados os efectos da adscrición nacional da soberanía xunto cos froitos resultantes do traballo das forzas modernizadoras e mais dos esforzos gobernamentais ó respecto, volveuse cada vez máis plausible a consideración da exactitude da correspondencia entre a organización político-territorial e un conxunto específico de individuos unidos por lazos de diversa natureza. O Estado-nación consolidouse, por tanto, como a máis apropiada fórmula para articular a relación entre a sociedade e o aparello estatal de poder. E así tendeu a presentarse este, autorizado como representación dun grupo de natureza *nacional.* En definitiva, a súa función lexitimadora converteu a nación –e a política nacionalista que dela deitaba– en parte esencial do aparello ideolóxico do Estado moderno.

Os Estados existentes experimentaron, polo tanto, un proceso de *nacionalización* a medida que avanzaba o século XIX, proclamando a súa lexitimidade esencial en virtude da súa condición de estrutura de organización política dunha comunidade nacional determinada. Así o fixo o Estado liberal, fundado directamente no concepto da *soberanía nacional,* en canto expresión da orixe e da titularidade últimas do poder que se lle adxudicaban á nación, entendida como corpo de cidadáns asociados entre si nun espazo territorial determinado, segundo a fórmula cuñada na Francia revolucionaria.[15] A relación entre *nación* e *soberanía* tendeu a facerse máis estreita a medida que a modernización foi considerándose equivalente na orde política á reconfiguración institucional segundo os principios do liberalismo, a aplicación do cal, mesmo que fose na súa limitada versión doutrinaria, implicou o inicio dun camiño de participación política da cidadanía e, en consecuencia, o recoñecemento explícito da natureza nacionalitaria do suxeito político. Neste senso, o proceso de confluencia entre o Estado e a nación experimentou unha aceleración inevitable a partir de 1870, en coincidencia coa vaga democratizadora do sistema político liberal e a conseguinte xeneralización

15 "Qu'est-ce qu'une nation? Un corps d'associés vivant sous une loi *commune* et représentés pour la même *législature",* segundo a enunciación de E.J. Sieyès en *Qu'est-ce que le Tiers état?,* 1789, ed. Roberto Zapperi, Librairie Droz, Xenebra 1970, p. 126. Para unha análise da pluralidade de significados do concepto *nación* nos revolucionarios franceses, cf. Ramón Máiz, *A idea de nación,* Edicións Xerais de Galicia, Vigo 1997, pp. 21-60.

efectiva da condición de cidadanía, concretada finalmente na incorporación das masas populares ó sistema político.

Pero tamén nos Estados que seguiron derivando a súa lexitimidade do principio de sucesión dinástica a monarquía, identificada co propio Estado, empezou a ser contemplada como a expresión primordial da relación que ligaba a sociedade cos órganos de goberno. Boa parte das familias reinantes, sen renunciar á antiga fundamentación hereditaria na que ancorara tradicionalmente a súa autoridade, deberon recorrer a un proceso de *nacionalización* complementario que reforzase a súa lexitimidade no ámbito interno e mais cara ó exterior, de xeito máis conforme coas esixencias dun século no que, gradualmente, tendía a atribuírse a orixe do poder á comunidade dos gobernados, en vez de ós individuos e institucións que o exercían na práctica. En xeral, as monarquías, incluso no caso das que seguían afirmando de maneira expresa unha lexitimación allea á vontade dos seus súbditos, tenderon a presentarse progresivamente como a *encarnación* histórica da sociedade que dirixían e mesmo a asumir a súa representación política, en ausencia doutras institucións conformes cos principios liberais. Procedeuse neses casos a desenvolver un proceso de fusión entre a dinastía e a nación, segundo un programa que se manifestou nunha dobre vertente. Por un lado, perseguiuse achegar as monarquías e as sociedades respectivas por medio dunha *naturalización* das dinastías que as convertese en *nacionais,* identificándoas cos pobos sobre os que viñan exercendo a súa autoridade. Por outro, os gobernos aplicaron políticas destinadas a *nacionalizar* a sociedade, promovendo leis e proxectos de actuación dirixidos a acadar unha progresiva homoxeneización da poboación, de feito que se fixese evidente unha condición nacionalitaria que a heteroxeneidade social volvía, en principio, pouco plausible. O resultado final do establecemento destas políticas de *nacionalismo oficial,* xeneralizadas na segunda metade do século XIX en moitos países europeos, permitiu ás familias reinantes e, de maneira derivada, ós propios Estados, confirmar a súa lexitimidade sobre bases máis adecuadas a un novo mundo no que as institucións de poder eran xa de forma crecente asociadas ás nacións respectivas.[16]

---

16 O concepto de *nacionalismo oficial* aplícao Hugh Seton-Watson para describir as políticas de *rusificación* e de *maxiarización* nas décadas finais do século XIX e primeiras do XX en Rusia e en Hungría, respectivamente: "[...] a doctrine which, in two multinational states, overshadowed, or indeed replaced, the principle of dynastic loyalty as the basis of legitimacy of government". Hugh Seton-Watson, *Nations and States. An Inquiry into the Origins of Nations and the Politics of Nationalism,* Westview Press, Boulder 1977, p. 148. Benedict Anderson, *Imagined Communities. Reflections on the Origins and Spread of Nationalism,* Verso, Londres 1983, pp. 80-103, tómao do autor británico para describir o conxunto de políticas nacionalizadoras que se aplicaron en boa parte dos grandes Estados, non só europeos, da época. Escribe Anderson sobre a *naturalización* das grandes familias reais: "Romanovs discovered they were Great Russians, Hannoverians that they were English, Hohenzollerns that they were Germans – and with rather more difficulty their cousins turned Rumanian, Greek, and so forth". Id., p. 83.

Ademais do relativo ás novas formas de lexitimación política, o pulo nacionalizador púxose de manifesto en todos os ámbitos que caracterizan as transformacións que deron remate ó vello modelo das sociedades agrarias. E aínda que as novas formas da sociedade moderna foron modeladas por forzas que con moita frecuencia se impuxeron con independencia de proxectos gobernamentais concretos, e mesmo en contradición con eles, non cabe dúbida de que foron tamén resultado de programas de acción política destinados a crear as condicións apropiadas para satisfacer as demandas dun Estado que debía adaptarse ós requirimentos da nova época. Neste senso, as institucións de poder non podían deixar de utilizar os seus recursos para contribuír a que a correspondencia entre o Estado e a nación se manifestase de maneira ben *visible,* procurando, cando menos, estimular procesos que volvesen verosímil unha relación de equivalencia que a realidade que proviña do vello réxime estaba lonxe de facer *evidente.* En tanto as complexidades da sociedade real non permitían unha transposición automática da confluencia ideolóxica entre os dous termos, a relación de concordancia entre eles debeu ser tamén promovida de maneira expresa desde o propio Estado, por medio dunha acción política específica de lexitimación destinada a "reinterpretar en termos nacionais todo o que incluísen as fronteiras do Estado".[17] Deste xeito, e contra o que a retórica *oficial* pretendeu presentar como identificación *natural* entre dúas entidades complementarias, o proceso de asociación entre o Estado e a nación esixiu un programa político de *nacionalización* da sociedade.

Por demais, a maiores dos afáns de lexitimación da orde política, a converxencia da comunidade nacional e o Estado moderno foi consecuencia tamén da necesidade de achegar unha xustificación do crecemento do poder deste sobre a sociedade, en razón do crecente intervencionismo das institucións públicas na vida dos gobernados, en continua medra a medida que avanzaba o século e que a miúdo era percibido polos cidadáns dun xeito radicalmente negativo, como imposición de novas e pesadas obrigas e mais de abafantes controis sobre as súas actividades particulares. A ampliación das competencias dos órganos de poder e das súas capacidades de intromisión na esfera privada requiriu que o Estado se presentase como o instrumento do poder da propia nación, como expresión da utilidade pública no seu exercicio, imparcial fronte ós seus cidadáns, desligado de intereses particulares de persoas ou grupos. En fin, o Estado moderno debeu aparecer como a institucionalización xurídico-política dunha sociedade que, en

[17] A frase é de Anne-Marie Thiesse, *La création des identités nacionales. Europe XVIII-XIX siècle,* Éditions du Seuil, París 1999, p. 237: "La fixation des frontières d'un État ne peut transcrire de manière satisfaisante l'existence d'une nation et son droit à l'autonomie [...]. Mais il est possible de réinterpreter en termes nationaux tout ce qu'incluent les frontières de l'État".

parte como froito da mesma acción de goberno, adquiriu as aparencias todas dunha comunidade homoxénea e ligada por comenencias e obxectivos compartidos. Val dicir, que reunía os trazos propios dunha *auténtica* nación.

En consecuencia, na Europa do século XIX e de principios do XX foise conformando unha confluencia entre Estado e nación que transcendeu a pura determinación ideolóxica, en canto se desenvolveu mesmo con independencia da aceptación das teorías liberais e da aplicación de programas de acción política encamiñados de maneira específica a conseguir tal resultado. Certamente, a variedade de situacións que é posible contemplar ó longo do período non permite reducir o proceso a un efecto buscado das políticas estatais. Mesmo limitando a análise ós Estados nos que se consolidou a opción liberal, non é doado considerar a acción dos gobernos como a realización dun proxecto de transformación *nacional* das sociedades europeas, tanto por causa dos diferentes contextos internos políticos, económicos e sociais de cada país coma pola propia variedade no grao de intensidade e nos ritmos de implantación dos principios da doutrina respecto das institucións depositarias da soberanía, do establecemento do sistema de igualdade xurídica e das posibilidades reais da práctica das liberdades públicas. Sen embargo, máis alá da intencionalidade e da convicción ideolóxica, pode considerarse a *nacionalización* progresiva das sociedades europeas como *descrición* dunha nova realidade que derivou, cando menos en parte, da acción de goberno dos Estados nun conxunto de campos que abrangueron desde o sistema fiscal e o recrutamento militar masivo ata a fixación do marco legal das actividades económicas e a promoción dunha estrutura de interconexión territorial, pasando polo establecemento dun sistema de instrución pública gradualmente ampliado e mesmo, xa entrado o século XX, duns incipientes mecanismos de garantía social destinados a temperar as patentes desigualdades reais na vida dos membros da nación.

En verdade, nos Estados xa establecidos de antigo tratouse tanto dos efectos dun programa preconcibido de conformación da sociedade coma do resultado mesmo do incremento da propia capacidade de intervención das institucións públicas en todas as facetas da vida do país. Máis patente resultou o propósito transformador nas poboacións afectadas polas políticas expresamente *nacionalizadoras* dos novos Estados constituídos a partir da presunción nacionalista, que se explicaron a si mesmos como a representación política de nacións que antes carecían, inxustamente, do recoñecemento institucional do seu dereito a rexer os seus destinos en igualdade de condicións cos demais pobos. Alemania e Italia, deste xeito, unha vez constituídas como Estados-nación, promoveron activamente políticas de *construción nacional* dentro dos seus territorios.

En calquera caso, os individuos encadrados no marco xeográfico estatal

tenderon a percibirse a si mesmos como membros dunha sociedade *nacional,* é dicir, como integrantes dunha comunidade rexida polas mesmas normas e diferenciada das que se correspondían cos territorios das restantes unidades estatais. Incluso nos grandes imperios, onde a diversidade idiomática e cultural volvía ben complicada a lexitimación das institucións de poder pola referencia nacional, como no austrohúngaro, no otomán ou no ruso tsarista, as políticas do xa citado *nacionalismo oficial* intentaron *modernizar* os fundamentos duns Estados compostos por territorios ligados polos tradicionais lazos dinásticos –agora considerados como *insuficientes*– impoñendo un programa de centralización administrativa e de uniformación cultural da sociedade.

É certo que as políticas nacionalizadoras non sempre tiveron éxito. Remataron en fracaso nestes imperios europeos orientais, onde nos derradeiros decenios do XIX abrollaron movementos de reivindicación nacionalista que rexeitaban a identificación coas estruturas de poder estatais establecidas e esixían o recoñecemento do dereito dos seus diferentes pobos a constituír as súas propias institucións políticas independentes. O mesmo cabe dicir da aparición nalgúns dos vellos Estados da Europa occidental de movementos que rexeitaban a definición nacional *oficial* e reclamaban unha recomposición territorial do poder político que respectase a singularidade dos diversos pobos que convivían dentro das súas fronteiras. Aquel relativo fracaso non veu significar, sen embargo, a desautorización dos vínculos entre Estado e sociedade nacional, senón, xustamente, a confirmación da pertinencia de considerar os Estados como expresión política das nacións. Tal viña a ser a proclamación explícita da ideoloxía nacionalista.

É, pois, no contexto político creado pola revolución liberal e pola progresiva conformación do Estado moderno onde cobrou significación política a nación, en canto depositaria da soberanía e lexitimadora das institucións de goberno. A consecuencia da interdependencia que relacionaba as estruturas de poder, a comunidade nacional e o espazo xeográfico no que ambos os elementos se asociaban veu ser a consideración do Estado-nación como a forma de organización político-territorial preeminente, en canto expresión máis acabada no ámbito das institucións públicas de poder da soberanía orixinaria da nación, entendida como agrupamento básico de cidadáns unidos por leis, obxectivos e intereses comúns.

Os vellos Estados europeos reconstituíronse gradualmente en conformidade coa nova fórmula lexitimadora, ó tempo que identificaban cadansúa poboación como unha nacionalidade singular. Deste xeito, a ecuación que ligaba o Estado e a nación cobrou cada vez máis verosimilitude, gañando a aparencia de ser a imaxe perfecta da realidade, conforme as sociedades tenderon á homoxeneización e á integración, como resultado das transformacións causadas pola forza dos axentes

modernizadores, sinaladamente a do mercado, e pola propia eficiencia da intervención do novo modelo de Estado en todas as esferas da sociedade, incluídas as accións gobernamentais promotoras da nacionalización no ámbito da lingua, da cultura e da educación, así como no da representación simbólica institucional da orde política.

En suma, a consagración do Estado-nación como modo máis apropiado de delimitación territorial do poder entre as distintas entidades que proclamaban o seu dereito a dispoñer de institucións propias para exercer a súa soberanía pareceu facer realidade o principio político que reclamaba a congruencia entre a unidade política e a nacional como o fundamento da forma de goberno ideal, segundo proclamaba a ideoloxía nacionalista na segunda metade do século XIX.[18] Foi, en realidade, a propia consolidación daquela clase de Estado moderno con pretensións de representar politicamente unha nación a que creou o escenario no que cobrou sentido a formulación dunha doutrina como a do nacionalismo, que demandaba dar satisfacción íntegra á correspondencia citada, poñendo en práctica a proposición ilustrada que asignaba a soberanía á nación. Unha vez afirmado o principio e aplicado como fundamentación da organización político-territorial en numerosos casos, a contemplación da heteroxénea composición social de boa parte dos Estados europeos, a pesar do seu labor de uniformación, volveu inevitable o xurdimento de demandas de reestruturación dos límites estatais para acomodalos ó modelo ideal. Deste xeito, a referencia nacional non só contribuíu ó reforzamento do Estado no contexto da reestruturación modernizadora, senón que, baixo a forma dos nacionalismos de oposición, xeneralizados a partir do derradeiro terzo do século XIX, lexitimou a demanda de rectificación das fronteiras estatais europeas.

2. A nacionalización do pasado

O desenvolvemento do proceso de *nacionalización* que acompañou na Europa do século XIX o progresivo esmorecemento das formas de organización política, actividade produtiva e estruturación social propias das sociedades agrarias e o avance conseguinte das pautas propias da modernización, ben que con ritmos e intensidade diferentes segundo os países, outorgou unha nova significación política ó estudio, representación e difusión do pasado. A consideración crecente da nación como a unidade *natural* de agrupamento humano e a fixación nela dos dereitos políticos outorgou, por necesidade, unha gran importancia á determinación das

18 "Nationalism is primarily a political principle, which holds that the political and the national unit should be congruent". Ernest Gellner, *Nations and Nationalism,* Basil Blackwell, Oxford 1983, p. 1.

súas orixes e ó seu desenvolvemento temporal.[19] De modo paradoxal, a mirada cara á historia converteuse nun recurso de gran relevancia política no momento de fundamentar a construción dun novo modelo de sociedade que, precisamente, nacía da ruptura co pasado, como resultado dunha renovación radical dos presupostos sobre os que ata entón se ergueran o sistema político, a organización social e as prácticas económicas.[20]

En aparente contradición, polo tanto, a historia comezou a operar de inmediato como un dos principais elementos nos que asentaba o novo réxime político que pretendía expresar a congruencia entre Estado e nación.[21] Neste senso, a utilización do pasado veu reproducir tamén a tendencia ó emparellamento do sistema político e da sociedade que caracterizou a formación da Europa contemporánea, en canto o seu relato serviu, a un tempo, como factor de lexitimación do primeiro dos termos e como axente da nacionalización do segundo, no caso dos Estados establecidos. Por demais, obraron segundo idénticos presupostos os movementos de oposición á vixente configuración territorial do poder, aqueles que negaban que as unidades estatais existentes fosen reflexo verdadeiro da necesaria correspondencia que estas debían amosar coa *realidade* nacional e que, en consecuencia, reivindicaban un novo axustamento das demarcacións fronteirizas consonte con ela.[22] A historia, deste xeito, pasou a ser empregada como ferramenta política de singular importancia no proceso de edificación da nova ordenación política europea baseada na

---

19 "Hence, by definition, the simple existence of nations implies the existence of a past which, for their own good and that of the individuals who belongs to them, should be known and propagated. Therefore, the emergence of political nationalism […] converted the production of this history into a patriotic duty". Margarita Díaz-Andreu e Timothy Champion (ed), *Nationalism and archaeology in Europe,* Westview Press, Boulder 1996, p. 3.

20 A "nostalxia do pasado" non é unha estraña compañeira dos períodos de cambio e das sociedades en transición, que adoitan insistir na procura dunha *continuidade* que permita contrapesar as conmocións que son propias de tales momentos de crise. Eric Hobsbawm, "Introduction: Inventing Traditions", en Eric Hobsbawm e Terence Ranger (ed), *The Invention of Tradition,* Cambridge University Press 1983, pp. 1-14. Son aqueles os tempos apropiados, polo tanto, para resaltar a persistencia da comunidade ó longo dos séculos, para facer dela o suxeito colectivo dunha "historia nacional continuada", segundo o concepto de Raphael Samuel, "Continuous national history", en Id. (ed), *Patriotism. The Making and Unmaking of British National Identity,* vol. I, Routledge, Londres 1989, pp. 9-17.

21 A referencia ó pasado reforza os lazos que se establecen entre ambos os elementos e a súa condición de entidades *naturais,* en razón de dar conta da antigüidade do senso de cohesión e fraternidade que xustifica a proclamación da identidade nacional e mais do vello ancoramento do grupo no territorio patrio. Deste xeito, a historia vólvese factor nuclear ("the focal point") dos procesos de nacionalización, como sinala Anthony D. Smith, *The Ethnic Origins of Nations,* Basil Blackwell, Oxford 1986, p. 148. Por outra parte, moitos dos movementos nacionalistas de separación do século XIX construíron as súas demandas expresándoas en "termos territoriais históricos", segundo se amosa para diversos casos dos imperios Habsburgo e otomán en John Breuilly, *Nationalism and the State,* cap. 3, pp. 90-117.

22 A xeneralización dos procesos de nacionalización e *historificación* da identidade na Europa do XIX aparece claramente exposta na obra de Anne-Marie Thiesse, *La création des identités nationales. Europe XVIII-XIX siècle,* esp., polo que fai ás "Historias nacionais", no cap. VI, pp. 133-58.

presunción da converxencia entre Estado e nación, tanto por parte dos defensores dunha relexitimación nacional das vellas entidades estatais coma polos movementos que desafiaron as fronteiras herdadas e promoveron a súa reestruturación para adaptalas ós límites das *auténticas* comunidades nacionais.

En todo caso, a medida que foi transcorrendo o século XIX foise tamén consolidando unha estreita e significativa relación entre pasado e presente, no senso de que a referencia ós tempos históricos pasou a constituírse en argumento de frecuente utilización no ámbito político, sendo empregada tanto *desde* o Estado coma *contra* el, quer dicir, tanto na condición de apoio á orde política territorial establecida coma, de maneira alternativa, na de instrumento para promover a súa recomposición.[23] Cabe afirmar, en consecuencia, que a nova relevancia política conferida á historia instituíu uns lazos que ligaron de maneira inextricable a representación do pasado e mais os procesos de "construción da nación" que, sobre todo desde o último terzo do XIX, se xeneralizaron por aqueles tempos en Europa, relación que se manifestou na dobre vertente na que se desenvolveu o fenómeno, a saber, na redefinición nacional do Estado e mais da sociedade, fose como confirmación ou fose como desafío da orde existente.

Dun e doutro xeito, a historia quedou solidamente asociada á *nación.* Os Estados servíronse dela de dúas maneiras fundamentais. Por un lado, percorreron o pasado na procura de bases de lexitimación que os confirmasen como correlato político da titularidade nacional do poder, presentándose eles mesmos, na súa forma actual, como a conclusión dun proceso histórico de fondas raíces. Por outro, tamén recorreron á historia como mecanismo apropiado para a política de *nacionalización* da sociedade, en canto a difusión do seu relato, a través de textos, representacións simbólicas e conmemoracións institucionalizadas, permitiu resaltar os vínculos que viñan unindo os seus membros desde tempos remotos, facéndoos integrantes dunha comunidade cun pasado compartido. Mesmo nas concepcións máis claramente *políticas* da nación, aquelas que a definían como unha agrupación asentada na vontade expresa da cidadanía, revestiu un papel fundamental para a confirmación da nacionalidade a apelación ó pasado, á lembranza das circunstancias históricas que orixinaran a súa existencia e das que derivaba a súa configuración presente. E outro tanto aconteceu no ámbito das formulacións nacionalistas que

---

[23] Sirva de exemplo da lexitimación histórica o argumento do memorial programático do nacionalista serbio Ilia Garasanin (1844): "Pues nuestro presente no será sin vínculo con el pasado, sino que ambos (pasado y presente) representarán un todo coherente, integrado, basado en uno y otro, sobre el que se halla el pueblo serbio, su nacionalidad y su vida estatal, bajo la protección del sagrado derecho histórico. No se puede reprochar a nuestro afán que sea algo nuevo, […] fue fundado en un tiempo muy antiguo y tiene sus raíces en la vida estatal y nacional histórica de los serbios". Citado en Hagen Schulze, *Estado y nación en Europa,* Crítica, Barcelona 1997, p. 140.

se opoñían ó Estado en nome da súa inadecuación á diversidade nacional que albergaba o seu territorio. Nelas ocupou tamén un lugar preeminente a fundamentación histórica da súa reivindicación, en canto buscaron no pasado a confirmación da pertinencia da súa proclama da natureza nacional da comunidade alternativa e dos seus dereitos a constituírse como entidade con poder político.

A nova consideración política do pasado esixiu, claro está, a elaboración dunha representación que dese conta dos acontecementos pretéritos nos termos máis axeitados á consecución das finalidades que se pretendían acadar co achegamento á historia.[24] En canto esta debía proporcionar argumentacións utilizables no presente a respecto da caracterización nacional das formas de organización territorial do poder, foi preciso proxectar a ecuación entre Estado e nación cara a atrás no tempo. A nación, en consecuencia, converteuse no suxeito primordial do relato histórico, no criterio de ordenamento esencial do pasado, e o Estado, val dicir, a expresión política da soberanía que lle correspondía, no fin cara ó cal camiñaba aquela na súa evolución *natural* a través do tempo. O pasado, deste modo, quedou configurado como *historia nacional.* E o seu relato, como a crónica dun desenvolvemento do que era froito último a orde política do presente, no caso dos Estados xa constituídos, ou que había desembocar nun futuro no que a nación vería satisfeitos os seus dereitos de soberanía, cando se trataba de entes nacionais sen recoñecemento institucional.

A representación do pasado, pois, foi instrumentalizada para adecuarse á cumprimentación dunha funcionalidade estreitamente relacionada coa nova fundamentación nacional da política. As historias nacionais adaptaron o pasado ós requirimentos da nova orde política, co obxectivo de facilitar a consecución de determinadas funcións, precisas ben para a súa consolidación ou ben para a súa remodelación, segundo fose o caso. Neste senso, todas elas foron concibidas para desempeñar unhas tarefas específicas de *lexitimación,* en apoio da orde política ou da proposta alternativa; de *concienciación* nacional, confirmando a pertenza do individuo á nación como signo de identidade primordial;[25] e de *mobilización*

---

24 O carácter utilitario do proceso de elaboración exprésao de maneira axeitada o concepto de "usable past", proposto por A.D. Smith para referirse ó relato nacionalista do pasado, disposto para desempeñar as precisas funcións políticas que se lle asignan á historia nesta concepción ideolóxica. Anthony Smith. "The 'Golden Age' and National Renewal", en Geoffrey Hosking e George Schöpflin (ed), *Myths and Nationhood,* Hurst & Company, Londres 1997, pp. 36-59.

25 A dimensión histórica da nacionalidade ponse de manifesto ó considerar as estreitas relacións entre *identidade* e *memoria,* construcións sociais e políticas da realidade ambas as dúas, dependentes entre si, proxectadas cara ó pasado e ligadas a un territorio. John R. Gillis, "Memory and Identity: The History of a Relationship", en Id. (ed), *Commemorations (The Politics of National Identity),* Princeton University Press, 1994, pp. 3-24.

política, en soporte das institucións nacionais ou en demanda das que lle correspondían á nación en canto tal.

En efecto, por riba das diferenzas que derivaban do presente desde o cal se compuxeron cada un dos dous modelos básicos citados de utilización do pasado, as *historias nacionais,* como categoría, desempeñaron todas elas as tres funcións citadas no escenario político. Cómpre sinalar, sen embargo, certas particularidades específicas relacionadas, xustamente, coa súa respectiva orixe e coa finalidade máis concreta coa que foron concibidas cada unha. En razón de tal diferencia, cabe distinguir dúas clases de relatos. En primeiro lugar, aquelas historias compostas ó servizo dun Estado previamente establecido e que pretendía ser a representación política dunha nación, fosen os vellos Estados á procura de relexitimación complementaria, fosen os novos que, aínda en tempos recentes, como o alemán ou o italiano, naceran xa con pretensións de ser auténticos Estados-nación, nos que foi a institución estatal o axente que promoveu a representación histórica e puxo os seus poderosos medios ó servizo da súa difusión. En segundo termo, aparecen as historias compostas sen sostén institucional e como instrumento na loita de oposición dos movementos nacionalistas fronte a un Estado do que afirmaban que non se correspondía coa condición nacional do grupo que aqueles dicían representar.

As *historias nacionais* impulsadas desde os Estados foron concibidas, ante todo, coa intención de confirmar a lexitimidade da orde política, presentándoa como a culminación dunha continuidade histórica que arrincara de tempos ben antigos e que se fora desenvolvendo ata resultar nun presente que expresaba de maneira satisfactoria a coincidencia entre a sociedade e as institucións de poder por medio das cales esta exercía a súa soberanía. As narracións históricas elaboradas desde a oposición á vixente estruturación política territorial, sen embargo, ademais de estar condicionadas pola necesidade de *competir* co relato *oficial* promovido desde o poder, debían procurar satisfacer unha serie de demandas que ían moito máis alá da pura corroboración dun presente que, xustamente, querían rexeitar. En consecuencia, as súas funcións adquirían unha complexidade maior que as das historias dos Estados con pretensións de representatividade nacional. En primeiro lugar, porque a proclamación da lexitimidade da natureza nacionalitaria do grupo esixía tamén, como requisito ineludible, a *deslexitimación* expresa da correspondente afirmación nacional que se formulaba desde o Estado; en segundo termo, porque a narración debía ser tamén *alternativa* á da historia estatal, descualificando a interpretación xeral do pasado que nesta se propoñía; e por último, porque o relato tiña que dar conta do sometemento político da nación na actualidade e da situación

de prostración económica e cultural da que aquel adoitaba ir acompañado, segundo a retórica nacionalista.

En suma, compostas ben ó servizo do Estado vixente, ben como auxilio das propostas de reestruturación dos seus límites, as *historias nacionais,* como categoría específica de representación do pasado, foron froito da determinación ideolóxica que suscitou a súa elaboración e que sostiña a súa interpretación. Lonxe das súas pretensións de constituír o puro reflexo dun pasado obxectivo, reproducido unha vez *descuberto* por medio do estudio dos acontecementos máis relevantes doutros tempos, aquelas historias resultaron ser *construcións narrativas* que proxectaban no tempo a subxectividade dunha descrición político-ideolóxica do presente, a cal, á súa vez, nun proceso de retroalimentación circular, estaban destinadas a confirmar.

Esta clase de relatos do pasado centrados na nación caracterizáronse por estar compostos, cada un deles, arredor dun núcleo argumental, establecido con carácter previo, a partir do cal se desenvolve un discurso histórico que se corresponde de maneira específica coa singularidade do seu suxeito, tamén presuposta, a cal o propio relato viña confirmar pola repetida comprobación da presenza constante dos seus trazos particulares no decorrer do tempo. O labor dos que se achegaron ó pasado co ánimo de representalo como *historia da nación* consistiu, precisamente, en discernir entre os materiais dos tempos pretéritos os sinais identitarios da nacionalidade, en canto expresión da súa peculiar natureza, e en referir de maneira coherente o longo e específico percorrido do suxeito nacional cara á súa consolidación como Estado soberano, ou ben, no seu caso, en expoñer as circunstancias nas que se viu frustrada a evolución *natural* cara á cumprimentación do seu destino como entidade política independente. Tratábase, en realidade, de proxectar cara a atrás a caracterización ideolóxica do presente, de maneira que a narración do pasado dese conta da índole única do camiño histórico da nación, lexitimase a afirmación da condición diferenciada da súa natureza e xustificase a proclamación dos seus dereitos políticos privativos, expresados nun Estado propio xa constituído ou na súa reivindicación.

O resultado final do esforzo veu ser un relato coherente internamente e mais en relación ó presente, sexa respecto da identificación entre o Estado e a nación, sexa respecto da demanda de que tal confluencia se concretase na realidade. Claro é que, dado o carácter informe, disperso e continxente dos datos procedentes dun pasado que, en por si, non amosaba designio nin propósito ningún, resultou imprescindible o traballo de composición do historiador, en orde a seleccionar os materiais pertinentes, a dispoñelos nunha secuenciación axeitada e a dotalos dunha unidade narrativa da que, por principio, carecían. A propia pretensión de integrar

a complexidade toda do pasado nun relato lineal, guiado por un único fío narrativo que debía tramar acontecementos de gran diversidade, tanto pola súa natureza coma pola súa procedencia temporal, soamente resultou posible asentando a representación sobre un reducionismo de raíz ideolóxica como o que presupoñía a converxencia inevitable do Estado e da nación no mundo moderno.

A coherencia que amosaba o pasado así representado, pois, a que permitía constituílo como unha *historia da nación,* non era máis que a creación do historiador figurada a partir da súa caracterización ideoloxizada do presente.[26] As historias nacionais, como categoría narrativa construída sobre o pasado dunha agrupación humana diferenciada á que se lle atribuíu un significado político, foron unha resposta motivada, por tanto, pola necesidade de atender unha serie de demandas enunciadas no presente. Así exposto, o pasado adquiriu unha *utilidade* inmediata, procurada a partir dun relato onde se localizan as orixes e os tempos máis gloriosos do suxeito, onde se sinalan as datas e os acontecementos máis significativos para o presente e onde se loan os seus heroes máis relevantes. *Significación* e *relevancia* que viñan predeterminadas, xustamente, por unha decisión fundada na propia convicción político-ideolóxica desde a que se formulaba o relato e pola correspondente funcionalidade que se lle asignaba a este.[27]

En razón da orixe ideolóxica da que deitan, polo tanto, as historias nacionais todas comparten os mesmos esquemas organizativos e procuran satisfacer idéntica funcionalidade. Cómpre sinalar, sen embargo, certas peculiaridades que permiten considerar como unha variedade específica do modelo xeral de representación do pasado ordenado arredor do eixe nacional os relatos compostos ó servizo das reivindicacións de oposición contra o Estado e a prol do conseguinte recoñecemento da soberanía dunha entidade que proclamaba a súa condición nacionalitaria. Tales singularidades derivan, fundamentalmente, do contexto político no que se elaboran e difunden, que establece unha serie de condicionamentos que se manifestan de maneira directa na propia configuración final que adopta o relato.

En primeiro lugar, a representación histórica do nacionalismo de oposición está determinada por unha *urxencia política* que non afecta de modo tan premente á que se compón desde os Estados. Certamente, a intencionalidade política é

---

26 Os mecanismos cos que se constrúe a peculiar lectura mítica do pasado mediante a cal a concepción nacionalista *historifica* a nación e lle adxudica á súa representación un lugar preferente na fundamentación da nacionalidade son postos de relevo, partindo do caso galego, por Ramón Máiz en "Poesía del pasado y comunidad imaginaria: los usos políticos de la historia en el discurso del nacionalismo gallego", Instituto de Estudios sobre Nacionalismos Comparados, Vitoria 1992.

27 Anthony D. Smith ofrece un completo panorama da funcionalidade e características da utilización da historia polos movementos nacionalistas en *The Ethnic Origins of Nations,* esp. na Parte II, pp. 129ss.

consubstancial a toda clase de historias nacionais, pero mentres as promovidas en apoio da *nacionalización* do Estado poden desempeñar a súa funcionalidade a medio prazo, como parte dun programa gobernamental de acción múltiple, as elaboradas en defensa da reestruturación da distribución territorial do poder deben atender máis directamente á consecución dos obxectivos do movemento que impulsa a reivindicación. As funcións de concienciación e mobilización que se lle adxudican á caracterización do pasado, en consecuencia, adquiren prioridade sobre calquera outra consideración. As súas tarefas principais, mesmo a súa razón de ser, son a demostración da natureza nacional da comunidade alternativa, a penetración de tal convicción no grupo e o seu efecto dinamizador dos comportamentos políticos da sociedade. A procura da eficiencia política inmediata, polo tanto, condiciona non soamente a selección de contidos que integran a historia, senón tamén a aparencia formal da representación, na que a preocupación *pedagóxica* intensifica a importancia dun *didactismo* que se constitúe en criterio preferente e mesmo exclusivo do relato. Deste xeito, a funcionalidade política orixina unha relativización dos criterios de veracidade histórica que se manifesta de maneira acusada nesta clase historias.

En segundo lugar, aínda que todas as historias nacionais exclúen de maneira expresa a validez de calquera outra interpretación do pasado da nación que non asente nos seus presupostos fundacionais, as que se compoñen desde posicións de desafío á orde política establecida son formuladas de modo explícito *contra* o relato espallado desde as instancias estatais. O mesmo feito de tratarse dunha representación *alternativa,* sen embargo, tradúcese nunha paradoxal dependencia respecto da historia *oficial* coa que se declara incompatible. Se o obxectivo último do movemento nacionalista contra o Estado era a liberación da nación sometida pola que se loitaba, a tarefa de *independizar* o seu pasado da narración espallada desde o poder estatal demostrou ser ben pouco doada, a pesar das afirmacións expresas que se facían no seu relato. A proxección cara a atrás no tempo da redución ideolóxica da realidade presente á contraposición da nación co Estado impediu a consideración de calquera outra interpretación do pasado verdadeiramente alternativa á que narraba tal relación desde o poder instituído.

Por último, a desigualdade nas condicións de elaboración e espallamento dos relatos históricos nacionais promovidos polo Estado e desde fóra do seu ámbito debeu ter reflexo nos seus trazos respectivos. O feito mesmo de *competir* coa interpretación estatal marcou as historias alternativas, que deberon suplir a superioridade de recursos dispoñibles para a elaboración histórica desde o sistema académico estatal dun relato que, ademais, contou coas canles das institucións públicas para a súa difusión, espallado profusamente na sociedade a través do sistema

educativo e permanentemente reforzado pola instrumentalización simbólica proxectada polo propio Estado na súa celebración pública da historia. A desigualdade nos termos de produción e da competencia na súa difusión non puido senón acentuar a xa amentada tendencia ó didactismo inherente ás narracións históricas que pretenderon opoñerse á versión *oficial* da historia. Neste senso, o contexto ergueu tamén unha barreira máis elevada, polo menos en aparencia, á penetración das achegas renovadoras da historiografía de finais do século XIX e principios do XX e fixo máis lenta a súa introdución nos relatos históricos de oposición ó Estado.

3. A renovación historiográfica: disciplina académica e fragmentación nacional do pasado

A plausibilidade do establecemento dunha razoable correspondencia entre a politización nacionalitaria do pasado e mais a transformación modernizadora das estruturas políticas e sociais parece perder o seu fundamento en canto se considera que o século XIX foi tamén o da renovación das bases sobre as que asentara tradicionalmente a escritura histórica e o inicio da súa aproximación á independencia de condicionamentos alleos propia das disciplinas empíricas. Considerada, pois, no contexto dos cambios experimentados pola historiografía nos mesmos tempos da modernización, a aparente *lóxica* que pretende explicar a *nacionalización* do pasado semella converterse, máis ben, nun gran *paradoxo*.

A contradición resólvese, desde logo, cunha ponderación do alcance do proceso mesmo da reforma do traballo histórico, salientando a insuficiencia da súa intensidade e a limitación do espazo historiográfico que se viu afectado por ela. A primeira observación dedúcese da comprobación de que mesmo na obra de moitos dos historiadores que promoveron o novo modelo de achegamento ó pasado perduraron algúns dos trazos característicos da antiga concepción menos *científica* da historia. A segunda deriva da constatación da supervivencia, máis alá da segunda metade do século XIX, dos xeitos tradicionais de compoñer os relatos históricos e de entender a historia mesma. Quer dicir, en resume, que a renovación tivo un carácter dobremente incompleto e que non implicou, en ningún dos casos, a liberación da escrita histórica dos seus vellos determinantes externos de orde artística, política ou ideolóxica.

Así pois, aínda que solapándose as máis das ocasións, cabe distinguir dúas grandes correntes que caracterizan a evolución da representación do pasado no século XIX, ben visibles, sobre todo, a partir do cumprimento da súa primeira metade. Fronte ós dous extremos entre os que se despregaba o estudio histórico na centuria anterior, o propio do *anticuario,* interesado nas mostras concretas

procedentes doutros tempos pero non na súa integración nunha narrativa máis ampla que lles dese significado histórico, e mais o característico do *historiador-filósofo* da Ilustración, preocupado só polas grandes xeneralizacións sobre unha natureza humana universal e inmutable, a historiografía do XIX orientouse progresivamente seguindo unha dobre vía que, sen esquecer o necesario encadramento xeral, se orixinaba na vontade de resaltar a diferenciación dentro do seu campo de estudio. Por un lado, delimitouse o parcelamento do tempo histórico, resaltando o carácter único de cada unha das épocas do pasado, merecentes, todas elas, dunha atención acorde coa súa especificidade. Por outro, sinalouse o camiño peculiar de cada pobo a través da historia, o que obrigaba a *representar* o seu pasado, polo tanto, de forma diferenciada.

Ambas as tendencias marcaron as dúas correntes principais que seguiu a historiografía a medida que avanzou o século. A primeira delas apuntou á consolidación do estudio da historia como disciplina académica individualizada, mentres da segunda arrincou a xeneralización das historias *nacionais* como forma predominante de ordenamento e exposición do pasado. Aínda que a compatibilidade entre elas podería parecer, en principio, pouco doada, en canto unha versión *científica* do pasado debería excluír a influencia de criterios políticos na súa representación, as respectivas liñas non se desenvolveron sempre en forma paralela. Antes ben, os dous piares sobre os que se ergueron as manifestacións máis características da historiografía renovada, a creación dun método específico e o establecemento da nación como suxeito preferente para a representación do pasado, ademais de non ser excluíntes entre si, mesmo amosaron unha tendencia crecente á confluencia. En realidade, como se verá, unha boa parte dos historiadores académicos sentíronse, demasiado a miúdo, inclinados a guiar os seus estudios por motivacións dunha natureza ben distinta á das esixencias propias da súa especialidade profesional.

Con todo, aínda que na segunda metade do século XIX e primeiras décadas do XX non desapareceron por completo as vellas formas de representar o pasado, un ánimo renovador promovido desde instancias universitarias impulsou un notable cambio que tendeu a afastar os estudios históricos da súa tradicional clasificación dentro dos xéneros literarios e a integralos no ámbito das ciencias académicas. Certamente, a historia non perdeu daquela a súa dimensión política e social pero, en canto un sector dos seus practicantes pretendeu ceibar os seus traballos de factores determinantes alleos á tarefa investigadora, foi medrando a conciencia, aínda que nunca fose completa, da necesidade de acadar a *autonomía* respecto de influencias externas que constitúe a condición necesaria para acadar o estatuto científico. Neste senso, cando menos como *tipo ideal,* na metade final do século

XIX quedou perfectamente caracterizada unha nova concepción *científica* da historia. Aínda que coas limitacións citadas, polo tanto, naquela época empezou a diferenciarse entre dúas formas de achegamento ó pasado, unha académica, que afirmaba fundarse no rigor técnico e na obxectividade expositiva, e outra que se expresaba en relatos que seguían atendendo a criterios externos ó traballo historiográfico.

A constitución do estudio e representación do pasado como actividade científica diferenciada polo seu método específico, dotada da respectabilidade académica, integrada como disciplina nos programas universitarios e desempeñada por profesionais especializados adoita vincularse ás contribucións do historiador xermano Leopold von Ranke. Aínda que a atribución parece hoxe mitificada de máis, relaciónase o nacemento da nova forma de concibir a historia coas teses expostas no prefacio da súa primeira obra, xa en 1824, onde precisaba que o obxectivo da historia era "amosar o que realmente ocorreu" ("wie es eigentlich gewesen"), rexeitando que se lle asignase, como ata entón adoitaba facerse, "a función de xulgar o pasado" e "instruír os homes en beneficio do futuro".[28] Os *feitos* históricos, como datos independentes de quen procedía ó seu estudio, habían constituír o material único co que debía traballar o historiador. As fontes, preferentemente contemporáneas, que permitían o seu coñecemento debían ser sometidas a unha rigorosa crítica erudita por medio de técnicas específicas, de maneira que se depurase a información coa que o historiador había compoñer un relato impersoal e obxectivo. O aforismo rankeano sobre a necesidade de referir os puros feitos supoñía deixar que o pasado *falase* por si mesmo, implicaba o distanciamento desapaixonado do autor respecto dos asuntos tratados e a renuncia a interpretar a historia en función de intereses do presente. A erudición e a avaliación das fontes convertéronse nos elementos constitutivos do método histórico, do respecto do cal había resultar un coñecemento obxectivo do pasado.

En canto esixía unha preparación técnica específica, por demais, o oficio de historiador converteuse paulatinamente nunha actividade profesionalizada e de rango académico.[29] A renovación dos estudios sobre o pasado consolidouse,

---

28 Leopold von Ranke, *Geschichte der romanischen und germanischen Völker von 1494 bis 1514,* 1824. Cítase pola tradución inglesa do prefacio desta obra incluída na compilación de textos de Ranke editada e introducida por Georg G. Iggers e Konrad von Moltke (ed), *The Theory and Practice of History,* Bobbs and Merrill, Indianápolis 1973, p. 137.

29 Peter Lambert, "The professionalization and institutionalization of history", en Stefan Berger, Heiko Felder e Kevin Passmore (ed), *Writing History. Theory and Practice,* Arnold, Londres 2003, pp. 42-60. Stefan Berger, Mark Donovan e Kevin Passmore, "Apologias for the nation-state in Western Europe since 1800", en Id. (ed), *Writing National Histories. Western Europe since 1800,* Routledge, Londres 1999, pp. 3-14.

primeiro de nada, na universidade alemá, creando un modelo de práctica, ensinanza e representación da historia que se estendeu nas décadas finais do XIX a Francia, Gran Bretaña e os países da Europa occidental. Por demais, abrollaron baixo a padroado estatal as institucións dedicadas á preservación dos materiais que daban testemuño dos acontecementos pretéritos, como museos, arquivos e bibliotecas, que confirmaron a especialización profesional do traballo histórico. Fundados na autoridade técnica e na obxectividade das súas conclusións, os historiadores profesionais reclamaron con carácter exclusivo a autoridade para interpretar de modo adecuado e imparcial o pasado, acoutando un campo que ata entón estivera aberto a calquera escritor cunha sólida formación cultural ou con certa competencia na expresión literaria.

A realidade, sen embargo, non se conformou exactamente á descrición ideal que se acaba de expoñer. Por unha parte, como xa se adiantou, porque non desapareceron as formas de representación histórica que, por contraste coas que asentaban sobre a proclamada obxectividade que se deducía de bases documentais sometidas a un estrito tratamento crítico, cabe denominar *literarias,* en canto nelas primaba a subxectiva interpretación do autor sobre a rigorosidade das conclusións extraídas dos puros datos do pasado. Pero tamén porque o programa constitutivo da nova historiografía académica apenas se cumpriu na súa integridade por parte dos propios estudiosos que presumían de construír os seus relatos sobre fundamentos inatacables. Máis alá da súa perfección técnica e da erudición que amosasen os seus contidos, as súas representacións do pasado adoeceron case sempre dunha relación dependente respecto de certos condicionantes de orde política e ideolóxica. No caso dos historiadores profesionais, porque a súa actividade, en virtude da súa propia natureza, quedou ligada ó Estado a través das institucións educativas e culturais nas que desenvolvían o seu traballo. Moitos dos membros do gremio, en consecuencia, deberon atender a clase de esixencias que lles demandaba a súa condición funcionarial. Neste senso, a pertenza ós corpos integrados nas estruturas administrativas estatais estableceu, xa en por si, certos límites ás posibilidades reais de desenvolvemento do seu traballo. Primeiro de nada, en canto houberon de axeitar o seu discurso histórico ós intereses do Estado do que dependía a súa carreira profesional. Pero ademais, porque deberon, en moitas ocasións, poñer o seu coñecemento ó servizo dos programas públicos de *nacionalización* da sociedade,[30] fose contribuíndo á redacción dos manuais escolares de historia, fose

[30] A creación de *tradicións políticas* co obxectivo de cohesionar a sociedade e asegurar a lealdade cidadá foi característica da época de aparición da política de masas, segundo estudia, centrándose nos casos da III República francesa e do II Imperio alemán, Eric Hobsbawm, "Mass-Producing Traditions: Europe, 1870-1914", en Eric Hobsbawm e Terence Ranger (ed), *The Invention of Tradition,* pp. 263-307, esp. 263-83.

participando na composición dos relatos *oficiais* do pasado.[31] En todo caso, a satisfacción de tales requirimentos do poder supoñía, *a fortiori,* a contravención dos principios que definían a historiografía académica. Non soamente porque a necesidade de vulgarizar os contidos naqueles textos destinados a lectores sen cualificación especial afectaba ó rigor expositivo, senón porque o cumprimento das demandas do Estado significaba o condicionamento do traballo histórico segundo criterios políticos, supeditando a representación do pasado á consecución dunha finalidade predeterminada en virtude de factores alleos ó ámbito científico.

Subordinación ós intereses políticos que, por outra parte, lonxe de ser o resultado do sometemento forzoso ás imposicións do Estado, respondía numerosas veces ó propio convencemento ideolóxico do historiador, que adoitaba asumir de bo grao ou mesmo impulsaba por propia iniciativa os proxectos *nacionalizadores* da administración do seu país. Sirva de exemplo a actitude dun bo sector das figuras máis representativas da historiografía alemá da segunda metade do século XIX. Precisamente alí, onde o desenvolvemento da nova concepción da análise do pasado establecera un modelo de traballo académico que, sobre todo no que respecta ó sistema universitario, serviu de referencia ó resto dos países máis adiantados da época, moitos dos practicantes máis rigorosos da erudición crítica estiveron dispostos a desempeñar a función de apoio ás propostas políticas concretas que entenderon que se correspondían cos intereses da súa nación. Certamente, a intensidade dos acontecementos relacionados co proceso de recomposición do espazo político naquela rexión a partir de 1848 volvía difícil para calquera intelectual o mantemento dunha postura de neutralidade pública, e máis para aqueles que se dedicaban ó estudio da historia e á publicación de obras das que non era estraño que se deducisen argumentos relevantes para fundamentar a avaliación dunha ou doutra posición política. Sobre todo despois da proclamación do Imperio, en 1871, o patriotismo foi un dos motores principais da actividade pública dos historiadores do país alemán, ben dispostos sempre, en xeral, a contribuír co seu esforzo á consolidación da construción nacional e a sustentar a política do Estado. Algúns dos nomes máis senlleiros da historiografía alemá mesmo compaxinaron, antes e despois daquela relevante data, o seu labor profesional co compromiso político activo, como fixeron Heinrich von Sybel e Heinrich von Treitschke, destacados membros da escola prusiana de historia. Pero cabe afirmar, ademais, que a xeneralidade dos que se dedicaron á historia, aínda que non asumisen un cargo público, foron conscientes da significación política do

[31] Serve para as dúas categorías de textos a definición dos primeiros como "the standardization of history through a canonical textbook", en palabras de Anthony D. Smith, "Gastronomy or Geology? The Role of Nationalism in the Reconstruction of Nations", *Nations and Nationalism* 1 (1995) 3-23.

seu traballo e actuaron en consecuencia, sen atopar contraditoria esta posición, por certo, coas pretensións de obxectividade e imparcialidade que lle atribuían á súa actividade profesional.[32]

Concibida de tal xeito, directamente ligada ós intereses do Estado e da nación, a práctica historiográfica tiña que ver minguada, sen dúbida ningunha, a fundamentación científica na que pregoaba asentar. Mesmo o traballo de arquivo, na procura do documento que dése conta de maneira veraz da realidade da historia, deixou de ser garante da solidez e independencia dunhas interpretacións do pasado que, de modo sospeitoso, adoitaban servir de apoio a programas gobernamentais e a determinadas políticas do Estado. A situación, por demais, non foi privativa de Alemania, senón que se estendeu á historiografía de todos os Estados europeos de finais do XIX e principios do XX. Se os historiadores italianos traballaron para reforzar a dimensión nacional do novo Estado, os franceses apoiaron con entusiasmo o proxecto rexenerador da III República despois da derrota de 1871, os británicos deron apoio co relato do pasado á misión *civilizadora* do seu Imperio e os españois resaltaron a lexitimidade nacional do Estado liberal da Restauración.[33] Ningún deles

---

32 Sobre as implicacións políticas da obra de Ranke e da escola prusiana de historiadores pode verse Georg G. Iggers, *The German Conception of History. The National Tradition of Historical Thought from Herder to the Present,* Wesleyan University Press, Middletown (Connecticut) 1983, caps. IV-V, pp. 63-123; e Hagen Schulze, *Estado y nación en Europa,* pp. 141-9. Por demais, segundo a lectura de Hayden White, o propio Ranke organizou o estudio da historia europea tomándoa como un proceso no que os *pobos,* despois do universalismo medieval, ata os seus días, se foron constituíndo en *nacións* –as unidades perfectas de organización social, cos seus trazos específicos, adaptados ás respectivas necesidades físicas e espirituais–, configuradas como *nacións-Estado.* En consecuencia, as comunidades nacionais foron consideradas por Ranke como as unidades *naturais* da investigación histórica. Hayden White, *Metahistoria,* Fondo de Cultura Económica, México 1992, pp. 164-75.

33 Para unha visión xeral da relación da historiografía académica co desenvolvemento do Estado-nación, centrada na comparación entre os casos de Alemania, Francia, Italia e Gran Bretaña, vid. a xa citada obra de Stefan Berger, Mark Donovan e Kevin Passmore, *Writing National Histories. Western Europe since 1800*.
O caso francés pode consultarse en Suzanne Citron, *Le mythe national. L'histoire de France en question,* Les Editions ouvrières / Études et Documentation internationales, París 1989, onde se salienta o papel da "escola metódica" na construción da historia de Francia *oficial* ó servizo da III República, destacando a achega de Ernest Lavisse, que combinou o traballo erudito para producir a monumental *Histoire de France de l'époque gallo-romaine à la Révolution* (1890, 9 tomos), o "Grand Lavisse", coa elaboración do máis popular dos manuais escolares, *Histoire de France* (1882, reeditado continuamente ata 1950), o "Petit Lavisse", onde se debuxa unha nación inmemorial, prefigurada xa na Galia mítica e confirmada na súa esencia ata o presente.
Para a España da Restauración, cf. Carolyn P. Boyd, *Historia Patria. Politics, History, and National Identity in Spain, 1875-1975,* Princeton University Press, 1997, esp. cap. 3-5, pp. 65-164, onde se expón a funcionalidade da historia nacional como lexitimadora do sistema de 1876, aínda que se sinala a menor relevancia do ensino do pasado na escola; Inman Fox, *La invención de España. Nacionalismo liberal e identidad nacional,* Cátedra, Madrid 1997, esp. cap. III e VI, pp. 35-54, 97-109, centrados na historiografía liberal; Juan Sisinio Pérez Garzón et al., *La gestión de la memoria. La historia de España al servizo del poder,* Crítica, Barcelona 2000, esp. pp. 87-105; e José Álvarez Junco, *Mater Dolorosa. La idea de España en el siglo XIX,* Taurus, Madrid 2001, esp. cap. IX-XI, pp. 433-565. Aínda que se ocupa do período inmediatamente anterior, resulta útil a consulta de Paloma Cirujano Marín, Teresa Elorriaga Planes e Juan Sisinio Pérez Garzón, *Historiografía y nacionalismo liberal español, 1834-1868,* CSIC, Madrid 1985. A

considerou que a relevancia política da súa obra implicase unha mingua do seu valor científico, en canto aquela era consecuencia da propia natureza da súa actividade. No seu criterio, a busca *desinteresada* da verdade que os impulsaba como homes de ciencia conferíalle ó seu traballo unha transcendencia moral engadida e convertía os seus resultados en materia apropiada para a educación cívica da sociedade. Así, sen abdicar da súa independencia profesional, o historiador servía, á vez, á ciencia e á patria, por canto, sen necesidade de amosar un compromiso político de maneira expresa, ó mesmo tempo que enriquecía o coñecemento do pasado achegaba os materiais precisos para a instrución nacional da cidadanía. Segundo tal razoamento, non había, por tanto, contradición ningunha entre o traballo científico do historiador e a función social que desempeñaba a súa obra.[34]

Se isto foi así no ámbito das historiografías académicas, a politización do pasado foi consubstancial á obra dos historiadores que afirmaban de maneira expresa a súa convicción política nacionalista e que se propuxeron sustentar coa súa versión do pasado as reivindicacións de movementos que aspiraban a reconstituír, de acordo cos supostos dereitos da súa propia nación, as fronteiras que delimitaban a distribución territorial do poder. Nestes casos, a predeterminación ideolóxica e a procura da efectividade política, así como a frecuente desconexión dos autores das institucións académicas duns Estados ós que pretendían combater coas súas achegas, fixeron moito máis probable a subordinación do traballo histórico a criterios alleos á pura esixencia académica.

Dun ou doutro modo, polo tanto, os tempos da renovación científica da historia non impediron a ideoloxización da súa práctica, estreitamente vinculada ó Estado e á nación correspondente ou ás aspiracións políticas dos movementos nacionalistas de oposición. Mesmo nos casos en que o rigor na aplicación do método histórico parecía sustentar de maneira inobxectable a representación do pasado, as presuncións ideolóxico-políticas que orientaban o traballo do historiador volvían difícil a aceptación dos seus resultados para aqueles que non as compartisen. As polémicas entre os estudiosos da historia, mesmo dentro dos círculos profesionais, adoitaban enmascarar coa retórica de argumentacións académicas o que, moi a miúdo, non era máis que un debate sobre posicións contraditorias

dimensión histórica-nacional da argumentación política na España liberal, estudiada a través da análise dos discursos dos *intelectuais,* trátase en Santos Juliá, *Historia de las dos Españas,* Taurus, Madrid 2004, esp. cap. 1-2, pp. 21-102, e mais en Javier Varela, *La novela de España. Los intelectuales y el problema español,* Taurus, Madrid 1999, esp. cap. 1-3, pp. 27-144. O caso británico exponse con detalle máis adiante.

34 Olivier Dumoulin, *Le rôle social de l'historien. De la chaire au prétoire,* Albin Michel, París 2003, pp. 149-87, relata a constitución do triple papel asumido polo historiador como home de ciencia, como educador e como patriota, tomando como referencia central a Ernest Lavisse, na Francia de finais do XIX.

fundadas en opinións e intereses de orde política. É nesta dimensión onde cómpre enmarcar as frecuentes confrontacións entre historiadores de diferentes Estados a propósito de disputas territoriais ou de diferenzas de política exterior, así como as que opoñían os nacionalistas partidarios da rearticulación do espazo político interno cos defensores do mantemento da integridade dos límites estatais. Naquela clase de conflitos, tan repetidos no período das décadas finais do século XIX e primeiras do XX, o aliñamento sen fisuras da maioría dos historiadores afectados segundo criterios de manifesta orixe política non pode máis que restar credibilidade ás pretensións de acadar a historia do momento o *status* científico que con tanta énfase se proclamaba desde os ámbitos académicos. O positivismo metodolóxico, desde logo, estaba aínda lonxe de dar cabo ás aproximacións ó pasado máis condicionadas pola subxectividade política do estudioso que o poñía en práctica.

Neste senso, a pesar da evidente transformación historiográfica experimentada desde mediados do XIX, non cabe dar por pechada daquela a diferenciación entre a caracterización histórica ancorada no traballo sobre os datos documentais e a construída sobre especulacións con dubidoso fundamento. A distancia entre as historias de base empírica e as historias claramente interpretativas pertencía, en numerosas ocasións, máis á esfera dos tipos ideais que á realidade na que se contrapoñían as representacións en competencia sobre o pasado. De certo, resultaba patente a diferencia que separaba os relatos puramente imaxinativos daqueles que atendían os requirimentos da norma profesional, pero entre estes extremos do espectro historiográfico cabía aínda unha ampla variedade de representacións nas que o dato arquivístico e a interpretación se mesturaban en doses non sempre ben equilibradas.

A penetración ideolóxica tendeu, en todo caso, a determinar a produción histórica dun xeito que transcendía a consideración exclusiva de elementos ligados á busca da obxectividade científica. A dimensión social e política do traballo histórico xa amentada, ademais, contribuíu a reducir o espazo entre os relatos elaborados segundo as pautas académicas e os que atendían de maneira máis explícita ós efectos que esperaban causar na sociedade. En certa medida, por causa da súa utilidade social, as representacións todas do pasado tenderon a igualarse na dimensión formal, por canto tamén moitas das que se compoñían baixo presupostos académicos deberon recorrer a técnicas de expresión que facilitasen a transmisión da mensaxe política que contiñan e que, así, as volvesen politicamente operativas. A atención á funcionalidade social do relato implicaba, necesariamente, o sacrificio de parte do rigor expositivo en aras do efectismo didáctico preciso para facilitar a comunicación cos receptores non especializados, nun proceso no que non se excluía tampouco a preterición do fundamento documental en favor da *claridade* interpretativa. Foi

preciso, en suma, renunciar con frecuencia á exposición da complexidade histórica en beneficio da simplificación do pasado requirida para a consecución dos obxectivos políticos que se lle asignaban á súa representación.

Por demais, a propia composición narrativa da escrita histórica, coas esixencias propias do xénero, contribuíu a diluír o peso da soa argumentación empiricista, en canto o historiador académico debeu seguir unhas pautas na articulación formal dos relatos que compartía cos de carácter máis interpretativo. O resultado final da suma dos factores políticos, ideolóxicos, sociais e narrativos foi un esvaecemento dos límites entre as historias académicas dirixidas a un ámbito de lectura máis amplo que o especializado e aquelas que, de principio, outorgaban máis peso á dimensión interpretativa e literaria. Mesmo cabe aludir a unha crecente confluencia de xéneros históricos, da cal é paradigmático o caso da historiografía nacionalista, por canto nela se mesturaron sen maior diferenciación os elementos puramente ideolóxicos cos que gozaban de apoios documentais, aínda que, nos máis acabados exemplares, se pretendese facer recaer de maneira exclusiva sobre os datos *obxectivos* o peso do relato. Trátase esta dunha historiografía *militante,* que non é peculiar dos historiadores afeccionados, por certo, e na que o pasado, posto ó servizo de obxectivos políticos, é sometido a unha instrumentalización explícita. Por moito que afirmase que o seu relato asentaba no respecto á evidencia material do dato histórico, a historia nacionalista, mesmo a composta segundo os procedementos canónicos da investigación e da representación histórica académicas, resultaba ser un produto ideoloxicamente predeterminado. Certamente, os traballos que constituían o seu proceso de elaboración, en canto selección, ordenamento e xerarquización dos materiais históricos, estaban condicionados por decisións previamente tomadas que debían conducir, de maneira ineludible, a resultados coincidentes cos presupostos fundacionais do relato.

Esta clase de representacións do pasado preocupadas polo adoutrinamento patriótico e a pedagoxía política superou o marco explicitamente nacionalista e impregnou boa parte dos froitos da actividade historiográfica do período considerado. En canto tamén se prestou con frecuencia á subordinación das regras metodolóxicas da súa disciplina, resulta difícil aceptar sen matizacións a afirmación de que a historia académica de finais do século XIX e principios da seguinte centuria constituíse, en realidade, un discurso *autónomo* no mesmo senso que as ciencias da natureza, quer dicir, xustificado na súa existencia polo seu propio valor como achega ó coñecemento da realidade, ideoloxicamente indiferente ante os resultados da investigación e despreocupado pola repercusión social das súas conclusións. Pola contra, unha boa parte do traballo historiográfico da época

desenvolveuse en relación a un pasado compartimentado segundo suxeitos nacionais ou estatais e sempre atento ós seus efectos sobre eles no presente.

Por tal razón, o estudio da historia, a pesar da renovación parcial dos seus métodos e dos seus contidos, viuse condicionado de maneira crecente pola esfera pública onde había desempeñar as súas funcións. E en tal escenario concorrían en plena liberdade non só as propostas de orixe académica, senón outras que non atendían a tales pautas de elaboración ou que reflectían crenzas populares sobre o pasado, *memorias* fortemente asentadas na sociedade. Lonxe do reducido círculo das elites ilustradas, a historiografía académica debeu adaptarse ó marco social para poñerse en condicións de competir con posibilidades con relatos a miúdo máis dinámicos, non sometidos ás rixideces da argumentación documentada e de máis doada penetración na mentalidade popular. As historias *oficiais* promovidas desde os Estados, os textos escolares difundidos polo sistema educativo e as manifestacións rituais e conmemorativas do pasado ligadas ás institucións públicas, como principais formas de presenza social das achegas da historia académica, implicaron unha adaptación que, con demasiada frecuencia, aproximou as súas propostas ó mesmo plano das narracións máis interpretativas e expresamente políticas.

En todo caso, calquera que fose a forma que adoptase, a modernización *científica* da historiografía no transcurso do século XIX non converteu a práctica da historia nunha disciplina afastada das preocupacións políticas do presente. Pola contra, o estudio e a representación do pasado, axeitados á comenencia, convertéronse nun dos mellores recursos dispoñibles para a argumentación no escenario político.

4. A historiografía británica: o glorioso pasado dunha nación excepcional

Quizais en ningures como na Inglaterra vitoriana se manifestou de maneira máis rechamante a aparente incongruencia que, no século XIX europeo, fixo coincidir a transformación modernizadora dunha sociedade que poñía fin a unha orde fondamente arraigada no pasado cun interese crecente pola historia que daba conta, precisamente, dos tempos cos que se estaba rompendo. En ningún lugar como en Gran Bretaña foi tan acelerado aquel cambio e, polo tanto, tan forte a percepción social da quebra das formas políticas, económicas e culturais tradicionais, así como dos valores que se lles asociaran durante séculos. Sen embargo, talvez por esa mesma razón, por causa da conmoción e o desasosego propios dun proceso de mudanza de intensidade revolucionaria, non se pecharon as portas do pasado. Pola contra, a mirada cara a atrás foi un xesto ben frecuente nas xentes daquel novo mundo que se estaba a formar. E non se trataba só da

nostalxia, que a houbo, dos segmentos sociais que vían en risco os privilexios dos que gozaban no antigo sistema e establecían unha interesada comparanza cos males que lle atribuían ó presente. As clases instruídas, primeiro, e a sociedade toda, en xeral, atendendo despois ás súas propostas, acudiron ó pasado na procura dunha axuda que facilitase a comprensión do que estaba sucedendo nos seus días e achegase certa seguridade a unha época na que todo parecía abanear. O interese pola historia, de feito, non deixou de medrar na sociedade británica ó longo do século da industrialización, da apertura ás masas do sistema político e da recomposición das estruturas e dos valores sociais. "Fascinados polo pasado", por un pasado que eles mesmos "inventaron", certamente, os vitorianos atinaron a discernir na historia as claves da evolución social que conducía e, por tanto, daba unha *explicación* a aquel presente tan complexo que vivían.[35]

O termo clave no que a sociedade británica do XIX atopou o sentido da historia e, en consecuencia, do presente no que esta derivaba foi o de *progreso,* palabra que resumía en por si o avance civilizatorio do xénero humano desde a súa aparición no mundo. Pero ademais, en particular, o concepto acertaba a describir o camiño secular da propia Inglaterra ata aquel espléndido instante, no cal abrollaban no seu máis alto grao os resultados finais dun proceso histórico de *melloramento* da nación en todas as ordes. Semellante lectura da historia, creada por escritores que aínda practicaban o modo tradicional literario de tratar o pasado, foi predominante na sociedade británica ó longo do enteiro século XIX, mesmo cando xa se impoñía, no seu derradeiro terzo, a renovación académica dos estudios históricos. Porque tamén en Gran Bretaña, loxicamente, se profesionalizou por aquel tempo o traballo sobre o pasado, tamén alí se constituíu a historia en disciplina académica autónoma, integrándose nos estudios universitarios de maneira individualizada, e se estableceron as bases para o aproveitamento científico dos materiais que testemuñaban o acontecido nos séculos pretéritos. Pero, de igual maneira que nos demais países europeos nos que se deu o mesmo desenvolvemento, a renovación erudita experimentada pola historiografía non rematou coa utilización política do pasado. Antes ben, polo propio feito de se ligar o seu estudio profesional ó Estado e mais á nación, á defensa da orde política ou á súa crítica, a politización da historia resultou inevitable.

Como xa se apuntou, o contexto do cambio modernizador exerceu un impacto notable sobre as diversas propostas de achegamento ó pasado en Gran Bretaña,

---

35 Peter J. Bowler, *The Invention of Progress. The Vitorians and the Past,* Basil Blackwell, Oxford 1989, pp. 1-17. Tamén se alude a "the Victorian fascination with the past" en Philippa Levine, *The Amateur and the Professional. Antiquarians, Historians and Archaeologists in Vitorian England, 1838-1886,* Cambridge University Press, 1986, p. 4.

fundamentalmente a respecto da historia de Inglaterra, identificada de maneira palmar coa do propio Estado. A estabilidade política, a prosperidade económica e a expansión exterior británicas, que acadaron o seu apoxeo na segunda metade do século, contribuíron a soster a credibilidade dunha representación histórica que pretendía dar conta do constante *progreso* da nación no tempo cara a aquela situación, única e extraordinariamente brillante, do presente. Neste senso, en canto este magnífico marco non deu sinais de debilidade no enteiro século XIX, a presunción xenérica sobre a que asentaba a interpretación do pasado inglés como proceso de mellora dun modelo nacional singular non perdeu fundamento e atravesou as fronteiras das diversas formas de traballar sobre a historia. De xeito que, en virtude do mantemento do paradigma do gradual desenvolvemento dun sistema peculiar, cabe establecer unha certa continuidade entre as dúas correntes historiográficas que se sucederon no tempo na Inglaterra vitoriana, a literaria tradicional e a erudita, que se consolidou a partir dos decenios finais da centuria. Certamente, as dúas formas de representación do pasado están claramente diferenciadas pola ruptura conceptual e metodolóxica que as separaba, como sucedeu no resto da Europa occidental, pero unha especie de ponte, asentada na admirable realidade que aparecía á vista da sociedade británica, permitiu transvasar da primeira á segunda a caracterización do pasado inglés como a manifestación dunha nación triunfante e singular.[36]

A historia de tipo literario da primeira metade do século, de natureza interpretativa e mesmo filosófica, máis interesada na xeneralización que apegada ó dato, desenvolveu unha visión do pasado de Inglaterra extremadamente politizada. Ligada ó liberalismo *whig* e ó seu proxecto de reforma do sistema político, concretado na potenciación do poder do Parlamento e na gran reforma electoral de 1832, atopou a súa máxima expresión no escritor Thomas Babington Macaulay. Parlamentario e titular de diversos cargos de alta responsabilidade, Macaulay foi un autor de enorme éxito, sobre todo cos cinco volumes da súa *History of England,* que publicou, entre 1849 e 1861, coa intención de dar conta dos acontecementos que rodearan a revolución de 1688, onde se decidira o predominio do Parlamento

[36] O subseguinte percorrido panorámico pola historiografía británica da segunda metade do século XIX apóiase, ademais de nas xas citadas obras de Peter Bowler, *The Invention of Progress,* e de Philippa Levine, *The Amateur and the Professional,* no *clásico* traballo de George P. Gooch, *Historia e historiadores en el siglo XIX,* FCE, México 1977 [1913], pp. 286-402, que percorre a obra dos autores máis representativos da época; na excelente análise do período de Benedikt Stuchtey, "Literature, liberty and life of the nation: British historiography from Macaulay to Trevelyan", en S. Berger, M. Donovan e K. Passmore (ed), *Writing National Histories. Western Europe since 1800,* pp. 30-46; no texto de John Warren, "The Rankean tradition in British historiography, 1840 to 1950", en S. Berger, H. Feldner e K. Passmore (ed), *Writing History. Theory and Practice,* pp. 23-41; e no de Billie Melman, "Claiming the Nation's Past: The Invention of an Anglo-Saxon Tradition", en Jehuda Reinharz e George L. Mosse (ed), *The Impact of Western Nationalisms,* Sage, Londres 1992, pp. 221-41.

sobre a Coroa, o cal, na súa visión, caracterizaba desde aquela o ordenamento constitucional do país. A obra, polo tanto, relacionábase directamente coa proposta política dos *whigs,* sendo, en realidade, unha lexitimación do sistema liberal elaborada a partir da proxección do presente cara a aqueles momentos que consideraban fundacionais da reconfiguración do sistema nacida da reforma de 1832. Esta versión do pasado, a que despois sería chamada "a interpretación *whig* da historia", remontaba a tradición parlamentaria á *Magna Carta* de 1215, establecendo unha trama de continuidade que a enlazaba coa Reforma protestante, coa revolución de 1688 e coa lei electoral de 1832, data esta na que se facía culminar a loita da nación por poñer límites ó poder da monarquía e establecer un réxime de liberdade, fundamento da auténtica constitución inglesa, de tan longo avoengo.[37] Nunha representación caracterizada pola máis pura linearidade unidireccional, o *progreso* característico da historia de Inglaterra asociábase neste relato ó avance das liberdades nacionais, identificado co freo do absolutismo e co triunfo do ideario protestante, que se expresaran de maneira conxunta na Revolución Gloriosa de fins do XVII e que deran o seu último froito no sistema político daquela realidade magnífica do século XIX, estadio definitivo do modelo ideal de civilización co que a nación indicaba o camiño do futuro á enteira Humanidade.

Este modelo de melloramento constante das institucións cara ó desenlace no presente sistema político debuxaba, en realidade, un camiño histórico que se consideraba específico da nación inglesa. De certo, a expresión excesivamente literaria da interpretación de Macaulay non cadraba coas proposicións do novo método histórico que por aquel entón se desenvolvía en Alemania nos círculos académicos. Non nacía a lectura *whig* do estudio do pasado ó modo da historiografía renovada. O que a fundaba era unha preconcepción política determinada e o desexo de xustificar a súa aplicación no presente. Non había nada en Macaulay, nin nos demais practicantes daquela clase de relatos sobre o pasado, do respecto pola crítica das fontes, da referencia ós datos que amosaban os documentos así depurados, do entendemento dos sucesos históricos segundo os propios termos do período correspondente e do esquecemento dos prexuízos do presente. Sen embargo, en canto fixaba a idea dun desenvolvemento peculiar do pasado de Inglaterra, establecía unha base sobre a que sería posible incardinar os novos modos de facer historia procedentes da academia alemá. Os partidarios da nova metodoloxía crítica, aínda que só fose neste senso de que a historia inglesa se rexía

---

37 H. Butterfield, *The Whig Interpretation of History,* G. Bell and sons, Londres, 1931. Explica o autor o significado do concepto no prefacio da súa obra, p. V: "What is discussed is the tendency in many historians to write on the side of Protestants and Whigs, to praise revolutions provided they have been successful, to emphasize certain principles of progress in the past and to produce a story which is the ratification if not the glorification of the present".

por unha dirección determinada que concluía no espléndido presente dunha nación rica, libre e poderosa, non terían que romper de todo cos esquemas *literarios* de comprensión do pasado asentados na sociedade británica.

Adoita cifrarse o comezo da historia profesional e académica en Gran Bretaña arredor de 1870, cando empezou a consolidarse entre os estudiosos a práctica dos principios conceptuais que establecera Ranke e que acadaran a súa mellor expresión nas universidades de Alemania. Naceron daquela as primeiras cátedras de Historia e o traballo sobre o pasado empezou a rexerse por pautas que esixían unha preparación técnica específica. En consecuencia, unha diferenciación crecente comezou a distinguir as obras compostas segundo o método científico e as elaboradas por escritores *afeccionados.* A dimensión política que acompañara as representacións históricas, sen embargo, non desapareceu do horizonte daqueles que se achegaban ós séculos pretéritos animados por un afán de obxectividade científica. Historiadores críticos coas representacións literarias do estilo de Macaulay deron á luz publicacións dotadas de consistencia académica na súa concepción e no seu método, pero asentadas aínda sobre a crenza da orixinalidade extrema dun pasado que, por demais, contiña as claves todas para volver comprensible o presente.

Un sinalado conxunto de autores afectos á nova metodoloxía preocupáronse por descubrir as raíces do sistema de liberdades da Inglaterra actual, rastrexándoo cara a atrás no tempo, como fixeran os *whigs,* pero servíndose do aparello da crítica erudita.[38] Así, apoiándose nun consistente traballo de erudición documental, William Stubbs, profesor en Oxford, ademais dun extraordinario labor de edición de fontes manuscritas, estudiou de maneira sistemática as raíces do constitucionalismo inglés no Medievo e sinalou o Parlamento como a institución central na evolución da peculiar historia do país. Atribuíndolles unha orixe teutónica, as liberdades inglesas, conservadas nos costumes populares tras da invasión normanda do século XI e transmitidas despois a través da institución parlamentaria, eran constituídas, de novo, como o eixe diferenciador da historia da nación ata o presente. Stubbs e outros escritores académicos, como F. William Maitland, procederon a reinterpretar, deste xeito, a Idade Media como o berce da singularidade nacional e ancoraron nela as institucións específicas das que nacía a súa visible gloria. En consecuencia, afondando na liña da xermanofilia, moi estendida por entón en Inglaterra por causa do aprecio á erudición alemá e da admiración polo empuxe daquela nación que acababa de crear o seu propio Estado,

[38] Os motivos de estudio preferidos polos historiadores vitorianos foron a orixe da constitución, as raíces saxonas da nación e a guerra civil. Cf. Philippa Levine, *The Amateur and the Professional,* pp. 75-87.

estableceuse un vínculo entre a democracia británica moderna e o amor pola liberdade que se atribuía á natureza do pobo saxón, que un día arribara ás costas da Gran Bretaña. Así o fixo, por exemplo, Edward Freeman, discípulo e sucesor de Stubbs na cátedra de Oxford, nos seus estudios sobre a conquista normanda.[39]

Esta clase de traballos, pese ó seu carácter académico, tiveron unha repercusión política e social ben notable. Non só en canto deron novos argumentos ás teses que destacaban a singularidade nacional inglesa, senón porque abriron tamén unha vía pola que penetraron os compoñentes raciais, xa incorporados en moitas das obras históricas literarias máis populares, na caracterización do pasado nacional. O *anglo-saxonismo,* que nacera no seu día como alternativa conservadora á interpretación *whig* do pasado, asentou a especificidade histórica inglesa na continuidade do carácter nacional dun pobo xa conformado nos primeiros séculos do Alto Medievo, en lugar de fundala na permanencia das institucións, tal como propoñían os liberais.[40] Consolidou, así, unha interpretación do pasado inglés moito menos racional do que pretendera ser a visión que radicaba o éxito da nación na súa capacidade para promover o melloramento institucional. Neste mesmo marco da constante difusión das doutrinas sobre a desigualdade biolóxica das razas a partir de 1850 encaixaron tamén á perfección as publicacións académicas que centraban a historia de Inglaterra na creación do Imperio, xustificando o dominio inglés pola benéfica transmisión ós pobos *atrasados* que o integraban dos avances da súa civilización superior.[41]

O éxito editorial de moitas destas e doutras obras da historiografía inglesa, tanto da vertente interpretativa coma da académica, axudou a conformar na sociedade británica unha imaxe orgullosamente positiva do seu pasado. A representación do éxito da nación a través do tempo, por demais, resultou corroborada na mentalidade social pola gran difusión que alcanzaron tamén moitas das numerosas narracións novelescas que proliferaron naquela época e que

---

39 O proceso de creación do modelo *whig* da historia inglesa estúdiase en detalle en Michael Bentley, *Modernising England's Past. English Historiography in the Age of Modernism, 1870-1970,* Cambridge University Press 2005, esp. pp. 17-91. O autor afirma que, contra a presunción de que aquel tipo de historiografía desapareceu a principios do século XX, o que chama "legado whig" transmitiuse á historiografía moderna británica, que o acolleu ata tempos ben recentes.

40 Sobre a invención do saxonismo pode verse o primeiro capítulo de Robert J.C. Young, *The Idea of English Ethnicity,* Blackwell, Oxford 2008, obra na que, desde a perspectiva da teoría cultural, se sostén que o concepto de *Englishness* naceu no século XIX como identidade pensada para integrar os ingleses da diáspora.

41 Sobre a problemática relación entre a concepción *nacional* da historia británica e a súa consideración como a parte máis relevante da historia universal, vid. Michael Bentley, "The Singularities of British Weltgeschichte", en Benedikt Stuchtey e Eckhard Fuchs (ed), *Writing World History. 1800-2000,* Oxford University Press, 2003, pp. 173-96.

pretendían desenvolver a súa trama sobre un trasfondo que quería ser un reflexo do pasado real. O xénero da novela histórica chegou a cotas de gran popularidade na Gran Bretaña do tempo posterior a Walter Scott e contribuíu a divulgar, a través das súas ficcións, boa parte dos lemas principais da produción historiográfica, desde a heroicidade dos loitadores saxóns contra os normandos invasores en defensa da liberdade ata as fazañas da flota inglesa contra os navíos españois nos séculos XVI e XVII, que salvaran a independencia do país e aseguraran a continuidade da súa fe protestante. Para boa parte da opinión da época, mesmo nos estratos académicos, este tipo de obras gozaba da presunción de verosimilitude e mesmo eran consideradas como un modo de representación do pasado do pobo moito máis próxima á realidade que as historias repletas de datos sobre grandes acontecementos e personaxes senlleiros. En todo caso, a extraordinaria popularidade de moitas daquelas novelas colaborou, sen dúbida, no espallamento das proclamas sobre o carácter excepcional da nación inglesa.

Como efecto da influencia complementaria de toda aquela serie de referencias ó pasado, a sociedade da era vitoriana configurou un imaxinario histórico asentado na crenza no excepcional desenvolvemento dun sistema político baseado nunha liberdade que se entendía como consubstancial á nación, no triunfo do protestantismo e na limitación do poder despótico da monarquía polo Parlamento, orixe dun modelo específico que se relacionaba directamente co extraordinario grao de riqueza e poder internacional que acadara o Estado británico. En realidade, tratábase da versión inglesa do nacionalismo historiográfico, que produciu un relato fundado na fusión da tradición literaria histórica e mais da propia historiografía académica, as cales, aínda que, certamente, non coincidían nas respectivas formulacións sobre o pasado, compartían as presuncións xenéricas esenciais sobre o carácter singular da nación. O resultado daquel xeito de aproximación ó pasado concretouse, polo tanto, nun discurso histórico que desenvolvía o argumento do avance do pobo inglés cara ó seu destino triunfal, a través dun camiño sinalado por unha sucesión de etapas que enfiaban a narración desde as orixes saxonas ó Imperio británico actual, nun relato de progreso asentado na promulgación da *Magna Carta,* na Reforma protestante, no triunfo de 1588 sobre a Armada española, na revolución liberal de 1688 e na lei electoral de 1832.

A funcionalidade política de tal representación teleolóxica permitía xustificar a continuidade histórica do Estado por medio da exposición dos elementos unificadores do pasado nacional –antiabsolutismo, tradición parlamentaria e liberdade relixiosa de raíz protestante– transmitidos ó presente como fundamento do ordenamento político liberal. O pasado, deste xeito, aparecía como lexitimador

da orde política da era da modernización e mais do propio Imperio, concibido como a súa máis acabada forma.

A consideración da historia de Inglaterra como camiño de civilización e progreso implicaba a presunción da *superioridade* da nación inglesa sobre os demais pobos, caracterizados, segundo xa se indicou, como *atrasados* respecto da cota máxima de desenvolvemento que aquela xa acadara. Esta caracterización, que se completaba coa asignación dunha misión civilizadora para a protagonista, foi utilizada para xustificar a expansión colonial británica nos outros continentes, pero prestou tamén un gran servizo como un dos compoñentes centrais da argumentación que defendeu o mantemento da estrutura estatal fronte ás ameazas de disgregación interna que desde mediados do XIX representou o nacionalismo irlandés.

De certo, a posición de Irlanda era verdadeiramente disonante dentro daquel discurso histórico que narraba as glorias de Inglaterra. A identidade inglesa que deitaba daquela caracterización do pasado, definida polas raíces saxonas da nación, a preservación da fe protestante e a loita incansable pola liberdade política, era dificilmente compatible cos trazos que retrataban o pobo irlandés como un grupo humano de orixe céltica, obstinadamente fiel ó catolicismo e ligado á dinastía Estuardo, que encarnaba o absolutismo monárquico que Inglaterra tivera que derrotar pola forza das armas en 1688. Aquela Irlanda, aínda que fora incorporada como parte integrante do Reino Unido desde 1800, non só aparecía como un elemento de contradición co relato histórico nacional, senón que era representada neste, precisamente, como un dos obstáculos que Inglaterra, en máis dunha ocasión, debera superar no seu percorrido secular cara á consecución da vitoria da liberdade. Neste senso, o fanatismo que se lle atribuía ó catolicismo e a subordinación ó poder absoluto que se facía derivar da fe romana non deixaran de poñer atrancos ó progreso estimulado desde Inglaterra, sostiña a narración. Nos momentos decisivos daquela historia de éxito, Irlanda estivera fronte ós defensores da liberdade, como sucedera nas datas transcendentais da Reforma, cando se convertera en firme valedora do Papado, e da Revolución de 1688, durante a cal sostivera os exércitos do rei deposto polo Parlamento.

As deducións que cabía derivar de semellante relato situaban a Irlanda xusto no lado contrario do progreso e da liberdade que definían o decurso histórico de Inglaterra e, por extensión, do Estado británico. Non foi só na mentalidade popular onde se afirmaron os clixés negativos sobre os irlandeses da segunda metade do XIX. Tamén na maioría das obras de historia, e non só nas que preferían a interpretación ó dato documental, as referencias ó pobo irlandés adoitaban reflectir aquela imaxe contraria ós valores que simbolizaba a nación inglesa. Sirvan como

exemplo os tres volumes de *The English in Ireland in the Eighteenth Century* (1872-4), que o historiador e novelista James Anthony Froude dedicou á análise do goberno de Inglaterra na illa veciña no século anterior. Aínda que desempeñou unha cátedra en Oxford, Froude non foi, precisamente, un estrito practicante do método académico, pero as súas obras acadaron unha extraordinaria popularidade. Para quen entendía a Reforma como o feito de maior relevancia na historia inglesa e defendía con ardor nos seus escritos a polémica figura do monarca que impulsara a ruptura con Roma, a Irlanda católica non podía merecer máis que xuízos negativos. Os contidos na publicación citada, desde logo, eran contundentes respecto do seu papel na historia e amosaban un claro desprezo por unha *raza* que o autor consideraba inferior á inglesa, dominada pola superstición católica e incapaz de autogobernarse. Por demais, tampouco non quedaba libre de culpa o goberno inglés, que non atinara a impoñer a súa autoridade e a apoiar o asentamento da fe protestante no país. Como resultado das deficiencias do carácter da *raza* nativa e do vacilante goberno británico, os irlandeses do século XVIII constituían unha sociedade empobrecida, dividida e violenta, segundo a descrición de Froude. A lección que se desprendía da historia, polo tanto, esixía de Inglaterra unha política de maior presenza en Irlanda e volvía desaconsellable calquera consideración sobre un goberno autónomo, por moi limitado que este fose.[42]

Non todos os retratos ingleses de Irlanda se correspondían coas deformacións sobre as que Froude compuxo a súa obra, e mesmo houbo quen, como o prestixioso historiador W.E.H. Lecky, se decidiu a contrarrestar aquelas descualificacións sobre o enteiro pobo irlandés escribindo unha documentada réplica. Sen embargo, pode afirmarse que, en xeral, e dunha maneira acentuada desde o momento en que, a partir da penúltima década do século, o conflito suscitado polas demandas do nacionalismo irlandés foi medrando en intensidade, a historiografía británica proporcionou un soporte de lexitimación ó afianzamento das posicións do Estado en Irlanda e ás políticas gobernamentais máis rigorosas. O propio Lecky, tan moderado no tratamento histórico da nación irlandesa, acabouse convertendo nun decidido adversario das propostas de establecemento dun réxime de autonomía para Irlanda. Como no resto dos Estados europeos, nas décadas finais do século XIX, a representación do pasado británico converteuse nunha auténtica *historia nacional.*

---

42 Eileen Reilly, "J.A. Froude's use of history and his Irish prescription", en Lawrence W. McBride, *Reading Irish Histories. Texts, contexts, and memory in modern Ireland,* Four Courts Press, Dublín 2003, pp. 140-155.

II. A NACIONALIZACIÓN DA HISTORIA NUNHA NACIÓN SEN ESTADO: PRESUPOSTOS PARA A ANÁLISE DA REPRESENTACIÓN NACIONALISTA DO PASADO DE IRLANDA

De xeito semellante ó que sucedeu noutros países do ámbito cultural occidental no derradeiro cuarto do século XX, os historiadores especializados no pasado de Irlanda víronse enfrontados, nos decenios de 1970 e 1980, nunha acerba controversia acerca da necesidade de *revisión* dos presupostos sobre os que ata entón asentara a interpretación *oficial* do obxecto do seu estudio, quer dicir, sobre a validez da versión da historia irlandesa comunmente aceptada como *correcta* tanto na sociedade coma nos círculos académicos. O debate acadou unha especial aspereza na propia illa, onde rebordou a reducida esfera das polémicas entre intelectuais e tivo unha considerable presenza nos medios de comunicación de interese xeral. A contenda do *revisionismo* puxo de manifesto a relevancia social que se lle atribuía aínda á historia da nación na sociedade irlandesa contemporánea. O fondo da cuestión, en realidade, era propiamente político, máis que profesional. Aínda que afectase ós métodos de traballo e á forma de representación dos resultados da investigación, a proposta de renovación lanzada por unha parte dos estudiosos fundábase na comenencia de *actualizar* o relato do pasado nacional, liberándoo da subordinación ós principios nacionalistas sobre os que viñera asentando ata o momento. Por demais, a contenda presentaba unha dimensión moral engadida, en canto a disputa versaba tamén sobre a funcionalidade social que lle correspondía á historia, o cal obrigaba a considerar os límites da competencia para o tratamento do pasado e a súa atribución exclusiva ó gremio de historiadores académicos.

De certo, a demanda de reconstruír unha historia cientificamente neutral, carente de condicionamentos previos desde a súa mesma concepción, implicaba o desmantelamento do acreditado conxunto de mitos de estirpe nacionalista dominantes na exposición do pasado irlandés, en suma, a substitución das simplificacións dunha análise ideolóxica pola complexidade, o cambio e a continxencia propias de calquera historia aberta a un exame libre de prexuízos. Esta desautorización explícita da ortodoxia historiográfica nacionalista afectaba,

por extensión, ós fundamentos ideolóxicos mesmos sobre os que asentara a lexitimidade do propio Estado irlandés desde a súa fundación, en 1922. Por conseguinte, as resistencias que suscitaron as suxestións de anovamento historiográfico transcenderon o espazo onde adoitaban dirimirse os conflitos profesionais e tiveron unha repercusión social moito máis dilatada.

A propia esixencia de *revisión,* por outra parte, non estaba libre de connotacións políticas, segundo denunciaron os seus contrarios, en canto intentaba sustentar unha nova caracterización do pasado menos ríxida que a nacionalista tradicional, non só por razóns académicas, senón co obxecto de dispoñer dunha interpretación máis flexible que facilitase unha resolución acordada do enfrontamento de Irlanda do Norte, exacerbado desde o novo desencadeamento da violencia político-sectaria despois de 1969, e permitise atopar unha fórmula de consenso que fixese posible superar a *partición* da illa que proviña do momento mesmo da creación do Estado irlandés. Sen embargo, acusaron os autores opostos ó revisionismo, por causa da súa propia politización, dunha mal entendida obxectividade e mais dun empirismo que se volvía en puro escepticismo, as posicións revisionistas desvirtuaban a auténtica historia irlandesa, en canto caeran nunha especie de obsesión antinacionalista que levou os seus partidarios a esquecer a dimensión tráxica do pasado nacional, a rebaixar o grao de violencia e crueldade do goberno inglés ó longo de oito séculos de opresión e o enorme sufrimento que pola súa causa padecera o pobo irlandés, así como a deformar a realidade da loita popular contra o dominio estranxeiro e mais a imaxe dos seus heroes.[43]

En todo caso, a propia acritude da querela e a súa ampla transcendencia pública viñeron demostrar a solidez dun modelo de interpretación do pasado que se baseaba na aplicación á enteira historia da nación dos lemas da ortodoxia nacionalista que lexitimara a loita contra o poder británico e o establecemento do novo Estado irlandés desde 1922. O máis sorprendente do caso non foi a pouca pegada que as novas propostas deixaron na mentalidade popular, pouco sensible a uns cambios que viñan negar crenzas firmemente ancoradas na sociedade, despois do intenso labor de difusión do relato *oficial* proseguido durante medio século de goberno independente. Máis significativa resultou, pola contra, a teimuda porfía dos historiadores, tecnicamente ben cualificados moitos deles, que saíron en defensa da versión nacionalista, en canto a súa resistencia demostraba as limitacións

43 Unha boa presentación da controversia *revisionista,* debidamente enmarcada nun panorama xeral sobre a evolución da historiografía académica, cunha selección dos principais textos de ambas as dúas partes enfrontadas, pode verse en Ciaran Brady (ed), *Interpreting Irish History. The debate on historical revisionism, 1938-1994,* Irish Academic Press, Dublín 1994.

do avance da "nova historia" que un conxunto de pioneiros se propuxera impulsar corenta anos atrás.

En efecto, xa en 1938, o ano dos novos acordos coa Gran Bretaña que daban cabo ás últimas discrepancias que enfrontaran a Irlanda coa antiga potencia dominadora e inmediatamente despois da promulgación da Constitución de 1937, que resolvía as ambigüidades institucionais sobre as que se erguera o Estado irlandés de 1922, un grupiño de historiadores novos, baseados nas universidades de Belfast e Dublín, estableceran o *Irish Committee of Historical Sciences,* correspondente do *Comité Internationale des Sciences Historiques,* e crearan a revista *Irish Historical Studies (IHS),* co ánimo de potenciar o achegamento científico ó pasado e afastar a historia da confrontación política que dominaba aqueles anos fundacionais. Aínda que tampouco non estaban libres do condicionamento político, en canto mantiñan o paradigma nacional como eixe do traballo historiográfico, salientando os intereses e obxectivos comúns a todos os historiadores da illa, incluídos os da parte que permanecía dentro do Reino Unido, os promotores daquela reorientación académica proclamaban sen matices a súa aspiración a profesionalizar o estudio do pasado e a rexelo por estritos principios de obxectividade, tal como se indicaba no primeiro número da publicación que pretendía servir de referente da nova historiografía.[44]

Como suxire a existencia mesma daquela proposta reformadora de finais da década de 1930, a maneira de achegarse ó pasado que querían refutar os historiadores novos desde os principios dun traballo académico e desligado das presuncións políticas nacionalistas viña de moi atrás no tempo. En efecto, aínda que quedara conformada nos seus trazos esenciais no transcurso dos anos da creación da entidade estatal irlandesa, a interpretación nacionalista remontaba a súa existencia a un cento de anos antes da polémica revisionista, ós días nos que o movemento reivindicativo contra o Estado británico comezara a converterse nunha forza relevante no escenario político. De maneira que, en canto comprensión do pasado ideoloxicamente condicionada, esta representación da historia de Irlanda resulta dependente, por principio, do nacionalismo que a alimentou e ó que pretendía servir. A súa xénese vincúlase directamente á aparición das propostas nacionalistas, nos anos centrais do século XIX, mentres o seu desenvolvemento quedou

---

44 T.W. Moody e R.D. Edwards, "Preface", *IHS* i (1938-9) 1-3, repr. Ciaran Brady (ed), *Interpreting Irish History,* pp. 35-7. Respecto da perspectiva *nacional* que debía unir os historiadores da Irlanda independente e os da provincia británica norteirlandesa, un dos impulsores dos acontecementos de 1938 lembraba o espírito que os movera, con ocasión de conmemoralos corenta anos despois: "the promoting of objective Irish history and *the maintaining of a common cultural outlook* on Irish history". R.D. Edwards, "An Agenda for Irish History, 1978-2018", en *IHS* xxi (1978-9) 3-19, repr. id., pp. 54-67 [cursiva engadida].

estreitamente asociado á evolución do propio fermento ideolóxico que a moldeaba e á aplicación das estratexias de acción política que inspirou, en canto o nacionalismo tendeu a se valer do pasado como recurso argumental na súa loita polos dereitos de Irlanda fronte ó Estado. Trátase dunha representación histórica que, sobre o respecto absoluto ó núcleo doutrinario primordial no que se orixinaba, se foi configurando de modo progresivo ó longo dun proceso de elaboración que pode darse por culminado, xustamente, nos anos en que aqueles entusiastas historiadores mozos pretendían promover uns novos modos de achegamento ó pasado menos ligados ás presuncións nacionalistas.

1. Factores que determinan a elaboración do relato

O carácter gradual do establecemento do relato nacionalista do pasado de Irlanda, en consecuencia do antedito, obriga a considerar o influxo na súa formación dun conxunto de factores variables no tempo que complementan os de orde ideolóxica xa amentados:

1. A modernización do contexto político. Dada a relevancia que de maneira explícita se lle asignou á historia da nación na contenda política, cómpre atender ós trazos do escenario no que se despregou a confrontación motivada polas reivindicacións nacionalistas, non só a respecto do reducido ámbito irlandés, senón en referencia ó enteiro sistema político británico da época, en canto debuxou o marco que fixaba as condicións de posibilidade do movemento nacionalista e determinou, en consecuencia, os modos específicos de instrumentalización da historia que este propiciaba. No plano xeral do Estado cómpre salientar a relevancia da paulatina apertura do sistema á participación de sectores sociais cada vez máis amplos –a partir da redución dos requisitos esixibles para o exercicio do sufraxio e da redistribución de escanos decretadas na lei de 1832– e a conseguinte transformación da práctica política, no sentido de se adaptar as organizacións partidarias ás demandas dunha actividade que deixaba de ser exclusiva das elites parlamentarias.

No caso particular de Irlanda, resultaron decisivas as reformas electorais de 1884 e 1918, pola substancial extensión do dereito de voto que supuxeron, e a formación de partidos de interese especificamente irlandés e con gran capacidade de mobilización entre a maioría católica, primeiro arredor da loita contra a Acta de Unión impulsada por Daniel O'Connell, pouco antes de mediado o século XIX, e despois, na década de 1870, con motivo da loita a prol da autonomía *(home rule),* de onde derivaría o Nationalist Party, activo desde 1882. Como efecto da confluencia de ambos os elementos –a ampliación do sufraxio e a organización

partidaria propia do país–, as eleccións de 1885 marcaron o inicio da moderna política de masas en Irlanda, caracterizada, dun xeito peculiar respecto do conxunto do Estado, por unha bipolarización que proxectaba a división da sociedade en dúas comunidades diferenciadas nunha triple dimensión, a propiamente política, a relixiosa e a relacionada co debate arredor dos dereitos sobre a terra. Deste xeito, desde o derradeiro cuarto do século XIX, o escenario político irlandés contrapoñería a maioría de nacionalistas, católicos e defensores dos intereses dos rendeiros, por un lado, coa minoría de unionistas, protestantes e partidarios de garantir a posición dos terratenentes, polo outro.

2. A evolución doutrinal e a heteroxeneidade do movemento nacionalista. Como xa se indicou, é necesario ter en conta a evolución do propio nacionalismo, así como a variedade de opcións que desde el se foron propoñendo, en canto os seus partidarios estiveron ben lonxe de constituír un movemento homoxéneo. Aínda que o núcleo ideolóxico primordial permaneceu inalterable, no senso de afirmar a condición nacional de Irlanda e reivindicar para ela os dereitos políticos correspondentes, o campo nacionalista albergou dentro de si unha gran diversidade doutrinal e organizativa. Unha liña divisoria básica separaba dúas maneiras de entender a xustificación última da esixencia de recoñecemento institucional da nación irlandesa como suxeito político. Nun primeiro momento, a reivindicación dun poder específico para Irlanda xustificábase como requisito imprescindible para un *bo goberno* daquela sociedade que o nacionalismo consideraba inxustamente tratada por unhas autoridades foráneas que subordinaban os seus intereses ós de Inglaterra. Ningunha outra motivación impulsou, durante décadas, a loita dos patriotas irlandeses que non fose a de corrixir as arbitrariedades gobernamentais padecidas por un pobo malparado por dirixentes inicuos alleos ó país. Neste senso, o caso irlandés non encaixa na periodización que adoita atribuírselle ó fenómeno nacionalista de oposición ó Estado, a cal antepón, segundo o modelo proposto por Miroslav Hroch para as "pequenas nacións", unha fase inicial de recuperación e reavaliación positiva da cultura autóctona nos reducidos círculos intelectuais *(Fase A),* como momento previo ás etapas máis *políticas* de "axitación patriótica" *(Fase B)* e consolidación popular dun movemento nacional *(Fase C).*[45] En Irlanda, a loita nacionalista, aproveitando as oportunidades que brindaba o marco institucional británico, naceu como resultado dun movemento expresamente –mesmo *exclusivamente*– político, que reivindicaba os dereitos da sociedade irlandesa fronte ó Estado e presumía a súa singularidade nacional, pero que apenas a

[45] Miroslav Hroch, *Social Preconditions of National Revival in Europe. A Comparative Analysis of the Social Composition of Patriotic Groups among the Smaller European Nations,* Cambridge University Press, 1985, pp. 22-4.

relacionaba coa especificidade cultural nin, menos aínda, coa revitalización da cultura nativa en prexuízo da inglesa. Os afáns *culturalistas* de Thomas Davis, a mediados do século XIX, foron excepcionais e, desde logo, ata finais da centuria a ninguén se lle ocorreu, por exemplo, promover a substitución da lingua inglesa pola gaélica como medio de comunicación idóneo para o país. Certamente, a *politización* da cultura irlandesa foi *posterior* á primeira etapa da mobilización nacionalista. Desde finais do século XIX, sen embargo, coincidindo coa revalorización da lingua e da cultura nativas, comezou unha tendencia constante á converxencia entre o nacionalismo político e o *revivalismo* gaélico. En maior ou menor grao, as ramas todas do movemento nacionalista asumiron entón que o propósito último da consecución do poder, a razón definitiva que lexitimaba a loita contra Gran Bretaña, era a rexeneración da nacionalidade irlandesa, identificada coa revitalización das súas formas culturais particulares.

Por outro lado, a variedade interna no nacionalismo era notable tamén tanto respecto dos métodos de acción política para a consecución dos obxectivos demandados –utilización da vía constitucional ou fomento da insurrección revolucionaria– coma en relación ás reivindicacións concretas polas que se combatía –estendidas ó longo dun amplo abano que ía desde un réxime de autonomía para asuntos internos á separación completa do Estado británico. O feito de que toda esta serie de variantes se combinasen entre si de diversas formas, creando un campo de opcións de considerable amplitude no movemento nacionalista, introduciu unha patente complexidade que tiña que ter o seu reflexo no tratamento da historia irlandesa. De certo, non sempre se correspondía a preferencia por unha determinada posición política no presente dentro do espectro nacionalista coa valoración dos diversos episodios do pasado, no senso de, por exemplo, un partidario do respecto estrito da legalidade nos seus días enxalzar os proxectos revolucionarios doutros tempos. Pero non cabe dúbida, sen embargo, de que a comprensión do pasado e a súa representación como historia nacional deberon tamén rexistrar as oscilacións internas entre as diversas correntes do espazo político nacionalista.

3. A pluralidade na definición identitaria. A persistencia da reivindicación dos dereitos nacionais foi compatible, durante unha boa parte do período estudiado, cunha indeterminación dos trazos do suxeito a quen aqueles lle correspondían. Soamente nas últimas décadas que precederon á independencia –e, claro está, unha vez que se estableceu o Estado irlandés– se produciu unha fixación dos sinais identitarios de carácter cultural. É preciso, polo tanto, considerar a relación entre a representación histórica e os cambios experimentados na definición mesma da nacionalidade, comprendida nun principio como proposta baseada na cidadanía

política, que presumía, por tanto, a inclusión dos habitantes todos da illa, pero que derivou despois cara a unha concepción culturalista máis restritiva, que especificaba de maneira excluínte os indicadores de pertenza, ó delimitar con exactitude os riscos que constituían ós seus portadores como integrantes dunha nación diferenciada.

4. A renovación da historiografía. Por último, resulta imprescindible ter en conta a incidencia do anovamento dos métodos de estudio do pasado na configuración do relato nacionalista, por canto no decurso do período aludido, entre 1850 e 1930, aproximadamente, se produciu en Europa unha transformación radical do concepto mesmo de *historia,* expresada na súa recualificación como actividade académica, desvinculada, por principio, de prexuízos alleos á condición científica, e na xeneralización do criterio nacional como determinante das unidades básicas de análise e representación do pasado. Como en toda Europa, a partir da introdución das pautas da historiografía científica, a elaboración dos relatos nacionalistas da época debeu responder a unha dobre determinación de aparencia contraditoria. Por un lado, as esixencias do método académico obrigaban a manter un respecto polos límites que pretendían diferenciar o ideolóxico do científico; pero por outro, as presuncións doutrinarias que condicionaban o relato e as ambicións políticas ás que debía ser útil o estudio da historia forzaron ós historiadores académicos nacionalistas a buscar un acomodo que, cando menos en aparencia, volvese os prexuízos ideolóxico-políticos compatibles co cumprimento dos requirimentos profesionais.

Atendendo, pois, ás pautas condicionantes de carácter ideolóxico, político e historiográfico, consideradas dentro da caracterización xenérica antes apuntada sobre as historias nacionais elaboradas desde os movementos nacionalistas de oposición ó respectivo Estado vixente, cabe analizar o proceso de construción da versión nacionalista do pasado de Irlanda procurando a comprobación das seguintes formulacións hipotéticas:

a. A *predeterminación ideolóxica* fixou con precisión o argumento do relato nacionalista do pasado e, ó facelo, dificultou a posibilidade mesma do *pluralismo historiográfico.* En consecuencia, as discrepancias internas sobre os medios e as finalidades que desde o principio caracterizan a práctica política nacionalista houberon de resolverse nunha obrigada fusión das potenciais diferenzas na interpretación do pasado nun único relato. Deste xeito, os elementos particulares de cada unha das opcións foron progresivamente incorporados nunha soa representación do pasado de validez universal dentro do ámbito do nacionalismo.

A mesma inclinación á converxencia apréciase na resolución das diferenzas

entre a expresión puramente política do nacionalismo e a que, desde finais do século XIX, impulsou a súa *etnificación*. Aínda que nas organizacións políticas máis puxantes do movemento –o Sinn Féin, os separatistas republicanos e os nacionalistas parlamentarios– non fose asumido o rexeneracionismo gaélico máis que de maneira puramente retórica, o enfoque político e o culturalista tenderon a fundirse tamén a medida que a lingua e a cultura irlandesas se consolidaban como un novo argumento de lexitimación da esixencia do recoñecemento dos dereitos *políticos* da nación irlandesa. Así, a confluencia entre as dúas formas de comprender o propósito último da loita nacionalista atopou o seu reflexo nunha representación histórica integradora, na que a nova concepción cultural da nacionalidade se proxectaba sobre o enteiro pasado e confería unha nova fundamentación, conservándoo na súa esencia, a un relato que ata entón atendera de maneira preferente á dimensión estritamente política. O *xiro culturalista* do *revival* gaélico reorientou, polo tanto, a narración do pasado cara a un seguimento no tempo das esencias culturais da nacionalidade e á descrición do sistema de civilización propio, pero, por causa da fundamentación ideolóxica que lles era común ás dúas grandes correntes xerais do nacionalismo, non alterou a substancia do relato nin tampouco, certamente, non anulou a dimensión política que lle era inherente á interpretación nacional da historia irlandesa.

b. A *instrumentalización política* do pasado que está na orixe relato histórico nacionalista subordinou a forma na que este se presentaba á consecución dos obxectivos xerais que se lle asignaban na contenda política, relacionados, ante todo, coa concienciación nacional e a mobilización do pobo en apoio da proposta nacionalista. De igual modo, esta versión da historia irlandesa debeu reflectir tamén a variación nas estratexias do movemento na súa loita contra o Estado. Neste senso, en canto a súa eficacia dependía da recepción social da mensaxe que quería transmitir, cumpriulle ter en conta as crenzas populares sobre o pasado, procurando non ser contraditorio coa *memoria histórica* da sociedade, e mais evitar que fose percibido como prexudicial para a salvagarda dos intereses da maioría católica e campesiña. Por demais, a forma concreta da representación do pasado foi determinada pola necesidade perentoria de prover unha explicación que dese conta de maneira razoable do estado de abatemento no que, segundo a propia descrición nacionalista, se atopaba a nación irlandesa no presente, dominada por un poder estranxeiro, sumida nunha penuria xeneralizada e coa cultura nativa en franco declive. Deste xeito, a preocupación excesiva pola incidencia inmediata da representación do pasado na sociedade actual tinxiu o discurso histórico nacionalista dun *presentismo* que, ademais de prexudicar a consistencia do relato, bloqueou a miúdo as súas posibilidades de evolución.

c. A *indefinición identitaria* que perdurou, practicamente, ata o momento mesmo de acceder a nación á independencia debería dar lugar a unha correspondente variedade nas interpretacións do pasado, de tal xeito que estas contribuísen a soster as posicións dos partidarios dunha Irlanda que incorporase a enteira poboación da illa, con indiferenza dos seus trazos culturais ou relixiosos, ou, no seu caso, que apoiasen a proclamación da diferenciación cultural como fundamento da existencia da nacionalidade. A ignorancia dos trazos culturais distintivos foi patente na primeira fase do nacionalismo, ata a fin do XIX, cando a definición máis *política* da nación era claramente predominante. O avance das posicións do *gaelicismo* nas primeiras décadas da seguinte centuria e a penetración das súas propostas nas distintas correntes do movemento alcanzou tamén á representación da historia nacional, na que o seu suxeito quedou definido de acordo cos criterios excluíntes da que entón foi denominada a *Irlanda-irlandesa,* caracterizada na súa identidade pola orixinal civilización gaélica e mais pola lealdade á fe católica. En consecuencia, aplicados de modo retrospectivo os novos sinais diferenciadores, o papel histórico dos que non se axeitaban ó novo modelo identitario adquiriu un ton marcadamente negativo na exposición do pasado nacional.

d. A modernización do *contexto político* británico tivo que deixar, necesariamente, unha fonda pegada na representación nacionalista do pasado, en canto, na súa condición de relato histórico elaborado con pretensións de utilidade política, este houbo de se acomodar, por forza, ás singulares circunstancias dun escenario no que se mesturaban a crecente democratización electoral do Estado e, desde as décadas finais do século XIX, o aliñamento político-sectario que aquela incentivou, de modo paradoxal, na sociedade irlandesa.

A ampliación gradual do dereito de voto, a conseguinte relevancia política de grupos sociais tradicionalmente excluídos dos mecanismos de asignación do poder e a dispoñibilidade de instancias constitucionais para canalizar propostas políticas de oposición abriron unha perspectiva nova ás reivindicacións irlandesas. A posibilidade mesma de articular legalmente a defensa organizada dos intereses nacionais condicionou as características iniciais do nacionalismo irlandés, o cal, a diferencia do que foi común nos movementos equivalentes europeos, apenas tivo en consideración a dimensión cultural da nacionalidade ata os derradeiros anos do século. Aínda que non se poida establecer unha relación de causalidade entre os dous fenómenos, non parece irrelevante a coincidencia entre o inicio da deriva culturalista do nacionalismo e o fracaso dos dous primeiros intentos de conseguir un réxime de autonomía aproveitando a vía parlamentaria. Soamente entón, como xa se sinalou, a narración nacionalista do pasado outorgaría unha significación principal á comprobación da singularidade cultural da nación ó longo

do tempo. En consecuencia, o *etapismo* que establece unha sucesión lineal entre un momento de *rexurdimento* cultural nas elites instruídas, un segundo período de mobilización patriótica e unha etapa final de extensión popular das propostas políticas do movemento nacional non cadra co proceso evolutivo do nacionalismo irlandés e non ten, por tanto, o correspondente reflexo na constitución do relato histórico da nación que este promoveu.

A liberdade para expresar as reivindicacións fronte ó Estado e para promovelas dentro do marco legal, por outro lado, converteu a corrente constitucional na máis representativa do nacionalismo do país ata os tempos inmediatamente anteriores á consecución da independencia. Certamente, o desengano ante a falta de satisfacción das expectativas que o propio sistema abrira deu pulo, en determinados momentos, ás proposicións insurreccionais, pero os sectores que apoiaban a rebelión contra o goberno británico nunca pasaron de ser extremadamente minoritarios. Con todo, dada a proxección cara a atrás no tempo da descrición nacionalista da realidade presente como contenda entre dous actores nacionais, así como o afán de acadar a eficiencia apelativa, os episodios históricos que amosaban a prolongación secular da confrontación convertéronse, precisamente, nos fitos referenciais que enfiaban o relato *político* do pasado.

Cómpre considerar, ademais, o grao de influencia que a propia política *nacionalizadora* do Estado británico exerceu sobre a configuración da representación histórica nacionalista. A este respecto, o espallamento da versión do pasado promovida desde as institucións estatais debeu ser directamente contrarrestado pola narración alternativa irlandesa. Deste xeito, como consecuencia da capacidade de difusión da interpretación *oficial* inglesa, o relato nacionalista quedou vinculado ó modelo co que se propoñía competir. A propia significación política que se lle outorgaba, polo tanto, foi determinante da forma mesma en que se presentou a narración da historia nacional de Irlanda, a cal, moi a miúdo, non se amosaría como un relato xerado por estímulos propios, senón derivado da necesidade de contradicir o discurso histórico *nacional* formulado desde o Estado.

Por último, en relación coas transformacións modernizadoras experimentadas no territorio británico desde segunda metade do XIX, é necesario ter en conta a espectacular medra da afabetización da sociedade irlandesa, en canto influíu de maneira substantiva na creación dun marco propicio á difusión e á asimilación da interpretación do pasado proposta polos historiadores nacionalistas. Conscientes estes da posibilidade de se achegar a unha extensa parte da sociedade, tiveron bo tino de adecuar os seus textos ás condicións dunha audiencia tan ampla e variada, de xeito que foi a natureza dos destinatarios un dos factores que determinaron os seus contidos e a súa aparencia formal.

e. A tensión entre as *esixencias ideolóxicas* e as *pautas académicas* que renovaron o traballo historiográfico europeo exerceu unha influencia certa na evolución final do relato nacionalista, a partir da xeneralización do método crítico erudito de estilo rankeano entre boa parte dos profesionais do estudio do pasado irlandés, nos anos do cambio de século. En consecuencia, dado que o principio ideolóxico resulta ser cronoloxicamente anterior á penetración no país da análise fundada nun repertorio de fontes criticamente examinadas, cómpre distinguir dúas grandes fases na elaboración da historia nacionalista. Nunha primeira etapa formulouse o argumento nuclear da representación do pasado da nación, que foi establecido a partir de bases estritamente ideolóxicas, mentres que na segunda operarían, sobre este elemento fundacional, as influencias da historiografía académica na configuración da versión última do relato.

A diferenciación de dous momentos sucesivos non impide apreciar, sen embargo, a existencia dunha liña de continuidade entre as obras producidas en cada un deles. Non podía ser doutra forma, por canto, a pesar da desemellanza evidente que debería separar unhas narracións históricas de orde literaria doutras que dicían fundarse no respecto coidadoso ás informacións procedentes de fontes contrastadas, os dous modos de achegarse ó pasado compartían o prexuízo ideolóxico e a esencia da interpretación xeral que deitaba da doutrina nacionalista. Para intentar resolver a contradición que podía provir do sometemento da representación do pasado xa elaborada segundo o xeito tradicional ó contraste cos novos métodos de traballo, a historiografía nacionalista de pretensións académicas debeu proceder a un proceso de *adaptación,* máis que de *superación,* que permitise axeitar o vello relato ós requirimentos de obxectividade e imparcialidade que esixía a moderna concepción da historia. Tratábase, en realidade, de *actualizar* o relato sen que perdese a súa esencia ideolóxica e, con ela, a súa funcionalidade política, que era, ó cabo, a razón da súa propia existencia.

A aplicación de semellante estratexia de continuidade implicaría, por forza, a supervivencia dos fundamentos sobre os que asentaran as primeiras achegas puramente ideolóxicas á historia de Irlanda, que transmitirían, así, moitos dos seus trazos característicos ós relatos académicos nacionalistas. Deste xeito, en conclusión, cabe conxecturar que a narración nacionalista do pasado, segundo a forma específica que tomou o modelo definitivamente consagrado nos anos iniciais do novo Estado irlandés, foi o resultado final dun proceso marcado pola tensión entre os condicionantes ideolóxico-políticos e o compromiso cos requirimentos da historiografía moderna, tensión que adoitou resolverse en favor da primeira forza, en canto foi a segunda a que debeu pregarse á necesidade de conservar o argumento central sobre o que se sostiña a interpretación nacionalista do pasado

e de facilitar o cumprimento da función política que estaba destinada a desempeñar. Por definición, o núcleo da historia nacionalista non podía verse afectado na súa substancia por causa de factores externos á doutrina fundacional, nin sequera polos posibles achados da investigación histórica profesional. A ideoloxía constituíse, certamente, como o límite infranqueable co que se atopaba calquera posible evolución renovadora do relato nacionalista do pasado.

2. A conformación gradual da representación histórica: da versión literaria á formulación académica

A forma de interpretar e representar o pasado que, coa ansia renovadora de quen se estaba a incorporar á carreira profesional universitaria, se propuxeron combater aqueles novos historiadores dos anos finais da década de 1930 non era, pois, o simple froito do programa *nacionalizador* duns gobernos que trataban de consolidar o aparello institucional dun Estado nacente que apenas comezaba a estar en condicións de modelar segundo as pautas nacionalistas a sociedade da que pretendía ser expresión política. Certamente, o *Irish Free State,* desde os primeiros anos da súa existencia, promovera a difusión dunha historia *oficial* da nación irlandesa consonte cos principios da ideoloxía triunfante e destinada a cumprir funcións estritamente políticas, comezando pola lexitimación da súa propia existencia, pero tamén como elemento de apoio do xeito específico de desenvolvemento da nova entidade estatal. Nuns momentos de indefinición e mesmo de pugna entre concepcións non totalmente coincidentes sobre os principios polos que se había rexer o novo Estado, a historia resultou ser un arma política de primeira magnitude. Desde logo, a representación do pasado espallada desde o poder pretendeu eliminar calquera dúbida sobre a caracterización católica e gaélica que debía asumir o Estado irlandés, en canto a historia demostraba a correspondencia de tales trazos coa identidade da nación que, por fin, recuperaba a liberdade.

Pero o relato histórico da nación irlandesa, en realidade, non foi construído *ex novo* ó servizo dos intereses do Estado nacido en 1922, senón que era, como xa se viu, a continuación dun modelo de interpretación do pasado do que se viñera servindo o movemento nacionalista desde a súa aparición, tres cuartos de século antes. Durante aquel longo período, a remisión á historia fora sempre unha das ferramentas máis eficaces na propagación do ideario nacionalista, que así aparecía, por referencia ó pasado, como a lóxica derivación de tendencias de fonda raizame. Parece apropiado pensar que, na súa condición de recurso para a loita política, polo tanto, a historia nacionalista tivo que reflectir a evolución do propio conflito con Gran Bretaña pola liberación do pobo irlandés e debeu irse adaptando ás

circunstancias e necesidades de cada momento, especialmente con ocasión do *xiro culturalista* do nacionalismo.

O relato nacionalista do pasado, tal como se atopa, plenamente desenvolvido, nos anos fundacionais do Estado irlandés, veu ser, deste xeito, o resultado dun proceso de creación no que interviñeron unha diversidade de factores ós que xa se aludiu e que cabe agrupar, respectivamente, como ideolóxicos, contextuais e historiográficos. Cómpre sinalar, sen embargo, unha diferencia cualitativa entre eles a respecto da incidencia da súa evolución no relato histórico. En realidade, os dous primeiros elementos foron moito menos propensos á variación no tempo. O compoñente ideolóxico, por definición, ofrece unha firme resistencia ó cambio e, desde logo, calquera alteración que puidese experimentar tiña que deixar a salvo, en todo caso, o núcleo doutrinal que o constituía –a natureza nacional de Irlanda e os dereitos políticos correspondentes a tal condición– e o seu reflexo na interpretación do pasado como *historia da nación.* O contexto político, pola súa parte, sendo mudable por principio, presenta unha dirección fixa na súa evolución desde mediados do século XIX, de maneira que estableceu unha serie de trazos, xa mencionados, que cómpre considerar como constantes que condicionaron en todo momento a práctica política nacionalista e o propio relato histórico que con ela se relaciona. En suma, cabe afirmar que o marco ideolóxico-político foi relativamente estable, así como supoñer que, agás no que atinxe á reorientación cultural do nacionalismo, non foi o principal determinante dos cambios internos experimentados na representación nacionalista da historia de Irlanda.

En consecuencia, polo menos como hipótese de traballo, cómpre atribuír máis importancia como axente decisivo na transformación da narración do pasado nacional á innovación técnica e conceptual propia do ámbito historiográfico da época. Sen desatender os outros factores, a aplicación dos novos métodos da historia académica por parte dos historiadores irlandeses de convicción nacionalista sinala o límite que separa dúas etapas no proceso de configuración do relato histórico. A efectos de simplificación da análise, por tanto, distínguese entre unha primeira fase de conformación do núcleo interpretativo, na que a narración segue as pautas da tradición literaria da historia, e unha segunda na que a práctica historiográfica moderna produce unha renovación do relato histórico –aínda que non poida ser máis que parcial, ó non afectar, por principio, á fundamentación ideolóxica na que asentaba.

En función da modalidade da representación do pasado, polo tanto, é posible sinalar dúas clases de relatos históricos nacionalistas, a saber, os que se pode denominar como *populares* ou *literarios* e os merecentes da cualificación de *académicos.* A efectos de claridade na exposición, considéranse como dúas formas

historiográficas que se sucederon no tempo, aínda que na realidade, certamente, a aparición dos segundos non implicase a ausencia de obras da primeira categoría. Pero a diferenciación entre os dous tipos de historias nacionalistas non radica, como xa se adiantou, na presunción ideolóxica que as inspiraba nin na finalidade política que se lles atribuía, senón nos métodos cos que se achegaba o historiador ó pasado e nos seus efectos no produto final resultante. Quer dicir, que os elementos que separan as historias *populares* das *académicas* son relativos á fundamentación da *obxectividade* que ambas as dúas pretenden perseguir, ós criterios de *relevancia histórica* que determinan a selección dos materiais do pasado que compoñen o relato e ós *riscos formais* da representación. Todos eles, en fin, sinais dunha especificidade do método histórico, que non ideolóxica nin política, aspectos estes nos que cómpre partir dunha presunción de continuidade.

A visión popular da historia asentada na sociedade irlandesa da segunda metade do século XIX correspondíase cunha serie de crenzas míticas, tradicións e *recordos,* máis ou menos figurados, de acontecementos pasados, a miúdo non localizados con precisión no tempo. Unha maioría daqueles materiais, mesmo as narracións puramente lendarias, referidas a seres ou a sucesos de orde fantástica, adoitaban ir asociados a manifestacións diversas da realidade presente, en canto era a posibilidade mesma de relacionalos coas situacións vividas a causa que motivaba a súa perpetuación na memoria popular. Neste senso, boa parte deles constituían narracións directamente ligadas a unha *memoria de opresión,* continuamente alimentada pola visibilidade cotiá dos elementos que a provocaban, sobre todo a discriminación relixiosa e a miseria campesiña, aspectos de presenza tan abafante na vida da maioría da poboación do país, que non se precisaba de incidentes extraordinarios que a reactivasen para manter vivos o *recordo* da imposición da institución eclesial protestante desde o poder do Estado e o da usurpación das terras irlandesas polos colonos estranxeiros séculos atrás.

Tanto a súa función explicativa da realidade coma os seus contidos, mestura de referencias fácticas e de fabulacións, determinaban a condición *mítica* de tales representacións sobre o pasado. Na súa condición de relatos de transmisión oral, tratábase de *memorias* ancoradas no espazo local, autónomas na súa existencia, carentes dunha perspectiva territorial insular, desprovistas de calquera significación relacional que transcendese o inmediato ámbito comunitario. Por demais, respecto da súa historicidade, carecían dunha fixación temporal precisa, en canto se databan nun pasado pouco definido, e eran fragmentarias, no senso de que non se consideraban parte dunha visión do pasado cronoloxicamente completa.

Sobre esta masa dispersa de imaxes, lembranzas máis ou menos infundadas e relatos mitificados de acontecementos pretéritos que deixaran a súa pegada na

memoria local ergueuse a primeira xeración de representacións nacionalistas da historia, as que demos en chamar *populares,* en virtude da súa relación con aquela clase de materiais e mais coa audiencia á que se dirixían os escritos. As historias nacionalistas *populares* procederon a encadrar nun relato de dimensión *nacional* a masa informe de *recordos* sociais, os cales se converteron, deste modo, en parte constitutiva do pasado dun suxeito histórico determinado, a nación irlandesa, e adquiriron un sentido temporal preciso, ó ser incorporados nunha secuenciación cronolóxica que se remontaba desde o presente ata as orixes de Irlanda. Así, a ambición totalizadora da representación nacionalista do pasado establece continuidades temporais, reduce a unha significación única as crenzas históricas locais e intégraas nun relato que se completa con novos materiais procedentes da tradición histórica literaria composta en séculos pasados. En consecuencia, á parte de recoller a visión mítica asentada na sociedade, as historias nacionalistas *populares* resultan ser, á súa vez, *produtoras* de *memoria* histórica, en tanto que crearon novas referencias que confirmaban e complementaban os materiais míticos xa establecidos. Fronte ó carácter parcial do imaxinario popular, as historias nacionalistas *constrúen* cos motivos citados un pasado que integra personaxes variados e acontecementos de asunto dispar, de temporalidade diversa e espacialmente inconexos nun relato *único* da historia de Irlanda, o cal, xustamente, recibe a súa consistencia interna da referencia nacional.

As primeiras historias nacionalistas impulsaron, en consecuencia, unha *nacionalización* do pasado e da *memoria* popular. De todos os xeitos, sen embargo, non supoñen unha ruptura decisiva coa maneira de entender os tempos idos que expresaban as lembranzas mitificadas da sociedade. Na práctica, os primeiros textos históricos escritos desde a convicción nacionalista viñan facer expreso un *gran relato* que xa estaba implícito na visión mítica do pasado, o que daba conta, de maneira fragmentaria, da opresión do pobo irlandés, no cal atopaban o seu sentido último os *recordos* asentados na mentalidade social que se plasmaban nas crenzas populares citadas. O verdadeiramente novidoso era a determinación ideolóxica que orixinou a formulación do novo relato e a finalidade política concreta á que se vinculou a súa exposición do pasado. En virtude de tales condicionamentos, o pobo oprimido quedaba agora definido como nación sometida ó dominio estranxeiro, orixe de onde se fan derivar o sufrimento e as inxustizas que padecen os irlandeses. En consecuencia, a historia compréndese como o escenario temporal onde se desenvolve un conflito entre nacións que outorga un novo e definitivo sentido ós acontecementos todos do pasado, dos que a sociedade tiña *memoria* explícita e máis dos que o novo relato poñía de manifesto. En suma, as historias nacionalistas *populares,* proxectaron cara a atrás no tempo a descrición ideolóxica da realidade presente e *nacionalizaron*

o pasado, reducido a un conflito no que se contrapoñen dúas nacións por causa da agresión que unha delas sofre.

Esta interpretación do pasado promovida polo primeiro nacionalismo irlandés foi a recollida polos historiadores académicos que compartían idéntica ideoloxía. En teoría, a súa contribución diferénciase da anterior polo método crítico co que abordan o estudio do pasado e mais pola complexidade que, en principio, lle recoñecen á historia, fronte ó enfoque literario e á simplificación conceptual e explicativa das narracións *populares*. Cómpre considerar, sen embargo, a maneira en que a predeterminación ideolóxica e a instrumentalización política que lles era común a ambos os modelos da historia de Irlanda constrinxiu o suposto afán de renovación do vello relato nacionalista que parecía mover ós novos historiadores afectos ós procedementos da disciplina académica. É necesario comprobar tamén a resistencia do argumento central da interpretación nacionalista da historia ás achegas derivadas da nova concepción da investigación e do traballo historiográficos. Igualmente, resulta imprescindible dar conta das limitacións que a esixencia de desautorizar a versión inglesa do pasado de Irlanda, tan contraria ós intereses nacionalistas, impuxo á tarefa de melloramento daquela primeira versión do pasado que, polas súas insuficiencias técnicas, apenas podía competir, no nivel máis elevado, coas obras dos autores británicos. Trátase, en resume, de establecer as liñas de continuidade e os elementos de ruptura entre ambos os dous modos de representación da visión nacionalista da historia de Irlanda, así como de calibrar a incidencia de cada un deles no resultado final deste peculiar modo de achegamento ó pasado que se expresou baixo a forma da historia *oficial* de Irlanda.

3. Análise textual da representación nacionalista do pasado de Irlanda

A consideración inicial de que a versión nacionalista do pasado de Irlanda, tal como se atopaba caracterizada nos primeiros anos do Estado Libre Irlandés, convertida xa en historia *oficial* da nación, é o produto último dun longo camiño de configuración narrativa que comezou a mediados do século XIX obriga ó estudio detallado dos textos máis significativos nos que se foi expresando este proceso. A análise de tales escritos vén esixida, ademais, porque a hipótese da conformación gradual presume a existencia dun momento ideolóxico fundacional de constitución do argumento no que asenta a interpretación histórica nacionalista e o seu posterior desenvolvemento discursivo nunha sucesión de etapas nas que, sen desautorizar o núcleo orixinario, foi tomando o relato a súa forma definitiva. É necesario dar conta, polo tanto, dos fundamentos da historia así concibida, dos factores ideolóxicos que a determinaron na súa orixe, pero tamén do *perfeccionamento* que, a pesar dos límites que estes establecían, foi experimentando no tempo a súa

representación do pasado, discernindo as distintas fases polas que atravesou e sinalando os condicionantes de diversa orde que o afectaron.

Non se trata de someter a un xuízo de veracidade os contidos da historia irlandesa trazada polos primeiros nacionalistas, aqueles que, de diversas formas, loitaron pola liberdade do país e ergueron a súa primeira entidade estatal independente despois de 1922. En canto foi concibido co obxecto de desempeñar unha serie específica de funcións políticas, o eixe de interese primordial radica na percepción social do relato, na eficacia na transmisión da súa mensaxe á audiencia á que estaba destinada. Contemplado desde a distancia temporal, máis que a capacidade para reflectir os feitos *reais* acontecidos noutros tempos, o que agora merece ser obxecto de estudio é o procedemento por medio do cal as referencias ó pasado foron articuladas para compoñer unha *historia nacional.* En suma, máis que o *pasado,* entendido como realidade existente por si mesma, o que convén someter a exame é a particular *representación* que del se compuxo ó abeiro das concepcións doutrinais nacionalistas.

Semellante preferencia analítica implica supoñer que é a vontade expresa do historiador, encadrada, certamente, nun conxunto de variantes que se constitúen como o campo contextual no que leva a cabo a súa tarefa, a forza principal que modela o relato do pasado, en virtude de ser el mesmo o axente que selecciona, ordena e dá forma narrativa ós acontecementos. O discurso histórico así producido proxecta sobre o pasado as convicciónns persoais do autor e mais os trazos peculiares do presente no que escribe, factores ambos que o converten *nunha* das formas posibles de *representar* acontecementos referidos a outros tempos, por canto son eles os que permiten enfiar un conxunto de feitos dispares como unidade narrativa, ó conferirlles un sentido do cal, en por si, estes carecían. É o labor do historiador, polo tanto, o responsable da decisión que permite configurar os materiais procedentes de séculos pretéritos como relato histórico, ó establecer entre eles lazos de continuidade que amosan ter unha dobre orixe. Por un lado, a continuidade que provén da predeterminación ideolóxica coa que se achega ó pasado, da que resulta, no caso nacionalista, a identificación da nación, previamente definida nos seus trazos, como suxeito da historia e referente central de todo o acontecido. Polo outro, a que deriva da propia disposición narrativa dos feitos seleccionados, que implica a creación de vínculos de causalidade que os explican e a súa secuenciación cronolóxica entre o principio e a fin da exposición.

En consecuencia, o estudio minucioso dos textos máis significativos de entre os elaborados baixo tales premisas revélase como un instrumento eficaz para proceder a unha análise sistemática da representación nacionalista da historia de Irlanda, como mecanismo de análise capaz de integrar os factores todos que

interviñeron na súa formulación específica e de dar conta do enteiro proceso do que foi resultado:

a. O método debe permitir, ante todo, fixar os trazos concretos do núcleo argumental sobre o que se construíu a interpretación histórica do nacionalismo irlandés e poñer de manifesto a finalidade pragmática coa que foi concibida, así como amosar a inevitable simplificación reducionista do pasado que se deduce desta predeterminación. Por demais, ten que facer posible a comprobación nas distintas variantes narrativas que foron xurdindo do impulso inicial da permanencia da raíz ideolóxica e mais da funcionalidade política que se lle asocia, facilitando a verificación da compatibilidade do obrigado respecto á cerna fundacional cos eventuais intentos renovadores do relato da historia nacional de Irlanda.

b. A análise textual, por outra parte, posibilita a caracterización da estrutura básica sobre a que se articula a exposición nacionalista do pasado, así como o seu grao de variabilidade ó longo do tempo, en orde a discernir os elementos que se consolidaron como inalterables desde a súa formulación primeira e aqueles que, ó cabo, se revelaron como transitorios. A observación dos criterios cos que se efectúa o ordenamento narrativo do pasado nos textos considerados promete ser un mecanismo axeitado para delimitar a sucesión de fases na historiografía nacionalista e para valorar a magnitude da incidencia respectiva de cada un dos distintos factores determinantes na súa evolución.

Parece pertinente a este respecto a proposición da comparanza entre os sucesivos modos de periodización da historia irlandesa. En primeiro lugar, porque a fixación do punto de comezo da exposición condiciona o enteiro sentido da narración que despois se desenvolve, de maneira que o estudio da mobilidade na identificación deste momento inicial permite un mellor entendemento dos posibles cambios na concepción do relato. Segundo, porque as mudanzas na división do curso histórico da nación en etapas sucesivas, previo establecemento das datas que as definen, ofrecen unha información ben expresiva acerca da relativa transformación das pautas que guiaron o achegamento nacionalista ó pasado. E en terceiro termo, porque os propios fitos históricos ós que se lles outorga a significación de marcadores epocais subliñan os distintos elementos de continuidade que autorizan a enunciación do discurso en forma de historia da nación irlandesa, de modo que os cambios na súa enumeración son tamén indicativos dun proceso de renovación conceptual.

Por demais, parece de gran comenencia establecer unha clasificación que ordene os contidos do relato nacionalista en distintas categorías. Non tanto co obxectivo de dilucidar a súa verosimilitude, senón co de especificar uns criterios

de análise que faciliten a comprobación da persistencia dos elementos fundacionais do relato nos diferentes momentos do proceso de elaboración, mesmo cando a incorporación de novos coñecementos sobre o pasado obrigou a reconsiderar ou mesmo a descartar certos supostos que ata entón formaban parte da versión establecida da historia. O recoñecemento e enumeración da serie de *núcleos de contido* esenciais, dos compoñentes *míticos* que, en principio, deben permanecer inalterables, en canto derivan directamente do prexuízo ideolóxico no que asenta a interpretación do pasado, resulta especialmente esclarecedor para o estudio do desenvolvemento da configuración do relato.

Igualmente significativo é o sinalamento dos criterios de selección dos materiais do pasado cos que se conformaron as sucesivas versións da representación nacionalista da historia. A comparación entre os textos compostos segundo a tradición literaria, fundados noutros escritos ós que se lles atribúe *autoridade* histórica, e os que pretenden apoiarse en *evidencias* documentais tratadas co rigor técnico do método crítico debe resultar especialmente suxestiva a este respecto, en canto propicia a elucidación das diversas *estratexias* seguidas pola historiografía nacionalista para preservar a identidade do relato no momento en que foi preciso acomodalo ás esixencias do estudio *científico* da historia. A análise comparativa volve factible, polo tanto, o discernimento do alcance da reformulación académica da representación nacionalista do pasado, en canto pode poñer de relevo o grao de resistencia do compoñente *imaxinario,* como expresión da determinación ideolóxico-política, fronte ó elemento *empírico* que as novas concepcións historiográficas propugnan, en virtude da súa demanda de depuración dos materiais ficcionais.

c. Os aspectos formais da narración histórica son reveladores, así mesmo, das peculiaridades do seu proceso de configuración. Relacionados directamente coa finalidade política que inspira a aproximación nacionalista á historia, a linguaxe e o estilo expositivos convértense en elementos de transcendental importancia para a transmisión da mensaxe que, en último termo, se ofrece como a xustificación do estudio do pasado. Deste xeito, por causa da súa dependencia do cumprimento da funcionalidade política, os modos de expresión formal constitúense como un dos límites obxectivos ás propostas renovadoras do relato, por canto a *comunicabilidade* da mensaxe política, como requisito indispensable para a súa incidencia social, permanece en todas as fases do proceso como a regra inmutable que condiciona a representación do pasado.

Neste senso, é conveniente comprobar as repercusións que traducen na orde expresiva o carácter utilitario co que se concibe a representación en cada unha das dúas grandes fases da escrita histórica nacionalista, atendendo á persistencia dos

trazos formais que derivan do afán de pedagoxía política que lle foi inherente desde os seus inicios. Cómpre verificar, en consecuencia, os signos sintomáticos dun *didactismo* que, en principio, semella ser consubstancial á interpretación nacionalista da historia, en virtude da funcionalidade que se lle asigna. Os textos historiográficos fan posible o seguimento comparado das múltiples manifestacións do condicionante pedagóxico, tanto nos contidos coma na forma. No primeiro ámbito, comprobando a preferencia outorgada na selección de materiais a aqueles que, polo seu asunto, polo seu carácter exemplar ou por calquera outra causa que facilite a súa resonancia social, puidesen ser tratados de xeito que producisen o efecto político desexado na audiencia. Na orde propiamente formal, examinando as características do estilo literario, a presenza de recursos expresivos destinados a asegurar o cumprimento da función didáctica e o grao de explicitación das lecciónns que debía desprender o relato; pormenorizando a extrapolación ó presente dos acontecementos do pasado, as proxeccións anacrónicas e as alteracións da orde cronolóxica; precisando a fundamentación historiográfica e o aparello paratextual; dando conta do solapamento da información documentada e da puramente interpretativa; e delimitando o distanciamento persoal do autor respecto do narrado e o grao no que se manifesta a súa identificación ideolóxica.[46]

A representación nacionalista do pasado de Irlanda, en suma, é o froito dunha interpretación histórica que narrativiza a existencia da nación no tempo e converte en relato unha serie de acontecementos que se remiten ó seu suxeito, en virtude das relacións vinculantes que se lles impón desde a presunción ideolóxica. O tal relato exprésase, de maneira preferente, en textos narrativos, que deben ser analizados non só a respecto da concordancia coa realidade dos feitos que os compoñen, senón na súa propia natureza de composicións sobre os tempos pasados, na súa estrutura, nos criterios de selección dos contidos e nos mecanismos que se corresponden coa súa organización conforme ós principios da orde narrativa. A través destas mostras da historia de Irlanda pode estudiarse o proceso de configuración gradual do relato nacionalista, en canto son representativos das dúas épocas, popular-literaria e académica, e permiten dar conta de maneira sistemática das *continuidades* que enlazan as manifestacións todas da escrita histórica nacionalista e mais das *rupturas* que cabe esperar que diferencien as que se elaboran despois da consolidación no país das pautas da historiografía académica. A contraposición das dúas caracterizacións principais do relato permitirá, precisamente, prestar unha especial atención ás estratexias adaptativas que

[46] Mark Salber Philips trata sobre a *construción da distancia* entre presente e pasado polo historiador nas catro dimensións do relato, a saber, estilo, retórica, política e método. "Distance and Historical Representation", *History Workshop Journal* 57 (2004) 123-41.

articularon os historiadores académicos para resolver as tensións derivadas da dobre e contraditoria necesidade de preservar a esencia ideolóxica distintiva da interpretación nacionalista e, ó mesmo tempo, de reformulala conforme ás normas do novo paradigma historiográfico científico.

Os textos seleccionados como material para o estudio son os seguintes:

a. *Primeiro modelo de representación nacionalista do pasado: as historias populares de Irlanda:*

· **Charles Gavan Duffy et al**, *The Spirit of the Nation,* 1845

· **John Mitchel**, *Jail Journal. Or Five Years in British Prisons,*1854.

· **A. M. Sullivan**, *The Story of Ireland,* 1867.

· **Charles Gavan Duffy**, "A bird's-eye view of Irish History", en *Young Ireland: A fragment of Irish History. 1840-1850,* 1881

b. *Reformulación académica da historia de Irlanda:*

· **Eoin MacNeill**,
– *Phases of Irish History,* 1919
– *Celtic Ireland,* 1921.
– *Saint Patrick, Apostle of Ireland,* 1934
– *Early Irish Laws and Institutions,* 1935
– "The Earliest Lives of Saint Patrick", en *Journal of the Royal Society of Antiquaries of Ireland,* 1928
– "Dates of Texts in the Book of Armagh relating to Saint Patrick", en *Journal of the Royal Society of Antiquaries of Ireland,* 1928
– "The Origin of the Tripartite Life of St. Patrick", en *Journal of the Royal Society of Antiquaries of Ireland,* 1929
– "The Vita Tripartita of Saint Patrick: 1. Later Accretions; 2. Topographical Importance", en *Eriu,* 1930
– "History", en Bulmer Hobson (ed), *Saorstát Eireann, Irish Free State Official Handbook,* 1932

· **Edmund Curtis**, *History of Ireland,* 1936

A totalidade dos títulos mencionados poden considerarse como textos *canónicos* da historiografía nacionalista do período que abrangue a segunda metade do século XIX e o primeiro terzo do XX. Respecto dos que exemplifican as denominadas *historias populares,* cómpre facer constar que o primeiro deles, *The Spirit of the Nation,* é unha recompilación de baladas e cantigas publicadas no xornal dos *Young Irelanders,* da cal se extraeron as composicións de significación histórica. O motivo da súa inclusión aquí, non sendo un exemplo de narrativa histórica, radica en que o movemento do que formaron parte os autores dos poemas seleccionados constituíu, en moitos sentidos, os primeiros fundamentos da interpretación nacionalista do pasado. Respecto da obra de John Mitchel, a pesar de tratarse dun diario persoal, merece atención porque vai encabezada por un

capítulo introdutorio no que se definen os criterios nacionalistas sobre as últimas etapas da historia do país. Por outra parte, tanto o relato de Sullivan coma o de Gavan Duffy son xa, propiamente, narracións completas do pasado da nación irlandesa. Ambos os dous, como se verá, conteñen singularidades abondas como para ser obxecto de cadanseu estudio detallado sen temor a caer na redundancia. Todos estes escritos, especialmente os tres primeiros, acadaron, por demais, unha extraordinaria difusión na sociedade católica irlandesa, o que constitúe unha razón engadida para consideralos como exemplares expresivos do modo de exposición literaria que dominou o panorama historiográfico do país ata finais do século XIX, e que aínda deixaría sentir a súa influencia moito máis alá daquela época.

Polo que fai á representación académica da historia de Irlanda, o estudio céntrase no traballo de Eoin MacNeill, o máis salientable representante da corrente de renovación do traballo historiográfico promovida desde a óptica nacionalista, sobre todo no referido ós períodos primeiros da era gaélica, que se desenvolveu desde principios do século XX. Ademais, como elemento de control para a análise de última versión da historiografía nacionalista, recórrese a outro dos grandes historiadores da época, Edmund Curtis, seguindo a exposición dunha obra que conservou un eco excepcional na sociedade irlandesa durante moitos anos despois da súa publicación.

III. A FORMACIÓN DO MODELO NACIONALISTA DA HISTORIA EN IRLANDA. 1845-1881

0. O uso político do pasado na Irlanda anterior ó nacionalismo

O mundo moderno naceu outorgándolle unha nova significación política á relixión. A loita entre os partidarios da Reforma e a Igrexa de Roma non se limitou, desde logo, a unha pura confrontación no ámbito relixioso arredor das visións contrapostas do cristianismo que arraigaron a partir do movemento iniciado por Martiño Lutero, senón que se desenvolveu nun contexto máis amplo e de trazos políticos evidentes. A dimensión política do conflito manifestouse, ante todo, na propia adscrición dos príncipes a unha das opcións relixiosas, escolla na que adoitaban estar presentes os seus intereses temporais inmediatos. Pero tamén o fixo, dun modo máis indirecto, a través da utilización da lingua vernácula como recurso no enfrontamento relixioso. Todo o cal tivo como resultado un reforzamento de certas formas de identificación colectivas que, con intensidade varia, relacionaban os tres ámbitos da fe, da cultura e da política, mesturanza na que algúns atinan a ver os xermolos das identidades nacionais europeas.[47]

0.1. A relixión como factor de diferenciación identitaria

Sabida é a importancia que adquiriu o factor relixioso no espallamento e consolidación dun sentimento de pertenza comunitaria en Inglaterra a partir da ruptura con Roma e, sobre todo, despois do reinado de Elizabeth I, cando o protestantismo se foi convertendo, progresivamente, no sinal distintivo da monarquía e, en consecuencia, do Estado inglés.[48] Lealdade á Coroa e aceptación

---

47 Cf. Benedict Anderson, *Imagined communities.*

48 Adrian Hastings, *La construción de las nacionalidades,* Cambridge University Press, Madrid 2000, pp. 74-83. Nunha polémica tese que adianta a plena existencia dunha nación inglesa ó século XVI, Liah Greenfeld considera o *nacionalismo* como a forza impulsora das transformacións da época en Inglaterra, subordinando o elemento relixioso ó proxecto político modernizador. Aínda así, non pode máis que recoñener o decisivo papel do protestantismo na consolidación do que considera "identidade nacional inglesa". Liah Greenfeld, *Nationalism. Five Roads to Modernity,* Harvard University Press, Cambridge (Mass), 1992, esp. o cap. "God's Firstborn: England", pp. 27-87.

da fe protestante volvéronse actitudes necesariamente parellas desde que o monarca lle engadiu á soberanía a reivindicación da supremacía espiritual.

Sendo a disputa relixiosa tan central no escenario político de Inglaterra, mal podía o asunto deixar de representar un papel relevante en Irlanda, en canto territorio sometido á mesma Coroa, literalmente, a partir 1541, ó tomar Henry VIII o título de rei de Irlanda, como símbolo da vontade real de asumir un control máis directo da illa, en prexuízo da aristocracia de orixe inglesa que viñera actuando como intermediaria do poder. A maiores, a relevancia política e identitaria da adscrición relixiosa veríase acentuada pola presenza na illa dos novos colonos de procedencia escocesa e inglesa, membros todos eles dunha ou doutra denominación protestante, establecidos como propietarios de terras nos procesos de *plantation,* programas de colonización promovidos polo Estado nos séculos XVI e XVII, e como funcionarios da administración. A fe, por entón, volveuse o signo de diferenciación máis visible na sociedade irlandesa.

En consecuencia, os conflitos políticos e militares na Irlanda daqueles séculos serían interpretados como enfrontamentos relixiosos entre católicos e protestantes. Así, nas tres grandes conmocións políticas do XVII no país –a rebelión encabezada por Hugh O'Neill, rematada na derrota de Kinsale (1601) e seguida da marcha dos aristócratas gaélicos ó exilio (1607), a rebelión de 1641 e a subseguinte represión e confiscación de terras por Cromwell, e o acceso ó trono e deposición de James II (1688)– a participación irlandesa fundamentouse nun aliñamento esencialmente coincidente coas divisións relixiosas. Como resultado de tal evolución callaría unha identificación gradual de dúas comunidades de definición relixiosa no país, unha católica e outra protestante, pero de manifesta significación política, a pesar das proclamas da aristocracia gaélica insistindo en diferenciar os planos da fe e da lealdade á Coroa.[49] Por demais, especialmente a partir da conquista de Cromwell, catastrófica para a poboación católica no seu conxunto, mesmo os descendentes da antiga colonización medieval, sempre interesados en expresar a súa fidelidade á Coroa e en sinalar a súa diferenciación respecto da aristocracia gaélica, víronse achegados a esta e identificados como *irlandeses* –por eles mesmos e polo poder inglés. Foi un proceso case inevitable para os agora denominados *Old English,* en parte pola súa propia asunción de trazos da cultura nativa despois de séculos na illa, en parte pola presenza dos novos colonos *(New English),* pero tamén por causa da propia polarización relixiosa que dominou a vida dos territorios da Coroa inglesa por aqueles tempos,

[49] Nicholas Canny, "The Formation of the Irish Mind: Religion, Politics and Gaelic Irish Literature, 1580-1750", *Past and Present* 95 (1982) 91-116.

a partir do século da Reforma. A nova identidade irlandesa eliminaría gradualmente as diferenzas internas da comunidade católica, despois da experiencia compartida de discriminación legal e relixiosa e da desposesión de terras que todos eles padeceron.

As circunstancias políticas, por tanto, levaron ás elites católicas, fosen de orixes irlandesas ou inglesas, a comprenderse como grupo, en canto a evolución dos acontecementos nos séculos XVI e XVII fixo que, gradualmente, se decatasen dos intereses que compartían fronte ós novos colonos, que se estaban facendo con boa parte da propiedade das terras do país e co control das súas institucións e das tarefas administrativas, así como fronte ás propias instancias de goberno inglesas, unha vez que se estaba consolidando o carácter protestante do Estado.

En consecuencia, produciuse unha interpenetración de elementos culturais e políticos en Irlanda. Por un lado, en canto á propia caracterización dos agrupamentos sociais, dado que se identificaban como tales pola súa pertenza a unha confesión relixiosa e actuaban nun escenario no que a fe desempeñaba o papel determinante; en tal sentido, a coincidencia de intereses entre a aristocracia gaélica e a de estirpe *Old English* reforzou unha definición negativa do grupo que ambas integraban, que quedou composto por todos aqueles membros das antigas familias dirixentes que non eran protestantes, o que naquel contexto viña sendo como dicir que non eran ingleses. Por outra parte, porque na defensa da súa posición fronte ós novos colonos e na das súas demandas ante a Coroa utilizarían argumentacións de tipo histórico-cultural; nos vellos textos gaélicos, adaptados á comenencia, os escritores do país atoparon os exemplos que precisaban: desde a referencia a uns tempos *dourados* que permitían compensar a sensación de decadencia que acompañou a destrución da orde gaélica e a postergación da aristocracia nativa pola colonización e a aplicación máis directa do poder inglés, ata a presentación dos estranxeiros como causa dos males que aflixían o país e a reafirmación do valores dos irlandeses fronte a eles; mesmo atoparon naqueles antigos escritos un modelo de acción para a resistencia contra os cromwellianos.[50]

Neste senso, a obra de Geoffrey Keating constitúe, xa na primeira metade do século XVII, un exemplo acabado de xustificación de demandas políticas a través dun relato do pasado axeitado a tal finalidade. Keating, un clérigo de familia *Old English* gaelizada, impregnado do espírito contrarreformista europeo durante a súa educación no continente, escribiu na lingua do país unha historia de Irlanda

[50] T.J. Dunne, "The Gaelic Response to Conquest and Colonisation: The Evidence of the Poetry", *Studia Hibernica,* xx (1980) 7-30.

desde as orixes ata a conquista anglonormanda do século XII *(Foras feasa ar Eirinn),* concibida coa intención de achegar razóns nas que asentar a defensa das posicións das minorías dirixentes católicas irlandesas.[51] A súa mirada ó pasado efectúase desde a consideración das necesidades específicas da comunidade católica do seu tempo, tratando, por unha parte, de estimular a súa unidade interna e, por outra, de proporcionarlle argumentos que reforzasen a súa posición política ante o goberno inglés e fronte ós novos colonos. Con tal finalidade, presentou un relato do pasado que puidese ser asumido polos dous subgrupos de católicos irlandeses, os de estirpe nativa e os de procedencia anglonormanda. Construíu, así, unha lenda sobre as orixes da sociedade gaélica, describiu unha idade de esplendor que se iniciara coa incorporación da fe cristiá e, por fin, presentou os colonizadores do século XII, os antepasados dos *Old English,* como un grupo que se fora integrando na comunidade nativa, aceptando as súas pautas culturais e, converténdose, deste modo, en auténticos irlandeses. Por outro lado, a caracterización da cristiandade celta e dos costumes e valores morais da antigüidade gaélica como coincidentes cos trazos e as esixencias do catolicismo tridentino establecía unha continuidade entre pasado e presente de gran utilidade para os fins relixiosos e políticos dos católicos irlandeses dos tempos posteriores á Reforma. En consecuencia, de modo indirecto, os *New English* quedaron cualificados como intrusos, tanto polo seu rexeitamento da cultura irlandesa coma pola introdución dunha relixión allea ás tradicións do país. En conclusión, Keating apelou á historia en canto refutación da representación de Irlanda como país sumido na barbarie, alegación utilizada para xustificar a presenza inglesa na illa como resultado dunha conquista *cristiá,* presentou o país como un antigo reino *católico* e lexitimou as demandas da súa poboación fronte á Coroa de Inglaterra.

Desta forma, a representación dun pasado favorable ás súas comenencias converteuse nunha das principais coartadas que as elites católicas utilizaron nunha época que se lles amosaba moi prexudicial para os seus intereses. Pero tamén a comunidade protestante acudiría ó depósito da historia na procura de materiais cos que fortalecer as súas posicións. Fixérono no seu momento como lexitimación da conquista, reavivando os vellos tópicos que arrincaban dos escritos cos que Gerald de Gales xustificara a invasión anglonormanda de Henry II, no século XII, e desenvolvéndoos para subliñar a natureza salvaxe e pagá da poboación irlandesa

[51] Seguimos a descrición e valoración da obra de Keating por N. Canny, "The Formation of the Irish Mind: Religion, Politics and Gaelic Irish Literature, 1580-1750", e T.J. Dunne, "The Gaelic Response to Conquest and Colonisation: The Evidence of the Poetry", e mais, especialmente, Brendan Bradshaw, "Geoffrey Keating: apologist of Irish Ireland", en Brendan Bradshaw, Andrew Hadfield e Willy Maley (ed), *Representing Ireland. Literature and the origins of conflict, 1530-1660,* Cambridge University Press, 1993, pp. 166-190.

nativa.[52] Pero tamén o volverían facer, desta vez en resposta a un novo destinatario, o poder inglés, desde os mesmos instantes da súa consolidación como grupo dominante en Irlanda, a raíz da vitoria protestante no conflito civil británico de 1689-91. A partir destas datas, asegurado o triunfo da súa opción política e relixiosa nos territorios da Coroa, a comunidade protestante puido asentar a súa posición de dominio en todos os ámbitos da vida irlandesa, fronte a uns católicos que, ó longo do século XVIII, viron confirmada a súa desposesión económica e foron sometidos a unha discriminación legal que os afastou de calquera posibilidade de exercer a máis mínima influencia política. A capacidade da aristocracia católica de contrarrestar o seu dominio desapareceu e as elites protestantes exerceron o seu poder desde un Parlamento irlandés no que dispoñían do control exclusivo.

0.2. O patriotismo colonial

Nesas novas circunstancias, o único desafío para o poder da comunidade protestante irlandesa pasou a provir, paradoxalmente, dos órganos centrais do Estado que lle aseguraba o seu exercicio. Sen necesidade xa de proclamar a fe que os definía como grupo e a súa condición de ingleses –protestantes e leais á Coroa–, o reforzamento das súas posicións esixiulles orientar as súas demandas cara a Londres e o seu Parlamento. En consecuencia, no seu afán político, pasaron a resaltar, prioritariamente, o seu carácter de irlandeses, a peculiaridade que os distinguía dos demais súbditos da monarquía e que os constituía como grupo ante os destinatarios das súas reivindicacións. Quer dicir, presentáronse como leais súbditos protestantes da Coroa –dábase por feito– pero diferenciados polo signo específico do seu nacemento en Irlanda. Deste modo, os nativos do país *desapareceron* e os descendentes dos colonizadores dos séculos XVI e XVII quedaron convertidos nos *irlandeses* fronte ó poder central.

A referencia identitaria territorial chegou a ser, polo tanto, o principal signo caracterizador dos protestantes irlandeses nos seus enfrontamentos co poder central.[53] A percepción de que a defensa dos seus intereses requiría o control da lexislación que afectase de modo específico ó país fixo que xa en 1692 o Parlamento irlandés afirmase os seus dereitos fronte ás decisións do goberno inglés de Dublín, como continuador dunha tradición constitucional historicamente fundada. William Molyneux defendeu a idea de que o país non fora conquistado, senón que se

---

52 Sobre o modo en que os *New English* constrúen as súas representacións negativas de Irlanda e os seus habitantes entre 1534 e 1660, ver os distintos traballos contidos en Brendan Bradshaw, Andrew Hadfield e Willy Maley (ed), *Representing Ireland*. Sobre a súa fundamentación nos estereotipos creados xa no século XII, ver John Gillingham, "The Invasion of Ireland", en Id., pp. 24-42.

53 D. George Boyce, *Nationalism in Ireland,* Routledge, Londres 1995[3], p. 106.

sometera voluntariamente á monarquía inglesa e que a súa poboación –case toda descendente de colonos, alegaba– conservaba o dereito a regular os seus asuntos. Desde aquela, nos cen anos seguintes, as alusións ó pasado, nesta mesma liña da obra de Molyneux,[54] serían un argumento frecuentemente utilizado polos angloirlandeses para rexeitar a submisión da institución lexislativa dublinesa, que controlaban por completo, ó Parlamento inglés e ó goberno colonial.

No decurso do século XVIII foi medrando entre os irlandeses a percepción de que a lexislación promulgada en Westminster e as decisións do goberno dublinés da colonia respondían por principio ós intereses de Inglaterra e resultaban prexudiciais con demasiada frecuencia para as elites angloirlandesas. Arredor desta preocupación configurouse un patriotismo *irlandés* que centrou as súas reivindicación no mantemento da capacidade de lexislar e de negociar cos representantes do poder central as normas que afectasen o país. Nas diversas polémicas que xurdiron periodicamente a este respecto, a argumentación de base histórica constituíu un piar esencial na defensa da posición angloirlandesa. Na primeira metade do século, Jonathan Swift, por exemplo, converteuse nun dos máis rexos paladíns do grupo nos repetidos enfrontamentos con Londres, sobre todo a partir da publicación das chamadas *Drapier's letters* (1724), un ataque ó goberno inglés e unha denuncia dos prexuízos que causaba en Irlanda que lle deu abonda popularidade no país. Na base das súas proposicións atopábase sempre a xustificación histórica, da que o deán de San Patricio, afirmando o pasado de reino independente do país, deitaba o rexeitamento do estatuto colonial e esixía a consideración de Irlanda nun plano de igualdade con Inglaterra.[55]

Na segunda parte do século XVIII agudizouse o conflito de intereses entre os angloirlandeses e as institucións do poder central. Ante unha serie de leis claramente prexudiciais para aqueles –actas restritivas para o comercio irlandés, por exemplo–, a balanza que equilibraba a *dobre lealdade* que dedicaban ó seu lugar de residencia –onde se desenvolvían as súas actividades económicas e políticas– e ó Estado que garantía a súa posición de dominio comezou a inclinarse cara ó lado de Irlanda. Os enfrontamentos por causa da lexislación aprobada en Westminster e pola posición de firmeza fronte ó Parlamento irlandés dos representantes da Coroa –que, a través do Privy Council, podía emendar ou vetar as súas decisións– fixeron medrar o espírito reivindicativo e a sensación de padecer un inxusto trato colonial, sempre en beneficio da metrópole. En consecuencia, os

---

54 *The case of Ireland's being Bound by Acts of Parliament in England Stated,* 1698.

55 Robert Mahony, *Jonathan Swift: The Irish Identity,* Yale University Press, New Haven e Londres 1995, pp. 46-65. No conxunto da obra analízase a cambiante valoración que mereceu a figura de Swift como patriota irlandés desde os seus días ata o presente.

angloirlandeses reforzaron o seu sentido de pertenza a Irlanda e articularon politicamente a súa defensa constituíndo un grupo de *patriotas* no Parlamento de Dublín. O *patriotismo,* no senso que o termo tiña no século XVIII, asociábase cunha demanda de bo goberno para o país que requiría a eliminación do favoritismo nos cargos públicos, a afirmación do poder parlamentario –na liña da tradición *whig* inglesa– e o recoñecemento legal dos particularismos rexionais, co obxectivo de acadar unha eficaz defensa dos intereses do país, identificados cos das elites que formulaban as peticións, a partir dunha máis xusta distribución do poder no Estado.[56] A súa defensa argallouse en Irlanda arredor da idea de non ser o país unha colonia e, polo tanto, de non aceptar subordinación ningunha ó poder central. Non se trataba soamente de reclamar unhas liberdades e un goberno xusto pola súa parte, como facían os colonos de América do Norte en nome de principios de alcance universal. No caso irlandés, a reivindicación sustentábase, a maiores, na proclamación de dereitos de raíz histórica dos que o país fora privado inxustamente. En concreto, o obxecto principal da demanda foi a recuperación do poder lexislativo que sempre lle correspondera.

A agudización dos problemas con Gran Bretaña contribuíu así a consolidar o proceso de autoidentificación irlandesa das elites protestantes, mesmo transcendendo a referencia territorial –antes case exclusiva: soamente se consideraban ingleses aveciñados en Irlanda– e incorporando unha nova valoración da cultura específica do país. Neste senso, a utilización política do pasado gaélico polos angloirlandeses confirmou o cambio de destinatario ó que se dirixían, esquecendo os católicos como referencia negativa e constituíndo a Inglaterra como tal. Pero tamén introduciu unha orientación descoñecida ata entón no seu discurso histórico, ó pasar a considerar como propias as manifestacións da cultura nativa, antes ligadas en exclusiva á poboación católica e consideradas, polo tanto, como de rango inferior ás de procedencia inglesa que os acompañaran desde a súa chegada ó país como colonizadores.

A este respecto, resulta ben significativo o labor dos chamados *anticuarios,* intelectuais, profesionais e aristócratas ilustrados protestantes que emprenderon unha tarefa de recollida e estudio de materiais históricos e arqueolóxicos –*antigüidades*– ó longo do país. Na maior parte dos casos, tratouse de actividades e afeccións sen conexión directa coas reivindicacións da súa clase social fronte a Inglaterra. Pero, con todo, cómpre considerar a dimensión política do seu traballo,

---

56 Cf. Joep Leerssen, *Remembrance and Imagination. Patterns in the Historical and Literary Representation of Ireland in the Nineteenth Century,* University of Notre Dame Press, Indiana 1997, pp. 14-20, sobre a evolución do significado do concepto de *patriotismo* no XVIII e a súa manifestación en diversos Estados europeos.

explicable, cando menos, como froito dese novo sentimento identitario que levou ós angloirlandeses a comprenderse como grupo diferenciado, ligado a un territorio e a unha cultura específica, diferente da inglesa. Aínda carecendo dunha formulación política expresa, a febre polo *anticuarismo* soamente se entende en relación co contexto político das relacións conflitivas con Inglaterra e de autoidentificación irlandesa dos protestantes do país. O entusiasmo que os *patriotas* e as elites angloirlandesas, en xeral, amosaron polos traballos deste tipo, o seu apoio á edición de antigos manuscritos gaélicos, o estudio da lingua nativa ou a súa afección pola recolección de restos arqueolóxicos deben relacionarse directamente coa nova valoración que atribuíron á cultura do país, ligada, á súa vez, ós procesos de autoidentificación que acompañan a súa loita política.

A consecución dos obxectivos políticos esixía, por tanto, unha argumentación histórica que sostivese as súas reivindicacións, pero tamén, nas novas circunstancias, unha reavaliación da cultura nativa. E este segundo elemento volvía preciso, a maiores, un novo relato do pasado que desmentise a imaxe da barbarie irlandesa que noutrora se creara como xustificación da conquista, reactualizada agora na *Historia de Inglaterra* de David Hume (1754).[57] Unha narración, en definitiva, que rexeitase a versión inglesa da historia. Os afeccionados ás antigüidades achegaron un conxunto de materiais históricos que reforzaron os signos identitarios do grupo e que serían utilizados con amplitude no debate político das décadas finais do século XVIII.

Foron eles os que procederon a unha idealización da Irlanda precristiá e á elaboración dunha mítica *antiga constitución* irlandesa, parangonable á que os historiadores e políticos ingleses promovían naquel tempo para explicar o triunfo da liberdade e a crecente prosperidade económica de Inglaterra. A respecto do primeiro, estes eruditos irlandeses pretenderon depurar co seu relato fantástico da era pagá a serie de negativos mitos históricos de creación inglesa que reduciran a civilización gaélica a un plano de inferior categoría, presentando a primitiva cultura nativa nun nivel equiparable ó das da Antigüidade clásica. Esta consideración favorable daquel período da historia de Irlanda encádrase no marco da efervescencia do celtismo que era xeral na Gran Bretaña da segunda metade do século XVIII,

---

57 Sostíñase nesta obra que "[...] the Irish, from the beginning of time, had been buried in the most profound barbarism and ignorance; and as they were never conquered, or even invaded by the Romans, from whom all the Western world derived its civility, they continued still in the most rude state of society". David Hume, *History of England from the Invasion of Julius Caesar to the Revolution of 1688,* citado en Mary Helen Thuente, *The Harp Re-strung. The United Irishmen and the Rise of Irish Literary Nationalism,* Syracuse University Press, 1994, p. 35. A formación dos estereotipos nacionais negativos estúdiase en Joepp Leerssen, *National Thought in Europe. A Cultural History,* Amsterdam University Press 2006, esp. para os séculos XVII-XVIII pp. 56-69.

ligada á recepción entusiasta dos poemas ossiánicos de James Macpherson (1760), presentados como unha tradución de supostos vellos manuscritos gaélicos das Terras Altas de Escocia. Nunha Gran Bretaña que se imaxinaba a si mesma como o paradigma da civilidade, o céltico foi celebrado tamén nos ambientes literarios como representación do primitivo, do periférico, da diferencia, en sintonía co espírito romántico que ó pouco tempo callaría en toda Europa.[58] O novo interese polo mundo *natural* dos antigos habitantes celtas das illas Británicas[59] reflectiuse tamén en Irlanda, onde os estudiosos aproveitaron a onda para amosar non só a brillantez da súa civilización autóctona no pasado, senón tamén a súa contribución ó asentamento do moderno modelo británico.

As elaboracións históricas dos *whigs* ingleses presentaron o triunfo glorioso do partido parlamentario e protestante de 1688-9 e o conseguinte período de estabilidade e prosperidade económica como a culminación da longa loita pola liberdade que caracterizaba a historia de Inglaterra desde as súas orixes anglosaxonas. Na súa interpretación do pasado, a sociedade inglesa do XVIII era o froito dunha evolución histórica específica que arrincaba dunha *antiga constitución* de raíz anglosaxona que sobrevivira á invasión normanda, na cal se equilibraban á perfección orde e liberdade, gracias a un sistema de monarquía con poderes limitados polo Parlamento e o imperio da lei común. Fronte a semellante narración, os anticuarios irlandeses, ansiosos por incluír o seu país nesta mesma liña constitucionalista, resaltaron as achegas da súa civilización propia a aquel sistema perfecto por medio dunha idealización do pasado, construíndo o mito paralelo dunha *antiga constitución* irlandesa semellante e dun pasado de igual brillantez cultural, que dispoñía mesmo de grandes universidades druídicas, con plenas liberdades civís, exercidas nun réxime de estabilidade política asentada nun parlamento e outras institucións representativas, todo en medio dunha prosperidade económica extraordinaria.[60]

A repercusión política desta representación do pasado de Irlanda estivo limitada pola aceptación do marco constitucional británico dos que a formularon, ningún dos cales quería romper con el senón, máis ben, revalorizar o papel irlandés

---

58 Malcolm Chapman, *The Celts. The Construction of a Myth,* MacMillan, Londres 1992, pp. 120-45.

59 Jonh Hutchinson, *The Dynamics of Cultural Nationalism. The Gaelic Revival and the Creation of the Irish Nation State,* Allen e Unwin, Londres 1987, p. 56.

60 Colin Kidd, *Subverting Scotland's Past. Scottish whig historians and the creation of an Anglo-British identity, 1689-c.1830,* Cambridge University Press, 1993, pp. 125-7. O estudio máis completo sobre os *anticuarios* irlandeses é o de Clare O'Halloran, *Golden Age and Barbarous Nations. Antiquarian Debate and Cultural Politics in Ireland, c. 1750-1800,* Cork University Press/Field Day 2004, onde recupera o valor duns traballos que os historiadores actuais adoitan desprezar como de escaso interese e mesmo obra de excéntricos.

na súa consolidación. Deste modo poderían rexeitar a idea de que o país fose considerado como un simple territorio colonial, onde o sistema se impuxera desde fóra e pola forza, e reclamar o respecto que merecía como unha das partes constitutivas do Estado británico, en igualdade de condicións con Inglaterra. Non debe sorprender, por tanto, que os eruditos irlandeses clamasen contra Macpherson cando lles atribuíu unha orixe escocesa ós materiais ossiánicos, en canto supoñía a desautorización de toda a súa lectura da historia.[61]

Eran aqueles uns tempos en que os angloirlandeses –e xa non só os membros da aristocracia terratenente, senón tamén as clases mercantís e profesionais de Dublín– amosaban orgullo por un pasado que consideraban propio, aínda que buscasen facelo compatible coa súa herdanza inglesa, sen pensar en abandonar un Estado que, en definitiva, era a garantía da súa posición dominante sobre a poboación católica do país. No plano cultural, a afirmación identitaria reflectiuse nas obras de literatos, en xeral, e de *anticuarios,* no máis concreto ámbito da historia, preocupados todos por crear uns marcos narrativos que permitisen un acomodo neles da poboación maioritaria do país. No terreo puramente político, aínda que non estaban dispostos a renunciar á súa posición de privilexio institucionalizado, algúns reformistas protestantes empezaron a introducir no debate a cuestión da necesidade de minguar ou mesmo eliminar a situación de discriminación xurídica que a lexislación do propio Parlamento dublinés impuxera sobre os habitantes católicos da illa, considerando mesmo a posibilidade de outorgarlles o dereito á participación electoral. De todas formas, cando desde o propio goberno británico, coa intención de acadar un mellor clima social, se forzou a abolición dalgunhas das limitacións que restrinxían as posibilidades económicas e políticas dos católicos, a maioría dos políticos protestantes da elite agraria e das clases mercantís, incluídos os reformistas, vendo un perigo potencial para a súa posición dominante, rexeitaron as medidas. Sobre todo en 1793, cando, ante a inminencia da guerra contra Francia, o goberno británico aprobou unha acta que outorgaba máis dereitos ós católicos e que ameazaba alterar as relacións de poder en prexuízo dos protestantes, o que produciu unha reacción de carácter claramente sectario de inusitada violencia polas dúas partes.[62]

As dúas últimas décadas do século XVIII viron como se aceleraban os procesos tradicionais de reivindicación política da elite angloirlandesa, pero tamén como o conflito político co poder central tomaba derivas insospeitadas pouco antes e completamente novidosas. En primeiro lugar, en canto á cuestión que nos

---

61 Macpherson, pola súa parte, non tiña consideración ningunha polos eruditos irlandeses e rexeitou a súa visión do pasado. Mary Helen Thuente, *The Harp Re-strung,* pp. 21-33.

62 Thomas Bartlett, "An End to Moral Economy: The Irish Militia Disturbances of 1793", en C.H.E. Philpin (ed), *Nationalism and Popular Protest in Ireland,* Cambridge University Press, 1987, pp. 191-218.

interesa, porque, xunto á vella fundamentación histórica e legal en que se viñan apoiando as reclamacións irlandesas desde un par de séculos atrás, colleu un pulo cada vez máis notable a argumentación baseada no recoñecemento de dereitos universais de cidadanía. En segundo termo, porque, de maneira crecente, foron tomando o protagonismo as clases medias protestantes, cun gran peso na mobilización por parte dos *dissenters* do norte. Mesmo amplos sectores da maioría católica acabarían incorporándose á loita política, mobilizándose en contra do poder británico e do dominio protestante na illa, para eles indiferenciados na maioría dos casos. En terceiro lugar, porque a irrupción da violencia política, da ameaza ou do uso directo da forza, superou o ámbito constitucional onde se mantivera a confrontación da elite protestante durante o século XVIII. E, en último termo, porque a calidade das demandas variou substancialmente coa consolidación dun ben espallado e poderoso movemento republicano.

Nos anos de crise e confusión que en Gran Bretaña seguiron ó inicio da revolución das colonias americanas, as milicias de Voluntarios, organizadas en Irlanda desde 1778 ante unha posible invasión francesa, acabaron converténdose nun factor político de gran influencia. Estes grupos armados, formados, en principio, para suplir a carencia de tropas británicas na illa e constituídos maioritariamente por membros das clases medias protestantes, serviron despois como forza de presión a prol das demandas de independencia lexislativa dos *patriotas* parlamentarios ante un goberno británico que debía temer que Irlanda, de non se levar a cabo as reformas constitucionais, seguise o mesmo camiño de rebelión que os colonos americanos. De maneira que, en parte pola capacidade de presión irlandesa, en parte pola propia evolución interna da política inglesa, en 1782 foille recoñecido ó Parlamento de Dublín o dereito exclusivo de lexislar para Irlanda, coa única limitación do dereito de veto real.[63] A chamada "Constitución de 1782", sen embargo, non respondía xa tanto ás demandas dos grupos terratenentes, que tradicionalmente controlaban a institución parlamentaria, canto ás ansias dunhas clases medias protestantes desexosas de reformar as estruturas de poder para ter un maior acceso á representación política e contrarrestar a influencia da minoría de grandes propietarios de terras.

Non pretendían os *patriotas* e o seu líder Henry Grattan romper con Inglaterra nin compartir o dominio protestante coa poboación católica. Nin baseaban as súas demandas nunha identidade cultural diferenciada, senón na esixencia de igualdade que derivaba da aplicación dos dereitos de cidadanía, de carácter universal.[64]

---

63 D. George Boyce, *Nationalism in Ireland,* p. 113.

64 John Hutchinson, *The Dynamics of Cultural Nationalism,* pp. 61-2.

Mesmo entre algúns deles ecoaban xa as ideas democratizadoras provenientes de América, sobre todo do moi popular Thomas Paine, e de Francia. Incluso había quen propoñía buscar unha fórmula para integrar os católicos na nación irlandesa, que os protestantes se reservaran en exclusiva ata entón. Pero a vertixe dos acontecementos que afectaron a Gran Bretaña no último cuarto do século XVIII, sobre todo a raíz da súa entrada nas guerras contra o Estado francés revolucionario, acabaría aliñando os reformistas constitucionais coas posicións gobernamentais. A causa do descontento entre os protestantes pasaría, entón, ós sectores sociais de tipo medio ligados ás actividades mercantís e profesionais e membros da confesión presbiteriana, especialmente presente nas terras do Ulster.

0.3. Identidade irlandesa e radicalismo republicano

Neste aspecto, a mobilización política promovida no último decenio da centuria polos radicais organizados como os *United Irishmen* respondía ás características do novo modelo de acción antes descrito. O movemento, promovido desde as clases medias, cunha participación moi sinalada de comerciantes e profesionais do Ulster de fe presbiteriana, presentou como os seus obxectivos iniciais a unión dos irlandeses todos e a aplicación dunha reforma parlamentaria que liberase os seus asuntos do control británico.[65] Segundo a súa formulación, a consecución do obxectivo político non sería posible sen rematar coa exclusión dos católicos. O novo grupo tendeu a fundar as súas accións nas reivindicacións igualitarias das ideas ilustradas e revolucionarias que prenderan en América e Francia. Aínda que baseadas nunha concepción dos dereitos que, en abstracto, lle correspondían a calquera ser humano, a referencia ó pasado tamén demostraría neste caso a súa utilidade, nun escenario no que unha das principais cuestións do debate foi a concesión de dereitos políticos á maioritaria poboación católica.[66]

A United Irish Society foi fundada en Belfast, en 1791, por presbiterianos das clases mercantís da cidade; no mesmo ano constituíuse tamén en Dublín, neste

---

65 Nun texto venerado polo nacionalismo irlandés posterior, o líder do grupo, Wolfe Tone, propoñíase "to unite the whole people of Ireland, to abolish the memory of all past dissensions, and to substitute the common name of Irishman in place of the denominations of Protestant, Catholic, Dissenter". Citado en D. George Boyce, *Nationalism in Ireland,* p. 127.

66 Hai dúas valoracións contraditorias sobre o significado político dos *United Irishmen.* Unha delas considéraos como un movemento de tipo nacionalista, ligado á defensa da cultura irlandesa. Tal fai Mary Helen Thuente, *The Harp Re-strung,* pp. 1-16, onde os presenta como exemplo de "nacionalismo literario" ou cultural. Outra céntrase na consideración da súa dimensión política, como pura expresión das ideas revolucionarias que prenderan en América e Francia a finais do XVIII. Así opina R.F. Foster, *Modern Ireland,* Penguin Books, Londres 1989, que ve o seu republicanismo como "[...] far more apparent, and far more galvanic, that the vague and shadowy Gaelic nationalism that was taken on board in the late 1790s" e que os cualifica de "international liberals, anti-government rather than anti-English", pp. 265 e 269-70.

caso cunha participación considerable de católicos de semellante extracción social. As súas ideas relacionáronse coas propias dos movementos revolucionarios iniciados nas colonias inglesas de América, pero tamén entroncaban coa propia tradición democrática dos disidentes relixiosos, de procedencia escocesa, establecidos no Ulster desde o século XVII. Ideas que arraigaban na tradición pactista, que transfería a visión relixiosa da alianza de Deus co seu pobo á esfera política, de onde se deducía a necesidade de basear o goberno no consentimento dos gobernados, así como o seu dereito á resistencia en caso de violación do acordo fundacional.[67]

Despois da implicación británica nas guerras europeas revolucionarias, a partir de 1793, a asociación foi suprimida en 1794 e pasou a organizarse e a actuar de modo clandestino, baixo a dirección dos seus membros máis extremistas, como unha sociedade secreta conspiradora, a pesar de manter os seus trazos de clase media. O seu obxectivo pasou a ser o desencadeamento dunha insurrección xeral antibritánica en Irlanda, contando co apoio dunha forza invasora francesa, proxecto negociado polo seu líder, Wolfe Tone, coas autoridades revolucionarias galas no continente. O resultado perseguido co alzamento xa non encaixaba, polo tanto, nos límites constitucionais que sempre respectaran os *patriotas*. Agora tratábase de romper co Estado e de proclamar unha república inspirada no modelo francés.

Aínda que as súas ideas se fundaban en concepcións xerais sobre os dereitos inherentes ás persoas, estes grupos máis radicais recorreron tamén, igual que fixeran os *patriotas* e os Voluntarios, a unha xustificación complementaria das súas polémicas posicións políticas mirando cara ó pasado representado nas obras do *anticuarismo.* A utilización da historia que fixeron veu determinada, ante todo, pola súa apelación á unidade da nación irlandesa fronte a Gran Bretaña, asunción da cal derivou, á súa vez, unha dobre consecuencia a este respecto. Por un lado, a inclusión dos católicos na entidade política levou a unha necesaria valoración dos trazos culturais gaélicos como fundamento dunha identidade diferenciada do Estado británico, o cal esixía ponderar as glorias da civilización autóctona na antigüidade céltica; por outro, foi preciso servirse dunha cultura e dunha historia mitificadas como medio de superar as divisións internas da nación e de integrar as comunidades católica e protestante nunha entidade política unificada.

No seu afán por captar a simpatía da poboación católica, os *United Irishmen* proclamaron a miúdo o seu orgullo polo pasado gaélico, recorreron habitualmente a exemplos da historia irlandesa como apoio na súa loita pola liberdade e politizaron

---

67 Marianne Elliot, "Ireland", en Otto Dann e John Dinwiddy (ed), *Nationalism in the age of French Revolution,* The Hambledon Press, Londres 1988, pp. 71-86.

moitas das imaxes popularizadas polos *anticuarios* como peculiares do país, desde as arpas e os bardos ata as bandeiras verdes, plenamente integradas no século seguinte na iconografía nacionalista.[68] Sen embargo, dados os antecedentes de fonda división entre as comunidades irlandesas, a relación coa historia dos radicais protestantes tiña que ser, por forza, contraditoria. A fondura da longa memoria de enfrontamentos intercomunitarios soamente podía ser superada esquecendo o pasado. Sobre todo, a aceptación de que os católicos deberían formar parte dunha nación libre obrigábaos a superar os intensos estereotipos asentados na mentalidade dos *disidentes* protestantes, que sempre se entenderan a si mesmos como os defensores da liberdade relixiosa e política, e que ligaban os católicos co fanatismo e a superstición, considerándoos escravizados polo seu clero e incapaces de vivir en liberdade. Neste caso, para os presbiterianos do Ulster, núcleo central do radicalismo, o pasado parecía demostrar que os católicos eran incompatibles coa democracia. A alianza con eles, en consecuencia, requiría un exercicio de esquecemento daquela visión histórica. En tal sentido, Wolfe Tone suxeriu que a Revolución de 1789 en Francia demostrara que era posible quebrar a asociación entre absolutismo e catolicismo, e que se os católicos franceses optaran pola liberdade, tamén o poderían facer os irlandeses.[69]

Pouco tempo faría falta, porén, para comprobar que a visión amarga do pasado era máis forte que a que pretendía facer compatible a historia coas novas ideas de igualdade e liberdade republicanas. O frustrado intento revolucionario de 1798 converteuse nunha explosión de violencia e causou un auténtico baño de sangue, no cal, demasiado a miúdo, as rivalidades sectarias ocuparon un plano preferente nas motivacións de rebeldes e de leais á Coroa. O Estado, naquel ambiente de guerra xeral en Europa, cando Irlanda aparecera como unha perigosa plataforma bélica xusto nas costas de Gran Bretaña, decidiu tamén acabar con calquera veleidade reformista que puxese en perigo o control dun territorio de tan grande importancia estratéxica e propúxose aseguralo fronte a unha invasión ou unha rebelión interna da poboación desafecta. O goberno da Coroa, en acordo con tal diagnóstico, optou por integrar politicamente o país no conxunto británico, ó modo en que xa o estaban Escocia e Gales. En consecuencia, en 1800 decidiu suprimir o Parlamento de Dublín, fixar unha representación irlandesa en Westminster e establecer o Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda a partir do primeiro de xaneiro do ano próximo. Tras uns primeiros momentos de confusión,

---

68 Mary Helen Thuente, *The Harp Re-strung,* especialmente pp. 89-170, cita numerosos exemplos de referencias históricas na prensa radical e nas colecciónes de poemas e baladas que popularizaron os *United Irishmen.*

69 Marianne Elliot, "Ireland".

en que algúns políticos da vella situación pretenderon defender a existencia da institución lexislativa propia, a imposición da autoridade da Coroa e do Parlamento británico foi absoluta.

0.4. A catolización da identidade

Os acontecementos dos anos finais do século XVIII marcaron o inicio dunha nova etapa en Irlanda. Non soamente no plano institucional, senón tamén en canto a que sinalaron a quebra das tendencias políticas que durante aquela centuria foran madurando na comunidade protestante. E con elas tamén esvaeceu o gradual proceso de constitución dunha identidade diferenciada ligada ó territorio e á cultura irlandeses que as acompañara de maneira máis ou menos explícita. Os desastres da revolución de 1798, dominada pola violencia e os enfrontamentos intercomunitarios, abriron unha fenda entre protestantes e católicos que acabou coas esperanzas dos angloirlandeses que soñaran con atopar unha base común que achegase a todos os sectores da poboación da illa, por riba da súa denominación relixiosa.

Para os protestantes que buscaran afirmar fronte a Inglaterra un poder que a poboación católica non lles podía discutir na illa, o temor causado pola difusión das ideas revolucionarias en Irlanda por obra do radicalismo presbiteriano e o medo a unha sublevación xeral dos católicos foron razóns suficientes para acabar coas súas ansias reformistas. Cando o que estaba en xogo era o mantemento da súa propia posición de dominio na sociedade irlandesa, as elites protestantes –terratenentes, grupos mercantís e profesionais– pensaron que carecía de sentido potenciar os factores que ameazaban a súa situación privilexiada e debilitar o Estado que, en último termo, a viña garantindo desde dous séculos atrás. Pero tamén para os radicais que aspiraban a unha plena reconfiguración política e social foi inquietante a evolución dos sucesos revolucionarios, non soamente polos seus resultados, senón tamén polo comportamento dunha poboación católica, sobre todo a rural, que esqueceu as súas proclamas de igualdade e liberdade para caer no sectarismo máis contrario ós seus ideais.

En consecuencia, despois da Unión desaparecerían as posicións políticas específicas dos protestantes irlandeses, tanto o *patriotismo* reformista coma o radicalismo presbiteriano, interesados aqueles xa unicamente en manter co poder central os lazos que aseguraban o seu dominio. Nas décadas seguintes, tan só a poboación católica articularía demandas políticas ante o Estado. Produciríase, así, unha simplificación progresiva no escenario político, reproducindo, en último termo, a división relixiosa básica que separaba dúas comunidades que parecían, de novo, irreconciliables. O posicionamento político, en tales circunstancias, reduciríase

gradualmente a unha opción limitada a apoiar ou a criticar a Unión. O cal, inevitablemente, tamén se había reflectir na utilización política do pasado do país. Como resultado final do proceso, xa na segunda metade do século XIX, a historia serviría de recurso político, ben como argumento para manter a integración de Irlanda no Imperio, ben como xustificación das reclamacións nacionalistas fronte a este.

Nas primeiras décadas da Unión, polo tanto, a reivindicación política dos protestantes irlandeses fronte ó goberno de Londres desapareceu en todas as súas formas. A defensa dos seus intereses pasou a exercerse polos seus representantes no Parlamento de Westminster. Nin sequera cabía xa a petición de reforma do sistema, tal como se concibira no século anterior, por canto unha demanda semellante non cabía dentro dos límites constitucionais que o *patriotismo* protestante sempre respectara. E, desde logo, a reivindicación da *devolución* do Parlamento de Dublín, nuns momentos en que se debatía a concesión de dereitos políticos á poboación católica maioritaria do país, non parecía favorecer os seus intereses. A gravidade dos sucesos de 1798 puxera de manifesto que, en caso de desestabilización do sistema, o que podía chegar a estar en xogo era o propio Estado no que se apoiaba a *Ascendancy* protestante. As clases medias radicais, pola súa parte, convencéronse de que a alianza política coa poboación católica era demasiado perigosa. En suma, e tendo en conta, ademais, que o conflito coa Francia revolucionaria non se resolvería ata 1815, todos os factores contribuíron ó esvaecemento da discrepancia política protestante co Estado e a un distanciamento respecto da maioría católica do país. Os protestantes irlandeses, en consecuencia, aceptaron de bo grao a Unión e convertéronse nos seus máis firmes defensores.

Os resultados do novo escenario político e mais da persistencia dos propios recordos da ameaza revolucionaria determinaron unha nova valoración da cultura e da historia irlandesas por parte dos protestantes, así como do seu propio sentimento de pertenza comunitaria. A identificación irlandesa diferenciada que paulatinamente foran asumindo ó longo da anterior centuria, aínda que soamente fose como soporte complementario de reivindicacións políticas xa abandonadas, deixou de ter sentido cando, agora, do que se trataba era de afirmar unha plena integración no Estado británico. Loar a cultura gaélica e resaltar o seu pasado glorioso, mesmo en competencia coa do núcleo central do Imperio, podía resultar perigoso para a consolidación da Unión, xustificada, en última instancia, como o único modo de manter a orde nunha sociedade que demostrara ser incapaz de facelo por si mesma. E, máis aínda, carecía de sentido afirmar unha identidade diferenciada cando non existían xa unhas institucións propias que defender e cumpría ter tino en non debilitar o Estado que amparaba a posición de privilexio do mesmo grupo. En definitiva, cabe soster que, co novo século, quebraron as

dúas liñas nas que se manifestara a autodefinición diferenciada das elites e das clases medias angloirlandesas, val dicir, a política, coas demandas de reforma do sistema en favor das institucións propias, e a identitaria, coa reavaliación positiva da cultura e da historia do país.

En canto á consideración que lles merecía a historia irlandesa ós protestantes, resulta significativa a desaparición progresiva do *anticuarismo* nas primeiras décadas do século XIX.[70] Fenómeno que non se pode desligar da evolución do contexto científico europeo, no que por aquel entón os novos estudios filolóxicos, etnográficos e históricos estaban a romper o paradigma bíblico e clásico no que os *anticuarios* encaixaran as súas especulacións sobre as orixes das linguas, das culturas e, en definitiva, das nacións. O comparatismo lingüístico desautorizou as fabulacións etimolóxicas en que aqueles baseaban os seus estudios, mentres o modelo indoeuropeo quebrou as explicacións sobre as relacións entre o hebreo e as linguas célticas. Aínda que esta renovación dos estudios históricos e lingüísticos chegou con certo atraso ás illas Británicas, é certo que os cambios experimentados no continente favoreceron a adopción gradual de enfoques máis científicos entre os eruditos. Pero no caso de Irlanda, a renovación debe atribuírselle, no fundamental, á incidencia da nova situación política. En realidade, as elites que sostiveran o traballo dos *anticuarios* antes da Unión retiraron o seu padroado ás institucións e ós eruditos que o promoveran, conscientes das implicacións políticas das súas actividades, agora non desexadas, e por causa da perda de interese na autoafirmación identitaria irlandesa que antes se buscara desde estes sectores sociais.

Nestas circunstancias, aínda que non deixou de haber algunhas institucións dedicadas ó estudio do pasado e da cultura do país, o *anticuarismo,* desprovisto dos lazos políticos que o estimulaban, pareceu seguir vivo por pura inercia. As sociedades históricas, como a Gaelic Society dublinesa (1807) ou a Iberno-Celtic Society (1818), e mesmo a Royal Irish Academy, tan activa desde a súa fundación, en 1785, mantiveron a chama da afección polo pasado irlandés pero, na práctica, foron esmorecendo, carentes de apoio e incapaces de publicar apenas nada no primeiro terzo do século XIX sobre o antes tan ben abastecido campo da antigüidade irlandesa.[71] Por demais, o pasado sería utilizado como argumento para a defensa da nova realidade política. Fronte ás achegas dos *anticuarios* acerca das orixes orientais da civilización gaélica e do seu esplendor estragado pola presenza estranxeira, presentouse como confirmación da pertinencia do

---

70 Para este apartado seguimos, esencialmente, as obras citadas de Joep Leerssen, *Remembrance and Imagination,* pp. 68-134, e John Hutchinson, *The Dynamics of Cultural Nationalism,* pp. 74-95.

71 Joep Leerssen, *Remembrance and Imagination,* p. 75.

unionismo a vella tese que desde Inglaterra viña descualificando aquelas como relatos fantásticos, sen base documental ningunha, e sostiña que o país saíra da barbarie gracias, xustamente, á presenza de pobos chegados do exterior, como viquingos e ingleses.[72]

Con todo, ata a década de 1830 aínda perduraron os vellos esquemas de interpretación do pasado e non faltaron, ben que tan só nos reducidos círculos académicos e eruditos, os defensores da singularidade da civilización irlandesa cos argumentos tradicionais. Todo cambiaría, sen embargo, a partir deste momento, debido á conmoción política provocada pola axitación da poboación católica arredor das campañas lideradas por Daniel O'Connell e á difusión dun novo estilo de relato histórico fundado nos criterios máis rigorosos que se impoñían no continente.

A evolución do panorama político desde finais do decenio de 1820 creou novas expectativas na poboación católica e resucitou antigos temores na protestante. Sinaladamente, debido á repercusión das espectaculares campañas de mobilización dos católicos irlandeses por O'Connell, primeiro a prol da súa *emancipación,* quer dicir, o acceso libre a todo cargo público ou profesión, e despois co obxectivo de anular a propia Acta de Unión. Naquel ambiente, no que non faltou tampouco unha desafiante axitación rural entre o campesiñado católico contra o pagamento dos décimos ó clero da Igrexa de Irlanda (1830-3), a minoría protestante sentiu un gran desacougo ante o que percibía como unha ameaza certa para o seu dominio.

Algúns protestantes sentíronse traizoados por uns gobernos que, despois de eliminar as discriminacións legais que prexudicaban ós católicos en 1829, permitindo ós titulares de certa propiedade acceder ó Parlamento, parecían relegar os intereses dos máis leais sectores da sociedade irlandesa ante as propias comenencias do Estado. A súa resposta retomou a antiga liña da oposición *patriótica* do século XVIII, tal como fixo Samuel Ferguson, un intelectual que criticou a centralización experimentada desde a Unión, acusándoa de estragar o país ó sometelo a influencias estrañas ó seu ser peculiar, e propuxo ás elites terratenentes e ás clases medias protestantes recuperar o papel dirixente da sociedade, reforzando a súa vinculación a Irlanda e a súa cultura. En último termo, sen deixar de manter a perspectiva política unionista, tratábase de reconciliar as dúas *razas* que compartían a illa, propoñéndolles unha base de actuación común, despois de mirar cara a un pasado magnífico que lles podía servir de inspiración.[73]

---

72 John Hutchinson, *Dynamics of Cultural Nationalism,* p. 84.

73 John Hutchinson, *Dynamics of Cultural Nationalism,* pp. 90-3. Ferguson propoñíase "reveal to Irish Catholics their fundamental commonality with Irish Protestants, and thereby reconcile the two communities. Just as Davis had located Irish identity in the theoretical bedrock of the language, so

Nun senso semellante actuaron outros intelectuais católicos e protestantes. O máis importante destes pola súa significación nos estudios históricos foi George Petrie, a quen hai acordo en considerar como o fundador da arqueoloxía moderna irlandesa.[74] Sobre todo desde a Royal Irish Academy e desde a dirección da sección dos servizos históricos do *Ordnance Survey,* organismo encargado de cartografar o territorio insular que fora creado en 1824 e que non se limitou ó labor topográfico, senón que constituíu tamén grupos de estudios históricos e lingüísticos para que precisasen a toponimia, sinalasen os monumentos e restos arqueolóxicos e rexistrasen calquera dato útil para unha comprensión máis completa do país. Con este motivo, Petrie encabezou un conxunto de estudiosos que promoveron unha nova avaliación de todos os restos materiais e manuscritos da civilización irlandesa.[75] Mesmo poden ser considerados como os difusores dunha nova maneira de achegarse ó estudio do pasado, relegando as elucubracións fantásticas e utilizando documentos máis acordes cos métodos da ciencia moderna. Con Petrie pode darse por finalizado definitivamente o *anticuarismo* no senso metodolóxico. Desde as súas convicións unionistas, non ignorou, sen embargo, as repercusións políticas das súas contribucións sobre o coñecemento do pasado.[76] Tamén el pretendeu que a exaltación duns tempos gloriosos, que situaba no Medievo, cando confluíron as tradicións célticas e o cristianismo monástico, podía servir de modelo para achegar a católicos e protestantes e rexenerar a nación irlandesa dentro do Estado da Coroa británica. Neste senso, Petrie actuou como un "unionista patriótico", ó vello estilo dos mellores reformistas dos seus antepasados do XVIII.[77] Os tempos, sen embargo, parecían xa máis propicios para a maioría católica. Entre ela tamén xurdiron estudiosos da historia ou da lingua gaélica de primeira liña, como John O'Donovan e Eugene O'Curry. E por máis que a maioría deles non se implicou directamente na contenda política, era inevitable que as súas contribucións

---

Ferguson sought to secure the Protestant's place in Ireland by recourse to an Irish identity rooted in a 'Celticism' prior to, and untainted by Catholicism", segundo Michael Mays, *Nation States. The Cultures of Irish Nationalism,* Lexington Books, Lanham 2007.

74 Gabriel Cooney, "Building the future on the past: archaelogy and the construction of national identity in Ireland", en Margarita Díaz-Andreu e Timothy Champion (ed), *Nationalism and archaeology in Europe,* pp. 146-63.

75 A tarefa deste Servizo topográfico merece valoracións ben diferentes, desde a dos que ponderan a súa contribución ó coñecemento científico da cultura nativa, ata a dos que sinalan o seu carácter de puro instrumento de dominación colonial, ó servizo dun maior control do territorio polos colonizadores. Cf. Joep Leerssen, *Remembrance and Imagination,* p. 100-8.

76 John Hutchinson, *Dynamics of Cultural Nationalism,* p. 86, interpreta que o propio Estado se decatou delas, razón pola que suprimiu o financiamento do departamento histórico do *Ordnance Survey.* Leerssen, p. 104, sen embargo, atribúe a retirada de fondos ó excesivo custo do proxecto, que mesmo absorbía a dotación destinada ó labor principal, o topográfico.

77 John Hutchinson, *Dynamics of Cultural Nationalism,* p. 90.

científicas sobre o pasado fosen utilizadas polos que comezaban a presentar as primeiras reivindicacións nacionalistas fronte ó Estado británico.

1. Celtas contra saxóns: o pasado como confrontación entre pobos

Segundo as interpretacións tradicionais, a mediados do século XIX parece producirse unha inflexión no escenario político irlandés, datándose por aquel entón os inicios do nacionalismo moderno ou, cando menos, a aparición dalgúns dos trazos máis significativos que, pouco máis tarde, o habían caracterizar no período que rematou coa consecución da independencia, xa ben entrada a seguinte centuria. Tamén neste caso a evolución posterior viría condicionada pola transcendencia das repercusións da catástrofe demográfica derivada, directa –morte por inanición ou enfermidade– e indirectamente –emigración masiva–, da ruína sucesiva das colleitas da pataca que padeceu Irlanda entre 1845 e 1849. Co seu extraordinario impacto, a época da *Fame* semella marcar unha clara liña divisoria nas esferas económica e social do país e condicionar a súa evolución futura nestas ordes. Pero ademais, segundo esta visión, as devastadoras consecuencias da crise da pataca estimularían a conciencia da poboación católica de constituír en exclusiva a auténtica nación irlandesa, poñerían as bases para a ulterior consolidación das correntes separatistas, unha vez amosado o carácter ilusorio da esperanza de acadar melloras dentro da Unión, e convencerían ós máis radicais da necesidade de utilizar a violencia para liberar o país dun dominio que o mantiña na miseria e na máis inxusta das opresións. Alí estarían, en suma, as fondas raíces da anglofobia que impregnou a sociedade irlandesa e as súas manifestacións políticas nos tempos vindeiros. E como fenómeno paralelo de reacción, tamén de alí arrincarían as causas do achegamento definitivo das comunidades protestantes ó Estado británico na forma en que estaba instituído. De maneira concluínte, para este esquema explicativo, as liñas da división política sobrepuxéronse ás da demarcación relixiosa en Irlanda.

Sen embargo, por baixo das abraiantes aparencias de fractura que se relacionan cos efectos socioeconómicos da gran traxedia de mediados da centuria pode detectarse un fío de continuidade que remonta as súas orixes a cambios xa experimentados na etapa previa e que, precisamente, a *Fame* veu acentuar.[78] De igual modo, no ámbito do desenvolvemento político, cabe considerar a crise

[78] R.F. Foster, *Modern Ireland,* p. 318. Cf. o cap. V, "The Famine: before and after", pp. 318-44, onde se ofrece unha visión desmitificadora da tradicional interpretación nacionalista sobre os efectos da *Fame* de 1845-9. Un resume da evolución dos estudios sobre tan polémica cuestión, comparando as clásicas posicións nacionalistas coas do revisionismo máis recente, en Mary Daly, "Revisionism and Irish History: The Great Famine", en D. George Boyce e Alan O'Day (ed), *The Making of Irish History. Revisionism and the revisionist controversy,* Routledge, Londres 1996, pp. 71-89.

alimentaria de 1845-9 menos como un fito de ruptura que como un factor que veu acelerar unhas tendencias preanunciadas nas décadas inmediatamente anteriores. Neste senso, nin a crecente identificación dos protestantes irlandeses co Reino Unido nin a gradual nacionalización diferenciada da poboación católica nos decenios subseguintes deben incluírse de maneira mecánica entre os resultados directos da *Fame*. Ben que esta facilitase a súa consolidación, tratábase, en realidade, de procesos dos que xa se viu a súa causalidade no marco creado polo establecemento da Unión de 1801 e na incorporación á axitación política de boa parte da maioría católica do país. Por outro lado, tampouco despois de cumprida a primeira metade do século non sería o panorama político tan radicalmente distinto coma para que desaparecesen por completo os trazos daquelas posicións capaces de buscar unha conciliación que transcendese as adscricións relixiosas. Certamente, o nacionalismo constitucional predominaría sen discusión no resto do século XIX fronte á liña violenta e revolucionaria do fenianismo, reducida a pequenos grupos de activistas con escasa implantación social, pese ó rebumbio xerado polas súas actividades. Por demais, a coincidencia no aliñamento político-sectario non comezaría a adquirir solidez ata mediado o decenio de 1880, facilitada polas reformas do sistema electoral británico. E aínda a partir daquela seguiría aberta a posibilidade de avanzar por un camiño político integrador ata as mesmas vésperas da I Guerra Mundial.

Aínda que, en xeral, se tratou do desenvolvemento de tendencias xa perceptibles nos tempos previos, sobre todo a partir da supresión da independencia lexislativa de Dublín e a integración do país como parte constituínte do Reino Unido, con todo, é verdade que nos anos centrais do século XIX asentaron as bases dun novo escenario político que indicaba a clausura dalgunhas das vías tradicionais e o despegue de novas liñas de actuación que demostrarían unha consistencia progresiva na evolución posterior que acabaría na independencia da nación. Debido á súa transcendencia futura para a caracterización da doutrina e do movemento nacionalistas, máis que pola súa incidencia na sociedade do momento, as dúas innovacións principais que arraigaron na época foron a afirmación do catolicismo como sinal distintivo da nacionalidade irlandesa e o xurdimento da configuración étnica do nacionalismo. E as dúas, claro está, orientarían decisivamente a composición historiográfica do pasado e a súa utilización como recurso político.

a. A primeira das novidades refírese á gradual transferencia do sentimento de nacionalidade irlandesa cara á poboación católica, que comezou a cobrar intensidade na década de 1840. Foi un proceso que se manifestou nunha dobre vertente, por canto a identificación progresiva dos católicos coa nación, tanto por parte deles mesmos coma por parte dos protestantes, non se limitou a unha afirmación positiva

daqueles, senón que, ademais, implicou un distanciamento dos segundos respecto de tal senso de pertenza colectiva. Quer dicirse que se desenvolveron paulatinamente dúas identidades comunitarias diferenciadas dentro de Irlanda, confirmando as tendencias apuntadas nesta dirección despois da Unión e fortalecidas a partir dos movementos organizados por O'Connell, o efecto máis importante dos cales, en canto á cuestión á que aludimos, non foi tanto a culminación con éxito das súas campañas, no caso da *emancipación,* ou o seu fracaso, no da abolición da Unión, coma o propio feito da mobilización política da poboación católica do campo.

A predisposición dos angloirlandeses a reforzar os seus lazos identitarios e políticos con Gran Bretaña tras da conmoción dos anos finais do século XVIII non puido menos que acrecentarse ante a consecución do recoñecemento da igualdade de dereitos políticos para os católicos acadada en 1829 e, sobre todo, á vista dos espectaculares resultados da convocatoria e organización da sociedade rural arredor do movemento pola derrogación da Acta de Unión de 1800, detrás dun líder que a miúdo recorría a unha incendiaria retórica de axitación. Sen dúbida ningunha, os protestantes deberon sentir de novo un fondo desacougo ante o perigo de verse sobordados por un sector da poboación que agora demostraba unha capacidade de actuación que ameazaba con traducir no terreo político, mesmo nos órganos de representación institucional, a súa condición de grupo maioritario da sociedade. Sensación abondo preocupante como para que os seguidores da anglicana e oficial Igrexa de Irlanda e mais os fieis das congregacións presbiterianas, predominantes no Ulster, esquecesen as súas vellas e profundas diferenzas relixiosas e políticas e comezasen a considerarse membros dunha soa comunidade, definida pola condición relixiosa non católica e pola opción política do mantemento da Unión con Gran Bretaña.

A reacción ante a nova forza política dos católicos, por outra parte, quebrou definitivamente a antiga conexión que os protestantes ilustrados estableceran desde o século anterior entre a defensa dos seus intereses fronte ós órganos de goberno centrais, a valoración da cultura e da historia nativas e a afirmación da súa especificidade identitaria dentro do Estado británico. Como reflicte o caso de George Petrie, a partir daqueles anos centrais da centuria, moitos eruditos de orixe protestante desligarían os seus estudios sobre as manifestacións históricas e culturais propias de Irlanda da diferenciación política e identitaria coa que, en maior ou menor medida, viñeran sendo asociadas desde cen anos antes, mantendo as súas actividades científicas nun plano afastado dos seus posicionamentos políticos como británicos e unionistas.[79]

---

[79] John Hutchinson, *The Dynamics of Cultural Nationalism,* p. 94.

Este era o panorama sobre o que veu incidir a *Gran Fame.* Desde logo, o cataclismo demográfico que provocou de inmediato e as aciagas consecuencias para a sociedade rural que en todas as ordes deitaron dela, coa amargura e o resentimento conseguintes cara a Gran Bretaña –contra os *ingleses* e o seu goberno– que os acompañou, veu, por forza, confirmar ós católicos na súa convicción de constituír unha nación distinta e conferir verosimilitude ás argumentacións que sostiñan que ningún futuro de mellora cabía esperar para Irlanda dentro dese Estado ó cal moitos relacionaban– mesmo culpándoo directamente– coa traxedia en que se vira sumido o país. En canto ós efectos políticos inmediatos, o desastre varreu consigo as estruturas de mobilización que xurdiran baixo a dirección de O'Connell. Por outro lado, a reacción inmediata desa poboación esnaquizada foi, en xeral, de pasividade e a súa resposta principal a emigración, quedando ben lonxe de responder ás ilusorias chamadas á revolución dos intelectuais da Young Ireland. Sen embargo, para boa parte daquela sociedade, a idea de formar unha mesma nación cos seus veciños protestantes volveuse inimaxinable desde entón.

b. Por aqueles mesmos tempos de arredor da gran crise alimentaria constituíronse as bases sociais e doutrinais das que despois derivaría a versión étnica do nacionalismo irlandés, a que definiría de maneira culturalmente restrinxida os trazos da nacionalidade, excluíndo de tal condición os sectores da sociedade que non se aviñesen con eles. Os dous aspectos fundamentais aparecen estreitamente relacionados co desenvolvemento que se acaba de expoñer. A mobilización política dos católicos, co apoio explícito da xerarquía eclesiástica irlandesa da súa confesión ó movemento pola revogación de Unión, e o conseguinte retraemento protestante a identificarse cunha noción de pertenza colectiva onde a relixión da maioría comezaba a ser un criterio de inclusión determinante, marcou unha primeira delimitación identitaria e política que virían subliñar os estragos da *Fame.* Efectos dramáticos que abriron un abismo entre aquel conxunto maioritario da poboación e un Estado incapaz de poñer remedio ós males que padecía –se non era, na opinión popular, o culpable mesmo de causalos, por acción ou por omisión intencionadas– e que contribuíron a volver pouco plausibles as apelacións á conciliación intercomunitaria. E que, por demais, incentivaron os discursos de diferenciación –e mesmo de incompatibilidade– entre unha nación irlandesa católica sometida e unha nación inglesa que exercía a súa dominación por medio do control dos órganos de goberno do Estado e mais a través da *Ascendancy* angloirlandesa establecida no país. Na linguaxe da época, dúas *razas* diferentes, unha celta, outra saxona, asociadas con cadanseus riscos culturais e mesmo relixiosos, estaban na orixe de dúas nacións distintas e enfrontadas. Aínda non se definía expresamente do modo étnico que despois chegaría a ser predominante, pero os anos centrais do século XIX viron asentar os fundamentos da nación católica e gaélica, así como, en

correspondencia, os dun nacionalismo que, arredándose da antiga tradición protestante, pasaría a lexitimar a reivindicación política en función dos dereitos que lle pertencían a unha entidade nacional deste xeito caracterizada.

1.1. A Young Ireland e o nacemento do nacionalismo étnico

Unha das interpretacións máis consolidadas nos estudios sobre o nacionalismo irlandés do período previo á consecución da independencia articúlase a partir do recoñecemento de dúas tradicións, unha política e outra cultural, que se ofreceron como camiños alternativos, tanto na orde doutrinal coma na práctica, na loita fronte ó Estado británico en defensa dos dereitos da nación irlandesa. Cabe establecer outras distincións semellantes fundadas na diversidade dos obxectivos finais e dos medios propostos para acadalos, establecendo diferenzas ó longo dunha ampla escala de demandas que vai desde o autogoberno dentro do Reino Unido ata a separación completa, e mais entre os partidarios de aproveitar as posibilidades constitucionais do sistema británico e os que promovían o recurso á violencia insurreccional –ou estaban dispostos a facelo– como mecanismo de acción política. Trátase dunha serie de dicotomías que a miúdo, aínda que non sempre, se sobrepoñen coa primeira das citadas e que mesmo, por veces, parecen constituír os dous termos da contraposición principal dentro do nacionalismo irlandés. Sen embargo, é a dualidade que deslinda o nacionalismo de base política do que se sustenta sobre a materia cultural a que debe considerarse como a verdadeiramente esencial, en canto afecta ó núcleo mesmo no que asenta o propio movemento nacionalista. Porque tal distinción expresa dúas formas ben diversas de concibir a nación irlandesa, o elemento que, precisamente, permite formular a doutrina que lexitima a reivindicación política concreta que o nacionalismo promove. A versión *política* da nación porá o acento na reivindicación dos dereitos correspondentes á condición de cidadanía, segundo pautas que permiten a inclusión xeral nela dos membros todos da sociedade irlandesa; a versión *cultural* ou étnica limitará a nacionalidade ó cumprimento de certos trazos, esixencia que, irremediablemente, excluirá a unha parte desa cidadanía.

A cuestión do establecemento dos criterios que determinan a pertenza á nacionalidade irlandesa estivo lonxe de se resolver de modo incontrovertible ata os mesmos momentos finais da loita pola independencia, como máis adiante se verá con detalle. As discrepancias dentro das distintas opcións nacionalistas acerca da fixación dos requisitos de inclusión identitarios seguirían abertas, practicamente, ata os tempos da I Guerra Mundial. E, desde logo, ata os derradeiros anos do século XIX non comezaría a organizarse de modo efectivo –sen impoñerse aínda, nin moito menos– a opción que identificaba o irlandés co gaélico, xusto a que, co engadido do factor relixioso católico, resultaría triunfadora fronte á que consideraba

como parte da nación a calquera membro da sociedade, sen exclusións, sen necesidade de renunciar a crenza ou tradición cultural ningunha.

Por demais, cómpre matizar que esta categorización, que resulta de gran utilidade analítica, non se corresponde con exactitude, sen embargo, cuns trazos definidos de maneira tan precisa na realidade. Durante a segunda metade do século XIX e as dúas primeiras décadas do XX as versións política e cultural do nacionalismo irlandés non sempre apareceron como alternativas tan nidiamente diferenciadas como esta contraposición podería suxerir. Por unha parte, non en todas as ocasións foron percibidas pola sociedade como opcións totalmente incompatibles; e por outra, nin sequera moitos dos máis firmes partidarios de cada unha delas quixeron establecer unha barreira impermeable entre os seus principios respectivos, servindo estes, con gran frecuencia, como reforzamento mutuo das dúas ramas do nacionalismo. A este respecto, os simpatizantes da orientación política non dubidaron, cando lles cumpría, en recorrer ás argumentacións que perfilaban dun modo máis restrinxido a nacionalidade; así como os defensores da liña étnica máis estrita eran capaces de sentir como propios os obxectivos e os triunfos políticos daqueloutra póla da árbore nacionalista, aínda que considerasen que se conformaba coa satisfacción de demandas insuficientes para colmar as aspiracións da nación. De maneira que, na práctica, a dicotomía non sempre se amosou coa claridade que a interpretación histórica posterior –e a comenencia analítica, no presente caso– parece indicar. A maiores, é necesario lembrar que o recurso á defensa da cultura nativa e á valoración positiva da historia irlandesa xa servira de apoio ó movemento *patriótico* protestante do século XVIII e ós seus epígonos do XIX, así como ós rebeldes republicanos dos anos anteriores á Acta de Unión, ben que, en ambos os casos, cun carácter de simple complemento respecto dunha argumentación que pretendía ser puramente política.

Aínda con tales limitacións, cabe afirmar que a aparición dunha concepción étnica e cultural da nacionalidade supuxo unha novidade radical no escenario político irlandés e un acontecemento de enorme transcendencia. Non soamente porque deu lugar á constitución da corrente do nacionalismo que, ó cabo, atinaría a culminar a loita política contra Gran Bretaña, senón porque as súas proposicións doutrinais sobre a nación impregnarían progresivamente o enteiro movemento nacionalista, ata converter os seus principios esenciais –o irlandés identificado co gaélico e o católico– nunha *evidencia* de asunción social xeneralizada.

A conversión dos elementos da cultura nativa en determinantes da nacionalidade irlandesa e, polo tanto, en fundamento da reivindicación política nacionalista fronte ó Estado británico comezou nos anos centrais do século XIX, como xa se sinalou. Adoita atribuírselles a Thomas Davis e o grupo denominado Young Ireland a

introdución en Irlanda daquel tipo de nacionalismo que volveu equivalentes a identidade *cultural* e a *nacional,* segundo as pautas elaboradas nos ambientes intelectuais do Romanticismo alemán, que describían un mundo dividido en nacións, entes comunitarios definidos por cadansúa cultura específica, concretada, en particular, nunha lingua propia. Fose a través da influencia que sobre o grupo exerceu Augustin Thierry, de quen admiraban o seu concepto da historia como enfrontamento entre nacións[80] e sobre quen Davis escribiu en tons eloxiosos do seu nacionalismo literario –aínda que xusto criticase a súa excesiva énfase na separación entre razas–,[81] fose a través da interpretación herderiana de Thomas Carlyle, que espallou nas illas Británicas as ideas da filosofía e do Romanticismo xermánicos,[82] os *Young Irelanders* iniciaron a lexitimación dos dereitos políticos de Irlanda en función da súa especificidade cultural. Abriron así unha vía de argumentación diferente á que representara O'Connell –e despois manterían Parnell e os constitucionalistas–, que argumentaba as demandas irlandesas de autogoberno en termos de economía política e dos propios principios constitucionais británicos.[83]

O inicio do proceso de conformación étnico-cultural do nacionalismo irlandés pode datarse, en consecuencia, naqueles confusos anos do decenio de 1840. Cómpre subliñar, sen embargo, que se trataba tan só dos primeiros pasos dunha concepción doutrinal que de ningunha maneira se presentaba aínda coa coherencia ideolóxica que co tempo iría desenvolvendo, ó definir a nación irlandesa como católica e gaélica. É verdade que, en certos casos, o discurso da Young Ireland apuntaba nesa dirección etnicista pero, en realidade, foi sempre o suficientemente aberto como para permitir a integración no grupo de membros con criterios dispares

---

80 Joep Leerssen, *Remembrance and Imagination,* pp. 234 e 249-50.

81 Mary Helen Thuente, *The Harp Re-strung,* p. 213. Thierry tomou a miúdo a oposición racial, o antagonismo entre pobos, como fío organizador do material histórico. Así o fixo na súa *Historia da conquista de Inglaterra polos normandos* (1825) e, despois, nos seus *Relatos dos tempos merovinxios* (1840), onde contrapuxo a carencia de lei entre os francos e a xustiza establecida entre os galos romanizados do século VI. Cf. Ann Rigney, *Imperfect Histories. The Elusive Past and the Legacy of Romantic Historicism,* Cornell University Press, Ithaca 2001, pp. 59-98.

82 R.F. Foster, *Modern Ireland,* p. 311. Este mesmo autor fala de Carlyle como "that unrecognized founding-father of Irish national rethoric", no artigo "The Story of Ireland", recollido en R.F. Foster, *The Irish Story. Telling tales and making it up in Ireland,* Penguin Books, Londres 2002, p. 11. Hai moito de paradoxal nesta influencia, pois se Carlyle foi "the great apostle of German learning and culture in post-Romantic England", segundo Leersen, *Remembrance and Imagination,* pp. 96-8, tamén pode considerarse como o forxador das bases do racismo antiirlandés en Gran Bretaña, a partir da difusión dos seus prexuízos etnocéntricos ingleses e xermánicos, que atoparon boa recepción nun país predisposto a tales excesos por causa das paixóns suscitadas polas demandas de O'Connell. A asunción por Carlyle dos estereotipos raciais sobre os irlandeses ponse de manifesto en Amy E. Martin, "Becoming a Race Apart': Representing Irish Racial Difference and the British Working Class in Victorian Critiques of Capitalism", en Terence McDonough (ed), *Was Ireland a Colony? Economics, Politics and Culture in Nineteenth-Century Ireland,* Irish Academic Press, Dublín 2005, pp. 186-211.

83 Joep Leerssen, *Remembrance and Imagination,* p. 157.

a este respecto. Desde logo, ningún deles estableceu unha relación directa entre o catolicismo e a nacionalidade. Como tampouco o fixo a maioría con respecto á lingua gaélica. Neste senso, adoita presentarse a actitude de Thomas Davis favorable á promoción da fala nativa como a proba determinante da significación nacional que lle outorgaban os *Young Irelanders* á cultura autóctona. Sen embargo, esta non foi, nin moito menos, unha posición compartida por todos eles. Máis ben, é preciso sinalar que os intentos de Davis por fomentar o coñecemento da lingua irlandesa no grupo e a súa utilización esporádica nos seus escritos –simplemente *gaelizando* os nomes propios de persoas e lugares ou reproducindo expresións tradicionais–, a pesar da posición de primacía que se lle recoñecía, suscitou fortes resistencias e críticas na maior parte dos seus compañeiros.[84]

Por demais, cómpre matizar que o desencadeamento da nova tendencia nacionalista foi o resultado non sempre previsto dunha complexa interrelación de factores e que, en todo caso, se desenvolveu en medio dunha serie de aparentes paradoxos. O primeiro dos cales radica no feito de que veu acompañada, e mesmo facilitada, polo propio éxito dun movemento como o promovido por O'Connell contra a Acta de Unión, o cal, aínda sen chegar a concretar netamente o seu proxecto de futuro, se presentaba disposto a manter a integración do país como parte do Estado británico e a actuar dentro das marxes sinaladas pola súa constitución. A súa estratexia de recorrer á presión popular completábase coa participación nas manobras propias do sistema parlamentario británico, constituíndo alianzas tácticas cos elementos da oposición en Westminster; por demais, O'Connell fuxiu da confrontación final co réxime cando, en 1843, a loita parecía chegar ó seu cumio. En realidade, en canto era un movemento guiado por xentes das clases medias católicas á procura da satisfacción dos seus intereses, as súas pretensións reais ían dirixidas, en último termo, a acadar un mellor e máis xusto goberno para a poboación irlandesa do que se beneficiaren directamente. Neste senso, a orientación política e cultural do movemento de O'Connell pode cualificarse de *asimilacionista.*[85] Desde logo, nin o seu líder odiaba a Inglaterra nin ambicionaba rexurdimento ningún dunha cultura nativa que consideraba inferior á inglesa, senón que, máis ben, pretendía o acceso en plenitude da sociedade católica de

---

84 Relata as discrepancias o seu compañeiro Charles Gavan Duffy, por demais sempre proclive a enxalzar o papel de Davis como a alma do grupo: "There were points upon which Davis found it impossible to influence more than a small section of his friends. When he proposed to form a class to study the Irish language, when he desired to revive the native names of historical men and places, there was a vehement resistance". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland. A fragment of Irish History. 1840-1850,* D. Appleton and Company, Nova York 1881, p. 561 (cítase pola edición facsímile de Da Capo Press, Nova York 1973).

85 O termo é de John Hutchinson, *The Dynamics of Cultural Nationalism,* pp. 94 e 102-3.

Irlanda ás vantaxes da modernización que experimentaba a Gran Bretaña liberal e industrializada. O sorprendente foi que, de feito, das súas accións se desprendese, como xa se indicou, unha crecente consideración do catolicismo como un dos principais marcadores da identidade nacional irlandesa, volvéndoa, por tal razón, irremediablemente contraditoria respecto da inglesa.

O segundo dos paradoxos xorde de contemplar cómo a raíz da etnificación do nacionalismo prendeu sobre o discurso do grupo dos *Young Irelanders,* cando foron estes intelectuais mozos, xustamente, os primeiros en rexeitar a politización das crenzas relixiosas e en proclamar a necesidade de axuntar os habitantes todos do país baixo o nome común de *irlandeses,* posición que mantiveron tanto desde dentro do movemento de O'Connell, no que nun principio se integraron, coma fóra del, despois da súa ruptura.

A xénese de tales aparencias contraditorias entre o discurso e os resultados finais dos principais representantes da mobilización política nacional na Irlanda de mediados de século reside, en realidade, nunha dobre ambigüidade, val dicir, na que era inherente ós principios teóricos mesmos que sustentaban as súas accións e na que derivaba das propias esixencias do escenario político no que estas se desenvolveron.

Neste segundo senso da intervención pública, a citada equivocidade substancial da doutrina traduciuse en numerosas contradicións na práctica política, as cales, ó cabo, causaron a ruptura definitiva dos membros agrupados na Young Ireland coa organización de O'Connell en 1846, formalmente debida á negativa daqueles a satisfacer a demanda do líder de renunciar de modo expreso a un hipotético uso da violencia con fins políticos, considerándoo –aínda que non fosen partidarios de exercelo– como un dereito en abstracto da nación ó que esta non debía renunciar. Na propia crise que o ano anterior puxera as bases da quebra, relacionada coa aprobación parlamentaria do establecemento en Irlanda de universidades públicas non confesionais, as respostas de cada parte foron, cando menos, relativamente sorprendentes. A comenencia de manter o apoio da poboación rural levou a O'Connell a soster a posición da xerarquía eclesiástica católica, contraria ó establecemento de tales centros de educación superior libres do seu control, e a opoñerse ó goberno británico e a unha medida de claro contido liberal; mentres, os máis radicais *Young Irelanders* defenderon as autoridades dun Estado do que estaban moito máis dispostos a separarse que o líder que entón o criticaba e ofreceron un discurso de conciliación non sectaria.

Pero se o pragmatismo que orientou sempre a política de O'Connell pode explicar as inconcrecións do seu proxecto e as oscilacións tácticas na busca dunha

maior efectividade,[86] no caso do grupo da Young Ireland a ambigüidade parece ser consubstancial ós propios fundamentos da súa doutrina. E de aí xurdiu o paradoxo máis notable, por canto o nacionalismo de contido étnico xestaríase, precisamente, nun grupo que predicaba a necesidade de rexeneración da nación irlandesa a partir dunha harmonización das dúas comunidades relixiosas e de orixe que a compoñían.

O movemento pola abrogación da Unión, pese ó recurso frecuente a palabras inflamadas polo seu principal dirixente, trataba de conseguir, en definitiva, un mellor acomodo para os católicos irlandeses dentro dun Estado compartido cos protestantes angloirlandeses e británicos. Os intelectuais máis extremistas que romperon con el, pola contra, agachaban, baixo unhas formas de conciliación intercomunitaria, un programa de ruptura, tanto co Estado británico coma co sector protestante da sociedade irlandesa. Tal era a consecuencia lóxica do feito de fundamentaren as reivindicacións políticas nos proclamados dereitos inherentes dunha nación definida como racial e culturalmente diferenciada, inevitablemente contraposta, por tanto, á outra que a viña oprimindo desde a súa posición dominante naquel Estado e, máis directamente, a través do control inmediato exercido sobre ela por medio da *Ascendancy* angloirlandesa.

A verdade é que dos textos producidos polos membros da Young Ireland, especialmente do seu representante máis significativo, Thomas Davis, moitos deles espallados por un periódico semanal propio, *Nation,* fundado en 1842, que acadou cifras de difusión extraordinarias para a época,[87] cabe deducir dous tipos de interpretacións case antitéticas, segundo se destaque a súa insistencia na necesidade de achegar as dúas comunidades relixiosas da illa, como condición para o rexurdimento nacional, ou ben se acentúe o carácter *racial* e nacional excluínte da doutrina do grupo. Poida que esa dobre posibilidade non sexa senón a plasmación práctica do carácter transicional, da complexa mestura de continuidade e cambio que se corresponde cos anos centrais do XIX, como xa se apuntou. A propia relación entre Daniel O'Connell e os mozos da Young Ireland, que pasou da colaboración á tensión discrepante, en medra continua ata desembocar nun rompemento absoluto, pode tomarse como a expresión da complicada convivencia de dous modelos de

---

86 A ambivalencia relixiosa e política dos posicionamentos públicos de O'Connell atoparon reflexo inmediato na dualidade de memorias que pronto suscitou a súa figura. Xa en 1875, na conmemoración do centenario do seu nacemento en Dublín foi evidente o choque entre os que celebraban o *Liberator* dos católicos e os que daban preferencia á lembranza da súa loita contra a Unión, segundo amosa Hugh F. Kearney en "1875: Faith or Fatherland? The Contested Symbolism of Irish Nationalism", en *Ireland. Contested Ideas of Nationalism and History,* New York University Press 2007, pp. 81-96.

87 R.F. Foster*, Modern Ireland,* p. 311, calcula o número de lectores do *Nation* en 250.000. Tan elevada cifra deberíase á rede de centros de lectura –*reading rooms*– que promovía a organización.

acción política, diferentes tanto na fundamentación teórica coma na praxe inmediata que propoñían, así como das dificultades reais para distinguir un do outro nese momento decisivo. Deste modo, habería que considerar as propostas de Davis e o seu grupo como propias dun movemento de transición entre as formas características da reivindicación política tradicional no país e as novas maneiras que xa se anunciaban neles mesmos. Val dicir, entre as pautas que respectaban os límites constitucionais e buscaban a convivencia dos irlandeses de calquera ascendencia e condición relixiosa, fundándose nunha comprensión *política* da nación –raíz do que se chamaría *nacionalismo constitucional–,* e as que definían a nacionalidade polos elementos *culturais* específicos, volvéndoa incompatible cos que non cadrasen con eles, e esixían a satisfacción dos dereitos políticos ligados inextricablemente á condición nacional –o *nacionalismo étnico,* gaélico e católico, do futuro.

Certamente, é bastante doado presentar o nacionalismo dos *Young Irelanders* como unha doutrina de carácter incluínte, entendéndoo máis como herdeiro da tradición dos *United Irishmen* de fins do XVIII que como prólogo do sectarismo excluínte que posteriormente caracterizaría a boa parte dos que se enfrontaron a Gran Bretaña en defensa das liberdades da nación irlandesa.[88] A este respecto, non resulta difícil atopar nos seus escritos sentidas apelacións á convivencia e á unidade dos irlandeses todos, con independencia das súas crenzas e da súa ascendencia. Os textos de Thomas Davis, por exemplo, non deixan de afirmar a preeminencia da nacionalidade sobre as divisións relixiosas que viñeran escurecendo durante séculos esa condición compartida:

> Religion's name, since then, became
> Our pretext for division.
>
> ("Native swords")

> They're gone, they're gone, those penal days
> All creeds are equal in our isle;
>
> ("The penal days")

> What matter that at diff'rent shrines
> We pray unto one God–
>
> ("Celts and Saxons")[89]

No mesmo senso, tratou Davis de resaltar os factores comúns que permitisen superar a diferenciación identitaria ligada á procedencia externa –inglesa, escocesa–

---

88 Así o fai Mary Helen Thuente, *The Harp Re-strung,* p. 212. En todo o capítulo dedicado á "Young Ireland poetry", pp. 193-231, documenta de modo exhaustivo a súa tese, a través dunha lectura detallada dos textos de Davis e doutros dos seus compañeiros.

89 Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* Woodstock Books, Poole, Washington D.C. 1998 (facsímile da edición de James Duffy, Dublín 1845), pp. 34-5, 198-9 e 191-3, respectivamente.

dun considerable grupo da sociedade irlandesa, estirpe allea que aínda reforzaba máis a súa disparidade coa maioría da poboación, evidente xa pola súa confesionalidade relixiosa non católica. Co obxectivo de superar semellante fractura social, pretendeu na súa obra esluír a oposición frontal entre *estranxeiros* e *nativos* proclamando a configuración histórica da nación irlandesa, resultado da integración no país de pobos de ben distinta orixe:

> We must sink the distinctions of blood as well as sect. The Milesian, the Dane, the Norman, the Welshman, the Scotchman, and the Saxon, naturalised here, must combine, regardless of their blood.[90]

Igualmente, cómpre destacar a insistencia de Thomas Davis en designar o *medio* cultural e natural do país como o factor que foi conformando ó longo do tempo esa mestura de pobos como unha nación diferenciada, condición esta que merecería non pola súa particularidade racial, senón pola conformación única da súa cultura.[91]

Non faltan argumentos, polo tanto, para amosar a Davis e os seus compañeiros como continuadores daquelas fórmulas políticas conciliadoras de longa tradición entre os protestantes ilustrados irlandeses. Pero tamén é indubidable que os seus escritos recorrían a referencias ás *razas* con demasiada frecuencia. Incluso as súas apelacións á unidade nacional na illa soamente podían ter sentido, certamente, como consecuencia da previa diferenciación racial que eles mesmos efectuaban e que os levaba a entender as relacións entre Inglaterra e Irlanda en termos dun conflito de *razas,* expresado nos seus poemas na contraposición absoluta entre uns *saxóns* perversos por natureza e uns *celtas* nativos de superior catadura moral.[92] Sen dúbida, unha concepción da realidade que se fundaba nunha confrontación de semellante teor dificilmente podía librarse de asociar determinados trazos biolóxicos e culturais con cada unha das nacións identificadas con tales entes raciais e de xulgalas máis segundo impulsos emotivos que por criterios racionais.

En palabras publicadas no editorial do primeiro número do *Nation,* o presente reducíase a unha oposición ben sinxela: "[...] there are, in truth, but two parties in Ireland: those who suffer from her national degradation, and those who profit by it".[93] A consecuencia directamente derivada de tal simplificación da realidade, reducida a un puro conflito entre dous grupos nacionais irreconciliables, non podía

---

90 *Nation,* 26 de novembro de 1842. Citado en Mary Helen Thuente, *The Harp Re-strung,* p. 213.

91 John Hutchinson, *The Dynamics of Cultural Nationalism,* p. 98.

92 D. George Boyce, *Nationalism in Ireland,* pp. 155-8.

93 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 162.

ser outra que a exhortación á loita por todos os medios contra quen quedaba caracterizado como inimigo do *auténtico* pobo irlandés. De tal maneira que as mesmas chamadas dos *Young Irelanders* á unidade dos irlandeses de toda clase soamente adquiría o seu pleno significado dentro do marco daquel antagonismo ineludible. O obxectivo da actuación conxunta á que se convocaba era, polo tanto, a vitoria completa sobre os *estranxeiros,* o derrubamento dun Estado identificado como *inglés* e *protestante,* como recolleron unha boa cantidade dos poemas patrióticos publicados en *Nation,* o semanario do grupo:

Yes, we *have* strength to make Irishmen free again;
Only UNITE –and we'll conquer our foe;

("Erin – *Our own* little isle")

Stand together, brothers all!
Stand together, stand together!
To live or die, to rise or fall,
Stand together, stand together!

("Stand together")[94]

Neste esquema de oposición primordial, toda diferencia que non deitase directamente do aliñamento na loita quedaba relativizada ata a desaparición. Aínda máis, era a participación nun ou noutro bando daquel combate esencial a que determinaba a condición de *irlandés,* o factor de harmonía que debía permitir a superación dun pasado de fragmentación interna no propio país e a integración de todos nunha soa entidade nacional. Era neste marco simplificador onde cobraba sentido a apelación á unidade e a postergación política das orixes e da fe relixiosa, en canto era a vontade de enfrontarse ós *estranxeiros* o elemento que convertía a calquera habitante do país en *nativo.* Aquel que non tomaba a decisión de participar na loita transformábase, de modo instantáneo, en *inglés,* en *saxón* ou *sasanach,* como gustaban escribir en carácteres gaélicos os *Young Irelanders* nos seus poemas.

A unidade que se demandaba, por tanto, non nacía dun proceso de diálogo, de *negociación* entre dúas partes dispostas a efectuar concesións a prol dun fin de interese mutuo superior. En realidade, nas propostas dos escritores da Young Ireland soamente un dos dous grupos en que se dividía a sociedade pola súa fe e a súa orixe debería renunciar ás súas posicións de partida, *recoñecendo* a inxustiza na que asentaba o seu dominio, mentres o outro se limitaba a *esquecer* con xenerosidade o pasado:

94 Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 14-5 e 18-9.

Unite with me, then, brother mine,
Oppressor and oppressed no longer
("The Irish catholic to his protestant brother")[95]

Segundo tal comprensión da realidade, non hai dúbida da superioridade moral que se lle outorga á parte que chama á concordia e amosa ser capaz de esquecer as ofensas de que foi e aínda é obxecto. E tampouco non cabe discutir a esixencia que cómpre que satisfaga o interpelado: unicamente será *auténtico* irlandés no caso de achegarse ó que loita contra os opresores, os *saxóns,* dos que el mesmo forma parte en canto non se incorpore ó combate que a nación sostén contra eles. Tan só con ese requisito poderán os cidadáns de ascendencia e relixión *estranxeiras* –os angloirlandeses, como o propio Davis– formar parte da nación, liberarse do seu estigma orixinario, sen renunciar á súa liñaxe e á súa fe relixiosa:

Hurrah! our feuds are drowned at last;
Hurrah! let tyrants tremble;
The fronted foemen of the past
In brotherhood assemble.
("A health")[96]

A nova *relixión* común, o novo obxecto de culto dos *Young Irelanders,* era a nación mesma. Pero tal doutrina esixía un compromiso ata o último extremo. Porque soamente quedaba asinado pola demostración suprema da violencia, a proba definitiva da conversión á nova fe nacional. Neste senso, os versos de Davis e dos seus compañeiros zumegan sangue e morte, único modo de calmar unha sede de vinganza que se alimentara durante séculos de sufrimento e inxustiza. Os cantos ó espírito guerreiro, ás demandas de desquite, á violencia sanguinaria, á "bendita espada", son omnipresentes nos textos que estes intelectuais e políticos pretenderon espallar entre o pobo baixo a forma de cancións patrióticas:

The Green alone shall stream above our native field and flood –
The spotless green, save where its folds are gemmed with Saxon blood!
("The muster of the North")[97]

De todo o cal non era estraño que deitasen actitudes de índole xenófoba, mesmo cando se pretendía exaltar a comenencia da unidade dos irlandeses todos, desexo conciliador co que non parece cadrar ben a apelación á vinganza e á utilización da forza física para satisfacela. Tamén neste caso tiña que abrollar a ambigüidade consubstancial ó discurso no que se fundaban as propostas dos *Young Irelanders,* que terminaba por reflectirse nunha práctica política indefectiblemente contraditoria.

---

95 Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 8-9.

96 Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 315-6.

97 Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 26-30.

A incongruencia proviña da imposibilidade de volver compatible a inicial proclamación da diferencia radical entre dous pobos –o irlandés e o inglés– que expresaban nas respectivas culturas propias as súas orixes raciais específicas –*celtas* e *saxonas*– coas invocacións á unidade entre eles. De feito, máis ben parece que foi o peso da indiscutible realidade da existencia de dúas comunidades e tradicións –de estirpe e relixión– que compartían o país desde séculos atrás a que forzou a procura de modos de conciliación que permitisen integrar a poboación toda e unila nun proxecto político común. Obriga que debeu apremar persoalmente ós membros do grupo de intelectuais da Young Ireland que, como o propio Thomas Davis, non cadraban cos trazos que o propio movemento contra a Unión do que formaban parte estaba convertendo en definidores da *irlandesidade:* o catolicismo e a ascendencia nativa. Neste senso, cabe entender o esforzo integrador de Davis e os seus compañeiros de familia protestante como a busca dunha axeitada fórmula de acomodo social da comunidade angloirlandesa ante a deriva identitaria excluínte que se estaba configurando no país a mediados do século XIX. Para aqueles que non cumprisen os requisitos máis evidentes da nacionalidade –posta á marxe a confesionalidade relixiosa–, sería o compromiso activo con Irlanda o que os volvería parte da nación. Actitude positiva que, para os *Young Irelanders,* debía manifestarse, ante todo, na participación na loita política pola liberación do país do dominio inglés, así como na afirmación da especificidade nacional irlandesa, aspecto este segundo que algúns deles identificaban coa aceptación e promoción da cultura nativa.

1.2. A ambigüidade do discurso de conciliación nacional

Unha breve análise dun dos máis coñecidos poemas de Thomas Davis, *Celts and Saxons,* pode servir como confirmación das anteditas matizacións que merecen as apelacións á unidade do grupo da Young Ireland e como exemplo do fondo de ambivalencia que agachaba o seu pensamento político.[98] A ambigüidade constitutiva do pensamento do autor manifestase de inmediato na primeira estrofa, na que a terrible crueza dos catro versos iniciais pretende quedar compensada polo seguinte cuarteto, que parece querer sinalar o ton conciliador do resto da obra:

We hate the Saxon and the Dane,
We hate the Norman men –
We curs'd their greed for blood and gain,
We curse them now again.
Yet start not, Irish man,
If you're to Ireland true,
We heed not blood, nor creed, nor clan –
We have no curse for you.

98 Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 191-3.

Non é estraño que o poema suscitase os dous tipos de interpretación que se suxiren nestas súas primeiras liñas. De feito, o seu turbador comezo e o odio inextinguible que traduce serve como fundamento das visións críticas que denuncian o carácter xenófobo e incitador á violencia do nacionalismo dos membros da Young Ireland, mentres unha lectura completa parece permitir un xuízo máis favorable respecto do espírito conciliador que, a pesar de certos recursos retóricos desacougantes, promovía o movemento encabezado por Davis.[99] E a esa mesma dobre orde de valoración debeu de responder a recepción do poema no seu día.[100]

Froito da anfiboloxía doutrinal de Davis e de toda a súa organización, non é estraño que ambos os dous enfoques poidan atopar xustificación nestes versos. A caracterización racial da súa concepción da sociedade irlandesa é palmar desde o propio título do poema, nunha impresión reforzada, a maiores, por unha nota ó pé explicativa das razóns que motivaron ó autor a escribilo.[101] Nela non soamente se confirma a diferenciación étnica entre "Irish Celts" e *"Irish* Saxons", senón que, no caso deste segundo grupo, aínda que aceptada a existencia de irlandeses de orixe allea ó país, a súa pertenza á nación vén matizada pola escrita en letra cursiva, que subliña o carácter sobrevido, non *natural* e, a fin de contas, incompleto da condición identitaria nacional dos angloirlandeses. Mentres a uns se lles dá por suposta a pertenza á nación, a outros esíxeselles un compromiso político engadido que xustifique a súa inclusión nela.

Certamente, despois da proclamación do odio ós intrusos na illa, perversos en por si –cobizosos de sangue e riquezas alleas–, vén a promesa tranquilizadora para os irlandeses de calquera condición. Pero a forza das afirmacións iniciais é tan rotunda que dificilmente pode ser desmentida polo pretendido ton conciliador posterior do poema, en tanto que todo el queda marcado polo recoñecemento da diversidade racial e polo odio insuperable que deita desta realidade fundacional. A mancha orixinaria dos invasores perpetúase na súa estirpe, non pode desaparecer. Tan só pode ser *esquecida* por un acto de xenerosidade dos "celtas irlandeses", dispostos a non ter en conta a procedencia culpable do que descende daqueles –"Howe'er we thought he err'd", escribe máis adiante Davis no poema. Aínda así,

---

99 Mary Helen Thuente, *The Harp Re-strung,* p. 213.

100 A ambivalencia reflíctese tamén nas valoracións posteriores de políticos e estudiosos sobre a Young Ireland, pois o poema adoita ser escollido, indistintamente, para amosar o fondo racial do pensamento de Davis, en función dos catro versos iniciais, e para defender o seu talante conciliador, resaltando o texto restante.

101 "Written in reply to some very beautiful verses printed in the *Evening Mail,* deprecating and defying the assumed hostility of the Irish Celts to the *Irish* Saxons" [cursiva no orixinal].

para ser admitidos na nación, precísase dun acto de *vontade* por parte dos que aspiran a formar parte dela. Unicamente poderán librarse daquel odio que merecen no caso de probar a *lealdade* a Irlanda, requisito imprescindible que se establece no principio de poema e que se lembra outra vez na estrofa final: ”If you’re to Ireland true”.

Os criterios que demostran tal lealdade, que outorgan a condición de pertenza á nación e que, en consecuencia, garanten a seguridade de quen así pode ser admitido nela veñen determinados pola asunción da doutrina nacionalista que promovían os *Young Irelanders.* Quer dicir, que o *pecado de orixe* soamente pode ser contrarrestado por medio da práctica política que o nacionalismo estimaba que se correspondía co comportamento apropiado para un irlandés *auténtico.* De modo que o enteiro proxecto conciliador faise dependente do compromiso político dos membros da comunidade protestante –*saxóns* por orixe– na loita contra os *estranxeiros,* único modo de deixar de selo eles mesmos. En caso contrario, coa ausencia dese esforzo pola nación, tal como o nacionalismo o entende, as garantías de seguridade desaparecerían. Porque tamén se insiste no poema de Davis en que mentres dure a opresión, iniciada case sete séculos atrás, segue xustificada a loita violenta contra os que, aínda que fose coa súa pasividade, contribúen a sostela:

But as long as on our country lies
The Anglo-Norman yoke,
Their tyranny we’ signalize,
And God’s revenge invoke.

Nese conflito esencial, o que non se aliña contra os *saxóns* non é *verdadeiro* irlandés *(celta),* nin pode estar a salvo do odio que contrapón as dúas razas inexorablemente, como se resalta no inicio do poema. Así, a aceptación das propostas políticas do nacionalismo convértese na única chave que dá acceso ós angloirlandeses á nacionalidade. Por demais, as chamadas á unidade nestes versos non deixan de remarcar a diferente condición orixinaria previa:

How every race and every creed
Might be by love combined –
Might be combined, yet not forget
The fountains whence they rose

Deste modo, remítese a conciliación a un desexo dependente do compromiso político co nacionalismo por parte dos que deben *demostrar* ser dignos da *irlandesidade,* o que, sen dúbida, implica a renuncia ó seu pasado e ás súas tradicións, identificadas coa inxustiza e a opresión da nación irlandesa. O discurso histórico conciliador, que pretendía deducir a nación do *encontro* de pobos diversos na terra de Irlanda, queda así desautorizado, en último termo, pola premente

esixencia do enfrontamento no presente contra unha das supostas partes que habían constituír a comunidade da nación renacida en harmonía. En realidade, cumpría, segundo a visión nacionalista da Young Ireland, que os angloirlandeses renunciasen ó seu ser para se converter en verdadeiros membros da nación. Máis que ofrecer unha integración, o que Davis e os seus seus promovían era a pura asimilación dos *saxóns* na nación *celta.*

En contraste coa visión de O'Connell, polo tanto, Davis situou os factores raciais por riba dos individuos concretos e introduciu a pauta herderiana do nacionalismo étnico na política irlandesa.[102] Por outro lado, nas circunstancias en que se desenvolveu a súa acción política, a selección da lingua gaélica como o primeiro dos elementos da identidade nacional non podía deixar de ser percibida pola comunidade protestante como unha contradición coas súas chamadas a participar cos católicos no rexurdimento da nación. Aínda máis, nunha sociedade como a irlandesa daqueles tempos, a mesma chamada á mobilización dun campesiñado que tiña na relixión católica o seu sinal de identificación máis evidente supoñía, de feito, unha politización do compoñente relixioso que xa vimos que non podía deixar impasibles ós que se diferenciaban da maioría da poboación pola súa propia fe. A maiores, a contraposición que Davis presentou entre os valores espirituais que adscribiu á nación irlandesa e o dexenerado utilitarismo materialista que atribuía á civilización industrial inglesa, culpable do suposto declive que por entón experimentaba aquela, ademais de translucir un culturalismo de cuño herderiano contrario á modernización da sociedade, privaba de senso práctico a calquera chamada á unión de esforzos entre unha sociedade rural, vista como depositaria das esencias dunha cultura superior, e unhas clases medias protestantes, urbanas e liberais, ligadas ós novos modos de vida que Davis rexeitaba por decadentes e alleos á tradición irlandesa.

O modelo davisiano implicaba, neste respecto, a esixencia dunha ruptura dos grupos sociais máis dinámicos cos modos de vida nos que, precisamente, se fundaba o seu propio ascenso social, así como unha renuncia ás pautas de progreso e modernidade nas que crían, para asumir, en cambio, un sistema que facilmente podían entender como un retroceso de civilización. Con todo, se o pragmatismo de O'Connell puido defraudar os nacionalistas do grupo que esperaban cambios máis drásticos e rápidos, o idealismo de Davis e dos seus compañeiros, o seu cuestionamento do sistema liberal e industrial, que representaba Inglaterra mellor que ningún outro país de Europa, non pasou nunca de ser un radicalismo verbal, un artificio retórico propio dun grupo elitista incapaz de conectar coas preocupacións

[102] Joep Leerssen, *Remembrance and Imagination,* p. 22.

reais da sociedade irlandesa, por moito que apelase ó campesiñado como a esperanza da nación e da súa rexeneración moral, xusto pola preeminencia que lle merecían os seus valores contrarios ó mundo moderno.

Despois da morte de Davis, en 1845, co grupo arredado do movemento organizado por O'Connell e radicalizado polo contexto dun país en ruínas, abrollaron con intensidade os tons máis etnicistas e radicais das súas propostas. Pasaron daquela a unha primeira liña do discurso da Young Ireland os trazos do idealismo populista de orixe romántica europea que levara a Davis a reivindicar para Irlanda os dereitos políticos correspondentes a unha nación caracterizada como tal en virtude da peculiaridade da súa cultura. Algúns *Young Irelanders,* agrupados en redor de líderes extremistas como John Mitchel, atrevéronse a converter o seu elitismo intelectual nun proxecto revolucionario de execución inmediata. Tomaron entón a faceta máis exaltada do modelo de 1798 –tan admirado polo propio Davis– como inspiración e adoptaron como propia a vía insurreccional e republicana que promovera Wolfe Tone, ben adobiada cunha anglofobia de riscos case "psicóticos".[103] Pero o éxito da insurrección que quixeron desencadear no verán de 1848, sobre a onda da revolución francesa do febreiro anterior e coa lembranza da que tivera lugar 50 anos atrás no seu país, viña a ser case imposible, dada a nula capacidade de incidencia social dos seus promotores. En realidade, o seu intento non foi apenas máis que un *xesto* cara á sociedade, unha figuración sen contido ningún.[104] Pero sinalou o comezo da liña violenta e conspirativa que seguiría nas décadas subseguintes unha das ramas do nacionalismo irlandés.

1.3. A historia como conflito entre nacións

As incoherencias doutrinais e as vacilacións na práctica política dos membros da Young Ireland debían, por forza, reflectirse nas súas referencias ó pasado nacional e na súa instrumentalización da historia como recurso na contenda pública, como fundamentación do seu discurso ideolóxico e de lexitimación das súas propostas de actuación no escenario político. As mesmas incongruencias que se aprecian nos textos de Davis e doutros membros do grupo de primeira hora, as mesmas contradicións entre unha visión etnicista da nación irlandesa e os continuos chamamentos á conciliación intercomunitaria aparecen cando é o pasado o obxecto específico da súa atención. Nunca faltan as citas sobre a fusión de razas –agás a *saxona* ou *anglonormanda*– nos escritos de carácter histórico da Young Ireland. Neles abundan as alusións a unha era gaélica idealizada, na que a suposta ausencia

[103] O adxectivo é de R.F. Foster, *Modern Ireland,* p. 316.

[104] D. George Boyce, *Nationalism in Ireland,* p. 171.

de confrontacións permitía describir uns tempos exemplares onde a unidade caracterizaba a relación entre os habitantes da illa, calquera que fose a súa procedencia.[105]

Pero, ó cabo, as esixencias da loita política e o contexto no que se desenvolvía –reducido para os *Young Irelanders* a un conflito entre a maioría católica e a *Ascendancy* protestante, en definitiva, entre Irlanda e Inglaterra– requirían presentar o pasado de Irlanda como unha historia de opresión que cadrase co presente e o explicase. A conversión da nación étnica no referente político central implicaba, *a fortiori,* a súa proxección cara a atrás no tempo como suxeito da historia. Semellante simplificación histórica demandaba a identificación dos actores protagonistas do relato da confrontación, proceso do que resultaron dúas nacións caracterizadas como inevitablemente antagónicas, enfrontadas nun longo decorrer de case sete séculos: a nación irlandesa, a das vítimas que sempre resistiran o dominio inicuo que se lles impuxera, e a nación dos inimigos ingleses, os axentes dunha inxustiza non interrompida ata o presente.

Neste senso, o discurso histórico dos *Young Irelanders* expresa de maneira moito máis real os contidos étnicos daquel novo nacionalismo que se presentaba aínda coas coberturas retóricas das vellas propostas conciliadoras dos políticos protestantes de finais do século XVIII ós que dicían admirar. En último termo, o suxeito daquela historia era unha comunidade grupal identificada cos que sufrían aínda o peso dun poder alleo, val dicir, os católicos e gaélicos, conformadores dunha nación culturalmente definida. Desde tales presupostos, na práctica, os opresores dificilmente podían integrarse nela, a menos que asumisen a súa cultura –agás a relixión, oportunamente *despolitizada* por Davis– e os seus obxectivos políticos de recoñecemento polo Estado británico dos dereitos que lle correspondían a Irlanda. Por demais, nun proceso de retroalimentación que veremos repetido na historiografía nacionalista, o papel opresor que no relato do pasado –en conformidade coa descrición da situación actual– se lles asignaba ós ingleses-protestantes reforzaba a análise reducionista do conflitivo presente desde o cal fora formulada e privaba de significación, de feito, ás invocacións á unidade destes intelectuais mozos, por moi repetidas, e mesmo sentidas, que fosen estas. ¿Como facer cadrar as chamadas á conciliación no presente coa preconizada necesidade de lembrar aquel pasado de sometemento abusivo? Daquela mirada cara a atrás

[105] Exprésao ben Duffy, referíndose ó florecemento do interese polos traballos históricos nos tempos da Young Ireland: "On the neutral ground of ancient history, and native art, Unionists and Nationalists could meet without alarm, and he [Thomas Davis] laboured to accustom men who had long stood apart, to act together in this field; confident that the habit would grow". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 280.

só podía deducirse a urxencia de emprender unha loita que dese cabo a tan escandalosa inxustiza, obxectivo supremo ó cal, en último termo, se subordinaba a tan pregoada aspiración á unidade. Máis ben, o resultado daquela ollada á historia parecía levar á confrontación inevitable antes que á conciliación.

De novo aflora aquí a contradición inherente ó pensamento e á acción do movemento da Young Ireland, en canto tamén se manifestaba o carácter transicional da súa doutrina na concepción do pasado irlandés que compartían os membros daquel grupo con tan grandes ansias rexeneradoras. Mentres, por un lado, seguían recorrendo á consideración da historia no senso tradicional do protestantismo ilustrado, na procura da acomodación das discrepancias do presente, por outro, eran tamén os primeiros en proclamar a definición étnica da *irlandesidade* e en elaborar unha proposta nacionalista con ese fundamento. En consecuencia, debían rexistrar a existencia no tempo desa nación restrinxida, en principio, á poboación gaélica –e católica, de feito. A este respecto, tomaron do nacionalismo romántico europeo o modelo de narración histórica nacional, concibida como o relato da comunidade racial-nacional irlandesa e da súa secular loita pola liberación do xugo inglés que a viña escravizando durante séculos.[106]

Nesta figuración dos tempos pretéritos, a historia non tiña un valor específico en por si, senón, unicamente, en canto resultaba ser un argumento útil na confrontación política real do presente. Deste modo, a funcionalidade política que se lle atribuía condicionou o seu enteiro relato, tanto nos seus contidos coma nas súas formas. Neste senso, a efectividade política que debería satisfacer a aproximación ós antigos tempos da nación determinaba previamente a selección de acontecementos e personaxes idóneos para suscitar as emocións necesarias a tal fin. Pero tamén resultaba afectada polo mesmo condicionamento a propia presentación formal daquel pasado ante o público nacional. Se era preciso que os contidos revestisen un valor exemplarizante, en canto evidencias da historicidade da nación e mais como ilustración e modelo de actuación para o presente, a súa formalización –narrativa ou poética– debía inducir á aceptación da doutrina nacionalista e convocar á mobilización que lle dese cumprimento. O coñecemento da historia convertíase, polo tanto, nunha precondición da acción política, e o seu espallamento nunha obriga moral para os patriotas irlandeses.

O carácter "exhortativo" da invocación do pasado nacional no movemento da Young Ireland traduciuse nunha concepción da historia que non podía contentarse coa simple exposición de feitos de tempos pretéritos, senón que, co

[106] R.F. Foster, *Modern Ireland,* p. 312.

ánimo de acadar a súa finalidade política, debía recorrer a unha "mestura de exactitude obxectiva e color poética", tal como quería o propio Thomas Davis.[107] Para os escritores do grupo, un relato pautado segundo criterios puramente científicos carecería da potencialidade nacionalizadora precisa para desencadear a acción política, deixando insatisfeitas as "moi elevadas obrigas da historia" que o mesmo autor imaxinaba, todas elas dirixidas a fomentar as mellores virtudes dos homes do presente e a extraer lecciónns que lles valesen de referencia na súa vida.[108]

Ben lonxe das concepcións históricas da Young Ireland debía quedar o estilo científico que George Petrie e demais estudiosos promovían por aquel entón desde as institucións académicas, desmentindo as fantásticas interpretacións que dominaran por séculos a visión socialmente aceptada do pasado irlandés. Por demais, esta clase de interese erudito na vella civilización gaélica mantíñase nun plano afastado da reivindicación política. Ou, o aínda peor, segundo os criterios dos novos nacionalistas, os seus promotores principais mesmo vían compatible a súa preocupación cultural e histórica coa defensa das posicións unionistas. Talvez, pensaban aqueles, polas súas contribucións ó mellor coñecemento da historia da nación poderían ser valiosos os traballos destes académicos, pero, desde logo, a súa presentación de acordo cos criterios científicos non podía facer deles o modelo apropiado para quen pretendía servirse do pasado co fin de espertar a conciencia nacional e estimular o entusiasmo pola loita política na defensa dos dereitos de Irlanda. Semellante tarefa requiría dun relato capaz de xerar o grao de emotividade preciso para transferir a conciencia da existencia histórica da nación que debería deitar del ó ámbito da actuación política. A contemplación do pasado debía constituírse, para os *Young Irelanders,* en fonte de inspiración para promover o rexurdimento nacional, en orde a volver ser unha "nación outra vez":[109]

And Ireland, long a province, be
A NATION ONCE AGAIN.
[...]
When my dear country should be made
A NATION ONCE AGAIN.

---

107 Joep Leerssen, *Remembrance and Imagination,* pp. 148 e 153.

108 Entre elas, destacaba "[...] to lead us into love of self-denial, of justice, of beauty, of valour, of generous life and proud death; and to set up in our souls the memory of great men, who shall then be as models and judges of our actions – these are the highest duties of history [...]". Thomas Davis, *Prose writings,* segundo Joep Leerssen, *Remembrance and Imagination,* p. 150.

109 "A nation once again", Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 274-5 [maiúsculas no orixinal].

Davis e mais os seus compañeiros, de acordo con estes principios, propuxéronse cumprir o labor de difusión popular dun relato así concibido espallándoo a través dos medios de que dispoñían, fundamentalmente no seu semanario, o *Nation*. Nas súas páxinas presentaron con regularidade un conxunto de breves retratos de figuras exemplares do pasado irlandés, nunha sección titulada "National Gallery". A maiores, crearon unha colección complementaria chamada *Library of Ireland,* dedicada a recoller estudios de carácter histórico en libriños de baixo prezo con periodicidade mensual, que foi capaz de manterse con continuidade durante case dous anos. Esta serie de folletos expresa ben ás claras que a consecución dos fins políticos que se perseguía con tales publicacións, val dicir, a popularización dunha versión da historia que estimulase a conciencia nacional diferenciada entre os irlandeses, convertía en subordinados calquera outros criterios de orde erudita, incluíndo a precisión con que se relataban os acontecementos do pasado. Sen dúbida ningunha, na opinión dos seus promotores, a transcendencia da tarefa que se lle asignaba á historia desculpaba as deficiencias dos medios que se utilizaban na súa realización.[110] Por demais, resulta ben expresivo das perspectivas do grupo que o primeiro volume se ocupase dos *Irish Volunteers* e que o propio Thomas Davis se comprometese a escribir un ensaio biográfico sobre Wolfe Tone, quizais anunciando xa en 1845 o posterior xiro revolucionario do grupo.[111]

Por outro lado, o propio Davis deixou apuntados os que el consideraba os fitos esenciais do relato histórico nacional irlandés nun traballo no que detallaba o título e os contidos dunha serie de lenzos que debían compoñer un percorrido pictórico polo pasado da nación. Con tal fin, indicaba mesmo as fontes históricas onde completar a información precisa para realizar tan ambicioso proxecto de finalidade educativa. As antigas obras de Geoffrey Keating e dos *anticuarios* do XVIII, coas súas fabulacións lendarias, proporcionaban os primeiros motivos relacionados coas orixes da nación ("O desembarco dos milesios"), inicio dunha sucesión de estampas que chegarían a unha ideal reconciliación no presente

[110] Escribe Duffy, defendendo a serie das acusacións de superficialidade e escasa elaboración que se lles formularon: "Scholars and critics have followed who may smile at the hasty generalities, and ill-digested facts which sometimes passed for history in these little books; but it must always be confessed that the writers opened a mine shut up for two centuries and a half, and taught their successors where the precious ore might be found". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 667.

[111] Na súa historia do movemento, Duffy atribúese a iniciativa da colección e especifica o programa que pretendía cumprimentar, así como as obras publicadas e as que non chegaron ver a luz. Davis non tivo tempo material de redactar a vida de Wolfe Tone, ocupando o seu lugar a biografía de Aodh O'Neill elaborada por John Mitchel. Entre aquelas previstas e nunca escritas había estudios sobre a Revolución Francesa, a insurrección de 1798 e a rebelión católica de 1641. Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 666-682.

("Conciliation: Orange and Green") e á izada final das bandeiras do exército e da armada dunha nación irlandesa de novo independente.[112]

Sen embargo, sobre todo, a maneira máis eficaz de difundir o seu pensamento e aquela visión da historia incitadora de reaccións nacionais e de ansias de intervención política atopárona os *Young Irelanders* na publicación no seu medio xornalístico de numerosos poemas e baladas de contido mobilizador, destinadas a ser cantadas seguindo, na maior parte dos casos, a música de cancións populares do país. Tal foi o seu éxito, que serían recollidas en dúas obras á parte, unha baixo o revelador título de *The Spirit of the Nation* (1843 e 45) e outra como *The Ballad Poetry of Ireland* (1845), ambas recompiladas por Charles Gavan Duffy, o propietario e editor do semanario, publicacións que acadaron excepcionais cifras de venda.[113]

1.4. O pasado segundo a poesía patriótica da Young Ireland

Unha análise das baladas patrióticas publicadas no *Nation* nos seus dous primeiros anos de vida, tal como foron recollidas na terceira edición de *The Spirit of the Nation* (1845), resulta dobremente significativa. Por unha parte, respecto dos contidos ideolóxicos básicos que o grupo da Young Ireland quería transmitir a través deste eficaz medio de achegamento ó pobo; pola outra, porque tamén permite dispoñer dun resume axeitado das súas concepcións acerca da historia da nación e mais da función que se lle asignaba a esta para a consecución dos obxectivos políticos que promovía a organización.[114] Precisamente polo carácter tan simple do medio elixido e polos propios destinatarios da mensaxe, os autores destes poemas deberon efectuar unha selección dos que consideraban ser os compoñentes fundamentais das súas posicións doutrinais e do seu programa de acción política. Ben lonxe da complexidade e do rigor que requiririan textos de maior pretensión intelectual e unha audiencia máis cultivada, o obxectivo de espallar entre o pobo as propostas da Young Ireland a través daquel sinxelo vehículo debeu esixir de Thomas Davis, do propio Charles Gavan Duffy e dos outros

---

112 Pódese ver unha relación complementaria dos títulos dos cadros enumerados por Davis no seu artigo "Hints for Irish historical paintings" en D. George Boyce, *Nationalism in Ireland,* p. 162, e Joep Leerssen, *Remembrance and Imagination,* p. 149.

113 A segunda foi un dos maiores *best-sellers* do século XIX, segundo Joep Leerssen, *Remembrance and Imagination,* p. 149.

114 Nos consellos ós numerosos lectores que pretendían ver publicados versos seus no *Nation* ("Answers to Our Correspondents"), os editores do periódico insistían en que o primeiro obxectivo de tales poemas debía ser ensinar a historia de Irlanda ó público para incrementar a súa concienciación política. "Be it known, then, that we write and publish national ballads to revive historical recollections, which is material to the honour of our people to keep fresh in their memory [...]". Citado por John Kelly, "Introduction", Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation*.

sinalados membros da agrupación que contribuíron coas súas obras a tal proxecto, o esforzo de escolmar da maneira máis coidadosa os principios esenciais da súa doutrina. No proceso de escolla, certamente, o seu pensamento tivo que sufrir unha evidente simplificación pero, a cambio, a esquematización resultante goza da vantaxe de ser o froito da propia decisión duns autores que coinciden, en boa parte, coas figuras máis senlleiras do movemento. Foron eles mesmos, polo tanto, sometidos á necesidade de seleccionar, os que salientaron nos seus versos aqueles puntos fundamentais que consideraban constituír o miolo das súas posicións políticas.

Das 147 composicións que contén a escolma, soamente 38 poden ser catalogadas de modo estrito como *baladas históricas,* outorgándolles ese carácter a aquelas que desenvolven o seu asunto nun escenario determinado de tempos pasados. Non se deduce desta primeira discriminación entre uns e outros poemas que nos restantes estea ausente o recordo doutras épocas máis antigas. En realidade, practicamente todas as demais composicións conteñen tamén referencias ó pasado. Nuns casos, de maneira concreta, lembrando circunstancias, acontecementos ou personaxes históricos irlandeses significativos para o motivo do presente arredor do que xiran os versos da balada. Noutros, de maneira máis xenérica, aludindo en abstracto a situacións pretéritas, utilizadas sempre, ben de maneira explícita, ben de modo máis difuso, como pano de fondo no que se orixina e atopa explicación o contido duns poemas que se centran nos tempos actuais, habitualmente como descrición da inxustiza que padece a nación ou como apelación á loita por parte dos irlandeses.

Se todos os poemas, en xeral, asentan nun pasado que, de modo expreso ou suxerido, xustifica o seu discurso sobre a situación inmediata que lles toca vivir ós autores e ó seu público, cómpre sinalar que as 38 composicións que teñen un contido especificamente histórico se atopan tamén condicionadas polas esixencias do contexto político desde o que foron formuladas. Nunca pretenderon estes autores escribir un relato desconectado dun presente que era, en todos os casos, o determinante principal da súa formulación. A historia serviulles sempre como útil recurso dispoñible ó servizo da loita nacional que promovían. Unhas veces con carácter xeral, sen referencias específicas ó momento en que publicaban os seus textos. Outras, usándoa como artificio destinado a encubrir, aínda que fose só relativamente, posicións políticas comprometidas, tal como sucedeu con certas críticas do grupo ás tácticas negociadoras coas forzas partidarias británicas que practicaba o propio O'Connell, que era, ó cabo, o líder do movemento contra a Unión do que aínda formaban parte. E mesmo cabe sospeitar que, en ocasións, o disfrace histórico valeulles como fórmula para evitar posibles problemas coa

xustiza británica, enmascarando co veo do pasado propostas que, doutro modo, poderían ser perseguidas baixo a acusación de sedición.[115]

Tendo en conta tales matizacións sobre o poemario, cabe configurar a partir del un achegamento á forma en que os *Young Irelanders* entendían a historia nacional e a funcionalidade que lle asignaban no seu programa político.

1. A materia histórica dos poemas

A distribución cronolóxica das baladas históricas compiladas en *The Spirit of the Nation* amosa un evidente desequilibrio cara ós tres séculos máis recentes, do XVI ó XVIII, val dicir, desde a afirmación do dominio inglés e a súa extensión á enteira illa, tras o acceso da dinastía dos Tudor ó trono inglés, ata o establecemento da Unión entre Gran Bretaña e Irlanda. Unicamente sete das composicións se desenvolven en tempos anteriores a estes. E delas, tan só unha se refire á antigüidade gaélica, relatando as fazañas e a morte do último rei pagán de Irlanda, inmediatamente antes da chegada da nova fe cristiá a aquelas terras no século V, segundo os relatos tradicionais ("The fate of King Dathi"). A escaseza de títulos sobre aquela era máis antiga queda parcialmente compensada, con todo, polas frecuentes alusións ás glorias da vella civilización presentes noutros moitos poemas, mesmo nos que non encaixan na tipoloxía histórica aquí seguida, compostas sempre nun ton extremadamente laudatorio:

> Sweet songs!, ye reveal, through the vista of ages,
> Our monarchs and heroes –our minstrels and sages–
> The splendour of Eamhan –the glories of Teamhair,
> When Erin was free from the Saxon defamer
> ("The songs of the Nation")[116]

Outro poema celebra un personaxe anterior á presenza inglesa na illa, Brian Boru, o rei enxalzado desde os relatos pseudohistóricos medievais por unir os irlandeses do século XI para expulsar os viquingos daneses do país ("Dalcais war song"). Brian é, por demais, un dos modelos históricos máis citados en todo o poemario, en canto encarna dúas das virtudes que máis lles gusta ponderar ós *Young Irelanders,* a unidade nacional e a resistencia fronte ó estranxeiro. Virtudes que, sen dúbida, constitúen o eixe sobre o que se articulan as cinco baladas que teñen por escenario os séculos medievais posteriores ó que aqueles escritores nacionalistas presentaban como un dos acontecementos decisivos da historia do país, a invasión inglesa de 1169. Tres delas dátanse con precisión, desde o mesmo

---

[115] Mary Helen Thuente, *The Harp Re-strung,* p. 205.

[116] Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 159-60. Segundo nota ó pé, os topónimos son a transcrición latina do gaélico de *Emania,* o lugar do pazo dos reis do Ulster, e *Tara,* a suposta capital da antiga Irlanda.

título, nos propios tempos do combate por evitar a conquista, en 1171, 1176 e 1190 ("Saint Laurence's Address to the Irish princes at peace with the invader", "An T-Sean bhean bhochd", " The Munster war-song"). As dúas restantes ocúpanse da continuación da loita contra os ingleses no século XIV e da decadencia posterior da aristocracia gaélica ("O'Neill's Vow", "Lament for the Milesians").

Entre a Reforma anglicana e a Unión concéntrase, logo, a atención histórica dos escritores da Young Ireland, dos que Duffy seleccionou trinta poemas referidos ós acontecementos da época. O século XVI foi o da chamada "Conquista Tudor", período que abarca desde 1534 ata 1603, cando concluíu coa derrota irlandesa na Guerra dos Nove Anos. Nese tempo sucedéronse as revoltas contra a imposición dun dominio inglés efectivo sobre todo o país, concretado na creación do reino de Irlanda (1541), adxudicado ó titular da Coroa inglesa, na centralización administrativa e no control militar directo do territorio dos señores gaélicos do interior, así como nos proxectos de *plantation,* polos que se organizou oficialmente o establecemento sistemático de numerosos colonos protestantes nalgunhas das mellores terras do país. Oito dos poemas examinados céntranse, xustamente, na encarnizada resistencia que atoparon estes planos de ocupación e dominio real e na serie de grandes rebelións armadas que intentaron evitalos ("The Geraldines", "Lament for Eibhlin O'Brin", "The Rath of Mullaghmast", "The Battle of Gleann-da-Locha", "O'Domhnall abu", "War song", "The Battle of Beal-an-atha-Buidhe", "O'Sullivan's return").

Pasando ó século XVII, cinco composicións tratan da confrontación dos irlandeses coas tropas de Oliver Cromwell, na arrepiante guerra que se iniciou a raíz da sanguenta insurrección católica de 1641 no Ulster ("The Muster of the North", "The Green Flag", "The Bishop of Ross", "Lament for the death of Eogan Ruad O'Neill", "The Wexford massacre"). Dous máis achegan episodios da guerra sucesoria de finais do século entre James II, a quen apoiaban os irlandeses, e William III, na que se confirmou o carácter protestante do Estado e a derrota da aristocracia gaélica ("A rally for Ireland", "The Battle of Limerick").

Os efectos do desastre condicionan as referencias históricas respecto do século XVIII. Unha vez máis, queda patente nos poemas a firme vontade de resistencia da nación, manifesta agora non soamente na resposta á tiranía no propio país, senón tamén no exterior. Neste último senso, os poetas da Young Ireland dedican cinco obras a cantar as fazañas das tropas irlandesas alistadas nos exércitos español e francés, que constituíron no continente a chamada "Brigada irlandesa" con fuxidos da illa que ansiaban continuar a loita contra Inglaterra ("The Wild Geese", "Fontenoy", "Clare's Dragoons", "The battle eve of the Brigade", "Recruiting song for the Irish Brigade"). En canto ó territorio nacional, ademais dun cadro xeral sobre os males do país pola discriminación

que impuxeron as leis inglesas ("The penal days"), celébrase o esforzo dos *patriotas,* no último cuarto da centuria, para acadar as xustas reivindicacións de Irlanda fronte ó goberno, simbolizado aquel nos logros do Parlamento irlandés de 1782 ("Song of the Volunteers of 1782", "The arms of Eighty-Two", "St. Patrick's Day"). Cántase despois a rebelión republicana de fin de século dos *United Irishmen* e o seu líder Wolfe Tone ("Native Swords', a Volunteer song", "Up for the Green", " Tone's grave", "The memory of the dead", "The Green above the Red"). E por fin, cúlpase á Acta de Unión de 1800 dos males do país ("The Union") e glorifícase o martirio de Robert Emmet na última revolta contra esta, en 1803 ("Emmet's death").



Figura 1. Desequilibrio da distribución do espazo textual en *The Spirit of The Nation*

2. Os heroes da nación

Da simple enumeración en orde cronolóxica pode deducirse xa que o asunto común da práctica totalidade dos poemas históricos dos *Young Irelanders* é o conflito entre dúas nacións, a inglesa e a irlandesa, ó longo dos case sete séculos anteriores á súa escrita. Só quedan excluídos de tal enfoque os dous que se refiren a feitos sucedidos con anterioridade á primeira chegada dos invasores da illa veciña, en 1169. E aínda así, mesmo nunha das excepcións, a composición que trata da loita contra os "piratas daneses" dirixida por Brian Boru, uns 150 anos atrás, asoma tamén aquela perspectiva xeral, en canto pode lerse como antecedente exemplar do que despois sería o decisivo combate contra o estranxeiro.

O motivo dominante exprésase a través dunha selección de personaxes e acontecementos pasados que permiten representar o carácter respectivo de cada un dos bandos en confrontación directa, deliñando una serie de trazos que permanecen inalterables a través do tempo histórico que percorren os poemas, nunha repetición sen fin dun mesmo conflito entre uns mesmos protagonistas –dúas nacións sempre iguais a si mesmas, sempre en loita ata a liberación de Irlanda.

A redución da historia ó enfrontamento singular entre os dous actores nacionais esixía a contraposición absoluta de ambos os contendentes. E máis nun xénero como a balada popular, que requiría, pola súa propia estrutura formal e pola audiencia á que se dirixía, unha sinxeleza que facilitase a transmisión eficaz da mensaxe e promovese os efectos posteriores que se agardaban dela. Neste senso, os ingleses –anglonormandos, saxóns ou *sasanachs,* por outros nomes– quedaron configurados como a causa dos males todos de Irlanda, non soamente por razón da culpa de orixe que deitaba da opresión á que a viñan sometendo, senón pola perversión constitutiva da súa propia *raza.* Deste xeito, gobernantes e soldados ingleses aparecen retratados sempre como individuos marcados polos trazos máis negativos que se pode atribuír á natureza humana, revestidos, en toda ocasión e lugar, dos riscos máis aborrecibles: son seres presos da cobiza máis repugnante, traidores e indignos de confianza, incapaces de respectar un acordo, carentes de honra, asasinos crueis, dispostos a masacrar inocentes e secuestrar mulleres indefensas... Encarnan, en suma, a depravación toda que cabe imaxinar nos máis dexenerados seres humanos.

Como elemento complementario do esquema, a contraparte da parella en oposición aparece adornada sempre coas calidades xustamente antitéticas, exhibindo un conxunto de riscos que amosan a condición excepcional do pobo irlandés. A pesar da variada gamma de valores que se lle atribúen nos textos –nobreza de carácter, honradez, valentía, desinterese...–, todos eles tenden a concentrarse no que os autores, en xeral, presentan como os trazos máis sinalados da personalidade irlandesa –individual e nacional– ó longo da historia: a teima na resistencia á opresión e a disposición ó sacrificio en aras da liberdade da nación.

Conforme tal caracterización, á parte de referencias secundarias a homes da cultura ou de relixión, os personaxes que son enaltecidos nos poemas adoitan ser xentes de guerra, a miúdo aristócratas, persoas que, en nome da nación, erguen as súas armas contra os estranxeiros. Gañen ou perdan na súa aposta, o seu timbre do gloria reside, xustamente, no feito mesmo da rebelión contra os opresores. Incluso cando os protagonistas das baladas son homes dos que se presume unha actitude máis pacífica, como no caso de certos clérigos, estes aparecen situados nun contexto bélico; mesmo incitando ós que amosan unha reticencia indebida a tomar as armas, como se relata no caso do bispo de Dublín que reprocha ós xefes gaélicos a súa pasividade fronte ós invasores ingleses ("Saint Laurence's Address to the Irish princes at peace with the invader").

Os heroes dos poemas son, polo tanto, personaxes da historia do país que se alzaron en armas conta os "estranxeiros" invasores, quer dicir, coas leves excepcións mencionadas, contra os ingleses. En correspondencia coa concentración cronolóxica dos textos, os nomes exaltados adoitan ser os dos líderes que encabezaron revoltas

ou organizaron insurreccións a partir do reforzamento da dominación inglesa coa dinastía dos Tudor. Respecto do século XVI, na lista dos que ven con admiración os *Young Irelanders* figuran, ante todo, ilustres guerreiros, como os que se ergueron contra a Coroa nas sucesivas rebelións das familias aristocráticas dos Kildare, dos Desmond e dos Tyrone (Lord Offaly, chamado *Silken* Thomas, Red Hugh O'Donnell, Hugh O'Neill). No XVII, os loados son os que participaron na guerra contra Oliver Cromwell (Owen Roe O'Neill) ou defenderon o trono do católico James II contra o novo soberano protestante, William III, tras a revolución de 1688 (Patrick Sarsfield). Para o século XVIII escóllense os irlandeses que, despois da derrota na anterior confrontación, fuxiron ó continente e seguiron no exilio o combate, ó servizo de exércitos rivais de Inglaterra (os chamados *Wild Geese,* Lord Clare e os soldados da *Irish Brigade);* e, por fin, son obxecto da súa loanza admirada aqueles que, sobrepoñéndose a décadas de prostración, decidiron recuperar na fin da centuria a loita pola liberdade nacional, reivindicando os dereitos arrebatados á nación ou mesmo intentando desencadear unha insurrección xeral do país (Henry Grattan e os Voluntarios, Wolfe Tone, Edward Fitzgerald, Thomas Emmet, este xa iniciado o XIX).

Cantan os poemas as fazañas de tales heroes da nación. Unhas veces relatan as súas vitorias no campo de batalla. Outras, non ocultan as súas derrotas. No fondo, o resultado vén ser indiferente. Desde logo, non foron os seus éxitos no combate os que os fixeron dignos de memoria, segundo os poetas da Young Ireland. A propia opresión que denunciaban que seguía a padecer o país nos seus días era a máis clara evidencia do que cabía considerar un fracaso, valorando os feitos en termos obxectivos. Todos eles, sen embargo, *triunfaron,* segundo a súa visión, en canto foron quen de enfrontar con decisión a inxustiza do sometemento a Inglaterra. Neste senso, é nas propias rebelións que emprenderon, na actitude de loita irrenunciable que os guiou, onde reside a orixe da súa gloria. Son dignos de veneración, precisamente, porque non se resignaron ante a inxustiza, senón que acudiron prestos a combatela. Unha xenerosidade tal resulta valiosa en por si, con independencia do froito inmediato que concluíse dela. O heroe entrega o que está nas súas mans. Se, en último termo, falla no intento de inverter a ilexítima situación contra a que se enfronta, o aparente fracaso non deriva da inconveniencia da súa acción, senón de elementos completamente alleos á súa capacidade de control: a desigualdade de forzas, a ruindade do inimigo, a traizón... mesmo o destino que parece conxurarse para tronzar os seus planos.

Por veces, considerando os poemas como un conxunto que representa o enteiro pasado da nación, mesmo semella que os envolve un certo aire de fatalismo, condenados como están os seus heroes a non ver realizados nunca os seus soños de

liberdade nacional. Ó cabo, despois de tantas loitas e traballos, os *Young Irelanders* non poden máis que verificar que o vello ”xugo saxón” segue aínda asoballando a súa nación. A lección que queren transmitir, sen embargo, é optimista. A propia teimosía secular na pelexa pola liberación era a gran contribución dos loitadores do pasado, por canto cada un dos seus alzamentos viña reafirmar, século tras século, a condición nacional de Irlanda e o seu dereito imprescritible á liberdade. Por demais, a propia obstinación na contenda víase como o anuncio mesmo da liberación final.

A continuidade da suxeición inglesa despois de case sete séculos obriga ós poetas, logo, a valorar o ideal daqueles loitadores por riba do resultado do seu esforzo, lévaos a cantar os seus triunfos, se os tiveren, pero tamén a atopar a gloria na súa derrota última –en canto a nación seguía tiranizada. Salientan, deste modo, máis a disposición ó sacrificio persoal polo país que o propio éxito da súa acción, mesmo cando combatían sen sequera esperanza de o poder acadar. O transcendental vén ser, en todo caso, a loita mesma. De aí que, para aqueles literatos e políticos, o comportamento heroico por excelencia fose o do *mártir* da nación, o de quen dá testemuño coa propia vida da existencia inextinguible e dos dereitos inherentes da patria:

‘Tis the colour of the martyr’d dead –our own immortal green
[...]
So we’ll up for the green, and we’ll up for the green!
Oh, to *die* is far better than be curst as we have been
(“Up for the Green”)[117]

Os heroes *fracasados,* os que pagaron coa vida a súa lealdade á nación, son os que merecen un recordo máis emocionado. Thomas Davis dedica os seus máis conmovedores versos a Wolfe Tone (“A martyr for Ireland”, escribe en “Tone’s grave”), a Robert Emmet e, en xeral, a todos os irlandeses anónimos que deran o sangue por Irlanda (“The burial”). Tal é o espírito que revela un dos poemas de maior sona dos *Young Irelanders,* o que John Kells Ingram dedica á revolución dos *United Irishmen* de 1798 co título de “The memory of the dead”, máis coñecido pola súa primeira liña, “Who fears to speak of Ninety-Eight?”:

We drink the memory of the brave,
The faithfull and the few
[...]
Then here’s their memory –may it be
For us a guiding light
(“The memory of the dead”)[118]

[117] Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 218-9 [cursiva no orixinal].

[118] Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 46-7.

Os mártires de Irlanda, sen embargo, non morren resignados ante un destino ineludible. A súa morte é froito do seu compromiso, expresado, xustamente, na propia loita que emprenden. Neste senso, se é o propio combate o sinal da súa grandeza, parece case inevitable que os versos que os celebran utilicen un estilo axeitado a tal espírito guerreiro. Así, boa parte dos poemas están impregnados dun ton de belicosidade que, con abonda frecuencia, acaba caendo nunha pura exaltación da violencia. Unha veces, presentando a *forza física* como único instrumento posible para acadar unha liberdade que debe ser arrincada ós opresores, proclamando a inoperancia da reivindicación pacífica e negando, en consecuencia, a utilidade da vía da política constitucional –precisamente, a que nos seus días propoñía O'Connell. Así, atribúese á ameaza da forza os éxitos dos parlamentarios *patriotas* de 1782, con Grattan á cabeza, que os nacionalistas do século XIX interpretaban como a consecución da independencia lexislativa:

When Grattan rose, none dar'd oppose
The claim he made for freedom;
They knew our swords, to back his words,
Were ready, did he need them.
[...]
Remember still, through good and ill,
How vain were prayers and tears–
How vain were words, till flashed the swords
Of the Irish Volunteers.
By arms we've got the rights we sought
Through long and wretched years
("Song of the Volunteers")[119]

Outras veces, xustifícase unha violencia desapiadada e moralmente inaceptable, presentándoa como resposta á iniquidade dos inimigos ingleses. Así sucede, por exemplo, coa comprensión que o propio Duffy parece amosar no poema "The muster of the North" respecto da conducta criminal dos insurrectos católicos de 1641 contra os seus veciños protestantes. A publicación dos versos no *Nation* suscitara unha irada serie de queixas pola linguaxe especialmente sanguenta e indulxente cos asasinos, en medio de acusacións en *The Times* de Londres de incitación a unha nova rebelión, como conta o autor na longa nota explicativa que engade para a edición en *The Spirit of the Nation,* na que pretende explicar aquel terrible estalido de violencia, non moi diferente, sostén, a outros da historia inglesa:

> Possibly the prejudice in the present case arouse from overlooking the fact that these sentiments are attributed to men who had been plundered of two provinces by a false king, imprisoned for returning conscientious verdicts, robbed by enormous fines,

[119] Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 36-7.

persecuted for the exercise of their religion, and subject to a long series of tyrannies which historians, without exception, have described as cruel and infamous.[120]

No mesmo senso, pódese apreciar que o espírito de desquite e o ánimo de vinganza son as razóns inmediatas que impulsan a miúdo a acción dos heroes:

"Revenge! Remember Limerick! Dash down the Sasanach!"
[...]
Bright was their steel, 'tis bloody now, their guns are filled with gore;
[...]
On Fontenoy, on Fontenoy, like eagles in the sun,
With bloody plumes the Irish stand –the field is fought and won!
("Fontenoy")

Sassenaghs ev'rywhwre sunk in the slaughter, O!
Vengeance for insult, dear Erin, to you!
("Erin –*Our own* little Isle")[121]

Tres son, en definitiva, as constantes que os intelectuais da Young Ireland resaltan no pasado do país: a *forza,* como última e única razón posible, xa que a depravación innata de Inglaterra volve inútiles as palabras; o *sacrificio,* como a proba suprema da lealdade á nación; e a *resistencia,* como actitude que deita do ser imperecedoiro de Irlanda. A porfía coa que os irlandeses observan fidelidade a tales trazos é, ó tempo, a garantía mesma da súa ansiada liberación. O fracaso repetido dos seus heroes en conquistar o obxectivo final enténdese como pura aparencia. Máis ben, a propia pertinacia no intento vén ser a semente que vaticina o futuro en liberdade. Porque os carácteres que configuran a súa representación do pasado manteñen unha exacta correspondencia coa descrición que os *Young Irelanders* efectuaban do seu presente: tamén entón, nos seus días, a opresión que asoballaba a nación obrigaba os irlandeses a rebelarse, seguindo o modelo que ofrecía a historia. A este respecto, a súa obra poética soamente pode ser enteiramente comprendida considerando o espírito patriótico desde o que foi formulada.

3. Historia e ficción

A lembranza do pasado, do motivo histórico axeitadamente conformado, é dependente, en consecuencia, da eficacia política que persegue: *concienciar* e *actuar* no presente. A tales fins quedou subordinado o enteiro proxecto histórico que acometeron Thomas Davis e os seus compañeiros, tanto respecto dos contidos que recollía coma en canto á súa representación formal, segundo un esquema conceptual no que era a eficacia na comunicación política a prioridade que condicionaba ó autor. En función dese criterio fundamental elíxese o modo de

[120] Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 26-9.

[121] Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 213-5 e 14-5.

representación –a balada–, selecciónase a materia, entre as posibilidades que ofrecen os relatos históricos tradicionais, e aplícanse os recursos estilísticos máis apropiados.

Desde o punto de vista histórico, o resultado de tal combinación tiña que conducir, inevitablemente, a unha supeditación dos propios feitos do pasado tratados á finalidade política que orixinaba a composición, a cal esixía claridade na transmisión da mensaxe e emotividade no seu contido, co fin de impresionar o receptor coa intensidade suficiente para movelo á acción política. De maneira que a poesía da Young Ireland sobre o pasado xurdiu dunha intencionada mestura de ficción e historia, como xa se apuntou anteriormente. Sen embargo, estes escritores quixeron evitar que o peso dos elementos puramente literarios no conxunto fose tan abafante como para eliminar a presunción de veracidade histórica das súas composicións. Os seus textos pretenderon, a pesar do seu adobío estilístico e político, figurar ser unha representación axeitada da auténtica historia de Irlanda. Neste senso, os poemas históricos de *The Spirit of the Nation* presentan unha chea de detalles que procuran producir unha sensación de exactitude no manexo dos datos, de fidelidade estrita ó pasado, en canto a asunción previa polo destinatario de ser verdadeira a historia que se lle propoñía con valor exemplarizante era requisito imprescindible para alcanzar o rendemento político que se esperaba do texto.

Para conseguir tales efectos e diferenciar o contido dos seus poemas dos materiais claramente lendarios de cancións e relatos populares, os autores apoiáronse, fundamentalmente, en tres tipos de recursos: a miúdo utilizaron un estilo realista na descrición das situacións, as cales, por demais, adoitaban desenvolverse en emprazamentos xeográficos concretos, nun intento por reafirmar a súa veracidade; preferiron a toponimia e a onomástica gaélicas, co ánimo de reforzar a sensación de estar representado o pasado máis auténtico do país; e incluíron abundantes explicacións sobre as persoas e os acontecementos tratados nos poemas por medio de numerosas notas complementarias.

a. Respecto dos procedementos lingüísticos e literarios, nos versos históricos dos *Young Irelanders* abundan elementos de estilo que se poden cualificar de *realistas* e que buscan acentuar a impresión de verosimilitude. A sensación conséguese, nestes casos, máis que por referencias a feitos concretos, por medio de certos detalles que acheguen o escrito ó destinatario do texto, que lle fagan vívido e crible o que nel se conta. Na procura de tal realismo, os personaxes déixanse levar por sentimentos fortes, apaixonados, reflectidos en figuras retóricas de impacto, como referencias ó sangue vertido, ás talladas da espada, ós berros de vinganza, á dolor insoportable... e outros efectos similares que os *humanizan*

á vista do receptor. Certamente, a falta de esixencia de rigor histórico dun texto destas características permite licencias poéticas que adornen feitos que se quere facer pasar por reais. Pero a razón última non está no gusto polo artificio retórico máis ou menos requintado e aparatoso, senón na cumprimentación do obxectivo político que se procura prioritariamente. Deste modo, contando cunha lectura desde o prexuízo nacionalista dun público ben disposto, a *verosimilitude* queda convertida en *verdade* histórica.

b. Similar pretensión de realismo traduce a precisa localización xeográfica dos escenarios dos poemas, con abundantes referencias toponímicas que, por demais, hai preocupación por escribir con xusteza. A mesma minuciosidade manifestase na obsesión pola corrección ortográfica das palabras gaélicas que inclúen un considerable número de poemas. O propio Davis recorreu a autoridades na materia, como os estudiosos da historia e dos antigos manuscritos irlandeses John O'Donovan e Eugene O'Curry, para asegurar a exactitude dos nomes propios transcritos en lingua irlandesa con motivo da edición "de biblioteca" de *The Spirit of the Nation.*[122] Sen dúbida, semellante gusto pola perfección nas citas gaélicas reflectía o afán por transmitir a sensación de estar recuperando o pasado auténtico do país e a convicción de que, pese á finalidade política que os impulsaba a escribir, a poesía da Young Ireland tiña un valor histórico certo, segundo a consideración dos seus autores e, cabe supoñer, dos seus lectores. A mesma ansia por recuperar os aspectos máis puramente irlandeses da historia do país animaba os poetas a utilizar carácteres de imprenta gaélicos para certos nomes de persoa ou de lugar e para algunhas frases da tradición popular, aínda que en semellante escrita fosen incomprensibles para o público e obrigasen a notas aclaratorias sobre a súa pronuncia e sobre a súa equivalencia coas denominacións ás que o pobo estaba afeito.[123] Por demais, cómpre resaltar que o purismo *gaelizador* de Davis bateu con grandes resistencias dentro do propio grupo da Young Ireland, onde varios dos seus membros expresaron os seus temores de que a mensaxe política que querían transmitir coas súas obras perdese eficacia con aquela "nomenclatura céltica" que resultaba incomprensible para a maioría da sociedade irlandesa e que, ademais, ameazaba con estragar a calidade estética dos seus poemas.[124]

---

[122] Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 561. Joep Leersen, *Remembrance and Imagination,* p. 145, fala de "a factualist attention to the minute details of historical accuracy", coa intención de contrarrestar as versións míticas e fantásticas de supostos acontecementos da historia.

[123] Cada nome remite a unha nota onde ou ben se transcribe directamente o seu equivalente inglés ou ben se cita a continuación de expresións como "Commonly written...", "Vulgo..." e outras similares.

[124] Escribindo trinta anos despois, Duffy non quixo deixar de sinalar o desacougo e o rexeitamento que atoparon as propostas lingüísticas de Davis: "But the first appearance of the genuine Gaelic patronymics created consternation [...]. Davis insisted that to understand history, topography, or romance, it was

c. O aparato paratextual de *The Spirit of the Nation* constitúe o último mecanismo de certificación da veracidade histórica das referencias ó pasado. A tarefa depende, fundamentalmente, das notas a pé de páxina, que, ademais das numerosas precisións que requiría o uso de termos gaélicos onomásticos ou toponímicos, ofrecen contidos de información complementaria apropiada para a comprensión de determinados poemas. A confirmación da historicidade do motivo central da composición ou dalgunhas das mencións que nela se realizan lógrase mediante a simple descrición do acontecemento ou a achega dalgún dato significativo sobre el ou sobre os personaxes. A miúdo trátase de pormenores adicionais que completan alusións que, polas limitacións que impón o propio carácter do xénero literario, non se poden desenvolver no texto principal. Por veces, mesmo se transcriben citas de obras de historiadores de prestixio na época, como proba de verificación definitiva do carácter histórico do material referido.[125] A maiores, completan a función das notas tres profusos apéndices finais que se engaden na edición dos poemas do *Nation* en forma de libro, nos cales se compilan, respectivamente, as expresións irlandesas, os nomes de persoas e os topónimos. O "Index to the Irish phrases used in this work" enumera, ó longo de catro páxinas, por orde alfabética, as frases gaélicas que conteñen os poemas, coa súa transcrición a carácteres latinos e con abundantes xustificacións cando se barallan varias opcións alternativas. O "Index to the names of persons mentioned in this work", de catro páxinas tamén, e o "Index to the names of places mentioned in this work", que necesita o dobre de espazo para satisfacer os seus obxectivos, ofrecen a versión gaélica da onomástica e a toponimia, coa súa transcrición, e a variante que se denomina "vulgar", val dicir, aquelas formas deturpadas pola contaminación da lingua inglesa, ademais dunha serie de datos engadidos explicativos.

4. A visión do pasado

En conclusión, da análise dos poemas de contido histórico de *The Spirit of the Nation* pode deducirse a concepción que do pasado da nación sostiñan aqueles primeiros representantes dun nacionalismo ó que se lle pode atribuír xa un carácter étnico. Visión da historia que, por outra parte e como xa se indicou, estaba en directa relación cos seus mesmos principios doutrinais e as súas proposicións para a acción política. Deste xeito, a súa exposición dos tempos pretéritos debía demostrar a raíz dos males que afectaban o país, así como ensinar o camiño cara á liberación que xa emprenderan os antecesores. Neste senso, a representación do pasado que revelan as súas composicións poéticas pretende

indispensable to study Irish nomenclature. [...] But he pulled against a heavy current of resistance". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 562.

125 Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 27, 104, 194, entre outras.

ser unha simple proxección cara a atrás no tempo da súa descrición reducionista do presente: un conflito secular entre nacións, no que Irlanda, sometida a unha opresión intolerable, demanda a unidade dos irlandeses todos na loita por recuperar a súa liberdade.

Nestes mesmos elementos –nación, opresión, resistencia e unidade– asentan igualmente o presente e o pasado do país, segundo os esquemas ideolóxicos da Young Ireland. Na teoría, os catro se comprenden como parte dun conxunto que soamente existe en canto ningún deles falta. A complementariedade que os enlaza é aínda máis estreita nos dous emparellamentos que se poden establecer entre eles, ligando *opresión* e *resistencia,* por un lado, e *nación* e *unidade,* por outro. No caso da primeira das parellas non xorden problemas para casar elementos que se explican mutuamente, pero na segunda reaparecen as mesmas complicacións para facelos enteiramente compatibles que xa se albiscaran respecto do programa de acción política para o presente. De novo se pode comprobar que, tamén no pasado que ofrecen os *Young Irelanders,* a condición de unidade que parece requirir o concepto de nación irlandesa dificilmente supera, no mellor dos casos, o nivel dunha aspiración escasamente fundada. Tampouco aquí logran encaixar sen renxeduras o pasado que propoñen no molde do discurso político que proclaman como guía de actuación para o presente.

A definición da nacionalidade que deita do panorama do pasado irlandés que configura a Young Ireland, polo tanto, vén confirmar as impresións suxeridas pola lectura de "Celts and Saxons". Na maior parte das composicións históricas a nación irlandesa queda identificada coa poboación nativa do país, isto é, a gaélica e católica, mentres os que profesan a fe protestante, sempre de orixe inglesa ou escocesa –aínda que indiferenciados habitualmente baixo a rúbrica de *saxóns* ou, simplemente, *estranxeiros*– desempeñan en todo caso o papel de desalmados opresores. Tan só nas baladas localizadas no século XVIII se celebran feitos protagonizados por personaxes de estirpe protestante e procedencia allea. En todos os poemas referidos a tempos anteriores non se amosa nunca un protestante loitando pola liberación do país. As únicas familias de orixe estranxeira presentadas como plenamente irlandesas son aquelas poucas que, chegadas coas primeiras remesas de invasores, mantiveran a súa fe, adoptaran a cultura nativa e se incorporaran á loita pola liberdade nacional.[126]

[126] O poema "The Geraldines", de Thomas Davis, constitúe o exemplo de máis sona a este respecto. Non estraña que Davis, sempre defensor da unidade arredor da nación, considerase a esta familia, que tanto loitou a prol do país ó que chegara como estraña, como exemplo digno de admiración. Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 141-3.

Desta maneira, aflora aquí a contradición que xa se sinalou ó considerar a complicada relación do movemento de O'Connell coa relixión, a lingua e a identidade nacional, en canto, de feito, a súa política reforzou a equivalencia entre os elementos culturais e a definición da nacionalidade irlandesa. Tampouco non foron os *Young Irelanders* capaces de superar esa conexión conflitiva, que resultou nunha etnificación dos criterios de pertenza á nación, por moito que proclamasen a eliminación do factor relixioso como constituínte esencial da *irlandesidade.* Na súa aproximación ó pasado non foron capaces de atopar os exemplos que confirmasen a existencia doutra nación irlandesa que non fose a gaélica e católica. Unicamente os Voluntarios e os *patriotas* de Grattan, xunto ós *United Irishmen* de Tone, a finais do século XVIII, aparecen como modelos de integración ou superación das diferenzas relixiosas dignos de se propoñer como modelo. Con todo, estes mesmos poemas non fan máis que expresar un desexo de ruptura co que nos seus versos se segue presentando como o ton habitual de enfrontamento durante séculos –e que aínda era o dominante no seu propio presente. Un deles, por exemplo, vese obrigado a expoñer con crueza as vellas diferenzas para chamar a unha reconciliación que, en consecuencia, distaba moito de estar próxima:

> We've fought too long, ourselves among,
> By knaves and priests divided;
> [...]
> From Dermod's crime to Tudor's time
> Our clans were our perdition
>
> ("Native swords")[127]

Pouco son estes exemplos, todos do período máis recente que se trata nos poemas, cando o panorama xeral que se debuxa no conxunto da obra é o da pura e cruenta confrontación entre dous pobos século tras século. Aínda así, os angloirlandeses nacionalistas, como Davis, non tiñan ningún outro remedio para se integrar na nación senón o de procurar demostrar que era posible a *conversión* da que eles mesmos se ofrecían como proba. Grattan, Tone e algúns outros exemplos que podían achegar eran a confirmación histórica que precisaban. Pero, sen dúbida ningunha, a pesar da súa vontade, a lección xeral da historia que atinaban a representar era outra ben distinta. E así o interpretaría boa parte do nacionalismo posterior.

Conclusión

A historia que compuxeron os *Young Irelanders* creou boa parte do modelo de relato nacionalista que se acabaría impoñendo no futuro. De feito, na súa

[127] Charles Gavan Duffy et al., *The Spirit of the Nation,* pp. 34-5.

concreción, só puideron cumprir parcialmente os fins cos que a concibiran. Certamente, reafirmaron con ela a necesidade da insurrección, da loita contra a opresión por todos os medios. Pero bateron tamén coa contradición irresoluble de apelar á unidade nacional mentres presentaban un conflito prolongado ata o presente desde 700 anos atrás. A definición étnica da nación, coa relixión católica asociada á cultura e á raza gaélicas nativas, convertida en evidencia pola propia mirada cara ó pasado, volvería imposible, ó se consolidar en anos posteriores, a integración dos irlandeses todos nunha única nación.

De acordo cos criterios sinalados, a obra dos autores da Young Ireland contribuíu a estender un esquema histórico que despois perduraría nas numerosas narracións populares do pasado que se publicarían nas décadas seguintes. Nos textos daqueles primeiros mozos nacionalistas estaban xa presentes os seus trazos fundamentais: a resistencia heroica da nación, a valoración positiva dos episodios nos que esta recorría á forza contra a opresión, o espírito martirial, coa exaltación dos que antepoñían os intereses da patria á propia vida, a descrición dun pasado esplendoroso estragado pola invasión inglesa...

En realidade, o relato resultante de tales presupostos dificilmente cadraba coas continuas proclamacións que dicían buscar a unidade dos irlandeses de toda orixe e crenza relixiosa. O material autóctono, a base sobre a que se construíran a cultura e a historia específicas de Irlanda, seguía sendo o gaélico. Máis que unha fusión entre comunidades, o que se producira no decorrer do tempo fora unha integración doutros elementos, orixinariamente alleos á nación, na armazón nativa gaélica, capaz de asumir, neste esquema, calquera engadido que se achegase desde o exterior. Deste modo, en conformidade con tal visión da historia, a súa proposta de unión transformouse, na práctica, nun simple proceso de asimilación pola nación irlandesa do que, en definitiva, resultaba ser orixinariamente alleo.

O problema era que a esmagadora realidade do presente que se vivía a mediados do século XIX volvía pouco verosímil esta interpretación do pasado, por canto aquela amosaba ben ás claras o penoso declive dunha cultura que aínda se proclamaba gloriosa, pero incapaz xa de absorber os elementos foráneos e mesmo sequera de resistir a súa progresión no país a custa dela. De aí a necesidade imperiosa que sentiron os *Young Irelanders* de contrarrestar tal imaxe de decadencia, de espertar a conciencia histórica nacional e de mobilizar a poboación a prol dunha rexeneración moral e política da nación.

Os resultados do seu esforzo non permitiron avanzar moito pola vía integradora nacional. Pese á estirpe angloirlandesa de varios dos principais líderes do movemento, xa se indicou que a cumprimentación do seu proxecto requiriu da

apelación á maioría católica da sociedade e a glorificación da súa cultura e valores peculiares, e que, ademais, as circunstancias políticas do momento e os efectos da catástrofe da *Fame* reforzaron a identificación da nacionalidade cos trazos propios desa porción maioritaria da poboación do país. Neste senso, os textos dos *Young Irelanders* reflectían xa unha tendencia que viña apuntado con firmeza desde o terceiro decenio do século, sendo evidente nas súas alusións históricas a medra das pautas propias do nacionalismo étnico excluínte que posteriormente se consolidaría como dominante. O avance da orientación limitadora da nacionalidade percibiríase deseguida. Nas *historias populares* compostas inmediatamente despois deles, reducido o pasado a un constante e irremediable enfrontamento entre dous pobos diferentes, xa non cabería deducir da narración a comenencia –nin sequera a posibilidade mesma– de calquera intento de fusión intercomunitaria. Os seus autores non ocultarían xa que os únicos destinatarios dos seus relatos eran os membros da nación irlandesa *auténtica,* a nación gaélica e católica.

2. Memoria de opresión e promesa de liberación: John Mitchel e a experiencia persoal da historia da nación

A visión do pasado de Irlanda que promoveran os propagandistas da Young Ireland no decenio de 1840 confirmaría ó longo da segunda metade do século a súa extraordinaria capacidade de penetración social e intelectual. De feito, a partir daquela, as súas pautas constituíronse con extraordinaria rapidez na referencia inspiradora desde a que contemplaron os tempos pretéritos todos aqueles irlandeses que mantiñan unha posición crítica fronte ós gobernos británicos e os seus representantes na illa. Sobre a base das concepcións históricas apuntadas nos textos daquel pequeno grupo político foise configurando, nas décadas seguintes, un modelo de historia nacional que, nos seus trazos básicos, sería compartido por todas as miradas que, desde a oposición a Gran Bretaña, pretenderon relatar o pasado do país en termos significativos para o presente. Todas elas presentaron os mesmos trazos conceptuais, derivados da idéntica dimensión política esencial que compartían, como auténtico factor determinante das características formais, dos contidos e da propia razón de existir do discurso histórico, en canto este nacía do prexuízo ideolóxico e debía cumprimentar a finalidade consonte con el que se lle esixía. O produto historiográfico resultante, en consecuencia, con independencia do suxeito ou do tracto temporal ós que se referise, configurouse en todos os casos conforme a un idéntico modelo, xustamente o que permite caracterizar como tal a historia nacionalista irlandesa da segunda metade do século XIX: un relato imaxinado a partir da simplificación política nacionalista da realidade presente, proxectada cara a atrás no tempo para representar o pasado como a descrición da

loita permanente da nación irlandesa por liberarse da opresión á que a viña sometendo Inglaterra desde había sete séculos, co fin de recuperar a independencia política e, con ela, a prosperidade económica e o nivel cultural dunha civilización espléndida que vira tronzado o seu desenvolvemento natural pola intrusión allea. O esquema serviu de fundamento tanto á comprensión do pasado dominante nos sectores maioritarios da sociedade –a visión popular da historia– coma ás formas da súa representación escrita elaboradas cunha perspectiva nacional e con certas pretensións de fundamentación documental rigorosa.

En virtude da súa dimensión política explícita, a reafirmación do modelo nacido das propostas dos *Young Irelanders* foi estreitamente ligada, claro é, ó espallamento da doutrina nacionalista desde a que se formulara. Neste senso, a persistencia no tempo das terribles consecuencias derivadas da *Gran Fame* creou un contexto verdadeiramente favorable á difusión daquelas ideas que restrinxían a nacionalidade irlandesa por criterios relixiosos e étnicos e que falaban da responsabilidade directa do dominio británico na catastrófica situación na que quedara a maior parte do país. A sinxeleza da súa explicación das causas do desastre –identificando o culpable único da traxedia e do estado de prostración posterior– e da súa proposta de liberación política para lles poñer remedio definitivo volveu plausible a análise nacionalista daquela realidade e a conseguinte propagación dos seus principios doutrinais, certamente simples e de doada comprensión. Nas dramáticas circunstancias posteriores á *Fame,* a caracterización nacionalista do presente, sinalando a opresión inglesa como causa única de todos os males, foi gañando aceptación na mentalidade popular irlandesa, con independencia do escaso nivel de organización dos grupos nacionalistas e da súa capacidade real de mobilización política, que non adquiriron solidez e dimensións masivas ata o movemento liderado por Parnell, xa no último cuarto do século.

Non debe estrañar que a descrición nacionalista do presente se proxectase cara a atrás no tempo, para sustentar unha comprensión do pasado sobre idénticas bases ideolóxicas. O éxito extraordinario das baladas patrióticas recollidas en *The Spirit of the Nation* nas décadas seguintes á súa primeira publicación non deixa lugar a dúbidas sobre a incidencia popular da imaxe histórica que representaban: unha nación oprimida durante setecentos anos por Inglaterra, causa da ruína económica e da miseria en que aínda se consumía a súa poboación, que nunca deixara de resistir aquela inicua dominación. Así concibido, o pasado quedou revestido dunha significación política determinada, en canto era imaxinado á luz das convicciónes ideolóxicas do presente e se lle outorgaba unha funcionalidade pública específica. Conforme a semellantes criterios, o seu relato do pasado

converteríase en lexitimador das mesmas propostas políticas desde as cales era formulado.

Por demais, a propia xénese ideolóxica que a estimulaba condicionou os contidos da escrita histórica de inspiración nacionalista na segunda metade do século XIX. Igual que sucedera coas achegas da Young Ireland, a selección de acontecementos e personaxes do pasado, así como a interpretación que estes permitían compoñer, viña determinada, en primeira instancia, pola finalidade política que se lle asignou á historia, reducida a simple elemento de confirmación da análise nacionalista da realidade presente e de xustificación das propostas de acción dos seus promotores, fundadas no indisociable composto *opresión-resistencia.* En último termo, a subordinación do material propiamente histórico á funcionalidade política que debía satisfacer o relato do pasado levou a manter a mestura de feitos e ficción como característica das historias nacionais conformadas segundo os anteditos criterios, integrando nel, sen a máis mínima precaución crítica, moitas das fabulacións creadas polos antigos textos medievais ou polas elucubracións fantásticas suxeridas por elas mesmas con posterioridade.

A forma habitual que adoptou desde entón o discurso histórico en Irlanda foi a da exposición narrativa, ben centrada nos acontecementos significativos de períodos de tempo concretos, ben como relato completo do enteiro pasado da nación. En consecuencia, procederase ó estudio de dous dos exemplos clásicos desta produción historiográfica, *Story of Ireland* (1870), de A. M. Sullivan, e mais "A bird's-eye view of Irish history", unha breve historia do país que Charles Gavan Duffy incluíu na súa obra *Young Ireland* (1881). Pero cómpre considerar tamén, coa mesma finalidade, outros tipos de representación que, sen corresponderse co modo historiográfico propiamente dito, resultan altamente elocuentes á hora de ponderar o grao de penetración social do modelo histórico nacionalista. Por tales razóns, tratado xa o caso da poesía histórica da Young Ireland, parece apropiado comezar por unha análise doutra das obras máis populares da época, *Jail Journal,* o diario do encarceramento de John Mitchel, el mesmo un antigo *Young Irelander,* que pode servir de referencia complementaria para reflectir a instalación daquel modelo interpretativo na mentalidade social irlandesa.

2.1. Presente e pasado no *Diario de prisión* de John Mitchel

Cando John Mitchel decidiu rexistrar nun diario os aconteceres da viaxe que, convicto dun delito de traizón, foi forzado a emprender cara ó Caribe en 1848, como inicio do cumprimento dunha condena de 14 anos de confinamento lonxe de Gran Bretaña, estaba empezando a escribir a que sería unha das obras máis populares da literatura irlandesa da segunda metade do século XIX. Cunha regularidade apenas

quebrada polos períodos de depresión e mala saúde física, Mitchel foi capaz de manter un emotivo relato das penalidades que padeceu durante os cinco anos que durou o seu cativerio, adobiando o escrito, a maiores, con continuas reflexións sobre a situación política do seu país, con xuízos sobre personaxes e feitos da súa época e con comentarios sobre a súa propia posición ideolóxica.

No seu diario, Mitchel preséntase como vítima dunha conspiración do goberno británico, que amañara un xurado predisposto na súa contra –só protestantes adictos ás autoridades británicas de Dublín, sen católicos, resalta– e conseguira que se lle impuxese unha condena de reclusión nos establecementos penais das colonias ultramarinas ("transportation"). Fóra declarado culpable dun delito de "treason-felony", unha figura criminal de recente tipificación, en canto autor dun discurso público e mais dalgúns artigos no seu xornal, o *United Irishman,* merecedores de tal cualificación por chamar a unha sublevación armada contra a raíña.

Embarcado xunto con outros condenados por crimes comúns, quedou recluído no arquipélago caribeño das Bermudas. Enfermo por causa do clima da rexión case desde que puxo pé en terra nela, á fin conseguiría ser trasladado á colonia penitenciaria de O Cabo. Aínda que tampouco non permanecería alí –en realidade, ancorado o navío fronte ás costas sudafricanas, sen chegar a desembarcar a pasaxe– máis ca uns cantos meses. Ante a oposición dos colonos ó establecemento de máis penados no país, sería levado a través do océano Índico cara á Terra de Van Diemen (hoxe Tasmania). Confinado na illa australiana en réxime de liberdade limitada, conseguiu integrarse naquela sociedade colonial, onde tamén se atopaban algúns dos seus compañeiros políticos irlandeses. Baixo palabra de bo comportamento, mesmo se lle concedeu a reunión coa súa familia, coa que se estableceu como granxeiro naquelas terras. Sen embargo, a ansia de liberdade e a teima de proseguir a loita contra a odiada Gran Bretaña levárono a fuxir cara a América, coa axuda dun correlixionario chegado desde alí na súa axuda. Despois dunha breve estancia en California, onde recibiu os agasallos da poboación irlandesa residente, e de atravesar Nicaragua para alcanzar as costas atlánticas do continente, Mitchel, coa súa muller e fillos, chegou a Nova York en 1853, completando así unha peculiar volta ó mundo nos barcos prisión e nos cárceres do Imperio Británico.

Establecido na gran urbe americana, durante os seguintes anos defendeu a causa antiinglesa desde o semanario que alí fundou, o *Citizen,* dirixido á numerosa colonia inmigrante irlandesa. Ardente defensor tamén das posicións proescravistas, estableceuse despois por un tempo no sur estadounidense, como granxeiro e xornalista. Tras uns anos en Francia, en 1862 regresou para apoiar a causa da Confederación na guerra civil norteamericana, volvendo a Nova York a continuación da derrota do seu bando. Despois dunha breve estancia en París, representando o

movemento feniano, dedicouse de novo ó xornalismo na cidade neoiorquina, ademais de escribir diversos traballos sobre historia irlandesa. En 1874 retornou a Irlanda, xa en precario estado de saúde, para morrer o ano seguinte, sen poder tomar posesión do escano parlamentario que lle outorgaran os electores de Tipperary, pese á imposibilidade legal que supoñía a súa vella condición de culpable de traizón.

Foron os anos de privación de liberdade entre 1848 e 1853 os que converteron a Mitchel nun dos escritores de máis sona na segunda metade do XIX, en canto o seu diario dos anos pasados nas prisións británicas, sucintamente titulado *Jail Journal,* coñeceu moi numerosas edicións a partir da primeira publicación polo seu autor, en 1854.[128] Foron aqueles un tempos extraordinarios para o protagonista do relato, desde logo, mesmo nunha vida que nunca deixaría de estar marcada pola aventura. Pero non se aprecia semellante excepcionalidade no plano ideolóxico. En realidade, Mitchel mantivo sempre, antes e despois daquel período singular, as mesmas ideas e as mesmas propostas políticas. Chegado ó *Nation* e á Repeal Association en 1843, da man de Charles Gavan Duffy, formou parte dos que empezaban a ser alcumados, despectivamente, como *Young Irelanders,* converténdose no xerente –e director, na práctica– do semanario do grupo coa reestruturación emprendida despois da morte de Thomas Davis, un par de anos máis tarde. As frecuentes referencias á violencia nos seus artigos contribuíron a aumentar o distanciamento entre os mozos da Young Ireland e O'Connell e mais os seus sucesores á cabeza do movemento contra a Unión, trala morte do líder. O radicalismo de Mitchel non minguou sequera cando as súas invocacións á resistencia armada contra a lexislación coercitiva británica de 1847 o levaron á ruptura mesmo con Duffy e o resto do grupo. Abandonou daquela o *Nation* e fundou un novo medio de prensa que chamou *United Irishman,* en lembranza da apelación de Wolfe Tone á unión dos irlandeses todos contra Gran Bretaña a finais do século anterior. As esperanzas que a revolución francesa de febreiro de 1848 suscitou naquel ambiente nacionalista levaron a achegarse de novo ós antigos compañeiros, que se decidiron a organizar unha insurrección armada contra o Estado. Moitos dos dirixentes do grupo conspirador acabaron entón no cárcere, entre eles o propio Mitchel, que estaba xa pagando a súa pena por traizón e felonía nos barcos prisión da Súa Maxestade nas augas caribeñas cando os demais intentaron a fracasada rebelión do verán de 1848.

---

128 John Mitchel, *Jail Journal. Or Five Years in British Prisons*. Cítase pola edición de Cameron & Ferguson, Glasgow, 1876, segundo a reprodución a cargo de John Kelly, *Jail Journal (1876),* Woodstock Books, Poole – Washington D.C. 1996. Os datos biográficos de Mitchel tómanse do capítulo introdutorio da edición de John Kelly.

1. A descrición ideolóxica da realidade irlandesa

Desde os tempos iniciais da súa dedicación política Mitchel guiouse por dous principios que caracterizaban a súa análise da situación presente da nación irlandesa e a conseguinte reposta que cumpría dar en termos de acción práctica: o estado de sometemento de Irlanda e a necesidade de rompelo pola forza. Ben que na súa versión máis radical, trátase dos mesmos trazos apuntados na descrición da doutrina dos *Young Irelanders*. Respecto do primeiro deles, na descrición da realidade que vivía o país, coincidía plenamente coas concepcións que sustentaban a doutrina da Young Ireland: os lazos que ligaban a Inglaterra e Irlanda configuraban unha relación de dominio en claro prexuízo para a segunda. As referencias no *Jail Journal* ás razóns que impulsaron ó seu autor a tomar a decisión de enfrontarse ó Estado británico non deixan espazo para dúbida ningunha.[129] Aínda que a aguda conciencia social de Mitchel o levaba ás veces a poñer coidado en diferenciar entre o pobo inglés e os seu gobernos,[130] Inglaterra aparece sempre caracterizada na súa obra como unha nación de natureza perversa, presa dunha cobiza irreprimible –alude a unha "national greediness" que lle sería inherente– que a empurraba a impoñer o seu dominio sobre terras alleas no mundo enteiro e a explotalas no seu particular beneficio. Para o noso autor, o materialismo formaba parte da condición propia da nación inglesa, mesmo da "raza anglosaxona", e nel atopaba a razón última que motivaba a opresiva política dos seus gobernos respecto de Irlanda e de calquera outra nación á que puidese someter á súa tiranía.[131] A relación que encadeaba Irlanda a Gran Bretaña era de tipo colonial. Do mesmo modo que procedían nos demais territorios imperiais, os británicos explotaban de modo sistemático os recursos da illa irlandesa, sen outro designio que a satisfacción dos propios intereses da metrópole.[132] O enteiro aparello político disposto polo Estado

---

129 Ademais das alusións frecuentes espalladas no texto do diario, Mitchel fai unha exposición máis demorada das súas posicións políticas na entrada do día 16 de xaneiro de 1849, cando levaba xa seis terribles meses nas Bermudas, adoptando a forma dunha conversa entre el mesmo ("Ego") e o seu imaxinario dobre ("Doppelganger"), na que vai respondendo ás obxeccións e dúbidas que o segundo –"the awful shade" – lle vai formulando. No índice, encabeza o diálogo como *"Herr Doppelganger* Expostulates with the *Ego".* John Mitchel, *Jail Journal,* pp. 87-99.

130 Contrasta "[...] the English people [...] those many millions of honest people who live in England, minding their own business, desiring no better than to enjoy, in peace and security, the fruits of their own industry, and grievously devoured by taxes" e a oligarquía que compón "the unholy alliance of land appropriators, and fund-men, and cotton-men, who devour them". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 90. A esta segunda Inglaterra/Gran Bretaña e as súas institucións refírese a miúdo no texto co nome de "Carthage" e o adxectivo "Carthaginian".

131 "Your Anglo-Saxon race –dille o *Ego* ó *Doppelganger*– worships only money, prays to no other god than money, would buy and sell the Holy Ghost for money, and believes that the world was created, is sustained, and governed, and will be saved by the only one true, immutable, Almighty Pound Sterling". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 89.

132 "[...]British policy must drain the blood and suck the marrow of all the nations it can fasten its desperate claws upon. [...] The great British *Thing* [toma a denominación de William Cobbett] cannot now do

en Irlanda tiña como único propósito asegurar o mantemento das condicións que permitían a extracción de semellantes beneficios para Inglaterra. As leis e a coerción eran as armas utilizadas polas autoridades gobernamentais para afirmar a subxugación, de igual maneira que acontecía nas demais partes do Imperio. Neste senso, no *Jail Journal* Irlanda aparece emparellada con frecuencia con outras das unidades coloniais asoballadas polo poder británico, como acontecía coa India e Canadá.[133]

Mitchel, testemuña directa da catástrofe que arrasaba Irlanda nos mesmos días en que el procuraba organizar a rebelión contra o Estado, dedicou todos os seus esforzos dialécticos a desmentir a versión *oficial* da traxedia, que presentaba a *Fame* como unha especie de castigo do Ceo que os gobernos londinienses trataran de mitigar dentro do que lles era posible. En realidade, ese era o obxectivo primordial que se propuxo coa súa obra, segundo confesa xa nas primeiras liñas da introdución do seu diario. Fronte á idea que difundían as autoridades de estar os británicos empeñados nunha política de melloramento ("amelioration"), val dicir, de suposta modernización das estruturas económicas irlandesas, Mitchel sostivo que era xustamente a acción dos dirixentes do Estado a causante da situación de prostración extrema na que se atopaba o país, en canto o seu verdadeiro obxectivo non fora nunca outro que subordinar os recursos da nación sometida ós intereses de Gran Bretaña. Máis ben, afirmaba irado, a fame xeneralizada era a consecuencia directa e buscada dunha liña de actuación gobernamental que esixía a ruína de Irlanda como fundamento da riqueza de Inglaterra.[134]

Certamente, insistía o autor na introdución ó relato das súas penalidades, durante os últimos vinte anos, desde 1829, data da *emancipación* dos católicos, o Reino Unido emprendera unha política de "exterminio"[135] –segundo a cualifica no índice de contidos– das clases pobres da Irlanda rural,[136] a través dunha suposta *mellora* das estruturas agrarias que, en realidade, constituía unha estrataxema para provocar a expulsión do campo dos pequenos campesiños e favorecer a

without any one of the usual sources of plunder. The British Empire [...] could not now stand a week without India, –could not breathe an hour without Ireland". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 94.

133 John Mitchel, *Jail Journal,* p. 92.

134 "Without a famine in Ireland, England could not live as she had a right to expect; and the exact complement of a comfortable family dinner in England, is a coroner's inquest in Ireland: verdict, *starvation".* John Mitchel, *Jail Journal,* p. 13.

135 Segundo Duffy, este era o termo habitual para referirse á expulsión dos arrendatarios das terras que cultivaban: "Extermination had become the familiar phrase for clearing the tenantry off an estate". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 268.

136 "For not one instant did the warfare cease upon farming Celts". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 15.

consolidación dunha agricultura de grandes e medianas granxas orientadas ó abastecemento do mercado alimentario británico.[137] Con tal finalidade, alegaba, facilitáronse legalmente as eviccións dos pequenos rendeiros e erguéronse "poor-houses" para acoller os milleiros de xentes desamparadas, mentres non deixaban de medrar as exportacións de alimentos á illa veciña. As mesmas *Relief Acts* que dicían pretender aliviar os males da *Fame* de 1846 tiveron efectos contraproducentes, en canto subvencionaban, intencionadamente, traballos improdutivos. O resultado final, coa incidencia negativa combinada da lexislación favorable ós intereses dos terratenentes arrendadores e mais as consecuencias directas da propia *Fame,* foi o buscado desde un principio, segundo Mitchel, polas autoridades do Estado, é dicir, o despoboamento do campo –por morte ou emigración– mediante a eliminación do pequeno campesiñado, requisito imprescindible para configurar unha nova agricultura mercantilizada, establecida en proveito dos grandes propietarios e de Inglaterra mesma. Mentres, nos mesmos anos do desastre, 1846, 1847 e 1848, escandalizábase Mitchel, Irlanda non deixou de exportar alimentos a Inglaterra; cando a xente morría polos camiños, clamaba, o país dispoñía de provisións suficientes para o dobre da súa poboación actual.[138] E non remataba aquí a cobiza británica, denunciou o autor. O proxecto de sometemento total completouse co ataque ulterior ós propios terratenentes irlandeses, progresivamente empobrecidos por causa dos impostos, que se viron obrigados a acudir ós mecanismos legais establecidos para saldar os apuros das fincas endebedadas, os cales, en verdade, non pretendían máis que transferir a propiedade da terra a compradores ingleses e escoceses, segundo Mitchel. Buscábase chegar así, na súa opinión, a completar a *"conquista* final" de Irlanda.[139]

2. O plano de acción política

Sobre tal fundamento ergueu Mitchel un discurso de mobilización política que xa non foi compartido pola totalidade dos membros do grupo no que se integrara como parte da Asociación pola derrogación da Acta de Unión. Ante o terrible panorama que contemplaba, segundo a súa análise do presente, non cabía máis que a ruptura completa cun sistema que tiña como obxectivo perpetuar a miseria de Irlanda, subordinando os seus intereses ós da cabeza do Estado opresor, val dicir, a oligarquía inglesa e as institucións que encarnaban o seu poder. O carácter máis extremo das súas posicións manifestouse no rexeitamento absoluto

---

137 A *consolidación* das granxas implicaba a eliminación das pequenas explotacións, predominantes ata entón no país. Mitchel explica o significado que encobre a tal *consolidación:* "that is, destroying many small farmers to set up one large one [...]". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 15.

138 John Mitchel, *Jail Journal,* pp. 14-6.

139 John Mitchel, *Jail Journal,* p. 19 [cursiva no orixinal].

de calquera política de conciliación no marco do sistema británico e da súa legalidade. Neste senso, aínda que coincidía no diagnóstico xeral cos demais *Young Irelanders,* non sempre todos estes se manifestaron tan dispostos coma el a emprender un levantamento revolucionario de inmediato, como xa se apuntou anteriormente.

A vía insurreccional, polo tanto, era a única posibilidade que lle cabía a Irlanda para acadar a súa liberación, defendía Mitchel. O seu convencemento de que Gran Bretaña soamente renunciaría á súa posición de dominio se se vía forzada a facelo foi o seu guieiro político inamovible. Así llo indicaba a súa interpretación da recente experiencia da equiparación legal dos católicos, vinte anos atrás, concesión que el atribuía a unha obriga imposta polo temor dos gobernantes británicos a que a axitación que O'Connell promovía no campo irlandés acabase derivando en esixencia de cambios políticos verdadeiramente revolucionarios.[140] A dedución inevitable de semellantes consideracións era a necesidade de recorrer ó uso da forza para quebrar o xugo inglés que sometía a Irlanda. Para Mitchel, a liberdade da nación tan só podería lograrse por medio do desencadeamento dunha insurrección xeral contra os dominadores que rematase coa explotación e derrubase as institucións aristocráticas e monárquicas, en favor dun réxime republicano máis acorde cos tempos e coas demandas de xustiza e equidade que se espallaban daquela pola Europa continental.[141]

A violencia contra Gran Bretaña, en consecuencia, quedaba dobremente fundamentada, en canto medio de resistencia á opresión e como requisito imprescindible para abrir a posibilidade de construír un proxecto de futuro para a nación. Mesmo cando as esperanzas de éxito fosen escasas, argumentaba Mitchel, estaba lexitimado o recurso á rebelión contra o Estado. Aínda nesas circunstancias adversas, resultaba conveniente promovela, como símbolo da decisión dos irlandeses de manter a loita polos seus dereitos nacionais. Por tal razón, xustificou sen reservas no seu diario a revolta do verán de 1848, levada a cabo polos seus compañeiros nacionalistas, aínda sabendo que rematara nun estrepitoso fracaso, o cal, por demais, era facilmente previsible.[142]

---

140 John Mitchel, *Jail Journal,* p. 13.

141 Mitchel contemplaba con ansia a evolución da República francesa de 1848, á que consideraba como un exemplo esperanzador para a Humanidade. Segundo confesa no seu diario, tanto o monarquismo coma o republicanismo parécenlle formas políticas defendibles *en abstracto.* Pero o primeiro atópao xa esgotado, anacrónico, especialmente para Gran Bretaña e Irlanda, onde se mantiña tan só como soporte do sistema económico que beneficiaba ás clases privilexiadas. John Mitchel, *Jail Journal,* pp. 86-90.

142 "Ireland, it is true, did not then possess the physical resources or the high spirit which had 'threatened the integrity of the Empire' in '43; but even as she was, depopulated, starved, cowed and corrupted, it seemed better that she should attempt resistance, however heavy the odds against success, than lie

Fronte ós que demandaban prudencia e un aprazamento de calquera acción revolucionaria para tempos mellores, Mitchel invocaba o valor das armas, ponderaba con paixón o seu uso e propoñía erguelas contra un Estado e unha legalidade que non recoñecía como propios.[143] Inevitablemente, tal posición tiña que levalo a bater con aqueles que optaran claramente polos métodos pacíficos a través das canles constitucionais, así como cos que, aínda coincidindo en principio coas súas análises políticas, pretendían adiar a chamada á rebelión. Neste senso, non soamente se opuxo ás tácticas negociadoras coa clase política británica e ó respecto á legalidade que propoñía O'Connell, senón que dedicou feroces críticas ós seus vellos compañeiros da Young Ireland que, como Duffy, foran moderando o seu pensamento político e acabaran abandonando a liña de enfrontamento total con Gran Bretaña.

Poida que o resentimento de Mitchel contra os seus amigos nacese do incumprimento da súa previsión inicial de mobilizaren a poboación dublinesa cando el fose conducido desde o cárcere da cidade ó punto de embarque para o cumprimento da súa condena lonxe do país, aínda que recoñecese que aqueles actuaran de boa fe ó tomar unha decisión que el consideraba errónea e fatal.[144] Pero o seu diario revela que, co paso do tempo, as diferenzas deixaron de fundarse en discrepancias puramente tácticas, simplemente referidas á oportunidade circunstancial da insurrección, para xustificarse en termos da estratexia política que cumpría seguir na loita contra os opresores británicos. Así, cando en abril de 1849, cruzando o Atlántico camiño da cidade de O Cabo, tivo noticias de que Duffy presentara unha solicitude de perdón ás autoridades para poder abandonar o cárcere no que purgaba pena pola rebelión do verán anterior, Mitchel expresou no diario todo o seu noxo contra quen fora o seu valedor primeiro entre os nacionalistas da Young Ireland. Non só o culpaba de rendición ante o goberno, senón tamén de dar recoñecemento coa súa petición á cobertura de legalidade con que as autoridades xustificaban a represión do movemento rebelde irlandés. Igualmente, acusábao de crear a aparencia de que a loita pola liberación xa carecía de sentido e de suxerir que cumpría buscar un mellor acomodo para o país dentro do Estado, precisamente nun momento de

prostrate and moaning as she was. Better that men should perish by the bayonets of the enemy than by their laws". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 17.

143 Na entrada do 21 de xuño de 1848 do seu diario, aínda a bordo do barco de convictos, xa nas Bermudas, escribiu: "We must openly glorify arms, until young Irishmen burn to handle them, and try their temper; and this we must do in defiance of 'law', and the more diligently that London laws are expressly made against it. We must, in short, make final protest against this same 'law' –deny that it is law; deny that there is any power in the London Parliament to make laws for us, and declare that as a just God ruleth in the earth we will obey such laws no longer". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 52.

144 John Mitchel, *Jail Journal,* p. 20.

ruína total da nación.[145] E pouco tempo despois, estando fronte ás costas sudafricanas, deixaría que a indignación estoupase de novo na súa escrita cando comentaba o ton moderado e submiso do novo *Nation* que Duffy, xa en liberdade, volvera dirixir. Ler naquel glorioso medio do nacionalismo radical palabras de desprezo cara ós que seguían propoñendo o uso da forza para recuperar os dereitos de Irlanda e argumentacións a prol do adiamento da revolución soamente lle suxería a Mitchel unha palabra para cualificar o antigo amigo: *traidor*.[146]

Porque traizón ó país era o xuízo que lle merecía a Mitchel calquera política que implicase a renuncia á confrontación total co Estado británico e a opción por unha vía respectuosa da legalidade constitucional como medio de acadar os dereitos da nación irlandesa. E ninguén mellor que Daniel O'Connell expresaba tal posición política. De modo que o líder da Repeal Association e os que despois da súa morte continuaron o seu programa convertéronse nos suxeitos principais das críticas de Mitchel no seu diario. O retrato de O'Connell no *Jail Journal* é deliberadamente ambiguo en canto ás súas condicións persoais e ás súas capacidades como líder político, pero decididamente negativo na valoración final da súa obra. O camiño polo que conducira a nación durante tantos anos era, na súa opinión, completamente equivocado. A súa culpa principal era a de enganar os irlandeses, ó tempo que se deixara enganar el mesmo polas falsas promesas dos políticos británicos, ocultando que en toda ocasión actuaban en beneficio exclusivo de Inglaterra, con desconsideración dos intereses de Irlanda.[147] A retórica de negociación e de concesións que adoptaban por veces as autoridades non facía, na súa opinión, máis que disimular o *exterminio* a que estaba sendo sometido o pobo, mesmo nos tempos en que o propio O'Connell parecera acadar algunhas vitorias, como xa se citou con anterioridade. Por demais, como tamén se dixo respecto da *emancipación*, Mitchel pensaba que as aparencias de melloras políticas actuaban, en realidade, como un freo ó espallamento das propostas de mobilización verdadeiramente

145 "And this at a time when any colour of law is taken away or perverted to the ruin of honest men; when four-fifths of the inhabitants are avowedly debarred from exercising the common functions of citizens, one-fifth of them perishing miserably of hunger, and the island occupied by troops as a hostile territory. And so the proprietor of the *Nation,* for his part, begs pardon [...]. A plague of all cowards! The cause is not desperate; and it is both base and impudent to say, to mean, to think, or to hint that it is". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 143.

146 "Thus blasphemes this traitor: thus snivels, rather, this most pitiable sinner". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 194.

147 Xustamente, os máis perigosos para Irlanda eran os políticos que aparentaban ser máis conciliadores, en canto agachaban baixo un mellor disfrace o carácter perverso do dominio británico. Cumpría, polo tanto, desnudar a "British Whiggery [...] of his treacherous, conciliatory, liberal lambs-wool, and show him gnashing his teeth like a ravening beast [...]". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 51.

revolucionaria, o único camiño posible de liberación.[148] Unicamente o emprego da forza, a máis pura expresión da vontade irlandesa de resistencia, podería quebrar o xugo da opresión británica.

3. A interpretación histórica de Mitchel

Como non podía ser doutra forma, a visión do pasado que Mitchel ofreceu no seu diario de prisión reflicte a mesma fundamentación ideolóxica na que asentaba a súa descrición do momento no que el mesmo vivía. A totalidade das alusións históricas que contén o texto encaixan con precisión dentro do mesmo marco de comprensión da realidade irlandesa dos seus días que inspirou a súa posición política. Proxectando a súa análise do presente cara a atrás no tempo, a historia que relatou viña reproducir no pasado os principios ideolóxicos que aplicaba na súa caracterización da realidade actual. En consecuencia, esta non soamente quedou convertida nunha derivación lóxica de procesos que atopaban a súa raiceira en épocas pretéritas. En realidade, segundo este esquema, o presente resultaba ser unha simple prolongación do pasado, en canto os trazos que definían a ambos os dous períodos resultaban ser coincidentes no fundamental, permanecendo inalterables no decurso do tempo, por baixo das aparencias circunstanciais, de valor puramente secundario. De maneira que, cando mirou cara ós séculos anteriores da nación, Mitchel buscou e *atopou* os mesmos riscos que, ó seu ver, debuxaban o cadro da súa Irlanda contemporánea.

Co ánimo de facer mellor comprensible o contido do *Jail Journal,* Mitchel ofreceu ós seus lectores un capítulo introdutorio de contido histórico.[149] Conforme á visión apuntada, nestas páxinas non soamente expuxo os antecedentes do seu caso persoal, dos métodos arteiros que o goberno británico seguira para conseguir a súa condena no xuízo por traizón á Coroa, senón que compuxo un curto ensaio no que tratou de expoñer a súa interpretación da historia da nación irlandesa nos séculos inmediatamente anteriores, nun rápido percorrido que avanza desde principios do século XVII –cando a administración isabelina pareceu asegurar o control de Irlanda– ata os mesmos días nos que se desenvolvían as coitas do autor. A limitada extensión do traballo –12 páxinas de densa tipografía na edición de 1876– non facía posible, certamente, o descenso ós detalles e pormenores dos acontecementos do período. Sen embargo de tal escaseza, seguindo as pautas do estudio da poesía histórica da Young Ireland, esa mesma brevidade, que forzou ó autor a reducir a súa argumentación ós seus compoñentes esenciais, facilita unha determinación precisa das ideas nucleares que sustentan o relato do pasado

---

148 Cf., especialmente, as pp. 13-5 do diario de Mitchel.

149 John Mitchel, *Jail Journal,* pp. 9-20.

proposto nesta obra de difusión extraordinaria no seu tempo. Coa referencia fundamental de tal capítulo introdutorio e mais o apoio complementario das anotacións do propio diario resulta posible, polo tanto, unha caracterización do modelo histórico nacionalista configurado por John Mitchel.

En conformidade coas súas presuncións ideolóxicas, na representación de Mitchel o pasado irlandés dos últimos douscentos cincuenta anos aparece fundado sobre as tres constantes que, para el, aínda definían o presente: (1) dúas nacións diferenciadas e enfrontadas –Inglaterra/Gran Bretaña e Irlanda–, (2) ligadas entre si por unha relación de dominio, (3) á cal o pobo asoballado nunca aceptara someterse. O que o autor *descobre* cando mira ó pasado é a contraposición entre un proxecto de dominación de orde colonial e mais a incesante loita irlandesa por impedir que aquel callase de maneira definitiva. A súa narración histórica, en consecuencia, debía reflectir os modos que fora adoptando no tempo a imposición do poder inglés e a correspondente resposta da nación irlandesa ós abusivos designios dos intrusos. En suma, nas súas grandes liñas conceptuais, trátase do mesmo modelo de interpretación do pasado discernido no caso da poesía de referencia histórica dos escritores da Young Ireland, elaborado tamén sobre a dicotomía opresión-resistencia. Con todo, en xusta correspondencia coas súas posturas políticas máis extremadas, Mitchel agudiza o interese sobre aqueles puntos nos que o seu discurso ideolóxico poñía énfase e que, como xa se sinalou, contribuíran a afastalo dos máis moderados dos seus compañeiros nacionalistas.

Tendo en conta semellantes principios, a composición histórica do autor constrúese arredor do par de elementos do dobre eixe sobre o que se ergue a súa visión do pasado irlandés: por un lado, cumpría relatar o establecemento progresivo do proxecto de dominación, indicando as sucesivas etapas mediante as que os gobernos da Coroa inglesa pretenderan achegarse á culminación da conquista do país e precisando as diversas formas que revestira o seu programa de asoballamento do pobo irlandés; por outro, como acompañante indisociable da opresión, era preciso dar conta da resposta imperecedoira da nación irlandesa en defensa da súa liberdade.

a. *A nación irlandesa.* O diario de John Mitchel non ofrece ningunha determinación expresa das características que, ó seu xuízo, adscribían a un individuo concreto á nacionalidade irlandesa. Seguindo as posicións xa descritas dos *Young Irelanders,* en principio, o autor non estableceu criterios de tipo relixioso ou cultural que excluísen a ningún habitante da illa da condición nacionalitaria. Por demais, a maiores de ser el mesmo de estirpe protestante, como sucedía con outros dos seus máis significados compañeiros de grupo, xa se viu que no *Nation,* o xornal no que desempeñara labores directivas do máis alto nivel, abundaran os

textos de espírito conciliador, defendendo a superación da barreira sectaria, a que parecía constituír a quebra máis sinalada dentro da sociedade irlandesa. Sen embargo, igual que entre os seus amigos nacionalistas da primeira hora, tamén nos escritos de Mitchel aniñaba unha especie de ambivalencia por baixo das declaracións integradoras a respecto da identidade nacional dos habitantes todos da illa irlandesa. Certamente, o autor non precisa no *Jail Journal* factor ningún que definise a nacionalidade de modo expreso. De feito, sen embargo, non poden caber dúbidas de que o pobo irlandés está claramente identificado na obra coa poboación católica do país. Certamente, non hai unha exclusión da minoría protestante,[150] pero a equivalencia entre *nación* e *confesión relixiosa* faise concreta de modo expreso en numerosas pasaxes do escrito. Ademais, en todo el resulta evidente que, segundo o relato de Mitchel, os que padecían directamente aquela opresión constitutiva da relación de dominio que marcaba a vida das persoas no territorio irlandés eran *unicamente* os católicos, discriminados na propia lexislación estatal polas súas crenzas relixiosas ata había ben pouco tempo. Xustamente, fora a súa fe a que os convertera en *non-ingleses* ante as leis británicas.

Tal como lles ocorrera a O'Connell e, en xeral, ós *Young Irelanders* todos, resultaba difícil de esquecer o feito de que aquela nación para a que se reclamaban uns dereitos dos que fora despoxada estaba composta, case exclusivamente, por fieis da Igrexa católica. Os oprimidos para os que Mitchel reclamaba liberdade, os que resistiran por séculos o poder británico, os irlandeses aínda asoballados nos seus días, en definitiva, eran os católicos de Irlanda. Tan evidente lle resultaba a discriminación que estableceran contra eles as chamadas Leis Penais do século XVIII –aquelas que lles prohibían o exercicio de determinadas profesións e limitaban os seus dereitos cidadáns por causa da súa fe– que, despois de detallar polo miúdo as restricións que padecían, non podía senón concluír a exposición dos seus males identificando as vítimas de tal código co pobo irlandés mesmo: "The Irish People *were* [sic] impoverished and debased".[151] Para Mitchel, desde logo, tanto da contemplación da historia coma da pura observación do presente soamente cabía deducir que eran os católicos os que conformaban o *auténtico* pobo irlandés.

Por outro lado, segundo especificaba o autor, a opresión exercida por Inglaterra recaía fundamentalmente sobre os campesiños do país, que constitúen unha segunda forma metonímica de representar a nación nas páxinas do *Jail*

---

150 O autor non acepta as acusacións gobernamentais de exasperar as animosidades relixiosas entre católicos e protestantes cando esixiu que o xurado que o xulgou estivese formado por persoas de calquera denominación relixiosa, "not by one sect of our countrymen". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 118.

151 John Mitchel, *Jail Journal,* p. 10.

Journal. Así, *irlandeses* e *campesiños* son termos utilizados con frecuencia no texto como denominacións equivalentes en significado. O feito de que a práctica totalidade dos traballadores do campo e dos pequenos rendeiros, que constituían a inmensa maioría da poboación do país, fosen integrantes da comunidade eclesial católica, mentres boa parte dos terratenentes arrendadores, dos que aqueles dependían estreitamente, fosen de relixión protestante e de ascendencia británica, tiña que contribuír a reforzar unha liña de fractura que xa resultaba facilmente perceptible na sociedade irlandesa considerando tan só a adscrición relixiosa. A maiores, ós sinais económico e relixioso sobrepoñíanselles con exactitude case completa as discriminacións legais e políticas establecidas polas institucións do Estado. Desta maneira, no país fóranse consolidando dúas comunidades claramente identificadas por un conxunto de trazos verdadeiramente determinantes.

Resulta evidente que Mitchel reproduciu este esquema de diferenciación comunitaria, expresado en termos da contraposición entre *oprimidos* e *opresores,* o cal, en definitiva, viña equivaler ó enfrontamento entre a nación irlandesa e a nación británica que a subxugaba. A elección de tales criterios de agrupación identitaria obrigouno, como consecuencia, a resolver o problema que presentaba a inclusión na nación irlandesa de todos aqueles membros da sociedade que nin por relixión nin por ascendencia familiar cadraban cos trazos do pobo inglés/ británico, pero ós que a posición económica e social da que gozaban impedía caracterizar como parte do pobo oprimido, polo menos no mesmo senso e intensidade en que o eran os campesiños católicos. A solución do autor ó dilema pretendía volver compatibles os criterios nacionalitarios de orixe e relixión coa énfase na condición de dominados que identificaba ós irlandeses naqueles séculos de submisión a un poder alleo: Mitchel non excluíu da nación a aquelas poucas persoas que se beneficiaban do sistema colonial e mesmo o xulgaban proveitoso para o país; simplemente, propoñía ignorar os seus intereses e subordinalos ós que el consideraba como verdadeiramente nacionais.[152] En ningún momento da súa obra se refire a este grupo de privilexiados do sistema cando alude ó pobo irlandés no *Jail Journal.* De feito, cabe entender que, só en canto se acomodasen ás necesidades e ós obxectivos da loita da nación, entendida ó seu modo restritivo, poderían formar parte efectiva dela. Trátase, en realidade, do mesmo tipo de resposta que deran os *Young Irelanders* a esta clase de cuestións sobre os criterios

[152] "Why in Ireland, even, are many grave and well-dressed persons (I have seen them myself in Belfast, and even in Dublin, among the fed classes) –who say, Ireland is doing reasonably well, and likely to do well. Now, in speaking of Ireland and the Irish people, I do not exclude those fat persons: –only set at naught their opinion, and set aside their particular interests in consideration of the vital general interest". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 91.

de inclusión nacionalitarios: os grupos sociais que non respondesen ós trazos definidores da nacionalidade –neste caso, os das clases empobrecidas católicas– podían integrarse na nación mediante o seu compromiso activo cos posicionamentos políticos que lle eran propios a esta, é dicir, os que determinaban as ideas nacionalistas do momento. Sen o cumprimento de tales requisitos políticos, se aceptasen o marco de dependencia británico, deixarían de ser verdadeiros irlandeses para se converter en *británicos*. Ou, peor aínda, na vergoñenta variedade dos irlandeses dexenerados que O'Connell cualificara despectivamente como "West Britons".[153]

A dimensión social da súa concepción da nacionalidade, na que sempre quixo insistir, volve diferente a Mitchel dunha parte dos seus compañeiros da Young Ireland, moito máis propensos a definir o pobo irlandés en termos de tipo cultural. No *Jail Journal* non se alude a preocupación ningunha polo declive da cultura gaélica que aínda era predominante entre o campesiñado nin se identifica a lingua nativa como un factor identitario que cumprise potenciar ou tan sequera valorar positivamente. As únicas e mínimas referencias ó gaélico aparecen de modo esporádico, a maior parte das veces como recurso de estilo do que se serve o autor cando quere adoptar un ton de gran emotividade. Así o fai, por exemplo, para resaltar as penalidades que padecían os convictos irlandeses cos que coincidiu na súa viaxe, agravadas polas dificultades engadidas que deitaban do seu descoñecemento do inglés, ou cando se deixa gañar pola nostalxia do país natal ó escoitar os sons das cancións deses desgraciados mozos compatriotas que –sen contacto directo con el, como presos comúns que eran– ían amoreados no seu barco cara ás colonias penais sudafricanas.[154]

En realidade, xa se viu que o interese de Mitchel estaba nos planos puramente político e económico da explotación á que era sometida a nación irlandesa. Mesmo cando recorre ó termo *celta* para referirse ós irlandeses utilízao sen facer explícita –e nin sequera suxerir– dimensión cultural ningunha. No prefacio histórico do diario sérvese dese adxectivo para cualificar os campesiños do país, ben directamente, ben en contextos en que se ocupa de problemas agrarios que os afectan.[155] En todos os casos, a palabra *celta* opera como equivalente a *pequeno*

---

153 Afirma Mitchel, *Jail Journal,* p. 13, que unha das consecuencias da *emancipación* de 1829 foi que os "Respectable Catholics' were contented, and became West Britons from that day". Sobre a paternidade do alcume, D. George Boyce, *Nationalism in Ireland,* p. 133.

154 John Mitchel, *Jail Journal,* pp. 164-5.

155 Hai referencias directas, como "farming Celts", "the mere Celtic peasantry" e outras moitas onde a palabra funciona como substantivo equivalente de *campesiño,* como "mob of Celts", "the Irish Celt", "all mere Celts" ou, simplemente, "the Celts". John Mitchel, *Jail Journal,* pp. 9-20.

campesiño católico, é dicir, a clase que se identifica como o compoñente principal da nación irlandesa. Se, certamente, o autor sinala a lingua como un factor distintivo de tal grupo, non se lle atribúe no texto ningún valor especial. Funciona tan só no mesmo senso en que os opresores ingleses/británicos son aludidos de cando en vez como *anglo-saxóns,* pero sen establecer valoración ningunha da súa cultura ou da súa lingua nin consideralas como parte do proxecto do seu programa de dominación colonial.

b. *A opresión.* O capítulo introdutorio do *Jail Journal* pretendía explicar as causas da terrible situación da Irlanda que coñeceu Mitchel situando o presente nunha perspectiva histórica, coa intención de atopar no pasado as raíces dos males que aflixían o país e o propio autor. Con tal finalidade faise nel unha exposición das formas que foi adoptando a dominación inglesa na illa ó longo dos últimos séculos, dos instrumentos de que se serviron as autoridades británicas para levala a cabo, das etapas da aplicación dos planos de conquista e das consecuencias de cada unha das medidas que se foron impoñendo contra a nación irlandesa.

Como axente de tales designios de opresión, a Inglaterra que retrata Mitchel aparece como unha nación pérfida, guiada, coma no presente, pola cobiza e as ansias de poder nas súas accións ó longo da historia. Nunca no pasado procurou máis que satisfacer os seus intereses particulares, a pesar dos enganosos discursos sobre a súa misión civilizadora e modernizadora dunha Irlanda previamente sumida no caos que deitaba da súa "bárbara natureza céltica", retórica coa que sempre intentou xustificar a súa presenza invasora. Mesmo recorreu de maneira sistemática, no seu afán de acadar os obxectivos que se propuxera, a medios tan malignos como a promoción intencionada da fame e da miseria no país, que condenaron á morte por inanición e enfermidade a millóns de irlandeses en repetidas ocasións durante a primeira metade do século XIX. A perversión dos gobernos ingleses, recalcou Mitchel, incluso os levou a impulsar unha rebelión en 1798 para atemorizar as clases acomodadas e favorecer os seus planos políticos de estreitar o control do país por medio da Unión. Aínda que Mitchel foi capaz de diferenciar entre os grupos de poder de Inglaterra e o pobo inglés corrente, tal como se viu anteriormente, cando pensaba nos estragos que a dominación estranxeira causara no seu país prescindía de calquera matiz exculpador e condenaba o agresor cunha contundencia na que non se contemplaban excepcións.[156]

---

156 "Herein England is truly a great public criminal. England! all England, operating through her Government: through all her organised and effectual public opinion, press, platform, pulpit, parliament, has done, is doing, and means to do, grievous wrong to Ireland". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 99.

Inglaterra serviuse continuamente da forza para impoñer o seu dominio, lembraba Mitchel, pero sóuboa complementar cunha continuada utilización interesada do seu monopolio da capacidade de lexislar, disfrazando así a verdadeira natureza da súa presenza en Irlanda cunha aparencia de legalidade. A violencia e as leis foron, polo tanto, os mecanismos por medio dos cales o Estado británico asoballou a nación irlandesa, sometendo as súas xentes e confiscando os seus recursos materiais. Dictou leis coactivas mentres prohibía ós irlandeses dispoñer de armas para a súa defensa;[157] estableceu as disposicións legais necesarias para expulsar do campo os campesiños arrendatarios; creou un marco legal que prexudicou a agricultura e as manufacturas irlandesas por interese dos produtores ingleses; discriminou e privou de dereitos políticos e cidadáns ós católicos aplicando o terrible código penal do século XVIII. A relación dos mecanismos legais da opresión que ofrece o autor describe un ominoso sistema establecido en contra da maioría da poboación irlandesa pola única razón de manter e completar a conquista británica de Irlanda.

Nos proxectos de sometemento de Irlanda, o Estado soubo aproveitar á súa comenencia as institucións do país. Neste senso, escribe Mitchel, non soamente actuaron as autoridades propiamente británicas, tanto as de Londres coma as do goberno de Dublín ("Dublin Castle"). No sometemento da nación participou activamente o Parlamento de Dublín –un "Parlamento servil" –, existente ata 1800, acaparado polas clases dirixentes da sociedade angloirlandesa, é dicir, os irlandeses de orixes británicas, os herdeiros das familias dos estranxeiros establecidos na illa, convertidos nos grandes terratenentes do país como resultado da conquista. Esta privilexiada minoría dos propietarios protestantes controlou unha cámara lexislativa que, segundo Mitchel, e coa excepción dos anos finais do século XVIII que despois se mencionará, exerceu sempre o seu poder ó servizo de Inglaterra e dos seus propios intereses como clase.

Pero, ademais, a mesma Igrexa católica –denunciaba Mitchel– prestou a súa colaboración ó mantemento do sistema de opresión sobre os seus propios fieis, comportándose as súas xerarquías e o seu clero como verdadeiros inimigos do país, servindo como freo contra a axitación revolucionaria ou promovendo unha política de acordos cos gobernos do Imperio, como cando os bispos se deixaron subornar e aceptaron a Unión de 1800 a cambio de promesas vagas de *emancipación* dos católicos.[158]

---

157 Escribe Mitchel, referíndose ás primeiras décadas despois da Acta de Unión: "During the same period, every Parliament was sure to enact at least one Arms Bill; intending to deprive all mere Celts of necessary weapons for defence, and to kill in them the spirit of men". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 13.

158 "[...] the Church had ever been the enemy of Irish Freedom". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 14.

Impresionado aínda pola catástrofe que padecía o país nos anos centrais do século XIX, da que el mesmo fora testemuña directa, Mitchel procurou resaltar as causas do estado de prostración no que se atopaba Irlanda naquel tempo, ligándoas todas elas á escravización á que a viña sometendo Inglaterra desde había séculos. Foi por esta razón pola que dedicou unha atención preferente ós aspectos económicos e as súas correspondentes derivacións sociais, ámbito no que pensaba que se podían apreciar con extraordinaria nitidez os efectos da política inglesa na illa.

Neste senso, para Mitchel, o exercicio do poder inglés tivera como resultado directo a conversión de Irlanda nunha auténtica colonia de Gran Bretaña. A escusa da suposta misión civilizadora que os británicos pretendían cumprir en medio dunha sociedade de costumes bárbaros non podía encubrir, ó seu xuízo, a verdadeira razón que os levara a intentar a conquista definitiva da illa veciña desde tantos séculos atrás. Concretamente, centrándose no tempo que lle interesaba, non lle resultaba válida a desculpa que explicaba a presenza dos estranxeiros nas terras irlandesas desde a época da monarquía Tudor como un desinteresado esforzo por promover a relixión protestante nun país que seguira abrazado á perniciosa fe católica. A relixión, segundo Mitchel, soamente serviu como pretexto para a rapina desenfreada das terras e dos bens dos irlandeses. Nunca houbera o máis mínimo interese por achegar os nativos á nova Igrexa de Irlanda protestante. Aínda máis, alegaba, todo o sistema de explotación se derrubaría no caso de que se producise unha aceptación masiva da fe protestante pola poboación irlandesa.[159]

Tampouco as medidas gobernamentais que presumían ter como obxectivo a modernización das estruturas económicas tradicionais do país, observou Mitchel, non podían agachar o obxectivo real da política británica, o control absoluto da illa e das súas riquezas en beneficio de Inglaterra. A suposta eliminación dos factores de atraso e a implantación das formas produtivas británicas non levou a prosperidade ó país, senón que, pola contra, orixinara a ruína xeral na que se fora afundindo progresivamente, ata chegar ó estado lamentable do presente. Aducía Mitchel como proba, entre outras, os planos de *melloramento* que os gobernos do século XIX emprenderan para acabar co *exceso* de poboación no campo irlandés e poder promover, libre de trabas demográficas, unha economía baseada en explotacións granxeiras rendibles para os propietarios. En realidade, o seu obxectivo non fora o confesado, senón minguar a crecente poboación rural expulsando os pequenos arrendatarios –"the clearing business"– e liberar os enormes recursos agrarios que

159 "[...] enlightened Protestants only made a pretext of religion, –taking no thought what became of Catholic souls, if only they could get possession of Catholic lands and goods. [...] but in Ireland if the people had universally turned Protestant, it would have defeated the whole scheme". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 10.

aquela masa consumía, para así abastecer os mercados ingleses con alimentos baratos e proporcionar maiores beneficios ós grandes terratenentes arrendadores. Mesmo cando Gran Bretaña se amosaba ben disposta cara ós irlandeses, poñía de relevo Mitchel, ocultaba baixo tal aparencia o obxectivo prioritario de asegurar a súa posición de dominio na illa. Así sucedera coa xa aludida *emancipación* católica, concibida non como beneficio para os irlandeses, senón como argucia para diminuír a crecente forza da oposición antibritánica na illa atraendo ó campo gobernamental a clase católica propietaria e instruída.[160]

O máis salientable da relación entre Gran Bretaña e Irlanda era, para Mitchel, que a súa nación quedara reducida a un estado de opresión colonial que afectaba a todas as esferas. Como resultado dunha política de sometemento ó longo da historia, Irlanda atopárase forzada a unha situación de dependencia absoluta que se manifestaba claramente nos planos político, cultural e económico. No capítulo introdutorio do seu diario de prisión describiu Mitchel a serie de accións que nos tres últimos séculos levara a cabo o Estado británico neses ámbitos, entre os cales establecera unha interrelación complementaria que lle permitira consolidar unha dominación que, por veces, chegara a parecer definitiva.

No terreo puramente político, segundo o proxecto de sometemento inglés, o Estado exerceu o control da vida irlandesa a través das institucións de poder británicas, do goberno delegado de *Dublin Castle* e do Parlamento subordinado da capital irlandesa. Completábase o sistema de dominio, tal como o presentaba Mitchel, cun eficaz aparello de poder local e un servizo xudicial e policial disposto sempre a aplicar a lexislación segundo os requirimentos dos gobernos e dos grandes terratenentes, na maneira en que tantas veces sucedeu coas eviccións das terras dos pequenos campesiños. Por demais, as clases dirixentes do país, os angloirlandeses que asentaban o seu poder sobre o acaparamento da propiedade da terra, da que unha inmensa maioría da poboación dependía para o seu sustento, e sobre o monopolio dos cargos públicos, estaban completamente identificadas co sistema colonial que garantía a súa posición e contribuían directamente á perpetuación do sometemento da nación irlandesa.[161]

A implantación das estruturas de dominación, que foran reducindo a poboación católica de Irlanda a un estado de subordinación ós intereses estranxeiros, apoiouse tamén no mantemento das circunstancias que permitían xustificar a caracterización dos nativos como seres bárbaros e violentos, incapaces de saír da

---

160 John Mitchel, *Jail Journal,* p. 14.

161 "[...] the ruling classes so completely British in their feelings as well as by their extraction [...]". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 10.

miseria e de gobernarse civilizadamente por eles mesmos. Semellantes estereotipos, utilizados como lexitimación da conquista, serían confirmados por unha política que, denunciaba Mitchel, tivo como obxectivo primordial impedir, xustamente, que os irlandeses puidesen librarse da ignorancia e da pobreza que os invasores trouxeran á illa.[162]

Pero foi no plano económico onde Mitchel puxo máis énfase no seu retrato da dominación colonial inglesa. Impresionado pola miseria na que se afundía o país nos seus días, a historia ofreceulle a explicación do penoso espectáculo do presente, en canto interpretou este como o resultado buscado polas políticas británicas dos últimos tres séculos. Para o noso autor, polo tanto, a causa directa da ruína económica viñera dos planos dos gobernos de Londres e Dublín para reafirmar sobre a pobreza de Irlanda a riqueza de Inglaterra. Ó servizo de tal fin, as autoridades promoveran unha serie de medidas desde o século XVI que lles permitiran transferir os beneficios dos recursos materiais irlandeses á illa veciña. Non fora soamente a confiscación das terras ós propietarios nativos polos invasores. Os proxectos de dominación pretenderon subordinar as actividades produtivas todas de Irlanda ós intereses británicos. A este respecto, Mitchel amosou un especial interese por describir as medidas adoptadas polas autoridades no transcurso do terrible século XVIII, nas cales creu atopar a xénese das desventuras irlandesas.[163] Nese tempo, afirmaba, a industria téxtil do país foi completamente destruída por leis inglesas promulgadas co obxectivo de protexer as manufacturas propias da forte competencia dos produtores laneiros irlandeses. A prohibición de exportar os seus tecidos ó estranxeiro e as altas tarifas aduaneiras que se lles impuxeron a estes para vender en Gran Bretaña acabaron de modo definitivo con aquel próspero sector da economía irlandesa.

Como consecuencia da lexislación concibida para beneficio dos fabricantes ingleses, Irlanda converteríase nun país exclusivamente agrario a partir do século XVIII. Pero os proxectos gobernamentais aínda foron máis lonxe, denunciou Mitchel, ata conseguir facer da enteira economía irlandesa un apéndice subordinado da británica. Foi neste terreo onde expuxo os seus mellores argumentos para retratar de modo preciso unha situación de auténtica dependencia colonial, presentada como o efecto derivado de políticas conscientes encamiñadas a tal resultado. Desmantelada a súa industria, Irlanda fora transformada nun provedor de produtos agrícolas e gandeiros de Inglaterra, variando a orientación da súa economía en

---

162 "And so the English, having forbidden them for generations to go to school, became entitled to taunt them with ignorance: and having deprived them of lands, and goods, and trade, magnanimously mock their poverty, and call them tatterdemalions". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 10.

163 John Mitchel, *Jail Journal,* pp. 10-3.

función dos intereses da segunda e dos grandes terratenentes irlandeses que estaban ó seu servizo. Así, durante boa parte do século XVIII, o campo irlandés proveu de la á industria téxtil británica, despois de que se tomasen diversas medidas favorecedoras da cría de ovellas e desincentivadoras do cultivo e da gandería bovina. Máis tarde, sen embargo, os gobernos decidiron aproveitar as terras irlandesas como provedoras de produtos agrarios para Inglaterra, convertendo o país no que aínda era nos tempos do autor, nunha "granxa-almacén" para abastecemento dos dominadores. O círculo da explotación cerrábase por medio dunha clase propietaria que en boa parte era absentista e que remitía directamente as súas rendas a Inglaterra.

A maiores, as directrices que seguiran as disposicións sobre o comercio por parte dos gobernos británicos reflectían perfectamente, a xuízo do autor, a subordinación total dos intereses irlandeses ós da cabeza do Imperio e contribuían a explicar a miseria de Irlanda e a opulencia de Inglaterra. A lexislación a este respecto fora transformándose claramente segundo as necesidades inglesas, pasando do modelo proteccionista á imposición da liberdade total de mercado. Así, mentres o requirira a defensa dos seus produtores, como se viu no caso do sector industrial laneiro, a política do Estado fora altamente restritiva en canto á entrada de mercadorías en Gran Bretaña. Sen embargo, en canto a industria irlandesa deixara de ser competidora –"The work was done; the British were in possession", escribe Mitchel–, as autoridades británicas convertéranse en firmes defensoras do libre comercio, do que elas chamaban os "verdadeiros principios da economía política", val dicir, da eliminación de calquera interferencia legal nas actividades mercantís.[164]

O desenlace da persistente política británica de explotación das riquezas materiais de Irlanda en beneficio de Inglaterra fora, inevitablemente, o que o autor do diario puidera contemplar por si mesmo: un país sen industria, limitado a unha agricultura empobrecida que apenas podía cubrir os custos das manufacturas que se vía obrigada a importar dos seus veciños.[165] A situación de dependencia era, logo, consubstancial ó dominio británico, segundo o esquema explicativo de Mitchel, que advertiu da falsidade das políticas gobernamentais de *melloramento* con exemplos que lle parecían ben significativos. Con esa intención denunciou que mesmo ó aplicar as *Relief Acts,* que pretendían aliviar as penalidades das

[164] John Mitchel, *Jail Journal,* p. 11.

[165] Describe con exactitude Mitchel a situación de dependencia colonial: "When manufactures are crushed, and a peasantry bound to the plough-tail and the cattle-shed, of course the manufactures commodities they require must come to them from abroad, and their raw agricultural produce must go in payment for them". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 11.

vítimas da *Gran Fame* de finais da década de 1840, o goberno tivo a precaución de que os traballos públicos que financiaba para dar ocupación ós pobres fosen sempre nalgunha actividade improdutiva –cavar foxos, abrir camiños–, de maneira que non cubrisen as cantidades consignadas e non acabasen coa dependencia das axudas estatais. Incluso, naqueles tempos tan duros, promulgouse unha nova Lei de Pobres que contiña unha disposición que obrigaba ós pequenos arrendatarios que debesen acudir ó socorro público, por ser incapaces de producir o suficiente para subsistir, a renunciar á súa explotación para recibir axuda, condición que fomentaba, laiábase Mitchel, a ociosidade, en canto o mesmo intento de sobrevivir co propio traballo condenaba á miseria a quen o emprendía.[166] Dunha e doutra maneira, era evidente, segundo o noso autor, que a prioridade das políticas gobernamentais fora sempre, mesmo nos momentos máis dramáticos, a de manter Irlanda escravizada polo xugo do amo inglés. O resultado final, como observou nos seus días o autor, era un país "despoboado, famento, intimidado e corrompido".[167]

En suma, tal como se presentaba nas páxinas introdutorias do *Jail Journal,* a presenza inglesa en Irlanda pretendera desenvolver un auténtico proxecto de dominación que lle permitise a Inglaterra dispoñer ó seu antollo dos enteiros recursos humanos e materiais da illa arrebatada á poboación nativa. A tal efecto, o texto percorre as sucesivas catro etapas en que se fora cumprimentando tal programa de sometemento a partir da era isabelina e da vitoria de Cromwell sobre as tropas rebeldes irlandesas, aínda que este período só é mencionado brevemente. Gran atención, sen embargo, dedica Mitchel ó século XVIII, no que sitúa o establecemento das liñas mestras do sistema de opresión que cualificaba de *colonial* e que exemplificou coa descrición das cláusulas máis significativas das Leis Penais, concibidas para asegurar o predominio absoluto dos intereses británicos sobre a poboación irlandesa católica, legalmente convertida pola súa causa nunha categoría social legalmente subordinada, limitada nos seus dereitos, imposibilitada de prosperar no plano económico e excluída por completo do escenario político. O sistema opresor completouse daquela cunha política económica dirixida a impedir o crecemento industrial do país en beneficio da produción inglesa e a converter Irlanda nun provedor agrario de Gran Bretaña, coa súa enteira economía disposta ó seu servizo. Naquel século XVIII, polo tanto, localizou Mitchel as raíces da miseria irlandesa e da riqueza dos explotadores.

---

166 John Mitchel, *Jail Journal, Jail Journal,* p. 16.

167 John Mitchel, *Jail Journal,* p. 17.

A Acta de Unión de 1800, que aboliu a cámara lexislativa de Dublín e integrou a Irlanda como parte do Reino Unido, outorgándolle unha representación no Parlamento Imperial, sinala, para o autor, o inicio da terceira fase, a do intento de sometemento completo da nación irlandesa a Gran Bretaña. A partir daquel momento, unha Irlanda indefensa foi saqueada nos seus recursos, mentres a poboación do país se vía afundida por unha carencia de alimentos que, nos vinte primeiros anos, se converteu en crónica. As fames, inducidas polos propios gobernos británicos, segundo o autor, serviron de instrumento para afirmar o control sobre o territorio e favorecer unha reordenación do sistema produtivo agrario beneficiosa para os grandes propietarios de terras e o modelo de exportación de alimentos promovido por Gran Bretaña.

O problema principal que dificultaba tales designios, alegaba Mitchel, era o *exceso* de poboación no campo irlandés, que impedía dispoñer dunha maior cantidade de produtos agrarios para exportar a Gran Bretaña e limitaba o rendemento dunha terra fragmentada en minúsculas explotacións cultivadas por campesiños arrendatarios. A este respecto, as medidas de *mellora* establecidas polas autoridades non pretenderan máis que expulsar do campo os millóns de campesiños irlandeses *sobrantes* facendo imposible a súa subsistencia. As fames, denunciaba, non eran, polo tanto, froito dunha maldición que periodicamente castigaba o pobo irlandés, senón o resultado de planos políticos preconcibidos que perseguían a destrución do campesiñado. A última etapa sitúaa a partir de 1830, xustamente despois da *emancipación* que aparentaba igualar en dereitos ós católicos, cando os gobernos ingleses implantaron unha auténtica política de *exterminio* co obxecto de dar cabo ós seus proxectos. Nas súas miras estaba o que Mitchel cualificou como a "conquista final", que parecía culminar nos seus días, como efecto da última das grandes fames promovidas polos opresores. Con ela se completaría, por fin, o programa colonial que os ingleses concibiran tres séculos atrás.

c. *A resistencia.* A pesar do espectáculo desolador que se abría ante a súa vista, Mitchel negouse a crer que a súa nación estivese destruída. Na procura dun alento de esperanza, recorreu á historia para atopar nela os exemplos que lle permitisen afirmar que a loita pola liberación nacional non se podía dar por concluída. Con tal finalidade, presentou un relato dos anteriores tres séculos presidido pola idea de que a nación sempre atinara a saír de situacións semellantes nas que todo parecera perdido. Describiu, así, nas páxinas previas ó *Jail Journal* un pasado marcado, indubidablemente, pola presión desapiadada dos intrusos ingleses pero tamén pola irrenunciable vontade de resistencia dunha nación que nin nas peores circunstancias puidera ser definitivamente conquistada. Mesmo cando o abatemento parecera máis profundo, situación que o autor amosou

reproducida en repetidas ocasións ó longo do período estudiado, a nación demostrara ter abonda forza para rexurdir.[168] Este foi o relato dunha determinación nacional de loita pola supervivencia que, seguindo unha orde cronolóxica, Mitchel expuxo nos seus parágrafos introdutorios, tal como se detalla a continuación nas súas diversas fases.

Xa despois da conquista das tropas isabelinas –iniciaba o autor o seu repaso do pasado– Irlanda parecía a piques da destrución absoluta. Sen embargo, transcorrido soamente medio século, o país ardía en loita contra os estranxeiros, nun conflito de tal intensidade, que esixira ó propio Oliver Cromwell desprazar unha gran forza armada para resolvelo. De novo, tras da conquista de mediados do século XVII, "a causa de Irlanda" ("Irlanda contra Inglaterra") parecera *"perdida",* arrasados os seus castelos, os seus campos entregados a estranxeiros e os mellores homes mortos ou lonxe da illa natal,[169] cando, ós poucos anos, os irlandeses renovaron o combate pola recuperación do seu país, razón verdadeira que explicaba, segundo Mitchel, a súa intervención en apoio do pretendente Estuardo no seu enfrontamento contra William de Orange pola Coroa inglesa. Outra vez, sen embargo, a derrota no Boyne e a fuxida da clase dirixente irlandesa desde Limerick deron a impresión de supoñer o final da nación.[170]

Aínda maior era a sensación de quebra absoluta, lembraba Mitchel, despois das terribles Leis Penais e das medidas ruinosas para a economía irlandesa implantadas durante o século XVIII, ó final do cal semellaba estar o país practicamente morto.[171] Con todo, unha vez máis, alegrábase o autor, a vitalidade da "raza irlandesa" e da súa causa demostrara ser inextinguible, de maneira que, antes de acabar a centuria, podía impulsar a creación dun auténtico Exército de Voluntarios capaz de arrincarlles ós ingleses en 1782 un Parlamento independente de Londres. Por máis que estivese controlado polos protestantes do país, a simple liberación das políticas británicas permitiulle a Irlanda vivir case dúas décadas de prosperidade, afirmaba Mitchel. O goberno británico, sen embargo, acabou coa independencia en 1800, ó aprobar o propio Parlamento de Dublín a súa desaparición. A fatal Acta de Unión lográrase baixo ameazas e subornos dos parlamentarios, en medio dun país aterrorizado pola represión que seguira á insurrección de 1798, revolta que fora incitada de modo perverso polas propias autoridades, como

---

168 "But that Nation has been so often dead and buried, and has so often been born again [...]". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 9.

169 "Ireland was conquered by Cromwell, literally and universally". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 9.

170 "[...] England feels at last secure: surely this time her sister and mortal enemy is dead past all resurrection". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 9.

171 "Ireland was to all human appearance dead and buried this time". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 10.

estrataxema para convencer da súa inseguridade ás clases dirixentes irlandesas e da comenencia de se integrar no Reino Unido renunciando ás súas institucións particulares.

Como tantas veces sucedera, desde comezos do século XIX Irlanda estaba novamente conquistada, sometida ó xugo da Unión. Mais nin sequera naquel estado de agonía se resignara a nación. Por baixo das aparencias de derrota, o movemento agrario non deixou nunca de combater a legalidade colonial e de impulsar unha auténtica *"revolución"*. Sen embargo, advertía Mitchel, foi nestes momentos cando o maior perigo ameazou o país. Non só pola política tiránica e abusiva das autoridades inglesas, senón, de modo paradoxal, polo propio pulo que colleran os partidarios de recuperar pacificamente os dereitos do país, aproveitando as posibilidades que ofrecía o sistema legal británico. O movemento dirixido por Daniel O'Connell, primeiro a prol da *emancipación* dos católicos e despois en favor da abrogación da Acta de Unión, puxo en perigo a existencia mesma da nación, ó anular as súas ansias de rebelión contra os tiranos estranxeiros. "Desafortunadamente para Irlanda", laiábase Mitchel, a *Catholic Relief Agitation Act* acadou en 1829 o seu obxectivo de anular a última discriminación legal establecida contra a maioría dos irlandeses. Para o autor, os efectos reais da aparente vitoria foron negativos, en canto introduciu a división no campo católico –é dicir, *irlandés*– ó integrar as clases altas nativas no sistema e desmobilizou a poboación, facéndoa caer no engano de que era posible obter concesións por medios pacíficos. A maiores, o propio goberno desactivaría de inmediato o potencial de cambio da medida, ó elevar o nivel de renda requirido para o exercicio do voto e ó emprender a política de aniquilación do pequeno campesiñado.[172]

A *Gran Fame* de 1846, insistiu Mitchel ó final do seu relato histórico, non viñera senón completar unha tarefa longamente planificada desde o poder colonial e facilitada polas falsas ilusións que no pobo creara o propio O'Connell, que enfeitizara a xente coas súas fantásticas promesas, mentres as autoridades completaban os seus planos de *exterminio*. Aínda así, concluía con esperanza o texto, en medio de tal decaemento, a nación tivera forzas para amosar o seu espírito combativo en 1848. Non lle importaba ó autor o fracaso daquel intento revolucionario. O importante era que a chama da nacionalidade, igual que ó longo de toda a historia, seguía prendida e permitía albiscar un futuro de liberdade en medio do caos, a confusión e a ruína. A resistencia da nación, como a do propio

[172] "For, beginning on the very day of Catholic Emancipation, there was a more systematic and determined plan of havoc upon the homes of the poor". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 14.

Mitchel, que escribía o seu diario desde os cárceres británicos, nunca se extinguiría. Esa era a lección da historia que quería ensinar ós ingleses e ós seus propios compatriotas.

2.2. Análise do relato histórico de Mitchel

"The history of Ireland explains my crime and justifies it". John Mitchel asumiu na introdución do diario dos seus padecementos nos cárceres británicos a lapidaria frase que o seu compañeiro Thomas Meagher, detido na mesma operación policial ca el e tamén deportado a Tasmania, alegara ante o tribunal que o xulgou como xustificación dos seus actos de rebelión contra o Estado británico. Ningunha outra fórmula podería expresar con maior rotundidade a súa convicción de que no pasado da nación estaba a clave para comprender a causa das tremendas penalidades persoais que ía atopar descritas o lector da súa obra nas páxinas seguintes. Non sorprende, polo tanto, que decidise comezar o seu relato sintetizando ese pasado nunha presentación histórica que expuxese os elementos necesarios para poder comprender o modo en que os acontecementos evolucionaran ata levalo á situación tan lamentable na que se atopaba.

Ó facelo, claro está, daría tamén conta das razóns que empurraran a propia Irlanda á "completa desolación" –segundo as palabras que el escolleu– en que se atopaba sumida nas presentes circunstancias. Era o mesmo pasado aquel que afundira no desastre a nación e mais o que o impulsara a dedicar a súa vida a combater os culpables do afrontoso estado no que xacía. A historia contiña a clave do presente, do de Mitchel e mais do de Irlanda. Porque os dous se confundían na súa mente: o autor, encarcerado e sen apenas esperanza; a nación, prostrada e agoniante. Así o representou no prefacio do *Jail Journal,* no que enlazou directamente a exposición dos males inflixidos ó país por Inglaterra co seu caso persoal como vítima dunha persecución tamén ignominiosa por parte das autoridades.[173] E aínda de maneira máis explícita, integrou despois a súa aventura como parte da historia da nación, como "consecuencia" inevitable dun pasado que marcaba o destino dos irlandeses todos do presente.[174]

En realidade, Mitchel foi máis alá, chegando a identificar a súa traxedia individual coa da nación. Ambos padecían os mesmos males, compartían a fonte

---

173 Escribe nos parágrafos finais da introdución, ó dar paso á exposición dos seus problemas persoais coa xustiza británica: "Here, then, this narrative leaves the general affairs of the country and shrinks to the dimensions of a single prosecution". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 19.

174 "The general history of a nation may fitly preface the personal memoranda of a solitary captive; for it was strictly and logically a *consequence* of the dreary story here epitomized, that I came to be a prisoner, and to sit writing and musing so many months in a lonely cell". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 20 [cursiva no orixinal].

de onde estes proviñan e ansiaban o mesmo remedio. O enteiro relato dos seus días nas prisións inglesas, coa teimuda determinación de seguir loitando contra os seus carcereiros, quería representar, como axeitada comparanza, a situación que el lle atribuía a Irlanda: humillada e aldraxada polo inxusto poder británico, pero nunca resignada, sempre disposta, mesmo nas circunstancias máis adversas, a erguerse contra os tiranos que a asoballaban, segundo quería demostrar Mitchel mesmo na historia nacional que compoñía na introdución do seu libro. A transposición do autor e da nación maniféstase en numerosas ocasións nas entradas do seu diario, no que Mitchel expresou a súa renuncia a calquera demanda de xustiza persoal, transferíndoa á que esixía a propia nación, volvendo equivalente a satisfacción desta coa que el mesmo esperaba acadar algún día. A súa liberdade individual, en definitiva, chegaría coa liberación da súa nación.[175] No texto de Mitchel, a mesma opresión, a mesma resistencia, a mesma meta de liberdade que compartían teñen o efecto de diluír na nación o autor. Sen embargo, ó tempo, este ofrécese nel como figuración esperanzada daquela. Cando Irlanda parecía completamente incapaz de responder ás agresións que padecía, o protagonista do diario, en medio da súa traxedia persoal, amósase como símbolo da vontade indomeable dos irlandeses –da propia nación– de manter viva a loita ata a vitoria final.

Mitchel, polo tanto, representou os seus padecementos como unha pura proxección individual dos que tamén sufría a nación. As súas respectivas traxedias, en realidade, viñan ser a mesma, o froito amargo dunha historia de opresión secular que se prolongaba no presente sen mingua ningunha da súa intensidade. Do mesmo xeito, a súa particular loita pola liberdade, á que o autor nunca renunciara, expresaba ben ás claras a fera resistencia que, a pesar das alarmantes trazas externas que presentaba, a nación nunca deixara de opoñer ós intrusos estranxeiros. Se *opresión* e *resistencia* eran epítome da historia da nación segundo a visión de Mitchel, os mesmos termos correspondíanse con xusteza coa crónica da súa propia vida. Nin as inicuas leis de Inglaterra nin a abusiva coerción do Estado poderían nunca con el, como tampouco non lograran acabar coa nación irlandesa. Ambos sabían resistir con obstinación e, sen dúbida ningunha, habían triunfar algún día sobre os seus opresores.

Tales son as causas que levaron a Mitchel a antepoñer a súa interpretación do pasado da nación ó relato das súas coitas persoais. Porque non era na perversión

---

175 Tal escribe na xa citada longa *conversa* entre *"The Ego"* e *"Doppelganger":* "I do believe myself incapable of desiring private vengeance [...]. The vengeance I seek is the righting of my country's wrong, which includes my own. [...] Punishment of England, then, for the crimes of England –this righteous public vengeance I seek, and shall seek. Let but justice be done; let Ireland's wrong be righted, and the wrong done to me and mine is more than avenged; for the whole is greater than its part". John Mitchel, *Jail Journal,* p. 99.

das autoridades que o encarceraran onde atopaba a razón última dos seus males. As raíces das súas desgrazas prenderan moito máis atrás no tempo e foran alimentadas durante séculos polas políticas de dominación colonial dos gobernantes ingleses e das clases propietarias que despoxaran os nativos como resultado da conquista. Alí arrincaba para el, certamente, non só a dolorosa historia da nación, senón tamén a *súa* propia historia, o pasado que determinara a súa vida específica.

Pero tamén aquela historia lle fora roubada a Irlanda polos ingleses, advertía Mitchel, que escolleu un encabezamento abondo significativo para referirse no índice ós parágrafos iniciais da introdución do *Jail Journal:* "Irish History belongs to England".[176] Eran os vencedores, co poderío que deitaba da súa conquista, os que impoñían a súa visión do pasado, un relato "conmovedor e piadoso" que contrastaba o "xenio da civilización británica" coas turbulencias e ingratitudes da "bárbara natureza celta", que falaba da "benevolencia británica" e dos seus "xenerosos esforzos a prol da mellora" daquela "desbaldidora illa" que tantos coidados e gastos lle custaba á súa "máis próspera irmá".[177] Por tal razón, para contrarrestar aquela visión *oficial* do pasado, propúxose o noso autor presentar "Outra versión" –segundo precisaba no índice– ben distinta daquela historia das relacións entre Gran Bretaña e Irlanda: o relato da nación asoballada ata os limiares mesmos da extinción pero nunca rendida ós inimigos nin definitivamente conquistada.

1. Os obxectivos

Contradicir a versión que os poderosos dominadores estranxeiros viñan presentando era, por tanto, a pretensión xeral con que Mitchel emprendía a súa viaxe pola historia. A maneira en que tratou de cumprimentar tal obxectivo reflectiu intereses moito máis concretos, ligados a unha serie de finalidades políticas ben precisas.

Co ánimo de encadrar as súas accións individuais revolucionarias nunha liña de enfrontamento contra os invasores á que atribuía unha fonda tradición na illa, Mitchel compuxo unha interpretación histórica fundada na idea da dominación colonial británica de Irlanda desde a era da dinastía dos Tudor. Ó encadralos nunha dimensión nacional e remontar no tempo as orixes dos seus problemas específicos, a introdución ó *Jail Journal* transcendía nas súas implicacións a pura exposición das causas que levaran ó autor a arriscar a súa liberdade e a súa vida e que o

---

176 Así comeza o seu capítulo introdutorio: "England has been left in possession not only of the Soil of Ireland, with all that grows and lives thereon, to her own use, but in possession of the world's car also. She may pour into it what tale she will: and all mankind will believe her. [...] Britain being in possession of the floor, any hostile comment upon her way of telling our story is an unmannerly interruption; nay, is nothing short of an *Irish howl".* John Mitchel, *Jail Journal,* p. 9 [cursiva no orixinal].

177 John Mitchel, *Jail Journal,* p. 9.

condenaran á lamentable situación que recollían as súas memorias dos cárceres do Imperio. O efecto pretendido non era outro que demostrar a *lóxica* histórica do seu comportamento revolucionario, á vista dun pasado de opresión continuada como o que se presentaba no repaso polo sucedido nos séculos anteriores e polos penosos resultados que deitaran para a nación, manifestos de modo abraiante nos seus días. A historia, exposta tal como *verdadeiramente* fora, quería aducir Mitchel, obrigaba a unha reacción radical como a que el e outros compañeiros nacionalistas impulsaran. O pasado convertíase, segundo aquela argumentación, na xénese e na xustificación da política insurreccional contra o Estado británico.

Non era a historia, sen embargo, a que levaba ó presente, como sostiña Mitchel. Máis ben, eran as concepcións ideolóxicas previas desde a que a formulaba o autor as que determinaban a interpretación do pasado que reflectiu nas páxinas introdutorias do seu diario. A versión da historia que se ofrecía como explicación da súa actuación política vén ser, en realidade, a consecuencia desta e non a súa orixe. É dicir, o relato histórico que compón Mitchel é *posterior,* non anterior, á convicción ideolóxica e á consideración da práctica política que esta lle demandaba. Cómpre efectuar esta inversión na análise da relación entre o presente e o pasado para captar na súa plenitude, máis alá da autoxustificación inmediata, os obxectivos que Mitchel se propuxo ó redactar o seu esquema histórico, todos eles destinados a proporcionar unha cobertura de lexitimación ás propostas de acción revolucionaria.

Mitchel elaborou a súa interpretación da historia irlandesa *desde* e *para* o presente. *Desde* o presente, en canto o pasado se entende nela en función das crenzas ideolóxicas do autor, que son as determinantes da selección e a estruturación dos acontecementos dos séculos anteriores, en orde a lograr unha caracterización preconcibida das relacións entre Gran Bretaña e Irlanda. Neste senso, en primeiro lugar, o relato histórico pretendía achegar unha explicación que volvese comprensible o magoante estado da nación –e do propio autor– nos días en que se escribía o diario, detallando as causas que conduciran a el. En segundo termo, quería botar unha raiola de esperanza que iluminase aquela tenebrosa realidade, sinalando paralelos equiparables no pasado e os modos en que a nación superara o risco extremo de aniquilación no que noutrora tamén se atopara. O terceiro dos obxectivos era máis directamente político, en canto a visión do pasado ensinábase como validación da proposta insurreccional fronte ó Estado, deducindo Mitchel da historia a necesidade de recorrer á que consideraba como a única opción posible para asegurar a supervivencia da nación irlandesa.

Deste xeito, a transmisión cara a tempos pretéritos dos principios ideolóxicos do presente e a lexitimación das proposicións de intervención política que se lle asignaba ó pasado condicionan de maneira absoluta o relato histórico que Mitchel

configurou no capítulo introdutorio da súa obra de prisión. *Para* o presente, para cumprimentar a finalidade política pola que loitaba, a rebelión xeral contra o Estado británico, era preciso deslexitimar o discurso *oficial* de xustificación histórica da presenza inglesa no país, elaborar unha interpretación alternativa daquel pasado e amosarlle a *verdade* da súa historia á nación. En suma, se a causa da miseria actual de Irlanda era de orde política –a vella dominación colonial perpetuada–, tal como demostraba a historia, a resposta debería ser tamén política e proporcionada á opresión. A dedución que Mitchel extraía de tal relato era obvia: a insurrección revolucionaria que el mesmo predicaba constituía o único camiño da liberación, a única maneira de recuperar os irlandeses o control sobre a súa propia historia.

2. As características

Tal como se leva dito, a dimensión ideolóxica que o inspiraba e os propósitos políticos inmediatos que Mitchel pretendía alcanzar coa súa exposición do pasado do país estableceron o condicionamento determinante da representación histórica que propuxo ós seus lectores no *Jail Journal.* En consecuencia, a selección dos acontecementos que debía recoller o relato e a súa valoración non facían máis que reflectir no pasado, coa maior correspondencia posible, a lectura do presente que efectuaba o autor. Así, as ideas fundamentais nas que se sustentaba a súa visión da historia viñan ser as mesmas nas que se fundaba a súa análise da realidade en que vivía a nación nos seus días, a saber, que os males do país tiñan unha xénese política, ligada á opresión inglesa, que a nación tiña capacidade para rexurdir da súa prostración, que a conciliación dos intereses de Irlanda e Inglaterra era imposible e que soamente a vía insurreccional permitiría ó país recuperar o control do seu destino, chave da súa prosperidade. En función deste esquema de natureza política, o autor ordenou e deulles un sentido para o presente ós feitos dos últimos séculos que atopaba máis significativos. O resultado da aplicación desta concepción ideolóxica do pasado traduciuse nun relato no que se poden distinguir as seguintes características:

a. *Confusión de pasado e presente.* Por baixo das variacións conxunturais, o pasado e o presente aparecen no escrito de Mitchel formando parte dunha mesma unidade, configurada arredor dunha serie de elementos básicos constantes que atravesan o tempo histórico e reproducen as condicións fundamentais nas que se desenvolvera a vida da nación irlandesa a partir do momento en que entrara en contacto con Inglaterra e caera baixo o xugo da súa dominación. A esencia desa relación omnicomprensiva exprésase na invariable contraposición dos termos *opresión* e *resistencia*. A perpetuación do pasado, entendendo o presente non só como a súa consecuencia, senón tamén como a súa reprodución, reducira a posibilidade de cambio ó longo da historia á ruptura da citada dicotomía entre o

asoballamento inglés e a liberación irlandesa. Calquera outra das supostas transformacións no pasado non fora máis que unha pura aparencia, por canto non removera o trazo principal que definía desde séculos atrás a vida dos irlandeses. Mesmo algunhas daquelas mudanzas presentadas no seu día como grandes logros para o país actuaran, na práctica, como reforzamento da realidade subxacente de opresión, segundo a valoración que Mitchel lle outorgaba, por exemplo, á *emancipación* dos católicos e a outros intentos frustrados de obter concesións dos gobernos coloniais. Nada distingue, en consecuencia, o pasado e o presente no relato histórico de Mitchel.

b. *A historia como confrontación.* Do mesmo xeito que no presente, ó longo da historia dos tres últimos séculos a contraposición das dúas nacións enfrontadas fora absoluta e irremediable. Calquera política de conciliación resultaba imposible, segundo deitaba da exposición do pasado, por causa da perversión inherente ás motivacións que sempre guiaban a política das autoridades inglesas. Nese pasado recente que se analizaba, resultaba evidente para Mitchel a dedución de que a violencia era o único instrumento de que dispoñían os irlandeses para recobrar o país os seus dereitos.

c. *Opresión e resistencia.* A caracterización do pasado como unha historia de enfrontamento absoluto exprésase na contraposición das dúas nacións segundo a dicotomía *opresión-resistencia,* que constitúe o eixe fundamental arredor do que se articula o enteiro relato historiográfico de Mitchel. Deste xeito, a historia contida no *Jail Journal* consiste na exposición do proxecto inglés de dominación sobre a nación irlandesa a partir do século XVI e a oposición que esta foi capaz de ofrecer. A elección de tal esquema de relación antagónica permanente como fundamento do desenvolvemento histórico de tres séculos obrigou ó autor a procurar un difícil equilibrio entre os dous termos en contraste, en orde a poder manter a oposición entre eles ó longo de todo o período. Por un lado, Mitchel propúxose resaltar ata o extremo as despóticas e oprimentes políticas dos gobernos ingleses no seu intento por escravizar a nación irlandesa. Así, salientou o proceso de destrución emprendido en todos os ámbitos da realidade, describindo a continua serie de medidas destinadas a provocar a ruína económica de Irlanda, a súa subordinación política e a subxugación das súas xentes. Pero, por outra parte, a súa constante apelación á rebelión contra os tiranos requiría que, por moitas que fosen a eficacia e a perfidia dos planos de asoballamento ingleses, sempre houbese aberto un espazo para a esperanza. De aí que as súas descricións das penalidades de Irlanda viñesen sempre seguidas da referencia ó rexurdimento da nación ante uns inimigos que a miúdo a deran por morta. O paralelismo que buscaba ofrecer como alivio para o presente e como lexitimación das súas chamadas á loita era manifesto. O seu programa de

acción esixía proclamar que, por baixo das dramáticas aparencias que, en repetidas ocasións, pareceran indicar o contrario, a "causa de Irlanda" nunca morrera.

A periodización que o autor estableceu para a súa interpretación do pasado estaba condicionada pola mesma clase de consideracións políticas que informaban o enteiro relato do intento de completar os ingleses o seu programa de destrución a partir do século XVI. Coñecidas as consecuencias da aplicación de tal proxecto aniquilador, Mitchel propúxose rastrexar no pasado os seus episodios fundamentais e descubriu os seus principios no transcurso daquela centuria na que os reis da casa dos Tudor someteran o país, momento que escolleu tamén para o comezo do seu relato.

Nada do que puidera acontecer en tempos máis antigos que aquela data inaugural lle resultou suficientemente importante como para integralo na súa interpretación histórica. Nin sequera dedicou un mínimo parágrafo da introdución do seu diario ó dominio inglés da illa nos séculos medievais. Podería atribuírse tal ausencia á economía de espazo propia do que non se concibía máis que como prefacio ó núcleo da obra, é dicir, as anotacións do paso do autor polos cárceres británicos. Pero, aínda así, sorprende a falta dunha simple alusión á presenza na illa da nación invasora desde a segunda metade do século XII, situación que facilmente podía presentar como antecedente directo dos sucesos que se dispoñía a narrar. A estrañeza por tal ausencia non é tanta, sen embargo, se se ten en conta a perspectiva política coa que Mitchel contemplaba o pasado, visión que o levou a seleccionar entre o material que este lle ofrecía soamente aquilo que satisfacía a dobre finalidade con que se achegaba a el: por unha parte, atopar explicacións ós sufrimentos da nación –e del mesmo– no presente; por outra, mobilizar os irlandeses ata a insurrección contra o Estado.

Os dous obxectivos prioritarios que Mitchel pretendía acadar co seu relato historiográfico cumprimentábanse da mellor maneira elaborando unha crónica *completa* e *cerrada* desde a conquista dos Tudor ata os seus días. Remontar as referencias á Idade Media non faría senón introducir elementos que poderían quebrar a unidade do que pretendía presentar como un ciclo acabado en si mesmo, como un proxecto de dominación absoluta concibido polo Estado desde un principio e con consecuencias perfectamente visibles no momento presente. As néboas que cubrían os tempos medievais, a sobrevivencia neles de considerables cotas de poder en mans da aristocracia nativa, que aínda controlaba daquela boa parte do territorio insular, a falta de capacidade do Estado inglés de entón para aplicar un plano de conquista sistemática do país e a ausencia do factor relixioso, que Mitchel, pese a todo, consideraba clave na diferenciación entre a comunidade nacional irlandesa e os opresores estranxeiros, foron todas consideracións que

deberon de contribuír á decisión do autor de non retrotraer a súa historia máis alá da época moderna. As referencias a aquel escuro Medievo poderían crear confusión nos lectores, ó introducir alusións e acontecementos que privarían a súa interpretación do pasado da claridade meridiana con que quería establecer a conexión histórica entre o Estado inglés e a catástrofe que padecía Irlanda na actualidade, limitando dese modo a efectividade política da súa exposición.

A motivación ideolóxica desde a que formulaba a súa visión do pasado e as expectativas de acción revolucionaria que esperaba que satisfixese demandaron de Mitchel o establecemento dunha estrutura da exposición dos feitos que puidese cumprir o obxectivo esencial de relacionar as partes inicial e final do relato. E eso requiría, ademais da eliminación de calquera complexidade deformadora da liña de desenvolvemento da narración, que o comezo do relato coincidise coa aparición dos feitos claramente significativos para a súa interpretación do presente. É dicir, aqueles que produciran efectos que aínda estaban *vivos* no momento en que escribía e dos que se podía trazar unha xénese histórica que cadrase coas pretensións políticas do autor: a diferenciación entre protestantes e católicos e a discriminación que castigaba a estes últimos, as políticas de forza e represión que permitiran e consolidaran a conquista e a aplicación das medidas de sometemento colonial, a espoliación das terras dos nativos e a súa conversión en campesiños dependentes e explotados, a destrución da capacidade industrial do país e súa conversión en provedor agrario de Inglaterra...

Esa realidade do presente que describía Mitchel era a que, primeiro de nada, cumpría explicar nas súas orixes, para despois poder substituíla por medio da acción revolucionaria. Se a fame e a ruína que sufría Irlanda, así como o modo de darlles cabo, constituían o obxecto primordial do seu interese político, as noticias sobre feitos e datas que non se enlazasen con elas de forma inequívoca ou a simple consideración de factores culturais que, en realidade, serían de interese dubidoso ou nulo para a masa xeral dos irlandeses, os campesiños pobres do país, non farían máis que restar eficacia política ó discurso histórico. Se este non dese conta da orixe das miserias que estaban estragando a nación e non propiciase a rebelión contra os culpables daquel lamentable estado, o pasado que contaba carecería de sentido para o presente e a súa compilación resultaría un esforzo inútil. Sen dúbida ningunha, para John Mitchel, o revolucionario, a historia era só un instrumento ó servizo da loita política do que cabía esperar unha eficacia inmediata.

d. *Definición restrinxida da nación.* A redución da relación histórica entre Irlanda e Inglaterra a un enfrontamento absoluto que se continuaba no presente esixía unha caracterización das dúas entidades protagonistas que se correspondese coa incompatibilidade sen matices que Mitchel lles atribuía a ambas as nacións.

O resultado do seu relato, segundo as conclusións políticas que esperaba que puxese de manifesto, debía amosar sen dúbida ningunha que as posibilidades de concordia entre elas eran puramente quiméricas, en canto un encontro pacífico e de cooperación contradicía a propia natureza de cada unha das dúas entidades nacionais. En consecuencia, Mitchel definiu a pertenza a Irlanda e a Inglaterra por oposición, limitando as ambigüidades identitarias e as posibilidades de acomodación dos sectores da sociedade irlandesa que non coincidisen con exactitude cos trazos asignados a unha ou outra nacionalidade. Segundo tal simplificación, as categorías nacionais dispoñibles limitábanse á alternativa entre ser *irlandés* e ser *inglés/ británico.*

En realidade, na obra de Mitchel –nin na introdución nin no diario propiamente dito– non se fai ningunha caracterización explícita dos trazos da nacionalidade irlandesa. Sen embargo, os irlandeses aparecen nela, en toda ocasión, identificados coa poboación católica do país. E esta vén equivaler sempre –neste caso si que de modo expreso– á maioría agraria daquela sociedade, val dicir, os pequenos campesiños que traballaban a terra en réxime de arrendamento ou que mesmo carecían de terreos que cultivar. Eles eran os que padecían máis directamente as dramáticas consecuencias do réxime colonial e, en consecuencia, son retratados como a representación viva do risco principal que identificaba a nación irlandesa no relato histórico de Mitchel, a opresión. Nunha nación de *oprimidos,* cando o sufrimento se converte en sinal da identidade irlandesa, os campesiños asoballados son a imaxe perfecta da condición definidora da nacionalidade. Eles, imaxinados cos trazos que completaban o seu retrato, é dicir, a súa fe católica e a súa estirpe nativa, constituían a verdadeira nación irlandesa.

Así, nas referencias de identificación nacionalitaria do *Jail Journal* os termos *campesiño* –entendido como pequeno arrendatario ou traballador rural sen terra–, *católico* e *celta* –no senso de *nativo,* diferente por orixe do inglés– utilízanse de modo indiferenciado como equivalentes de *irlandés.* Como consecuencia, ponse de manifesto que, para Mitchel, os *irlandeses* eran, por principio, os campesiños, os cales se caracterizaban por ser, en todo caso, de relixión católica e ter raizame nativa. A maioría dos irlandeses adoitaban coincidir nas características citadas, que os definían como pequenos campesiños explotados, privados no seu día da propiedade da terra polas súas orixes, ameazados sempre coa desposesión das súas tenzas en arrendamento e discriminados polas súas crenzas relixiosas. Eles configuraban a nación por excelencia, como vítimas da opresión dos grupos que gozaban dunha posición de poder en virtude do réxime colonial establecido no país por Gran Bretaña, aquel que lles outorgaba a estes privilexios directamente derivados da súa pertenza relixiosa e da ascendencia familiar estranxeira, orixe

do seu dominio político e do seu control da propiedade da terra e, en xeral, dos recursos produtivos do país.

Pode interpretarse, aínda que Mitchel non formulou o asunto dunha maneira expresa, que aqueles que carecían dos trazos que o autor ligaba á condición identitaria irlandesa non formaban, para el, parte da nación. Polo menos en principio, en canto non participaban da condición distintiva que contrapoñía os irlandeses ós membros da nacionalidade inglesa, é dicir, a de ser vítimas da opresión dos estranxeiros alí establecidos como conquistadores. O protestante, o propietario de terra ou o de estirpe británica –trazos que tamén adoitaban ser compartidos– non vían limitados os seus dereitos pola lexislación estatal nin sufrían a inxustiza da explotación do seu traballo e a conseguinte condena á miseria sen remedio. En consecuencia, a súa identidade non podía ser a irlandesa.

Así, os criterios de diferenciación entre a poboación da illa separaban dúas nacións, a irlandesa e a inglesa ou británica, eliminando case por completo os espazos identitarios *intermedios,* aqueles onde coubese situar aquelas persoas que presentasen peculiaridades que entrasen en contradición con algún dos sinais específicos das dúas opcións alternativas en que cabía clasificalas pola súa nacionalidade, tal como lle pasaba ó propio autor.

Por máis que Mitchel, igual que fixeran os *Young Irelanders* dos que un día formara parte, non converteu a relixión no determinante da adscrición a cada unha das dúas nacionalidades presentes en Irlanda, na práctica, o catolicismo desempeñou no seu discurso político e histórico o papel de identificador primeiro da condición de irlandés. En consecuencia, debeu abordar o problema da inclusión na nación daqueles que non formaban parte da Igrexa católica, dos que pertencían á estatal Igrexa de Irlanda ou a outra das confesións protestantes disidentes, en canto a súa filiación relixiosa implicaba unha ascendencia estranxeira. Aqueles que, como el mesmo, procedían de familias de orixes protestantes debían *confirmar* a súa *irlandesidade* por medio do compromiso político co país, quer dicir, asumindo como propias as ideas nacionalistas.

No escenario histórico, a cuestión quedaba exemplificada na valoración que lle merecía a actitude dos angloirlandeses –protestantes, propietarios, de liñaxe británica– durante o século XVIII, mentres o país gozaba aínda dunha institución lexislativa propia, aínda que sometida ó poder central e monopolizada pola clase dirixente protestante. Mitchel recoñecía que eles foran naquel tempo os que mantiveran acesa a reivindicación dos dereitos de Irlanda fronte a Gran Bretaña. E mesmo loou os que se autodenominaron *patriotas* e defenderon os dereitos do país fronte ós abusos das autoridades inglesas, ata o punto de presentar como unha

época de gran prosperidade nacional os dezaoito anos de independencia lexislativa que, entre 1782 e 1800, foron capaces de arrincarlle a Londres. A loanza dos *patriotas* protestantes, ademais, permitíalle a Mitchel amosar a continuidade histórica do réxime de inxustiza a que Gran Bretaña sometera a Irlanda, que subordinaba os intereses desta dun modo que non cedía sequera ante as demandas da clase dirixente establecida polo propio sistema colonial, así como resaltar o papel puramente instrumental que se lle asignaba nel á suposta defensa da relixión protestante. Pero os eloxios non evitaban que o autor deixase de sinalar o espírito de superioridade que aniñaba naquelas elites respecto dun pobo católico empobrecido e inculto ó que non consideraban digno de igualarse en dereitos con eles, actitude que exemplificou na figura de Jonathan Swift, defensor dos dereitos do país pero leal á Coroa británica.[178] En definitiva, recordaba, cando houbera que decidir ante as presións de Gran Bretaña, os angloirlandeses fixérano aceptando a Acta de Unión e disolvendo o órgano lexislativo que, por un tempo, representara a esperanza da nación.

En canto á diferenciación cultural entre ingleses e irlandeses, Mitchel non considerou tampouco este aspecto como un factor definidor da identidade nacional. Ó contrario que moitos dos textos dos *Young Irelanders,* no *Jail Journal* non se establece unha relación manifesta entre as características culturais e lingüísticas específicas do campesiñado do país e a súa nacionalidade. Soamente cabería deducir que se dá unha referencia indirecta de tal tipo na caracterización dos irlandeses como *celtas,* en canto con ela se resaltaba unha orixe racial diferente respecto do pobo inglés, podendo supoñerse que o termo aludiría tamén, mesmo que non se faga mención expresa dela, a unha caracterización cultural de calidade diferente, en canto os campesiños irlandeses utilizaban outra lingua e mantiñan tradicións peculiares. En todo caso, a cualificación céltica do campesiñado ten no texto un senso puramente descritivo. Nunca nel se contrapón unha civilización autóctona á propiamente inglesa nin se presenta a reivindicación cultural como un dos obxectivos do programa nacionalista. En tanto que a liberación de Irlanda pola que loitaba non contemplaba un rexurdimento da cultura indíxena, tampouco no relato fixo o autor alusión ningunha a calquera manifestación de opresión neste ámbito no curso da historia. E tampouco non hai en Mitchel loanza ningunha dun suposto glorioso pasado da civilización indíxena, nin sequera unha valoración positiva da lingua nativa que seguían a falar aqueles campesiños que para el constituían a nación irlandesa. De

[178] Sobre a progresiva incorporación de Swift á galería de heroes do nacionalismo no século XIX, como un dos *precursores* da loita pola liberación de Irlanda, destacando a súa identidade irlandesa por riba da súa condición de alta xerarquía na protestante Igrexa de Irlanda e da súa lealdade á Coroa, ver Robert Mahony, *Jonathan Swift. The Irish Identity,* especialmente, para o período que nos ocupa, o cap. 5, "A Nationalist Ancestor, 1840-1870", pp. 89-113.

modo significativo, a única referencia de discriminación neste senso é a denuncia da exclusión dos irlandeses católicos do sistema educativo establecida polas Leis Penais do século XVIII, co obxectivo de mantelos na ignorancia na que vivían, privándoos, precisamente, do acceso á cultura *inglesa.*

En conclusión, para Mitchel, son as consideracións políticas as que determinan a pertenza á nacionalidade irlandesa –e, por oposición, á inglesa en Irlanda. No plano dos principios, nin a cultura gaélica nin a relixión católica constitúen en por si, para el, criterios de inclusión definitorios. Sen embargo, na práctica, a consideración do pequeno campesiñado como representación esencial da nación acaba por converter os trazos que se corresponden co retrato dese grupo social –en realidade, da maioría dos habitantes do país– nos sinais identitarios nacionais. A pesar das súas protestas sobre a falta de significación identitaria do factor relixioso e da ausencia de referencias ó elemento cultural gaélico no seu discurso histórico e político, a identificación do campesiño co *irlandés* que se desprende do seu escrito contribuíu, de feito, a reforzar a tendencia, xa iniciada, cando menos, nos tempos da loita pola *emancipación*, a considerar a irlandesa como unha nación católica. A consecuencia complementaria sería, claro está, a de confirmar tamén a exclusión –acompañada ademais, en boa parte dos casos, dunha autoexclusión voluntaria– da minoría protestante da nacionalidade irlandesa. Identificados pola súa relixión e a súa ascendencia como membros da nación inglesa ou británica, os protestantes deberon satisfacer un requisito político engadido que lles outorgase a condición de irlandeses. O prezo sería a súa *conversión* ó nacionalismo. O propio Mitchel foi un bo exemplo.

3. A funcionalidade política

Parece evidente que o obxectivo de Mitchel ó compoñer a súa interpretación histórica non era promover un mellor coñecemento do pasado, senón dispoñer dunha versión axeitada deste que lle permitise utilizalo como ferramenta no combate político no que se atopaba completamente comprometido. O seu relato histórico estaba concibido, polo tanto, para desempeñar certas funcións que pensaba que poderían contribuír á propagación das súas ideas na sociedade irlandesa contemporánea, en xeral, e á defensa das súas propostas de actuación revolucionaria fronte a outras opcións máis moderadas dentro do campo nacionalista, en particular.

O produto final da mirada do autor cara ó pasado non foi, por tanto, o froito dunha consideración histórica de acontecementos pretéritos recompilados cun espírito libre de prexuízos, tal como se fose un estudioso que, sen ánimo partidario ningún, pretendese limitarse a facer a crónica aséptica dos sucesos *obxectivamente* máis relevantes. Aínda que unha actitude así fose posible, non é este o caso. Mitchel

confesa de modo patente as súas convicións nacionalistas e asume sen vacilación as terribles consecuencias que a fidelidade a elas lle ocasionara. Desta angustiosa realidade persoal e do seu desexo de explicala –á sociedade e a el mesmo–, encadrándoa nunha dimensión nacional máis ampla e determinante, naceu, como fai constar na xustificación das páxinas que preceden ó seu diario, a decisión de acudir á historia das relacións entre o seu país e Inglaterra, onde localizaba a enteira causa dos seus males.

En conformidade coa inspiración ideolóxica nacionalista e cos obxectivos políticos que marcaron o achegamento de John Mitchel ós tres últimos séculos da historia de Irlanda no *Jail Journal,* o relato que elaborou cos materiais seleccionados con tal perspectiva satisfixo unha serie de funcións que reforzaban, xustamente, aqueles presupostos desde os que era formulado. A funcionalidade política da súa representación histórica concretouse nun conxunto de principios que debían cumprimentar as prementes demandas que urxía a súa caracterización do presente. O texto de Mitchel ofreceu, en consecuencia, unha fundamentación para a supervivencia e o desenvolvemento da doutrina do nacionalismo irlandés extraordinariamente útil naqueles momentos dramáticos para o país. Cabe sintetizar esa contribución nos seguintes puntos:

a. *A racionalización do presente.* Xa se comentou que o relato da historia do noso autor explica o presente, poñendo de manifesto as raíces políticas dos males do país e atribuíndo a miseria e a fame que o devastaban ós efectos planeados dunha política gobernamental que cualifica como de *exterminio.* Ó facelo, introduce criterios de racionalidade na análise da situación do país e permite crear os instrumentos de combate político que fagan posible a superación do estado de agonía da nación. A aceptación de ser a traxedia actual un caos de orixe incomprensible ou un designio da fatalidade só podía suscitar reaccións milenaristas, froito da desesperación e ineficaces, en canto carecerían dun proxecto político, ou conducir á máis pura resignación ante o inevitable. Mitchel, pola contra, expón as causas, fai o diagnóstico e propón o remedio.

Politicamente, polo tanto, o escrito de Mitchel cumpre a función de racionalizar o presente, de facer comprensible o que, á primeira vista, parecía inexplicable, a gran traxedia na que se afundían a nación e o propio autor. Tanto na dimensión nacional coma na persoal, o relato xustifica o sacrificio, dá sentido ás penalidades, explica a súa orixe, alenta a esperanza para o futuro e ofrece unha recompensa polo padecemento, espertando ilusión por un proxecto, por moi distante que parecese a súa consecución. En suma, confírelle un sentido ós sufrimentos do presente.

Ó enmarcalo nun proxecto de opresión colonial de antiga aplicación, a historia permite, para Mitchel, dar conta do presente dun modo lóxico. Racionaliza unha realidade terrible que tendía a ser xustificada en termos fatalistas –de modo interesado, no caso dos ingleses, ou de resignación, para a maioría dos irlandeses–, poñendo as causas no destino, na Providencia ou no sino ineludible dun pobo incapaz de progresar sen unha intervención externa modernizadora, civilizadora.

b. *A reafirmación da supervivencia da nación.* Nuns momentos en que cabería dubidar da continuidade da propia existencia da nación, a obra de Mitchel veu insistir na súa natureza imperecedoira. Por medio da historia amosa que xa noutras ocasións atravesara situacións de dificultade extrema e que sempre soubera rexurdir con forza suficiente para reafirmar os seus dereitos e manter a loita contra os seus opresores. O exemplo do pasado, tal como o expón o autor, permite albiscar unha realidade nacional máis fonda que o panorama desolador que aparece á primeira vista. A nación segue viva e, identificado o inimigo secular que a oprime, pode loitar pola súa liberación.

c. *A lexitimación moral da violencia liberadora.* A lectura do pasado que ofrecía Mitchel veu reforzar as súas posicións insurreccionais fronte a outros nacionalistas partidarios da utilización exclusiva de métodos pacíficos na defensa das súas ideas ou favorables ó adiamento das apelacións revolucionarias a un futuro de condicións máis propicias para o seu éxito. A historia, na interpretación que escribiu Mitchel, *obriga* a concluír, de maneira racional, que a política de confrontación total resulta ser a única vía posible de acción para recuperar os dereitos de Irlanda e arrincarlle o seu dominio a Inglaterra. Calquera outro modo de actuación, despréndese do seu relato, é ineficaz, contraproducente e mesmo moralmente inxustificado, á luz dos catastróficos resultados de tales políticas conciliadoras desde os tempos de Daniel O'Connell. De maneira que, tanto racional coma eticamente, a historia debe levar ós irlandeses do presente a organizarse contra o Estado británico e a combatelo por todos os medios. A principal dedución política que cabe extraer da contemplación do pasado, aduce Mitchel, é a da necesidade de recorrer á violencia revolucionaria. A loita contra os opresores é moralmente obrigada, sen deterse ante o sacrificio persoal e mesmo cando non houbese esperanzas de acadar o triunfo de inmediato. A resistencia é a proba da vitalidade da nación e debe ser mantida a calquera prezo.

d. *Un modelo para o futuro.* A contemplación do pasado permite ofrecer ós irlandeses un proxecto de acción que remate nun estado futuro de liberdade, condición imprescindible da ansiada prosperidade. O pasado permite contemplar ese modelo para o porvir cunha dobre perspectiva. Por unha parte, a historia de Mitchel presenta o proxecto que Irlanda precisa como exemplo negativo. Neste

senso, a repetición e perpetuación do pasado vén ser, xustamente, o que a nación debe rexeitar con toda a súa forza; a liberación esixe, sen dúbida ningunha, a ruptura co pasado. Pero tamén, por outra banda, se pode atopar no relato histórico a ensinanza en forma positiva. A lección da historia aprende, ante todo, que a vontade de resistencia da nación é invencible. Pero ademais, ofrece as probas de que a decisión de esixir pola forza a satisfacción dos seus dereitos é a única que pode traer a liberdade. A este respecto, con todas as súas deficiencias e limitacións, Mitchel presenta o período de independencia lexislativa de 1782-1800, lograda pola presión armada dos Voluntarios, como o tempo de maior progreso da era moderna. Vén dicir así que a prosperidade da nación depende da consecución da súa liberdade e que esta soamente é posible polo esforzo revolucionario contra os opresores. No século XVIII Irlanda competía con vantaxe no ámbito económico con Gran Bretaña, sostén. Agora, esta era a nación máis poderosa e rica do planeta. A historia amosa que, en condicións de liberdade, removidas as trabas da dominación colonial, ese podería ser o futuro de Irlanda. Por baixo da súa faciana máis negativa, aquela historia de sufrimento ensinaba tamén o camiño para atopar a saída e amosaba as primicias da felicidade.

Conclusión

A obra de Mitchel supuxo un chanzo máis na configuración dun modelo historiográfico de inspiración nacionalista que se iría consolidando, en camiño parello ó espallamento da ideoloxía na que asentaba, nas décadas finais do século XIX e nas primeiras do XX. A contribución do autor a este respecto resultou ser fundamental, á vista da enorme popularidade que acadaría nese tempo o seu diario de prisión na enteira sociedade irlandesa. Pode dicirse desta visión sobre o pasado que se, por unha parte, afondou na liña emprendida polos escritores da Young Ireland, completando o guión histórico que eles esbozaran, sen embargo, por outra banda, a obra de Mitchel presenta matices abondo significativos respecto daquela, como, por demais, cabía esperar despois de expoñer as diferenzas políticas que o separaban dos que un tempo foran os seus compañeiros de grupo no movemento nacionalista.

Certamente, o relato histórico de Mitchel confirma moitos dos supostos que xa se viu que constituían os trazos básicos das concepcións da Young Ireland sobre o pasado da nación. Están presentes nel a caracterización de Inglaterra como a opresora secular, a resistencia que os irlandeses nunca deixaron de opoñerlles ós intrusos, o espírito de sacrificio co que os combateron e, en xeral, aquela representación da historia das relacións entre Irlanda e Inglaterra como a crónica dun enfrontamento entre dous suxeitos absolutamente contrapostos en todas as ordes, incluíndo a dimensión moral.

Aprécianse, en cambio, variacións relativas entre as dúas obras, insuficientes, desde logo, para quebrar a unidade á que, en último termo, as reduce a convicción ideolóxica nacionalista que comparten, pero dunha entidade abonda como para merecer unha consideración máis detallada, por canto anuncian tendencias que, co paso do tempo, se corresponderían tamén coa variedade de posicións que convivirían no campo nacionalista, segundo diferenzas tanto respecto da fundamentación étnica ou política da nación coma dos métodos que cumpría utilizar para satisfacer as súas demandas. Trátase, en primeiro lugar, da definición dos criterios de pertenza á nación, do papel que se lles asigna á relixión católica e á cultura gaélica na determinación da identidade irlandesa, e mais, en segundo termo, da opción entre a vía constitucional e a revolucionaria como formas apropiadas da acción política.

Tanto os escritos dos *Young Irelanders* coma o de Mitchel optan por considerar a poboación católica do país como o núcleo central da nación irlandesa. Por moito que todos eles insistisen –e os primeiros de modo explícito– en non contemplar a adscrición relixiosa como factor da nacionalidade e rexeitar o sectarismo confesional, xa se viu como aquela identificación, dunha ou doutra forma, vén ser o resultado do seu percorrido polo pasado, en canto en Irlanda a fe fora asociada a unha determinada orixe, nativa ou estranxeira, a partir da ruptura do cristianismo no século XVI. En último termo, aínda sendo boa parte deles de confesión protestante, todos estes autores contribuíron á consolidación da idea de que Irlanda era unha nación católica.

Con todo, o elemento da confesionalidade relixiosa recibe en Mitchel unha consideración puramente política que non aparece tan claramente manifesta nos textos da Young Ireland. Os *irlandeses* de Mitchel son, en principio, os *católicos* unicamente en canto estes coinciden co sector da poboación oprimido polos dominadores ingleses, para os cales a relixión tan só fora un recurso máis na estratexia utilizada para levar a cabo os seus planos de conquista da illa. En realidade, o factor relixioso desempeña un papel importante na definición da nacionalidade no seu escrito, aínda que soamente *porque* a fe católica resulta ser un dos trazos que caracterizan ós campesiños do país.

Os escritores da Young Ireland, por demais, asocian a relixión católica á cultura gaélica, á que converten nun sinal distintivo da nacionalidade. Esta dimensión étnica está completamente ausente en Mitchel, onde non é posible atopar xamais unha ponderación eloxiosa da lingua nativa nin unha referencia expresa ás peculiaridades culturais do país ou ós tempos en que a súa civilización vivira momentos de esplendor comparables ós da inglesa. Non hai en Mitchel lamentación ningunha polo declive da cultura indíxena nin proposta sobre a

conveniencia da súa recuperación.[179] Neste senso, as diferenzas coa visión do pasado nacional da Young Ireland son manifestas. Mitchel reforza claramente o carácter *político* na súa consideración da historia, interpretándoa en función dos seus obxectivos revolucionarios inmediatos, enfoque que se amosa moito máis impreciso nos seus antigos compañeiros, que optan por un ton máis centrado no étnico e no cultural, onde abundan as alusións á mágoa causada pola civilización perdida. O seu obxectivo fora dar a coñecer a historia para que a nación recuperase a súa conciencia e mais o orgullo de selo, en orde a promover un novo espírito que abrise o camiño da liberación, a cal incluía o abandono do modelo de vida da Inglaterra urbana e industrial e a recuperación dos supostos valores específicos da civilización irlandesa. Fronte a tal concepción, aínda esencialmente *romántica,* a historia de Mitchel céntrase na exposición dos motivos que deben impulsar a nación a unha rebelión inmediata, non para lograr o rexurdimento da súa civilización específica, senón para, recuperando a liberdade, acadar a prosperidade *material* que lle impedira desenvolver a ocupación colonial. Os campesiños de Mitchel, a nación auténtica, mobilizaríanse pola terra que lles roubaran, non pola causa dunha cultura autóctona diferenciada en clara decadencia á que, supostamente, estarían ansiosos por insuflarlle unha nova vitalidade.

O ton político da interpretación histórica do prefacio do *Jail Journal* confírmase pola ausencia de referencias a episodios medievais como aqueles que salientaban os poemas do *Nation,* directamente producidos pola imaxinación dos literatos de séculos anteriores ou revestidos polos propios escritores da Young Ireland dun aparello fantástico que os convertía en puramente lendarios, esvaecendo calquera indicio de verosimilitude que puidesen ter na súa orixe. Non hai lugar para tales artificios e fabulacións na pequena composición de Mitchel. E non, como xa se indicou, por causa das limitacións que as características formais puidesen impoñer a aquelas páxinas introdutorias, senón, máis ben, por non contribuír a mención de tales incidentes á finalidade política que constituía o *único* obxectivo da súa mirada ó pasado.

Os poemas dos *Young Irelanders* talvez chegasen doadamente ó corazón daqueles irlandeses que os escoitaban recitar ou que participaban no seu canto, pero as emocións que suscitaban, debilmente arraigadas baixo o efémero impacto sentimental, podían disiparse con semellante facilidade. Mitchel precisaba que os

---

[179] Mitchel descoñecía a lingua gaélica por completo, segundo confesa en carta a Thomas Davis reproducida por Duffy. Respondendo á suxestión que Davis lle fixera de *gaelizar* a portada da súa biografía sobre Aodh O'Neill, escribe: "I am going to put the motto you sent me upon the title page, though I think it looks somewhat pedantic for a man who knows not a word of Irish. Of all the shabby pretensions, that of pretending to know what one does not know is about the shabbiest". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 683.

lectores afirmasen aquela emotiva indignación primeira ante a perfidia inglesa por medio dunha reflexión posterior que convertese os impulsos da ira espontánea en convicción racional permanente da que deitase a necesidade de derribar o poder que causaba os males da nación. A este respecto, cumpría demostrar que a opresión non proviña da perversión individual dos intrusos, senón que era resultado duns planos de dominación concibidos polo Estado que perseguían a aniquilación da nación irlandesa. En consecuencia, a tarefa principal do político –e tamén do político convertido en *historiador*– era non tanto poñer de relevo a maligna natureza dos ingleses coma desenmascarar o seu proxecto secular de sometemento colonial e caracterizar o presente como a última fase da conquista en que aquel debía culminar.

A historia de Mitchel ofrécese, deste modo, como un relato *completo* e coherente do pasado, enfiado arredor da dicotomía *opresión-resistencia,* como enlace que dá sentido pleno ós *feitos* todos que compoñen a narración. Se a visión do pasado que propuxeran os *Young Irelanders* apuntaba á contraposición entre ingleses e irlandeses por medio da presentación de episodios individuais que confirmaban a súa incompatibilidade primordial, o relato de Mitchel converte as dúas nacións nos suxeitos dunha historia de confrontación que se viñera perpetuando no tempo ata os días do presente. Os protagonistas deste sempiterno conflito nacional non se definen de maneira explícita polos carácteres culturais e relixiosos dos que conforman cada unha das nacións enfrontadas. As identidades nacionais respectivas veñen marcadas esencialmente polas posicións dos seus membros no ámbito socioeconómico e mais no político, do cal, en última instancia, depende o primeiro. Formar parte da sección da sociedade que agrupa os dominadores ou do sector maioritario que reúne os oprimidos, dos que controlan o poder político e acaparan as fontes de riqueza, sinaladamente a terra, ou dos que padecen a miseria e a discriminación legal que deriva da súa condición de inferioridade política, é o factor que define a cada individuo como integrante dunha ou doutra nación. As formas culturais ou a adscrición relixiosa que habitualmente van asociadas a cada un dos grupos nacionais no país *describen* a súa caracterización respectiva pero non son os determinantes da súa nacionalidade.

Mitchel, por tanto, non fai depender a identidade irlandesa da relixión católica ou da lingua gaélica –el mesmo non cumpriría tales requisitos– nin pretende promover unha rexeneración da cultura peculiar daquel campesiñado que considera o paradigma da *irlandesidade.* O seu obxectivo é, unicamente, inverter a realidade política, quebrar as estruturas do poder colonial e devolver a liberdade a Irlanda. E semellante tarefa esixe, inevitablemente, recorrer á forza revolucionaria contra un Estado que nunca cedería ante reclamacións emprendidas pola vía pacífica e

legal. Neste aspecto radica a segunda peculiaridade da contribución de Mitchel comparada cos textos da Young Ireland, en canto a súa exposición do pasado tende a demostrar de maneira específica a imposibilidade de se salvar a nación seguindo un camiño de negociación que intentase conciliar os intereses de Gran Bretaña e Irlanda.

De todas formas, aínda con non ser esa a intención de Mitchel, a identificación do *campesiño* co *irlandés* nunha obra que chegou a ser tan popular como o seu diario de prisión contribuiría a reforzar o proceso de caracterización étnica da nacionalidade, facilitando a posterior emerxencia dun nacionalismo de raíz culturalista –ben distinto da súa concepción puramente política– que presentaría os trazos culturais como a substancia xustificativa da propia existencia dunha nación irlandesa diferenciada e que consideraría a salvación desa especificidade como o obxectivo esencial da loita contra os seus opresores.

Como final, cabe sinalar que no relato que Mitchel elaborou como interpretación dos últimos douscentos cincuenta anos do pasado do seu país se atopan os principios conceptuais, xa apuntados nos escritos dos *Young Irelanders,* que constituirían a cerna das historias nacionalistas compostas na Irlanda das catro décadas inmediatamente anteriores á independencia. Como despois nestas, nel simplifícase o pasado para reducilo a unha confrontación nacional que se continúa no presente e na que se contrapoñen dúas nacións caracterizadas como representación do *Ben* e do *Mal,* enfrontadas na procura dun resultado que se limita á alternativa entre a liberación e a destrución da nación irlandesa. En Mitchel, o conxunto ofrécese xa como unha historia *completa* que segue as pautas da composición narrativa, desenvolvendo o fío argumental desde os inicios da opresión ata un final que a propia nación podía aínda escribir segundo esixía a satisfacción dos seus dereitos. Cumpría, para conseguilo, derrotar o inimigo e tronzar os planos de destrución que pretendían dar cabo á conquista que aquel emprendera séculos atrás e dos que a *Fame* constituía o seu último capítulo.

Naquel combate implacable, a ideoloxía nacionalista converteu a historia en instrumento de lexitimación da súa doutrina e da apelación á loita a prol dos dereitos da nación. A prioridade da motivación política no achegamento ó pasado xustificaría a composición dun modelo de relato histórico no que a interpretación transparentaría con nitidez a súa inspiración ideolóxica e sacrificaría outros valores relacionados coa precisión e o respecto ás normas do traballo intelectual en favor da eficacia política que xustificaba a produción mesma do relato. Non é estraño que fosen dous textos literarios, o conxunto de poemas de *The Spirit of the Nation* e unha crónica autobiográfica como o *Jail Journal,* unhas das obras máis influentes na configuración do modelo nacionalista da historia de Irlanda

na segunda metade do século XIX. Coa súa mestura de feitos e ficción e a súa subordinación en forma e contidos á finalidade política mobilizadora que estimulaba a súa creación, quizais cumpra considerar esta clase de historias cos criterios propios da análise da creación literaria, como unha particular variedade do xénero narrativo onde, pese ás proclamas dos autores, se sobrepoñen sen reparo ningún o real e o imaxinario.

3. Irlanda como suxeito da historia: o pasado contado á nación. *The Story of Ireland,* de A.M. Sullivan

Ó dobrar a metade do século XIX o camiño do nacionalismo irlandés atopábase atrancado por obstáculos que semellaban infranqueables. Nun país abatido polos estragos da ruína económica derivada da crise agraria de 1845-9, as esperanzas dos nacionalistas parecían esgotadas, clausurada a vía do pacto co Estado británico desde a desarticulación do movemento configurado por Daniel O'Connell, anulada a capacidade de presión social que o *Libertador* fora constituíndo con tanto esforzo ó longo de dous decenios e consumida a ilusoria esperanza nunha insurrección nacional tras do estrepitoso fracaso ó que John Mitchel arrastrara a moitos dos máis caracterizados compañeiros da Young Ireland. Sen embargo, as ideas que inspiraran o traballo dos loitadores pola liberdade de Irlanda, aínda que incapaces de suscitar un entusiasmo popular coma o doutrora e de promover unha mobilización social das dimensións da que se organizara arredor dos proxectos de O'Connell, non desapareceran do escenario político. O propio semanario *Nation,* o medio desde o cal os *Young Irelanders* trataran de espallar as súas innovadoras propostas encamiñadas a estimular a concienciación nacional do pobo irlandés, conseguira sobrevivir á descomposición do grupo político que o creara en 1842. Desde aquel faro senlleiro aínda tentaban avivecer a débil luz do nacionalismo de tradición davisiana Charles Gavan Duffy e, despois da marcha deste cara ó exilio australiano, en 1855, Alexander Martin Sullivan, que foi o seu propietario e editor ata 1874.

Este xornalista, A.M. Sullivan, que mantivo unha activa vida política, participando no establecemento dunha plataforma para reivindicar un parlamento e un goberno irlandeses autónomos (1870) e ocupando el mesmo un posto de deputado nas ringleiras dos defensores do *Home Rule* (1874-82), foi un dos maiores propagadores da ideoloxía nacionalista naqueles difíciles anos do terceiro cuarto do século XIX. Fíxoo a través de campañas de opinión moi populares, como a que pretendeu reservar o solar do que fora o antigo Parlamento

irlandés para un monumento ó deputado *patriota* Henry Grattan[180] e a que convocou a unha protesta masiva en favor dos "Mártires de Manchester", os fenianos executados polo asasinato dun policía durante unha operación de rescate de dous compañeiros presos (1867). Pero, sobre todo, o seu labor de difusión realizouno a través das súas obras, algunhas das cales figuran entre as que máis contribuíron a espallar o ideario nacionalista nos derradeiros decenios daquel século. *Speeches from the Dock* (1867), por exemplo, un escrito dedicado a enxalzar os discursos dos patriotas irlandeses ante os tribunais británicos que os xulgaran por defender a liberdade da nación, foi un libro de extraordinaria difusión nos círculos nacionalistas, regularmente actualizado, mesmo despois da morte do autor, para incluír as novas figuras que, desde aquela perspectiva ideolóxica, eran merecentes do recoñecemento dos seus compatriotas.[181]

Foi *The Story of Ireland* (1867), sen embargo, o texto de Sullivan que desempeñou un papel máis significativo na tarefa de difusión das ideas nacionalistas e aquel que, pola súa forma e os seus contidos específicos, merece unha atención minuciosa nunhas páxinas que pretenden achegarse ó proceso de configuración do modelo nacionalista da historia de Irlanda, en canto resultaría determinado dunha maneira decisiva por esta obra. *The Story of Ireland* coñeceu tamén numerosas reimpresións nos decenios subseguintes á súa aparición, boa parte delas publicadas por causa de completar os capítulos orixinais, que remataban no mesmo 1867 en que Sullivan asinara as súas páxinas introdutorias, coa exposición do desenvolvemento posterior dos acontecementos da historia da nación, de xeito que o fío narrativo se prolongase, *sempre,* ata o mesmo presente, tal como quixera o autor orixinario.[182] A obra foi inmensamente popular na Irlanda do derradeiro cuarto do século XIX e principios do XX, excedendo a súa difusión o ámbito social específico para o que Sullivan a concibira, a mocidade irlandesa.[183] Sen dúbida ningunha, esta representación do pasado de Irlanda formou de inmediato parte do elenco de libros indispensables en calquera biblioteca, doméstica ou

---

180 Ian McBride, "Introduction: memory and national identity in modern Ireland", en Ian Mc Bride (ed), *History and Memory in Modern Ireland,* Cambridge University Press, 2001, pp. 1-42 (30).

181 Maurice Goldring, *Pleasant the Scholar's Life. Irish Intellectuals and the Construction of the Nation State,* Serif, Londres 1993, pp. 52-62.

182 A versión que aquí se manexa é unha de tales reedicións actualizadas. Aínda que carece de data de publicación, cabe cifrala pouco despois ou no mesmo ano de 1904, última referencia temporal mencionada no texto, aínda que os seus contidos se interrompen, en realidade, en acontecementos de 1896. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland: New edition (Brought up to recent times by a well-known Author),* M.H. Gill & Son, Ltd., Dublín s/d.

183 Como "[... a] massively influential history book" cualifícao Joep Leerssen, *Remembrance and Imagination,* p. 151; "[...] one of the great bestsellers of all (Irish) time, rapidly shifting 50,000 copies and going into dozens of editions", segundo R.F. Foster, *The Irish Story,* p. 6.

pública, orientada segundo unha motivación nacionalista, e incorporouse de contado, como elemento primordial, ó repertorio habitual de lecturas que alimentaban o adoutrinamento ideolóxico dos nenos de familias que profesaban tales convicciónns.[184]

O escrito de Sullivan, por demais, converteuse, desde moi pouco tempo despois da súa primeira publicación, no paradigma dunha forma de composición histórica de gran relevancia na produción historiográfica irlandesa posterior, aquela que concibe a historia como relato das vicisitudes da nación no decurso do tempo, presentándoas como unha cadea incompleta –con final previsible, mesmo que aínda non cumprimentado– na que se foran engarzando as vidas dos seus heroes e dos viláns que se lles opuxeran, as glorias e mais as coitas dun pobo ben delimitado pola súa raza, as súas crenzas e os seus trazos culturais. O resultado é unha narración que enlaza as remotas orixes do país e o seu presente máis inmediato, establecendo unha continuidade que asenta nun suxeito que atravesa o tempo sen sufrir alteracións na súa substancia e que queda confirmada pola comprobación da repetición constante de certos elementos que se figuran como permanentes. Así exposta, a historia constitúese como un *relato* literario de características específicas, nunha narración que desenvolve a vida imperecedoira do seu protagonista, a nación irlandesa, adobiando a descrición da evolución da súa existencia cos aparellos formais, os motivos estéticos e os recursos estilísticos propios da prosa de ficción. Segundo a terminoloxía inglesa, *history* preséntase como *story;* o inventario dos sucesos que pasaron no tempo transfórmase en *relatorio* dunha *historia* que se configura segundo as pautas propias do xénero literario narrativo, do que vén ser escrito para ser *contado* como pura descrición dos aconteceres de tempos pasados, dispostos arredor dun eixe argumental que os volve coherentes entre si ó integralos nunha unidade narrativa superior que os dota de sentido.[185] O propio Sullivan confirma a predisposición coa que emprende a redacción da súa obra cando a

---

184 En 1884 aliñábase nos andeis da biblioteca dunha sociedade católica nacionalista coas obras históricas máis solicitadas polos lectores, entre as que se incluían *Memoirs,* de Wolfe Tone, *Jail Journal,* de John Mitchel, *Young Ireland,* de Charles Gavan Duffy, e outras historias nacionais de semellante enfoque político, ademais de libros de baladas patrióticas. J. Pope-Hennessy, "What Do the Irish Read?, *Nineteenth Century,* vol, 15 (1885), citado en D. George Boyce, *Nationalism in Ireland,* p. 247. Nesta mesma última obra, p. 257, nota 83, afírmase tamén que o texto de Sullivan fora a primeira lectura histórica de quen chegaría a ser presidente da República de Irlanda, Eamon de Valera.

185 "The compelling notion of a Story of Ireland, with plot, narrative logic and desired outcome, reached its apogee in the later nineteenth century. The historiography thus created is intimately connected with the discovery of folk tale, myth and saga as indices of the national experience [...]". R.F. Foster, *The Irish History,* p. 3. Foster analiza a obra de Sullivan segundo as pautas de análise da estrutura dos contos populares do formalista ruso Vladimir Propp *(Morfoloxía do conto,* 1928) nesta mesma obra, no capítulo "The Story of Ireland", pp. 1-22, e mais en "Storylines: narratives and nationality in nineteenth-century Ireland", en Geoffrey Cubbit (ed), *Imagining nations,* Manchester University Press, 1998, pp. 38-56.

presenta como un relato que toma como referencia os que adoitan expoñer nas súas paroladas os contadores de contos irlandeses.[186]

The Story of Ireland resulta ser o exemplo sobranceiro dun modelo de representación histórica que se consolida na segunda metade do século XIX, un tipo de achegamento ó pasado que se pode caracterizar como *historia popular,* cualificación xustificada en máis dun senso. Desde logo, *popular* polo éxito de difusión que acadaron esta clase de textos, pero tamén pola propia concepción das obras mesmas, en canto á intencionalidade dos autores respectivos, que fundan o seu traballo na pretensión de compoñer un produto que reúna as condicións precisas para o seu máximo espallamento na sociedade. Presuposto este que condiciona o enteiro proxecto, tanto nos seus contidos coma nos seus aspectos formais. O resultado de tales propósitos foi a proliferación dunha especie historiográfica de *historias populares* amplamente dominante na Irlanda das décadas próximas ó cambio de século, tan ben exemplificada en *The Story of Ireland,* que mesmo se pode denominar "Sullivan-style popular histories" e que, en realidade, viña ser a cumprimentación do "programa histórico" apuntado nas páxinas do *Nation* desde os seus tempos fundacionais.[187]

Non pode resultar estraño que Sullivan desenvolvese tal modelo de narración histórica inspirado nas ideas formuladas no seu día polos membros da Young Ireland. O mesmo autor preséntase como herdeiro daquel pequeno pero influínte grupo de mozos nacionalistas e como continuador das súas achegas a unha nova concepción da nacionalidade e a unha reorientación da loita pola liberación de Irlanda. Segundo as directrices doutrinais da Young Ireland, Sullivan ordena as súas ideas políticas arredor da crenza primaria da inxustiza radical do dominio inglés sobre un país que se atopa reducido, en consecuencia, á impotencia política e económica e que, en virtude da súa condición nacional, debe recuperar o control dos seus propios asuntos. A súa proposta política configúrase como pura reivindicación de autonomía para Irlanda, sen precisión ningunha sobre un programa de acción posterior alternativo á política británica que fose máis alá da recuperación do exercicio do goberno polos irlandeses. De feito, como sucedeu co nacionalismo irlandés do século XIX en xeral, o seu proxecto político limítase a unha demanda de transmisión do poder de Londres a Dublín, carecendo de dimensión social ningunha que non fose a mellora xenérica das condicións de vida

---

186 Pretende que sexa "a pleasant talk [...] about Ireland [...], after the manner of simple storytellers [...]." A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* "Author's Preface", p. 6.

187 Joep Leerssen, *Remembrance and imagination,* pp. 149-56. Ademais da citada "Sullivan-style popular histories", este autor utiliza tamén, para designar o mesmo obxecto, as denominacións "populist, illustrated history" e "Irish history *Nation*-style".

do pobo irlandés que se asociaba de modo implícito ó final da explotación británica do país, das súas xentes e dos seus recursos.

O conservadorismo latente en semellante autolimitado discurso político aflora de cando en vez na obra de Sullivan. Faise explícito, por exemplo, cando o autor expresa o seu desagrado polo curso da Revolución Francesa de 1789, denuncia o carácter pernicioso das doutrinas revolucionarias e resalta o arrepío que lle produce o seu igualitarismo.[188] Ou cando se esforza en desculpar o espírito xacobino dos *United Irishmen* como inevitable no contexto no que actuaron e ten tino en salientar a súa moderación nos aspectos sociais, compatible co radicalismo das súas proposicións republicanas de ruptura política co Estado británico.[189] E igual disposición á salvagarda da orde social manifesta cando subliña o "escrupuloso respecto pola propiedade privada" que amosaran os rebeldes de 1867, aínda que emprenderan unha insurrección que el condena de maneira absoluta.[190]

De tal escolma de valoracións ben se deduce que Sullivan, en realidade, era herdeiro da máis moderada das varias liñas que se albiscaban nas posicións doutrinais dos *Young Irelanders*. Aínda así, non deixa de expresarse no seu texto tamén a ambigüidade que era consubstancial ó movemento daqueles mozos que se integraran no proxecto de O'Connell contra a Unión pero que mantiveran sempre unha posición crítica ante a estratexia do líder en cuestións decisivas como a do ensino confesional e a da renuncia ó uso da violencia. Resulta ben significativa a posición que sobre este último asunto, que acabara rompendo a unidade da Asociación pola Abrogación da Unión, reflicte *The Story of Ireland.* Na crónica daquel doloroso acontecemento preséntase a esixencia de condena explícita da violencia que lles demandara O'Connell ós membros todos do seu movemento como unha trampa tendida polos afiliados máis corruptos da Asociación, que forzaran o líder a tomar unha posición na que se volvese ineludible a expulsión daqueles mozos que denunciaban as súas inadecuadas e inmorais prácticas.[191]

---

188 "Everywhere the subtle intoxication of the revolutionary doctrines symbolized by the terrible *drapeau rouge,* fired the blood of political enthusiasts. Some hailed the birth of the French republic as the avatar of freedom; others saw in it the incarnation of anarchy and infidelity; an organized war upon social order and upon the Christian religion". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 507-8. Nunha nota ó pé (p. 507) reproduce uns versos de Thomas Moore dos que di que expresan "The sentiments evoked in the breasts of most Irish patriots by the first outburst and subsequent proceedings of the French revolution –enthusiasm, joy, and hope, followed by grief, horror, and despair [...]." Sen dúbida ningunha, tales palabras reflectían atinadamente a súa propia opinión.

189 "They were no apostles of anarchy, no lovers of revolution, no 'rebels for a theory". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 521.

190 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 578.

191 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 555.

Na encrucillada na que se debatían os nacionalistas irlandeses no decenio de 1860, divididos entre os partidarios de seguir o sendeiro constitucional sinalado por O'Connell e os que, negándolle á tal vía pacífica toda efectividade, pretendían provocar, por medio da acción impulsora dunha elite revolucionaria, un alzamento xeral da sociedade contra o Estado, Sullivan, que daquela compoñía a súa obra, opta claramente pola primeira opción da disxuntiva, mesmo que, rexeitando o recurso á forza, non poida deixar de subliñar as ben fundadas xustificacións que inducían a unha parte da nación a deixarse seducir polas apelacións fenianas á insurrección e que explican o atractivo irresistible dos que predicaban "the politics of despair".[192] Con todo, aínda comprendendo a desesperación do pobo, Sullivan condena con dureza as propostas revolucionarias fenianas. En fin, a ambigüidade inherente á doutrina da Young Ireland impregna aínda o discurso político do noso autor.

Nas súas xeneralizacións, nas súas demandas imprecisas de liberdade nacional, na súa apelación á *paixón* pola nación latexa indubidablemente o espírito do vello movemento nacionalista. O mesmo que se traduce na consideración do fomento da conciencia nacional entre o pobo como o obxectivo xenérico que lle cómpre procurar a calquera proposta nacionalista, en canto o seu afianzamento constitúe o primeiro requisito para avanzar na loita pola liberdade do país. Igualmente, é o mesmo que o leva a salientar a importancia que para o desempeño desa primordial tarefa lle corresponde á difusión dunha historia de Irlanda axeitada ós principios da ideoloxía nacionalista. Tamén neste ámbito resulta patente a filiación ideolóxica de Sullivan, que se concreta nun esforzo continuado pola educación *nacional* do pobo irlandés, realizado, na máis ortodoxa tradición da Young Ireland, a través das páxinas do *Nation,* que el mesmo editaba, e por medio da publicación de obras históricas de carácter *popular* como a que centra a atención destas páxinas. Xustamente, é esta dimensión política a que move a Sullivan, un verdadeiro "davisiano", a compoñer a súa narración histórica para a instrución das xeracións novas do pobo irlandés. O propio autor resalta os seus propósitos na dedicatoria do seu libro –dirixido "To my young fellow-contrymen [...] soon to be the men of Ireland" – e nas primeiras liñas do prefacio co que o abre, nas que precisa os destinatarios e o seu desexo de atraelos ó estudio da historia irlandesa.[193]

---

192 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 568.

193 A dedicatoria completa reza como segue: "To my young fellow-countrymen at home and in exile, in the cottage and the mansion, amidst the green fields and in the crowded cities, soon to be the men of Ireland, I Dedicate this little book, which contains the story of our country, and subscribe myself [.] Their friend, the Author". No primeiro parágrafo do prefacio escríbese: "This little book is written for young people. [...] It is an effort to interest the young in the subject of Irish history, and attract them to its study". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 5.

Seguindo a liña proxectada polos primeiros *Young Irelanders,* a historia, para Sullivan, debe configurarse como un intermediario esencial no proceso de transmisión á mocidade irlandesa dos valores imprescindibles para facer posible a culminación dos proxectos nacionalistas, en canto é consciente de que son as novas xeracións as que collerán o relevo un día para proseguir o incesante combate pola liberación do país.[194] É semellante tarefa de educación patriótica da mocidade a que inspira a Sullivan a composición de *The Story of Ireland.* Á maneira do programa de Thomas Davis e o *Nation,* quere descubrirlles ós mozos as glorias da nación e insuflarlles a paixón por ela, quere presentarlles modelos de actuación exemplares, quere ensinarlles, en suma, a lección da historia.[195] Val dicir, o pasado representado como pura pedagoxía política, na procura de satisfacer o obxectivo de asegurar o futuro da nación espallando a doutrina nacionalista e confirmando a pertinencia das súas propostas de acción a prol das reivindicacións nacionais fronte ó Estado británico.

Ademais dos presupostos ideolóxicos do autor, sobre os que se sustenta a concepción xenérica da obra e que establecen os seus trazos primordiais, o texto de Sullivan resulta condicionado de modo patente polos obxectivos específicos que pretende acadar e pola clase particular de destinatarios ós que se dirixe directamente. Se o factor ideolóxico é a inspiración primeira que constitúe *The Story of Ireland* como unha historia *nacionalista,* coas implicacións de carácter xeral xa sinaladas como propias de tal opción doutrinal, o propósito didáctico co que se formula e os lectores ideais ós que se dedica convértense en elementos determinantes do resultado final en que se concreta o proxecto do autor, en canto condicionan de modo directo a *forma* en que se presenta, os *contidos* cos que se configura e mais a *estrutura* na que estes se integran.

3.1. A selección e a representación dos contidos en *The Story of Ireland*

1. Criterios de relevancia histórica

En conformidade cos principios ideolóxicos que comparten, os criterios polos que Sullivan se guía no proceso de escolla dos contidos que ha incluír na súa obra son coincidentes cos que inspiraron a mirada cara ó pasado reflectida nos poemas dos *Young Irelanders* e mais no diario de John Mitchel xa analizados. Sen embargo,

---

194 "When we who have preceded them shall have passed away for ever, they will be the men on whom Ireland must depend. They will make her future. They will guide her destinies. They will guard her honour. They will defend her life". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 7.

195 "To the service of this 'Irish Nation of the Future' I devote the following pages, confident that my young friends will not fail to read aright the lesson which is taught by 'The Story of Ireland". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 7.

a singularidade das pretensións coas que se concibe *The Story of Ireland* introduce un elemento específico que, ademais de se expresar na forma e no estilo da súa exposición, adaptados necesariamente á índole didáctica da obra, afecta tamén de maneira substancial ós contidos que acolle, en canto nesta natureza pedagóxica se orixina a lóxica mesma que orienta o percorrido de busca do autor polo amplo e variado repertorio de acontecementos dos tempos pasados que as fontes lle ofrecen á súa consideración.

Cabe diferenciar, polo tanto, dous planos no proceso de rastrexamento dos rexistros históricos que Sullivan emprende para a selección dos materiais cos que compoñer *The Story of Ireland,* un que deriva directamente da adscrición ideolóxica do autor e outro que nace da orientación que este lle quere conferir á obra. No primeiro nivel, é o modo xenérico de entendemento da historia do escritor, consonte ós principios doutrinais do nacionalismo, o que fornece o fundamento sobre o cal se dispoñen, ordenan e interrelacionan os feitos que compoñen o seu relato do pasado. A convicción nacionalista, en consecuencia, conforma o criterio primordial na escolla e configura o eixe narrativo no que se encaixan os materiais históricos, quer dicir, a armazón que os dota do sentido relacional que os converte en parte constitutiva dunha *totalidade* e que, ó facelo, outorga coherencia á enteira obra na que se integran. Desa base ideolóxica deita o que o propio Sullivan denomina "a filosofía da historia", o mecanismo explicativo que revela a conexión que implica a unha serie de acontecementos, o factor que lles dá consistencia como conxunto e permite a súa plena comprensión. Identifícase, así, o dispositivo aglutinante esencial, a interpretación da historia que converte nun agrupamento estruturado o que se presenta inicialmente como un simple listado de feitos doutros tempos, o que transforma o que era unha pura crónica nunha narración completa, co seu principio e o seu final, o elemento que, en definitiva, autoriza a formular a mirada cara ó pasado como unha *historia da nación.*[196]

Respecto do segundo dos planos citados, a cualificación educativa de *The Story of Ireland* maniféstase de maneira ben perceptible na utilización de materiais que, respondendo ás presuncións ideolóxicas xenéricas amentadas, se adaptan ás específicas circunstancias dunha obra concibida con tal fin e dirixida a unha audiencia tan particular. Como caracterización xeral de todos os recursos que procura, cómpre sinalar que, ante todo, o autor se propón resaltar referencias que

[196] A referencia a unha das obras que serve de base ó traballo de Sullivan reflicte de maneira obvia a propia visión do pasado que inspira a tarefa historiográfica do autor: "Mr. M'Gee's is the only work of the kind accessible to our people which is yet more than a painstaking and reliable record of events. It rises above mere chronicling, and presents the reader the philosophy of history, assisting him to view great movements and changes in their comprehensive totality, and to understand the principles which underlay, promoted, guided, or controlled them". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* "Author's Preface", p. 6.

fixen claramente os fitos que permiten seguir o decurso da historia sen desviar a atención ás súas liñas centrais, por canto supón que a introdución de cuestións de orde secundaria dificultaría a comprensión e memorización dos elementos principais da visión do pasado que se lle quere aprender ós mozos lectores.[197] Na propia obra establécese esta limitación voluntaria e exprésase a xustificación sobre o proceso de escolla –e das correspondentes exclusións– que lle cómpre levar a cabo a Sullivan, en función do obxectivo de acadar a maior efectividade didáctica posible na exposición dos feitos do pasado, remitindo a outras "historias formais de Irlanda" a quen desexase unha ampliación máis detallada do relato.[198]

Nun ámbito de análise máis concreto, cabe discernir unha tipoloxía dos contidos seleccionados para *The Story of Ireland* como consecuencia do condicionamento pedagóxico da obra, diferenciando entre aqueles incluídos por causa do atractivo que se espera que exerzan sobre a mentalidade xuvenil dos lectores ideais, en orde a estimular a súa afección pola historia, e aqueloutros que se pretende que contribúan á conformación neles de actitudes políticas axeitadas ás propostas nacionalistas.

No primeiro caso encádranse os moi abundantes materiais que o autor entende que han promover a atención daquela audiencia nova a unha historia que, lonxe de ser aburrida e monótona, cumpría presentar na súa verdadeira realidade, entretida, emocionante e gloriosa.[199] Inclúense neste apartado alusións a feitos e personaxes que cadran con supostos motivos de interese para esta clase de destinatarios, tales como relatos tinxidos de romanticismo, episodios de aventuras, mostras de conductas heroicas e desinteresadas... Neste senso, son numerosos os fragmentos de reminiscencias novelescas que presenta o autor, ás veces cunha aparencia tal de irrealidade, que o obrigan a subliñar de maneira explícita a autenticidade da súa materia. Trátase de relatos capaces de conmover os lectores, de espertar e manter a súa atención pola condición excepcional dos seus

---

197 "My endeavour throughout is to present to my young readers in clear and distinct outline, a sketch of the *chief* event of each period more or less complete by itself, so that it may be easily comprehended and remembered. To this end I omit many minor incidents and occurrences, which, if engrafted or brought in upon the main narrative, might have a tendency to confuse and bewilder the facts in one's recollection". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 229.

198 Referíndose ós séculos posteriores á invasión normanda, escribe Sullivan: "But the scope of my story forbids my dwelling at any great length upon the events of this period. Such of my readers as may desire to trace them in detail will find them succinctly related in the formal histories of Ireland. What I propose to do here, is to make my youthful readers acquainted with the general character, course, and progress of the struggle [...]". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 137.

199 "I desire to interest them in their country; to convince them that its history is no wild, dreary, and uninviting monotony of internecine slaughter, but an entertaining and instructive narrative of stirring events, abounding with episodes, thrilling, glorious, and beautiful". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* "Author's Preface", pp. 6-7.

protagonistas, polo carácter extraordinario do seu comportamento ou polas circunstancias extremas nas que se ven implicados.[200]

Moitas destas narracións destinadas a impresionar as mentes dos lectores novos desenvólvense en escenarios de carácter bélico e conteñen descricións moi detalladas dos pormenores propios da acción militar. Ocúpase, habitualmente, de sucesos que, ademais da transcendencia que se lles outorga dentro do decorrer da historia da nación, merecen unha consideración máis polo miúdo por parte do autor, que deriva, de maneira evidente, das posibilidades que tales acontecementos lle ofrecen de compoñer relatos engaiolantes para a mocidade, á que se imaxina propensa a atender asuntos deste teor. Así, por exemplo, a batalla de Clontarf (1014), na que o rei Brian Boru derrota os invasores viquingos, merece 10 páxinas de minuciosa narración do comportamento heroico dos combatentes e da tráxica morte do heroe;[201] dedícase un capítulo completo a exaltar en tons épicos a loita dun nobre irlandés que, xa moribundo, acada a súa derradeira vitoria fronte ós normandos encabezando as tropas desde o seu propio ataúde;[202] dáselle gran espazo ás vitorias de Hugh O'Neill no Yellow Ford (1598) ou á de Owen Roe O'Neill en Benburb (1646), pero tamén ás derrotas das forzas xacobitas no Boyne (1690) e en Aughrim (1691), acontecementos todos dos que se describe con meticulosidade o desenvolvemento das accións de combate;[203] incluso o relato dunha soa intervención heroica pode estenderse páxinas e páxinas, como o que conta a destrución por Patrick Sarsfield e os seus homes dun convoi artilleiro que viña en camiño para forzar os muros da asediada cidade de Limerick en 1690.[204] A constante sucesión ó longo de *The Story of Ireland* de numerosos casos semellantes ós citados proba o convencemento do autor sobre a capacidade destas amplas exposicións de aventuras bélicas en canto a favorecer a consecución dos fins didácticos que se propón coa súa obra. Tales referencias, sen dúbida ningunha, pretenden cumprimentar tamén outros obxectivos, dos que despois se dará conta, pero a súa función como recurso pedagóxico primario, como axente de captación de interese, resulta ser o primeiro condicionante que motiva a súa utilización no texto.

---

200 "The history of the Geraldine family is a perfect romance, and in many respects outrivals the creations of fiction. [...] Of Lord Thomas, the sixth earl, is related a romantic, yet authentic history, known to many Irish readers". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 190-1. A advertencia, por veces, ten que ser expresa: "I am not repeating a romance of fiction, but narrating a true story, recorded by lookers on, and corroborated in all its substance by writers on the Williamite and on the Jacobite side". Id., p. 448.

201 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 90-101.

202 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 141-51.

203 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 265-72, 375-80, 418-25, 454-65.

204 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 429-37.

Polo que fai ós materiais destinados a incidir no comportamento político dos lectores, a autor recorre, ó longo da enteira obra, á presentación de acontecementos e personaxes –moitos deles implicados, claro está, en relatos bélicos do tipo dos xa citados– cos que intenta contribuír a modelar as súas actitudes segundo as pautas nacionalistas. Considerándoos en función das reaccións que pretenden suscitar na audiencia, este tipo de recursos pode reducirse aínda a dúas clases, distinguindo entre os que perseguen inducir sentimentos de *rexeitamento* e os que queren suscitar desexos de *emulación.*

O primeiro destes grupos componse de materiais que poden ser cualificados como *admonitorios,* en canto cada un deles constitúe unha advertencia que trata de previr a mocidade sobre a verdadeira natureza do inimigo e de condicionar a súa resposta fronte a el. Amosándolle a que considera como a faciana auténtica de Inglaterra, preténdese impedir a medra de actitudes políticas desconformes coa doutrina nacionalista, evitando así que as xeracións novas acepten o dominio británico sobre o país, que adopten unha postura de sometemento resignado, que dean por válida a versión histórica de lexitimación da presenza inglesa en Irlanda ou mesmo que sexan crédulas ante posibles promesas de conciliación por parte do Estado británico. Para todos estes casos, Sullivan ofrece un repertorio de referencias históricas que deben disuadir os mozos de actitudes semellantes, en canto todas elas subliñan o carácter perverso que se presenta como consubstancial á raza inglesa, expresado a través de múltiples e variadas manifestacións no pasado.

Con tal obxectivo, afloran no texto alusións a episodios que confirman unha manifesta representación negativa de Inglaterra e das súas xentes. Os seus gobernantes aparecen retratados como seres propensos a recorrer ó engano, astutos, falsos e hipócritas, sempre dispostos a aproveitar a boa fe do pobo irlandés. Dirixentes que aparentan negociar cos príncipes nativos para encirralos entre si; ou para levalos a unha trampa e prendelos, como sucedeu coa familia dos Geraldines, atraídos a unha celebración festiva con falsas promesas; ou mesmo para asasinalos, como no "masacre de Mullaghmast", unha "trama diabólica" que acabou co asasinato de máis de catrocentos membros das mellores familias do país.[205] Gobernantes capaces de provocar unha insurrección violenta por medio de provocacións sen conto, para despois poder aplicar os seus planos de dominación, tal como sucedeu en 1798, e de usar medios indignos, como os subornos e as falsas promesas ás que recorreron para conseguir que o Parlamento irlandés aprobase a unión con Gran Bretaña;[206] capaces de acusar os católicos sublevados no Ulster

[205] A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 142, 221, 230.

[206] A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 509-11, 522-33.

en 1641 contra a opresión e o espolio das súas propiedades de cometer unha inexistente matanza de protestantes, co obxectivo de xustificar a brutal represión dos rebeldes e impedir que puidesen suscitar simpatías entre os realistas de Inglaterra;[207] dispostos mesmo a ordenar o secuestro dos nenos das grandes familias irlandesas para adoutrinalos e volvelos traidores ó seu pobo.[208] Monarcas hipócritas como Henry II, que se ofreceu ó Papa como pacificador e árbitro para restaurar a orde en Irlanda, agachando os seus verdadeiros motivos de conquista; reis capaces mesmo de violar os tratados que asinaran coa súa man, como o propio Henry II fixo co Tratado de Windsor (1175) que acordara co rei de Irlanda, ou como William III, que permitiu que se fixese o mesmo co de Limerick (1691), despois de confirmalo el mesmo; soberanos que se guiaban por un "código de moralidade" que lles permitía quebrar a súa palabra, como Henry VIII, ou como Charles I, que incumprira as promesas dadas mentres quedara co diñeiro recibido das irlandeses a cambio delas.[209]

Os ingleses, segundo os presenta Sullivan, adoitan actuar sempre movidos pola cobiza e a ansia de poder, como resultou patente desde o mesmo momento da conquista, con aqueles cabaleiros normandos insaciables no seu saqueo das riquezas do país; con monarcas como Henry VIII, disposto a romper os seus vínculos coa Igrexa non por discrepancias doutrinais, senón por puros intereses persoais e pola ansia de apoderarse dos bens eclesiásticos, tarefa na que o acompañou unha nobreza que cambiou a súa fe pola avaricia, segundo o modelo do mesmo Xudas.[210] Ambición desmedida de bens materiais que culminou no espolio das terras irlandesas por unha rea de colonos estranxeiros que condenaron á miseria ós campesiños nativos, dando aparencia de legalidade ó saqueo do país, único obxectivo que, desde un principio, orientara a política inglesa en Irlanda.[211]

Aínda máis, con carácter xeral, o retrato de Sullivan atribúelle trazos certamente perversos á nación inglesa. Segundo *The Story of Ireland,* a súa era unha raza carente de sensibilidade ante a dor allea, capaz de permanecer

---

207 "To be sure they knew there had been no massacre –quite the contrary; but this made little matter. [...] eventually they decided to chance the story any way, and trust to extra zeal in the use of horror narratives, to get up such a bloody fury in England as would render close scrutiny of the facts out of the question". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 358-9.

208 "[...] the 'Court of Wards' scheme, which in the previous reign was appointed for the purpose of seizing the infant children of the Catholic nobility, and bringing them up in hatred and horror of the faith of their fathers". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 381n.

209 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 108-9, 472, 206, 346.

210 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 129-33, 208-11.

211 "[...] that accurst greed of plunder –that unholy passion for Irish spoil– which from the first characterised the English adventurers in Ireland [...]". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 327.

inconmovible ante o patético espectáculo dun pobo estragado pola fame e forzado a abandonar as súas casas de forma masiva, como lles sucedera ós irlandeses a mediados do século XIX, pobres emigrantes dos que Inglaterra non soamente desprezou o seu terrible sufrimento senón que se abaixou ós culpar dos males que os aflixían por causa, precisamente, da súa propia política de dominación.[212] Unha raza, a inglesa, na que naceran individuos dunha crueldade infinita, capaces de cometer atroces masacres, como o de Smerwick (1580), no que foron asasinados 800 prisioneiros de guerra españois cos que se acordara unha rendición condicional, ou o de Cashel (1647), onde unha "terrible carnicería" acabou coa vida dos defensores da cidade, incluídos mulleres e nenos, ou matanzas como as que seguiron á vitoria das tropas de Cromwell, cualificadas como peores que as dos vándalos, acompañadas pola aplicación dunha arrepiante política de confiscación de terras, de desprazamentos xerais da poboación católica, confinada en limitadas rexións do país, e mesmo de condena de miles de mozos e mozas á escravitude nas plantacións caribeñas.[213]

Ademais dos materiais históricos que desempeñan unha función admonitoria, dos que se acaba de dar conta, neste mesmo grupo das referencias que resultan seleccionadas pola súa adecuación á tarefa do adoutrinamento político cómpre encadrar aquelas que se escollen en virtude da súa idoneidade para a misión fundamental de ofrecer un patrón de conducta ideal que inspire os mozos do presente. É a retroproxección da descrición nacionalista da realidade actual o dispositivo que lle outorga a súa significación pedagóxica á historia, de maneira que volve posible establecer os necesarios paralelismos entre presente e pasado da nación e, en consecuencia, autoriza a lectura do relato histórico como exercicio de emulación individual, converténdoo en axente de mobilización política. A este respecto, *The Story of Ireland* extrae do pasado e ofrece ós seus lectores un moi amplo repertorio de situacións exemplarizantes e mais un completo catálogo de modelos persoais de conducta.

En virtude desa conexión ideolóxica entre os diferentes tractos temporais que caracteriza a aproximación nacionalista ó pasado, o historiador procede a especificar unha serie de elementos de continuidade e a relativizar, ó facelo, o valor da singularidade contextual, facilitando así a representación didáctica da historia. Este proceso de determinación de constantes non se limita ós sete séculos de presenza inglesa en Irlanda, para os cales parece máis doada a aplicación do

---

212 "They called the sorrowing cavalcade wending their way to the emigrant ship, a race of assassins, creatures of superstition, lazy, ignorant, and brutified". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 566.

213 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 228, 381-2, 387-98.

esquema nacionalista, senón que se estende, nos seus principios esenciais, á totalidade do tempo histórico.

Na exposición relativa ós setecentos anos transcorridos desde o inicio da conquista anglonormanda ata os días en que se escribe a obra, o autor pode caracterizar de maneira directa as similitudes que ligan o pasado coa súa proposta básica de análise do presente, en canto no conxunto do período se lle amosan con claridade a opresión que padece a nación irlandesa e a necesidade da súa liberación. Desde o momento mesmo da chegada dos intrusos á illa sucédese no texto a presentación de situacións nas que se reflicte o carácter inxusto da presenza estranxeira, a iniquidade dos que se instalan nela como conquistadores e as daniñas consecuencias que o dominio inglés implica para a nación irlandesa en todas as dimensións. A relevancia para o presente desta representación xeral daqueles séculos resulta manifesta, segundo a concepción doutrinal nacionalista, en canto se discirnen neles as raíces da triste realidade actual, figurada, ó tempo, como resultado e como continuación daquel pasado. Con tal finalidade, Sullivan establece de maneira explícita comparanzas que ligan a pobreza do campesiñado irlandés co espolio das terras dos nativos nos séculos XVI e XVII, o atraso da economía do país respecto do seu industrializado veciño inglés coa política intencionada de Inglaterra nesta orde, a dificultade de atopar unha vía de conciliación coas posicións de bloqueo da minoría protestante e, en xeral, o abatemento da nación irlandesa coa decadencia orixinada na imposición do poder estranxeiro.[214]

Conforme á pedagoxía política que o autor quere desprender do seu escrito, o relato daquel penoso pasado contén tamén, ademais da caracterización da dominación inglesa, as pautas que deben orientar o comportamento político no presente. Neste senso, a obra de Sullivan converte a resistencia fronte ós invasores na constante que contrapesa a opresión ó longo daquel período de sufrimento e selecciona materiais pertinentes a este respecto. Así, *The Story of Ireland* personaliza nunha moi completa relación de figuras históricas os valores que o autor quere propoñer como guía de comportamento para as xeracións actuais. A galería de heroes da nación que se suceden na obra está confeccionada, polo tanto, en función do seu carácter modélico para a mocidade lectora, quer dicir, en canto permiten ó autor resaltar as calidades que xulga necesario promover para o avance da loita nacional contra Inglaterra. Atributos todos que se resumen no sinal substantivo que debe caracterizar a orientación vital de todo *bo* irlandés, o amor á patria.

---

[214] A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 344, 398, 473, 498.

Os personaxes que se amosan como exemplares sono polo seu compromiso absoluto coa nación, á cal están sempre dispostos a someter os seus intereses particulares. Os seus sinais distintivos son, en consecuencia, a entrega total, o sacrificio persoal e a dedicación plena á defensa da liberdade da nación. Patrióticos valores que se manifestan de maneira primordial na cumprimentación da tarefa que os heroes nacionais asumen ata o extremo, a loita pola independencia de Irlanda, obriga que, a partir da Reforma protestante, se expresa tamén na defensa da relixión católica, convertida no principal trazo identitario da nacionalidade. O autor quere subliñar, sobre todo, o esforzo daqueles que se consagraron ata o límite máximo ó combate pola nación, de todos os que aceptaron a obriga de alzar as armas na súa defensa, especialmente os que foron capaces de coordinar as distintas forzas do país para constituír unha auténtica *fronte nacional* fronte ó inimigo, único camiño que permitiría acadar a vitoria final algún día. *Resistencia* decidida e *unidade* nacional configúranse, pois, como os valores esenciais que *The Story of Ireland* intenta promover a través da presentación ós lectores de personaxes que expresan o compromiso coa patria por medio dos seus trazos principais, a saber, patriotismo, loita contra o opresor, valor e sacrificio.

Pola obra desfilan, representadas de tal xeito, numerosas figuras que o autor adapta a semellante retrato ideal de combatentes pola liberdade da nación, ás que dedica unha boa parte das súas páxinas: Donald O'Neill, príncipe do Ulster, que unira os irlandeses na "primeira guerra verdadeiramente nacional" contra o poder inglés na illa, a principios do século XIV, e que soubera sacrificar os seus dereitos á monarquía de Irlanda en favor de Edward Bruce, para aumentar as posibilidades de acadar a vitoria a nación; Art M'Murrogh [sic], príncipe de Leinster, que lavara a honra da familia dous séculos despois de que a estragara o traidor do mesmo apelido que facilitara a invasión de 1169, mantendo unha loita sen tregua contra os reis ingleses durante corenta anos, soamente interrompida coa morte; *Silken* Thomas, membro da poderosa familia dos Kildare, unha das ramas dos chamados Geraldines, de estirpe angloirlandesa *gaelizada,* que se rebelara contra o poderoso Henry VIII; o gran Hugh O'Neill, *Red* Hugh O'Donnell e Donal O'Sullivan, que uniran a nación en armas contra a Coroa inglesa a finais do XVI e principios do XVII, e que morreran os tres no exilio, despois de dalo todo por Irlanda; Owen Roe O'Neill, que encabezara unha nova rebelión nos tempos da guerra civil entre a Coroa e o Parlamento ingleses; Patrick Sarsfield, xentil e valente heroe que dirixira as forzas xacobitas contra as tropas do protestante William III, a finais do século XVII, e que preferiu o exilio a someterse á autoridade do novo rei; Wolfe Tone, o protestante que procurou a unidade dos irlandeses todos e que dirixiu a insurrección republicana dos *United Irishmen* de 1798 xunto con Lord Edward Fitzgerald, arrestado e

morto xusto nas vésperas da revolta, ó cal Sullivan presenta como o máis querido dos que deran a vida pola patria; e outros personaxes máis que lle permiten ó autor subliñar ó longo das páxinas do seu libro aqueles valores que considera máis pertinentes para a edificación dos novos nacionalistas.[215] Mesmo algunhas das figuras que selecciona son de orde secundaria, en canto á súa escasa transcendencia histórica, pero merecen a súa atención porque representan de maneira que estima moi apropiada as calidades individuais que quere promover como exemplares, como sucede con Godfrey de Tyrconnell, o xa citado aristócrata do século XIII que expresara o compromiso de loita pola patria ata, literalmente, o derradeiro alento; con Feach M'Hugh, o irreductible defensor das súas montañosas terras fronte ó acoso inglés a fins do XVI; co vello coronel Richard Grace, que, a pesar dos seus case 90 anos, quixo loitar e dar a vida na defensa de Athlone, na guerra guillermina de finais do XVII; cos once heroes anónimos que se sacrificaron por salvar aquela cidade no mesmo conflito, que lle lembran a Sullivan os patriotas da Roma clásica; ou con Michael Dwyer, que resistira con tácticas de guerrilla durante os terribles anos que seguiron a 1798, derrotando "rexemento tras rexemento" inglés coa súa pequena partida.[216]

Esta é, a loita contra Inglaterra, sen pausa e ata as últimas consecuencias, a mensaxe esencial que Sullivan quere transmitir á mocidade dos seus días, a lección principal que cómpre aprender da historia da nación. Os exemplos doutra orde relativos ós mesmos tempos posteriores á intromisión inglesa son escasos. En canto á posibilidade de enfrontamento ó poder inglés por medios pacíficos, soamente destaca como modelos a Henry Grattan, o líder dos *patriotas* protestantes de finais do século XVIII que reivindicaran a independencia lexislativa para o país, e a Daniel O'Connell, o organizador da gran mobilización da poboación católica antes de cumprirse a primeira metade do século XIX.[217] Cabe citar, ademais, dous personaxes exemplares que, sen ser combatentes, demostraran gran afouteza na defensa dos dereitos da nación fronte ós estranxeiros e que expresan a estreita conexión entre fe e nacionalidade que se subliña na obra: o bispo de Dublín no tempo da invasión, Laurence, "canonizado pola súa santidade e mais polo seu patriotismo", e Oliver Plunkett, o "santo primado-mártir", que fora executado en 1681 baixo a falsa acusación de dirixir un inexistente "complot papista".[218]

---

215 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 156; 170-83; 197-207; 235-341; 367-86; 424-71, 480; 508-17.

216 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 141-51; 233-5; 454; 447-8; 538-42.

217 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 499-503, 543-55. Aínda así, subliña o feito de que os dous estiveran dispostos a ofrecer a vida pola nación. Tanto Grattan, vello como era, coma O'Connell, aceptaran coller as armas para baterse en duelo por Irlanda. Id., pp. 530 e 547.

218 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 117, 400-3.

A mesma clase de valores, aínda que sen referencia ó gran inimigo nacional, claro está, é a que procura resaltar Sullivan no seu relato da época anterior á invasión inglesa do século XII. Ademais das referencias ós fundadores milesios da nación e ós reis pagáns que sentaran as bases institucionais dunha Irlanda libre, as accións de armas están presentes con frecuencia no texto, sobre todo nas narracións das fazañas fantásticas dos heroes protagonistas da "literatura semi-imaxinaria" gaélica e mais na exaltación dos monarcas guerreiros dos séculos previos á cristianización.[219] Sen embargo, a figura que merece unha atención máis detallada e unha loanza máis entusiasta é un santo cristián do século VI, Columba, a quen chama "Dove of the Cell", polo seu alcume gaélico, que é retratado como a mellor expresión do período máis brillante da historia de Irlanda e proposto como auténtico modelo para todo tempo, debido á súa significación cultural e, sobre todo, por causa da súa relixiosidade e do seu amor á patria.[220] Outro personaxe resulta tamén destacado na exposición daqueles anos previos á invasión, o rei Brian Boru, vencedor da decisiva batalla de Clontarf contra os invasores viquingos. Sen embargo, as loas que lle outorga pola súa unificación do país baixo un único poder, polo seu bo goberno e pola súa vitoria fronte ós estranxeiros quedan moi matizadas polas críticas que lle dedica á maneira violenta en que usurpara o trono irlandés, quebrando a cadea sucesoria legal.[221]

En suma, a promoción do amor á nación e da defensa da súa fe relixiosa, o esforzo a prol da unidade nacional, o valor persoal e a resistencia total fronte ós estranxeiros que atacan a súa liberdade son os factores que Sullivan pretende subliñar como a principal ensinanza da historia e, polo tanto, os que determinan, en gran medida, a súa selección de acontecementos e personaxes do pasado.

Como consecuencia de tales criterios de relevancia histórica e dos valores que nel se exaltan como dignos de ser transmitidos á mocidade para a súa edificación e o seu adoutrinamento político, o texto de Sullivan no que se concreta o seu esforzo pedagóxico resulta ser, como se comentará no momento da avaliación dos seus contidos, un relato excesivamente propenso a resaltar accións de armas, tendente a reducir o pasado do país a unha dimensión político-militar case exclusiva, tinxido dunha evidente anglofobia, que leva mesmo a xustificar cruentos

---

219 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 11-45.

220 "In Columba two great features stand out in bold prominence; and never perhaps were those two characteristics more powerfully developed in one man –devotion to God and passionate love of country". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 57-8. O moi amplo tratamento desta figura esténdese da páxina 57 ata a 75.

221 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 79-101.

episodios de vinganza, repleto de incidencias de moi dubidosa importancia e prexudicado na súa verosimilitude por unha constante mestura que volve indistinguibles os feitos da ficción.

2. As fontes

Os materiais cos que se compón *The Story of Ireland* non proveñen de investigación primaria ningunha do autor. O propio Sullivan recoñece nas páxinas de presentación que a súa obra está concibida como unha recompilación que enfía achegas xa publicadas por outros concienciudos historiadores en "traballos admirables".[222] A principal orixe de tales extractos está constituída, polo tanto, por diversos produtos do que el mesmo chama "learned and serious 'history",[223] textos historiográficos escritos para lectores adultos por autores da súa época ou de séculos anteriores. Con todo, en conformidade coa concepción didáctica da obra xa apuntada, tamén recorre a outro tipo de fontes, aínda que case sempre citándoas a través da primeira categoría de obras, tales como antigos manuscritos de contido histórico, textos da literatura gaélica tradicional, diversas clases de narracións lendarias, poemas ossiánicos, tradicións populares e relatos de ficción histórica.

a. *Historias formais.* No propio prefacio da obra o autor declara as dúas fontes principais das que obtén os datos dos que se valeu para levar a cabo o seu proxecto, as historias de Irlanda publicadas por "Mr. M'Gee and Mr. Haverty", das que sostén que incorporan as contribucións últimas dos eruditos máis prestixiosos e ás que confesa seguir "case literalmente", mesmo cando non fai referencia expresa a elas.[224] En efecto, as alusións a estas dúas historias de Irlanda son continuas en *The Story of Ireland,* tanto integradas no propio texto coma nas notas a pé de páxina a que este remite. E mesmo tampouco non faltan momentos nos que, sen mencionalas, resulta claro que son elas a fonte de inspiración do que se está a expoñer. En numerosas ocasións, máis que introducir simples citas acompañantes ou complementarias do texto principal, Sullivan procede á pura

---

222 "This little book [...] does not claim to be more than a compilation from many admirable works which have been published by painstaking and faifthful historians". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* "Author's Preface", p. 5.

223 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* "Author's Preface", p. 6.

224 "[...] owning my obligations to those authors the fruits of whose researches have been availed of so freely by me. To two of these in particular, Mr. M'Gee and Mr. Haverty, I am deeply indebted. In several instances, even where I have not expressly referred to my authority, I have followed almost literally the text supplied by them. [...] They possess this immeasurable advantage over every other previously published history of Ireland, that in them the authors were able to avail themselves of the rich stores of material brought to light by the lamented O'Curry and O'Donovan, by Todd, Greaves, Wilde, Meehan, Gilbert, and others. These revelations of authentic history, inaccessible or unknown to previous history-writers [...].". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* "Author's Preface", p. 5.

reprodución de páxinas enteiras das dúas obras, apropiándose dos seus contidos para empregalos como material substitutivo do que debería ser froito da súa propia elaboración.[225] O máis paradoxal é que, a pesar desta continua disposición que Sullivan se permite, en ningún momento se especifica en *The Story of Ireland* a referencia completa dunhas obras que resultan tan decisivas para a súa confección, á que achegan a información xeral básica coa que se redactan a maioría das súas páxinas, en canto as derradeiras citas sinaladas procedentes delas refírense a 1691, no caso de MacGee, e 1803, no de Haverty. Sorprendentemente, por demais, os apelidos dos autores, amentados na forma dita, constitúen a única maneira de aludir ós seus traballos no decurso da obra.

Thomas D'Arcy MacGee e Martin Haverty, que tales son os seus nomes completos, xornalista e membro da Young Ireland o primeiro, fuxido a América despois da fracasada revolución de 1848, xornalista e bibliotecario da organización da avogacía dublinesa o segundo, escribiran dúas das obras máis coñecidas da clase que Sullivan chama "historias formais de Irlanda". MacGee publicara *A Popular History of Ireland* en 1864, en Nova York, mentres Haverty editaba a súa en Dublín, en 1860, cun título abondo significativo das pretensións de actualización que Sullivan valoraría no seu prefacio: *The history of Ireland, ancient and modern, derived from our native annals, from the most recent researches of eminent Irish scholars and antiquaries, from the state papers, and from all the resources of Irish history now available*.[226]

A información que provén destes dous libros constitúe, certamente, o armazón básico sobre o que se compón *The Story of Ireland,* pero Sullivan procura datos complementarios para a súa historia destinada á mocidade noutros textos historiográficos que lle subministran materiais relativos a unha serie de variados asuntos dos que quere ofrecer un tratamento máis preciso. Trátase de obras especializadas en períodos ou personaxes determinados da historia de Irlanda, moitas das cales reducen a súa contribución a unha referencia única. Así, por exemplo, por mencionar só os que máis páxinas merecen, cita con relativa amplitude a biografía de John Mitchel sobre Hugh O'Neill, recorre a C.P. Meehan,

---

225 Sirva de exemplo a extensión dalgunhas citas tomadas de Haverty: dúas páxinas completas sobre a batalla de Clontarf (98-9), dúas sobre o enamoramento de Hugh O'Neill (252-3), dúas máis sobre o sitio de Dunboy (301-2) e outras tantas sobre o infame goberno de Wentworth (347-8). Por veces, indícase que o texto é un resume do libro de Haverty, como no relato da batalla de Aughrim: despois de advertir de que o toma prestado "with very little abridgment", dedica Sullivan catro enteiras páxinas a reproducir o texto daquel (456-60). No caso de MacGee abundan os exemplos semellantes.

226 A edición de Nova York, 1867, da obra de Haverty aínda precisa máis no subtítulo o resaltado por Sullivan no prefacio: *The history of Ireland Ancient and Modern from the earliest period to the present time: derived from our native annals, and the researches of Dr. Donovan, Professor Eugene Curry, the Reverend C.P. Meehan, Dr. R.R. Madden and from all the resources of Irish history now available.*

un dos autores que nomea no prefacio, para a fuxida dos aristócratas irlandeses de 1607 e para a Confederación Católica de Kilkenny, loa os libros de J.M. M'Cann e William Wilde sobre as guerras entre James II e William III, utiliza a historia de Thomas Wyse para os *patriotas* protestantes do século XVIII, apóiase en Jonah Barrington para tratar a reivindicación de independencia lexislativa e a súa perda definitiva en 1800 e refírese a R.R. Madden para tratar a revolta dos *United Irishmen.*[227]

Nunha segunda orde, Sullivan incorpora tamén á súa obra materiais procedentes de relatos históricos irlandeses de orixe máis antiga, aínda que case sempre presentándoos a través de parágrafos extraídos dos libros anteriormente citados. Así sucede cos clásicos *Annals of the Four Masters,* que son mencionados tres veces por citas interpostas e só unha directamente.[228] De Geoffrey Keating e a súa historia do país ata a chegada dos normandos, un dos grandes clásicos da escritura moderna en gaélico, soamente se reproduce unha referencia, sen indicar sequera o título da obra.[229] O anticuario e historiador Sylvester O'Halloran merece unha soa alusión a unha obra sen identificar.[230] Recóllese tamén a pé de páxina unha cita da historia irlandesa do Abbe Mac Geoghegan (sic).[231] Inclúense, ademais, unha mención da tradución de Meehan dunha obra do século XVI e outra de *Memoirs of King James the Second,* da que se reproduce un parágrafo.[232] E por fin, respecto a este tipo de obras de séculos anteriores, a máis citada delas, ben que exclusivamente referida á rebelión de Hugh O'Neill, Hugh O'Donnell e Donal

---

227 De John Mitchel di Sullivan que é "a biographer worth of the theme" (p. 236), e cita a súa obra *Life of Hugh O'Neill* en numerosas ocasións, dada a atención que lle quere prestar ó líder irlandés e ó seu período. Ó libro do reverendo C.P. Meehan, *The Flight of the Earls; or the Fate and Fortunes of Tyrone and Tyrconnell,* chámao "a remarkable work" (p. 330) e remite a el varias veces. De J.M. M'Cann enxalza *Batte-fields of Ireland* e varios artigos históricos da revista *Harp,* de 1859 (pp. 415, 430, 455n). A obra de William Wilde, *Boyne and Blackwater* cualificaa como "beautiful and valuable work" (p. 419n). De Thomas Wyse utiliza *History of Catholic Association* (en realidade, titúlase *Historical Sketch of the Catholic Association,* 1829). De Sir Jonah Barrington sérvese de *Rise and Fall of The Irish Nation* (1833). De R.R. Madden aproveita *Lives and Times of the United Irishmen* (1843-6). Outros autores deste grupo tamén citados para asuntos moi concretos son Hardiman, o Dr. Cane, O'Callaghan, Harris, Lenihan, Lord Holland, o Dr. Moran e o reverendo George Crolly.

228 Estes *Anais do Reino de Irlanda,* que abranguen ata 1616, son unha compilación en gaélico de antigos anais realizada en 1632-6 polo franciscano Michael O'Cleary e tres axudantes máis, número de autores de onde lle vén a denominación tradicionalmente usada para identificar a obra. No texto de Sullivan cítase en pp. 183, 245, 331 e 320.

229 *Foras Feasa ar Éirinn (Unha historia de Irlanda),* publicada arredor de 1634. Cítase en pp. 101-2.

230 Probablemente *General History of Ireland* (1774).

231 O Abbé (James) MacGeoghegan publicou en París, en 1758-62, unha *History of Ireland,* en tres volumes, que foi moi valorada polos nacionalistas do XIX. John Mitchel prolongou o relato ata os seus propios días (1868). Joep Leerssen, *Remembrance and Imagination,* pp. 153-4.

232 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 191, 431.

O'Sullivan, sobre todo ás andainas deste último, é *Historiae Catholicae Iberniae,* de Philip Beare O'Sullivan, moi ponderada polo autor.[233]

En terceiro lugar, Sullivan recorre esporadicamente a informacións que obtén de obras historiográficas de orixe inglesa e protestante. Presumindo que tales publicacións configuran a súa representación do pasado en función da defensa dos particulares intereses de Inglaterra e supoñendo que reflicten unha versión dos acontecementos históricos tendenciosa ou, cando menos, inclinada a caracterizalos nos termos máis favorables á potencia dominante, en orde a lexitimar a súa presenza en Irlanda, o autor utiliza tales fontes, cando lle resulta posible e conveniente, como instrumento de confirmación da credibilidade da súa propia exposición.

Con este ánimo de reforzar a fiabilidade do seu escrito, Sullivan procura apoios *externos* en textos que semellan, en principio, ser pouco propensos a presentar o pasado dun modo benévolo coas posicións irlandesas, nacionalistas ou católicas. De tal xeito, *The Story of Ireland* acode ás páxinas dalgunhas das obras máis sobranceiras da historiografía inglesa na procura de referencias a Irlanda propicias ás súas teses. Entre os seus contemporáneos, o autor chama na súa axuda a voces tan autorizadas entre os historiadores ingleses da época como James Anthony Froude e Thomas Babington Macaulay. O primeiro, caracterizado como "historiador plenamente inglés", que escribe coa "natural e lexítima inclinación ou simpatía a prol do seu propio país", resúltalle especialmente útil para denunciar a arrepiante política de exterminio implantada en Munster polas tropas de George Carew.[234] En canto a Lord Macaulay, é convocada a súa respectada figura para proclamar a impostura do suposto "Gran complot papista" de 1678, argallado, en realidade, polas autoridades inglesas –"the diabolical fabrication"–, e a farsa dos xuízos amañados para condenar os acusados irlandeses.[235] Tamén se invoca a autoridade dun autor, John P. Prendergast, menos prestixioso que os dous citados

---

233 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 237n, 313-232, 341. Trátase dunha obra escrita en latín e publicada en Lisboa, en 1621. Sullivan agradece a John Mitchel que fixese posible o seu coñecemento, en canto, segundo afirma, o texto de quen chama sempre "Don Philip" é a fonte que permite corrixir as inexactas versións inglesas sobre o período.

234 "A thoroughly English historian –Froude– writing in our day on these events, has found the testimony of the State Paper Office too powerful to resist; and with all his natural and legitimate bias or sympathy in favour of his own country, his candour as a historian more than once constitutes him an accuser of the infamies to which I have been referring". Sullivan escolle o texto de *History of England* no que Froude compara as accións de Carew coas atrocidades do duque de Alba e no cal o historiador inglés afirma: "Yet *Alva's* bloody sword never touched *the young, the defenceless, or those who[s]e sex even dogs can recognize and respect."* En cambio, continúa Froude, "Carew has been seen murdering women and children, and *babies that has scarcely left the breast."* A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 292 [cursiva de Sullivan].

235 A. M Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 399-402. Non se especifica a obra de Macaulay.

pero que, para os obxectivos de Sullivan, ten a virtude de profesar a relixión protestante e de compoñer a súa obra cos documentos orixinais gardados nos arquivos da sede do goberno do Estado en Dublín, o que reforza dobremente a súa credibilidade cando retrata os sufrimentos da poboación irlandesa en tempos de Cromwell.[236] Noutro exemplo significativo, ó se ocupar das penalidades da poboación irlandesa no século XVIII, selecciona como fonte o traballo dun historiador protestante, de maneira que poida expoñer a perfidia do comportamento inglés naquel tempo sen sospeitas de parcialidade.[237]

Tamén busca Sullivan corroborar a veracidade da súa interpretación histórica en textos non sospeitosos de simpatías pro-irlandesas escritos en tempos máis antigos. Neste senso, apela á obra do clérigo e "historiador protestante" Thomas Leland, que escribira na segunda metade do século XVIII, para desmentir a suposta matanza de protestantes polos católicos do Ulster en 1641 e para presentala como unha fabulación interesada maquinada polos puritanos con fins políticos.[238] Así mesmo, busca apoios concretos en *Pacata Hibernia,* a obra na que se relata a campaña de Munster desde a perspectiva de Carew; na obra do capelán das tropas de William III, para fundamentar as súas opinións sobre a guerra con James II; na correspondencia dos dirixentes ingleses que conseguiran con malas artes a Unión de 1800 –as cartas demostran a "vilanía da súa conducta"– e mesmo no relato das viaxes de Boswell e o doutor Johnson, citado como confirmación das antigas glorias da Iona de san Columba.[239]

b. *Fontes complementarias.* Sullivan menciona tamén outra clase de fontes diferentes daquelas lecturas historiográficas que o abastecen dos materiais básicos para o seu relato. En boa parte dos casos, faino citándoas a través destas obras nas

---

236 John P. Prendergast, *The Cromwellian Settlement of Ireland.* Sullivan cualifica a obra como "one of the most remarkable books ever printed in the English language" e tómaa como a súa fonte principal para o capítulo LX, "The agony of the nation". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 387-98. Prendergast di no seu prefacio sobre aqueles documentos oficiais, ós que conseguira acceder en 1849, despois de moito esforzo: "Here I found the records of a nation's woes", segundo sinala Sullivan en p. 388n.

237 "It would be little creditable to an Irish Catholic to own himself capable of narrating this chapter of Irish history with calmness and without all-conquering emotion. For my part I content myself with citing the descriptions of it supplied by Protestant and English writers". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 477. O libro do autor protestante vén referido como Cassell's (Godkin's), *History of Ireland,* e cítase en pp. 442, 477-8.

238 Nunha nota ó pe que se estende máis dunha páxina completa recóllese o recoñecemento de Leland ó labor de moderación dos sacerdotes católicos naqueles momentos tráxicos e a súa afirmación de que protexeran os ingleses agachándoos mesmo baixo os altares das súas igrexas. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 359-60n. Non se precisa o título da obra de Leland.

239 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 298, 300n, 320n *(Pacata Hibernia* (1633); 423, 425n, 440, 464n (Story, "the Williamite chapelain", *Comp. Imp. Hist.);* 504n, 532-3n ("Castelreagh Papers", "Cornwallis Correspondence"); 68 (James Boswell, *Tour to the Hebrides* [sic], 1785).

que procura a súa documentación esencial, pero tamén, en certas partes do texto, sobre todo cando se ocupa dos tempos máis antigos da historia, adoita utilizalas de maneira directa, ou, polo menos, eso aparenta, en canto non sempre facilita a referencia de onde proveñen os datos que manexa e o lugar no que atopa a fonte que os contén. Trátase, principalmente, de informacións procedentes de vellos manuscritos gaélicos, sexan as que se inclúen nos rexistros históricos das crónicas medievais, sexan as que o autor deita das narracións da antiga literatura en lingua irlandesa. Con elas mestura, de cando en vez, tradicións diversas e mesmo relatos de ficción histórica de elaboración contemporánea. En todo caso, con independencia do grao de veracidade que lles atribúe a cada un destes materiais en concreto, o autor considéraos como un fondo testemuñal de primeira importancia e tenos por especialmente relevantes para o coñecemento do pasado máis remoto da nación irlandesa, período para o cal resultan ser a única fonte de documentación dispoñible.

Así, nos primeiros capítulos da súa obra,[240] aqueles que percorren os tempos que levan ata a cristianización de Irlanda, no século V, Sullivan, seguindo as liñas esenciais das versións imaxinadas no Medievo e reproducidas desde entón nas obras posteriores sobre aquel distante pasado, resume o mito da fundación milesia da nación a partir dos relatos tradicionais, sérvese de narracións procedentes da vella literatura gaélica para caracterizar aquela sociedade e funda nas antigas crónicas históricas a súa representación da civilización da Irlanda pagá, tanto nas súas manifestacións políticas coma nas culturais.

As dúas guías que inspiran a concepción de *The Story of Ireland* –a presunción ideolóxica e mais o afán didáctico– condicionan de maneira patente o achegamento a aqueles períodos máis antigos da historia por medio desta clase de fontes. Por un lado, a necesidade de satisfacer as esixencias temporais dunha historia que se pretende *nacional* obriga a remontar o relato ata as orixes mesmas da nación, fose cal for a calidade das fontes dispoñibles. E por outro, as demandas que deitan da finalidade pedagóxica da obra aconsellan incluír nela fragmentos que estimulen o interese dos mozos lectores, un tipo de material do que, xustamente, non carecía a documentación da que dispoñía Sullivan. Son ambas as dúas razóns, de certo, as que levan ó autor a compoñer unha advertencia previa que precise a utilidade e a lexitimidade do uso de tales fontes.

Consciente dos problemas de credibilidade que suscita unha interpretación do pasado composta a partir de informacións tan escasas e de tan dubidosa veracidade, Sullivan esfórzase en salientar, desde un principio, a validez

[240] A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* cap. I-VIII, pp. 11-55.

historiográfica das fontes nas que se abastece. Ó efecto, ofrece, inmediatamente despois do prefacio, unhas páxinas que lle serven de complemento introdutorio específico para eses apartados nos que se ocupa da Irlanda anterior á implantación da fe cristiá na illa. O título que escolle para tal advertencia inicial resulta abondo significativo das dificultades que cabe esperar na aproximación a un período tan escuro e afastado no tempo, así como das dúbidas que o seu subseguinte relato pode espertar nos lectores: "Introductory. How we learn the facts of early history".[241] Neses parágrafos liminares proponse Sullivan reafirmar a fiabilidade como fonte de coñecemento do pasado das antigas tradicións referidas a épocas anteriores ós rexistros documentais escritos. A este respecto, esténdese en consideracións sobre o proceso de conformación das versións tradicionais dos máis antigos acontecementos recordados, trazando un camiño que leva da transmisión oral espontánea á codificación pública da memoria e á súa perpetuación a través de cantos ou poemas históricos, para concluír, no seu día, co seu rexistro documental por escrito, que constitúe o material que se ofrece á consideración dos historiadores. Acepta que aquelas antigas lembranzas de feitos acontecidos en épocas nas que se descoñecía a escritura experimentaran no decurso do tempo un certo grao de "esaxeración e corrupción" e que moitos dos sucesos que nelas se narran foran sendo revestidos dun manto de fantasía, mesmo ata converter o que fora "*extraordinario"* en "*sobrenatural",* facendo dos seus protagonistas "semideuses", do mesmo modo que ocorrera na Grecia e na Roma clásicas. Con todas esas limitacións, sen embargo, non dubida Sullivan en concluír que naquelas tradicións se agachan "indiscutibles e valiosas verdades da historia", tal como, segundo afirma, estaba a demostrar a investigación no presente.[242]

Con tales criterios e precaucións recolle Sullivan, por tanto, os materiais que lle permiten presentar aqueles escuros tempos ós seus novos lectores, facendo nestes capítulos iniciais apenas unha única mención á historia de Haverty, que, xunto coa de MacGee, despois manexará con tanta profusión. Procura, en cambio, confirmar periodicamente a veracidade histórica dun relato que non pode –nin o quere o autor, como xa se sinalou– evitar resaibos de fantasía. Así sucede desde as primeiras páxinas, onde a sucesión de episodios inverosímiles que compoñen a narración das orixes da nación, a través do relato das andainas do pobo gaélico, da súa chegada a Irlanda e do establecemento da súa civilización e réxime político,

---

241 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 9-10.

242 "It would, however, be a great blunder for any one to conclude that because some of those old mists of early tradition contain such gross absurdities, they contain no truths at all. Investigation is every day more and more clearly establishing the fact that, shrouded in some of the most absurd of those fables of antiquity, there are indisputable and valuable truths of history". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 10.

require do autor a lembranza da veracidade dos acontecementos que expón e a fiabilidade das fontes nas que se inspira. Con este obxectivo, por exemplo, a súa descrición dos momentos fundacionais da nación, elaborada segundo a lenda milesia das orixes, que contén numerosos elementos de aparencia imaxinaria, queda enmarcada entre a afirmación da certeza da colonización gaélica da que nela se dá conta, da que di que está ben testemuñada,[243] e unha nota final, coa que cerra este capítulo primeiro, na que asegura que as tradicións nas que se basea o seu propio relato están plenamente corroboradas na actualidade.[244] O resultado de tal mecanismo expositivo contribúe, sen dúbida, a salientar o carácter histórico do texto que queda contido entre esas dúas proclamas de veracidade, incluíndo os numerosos trazos de carácter claramente fantástico que recolle.

Semellante estratexia de *historificación* das fabulacións tradicionais, por medio do esvaecemento das fronteiras entre o que aparenta ser real e o que parece corresponder ó ámbito do imaxinario, refórzase nestes primeiros capítulos pola inclusión de repetidas aseveracións acerca da fiabilidade histórica das fontes utilizadas. Así, os primeiros séculos da era cristiá, os anteriores á implantación da nova fe en Irlanda, son englobados dentro dun chamado "período ossiánico", concepto cronolóxico que trata de reafirmar a sensación de historicidade dos relatos lendarios tradicionais sobre os míticos guerreiros que constituíran a milicia dos *fianna* e, por extensión, da totalidade dos que compoñen a antiga literatura gaélica. Suxestión de verosimilitude que se completa coa atribución a un autor supostamente real, "Ossian, the warrior poet", dunhas narracións das que Sullivan sostén que, asumindo que mesturan "feitos indubidables e ficcións manifestas", proporcionan algunhas das claves para a comprensión da época na que se desenvolveran os *feitos* ós que se refiren.[245] Deste xeito, a inclusión do lendario nun relato que pretende reflectir a realidade do pasado queda dobremente lexitimada, en canto non só a súa beleza formal, senón tamén a súa fundamentación última en episodios verdadeiramente históricos, por moi deformados que resultasen polo tempo, así

243 "The earliest settlement or colonization of Ireland of which there is tolerably precise and satisfactory information, was that by the sons of Miledh or Milesius, from whom the Irish are occasionally styled Milesians". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 11.

244 "All that I have been here relating is a condensation of traditions, very old, and until recently little valued or credited by historical theorists. Yet singular corroborations have been turning up daily, establising the truth of *the main facts* thus handed down. Accidental excavations a few years since in the glen which tradition has handed down as the scene of this battle more than *three thousand years ago,* brought to light full corroboration of this fact, at least, that a battle of great slaughter was fought upon the exact spot some thousand of years ago". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 16n [cursiva no orixinal].

245 "The Ossianic poems [...] are compounds of undoubted facts and manifest fictions [...]. Some of these poems are gross, extravagant, and absurd. Others of them are of rare beauty, and are, moreover, valuable for the insight they give, though obliquely, into the manners and customs, thought, feelings, guiding principles, and moving passions of the ancient Irish". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 25-6.

o xustifican. En todo caso, tratada a información coas prevencións debidas, vénse deducir da exposición de tales acontecementos, a fonte é perfectamente fiable.[246]

Por demais, e coas mesmas pretensións, Sullivan considera as antigas crónicas, os anais, como documentos historicamente indiscutibles. A apelación a "the old records" ou "the all chronicles" non lle esixe proclamación engadida ningunha sobre a veracidade dos seus contidos. Máis ben, cítanse sempre como confirmación de feitos indubidables e mesmo son presentados como a documentación definitiva que permite, unha vez coñecida polos historiadores, revisar algunhas das vellas representacións de acontecementos diversos do pasado. De aí as loas do autor ó traballo dos investigadores que recompilan e preparan a edición daqueles materiais manuscritos tan prezados.[247]

Non sempre, sen embargo, amosa Sullivan unha predisposición tan manifesta a subliñar o valor da documentación revisada por expertos investigadores. Ou, cando menos, aquel aprecio non lle impide, como xa se viu, recorrer a fontes de moita máis dubidosa credibilidade. En realidade, o seu aproveitamento da "semi-imaxinaria" primeira literatura gaélica esténdese tamén a relatos de semellante carácter elaborados nos seus propios días. Así, recorre como fonte de información, aínda que tan só en dúas ocasións, ó libro de Samuel Ferguson *Hibernian Nights' Entertainment,* unha obra que contén narracións de ficción histórica, pero do que Sullivan afirma que está escrito seguindo as liñas da "auténtica historia", o que lle outorga a calidade suficiente para integrar algúns dos seus relatos "semi-fantásticos" nun texto das características de *The Story of Ireland,* tal como sucede co relato fabulado das aventuras do chamado *Silken* Thomas, o nobre rebelde contra a Coroa, nun fragmento que ocupa ¡oito páxinas![248] Dun modo semellante, recorre o autor a poemas sobre asuntos históricos confeccionados por escritores

---

246 "According to Ossian, there never existed upon the earth another such force of heroes as the Fianna Erion; and the feats he attributes to them were of course unparalleled. [...] he mixes up the wildest romance and fable. What is strictly true of them is, that at one period undoubtedly they were a splendid national force". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 54.

247 Expoñendo o episodio da traizón que permitira a invasión de Irlanda polos anglonormandos, escríbese: "Recent researches amongst the ancient 'Manuscript Materials for Irish History', by O'Curry and O'Donovan, throw much light upon this episode, and considerably alter the long prevailing popular impressions in reference thereto". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 110. Lémbrese tamén, a este respecto, as palabras do prefacio sobre as achegas históricas destes e doutros investigadores con esta clase de material. Ademais, Sullivan enxalza a constitución, en 1856, da "Brehon Laws Commission" e a publicación, nove anos despois, dun primeiro volume sobre os manuscritos da antiga lexislación gaélica. Id. p. 55.

248 Escríbese sobre esta obra nunha nota ó pé: "The book here alluded to, it may be right to remind young readers, does not purport to be more than a fanciful story founded on facts; but the author so closely adheres to the outlines of authentic history, that we may credit his sketches and descriptions as well justified approximations to the literal truth". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 198n. O episodio referido está nas pp. 198-205.

contemporáneos, co pretexto de que a súa exposición constitúe un reflexo fiel das antigas tradicións. Sirvan de exemplo, neste senso, os versos relativos ó enterramento dun monarca da era pagá compostos polo mesmo Ferguson, recoñecido poeta dos mesmos tempos en que Sullivan escribe, que este reproduce como un fiel reflexo da tradición,[249] e o poema do propio irmán do autor, T.D. Sullivan, sobre a morte doutro dos máis soados monarcas da antigüidade irlandesa, do que afirma ser unha auténtica versión moderna das antigas tradicións bárdicas.[250]

En resume, como estes últimos casos confirman, da análise das fontes complementarias nas que Sullivan procura a súa información sobre o pasado cabe deducir que, pese ó equilibrio entre fidelidade histórica e lectura atractiva que Sullivan persegue no seu traballo, *The Story of Ireland* presenta unha tendencia manifesta a descompensar o relato en favor do segundo dos termos da combinación.

3. A caracterización formal

É nos aspectos formais, en boa lóxica, onde de maneira máis evidente se reflicten os factores determinantes da elaboración de *The Story of Ireland.* O condicionamento pedagóxico que informa a enteira obra desde a súa mesma concepción plásmase nunha concreción final do proxecto orientada decisivamente polo obxectivo primordial de espallar o coñecemento do pasado do país entre a mocidade irlandesa, en orde a promover o seu achegamento ás posicións políticas do nacionalismo. A natureza utilitaria do texto que deita da súa propia xénese confírelle, por forza, unhas características formais que atenden, de maneira prioritaria, á satisfacción da ambición didáctica que xustifica a existencia mesma do produto.

Este didactismo constitutivo, directamente ligado á finalidade política que se lle supón, contribúe a resaltar na obra de Sullivan a importancia da dimensión *estética* da historia –quer dicir, da exposición formal dos resultados da aproximación ó pasado–, subordinando o compoñente fáctico á eficacia comunicativa do texto e esvaecendo, cando non suprimindo, a delimitación entre a literatura de creación e a escritura propiamente histórica, entendida esta como puro reflexo de feitos realmente acontecidos noutros tempos. Por demais, a vocación instrutiva deita nun empeño moralizante que modela a enteira obra e que marca o enfoque de cada un dos episodios que a compoñen, orientando sempre a súa realización en función da necesidade de derivar unha lección exemplar para os lectores.

---

249 "A vivid tradition relating the circumstances of this burial has been beautiful versified by Dr. Ferguson in his poem, 'The burial of King Cormac". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 40.

250 "The ancient bardic version of the event is almost literally given in the following poem, by Mr. T.D. Sullivan". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 35. Os versos esténdense ó longo de cinco páxinas.

De maneira máis concreta, o afán pedagóxico inherente a *The Story of Ireland* guía o seu autor na busca dos medios máis eficientes para unha axeitada transmisión da mensaxe ós destinatarios, determinando, ante todo, a elección dunha linguaxe e dun modo de presentación dos contidos coherentes coa consecución dos obxectivos previamente marcados.

a. *A forma narrativa.* Tal como indica o seu propio título, *The Story of Ireland* pretende ser un *relato* do pasado da nación irlandesa. Así o quere confirmar o propio autor de maneira explícita no seu prefacio, onde delimita os carácteres do seu traballo tomando como referencia non as obras de "historia' erudita e seria", senón as narracións populares de transmisión oral, non as interminables relacións de datos que con tanto esforzo debían aprender os nenos na escola, senón os cativadores relatos dos "contadores de contos". [251] Buscando o mellor método para a consecución dos obxectivos que o libro aspira a completar, Sullivan opta, deste modo, polo xénero narrativo como forma máis axeitada para compoñer a súa historia. Adopta así as particulares pautas de organización dos contidos que a narración implica, dispoñéndoos entre un principio e unha conclusión que enmarcan e permiten enlazar unha serie de acontecementos ligados por unha relación de causalidade e consecutividade. O esquema narrativo aplícase á enteira concepción da obra, que representa o pasado na forma dun discurso que transcorre a través dunha fase inicial de progresiva configuración da nación irlandesa en liberdade e doutra posterior na que se amosa o proceso de estancamento e decadencia que experimenta por causa da intromisión estranxeira, a pesar do seu esforzo por sacudir o xugo que se lle impón.

Á súa vez, cada unha desas dúas grandes partes da narración xeral que separa a invasión anglonormanda do século XII está composta por unha serie de relatos menores nos que se van manifestando, respectivamente, o desenvolvemento dunha magnífica civilización e o camiño de declive que seguiría á perda da liberdade nacional. Trátase de episodios de variada temática e relativamente autónomos. En efecto, son *completos* na súa forma expositiva –principio e remate– e permiten cadansúa lectura independente, pero, sen embargo, soamente adquiren plenitude de significado en canto son considerados como parte dunha totalidade narrativa. Todos eles son figurados como curtas narracións exemplares nas que a nación, a protagonista do *gran relato* no que se integran, se manifesta a través de diversos actores que, en cada momento do decurso da historia, resultan ser o testemuño da súa supervivencia, da súa vontade de permanencia, e mais expresión dos trazos que a definen como entidade singular.

---

[251] A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* "Author's Preface", pp. 5-7.

Deste xeito, a través do discurso propio da forma narrativa que caracteriza a enteira obra e mais a sucesión de acontecementos parciais que o constitúen como historia da nación, *The Story of Ireland* transmite de maneira eficaz a enteira mensaxe do nacionalismo: a realidade nacional de Irlanda, comprobada de maneira inequívoca a súa existencia a través do tempo e das continxencias todas da historia, as causas da prostración actual do país e a necesidade de liberación nacional en orde a recuperar o esplendor que lle é propio á súa civilización. O pasado, o presente e o futuro de Irlanda engarzados nun relato nacional completo.

b. *A linguaxe literaria.* Nunha obra na que prima a consideración estética na exposición dos contidos, ordenados coa pretensión de suxerir efectos e promover certas actitudes nos lectores, vólvese fundamental a adopción dun estilo literario apropiado que facilite a cumprimentación do afán pedagóxico que a determina. A eficacia na comunicación coa mocidade lectora esixe, por principio, unha expresión clara, sen complexidades sintácticas nin dificultades terminolóxicas, así como unha suxeición narrativa á liña argumental central, renunciando á inclusión de incidentes menores ou secundarios e, en xeral, a calquera tipo de digresións que entorpezan a fixación da mensaxe principal que se quere transmitir. Neste mesmo senso, ademais, a pretensión utilitaria de *The Story of Ireland,* frecuentemente recordada no texto por medio de repetidas apelacións explícitas ós destinatarios, require do autor a utilización dunha linguaxe que, en primeiro termo, sexa capaz de espertar e manter a atención de tan especiais lectores, que despois, a maiores, teña a virtude de conmover o seu espírito, de implantar nas súas mentes as lecciónns que se lle asignan á historia, de afirmar os valores que se lles quere inculcar, e que, por último, teña como efecto o impulso cara á acción política que predica a doutrina nacionalista.

Conforme a tales necesidades expresivas, Sullivan adopta para a exposición do seu relato un estilo que, en xeral, adoita ser sinxelo e directo, que procura sempre a evocación dos sentimentos máis emotivos dos lectores e que busca conducilos cara á conclusión moralizante que se espera que estes asimilen. Por demais, en función da clase de acontecementos que se relatan en cada momento, engádelle á linguaxe as tonalidades específicas axeitadas á situación. Neste senso, dado que a maioría dos episodios que configuran a obra teñen como obxectivo primordial a exaltación do amor á patria e as actitudes nas que se expresa o compromiso que esta demanda, os trazos estilísticos máis comúns en *The Story of Ireland* son os que se corresponden co xénero épico. O amor sen límites pola nación, o valor dos heroes que a defenden con todos os medios de que dispoñen, a súa entrega ata o extremo, chegando mesmo ó sacrificio da vida propia... tales son os valores e os comportamentos que se enxalzan na exposición da case

totalidade dos feitos históricos seleccionados polo autor, sempre narrados na linguaxe máis adecuada ó espírito de resistencia e combate que se quere transmitir á mocidade. Por veces, a exaltación dos heroes nacionais que se propoñen como modelo converte a narración nunha verdadeira haxiografía, sobre todo nos casos en que o personaxe loado culmina a súa demostración de fidelidade á patria co ofrecemento da propia vida, sexan os guerreiros malferidos que se amarran a estacas para poder seguir loitando cos seus compañeiros,[252] a fabulación da suposta arenga coa que o vello rei Brian, antes de morrer el mesmo, animou á batalla ás súas tropas en Clontarf,[253] o *martirio* de Lord Edward Fitzgerald en 1798[254] ou calquera dos moi numerosos episodios deste carácter que enchen o libro para edificación patriótica dos seus lectores. Neste mesmo senso, non faltan as glorificacións hiperbólicas, a miúdo reforzadas con comparanzas bíblicas ou cos textos clásicos latinos e gregos, que converten a Daniel O'Connell no "Moisés do moderno Israel", levan a mirada ás Termópilas para atopar un acontecemento digno das fazañas irlandesas ou mesmo equiparan os antigos milesios co pobo escolleito de Deus, camiñando sen descanso á busca da súa "Illa Prometida".[255]

As tonalidades heroicas, por demais, revístense con novos rexistros máis axeitados cando o autor se laia das penalidades que padecen os seus heroes ou o pobo mesmo por causa da dedicación á patria ou á relixión que se identifica con ela, ou polo infortunio da opresión tan inxusta que padecen. Sirvan como exemplo os parágrafos relativos ó exilio e á emigración, casos para os que Sullivan emprega as súas verbas máis tristeiras, entendendo o arredamento do país como o máis arrepiante dos castigos. Así sucede coas páxinas nas que se alude ós campesiños que, por culpa da miseria que cae sobre a illa despois de 1848 e da carencia de compaixón dos propietarios, se ven obrigados a abandonar en masa os seus campos e a súa patria.[256] O eco da recente traxedia resoa tamén no pasado, para sinalar a

---

252 Citando a O'Halloran, recolle Sullivan a exemplar afouteza dos anónimos soldados irlandeses do século XI: "In this extremity the wounded soldiers entreated that they might be allowed to fight with the rest. 'Let stakes,' they said, 'be driven into the ground, and suffer each of us, *tied to and supported by one of these stakes,* to be placed in his rank by the side of a sound man". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 101 [cursiva do autor].

253 Despois dun poema sobre o suposto e emotivo discurso, escribe o autor: "Who can be astonished that, as he ceased, a shout wild, furious, and deafening, burst from the Irish lines? A cry arose from the soldiers, we are told, demanding instantly to be lead against the enemy. The aged monarch now placed himself at the head of his guards, to lead the van of battle". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 97.

254 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 512-7.

255 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 546, 117, 12-3.

256 "Thousands of families, panic-stricken, did not wait for receipt of the dread mandate at their own door. With breaking hearts they quenched the hearth, and bade eternal farewell to the scenes of home, flying in crowds to the Land of Libery in the West. The streams of fugitives swelled to dimensions that startled Christendom." A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 566-7.

instintiva tristura que afecta ó irlandés que se ve na obriga de deixar unha terra pola que nunca poderá deixar de ter sentida devoción.[257] E é que non hai peor condena para un irlandés que vivir lonxe da súa illa, salienta Sullivan, que escolle o seu máis elexíaco estilo para facer manifesto o dramatismo que marca a vida de quen tal pena sofre.[258]

Esta é a linguaxe na que Sullivan compón a maioría das páxinas da súa obra. Sen dúbida ningunha, a súa apelación á mocidade do país elixe o camiño máis directo ó corazón, o que busca desbordar os sentimentos do lector, desatar a súa paixón, encher a súa mente de amor á nación e de odio a quen a oprime e a humilla. É o paso previo á mobilización a prol da súa liberación.

c. *Os recursos didácticos.* Respondendo ós requirimentos da natureza pedagóxica da súa obra, Sullivan distribúe ó longo das súas páxinas unha serie de poemas e de ilustracións alusivas ós contidos a través dos cales vai expoñendo o desenvolvemento da historia da nación. Trátase de materiais que o autor integra no texto coa pretensión de que actúen como instrumento de reforzamento e consolidación da mensaxe que intenta trasladar ós seus lectores.

A respecto dos poemas, estes constitúen un conxunto de 33 composicións, reproducidas na súa totalidade ou nunha parte significativa.[259] Agás un escaso número de poemas gaélicos, case todos de orixes anónimas, a maioría proceden de autores contemporáneos ou próximos ó tempo da escrita da obra de Sullivan, boa parte deles simpatizantes do patriotismo dos *United Irishmen* de finais do XVIII, membros do grupo dos *Young Irelanders* ou partidarios das posicións nacionalistas. Destacan polo número das contribucións que Sullivan selecciona Thomas Moore, o poeta romántico que, a partir de 1807 e durante máis de vintecinco anos, fora publicando unha serie de cancións patrióticas titulada *Irish Melodies,* moi popular no país, do cal se inclúen nove poemas; Aubrey de Vere, o poeta convertido ó catolicismo, que achega seis;[260] e Thomas Davis, o líder da

---

257 Por exemplo, cando se narra a marcha ó exilio de miles de irlandeses despois da capitulación de Limerick, en 1691. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 471.

258 Escribe a continuación da condena de exilio imposta a san Columba: "Exile from Ireland! Did Columba hear the words aright? *Exile from Ireland!* What! See no more that land which he loved with such a wild and passionate love! Part from the brothers and kinsmen all, for whom he felt perhaps too strong and too deep an affection! Quit for aye the stirring scenes in which so great a part of his sympathies were engaged! Leave Ireland!
Oh! it was more hard than to bare his breast to the percing sword; less welcome than to walk in constant punishment of suffering, so that his feet pressed the soil of his worshipped Erinn!". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 66 [cursiva no orixinal]

259 Exclúense do reconto as citas que constan dun ou dous versos soamente.

260 Cítase como fonte unha das súas obras*, [Inisfail: A] Lyrical Chronicle of Ireland,* 1862.

Young Ireland, do que se toman catro composicións. A práctica totalidade dos versos escollidos ocúpanse de asuntos de carácter bélico, dedicados case todos eles a exaltar os heroes irlandeses, a cantar as vitorias das forzas nacionais ou a laiarse polas derrotas que sufriron e a opresión que padeceu o pobo. Trátase, en xeral, de composicións do estilo das xa estudiadas ó considerar *The Spirit of the Nation,* o poemario histórico-patriótico dos *Young Irelanders,* de onde, precisamente, proceden algunhas das que Sullivan incorpora ó seu texto.

En ningún caso os poemas citados interrompen o decurso narrativo de *The Story of Ireland.* En realidade, actúan sempre como un mecanismo de reforzamento da narración, tarefa que desempeñan de dúas maneiras principais, ben situados no interior do relato no que se integran, ben como fragmento final dos capítulos correspondentes. En ambos os casos, o autor adoita servirse deles para corroborar a información que os precede, en canto o particular modo de expresión poético permite efectuar unha especie de *condensación* da mensaxe, presentándoo dunha forma moito máis emotiva, suxerindo unha serie de imaxes de maior efectividade e facilitando unha máis doada lembranza posterior, aspecto fundamental para as ambicións pedagóxicas da obra. Sobre todo cando se insiren como final de cada relato específico, os poemas operan como unha auténtica *clausura* da narración: no canto de rompela, ofrécense como a súa auténtica *conclusión,* en canto síntese perfecta do seu asunto e expresión acabada da súa mensaxe moralizante.

No relativo ás ilustracións que acompañan o texto, a súa utilidade como recurso didáctico auxiliar resulta aínda máis evidente que a dos poemas, en canto constitúen unha manifestación explícita dos centros de interese da narración que o autor quere salientar e mais serven como instrumento de fixación eficaz da súa mensaxe. Trátase de 32 debuxos titulados e localizados no texto inmediatamente xunto á materia á que se refiren.[261] Os motivos que representan son, na maioría dos casos, de carácter bélico, en lóxica conformidade coa materia predominante na case totalidade dos capítulos de *The Story of Ireland.* Algunhas das ilustracións, especialmente destinadas a salientar o carácter perverso da opresión que exerce Inglaterra, reflicten escenas certamente brutais, como a que amosa os soldados de Henry VIII destruíndo o interior dunha igrexa católica e apuntando coas súas armas ó peito dun crego revestido para a liturxia, que Sullivan titula "The 'Reformers' at their work", ou a que presenta as tropas de Cromwell arrincando neniños dos brazos das súas nais para vendelos como escravos no Caribe. En

[261] 13 das ilustracións van inseridas no texto e sen título. As 19 restantes ocupan unha páxina completa, sempre impar e seguida da súa volta en branco. En ocasións, cando o asunto ó que se refiren non coincide xustamente na páxina anterior, sinálase a súa localización exacta ó lado do debuxo. Máis da metade carecen de sinatura.

realidade, mesmo en gran parte dos casos nos que o asunto tratado non se refire a acontecementos deste teor pode establecerse con doada facilidade unha relación estreita con episodios de violencia.[262]

As ilustracións, en consecuencia, constitúen unha excelente mostra do programa histórico que se propón Sullivan en *The Story of Ireland.* Desde a fundación milesia da nación que representa o primeiro dos debuxos, no que aparece a lendaria raíña-nai Scota portando a "Sagrada Bandeira" coa serpe morta e o caxato de Moisés, símbolo das orixes do pobo gaélico e do seu destino, ata a gran migración forzada a América de mediados do XIX. Entre elas dúas, as imaxes retratan os principais momentos desa historia: o esplendor da antiga civilización pagá, os tempos dourados dos primeiros séculos da Irlanda cristiá, representados no gran santo Columba, a gloriosa vitoria de Clontarf contra os viquingos, a desgraciada invasión anglonormanda, os máis sinalados episodios da heroica resistencia das figuras sobranceiras da nación e o sufrimento daquel pobo martirizado. Se unha vez Thomas Davis soñara cunha historia ilustrada da nación que espallase o espírito patriótico, Sullivan atinou a ofrecérllela ós mozos irlandeses para que, como aquel quería, recoñecesen a grandeza do pasado, aprendesen o exemplo dos maiores e construísen un futuro en liberdade.

3.2. A estrutura do relato

1. Unidade e fragmentación do decurso histórico

A concepción de *The Story of Ireland* como relato inspirado no modelo das narracións populares orais, que tan ben cadra coas pretensións pedagóxicas do proxecto de Sullivan a respecto da súa concreción formal, implica, sen embargo, unha dificultade esencial en canto á disposición organizativa dos contidos. Certamente, o xénero histórico e a modalidade narrativa escollida esixen, ambos os dous, unha exposición cronoloxicamente ordenada, guiada por criterios de consecutividade e causalidade. Pola súa parte, tales principios, en canto reforzan a sensación de linearidade do relato e facilitan a claridade expositiva, axéitanse ás necesidades que deitan do afán instrutivo que constitúe a principal preocupación do autor. Sen embargo, a cumprimentación da ambición didáctica demanda, a maiores, unha certa *fragmentación* do relato, co obxecto de satisfacer a finalidade primordial que xustifica a propia existencia da obra, a saber, a asimilación polos destinatarios dos principios básicos que caracterizan o pasado da nación irlandesa.

---

262 Sirvan de exemplo as ilustracións tituladas "Mac Murrough warned of the plot by his Bard", "The Flight of the Earls", "Mass on the Mountain in the Penal Times" e "A scene from the Irish exodus", respecto das que é ben doado establecer a conexión con sucesos violentos. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 170, 329, 481 e 561.

Obxectivo que, por demais, implica a memorización, cronoloxicamente organizada, de acontecementos e mais de personaxes concretos, así como dos elementos nucleares do pasado salientados polo autor, aqueles que, ó seu xuízo, dotan de coherencia e sentido ó que, doutra forma, podería aparecer como unha masa informe de contidos seleccionados en función do seu suposto atractivo para a audiencia. Para acadar semellante propósito cómprelle ó autor dispoñer mecanismos de ordenamento dos contidos coadxuvantes do labor pedagóxico, que completen a tarefa dos xa indicados ó tratar dos aspectos da representación formal.

É neste ámbito, xustamente, onde aflora a contradición implícita na mestura de ambición educativa e de vontade omnicomprensiva coa que Sullivan emprende a realización da súa obra sobre os tempos pasados. En primeiro lugar, porque tanto o modelo de narracións orais coma a concepción ideolóxica que converte a nación en protagonista do relato, tal como subliña o propio título da obra, obrigan a abranguer no texto a completa historia de Irlanda. O relato que deita de tales preconcepcións presenta unhas dimensións tan extensas en canto ó período cronolóxico atendido e mais en canto á súa plasmación textual, que se volve dificilmente compatible cos propósitos didácticos fundacionais. A ansia por resolver os problemas de composición que derivan da pretensión de abranguer o enteiro pasado da nación nun só e único relato e por asegurar que o texto resultante sexa efectivamente percibido deste modo polos lectores ten que converterse, necesariamente, nunha forza que tende a relativizar ou mesmo a eliminar as continxencias temporais e que, pola contra, propende a resaltar unha serie de trazos figurados como de natureza permanente. Neste senso, o produto ideal sería aquel capaz de, por así dicir, narrar dunha soa e única vez a historia da nación, satisfacendo deste xeito as presuncións ideolóxicas do autor e a súa proclamada adaptación ó modelo das narracións populares tradicionais. Na práctica, sen embargo, o tal paradigma presenta evidentes problemas de compatibilidade coa consecución das finalidades educacionais que Sullivan se propón acadar.

Un relato tan extenso e complexo, pola amplitude do campo temporal e mais pola diversidade temática que se deben integrar nel, non pode ser de doada asimilación pola mocidade lectora, á cal, por demais, se lle queren evitar esforzos excesivos de memorización.[263] Ten que ser, en consecuencia, sometido a unha *segmentación* que o volva accesible á audiencia, no senso de lle facilitar o seu proceso de aprendizaxe e a conseguinte incorporación das lecciòns que deben derivar da contemplación da historia así representada. Sen embargo, este

263 "I desire to get hold of the young people, and not to offer them a learned and serious 'history', which might perhaps be associated in their minds with school tasks and painful efforts to remember when this king reigned or whom that one slew [...]". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* "Author's Preface", p. 6.

parcelamento entra en aberta contraposición cos principios narrativos mencionados, que tenden a rexeitar calquera elemento que dificulte a percepción unitaria do texto e a reforzar, polo contrario, a sensación de continuidade no tempo, como factor imprescindible que autoriza a propia realización do proxecto de compoñer unha historia completa da nación e da súa representación como relato para ser *contado* e asimilado de maneira efectiva –val dicir, a asunción do relato nacionalista do pasado como a verdadeira historia de Irlanda e o impulso subseguinte cara á acción política– pola mocidade lectora.

A clave para superar esta contradición entre as demandas dunha exposición ininterrompida e unitaria, propia da concepción ideolóxica da obra e mais da opción pola forma narrativa dos relatos populares, e a subdivisión do relato que precisa a claridade expositiva requirida pola súa ambición pedagóxica constitutiva radica na capacidade do autor para combinar de maneira apropiada a sensación de continuidade que debe presidir a enteira narración e as necesidades de compartimentación que deitan da súa finalidade instrutiva última. *Continuidade* e *totalidade* sen prexuízo da presentación pedagóxica, por un lado, *fragmentación* didáctica sen sensación de ruptura, polo outro. Tal é a dobre condición que debe reunir unha obra destinada a ofrecer unha visión panorámica da historia da nación que esperte a atención dunha audiencia adolescente e promova nela actitudes de compromiso político segundo as liñas directrices da ideoloxía nacionalista.

Buscando un equilibrio entre a necesidade de atender as demandas de orde pedagóxica e a vontade de manter o carácter unitario do relato da historia da nación, Sullivan divide o texto de *The Story of Ireland* en 88 capítulos que dispoñen os contidos segundo unha sucesión cronolóxica. A intencionalidade didáctica de tal fragmentación do discurso resulta evidente. A tal efecto, todos os capítulos van encabezados por unha descrición sumaria dos contidos que encerran, facilitando a función instrutiva ó acoutar de maneira precisa a materia que en cada un deles se lle ofrece ó lector. O recurso á partícula demostrativa *how* como elemento de delimitación de contidos na inmensa maioría dos capítulos –57 dos 88 capítulos comezan por ela e 10 máis inclúena na segunda das súas proposicións– salienta de maneira indubidable a vontade do autor de ir desvelando progresivamente a historia do seu suxeito a través dun percorrido polos diversos episodios do seu pasado.

Algúns destes títulos, a maiores, especifican xa a lección que debe desprenderse do capítulo correspondente, en canto o autor inclúe no enunciado a súa propia valoración dos feitos que se expoñen nel, determinando así a lectura de maneira patente e reforzando a asimilación da concreta *lección* que espera transmitir con el. Así, xunto a títulos puramente descritivos, como “The Death of

King Conor Mac Nessa" ou "The Danes in Ireland", outros introducen elementos clara e e intencionalmente valorativos. Nalgúns casos trátase dunha sinxela corroboración do que se presenta como *evidente,* por exemplo cando se cualifica un determinado acontecemento dun modo directo, como sucede con certas vitorias militares irlandesas –"The glorious day of Clontarf"– ou na referencia a feitos que non admiten dúbidas na súa caracterización –"The traison of Diarmid M'Murrough". Noutros, en cambio, o título avalía o texto subseguinte dunha maneira que, anticipando o que debería ser a conclusión da exposición, dirixe e mediatiza a lectura do que, en consecuencia, non resulta ser máis que a xustificación da interpretación que previamente se anuncia no encabezamento. Véxase, como exemplo, o titular con que empeza a narración da incursión bélica de Oliver Cromwell en Irlanda: "How Cromwell led the Puritan rebels into Ireland. How Ireland by a lesson too terrible to be forgotten was taught the danger of too much loyalty to an English sovereign". Serve tamén como indicativo desta clase de mecanismo condicionador da lectura a valoración que se ofrece antes de relatar os sufrimentos da nación no século XVIII: "The penal times'. How 'Protestant Ascendancy' by a bloody penal code endeavoured to brutify the mind, destroy the intellect, and deform the physical and moral features of the subject Catholics". Despois de semellante proclamación quedan ben limitadas, certamente, as posibilidades de interpretación do texto que o lector vai enfrontar a continuación.

Dos propios títulos, ademais, despréndese a intención do autor de presentar unha boa parte dos capítulos como un relato autosuficiente, no senso de que cada un deles pode ser narrado, sen menoscabo da súa coherencia, prescindindo de referencias complementarias. Deste modo, aínda que cada episodio non pode ser realmente autónomo, en canto non adquire a súa significación completa máis que integrado no conxunto da historia da nación, Sullivan pode dividir o seu proxecto educacional en diversas *leccións* que, debidamente delimitadas, lle permiten unha máis doada e eficaz transmisión da súa mensaxe ós destinatarios. No plano más básico da comunicación didáctica, polo tanto, procédese á división da obra nunha serie de episodios –desenvolvidos nun só capítulo ou compostos por un conxunto deles encadeados, como se verá–, seguindo unha decisión que pretende contribuír a facilitar a asimilación e memorización da historia de Irlanda pola mocidade lectora.

Tal xeito de presentación, por demais, cadra co modo particular de exposición narrativa dos contos populares tradicionais, que, sempre na procura de fórmulas que sosteñan a intensidade do relato e capturen permanentemente a atención do auditorio, adoitan establecer un fraccionamento implícito do relato, sobre o cal se sustenta a lóxica que permite o seu desenvolvemento ordenado e eficaz sen mingua

da súa unidade. Neste senso, o parcelamento didáctico ó que somete Sullivan *The Story of Ireland* non afecta á representación do pasado como unha totalidade na que se recolle a *biografía* dunha nación que se amosa como tal desde as súas remotas orixes ata o máis actual dos presentes e que mesmo se proxecta, invariable na súa esencia, cara ó futuro.

En realidade, a propia serialización da historia nun número tan extenso de apartados opera como un mecanismo de fortalecemento da sensación de continuidade. Abonda a simple ollada ás máis de tres páxinas de cativa letra polas que se estende a enumeración dos 88 capítulos para consideralos como un completo listado dos distintos momentos que reflicten a evolución dunha entidade historicamente específica desde o instante mesmo do seu nacemento ata a actualidade inmediata. Sensación que se acentúa contando coa previsible curiosidade inicial do lector polos enunciados do primeiro e do último dos capítulos. Esa esperable comprobación previa á lectura da obra conduce ó que se achega a ela desde o encontro fundacional do pobo predestinado coa súa "illa prometida" –"How the Milesians sought and found 'the Promised Isle' –and conquered it"– ata aquel terrible presente no que o propio interesado podía contemplar claramente o abatemento da nación –"The unfinished chapter of eighteen hundred and sixty seven. How Ireland, 'oft doomed to death', has shown that she is 'fated not to die". Estado que, sen embargo, non constituía o seu final, pois aínda que, certamente, a proposición inicial do título último alude a un acontecemento do que a autor descoñece a conclusión, cabe aplicar o seu sentido de ausencia de clausura inmediata á enteira historia da nación, tal como se asevera no segundo compoñente do enunciado. Precisamente, eran os mozos ós que Sullivan se dirixía con especial dedicación os que deberían proseguir aquela historia que *The Story of Ireland* deixaba aberta.

Así pois, o que a primeira vista aparece como un simple listado de momentos e acontecementos varios adquire, coa súa consideración en conxunto, a condición dun esquema de feitos ligados polas relacións de causalidade e consecutividade que lle son propias á toda narración, e á histórica en particular. A táboa de contidos, deste xeito, facilita a acción didáctica, sen resultar nunha quebra da percepción de unidade da exposición. Antes ben, pola contra, vén confirmar a obra como unha auténtica *historia,* no dobre sentido do concepto, por ser, ó tempo, unha colección de feitos do pasado e un relato, en canto constitúe a aqueles nunha narración, nunha composición para ser contada. A simple mirada ó índice dos contidos confirma ó lector, sen dúbida ningunha, a exactitude do título da obra que ten diante, unha verdadeira *Story of Ireland.*

A maiores, na procura de elementos de compensación da posible perda da sensación de unidade da obra por causa da necesaria fragmentación a que a somete

por razóns didácticas, Sullivan introduce *dispositivos relacionais* que traman, de diversas maneiras, os distintos capítulos do libro. Cabe distinguir tres tipos de vínculos ós que recorre o autor para aliviar aquela aparencia de ruptura. En primeiro lugar, distribúe ó longo do texto unha serie de *capítulos de enlace,* aqueles que lle permiten encadear épocas diferentes, resaltando a continuidade entre etapas definidas por unha caracterización dispar e suavizando a conexión entre elas, a pesar dos factores de novidade que se introducen no relato. Desempeñan tal función de engarce o capítulo VIII, onde se efectúa unha recapitulación sobre a Irlanda pagá antes de comezar a exposición sobre a era dourada que comezou coa cristianización do país, punto de partida dunha situación completamente nova que cómpre relacionar co relato anterior; semellante tarefa se lle adxudica ó capítulo XV, concibido como preludio da nova inflexión que suporá a invasión do país polas tropas da veciña Inglaterra en 1169, contrapoñendo a evolución dos dous reinos cara á formación dun Estado compacto, no caso inglés, e cara á disgregación, no caso de Irlanda; o capítulo XXX, pola súa parte, subliña a presenza dun novo factor, a Reforma, que alterará de maneira decisiva as relacións entre os intrusos e os nativos, tal como relatará o autor nos seguintes apartados; o LIII establece as premisas da "memorable época" que leva ó final da orde gaélica; o LXXIV serve como apertura da nova etapa dos "tempos penais", consecuencia da derrota irlandesa e inicio dunha fase de sufrimento sen precedentes para o pobo irlandés; e, por fin, o capítulo LXXXII sinala o principio da Unión, da incorporación forzada de Irlanda no Estado británico e a desaparición das súas institucións particulares. Cada un destes capítulos, por tanto, exerce unha función de integración das diferentes fases que, inevitablemente, se deducen do relato da historia da nación irlandesa, por efecto da propia necesidade de fixar certos fitos que permitan enfiar un relato que pretende abranguer un espazo temporal tan dilatado.

O efecto de continuidade tamén resulta salientado polos que podemos denominar *vínculos de emparellamento,* que o autor utiliza para establecer de maneira expresa lazos que ligan dous capítulos consecutivos, constituíndoos en unidades menores do relato. Tal conexión une explicitamente os capítulos III e IV, que se ocupan dos relatos bárdicos da antiga Irlanda; o VI e o VII, nos que se liga a brillantez da derradeira época pagá e a chegada o cristianismo; o XXVII e o XXVIII, que narran a resistencia ás expedicións de Richard II; o LXXIV e o LXXV, que contrastan a prostración da nación no interior e a súa épica loita nos campos de batalla do continente europeo durante o século XVIII; e o LXXXIII e o LXXXIV, que relatan os novos modos de loita do pobo irlandés en tempos de Daniel O'Connell. Por demais, están enlazados tamén os capítulos IX, X e XI, dedicados a expoñer o contraste entre o esplendor da primeira Irlanda cristiá e as ameazas exteriores que acabarían con el, e o XXXI e XXXII, que se completan

no XXXVI, nos que se expoñen as fazañas de diversos membros da familia dos Geraldines.

Por último, cabe sinalar a existencia dunha terceira clase de conexións, os *vínculos temáticos,* que determinan os agrupamentos principais entre series de capítulos para constituír as unidades narrativas sobranceiras, aquelas que o autor considera que caracterizan os trazos principais do desenvolvemento da historia da nación. A esta orde pertencen os tres primeiros capítulos –co engadido do cuarto, complementario do precedente, como xa se indicou–, que recollen o establecemento fundacional do pobo milesio en Irlanda; os capítulos XI a XIV narran o proceso de decadencia cultural e o fracaso do intento de crear un poder político central que fixo posible a perda da liberdade da nación; a invasión e o establecemento dos ingleses cóntase entre o XV e o XXI, mentres do XXII ó XXVIII se expón a resistencia que os nativos opuxeron ós intrusos; desde o XXXIII ó XXXV amósase o modo en que a Reforma relixiosa afectou a Irlanda; os quince capítulos que van do XXXVIII ó LII constitúen a maior das unidades de relato da obra, ocupándose, de maneira ben significativa dos criterios de xerarquización histórica polos que se guía o autor, da loita militar contra Inglaterra que sostiveron os tres principais líderes da nación no derradeiro decenio do século XVI e os primeiros anos da seguinte centuria; a agrupación dos capítulos LIII-LX dedícase a expoñer a continuación da resistencia nativa ante o saqueo dos recursos do país polos estranxeiros e a resposta final da Inglaterra de Cromwell; do LXII ó LXXIII nárrase o último episodio da confrontación bélica pola independencia de Irlanda e a derrota final que cerra o século XVII; entre o LXXVI e o LXXXI cóntase o fracaso dos intentos independentistas da segunda metade da seguinte centuria e a imposición da Unión; por fin, no LXXXIII e LXXXIV alúdese ás novas formas de mobilización pacífica do pobo católico nos tempos máis recentes.

Por medio de tales mecanismos relacionais, polo tanto, liga Sullivan as partes todas nas que a eficiencia pedagóxica lle aconsella fraccionar a súa obra. Ningunha outra división explícita dos contidos cabe atopar en *The Story of Ireland,* que se ofrece ó lector como un relato unitario da sucesión de acontecementos que constitúen o pasado da nación irlandesa como unha narración lineal, sen máis pausas que as que deitan da finalidade didáctica coa que se concibe e da imposibilidade mesma de concluír a exposición nunha única *sesión.*

Non resulta incompatible, sen embargo, esta ansia por preservar a continuidade do relato coa existencia dun esquema de sucesión de etapas diversas no desenvolvemento da historia irlandesa, tal como esta se representa na obra de Sullivan. A este respecto, a propia existencia da serie de vínculos que cabe detectar no texto, cos agrupamentos de contidos que realizan e cos enlaces que enfían

partes do pasado de caracterización diversa, permite deducir a diferenciación cronolóxica e temática sobre a que o autor organiza os materiais cos que compón a súa historia de Irlanda. Tarefa de discernimento que se completa coa determinación do conxunto dos acontecementos que o autor salienta de modo sobranceiro, presentándoos como os momentos capitais da historia da nación, a saber, o encontro do pobo co seu territorio, a cristianización, o reinado de Brian Boru, a invasión anglonormanda, a Reforma, a fin da Irlanda gaélica en 1607 e a Unión con Gran Bretaña.

Por demais, o propio Sullivan inclúe no texto algunhas escasas referencias nas que especifica de maneira expresa grandes conxuntos temporais diferenciados na historia do país. Así o fai en dúas ocasións, cando representa os tempos que transcorren desde a invasión inglesa de 1169 ata a Reforma como "catro séculos de guerra", constituíndoos como unha etapa histórica singularizada.[264] Realiza tamén unha operación semellante cando caracteriza os cincocentos anos posteriores á cristianización da illa irlandesa como un período de esplendor relixioso e cultural, etapa que viña suceder, no seu esquema temporal, a outra previa de igual duración definida, neste caso, polo auxe do poder político e militar.[265] E mesmo, nun único momento do escrito, chega a presentar unha sinopse na que se integra, ben que facendo abstracción do primeiro milenio desde o comezo do seu relato, o enteiro pasado nacional, dividido en catro grandes períodos de igual duración: tras cincocentos anos de prestixio militar e outros tantos de esplendor cristián, sucedéronse cincocentos máis de disensións internas que levaron ós catro séculos últimos de sometemento.[266] Dous mil anos de historia quedan, deste modo reducidos a catro grandes fases, pero a inclusión de tal periodización parece responder a criterios puramente didácticos, localizada como está no texto ó final do capítulo dedicado reflectir a brillantez da primeira Irlanda cristiá, xusto antes de aludir ás turbulencias que levarían ó desgraciado episodio da invasión inglesa. Entendido o parágrafo como recapitulación duns tempos magníficos e mais como preparación dos momentos amargos que se anuncian, é a esixencia de engarzar dous tempos

---

264 Diferencia e unifica así este período: "[...] the events of the four centuries that succeeded the date of king Henry's landing. It was a period of such wild, confused, and chaotic struggle [...]". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 137. "[...] the four centuries of war from the second to the eighth Henry of England". Id., p. 534.

265 "The five hundred years, one-half of which preceded the birth of our Lord, may be considered the period of Ireland's greatest power and military glory as a nation. The five hundred years which succeeded St. Patrick's mission may be regarded as the period of Ireland's Christian and Scholastic fame". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 56.

266 "Five hundred years of military fame and five hundred years of Christian glory were to be followed by five hundred years of disorganising dissensions, leading to centuries of painful bondage". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 75.

tan contraditorios e volver máis comprensible a subseguinte evolución dos acontecementos, e non a vontade de establecer divisións explícitas no relato, a que move o autor a establecer unha fragmentación que xa se viu que non se traduce de maneira expresa na estruturación da obra.

Non hai no libro, polo tanto, un parcelamento dos contidos máis alá do que implica a división en capítulos. Sen embargo, tendo presentes as suxestións que deitan da consideración da serie de vínculos que cabe detectar entre eles e mais a serie de acontecementos que o autor salienta como os fitos principais do pasado, así como as escasas mencións espalladas polo texto relativas á caracterización de épocas históricas diferenciadas, cabe discernir o esquema da historia nacional que se representa en *The Story of Ireland.* Non se esqueza, a este respecto, que Sullivan non concibe a historia como unha xustaposición de feitos, como unha pura crónica, senón que presume de percibir a *filosofía da historia* que os une e que lles confire sentido como parte dunha totalidade comprensiva. E lémbrese tamén que é a convicción ideolóxica do autor, que concibe a Irlanda como unha nación que reivindica a súa independencia, a que determina o seu achegamento ó pasado e converte a representación que del fai nunha historia *política,* na que a liberdade nacional se constitúe como eixe indubidable do relato.

2. A periodización do pasado

Segundo o antedito, en virtude dos principios nacionalistas que profesa Sullivan, as fases que diferencia a súa representación do pasado son delimitadas en función dos avances e retrocesos no proceso de configuración dunha Irlanda politicamente autónoma, distinguindo entre os momentos en que é dona da súa liberdade para desenvolver a súa particular civilización e acadar o seu destino como nación e aqueloutros nos que se ve privada dela e sometida á dominación estranxeira. Conforme tal condicionamento de calidade fundamentalmente política, o autor establece a cesura clave do tempo histórico, claro está, en 1169, o ano da invasión de Irlanda polas tropas procedentes de Inglaterra, en canto se trata do fito cronolóxico que separa as dúas grandes etapas que dividen o pasado da nación: unha primeira, a do establecemento e conformación da nación en liberdade, caracterizada polo progreso cara a unha civilización esplendorosa e o establecemento dun Estado nacional –aínda que se apuntan xa as querelas internas que levarían o país á traxedia– e outra posterior, definida pola perda da independencia e os seus efectos, quer dicir, o sufrimento causado pola opresión inglesa e a loita pola liberación coa que resposta o pobo irlandés.

Outros momentos de corte histórico ós que o autor outorga unha transcendencia decisiva sinalan, á súa vez, subdivisións que fragmentan aquelas dúas grandes fases da historia irlandesa. Na primeira delas, a cristianización da illa con san

Patricio, no século V, marca o nacemento dunha nova era para Irlanda, en canto a fe cristiá achega o que desde entón sería o trazo identitario máis característico da identidade nacional, precisamente aquel que, perpetuado coa denominación de *catolicismo,* serve de risco diferenciador respecto da nacionalidade historicamente contraposta á irlandesa, a dunha Inglaterra que, despois da Reforma, abandona a obediencia á doutrina da Igrexa de Cristo. Aínda que Sullivan presenta a adopción da nova fe polo pobo irlandés máis como un proceso de transición que como unha ruptura co pasado, a importancia do acontecemento sinala no seu relato o comezo dunha era histórica distinta.

Dentro da segunda das divisións maiores antes apuntadas, tres momentos sinalan tamén o inicio de cambios de consecuencias considerables. O primeiro deles, a asunción dos principios da Reforma protestante pola monarquía inglesa, implica unha reformulación substancial do vello conflito entre Irlanda e Inglaterra. Os outros dous, aínda sendo de relevancia secundaria respecto ós anteriormente mencionados, constitúen fitos de alcance tamén extraordinario: o final do sistema político e da orde legal da Irlanda autóctona, a principios do século XVII, e a imposición da unión co Estado británico, douscentos anos máis tarde.

Considerando, pois, aqueles indicadores que marcan unha ruptura, un cambio de tendencia ou a fin dun ciclo, especialmente o fito que sinala a gran divisoria para a concepción nacionalista da historia irlandesa, así como a serie de episodios ós que Sullivan outorga unha singular significación, ben polos seus efectos notables no futuro, ben por ser síntoma dunha das constantes que percorren o pasado narrado no seu relato, cabe periodizar os contidos de *The Story of Ireland* segundo o seguinte esquema:

A. Formación e desenvolvemento da nación en liberdade
1. "A Illa do Destino": a colonización fundacional
2. O esplendor da Irlanda pagá.
3. "A Illa dos Santos e dos Sabios": cristianización e *Idade de ouro*
4. "A Illa dos Pecadores": da Irlanda unida á guerra civil crónica

B. Invasión e establecemento da colonia inglesa
1. "A hora fatal": a invasión e a consolidación do poder estranxeiro
2. Da loita individual á rebelión nacional

C. Conquista, resistencia e opresión
1. A dimensión política da Reforma: dominación, saqueo e exterminio
2. A agonía da nación: espolio, guerra de conquista e exilio
3. O espertar da nación e a loita pola independencia

D. Irlanda despois da Unión

1. O derradeiro golpe á nación irlandesa
2. As novas formas da resistencia nacional

3. O desenvolvemento da historia de Irlanda

Unha consideración detallada dos contidos de cada unha das fases mencionadas permite unha caracterización máis precisa da representación histórica que se ofrece en *The Story of Ireland.*

A. Formación e desenvolvemento da nación en liberdade (cap. I-XV)

1. "A Illa do Destino": a colonización fundacional (cap. I-III)

Seguindo as elucubracións sobre as orixes e as fantasías xenealóxicas do Medievo irlandés, os primeiros capítulos da obra atribúen a xénese da nación a un pobo de procedencia oriental, denominado *milesio,* patronímico derivado dun tal Miledh ou Milesius, pai dos irmáns que encabezaron a expedición que o levou de España, desde as costas do territorio onde construíra a cidade de Brigantia, a través do océano, á terra que se lle anunciara varias xeracións antes. Cumprírase con tal viaxe fundacional a promesa que o propio Moisés fixera a Gadelius, príncipe da familia real de Escitia, de lle outorgar un novo país para os seus descendentes. Este pobo, segundo as lendas tradicionais reproducidas de maneira sumaria por Sullivan, vagara pola ribeiras do Mediterráneo ata afincarse en España, de onde chegara á súa "Illa prometida", á "Illa do Destino" que se lle profetizara, "arredor de mil catrocentos anos antes do nacemento do Noso Señor".[267] Alí tivo que derrotar os pobos que antes se estableceran na illa, os Firbolgs e, singularmente, os Tuatha de Danaans, ós que os milesios lles atribuíron poderes máxicos.

Os milesios, pois, establecéronse en Irlanda como conquistadores, formando os seus descendentes una elite aristocrática que someteu os herdeiros da poboación conquistada. O poder foi exercido por unha monarquía que era de carácter electivo pero que permaneceu durante os quince séculos que precederon ó nacemento de Cristo dentro da dinastía lexítima orixinaria, "non saíndo nunca o cetro da familia de Milesius en liña directa de descendencia", agás moi escasas excepcións.[268] O sistema político era unha "monarquía limitada", cun soberano que gobernaba asistido por unha "gran asemblea lexislativa nacional", o Parlamento trienal de Tara, formado por tres clases de membros, a dos gobernantes locais e rexionais, a dos bardos, xuíces, eruditos e historiadores e mais a dos

[267] A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 14.

[268] A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 19.

xefes militares. A administración civil descansaba sobre un sistema de xefes locais dependentes do monarca supremo.[269]

O país rexeuse durante máis de mil anos por unha constitución que diferenciaba entre os "clans libres", os descendentes da casta milesia, e os "clans non libres", os que proviñan da estirpe dos pobos conquistados, ós cales se lles recoñecían certos dereitos e mesmo gozaban dunha relativa autonomía pero que estaban excluídos do voto na elección do soberano e carecían dos dereitos propios da plena cidadanía.[270] Semellante discriminación provocaría o descontento dos sometidos, que mesmo promoveron unha rebelión que expulsou do trono temporalmente a dinastía lexítima e tratou de exterminar a aristocracia dominante, atraéndoa a unha festa onde soamente tres príncipes lograron fuxir do masacre. Só despois dun tempo fora restaurada a monarquía milesia.[271] Non foi este o único episodio de violencia política na antiga Irlanda, onde os conflitos por motivos sucesorios eran frecuentes. De todos modos, atendendo ós casos doutros países, a violencia era comparativamente baixa, asegúrase no texto, e numerosos monarcas permaneceron no trono durante longos e proveitosos reinados, promovendo, ademais dun bo goberno, as artes, a ciencia e o comercio.[272]

Sullivan caracteriza a antiga Irlanda pagá dun modo manifestamente idealizado, retratándoa como unha sociedade na que, polo menos cando os seus grandes monarcas ocupaban o trono, a vida se desenvolvía en medio de altas cotas de "prosperidade, felicidade e paz", aludindo, como corroboración, á sona da que en toda a Europa da Antigüidade gozaba o país polas súas riquezas metalíferas, o seu comercio, as súas manufacturas e mais o alto nivel da súa cultura.[273] En suma, "unha civilización marabillosa para o seu tempo", na que prevalecía unha orde de gran desenvolvemento político, social, industrial e intelectual, un país onde mesmo se recoñecía ós sabios e ós homes de letras o máis elevado grao nas sete categorías sociais establecidas polas leis.[274]

---

269 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 19-21.

270 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 19.

271 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 23-5.

272 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 21-2.

273 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 19.

274 "Numerous facts might be adduced to prove that a high order of political, social, industrial, and intellectual intelligence prevailed in the country. Even in an age which was rudely barbaric elsewhere all over the world, the superiority of intellect over force, of the scholar over the soldier, was not only recognized but *decreed by legislation in Ireland!"*. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 20 [cursiva no orixinal].

2. O esplendor da Irlanda pagá (cap. IV-VI e VIII)

Os dous últimos séculos anteriores a Cristo e os tres primeiros da nova era que empezou coa súa vinda constitúen o período de apoxeo da Irlanda pagá. Sullivan resalta a fortaleza da nación nos tempos da aparición da Cristiandade aludindo ó feito de que, mentres Gran Bretaña e mesmo a Galia caeran baixo o poder romano, Irlanda permaneceu sempre libre da presenza das tropas do Imperio. Roma, presume o autor, oíra moito das riquezas do país, pero tamén sabía do valor das súas xentes, de modo que nin sequera intentou a conquista.[275]

Neste mesmo sentido, os primeiros séculos da era cristiá son caracterizados na obra como os do "período ossiánico", o tempo no que viviran os personaxes extraordinarios dos que a literatura bárdica, de modo lendario pero sobre un fondo real, advirte o autor, canta as súas fazañas. Son as historias, por exemplo, dos "Fianna Eirion, or National Militia of Erinn", os heroes guerreiros que mellor representan o espírito combativo dunha nación independente e poderosa.[276] Ademais desta sublimación poética da violencia que compoñen os relatos da antiga literatura, Sullivan menciona o engrandecemento militar do país, que mesmo demostrara o seu poderío proxectándoo sobre os campos de batalla do continente europeo nos séculos III e IV, tempo no que, coincidindo co declive da potencia imperial romana, os monarcas irlandeses guerreaban con gran éxito fóra da súa illa. Cítase, a este respecto, o rei Cormac, que atacou coa súa flota as costas de Escocia, ata que foi recoñecido como o seu soberano, a mediados do século III, e os monarcas Niall e Dahi, como exemplos sobranceiros das dúas seguintes centurias, nas que as tropas irlandesas percorreron triunfais os recunchos todos dun Imperio que se derrubaba. As cortes dos príncipes irlandeses, gábase o autor, enchéronse de escravos brancos capturados, sobre todo, na Galia e Gran Bretaña.[277]

Pero a grandeza daquela última Irlanda pagá non provén neste relato soamente das súas glorias militares. Aqueles mesmos monarcas guerreiros souberon perfeccionar tamén o orixinal sistema político e cultural que desenvolveran os seus predecesores desde os tempos da colonización milesia. O propio rei Cormac, nas primeiras décadas do século III, completando o momento de maior esplendor da civilización irlandesa anterior á cristianización da illa, recompilou e remodelou

---

275 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 25.

276 Aínda que, precisa Sullivan, a milicia debeu ser destruída pola monarquía a finais do século III, cando se convertera máis nunha ameaza que nun seguro para a protección do reino. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 54.

277 "During these two hundred years the flag of Ireland waved through continental Europe over victorious legions and fleets [...]. It was the day of Ireland's power in Europe; [...] the Irish sunburst blazed over the scene, and the retreating Romans found the cohorts of Erinn pushing dauntlessly and vengefully on their track". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 43.

as leis tradicionais, reuníndoas nun código que seguiría en vigor ata a invasión inglesa, e mesmo varios séculos máis fóra dos territorios baixo xurisdición estranxeira, impulsou os cronistas e bardos a rexistrar as crónicas anuais dos acontecementos do país e estableceu cadansúa escola para os asuntos da guerra, da historia e da xurisprudencia.[278] Daquela estaban tamén consolidadas xa as principais divisións administrativas do país, que se correspondían coas cinco provincias de Munster do norte e Munster do sur, Ulster, Leinster e Connaught, á vez subdivididas en distritos que levaban o nome do *sept* ou clan propios do lugar. En Tara, a sede da monarquía central, atopábanse o pazo real, as cámaras lexislativas, os cuarteis, os tribunais e as universidades.[279]

Por demais, aquela Irlanda non se pechara sobre si mesma. A este respecto, Sullivan non se refire soamente ás campañas bélicas dos gobernantes, senón que quere salientar os contactos económicos con outras terras e mesmo os frecuentes emparentamentos da dinastía milesia coas familias reais europeas.[280] É un aspecto máis do embelecemento ideal con que presenta aquela época na que, segundo o seu relato, se foron configurando os trazos máis notables da identidade nacional irlandesa. Un pobo que xa daquela se entusiasmaba coas competencias atléticas, que demostraba a súa intelixencia xogando ó xadrez e que xa tiña a música como unha das institucións nacionais.[281] Sullivan presenta nestas páxinas sobre a Irlanda pagá, pois, a imaxe dunha auténtica nación, singular na súa civilización e dotada dun sistema político propio, unha nación independente, próspera e recoñecida no exterior. Soamente faltaba o signo distintivo da relixiosidade cristiá para, actuando sobre tales esencias, constituír a nación irlandesa na súa forma definitiva.

3. "A Illa dos Santos e dos Sabios": cristianización e Idade de ouro (cap. VII e IX)

A cristianización de Irlanda representa un dos acontecementos máis sinalados da historia do país na narración de Sullivan. Segundo esta, a nova fe moldeou os trazos constitutivos do pobo irlandés, que se foran formando desde os tempos fundacionais, para configurar plenamente a nacionalidade. Conforme tal caracterización, atribúeselle unha transcendental significación á figura de san Patricio, o santo que en 432 arribou á illa coa misión de evanxelizar aquel pobo tan distante do centro da Cristiandade, desde a que o propio Papa o enviaba. Supón o autor que a relixión cristiá era xa coñecida no país desde tempos anteriores, onde

---

278 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 39-40.

279 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 52-3.

280 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 22.

281 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 55.

debera de chegar da man dos comerciantes do país que viaxaban ó continente, e mesmo imaxina que o propio rei Cormac profesaba as novas crenzas un cento de anos antes da arribada do santo evanxelizador. Pero foi Patricio o que tivo a honra de cristianizar o país. Conta Sullivan a milagrosa vida do santo seguindo os relatos biográficos tradicionais, que o presentaban como un "mozo galo-romano" que fora traído como escravo a Irlanda por unha expedición daqueles guerreiros do país que campaban pola Europa do final do Imperio e á que, despois de fuxir e tomar as ordes sacerdotais, volvera, convocado nunha visión, para converter o pobo onde padecera catividade. Co seu labor misioneiro quedaron botadas unhas sementes que florecerían con extraordinaria rapidez. Porque, en realidade, afirma o autor, o desenvolvemento cultural e mais a sensibilidade relixiosa innata do pobo irlandés predispoñía aquela nación en favor da nova fe e facilitou a súa difusión desde os primeiros momentos.[282] De aí que a evanxelización da illa progresase sen maiores dificultades, sen que os gobernantes opuxesen resistencia ó seu avance nin os novos conversos batesen con atranco importante ningún. O propio monarca, cando soubo de Patricio e da ameaza que a súa predicación supoñía para as crenzas pagás tradicionais, mandouno levar á súa presenza para castigalo, pero non lle impuxo sanción ningunha. Aínda máis, insiste o texto, o santo fixo conversos entre o mesmo círculo real. De feito, lémbrase con orgullo, Irlanda foi o único país de Europa onde non se verteu sangue mártir pola causa do cristianismo.[283]

Esta predisposición á mensaxe do cristianismo que subliña o autor resta dramatismo á conversión á nova fe e permite representar o que, pola súa transcendental importancia, debería aparecer coa forma dunha ruptura completa co pasado como un proceso de cambio desenvolvido sen grandes turbulencias. Máis que como unha *ruptura,* a propagación da fe cristiá caracterízase en *The Story of Ireland* como unha *transición* que permite adaptar as esencias da nación constituídas na era pagá ós novos tempos do mundo civilizado. O cristianismo, deste xeito, non destrúe a Irlanda anterior, senón que conserva aqueles trazos que se foran conformando ó longo dos séculos, desde o establecemento na illa do pobo milesio, en canto era posible compatibilizalos coas esixencias da nova fe relixiosa nacional. Sullivan subliña, a este respecto, a continuidade que enlaza dúas épocas tan distintas, de modo que, desde o presente dun pobo cristián, teña sentido a súa

[282] "St. Patrick however, found the Irish mind much better prepared, by its comparative civilization and refinement, to receive the truths of Christianity, than that of any other nation in Europe outside imperial Rome. The Irish were always –then as they are now– preëminently a reverential people, and thus were peculiarly susceptible of religious truth". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 47.

[283] "Ours was the only country in Europe, it is said, bloodlesly converted to the faith". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 48.

referencia ós tempos máis remotos da nación como os de "our pagan ancestors".[284] As antigas leis, por exemplo, foron purgadas, inmediatamente despois da cristianización, de calquera elemento que non cadrase coa nova doutrina por unha comisión real composta, en harmonía, por tres xuíces da antiga lexislación, tres bispos cristiáns e tres gobernantes territoriais. Segundo o autor, o seu traballo foi aprobado polo parlamento de Tara e converteuse no novo código do país.[285] E tamén se pon como exemplo a transmisión ós novos tempos da peculiar forma de propiedade da terra, que era de carácter comunal, pois, segundo as antigas leis, reservaba a *propiedade* ó *sept,* tribo ou clan correspondente, en beneficio dos cales, da comunidade, debía reverter o seu uso polos ocupantes individuais.[286]

De igual maneira, o propio san Columba, o personaxe que na obra representa as mellores virtudes da Irlanda cristiá, conxugando o amor á patria e á relixión, aparece sempre comprensivo coas antigas tradicións bárdicas e mesmo sae na súa defensa cando se pretendeu a súa prohibición.[287] No canto de suprimir a institución bárdica, a pesar de ser acusados os seus membros de abusos e privilexios indebidos, o santo propón reformala para poñer a súa valiosa achega cultural ó servizo da nación.[288] E mesmo se establece un senso de continuidade cando se compara a anterior proxección militar cara ó exterior da monarquía irlandesa coa dedicación evanxelizadora iniciada polo propio Columba, fundador do mosteiro da illa de Iona, nas costas escocesas, que encabezou "o santo exército misioneiro de Irlanda" que estendeu polas terras europeas todas a sona da alta civilización cristiá que daquela medraba no país.[289]

Por demais, a peculiaridade irlandesa, derivada do seu pasado singular, confírmase no carácter predominantemente monástico da súa Igrexa,[290] tan ben

---

284 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 52.

285 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 55.

286 "The users and occupiers were, so to speak, a coöperative society of agriculturists, who, *as a body* or a community, owned the soil they tilled, while individually renting it from that body or community under its administrative official –the king". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 113 [cursiva no orixinal].

287 "St. Columba [...] discerned clearly that by purifying and conserving, rather than by destroying, the national minstrelsy, it would become a potential influence for good. [...]. In fine, he felt, and felt deeply, as an Irishman and as an ecclesiastic, that the proposition of King Hugh would annihilate one of the most treasured institutions of the nation –one of the most powerful aids to patriotism and religion". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 71-2.

288 "He admitted the disorders, irregularities, and abuses alleged against the body; but he pleaded, and pleaded succesfully, for reform instead of abolition. [...] The national music and poetry of Ireland, thus purified and consecrated to the service of religion and country, have ever since, through ages of persecution, been true to the holy mission assigned them on that day by Columba". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 73.

289 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 75.

290 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 62.

representada por un santo fundador como Columba, ó que se lle dedica a práctica totalidade do capítulo correspondente á que o autor considera a máis brillante época da historia do país, a súa auténtica *Idade de ouro,* cando a illa irlandesa, entre os séculos VI e VIII, mereceu ser coñecida en Europa como *Insula Sanctorum et Doctorum,* admirada na Cristiandade enteira como gran difusora da fe e repleta de estudiosos que afluían sen cesar ás súas escolas. "Igrexas, catedrais, mosteiros, conventos, universidades, cubrían a illa", da que saían santos monxes misioneiros como Columba, Columbanus, Argobast, Frigidian ou Killian, que levaron a fe e a cultura cristiás a unha Europa que apenas emerxía do paganismo.[291]

A combinación da específica herdanza dos tempos pagáns e mais a relixión de Cristo, que a purifica e a transforma de maneira decisiva, aparece en *The Story of Ireland* como o elemento caracterizador da nacionalidade irlandesa, aquela que, desenvolvéndose en liberdade, foi capaz de alumar un dos momentos de maior esplendor da historia de Europa. Pronto, sen embargo, láiase Sullivan ó final da súa exposición daquel período glorioso, asomaron no horizonte escuras nubes que presaxiaban tempos terribles.

4. "A Illa dos Pecadores": da Irlanda unida á guerra civil crónica (cap. X-XV)

Salvo uns breves momentos á metade do seu transcurso, Sullivan caracteriza os trescentos anos que preceden á invasión de 1169 como un tempo de decadencia cultural e descomposición política, causadas por la sucesión interminable de enfrontamentos bélicos que arruinaron o país, acabaron co seu prestixio en Europa e o abocaron a un dos máis tráxicos episodios da súa historia. Foron tempos de conflito, por causa da ameaza de inimigos exteriores, desde logo, pero tamén, e sobre todo, por culpa das liortas continuas nas que se enlearon os propios irlandeses. A incidencia que se lles atribúe ós primeiros no declive do país é indubidable, como o confirma a decisión do autor de derivar deles a denominación xenérica baixo a que agrupa aqueles séculos, "the period of Danish struggle", pero é do segundo dos factores do que deita a principal responsabilidade do problemático camiño que tomaron os acontecementos, en canto a nación, mentres soubo atopar fórmulas para permanecer unida, estivo en condicións de enfrontar con éxito aqueles perigos de procedencia foránea. A este respecto, ó longo das páxinas destes capítulos, non se deixa nunca de subliñar a contraposición entre os perniciosos efectos da desunión e mais das inacabables rifas entre irlandeses, por un lado, e os logros admirables dos que a nación foi capaz cando os seus dirixentes atinaron a consolidar un poder político forte de ámbito nacional, polo outro.

---

[291] A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 56-7.

A primeira perturbación daquela Irlanda feliz que seguiu á cristianización chegou coas incursións dos piratas daneses. A mediados do século VIII, aqueles grupos viquingos, instalados xa en fortalezas costeiras, converteron as súas cada vez máis frecuentes expedicións de saqueo en proxectos de conquista da enteira illa. A dimensión dos ataques, sobre todo a destrución sacrílega dos templos e das súas reliquias, provocou unha reacción unitaria contra aqueles feros pagáns arredor do monarca supremo, que puido reunir daquela as tropas suficientes para frear a ocupación completa do territorio. Sen embargo, a impotencia para consolidar unha autoridade central acatada por todos permitiu o asentamento viquingo en diversos núcleos urbanos marítimos, que constitúen, por certo, a orixe de moitas das grandes cidades irlandesas. O contacto con aquelas xentes bárbaras –que conservaron o seu rudo carácter aínda despois da súa conversión ó cristianismo– e a falta dun poder universalmente recoñecido polos irlandeses, coas conseguintes e interminables disputas entre eles, levaron a unha irremisible decadencia cultural e a unha crecente debilidade política da nación.[292]

Son as querelas internas, especialmente entre os príncipes nativos, polo tanto, a razón principal do derrubamento progresivo daquela espléndida civilización. Conforme a tal resultado, o xuízo de Sullivan é fortemente crítico cunha clase dirixente que non foi capaz de superar os seus egoísmos e que, presa dunha auténtica "loucura", condenara a nación a unha proba terrible. Mentres en toda Europa se consolidaba unha forte autoridade nacional, denuncia o autor, en Irlanda imperaba a insubmisión fronte ó poder real e primaba a defensa dos intereses particulares das familias aristocráticas sobre os xerais da nación.[293]

O relato pesimista destes séculos, que preanuncia o castigo que caería sobre a nación ó final do período, completa a súa lección histórica coa presentación do modelo de comportamento político apropiado que permitiría evitar semellantes consecuencias: a unidade das forzas todas do país arredor dun obxectivo nacional común, baixo a dirección dunha autoridade central sólida e capacitada para dirixir o combate contra as ameazas externas. O exemplo ofrécese ó considerar, precisamente, a maior das invasións viquingas, a que emprendeu a principios do século XI unha formidable coalición de tropas convocadas ó efecto, no momento do apoxeo do poder danés en Europa. O principal protagonista do acontecemento, polo lado

---

292 "They absolutely *retrograded* in learning and civilization during this time and contracted some of the worst vices that could pave the way for the fate that a few centuries more were to bring upon them". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 77-8 [cursiva no orixinal].

293 "National pride may vainly seek to ignore or hide the great truth here displayed. During the three hundred years that preceded the Anglo-Norman invasion, the Irish princes appeared to be given over to a madness marking them for destruction!". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 78.

irlandés, foi Brian, o rei do Munster que se convertera, despois dunha das lamentables guerras civís pola Coroa, en monarca supremo de Irlanda. A pesar das críticas que lle dedica Sullivan polo seu irregular acceso ó trono, Brian, desde un poder central fortalecido, puido reunir as forzas suficientes para derrotar o enorme exército viquingo na batalla de Clontarf, en 1014, que se cualifica na obra como "un dos máis gloriosos acontecementos nos anais de Irlanda".[294] A unidade salvara o país, proclama o autor, que desborda emoción épica nas páxinas nas que describe a soada batalla e a morte nela do propio rei, mártir en defensa da fe e da patria.[295]

A semente do mal, non obstante, prendera había tempo no país na forma das querelas civís citadas e volveu aparecer tras aquel breve instante de unidade. O propio autor, que enxalza a figura de Brian non soamente polo seu comportamento fronte ós estranxeiros, senón tamén pola xustiza e eficacia do seu goberno, que deu lugar a un tempo de prosperidade, paz e felicidade extraordinarias, presenta tamén a faciana negativa do gran monarca. Por un lado, loa o seu proxecto de unificación, en orde a construír "un Estado monárquico duradeiro e compacto", así como a súa atinada acción de goberno. Pero, por outra parte, non pode deixar de lembrar a guerra civil de vinte anos que desencadeara para afastar do trono o monarca lexítimo, nuns tempos, ademais, de tranquilidade e paz na illa. Mesmo dubida de que un príncipe que fora tan mal súbdito, que se rebelara contra a autoridade suprema á que debía obediencia, actuase movido polo interese nacional de construír un reino forte, como algúns monarcas europeos fixeran nos seus territorios respectivos. En consecuencia, o seu xuízo sobre Brian resulta ambivalente. De certo, destaca a súa obra de goberno, pero subliña de maneira ben manifesta os catastróficos efectos do precedente que lles deixou ás xeracións futuras o seu modo de acceder ó trono de Irlanda.[296] Ó quebrar a liña sucesoria lexítima e usurpar a Coroa pola forza, as grandes familias, despois da súa morte, sentirían sempre o impulso de competir entre si polo premio da supremacía, sumindo o país "nunha guerra civil crónica" que preparou o terreo para facilitar a invasión anglonormanda que traería a presenza inglesa á illa.[297]

---

294 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 99.

295 Sullivan toma as palabras dunha das súas fontes pincipais, MacGee, para resaltar a dimensión sacrificial da morte do rei loitando pola "Relixión e o País contra o Paganismo e a Escravitude", "riding through their lines, with the sacred symbol of Redemption borne aloft, and adjuring them, as the chronicles tell us, to *'remember that on this day Christ died for us, on the Mount of Calvary"*. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 93-4 [cursiva no orixinal]. Na páxina seguinte, un debuxo ilustra a escena citada: "Brian on the Morning of Clontarf".

296 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 84-6.

297 En palabras de MacGee, "The consequences were what might have been expected. After his death the O'Connors of the West competed with both O'Neills and O'Briens for supremacy, and a chronic civil war prepared the way for Strongbow and the Normans". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 85

Despois de Clontarf, polo tanto, desapareceu a unidade nacional e Irlanda "nunca máis foi un reino, no pleno sentido da palabra".[298] Os cento cincuenta anos posteriores o país estivo dominado pola anarquía e a desorde social, relacionadas coa progresiva e acelerada desintegración política, completamente abandonada toda idea de unidade nacional.[299] Mesmo no ámbito do relixioso se fixo patente a situación de caos na que se afundía o país naqueles tempos. A "Illa dos Santos" pareceu converterse na "Illa dos Pecadores". A disciplina eclesiástica desapareceu, así como calquera límite de orde moral e social. Nin sequera os bispos conseguiron poñer remedio á penosa situación. As reformas propostas por un sínodo nacional e os esforzos persoais do bispo Malachy, o santo primado de Armagh, non lograron acabar coa violencia xerada polos principais xefes do país, fragmentado en bandos que aproveitaban a ausencia dun goberno estable. En realidade, xa era demasiado tarde. Mentres desde a gran illa veciña se preparaba a invasión, Irlanda atopábase inerme. A súa culpa era tan grande, que mesmo parecía merecente, láiase o autor, de sufrir o castigo do sometemento a un xugo estranxeiro.[300]

B. Invasión e establecemento da colonia inglesa (cap. XVI-XXIX)

5. "A hora fatal": a invasión e a consolidación do poder estranxeiro (cap. XVI-XXII)

Os acontecementos que transcorren entre 1169 e 1172, cando as tropas invasoras procedentes de Inglaterra se estableceron no país, constitúen o momento decisivo no relato histórico de Sullivan.[301] Non podía ser doutra forma, en canto aqueles anos sinalan o principio da intromisión estranxeira que acabaría privando de liberdade a nación e condicionaría a súa existencia ata o presente mesmo no que el escribía a súa obra. Con tan desgraciado suceso culminaba, como xa se indicou, aquel camiño cara á destrución que os propios dirixentes irlandeses tomaran cando subordinaron os intereses da nación ós seus egoísmos e ambicións, sometérona ós estragos dunha guerra continuada e impediron o asentamento dunha autoridade nacional forte que a puidese protexer da ameaza exterior.[302]

---

298 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 102.

299 "The idea of national unity seemed as completely dead, buried, and forgotten, when the Normans came in, as if it never had existence amongst the faction-split people of Erinn". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 103-4.

300 Referíndose ós cento cincuenta anos anteriores á invasión, escribe Sullivan: "[...] was a period of bloody and ruinous contention, that invited –and I had almost said merited– the yoke of a foreign rule". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 108.

301 "It transcends in importance all other events in our histsory, having regard to ulterior and enduring consequences". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 137.

302 "For more than a hundred years it had been very much a game of 'every one for himself' (varied with 'every man against everybody else') with them. There was no stable or enduring national government

En contraste coa penosa fragmentación na que se viña desfacendo Irlanda, salienta o autor, a monarquía normanda estaba transformando Inglaterra, naquel mesmo período, nunha poderosa nación, unida baixo unha autoridade nacional indisputable e dotada dunha organización militar de formidable potencia. Estes normandos, por demais, miraban a Irlanda cunha mestura de odio e cobiza. O primeiro derivaba do amargo recordo das tropas que, cen anos atrás, os gobernantes irlandeses enviaran en axuda dos saxóns, para intentar frear a invasión de Inglaterra por un pobo do mesmo sangue que aqueles viquingos ós que Irlanda tiña tantas razóns para aborrecer. A segunda traducírase en planos de conquista da illa veciña desde o mesmo instante en que a nova dinastía asegurara o seu poder na Gran Bretaña.[303]

A mediados do século XII, o monarca normando de Inglaterra, Henry II, decidiu poñer en práctica tan delongados proxectos, aproveitando o manifesto afundimento no caos no que se atopaba a nación irlandesa. Contando cos alarmantes informes sobre o estado da relixión en Irlanda que lle chegaban ó Papa –que, por demais, era de nacionalidade inglesa, recorda o autor–, Henry obtivo do Sumo Pontífice un documento que o autorizaba a intervir na illa para restaurar a orde e asegurar os intereses da relixión e da moralidade.[304] Nega o autor a existencia de ningunha bula papal con semellante contido, tal como se alegou no seu día –non se conserva nos arquivos papais o orixinal, afirma–, atribuíndolle a realización dunha versión interesada dela ós escritores ingleses, pero foi aquel documento o que lle serviría ó rei normando no seu momento como lexitimación da súa intervención armada en Irlanda.[305]

Con todo, por moito que fosen a astucia e o engano utilizados polo rei inglés, Sullivan sostén que os designios de conquista normandos nunca poderían cumprirse

---

or central authority in the land, since Brian's time". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 124.

303 "The Normans treasured a bitter remembrance of this against Ireland; and there is evidence that from the first they meant to essay the subjugation of *that* island also as soon as they should have consolidated their British conquest". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 105 [cursiva no orixinal].

304 A linguaxe de Sullivan vólvese irónica neste punto: "The cunning and politic Henry saw his opportunity. Though his was the heart of a mere conqueror, sordid, and callous, he clothed himself in the garb of the most saintly piety, and wrote to the Holy Father, calling attention to the state of Ireland, which for over a hundred years has been a scandal to Europe. But oh! It was the state of religion there that most afflicted his pious and holy Norman heart! It was all in the interests of social order, morality, religion, and civilization, that he now approached the Holy Father with a proposition". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 108.

305 De novo a ironía: "He stored away the document until his other plans should be ripe; and, meanwhile, having no longer any need of feigning great piety and love for religion, he flung off the mask and entered upon that course of conduct which, culminating in the murder of St. Thomas A'Becket, Archbishop of Canterbury, drew down upon him the excommunication of Rome". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 108.

de non ser polas disensións internas que tan debilitada tiñan a nación irlandesa. Neste senso, na súa exposición resérvaselle un papel determinante de protagonismo negativo a Diarmid M'Murrough *(sic),* o príncipe nativo que, desposuído polo monarca supremo irlandés do seu señorío, acudiu a Inglaterra na procura de axuda e invitou a Henry II a establecer o seu dominio en Irlanda coa súa axuda. A traizón de Mac Murrough ó país preséntase no relato como a lóxica conclusión de tantos anos de conflito civil, de anarquía e de enfrontamentos entre a aristocracia e os monarcas da illa. E non soamente foi Diarmid, insístese, o que mantivo semellante actitude antinacional. Nin sequera no instante en que a invasión se levou a cabo conseguiu o rei supremo que se puxesen as forzas todas do país baixo o seu mando. Mesmo, pouco despois de iniciados os combates, houbo quen desafiou o seu poder e desencadeou unha nova guerra civil. Foi a desunión, confirma Sullivan unha e outra vez, a verdadeira causa da incapacidade dos irlandeses para manter a integridade do seu territorio baixo o control nacional.[306]

A invasión mesma desenvolveuse en dúas fases. Primeiro de nada, desembarcaron, sen coñecemento de Henry, un grupo de aventureiros anglonormandos ós que Diarmid convencera ofrecéndolles grandes recompensas territoriais. Encabezados polo terrible Richard de Clare, coñecido como *Strongbow,* eran tales xentes nobres escasos de recursos, carentes de escrúpulos, arriscados e cobizosos dos bens que se lles prometían a cambio de axudar o traidor a recuperar os seus títulos. Nin sequera atenderon as ordes do rei de Inglaterra de deter unha invasión que ameazaba os seus propios planos. As noticias da arrepiante pillaxe á que someteron a illa e a desobediencia ós mandatos reais moveron ó propio Henry a desembarcar nas costas irlandesas coa súa frota pouco despois, co obxectivo de afirmar a súa autoridade.

O rei presentouse ós irlandeses como pacificador, como árbitro entre as súas disputas internas e como o seu defensor fronte ós desmandos de *Strongbow* e os seus cabaleiros –cos que, por certo, xa se reconciliara. Abraiados pola pompa da súa corte, engaiolados polas súas hipócritas promesas e prudentes ante as súas enormes forzas, os príncipes irlandeses deixáronse enganar pola habilidade diplomática e a astucia do monarca inglés, sen sospeitar dos seus verdadeiros propósitos de dominación sobre un novo territorio co que engrandecer aínda máis os seus reinos.[307] Entre a inxenuidade duns gobernantes nativos que non albiscaban

306 "And now we encounter the evil and terrible results of the riven and disorganized state of Ireland, to which I have already sufficiently adverted. The hour at last had come, when the curse was to work, when the punishment was to fall!". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 116.

307 "This smooth and plausibly hypocrisy, kept up with admirable skill, threw the Irish utterly off their guard, and made them regard his visit as the reverse of hostile or undesirable. [...] Attracted by the

os verdadeiros propósitos do monarca inglés, o desexo de moitos deles de ver finalizada a anarquía que estragaba o país e a comenencia persoal de achegarse a tan poderosa figura, Henry atopouse nunha posición de predominio que apenas lle custara conseguir.[308] A maioría dos príncipes nativos recoñecérono como o seu señor, deixáronse adular polos seus agasallos e fiáronse do seu papel de árbitro para dar cabo ás súas interminables querelas. O resultado foi que o monarca estranxeiro puido impoñer a súa autoridade en Irlanda dun modo pacífico, controlando os baróns normandos que o precederan e obtendo de grao a submisión da aristocracia nativa. O propio autor loa a súa habilidade política e a ausencia de violencia coa que se impuxo, e mesmo se laia da súa pronta marcha do país, reclamado por asuntos graves en Inglaterra.[309]

Porque, sen o rei, o campo quedou libre de novo para os rapaces, cobizosos e crueis nobres normandos, dispostos a proseguir, xa sen límite ningún, o seu despoxo do país. En pouco tempo, a coidadosa obra de Henry II quedou arruinada, alzándose os irlandeses contra os terribles abusos que padecían. O monarca inglés enviou unha comisión a informarse da realidade do que acontecía e, por fin, na súa liña de buscar a concordia, concluíu un acordo formal co rei supremo de Irlanda, Roderick. Polo Tratado de Windsor, o gobernante supremo de Irlanda recoñecíase vasalo de Henry, mantendo a súa condición de monarca da illa e a xurisdición sobre os príncipes locais, que conservaban os seus dereitos, á súa vez, en canto respectasen a fidelidade ó rei inglés. Excluíuse da xurisdición de Roderick o territorio onde se estableceran os ingleses, arredor de Dublín. Era aquel, insiste Sullivan, un tratado entre dous monarcas, no que unicamente se recoñecía a soberanía do rei inglés, manténdose, con esta excepción, a autoridade, a liberdade e os dereitos irlandeses, como o confirma o feito de que nunca Henry II asinou documento ningún como rei de Irlanda.[310]

---

fame of Henry's magnanimity, the splendour of his power, the (supposed) justice and friendliness of his intentions, the local princes one by one arrived at his temporary court; where they were dazzled by the pomp, and caressed by the courtier affabilities, of the great English king". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 124.

308 Apunta Sullivan unha dobre fundamentación na actitude de sometemento dos xefes locais ante as promesas pacificadoras do rei inglés, afirmando que se moveron *"possibly* for the interests of the whole country, *certainly* for their own particular personal or local interests". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 125 [cursiva no orixinal].

309 "[...] from the hour of his landing, he had not spilled one drop of Irish blood, nor harshly treated a native of Ireland". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 128.

310 "The treaty between the two sovereigns, Roderick and Henry, clearly shows that the mere recognition of the English king as suzeraine was all that appeared to be claimed on the one side or yielded on the other. With this single exception or qualification, the native Irish power, authority, rights, and liberties were fully and formaly guaranteed". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 131.

Demasiado pronto, sen embargo, os termos do acordo foron violados. Máis que o rei inglés, Sullivan culpa os baróns normandos, que se negaron a aceptar as restricións que aquel establecía ás súas ansias de saqueo e retomaron as expedicións de pillaxe polos territorios dos príncipes nativos, obrigando ó propio monarca irlandés a armar un exército para frear os seus ataques. Pouco despois, ademais, o propio Henry faltou ó pacto nomeando o seu fillo John señor de Irlanda e facendo cesións de terras do país ós seus seguidores. Fose de maneira premeditada ou fose premido polas circunstancias que determinou o comportamento violento dos "aventureiros" normandos asentados na illa, a política de Inglaterra respecto de Irlanda tomou o carácter que lle sería propio nos séculos seguintes: os baróns anglonormandos podían saquear libremente o territorio irlandés a cambio de estender e consolidar o poder do rei de Inglaterra.[311]

Nos catro séculos posteriores á conquista, o poder inglés, exercido no máis inmediato desde a base territorial da "colonia anglonormanda" establecida no sueste da illa, sostívose mediante a aplicación dun dobre mecanismo de presión sobre o espazo controlado por gobernantes nativos. En tempos de calma, os baróns persistían na súas accións de saqueo en beneficio propio e mais no do monarca. Cando tal política suscitaba unha reacción defensiva por parte dos irlandeses ou cando a Coroa quería reafirmar a súa autoridade, daquela interviñan as tropas do rei, mesmo volvendo a asumir o seu papel de protector dos príncipes nativos. Así o fixo, na liña que indicara Henry II, o rei John, que arribou a Irlanda para castigar os máis ensoberbecidos dos aristócratas anglonormandos, tarefa para a que contou mesmo coa axuda dos xefes irlandeses que máis loitaran contra eles.[312]

En realidade, os normandos non pretenderan nunca naqueles tempos unha conquista completa da illa irlandesa. Á vista da resistencia que oporían os irlandeses, a Coroa inglesa, de maneira semellante ó que despois faría na India, suxire Sullivan, limitouse a establecer unha colonia e a sostela, mentres os colonos, atraídos pola oportunidade do rico botín dispoñible nas terras dos nativos, procuraban engrandecela paulatinamente apoderándose dos territorios veciños.[313] As terribles consecuencias de tal política levarían por fin ós irlandeses a comprender a verdadeira natureza da presenza inglesa na súa illa e a loitar por se liberar dela. Durante aqueles catro séculos, nunca deixaría de manifestarse, dunha ou doutra forma, o espírito de resistencia da nación contra os seus opresores.

---

311 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 133.

312 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 139-41.

313 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 138.

6. Da loita individual á rebelión nacional (cap. XXIII-XXIX)

Os catrocentos anos transcorridos despois da arribada a Irlanda das primeiras tropas anglonormandas son caracterizados en *The Story of Ireland* como un período de "confusa e caótica loita".[314] A cualificación xustifícase nunha dobre dimensión, a relativa ó combate dos nativos contra os estranxeiros e a que se refire ó enfrontamento dos propios irlandeses entre si. Para Sullivan, os dous aspectos vense relacionados naqueles tempos con excesiva frecuencia, de onde deriva a sensación de desorde e, lamentablemente, a falta de eficacia da loita fronte ós intrusos e a monarquía inglesa.

A resistencia contra os invasores, desde logo, comezou no mesmo momento da retirada de Henry II, como xa se mencionou, cando as forzas irlandesas se volveron contra os atropelos continuos dos baróns normandos, e sería continua no curso de toda aquela etapa da historia que se alonga ata o século XVI. Estivo repleta, por demais, de episodios de carácter heroico, aínda que distou de ser efectiva en boa parte de ocasións, ben por responder a esforzos de carácter individual, ben por estar socavada polas propias liortas que os nativos mantiñan entre si con tanta frecuencia. O propio estalido da victoriosa rebelión contra os baróns tras a marcha de Henry II non dera en resultados de efecto permanente por culpa da "falta de unidade de dirección, firmeza de resolución e perseveranza", permitindo a recuperación dos derrotados.[315] E o que era aínda máis prexudicial para a causa da nación, as continuas guerras internas, nas que mesmo participaban os colonos normandos, volvían imposible un éxito duradeiro duns irlandeses que parecían tan empeñados en combaterse entre si coma en expulsar os estranxeiros.[316]

Os casos de esforzo individual foron magníficos, resalta Sullivan, que ofrece ós lectores un enteiro capítulo coa historia do exemplar espírito combativo de Godfrey de Tyrconnell, aquel que mesmo quixo seguir combatendo desde o propio leito no que xacía moribundo. Pero incluso aquí debe denunciar o autor o vergonzoso comportamento do outro nobre que pretendeu aproveitar as circunstancias para arrebatarlle as súas posesións.[317] Este lamentable espectáculo

---

314 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 137.

315 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 129.

316 Expono o autor graficamente: "The Irish princes, meantime, each one for himself, fought away as usual, either against the Norman colonists or against some neighbouring Irish chief. Indeed, they may be described as fighting each other with one hand, and fighting England with the other!". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 139.

317 Indígnase Sullivan: "In this story of Godfrey of Tyrconnell we have a perfect illustration of the state of affairs in Ireland at the time. [...] What Irishman can contemplate without sorrow the spectacle of those brave soldiers of Tyrconnel [sic] and their heroic prince, after contending with, and defeating, the concentrated power of Anglo-Norman settlement, called upon to hurriedly re-unite their broken

dos irlandeses combaténdose entre eles, no canto de concentrar todo o seu ánimo contra os estranxeiros, serve como mostra do faccionalismo predominante na aristocracia nacional e a subordinación da defensa da patria ás ambicións persoais. Sen unidade de acción fronte ó inimigo, laméntase, de pouco valían os heroicos exemplos de resistencia individual. O resultado desa carencia de patriotismo e visión nacional condenaba a nación á escravitude.[318]

O triste panorama da desunión pareceu cambiar a principios do século XIV, cando, estimulados polo combate dos escoceses sublevados por Robert Bruce contra a Coroa británica, os príncipes da Irlanda nativa resolveron afastar as súas diferenzas e enfrontar o gran inimigo común a todos eles. Por fin, aínda que demasiado tarde, precisa o autor, os irlandeses decatáronse de que o verdadeiro adversario era Inglaterra, máis que a colonia anglonormanda establecida na illa. Os dirixentes do país esqueceron as súas rivalidades e ofreceron o trono da Irlanda a Edward, o irmán do caudillo escocés, para encabezar unha revolta xeral contra Inglaterra, e enviaron cartas ó Papa xustificando o seu rexeitamento da antiga bula concedida a Henry II. Foi, a xuízo de Sullivan, o primeiro esforzo autenticamente nacional por expulsar os intrusos. Mesmo entón, despois do desembarco do exército escocés e da súa unión coas tropas nativas, en 1315, houbera episodios de traizón, pero a derrota normanda foi completa naquela "primeira guerra verdadeiramente nacional".[319] Edward Bruce foi proclamado rei de Irlanda e estableceu a súa corte no país.

A reacción inglesa, sen embargo, non se fixo esperar e un gran exército foi enviado desde Gran Bretaña para afogar a rebelión. Soamente o azar, dóese o autor, en forma dunha fame arrepiante que decimou o exército dos irmáns Bruce e os irlandeses e que paralizou as súas accións, impediu o triunfo aliado. Por fin, a teimosía do novo rei por presentar batalla en condicións desfavorables, contra o consello dos príncipes irlandeses, levou á derrota e morte do monarca e á marcha das forzas escocesas, dando así cabo ó primeiro gran esforzo pola liberación nacional. Só as adversas circunstancias, contra as que non cabía defensa ningunha, puideron arruinar daquela a causa nacional, quéixase o autor: de novo a resistencia

and wounded ranks that they might fight yet another battle against fresh foes –those foes their own countrymen!". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 150.

318 "Nationality and patriotism were sentiments no longer understood. Bravery in battle, dauntless courage, heroic endurance, marvellous skill, we find them displaying to the last; but the higher political virtues, so essential to the existence of a nation –unity of purpose and of action against a common foe– recognition of and obedience to a central national authority– were utterly absent". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 151.

319 "Thus closed the first campaign in this, the first really national war undertaken against the English power in Ireland". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 156.

contra Inglaterra volvería ser mantida tan só por valentes irlandeses loitando en solitario.[320]

Medio século máis adiante volveu abrollar un movemento de rebelión xeneralizada contra o dominio inglés, como resultado da implantación do chamado Estatuto de Kilkenny, aprobado por un parlamento irlandés, en 1367, para contrarrestar os perigos que podían provir da crecente adopción da lingua e dos costumes do país polos descendentes das grandes familias de orixe inglesa, ós que agora o autor denomina habitualmente *angloirlandeses.* Entendendo a Coroa que aquela identificación cos nativos, que incluía numerosos emparentamentos con eles, por parte dos ingleses e o abandono dos seus signos diferenciadores supoñían un risco certo para os intereses de Inglaterra, establecéronse normas legais que prohibían as relacións entre ambos os pobos, negaban validez ás leis locais e impedían o acceso dos naturais do país ós cargos eclesiásticos.[321] Ante semellante discriminación, os príncipes nativos alzáronse en armas. Pero, de novo, a pesar dos seus triunfos, a falta de unidade suficiente impediu que a nación aproveitase a que foi unha extraordinaria ocasión para liberarse do xugo estranxeiro.[322]

Non faltarían despois, como sempre gusta de destacar o autor, os exemplos de heroica determinación na loita contra os opresores da nación. Escolle como modelo de tal actitude a figura de Art Mac Murrough, que ousou negarse a aceptar as propostas do rei Richard II para que os nobres irlandeses renunciasen ós títulos orixinarios e ás terras a cambio de pensións e nomeamentos reais equivalentes. O ”invencible príncipe irlandés” resistiu por dúas veces os ataques das tropas da Coroa e venceu os seus mellores xenerais durante vinte anos de guerra. Empeñado nun combate sen tregua contra a colonia inglesa, non parou de acosala ata a súa mesma morte, que lle chegou despois de corenta anos de loita implacable contra os estranxeiros.[323]

---

320 “Thus ended the first grand effort of Ireland as an independent nation to expel the Anglo-Norman power. Never was so great and effort so brillianty successful, yet eventually defeated by means outside and beyond human skill to avert, or human bravery to withstand. The seasons fought against Ireland in this great crisis of her fate. [...] The nation that had reappered for a moment, again disappeared, and once more the struggle against the English power was waged merely by isolated chiefs and princes, each acting for himself alone”. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 164-5.

321 Cualifica o autor o estatuto como “the first formal enactment in that ‘penal code of race’ which was so elaborately developed by all subsequent English legislation for hundred of years”. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 168.

322 Tómanse aquí palabras do historiador Hardiman: “At this crisis an opportunity offered such as had never before occurred, of terminating the dominion of the English in Ireland; but if the natives had ever conceived such a project, they were never sufficiently united to achieve it. The opportunity passed away and the disunion of the Irish saved the colony”. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 169.

323 O relato das fazañas deste heroe esténdese ó longo de dous enteiros capítulos. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 170-83.

Unha derradeira ocasión tiveron os irlandeses de sacudir o xugo inglés antes do cambio radical que traería a Reforma. Coincidindo coa extrema debilidade da colonia, abandonada ós seus propios recursos por causa da terrible guerra civil na que se sumiu Inglaterra na segunda metade do século XV e axitada por conflitos internos polo poder, os irlandeses dispuxeron entón da "oportunidade das oportunidades". Pero non atinaron a aproveitala, quéixase o autor. Nin sequera o intentaron, agora que estaba tan a man. Ningún esforzo houbo nese tempo para organizar unha gran revolta. Como sempre, as querelas entre os xefes nativos cortaron toda posibilidade. A vella eiva que lastraba desde antigo a nación impediulle de novo a recuperación dunha liberdade perdida catrocentos anos atrás. É certo que algúns dedicaron as súas enerxías a desenvolver con gran éxito a cultura do país, que volveu florecer, e a promover a relixión.[324] Pero Sullivan, pensando nos arrepiantes tempos que lle agardaban ó país, non pode evitar un sentido laio por aquela ocasión perdida.

C. Conquista, resistencia e opresión (cap. XXX-LXXX)

7. A dimensión política da Reforma: dominación, saqueo e exterminio (cap. XXX-LII)

O século XVI sinala en *The Story of Ireland* un dos momentos decisivos no desenvolvemento das relacións entre Inglaterra e Irlanda. Segundo se presenta na obra, o vello conflito que se iniciara catrocentos anos antes colleu naquela centuria a orientación que marcaría de maneira definitiva o seu decurso ata o presente mesmo desde o cal o autor miraba cara ó pasado. Aínda que Sullivan quere manter o senso de continuidade no seu relato, non deixa de salientar con gran énfase a nova dimensión que naqueles tempos adquiriu o enfrontamento entre nacións que considera como o condicionante esencial da historia do país nos seus últimos setecentos anos. A este respecto, a partir da centuria de 1500, o relato amosa a transformación substancial dos termos que caracterizaban as relacións entre as partes encontradas desde a invasión de 1169. Ata entón, ben pola incapacidade dos intrusos para impoñer o seu dominio completo, ben pola ausencia dun proxecto de dominio absoluto do territorio por parte da monarquía inglesa, o certo é que en Irlanda se fora consolidando unha división do territorio en dúas partes relativamente autónomas. Por un lado, a colonia, a rexión do sueste da illa onde imperaba a autoridade inglesa e a aristocracia de procedencia estranxeira controlaba recursos e poder; polo outro, a Irlanda gaélica, aquela na que seguía vixente a lei tradicional

[324] "Many of them employed their lives during this century in rehabilitating religion and learning in all their pristine power and grandeur. Science and literature once more began to flourish; and the shrines of Rome and Compostello [sic] were thronged with pilgrim chiefs and princes, paying their vows of faith, from the Western Isle". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 184.

do país e a nobreza nativa continuaba na posición dominante. De certo, como xa se expuxo, o relato de Sullivan resalta as continuas interferencias entre ambas as zonas, sinaladamente as que derivan da vontade dos intrusos de impoñer o seu dominio sobre os nativos, pero lémbrese que se refire tamén á crecente influencia da civilización nativa naqueles que asentaran na illa como estranxeiros e que, desde o final do período previo, xa merecen a denominación de *angloirlandeses.* Aínda que, sen dúbida ningunha, o autor subliña sempre a contraposición como o trazo fundamental que rexe as relacións entre as dúas partes, segundo se indicou, a comparanza coas características da nova fase que comeza no século XVI converte os tempos anteriores nunha etapa na que, con todas as súas limitacións, a Irlanda gaélica aparecía viva, na que as súas leis, os seus dirixentes e os seus costumes seguiran, mal que ben, sostendo na maior parte do territorio insular a orde tradicional pola que se rexera a vida das súas xentes desde o nacemento da nación.

Os novos tempos, pola súa parte, son caracterizados por Sullivan como unha fase diferenciada en virtude de tres elementos novidosos que por entón pasan a desempeñar un papel central na representación do pasado que se ofrece en *The Story of Ireland,* a saber, o triunfo da Reforma protestante en Inglaterra, a conquista sistemática de Irlanda que daquela emprende a Coroa inglesa e mais a resistencia militar organizada coa que responde a nación irlandesa. Os seus efectos, como se verá, transcenden a propia época e condicionarán de maneira decisiva os seguintes tres séculos da historia do país, prolongándose ata o presente mesmo, segundo o autor. A ruptura de Henry VIII coa Igrexa introduciu un factor decisivo na caracterización do conflito que se viña desenvolvendo no país desde a chegada das forzas anglonormandas e o catolicismo converteríase de inmediato nun sinal de identidade nacional irlandesa, por contraposición á Coroa inglesa e ó grupo dominante que representaba os intereses foráneos na illa. Na esfera directamente política, a monarquía inglesa incorporou entón Irlanda á serie de territorios onde exercía a soberanía e impuxo no país un réxime de sometemento á súa autoridade que incluíu o despoxo dos principais recursos do país en beneficio da clase dominante de orixes estranxeiras. E por fin, a rebelión xeral dos nativos implicou unha dimensión cualitativamente novidosa do vello conflito nun dobre sentido, en canto este adquiriu xa os trazos dunha auténtica guerra entre dous exércitos nacionais pero tamén, por outra parte, porque se integrou no marco das grandes contendas internacionais entre as potencias europeas do momento, cunha intervención directa da Coroa española do lado irlandés.

a. *A orixe política da Reforma.* Como xa se adiantou, Sullivan presenta as transformacións relixiosas que tiveron lugar en Inglaterra a principios do século XVI, en canto á súa incidencia en Irlanda, como un fenómeno que se manifesta

cunha dobre faciana. Por unha parte, porque o encadra, como un episodio máis, ben que de singular importancia, no conflito entre nativos e estranxeiros que se viña desenvolvendo en Irlanda desde o século XII, que constitúe a realidade fundamental da súa caracterización do pasado desde aquela data fatal. Pero tamén porque, ademais, non deixa de salientar repetidamente a importancia excepcional do acontecemento, do cal derivan unha remodelación de tal fondura nas relacións entre as dúas nacións contrapostas, que o enfrontamento, permanecendo inmutable na súa natureza, entraría nunha nova etapa ben diferenciada da anterior. *Continuidade* e *ruptura* que se expresan, respectivamente, na afirmación primeira de que o cambio relixioso na Inglaterra da época influíu no agravamento dunha loita que xa viña de moi atrás, por un lado, e na demorada e extensa atención que lle dedica á cuestión e a gravidade coa que cualifica a repercusión dos seus efectos no balance final dos capítulos nos que trata dos acontecementos relacionados coa Reforma, polo outro.[325]

O principal trazo na caracterización que Sullivan fai da Reforma protestante e das súas manifestación concretas en Inglaterra e, como consecuencia, en Irlanda, é o da súa significación política, verdadeiramente fundamental tanto na súa xénese coma no seu desenvolvemento posterior. Con carácter xeral, relaciónase estreitamente o nacemento e o éxito do protestantismo en Europa co afán dos gobernantes que o impulsaron por satisfacer as súas ambicións persoais, sinaladamente, a de se liberar das restricións que para o seu poder representaba o Papado, sempre atento, segundo o autor, a denunciar os abusos dos poderosos, e consolidar así a súa supremacía política. Foi esta posibilidade de instrumentalización política, subliña Sullivan, e non preocupación doutrinal ningunha, a que volveu atractiva a Reforma para tantos príncipes europeos.

No caso de Henry VIII de Inglaterra, engádese a tal esquema xeral de carácter político a ansia por se divorciar da súa muller, que o levou a romper co Papa que lle negara a súa ilexítima demanda, para así poder satisfacer as súas paixóns dentro

---

325 A *continuidade* exprésase no encabezamento do capítulo XXX, no que comeza o tratamento do asunto. titulado, precisamente, "How a new element of antagonism came into the struggle": "The time was now at hand when, to the existing elements of strife and hatred between the Irish and the English nations, there was to be added one more fierce that all the rest; one bitterly intensifying the issues of battle already knit with such deadly vehemence between the Celt and the Saxon". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 185. A sensación de *ruptura* que se atribúe ó período queda resaltada, cento cincuenta páxinas despois, no capítulo que dá comezo á seguinte etapa e que se refire á transcendencia da anterior no seu propio título: "A memorable epoch. How Milesian Ireland finally disappeared from history [...]". Poucas liñas despois resume aqueles dramáticos efectos: "Taking leave, therefore, of the chapter of history to which I have devoted so much space, we bid farewell to Milesian Ireland –Ireland claiming to be ruled by its own native princes, and henceforth have to deal with Ireland as a kingdom subject to the Scoto-English sovereign". Id., p. 342.

da legalidade relixiosa que el mesmo se encargaría de dictar.[326] O rei aparece retratado, deste modo, como un ser movido polo desexo luxurioso, pola súa ansia desmedida de poder e, a maiores, pola cobiza dos bens eclesiásticos, as tres causas das que deriva Sullivan a ruptura da Coroa co Papado e a constitución do monarca en máxima autoridade espiritual dunha nova Igrexa. Nada tiveron que ver no asunto as inquietudes espirituais ou doutrinais de quen, por outra parte, fora ata había ben pouco tempo o principal valedor do Sumo Pontífice ante os ataques luteranos á súa autoridade. A súa única doutrina era o seu beneficio persoal, afírmase.[327] E o mesmo sucedía cos seus partidarios da nobreza. Soamente nun segundo momento, na procura da consolidación definitiva das propiedades eclesiásticas que espoliaran, sentiron o rei e os seus amigos a necesidade de xustificar as súas rapinas e de destruír por completo o lexítimo propietario, único medio de asegurar a permanencia do botín nas súas mans.[328]

A cobiza resulta ser, pois, o único motivo que levou á aristocracia inglesa a seguir o seu rei no camiño herético. Así o confirma, acusa Sullivan, o seu comportamento, sempre axeitado ós desexos dos sucesivos monarcas, ó longo daquel século convulso na política inglesa. Coa única condición de verse confirmados nas súas propiedades roubadas á Igrexa, os nobres ingleses estiveron dispostos a aprobar calquera decisión dos seus soberanos, a apoiar primeiro a Henry nos seus escandalosos e repetidos matrimonios e divorcios, a volverse despois "píos católicos" no reinado da católica Mary e a cambiar de novo conforme accedeu ó trono a protestante Elizabeth.[329]

---

326 "Henry –a creature of mere animal passions– tired of his lawful wife, and desired another. He applied to Rome for a divorce. He was, of course, refused. [...] So he threw off the Pope's authority, embraced the new religion, and helped himself to a new wife as often as he pleased; merely cutting off the head of the discarded one after he had granted himself a divorce from her". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 187-8.

327 "The only points Henry was particular about were the matters of *supremacy* and *church property.* [...] The doctrine, firstly, that he, Henry, was supreme king, spiritual as well as temporal, within his own realms; the doctrine, secondly, that he could, in virtue of such spiritual supremacy, give full rein to his beastly lusts, and call concubinage marriage; and lastly, that whatever property the Church possessed, bequeathed for pious uses, he might rob and keep for himself, or divided as bribes between his abetting nobles, legislators, and statesmen –those were the 'reforms', so-called, upon which the king set most value". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 208-9 [cursiva no orixinal].

328 "So, in time, the king and his party saw that having go so far, they must needs go the whole way. Like the panther that has tasted blood, their thirst for plunder was but whetted by their taste of Church spoil. They should go farther or they might lose all. They knew right well that of these spoils they never rest sure as long as the owner, the Catholic Church, was allowed to live; so to kill the Church outright became to them as much of a necessity as the sure 'dispatching' of a half murdered victim is to a burglar or an assassin". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 209.

329 "Yes; the history of the world has nothing to parallel the disgusting baseness, the mean sordid cowardice of the English and Anglo-Irish lords and legislators. Theirs was not a change of religious convictions, right or wrong, but a greedy venality, a facile readiness to change *any* way or *every* way for worldly

A Reforma, sen embargo, non triunfou en Irlanda, segundo se expón claramente na obra. Primeiro, polo propio carácter incompleto do dominio inglés na illa. En segundo termo, pola fidelidade da nación irlandesa ó Papado, nunca abandonada, a pesar do tradicional apoio que sempre deran os pontífices ós planos de dominación da Coroa de Inglaterra. Mesmo sabedores da inxustiza de tal posición, subliña o autor, os irlandeses sempre tiveran conciencia de que os papas actuaran movidos pola crenza de que cumpría a imposición da autoridade inglesa para restablecer a orde no país. Nunca se cuestionou desde Irlanda a autoridade da Santa Se.[330] E en terceiro lugar, porque o proceso de cambio relixioso veu acompañado pola aplicación dun proxecto de dominación completa, de *conquista* efectiva da totalidade do territorio e mais de imposición plena da autoridade da Coroa e das súas leis na enteira illa. Xa non se trataba da implantación dun núcleo colonial estraño no país, á marxe do cal puidera seguir desenvolvéndose a vida dunha nación diferenciada e, con todas as limitacións xa contempladas, relativamente independente. Os novos designios reais apuntaban a un sometemento absoluto de Irlanda ós proxectos dunha Coroa estranxeira e dos seus representantes na illa. A nova relixión formaba parte da "guerra salvaxe" que Inglaterra lanzou sobre Irlanda e a nación entendeu que a defensa da vella fe católica estaba estreitamente ligada á defensa da patria.

b. *A conquista.* O final da guerra civil en Inglaterra co triunfo dos Tudor permitiu a consolidación dunha monarquía forte que puido canalizar as enerxías da poderosa nación inglesa cara á veciña Irlanda. Recuperada a paz interna, en consecuencia, a Coroa procedeu á ampliación do seu dominio sobre a illa irlandesa, tan debilitado nos últimos tempos polas accións dunha nobreza nativa que apenas atopaba resistencia nun inimigo enfrontado cunha fonda e daniña crise interior. Recuperada a paz no núcleo central dos seus territorios e ben asentados no trono despois de 1520, os monarcas da casa Tudor, sinaladamente Henry VIII e Elizabeth, desenvolveron no resto da centuria unha decidida política de conquista de Irlanda.[331] A partir daquel momento, o proxecto de dominación inglés sobre a illa gaélica non experimentaría cambio ningún na súa pretensión de acadar o completo

advantage. Their model of policy was Judas Iscariot, who sold our Lord for thirty pieces of silver". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 211 [cursiva no orixinal].

330 Procura o autor nestas páxinas atopar unha fórmula que, ratificando a súa condena, volvese desculpable a posición tradicional do Papado ó respecto, en canto a obediencia a Roma define desde a Reforma a catolicidade que identifica a nacionalidade irlandesa. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 211-3

331 A raíña Elizabeth é xulgada con especial dureza, presentándoa como unha muller de enorme talento para o goberno pero carente de corazón: "Elizabeth had no heart. A woman devoid of heart is, after all, a terrible freak of nature. She may be gifted with marvellous powers of intellect, and endowed with great personal beauty, but she is still a monster". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 218.

sometemento da nación irlandesa, manténdose sempre en vigor, con independencia dos cambios nos titulares da propia Coroa e da súa respectiva confesión relixiosa. Nin sequera cando accedeu ó trono a católica Mary, por grandes que fosen a súa bondade e a súa compaixón polos irmáns de fe irlandeses, salienta Sullivan, minguou a intensidade da opresión inglesa.[332] Para a realización do seu programa de dominación, os gobernantes ingleses recorreron á utilización de todo tipo de recursos, desde a atracción dos xefes nativos por medio de subornos, presións e toda clase de enganos, ata a máis brutal das guerras de exterminio, ademais do fomento da traizón nas ringleiras inimigas e a confiscación de extensas propiedades en beneficio de colonos estranxeiros.

A captación da aristocracia nativa comezou desde o mesmo momento da proclamación de Henry VIII como rei de Irlanda, en 1541. O éxito da súa política foi tal, quizais por non haber posibilidade ningunha de se enfrontar a un monarca tan poderoso desde aquela nación tan desunida polas súas inacabables querelas internas, que o propio autor recoñece que nunca un gobernante conseguira un apoio tan xeneralizado entre a nobreza irlandesa. No primeiro Parlamento que reunía a aristocracia angloirlandesa e a nativa, o rei acadou unha aprobación unánime e os xefes locais renunciaron ós seus antigos títulos a cambio doutros novos ingleses, de diñeiro e mesmo da cesión das *súas* propias terras, garantida agora a súa posesión polas leis feudais inglesas.[333] A maiores, os ingleses propuxéronse a fragmentación das formas de organización clánica, como método para acadar a debilitación da capacidade de resistencia da nación. Igual que farían na India colonial, especifica Sullivan, os gobernos ingleses impuxeron os seus propios candidatos á cabeza dos clans, por riba dos elixidos segundo o procedemento sucesorio tradicional, e sostivéronos pola forza das armas. Deste xeito, as inevitables liortas internas entre as dúas lexitimidades enfrontadas minaron a forza destas estruturas comunitarias, as únicas que permaneceran intactas despois da invasión. A política de control das minorías dirixentes nativas completouse co intento de acadar a *anglización* das principais familias, a través da educación dalgúns dos seus membros nas leis e nos costumes ingleses, mesmo levando os seus nenos a instruírse na Corte real.[334]

---

332 "The changes of English sovereigns little affected English policy in Ireland. Whatever meaning the change from Henry to Edward, from Edward to Mary, and from Mary to Elizabeth, may have had in England, in Ireland it mattered little who filled the throne; the policy of subjugation, plunder, and extirpation went on". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 217.

333 Sullivan nega a validez de tales patentes de propiedade, en canto, segundo as leis irlandesas, as terras eran, en realidade, das comunidades que encabezaban os xefes nativos. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 214-5.

334 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 216 e 235-6.

Sullivan non quere ocultar os éxitos da política inglesa de división das elites irlandesas e confirma o seu resultado con frecuentes exemplos do prexudiciais que foron as traizóns e a falta de apoio dalgúns dos nobres do país para os esforzos de liberación nacional. Sen embargo, o acento do seu relato recae sobre o carácter militar da política inglesa, sobre os enormes recursos que o Estado dispuxo para o sometemento de Irlanda e sobre a terrible crueldade da guerra de conquista que se ordenou desde a Coroa. Exércitos de dimensións descoñecidas na illa caeron sucesivamente sobre o pobo irlandés e aplicaron unha desapiadada política que, en varias ocasións, se cualifica como de *exterminio* ("extirpation"). Así se detalla na narración do "masacre de Mullaghmast", onde foron asasinados catro centos de xefes locais atraídos con engano a un banquete,[335] e, sobre todo, no relato das andainas dos exércitos de Mountjoy e Carew, "lord deputy" e "lord president" de Munster, respectivamente, en 1600. Crueis e brutais, sen escrúpulo ningún, recorreron a todas as astucias e traizóns para quebrar a unidade dos irlandeses e ordenaron o saqueo inmisericorde do país, roubando o gando e estragando as colleitas de maneira sistemática.[336] Non foi a *guerra,* senón o *crime* o que caracterizou a política inglesa; non foron *excesos,* senón o *sistema habitual* da conquista, clama un indignado Sullivan, que recorre ás fontes inglesas para confirmar a súa acusación.[337] As feridas da guerra cicatrizan co tempo, conclúe, pero o crime e o asasinato deixan pegadas imborrables na memoria dos pobos.[338]

Nunca quixo Inglaterra a paz, por demais, denúnciase. Soamente cando as circunstancias llelo impuxeron aceptaron negociar os seus gobernantes. Pero sempre con engano e escasa vontade de respectar os tratados, como o que acadaran cos rebeldes irlandeses en Mellifont, en 1603, polo que se poñía fin á Guerra dos Nove Anos en termos vantaxosos para o líder dos nativos, Hugh O'Neill. A mala fe de Inglaterra foi constante. Mesmo cando houbera posibilidades certas de lograr unha conciliación das dúas partes, despois da morte da perversa Elizabeth, co acceso ó trono de James I, procedente da gaélica Escocia, a quen os irlandeses estaban dispostos a recoñecer como o seu rei. Láiase Sullivan de que o novo

---

335 "It is not, unhappily, the only tragedy of the kind to be met with in our blood-stained annals; yet it is all the most vividly perpetuated in popular traditions". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 230.

336 "According to Carew's own version, the occupation of these troops, day by day, was the seeking out and murdering in cold blood of all the native inhabitants, men, women, and children; and when they were not murdering they were cow-stealing and corn-burning. How to *extirpate* the hapless people –how to blast and desolate the land [...]– was the constant effort of the English commanders. [...] It was a system, the infamy of which, amongst the nations of the world, pagan or Christian, is wholy monopolized by England". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 291 [cursiva no orixinal].

337 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 291-6.

338 "It was not war –which might be forgotten on both sides– but murder which to this day is remembered on one side with a terrible memory". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 292.

monarca caese pronto baixo a influencia da tradicional política inglesa e entregase o país ós colonos estranxeiros, estragando unha gran oportunidade para unir pacificamente os tres reinos dos que era soberano.[339] A política de conquista nunca deixara, desde os tempos dos Tudor, ós irlandeses máis resposta que a da resistencia nacional contra quen de tal xeito os oprimía.

c. *Rebelión nacional.* O relato das manifestacións da vontade de independencia da nación irlandesa reflicte as novas circunstancias nas que agora se desenvolvía a loita que Sullivan fixera comezar no mesmo momento da invasión. *The Story of Ireland* recolle nestas páxinas as novidades que condicionan o combate pola liberdade do país: o fortalecemento da monarquía inglesa despois das guerras dinásticas, os seus planos de conquista efectiva do territorio, a presenza do factor relixioso, a presión insoportable que a Coroa exerce sobre a aristocracia nativa, confiscándolle terras e impoñéndolle a aplicación das leis inglesas, e a progresiva organización da rebeldía, máis alá dunha loita individual que xa resulta completamente ineficaz. Todos eles son trazos peculiares que confiren ás relacións entre a nación irlandesa e a Coroa e mais os seus axentes na illa un carácter ben diferente ó dos anteriores catro séculos. *Continuidade* no enfrontamento, desde logo, suxire Sullivan, pero tamén *ruptura* en canto ás formas concretas en que se manifesta, como xa se indicou.

Con respecto á etapa anterior, a narración presenta a loita irlandesa baixo tres dimensións novidosas. En primeiro termo, sinálase o crecente peso que adquiriu o *factor relixioso,* converténdose o catolicismo en sinal identitario da nacionalidade irlandesa e, en consecuencia, a súa defensa nun dos símbolos lexitimadores dun combate no que, cada vez con máis claridade, se mesturan a salvagarda da fe e a liberdade da nación. En segundo lugar, quere o autor salientar a *dimensión nacional* que a resistencia contra os estranxeiros foi adquirindo ó longo do período, no dobre senso da progresiva xeneralización da implicación nela das principais dinastías do país e da determinación do obxectivo primordial da loita, por riba de ambicións persoais ou familiares. E en terceiro termo, resalta a novidade da *internacionalización* do conflito, que aparece encadrado no contexto das liortas relixiosas derivadas da Reforma protestante e das guerras pola hexemonía entre os grandes Estados de Europa.

Os tres trazos, entendidos como complementarios, constitúense gradualmente como os elementos decisivos na nova caracterización que o autor lle outorga á antiga loita pola liberación de Irlanda. Nun primeiro momento do período, sen

[339] A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 324-8.

embargo, os enfrontamentos coa monarquía confundíanse aínda, en boa medida, coas tradicionais loitas relacionadas coa competencia polo poder entre as grandes familias angloirlandesas e a monarquía. Ante unha Coroa especialmente ansiosa por afirmar o seu predominio na illa, despois de superadas as guerras dinásticas en Inglaterra, xurdiu o conflito entre a monarquía e unha daquelas poderosas dinastías angloirlandesas, a da casa de Kildare, na que precisamente recaía o principal cargo político do país, o de "lord deputy", nos tempos de Henrique VIII. Era esta unha das dúas pólas da estirpe dos Geraldines, moi loada por Sullivan pola súa gradual identificación co país, pola súa "hibernización", que se traducía non soamente na adopción das maneiras locais, senón tamén no establecemento de estreitas relacións políticas coa máis alta aristocracia nativa. Sospeitosa a familia de deslealdade naquel conflitivo momento de cambio político-relixioso en Inglaterra, as acusacións dos seus rivais no país e nos propios círculos do poder inglés remataron coa detención e encarceramento en Londres do xefe da familia e "lord deputy".

Sullivan relata con detalle a posterior rebelión do mozo Lord Thomas Kildare, *Silken* Thomas, en defensa dos intereses da familia inxustamente tratada polo monarca. A gran atención que lle dedica demostra a significación que lle outorga.[340] Aínda que a revolta seguía presentando o tradicional carácter individual das loitas contra Inglaterra, movidas case sempre por motivacións e intereses particulares, a súa novidade radicou, sen embargo, na magnitude que agora revestía o enfrontamento directo dunha das grandes familias angloirlandesas coa Coroa, no papel que xa desempeñaba a cuestión relixiosa, na pretensión de internacionalización do conflito, aínda que fose frustrada, e no aliñamento dunha parte tan significativa da aristocracia de orixe estranxeira coa causa dos nativos. Trátase, con todo, dunha sublevación que non posuía aínda a dimensión nacional antes citada.

En tempos da raíña Elizabeth, en 1579, outro membro da familia dos Geraldines, neste caso da póla do condado de Desmond, James Fitzmaurice, constituíu unha alianza en defensa da relixión e das posicións da familia, ameazada polos planos da monarquía de acabar co poder de tan influínte dinastía. Neste caso, sen embargo, os propósitos dos rebeldes, precisa Sullivan, eran máis elevados que as simples reivindicacións familiares. Fitzmaurice, en realidade, proclamou unha auténtica "guerra santa" en defensa da relixión. A este respecto, o relato caracteriza a *Geraldine League* como un exemplo, mesmo que imperfecto, das novas formas que ía tomando a loita contra Inglaterra, onde o relixioso xa servía como motivación complementaria á defensa do territorio fronte ós estranxeiros e se comprometía axuda no exterior, neste caso por parte do Papado e de España.

---

[340] Trátase o caso dos Geraldines e da rebelión de *Silken* Thomas en dous capítulos, nas páxinas 190-207.

Sen embargo, carecía aínda dun risco fundamental, en opinión do autor, por canto non se presentaba nesta revolta contra o poder inglés a dimensión nacional en toda a súa intensidade. De aí a súa falta de éxito, afirma. Por un lado, Fitzmaurice atopou pouca axuda no país, e mesmo o propio conde de Desmond, o xefe da familia, tras opoñerse á rebelión nun primeiro momento, intentara permanecer á marxe do conflito.[341] Cando se incorporou á loita, decatándose da imposibilidade de manterse neutral ante a invasión das súas terras por orde dun goberno ó que lle resultaba sospeitosa a enteira familia, xa era demasiado tarde, segundo o autor. Por outra parte, o recurso á cooperación estranxeira amosou ser moi problemático, en canto dependía de factores de imposible control polos rebeldes do país. Neste caso, a primeira frota papal non chegou sequera ás costas de Irlanda. En último termo, o fracaso final das revoltas de Desmond debe atribuírse, segundo a opinión de Sullivan, ó "defecto fatal " de limitar os rebeldes as súas esixencias ó ámbito relixioso e non erguer a bandeira da independencia nacional, preferindo, ademais, centrarse en conseguir apoio fóra do país antes que en gañar as simpatías dos xefes locais irlandeses.[342]

As querelas internas, a falta de compromiso de boa parte da aristocracia nativa e o individualismo na acción continuaban a caracterizar, por tanto, a loita irlandesa contra Inglaterra. Faltaba a auténtica dimensión nacional do enfrontamento, insiste o autor. E esta chegaría, de acordo co relato de *The Story of Ireland,* cos tres grandes heroes do conflito nos anos finais do século XVI e principios do XVII: Hugh O'Neill, Hugh O'Donnell e Donal O'Sullivan, os homes que tomaron daquela a dirección da causa irlandesa. Do primeiro lóase a súa capacidade estratéxica e política, así como a súa habilidade para volver contra os ingleses todo canto lle ensinaran na Corte, onde fóra levado de neno para controlar a súa educación; do segundo, a súa afouteza e a nobreza do seu carácter; do terceiro, a súa capacidade militar e a súa perseveranza na loita. Con eles Irlanda foi capaz, por fin, de organizar un auténtico desafío militar nacional contra a Coroa. Da relevancia que se lles concede dan conta as máis de cen páxinas da obra que se

---

341 "He little knew all this time, while he in exile was toiling night and day –was pleading, urging, beseeching– planning, organizing, and directing –full of ardour and of faithful courageous resolve, that his contrymen at home –even his own kinsmen– were temporising and compromising with the lord president!". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 223.

342 "Even the youngest of my readers must have noticed in its plan and constitution, one singular omission which proved a fatal defect. It did not raise the issue of national independece at all. It made no appeal to the national aspirations for liberty. It was simply a war to compel Elizabeth to desist from her bloody persecution of the Catholic faith. Furthermore it left out of calculation altogether the purely Irish elements. It was only a southern movement. The Irish princes and chiefs –those of them most opposed to the English power– never viewed the enterprise with confidence or simpathy". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 229.

dedican a describir e cantar o seu esforzo por frear a política de conquista da monarquía e liberar o país da influencia allea.[343]

Hugh O'Neill é continuamente enxalzado nestas páxinas como o gran organizador do esforzo nacional irlandés contra o dominio inglés.[344] Na súa persoa exprésase a resistencia indomeable dos irlandeses e o fracaso da política de incorporación do reino á Coroa inglesa atraendo a aristocracia local. Despois de resolver as dúbidas entre a lealdade á raíña coa que fora educado e a que lle debía ó seu país en favor deste último, unha vez que entrou en contacto co seu pobo, ó tomar posesión dos seus títulos e terras no Ulster, O'Neill, "o León do norte", converteuse nun combatente incansable pola liberdade da nación. El é o vivo exemplo, lembra Sullivan, do triunfo da *natureza* nacional sobre a *artificialidade* cortesá que se lle quixera impoñer.[345]

Superando as tradicionais rivalidades que enfrontaban as dúas familias das que descendían, O'Neill e O'Donnell conseguiron controlar coas súas tropas a metade setentrional do país. Despois de agardar en van pola axuda española –*ignis fatuus,* chámalle o autor– as grandes vitorias de O'Neill permitíronlle expulsar de boa parte do país os ingleses, incluídos os colonos instalados nas terras do sur. En 1599, confirma o autor con gozo, exercía unha autoridade semellante á da realeza en todo o país, convertido nun auténtico líder nacional.[346]

Sen embargo, os recursos de Inglaterra eran inxentes e a vontade de dominio dos seus dirixentes insaciable. O'Neill e O' Donnell loitaron sen tregua contra forzas moi superiores. Os dous Hughs correron a Kinsale ó encontro da prometida axuda española, onde xa os esperaban as tropas inglesas. A derrota de Kinsale,

---

343 O relato vai da páxina 235 á 341. Sobre os dous Hughs recolle Sullivan as palabras dos *Annals of the Four Masters:* "He [O'Donnell] was the sword, as O'Neill was the brain, of the Ulster Confederacy: the Ulysses and Achilles of the war, they fought side by side without jealously or envy, for almost as long a period as their prototypes had spent in besieging Troy". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 308. De O'Sullivan destácase "his devotedness to the national cause [...] his prudence, skill, foresight, and courage". Id., pp. 285-6.

344 "There now appears upon the scene of Irish history that remarkable man whose name will live in song and story as long as the Irish race survives; leader of one of the greatest struggles ever waged against the Anglo-Norman subjugation". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 235.

345 "In him we see the conflicting influences of nature and nature-repressing art. His Irishism was ineradicable, though long dormant. His court tutors strove hard to eliminate it, and to give him instead a 'polished' Englishism; but they never more than partially succeeded. They put a court lacquer on the Celtic material, and the superficial wash remained for a few years, not more. The voice of nature was ever crying out to Hugh O'Neill". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 238.

346 "He exercised the prerogatives of royalty [...]. And all was done so wisely, so impartially, so patriotically [...] that even men chronically disposed to suspect family or clan selfishness in every act, gave in their full confidence to him as to a leader who had completely sunk the clan chief in the national leader". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 273-4.

que o narrador atribúe á imprudencia e precipitación dos mandos españois, deixou o sur do país á mercé dos ingleses, defendido unicamente por O'Sullivan, mentres O'Neill volvía ó norte e O'Donnell marchaba ó exilio a España. Por fin, despois de que Inglaterra violase o tratado concluído en Mellifont, o mesmo O'Neill embarcou coas principais familias nativas do norte cara ó continente europeo, onde morrería recorrendo as cortes reais na procura de auxilio para o seu país.

Ningún daqueles grandes líderes da nación volvería á súa patria. O'Donnell e O'Sullivan esgotaron os seus días en España. O gran O'Neill faleceu en Roma. Todos eles foron "martyr-heroes of Christian patriotism".[347] Con eles, e coa fuxida da aristocracia gaélica, rematou o maior esforzo da Irlanda nativa para recuperar a súa liberdade. Con seu fracaso, acabou tamén unha época da historia da nación. O seu exemplo de compromiso extremo coa fe e coa patria, sen embargo, sinalou o camiño futuro da causa nacional, proclama a narración.

8. A agonía da nación: espolio, guerra de conquista e exilio (cap. LIII-LXXIV)

Apenas logra o autor disimular o seu pesimismo cando inicia o relato dos acontecementos que seguiron á derrota irlandesa de 1602 e o consecuente abandono do territorio irlandés dunha parte significativa das principais familias nativas. Fora a guerra de Hugh O'Neill *"a derradeira loita da antiga orde nativa"* por manter fronte ós conquistadores as súas leis e a súa relixión.[348] A marcha dos principais líderes da nobreza irlandesa en 1607 –"The Flight of the Earls"– deixara o país inerme, á mercé dun goberno estranxeiro que procedeu ó saqueo sistemático da illa e á imposición do máis arbitrario dos dominios sobre aquel pobo indefenso. O propio encabezamento do capítulo LIII, no que se inicia a narración do tráxico século XVII, reflicte a sensación de comezar entón unha época terrible para o país nas referencias negativas que o constitúen: a desaparición da "Irlanda milesia", a "colonización" estranxeira do país e "o exterminio da raza nativa".[349] Aínda considerando nun senso positivo a mención da nacente "Irlanda do exilio", da que deseguido fará o autor o eloxio como garda da identidade nacional ata o presente, é difícil ocultar a impresión de desánimo que se desprende do enunciado, percepción que, desde logo, se confirmará de maneira sobrada nas páxinas seguintes.

---

347 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 334.

348 "The war of 1599-1602 was *the last struggle of the ancient native rule* to sustain itself against the conquerors and the jurisdiction of their civil and religious code". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 342 [cursiva no orixinal].

349 "LIII.– A memorable epoch. How Milesian Ireland finally disappeared from history; and how a new Ireland –Ireland in exile– appeared for the first time. How 'Plantations' of foreigners were designed for the 'colonisation' of Ireland, and the extirpation of the native race". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 342.

Na representación que ofrece *The Story of Ireland* do século XVII pode apreciarse a prosecución do desenvolvemento dos principais trazos da caracterización do enfrontamento entre Inglaterra e Irlanda durante a época dos Tudor. Neste senso, segue o avance do proxecto de dominación despois da derrota dos rebeldes, sen desaparecer, sen embargo, a resistencia nacional; medra a significación política da relixión, tanto pola participación dos puritanos nos conflitos de poder en Inglaterra coma polo reforzamento do compoñente confesional das identidades nacionais respectivas; confírmase o condicionamento da evolución do conflito polas incidencias específicas do escenario político inglés; increméntase a política de colonización territorial co establecemento de asentamentos estranxeiros masivos; e volve manifestarse a relevancia exterior da confrontación, tanto pola intervención francesa en apoio dos irlandeses coma pola decisiva influencia dos irlandeses do exilio na organización das forzas nacionais do interior.

O eixe da narración continúa a ser, polo tanto, a contraposición entre a aplicación sistemática dos planos de dominación absoluta da Coroa inglesa e os esforzos da nación irlandesa por se liberar do xugo que a oprime. Por demais, o relato apóiase na exposición dos acontecementos relacionados cos dous episodios fundamentais nos que se reflicte de maneira máis evidente aquela realidade esencial conflitiva: a sublevación irlandesa iniciada en 1641 e as manifestacións no país da guerra polo trono de Inglaterra –decisivas para o seu desenlace, por outra parte– que seguiu á revolución inglesa de 1688. *Dominación* e *resistencia* seguen a ser, de certo, as palabras clave na representación histórica de Sullivan para a época.

a. *A política de dominación.* Conforme co modelo posto en acción durante a monarquía dos Tudor, o dominio inglés pretendeu impoñerse, ante todo, polo uso da forza militar, desproporcionadamente superior á dos seus rivais irlandeses, en función da enorme diferencia dos recursos que cada contendente podía mobilizar para a guerra. Pero as ambicións de Inglaterra ían más alá do establecemento da simple esixencia do recoñecemento pola aristocracia irlandesa da súa subordinación á Coroa. En realidade, o programa de dominio, recalca Sullivan, perseguía, como obxectivo final, o total sometemento do país e das súas xentes, arrebatándolles as súas propiedades e expulsándoas das súas casas, para poñer no seu lugar colonos fieis ós designios de Inglaterra.[350]

[350] "To expel the people of Ireland from their own country, to thrust them out as outcast wanderers and exiles all over the world –to seize their homes and possess their heritage, will be found to have been for centuries the policy, the aim, and untiring endeavour of the English government. [...] the expulsion of the Irish race, and the 'planting' or 'colonizing' of their country by English settlers". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 343.

Nunca atoparan os estranxeiros mellor ocasión para aplicar os seus planos de saqueo que aquel tempo no que, privados dos seus dirixentes tradicionais, refuxiados lonxe do país, os irlandeses quedaran á mercé dos que ansiaban despoxalos do que lles era propio.[351] A confiscación sistemática das terras do país para establecer nelas colonos protestantes, ingleses e escoceses, iniciada xa en Munster no reinado de James I, converteuse agora, denuncia o autor, no principal instrumento para a consolidación definitiva do dominio estranxeiro sobre Irlanda. Os asentamentos de colonos –"plantations"– en diversas rexións do país serviron como recurso para reducir os nativos á miseria e afirmar o dominio inglés por medio da disposición sobre o terreo dun auténtico "exército de ocupación permanente" ó servizo dos intereses protestantes e da Coroa. Así, foron parcelados e entregados millóns de acres das terras do Ulster a intrusos estranxeiros de relixión protestante, dispostos a aproveitar aquel despoxo no seu particular beneficio, mentres os campesiños nativos eran desprazados ás terras máis improdutivas do país, impotentes para frear un proceso de espolio organizado desde o Estado e apoiado por unha aplicación parcial e interesada da xustiza.[352]

O proceso de *colonización* repetiuse ó longo do século en diversas ocasións, incrementándose considerablemente coa chegada de novos colonos puritanos cos exércitos de Cromwell, moitos deles os propios soldados e mais pequenos comerciantes londinienses e outros que adiantaran diñeiro para a empresa de conquista.[353] Nunca volveron aquelas terras ás mans dos seus lexítimos propietarios, destaca Sullivan. Nin sequera cando se restaurou a monarquía e pareceu aumentar a tolerancia cos católicos se viron obrigados a renunciar os usurpadores ó que tan inxustamente obtiveran. A propia supervivencia da Coroa, necesitada do apoio protestante, insiste o autor, requiriu sempre dos monarcas a confirmación dos resultados daqueles saqueos sistemáticos.

Por demais, como se desprende do antedito, o establecemento das *plantations* estaba estreitamente relacionado coa esfera político-relixiosa, en canto desempeñaban un papel fundamental no reforzamento do dominio inglés e da fe protestante en Irlanda. Este último aspecto converteuse nunha dimensión máis do proxecto de sometemento do país e traduciuse, indica o autor, nunha desapiadada persecución da confesión católica, do seu clero e dos seus practicantes. Sobre todo a raíz do ascenso dos puritanos ás institucións de poder do Estado, desde as cales,

---

351 "The flight of the earls threw the hungry adventurers into ectasies! Now, at least, there would be plunder. The vultures flapped their wings and whetted their beaks. Prey in abundance was about to be flung them by the royal hand". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 344.

352 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 344-6.

353 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 396-7.

segundo o relato, emprenderon unha sanguenta política de acoso e destrución dos católicos irlandeses, calquera que fose a súa ascendencia, incluída a *gentry* angloirlandesa do *Pale,* a rexión baixo o control directo dos ingleses da vella colonia, moitos dos cales seguían fieis ó catolicismo. Os novos colonos puritanos, antes e despois da chegada de Cromwell á illa, demostraron un odio profundo e fanático ós católicos e actuaron en consecuencia. Pero non se limitaba a eles a aversión polos que alcumaban "papistas", seguidores de quen consideraban o "Anticristo". Tamén se manifestou a predisposición discriminatoria na xeneralidade da poboación inglesa, que Sullivan caracteriza como substancialmente anticatólica e da que denuncia que sempre foi contraria ás políticas máis tolerantes que, de cando en vez, pretenderon levar a cabo algúns monarcas, como o católico James II e o propio William III, protestante, despois de lle arrebatar o trono. Nos dous casos, as presións dos protestantes foron abondas para impedir a aplicación de medidas de liberdade e de igualdade para os practicantes dos diversos credos.[354] A opresión relixiosa, polo tanto, aparece na historia de Sullivan como un elemento substancial da política de opresión que padeceu Irlanda.

Pero tamén quere deixar constancia o autor da continuación da tradicional política de enganos e traizóns inglesa, aproveitando, unhas veces, a persistencia das disensións internas da nobreza nativa e valéndose, noutras ocasións, da lealdade irlandesa a uns monarcas que non dubidaron en enredalos con promesas e acordos que nunca acabaron de cumprir. Neste último sentido, por exemplo, describe Sullivan a raposería de Charles I, cando, necesitado de diñeiro, fixo crer ós católicos irlandeses na súa disposición a reparar as inxustizas que padecían por causa das leis discriminatorias e do despoxo das súas terras a cambio dun subsidio voluntario en favor do monarca. Aquel "miserable Charles embolsou o diñeiro" e incumpriu as súas promesas, culminando así "un capítulo do máis cruel engano, fraude e traizón a un pobo demasiado confiado".[355] Semellante actitude foi a de Charles II, o cal, despois da restauración da monarquía tras o período cromwelliano, *premiou* a lealdade da aristocracia irlandesa no conflito entre a Coroa e o Parlamento confirmando o espolio das súas terras que se levara a cabo no período anterior, en canto a traizón lle permitía asegurar o trono.[356]

A máis importante violación dun acordo asinado entre ingleses e irlandeses foi, sen embargo, a que afectou ó Tratado de Limerick, que dera cabo á guerra pola Coroa e que fora concluído en 1691 e confirmado o ano seguinte polo novo

---

354 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 404-9 e 472-6.

355 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 345-6.

356 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 398-9.

rei William. O incumprimento constitúe, segundo o autor, un dos feitos máis amargos da historia do país. Nesta ocasión excúlpase no texto ó monarca e atribúeselle a responsabilidade a un Parlamento irlandés, de novo baixo control protestante, que forzou a anulación por causa dos artigos que garantían os dereitos civís e relixiosos e mais as propiedades dos católicos e que, polo tanto, implicaban un prexuízo para os intereses dos protestantes da illa.[357]

Outras veces, os gobernantes ingleses recorreron á invención de falsidades coas que xustificar a súa política de represión e saqueo. Así sucedeu coa "diabólica fabricación" do "Gran complot papista" de 1678, que tivo como obxectivo espertar o odio ós católicos na opinión pública inglesa, de maneira que se volvese imposible calquera retroceso na política de confiscación de propiedades.[358] O máis acabado exemplo de tan perversas prácticas, sen embargo, foi a conversión da insurrección das xentes do Ulster en 1641, ansiosas por recuperar as súas terras, que fora de carácter marcadamente pacífico, nunha atroz matanza de indefensos colonos protestantes. As fantásticas cifras de asasinatos que se difundiron desde o poder, as arrepiantes narracións das supostas crueldades que cometeran as masas católicas desenfreadas e a caracterización dos sublevados como fanáticos *papistas* sedentos de sangue inflamou o pobo inglés e o mesmo rei, que non puido senón enviar as tropas necesarias para reprimir aqueles excesos intolerables. O obxectivo real do falseamento era, claro está, a contención dun movemento de rebelión nacional, dirixido con moderación polos seus líderes e respectuoso coa vida dos colonos, afirma Sullivan, que poñía en perigo os intereses protestantes en Irlanda. Por demais, a vinganza á que incitaron os gobernantes ingleses promoveu o desencadeamento dalgúns dos máis feroces episodios que coñece a triste historia da represión padecida polo pobo irlandés.[359]

Nada se compara, sen embargo, co asañamento co que a nación foi tratada nos tempos de Oliver Cromwell, na propia guerra de devastación que o dictador republicano lanzou sobre a poboación católica, en 1649, e durante os tempos en que se lle fixeron pagar a esta as consecuencias da súa derrota. No seu afán de castigar os *idólatras* católicos, Cromwell e as súas tropas de fanáticos puritanos cometeron os máis desapiadados crimes no país, asasinando mesmo a mulleres e nenos, nunha sucesión de actos tan estarrecedores, que o propio escritor prefire non ter que recordar de maneira expresa no seu relato.[360]

---

357 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 472-6.

358 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 399-403.

359 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 357-363.

360 "He remained nine months. Never, perhaps, in the same space of time, had one man more of horror and desolation to show for himself. [...] To call him 'savage' because the slain of his enemies in battle might have been enormous in amount, would be simple contemptible. But it is for a far different reason

Si que se detén o autor na exposición demorada dos horrores que se lle inflixiron ó pobo irlandés no período consecutivo á "conquista de Irlanda" polo exército de Cromwell. Significativamente, titula o capítulo correspondente a tal rexistro de padecementos como "The agony of a nation".[361] O catálogo das penalidades que sufriron os católicos resulta verdadeiramente arrepiante. Fóronlles confiscadas as terras ós campesiños. O clero católico foi perseguido con saña, mentres se trataba de impoñer a fe protestante secuestrando os nenos das familias irlandesas para envialos a Inglaterra a ser instruídos nas crenzas da confesión dos opresores. Os nativos das provincias de Leinster, Munster e Ulster, que abranguen a maioría da illa, foron deportados e confinados nas partes máis ermas da outra, Connaught, convertida "nunha vasta prisión" da que non podían saír baixo pena de morte. Moitos, por demais, foron condenados á escravitude nas plantacións das Indias Occidentais, incluídos nenos e nenas. Os máis afortunados, clama Sullivan, puideron fuxir ó exilio. E todo, ironiza o autor, polo ben da nación, para salvar os irlandeses da súa fe católica e levarlles a civilización inglesa.[362]

b. *A resistencia nacional.* Os dous momentos en que se concreta o enfrontamento entre Irlanda e Inglaterra no decurso do século XVII, a revolta irlandesa iniciada en 1641, coa intervención de Cromwell como o seu corolario, e a guerra desencadeada pola revolución inglesa de 1688, merécenlle a Sullivan unha atención preferente, que se estende ó longo de 120 páxinas, a práctica totalidade dos 21 capítulos que conteñen a narración do período.[363] Reflíctense nelas de maneira evidente aqueles trazos xa mencionados como propios da época, segundo a caracterización que dela se fai en *The Story of Ireland.* Neste senso, ademais da contraposición da vontade irlandesa de liberación e do propósito inglés de afirmación do seu dominio, os acontecementos ligados a esas dúas datas decisivas no relato amosan ben ás claras a crecente mestura das esferas relixiosa e política, a incidencia da evolución específica da historia inglesa na veciña Irlanda e mais a confirmación do encadramento do conflito no escenario internacional.

En canto ó ámbito do relixioso, resáltase no texto a transcendencia da súa extrema politización, que non viña máis que corroborar a tendencia iniciada coa

---

Cromwell is execrated in Ireland. It is for such butcheries of the unarmed and defenceless non-combatants –the ruthless slaughter of inoffensive women and children– as Drogheda and Wexford witnessed, that is justly regarded as a bloody and brutal tyrant. [...] I spare myself recital of the horrors of that time". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 385-6.

361 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 387-398.

362 "The *piety* of the amiable kidnapper will be noted. But is always so with his class; wether confiscating or transplanting, wether robbing the Irish, or selling them into slavery, it was always for their spiritual or temporal good –to sanctify or to civilize them". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 391.

363 Á primeira cuestión dedícanselle as páxinas 351-98 e á segunda da 407 á 476.

constitución dunha Igrexa nacional de Inglaterra no reinado de Henry VIII. En correspondencia coa afianzamento do protestantismo como sinal significativo da identidade da nación e da monarquía inglesas, a vella fe aparece estreitamente relacionada coa nacionalidade irlandesa. Mesmo ata o punto de se converter a coincidencia na confesionalidade católica no axente responsable do esvaecemento progresivo da tradicional diferenciación interna entre irlandeses por causa da súa ascendencia nativa ou foránea. Aínda que forzados, certamente, pola equiparación que entre eles facían os protestantes ingleses, considerándoos inimigos por igual na confrontación que desde o Parlamento mantiñan co seu propio monarca, os católicos todos de Irlanda uniron os seus esforzos para defenderse da ameaza común que se abateu sobre eles despois da insurrección de 1641. Por vez primeira, preocúpase por subliñar Sullivan, os angloirlandeses sentíronse daquela obrigados a se achegar ós nativos, por lealdade ó monarca, desde logo, pero tamén por causa da súa propia seguridade.[364] O resultado de tales acordos entre irlandeses foi a alianza que combatería por "Deus e o Rei, a liberdade de culto e a lealdade ó soberano" en contra contra dos exércitos puritanos na guerra de 1642-9.

Subliña o autor as dificultades que se lle presentan para resumir axeitadamente un conflito de tanta complexidade, por canto, segundo alega, non se trata dun enfrontamento entre dúas partes claramente delimitadas, senón que nel interveñen diversos grupos, con intereses diferentes e mesmo variables nas súas alianzas, como consecuencia da mestura de disputas relixiosas, políticas e nacionais. Así, na exposición, os colonos aparecen loitando divididos en campos contrarios, enfrontados ó monarca os fanáticos puritanos, de recente presenza na illa, mentres as vellas familias de estirpe estranxeira permanecían fieis ó rei, combatendo do mesmo lado dos nativos, ben que separados aínda por diferenzas que se irían manifestando ó longo da guerra. O bando católico irlandés, pola súa parte, loitaba a favor do rei Charles, pero non sempre coincidía cos intereses das tropas realistas desprazadas a Irlanda. En suma, a Sullivan parécelle un conflito "camaleónico", aínda que acaba simplificando a narración para reducila, principalmente, a unha contenda entre puritanos-parlamentarios-ingleses e católicos-realistas-irlandeses.

A guerra derivaba das revoltas de 1641, que o autor presenta como a primeira fase dun plano argallado por la nobreza irlandesa en colaboración cos exiliados, moitos dos cales combatían nas ringleiras dos exércitos europeos e dispoñían de

364 "Loyalty to the king, and considerations for their own safety, alike counselled them to take some decisive step. Everything rendered hesitation more perilous. Although they had in no way encouraged, or, so far, sympathised with, the northern rising, their possessions were ravaged by the Puritan armies. […] In fine the English or Anglo-Irish Catholic families of the Pale for the first time in history began to feel that with the native Irish, between whom and them hitherto so wide a gulph had yawned, their side must be taken". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 362.

armas, diñeiro e, sobre todo, gañaran un enorme prestixio pola súa bravura nos campos de batalla. A trama completaba a insurrección no Ulster cunha posterior campaña militar, e fora o seu éxito inicial, precisamente, o que levara ós puritanos a forzar a invención dos masacres de protestantes xa aludida e, como resultado, ós católicos todos do país a establecer unha alianza defensiva a favor dos seus dereitos relixiosos e en apoio do monarca.[365]

O acordo entre os católicos irlandeses concretouse no nacemento da Confederación de 1643, formalmente constituída nun "sínodo nacional" convocado pola Igrexa en Kilkenny. Alí, os "Católicos Confederados de Irlanda" xuramentáronse para a defensa da fe e da patria e comprometéronse á convocatoria dunha asemblea de todas as provincias que nomease un Consello Supremo para dirixir o país. Unha vez constituído, este actuou como un auténtico goberno de Irlanda, asumindo as funcións propias dun organismo executivo que exercía a representación certa da nación, segundo afirma Sullivan, que non dubida en cualificar como *nacionais* aquelas institucións. Foi alí tamén onde se nomeou a Owen Roe O'Neill, que acababa de desembarcar procedente do continente, como comandante do exército do Ulster.[366]

Sen embargo, baixo as aparencias de unidade, denuncia o narrador, o bando católico estaba dividido desde un principio entre os dous grupos que constituíran a Confederación. As disensións afloraron ante a demanda do rei de suspender as operacións militares en Irlanda, co obxectivo de desprazar as tropas católicas para axudalo en Gran Bretaña na guerra civil contra os parlamentarios. Naceron así dous grupos, os do chamado "peace party", integrado polas vellas familias angloirlandesas, os "Old English", partidarios de seguir as propostas do monarca, e os do "national party", que Sullivan identifica cos "Old Irish", os nativos do país, decididos a seguir o camiño militar ata a vitoria total. O divorcio entre as dúas fraccións consumouse en 1646, cando os primeiros, que contaban coa maioría no Consello Supremo, impuxeron un cesamento das accións bélicas a cambio de vagas promesas de tolerancia relixiosa, ditadas, ademais, por un rei que era dubidoso que estivese en condicións de podelas cumprir.[367] A pesar de que os

---

365 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 349-63.

366 "Such was the national government and legislature under which Ireland fought a formidable struggle for three years. It was loyally obeyed and served throughout the land; in fact was the only sovereign ruling power recognized at all outside of two or three walled cities for the greater part of that time. It undertook all the functions properly appertaining to its high office; coined money at a national mint; appointed ambassadors or agents abroad, and commissioned officers to the national armies". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 367.

367 "They were selling their whole power and position for the 'promise to pay' of a bankrupt". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 373.

exércitos do "partido nacional", aguilloados polo nuncio papal Rinuccini e ó mando de Owen Roe O'Neill, obtiveron unha magnífica vitoria en Benburg, triunfo que merece grandes loas por parte do autor, a forza dos católicos foise debilitando por aquelas diferenzas internas insuperables e pola oposición das tropas puritanas, ás que mesmo se chegaron a xuntar as forzas dos confederados partidarios da negociación, nun intento por impoñerlles a tregua que previamente acordaran co inimigo ós que se opoñían a ela.[368] Cando, por fin, chegou un acordo aceptable co monarca, garantindo as demandas de liberdade e de igualdade para os católicos, escribe Sullivan, xa era demasiado tarde. Pronto o rei sería decapitado e a guerra civil inglesa rematou co triunfo puritano. A pronta morte de Owen Roe O'Neill non foi máis que o anuncio da derrota definitiva dos irlandeses, en 1652, ante os exércitos de Cromwell. De novo, moitos católicos deberon fuxir ó continente, onde, para seguir a súa loita, se enrolarían nos exércitos dos inimigos de Inglaterra.

Os acontecementos xurdidos da revolución parlamentaria inglesa contra o católico James II e a conseguinte guerra civil entre as tropas do rei rexeitado e as do candidato dos rebeldes, o protestante William de Orange –do que Sullivan sostén, sen embargo, que era "indiferente en relixión"–, amosan de novo aquela mestura do político e mais do relixioso característica dos séculos XVI e XVII. Pero as súas repercusións en Irlanda sérvenlle tamén a Sullivan para resaltar, aínda con máis nitidez que nos relativamente confusos sucesos do decenio de 1640, a dimensión nacional que, na súa opinión, impregnaba as respostas da poboación irlandesa ante calquera dos grandes conflitos do momento. A representación dos episodios da revolución de 1688 permítelle poñer de relevo que a participación de Irlanda naquelas grandes contendas da época non se debía tan só á súa implicación ineludible, como parte dos territorios da Coroa, na resolución das disputas específicas da política inglesa, senón que tamén era produto dunha dinámica autónoma relacionada coa decidida vontade de liberación nacional que lle atribúe o autor á sociedade irlandesa. Aínda que os desencadeantes inmediatos do conflito fosen os problemas político-relixiosos particulares de Inglaterra, asegura o autor, o enfrontamento incorpora trazos peculiares cando se desenvolve no escenario irlandés. Segundo *The Story of Ireland,* xunto ás causas xerais que determinan o conflito, cabe discernir un plano irlandés específico que os liga á resolución das demandas de liberdade da nación cando a disputa se achega ó seu territorio. En efecto, na narración que na obra se ofrece, diferéncianse dúas etapas na evolución da contenda iniciada en 1688. Na primeira, os dous niveis de enfrontamento, o

[368] Non esquece o autor sinalar que semellante alianza *sacrílega* foi castigada coa excomuñón dos que a asinaran. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 382-3.

xeral e o particular irlandés, confúndense. Na segunda, despois da fuxida do derrotado James II, os irlandeses, salienta Sullivan, decidiron seguir o combate loitando, agora xa claramente, pola súa causa nacional, máis que pola cuestión dinástica.

A subida ó trono de James II fora acollida, segundo o texto, con grandes esperanzas en Irlanda, suscitando unhas expectativas favorables que pareceran confirmarse pola proclamación da liberdade e a igualdade relixiosas, acabando coa persecución da fe católica e coa discriminación que padecían os fieis da súa Igrexa.[369] Despois da deposición do monarca polo Parlamento inglés, por causa da resistencia daquela nación protestante a aceptar tales medidas igualitarias, a Irlanda católica declarouse incondicionalmente a favor de James, mentres a colonia protestante, temerosa de perder a súa privilexiada posición política e económica na illa, se comprometeu decididamente coa causa dos rebeldes. A contenda civil inglesa, deste modo, manifestouse en Irlanda como unha etapa máis do antigo enfrontamento entre a maioría católica sometida e a minoría protestante de orixe foránea, ameazada directamente nos seus intereses polas reformas emprendidas no país polo goberno nomeado por James II. Precisamente, na illa irlandesa, que recibiu o rei con entusiasmo á súa chegada desde Francia, onde se refuxiara fuxindo dunha Inglaterra hostil, dirimiuse a batalla decisiva entre os dous rivais en loita pola Coroa. Nas ribeiras do Boyne, en xullo de 1690, as tropas de William obtiveron a vitoria definitiva, por causa, salienta Sullivan, das enormes diferenzas de potencial entre os dous exércitos, pero tamén pola incompetencia militar do rei derrotado e pola súa sorprendente fuxida do campo de combate.[370]

A pesar do comportamento do seu líder, as tropas irlandesas do exército real non sufriron grandes perdas, negáronse a renderse, retiráronse en orde e decidiron concentrarse na cidade de Limerick, para proseguir de alí en diante a loita por un único obxectivo, Irlanda, segundo exclama un Sullivan alborozado ante deriva nacional do conflito.[371] Nas seguintes páxinas, o autor conmóvese relatando as

---

369 "One after one, the barriers of exclusion were laid low, and the bulk of the population admitted to equal rights with the colonist-Protestants. In fine, all men were declared equal in the eye of the law, irrespective of creed or race; an utter reversion of the precious system, which constituted the 'colony' the jailors of the fettered nation". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 406.

370 Recoñece o autor, con todo, que a vitoria protestante era inevitable, sen depender da presenza de James. A batalla do Boyne descríbese con atención ós seus pormenores nas páxinas 414-25.

371 "The Irish army on reaching Dublin found they were without king or captain-general. They had been abandoned and advised to make favour with the conqueror. This, however, was not their mind. James mistook his men. *He* might fly and resign if he would; but the cause –the country– *La Patrie* –remained. So the Irish resolved not to surrender. They had fought for James at the Boyne; they would now fight for Ireland on the Shannon. 'To Limerick! To Limerick!' became the cry". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 426-7 [cursiva no orixinal].

fazañas dos católicos irlandeses e a súa heroica resistencia baixo a dirección de Patrick Sarsfield, a quen considera un dos máis grandes heroes da súa historia. A pesar da retirada das tropas realistas estranxeiras, Sarsfield e os seus organizaron a defensa de Limerick de maneira admirable.[372] A enteira cidade, esquecendo os bombardeos e a fame, defendeu gloriosamente a posición, segundo os diversos episodios que se describen, narrados todos eles con gran amplitude. Precisamente, a chegada de reforzos procedentes de Francia sería contraproducente, denuncia Sullivan, por canto o relevo de Sarsfield por un xeneral estranxeiro, cheo de vaidade e orgullo, foi a causa que acabou levando ás forzas católicas á terrible derrota de Aughrim (1691), onde se decidiu definitivamente a sorte do conflito.

Sarsfield e as últimas tropas –"the national party"– rexeitaron as propostas de paz e decidiron seguir resistindo en Limerick, pese ó gran desequilibrio de forzas. Por fin, en medio de grandes e patrióticas protestas dos soldados e da propia poboación civil, sinala o texto, Sarsfield aceptou unha capitulación en condicións honorables, que recoñecían a liberdade relixiosa e outorgaban ós soldados a posibilidade de optar por pasar a servir o novo rei ou abandonar o país coas súas armas. Case todos, incluída a nobreza, rexeitando os vantaxosos ofrecementos que se lles fixeron, preferiron abandonar todo e marchar cara ó exilio, onde continuarían loitando pola nación, conclúe un Sullivan inflamado de patriotismo.[373]

Pronto, sen embargo, as promesas acordadas en Limerick foron desbotadas por Inglaterra. O incumprimento do Tratado de 1691 sinala, na exposición de Sullivan, un dos momentos decisivos da historia irlandesa. En primeiro lugar, como unha comprobación máis da perversidade do comportamento da nación inglesa no que respecta ás súas relacións con Irlanda, manifesta na súa irreductible vontade de dominación e na insaciable cobiza da colonia estranxeira, culpable primeira da violación dun acordo que, ó recoñecer a igualdade dos habitantes todos do país, supoñía un perigo inmediato para os intereses protestantes na illa. Neste caso, por demais, o autor deixa a salvo o papel do rei William III, igual que o dunha parte da aristocracia angloirlandesa e mesmo dalgúns dos bispos protestantes, os cales, "para a súa eterna honra", rexeitaron apoiar co seu voto semellante infamia

372 "Happily for the national honour of Ireland, the miserably court party thus cruelly deserted Limerick. That base abandonement left all the glory of its defense to the brave heroes who remained". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 430.

373 "No! These men were not, in all, lost to Ireland. Their deeds are the proudest in her story. History may parallel, but it can adduce nothing to surpass, the chivalrous devotion of the men who comprised this second great armed migration of Irish valour, faith, and patriotism". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 471.

na Cámara dos Lores.[374] E, en segundo termo, por causa das terribles consecuencias que deitaron para o pobo irlandés da supresión dos artigos fundamentais daquel texto, eliminación que levou a novas confiscacións de terras dos nativos e que supuxo a condena da poboación católica a padecer unha serie de discriminacións establecidas por lei, entre elas a prohibición de educar os fillos na propia fe familiar, de practicar a súa relixión e de portar armas.[375]

O panorama que se describe a continuación na obra é verdadeiramente dramático, cunha Irlanda sobre a que se abateu a "noite do máis fondo horror" e que debeu soportar a máis prolongada e dolorosa das agonías, sufrindo o brutal dominio protestante, instrumentado a través dun código legal mesquiño que unicamente perseguía destruír por completo a nación, reducir á ignorancia as súas xentes e introducir nas súas mentes os máis dexenerados vicios morais, facendo da irlandesa unha raza submisa e resignada á escravitude.[376] Realmente, continúa a narración das circunstancias do país no comezo do século XVIII, as "leis penais", promulgadas para castigo do pobo irlandés, pretendían o exterminio da nación, negando a práctica pública da súa relixión, acosando os clérigos como delincuentes perigosos, restrinxindo os dereitos do campesiñado sobre a terra e establecendo toda clase de discriminacións que condenaban a poboación católica a unha situación de inferioridade legal. Naquela extrema situación, denuncia o autor, soamente un milagre da Providencia permitiu que a nación sobrevivise á aplicación de tan malignos proxectos.[377] Non sorprende que o pesimismo tinga, como nunca no resto do relato, as páxinas nas que se describe o estado de prostración dun país indefenso e sen esperanza.[378] Sullivan debe botar a mirada cara a fóra do país para recuperar o ánimo, cantando as gloriosas fazañas dos exiliados que continuaban a súa patriótica loita desde as ringleiras dos exércitos estranxeiros que combatían a Inglaterra.

---

374 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 476.

375 O autor contrapón a inxustiza da nova legalidade coa magnanimidade que amosara o Parlamento irlandés dominado polos católicos en tempos de James II, cando se establecera unha auténtica igualdade relixiosa. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 474-6.

376 O título do capítulo LXXIV, no que se detallan o sufrimento e as discriminacións da nación irlandesa, é ben significativo ó respecto: "The penal times'. How 'Protestant Ascendancy' by a bloody penal code endeavoured to brutify the mind, destroy the intellect, and deform the physical and moral features of the subject Catholics". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 477.

377 "A hundred years of such code in active operation, ought, according to all human calculations, to have succeeded in accomplishing its malefic purpose. But again, all human calculations, all natural consequences and probabilities, were set aside, and God, as if by a miracle, preserved the faith, the virtue, the vitality, and power of the Irish race". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 479.

378 "During all this time the hapless Irish Catholics resigned themselves utterly to the fate that had befallen them. […] Hope had fled. The prostrate and exhausted nation slept heavily in its blood-clotted chain". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 490.

9. O espertar da nación e a loita pola independencia (cap. LXXV-LXXX)

Ó longo do século XVIII *The Story of Ireland* amosa un país que é capaz aínda de reaccionar ó terrible castigo que se lle inflixiu por medio do implacable sistema de dominación que sucedeu á derrota do seu candidato na contenda pola Coroa desenvolvida nos anos finais da centuria anterior. A este respecto, insiste Sullivan na confirmación da continuidade das tradicionais formas de loita que expresaran desde había séculos a resistencia da nación a someterse ó dominio inglés, narrando, neste caso, as fazañas da "Brigada irlandesa" no estranxeiro. Pero dá conta tamén da aparición de dous fenómenos absolutamente novidosos na historia do país: a incorporación da clase protestante á oposición contra Inglaterra e a unidade que, a finais do século, se estableceu entre ese grupo minoritario e a poboación católica do país, en orde a promover unha revolución independentista.

a. *A loita no exilio.* Aquela nación agoniante, perseguida na súa fe, desposuída dos seus recursos e reducida á miseria, escravizada politicamente, privada, en fin, do seu dereito a vivir en liberdade, non estaba condenada, sen embargo, á desaparición. En medio daquel horror, salienta Sullivan, o pobo irlandés soubo manter a lembranza do seu pasado esplendor e seguir alimentando a esperanza do seu rexurdimento. Aquela "Irlanda do exilio", da que contara o seu nacemento nos momentos mesmos en que debía rexistrar a extinción da orde milesia tradicional, foi a que, nestes tempos tan escuros, deu testemuño, ante os pobos do mundo, da supervivencia da súa identidade singular. Durante un cento de anos, proclama con orgullo o autor, os soldados da *Irish Brigade,* continuamente abastecida de homes que chegaban do país, a pesar da prohibición legal, loitaron pola patria nos campos de batalla europeos.[379] Dedica o autor un enteiro capítulo –"The Irish army in exile" – a enxalzar as fazañas bélicas dos exiliados, con especial atención á máis gloriosa das súas vitorias, a que acadaran en Fontenoy (1745), cando unha carga irlandesa á desesperada, seguindo o berro de "Remember Limerick and British faith", salvou o día para Francia, ó lado da cal combatían contra os exércitos de Inglaterra.[380] Sen embargo de tales glorias militares, serían os protestantes, sorprendentemente, os que darían un novo pulo ás ansias de liberdade da nación.

---

379 "The glory of Ireland was all abroad in those years. […] For a hundred years, that magnificent body –(continuosly recruited from home, though death was the penalty by English law)– made the Irish name synonymous with heroism and fidellity throughout Europe". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 480.

380 Despois de loar anteriores éxitos, e antes de reproducir os famosos versos de Thomas Davis sobre a batalla, escribe o autor: "Far more memorable, however, far more important, was the ever-glorious day of Fontenoy –a name which to this day thrills the Irish heart with pride". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 484.

b. *O patriotismo protestante.* O sistema de opresión sabre aquel país escravizado era tan desmesurado, segundo o presenta Sullivan, que mesmo acabou por suscitar unha reacción de rexeitamento por parte da propia clase que, segundo viña expoñendo no texto, resultaba ser a súa principal beneficiaria. Cada vez máis, afírmase, foise volvendo evidente que, de certo, era Inglaterra a que instrumentalizaba o dominio sobre Irlanda conforme ós seus propios intereses, continuamente antepostos mesmo ós da minoría protestante que servira de sostén á súa autoridade no país. En realidade, vén dicir Sullivan, os gobernos ingleses foran establecendo con Irlanda unha relación semellante á que mantiñan coas colonias do seu imperio.

Co tempo, dise no texto, os protestantes irlandeses foron decatándose da súa subordinación respecto de Inglaterra.[381] Sobre todo, cando a preponderancia inglesa se viu confirmada na resolución desfavorable para os intereses protestantes na illa de diversos conflitos xurisdicionais entre os respectivos parlamentos e resultou patente a comprobación dos prexuízos que padecía a economía do país –aqueles intereses, realmente– por causa da preferencia que as autoridades de Londres outorgaban ás manufacturas e, en xeral, ás producións inglesas todas.

Non tardou en chegar a denuncia de semellante estado de sometemento ás comenencias de Inglaterra, referendado polo continuo recordo desde as institucións do Estado da supremacía parlamentaria inglesa respecto da cámara lexislativa de Dublín. Pronto xurdiron voces críticas entre a sociedade protestante do país rexeitando os abusos derivados da posición de dependencia de Irlanda e do seu Parlamento e reivindicando a liberdade lexislativa como un dereito imprescindible para poñerlles fin. Homes de prestixio na comunidade protestante angloirlandesa como Jonathan Swift e Charles Lucas, sinala o autor, comezaron a conxugar unidas palabras como "Country and Patriotism". As elites dirixentes rexeitaron, en principio, as súas propostas por demasiado radicais, pero non puideron impedir que as ideas destes *patriotas* protestantes, arredor da súa defensa de Irlanda fronte a Inglaterra, gañasen unha rápida popularidade no país. Certamente, recoñécese nestas páxinas da obra, a súa preocupación prioritaria era a salvagarda dos intereses da minoría protestante, intencionadamente identificados cos da nación, pero Sullivan non dubida en caracterizar os membros do "patriot party" parlamentario como auténticos *nacionalistas,* subliñando o

381 "Soon, however, the spirit of resistance began to appear. For a quarter of a century, the Protestant party had been so busy at the work of persecution –so deeply occupied in forging chains for their Catholic fellow-countrymen – that they never took thought of the political thraldom being imposed upon themselves by the English parliament". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 492.

espírito anti-inglés que os animaba e a defensa da liberdade do país pola que combatían.[382]

Na descrición dos acontecementos da segunda metade do século XVIII relacionados co repertorio de actuacións dos *patriotas* protestantes debuxa Sullivan un paralelismo co desenvolvemento da revolución das colonias inglesas de América do Norte. Aquela Irlanda abatida, sinala, espertou co eco da palabra *liberdade* que chegaba da América sublevada contra a Coroa.[383] De modo semellante ó exemplo americano, o Parlamento irlandés esixiu a eliminación do aparello lexislativo prexudicial para a economía do país, especialmente as restricións á liberdade de comercio, que limitaban o avance da industria téxtil local para non prexudicar a produción inglesa, e demandou, en xeral, a desaparición dos lazos que implicaban subordinación respecto de Gran Bretaña, como obstáculo que impedía o progreso do país.

A recuperación da independencia lexislativa que se lle arrebatara a Irlanda había tantos séculos converteuse gradualmente na clave do seu programa, na reclamación fundamental do *patriotismo* protestante.[384] A este respecto, o labor parlamentario, resalta o autor, soamente puido ter éxito pola presión exercida pola cidadanía mobilizada nas milicias de voluntarios. Constituídas a requirimento do goberno, en previsión dun posible ataque procedente de Francia ou de América, as milicias convertéronse nun auténtico "exército de cidadáns", composto por 100.000 soldados dispostos a defender a liberdade do país. Reunidos en convención nacional, en 1782, os Voluntarios proclamaron o seu apoio á loita dos parlamentarios pola liberdade da nación, manifestando o seu rexeitamento a que se lle impuxese autoridade ningunha superior. Por unha vez, exclama Sullivan, o sentimento patriótico uniu os irlandeses todos nun "movemento nacional", esquecendo as vellas feridas que os viñan enfrontando historicamente.[385]

---

382 Véxase a valoración que se fai dun destes *patriotas* protestantes: "Lucas was, politically, a thorough nationalist, but, religiously, a bigot. The Irish nation he conceived to be the Irish Protestants. The idea of admitting the Catholics –the mass of the population– within the constitution, found in him a rabid opponent. Yet the Catholics of Ireland, to their etemal honour, have ever condoned his rabid bigotry against themselves, remembering his labours for the principle of nationality". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 495n.

383 "Ireland lay long in that heavy trance. The signal for her awakening came across de western ocean. 'A voice from America', says Flood, 'shouted 'Liberty'; and every hill and valley of this rejoicing island answered 'Liberty!'". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 491. Henry Flood foi un dos líderes do *patriotismo* protestante.

384 "But the Irish leaders were now about to crown their liberating efforts by a work which would henceforth place the destinies of Irish trade beyond the power of English jealousy, and beneath the protecting aegis of a free and independent native legislature". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 499.

385 "Under the healing influence of this sentiment of patriotism, the gaping wounds of a century began to close. The Catholic slave, though still outside the pale of the constitution, forgot his griefs and his

Baixo a presión que supoñía a ameaza das milicias, o goberno intentou a vía da política conciliadora. Pero os parlamentarios, estimulados polas continuas mostras de entusiasmo popular, prosegue a narración, mantiveron as súas esixencias e rexeitaron calquera concesión que non implicase o recoñecemento da independencia lexislativa de Irlanda. O principal dos seus líderes, Henry Grattan, confirmou a reivindicación cunha explícita "Declaración da Independencia irlandesa", nun memorable discurso no que se declaraba o carácter diferenciado do país, cun parlamento propio, non sometido máis que á autoridade do propio rei, e que Sullivan quere destacar no seu texto como símbolo dun momento transcendental na historia da nación.[386]

Enfrontada á enteira vontade da nación, continúa o relato, Inglaterra viuse obrigada a aceptar o ultimato irlandés aquel mesmo ano de 1782. Fora a mobilización popular, afírmase, a responsable do éxito dunha revolución pacífica e respectuosa cos requirimentos constitucionais.[387] Os poucos anos de liberdade dos que gozaría Irlanda, proclama o autor con entusiasmo, trouxeron ó país unha prosperidade sen precedentes, sen prexuízo ningún, ademais, para Inglaterra, coa que se estableceron relacións de boa veciñanza, lonxe da hostilidade coa que se miraran durante tantos séculos as dúas nacións. Non aceptou, sen embargo, Inglaterra a nova situación de bo grao. Denuncia Sullivan que, pola contra, o goberno inglés pronto empezou a conspirar para destruír o Parlamento de Irlanda. A oportunidade para facelo chegaríalle coa desculpa de salvar o país do perigo revolucionario procedente de Francia.

En efecto, ó comezar o decenio de 1790, a influencia da rebelión americana deixou de ser a única inspiración exterior das demandas irlandesas. As noticias da Francia revolucionaria reforzaron as ansias de liberdade do país, complementadas agora coa apelación expresa á unidade nacional fronte á opresión inglesa, a medida que resultaba evidente a traizón gobernamental ós acordos de 1782. As novas propostas de liberdade plena eran xa verdadeiramente

---

wrongs for the moment, and gave all his energies in aid of the national movement". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 497.

386 "DECLARATION OF IRISH INDEPENDENCE: 'That the kingdom of Ireland is a distinct kingdom, with a parliament of her own, the sole legislature thereof; that there is no body of men competent to make laws to bind the nation, but the king, lords and commons of Ireland, nor any parliament which hath any authority or power of any sort whatever in this country, save only the parliament of Ireland; to assure his majesty, that we humbly conceive that in this right the very essence of our liberty exists, a right which we, on the part of all the people of Ireland, do claim as their birthright, and which we cannot yield but with our lives". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 502 [maiúsculas no orixinal].

387 Resúmeo o título do capítulo LXXVII: "How the Irish volunteers achieved the legislative independence; or, how the moral force of a citizen army effected a peaceful, legal, and constitutional revolution". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 496.

nacionais, en canto incorporaban á loita os irlandeses todos, católicos e protestantes. A súa difusión correspondeulle, sobre todo, á Society of the United Irishmen, organización fundada polo avogado protestante Wolfe Tone, en colaboración cunha serie de líderes populares do Ulster, protestantes tamén, onde prenderan con especial forza as ideas igualitarias da Revolución Francesa de 1789. A asociación dos *Irlandeses Unidos,* pronto estendida por toda a illa, comprometeu a católicos e protestantes nunha loita que, segundo o autor, pretendía ser pacífica e seguir métodos legais, a prol dunha reforma parlamentaria que acabase coas discriminacións que padecía a poboación católica e satisfixese as aspiracións políticas irlandesas.[388]

Sen embargo, acusa Sullivan, as autoridades inglesas, sabedoras da ameaza que unha Irlanda unida suporía para os seus intereses, acosaron a nova organización, identificando os seus lexítimos obxectivos co xacobinismo revolucionario e alentando os medos das clases propietarias. A persecución sistemática conseguiu o que, sen dúbida, perseguía o poder británico, é dicir, empuxar os *United Irishmen* ó abandono dos medios constitucionais e forzalos a emprender unha revolución que xustificase a represión do movemento. Deste modo, por causa do perversos planos gobernamentais, prosegue o texto, a organización foise convertendo gradualmente nun grupo secreto de xuramentados revolucionarios.

Con todo, a sociedade dirixida por Tone progresou de modo asombroso na captación da simpatía popular, chegando o número dos seus membros, segundo a obra, a case medio millón de homes, moitos deles armados. Inglaterra decatouse do grande perigo que supoñían cando soubo da chegada a Irlanda dunha frota da Francia revolucionaria, segundo os dirixentes desta acordaran co propio Wolfe Tone. Aínda que daquela se viran frustrados os planos irlandeses por causa dunha tormenta que dispersou os barcos invasores, Inglaterra, coñecedora dos proxectos insurreccionais, manobrou con habilidade para desencadealos no momento que lle fose máis oportuno ó Estado. A súa política provocadora ó respecto consistiu na aplicación dunha represión brutal sobre o pobo, cometendo as tropas e os propietarios protestantes máis radicais toda clase de atropelos. Tales excesos levaron ó país a unha situación dramática, séndolles imposible ós líderes dos *United Irishmen* controlar a furia popular e agardar o momento máis favorable para unha insurrección que xa resultaba inevitable. Os campesiños de Wexford, por exemplo, onde apenas tiña presenza a organización de Tone, alzáronse

388 "They had marked the treacherous conduct of the government, and they saw no hope for averting the ruin designed for Ireland, save in a union of *all* Irishmen, irrespective of creed or class, in an open, legal, and constitutional organization for the accomplishment of *parliamentary reform* and *Catholic emancipation"*. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 508 [cursiva no orixinal].

espontaneamente, cheos de indignación polos abusos que padecían. Os *United Irishmen* non tiveron máis remedio que optar pola revolución.

O goberno recibiu a noticia da insurrección de 1798 con "diabólica satisfacción", segundo Sullivan. Ordenou a detención dos dirixentes da organización e condenou o intento ó fracaso. Mesmo que a revolta contase cunha axuda francesa que, polas circunstancias, resultou ser insuficiente e tardía, a precipitación dos acontecementos non podía facer esperar outro resultado. Tone foi detido e morreu no cárcere. Poida que se suicidase, di o texto, por non soportar o trato indigno que recibía, pero o pobo quedou convencido de que fora asasinado.

Busca o autor, ó concluír o capítulo daquela triste experiencia, atopar a explicación dun estalido popular que tan negativas consecuencias tería para a nación pouco tempo despois. Fora esta, afirma Sullivan, "a primeira *rebelión"* en séculos contra o seu soberano dun pobo leal e respectuoso da autoridade constituída, amante da xustiza e agradecido cos gobernantes xustos. Soamente os agravios a que foi sometido naqueles terribles anos e mais a provocación gobernamental podían explicar a súa decisión de rebelarse. Só pola defensa dos seus fogares e da súa relixión contra a brutal agresión militar era explicable a revolta dos campesiños de Wexford e doutros lugares do país. En canto ós *United Irishmen,* lembra o autor que unicamente abandonaran a vía constitucional cando se viron forzados a facelo, non pola súa elección. Non eran os seus líderes xentes violentas, senón persoas de alta posición social, moralmente íntegros e de gran patriotismo.[389]

Conseguido o seu obxectivo de destruír aquel movemento de liberación dunha Irlanda unida, o goberno inglés impuxo un estarrecedor clima de terror no país, como preparación do que debería ser o derradeiro paso dos seus planos para abolir calquera recordo de independencia lexislativa. O seu propósito era suprimir definitivamente o Parlamento irlandés e converter o país nunha provincia máis do Estado británico. En efecto, a partir de 1801 quedaría establecida a unión lexislativa entre Irlanda e Gran Bretaña. Desaparecido todo rastro de independencia, a nación parecía quedar á mercé dos opresores.

D. Irlanda despois da Unión (cap. LXXXI-LXXXVIII)

Nos últimos capítulos da obra, entre o LXXXI e o LXXXVIII, nárranse os

[389] "With scarcely an exception, they were men of exemplary moral characters, high social position, of unsullied integrity, of brilliant intellect, of pure and lofty patriotism. They were men who honestly desired and endeavoured, while it was permitted to them so to do, by lawful and constitutional means, to save and serve their country, but who, by an infamous conspiracy of the government, were deliberately forced upon resistance as a patriot's duty, and who at the last sealed with their blood their devotion to Ireland". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, pp. 521-2.

acontecementos que levaron do establecemento da Unión ata a insurrección de 1867, ano no que o escritor remata a súa obra. Moi condicionado por episodios que aínda estaban lonxe de parecer clausurados e nos que el mesmo tivera algunha implicación directa, o autor, como xa fixera no seu relato dos anos revolucionarios que pecharan o século anterior, fai máis explícito o seu compromiso coa procura dunha vía de solución pacífica. A súa exposición de feitos que, para el, aínda formaban parte do seu *presente,* tende a resaltar as novas formas de loita que foi adoptando a nación naqueles tempos e a acusar a Inglaterra de promover un desenlace violento do conflito. O relato, con todo, a pesar das novidades que describe, conserva a contraposición habitual en toda a obra entre o proxecto de dominación inglés, que pretendía estar culminando un esforzo de case setecentos anos, e a resistencia que a nación irlandesa seguía ofrecendo á súa consumación.

10. O derradeiro golpe á nación irlandesa

Coa supresión do Parlamento irlandés Gran Bretaña esperaba asestar o "golpe final" que completase os seus designios seculares de conquista, facendo desaparecer calquera sentimento de nacionalidade na sociedade irlandesa. Sullivan presenta a Unión como a derradeira etapa dun programa de aniquilación que comezara Henry VIII, seguira coa política de exterminio da súa filla Elizabeth, continuara coas matanzas de Cromwell e dera como resultado as persecucións dos "tempos penais".[390] A tal efecto, relata o modo en que o goberno inglés manobrara nos dous anos seguintes á rebelión de 1798 para conseguir que o Parlamento de Dublín aceptase asinar a súa propia acta de defunción. Sabedoras do predominio inicial dos partidarios de preservar unha institución lexislativa propia e independente, as autoridades comezaron unha serie de maquinacións destinadas a alterar aquela maioría contraria á Unión. "Unionistas e antiunionistas, traidores e patriotas", indica o autor, foron sometidos a enormes presións, tentados con subornos e con promesas de recompensas persoais e para a nación. Ós bispos católicos ofrecéuselles unha próxima *emancipación* para os seus fieis en canto a Unión se confirmase; ós terratenentes amedrentáronos coa ameaza revolucionaria francesa; á sociedade, en xeral, aseguróuselle un tempo de prosperidade e paz. A maioría, con todo, permaneceu firme. Mesmo os oranxistas, os máis extremistas dos protestantes, foron fieis coa patria naqueles difíciles momentos, salienta Sullivan.

Os manexos do goberno, sen embargo, tiveron éxito. Os *patriotas* parlamentarios resistiron as ameazas, incluso físicas, para aprobar os planos de

[390] A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 534.

anexión, pero os amaños na distribución de escanos e os demais medios infames aplicados conseguiron, por fin, o resultado que perseguían. A "maioría comprada" aprobou así a "Unión lexislativa entre Gran Bretaña e Irlanda". A nación, degradada a provincia, quedaba extinguida, láiase Sullivan.[391]

Nas seguintes décadas confirmáronse os peores presaxios para o país, incumpridas as promesas de prosperidade e igualdade. Todo o que a nación conseguiu despois de 1800 foi o froito exclusivo da capacidade de resistencia irlandesa contra o réxime de opresión. Porque a política daquel Estado onde agora se integraba Irlanda non pretendía máis que completar o vello proxecto de destrución da nacionalidade e de total sometemento do pobo irlandés e dos seus recursos ó interese inglés e protestante. As leis represoras do Parlamento de Londres foron mesmo máis tiránicas que as dos tempos pasados e a legalidade, como sempre, seguiu sendo instrumentalizada para impedir calquera protesta organizada do pobo, atallando os gobernantes as demandas todas de liberdade nacional. Mesmo as reivindicacións pacíficas e constitucionais foron respondidas coa violencia do Estado. Incluso chegaron as autoridades británicas a se aproveitar das terribles consecuencias das grandes fames da década de 1840 para dar remate definitivo á resistencia da nación. Os catastróficos efectos da política de desentendemento do goberno inglés naquela traxedia xigantesca completáronse coa brutal represión desencadeada contra os insurrectos de 1848, manipulando os tribunais de xustiza e deportando os seus líderes.

Nin sequera se apiadaron as autoridades dos pobres campesiños que carecían de recursos para alimentar as súas familias despois da crise xeral da agricultura a mediados do século. Pola contra, os gobernos ingleses apoiaron as esixencias dos propietarios e forzaron a expulsión das súas terras daquelas pobres xentes, condenándoas á miseria. A enteira economía irlandesa, en realidade, foi posta ó servizo de Inglaterra, forzando a conversión dos campos de cultivo de gran en pastos para o gando que fornecesen a carne que precisaba o mercado inglés. O resultado de tales políticas foi a ruína completa para boa parte da poboación agrícola do país. A única saída, despois de tantos males, foi a emigración masiva. Inglaterra, por fin, parecía poder cantar vitoria.

11. As novas formas da resistencia nacional

Comeza Sullivan os derradeiros capítulos do seu libro, os dedicados a retratar os acontecementos do século XIX, desde que o país quedara integrado na Unión, cunha afirmación rotunda da "indestrutible vitalidade de Irlanda", da súa capacidade

391 "An independent country was thus degraded into a province: Ireland as a nation was extinguished". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 532.

para sobrevivir ós extraordinarios padecementos que tivo que soportar na súa longa historia por causa de Inglaterra e os seus planos de opresión.[392] Sen dúbida ningunha, con tal proclamación quere insuflar un pouco de optimismo a uns lectores que, no estado de abatemento xeral do país nos momentos da publicación de *The Story of Ireland,* poida que precisasen dun alento de esperanza. Aquela situación non era máis, segundo se expón na obra, que a consecuencia final dunha historia de sufrimento que viña culminar na propia Unión. E os últimos episodios eran certamente tristes. Talvez por iso considerou preciso lembrar, xusto desde o inicio deste bloque de páxinas postremo, que a nación seguía viva e loitando polos seus dereitos.

O seu argumento central, por demais, insiste na necesidade da adopción de novas formas de resistencia nacional axeitadas á realidade que vivía o país a partir da Unión. Sobre todo, despois de comprobar os nefastos resultados da insurrección de 1798, que facilitara a Inglaterra a desculpa que agardaba para privar a Irlanda das súas institucións lexislativas particulares. A súa proposta inclínase claramente do lado de presentar a batalla política no escenario constitucional e servíndose de medios pacíficos. En primeiro lugar, pola irresponsabilidade que supoñía enfrontarse directamente contra un rival de moi superior poderío nese terreo. E en segundo termo, porque o da violencia era, precisamente, o ámbito no que os opresores pretendían que se dirimise o conflito entre as dúas nacións. En todo caso, en tales circunstancias, Sullivan consideraba unha temeridade lanzar o país a unha revolución da que non cabía esperar que puidese triunfar. Esta é a posición que reafirma na súa enteira narración do acontecido no século no que el mesmo vivía.

En efecto, desde o principio do seu relato daqueles anos, somete a feroces críticas os intentos de revolta violenta contra os gobernos ingleses. Comeza, neste senso, descualificando a conspiración dirixida por Robert Emmet en 1803, último eco da revolución de 1798. Recoñece, certamente, o carácter heroico do personaxe, o seu espírito de sacrificio e a nobreza das súas intencións. E mesmo comprende a adoración que por este mozo, admirable na súa disposición a entregar a vida pola patria, se gardaba na memoria popular, na que ocupaba un lugar inigualado

[392] "The peasants of Podolia, when no Russian myrmidon is nigh, chant aloud the national hymn of their captivity – *'Poland is not dead yet'.* Whoever reads the story of this *western* Poland –this 'Poland of the seas'– will be powerfully struck with the one all-prominent fact of *Ireland's indestrutible vitality.* Under circumstances where any other people would have succumbed for ever, where any other nation would have resigned itself to subjugation and accepted death, the Irish nation scorns to yield, and refuses to die". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 534 [cursiva no orixinal].

aínda.[393] Non pode deixar de lamentar, sen embargo, os terribles efectos dunha acción insensata como aquela, utilizada, a maiores, polas autoridades para prorrogar as medidas represivas establecidas nos críticos momentos finais do século anterior e, en definitiva, para consolidar a Unión.[394]

Pasa a continuación o autor a expoñer a "completa revolución" que experimentou a loita contra Inglaterra nos seguintes anos, cando apareceron "novas forzas" e "novas tácticas" que crearon un escenario político completamente diferente. Dúas eran as manifestacións esenciais que caracterizaban a época a respecto da resistencia ó poder inglés, segundo a narración: a incorporación dos católicos irlandeses á vida política e a utilización prioritaria dos métodos constitucionais.

A este propósito, descríbese na obra o modo en que, a partir das primeiras décadas do século XIX, a poboación católica fora capaz de organizarse de maneira masiva e moi eficaz, en orde a tomar directamente a defensa dos seus propios intereses, rompendo así o tradicional monopolio da actividade política pola minoría protestante.[395] En tan decisiva transformación, resalta o autor, desempeñou un labor imprescindible Daniel O'Connell, chamado por uns "Liberator", por outros "Father of his Country". Mesmo, recórdase, houbo quen o tomou por unha especie de "Uncrowned Monarch of Ireland", tal foi a transcendencia da obra de mobilización nacional de quen foi a figura clave do escenario político desde a segunda década da centuria ata o seu falecemento, en 1847. El foi quen dirixiu o pobo católico na loita a prol da súa emancipación, pola eliminación das disposicións legais discriminatorias que viña padecendo a maioría da poboación do país por causa da súa adscrición relixiosa. E fíxoo creando unha organización de extraordinario apoio popular, capaz de facer fronte a aquelas poderosas forzas –os gobernos ingleses, claro está, pero tamén a nobreza do país e os propios bispos católicos, temerosos da reacción das autoridades– que se opoñían a unhas formas da loita descoñecidas no país.

O'Connell, por demais, a pesar da persecución á que foi sometido e das continuas provocacións gobernamentais que pretendían empuxalo a adoptar

---

393 "In the place assigned in Irish memory to the youthful and ill-fated leader of this enterprise, is powerfully illustrated the all-absorbing, all-indulging love of a people for those who purely give up life on the altar of the Country". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 534.

394 "Emmet's insurrection riveted the Union chain of Ireland. It was for a time the death-blow of public life in the country". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 542.

395 "But now the Catholic millions themselves appeared on the scene, to plead and agitate their own cause, and alongside the huge reality of their power, the exclusively Protestant political fabric sunk into insignificance, and as such disappeared for ever". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 543.

medidas de forza, soubo manter sempre a súa organización actuando dentro das vías constitucionais. Coas súas tácticas pacíficas e a súa capacidade para concitar un gran entusiasmo popular, conta Sullivan, converteu a illa nun "volcán", de maneira que o goberno se viu obrigado a conceder a *emancipación* dos católicos en 1829. As posibilidades da acción organizada e a forza dun pobo unido pacificamente tras dun obxectivo quedaban, así, claramente demostradas.[396] Esa era a gran lección tamén para Inglaterra, que se propuxo entón acabar con aquel movemento tan perigoso e reconducir as protestas irlandesas cara ás tradicionais revoltas e insurreccións, moito máis doadas de reprimir.

O triunfo daquela loita foi indiscutible. Pero O'Connell, afirma o autor, consideraba de maior transcendencia aínda o novo obxectivo que propuxo ó pobo irlandés, a desaparición do sometemento completo que para Irlanda supoñía a infame Acta de Unión de 1800 e a recuperación da independencia nacional. Inglaterra combateu con toda clase de trabas legais e políticas os intentos de establecemento dunha organización que canalizase as enerxías do país naquela dirección tan perigosa para os seus intereses. O'Connell mesmo intentou, nun principio, conseguir melloras para o país *dentro* do propio sistema, establecendo alianzas cos políticos reformistas e liberais británicos. Pero non houbo ningunha resposta favorable en termos de resultados concretos e mesmo se acentuaron as medidas coercitivas contra o líder e os seus partidarios. Daquela, segue o relato, convenceuse definitivamente da necesidade de que Irlanda dispuxese dun goberno autónomo.[397]

Fundou entón O'Connell a Loyal National Repeal Association (1840), organización que pretendía encadrar a poboación irlandesa e mobilizala de novo para abolir a Acta de Unión. Pese ás dúbidas que o proxecto suscitou entre algúns dos seus antigos compañeiros, seducidos pola política inglesa con subornos e ofrecementos de cargos públicos, a asociación medrou dun modo espectacular, chegando a contar con tres millóns de militantes de cota e moitos máis simpatizantes.[398] A súa capacidade de mobilización foi tan espectacular, que o

---

396 "He went on, rousing the whole people into one mass of fierce earnestness and enthusiasm, until the island glowed and heaved like a volcano. […] Peel and Wellington –those same ministers whose especial 'platform' was resistance a *l'outrance* to Catholic emancipation– came down to the House of Commons, and told the assembled parliament that Catholic emancipation *must* be granted. The 'Man of People' had conquered!". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 548 [cursiva no orixinal].

397 "He had given the Union system a fair trial under its most favourable circumstances, and the experiment only taught him that in Home Rule alone could Ireland hope for just or protective government". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 551.

398 Sullivan sinala a corrupción que envolveu a algúns dos dirixentes do seu grupo, pero deixa sempre a salvo a honorabilidade persoal de O'Connell.

goberno, asustado, decidiu destruír o líder irlandés. Este, certamente, facilitoulle a tarefa, subliña Sullivan, ó cometer o "gran erro" de prometer á xente que, de seguir as súas indicacións e a loita pacífica, en menos de seis meses sería abolida a Unión. Aquela "fatal promesa", continúa, deulle ó goberno a arma para estragar o prestixio do líder nacionalista entre a súa xente. Endureceuse a política represiva, encarcerouse a O'Connell baixo a acusación de conspiración –a quen era exemplo de lealdade e de respecto polas leis, salienta o autor– e, en suma, respondeuse coa forza a unha proposta que era completamente pacífica. En consecuencia, desprestixiado quen tanto se esforzara en sinalar as súas virtudes, a vía constitucional, a perspectiva dun acordo amigable con Inglaterra, quedou pechada, e moitos comezaron a considerar a comenencia de empregar outros métodos.[399]

Dentro do propio movemento pola abrogación da Unión, entre os membros máis novos, xurdiu unha corrente crítica respecto do liderado de O'Connell e inclinada cara á adopción dunha liña máis radical. Aqueles mozos, pronto coñecidos como o grupo da Young Ireland, eran partidarios de romper calquera lazo cos gobernos e cos partidos ingleses, considerándoos unha fonte de corrupción que contaminaba xa a moitos dos vellos dirixentes da organización. Nunha decisión que Sullivan considera errónea, O'Connell forzou a expulsión dos *Young Irelanders,* pretendendo obrigalos a asinar un documento de condena sen matices do uso da violencia, referida tanto ó presente coma ó pasado, en termos tan absolutos, que lles resultaron inaceptables e que mesmo contradicían a posición tradicional do propio O'Connell a este respecto. Deste xeito forzada, a ruptura do movemento nacionalista consumouse en 1846, quedando dividida a "Irlanda irlandesa" en dous "partidos encarnizadamente hostís".[400] A morte de O'Connell, a política do goberno e o estado de abatemento en que quedou o país por causa da *Fame* de 1847 –"Black Forty-seven!"– acabaron definitivamente con aquel movemento que soubera agrupar a poboación católica e organizala en orde á consecución de obxectivos políticos beneficiosos para o país de maneira completamente legal e pacífica. Os gobernantes ingleses, afirma o autor, conseguiran pechar as saídas negociadas e forzar os irlandeses a volver á vía insurreccional.

---

399 "In that hour a silent revolution was wrought in the popular mind of Ireland. Up to that moment a peaceable, an amicable, a friendly settlement of the question between the two countries, was easy enough. But now!". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 553.

400 "This monstruous absurdity showed that the once glorious intellect of O'Connell was gone. […] On the 27th of July, 1846, the Young Ireland leaders, refusing a test which was a treason against truth, justice, and liberty, quitted Conciliation Hall, and Irish Ireland was rent into bitterly hostile parties ". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 555.

Naquela situación de desesperanza non pode sorprender, explícase no texto, que abrollasen reaccións pouco reflexivas no pobo. Moitos foron os que sentiron un impulso irresistible que os empuxaba a combater de inmediato aqueles gobernos inicuos que toleraban sen compaixón ningunha a visión dun pobo que se afundía na miseria. Aínda que a maioría dos líderes da Young Ireland, segundo a versión da obra, rexeitaron as propostas revolucionarias que xurdiran no grupo, sinaladamente por parte de John Mitchel, en 1848 resultoulles imposible frear as ansias de vinganza e xustiza dun pobo esmagado polas terribles circunstancias que padecía. O goberno non desaproveitou a ocasión. Os dirixentes do movemento foron encarcerados e, moitos deles, deportados lonxe do país.

Certamente, salienta Sullivan, aquel escenario de miseria xeneralizada, con miles de persoas vagando polos campos ou camiño da emigración, ante a insensible mirada dun goberno que só respondía con medidas coercitivas ás demandas populares, era abondo propicio para que prendesen na xente as propostas políticas máis extremas. Así, desbotada calquera esperanza de solución pacífica, atoparon oídos ben dispostos as chamadas a unha revolta xeral contra Inglaterra e medraron os partidarios da política conspirativa, da organización dun movemento insurreccional que dese saída ós sentimentos de odio da poboación católica. Era o momento, dise no texto, da "politics of despair", promovida pola organización denominada Fenian Brotherhood, unha sociedade secreta de xuramentados que pretendía derribar o poder inglés pola forza das armas.

Era unha idea absurda, denuncia Sullivan, aquela de combater a Inglaterra no terreo militar, pero a desesperación fixo que a quimérica empresa atopase partidarios numerosos, sobre todo entre a colonia emigrante irlandesa de Estados Unidos. Segundo o xuízo do autor, a idea de desencadear un alzamento revolucionario naquela Irlanda abatida non soamente era unha proposición irresponsable, senón "completamente criminal", considerando as nulas posibilidades de éxito que tiña. Sullivan reserva os seus adxectivos máis duros para cualificar os fenianos, en particular o seu líder, James Stephens, por enganar os irlandeses con promesas de imposible cumprimento e condenalos a sufrir de novo os efectos da represión inglesa. A súa reprobación da insurrección feniana de 1867 é absoluta, tachándoa de "intento insensato", "extravagante" e "absurdo".[401]

[401] "Of all the insensate attempts at revolution recorded in history, this one assuredly was preëminent. The most extravagant of the ancient Fenian tales supplies nothing more absurd. The inmates of a lunatic asylum could scarcely have produced a more impossible scheme". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 578.

Como fixera no momento de avaliar a revolta de Robert Emmet de 1803, cando se atopa directamente fronte á revolución de 1867 Sullivan defende con claridade o camiño pacífico como o máis adecuado para a Irlanda dos seus días. Sorprende, polo tanto, o tratamento positivo que lle dá á decisión dos fenianos de América de levar a cabo un ataque organizado contra as tropas inglesas de Canadá en 1866, contando cos ex-combatentes irlandeses da guerra civil norteamericana e fiados no apoio popular e na simpatía do goberno dos Estados Unidos cara á causa de Irlanda. O proxecto comezou co asalto a un posto militar fronteirizo, pero quedou finalmente paralizado pola oposición de Washington a que se organizasen operacións daquela clase desde o seu territorio. O mesmo Sullivan que tanto critica as aventuras militares en Irlanda enche páxinas en loas emocionadas a aquela *invasión* de Canadá e relata con entusiasmo o enfrontamento "en campo aberto" contra os exércitos británicos, nunha acción que lle lembraba a gran vitoria da Brigada Irlandesa en Fontenoy, máis dun cento de anos atrás.[402]

Deixando aquelas fantasías patrióticas, o derradeiro capítulo da obra volve á dura realidade irlandesa de 1867, á dunha represión inglesa que, como nos anteriores exemplos citados de 1798, 1803 e 1848, lembra Sullivan, acadou cotas arrepiantes, con persecucións indiscriminadas sobre a poboación católica e dando ós rebeldes, aqueles patriotas que, de boa fe, acudiran enganados á chamada feniana, o tratamento de puros delincuentes. No que, sen dúbida ningunha, expresa os sentimentos do propio autor ante aqueles últimos sucesos, o relato sinala que, con independencia da valoración que lle merecese o intento revolucionario, o pobo irlandés identificouse plenamente cos rebeldes e coa súa causa, culpou a Inglaterra de empuxalos a accións tan extremas e considerounos mártires pola patria e a relixión católica cando foron condenados polos tribunais ingleses. Deste modo, por riba da insensatez do proxecto revolucionario e das súas nefastas consecuencias, conclúe *The Story of Ireland,* 1867 tivo a virtude de unir de novo os irlandeses todos contra o réxime opresor, permitiu identificar claramente os inimigos do país e volveu poñer de manifesto a realidade da nación.[403] Naquela hora de aflicción, Sullivan quería rematar a súa obra cunha mensaxe de esperanza.

---

402 "Judged by the forces engaged, Ridgeway was an inconsiderable engagement. Yet the effect produced by the news in Canada, in the States, in England, and of course, most of all in Ireland, could scarcely have been surpassed by the announcement of a second Fontenoy. Irish troops had met the levies of England in pitched battle and defeated them. English colours, trophies of victory, were in the hands of an Irish general. The green flag had come triumphant through the storm of battle. At home and abroad the Irish saw only these facts, and these appeared to be all-sufficient for national pride". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 576.

403 "In the fires of such affliction the whole nation became fused. All minor political distinctions seemed to crumble or fade away, all past contentions seemed forgotten, and only two great parties seemed to exist in the island, those who loved the *regime* of the blood-clotted lash, the penal chain, and the gibbet, and



Figura 2. Desequilibrio da distribución do espazo textual en A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*

3.3. Análise dos contidos

1. Presentismo, reducionismo político e distribución desequilibrada dos contidos

Considerando a disposición cronolóxica dos contidos de *The Story of Ireland,* abonda unha simple ollada ó espazo textual asignado a cada un dos momentos que cabe diferenciar ó longo dese eixe temporal que ordena a exposición para comprobar a preponderancia que se lle quere outorgar ós últimos setecentos anos da historia irlandesa. En canto a obra ten a pretensión de ser unha descrición do *enteiro* pasado da nación, a intencionalidade do autor ó concentrar o interese nas etapas da historia que transcorren con posterioridade á invasión inglesa do século XII resulta ben significativa dos propósitos cos que a concibe. Primeiro de nada, faise patente a decisión mesma de sinalar como a cesura fundamental da historia o momento no que se inicia a intromisión estranxeira e asentan as raíces da dominación do país que aínda padecían os irlandeses para ilustración dos cales se publicaba o libro. E en segundo termo, porque os seus obxectivos quedan plenamente confirmados pola manifesta desproporción entre as páxinas que se dedican ós respectivos tractos temporais.

Unha análise sumaria da distribución dos contidos que constitúen a narración da historia de Irlanda amosa con claridade o notable desequilibrio entre as distintas partes que compoñen o texto. O apartado que denominamos de "Formación e desenvolvemento da nación en liberdade" *(A)* merece menos dun 20% de espazo,

those who hated it. Out of the ashes of 'Fenianism', out of the shattered *debris* of that insane and hopeless enterprise, arose a gigantic power; and eighteen hundred and sixty-seven beheld Irish nationality more of a visible and potential reality than it had been for centuries". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland*, p. 581.

contra máis dun 80% no que se detalla o acontecido a partir de 1169. Pero aínda parecen máis significativas as cifras se se efectúan outros agrupamentos dentro das páxinas específicas da segunda das grandes épocas mencionadas, que, como xa se adiantou, cómpre dividir en tres bloques: "Invasión e establecemento da colonia inglesa", que abrangue desde a chegada estranxeira ata o século XVI *(B);* "Conquista, resistencia e opresión" *(C),* que recolle o período que vai da Reforma protestante a 1800, cando Irlanda queda incorporada ó Reino Unido; e "Irlanda despois da Unión" *(D),* no que se describen os últimos decenios da historia. Considerando como un conxunto os bloques *C* e *D,* que van desde a Reforma do XVI a 1867, compróbase que estes tres séculos e medio concentran case o 70% da exposición. Pero aínda é máis significativo comprobar que tan só os capítulos do apartado *C* nos que se relatan os sucesos dos séculos XVI e XVII, entre a ruptura con Roma de Henry VIII e a marcha ó exilio das tropas de Sarsfield, despois do Tratado de Limerick, en 1691, constitúen, con case trescentas páxinas, máis do 50% da totalidade da obra. Lémbrese que o motivo central do relato daqueles anos é a resistencia organizada militarmente por parte da nación irlandesa contra unha opresión que, tantos anos despois, se manifestaba aínda cunha intensidade verdadeiramente dramática. Non cabe dúbida ningunha de que a atención do autor, polo tanto, quere concentrarse naqueles momentos da historia que considera ser os máis transcendentais para o futuro da nación, un *futuro* concretado na terrible situación do *presente* que el mesmo e os lectores para os que escribía estaban a vivir.

En realidade, Sullivan distribúe os contidos en función das motivacións ideolóxicas e pedagóxicas que motivan e sosteñen o seu esforzo por ofrecer un compendio da historia do país á mocidade irlandesa, segundo xa se comentou máis atrás. En consecuencia, o pasado vén ordenado en *The Story of Ireland* segundo unha perspectiva histórica figurada á luz dun presente informado polos requirimentos da doutrina nacionalista, que determina unha representación da historia nacional axeitada á finalidade política que constitúe a xustificación última da súa mesma existencia.

Unha obra composta a partir de semellantes concepcións, afirmadas, por demais, de maneira expresa polo propio autor, transmite, inevitablemente, a súa caracterización ideolóxico-política do presente á exposición do pasado. En efecto, *The Story of Ireland* ofrece mostras abondas dun *presentismo* que se manifesta de maneira palmar nunha configuración do relato que procura, en toda ocasión, representar a historia dun xeito que resulte politicamente pertinente para a propia vida dos lectores. *Utilidade* que é perceptible, no nivel máis xeral, na ambición totalizadora da súa descrición do pasado e, de maneira máis concreta, na propia selección dos contidos, dos que xa se indicou que vén determinada,

fundamentalmente, pola condición *exemplarizante* que se lles atribúe –quer dicir, a súa pretendida natureza *vitalmente* significativa para o lector. Todo o cal se traduce nunha transposición ó pasado da simplificación ideolóxica que caracteriza a visión nacionalista da realidade presente, reducida ó enfrontamento entre dúas nacións irremisiblemente contrapostas por causa da opresión que unha lle impón á outra.

Como consecuencia do *presentismo* que inspira a obra, *The Story of Ireland* reduce o pasado a unha pura confrontación política, que vén reproducir, de feito, a que están vivindo os irlandeses do momento, segundo a análise nacionalista. A liberdade da nación, polo tanto, igual que no presente, constitúese no único eixe que conforma a historia. Segundo tal esquema interpretativo, na primeira parte da obra, a anterior ó momento da perda da independencia, relátase o desenvolvemento autónomo da nacionalidade irlandesa, exposto como a consolidación progresiva dunha civilización que resultaba equiparable ás más grandes da Antigüidade clásica, froito dun proceso de maduración só interrompido pola intromisión allea. Na segunda, a partir da decisiva data da quebra daquela evolución autónoma, a historia queda reducida á loita da nación fronte ós proxectos de sometemento que padece. Nesta etapa, a *resistencia* nacional, acompañada da ineludible caracterización do sistema de opresión que a xustifica, convértese no núcleo da narración. Val dicir, trátase, segundo a interpretación nacionalista, da exacta reprodución do panorama que describe a situación de Irlanda no presente.

A consecuencia que deriva de maneira inmediata duns postulados iniciais deste teor reflíctese no texto a que dan lugar nunha atención prioritaria ós asuntos relacionados con tales preocupacións políticas. Deste modo, a obra de Sullivan concéntrase, na súa parte inicial, nos contidos que cabe relacionar coa constitución dunha entidade política propia, como expresión inevitable da condición nacional irlandesa, atendendo á súa configuración institucional e ás diversas manifestacións da súa singularidade, sinaladamente, a capacidade de afirmar a súa independencia e as diversas expresións da orixinalidade da súa civilización. Na segunda, despois da fatal intrusión do século XII, todo queda absorbido pola necesidade de rexistrar a progresiva imposición do sistema de dominio inglés e de narrar a conseguinte resposta da nación ante a inxustiza que supón a privación da súa liberdade. En consecuencia, nas páxinas onde se describe tal conflito, val dicir, en máis das tres cuartas partes do texto, resulta patente a ausencia case total de calquera asunto que non encaixe nese eixe político que articula a obra, absolutamente centrada agora nos aspectos *militares* da confrontación entre Irlanda e Inglaterra. Os asuntos de índole cultural desaparecen por completo da narración, mentres outras

dimensións da realidade, como a relixiosa ou a económica, son tratadas sempre e exclusivamente na perspectiva política que as determina.

O reducionismo político que impera na obra vén ser, pois, o primeiro dos efectos do *presentismo* ideolóxico desde o cal o autor decide aproximarse ó pasado e da súa derivación esencial, a representación da historia dos últimos sete séculos como o relato da perda da liberdade nacional. A segunda consecuencia de semellante caracterización histórica resulta na pretensión de converter o presente nunha derivación directa do pasado, situando en tempos anteriores a fonte orixinaria dos problemas todos que aflixen o país na actualidade. Dado que, como se acaba de ver, é a convicción ideolóxica do autor a que determina a formulación da historia que se ofrece en *The Story of Ireland,* a inversión do fluxo que leva do presente ó pasado e a localización neste da raíz dos males actuais que se efectúa na obra require o ocultamento do mecanismo de produción historiográfica citado. É parte do mérito de Sullivan a súa capacidade para manter a verosimilitude da liña argumental que vai desenvolvendo no seu texto para conducir o relato ata o *lóxico* desenlace da situación de abatemento da nación que poden observar os propios lectores. Pero tamén é certo que esa coherencia da conclusión cos antecedentes recollidos na representación histórica previa vénlle claramente facilitada pola propia forma en que esta se elabora. De feito, na obra de Sullivan, pasado e presente forman un conxunto apenas diferenciado máis que pola diversidade contextual das manifestacións ó longo do tempo do que, en realidade, constitúe a substancia dunha historia que, no esencial, permanece inalterable desde case setecentos anos atrás: a intromisión estranxeira e a vontade irreductible da nación irlandesa por recuperar a súa liberdade. 1169, 1541, 1607, 1641, 1690, 1867 ou calquera outra data que se queira propoñer entre a primeira e a última non son máis que momentos nos que, por causas diversas, aflora con especial estridencia o *mesmo* conflito, o que opón a nación opresora e a nación oprimida, sempre activo e sempre determinante da historia de Irlanda desde a invasión do seu territorio por Inglaterra.

Por demais, en toda ocasión, o enteiro pasado referido en *The Story of Ireland* remítese ó presente desde o cal se compón. O propio autor se preocupa, en numerosas ocasións, por establecer de maneira explícita no texto nexos de causalidade que confirmen o carácter explicativo que lle atribúe á historia. Faino, por exemplo, lembrando as raíces dos males do país, ligando a ruína actual da economía irlandesa ó espolio das terras da illa pola colonia estranxeira e á política económica dos gobernos, favorecedora dos intereses ingleses en prexuízo dos produtores irlandeses, ou recordando os enganos da potencia opresora na súa relación con Irlanda, pero tamén cando confirma a identidade das ensinanzas de

san Patricio e as doutrinas actuais da Igrexa católica ou cando propón os heroes do pasado como exemplos pertinentes para os irlandeses de hoxe.

As referencias explícitas ó presente forman parte, en realidade, do propósito moito máis amplo de salientar en toda a exposición a persistencia a través do tempo dunha serie de constantes que constitúen o fundamento mesmo da historia do país. Son cuestións que se repiten continuamente na narración de Sullivan: a identidade relixiosa da nación, a devoción pola patria e pola fe que manifestan case a totalidade dos personaxes que se propoñen como exemplo de conducta, o exilio e a emigración como castigo supremo para o irlandés, as querelas internas que tanto minguaron a forza da nación, a oposición dos protestantes a calquera intento de solución acordada coa Coroa, o despoxo das riquezas do país, a resistencia inextinguible da nación contra a dominación estranxeira, a perfidia de Inglaterra... Tales elementos de continuidade desempeñan unha dobre tarefa que deita da propia reiteración coa que se manifestan no texto. Por un lado, constitúen a proba mesma da existencia da nación no longo decorrer da historia. E por outro, repetidos sen cesar en todos os momentos en que o relato lle brinda ó autor a oportunidade de facelo, resultan ser os puntos clave da mensaxe que se quere transmitir ós lectores: o amor á patria, a fidelidade das clases populares á nación, a necesidade de resistir a opresión, a significación identitaria da relixión católica, as negativas consecuencias da perda da unidade nacional, a nula fiabilidade dos gobernantes ingleses e as orixes históricas da miseria do país.

Por último, cómpre mencionar o carácter pesimista que, a pesar da vontade do autor, se desprende da decisión de concentrar o relato nos catro últimos séculos da historia de Irlanda. O desequilibrio textual a favor dos tempos posteriores a Henry VIII, constituídos como un *todo* que se prolonga nos seus efectos máis estarrecedores ata o presente mesmo, insistindo continuamente no espolio de que foi obxecto o pobo irlandés nese período, privado da súa liberdade e das riquezas do seu país, sometido a un poder ilexítimo e arbitrario, impregna o enteiro libro –e o pasado da nación, en xeral– cun ton de pesimismo que con gran dificultade pode ser compensado pola exposición da exemplaridade da loita resistencial do pobo irlandés ó longo desa historia de sufrimento. Ó cabo, o resultado de tanto esforzo non pode ser máis triste que o presente que o propio escritor describe nas súas páxinas finais.

O relato pretende ser, certamente unha exposición das causas do declive que levara a unha nación que noutrora fora poderosa, próspera e culta ata a deplorable situación de miseria e dependencia actuais. A obra, desde logo, propón unha serie de factores para explicar unha evolución tan negativa ó longo dun milenio completo, a partir das primeiras manifestacións de retroceso no século IX, cando sinala o

final da *Idade de ouro* altomedieval. Trátase dunha variada mestura de causas na que se combinan os efectos dunha falta de cohesión nacional en certos momentos, que leva ó autor a denunciar con frecuencia as liortas internas, as traizóns e os egoísmos dunha parte da minoría dirixente da nación; a superioridade de recursos económicos e militares do inimigo, a súa perversidade e a disposición a recorrer a toda clase de malas artes; a incompetencia do mando das tropas que combaten por Irlanda, sexan os reis ós que amosan lealdade, sexan os comandantes das forzas españolas ou francesas; e mesmo o azar, tantas veces esquivo con Irlanda, como a fame que devastara o país e impedira o triunfo da rebelión encabezada polos irmáns Bruce, a serie de accidentes que causaran a decisiva derrota irlandesa en Aughrim, en 1691, a tormenta que dispersara a frota francesa que viña en axuda da revolución dos *United Irishmen,* a finais do século XVIII, ou mesmo a nevarada de extraordinarias dimensións que prexudicara a loita dos rebeldes en 1867. En todo caso, por moitas que fosen as explicacións, por moi relevante que fora o heroísmo e o sacrificio de tantos homes no pasado, o resultado final que deita dun relato tan centrado na especificación da opresión era, indubidablemente, dramático para unha nación que seguía sufrindo despois de sete séculos.

2. A configuración da nacionalidade

En lóxica conformidade co enunciado do seu título, a nación protagonista do relato está presente nas páxinas todas de *The Story of Ireland*. Desde os momentos fundacionais, nos que aparece na historia o encontro do pobo co seu territorio específico, ata os días en que escribe o propio autor, nos que pasa por circunstancias de manifesta gravidade, Irlanda atravesa os tempos históricos amosando a súa natureza de nación claramente diferenciada e "indestrutible" no seu ser, como viña demostrar a súa supervivencia ás terribles probas que nos últimos séculos tivo que soportar. Nesa condición nacional é percibida sempre, tanto desde o exterior coma polos seus propios membros, conscientes de formar parte dunha entidade singular.

No seu afán de probar a existencia da nación desde a máis remota historia, non se conforma Sullivan con amosar o recoñecemento de Irlanda como entidade diferenciada por parte das restantes nacións europeas nos tempos medievais e modernos, senón que remonta a confirmación da súa especificidade ós autores da Antigüidade clásica, que sempre se amosan ponderando o nivel da súa civilización, e mesmo lle outorga unha lexitimación bíblica, introducindo referencias desa procedencia no relato das orixes do pobo milesio e establecendo paralelismos co "pobo escolleito" e a súa marcha cara á terra que lle era propia. Desde os primeiros momentos da súa exposición, utiliza o autor con profusión o cualificativo de *nacional* para definir as institucións irlandesas, de maneira que xa os propios

milesios crean unha monarquía e un parlamento que merecen esa denominación, existe unha "milicia nacional" nos tempos de Cristo e mesmo son desa calidade os instrumentos e a música dos bardos. O adxectivo mantense, claro está, no resto da obra, servindo para cualificar os sínodos eclesiásticos, a autoridade central que encarna o rei Brian en Clontarf, as forzas que reúne o monarca supremo irlandés en tempos da invasión normanda, os partidarios de manter sempre viva a loita contra os ingleses, as tropas que se lles opoñen a estes, os gobernos irlandeses que desafían o poder de Inglaterra e, desde logo, a *causa* pola que os irlandeses combaten. Mesmo se retratan na obra algúns dos trazos que corresponden a un "carácter nacional irlandés", que se liga á unhas "virtude e moralidade innatas", á "apaixonada afección" pola música, á "reverencia pola relixión" ou ó respecto polas autoridades lexítimas.[404] A propia recorrencia das críticas que o autor lanza contra o que denuncia como frecuentes quebras da unidade nacional, que retrotrae ata a época milesia primeira, mesmo como se fosen parte da maneira de ser peculiar do pobo irlandés, vén corroborar a existencia daquela nación á cal se lle falta á lealdade debida. Por demais, Sullivan sempre atribúe tales comportamentos indignos ás clases dirixentes, mantendo a salvo, en toda circunstancia, a constante fidelidade do pobo á loita pola independencia da nación.

Non hai dúbida ningunha en *The Story of Ireland*, polo tanto, sobre a existencia da nación que é suxeito do relato desde o principio mesmo dos tempos históricos que a obra quere abranguer. Os seus trazos característicos manifestanse con patente claridade na época na que puidera desenvolver as súas potencialidades consubstanciais en liberdade, esto é, ata o século XII. Naquelas circunstancias, a nación irlandesa manifestou de maneira evidente a súa natureza diferenciada, definida en función de dous factores identitarios, as súas orixes como raza ou pobo perfectamente recoñecible na Antigüidade e mais as manifestacións externas da súa peculiaridade. O primeiro factor, que se activa co encontro do pobo milesio coa illa que lle está predestinada, constitúe a base sobre a que se erguería a nación con todas as súas características distintivas, que forman a proba que se ofrece no relato acerca da condición nacional irlandesa. O segundo factor, polo tanto, aparece representado na obra como a mostra da singularidade dunha civilización orixinal, reflexo externo da especificidade primordial que a determina. A este respecto, detalla a obra de Sullivan a creación polos milesios dun sistema político e legal particular, ben diferente dos propios das demais civilizacións clásicas, describe unhas formas económicas peculiares, en especial no relativo á propiedade da terra, e salienta, por riba de todo, a constitución

[404] A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 47, 107, 55, 159, 520-1.

dunha cultura nacional irlandesa, non soamente destacada polo seu elevado nivel de desenvolvemento, senón tamén pola súa orixinalidade. Neste último ámbito cultural inclúese tamén a relixiosidade, aludindo primeiro ás crenzas de carácter pagán e despois, incorporada á nación sen grandes sobresaltos, por causa dunha predisposición innata, á fe cristiá, chegada á illa no século V e inmediatamente convertida en signo de identidade propio. A nación aparece plenamente conformada nos seus trazos identitarios, pois, xustamente coa recepción do cristianismo.

Por tanto, a exposición do pasado de Irlanda que elabora Sullivan amosa unha conformación progresiva dalgúns dos seus trazos característicos, que veñen ser consecuencia de certas vicisitudes históricas. Neste senso, a nación que debuxa non se constitúe dunha vez e para sempre, senón que, sobre unha base orixinaria racial, a da raza ou pobo milesio, foise conformando nun proceso temporal que a levou a tomar aqueles trazos que a identifican a ollos dos contemporáneos do autor. A historia, aínda que, certamente, sen afectar a súa natureza, que sempre permanece a salvo de calquera continxencia, deixou a súa pegada no moldeamento da nacionalidade irlandesa, segundo se desprende da narración dos tempos pasados representada por Sullivan. En todo caso, nos séculos dourados medievais que seguiron á implantación da nova fe cristiá que lle vén dar forma definitiva, aparece caracterizada de maneira precisa por unha *cultura* orixinal, desenvolvida nun *territorio* específico por un *pobo* de raíces ben diferenciadas e que acada o seu apoxeo ó ser impregnada pola nova fe.[405]

A partir do século XVI, sen embargo, desaparecen case por completo do relato as referencias culturais, tan sinaladas na descrición da nacionalidade na era pagá e mesmo, en inextricable mestura coa fe cristiá, nos tempos de esplendor que transcorreron entre os séculos VI e VIII. Despois da Reforma e das guerras de conquista que os sucesivos gobernantes ingleses levaron a cabo para acadar o sometemento completo da illa, as alusións á cultura nativa limítanse a unhas certamente escasas referencias á *hibernización* dun número significativo das antigas familias de orixe normanda, que se estableceran na illa nos tempos da invasión primeira, e ós lazos que ligaban a algún dos líderes da loita contra Inglaterra cos costumes do país, como no caso de Hugh O'Neill, do que se conta que é proclamado como "The O'Neill", o título de poder supremo propio do norte

[405] As referencias ás orixes do pobo sempre aluden á denominación milesia. A palabra *celta* non se emprega ata o momento da Reforma do século XVI, cando o autor contrapón *Celt* e *Saxon,* como substitutivos de *irlandeses* e *ingleses,* respectivamente. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 185. Outra soa alusión máis no texto utiliza esta linguaxe, cando se fala do "celtic material" que constitúe a natureza de Hugh O'Neill, para contrastala coa educación inglesa que recibe. Nunha única ocasión, ademais, se emprega o término *gaelic,* neste caso para referirse ó parentesco entre irlandeses e escoceses. Id. pp. 238 e 152.

do país –daquela prohibido– , segundo os rituais tradicionais gaélicos. Hai, a maiores, unha soa –e terrible– referencia que identifica de maneira expresa o pobo irlandés coa lingua gaélica, cando o fero Hugh O'Donnell, o compañeiro de O'Neill na defensa da nación, diferencia os inimigos polo seu descoñecemento do idioma do país.[406] Tamén, de modo máis restrinxido aínda que ben significativo, dada a calidade patriótica do aludido, se sinala a lingua como un dos trazos identitarios irlandeses cando se valora o seu coñecemento como un dos factores que cualifica a Patrick Sarsfield para exercer o "liderado nacional".[407] E aínda se reforza a identificación do gaélico como idioma propio dos irlandeses ó salientar a emotividade da poesía nesa lingua que reflicte a devoción do pobo pola causa dos Estuardo no século XVIII.[408] Pouca cousa, certamente, en comparanza coa importancia que se lle outorgara á cultura propia na exposición da era de esplendor da civilización altomedieval irlandesa.

En realidade, a escasa relevancia desta clase de elementos identitarios na narración cadra coa ausencia absoluta nela de calquera reivindicación de tipo lingüístico ou cultural a prol dunha recuperación das formas autóctonas, demandas que xa se indicou que non compartían con Thomas Davis moitos dos *Young Irelanders.* Por demais, en contraste coas loas constantes que Davis lle merece a Charles Gavan Duffy no seguinte exemplo historiográfico que se analizará, *The Story of Ireland* nin sequera contén referencias eloxiosas ó máis *culturalista* dos dirixentes da Young Ireland, apenas amentado unha vez como "our Protestant national poet", con ocasión dunha cita dos seus versos sobre os amargos tempos dos "Penal days".[409] O de Sullivan é un nacionalismo político, no senso máis restritivo do termo. A reivindicación única do seu programa aludía á devolución do poder arrebatado á nación séculos atrás, sobreentendéndose que, eliminada a raíz política dos seus males, a felicidade e a prosperidade afluiría de maneira espontánea sobre os seus membros.

Pois ben, prescindindo da dimensión cultural, os elementos diferenciadores da nacionalidade despois da segunda conquista inglesa quedan determinados na

---

406 En realidade, reprodúcese unha cita de John Mitchel: "O'Donnell [...] traversed the country with avenging fire and sword, putting to death every man *who could speak no Irish,* ravaging their lands and sending the spoil to Tyrconnell". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 259-60 [cusiva no orixinal].

407 "He was Catholic in religion, spoke Gaelic as fluently as English; was brave, impulsive, handsome, and generous to a fault, like the men he led". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 443-4.

408 "Yet this is the period which has given to native Irish minstrelsy, as it now survives, its abiding characteristic of deep, fervent, unchangeable, abiding devotion to the Stuart cause. The Gaelic harp never gave forth richer melody, Gaelic poetry never found nobler inspiration, than in its service". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 489.

409 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 479.

obra polas *orixes* do pobo e pola *relixión* que a distingue da súa nación rival desde a Reforma. Por principio, no texto, a denominación de *irlandeses* correspóndese cos *nativos* e cos *católicos* –dous termos case sempre emparellados–, como sinais que os diferencian dos *ingleses,* por definición, *estranxeiros* de ascendencia e *protestantes* de confesión relixiosa.

Cabe sinalar, sen embargo, certos matices que limitan relativamente na obra a rixidez de tal caracterización identitaria. Así, sostense nela que os descendentes dunha parte das familias que se estableceran na illa como conquistadores nos primeiros tempos da invasión, despois de tantos séculos de convivencia coa poboación autóctona, acabaran integrándose plenamente no país, aceptando as súas prácticas tradicionais, a súa lingua, as súas leis e mesmo mesturando o seu sangue coas súas xentes, de maneira que cambian a súa identidade nacional de orixe e convértense en *anglo-irlandeses,* que vén ser unha forma particular de seren *irlandeses.* A fidelidade á fe católica que estas estirpes *gaelizadas* demostraron, corroborada coa participación de moitos dos seus membros nas loitas contra a Inglaterra protestante, confirman a súa incorporación plena á nación. A familia dos Geraldines, como xa se mencionou, constitúe o exemplo máis perfecto desta especie de *nacionalización* que o autor resalta na obra. Con todo, tamén cómpre salientar que non faltan os momentos no relato nos que se percibe un receo latente ante estes grupos familiares de ascendencia allea, como o que, certamente, parece aflorar cando son cualificados como "Old English", segundo unha denominación que, se é verdade que permite diferencialos dos colonos protestantes que chegan a partir do século XVI, os "New English", tamén revela unha intención de manter unha diferenciación de orixe. De feito, na narración do conflito dos Confederados Católicos coas tropas do Parlamento, no século XVII, estes *irlandeses* ós que aínda non se lles retira a etiqueta da ascendencia estranxeira aparecen presentados como remisos á continuación da loita militar e son contrapostos no texto ó "national party", a sección da alianza católica composta, como suxire a denominación, polos *auténticos* irlandeses.

A mesma relativización dos signos indicadores da identidade nacional pode apreciarse no tratamento do espírito patriótico que xorde no século XVIII no seo da comunidade protestante irlandesa, expresado, fundamentalmente, na demanda de independencia lexislativa para o Parlamento de Dublín. Certamente, a descrición xeral do movemento reivindicativo a prol dos dereitos de Irlanda e o retrato dos seus líderes que se fai na obra son abondo eloxiosos. Con todo, non pode deixar de lembrar Sullivan que as actuacións dos novos *patriotas* non se viran impulsadas por unha convicción da necesidade de achegarse á poboación católica, como membros dunha soa nación común, nin pola xustiza que esixía a eliminación das

discriminacións que padecía aquela parte maioritaria da sociedade, senón pola pura comprobación de que tamén eles se vían prexudicados polo sometemento político a Inglaterra. Sendo tal a razón que os levara a considerarse membros dunha nación diferente da inglesa, sempre lle queda ó autor unha reserva sobre o seu comportamento, por moito que o enxalce con carácter xeral. A este respecto, Sullivan non dubida en considerar como *nacionalistas* os *patriotas* protestantes da segunda metade do XVIII, pero, aínda que sexa nunha nota a pé páxina, séntese obrigado a recordar o desprezo que algúns dos seus líderes sentían cara ós católicos cos que compartían o país, ós que non imaxinaban como parte integrante daquela nación para a cal reclamaban a Inglaterra a devolución do que lles correspondía por dereito.[410]

O relato da transformación dos protestantes, polo menos dunha parte significativa deles, de inimigos de Irlanda en *patriotas* convencidos, e mesmo en nacionalistas, resulta sorprendente para un lector que non pode deixar de sentirse confundido diante da quebra do fío argumental que se viña desenvolvendo na narración dos acontecementos das dúas centurias previas. A propia presentación de Wolfe Tone e os *United Irishmen,* de procedencia protestante, na maioría dos casos, como loitadores a prol da liberdade de Irlanda, man por man cos católicos, non cadra moi ben coa exposición anterior. Por máis que a súa *conversión* se inspirase nas ideas de liberdade procedentes da Francia revolucionaria, non resulta doado aceptar que aquel abismo que separaba as dúas comunidades ata o momento desaparecese de maneira repentina polo efecto sandador dun patriotismo compartido, como se afirma no capítulo correspondente. De feito, en canto se avanza uns poucos anos, ó chegar á Irlanda sometida pola forza e o engano á Unión con Gran Bretaña, privada xa daquela independencia parlamentaria da que tan poucos anos puidera gozar, a narración recupera o ton extremadamente crítico cos protestantes irlandeses. O patriotismo que amosaran pouco tempo antes aparece agora, desde a nova perspectiva, como un simple escampiño no medio dunha tormenta que volve continuar con máis intensidade que nunca. O soño de Tone de xuntar os habitantes todos do país nunha soa nación independente aparece agora como unha pura quimera, ante a vista dos novos sufrimentos que padece a maioría católica. Nestas circunstancias, Sullivan recupera o antigo estilo de descualificación dos protestantes, convertidos de novo, como grupo dominante, nos axentes da opresión inglesa en Irlanda. Lembra agora o autor que, sendo certo que había diversidade de posturas entre eles acerca da consideración que lles merecía a poboación católica, todos os protestantes, incluíndo aqueles que foran notables

410 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 495n.

defensores dela, contemplaban a maioría oprimida desde unha posición de superioridade e condescendencia, sentíndose membros dunha clase superior. Unha actitude semellante, propón o autor, á dos estadounidenses fronte ós escravos negros que vivían entre eles.[411]

Despois de 1800, por tanto, a obra volve amosar os protestantes como os inimigos históricos da nación irlandesa, outra vez definida, por exclusión, como nación católica. A historia de Sullivan non lle deixa moito espazo, en realidade, á esperanza de acadar un día a integración dos irlandeses todos. A non ser que os que representan a opresión no seu relato acordasen o abandono das súas tradicionais actitudes e se incorporasen activamente á loita pola liberdade da nación. A forma en que conclúe o derradeiro apartado do libro non deixa lugar a dúbidas respecto dos requirimentos que esixe a pertenza á nación. A revolución de 1867 simplificou de maneira definitiva, afirma o autor, o panorama identitario, de maneira que soamente caben xa dous partidos en Irlanda: o dos que apoian o réxime de opresión británico e o dos que o combaten. As antigas querelas, insiste, quedan arrombadas. Nas novas circunstancias, é o compromiso político, val dicir, a asunción dos principios do nacionalismo, o sinal da nacionalidade irlandesa. Soamente nese caso o protestante pode reclamar a pertenza á nación. Sen embargo, naquel preciso momento, despois da mobilización da poboación católica por O'Connell, despois dos enormes padecementos do campesiñado na gran crise alimentaria de mediados do século, despois da emigración masiva que afectou a este sector da sociedade, despois da persecución gobernamental, que volvía sospeitosa a enteira cidadanía católica, aceptar a doutrina nacionalista, sen dúbida, supoñía tamén recoñecer que a nación irlandesa, a nación dos nacionalistas, era unha nación de católicos. Inevitablemente, aínda que parecese unha decisión reducida a unha pura cuestión de actitude política, acceder á nación esixía renuncias evidentes ós que non pertencían a ela pola súa orixe e a súa relixión.

Pechando o círculo iniciado tres séculos atrás, o catolicismo convertérase en signo esencial da nacionalidade irlandesa. Cando quere facer balance dos arrepiantes séculos polos que pasara Irlanda desde os tempos da Reforma protestante, o autor recorre ó providencialismo como explicación dunha supervivencia que imaxina case milagrosa. Só a vontade divina puidera salvar a nación. E sabendo quen fora responsable dos males que aflixían ó pobo irlandés,

---

411 "They talked of, and at, and about the Catholics (the overwhelming mass of the population) very much as parties in America, previous to 1860, debated the theoretical views and doctrines relating to negro emancipation. Some went so far as to maintain that a Catholic was 'a man and a brother'. Others declared this a revolutionary proposition, subversive of the crown and government. The parties discussed the matter as a speculative subject". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 543.

ese *Deus* salvador, sen dúbida ningunha, era o *Deus* dos católicos.[412] A relixión católica era, por tanto, a *fe nacional.* Quen non a profesase estaba obrigado a demostrar doutra forma a súa condición de irlandés.

3. A procura da unidade nacional

Unha das constantes que caracterizan o relato do pasado exposto en *The Story of Ireland* é a continua advertencia que se quere deducir da historia sobre a necesidade de actuar sempre a nación estreitamente unida, como único modo de garantir un desenvolvemento axeitado das súas posibilidades como civilización e como entidade política independente, primeiro, e de conseguir o éxito no esforzo de recuperación da súa liberdade, unha vez que fora privada dela por Inglaterra. Tanto lembrando os logros que a nación acadara cando cumprira tal condición como salientando as negativas consecuencias que, indefectiblemente, derivaran da perda da unidade precisa, Sullivan teima, unha e outra vez, en propoñer ós seus lectores exemplos pertinentes do que caracteriza como unha das principais leccións que se lles ofrecen na contemplación da historia. Certamente, a obra contén casos bastantes do primeiro tipo, desde a atribución da vitoria de Clontarf, que acabara coa ameaza viquinga, ó labor aglutinador do rei Brian, ata as loas a O'Connell por atinar a unir o pobo católico na mobilización en demanda dos seus dereitos como cidadáns e dos de Irlanda como nación. Sen embargo, son claramente predominantes no texto as referencias negativas, as que van destinadas a subliñar os prexuízos que padecera o país por causa das liortas internas, debidas, especialmente, ás frecuentes querelas entre as distintas faccións da aristocracia e á subordinación dos intereses da nación ás ambicións egoístas de moitos dos seus dirixentes. O prognóstico de Sullivan non pode ser máis explícito: o castigo para a nación que non mantén a unión interna é a perda da liberdade.[413]

A teimosía do autor en salientar a transcendental importancia da aplicación coordinada das enerxías da nación a prol da consecución dos seus obxectivos superiores, val dicir, o mantemento ou, no seu caso, a recuperación da independencia

---

412 Cerrando o capítulo sobre os "Penal times", afirma Sullivan: "But again, all human calculations, all natural consequences and probabilities, were set aside, and God, as if by a miracle, preserved the faith, the virtue, the vitality, and power of the Irish race. He decreed that they should win a victory more glorious than a hundred gained on the battle-field –more momentous in its future results– in their triumph over the penal code. After three half centuries of seeming death, Irish Catholicity has rolled away the stone from its guarded sepulchre, and walked forth full of life. It could be no human faith that, after such a crucifixion and burial, could thus arise glorious and immortal! This triumph, the greatest, has been Ireland's; and God, in His own good time, will assuredly give her the fullness of victory". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 479-80.

413 Escríbese, aludindo ás liortas internas despois de Clontarf: "Faction-split to the last degree, each one sought merely his own personal advantage or ambition. [...] nations, like individuals, must expect the penalty of disregarding the first essentials to existence. [...] Factionalism like that of the Irish princes found its sure punishment in subjugation". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 150-1.

fronte a poderes alleos, confírmase a miúdo con alusións comparativas que pretenden reforzar os principios que tantas veces proclama ó longo do seu escrito. Mesmo os maiores inimigos de Irlanda, Inglaterra e os seus líderes, son loados polos seus grandes logros ó consolidar unha nación unida e poderosa. O rei Alfred, por exemplo, é proposto, xunto ó francés Carlomagno, o noruegués Harold e o alemán Otto, como o modelo apropiado para a tarefa do rei Brian de construír unha monarquía nacional centralizada, en canto fora un dos monarcas que souberan edificar un Estado compacto baixo a súa autoridade.[414] No mesmo senso, como un dos factores que explican a invasión de 1169, a Inglaterra normanda, fortemente unida baixo a nova dinastía chegada do continente un cento de anos atrás, é comparada vantaxosamente coa Irlanda fragmentada, incapaz de resistir o seu pulo. Eloxio do inimigo que se repite para cantar a unidade patriótica da nación inglesa fronte á Armada española de Felipe II.[415] E aínda un dos máis nefastos personaxes na historia do país, o terrible Oliver Cromwell, merece a loanza de Sullivan pola súa obra en beneficio de Inglaterra, en virtude da súa condición de convencido nacionalista inglés.[416]

Soamente rexistra o relato unha crítica a proposicións propias das convicciónns nacionalistas, cando se condena o sacrílego ataque á Roma papal polos revolucionarios italianos que, no propio tempo do autor, procuraban a unificación da súa patria baixo un poder propio, en canto se argúe que a "Cidade Eterna" pertence á Cristiandade enteira e non a ningunha nación en concreto.[417] Con tal excepción, que reflicte o desacougo de Sullivan ante todo revolucionarismo e que, ademais, resulta comprensible nun texto no que o catolicismo se presenta como signo de identidade da nación irlandesa e o rexeitamento da autoridade do Pontífice como o fundamento do protestantismo que define a Inglaterra como o seu inimigo declarado, o patriotismo e a unidade nacional que sustenta –xunto á defensa da fe

414 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 85.

415 "The Armada of Philip the Second was on the sea, and the English nation –queen and people– Protestant and Catholic –persecutor and persecuted– with a burst of genuine patriotism, prepared to meet the invaders". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 248.

416 "She [England] owes much of her latter-day European *prestige* to his undoubted national spirit; for, though a despot, a bigot, and a canting hypocrite, he was a thorough nationalist as an Englishman". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 384-5.

417 O autor indígnase tamén polo ofensivo tratamento do lugar onde se atopaba a tomba dun dos seus grandes heroes, Hugh O'Neill: "Some eighteen years ago a horrible desecration well nigh destroyed for ever all identification of the grave so dear to Irishmen. The Eternal City –the sanctuary of Christendom– was sacrilegiously violated by invaders as lawless and abhorrent as Alaric and his followers –the Carbonari of modern Europe, led by Mazzini and Garibaldi. The churches were profaned, the tombs were rifled, and *the church of San Pietro di Montorio was converted by Garibaldi into cavalry stables!"*. A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 335n [cursiva no orixinal].

católica, que se confunde con eles– son os valores supremos que se requiren sempre para a consecución dos obxectivos da nación.

Sen embargo, non cabe esquecer a existencia dunha comunidade, a protestante, longamente establecida no país pero abondo difícil de integrar, que se ergue no relato da historia irlandesa como un obstáculo inamovible no camiño da unidade completa da poboación que habita o territorio nacional, prolongándose ata o presente mesmo como un problema de complicada resolución. É certo que a exposición do pasado feita por Sullivan mantén certa ambigüidade inicial respecto da capacidade integradora da nación irlandesa, como se deduce do recordatorio de que, mesmo despois de mil anos de compartir a illa, seguía sen producirse a fusión entre os milesios e as xentes xa establecidas nela á chegada do pobo fundador da nacionalidade, rexéndose aínda daquela por cadansúa lexislación específica. Pero tamén é verdade que tal diferenciación *desaparece* despois do texto e, sobre todo, que o autor resalta, aínda que coas reservas xa mencionadas para algúns casos, o feito de que incluso moitos dos descendentes dos invasores normandos acabaran identificándose coas formas de vida propias do país, entrando a formar parte, deste modo, da nación. Os protestantes, sen embargo, despois da paréntese *patriótica* da segunda metade do século XVIII, continuaban a ser, agás nos casos de renuncia individual ás tradicións grupais propias e de asunción dos obxectivos políticos nacionalistas, o atranco maior non soamente para a posibilidade de acadar un amaño pacífico co Estado, senón tamén para completar con éxito un programa de reconciliación entre os habitantes todos da illa irlandesa.

Descrito o pasado á maneira que se fai en *The Story of Ireland,* tampouco non pode resultar doado concibir un achegamento entre a minoría protestante e a maioría católica do país no presente. Quen vive na miseria despois de ser despoxado das súas propiedades non pode amosar boa disposición ó diálogo con quen descende dos responsables últimos da súa desgracia, insístese no texto. Tamén neste senso a historia se constitúe en barreira que perdura ata o presente.[418] A conclusión que se impón non pode ser máis pesimista. A Irlanda protestante, a que provén dos colonos instalados pola forza nas terras dos nativos, seguiu sendo, durante tres séculos, un núcleo alleo á nación, illado da maioría católica, conformándose, como resultado, dous grupos de ben difícil

418 "Between a proprietary thus planted and the bulk of the population, as well as the tenantry under them, it is not to be marvelled that feelings the reverse of cordial prevailed. From the first they scowled at each other. [...] and so both classes unhappily grew up to be what they remain very much in our day –more of taskmasters and bondsmen than landlords and tenants". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 397-8.

reconciliación.[419] Neste senso, a historia, tal como a quere representar Sullivan, coa súa lembranza permanente da ignominia e da arbitrariedade, amósase como un freo dificilmente superable á integración pacífica das dúas comunidades en que se divide o país, aínda nos días do autor, en función da súa ascendencia e da súa relixión respectivas.

4. A resistencia á opresión

Xa se sinalou que *opresión* e *resistencia,* entendida aquela como a imposición arbitraria do poder de Inglaterra e esta como a resposta armada que tal inxustiza suscita na nación irlandesa, constitúen o dobre eixe sobre o que se articula a exposición do pasado a partir do reinado de Henry II e, sobre todo, do seu sucesor na Coroa, trescentos anos máis tarde, Henry VIII. Val dicir, despois da primeira e da segunda conquistas do país polo inimigo estranxeiro. Conforme á simplificación do pasado que deriva da lectura nacionalista da historia que reflicte *The Story of Ireland* e que reduce ese período a unha pura confrontación político-militar entre os dous bandos contendentes, no decurso deses longos séculos a resistencia do pobo oprimido manifféstase, fundamentalmente, baixo a forma da oposición violenta contra os planos de dominio estranxeiro. Segundo a obra de Sullivan, soamente Henry Grattan e os *patriotas* protestantes do século XVIII, así como Daniel O'Connell, na seguinte centuria, se propuxeran o intento de conseguir a recuperación da independencia nacional seguindo vías pacíficas e respectuosas dos mecanismos constitucionais. O resto dos exemplos que se recollen no texto relativo á época de dominación inglesa refírense a personaxes dignos de entrar nos rexistros da historia do país, xustamente, pola súa decisión de combater o inimigo da nación polas armas. A maiores, o mesmo espírito combativo que se exalta para os tempos de opresión aparece caracterizando tamén a boa parte das figuras históricas que o autor presenta como máis destacadas na exposición do acontecido con anterioridade á invasión inglesa. En xeral, cabe dicir que, salvo os santos Patricio, Columba, Malachy e Laurence, xunto co primado Oliver Plunkett, inxustamente executado baixo a acusación de estar implicado na suposta conspiración católica de 1678, ademais dos citados Grattan e O'Connell, os personaxes que compoñen o listado de modelos que se propoñen como dignos de emulación pola mocidade lectora presentan como a súa principal calidade, aquela que os converte en heroes a ollos do autor, a súa firme vontade de combater por todos os medios o poder que somete a nación. Nuns destaca, especialmente, o seu valor persoal, a súa teimosía ou o seu espírito de sacrificio, noutros, a súa capacidade estratéxica ou a súa habilidade para concitar esforzos e erguer en armas a nación

[419] As denominacións que adxudica o autor ós estranxeiros asentados nas terras dos nativos son ben significativas: "colonists", "army of occupation", "foreign garrison", "the ruling class"...

enteira, pero todos eles comparten o amor á patria e a dispoñibilidade das súas vidas en favor do obxectivo supremo de acadar a liberdade da nación.

A narración da serie de casos exemplares de resistencia armada resulta ser, así, o elemento nuclear da exposición do pasado, mesmo ata converterse na *historia* mesma, que parece concibirse como o puro catálogo da sucesión de acontecementos nos que se amosa de maneira patente a vontade irreprimible da nación de reivindicar a súa liberdade. O *conflito,* concibido como resultado do exercicio do dereito á rebelión violenta contra o intruso, constitúese, así, na máis acabada expresión da conciencia da nacionalidade. O alzamento en armas contra Inglaterra aparece representado, por tanto, como a mostra máis perfecta do patriotismo que lle cabe esixir a todo irlandés digno de tal nome. Certamente, Sullivan matiza a proposición que se desprende do seu relato por medio da crítica a determinados movementos insurreccionais, como o de Robert Emmet e o de 1867, promovido pola Fenian Brotherhood, do que pode contemplar os seus negativos efectos en persoa, intentos que parecen desde un principio marcados pola irresponsabilidade duns líderes que poñen en marcha proxectos conspirativos condenados ó fracaso. Por outra parte, o mesmo Sullivan que enche de loanzas aqueles heroes do pasado, amósase el mesmo partidario de soster a loita nacional nos seus tempos utilizando exclusivamente medios pacíficos, como se fai explícito na amentada condena dos fenianos e no seu apoio decidido ás posicións pacíficas de O'Connell. Pura ambigüidade que atopa a súa raíz no pensamento dos *Young Irelanders,* como xa se sinalou no seu momento. Sirva como exemplo a súa actitude respecto das expulsións da Repeal Association dos mozos da Young Ireland por non condenar o uso da violencia, por canto parece representar axeitadamente a súa propia posición ó respecto.

Con motivo daquel episodio, provocado pola presión exercida sobre o líder nacionalista por parte dos membros máis corruptos do partido, desexosos de desfacerse daqueles incómodos mozos que tanto os criticaban, láiase Sullivan de que presentase a súa esixencia na forma dun ultimato de imposible cumprimento. Tal renuncia a defenderse os pobos, indica con rotundidade, era contraria ás leis divinas e mais ás dos homes –pois deixaría inermes os escravizados– e mesmo contradicía o que sempre ensinara o propio O'Connell. Ademais, insiste o autor cun argumento definitivo: os *Young Irelanders* poderían renunciar ó uso da violencia no *presente,* e mesmo no *futuro,* en favor dos métodos pacíficos e constitucionais que propugnaba O'Connell –e cos que Sullivan estaba plenamente de acordo– pero en ningún caso poderían negar o *dereito* do pobo irlandés á loitar pola súa liberación, e menos aínda descualificar de modo retrospectivo a todos aqueles heroes do *pasado* que ofreceran a súa vida pola nación defendéndoa coas

armas.[420] Tal parece ser tamén a explicación da dobre postura do autor respecto ó uso da violencia, diferenciando entre un pasado que el mesmo mitificaba e un presente no que a realidade que el mesmo podía contemplar o disuadía de apoiar semellantes intentos por inútiles.

Por demais, a pesar da súa opción persoal polos métodos legais e pacíficos no presente, a ambigüidade respecto dos medios máis adecuados para combater polas reivindicacións irlandesas sempre permanece inquietante no seu escrito. Non soamente pola acendida defensa dos que no pasado resistiran de maneira valente contra o dominio inglés, que é unha constante no seu escrito, senón porque mesmo en relación ós acontecementos que el viviu directamente mantén unha dobre avaliación ó respecto. Por un lado, sempre rexeita a insurrección directa contra Inglaterra, por considerala dirixida cara ó fracaso. Pero, por outra parte, sempre atopa tamén, *a posteriori,* unha xustificación para os que arriscaron as súas vidas pola nación e unha razón para culpar ós propios gobernos británicos polo desencadeamento da violencia. Así o fai, por exemplo, ó referirse a John Mitchel e á rebelión de 1848, cando, segundo a súa explicación, os *Young Irelanders* se viran "arrastrados" polo entusiasmo dun pobo desesperado por causa da cruel e insensible política gobernamental nos tempos da *Fame*. Non cabía senón desculpalos a todos. Ó pobo, polo estado no que se atopaba. Ós *Young Irelanders,* pola nobreza de sentimentos que os levara a sacrificarse pola nación.[421] E unha consideración semellante é a que lle dedica ó seu máis inmediato presente, ós acontecementos que sucedían cando estaba a completar *The Story of Ireland,* xusto despois do fracaso da insurrección feniana do mesmo ano da súa conclusión, 1867. Sullivan denuncia sen reparo ningún os "criminais" proxectos dunha rebelión destinada a un inevitable fracaso, pero a súa condena limítase ós irresponsables dirixentes que a promoveran. O pobo que seguira tan insensato proxecto non lle merece máis que gabanzas pola súa afouteza, a súa relixiosidade e o seu digno comportamento durante os desgraciados sucesos ós que, na súa desesperación, se vira empurrado.[422]

---

420 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 555.

421 "They were wrecked in a hurricane of popular enthusiasm, to which they fatally spread sail. It is easy for us now to discern and declare the huge error into which they were impelled –the error of meditating an insurrection– the error of judging that a famishing peasantry, unarmed and undisciplined, could fight and conquer England at peace with the world. [...] At the time [...] it was not easy for generous natures to choose and determine otherwise than as they did. The verdict of public opinion –the judgement of their own country– the judgement of the world– has done them justice. It has proclaimed their unwise course, the error of noble, generous, and self-sacrificing men". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 563-4.

422 A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 578.

A condena da violencia insurreccional no presente ten xustificacións de orde diversa no texto. Primeiro, por ser a política de confrontación directa a que, precisamente, lles interesaba fomentar ás propias autoridades británicas, que pecharan as vías legais ás reivindicacións nacionais ó estragar o esforzo de O'Connell. Pero tamén, e sobre todo, por considerar que, nas circunstancias do momento, aqueles proxectos resultaban ser simples e ilusorias aventuras de difícil execución e de éxito imposible, cos conseguintes efectos negativos para a sociedade irlandesa e as súas aspiracións nacionais. Máis que por consideracións de orde moral, polo tanto, a súa posición ante a violencia política vén dictada, ademais de pola súa aversión ás conmocións revolucionarias, por razóns de comenencia estratéxica.[423] As "lecciónsda historia" ensinaban con claridade que era imposible derrotar a Inglaterra nun enfrontamento militar.[424]

A exaltación da violencia resistencial no pasado, sen embargo, esixe do autor unha representación da historia que a lexitime como recurso imprescindible para a defensa da nación e, aínda máis, como o *único* camiño viable cara á súa liberación. Así, *The Story of Ireland* componse de maneira que provea a necesaria xustificación por medio da demostración da gravidade da inxustiza que padece quen así se ve obrigado a responder e do subliñamento do carácter perverso de quen lle inflixe o mal. Levadas ata o extremo no texto ambas as dúas caracterizacións, a rebelión aparece así como a única resposta imaxinable da nación irlandesa ó longo da súa historia de sufrimento.

Así pois, conforme a tal concepción da historia, na obra represéntase o comportamento de Inglaterra, dos seus gobernantes e dos axentes dos seus intereses en Irlanda cos máis sinalados trazos da perversión e da maldade. Neste senso, o texto non deixa de subliñar continuamente que as intencións inglesas respecto do pobo irlandés se guiaron sempre polas paixóns da cobiza e do poder, que as súas actitudes, desde os reis e a nobreza ata os soldados e os colonos, estiveron orientadas en toda ocasión pola crueldade e o engano, e que o resultado de tales iniquidades, do saqueo dos seus recursos e da arbitrariedade do seu goberno, foi a ruína completa da nación, a súa condena a unha miseria ben visible aínda no presente. A caracterización negativa de Inglaterra inclúe a denuncia da hipocrisía dos seus monarcas, sempre dispostos a ocultar a súas verdadeiras intencións, a cobiza dos colonos que espoliaron e roubaron as terras dos nativos, a sanguinaria

---

423 Asume o autor as palabras que pon na boca de O'Connell: "No. Ireland is not in a state for repealing force by force". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 549.

424 Denuncia Sullivan os proxectos insurreccionais dos fenianos: "In the face of all the lessons of history they would conspire anew, and dream once more of grappling England on the battlefield". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* p. 568.

crueldade dos seus xenerais, o engano na violación dos acordos, a discriminación sistemática da poboación nativa, a persecución da fe católica, o recurso a medios indignos para acadar os obxectivos dos seus planos de dominación, a provocación da violencia, a represión sen tino, a insensibilidade diante dos sufrimentos dun pobo esmagado...

A dedución de semellante retrato, repetido páxina tras páxina, soamente pode levar ó convencemento de que a conciliación da nación irlandesa con Inglaterra se presenta, á vista desa constante no pasado, como un resultado verdadeiramente improbable. A historia, segundo a exposición de Sullivan, recolle mostras abondas da pouca fiabilidade duns gobernantes que sempre defraudaron ós irlandeses, incluídos os monarcas ós que estes permaneceron fieis nas súas dificultades. Aínda máis, o relato do pasado, advirte o autor en numerosas ocasións, ensina que a lealdade non trouxera máis que consecuencias negativas para a nación.

Non estraña, por demais, que o autor saliente, despois da exposición detallada e repetida das maldades inglesas, a persistencia no país dunha memoria de odio a Inglaterra que contribúe a obstaculizar a resolución pacífica das diferenzas e explica as reaccións desesperadas da nación, tanto nos diversos momentos do pasado sinalados na obra coma no propio presente. Os recordos amargos da crueldade da conquista deixaran unha fonda pegada na mentalidade dos católicos do país, non tanto polas consecuencias das guerras, que os pobos adoitan esquecer co paso do tempo, di Sullivan, senón por causa dos terrible crimes que se cometeran en nome de Inglaterra. A memoria histórica, conclúe, é un atranco ben difícil de remover en Irlanda.[425]

Conclusión: interpretación, representación e funcionalidade política do pasado en *The Story of Ireland*

No seu achegamento á historia comparte Sullivan as pautas xerais que caracterizaran o entendemento do pasado dos *Young Irelanders,* tanto no relativo á interpretación dos propios acontecementos que a constitúen coma respecto da significación política e da función instrumental que se lle outorga á súa exposición historiográfica. Neste senso, *The Story of Ireland*, mantendo a súa peculiaridade respecto das obras xa analizadas, pode contemplarse como un chanzo máis no desenvolvemento dun modelo de representación histórica que parece buscar tan

425 "[...] it was not *war* in even its severest sense, but *murder* in its most hideous and heartless atrocity, that was waged upon the Irish people in the process of subjugating them. It was not that process of conquest the wounds of which, though sharp and severe for the moment, soon cicatrise with time". A.M. Sullivan, *The Story of Ireland,* pp. 291-2 [cursiva no orixinal].

só o seu *perfeccionamento,* sen alterar os seus principios esenciais. Neste caso concreto, adopta os seguintes trazos característicos:

a. *Continuidade entre pasado e presente.* O baseamento da concepción histórica que se reflicte na obra radica, primeiro de nada, na relación lineal que se establece entre *pasado* e *presente* da nación. Tamén en Sullivan a proxección cara a atrás no tempo da lectura reducionista da realidade observable que efectúa a ideoloxía nacionalista desemboca nunha tendencia á confusión entre planos temporais. De maneira que o pasado e o presente configúranse como unha totalidade na que, oculto o mecanismo que orixina a representación dos tempos pretéritos en función de criterios ideolóxicos actuais, o segundo dos termos queda convertido nunha simple e directa prolongación do primeiro, nunha pura continuación de desenvolvementos que arraigan en séculos antigos, que veñen determinados por constantes que transcenden o decurso do tempo e que se manifestan aínda na propia vida do autor e mais na dos seus compatriotas do momento: a opresión que sofre o pobo irlandés e a súa resistencia, os viláns que impoñen o xugo á nación e os heroes que se erguen nunha loita irreductible... A barreira entre o pasado e o presente queda esvaecida en tal representación da continuidade: son as mesmas nacións as que proseguen o seu antagonismo histórico, o seu conflito secular, inextinguible ata a consecución da súa liberdade polo pobo inxustamente sometido.

b. *Didactismo histórico.* O estudio do pasado entendido deste xeito ten a virtude de *explicar* o presente e de confirmar a imaxe que del debuxa o nacionalismo, e así o pon de manifesto Sullivan nas numerosas conexións que no seu texto establece entre os dous momentos temporais. Faino de maneira explícita respecto dos máis variados asuntos, sexa para salientar a exacta continuidade entre a fe que predicara san Patricio e a doutrina que seguía a proclamar nos seus días a Igrexa Católica, sexa para situar a xénese dos odios intercomunitarios aínda vivos no espolio das terras dos nativos polos colonos protestantes no século XVII ou sexa para resaltar as raíces históricas do atraso económico de Irlanda fronte á Inglaterra industrializada.

En consecuencia, a historia convértese na *mestra do presente*, na fonte da que deitan as lecciónns que, ademais de dotalo de sentido, proporcionan os criterios de actuación política axeitados para as xeracións actuais, por medio da exposición de exemplos ilustrativos e da proposición de modelos apropiados. Deste modo, a fusión entre pasado e presente esténdese tamén ó individuo que vive neste, interpelado por unha historia nacional que lle descobre a dimensión histórica da súa existencia, que lle ofrece unha explicación completa da realidade na que esta se desenvolve e que lle amosa as liñas de actuación que lle son esixibles en canto membro da nación. Como resultado do dobre proceso derivado da suposición

nacionalista que fai parte ó individuo dunha comunidade e dunha historia que determinan a súa identidade, o esvaecemento dos límites entre pasado e presente concrétase nunha amálgama na que se mesturan o tempo *persoal* e mais o tempo *histórico,* que acaban confundidos no relato da historia da nación, o cal, como xa se viu exemplificado no diario do encarceramento de John Mitchel, contén as claves todas da vida dos irlandeses da época actual. Por eso, o alcance da exposición do rexistro histórico da nación debe chegar ata os acontecementos do máis inmediato presente, ata incluír os propios días de quen o *recorda* no seu texto, porque, ó cabo, ambos os dous factores, o tempo actual e os individuos que nel viven, son parte integrante dunha mesma e única historia que se está a completar permanentemente.

Neste marco de comprensión histórica que encadra o individuo no conflito secular pola liberdade da nación irlandesa fronte ó antagonista que a oprime, o relato historiográfico, en canto descrición do desenvolvemento de tal enfrontamento primordial, convértese en axente imprescindible de pedagoxía política. A contemplación da historia así concibida, como xa se sinalou ó tratar do caso da Young Ireland, cumpre unha dobre función concienciadora e mobilizadora dos membros da nación, como tan ben expresara Thomas Davis.

A este respecto, a obra de Sullivan configúrase en virtude do logro da dobre finalidade que impulsa a súa decisión de compoñela. Por un lado, aquela que se fai expresa desde as páxinas introdutorias e que se reafirma ó longo do texto con apelacións frecuentes ós seus destinatarios ideais, a saber, a instrución no coñecemento da historia das novas xeracións irlandesas por medio de referencias apropiadas ó pasado, función que se completa co rexeitamento implícito da representación inglesa da mesma materia. E por outro, como engadido inherente a tal designio didáctico e como dedución ineludible desa exposición histórica, a inculcación nos seus lectores dos principios esenciais da doutrina nacionalista, quer dicir, a afirmación da condición nacional do país, o carácter opresivo e arbitrario da relación que lle impón Inglaterra, a corroboración da xusteza da descrición da realidade retratada polo nacionalismo e, como dedución inmediata, a lexitimidade do seu discurso ideolóxico e mais do seu programa de acción política contra o Estado.

c. *Definición restrinxida da identidade nacional.* A representación do pasado como a *historia da nación* esixe do autor a caracterización precisa dos trazos que constitúen a Irlanda como suxeito diferenciado ó longo da totalidade do relato do que é protagonista. *Orixes, cultura* e *relixión* conforman os tres elementos identitarios que configuran a identidade irlandesa, aínda que a relevancia de cada un deles experimenta variacións notables no transcurso do tempo. O compoñente

racial orixinario desempeña unha función primordial nas primeiras etapas da narración, en canto se salienta a especificidade do pobo milesio que se establece no territorio irlandés, mesmo facendo expreso o mantemento da existencia separada de milesios e aborixes por centos e centos de anos. Esquecido este tipo de referencia nos momentos de esplendor da Irlanda antiga e medieval, a alusión ás orixes reaparece despois da invasión anglonormanda, como a forma de discernimento identitario entre a poboación de ascendencia irlandesa e a de procedencia estranxeira. Desde aquel momento, os *nativos* opóñense no relato ós *estraños* establecidos no país, anglonormandos ou, simplemente, ingleses.

O factor cultural ocupa un lugar esencial na caracterización da singularidade irlandesa no período de apoxeo dos catro séculos posteriores á chegada do cristianismo, no que o relato expón o alto nivel da civilización acadado na illa como efecto directo da atinada combinación entre as tradicións da era pagá e as pautas da nova fe que adoptan os irlandeses. Naqueles gloriosos tempos da *Idade de ouro* da nación é a cultura específica do país a que lle outorga a súa condición de nacionalidade diferenciada en Europa.

As alusións ó elemento cultural, sen embargo, van deixando paso ás consideracións políticas cando a narración se ocupa dos séculos inmediatos á invasión de 1169 e desaparecen por completo como signo identificador do pobo irlandés despois da Reforma. A partir deste tempo, a relixión católica determina de maneira practicamente exclusiva a condición da nacionalidade, como sinal que define de maneira manifesta os irlandeses como *distintos* dos ingleses. Os termos *nativo, católico* e *irlandés* vólvense entón equivalentes, sen mención relevante a riscos lingüísticos ou culturais, dos que, por demais, non se efectúa reivindicación explícita ningunha na obra, nin da súa función como referentes de identidade, nin da súa valía específica, nin da necesidade do seu recoñecemento ou recuperación.

d. *Contradición do relato inglés da historia.* A definición nacional de Irlanda vai acompañada no relato dunha afirmación expresa da calidade da súa singular civilización nos tempos en que puidera expresar libremente as súas posibilidades. Por medio de tal aseveración contrarréstase, ante todo, a penosa imaxe que se desprende da situación de ruína material e cultural da Irlanda do presente e refórzase a lexitimidade das demandas nacionalistas de recuperación do control político do seu destino, ofrecendo un fundamento referencial ás promesas de prosperidade e progreso que se poderían satisfacer en liberdade. Pero tamén se pretende con ela establecer unha comparación vantaxosa con Inglaterra, en orde a descualificar a xustificación tradicional da súa intervención na illa por causa da superioridade da súa civilización, argumentación que estaba na base da xustificación lexitimadora da presenza inglesa en Irlanda desde os propios tempos de Henry II.

A tales efectos, procédese no texto a sinalar exemplos concretos onde se pon de manifesto a mellor condición irlandesa respecto de Inglaterra nos tempos anteriores á invasión. Unhas veces faise de maneira implícita, como cando se atribúe a Irlanda a creación do sistema político de "monarquía limitada" ou se destaca a existencia na illa dun auténtico parlamento desde tempos remotos, atribuíndose como propios dous dos elementos característicos do réxime de liberdade que se presumía específico de Inglaterra. Outras veces, procédese á descualificación directa da presunción de liberdade que adoitaba figurarse como o motor da historia inglesa, explicando a rápida extensión do protestantismo en Inglaterra como efecto da imposición das clases dirixentes sobre unha nación á que o feudalismo –sistema ausente da tradición irlandesa– privara de auténtica liberdade e volvera dependente dos nobres e do rei.

Noutras ocasións, por fin, a comparación faise de maneira expresa, como cando se alude ó valor dos irlandeses no combate, con referencias á pouca capacidade de loita dos britóns, que caen con estrépito ante os exércitos romanos e mesmo aceptan o seu xugo – mentres a Galia ofrecera unha forte resistencia á conquista e Irlanda quedaba libre dela– e que temen o declive do Imperio romano por quedaren á mercé de pictos e irlandeses; ou cando se compara o único ano que lle levou ós normandos conquistar Inglaterra cos cincocentos que resistiu Irlanda despois do inicio da invasión de 1169 por aquel mesmo pobo.

e. *O conflito entre nacións como eixe da historia.* A proxección cara a atrás da caracterización nacionalista da realidade irlandesa desde a cal escribe o autor converte a parte máis significativa do seu relato do pasado nunha pura reprodución do conflito entre dúas nacións, Inglaterra e Irlanda, que constitúe o trazo determinante do presente. Os últimos setecentos anos da historia irlandesa, polo tanto, represéntanse como a descrición da relación de enfrontamento entre a nación que pretende culminar o seu programa de dominación e a que concentra os seus esforzos en liberarse do xugo que se lle pretende impoñer. Como resultado, ese pasado que se expresa na parella conceptual *opresión-resistencia* reduce a historia de Irlanda ó ámbito da confrontación político-militar con Inglaterra, desaparecendo do relato calquera outra dimensión da realidade, en canto todas se converten, de maneira implícita, en esferas dependentes da resolución do conflito que as determina de maneira absoluta. A consecuencia directa de tal enfoque é un relato que propende a salientar os acontecementos bélicos sobre calquera outros, nunha tendencia que se transmite tamén á descrición dos séculos previos á presenza inglesa na illa. O resultado inevitable desa querencia militarista tradúcese nun relato no que abundan as descricións pormenorizadas de feitos de armas, na ponderación de personaxes guerreiros como modelos para a mocidade, na

proposición de comportamentos sanguinarios e mesmo vingativos como motivos de emulación e, en definitiva, nunha exaltación da violencia, por moito que o autor rexeite o seu uso como instrumento político no presente.

f. *Anglofobia.* Como resultante inevitable da caracterización conflitiva do pasado, o texto, elaborado desde a *militancia* proclamada en favor dunha das dúas partes enfrontadas, tínguese cun sentimento de anglofobia que impregna todas as súas páxinas. Os propósitos de Inglaterra sempre son perversos, a cobiza e a ansia de poder son o único motor dos seus gobernantes e, en xeral, dos membros todos desa nación que só pretende satisfacer as súas ambicións a custa do pobo irlandés, despoxándoo das súas riquezas e escravizándoo segundo a súa comenencia.

g. *Confusión de feitos históricos e ficción.* A exposición histórica está composta sobre unha mestura que procura combinar *feitos* e *ficción* dun modo axeitado para a consecución dos fins da pedagoxía política que inspira a súa formulación. Case nunca queda claro no relato o límite entre o que corresponde á narración dos que se consideran *feitos* de indubidable historicidade e os fragmentos textuais nos que se recoñece a presenza de elementos de carácter lendario. Aínda máis, o autor preocúpase por esvaecer, de maneira expresa, a diferenciación entra as dúas clases de materiais, asegurando a fundamentación histórica de moitas das unidades narrativas sobre as que cabe unha razoable sospeita de falta de veracidade. En consecuencia, cabe afirmar a preeminencia da dimensión estética sobre a fáctica, resultado da preocupación didáctica –a transmisión de determinadas mensaxes– que condiciona o enteiro esforzo expositivo do autor.

h. *Reelaboración permanente do mesmo relato da historia.* A selección dos acontecementos do pasado que merecen ser integrados nun relato histórico como o de Sullivan, que pretende reflectir a verdadeira historia de Irlanda, vén guiarse por criterios semellantes ós seguidos para a elaboración dos poemas históricos de *The Spirit of the Nation* e para a do *Jail Journal* de John Mitchel, salvadas as diferenzas dos modos de representación e de dimensión cronolóxica de cada unha das obras. Mesmo se utilizan con certa profusión os versos daquela recompilación poética da Young Ireland e se reproducen á letra amplos parágrafos da biografía de Mitchel sobre Hugh O'Neill. A obra de Sullivan, en realidade, está composta polo enfiado de materiais tomados de textos historiográficos anteriores, que o autor trama dun modo peculiar para constituír con eles unha reformulación dun esquema histórico nacional xa existente con anterioridade. Sullivan non pretende elaborar un novo modelo de historia de Irlanda, senón, máis ben, facer unha nova contribución que reforzase unha caracterización nacionalista do pasado que el asume como xa configurada por unha serie de obras anteriores á súa. Non trata

tanto de corrixir certas versións do pasado coma de confirmar a que el considera axeitada ás súas convicións ideolóxicas. No mesmo senso, a súa propia obra ofrece un *final aberto,* disposto a ser completado con posterioridade con novas achegas, efectuadas por el mesmo ou, como resultou ser o caso, por outros autores, que prolonguen a liña argumental ata a verdadeira conclusión do relato, a inevitable liberación de Irlanda.

Corolario

As pretensións de A.M. Sullivan de popularizar unha versión da historia axeitada ás proposicións políticas do nacionalismo irlandés víronse satisfeitas abondo, dado que *The Story of Ireland* gozou dunha considerable difusión na sociedade irlandesa de finais do século XIX, e non só entre aqueles mozos ós que o autor se dirixía especialmente. Os seus lectores deberon asimilar unha serie de *leccións* que cabía extraer da historia, algunhas, certamente, como efecto previsto polo propio autor, ademais doutras que, talvez, non estaba na súa vontade promover ou que se puxeron de relevo á luz de acontecementos posteriores ó tempo da primeira redacción da obra e que, sen dúbida, condicionarían a súa lectura no seu día. Máis alá da intencionalidade concreta, todas elas, explícitas ou implícitas no texto, como deducións que os que se achegaron á obra de Sullivan deberon tirar dela, constitúen a auténtica mensaxe política que, ó cabo, o autor transmitiu:

a) a nación irlandesa é, de principio, a nación dos católicos
b) a conciliación cos protestantes do país, en virtude do seu pasado contrario á nación, é ben difícil de cumprimentar e, en todo caso, a incorporación individual á nación dos membros deste grupo esixe a renuncia á súa historia e ás súas tradicións, así como a asunción das propostas políticas nacionalistas
c) dada a negativa histórica de Inglaterra a negociar unha solución pacífica, a violencia *resistencial* no pasado estivo xustificada en todas as ocasións, aínda que sexa desaconsellable no presente por razóns de inconveniencia táctica
d) certa forma de presión, incluíndo mesmo medios insurreccionais, é necesaria sempre para arrincar algunha concesión ó Estado británico
e) o esquecemento das diferenzas internas é o requisito imprescindible para acadar a unidade nacional precisa para enfrontar con éxito o Estado británico
f) as demandas de orde social deben subordinarse á consecución das obxectivos políticos da nación
g) poida que haxa razóns internas que contribuísen á decadencia da nación, pero a causa última dos males todos de Irlanda radica na intromisión allea

4. Irlanda como suxeito da historia: a narración do pasado nacional segundo "A bird's-eye view of Irish History", de Charles Gavan Duffy

Trinta anos despois de que o absoluto fracaso da rebelión do verán de 1848 sinalase a práctica desaparición dos membros da Young Ireland como grupo político organizado, Charles Gavan Duffy, que fora un dos seus dirixentes máis sobresalientes, publicou unha historia das actividades daqueles mozos que marcaran os inicios dunha nova maneira de concibir a reivindicación nacionalista irlandesa fronte ó Estado británico. Púxolle por encabezamento o de *Young Ireland. A fragment of Irish History. 1840-1850.* Aínda que o seu subtítulo suxire que o estudio abarca a enteira década coa que culminaba a primeira metade do século XIX, en realidade o autor avanza no seu escrito pouco máis alá da morte de Thomas Davis (1845), a quen considera a figura central, xunto con Daniel O'Connell, daqueles anos decisivos, tan ricos en innovacións na esfera política coma en traxedias para a sociedade irlandesa.

O relato das vicisitudes da Young Ireland presenta a organización como unha agrupación nacionalista convencida da necesidade de loitar con firmeza polo país pero partidaria de manter sempre un estilo temperado, nunha descrición que está ben lonxe da estampa de radicalismo coa que daquela se retrataba o nacionalismo irlandés na opinión social británica. Non é estraño que procurase esta imaxe de comedimento o enfoque escollido por un Duffy que había tempo que dera un xiro espectacular á súa vida e á súa presenza como home público. En 1880, cando asina a presentación da obra, era un emigrante retornado de Australia, onde se establecera en 1855, desenganado pola imposibilidade de acadar os seus obxectivos políticos tanto pola vía revolucionaria coma pola parlamentaria, na cal concentrara os seus esforzos nos últimos anos, como parte dun grupo de deputados irlandeses que actuaban de maneira concertada no Parlamento de Westminster. En conformidade cos peculiares motivos que o animaran á emigración, ben distintos ós que daquela empurraban a milleiros dos seus compatriotas fóra do país, non levara no continente oceánico a característica existencia dos traballadores que fuxían da miseria, preocupados tan só por acadar co seu esforzo unha posición económica suficiente para esquecer as penurias que os trouxeran a tan distantes terras. Sorprendentemente para un home que estivera no cárcere por combater o Estado británico, acusado de alta traizón, e que mantivera relacións estreitas con rebeldes condenados á deportación –xa se viu que por aquela mesma zona foran parar John Mitchel e outros dos seus compañeiros nacionalistas–, Duffy convertérase de contado nun dos líderes políticos da provincia australiana de Vitoria, da que chegou a ser primeiro ministro (1871-2) e presidente da súa Asemblea (1876-80). Mesmo fora

honrado pola raíña do Estado que tanto o acosara co título de cabaleiro en 1873. Era improbable que quen volvía a Europa ennobrecido como Sir Charles Gavan Duffy e en posesión daquel cumprido historial de servizo público tivese a mesma visión dos acontecementos nos que tan intensamente participara case corenta anos atrás. E tampouco non pode sorprender que, nas súas novas circunstancias persoais, puxese un gran empeño en amosar que os *Young Irelanders* actuaran daquela movidos por sólidas e xustificadas razóns e que, en realidade, o fixeran cun espírito de moderación.[426]

Moito cambiaran as cousas naqueles tres decenios transcorridos desde a desaparición da Young Ireland. Segundo o propio Duffy recoñece nas páxinas de presentación da súa obra, mudaran considerablemente na orde persoal, tanto como para levalo a adoptar unha perspectiva moito máis temperada do que entón.[427] Pero eran moi diferentes tamén no ámbito político e social.[428] Por un lado, a sociedade irlandesa acusara o embate da chamada *Gran Fame* de finais da década de 1840 e experimentara considerables transformacións pola súa causa. Sen revestir os carácteres apocalípticos que as interpretacións tradicionais lle atribuíron no ámbito demográfico e no económico, cando menos cabe sinalar que, como se indicou con anterioridade, a catástrofe acelerou certas tendencias apreciables no país con anterioridade, estimulando unha xa forte presión migratoria e unha reordenación das actividades agrarias, ambas as dúas en prexuízo dos pequenos cultivadores e dos campesiños sen terra e favorables ós granxeiros arrendatarios de tamaño medio e grande, que se converteron no elemento predominante da sociedade rural. Os seus intereses inmediatos, centrados no antagonismo que os opoñía á clase terratenente por causa das rendas e da propiedade, convertéronse axiña no factor principal arredor do que comezou a xirar a política irlandesa. Precisamente, a axitación agraria estaba no seu auténtico apoxeo xusto nos días en que Duffy presentaba a súa obra, en medio da denominada *Guerra da terra*

---

426 Declara no prefacio o seu primeiro obxectivo ó escribir o libro: "My first aim was to make a new generation familiar with the truthfulness, simplicity, and real moderation of the men with whom, it was said, 'a new soul came into Ireland". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. III.

427 "It is more than a generation since the events occurred which I have undertaken to record. A larger experience of mankind, the responsibilities of political office, and leisure for reflection, have, I trust, enabled me to scrutinise them from a new point of view, and to revise whatever was rash or ungenerous in earlier judgements. I have lived a quarter of century among Englishmen, as their associate, colleague, or competitor, and I would not willingly wound their self-respect". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. IV.

428 "It must not be forgotten that the Ireland which the young writers addressed was widely different from the Ireland of to-day. Great calamities and notable concessions have fundamentally changed it, and a factor which have proved in the end to be a more powerful solvent of national prejudice than either calamities or concessions, the new doctrines which they taught". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 67.

(1879-82), conflito que, con notable acerto para os seus propósitos, o nacionalismo irlandés aproveitara para introducir as súas motivacións ideolóxicas entre o campesiñado e a pequena burguesía ligada ós intereses agrarios.

Porque, por outro lado, tamén se produciran mudanzas significativas no escenario político. Primeiro de todo, no propio espazo ideolóxico do nacionalismo, que desenvolvera algunhas das diversas potencialidades apuntadas naqueles anos ós que Duffy se achegaba no seu libro.[429] Desmanteladas as estruturas do movemento de O'Connell, ningunha organización de semellante forza viñera substituílas ata os momentos en que o autor escribía, nos cales Charles S. Parnell, desde a dirección da National Land League e do Irish Parliamentary Party, tomaba o control da mobilización agraria e mais dos grupos políticos que, desde había unha década, viñan reivindicando o establecemento dun réxime de autonomía *(home rule)* que transferise a institucións irlandesas a capacidade lexislativa no tocante ós asuntos do país. Representaba Parnell un nacionalismo partidario de acadar os seus obxectivos actuando dentro das canles permitidas polo sistema, fundamentalmente por medio do labor da representación irlandesa en Westminster, aínda que nunca deixase de reforzar o traballo parlamentario cunha presión constante sobre os gobernos de Londres, baixo a forma dunha retórica de apelación popular que non adoitaba marcar con claridade os límites que separan a acción política constitucional da pura intimidación e da ameaza coa violencia.

Por demais, organizárase tamén unha rama radical do nacionalismo, seguindo a liña insurreccional que tan entusiasticamente promoveran John Mitchel e outros dos seus compañeiros *Young Irelanders,* entre os que predominaban, por moito que Duffy quixese suavizar agora a imaxe do grupo, os convencidos da necesidade de non renunciar, por principio, a ningún medio na loita contra o Estado británico e mesmo abundaban os decididos a utilizar de inmediato a forza das armas nese combate. De feito, militaran activamente na Young Ireland varios dos que, dez anos despois do revés da rebelión de 1848, crearan a Irish Republican Brotherhood (IRB), a sociedade secreta revolucionaria que representaba máis directamente o chamado fenianismo, val dicir, a ideoloxía dos partidarios de arrincar pola forza a Gran Bretaña a independencia de Irlanda. Non foran moitos os seus éxitos, desde logo, e o seu gran intento de revolta, en 1867, culminara nun estrondoso desastre. Pero os fenianos, coas súas accións espectaculares e coa popularidade que lles deron os seus padecementos por culpa das medidas represoras gobernamentais, foran capaces de avivar unha conciencia nacionalista en amplos sectores do país, mesmo que non

[429] Duffy considera a década de 1840 como a xénese da evolución política posterior: "[...] a period of abnormal political activity; a period to which may be traced, as to their fountain-head, many of the opinions now universally current among the Irish people". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. III.

compartisen os seus métodos de loita. Sen dúbida ningunha, o fenianismo contribuíra á "renacionalización" do país despois da quebra da política nacionalista por causa do esgotamento do proxecto de O'Connell e da *Gran Fame* e mais fortalecera a popularidade da idea na que Mitchel expresara "a causa de Irlanda": "Inglaterra contra Irlanda".[430] Esta era, certamente, a versión do nacionalismo á que Duffy non quería ser asociado, aquela que a sociedade británica identificaba con demandas irracionais e comportamentos violentos que parecían confirmar a barbarie que tradicionalmente se lle viñera atribuíndo como sinal inherente á *raza* irlandesa. E a tarefa debía comezar por presentar a imaxe equilibrada e sensata do movemento do que un día formara parte e do que se consideraba aínda herdeiro cualificado.

Duffy quería eliminar, por tanto, calquera trazo que o relacionase co extremismo nacionalista do momento. E máis cando consideraba que a política británica tamén experimentara modificacións de non escasa importancia, apuntando, polo menos, a apertura de solucións a algúns dos vellos problemas do país, como suxerían as medidas do primeiro ministro liberal William E. Gladstone derrogando a condición estatal da protestante Igrexa de Irlanda *(disestablishment,*1869) e iniciando un proceso de mellora dos dereitos dos campesiños arrendatarios fronte ós propietarios (1870). Con independencia da súa repercusión práctica, semellantes leis constituían xestos significativos dun novo talante ante as cuestións irlandesas e abrían un camiño que moitos acolleron con esperanza. Sensación confirmada, a maiores, polo éxito electoral dos candidatos partidarios do *home rule* en 1874 e pola capacidade organizativa e mobilizadora que empezaba a demostrar o movemento agrario. Mesmo parecían fundadas as expectativas de conseguir o recoñecemento político da peculiaridade irlandesa e atopar un modo de acomodar o país no Reino Unido que fose satisfactorio para os nacionalistas e mais para as institucións do Estado. Esa sería a seguinte tarefa de Gladstone e Parnell nos anos inmediatamente posteriores.

Escrita segundo tales condicionantes, a obra de Duffy consagrou por moito tempo unha representación idealizada da Young Ireland e mais de quen o autor retratou nela como a súa principal figura, Thomas Davis, caracterizado como un ser de calidades extraordinarias, polo seu talento como escritor, a súa asombrosa entrega ó traballo artístico e político, a xenerosidade do seu espírito e a firmeza das súas convicciónns. Ó exaltar a persoa do líder, Duffy transfería as súas excepcionais virtudes ó enteiro movemento do que el mesmo formara parte. Claro está que semellante proceso significaba o esquecemento intencionado da indubidable diversidade que agachaba o agrupamento, baixo a mesma etiqueta común de Young Ireland, de persoas que, compartindo a esencia doutrinal nacionalista, diferían tanto

[430] D. George Boyce, *Nationalism in Ireland,* pp. 190-1.

respecto dos obxectivos inmediatos e finais da loita contra o Estado coma dos métodos máis axeitados para a súa consecución, tal como xa se indicou.

Dificilmente podía ser doutra forma, sen embargo. E non só pola evolución biográfica e política do autor e mais polo contexto desde o que emprendeu a publicación dos seus recordos. En realidade, o traballo de Duffy non é propiamente unha historia da Young Ireland senón, ante todo, un *libro de memorias,* cos trazos e limitacións específicos dun xénero no que adoitan predominar os tons exculpatorios e autoxustificativos. A pesar das promesas de ecuanimidade e xustiza nas valoracións que fai no prefacio, os factores todos mencionados –biográficos, políticos, contextuais– condicionan unha exposición na que, como é norma neste tipo de narracións, non son os *feitos* mesmos os protagonistas do relato, senón os *recordos* que o autor ten ou quere ter daqueles, seleccionados en función de consideracións que van máis alá do puro respecto á obxectividade histórica. Son as circunstancias nas que se orixina o relato e os propósitos que se ansía cumprir con el os que adoitan determinar os contidos e a perspectiva con que se tratan os acontecementos nun texto deste teor.

Por demais, é a mesma convicción ideolóxica que inspirara o movemento da Young Ireland a que motiva a súa representación da realidade que vive Irlanda cara a 1880 e a análise na que determina as súas causas. A pesar de recoñecer certas variacións no escenario político xeral británico, a lóxica nacionalista continúa a impoñer no texto de Duffy as súas pautas na interpretación da situación actual do país. En último termo, segundo tales criterios, ó non se alterar as condicións básicas que negaban a liberdade á nación, sometida aínda á privación do exercicio da súa capacidade de autogoberno, permanecían vivas as raíces da inxustiza, as razóns para o desacougo dos irlandeses e a xustificación das súas demandas nacionais. Neste senso, para Duffy, como nacionalista convencido, o presente seguía sendo igual ó pasado.

Non ten dúbida ningunha o autor, desde logo, respecto da cualificación de Irlanda como nación nos momentos de poñer por escrito as súas lembranzas dos axitados anos de 1840, reafirmando as convicciónns tantas veces proclamadas noutrora desde o *Nation.*[431] Comparte tamén, sen matización ningunha, os principios tantas

[431] Reproduce numerosos parágrafos do semanario nos que se intentaba demostrar a individualidade de Irlanda como nación diferenciada: "To win and sustain her rank as a nation Ireland must possess the elements that constitute a nation in a high degree. In position, climate, coasts, and soil she had them in the highest, and in population and wealth sufficiently high". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 159. "When a people have the boundaries and history, the separate character and physical resources, and still more, when they have the virtue and genius, of a nation, they are bound in conscience, in prudence, and in wisdom, to assert their individuality no matter how conciliation may lure or armies threaten". Id., p. 161.

veces proclamados no vello xornal que un día dirixira sobre a necesidade de superar as barreiras da diversidade relixiosa no país e integrar os membros todos da sociedade nunha única nación, sinalando o compromiso no servizo a Irlanda –quer dicir, a asunción das posicións políticas nacionalistas– como o só requisito, imprescindible e suficiente, para gozar da condición da nacionalidade.[432] Repite así a teima dos *Young Irelanders* de acoller os que non profesan a fe católica na nación, aínda que xa se viu ata que punto constituía unha posición enganosa, que agachaba, baixo a retórica integradora, a esixencia de renunciar a poboación non católica ás súas tradicións culturais e mesmo á súa propia historia, en canto os protestantes irlandeses, como comunidade, eran presentados como os responsables inmediatos do mantemento da opresión que padecían os católicos do país, figurados estes como os nacionais *orixinarios,* aqueles que non precisan de ningún engadido máis como confirmación dunha identidade irlandesa que se lles dá por suposta.

Conserva Duffy, ademais dos seus principios ideolóxicos esenciais, a fe da Young Ireland na efectividade do labor educativo como motor primeiro da transformación emancipadora do país, como amosan as abundantes referencias á teimosía coa que aquel movemento traballara no seu propósito de difusión das ideas nacionalizadoras, en canto a educación, en por si, se lles figuraba ós seus compoñentes como o mellor instrumento para a consecución da liberdade.[433] Tantos anos despois, sentíndose continuador daquel nobre esforzo no que participara activamente na súa mocidade,[434] aínda considera Duffy que o primeiro paso para a liberación de Irlanda debe consistir na recuperación da propia estima e na asunción do espírito da nacionalidade polos propios irlandeses, desbotando os estereotipos creados por séculos de deformación interesada por parte dos dominadores ingleses, tan efectivos na súa tarefa como para convencer da veracidade das súas imposturas ós mesmos que eran ridiculizados por elas.[435]

---

432 "Ireland must aim to be Irish, not Anglo-Irish; [...]. But Irish non longer mean Celtic; from whatever stock they sprung, Celtic, Norman, or Saxon, if men loved and served the country they were Irish". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 155-6.

433 "Let them get knowledge; knowledge and tyranny could not long exist together. [...] Educate that you may be free", reafirmaba Duffy as palabras do *Nation* e lembraba que o grupo desempeñara a transcendental tarefa buscando o auténtico senso da palabra *educación:* "This pursuit of knowledge was incited not with the zeal of a schoolmaster but with the fervour of a lover". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 156.

434 "If the fate of the nations depends on the education of the young, Davis and his friends were engaged in no ignoble task". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 676.

435 "These habits and practices told fatally on the people themselves. Sayings circulated among them which accepted the assumption of their enemies that they were an inferior race, such as 'an Irishman must have leave to speak twice' [...]. They greatly misjudged themselves. [...] they only saw their visage in the mirror presented by their enemies". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 71-2.

Nese traballo a prol do rexurdimento da dignidade da nación, val dicir, de fomento dos estímulos precisos para unha concienciación nacional da poboación, considera Duffy que residía o gran mérito da obra que el e mais os seus compañeiros levaran a cabo no decenio de 1840. De tal pedagoxía nacionalizadora formara parte substancial o labor de divulgación dunha historia ben diferente da que os opresores viñeran propagando como xustificación do seu dominio, aquelas representacións que asociaban o gaélico cun estado de barbarie e identificaban a presenza inglesa co establecemento da civilización na illa, figuracións que mesmo prenderan naquel pobo certamente ignorante, láiase Duffy, por causa do secular sometemento que padecía.[436] Cumpría, como xa fixera a Young Ireland, achegar os irlandeses ó seu verdadeiro pasado, despexando as súas mentes das deturpacións inoculadas nelas pola versión inglesa da historia e polas fantasías das fabulacións populares tradicionais.[437] Con tal finalidade depurativa, lembra Duffy que xa promovera Davis a publicación de traballos históricos e esbozara no *Nation* unha lista con suxestións para as imaxes dunha historia de Irlanda en gravados e pinturas.[438] Porque as xentes da Young Ireland sentiran fondamente a carencia dunha boa historia xeral da nación, e o propio Davis pensara un tempo en deixar o seu traballo no *Nation* durante un ano para escribila. A complexidade da tarefa non lles permitira cumprimentar a obra, indica o noso autor, pero daquel espírito nacera o proxecto, tan querido por Davis e os seus compañeiros, de publicar a *Library of Ireland,* colección de libriños a baixo prezo sobre asuntos irlandeses que dedicara repetida atención a cuestións históricas.[439] Agora, no momento de lembrar aqueles anos de loita, segue pensando o noso autor na funcionalidade política da exposición histórica segundo criterios axeitados, no papel imprescindible que o coñecemento da *auténtica* historia do país debe desempeñar na necesaria tarefa de apertura das mentes irlandesas á mensaxe liberadora do nacionalismo. Reflicte, por tanto, a súa obra a mesma concepción ancilar e instrumental do coñecemento histórico xa apreciada nos textos dos *Young Irelanders,* de Mitchel e de Sullivan, en canto o relato vén formulado unicamente en virtude do rendemento que da súa exposición puidese deitar no presente en beneficio da difusión das

436 "Irishmen had learned the history of Ireland from a source where it was deliberately falsified. Their enemies described their bravery as turbulence, their resistance to oppression as profligate enterprises, their native civilisation as barbarity. When regions were made desolate and handed over to the murderers of the Celtic population they were said to be civilised". Gharles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 155.

437 "No school book of Irish history was in use in any Irish school at that time, while English history was universally taught. Whatever a boy learned of the story of his own country was from gossip or tradition, and was in general a mass of confused fable". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 72.

438 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 279-82.

439 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 663-7. Duffy atribúese nestas páxinas a paternidade da idea da colección popular de libros irlandeses.

crenzas nacionalistas e da consecución das súas demandas. Previa acomodación do material histórico segundo tales criterios de utilidade política, o pasado pode ser conformado como xermolo do presente, como a explicación que o volve comprensible e que sinala o camiño cara a un futuro axeitado, xustamente, ós principios doutrinais desde os cales se lle dá forma.[440]

Unha novidade, sen embargo, diferencia a proposta histórica de Duffy da comentada a propósito das baladas históricas do *Nation,* do diario de John Mitchel e mesmo do relato histórico de Sullivan. Os poemas dos *Young Irelanders* ían dirixidos especificamente ó pobo irlandés, que era o obxecto do seu labor *misioneiro* de espallamento do credo nacionalista, ás persoas ás que quería *concienciar* da súa pertenza a unha nación diferenciada e tan digna coma aquela que, segundo os seus versos querían poñer de manifesto, a viña oprimindo historicamente. Pola súa parte, o diario dos días de prisión de Mitchel estaba escrito, en primeiro lugar, para satisfacer as necesidades psicolóxicas do propio autor nas difíciles circunstancias en que vivía, pero tamén, e de modo expreso na súa introdución, se apelaba nel igualmente ó mesmo pobo, neste caso co ánimo de *mobilizar* os irlandeses en favor do desencadeamento dunha insurrección xeral que rematase co dominio colonial británico. En canto ó texto de Sullivan, aínda que a súa difusión excedeu os propósitos cos que fora concibido, dirixíase, de maneira explícita, ó adoutrinamento da mocidade irlandesa.

A obra de Duffy, pola súa banda, comparte o estilo autobiográfico, exculpatorio e lexitimador da propia conducta que é habitual nun relato de memorias, transpira o mesmo espírito nacionalizador que alenta nas cancións patrióticas da Young Ireland e responde a idéntica ambición pedagóxica que a dos textos elaborados para instrución da xuventude. Pero, en realidade, os seus destinatarios verdadeiros, aqueles para os que está concibida, son os cidadáns ingleses, ós que pretende convencer de que deben abandonar os seus prexuízos antiirlandeses e deixar de soster a política opresora do Estado británico. É á sociedade inglesa á que quere explicarlle a lóxica na que asenta o nacionalismo irlandés, facerlle comprender o rexeitamento do país a que se lle impuxese unha relación con Inglaterra que o subordinaba a designios alleos. Tal como sinala no seu prefacio, quere achegarlles a "políticos e publicistas afeitos a reflexionar sobre os asuntos de Irlanda" a versión irlandesa daqueles feitos que lles resultaban tantas veces incomprensibles, quere "apelar á conciencia dos ingleses da mellor clase" para facerlles "comprender un problema que ás veces os deixaba perplexos –por que os irlandeses que non

[440] "For whoever desires to understand why Ireland is distressed and discontented, while England is prosperous and loyal, must assuredly seek the causes in history; to-day is the child and heir of yesterday". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. IV.

carecían de espírito público ou honradez estaban ansiosos por librarse da Unión e de todo lazo con Inglaterra". Soamente recoñecendo a orixe do descontento, afirma, podería desaparecer a discordia entre as dúas nacións.[441] Ben que invocando a outros lectores diferentes dos que puidesen gozar coas páxinas do *Nation,* do *Jail Journal* ou de *The Story of Ireland,* o afán propedéutico informa tamén, como se ve, as concepcións historiográficas de Duffy no seu achegamento a aquel recente pasado irlandés que el mesmo vivira con tanta intensidade.

Pero non se pretende agora valorar polo miúdo a análise dun tracto temporal tan breve como o que constitúe o suxeito de *Young Ireland. A fragment of Irish History.* O interese da obra para os propósitos deste estudio vén determinado, en realidade, pola inclusión nela dunha historia xeral de Irlanda concibida desde a óptica dun nacionalista tan significativo como Duffy. En efecto, quebrando en aparencia o fío argumental que, entre os capítulos anterior e posterior, conduce desde o nacemento da Repeal Association ata a creación do periódico *Nation,* que aglutinara ós que despois serían coñecidos como *Young Irelanders,* o capítulo IV do libro I (pp. 81-150) preséntase como "A bird's-eye view of Irish History". Trátase de setenta densas páxinas que ben poderían constituír un libro á parte –forma en que, por certo, as editaría o autor pouco tempo despois, en 1882– e que conteñen unha historia completa da nación, desde as súas orixes prehistóricas ata os mesmos días en que se desenvolvía a acción relatada no resto da obra. A novidade desta composición histórica de Duffy con respecto ós exemplos estudiados anteriormente de *Spirit of the Nation* e do *Jail Journal* de John Mitchel afecta tanto á dimensión temporal dos contidos, en canto pretende abranguer o enteiro pasado da nación, coma, en relación ó primeiro texto, á opción pola forma narrativa, en canto modo apropiado para a súa representación. Nova é tamén respecto de *The Story of Ireland,* posto que, aínda que comparta co escrito de Sullivan as pretensións de totalidade histórica e o modo da exposición, os lectores a quen vai destinada esixen, en principio, un estilo diferente e unha contención no recurso ós materiais máis obviamente lendarios. A obra de Duffy quere ser convincente pola congruencia da súa representación do pasado, máis que pola pura apelación ós sentimentos dos lectores. O achegamento ó texto de "A bird's-eye of Irish History", que a continuación se analiza con máis detalle, debe permitir comprobar a concreción das ideas sobre o pasado que popularizaran os escritores relacionados coa Young Ireland nunha narración global da historia da nación.

---

441 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. III-IV.

4.1. Presupostos e obxectivos

Tal como se acaba de sinalar, en *Young Ireland. A fragment of Irish History. 1840-1850* a convicción nacionalista do autor proxéctase cara ó pasado na procura dunha explicación satisfactoria dun presente que lle resulta abraiante pola contemplación da nación asoballada e abatida. Charles Gavan Duffy quería expoñer nas súas páxinas a aparición e desenvolvemento das ideas que impulsaran no seu día as reivindicacións dunha xeración que fora capaz de mobilizar politicamente a sociedade irlandesa, na crenza de que os acontecementos daqueles anos constituíran o condicionante decisivo da evolución posterior do país e das formas específicas que adoptara o que consideraba o principal elemento definidor da realidade irlandesa desde a cal escribía, a saber, o *conflito nacional* que o enfrontaba con Inglaterra. En consecuencia, a obra asenta non soamente na consideración de que o pasado podía proporcionar un exemplo pertinente de actuación para os irlandeses do día, como era o caso do asunto central da súa obra, senón tamén no convencemento de que unicamente nos tempos pretéritos era posible atopar as claves para a comprensión do presente.

A perspectiva coa que Duffy contemplaba o pasado como fonte de entendemento do presente non limitaba a súa mirada a aqueles anos da Young Ireland. Por moita que fose a súa transcendencia, estes non deixaban de constituír, en realidade, unha porción limitada dun conxunto de maior amplitude no que eles mesmos atopaban o lugar que os volvía comprensibles. Os tempos gloriosos da Repeal Association e dos *Young Irelanders* viñan ser tan só "Un fragmento da historia irlandesa", segundo o autor resaltou no propio título da obra na que os estudiaba. Así observados, utilizando unha segunda óptica histórica con pretensións totalizadoras, a continuidade que no seu escrito liga os acontecementos do decenio de 1840 e a realidade inmediata desde a cal se lembran configura o conxunto do último medio século como un novo *presente* que, como tal, debía ser iluminado por unha necesaria remisión a un pasado que permitise a súa plena comprensión. Nesa nova dimensión, o referente que contén a explicación última da realidade actual non é xa un momento de causalidade específico, senón o *enteiro* pasado da nación.

Cómprelle ó autor, en consecuencia, remontar as súas pescudas no tempo, rastrexar nel as raíces históricas e compoñer un relato completo que integre o presente e faga manifesta a súa *lóxica,* incardinado nunha totalidade que lle confira sentido como resultado do proceso que agora se describe no propio relato das vicisitudes da nación ó longo do tempo.

Desde tales presupostos, Duffy decidiu intercalar no seu exercicio de rememoración as páxinas de "A bird's-eye view of Irish History", como o

elemento esencial que quere achegar as claves que volvesen intelixible a exposición do *presente* que conforma o contido nuclear da súa obra, o estudio dos anos centrais do século XIX. Claro é que as concepcións desde as que se formula esta visión panorámica da historia da nación, así como os obxectivos que persegue satisfacer –funcións ambos da ideoloxía nacionalista que inspira o acercamento do autor ó pasado–, non poden menos que ser coincidentes cos xa amentados factores nos que asentaba a enteira composición sobre a Young Ireland da que forma parte. Con todo, e co ánimo de establecer con claridade os termos que permitan unha ulterior comprobación dos resultados a teor da descrición e análise do texto sobre a historia nacional de Duffy, parece apropiado enumerar e precisar os propósitos que o autor confesa de modo expreso que o moveran a compoñer o seu relato.

Certamente, como consecuencia da estreita vinculación que o propio autor establece entre os fundamentos ideolóxicos que cimentan a súa obra e a finalidade que persegue coa súa elaboración, vólvese inevitable unha confusión de ambos os planos. A propia exposición da doutrina política que está na xénese do traballo parece converter en redundante a simple enumeración polo autor das conclusións ás que quere chegar co seu escrito. Sirva como exemplo a afirmación do carácter nacional de Irlanda, que resulta ser o presuposto ideolóxico primordial no que asenta a obra e que, en por si, implica necesariamente que da lectura desta se desprenda a ratificación da súa veracidade. De maneira que o que se presenta como dedución final está xa previamente contido na premisa inicial que xustifica a existencia mesma do relato. É a presunción da condición nacional de Irlanda a que permite convertela no suxeito da súa propia historia e, conseguintemente, representar de modo narrativo o seu pasado, configurando un relato do que, por forza, soamente cabe concluír a certeza da presenza mesma da nación ó longo do tempo. Tras da lectura da obra, a concepción ideolóxica previa que a orixina queda escurecida na súa función de dispositivo desencadeante e aparece convertida en pura evidencia que o relato se limita a certificar. O propio texto, polo tanto, vén actuar como simple corroboración da doutrina que volve posible a súa existencia.

Esta confusión entre as ideas que fundamentan a elaboración do texto e as finalidades que con el se trata de acadar non fan innecesaria, sen embargo, a sinalada enumeración de modo máis preciso dos obxectivos que o autor pretende cumprimentar coa decisión de escribilo.

a. *Esclarecemento do presente.* Xustamente nas derradeiras liñas do capítulo que antecede a aquel no que a vai expoñer, xustifica Duffy a inclusión da súa visión panorámica da enteira historia irlandesa aludindo á necesidade de coñecer os

principais feitos do pasado do país para comprender a súa realidade actual.[442] Por demais, xa se indicou que, con carácter xeral, o escritor nacionalista dirixe a vista ó pasado na busca dunha explicación que dea conta dun presente que se lle fai insoportable pola miseria e a ignorancia na que se afunde a nación. Esa referencia ó presente, aínda que non sempre se faga explícita, resulta ser a guía permanente do autor no seu achegamento ós tempos pretéritos e constitúe o condicionante que determina a selección dos que lle merecen a cualificación de acontecementos máis relevantes do pasado. Así, nada máis comezar a súa "rápida visión de conxunto" da historia nacional, deixa sinalado como criterio principal da escolla dos materiais cos que compón a súa narración a *visibilidade* dos seus efectos na Irlanda dos seus días.[443] Porque, para Duffy, é no pasado onde se descobren as causas dos padecementos que sofre o país na actualidade. Como sostén no parágrafo inicial do capítulo, estes son os síntomas dun mal do que cómpre discernir a súa orixe, "estudiar o foco da enfermidade", único modo de estar en condicións de prescribir os remedios precisos para a súa curación.[444] A exposición da historia da nación, polo tanto, cumpre ese labor imprescindible de establecemento da causalidade que debe ser consecutivo á diagnose da doenza responsable do seu abatemento no presente.

b. *Validación da doutrina nacionalista.* A determinación da etioloxía dos sufrimentos do país a través do estudio do pasado autoriza a descrición nacionalista do presente como resultado dun longo enfrontamento –aínda vivo– entre Irlanda e a nación que a viña sometendo durante séculos e aconsella, polo tanto, a prescrición das súas propostas de acción política como medio para dar cabo a tan inxusta situación. A historia, segundo a lectura de Duffy, debe poñer de manifesto que o prolongado sometemento a Inglaterra é a soa causa do actual estado de prostración de Irlanda. En consecuencia, da narración do pasado cabe concluír que unicamente a liberación do país, o recoñecemento e aceptación dos seus dereitos nacionais polo poder opresor, permitiría á nación recuperar o seu específico

---

442 Duffy interpela retoricamente ós ingleses e refírese ás razóns do afán irlandés por romper a Unión, pero o feito de que sexan as palabras inmediatamente previas á súa exposición da historia xeral de Irlanda outórgalles un carácter de xustificación directa da decisión de inserir tal apartado específico: "That a group of men, not deficient in capacity or judgement, persuaded themselves that Ireland ought to break away from the Union at any cost, and won an extraordinary ascendancy over the public mind on the strength of this belief, *will be a puzzle to Englishmen till they have obtained some knowledge of the main facts of Irish history"*. Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 79 [cursiva engadida].

443 "In the rapid survey I propose to make I will omit whatever can be omitted without loss, and touch only on events *the consequences of which were still traceable* in the habits and character of the people in the middle of the nineteenth century". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 81 [cursiva engadida].

444 "To prescribe remedies without studying the seat of the disease, and the habits of the patient, is empiricism and quackery". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 81.

camiño de desenvolvemento, interrompido por unha intrusión allea setecentos anos atrás.

c. *Aserción do carácter nacional de Irlanda.* Os proxectos emancipadores do nacionalismo teñen o seu fundamento, como resulta obvio, na presunción da condición nacional de Irlanda. Por tanto, segundo as concepcións de Duffy, o relato do pasado debe amosar de modo bastante ese carácter nun dobre senso. Por unha parte, da historia hase desprender a coincidencia do país coas nacións europeas nos termos que as definían como tales. E por outra, de maneira igualmente importante, á vista do esvaecemento dos trazos da peculiaridade autóctona como consecuencia dos séculos de opresión, debe poñer de relevo a índole plenamente diferenciada da nacionalidade irlandesa respecto de Inglaterra. A historia asume, en consecuencia, a tarefa de verificación dos factores nacionalitarios que conforman o celme lexitimador das reivindicacións nacionalistas.

d. *Formulación da verdadeira historia nacional.* Como requisito indispensable para que do pasado puidesen deitar os argumentos de lexitimación da doutrina e do programa político nacionalistas, o relato debe reflectir a *auténtica* historia da nación, segundo os criterios xa amentados. A tarefa do escritor, ordenada neste senso, ha desenvolver unha dobre dimensión. No ámbito positivo, debe proceder á elaboración mesma da crónica do pasado do país segundo as pautas de veracidade e de selección de feitos ideoloxicamente axeitadas. Pero por outro lado, a posibilidade mesma de presentación da versión nacionalista da historia esixe o desprazamento previo do discurso histórico proclamado durante séculos de dominio inglés e dirixido, precisamente, á súa xustificación. A refutación da representación do pasado de autoría inglesa, asentada nunha longa tradición e ben arraigada mesmo na propia mentalidade de boa parte da sociedade irlandesa, tal como denunciaba Duffy, converteuse nun obxectivo consubstancial ó traballo *en positivo* do escritor nacionalista. A afirmación da *auténtica* historia de Irlanda, segundo tal patrón ideolóxico, demanda a constante desautorización da visión predominante, configurada segundo a óptica dos dominadores.

De tal forma que Duffy debeu compoñer un relato que deixase constancia da xénese histórica dos estereotipos negativos sobre a *raza* irlandesa construídos no decurso dos sete séculos de sometemento, desmentindo que fosen parte inherente da súa natureza. Soamente con este traballo complementario *en negativo* lle cabía propoñer a súa representación da *verdadeira* civilización irlandesa e a súa permanencia no tempo, sinalar os seus trazos característicos e asignarlles unha valoración comparable, cando menos, á que se lles atribuía ós propios da nación inglesa coa que se contrapoñía.

Por demais, e como consecuencia derivada, o noso escritor propúxose facer patente o engano sobre o que asentara a xustificación da presenza inglesa na illa, baseada na suposta misión civilizadora de Inglaterra e nos seus esforzos desinteresados para acabar cos bárbaros costumes irlandeses. Neste senso, o traballo de Duffy ten a intención de demostrar que o atraso económico e cultural de Irlanda, tan evidente nos seus días, non se mantiña *a pesar* de Inglaterra, senón, xustamente, *por causa* da longa imposición da súa presenza asoballante.

A narración resultado de tal enfoque revelaría o carácter tiránico e opresivo da nación conquistadora e impugnaría as tradicionais imputacións de barbarie, ignorancia e violencia que debuxaban a imaxe inglesa de Irlanda, convertendo o rexeitamento histórico polos irlandeses dos supostos esforzos civilizadores, ata entón fundamento daqueles estereotipos negativos, en demostración de pura resistencia irlandesa fronte á opresión. Trátase, por tanto, dunha diferente avaliación do pasado nacional, dos seus episodios máis sinalados e, en xeral, das relacións entre Irlanda e Inglaterra.

En suma, o novo relato está concibido para substituír o que soamente fora o froito interesado dos falseamentos e deformacións de séculos de sometemento pola forza ás comenencias de Inglaterra. Ese labor de desenmascaramento, obriga do historiador nacionalista, é o resultado da decisión primordial na que se orixina o relato: a caracterización nacional de Irlanda e a súa conversión no suxeito da historia, da *súa* propia historia.

4.2. A estrutura do relato

"A bird's-eye view of Irish History" pretende dar conta en orde cronolóxica do desenvolvemento da nación irlandesa no tempo, abarcando a exposición desde as súas orixes ata os días contemporáneos do autor, identificando a aparición do movemento da Young Ireland en 1842, ano da primeira publicación do *Nation,* como o comezo dun *presente* que se describe con detalle no resto da obra na que se integra esta narración completa do pasado de Irlanda. O concepto central que serve de referencia permanente arredor da cal se configura o relato é a liberdade da nación e a súa perda pola intrusión de forzas externas, feito este que sinala a conversión do que fora un pasado esplendoroso nunha historia de inxustiza e sufrimento. Sobre este eixe dispón Duffy a selección de acontecementos e personaxes que considera relevantes para un coñecemento axeitado do pasado: a intromisión inglesa, como factor decisivo que marca a ruptura histórica primordial, e os episodios que conforman as dúas grandes épocas resultantes, ordenados de acordo cos carácteres que lles asigna a cada unha delas.

Así pois, o discurso histórico de Duffy distingue no pasado irlandés dúas

etapas ben diferenciadas. Unha primeira fase de xénese e esplendor, na cal se integran os marcadores identitarios que constitúen a nación irlandesa na súa singularidade e se desenvolven en liberdade, segundo o seu curso *natural,* as potencialidades substanciais que se lle atribúen. E unha segunda de conquista e sometemento, na que se tronza pola forza aquel camiño de evolución específico, como consecuencia da intrusión de Inglaterra, fase que se prolonga ata o mesmo presente no que o autor compón a súa crónica. Por demais, dentro de cada un destes dous grandes períodos históricos escólmase unha serie de fitos que, ó tempo que operan como certificación da caracterización xenérica respectiva de cada un deles, establecen os límites de novas subdivisións internas igualmente significativas.

Xa desde a periodización básica que lle impón, resulta evidente que o achegamento de Duffy ó pasado responde directamente ás súas preocupacións políticas e ó afán por xustificar as propostas nacionalistas como remedio dos males que, segundo estas convicciónns, aflixían á nación nos seus días. Esta motivación que orixina a propia elaboración do relato reflíctese tamén, en boa lóxica, na distribución do espazo textual. Así, o autor concede unha atención ben desigual ás dúas partes fundamentais que diferencia no pasado, outorgándolles unha extensión asimétrica e desproporcionada en relación ó tracto temporal que cada unha delas abrangue. Apenas catro das sesenta e nove páxinas de "A bird's-eye view of Irish History" abóndanlle a Duffy para describir o período de formación da nación e a etapa máis brillante da civilización irlandesa, ata a irrupción anglonormanda de 1169. O desequilibrio resulta manifesto mesmo engadindo no reconto as sete páxinas máis nas que se ocupa dos catro séculos que levan o relato ata a etapa da conquista sistemática da illa polos monarcas de Inglaterra, momento que o autor sinala como o da ruptura definitiva co pasado glorioso da civilización autóctona. En realidade, os case 3.000 anos que transcorren desde os tempos fundacionais da nacionalidade irlandesa ata a era dos Tudor, no século XVI, non merecen máis que unha extensión que non supera o 16% do total do relato. Tal desigualdade na asignación do espazo narrativo expresa ben ás claras onde sitúa Duffy a relevancia histórica e cal é a motivación que impulsa a súa aproximación ó pasado.

Sobre este esquema básico, o autor ordena unha serie de acontecementos ós que atribúe unha especial consideración desde a perspectiva do conflito nacional que a doutrina nacionalista recoñece no presente, visto como a conclusión á que a interferencia de factores externos conducira a nación, e constitúeos nos fitos que lle permiten enfiar o relato do pasado. Xa que o sometemento a axentes e intereses alleos aparece como a causa dos seus padecementos actuais, a crónica da historia de Irlanda debe poñer de relevo a contraposición entre as dúas grandes épocas que

a inxerencia estranxeira diferencia. Cómpre, en consecuencia, principiar pola descrición do seu proceso de configuración como entidade nacional singular e mais pola exposición do libre desenvolvemento da súa especificidade ata a interrupción causada pola presenza inglesa na illa, para pasar deseguido á pormenorización dos carácteres que revestiu o proceso de dominación e o conseguinte declive do país ata a actualidade.

Charles Gavan Duffy, "A bird's eye view of Irish History"

Desequilibrio na distribución do espazo textual



Figura 3. Desequilibrio na distribución do espazo textual
en Charles Gavan Duffy, "A bird's-eye view of Irish History"

Aínda que "A bird's-eye view of Irish History" non establece periodización expresa ningunha nas súas páxinas, é doado diferenciar no texto unha sucesión de compoñentes relativamente individualizados, definidos cada un deles por un conxunto de feitos que Duffy escolma no pasado co ánimo de confirmar a súa concepción da historia propia. De tal forma, que cabe discernir no relato unha segmentación cronolóxica implícita que delimita os tramos dunha secuencia de elementos que, debidamente articulados, en función das presuncións ideolóxicas que determinan o achegamento do autor ó pasado, compoñen a súa narración da historia nacional, dispostos sobre o armazón de carácter bipartito que deita da perda da liberdade por mor da interferencia estranxeira. Segundo tales criterios, distínguense as seguintes etapas no pasado irlandés:

A. Xénese e esplendor da nación

1. Orixes da raza irlandesa. Duffy fixa o momento fundacional da nación coincidindo coa chegada do pobo celta a Irlanda, que sitúa 1.400 anos antes da era cristiá. Aquel pobo en migración sobreponse e absorbe a poboación aborixe da illa e convértese, no contacto co territorio, na auténtica "raza irlandesa".

2. Cristianización e Idade de ouro. A asunción da relixión de Cristo por aquel pobo, no século V, sinala a culminación do proceso de formación da nación irlandesa e permite o desenvolvemento definitivo dunha orixinal e extraordinaria civilización. Os séculos de esplendor comezarían a esvaecer por causa da primeira intromisión allea, a dos pobos viquingos, que truncaron a prosecución daquela brillante evolución e provocaron un crecente decaemento da cultura irlandesa, xa evidente antes do ano 1000.

B. Invasión, conquista e dominación

3. Invasión anglonormanda e resistencia da civilización gaélica. No século XII, aproveitando querelas dinásticas internas, comezou a estragadora presenza inglesa na illa, que se prolongaría ata a actualidade. Durante os tres séculos seguintes á invasión, a incapacidade de Inglaterra para completar o seu dominio e a teimosía da resistencia da poboación nativa consolidaron unha división do territorio insular que separaba dúas zonas: unha –"the Pale"– constituída polos territorios onde se impuxo de maneira patente a autoridade dos estranxeiros, fundamentalmente na rexión de Dublín, e outra –"beyond the Pale" – onde a sociedade gaélica foi capaz de manter o sistema de organización política, as tradicións e a cultura autóctonos. A pesar da presión militar, das medidas de discriminación legal e das confiscacións de terras, a civilización nativa tivo forza abonda mesmo para *gaelizar* co paso dos anos boa parte dos estranxeiros establecidos na illa desde a primeira hora. En suma, foi un tempo onde a insuficiencia do poder inglés permitiu, aínda en medio de grandes dificultades, a supervivencia do sistema cultural e da orde política e social nacionais en boa parte da illa.

4. Consumación da conquista e fin da orde gaélica. A raíz da Reforma protestante en Inglaterra, o conflito irlandés entrou nunha nova fase, na que se completou o control efectivo da illa polo Estado británico. Durante os séculos XVI e XVII a resistencia da sociedade irlandesa foi continua, aínda que non tivo a consistencia necesaria para impedir a culminación da conquista do país polas tropas inglesas. O resultado da loita foi a imposición dun dominio absoluto e a rapina dos recursos nacionais en beneficio dos estranxeiros. O proceso de dominación militar cerrouse coa derrota dos exércitos irlandeses en Limerick (1691) e o conseguinte exilio da clase dirixente nativa, acontecemento que sinala a fin da orde gaélica.

5. Establecemento do sistema de opresión. No século XVIII, vencida a resistencia, ergueuse un completo sistema de dominación que reduciu os irlandeses á miseria e á ignorancia, poñendo fin á existencia mesma dunha "nación católica".

Un terrible aparello de discriminacións legais converteu a poboación nativa-católica nunha categoría social inferior, forzou a decadencia cultural daquela sociedade e puxo as bases da dependencia económica da illa, subordinada, en todos os ámbitos, ós intereses ingleses. O resultado foi unha dualidade social que diferenciaba e contrapoñía a maioría católica sometida e a minoría protestante dirixente. Tal foi o grao de sometemento do país e das súas xentes á metrópole, que incluso suscitou demandas de independencia lexislativa por parte da elite angloirlandesa dominante e mesmo provocou un fracasado intento revolucionario independentista nos anos finais de século promovido por membros das clases medias non católicas.

6. Imposición da Unión. O proceso de dominación inglesa culminou en 1800 coa eliminación das institucións particulares de Irlanda e a integración forzada do país como parte indiferenciada do Estado británico. No tempo seguinte confirmaríanse na súa plena intensidade as consecuencias da aplicación do programa de sometemento emprendido séculos atrás e a subordinación completa ós intereses británicos. A decadencia económica e cultural alcanzou dimensións catastróficas para a maioría da poboación, esmagada por un sistema de dominación administrado pola minoría protestante e reducida á miseria e á ignorancia que tan rechamantes eran aínda no presente.

7. Loita nacional pola liberación. Nese panorama de abatemento nacional, as últimas décadas coñeceron unha actualización da vella resistencia da sociedade irlandesa, a partir da mobilización da maioría católica en demanda de recoñecemento dos seus dereitos, organizada cun grao de efectividade extraordinaria polos movementos a prol da *emancipación* católica e pola abolición da Unión. Dese novo espírito de loita nacional formaba parte a propia agrupación da Young Ireland, que constitúe o obxecto principal de atención da obra de Duffy na que se intercala a súa visión panorámica do pasado da nación.

4.3. Análise dos contidos

A lectura do presente informada pola convicción nacionalista, que o entende como unha pura confrontación entre a nación irlandesa e os seus opresores, establece os condicionamentos básicos que determinan o relato histórico de Duffy. A proxección de tal relación conflitiva cara ó pasado implica tamén o desprazamento no tempo dos presupostos esenciais sobre os que se constrúe a propia doutrina do nacionalismo irlandés: a existencia dunha nación diferenciada, definida por contraposición á nación inglesa, dotada dos dereitos políticos inherentes á condición nacional pero privada deles polo entremetemento radicalmente inxusto de Inglaterra, do cal derivan os males todos que a afectan na actualidade. En consecuencia, como

xa se adiantou na enumeración dos obxectivos que persegue coa súa obra, Duffy pretende demostrar a existencia histórica da nación, rastrexando no pasado os seus trazos específicos, aínda visibles no presente, resaltar a súa capacidade para acadar niveis de civilización equiparables ós das máis prósperas e cultas das nacións e denunciar as raíces nas que asenta o sistema de dominación que a oprime. Todo o cal require, por demais, a impugnación da versión do pasado elaborada como xustificación de tal dominio polos seus beneficiarios ingleses. Estes son os eixes do relato e, por tanto, sobre eles debe efectuarse a análise dos seus contidos.

1. A singularidade nacional: raza, cultura e relixión

Sendo a condición nacional a que autoriza a composición do relato histórico mesmo, "A bird's-eye view of Irish History" retrata Irlanda como unha entidade diferenciada desde as súas remotas orixes, que desenvolve a súa singularidade no tempo mentres se vai configurando segundo os trazos peculiares que aínda na actualidade a definen como nación: unha cultura propia e a relixión católica. Identidade cultural e fidelidade á fe católica son os elementos que distinguen a Irlanda como nación –sinaladamente fronte a Inglaterra, coa que mantén a relación máis problemática–, os que a foran constituíndo nesa condición ó longo da historia, tal como quere reflectir Duffy na súa exposición. No seu relato, por demais, os trazos *obxectivos* da nacionalidade quedan corroborados polas continuas mostras que a sociedade irlandesa dera no pasado de ser consciente da súa realidade nacional e mais da vontade de se afirmar nela fronte a calquera ameaza externa. Sobre tales eixes –existencia *obxectiva* e *vontade* manifesta de ser nación– fundamenta Duffy o seu discurso sobre a historia irlandesa.

O carácter céltico do pobo irlandés sinala a súa especificidade orixinaria, desde a súa constitución como tal, a partir do establecemento no territorio nacional dunha "expedición de celtas", no século XIV a.C. Chegados como conquistadores, os celtas identificáronse plenamente coa illa atlántica e convertéronse, despois de "absorber o pobo conquistado", é dicir, "os habitantes aborixes", na auténtica "raza nativa".[445]

Dividido por liortas internas e lealdades tribais nos inicios da súa historia, este pobo, sen embargo, non se comportou como unha verdadeira nación ata a súa conversión ó cristianismo, predicado en Irlanda no século V por Patricio, precisamente "un celta da Galia". Foi a relixión cristiá, que prendeu de maneira

[445] "[...] a people who identified themselves so completely with their new possessions that they have come to be regarded as the type of the native race". O autor comeza o seu relato reproducindo a lenda milesia, recollida nos manuscritos gaélicos medievais, que remontaba a orixe do pobo de Irlanda, como xa se citou, ó desembarco dun grupo de xentes procedentes de España baixo o mando dun certo Mil ou Milesius, segundo a forma gaélica ou a latinizada. Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 81.

extraordinariamente rápida na illa, o axente que lle insuflou un "obxectivo común" que deu senso unitario á enteira "raza irlandesa",[446] converténdoa deseguido no principal foco espiritual e civilizador europeo. Viñeron despois catro ou cinco séculos nos que os misioneiros irlandeses cristianizaron a Europa pagá, nos que as súas escolas atraeron estudiantes de Gran Bretaña e o continente e nos que a actividade intelectual e as artes todas acadaron na illa un desenvolvemento extraordinario, facendo de Irlanda unha "Grecia cristiá, a nai nutricia da ciencia e da civilización".[447] De tal confluencia entre a raza céltica orixinaria e a nova fe cristiá naceu unha "cultura nacional diferenciada e singular", produto dunha sociedade "próspera e feliz" na que os dous elementos conformantes se combinaban en harmonía perfecta.[448] Da exposición dedúcese que, en tan brillante período, culminación das capacidades derivadas da fusión entre raza e relixión, a nación irlandesa estaba xa plenamente formada e refulxía no seu esplendor.

Nunca perdería a identidade irlandesa os trazos esenciais da nacionalidade, val dicir, as peculiaridades culturais derivadas das súas orixes celtas e mais as crenzas relixiosas cristiás que se integraron en fructífera concordancia con aquelas. Ó longo da enteira narración, Duffy utiliza con frecuencia o substantivo *Celt* para denominar os irlandeses e o adxectivo *Celtic* para cualificar as institucións, as leis e as actitudes dos nativos, por contraposición ós invasores ingleses.[449] As referencias a tales manifestacións da singularidade nacional son, en todo caso, eloxiosas. Mesmo nos casos en que, á luz dos criterios de avaliación dos tempos do autor, as aparencias poderían suscitar dúbidas sobre a bondade dalgunhas das súas institucións e dos seus costumes, atopa Duffy un motivo para a loanza do indíxena. Así o fai cando defende o sistema de penalización do asasinato e doutros graves delitos por imposición de multas sobre a familia dos culpables, presentándoo como preferible ó castigo de aforcamento que contempla o sistema legal inglés, que se di máis civilizado; ou cando sostén que o modo de propiedade colectiva da terra tradicional do país foi substituído polas formas de tenza feudais da lexislación

446 "The Irish race first felt the contagion of a common purpose not in war, but in labours of devotion and charity". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 82.

447 "In this epoch Ireland may be said to have been a Christian Greece, the nurse of science and civilization". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 83.

448 "[...] a distinct and remarkable *national culture*. The people were still partly shepherds and husbandmen, partly soldiers, *ruled by the Chief, the Brehon, and the Priest*. Modern philosophers who deplore their fate would find it hard to discover any period, before or since, when they were so prosperous and happy". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 83 [cursiva engadida].

449 Así, alude á "Celtic resistance" fronte ós invasores anglonormandos (p. 101n), fala de "enemies of the Celt" no século XVII (p. 102), refírese ós rebeldes do Ulster no século XVI como "the Celt" (p. 95) e cualifica co adxectivo "Celtic" as leis, o goberno dos aristócratas nativos, o sistema de tenza da terra ou os costumes de transmisión por herdanza propios do país (pp. 89, 96, 96n, 102).

inglesa non debido á superioridade destas, senón por permitiren unha máis fácil confiscación das propiedades irlandesas por parte dos invasores, ó atribuírlles unha titularidade individual.[450] Incluso ó explicar o limitado éxito da fera pero ineficaz resistencia nativa contra os invasores anglonormandos por causa das querelas internas e da falta de unidade entre as distintas tribos e clans en que se subdividía o pobo irlandés, as palabras de Duffy deixan translucir unha valoración positiva do que, en todo caso, correspondía ás formas particulares dunha civilización que, tamén nisto, era ben dispar respecto da inglesa.[451]

Sen embargo, con todo o valor que lle outorga á singularidade céltica, é a dimensión relixiosa a que Duffy quere salientar como signo identitario diferenciador despois da Reforma protestante. O seu relato dos catro últimos séculos da historia do país presenta o conflito entre nativos e estranxeiros á luz das diferenzas relixiosas que os separaban, definindo cada un dos bandos polas súas respectivas adscricións ó catolicismo e ó protestantismo. En toda a narración deste período, a contraposición entre *católico* e *protestante* é o puro correlato da que opón a *irlandés* e *inglés-angloirlandés*. O sistema de dominación que establece Gran Bretaña en Irlanda, tal como o presenta o autor, fúndase todo el na discriminación legal e no sometemento da poboación católica, tomada sempre pola propiamente irlandesa. Nin sequera os mellores de entre os protestantes angloirlandeses se libran das súas invectivas, acusados de ser "implacables na súa hostilidade cara ós católicos", de excluílos das súas reivindicacións de liberdade fronte a Inglaterra e de rexeitar as súas xustas demandas de igualdade co "desapiadado odio que un tirano sente cara ó escravo que conspira pola súa liberación".[452]

Aínda que non afasta de modo expreso os protestantes da nacionalidade irlandesa e mesmo hai momentos en que, de forma indirecta, admite a súa pertenza á nación,[453] na maioría das ocasións Duffy establece unha equivalencia directa entre os termos *celta, nativo, irlandés* e *católico.* A maiores, non falta un retrato dos protestantes como un grupo de estirpe estranxeira que el mesmo, no decurso

---

450 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 90 e 96.

451 Ver Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 82-7.

452 "[...] Protestants, however distinguished for patriotism or benevolence, had been implacable in their hostility to Catholics. Neither Swift nor Berkeley, Flood nor Charlemont proposed to extend the Irish liberty which they desired beyond the pale of the minority. Since 1782, however, a constantly increasing number of Protestants were eager to see the emancipation of the Catholics completed; but the bulk of those in possession of the monopolies still hated the race which put them in peril with the merciless hatred that a tyrant feels towards the slave who conspire for deliverance". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 132-3.

453 Como cando acepta que, en 1800, "The Catholics constituted four-fifths of the nation [...]", reservando así un espazo para os protestantes. Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 132.

da historia, se fora arredando do pobo irlandés para exercer sen reparo o seu dominio sobre unha raza que consideraba inferior, ó propoñer unha comparanza entre o papel daqueles en Irlanda, por un lado, e o dos antigos romanos na Galia e mais o dos británicos na India colonial polo outro.[454] En suma, do percorrido polo pasado do que Duffy dá conta en "A bird's-eye view of Irish History" é doado concluír que son os católicos, herdeiros da raza celta nativa, e non os protestantes, descendentes da estirpe estranxeira e opresora, os que configuran a auténtica nación irlandesa.

Por demais, insiste Duffy, a maiores da singularidade de orixe, de cultura e de fe relixiosa que define a nación no pasado e no presente, o pobo irlandés soubo sempre demostrar coas súas accións ter completa conciencia da súa nacionalidade, probando de diversas formas un compromiso indubidable coa súa supervivencia como grupo diferenciado. A este respecto, o autor destaca o carácter recorrente con que se manifestou a vontade de independencia dos irlandeses. Sucédense no seu relato os exemplos da súa resistencia fronte ós invasores, fosen viquingos, anglonormandos ou as novas remesas de ingleses que chegaron á illa a partir da era dos Tudor, como mostras dunha ansia de independencia que confirma a presenza histórica constante da nación e o irrenunciable propósito de mantela como tal. Mesmo sobrepoñéndose ás lealdades tribais e clánicas, consubstanciais á raza, os irlandeses nunca deixaron de reivindicar o seu dereito a vivir en liberdade, segundo subliña a exposición da súa historia por Charles Gavan Duffy.

2. O sistema de dominación e o decaemento nacional

Xa se indicou que os contidos de "A bird's-eye view of Irish History" teñen como referencia central as repercusións derivadas da presenza inglesa na historia de Irlanda a partir do século XII, cando arribaron ás súas costas as primeiras tropas dos baróns anglonormandos procedentes da gran illa veciña. Enmarcado entre os gloriosos tempos en que a nación madurecera en liberdade, nos que acadara elevadas cotas de prosperidade material e de progreso cultural, e a manifesta decadencia da desacougante realidade que tiña á vista o autor, desenvólvese pormenorizadamente o relato do gradual establecemento do sistema de dominio estranxeiro sobre a nación, do cal, segundo a opinión de Duffy, deitaran as terribles consecuencias que impregnaban de pobreza e ignorancia a vida cotiá dos irlandeses do momento. Triste relato, certamente, en canto debía dar conta do sometemento dun pobo, da perda da súa liberdade, da destrución da súa cultura e da rapina dos

454 "The Protestants in Ireland had been like Roman citizens in Gaul or British officials in India. They not merely affected airs of pre-eminence and patronage, but honestly believed themselves a superior race". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 144 .

seus recursos. Unha narración, en suma, que non podía eludir a representación do pasado como unha historia de sufrimento.[455]

Así pois, en conformidade co obxectivo primordial que move ó escritor a redactar o seu texto, a crónica sobre o pasado consiste na descrición e análise das amentadas estruturas de opresión que se lle impuxeran á nación, especificando as súas orixes, as formas en que se constituíron, as etapas da súa implantación e mais os seus efectos sobre o país, sen esquecer a resposta defensiva da sociedade irlandesa a tal sistema de asoballamento. Por demais, cinco ideas esenciais atravesan como constantes o enteiro relato: a inxustiza radical da intromisión estranxeira, a perfidia que informou o comportamento dos intrusos, presentada como consubstancial á nación inglesa, a motivación interesada que guiou os gobernos invasores e os seus axentes en Irlanda, os resultados sempre negativos que derivaron dos seus planos de dominación e, por último, a decisión irreductible da nación de recuperar a independencia da que fora privada pola forza.

Ó longo dos setecentos anos de dominio inglés, calquera que fosen o tempo histórico, o episodio concreto ou o grao de implantación das estruturas de opresión, a narrativa histórica de Duffy amosa o carácter inxusto, perverso, interesado e prexudicial para o país da presenza inglesa na illa. Tales son os trazos permanentes, pois, dun relato que se desenvolve en tres etapas, segundo o autor descompón o proceso histórico de sometemento da nación irlandesa: a irrupción estranxeira, a conquista efectiva do enteiro territorio, catro séculos máis adiante, e o conseguinte establecemento do sistema de dominio, coas súas derivacións de arrasamento da orde autóctona.

Respectando a sucesión cronolóxica, por tanto, comeza a crónica pola entrada das forzas estranxeiras en Irlanda, a finais do século XII, e pola descrición do primeiro enfrontamento entre nativos e invasores, principio da confrontación entre as dúas entidades nacionais que rexería a futura historia do país. Os trazos todos característicos de tal relación conflitiva aparecen reflectidos desde eses primeiros tempos.

Así, xa nestas páxinas iniciais se retrata os invasores con perfís absolutamente negativos. Segundo a representación de Duffy, foron a ambición de poder e a ansia de riquezas as que empuxaran os anglonormandos ás terras da illa veciña e as que caracterizaron o seu comportamento nos tempos posteriores. Sempre devecendo por arrebatarlles as súas propiedades ós nativos, foi a súa unha cobiza insaciable,

---

455 Duffy comeza a súa exposición advertindo da dor que suscita a aproximación ó pasado de Irlanda: "Many men refrain from reading Irish history as sensitive and selfish persons refrain from witnessing human suffering". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 81.

que mesmo os impulsou a poñer atrancos ás posibilidades de integración de parte da aristocracia gaélica dentro do señorío feudal do monarca inglés. De maneira que, desde o comezo mesmo da invasión, quedou aberto o camiño de rapina e desposesión dos recursos da nación que caracterizaría a presenza de Inglaterra en Irlanda ata o mesmo presente en que o autor escribía a súa obra. [456]

Foron, ademais, a falsidade e o engano os recursos habituais dos que se valeron os invasores para impoñer o seu dominio na illa. Strongbow, o xefe dos cabaleiros normandos que acudiran en auxilio de Dermot MacMurrough, o rei de Leinster deposto polo monarca principal do país, casou coa filla daquel que o chamara e apropiouse el mesmo do seu reino, repartindo terras entre os estranxeiros que o acompañaran. Por demais, o propio Henry II de Inglaterra, que afirmou fronte ós invasores o recoñecemento da soberanía que lle correspondía pola lei feudal e reclamou o título de señor supremo de Irlanda *(Lord Paramount),* fundou as súas demandas nunha concesión papal, recollida nunha bula outorgada por un papa inglés que deu credibilidade ás mentiras dos axentes reais sobre a "perigosa indisciplina" na que caera a Igrexa irlandesa; cesión confirmada despois en función dos falaces informes dos propios invasores sobre o carácter incivilizado do pobo irlandés, segundo unha práctica de deformación da realidade do país e das súas xentes que os ingleses seguirían repetindo ó longo dos séculos.[457]

Idéntico ánimo falsario foi o que inspirou os planos dos intrusos para asegurar a súa preponderancia na illa. Alí onde a forza militar non lles resultou abonda, incapaces de derrotar definitivamente os nativos, servíronse dunha serie de disposicións legais que, no canto de estender á poboación do país os beneficios das leis de Inglaterra, fixeron de instrumento para a súa discriminación e para o estrago da orde nativa tradicional. A abolición das formas particulares da propiedade e mais dos costumes gaélicos relativos á herdanza da terra e a súa substitución pola máis conveniente regulamentación feudal foi o mecanismo utilizado para, baixo o amparo da nova legalidade, proceder á desposesión dos irlandeses en beneficio dos estranxeiros. Non esquece lembrar Duffy que en tal espolio da terra

---

456 "[...] the managers of the English interest, the officials of the Pale, [...] wanted estates for themselves, and any policy which interfered with this purpose was thwarted or reversed. Had the chiefs become feudatories of the king there would be no longer any pretence for harassing them with military expeditions and seizing their lands as the spoil of battle. [...] It was a struggle not for supremacy but for the soil; and it went on, as we shall see, under varying conditions, for more than twenty generations". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 88.

457 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 84-5. "[...] in the train of the invaders came the first of a class of functionaries who have reappeared in every subsequent epoch of our history, *the official libellers.* Gerald Barry [...] wrote an elaborate Latin treatise designed to prejudice the Irish race with the Holy See, and justify their subjugation. [...] and after seven centuries his libels are still occasionally cited for a kindred purpose, by persons of the same pursuit". Id., p. 85 [cursiva engadida].

se atopa a raíz do absentismo de boa parte dos grandes propietarios do país, un dos males perdurables que, por causa da presenza inglesa, afundiran a maioría dos irlandeses na miseria ata o mesmo presente.[458]

Por outra banda, a representación da época medieval no texto de Duffy ofrece tamén, xa perfectamente deliñados, dous dos trazos cos que caracteriza o pobo irlandés e que serán recorrentes no enteiro relato da súa historia. Un negativo, o que describe as querelas internas que minguaron a forza da nación e permitiron o éxito duradeiro dos invasores; e outro positivo, o que resalta a resistencia irreductible que a poboación nativa nunca deixou de opoñer ós estranxeiros.[459]

Desde o principio mesmo do seu relato presenta Duffy, polo tanto, os elementos que, segundo a súa visión, caracterizan os longos sete séculos de opresión da nación irlandesa a mans de Inglaterra: a maldade e a falsidade dos estranxeiros, o abuso da forza e a instrumentalización da legalidade para a satisfacción dos seus intereses particulares, os efectos catastróficos do seu establecemento na illa para a sociedade irlandesa e, como pano de fondo, a loita indomeable da nación sometida na procura da súa liberdade perdida.

Os tempos do porvir serían aínda peores, segundo a exposición de "A bird's-eye view of Irish History". No Medievo, con todo o esforzo dos ocupantes por someter o país, a sociedade irlandesa amosara aínda unha vitalidade suficiente como para forzar os gobernos ingleses a establecer unha lexislación especial que impedise o progresivo achegamento dos residentes de ascendencia inglesa á poboación nativa. Despois de varias xeracións de convivencia en proximidade, os emparentamentos coas familias autóctonas, a asunción dos seus riscos culturais e dos seus hábitos particulares fixeran temer unha desnaturalización de moitos dos antigos conquistadores e un debilitamento dos lazos que os unían coa Coroa inglesa. Era tal a intensidade deste proceso de *gaelización,* que o rei Edward III se viu obrigado a establecer, no século XIV, unha lexislación que prohibía tales relacións cos nativos, falar a súa lingua, adoptar os seus costumes ou casar con mulleres do país. Tal era aínda a capacidade da nación irlandesa de atraer e integrar os que un día chegaran ás súas terras como inimigos.[460] Mesmo no século seguinte,

---

458 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 87-91. "When the adventurers got estates, those who secured the best returned to England to enjoy their plunder in peace; and with them began the pernicious system of absentee proprietors". Id. p., 88.

459 "In every generation an attempt was made to throw off the foreign yoke. But it was generally made by an individual chief or a union of chiefs, who resented some recent wrong; it was imperfectly supported by the nation [...]. The jealousy of septs and the rivalry of chiefs prevented a national union [...]". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 86.

460 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 89.

destaca Duffy, os nobres locais souberon aproveitar as disputas que enfrontaban as casas de York e Lancaster en Inglaterra para facer retroceder os territorios ingleses de Irlanda a pouco máis que os arredores de Dublín.[461]

Todo cambiaría, sen embargo, desde o momento en que a dinastía dos Tudor abrazou a Reforma protestante, segundo a exposición de Duffy. Empezou entón o período máis tráxico da historia irlandesa, aquel do que aínda se sentían as súas pegadas no presente, aquel onde os carácteres mencionados que marcaran a inxerencia inglesa desde o desembarco dos baróns normandos na illa se manifestaron no seu máis terrible apoxeo. Primeiro, en dous séculos de violencia continua, completouse a conquista e a destrución da orde gaélica. Despois, no século XVIII, estableceríase un arrepiante réxime de opresión sobre a nación irlandesa.

Segundo a narración de Duffy, foi no decurso dos séculos XVI e XVII cando se completou a verdadeira conquista de Irlanda. Naquelas dúas centurias coas que se abría o mundo moderno en Europa a illa irlandesa viu cómo os exércitos ingleses procedían a unha ocupación real e efectiva do territorio, cómo se derrubaban as institucións da orde nativa, cómo desaparecía a clase dirixente gaélica e cómo se lles arrebataba o control dos recursos propios ós naturais do país. Aínda que se trataba, en realidade, do resultado dunha aplicación máis intensa dos vellos trazos que rexeran a presenza inglesa no territorio insular desde catro séculos atrás, o proceso de intensificación do dominio estranxeiro foi estimulado, en boa parte, pola entrada en acción dun novo elemento, a relixión, que desempeñaría un papel transcendental na configuración da nova realidade irlandesa de alí en diante.

O factor relixioso, inextricablemente ligado á dimensión política a partir da asunción dos principios da Reforma pola da Coroa inglesa, despois da súa ruptura co Papado e do establecemento dunha Igrexa propia encabezada polo monarca, converteríase no condicionante principal do futuro de Irlanda a partir do século XVI. Así o proclama o noso autor, que atribúe a aquela mestura entre relixión e política xerada pola Reforma a alteración dos termos do conflito entre as nacións inglesa e irlandesa. En primeiro lugar, porque privaba de fundamento ós dereitos da Coroa sobre Irlanda, asentados na antiga concesión dun Papado ó que agora os propios beneficiarios non recoñecían autoridade ningunha. E en segundo termo, porque en tales circunstancias resultaba inaceptable a dobre pretensión do monarca de Inglaterra de ser recoñecido, xa non como señor, segundo o título tradicional, senón como rei de Irlanda, e de ser aceptado como suprema cabeza da Igrexa. Por moito que o pequeno Parlamento do *Pale* inglés, "composto principalmente por

[461] "[...] the English Pale in Ireland, [...] was reduced to a territory which might be conveniently inspected in a morning's ride from Dublin Castle". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 92.

servidores da Coroa", accedese ás demandas de Henry VIII, asegura Duffy que era imposible para os católicos do país, mesmo para os de ascendencia inglesa, considerar as súas esixencias de supremacía relixiosa.[462] A partir deste punto, a cuestión relixiosa resultará decisiva na evolución do conflito, en canto as dúas nacións enfrontadas son representadas con frecuencia no texto polas súas respectivas adscricións a unha ou a outra fe, converténdose a crenza católica e a protestante en elementos de diferenciación e, conseguintemente, de discriminación legal, dado o carácter sectario do que se revestiu o Estado inglés. Deste modo, a definición relixiosa da política da raíña Elizabeth ou de Oliver Cromwell xustificará a especial virulencia das súas pavorosas accións contra a Irlanda católica, pero estará presente tamén como condicionante xeral dos demais gobernos ingleses protestantes da época. Sectarismo que Duffy se ocupa de contrastar coa xenerosidade que amosaron os católicos irlandeses nas escasas oportunidades que tiveron de exercer o poder, nos tempos en que Irlanda apoiaba o católico James II fronte ó protestante William no seu enfrontamento polo trono inglés.[463]

Con todo, Duffy non esquece situar a relixión como un elemento máis que permite a Inglaterra profundar na súa política de dominación completa de Irlanda, das súas xentes e das súas riquezas, factor que seguía constituíndo a verdadeira raíz sobre a que se erguera a súa política na illa desde un principio. A redefinición do conflito que se produce a partir da Reforma soamente se pode entender, por tanto, como a continuación dun proceso de dominio que se desenvolve en tres dimensións interrelacionadas: a propiamente política, a relixiosa e a económica. As tres esferas da actuación inglesa forman parte dun mesmo programa no que se mesturan e reforzan mutuamente. Deste modo, apréciase na interpretación de Duffy que o dominio inglés asenta directamente na forza militar que exerce sobre a sociedade irlandesa e na consolidación do poder do Estado que se acada pola manipulación e instrumentalización das leis e da xustiza polos seus gobernos. Neste senso, a autoridade estranxeira sérvese tamén da relixión para consolidar o seu poder, converténdose o protestantismo en xustificación da política de

---

462 "He could call himself king if he thought proper, but his pretension to determine such inflammatory questions as the mass, the sacraments, and the primacy of the Holy See, the bulk of neither race would tolerate. [...] and we may well believe that when this strange claim was canvassed at the board, or announced from the altar, it was heard with some such mixture of contempt and horror as the revelation of Mormonism excited in our own day among a people less prone than the Irish to reverence or enthusiasm". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 92.

463 Referíndose ó parlamento irlandés católico do rei James, escribe Duffy: "[...] they conducted themselves with singular moderation and good sense. They created an army and a navy, they established religious equality among all Christian creeds [...]. This Catholic parliament did not pass any law inflicting penalties on Protestants for their opinions. [...] Their fellow Catholics in England and Scotland at the moment were under proscription and persecution, but they set an example of moderation and forbearance nearly unique in history". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 115-6.

sometemento, á vez que resulta favorecido por esta. E, de igual modo, a rapina sobre os recursos económicos do país vén ser, ó mesmo tempo, o resultado da dominación inglesa e un dos instrumentos preferentes por medio dos cales se reafirma o éxito daquela política, en canto priva da súa base material á aristocracia nativa e crea unha clase terratenente que liga os seus intereses á permanencia da Coroa en Irlanda. É con esta perspectiva da implantación do poder inglés en todos os ámbitos da realidade irlandesa que o autor de "A bird's-eye view of Irish History" considera que os sucesos vividos por Irlanda nos séculos XVI e XVII constitúen os fundamentos da historia moderna do país.[464]

Duffy personifica na raíña Elizabeth e en Oliver Cromwell os estarrecedores métodos que, ó seu xuízo, empregou Inglaterra para levar a cabo o proceso de conquista e sometemento do pobo irlandés. O autor escolle os dous períodos de goberno que encabezaron a filla de Henry VIII e o líder das forzas parlamentarias na guerra civil como os máis acabados exemplos da aplicación dos planos de dominación ingleses, en canto ambos expresan en grao máximo os seus trazos característicos. Quer dicir, un proxecto que procura a súa xustificación ideolóxica nunha inspiración relixiosa que o impregna de fanatismo sectario e lexitima a execución dunha política baseada nunha combinación do uso desapiadado da forza militar e da utilización interesada de disposicións legais promulgadas á comenencia, e que produciu como resultado o despoxo das riquezas do pobo irlandés e a redución da poboación nativa a unha condición social inferior, consagrada pola propia lexislación do Estado.

Segundo o relato de Duffy, foi a raíña Elizabeth quen, no último cuarto do século XVI, desencadeou os sanguentos acontecementos que encherían tamén a centuria seguinte, despois de tomar a decisión de impoñer por todos os medios a hexemonía da nova fe protestante e de afirmar o poder da Coroa en Irlanda.[465] Co seu consentimento expreso, resalta o autor, as tropas inglesas emprenderon unha "guerra de exterminio" contra a nación irlandesa na que non se aforrou ningunha brutalidade. As terras de Munster, onde resistiran os rebeldes nativos, foron devastadas de modo sistemático nunha empresa de crueldade inaudita, na que se aplicaron medidas tan atroces, que apenas se atopan situacións comparables na historia: homes e mulleres asasinados sen discriminación ou "deliberadamente" condenados á morte por fame, destruíndo as súas colleitas e matando o seu gando, queimando os seus celeiros e as súas casas. Nin sequera se detivo a matanza ó

464 "In the transactions now to be briefly described, and which form the foundations of our modern history [...]". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 98.

465 "Elizabeth, however, determined that all Ireland must be brought to submission, and two wars of unprecedented fierceness and duration were the result". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 93.

cesar toda resistencia. E tan terribles feitos, afirma Duffy, foron persoalmente aprobados pola raíña.[466]

O masacre de Munster só merece unha atención comparable na descrición das súas atrocidades nas páxinas que Duffy dedica á campaña de Cromwell, que asolou Irlanda sete decenios despois, na metade do século XVII. Cromwell aparece retratado como un criminal fanático, convencido de actuar por mandato da xustiza divina contra os católicos, capaz de ordenar o asasinato masivo dos habitantes de Drogheda e Wexford, de expulsar a enteira poboación católica de tres provincias e confinala en distantes e pantanosas rexións, mentres repartía as súas terras entre os soldados do seu exército, e de secuestrar miles de rapaces e rapazas inocentes para vendelos como escravos no Caribe.[467] Sen dúbida, destaca o autor, a pretensión de Cromwell era "extirpar a raza irlandesa", e non lle estraña que a súa incomparable maldade deixase unha pegada indeleble no pobo da illa.[468]

Pero a forza militar non foi o único método que lles permitiu ós ingleses dos séculos XVI e XVII impoñer o seu dominio en Irlanda. Como xa se adiantou, o poder estranxeiro afirmouse tamén por unha utilización partidista e aproveitada das posibilidades que ofrecía un manexo da lexislación que, ó tempo de dar aparencia de legalidade ó proceso, consolidaba para o futuro as posicións que se conquistaran pola superioridade das súas tropas. En todo caso, o sistema de goberno inglés en Irlanda fundouse na coacción sobre a poboación nativa, ben fose exercida directamente pola violencia das armas, ben o fose a través dunha instrumentalización das leis e do aparello xudicial que non se baseaba menos nunha constante presión coercitiva. En realidade, o texto de "A bird's-eye view of Irish History" amosa que o habitual foi unha mestura de ambos os mecanismos, de maneira que se producía un reforzamento mutuo dos efectos das dúas clases de violencia, que viñan ser, ó cabo, simples manifestacións diferenciadas dunhas mesmas estruturas de opresión.

---

466 Duffy compara o masacre de Munster coas atrocidades da Bulgaria do seu tempo e sostén que houbera na rexión irlandesa moitos máis mortos que "in the three French revolutions by the crimes of the Jacobins, the Reds and the Communists. Half the population of the island was destroyed, and Ireland was pronounced to be 'pacified' as in later times 'peace reigned in Warsaw." E engade: "Under the Tudors the assent of the sovereign was not a figure of speech; Elizabeth the haughtiest and most exacting of a jealous race, personally scrutinised and sanctioned the measures adopted". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 94.

467 Describe así Duffy a matanza de Drogheda: "[...] and put to the sword the entire garrison, and the population of all ages and both sexes, nobody being spared. The massacre continued for two days; it is admitted that between three and four thousand persons were butchered in cold blood; and a score or two of the inhabitants who alone escaped were sent as slaves to the tobacco plantations". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 108.

468 "The admitted aim of the Lord Protector was to extirpate the Irish race, and his policy is still known among them as the 'Curse of Cromwell". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 109.

Duffy presenta a confiscación sistemática das terras pola nación invasora como a máis acabada mostra desa coerción sostida na forza física, na permanente ameaza de exercela e nos amaños legais que a intimidación que deitaba dela permitía. Parécelle, ademais, a proba máis evidente da complementariedade das dimensións relixiosa, política e económica en que se concretaba a dominación inglesa. A este respecto, relata con detalle cómo nos séculos XVI e XVII a Coroa emprendeu a colonización de boa parte do territorio irlandés, seguindo planos de usurpación da propiedade da terra e da posterior transferencia a poboadores de orixe estranxeira –inglesa e escocesa– e relixión protestante, desprazando o campesiñado nativo ás rexións menos fértiles do país.

As chamadas *plantations* son, para o noso autor, a mellor demostración da cobiza que sempre movera os ingleses, mostra do engano e a perversión sobre os que asentaba o poder do Estado e dos seus axentes na illa, e testemuño da vontade de destrución da sociedade irlandesa que guiara as accións dos invasores desde o mesmo momento da súa arribada, empobrecendo a poboación nativa e privando ás súas clases dirixentes da base material que sustentaba a súa posición. Porque os roubos da terra a gran escala non cesaron nin sequera cando as campañas militares concluían e imperaba unha aparencia de paz. En realidade, a dominación inglesa propúxose ser máis fonda e duradeira que a simple imposición da autoridade do Estado por medio das armas. As pretensións reais eran as de acadar un dominio absoluto sobre o país, subordinándoo, en todos os ámbitos, ós intereses ingleses, utilizando unha lexislación axeitada que aplicaría unha clase dirixente de orixe estranxeira que había asumir o control das riquezas do país. Segundo tales planos, os gobernantes e a nova aristocracia de orixe inglesa e protestante e mais os colonos instalados nas terras arrebatadas ós nativos convertéronse nos garantes do poder da Coroa sobre a illa irlandesa.

A rapina das terras non foi, por tanto, segundo a versión de Duffy, un episodio limitado ós momentos de maior violencia do conflito entre nativos e estranxeiros, nin tampouco unha resposta exclusivamente ligada ó castigo dos estalidos da rebeldía irlandesa, como sucedeu no reinado de Elizabeth, cando se repartiron terras entre os soldados victoriosos na guerra contra as revoltas de Desmond, ou a continuación da campaña militar de Cromwell, á que lle seguiu o xa amentado despoxo xeral da poboación católica. Duffy presenta a confiscación como parte fundamental dun programa de desposesión dos nativos e de afirmación do poder inglés por medio do control exclusivo dos recursos económicos do país, e preocúpase por detallar a continuidade ininterrompida desa rapina nos períodos de menor inestabilidade. Así, conta como, no reinado de James I, o desexo de apropiarse das ricas explotacións agrarias do Ulster e a necesidade

de asegurar o dominio inglés transferíndolles a propiedade a colonos protestantes e fieis á Coroa motivou a masiva e espectacular *plantation* do Ulster.[469] As consecuencias da operación para a poboación autóctona foron catastróficas, expulsados os lexítimos titulares da terra ás rexións pantanosas e montuosas do país, nunha usurpación que sentou as bases da súa condena permanente a unha vida de miseria e penalidades.[470] A mesma operación de espolio roubou as terras de Connaught ós seus lexítimos propietarios en tempos de Charles I, aplicando unha terrible combinación de forza militar, de argucias legais e compoñeduras xudiciais.[471]

Igualmente, en tempos de paz, xa na época de Restauración, o novo monarca negouse a anular as confiscacións levadas a cabo nos turbulentos tempos de Cromwell, preferindo Charles II, segundo salienta Duffy, manter as propiedades en mans dos ingleses, mesmo que fosen os que no recente pasado combateran pola república parlamentaria contra os intereses da súa dinastía na guerra civil.[472] Claramente, deduce o autor, as comenencias de Inglaterra primaban en todo caso sobre as dos irlandeses e mesmo sobre as esixencias da xustiza. E o mesmo faría, confirmando a posesión con carácter definitivo, o primeiro gobernante da nova dinastía de Hannover. O resultado final do longo proceso de despoxo sería a perdurable división da sociedade irlandesa nunha minoría de ricos propietarios de relixión protestante e unha maioría de pobres católicos dominados por eles, tal como se faría evidente no século seguinte e no mesmo presente do autor.

Xa no século XVIII adoptaría a súa forma definitiva o sistema de opresión sobre a nación irlandesa, para culminar na Acta de Unión de 1800, despois de asentar sobre novos e firmes cementos nos douscentos anos últimos un proceso que comezara coa invasión de seis séculos atrás. Xa por entón desaparecera a necesidade de recorrer a campañas militares. Despois do labor de estragamento da sociedade gaélica nas dúas centurias previas, abondoulles ós ingleses coa violencia institucionalizada dos aparellos administrativo e xudicial do Estado para

---

469 "Lord Bacon was of opinion that a large settlement of English husbandmen in Ireland able to guard as well as to till the land, would help to secure the interest of the Crown; the only question was where to plant them. O'Neill and Tyrconnell had proved dangerous adversaries: they possessed a fertile territory, and [...] they were quite ripe for confiscation". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 98.

470 "The rightful owners were forthcoming, and the planters held by no higher title than naked force; good as long as force was on their side, but no longer. [...] the remnant of the native race, to whom the land had descended since the Redemption, were pining in misery and bitter discontent. The barren hills or frozen bogs to which they were banished yielded little food except the milk of their kine". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 100-1.

471 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 102-3.

472 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 110-1.

manter as posicións de supremacía da clase dominante angloirlandesa protestante sobre unha nación reducida á pobreza e á ignorancia. Como lembra Duffy, as leis poden ser máis daniñas que as armas cando se poñen ó servizo dos poderosos e amparan o engano e a usurpación, como sucedeu ó longo da enteira presenza inglesa en Irlanda e, especialmente, neste século XVIII.[473]

Despois da derrota das tropas irlandesas que apoiaran a James II na súa loita polo trono de Inglaterra consumouse a destrución da orde gaélica e estableceuse en toda a súa plenitude o novo réxime de dominio absoluto sobre a sociedade nativa de Irlanda. O sistema asentou sobre a discriminación institucionalizada do pobo católico do país en favor dunha clase dirixente angloirlandesa e protestante que representaba os intereses propios e mais os do Estado que garantía a súa posición privilexiada. O sistema edificouse, polo tanto, sobre a base dun sectarismo relixioso que xa vimos operando en plenitude nos séculos previos e que se viu reforzado a raíz do triunfo da candidatura protestante á Coroa inglesa, que se decidira, precisamente, no enfrontamento directo en Irlanda das dúas forzas contrapostas. Aínda que no Tratado de Limerick (1691) se especificaran garantías para os católicos respecto da práctica da súa relixión e do mantemento das súas propiedades, pronto o Parlamento irlandés, composto por colonos dos tempos de Cromwell, revogou os acordos, nun acto de traizón que despois recibiría o asentimento do monarca.[474]

Comezou entón a promulgación dun amplo conxunto de leis que privaron dos seus dereitos á poboación católica, reducíndoa a un *status* semellante á escravitude.[475] Detense Duffy a especificar polo miúdo os contidos da lexislación contra os católicos irlandeses, as chamadas "Penal Laws".[476] Por elas os católicos foron excluídos do Parlamento e de todo tipo de cargo público e privados dos seus dereitos electorais; prohibíuselles o desempeño das profesións xurídicas e formar parte de xurados; ademais, no foron admitidos no Exército, na Mariña nin nas milicias, en función da prohibición de posuír armas que afectaba a calquera persoa

---

473 Aínda que referidas ó século anterior, as palabras de Duffy reflicten á perfección o espírito da nova época: "In this happy era the Irish were destined to learn how much more destructive an instrument than the sword that was seathed is the inkhorn, when it is placed on the council-board to frame Acts of Parliament and Orders in Council". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 97.

474 Duffy presenta o asunto como unha vergoña para a casa real, que non soubo honrar a súa palabra, e para a propia Inglaterra: "For more than a century the violation of the treaty of Limerick was as common a reproach to England on the Continent, as the partition of Poland has been a reproach to Russia in our own day". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 119.

475 "The Catholics were reduced to a condition closely resembling the bondage which black slaves endured in the southern States of America". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 120.

476 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 120-4.

desta confesión. No ámbito educativo, foron prohibidas as escolas católicas e pechada a entrada dos católicos ás protestantes. En canto á relixión, non se permitiu a ordenación de novos sacerdotes, suprimiuse as ordes relixiosas e impediuse a presenza dos bispos na illa. A maiores, no terreo económico, as leis prohibíronlles ós católicos comprar ou herdar terras, e mesmo telas en arrendamento, a non ser en condicións moi precarias.

As consecuencias que deitaron de tal sistema foron dramáticas, sinala Duffy. A poboación irlandesa católica quedou inerme ante os seus dominadores, incapaz de responder ás agresións de que era obxecto, co clero perseguido e coa súa clase dirixente exiliada no continente europeo ou privada dos seus bens, no caso da maioría dos aristócratas que permaneceron no país. Os campesiños víronse afundidos desde entón nunha pavorosa miseria, en canto quedaron arrecantados nas peores terras e convertidos en rendeiros á mercé do capricho dos propietarios protestantes.[477] Por demais, á pobreza sumouse a "escravitude da ignorancia" á que foron condenados os nativos polos opresores.[478]

O resultado da implantación daquelas estruturas tiránicas e explotadoras foi a práctica desaparición de calquera aparencia de nacionalidade irlandesa, sen capacidade sequera os católicos para reivindicar os seus dereitos arrebatados polos conquistadores e coa Igrexa como única institución con posibilidades de manter os lazos que unían os irlandeses todos nunha soa nación. As discriminacións de que foron vítimas os nativos por causa daquela legalidade política mesmo levan a Duffy a comparar os irlandeses co pobo xudeu.[479]

De maneira expresa, Duffy cualifica de *colonial* o sistema de dominación, en canto as súas características eran comparables ás das colonias británicas nos ámbitos económico e político. A súa dependencia económica era completa,

---

477 Compara Duffy a indefensión dos campesiños católicos cos dereitos sobre a terra que posuían os colonos protestantes do Ulster: "But the descendants of the original owners of the land had no such rights; they held on a tenure the like of which was elsewhere unknown. When they were accepted as tenants of confiscated estates, after the supply of strangers was exhausted, they had often been put into possession of land left as bare as the great desert by civil war; and the houses they built, the fences they erected, and the trees they planted became immediatly, under a law made for the behoof, the property of the landowner". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 134.

478 "[...] were disabled from disturbing the supremacy of the conquerors by being reduced not merely to poverty but to the worse bondage of ignorance". "The bulk of the nation were from that time a sort of tenants-at-will in their own nation". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 121.

479 Expresa Duffy a lamentable condición dos irlandeses católicos: "[...] the descendants of the ancient possessors had sunk into the dregs of the people and were labourers in the fields or porters on the quays of Dublin, or beggars in the streets unable to read or write, or prove their legitimacy, or trace a pedigree". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 124.

subordinadas as posibilidades comerciais e produtivas ós intereses de Inglaterra.[480] Tan grande era o asoballamento, que mesmo os membros da clase dirixente protestante angloirlandesa acabaron rebelándose contra aquel réxime tiránico. As restricións ás súas actividades mercantís e os prexuízos para a súa industria téxtil, extinguida a mantenta polos gobernos ingleses para non prexudicar os seus propios produtores, desencadearon un movemento de protesta por parte dos "irlandeses de ascendencia inglesa", unidos en demanda dunha política estatal de librecambio e dunha independencia lexislativa que acabase co sometemento do seu Parlamento de Dublín ás autoridades inglesas.[481]

O fracaso dun ulterior intento revolucionario con reivindicacións moito máis radicais por parte de grupos de protestantes presbiterianos –agora tamén discriminados polas clases dominantes de relixión anglicana–, en alianza con sectores da poboación católica, está na orixe do último e definitivo paso no camiño da consolidación das estruturas do dominio estranxeiro en Irlanda. Temendo as consecuencias dun novo acordo entre irlandeses de tal perigo para o Estado, o goberno de Pitt promoveu a unión lexislativa do país con Inglaterra e a conseguinte desaparición do Parlamento irlandés. Coa aprobación da Acta de Unión de 1800 nacía o Reino Unido da Gran Bretaña e Irlanda, incorporada esta como parte indiferenciada do Estado británico. Por fin, o sometemento era xa completo, dando cabo a un proxecto de conquista que se iniciara había máis de seiscentos anos.

Tamén sinala agora Duffy a presenza dos vellos elementos que guiaran as accións dos ingleses en Irlanda desde séculos atrás: a perversidade, a traizón, a mentira, o manexo das leis, o sectarismo...[482] As malas artes aparecen xa na mesmas manobras para conseguir a autodisolución do Parlamento irlandés, lograda por medio do suborno de boa parte dos propios deputados que o conformaban. Resalta a este respecto o autor que absolutamente todos aqueles parlamentarios angloirlandeses eran de relixión protestante, feito que reflicte ben ás claras o carácter sectario que rexía as decisións da institución lexislativa. O engano, por demais, tampouco non faltou na estratexia do goberno, que, para calmar a oposición dos católicos, fixo promesas privadas ós bispos de conceder

480 "The population [...] were subject to the rule which long prevailed in all British possessions throughout the world, that the dependent state only existed for the benefit of the paramount state. If they wove their wool into broadcloth, they were not allowed to carry the fabric to any market but England. If they preferred to sell the raw material they were not allowed to sell it in any market but England". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 122.

481 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 124-30.

482 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 131-33.

de inmediato os dereitos todos de cidadanía á poboación de tal confesión. O compromiso dunha pronta *emancipación* dos católicos, sen embargo, resultou ser un fraude.[483]

De maneira que, no relato de Duffy, a Unión non fixera máis que confirmar e agravar a situación de dependencia de Irlanda e a miseria e a opresión dos irlandeses. En canto ó país, non quedou incorporado ó Reino Unido en "perfecta irmandade", como se proclamara desde Inglaterra. En realidade, Irlanda nunca conseguiría influír na política do Estado nin gozar das liberdades británicas, sendo desprezada, como sempre o fora, calquera reivindicación que dela chegase ás institucións de goberno.[484] En canto á poboación nativa, nin mellorou a súa condición política nin tampouco a económica. A *emancipación*, a igualdade de dereitos, soamente se lograría case trinta anos despois, e gracias, estima o autor, á presión que souberon exercer os propios irlandeses. Pero aínda entón os católicos seguirían estando ausentes de calquera órgano de poder institucional.[485] De inmediato, por demais, diversos amaños da lexislación electoral excluíron, de feito, a maioría dos propietarios de terras católicos do dereito de voto.

Respecto da vida cotiá do campesiñado, nada, se non foi para peor, cambiou coa integración de Irlanda no Estado. A Unión, di Duffy, non impediu que os cultivadores da terra nativos seguisen sendo vítimas de innumerables abusos por parte dos propietarios, ós que sempre beneficiaban as condicións dos arrendamentos, permitíndolles unha pura explotación dos seus rendeiros, condenados así a padecer os males dunha alimentación escasa e a ser vítimas de terribles episodios de fame xeneralizada demasiado frecuentes.[486] O sistema, segundo o autor, condenaba o campesiño a padecer continuas subas da renda e a permanecer de por vida sometido ás esixencias daqueles que explotaban sen misericordia o seu traballo.[487]

---

483 Duffy non culpa a Pitt, senón ó propio George III, ó "fanaticism of the imbecile old King". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 131.

484 Ironiza Duffy sobre o asunto: "Thenceforth the Irish people sent representatives to the great senate of the Empire, and were in full enjoyment of British liberty; if British liberty consists in being heard with visible impatience, and peremptorily outvoted, on every national question, by a majority who do not trouble themselves to listen to the debate". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 132.

485 "What they asked was to be admitted to their just share, or, at any rate, to some share, of the government of their native country, from which they had been excluded for five generations. But on the passing of the Emancipation Act a single Catholic was not admitted to any office of authority, great or small. The door was opened, indeed, but not a soul was permitted to pass in". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 136.

486 Detállanse estas estarrecedoras condicións en Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 140-4.

487 "Whenever a farm became valuable by the labour of the tenant, it was a common practice to give him the choice to pay an increased rent, or to turn out. The tenant commonly had no resource but to accept the landlord's terms; [...] Extortionate rents were paid or promised (for they were often intentionally fixed at an impossible amount to ensure submission in other respects), and the tenants were in consequence

Como resultado da Unión, afirma Duffy, o declive económico do país foi absoluto. Irlanda, privada da súa industria e do seu comercio, quedou reducida á extrema dependencia de Gran Bretaña, convertida nun país exclusivamente agrario, destinado a fornecer os seus veciños de alimentos e materias primas. O campo e as cidades de provincias caeron na máis completa ruína, mentres os campesiños apenas lograban obter do seu traballo o froito suficiente para pagar as inxustas rendas que se lles impoñían. Descrito semellante panorama, o autor conclúe que dificilmente se podería atopar en Europa outra situación comparable á irlandesa polo tempo en que O'Connell comezou a organizar o pobo católico para conseguir a abolición da Unión.[488] A obra da Young Ireland, daquela, estaba ben xustificada.

3. A loita nacional contra a opresión

A exposición do establecemento progresivo das estruturas de dominio por parte de Inglaterra vai acompañada sempre do correspondente relato detallado do vivo rexeitamento que o proceso suscitou na nación irlandesa desde o mesmo instante en que os ingleses puxeron pé na súa illa. Certamente, a representación do pasado que ofrece o autor pode entenderse como o desenvolvemento da contraposición entre a tiranía do poder estranxeiro e a resposta defensiva que se lle opuxo en cada momento por parte da sociedade nativa. De maneira que se as páxinas de "A bird's-eye view of Irish History" poden ser consideradas, tal como se acaba de describir, como a crónica do asoballamento histórico do pobo irlandés polas forzas dun Estado estraño, tamén se lle ofrecen ó lector en calidade de mostra pormenorizada da loita da nación sometida contra os abusos dos que foi vítima ó longo de case sete séculos.

En realidade, *opresión* e *resistencia* son os dous conceptos básicos sobre os que Duffy constrúe a crónica do pasado irlandés, en canto expresan a súa visión da historia –e do presente tamén– como conflito entre dúas nacións. Neste senso, ambos os termos se presentan como a expresión mesma da diferenciación nacional entre Inglaterra e Irlanda que o autor pretende resaltar coa súa mirada cara a atrás, certamente orientada en virtude das súas convicciónns ideolóxicas.

A loita dos irlandeses, polo tanto, trátase no texto como a manifestación inevitable da súa propia existencia como nación e mais como a constante ratificación no tempo da súa vontade explícita de manter esa natureza orixinaria. Con este

---

poorer, worse clad, worse fed, and worse housed, than the people of any civilised country in the world". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 135.

488 "The social condition of the country during the half-century then drawing to a close was without parallel in Europe". Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 139.

propósito, o autor selecciona unha serie de mostras da loita nacional que se xustapoñen ó longo de todo o seu relato do pasado. O conxunto ofrece, por demais, formas de resistencia de diversa índole. A este respecto, non faltan os episodios que reflicten a obstinación popular na preservación dos trazos que definen a identidade nacional, tanto no ámbito relixioso coma no cultural. No primeiro deles, insiste o autor sempre na fidelidade irreductible da poboación nativa ó catolicismo, presentado como a expresión auténtica do cristianismo que trouxera Patricio á illa, nunha actitude de compromiso ben significativa nuns tempos en que, despois de asumir a nova fe da Reforma a condición de signo característico do Estado opresor, a perseveranza na antiga relixión equivalera a converterse en vítima de discriminación e mesmo en obxecto de perseguimento legal. En canto ó segundo aspecto, resáltase a persistencia dos modos culturais específicos do país, conservados, precisamente, gracias ó labor dun pobo que se negou sempre a esquecer as súas tradicións.[489]

Lóase tamén, como outra manifestación do rexeitamento da tiranía británica, o esforzo de mobilización política que, baixo a dirección de Daniel O'Connell, efectuou a poboación católica do país, que seguiu de maneira masiva as convocatorias do líder en favor da *emancipación* e da igualdade de dereitos, primeiro, e en demanda da abolición da Unión con Gran Bretaña, a continuación. Pero a modo principal en que o pobo irlandés afirmou a súa condición nacional ó longo da historia, segundo salienta o relato de Duffy, foi a resistencia polas armas fronte ós invasores. Resistencia que se presenta como unha loita iniciada desde o mesmo momento da chegada dos barcos ingleses á illa e nunca interrompida, non só en canto expresión da inxustiza da inxerencia estranxeira, senón tamén como proba indubidable da supervivencia da nación, mesmo que fose vítima dunha tiranía e unha explotación como as que se describen no texto. Este combate contra os ingleses, tal como se caracteriza nestas páxinas, resulta ser o froito dunha dobre motivación: nun plano xeral, vén ser a consecuencia inevitable do atropelo cometido contra unha nación á que se priva dos seus dereitos; por outra parte, na explicación da causalidade concreta que orixina cada un dos episodios en que se manifesta a resistencia, Duffy presenta sempre o combate dos nativos como unha

489 Argumentando contra as acusacións de carecer Irlanda dunha literatura ou unha arte similares ás obras da brillante cultura inglesa do XVIII, enxalza Duffy o compromiso do pobo coa súa tradición, expresada, principalmente, na memoria popular da opresión: "By the fireside on a winter night, at fairs and markets, the old legends and traditions were a favourite recreation. The wandering harpers and pipers kept them alive; the itinerant schoolmaster taught them with more unction than the rudiments. Nurses and seamstresses, the tailor who carried his lapboard and shears from house to house, and from district to district, the pedlar who came from the capital with shawls and ribbons, the tinker who paid for his supper and shelter with a song or a story, were always ready with tales of the wars and the persecution". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 123.

reacción a determinados agravios inmediatos, que son os que obrigan á resposta das armas. En todo caso, o recurso á forza nunca se retrata como unha forma de violencia gratuíta, senón ben xustificada e dirixida contra obxectivos moi precisos. Xamais se trata dunha forza exercida de forma indiscriminada, antes ben, responde sempre a unha situación de opresión previa que se volve insoportable e que impón unha réplica necesaria ás vítimas iniciais.

Se un defecto escurece a imaxe con que debuxa Duffy o que presenta como heroico esforzo irlandés fronte a un inimigo sempre superior en forza militar é a frecuente falta de unidade na acción que lle atribúe á sociedade gaélica, culpable de minguar a eficacia da súa loita en demasiadas ocasións no decurso da historia que relata. Non se trata soamente dos traidores á nación, dos que aceptaron colaborar cos opresores, que tamén os houbo.[490] A dificultade para ofrecer unha fronte unificada ante os estranxeiros parécelle ó autor un reflexo das peculiaridades clánicas e tribais que el considera unha deficiencia consubstancial ó pobo irlandés desde as súas orixes célticas. Duffy non perde ocasión de culpar de moitas das derrotas irlandesas á desunión que dividía a poboación nativa, á preeminencia das lealdades locais e persoais sobre a dimensión nacional e á falta de coordinación que a miúdo afectaba ós dirixentes do país, factores todos que diminuían a capacidade de loita contra o invasor.[491] En realidade, a propia traxedia do país comezara pola traizón do rancoroso MacMurrough, o rei que chamara os baróns anglonormandos. Non estraña, por tanto, que presente o autor a Brian Borhoime como o principal personaxe político dos tempos anteriores á invasión e o propoña como modelo para a loita contra os ingleses, por canto fora un monarca capaz de unir os irlandeses todos para derrotar os intrusos, no seu caso os viquingos, na batalla de Clontarf, única referencia deste teor que recolle para os tempos anteriores ó século XII.

A longa relación das figuras máis senlleiras da historia que cita como exemplo o autor concéntrase, sen embargo, nos séculos posteriores á invasión do país polos

---

490 Por exemplo, escribindo sobre a loita contra o estranxeiro no Medievo, escribe: "[...] the troops of the English Lord Deputy had always Irish allies, who hated an ambitious neighbour worse than they hated the stranger". Claro que tamén atopa unha desculpa: "The patriotism which combines in its sympathy the entire *patria,* was ill understood in rude ages by men of any race or clime. The chiefs of subjugated Gaul served in the legions of Caesar, the Saxons fought under the banner of the Plantagenets, and the Cid with the most renowned Christian Knights of Spain sometimes took service with the Moors. The invaders themselves yielded to this spirit of the age, and were soon divided by as fierce jealousies as the Celtic chiefs". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 86-7.

491 Esa é unha das razóns do fracaso da valente loita dos membros da familia dos Geraldines, descendentes, como xa se sinalou, dos primeiros invasores, que non atoparon axuda na guerra contra as tropas isabelinas nos príncipes gaélicos do Ulster, que só despois da derrota daqueles se ergueron contra os estranxeiros. Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 93-6. Outras veces, a referencia negativa afecta a certos grupos sociais, como cando critica a aristocracia e a *gentry* católicas por non apoiar a revolta de 1798. Id., p. 129.

anglonormandos. A sucesión de heroes mencionados a partir daquel momento decisivo da historia irlandesa non deixa oco temporal ningún sen cubrir, en canto a súa presenza constante vén simbolizar no relato a teimosía da nación irlandesa no esforzo por sacudir o xugo que desde entón a oprimía. Son, por tanto, estes personaxes emblemáticos os que mellor expresan a vontade de resistencia do pobo irlandés e as súas ansias por recuperar a liberdade nacional que Duffy se propón salientar como unha das pautas que rexen a súa historia. Neste senso, ademais da xa citada reacción de fondo permanente que latexa na actitude do pobo fronte ós intrusos, segundo se reflicte en calquera das páxinas do seu texto, o autor quere deixar constancia da correspondente resposta armada que recibiron a maioría das manifestacións concretas da opresión inglesa. E nada mellor atopa para representar tales actitudes de resistencia inflexible que a súa encarnación nunha serie de figuras históricas que expresan, co seu coraxe e o seu combate, o sentimento da enteira nación.

Por veces, Duffy amosa este espírito de resistencia nacional de forma xenérica, sen referencias a suxeitos concretos, como cando alude á loita contra os primeiros invasores ou cando rexistra os avances dos príncipes nativos contra as forzas da Coroa durante os tempos finais da Idade Media e principios da Moderna.[492] Sen embargo, a partir do momento en que o conflito entra na nova fase de endurecemento, despois da Reforma protestante, o autor adoita recorrer xa á personificación da loita do pobo irlandés en individuos particulares, naqueles que dirixen ou teñen un papel preponderante na resposta ás agresións dos inimigos do país. Son eles os heroes da nación, os que mellor representan o ánimo resistente da sociedade oprimida por medio da única maneira que parece cadrar fronte a tan perversos ataques. Porque, salvo en moi contadas ocasións, todas estas figuras sobranceiras que o autor selecciona como protagonistas exemplares do seu relato histórico encabezaron accións de combate ou participaron en episodios de contido violento.

A calidade principal destes heroes nacionais é a disposición ó enfrontamento contra os dominadores estranxeiros por medio das armas. Mesmo cando se trata de movementos de loita estritamente política, como o que organizara Daniel O'Connell, preséntase a presión popular e a intimidación dos gobernos pola mobilización das masas como a única posibilidade para lograr a satisfacción das demandas da nación. A este respecto, ó narrar a vitoria electoral de O'Connell en 1828, no condado de Clare, contra o candidato gobernamental, Duffy escolle unha tonalidade épica para a súa descrición do acontecemento, comparando a decisión

[492] Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 86, 91.

dos votantes católicos cunha vitoria heroica no campo de batalla.[493] No mesmo sentido, resalta o autor que as reivindicacións dos *patriotas* protestantes angloirlandeses a finais do século XVIII soamente obtiveron a atención de Londres cando as autoridades británicas, á vista das milicias de voluntarios que se armaran na illa, lembraron os recentes sucesos que levaran á independencia das colonias inglesas de Norteamérica.[494]

O recurso ás armas resulta ser, segundo se desprende da exposición de Duffy, non só a consecuencia lóxica da política despótica de Inglaterra, a reacción defensiva dunha sociedade asoballada ata límites insoportables, senón tamén o único modo de *arrincar* ós opresores o recoñecemento dos dereitos da nación e dos seus membros. E a elas acudiron os mellores irlandeses, os que desempeñaron un papel cimeiro no combate pola liberdade que percorre como unha constante o enteiro relato do pasado.

A tan selecto grupo pertencen os membros da familia dos Geraldines, exemplo eminente dos antigos invasores anglonormandos que se integraran co tempo na sociedade irlandesa, que tomaron as armas, xunto cos xefes nativos da súa rexión, contra as tropas estranxeiras da raíña Elizabeth, igual que pouco despois farían os príncipes do Ulster Hugh O'Neill e Hugh O'Donnell.[495] Do mesmo modo, forman parte da mellor memoria de Irlanda Phelim O'Neill, Roger O'Moore e Owen Roe O'Neill, que encabezaron a revolta dos campesiños norteirlandeses para expulsar os colonos que foran asentados nas súas terras e dirixiron as tropas da Confederación Católica contra Inglaterra, nunha cruenta guerra de seis anos de duración "a prol da liberdade de conciencia".[496] Un lugar especial na galería de heroes é o que lle corresponde a personaxes como Patrick Sarsfield, que dirixiu a gloriosa defensa de Limerick,[497] e Robert Emmet e mais Thomas Russell, que deron a súa vida intentando unha insurrección contra a Unión con Gran Bretaña, merecentes de ser incluídos na "longa lista dos mártires

---

493 "The forty-shilling freeholders of nearly every parish in the county, with the priest at the head of his congregation, marched to the hustings and voted for O'Connell. It would have required less courage to have gone into battle, than to defy the agent and the driver armed with ejectments, who stood by taking note of the delinquency. But a pitched battle could not yield more decisive results than this contest; it was the proximate cause of emancipation". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 135-6.

494 "[...] the English Parliament noting the temper of the Volunteer army, and pondering doubtless on the stripes and stars which had so lately won a place in the heraldry of nations, accordingly resolved [...]. Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 126.

495 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 93-8.

496 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 107.

497 "The siege of that city is a story of gallantry and devotion embracing all classes, and both sexes of the besieged". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 117.

pola liberdade irlandesa".[498] Incluso hai un oco para protestantes como Wolfe Tone, que uniu a católicos e presbiterianos nunha fracasada revolución, ó modo da francesa, en 1798. Son todos exemplos dunha nación que nunca deixou de loitar contra os ladróns da súa liberdade. Mesmo cando padecían a peor das tiranías, no século XVIII, despois do incumprimento do Tratado de Limerick, miles de irlandeses enroláronse nos exércitos de Francia para seguir a loita no continente axudando os inimigos de Inglaterra.[499]

E se Duffy presenta un repertorio detallado daqueles personaxes que máis fixeron por defender a nación irlandesa, tamén inclúe no seu texto os correspondentes contraexemplos que xustifican as súas accións. Se os heroes, os defensores dos dereitos da nación e das súas xentes, aparecen adornados das mellores calidades, os *viláns* son retratados como seres de carácter infame e declarados culpables de causar os peores prexuízos ós intereses de Irlanda e do seu pobo. Tamén neste caso se alude continuamente ós causantes xenéricos do mal, a aqueles grupos sociais específicos que están na raíz da violencia e da opresión que padecen os irlandeses e que as viñan exercendo ó longo de tantos séculos de dominio. Son os protestantes, considerados en xeral, en canto axentes e beneficiarios directos da tiranía inglesa, os propietarios das terras roubadas ós nativos, absentistas e explotadores, os soldados ingleses, prestos sempre a cometer toda clase de desmandos, os colonos que se instalan nas terras confiscadas ós campesiños católicos...

Pero Duffy quere personificar a maldade representándoa nos gobernantes que dirixiron os conquistadores, case sempre os monarcas ingleses pero tamén os que, no seu nome, estableceron e fixeron uso do seu poder en Irlanda. O seu catálogo da infamia comeza con *Strongbow,* o líder dos primeiros cabaleiros normandos que desembarcaron na illa, e segue co rei Henry II, que lles impuxo a súa soberanía ós intrusos e ós príncipes nativos, apoiándose nunha cesión papal conseguida por medios ben arteiros, e co monxe Giraldus, que xustificou a conquista cos seus escritos falaces.

Despois da Reforma, Duffy sinala coa marca da ruindade moral practicamente ós monarcas todos de Inglaterra: a Elizabeth, especialmente cruel cos irlandeses; a James I, que defraudou as esperanzas da nación, sen facer honra á súa nai, morta pola fe católica; a Charles I, que traizoou as súas promesas ós católicos, despois de quedar cos diñeiros que lles solicitara; a Charles II, que, lonxe de agradecer a

---

498 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 132.

499 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 120.

axuda dos realistas irlandeses á causa da súa dinastía, despois da restauración dos Estuardo non quixo repoñer os propietarios orixinais nas terras inxustamente confiscadas por Cromwell; a James II, que non foi merecente do apoio que lle brindaron os irlandeses; e a George III, incompetente e fanático, causante da perda das colonias de América para o seu país e responsable último do incumprimento da promesa de igualdade para os católicos despois da Unión.[500] E tamén se reserva un lugar especial no inventario da mesquindade inglesa para os implacables xestores do poder inglés en Irlanda, para gobernantes desapiadados como Thomas Wenthworh, conde de Strafford, que dirixiu o espolio das terras de Connaught, e, sobre todo, Oliver Cromwell, que xuntaba na súa persoa o fanatismo sectario e a crueldade asasina; e mesmo se inclúe a outros personaxes de gran prestixio en Inglaterra, como "o valente Raleigh", prototipo do cabaleiro, que participou no roubo de terras en Munster, ou o gran poeta Edmund Spenser, que non só se beneficiou da rapina, senón que tamén puxo a súa pluma ó servizo dos conquistadores.[501]

Contra tales paradigmas da infamia, dedúcese da lectura de "A bird's-eye view of Irish History", non cabía máis que o enfrontamento defensivo coas armas por parte dunha nación unida fronte ó inimigo. E esa fora a tarefa que se impuxeran os mellores homes da súa historia, segundo quere salientar Duffy no seu relato.

4. A impugnación da versión inglesa do pasado

Na súa condición de relato do pasado concibido desde unha convicción ideolóxica que toma a nación irlandesa como o suxeito da súa propia historia, o texto de Duffy constitúese, en virtude da súa propia formulación, nun desmentido absoluto da representación inglesa das relacións históricas entre Irlanda e Inglaterra. O autor, sen embargo, non se conforma coa simple proposta dunha nova interpretación que, en canto tal, se converte en alternativa á creada e difundida pola nación que ocupa o plano dominante nese secular emparellamento. Neste senso, nas páxinas de "A bird's-eye view of Irish History" sucédense continuamente as descualificacións ó que se pode considerar como o modelo histórico institucional, promovido desde as instancias políticas do poder británico e asumido polos propios beneficiarios inmediatos do proceso de conquista e dominación, val dicir, a comunidade angloirlandesa da illa, os descendentes dos que, establecidos sobre o espolio das terras e dos bens dos nativos, construíran un discurso xustificativo da inxustiza na que asentaba o seu predominio político e económico, garantido, en último termo, polo Estado opresor.

---

[500] Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 84-5, 94, 103-4, 110-1, 123, 131.

[501] Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 102-3, 108-9, 95.

Tales argumentacións fundábanse nun comenente dircurso lexitimador da intromisión estranxeira orixinado xa nos momentos primeiros da presenza inglesa en Irlanda. En orde a conseguir o consentimento do Papado para os planos de Henry II de ocupación de Irlanda, Gerald Barry, o monxe Giraldus, retratou os irlandeses nos seus escritos *ad hoc* como un pobo sumido na barbarie e presentou a Igrexa do país como indisciplinada e necesitada dunha fonda reforma. O texto deste primeiro dos "official libelers", como os denomina Duffy, serviu como fundamento da confirmación da concesión papal de Irlanda ó monarca inglés.[502] E ademais, puxo as bases sobre as que se erguería a enteira xustificación da inxerencia inglesa nos seguintes sete séculos: a caracterización do pobo irlandés como unha nación de salvaxes costumes que precisaba dunha corrección civilizadora de procedencia externa, papel que se adxudicaría a veciña Inglaterra.

Este *mito civilizador* interesado sobre o que se fundou a conquista inglesa foise completando no decurso do tempo cunha caracterización que resaltaba os trazos negativos que definían a nación irlandesa, contrapostos, xustamente, ós de Inglaterra. Así, a representación inglesa de Irlanda, tal como a recolle Duffy en repetidas ocasións no seu escrito, presentou o seu pobo como preguiceiro, violento, ignorante, sectario –*papista,* despois da Reforma–, desbaldidor e incapaz de progresar por si mesmo.

Deixa Duffy abundante constancia no seu texto de tal imaxe pexorativa espallada no beneficio dos intereses de Inglaterra e dos seus axentes angloirlandeses, poñendo de relevo a falacia interesada na que se orixinara. Igualmente, denuncia a falsidade da outra cara da retórica de lexitimación da conquista, é dicir, o suposto papel benéfico da presenza inglesa para o país sometido, culpando os estranxeiros, precisamente, do estado de abatemento no que caera unha nación que antes fora próspera e culta. Con tal intención, nega o autor que Inglaterra tivese vontade en ningún momento de facer partícipe ó pobo sometido dos saudables efectos que desde a propia nación invasora se atribuían ó seu sistema político e legal: a superioridade das súas leis, as liberdades e dereitos que garantían e a prosperidade que dispensaban á poboación que gozaba delas. Neste senso, aduce diversas probas esclarecedoras do nulo proveito que a relación con Inglaterra carrexou para os irlandeses, así como das verdadeiras intencións dos invasores. Resalta, por exemplo, a negativa a permitir a integración da aristocracia gaélica na legalidade feudal, temendo os intrusos que a conversión dos príncipes nativos en feudatarios do monarca inglés dificultase a rapina das súas propiedades, insiste na continuada manipulación da xustiza inglesa en prexuízo dos nativos, denuncia a perversa

[502] Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 85.

prohibición da ensinanza católica no século XVIII, condenando á ignorancia a maioría da poboación, búrlase da suposta liberdade política que a Unión dicía levar a Irlanda e, sobre todo, sinala con profusión de evidencias a ruína que ocasionou no país a dependencia da economía irlandesa, completamente subordinada ós intereses dos fabricantes e comerciantes de Inglaterra e ás necesidades de alimentos baratos das súas cidades.[503]

Dedica Duffy unha especial atención no seu escrito á contribución dos historiadores ingleses á consolidación da visión mitificada da conquista, tanto respecto da caracterización negativa do pobo sometido coma das fantasías sobre a misión civilizadora dos opresores. Acusa ós máis prestixiosos estudiosos ingleses do pasado de revestir coa respectabilidade da súa ciencia a restra de invencións interesadas que compoñían a representación do irlandés en Inglaterra. Neste senso, Duffy non se limita a propoñer a súa propia interpretación histórica, senón que pretende desautorizar, caso por caso, as afirmacións sobre as que asentaba a versión dos especialistas ingleses e a súa exposición dos episodios fundamentais daqueles tempos pasados. O xuízo que lle merecen os historiadores británicos resúmese nunha dobre acusación que invalidaría a súa imparcialidade profesional. Cúlpaos de utilizar criterios distintos para analizar os acontecementos da historia irlandesa e para estudiar a historia de Inglaterra, así como de poñer intencionadamente os seus coñecementos ó servizo do proxecto de dominación inglés, convertendo os seus textos en argumentos para a lexitimación do sometemento da nación irlandesa e excluíndo deles todo canto puidese poñer en dúbida os supostos benéficos efectos da intervención estranxeira en Irlanda.[504]

Coa pretensión de desenmascaramento da versión da historia promovida co obxectivo de apoiar as posicións dos dominadores, por tanto, Duffy arremete no seu texto contra historiadores tan prestixiosos na Gran Bretaña do século XIX como Thomas Babington Macaulay, Thomas Carlyle e James Anthony Froude, así como contra outros menos salientables, ós que dedica menor atención. Acúsaos a todos eles de promover a falacia do pretendido labor civilizador inglés e de soster que del se deduciran especiais beneficios para Irlanda.[505] E tamén de presentar,

---

503 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 87-8, 103, 121 e 132. Para a explotación económica, pp. 111, 122-6, 139-40.

504 Recoñecendo a valía destes historiadores, atribúe Duffy a ausencia nos seus escritos dos resultados catastróficos da conquista á súa tendenciosidade: "[...] history is a blank to many otherwise well informed persons [...]." Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 88n.

505 Así, escribe sobre Froude: "Mr. Froude in his book on the English in Ireland (Vol, I., page 13), affirms that 'everything which she most value for herself –her laws and liberties, her orderly and settled government, the most ample security for person and property, England's first desire was to give to Ireland in fullest measure'. For this statement I cannot find the least foundation in history". Charles Gavan Duffy, *Young*

coas mesmas intencións exculpatorias para Inglaterra, unha imaxe da poboación irlandesa completamente negativa, por medio dos seus retratos dunhas supostas deficiencias conxénitas do campesiño nativo, volvendo a ruína e o atraso da agricultura do país, por comparación á de Inglaterra e á dos labregos protestantes instalados en Irlanda, unha responsabilidade directamente derivada da súa preguiza e do seu carácter desbaldidor.[506]

Pero a principal denuncia vén do dobre criterio que Duffy lles atribúe ós historiadores ingleses no momento de xulgar os acontecementos concretos da historia, reservando unhas pautas específicas para o pasado de Irlanda e outras ben diferentes para o achegamento ó de Inglaterra e doutros países europeos. Nas páxinas da súa exposición láiase con repetida insistencia da inxustiza de considerar de maneira dispar feitos que el toma por semellantes. Por exemplo, acúsaos de cualificar como traizón a petición de axuda a España de Hugh O'Neill, mentres a monarquía inglesa recorrera tamén a tratos semellantes con outros países que non lles merecían critica ningunha.[507] E protesta da xustificación do roubo das terras de Irlanda en beneficio dos colonos estranxeiros polos mesmos escritores que cualifican de crime a posterior recuperación pola forza daqueles bens, na revolta do Ulster de 1641, por parte dos propietarios irlandeses orixinarios antes espoliados.[508]

Quéixase o autor de que os historiadores ingleses de prestixio adoitan reservar os xuízos máis negativos para as actitudes dos irlandeses, mentres emiten opinións ben dispares sobre episodios de características semellantes noutros países. Así sucede, afirma, respecto da resistencia que opoñen os irlandeses fronte ós seus dominadores: o que para Macaulay é a gloriosa, aínda que violenta, loita dos saxóns contra os normandos invasores de Inglaterra convértese en acusación do

Ireland, p.88n. E subliña pouco máis adiante: "One may read in Mr. Froude, who apparently dreams his facts, that the conquerors strove painfully 'to extend the forms of English liberty, her trial by jury, her local courts, her parliament' to the Irish people". Id., p. 91n.

506 Críticas da visión de Froude e Carlyle a este respecto en Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 142n.

507 Conclúe Duffy: "But one learns from a study of Anglo-Irish history to discriminate. When a Catholic nation invites the assistance of a Catholic prince, they are perverse rebels properly punished with the heaviest penalties; but when a Protestant nation invites the assistance of a Protestant prince they are generous patriots, vindicating the rights of conscience and of their native country". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 98-9n.

508 "The theory finally adopted, by English and Anglo-Irish writers generally, with respect to this transaction, when the clouds of prejudice and misrepresentation were blown away, is perplexing to human reason. To seize the hereditary land of the Irish race, and drive out the inhabitants from the pastoral valleys and rich alluvial plains which they and theirs had enjoyed since the dawn of history, was a wise stroke of statesmanship it seems; but to seize the same lands occupied for a single generation by English settlers, and drive out the inhabitants, in order to replace the original population in ther own possessions, was a crime of incredible greed and cruelty". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 106. Argumentos similares en p. 118.

turbulento carácter céltico cando rexeita a resistencia irlandesa fronte ós ingleses.[509] E indígnase Duffy cando relata cómo Carlyle rexeita vivamente os excesos dos campesiños norteirlandeses no afán por recuperar as súas terras en 1641, mentres atopa desculpas para a violencia dos campesiños franceses contra a nobreza do seu país en 1789, que considera comprensible por causa das inxustizas que viñeran padecendo no pasado.[510] Ou cando Macaulay se escandaliza de que os protestantes fosen minoría no Parlamento irlandés e no goberno de James II, mentres atopaba xusto que, despois da súa vitoria sobre o anterior, os novos monarcas, William e Mary, destituísen a todos os católicos dos seus cargos públicos, encarcerasen como traidora a nobreza inglesa da mesma relixión e prendesen o clero *papista*.[511]

Ademais da denuncia global das interpretacións dos historiadores e escritores ingleses, Duffy procede no seu texto a fundamentar a súa versión do pasado pola refutación expresa de certos episodios históricos que considera decisivos para a articulación do relato dos dominadores, en canto na descrición que se fai deles se conteñen os estereotipos e as deformacións todas da narración xustificativa da conquista. Pretende así descualificar a enteira visión inglesa dos séculos de relación directa entre Inglaterra e Irlanda, socavando as súas bases por medio da desautorización do relato de cada un dos momentos nos que se sustentaba. Trátase dunha serie de acontecementos nos que a exposición histórica inglesa facía descansar a lexitimidade da conquista e o posterior establecemento do réxime de dominación, en canto poñían de manifesto a condición de incivilizada que se lle atribuía á sociedade irlandesa e xustificaban a necesidade do labor de corrección externo que se lle asignaba a Inglaterra.

Esta clase de incidentes históricos son presentados na versión inglesa como mostras específicas dos estereotipos negativos irlandeses e das presuncións civilizadoras que, ambos os dous en conxunto, lexitimaban o sometemento da nación irlandesa, e requiren, por tanto, unha consideración específica por parte de quen ten como obxectivo primordial denunciar a inxustiza sobre a que se ergue a

---

509 "The Saxons harassed the Norman conquerors by less legitimate methods, but one may learn from the triumphant tone in which Lord Macaulay tells the story, that to trouble a foreign invader in England was meritorious, even when it was hopeless to expel him". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 87n.

510 "Of the Irish transaction Mr. Carlyle has written a vehement and unmeasured condemnation. Of the French massacre he says 'Horrible in lands that had known equal justice. Not so unnatural in lands that had never known it". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 107n.

511 "Lord Macaulay is disgusted at the number of O'Neills and O'Donovans, MacMahons and Macnamaras who thronged the benches; a phenomenon as amazing as to see Russells and Stanleys, Smiths and Brownes, in the parliament of Westminster. [...] How the Irish Catholics could have been so bigoted as to prefer entrusting their interests to men of their own race and faith is amazing, to writers of a nation who two centuries later, out of five hundred and fifty representatives of England, Scotland and Wales do not elect a single Catholic gentleman". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 115n

dominación estranxeira. Ademais, coa nova presentación destes fitos fundamentais do esquema tradicional inglés, Duffy efectúa unha inversión do relato que quere implicar unha transferencia dos tópicos ofensivos da caracterización irlandesa ós propios opresores que os foran creando ó longo do tempo, así como a nova atribución das marcas da civilización ó pobo sometido, a modo de reasignación compensatoria.

Segundo a orde cronolóxica que guía o desenvolvemento de "A bird's-eye view of Irish History", distínguese unha sucesión de análises de determinados sucesos históricos nos que Duffy concreta a súa visión alternativa e desmente a inglesa de maneira pormenorizada. Comeza tal tarefa, claro está, pola descualificación da concesión papal que autorizara a Henry II a intervir en Irlanda, salientando a falsidade interesada dos argumentos nos que se baseara, negando, en consecuencia, veracidade á descrición do pobo da illa en virtude da cal se outorgara o mandato civilizador a Inglaterra e se lexitimara a conquista e a posterior dominación nos séculos posteriores.[512]

Respecto da cuestión relixiosa, convertida na nova desculpa para o reforzamento do dominio inglés a partir da Reforma, Duffy resalta a súa instrumentalización política desde o momento mesmo en que a Coroa negara a autoridade papal. Ademais, co fin de contradicir o estereotipo do fanatismo *papista* que se lle adxudicaba ó pobo irlandés, pon en contraste, repetidas veces, a benignidade do goberno católico en Irlanda e os abusos e discriminacións cometidos polos protestantes desde un poder que case sempre tiveron baixo o seu control. Recorre a tal contraposición mesmo para os tempos da raíña católica Mary, á que non dubida, sen embargo, en adxudicar un comportamento sanguinario en Inglaterra, comparando a tranquilidade e a xustiza que brillaran en Irlanda durante os seus anos coa rigorosidade extrema da política da raíña Elizabeth e do programa de "exterminio" da raza irlandesa que se emprendeu durante o reinado desta.[513] Tal clase de comparanza constitúe, en realidade, o esquema que o autor aplica repetido despois, no resto do relato, co obxecto de inverter as descricións da interpretación inglesa, negando as denuncias de fanatismo católico e acusando o Estado e a poboación protestante de Irlanda de sectarismo intransixente.

A rapina das terras do país, sobre todo por medio da confiscación sistemática e planificada que supuxeron as diversas colonizacións coñecidas como *plantations,* merece unha atención especial nas páxinas de Duffy. Na exposición de tal proceso

---

512 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 85.

513 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 92-95.

de despoxo da poboación nativa atopa o autor o mellor modo de expresar o carácter perverso e interesado dos proxectos ingleses para Irlanda, ben distantes dos presuntos labores de civilización e causantes, máis ben, da ruína total en que quedou sumida a nación irlandesa. Son estes episodios, por tanto, os que lle permiten denunciar do modo máis evidente a falacia da lexitimación da conquista e poñer de relevo o carácter desapiadado e aproveitado das accións inglesas, así como as consecuencias catastróficas que derivaron para o país.[514]

A impugnación do relato da rebelión católica de 1641 e da posterior guerra represora das tropas de Oliver Cromwell é, tal vez, o máis perfecto exemplo da intención de Duffy de presentar unha análise substitutiva dos feitos clave do pasado que desprazase a versión tradicional dos dominadores. Esta caracterizaba a revolta, segundo recolle o autor, como "Great Popish Rebellion" e cualificaba os seus efectos como "Popish Massacre", considerando o alzamento dos campesiños católicos do Ulster contra os colonos escoceses e ingleses como a demostración definitiva da incivilidade da raza nativa e do fanatismo sanguento inevitablemente asociado á relixión católica. Sabedor da eficacia propagandística daquela versión, Duffy propón unha lectura na que se inverten, precisamente, os termos do relato. Presenta a sublevación como a xusta demanda de quen non pretendía máis que corrixir a pillaxe das terras que pasaran ás mans dos estranxeiros pouco tempo antes –"[they] spoiled the spoiler"– mentres, recoñecendo excesos polas dúas partes, nega intención inicial ningunha de verter o sangue dos seus veciños protestantes por parte dos católicos. Destaca, pola contra, os episodios nos que o propio clero católico, unha vez que a violencia se desencadeara, actuara como efectivo protector de moitos colonos e mais das xerarquías protestantes. Deste modo, pretende contrarrestar a representación protestante dos sucesos e as deducións políticas que deitaran dela, xustificando a revolta como reacción popular a unha violencia previa insoportable por parte do Estado e mais dos colonos alí establecidos en prexuízo dos dereitos do campesiñado nativo.

Por demais, denuncia Duffy a información falaz das noticias que chegaron a Gran Bretaña, froito da esaxeración por parte dos propios colonos protestantes dos crimes realmente cometidos, como estratexia para conmover a sociedade inglesa e incitar unha intervención do Estado para repoñelos nas súas propiedades, en canto a forza da Coroa era a garantía última da súa posición de dominio na illa e da posesión dunhas terras que se lles entregaran sen dereito ningún. No relato do autor, polo tanto, nin os campesiños rebeldes aparecen como exaltados asasinos católicos nin os move ansia ningunha máis que a de tratar de recobrar o que lles

[514] Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 99-103, 109-111, especialmente.

fóra arrebatado pouco antes pola forza. O relato inglés fúndase, simplemente, na creación da lenda interesada da violencia *papista* como reforzamento do discurso de lexitimación da conquista e sometemento do pobo irlandés, presentando como un conflito relixioso o que non pasaba de ser un feroz enfrontamento entre unha nación despoxada das súas riquezas e o poder estranxeiro que a oprimía, e que disfrazaba os seus obxectivos de dominación como unha loita contra o sectarismo católico e como defensa fronte á brutalidade irlandesa.[515]

Na mesma dirección argumentativa, Duffy completa a inversión dos estereotipos ingleses sobre Irlanda coa descrición de Cromwell como arquetipo do uso continuado e cruel da violencia sectaria, da coacción armada sen límite ningún e mais do espolio da poboación nativa como instrumentos da dominación de Inglaterra. As accións de Cromwell expresan no relato a desautorización do *mito civilizador* en toda a súa extensión, tanto respecto do papel de Inglaterra coma en canto á caracterización negativa da raza irlandesa. As tropas ó mando do líder puritano demostran un comportamento brutal, asasinan sen discriminación ningunha, rouban e saquean sen taxa, escravizan nenos e nenas e xustifican tal perversidade en nome dunha fe vivida cunha obstinación fanática. Na exposición de Duffy, desde logo, a balanza da barbarie inclínase, sen dúbida ningunha, cara ó lado dos opresores ingleses.[516]

Despois o autor confirma a transposición dos criterios sobre o pasado ó analizar a consolidación do sistema inglés de dominación no século XVIII, cando detalla os xa amentados efectos catastróficos sobre as condicións de vida dunha poboación discriminada polas leis do Estado británico e condenada á pobreza, tras da confirmación legal do roubo das terras, e á ignorancia, pola vontade expresa de mantela inerme na súa suxeición. Cobiza, fanatismo sectario, crueldade, violencia... son atributos que lles cadran ás clases dominantes angloirlandesas mellor que á nación católica na representación que ofrece Duffy dos tempos da configuración do réxime das Leis Penais. E, claro está, o afán civilizador inglés desaparece por completo desta descrición, deixando o seu lugar á ansia por sustentar o dominio estranxeiro sobre a destrución da raza irlandesa. Como xa se indicou anteriormente, nin sequera se libran do severo retrato os escasos protestantes que denunciaron os abusos de Inglaterra. Neste senso, Swift, Molyneux ou Lucas son presentados como defensores dos intereses da súa clase, reivindicando xustiza, igualdade de tratamento e liberdade para Irlanda, pero sen incluír nunca nas súas demandas preocupación ningunha por un pobo católico abatido baixo un sistema

---

515 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 105-7.

516 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 108-11.

de opresión do que, en realidade, eles mesmos formaban parte. Mesmo cando os *patriotas* protestantes de Grattan acadaran a independencia lexislativa, lembra Duffy, o seu Parlamento dublinés negou a extensión de dereitos á poboación católica.[517]

Agás pequenas referencias á violación dos compromisos adquiridos polo goberno inglés no Tratado de Limerick e ó desprezo pola falta dunha literatura de calidade no dourado período das artes en Inglaterra durante os anos da raíña Ana, non se desmenten de modo explícito na maioría das páxinas dedicadas ó século XVIII afirmacións concretas dos historiadores ingleses. Pero da súa lectura despréndese unha indubidable refutación dos vellos estereotipos sobre os irlandeses e a transferencia destes ás clases dominantes de orixe e relixión estrañas á illa.[518]

Respecto da insurrección republicana coa que acabara o século, cando parte dos presbiterianos e dos católicos atinaran a transcender as antigas querelas derivadas das súas respectivas adscricións relixiosas e uniran as súas forzas para promover unha revolución a prol da liberdade nacional, Duffy destaca as esperanzas que o movemento suscitou nos insurrectos e o temor á perda do poder que espertou nos que viron ameazada a súa tradicional posición de dominio. O medo á forza da nación unida levou ás minorías dirixentes a presentar o conflito como unha guerra de relixión, incitando a constitución popular da Orange Society (1795), expresión máxima do sectarismo amañado en beneficio da preservación do poder protestante, mentres as tropas gobernamentais desencadeaban unha feroz represión.[519]

A vitoria contra os insurrectos *United Irishmen* en 1798 completouse coa Unión forzada do país a Gran Bretaña dous anos máis tarde. Xa se mencionou a opinión que a Duffy lle merece a operación desde o punto de vista do procedemento institucional, así como as súas consecuencias para Irlanda, ben distantes daquela "irmandade perfecta" que prometeran as autoridades. De novo ten que defender o autor os irlandeses das acusacións de compoñer unha raza violenta e imposible de conformar, por canto seguían a criticarse desde Inglaterra os continuos estalidos de revoltas rurais que sacudiran o país naqueles tempos, lamentando a falta de recoñecemento pola poboación das presuntas vantaxes que derivaban da súa

---

517 "Ireland had now a free Parliament which understood her interests, and greatly promoted her material prosperity. But in temper and prejudice it resembled an old Parliament of the Pale; [...] This Parliament refused to strengthen itself by admitting the Catholics to representation, or even to widen its bases by giving all Protestants the franchise". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 127.

518 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 118-30.

519 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 127-30.

relación directa con Gran Bretaña. Respecto das antigas acusacións de barbarie, alega o autor que os campesiños non facían máis que dar resposta á violencia constante da que eran vítimas por parte dos propietarios das terras que cultivaban en onerosas condicións e loitar polo tan escaso sustento das súas familias.[520] A pobreza, a ignorancia forzada, as elevadas e inxustas rendas, os pagamentos para manter unha Igrexa allea, o sectarismo oranxista alentado polos propietarios e o control absoluto dos órganos de poder polas mesmas clases privilexiadas de sempre explican, segundo Duffy, a desafección da poboación católica irlandesa polo réxime político e por un Estado que non podía considerar como propios. A loita contra a opresión, agora xa organizada politicamente, aparece no seu texto como a verdadeira expresión da vontade da nación irlandesa.

Pero esta nova época non pertence xa á historia, senón, en realidade, a un presente do que o propio autor forma parte e no que o máis transcendente que nel sucede é a configuración do movemento pola liberación nacional, no que el mesmo se implicara activamente. Aínda sendo esta realidade actual a consecuencia directa da historia, tal como se propuxera demostrar coa súa exposición do pasado, os criterios da súa análise teñen que ser específicos para o momento e xa non totalmente coincidentes cos utilizados para explicar aquel. Sobre todo, porque as actitudes persoais e a validez das propostas políticas deben medirse segundo pautas que non soamente han considerar a lexitimidade e a xustiza do espírito que as impulsa, como aquelas que xulgaban os acontecementos históricos, senón tamén a súa efectividade respecto do avance das posicións no movemento nacionalista.

Cabe considerar, por último, como outro aspecto característico da representación do pasado composta por Duffy, as pretensións de *normalización* da historia irlandesa que inspirou o seu achegamento ó pasado. Trátase, por demais, dunha dimensión que lle é inherente á propia convicción nacionalista do autor, a cal, ó proclamar a condición nacional de Irlanda, esixe unha mirada ó pasado que a sitúe como suxeito do relato, ó tempo que autoriza a formulación dunha "Irish history" como a que el ofrece. Neste senso, a historia, concibida segundo estes criterios, actúa como elemento de ratificación do carácter nacional de Irlanda, en canto esta é presentada como unha nación máis dentro da categoría das sociedades que son comunmente aceptadas como tales, tanto no pasado coma no presente.

---

520 "Famines were frequent, and every other year destitution killed a crowd of peasants. Sometimes the tortured serfs rose in nocturnal jacquerie against the system; and then a cry of 'rebellion' was raised [...]. There were sometimes barbarous agrarian murders –murders of agents and bailiffs chiefly, but occasionally of landlords. It would be shameful to forget that these savage crimes were often the result of savage provocation." Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 141.

Pero non abonda con retratar Irlanda como unha nación *normal.* Tendo en conta o predominio da versión da historia elaborada segundo a comenencia de Inglaterra, cómprelle ó autor nacionalista, ademais, amosar a *normalidade* do pasado irlandés, volvéndoo comparable co desas outras realidades das que ninguén cuestiona a súa entidade nacional.

En primeiro lugar, Duffy procede no seu texto a efectuar tal clase de comparanzas respecto de Inglaterra. Non o move nisto só o ánimo de facer evidente a singularidade do pobo irlandés e de lexitimar así as reivindicacións nacionalistas, senón tamén porque ese é o requisito indispensable para desacreditar o relato inglés do pasado e impugnar as razóns alegadas nel para dar aparencia de lexitimidade á secular intromisión de Inglaterra na illa irlandesa. Con tales confrontacións históricas pretende, como xa se apuntou anteriormente, transferir á propia Inglaterra os atributos pexorativos que marcan a nación irlandesa naquela narración interesada, reforzando os seus argumentos con referencias negativas que poñan de manifesto a súa condición de nación opresora e a súa tendencia histórica á comisión de lamentables excesos. A este respecto, relaciona diversos momentos da historia inglesa en Irlanda cunha serie de episodios xeralmente considerados polas opinións públicas europeas como exemplo de atrocidades e de comportamentos intolerables. Á busca de tal efecto, Duffy suxire unha afinidade entre os masacres cometidos na época isabelina con arrepiantes crimes coloniais dos seus tempos,[521] compara os métodos dos dirixentes da Irlanda sometida cos da aristocracia da Italia renacentista e os dos déspotas orientais,[522] establece unha equiparación entre as decisións de Cromwell e os crimes dos xacobinos e mais dos búlgaros, e sitúa os abusos do dirixente puritano no mesmo plano que outros episodios de fanatismo sectario, como foran as expulsións de minorías relixiosas de diversos países europeos.[523]

Pero tamén se propón Duffy cotexar a historia de Irlanda coa doutras nacións europeas coa intención de desmentir a suposta excepcionalidade negativa do seu pasado e da propia raza irlandesa, argumento que servía de base exculpatoria da

521 "A French marshal in our day who stifled with smoke and fire a tribe of Arabs sheltering in a cavern, is denounced as a monster, but this device was repeatedly anticipated in the Desmond war by the soldiers of Elizabeth". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 95.

522 "Before quitting the Middle Ages it will be instructive to note, that during the era of Tudors, their agents in Dublin Castle habitually practised arts which we are taught to associate exclusively with Italian nobles and Eastern despots". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 97.

523 "If this be indeed the art of divine government, it was afterwards practised more successfully in the *fusillades* and *noyades* of the French Jacobins, and in the Bulgarian atrocities [...]. Cromwell's conduct is still defended on the same fanatical pretences employed to justify the expulsion of the Huguenots from France, the Moors from Spain, the Jews from England and the Christians from Japan, and the grounds are good for all these transactions, or for none of them". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 109-10.

inxerencia de Inglaterra. O obxectivo do autor é, en consecuencia, demostrar a falacia da suposta peculiaridade dunha nación presentada como refractaria á civilización e confirmar a ausencia daqueles trazos singulares nos que se amparaba a dominación estranxeira. Neste senso, Duffy refírese con frecuencia a capítulos concretos da historia doutros países, principalmente da mesma Inglaterra, coa aspiración de volver o pasado irlandés máis comprensible para os lectores e, sobre todo, co obxectivo de situalo dentro dunhas pautas de evolución semellantes ás dos países que tiñan comunmente recoñecida a súa condición nacional en termos políticos, val dicir, que dispoñían de institucións independentes.

Con tal motivo, fanse no texto parangóns entre a chegada dos milesios a Irlanda e a dos normandos a Inglaterra,[524] relativízanse as querelas internas irlandesas ó poñelas nun plano de semellanza coas que suscitara a Guerra das Rosas na illa veciña,[525] atribúeselle ó rei irlandés Brian, do século XI, unha importancia equivalente á de Alfred *o Grande* na historia inglesa ou explícase a resistencia irlandesa ós invasores recordando a loita dos saxóns contra os normandos.[526] Mediante equiparacións desta clase, nas que se establece unha semellanza entre actitudes e acontecementos históricos de irlandeses e ingleses, pretende conseguir Duffy un efecto de *normalización* da historia de Irlanda que desminta aquela singularización negativa que Inglaterra lle asignara á nación conquistada, e que constituía a condición imprescindible, como xa se indicou, para a formulación do *mito civilizador* que percorre e fundamenta a crónica autoxustificativa da historia das relacións entre as dúas nacións segundo a versión inglesa.

E aínda completa o autor a tarefa coa proposta doutra serie de referencias históricas que non só queren refutar aqueles estereotipos de violencia e carácter incivilizado da raza irlandesa, senón que, poñendo os fitos máis rechamantes de tales acusacións no contexto axeitado, contribúen tamén a eliminar as aparencias de excepcionalidade do pasado nacional. Así, espalladas polo texto, atópanse alusións a acontecementos da historia doutras nacións europeas, como as que comparan a loita dos campesiños irlandeses en 1641 contra os colonos estranxeiros coa dos holandeses fronte ós españois e a dos sicilianos ante os franceses,[527] ou

---

524 "They were the Normans of that era, these Milesians, better armed and trained than the natives; disciplined in a higher civilisation, and politic enough to desire not to destroy but to absorb the conquered people". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 81.

525 "There were protracted and merciless feuds among the Milesian chiefs and their successors for many generations, feuds such as, nearly two thousand years later, desolated England in the Wars of the Roses". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 82.

526 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 87, 105.

527 Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* p. 105.

as que pretenden encadrar nun contexto relativizador episodios particularmente sanguentos segundo as narracións inglesas tradicionais.[528]

En suma, como consecuencia de todo o exposto, a historia de Irlanda aparece reflectida en "A bird's-eye view of Irish History" como o relato dun pasado semellante ó das demais nacións europeas, agás, xustamente, por causa da intromisión inglesa. É Inglaterra a responsable dun desenvolvemento histórico que quebrara a previsible evolución *natural* dunha nación que, sendo igual en todo ás outras entidades de tal condición, veu tronzado o seu camiño, dando lugar a un presente no que culminaba un sometemento forzado e inxusto. Se é certo que a triste realidade actual da nación parece confirmar a veracidade da descrición negativa que dela fai o relato inglés, acepta o autor, non é a menor das imposturas históricas aquela que atribúe á natureza dunha raza o que era o lamentable resultado do abuso secular que padeceu por parte desa Inglaterra que pretendía intentar *civilizala* mentres, en realidade, a reducía á miseria e a sometía á máis absoluta das explotacións. Por eso Duffy conclúe a súa exposición lembrando o contraste entre o esplendor dunha illa que fora sede dunha civilización extraordinaria, mentres a nación que a poboaba fora libre, e o dramático resultado da interrupción do seu camiño nacional específico pola intrusión de Inglaterra. Esta é, segundo a explicación que se deduce da historia aquí narrada, a culpable única de que a que fora un día exemplo da Cristiandade se convertese na máis pobre e ignorante das nacións europeas.[529] Só a liberación do xugo que a oprimía desde había sete séculos podía devolverlle a súa gloria e a prosperidade que lle correspondía.

Conclusión

Como xa se ten comentado con anterioridade, unha exposición do pasado elaborada sobre a base do convencemento ideolóxico e a militancia política nacionalistas, como a que ofrece Charles Gavan Duffy en "A bird's-eye view of Irish History", non pode menos que reflectir na súa formulación expresa as concepcións doutrinais que a inspiran. A este respecto, resulta patente que o texto de Duffy está concibido coa intención de dispoñer dun relato histórico capaz de sancionar a presunción esencial na que se fundan as proclamas do nacionalismo

528 Respecto da violencia de 1641, escribe Duffy: "Fairly judged at this day, it must be admitted that the transfer of the land back to its original owners was made with as little premeditated violence as in any agrarian revolution with which it can be fairly brought into comparison. Bloody reprisals were the custom of the age. In Netherlands, in Italy, and in France, the faction of the Catholics and the faction of the Reformers killed and ravaged without remorse". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 106.

529 "The island which, before the coming of the Dane or the Norman, its own people had made the seat of industrial arts and the School of the West, was now the most ignorant and impoverished of Christian States". Charles Gavan Duffy, *Young Ireland,* pp. 148-9.

irlandés, de confirmar a súa descrición da realidade actual do país e mais de lexitimar as conseguintes reivindicacións que se deducen destas dúas primeiras finalidades. En suma, un argumento cualificado pola evidencia do pasado que acredite a representación da Irlanda do presente como unha nación en loita pola liberdade que lle fora arrebatada. Neste senso, tal como se precisou na enumeración dos obxectivos que pretendía satisfacer coa súa crónica do pasado, o autor presenta a historia de Irlanda como corroboración da condición de nacionalidade do país, como evidencia da relación de sometemento, tiranía e explotación que se lle impuxera desde séculos atrás por Inglaterra e os seus axentes, orixe do dramático declive económico e cultural no que se afundía no presente, e como lexitimación das propostas políticas do movemento nacionalista.

a. *Afirmación da nacionalidade.* A narración que consideramos, polo tanto, quere amosar, ante todo, a veracidade da afirmación da natureza nacional de Irlanda. Labor que consegue, por unha parte, sinalando a súa singularidade con respecto de Inglaterra, a peculiaridade que a constitúe como nación diferenciada daquela que a oprime e que, polo tanto, xustifica as demandas propias do nacionalismo; e por outra, validando a pertinencia da súa inclusión na categoría da que forman parte as nacións europeas todas. O resultado desta dobre operación, segundo se desprende da mirada á historia que ofrece o autor, vén ser unha identidade irlandesa definida pola asignación dunha serie de trazos cualitativos específicos e ratificada no decurso do tempo por unha vontade nacional exercitada de maneira explícita en numerosas ocasións. Respecto desta última, cómpre sinalar que, con ser as diversas manifestacións de tal asentimento nacionalitario –as formas todas de resistencia á dominación– unha proba indubidable da existencia no tempo da nación irlandesa, non radica nelas a xénese desta entidade singular, senón naqueles trazos característicos que a configuran como tal.

b. *Delimitación dos trazos identitarios.* Esta nación irlandesa que Duffy deduce da historia vén definida, en realidade, polos mesmos sinais que o nacionalismo que o inspira lle atribúe no presente, e que resultan ser, claro está, aqueles que autorizan a súa diferenciación respecto da nación inglesa. Esta Irlanda é representada, por oposición a Inglaterra, como unha nación *céltica* e *católica.* O sinal céltico concrétase no texto en dúas dimensións da peculiaridade irlandesa: unha, en canto designa a orixe diferenciada da nación, constituída sobre unha "raza celta" da que se pode rastrexar o seu establecemento no territorio nacional; e outra, en canto de tal ascendencia específica deita unha expresión cultural característica. Non se precisa na obra de Duffy, sen embargo, a *celticidade* da nación mediante un relatorio pormenorizado de tales riscos culturais, a non ser en certas referencias a costumes, leis e institucións da sociedade gaélica que se contrapoñen ás que

introduciran no país os invasores. Por demais, o cualificativo de *céltico* adoita ser, simplemente, o substituto de *nativo,* sendo utilizado case sempre como fórmula de identificación dunha das dúas partes enfrontadas. A tal cultura diferenciada non merece, en por si, unha atención demorada no relato. Por demais, o texto non rexistra alusión concreta ningunha á lingua gaélica como elemento definidor da nacionalidade nin tampouco, claro está, valoración positiva de ningunha clase sobre ela. En realidade, despois das breves liñas iniciais sobre a brillantez da civilización irlandesa antes da inxerencia estranxeira, as formas culturais autóctonas permanecen sempre como un fondo difuso diferenciador que, máis que resaltar de modo manifesto a singularidade gaélica, se lle dá por suposto á sociedade nativa oprimida por Inglaterra.

O segundo dos factores nacionalitarios, a catolicidade, aparece retratada, sen embargo, como o trazo distintivo primordial da nación irlandesa. Non soamente en canto afirmación *en positivo* dunha condición específica, corroborada por unha fidelidade á fe católica capaz de superar os transos máis difíciles, tal como amosa a historia que Duffy relata; senón tamén, como o mesmo relato proba, porque o protestantismo aparece convertido, a partir da identificación da Coroa inglesa cos principios da Reforma, como o signo caracterizador da nación e do Estado ingleses, así como da minoría dirixente establecida no seu nome en Irlanda como axente e beneficiaria do sistema de dominación que somete a nación irlandesa. De feito, *católico* e *irlandés* son tan sinónimos entre si no escrito de Duffy coma o son tamén *protestante* e *inglés* ou *angloirlandés.*

Da contraposición das dúas identidades así definidas pola adscrición relixiosa dos seus membros, que o autor deriva da súa mirada ó pasado, dedúcese un efecto divisivo inevitable para a poboación irlandesa no presente. Por moitas declaracións retóricas que Duffy efectuase sobre a posibilidade da remoción das diferenzas relixiosas como obstáculo para a unidade dos irlandeses, como se apuntou páxinas atrás, a conclusión obrigatoria da súa representación da historia volve practicamente imposible tal integración. Primeiro de todo, porque os protestantes –de estirpe estranxeira, por demais– aparecen caracterizados sempre como os causantes directos dos males do país desde había case catro séculos, identificados coa tiranía e coa explotación da que aínda eran vítimas os *nativos/católicos,* e a súa relixión é presentada como a escusa utilizada para xustificar a imposición de tal dominio e como o instrumento sobre o que se articulou a legalidade discriminatoria que reducira os segundos á indixencia material e cultural. E en segundo termo, pola propia vontade de autoexclusión da nacionalidade que o comportamento histórico dos protestantes irlandeses demostrara de modo abondo no pasado. Desta forma, aínda que no discurso político de Duffy quedase aberta, en teoría, unha porta á

incorporación da comunidade non católica de Irlanda á nación, o exemplo da historia que se debuxa no seu texto volve verdadeiramente difícil que esa parte minoritaria da poboación da illa puidese, no caso improbable de que o desexase, integrarse na nacionalidade irlandesa.

c. *A verdadeira historia de Irlanda.* A atribución da condición nacional ó pobo irlandés debía convertelo no suxeito do seu propio relato histórico, narrando o pasado en función da súa perspectiva específica. Tal é o fundamento ideolóxico que orixina o escrito de Duffy, concibido como narración alternativa á crónica de fonte inglesa sobre as relacións entre Inglaterra e Irlanda ó longo dos séculos pretéritos. Tratábase, en suma, de compoñer a *verdadeira* historia de Irlanda, depurando as deformacións interesadas do discurso que os dominadores elaboraran como xustificación da súa intromisión no territorio dun pobo distinto e libre. A maiores, o novo relato debería ter a virtude de volver *comprensible* aquel presente miserable do país e de lexitimar as proposicións nacionalistas para superalo.

A historia da nación que presenta Duffy queda condicionada na súa formulación final por este triple obxectivo que a inspira. Primeiro, porque afecta ó relato en canto á propia selección dos materiais históricos que incorpora e á súa mesma articulación: a necesidade de explicar un presente descrito como resultado dunha opresión secular obriga a unha distribución dos contidos certamente descompensada, atendendo prioritariamente ós últimos séculos da relación con Inglaterra, aqueles nos que esta procedera a asegurar as bases do seu dominio; como consecuencia da proxección cara ó pasado da simplificación nacionalista do presente –lido como conflito nacional–, a historia irlandesa queda caracterizada polo *sufrimento,* resultado da opresión que padeceu, mentres apenas se desenvolve o relatorio do esplendor da vida da nación en liberdade, sendo considerada no texto aquela época gloriosa tan só como a premisa que permite comprender a intensidade da posterior caída na ruína económica e cultural.

Segundo, a pretensión de purificar a narración do pasado irlandés ten efectos inequívocos sobre a propia configuración do relato: a necesidade de impugnar a versión inglesa da historia e os fundamentos sobre os que se erguera a retórica lexitimadora da conquista e da dominación obrigou a Duffy a desmentir continuamente a representación negativa do pobo irlandés e a misión civilizadora que se atribuíran os invasores; en consecuencia, a narración resultante presenta unha dependencia excesiva da propia interpretación histórica inglesa, incapaz de acadar plenamente o seu obxectivo primordial de construír unha historia autónoma de Irlanda, rexida por pautas específicas en canto á periodización e á disposición dos seus contidos, así como verdadeiramente *protagonizada* polo suxeito nacional propio; no fondo, a abafante atención ás relacións con Inglaterra que lle demanda

ó historiador o seu compromiso ideolóxico lévao a representar o pasado irlandés como rixidamente dependente dun só factor de causalidade, que segue a constituír o condicionante externo decisivo dunha historia que, así caracterizada, carece aínda dunha auténtica dimensión autónoma; o relato nacionalista, deste modo, amosa unha nación asfixiada polo peso da Inglaterra opresora, con ansias de liberación pero incapaz de conseguila, afundida nun declive secular de dimensións catastróficas e que aínda agarda a súa redención polo sacrificio dos nacionalistas do presente.

En terceiro lugar, esa mesma dependencia que non desaparece da nova narración alternativa proposta por Duffy reverte nunha descrición do pasado tan abraiante, que ó propio autor, convencido como está da inevitabilidade da futura liberación final, non lle resulta doado evitar que o seu escrito transmita un certo senso de desesperanza, como testemuño que dá conta da palmar incapacidade histórica da nación para culminar con éxito os seus esforzos de resistencia. Por demais, tampouco non se lle volve doado enumerar as causas dunha derrota tan completa e prolongada no tempo. Neste senso, Duffy apenas se limita a aludir ós máis poderosos medios de que dispuxeron as forzas estranxeiras e a apuntar a perfidia da nación inglesa e a cativeza moral da súa representación na illa, desde os soldados e os seus mandos ata os membros da clase dominante de ascendencia inglesa e relixión protestante. Pola súa parte, a superioridade moral e a xustiza da causa irlandesa soamente se ven ensombrecidas pola desunión tradicional que lle atribúe á raza do país. Pouca xustificación, en realidade, para unha historia que se presenta como unha traxedia de dimensións case bíblicas.

d. *Resistencia contra a opresión.* Aínda que o autor ofrece a ininterrompida resistencia da nación irlandesa como contrapeso á opresión da que esta foi vítima, non parece suficiente recurso para borrar a sensación de derrota que ineludiblemente acompaña o afán político do escritor de salientar por riba de todo a inxustiza do dominio inglés e a magnitude das súas consecuencias para o país. A teimosía de Duffy na descrición pormenorizada dos trazos da rebeldía da nación, que lle vén esixida pola necesidade de confirmar a representación nacionalista da deprimente realidade que caracteriza a vida dos irlandeses, o conseguinte desequilibrio no texto en favor do tratamento do primeiro termo da parella *opresión-resistencia,* que propón como eixe da historia irlandesa, e a propia evidencia do dramático resultado da confrontación afogan, en boa parte, a promesa dun futuro de esperanza liberadora que é inherente ó discurso nacionalista no que se funda o relato.

Non pode estrañar, polo tanto, que da contemplación do calamitoso pasado que expón este tipo de representación se conclúa, por parte dalgúns lectores, que a violencia resulta a única resposta axeitada, aínda que fose escasa a esperanza de

acadar unha vitoria inmediata, á dimensión do desafío e da agresión que se lle viña inflixindo á nación século tras século. A diferencia de John Mitchel, que compuxera a súa descrición da historia partindo xa de semellante presuposto, Duffy propoñía a busca de solucións menos radicais para os problemas políticos do seu tempo e mesmo mantiña a esperanza de conseguir amaños que atinasen a conciliar os intereses contrapostos de Irlanda e Inglaterra. Sen embargo, parece inevitable que outros tomasen o seu escrito como a pura confirmación da pertinencia da vía revolucionaria como único camiño para a liberación nacional, en canto cabe entender o seu relato como o rexistro da imposibilidade manifesta de atopar termos de acomodo entre as dúas nacións ó longo dos sete séculos da súa conflitiva relación histórica. Interpretación que, en todo caso, non viña máis que corroborar a propia caracterización nacionalista do presente.

A retroproxección da descrición da actualidade como conflito bipolar converte o enfrontamento entre as dúas nacións en *constante* histórica e, por tanto, vén suxerir que a prosecución da loita é o só recurso posible ante unha disxuntiva que reduce o futuro a unha limitada elección entre opresión e liberdade. A conclusión que se desprende da interpretación do pasado de Duffy mingua, de feito, a credibilidade das propostas conciliadoras e converte en aparente certeza a crenza de que o prolongado conflito entre as nacións soamente podería rematar coa quebra total do xugo imposto polos opresores, os cales, como certifica a historia, nunca accederán a satisfacer as demandas pacíficas da sociedade irlandesa, por moi fundadas e xustas que estas sexan. Dunha historia que testemuña o abuso e o asoballamento continuados non resulta difícil concluír que a raíz dos males todos se atopa na incompatibilidade esencial de tan pertinaces contendentes.

Semellante dedución, que contradí o discurso conciliador de Duffy nas súas propostas políticas para o presente, vén fatalmente determinada pola paradoxal dependencia respecto da versión inglesa da historia que, como consecuencia da obsesiva ansia do autor por compoñer unha refutación dos argumentos dos que se valeran os opresores da nación para xustificar o seu dominio secular, caracteriza unha representación do pasado que quere ser autónoma e alternativa, pero que se amosa, na súa concreción final, como un simple correlato da interpretación que se pretende impugnar e que converte a historia de Irlanda nunha crónica de sufrimento e inxustiza insoportables.

e. *A narración completa da historia nacional.* A gran contribución de "A bird's-eye view of Irish History", por outro lado, reside na ambición totalizadora e nacionalizadora do enteiro pasado irlandés que queren expresar as súas páxinas. Non faltan fíos que establecen unha continuidade coas anteriores formas de representación do pasado nacidas ó abeiro do legado nacionalista da Young Ireland,

en lóxica conformidade coa coincidencia de todas elas nos principios ideolóxicos que as sosteñen e na súa compartida consideración ancilar da historia, entendida como instrumento ó servizo da loita política a prol das reivindicacións nacionais. A diferencia radica, sen embargo, en que as concepcións que se apuntaban de modo fragmentario nos poemas publicados no *Nation* case corenta anos atrás e que, así mesmo, fundaran a interpretación parcial do pasado irlandés na introdución do *Jail Journal* aparecen no texto de Duffy, do mesmo modo que fixera Sullivan, integradas nun conxunto que constitúe xa unha auténtica *historia nacional,* en canto o suxeito do enteiro relato é a nación irlandesa no seu decorrer a través do tempo, comezando polas súas orixes e concluíndo no presente mesmo.

Certamente, os criterios cos que na poesía da Young Ireland e no diario de Mitchel se interpretaban acontecementos ou períodos determinados do pasado –a perversión da nación inglesa, por exemplo– cabía aplicalos, por extensión, a calquera outro momento da historia do país. Pero o que naqueles primeiros textos aínda resultaba ser soamente unha suxestión sobreentendida amósase agora, de maneira expresa, como un dos compoñentes que explican o enteiro pasado da nación. Cada feito, cada época, preséntanse, de modo explícito, como aspecto dunha totalidade única, definida por unha serie de carácteres que permanecen sempre inmutables e que permiten a comprensión dos acontecementos e períodos concretos como os seus efectos históricos directos, como as súas manifestacións específicas no decorrer do tempo. Igual que no relato de Sullivan, cada unha das partes desa totalidade adquire unha plenitude de sentido no conxunto cerrado que representa a historia nacional, en canto son consideradas sempre na súa interrelación coas demais, poñendo de relevo de modo expreso a causalidade que orixina cada unha delas e as consecuencias que elas mesmas producen, así como a súa significación dentro do panorama íntegro das vicisitudes da nación desde a súa propia xénese. O que nas anteriores achegas parciais ós tempos pretéritos, como sucedía nas baladas históricas dos *Young Irelanders,* debía ser deducido en función da convicción ideolóxica compartida polo autor e o lector, está agora exposto de maneira patente nun texto completo, recollido e presentado dun xeito que elimina calquera marxe de interpretación diferente daquela que quere ofrecer o historiador nacionalista.

O peso do presente, sen embargo, a necesidade de darlle unha resposta política, é aínda tan decisiva na inspiración de Duffy, que se traduce, como lle sucedeu á obra de Sullivan, nun evidente desequilibrio na selección e disposición dos contidos do seu relato en favor daqueles que amosan unha relación máis estreita cos problemas da realidade do tempo no que o autor escribe. A falta de distanciamento do presente, polo tanto, determina unha atención prioritaria ós

acontecementos dos últimos trescentos anos, os da consolidación do sistema de dominio inglés, e reduce o tratamento dos tempos anteriores á categoría dunha pura introdución ó que aínda se segue representando, igual que na obra de Mitchel e na do propio Sullivan, como o núcleo substancial da historia irlandesa.

Con todo, Duffy quere transcender no seu texto o horizonte histórico directamente prescrito polo condicionamento da abafante realidade dese presente que o aprema e que lle urxe unha explicación, para o cal encadra aqueles anos nos que se establece de maneira absoluta o dominio inglés dentro dun esquema totalizador, onde queda incluído como unha parte –a substancial, iso si– da enteira historia da nación. Seguindo as mesmas pautas que *The Story of Ireland,* o autor leva a cabo o proceso por medio dun dobre mecanismo que lle permite incorporar o pasado completo da nación no seu relato. Primeiro de todo, actuando no plano máis evidente, remonta a xénese do sistema de opresión ó momento mesmo da arribada dos invasores ingleses á illa. Pero non se limita a unha operación que, ó cabo, non supón máis que a extensión cara a atrás no tempo do mesmo modelo explicativo utilizado para os tres últimos séculos. A contribución esencial do escrito de Gavan Duffy consiste, de modo paradoxal, na inclusión no inicio do seu escrito das breves páxinas que dedica a expoñer as orixes da nación irlandesa e o apoxeo que acadara na súa evolución en liberdade. Do mesmo xeito que na obra de Sullivan, a descrición previa dos logros acadados nos tempos anteriores á invasión estranxeira cumpre a función de subliñar a inxustiza e a gravidade das consecuencias da intrusión allea na historia de Irlanda.

A importancia destes parágrafos primeiros non radica tanto na rigorosidade histórica dos seus contidos concretos coma na súa simple pero significativa presenza no encabezamento do texto, por canto son eles os que converten o relato nunha auténtica *historia da nación* e o constitúen no fundamento dun paradigma interpretativo do pasado plenamente congruente coa doutrina nacionalista. A decisión de comezar por tal apertura confire un novo carácter, por máis que sexa dun modo implícito, á exposición dos turbulentos séculos nos que se narra o posterior enfrontamento que constitúe o eixe do pasado irlandés. Como consecuencia, a lexitimidade da loita contra Inglaterra deixa de fundarse só nos abusos e atropelos que padece a poboación do país por causa dun sistema de opresión intolerable e arbitrario. A *historia nacional* de Duffy, como a de Sullivan, asenta a inxustiza do réxime de dominación inglés máis alá do seu carácter despótico e inicuo, que, de certo, lles parecía indubidable, para situar a raíz do mal no momento mesmo en que a intrusión estranxeira interrompe o camiño *natural* da nación irlandesa e quebra a paz e a prosperidade na que vivía, violando o seu dereito primordial a desenvolver en liberdade o seu modo específico de

civilización. Por demais, a tiranía inglesa queda revestida tamén dunha significación engadida, en canto transcende a perfidia persoal dos invasores para quedar representada como a manifestación fatal do gran crime do que derivan os padecementos do pobo, o cometido contra unha nación á que un día nefasto se privara dos dereitos que pola súa condición lle correspondían.

En suma, o resultado do achegamento ó pasado de Charles Gavan Duffy en "A bird's-eye view of Irish History" vén confirmar, por un lado, as pautas xerais e os presupostos con que John Mitchel redactara a súa representación nacionalista das relacións entre Inglaterra e Irlanda durante os tres anteriores séculos, e que xa A.M. Sullivan adaptara con miras ó adoutrinamento nacionalista da mocidade. De forma semellante a *The Story of Ireland,* aínda que dirixíndose a unha audiencia menos especializada, cómpre sumarlle como achega específica a súa ampliación do modelo interpretativo do pasado ata as orixes mesmas da nación, facendo explícita a súa condición autónoma e diferenciada, así como resaltando, en consecuencia, a magnitude da inxustiza histórica da que fora vítima un pobo que vira tronzada a vía particular pola que avanzaba a súa extraordinaria civilización, para verse sumido na escravitude, na ignorancia e na miseria.

5. O primeiro modelo nacionalista da historia de Irlanda

Conforme se acaba de ver coa consideración de catro exemplos senlleiros da visión histórica nacionalista da época, na segunda metade do século XIX foise configurando en Irlanda un modo particular de interpretación do pasado centrado na descrición do desenvolvemento da nación propia e das súas vicisitudes a través do tempo. O proceso debe encadrarse no contexto de modernización que, por aquelas datas, experimentaba a realidade irlandesa, como parte integrante dun Estado que vivía un proceso de transformación acelerada en todas as ordes. Certamente, tales cambios afectaron de maneira considerable a aquela sociedade, a pesar das peculiaridades que deitaban do predominio nela dunha poboación de adscrición relixiosa diferente á da maioría dos habitantes do Reino Unido, circunstancia da cal derivara unha discriminación legalmente establecida ata había ben pouco e aínda manifesta na situación de inferioridade real na que se atopaba a maior parte dos seus membros nos ámbitos político, económico, cultural e, en xeral, en todas as dimensións da vida cotiá.

No plano político, de especial relevancia para o caso, as mudanzas modernizadoras relaciónanse cunha paulatina apertura do sistema tradicional, concretada nunha reforma tendente á ampliación progresiva dos marcos da participación política. O crecente peso dos procedementos electorais como

mecanismo de acceso ás diversas institucións de goberno produciu tamén en Irlanda unha remodelación do escenario no que se desenvolvía a competencia polo poder e obrigou a unha reorganización das forzas políticas, como necesaria adaptación ás novas circunstancias nas que debían desenvolver a súa tarefa. A singularidade da situación irlandesa reflectiuse, neste senso, nun gradual incremento da importancia do nacionalismo como proposta política organizada e mais como ideoloxía de ascendente penetración social. En calquera das súas manifestacións –insurreccional ou constitucional, republicana ou autonomista–, o nacionalismo viu medrar sen pausa, ó longo da segunda metade do século XIX, a súa presenza no medio político irlandés, ata converterse nun factor verdadeiramente decisivo tanto en relación á loita polo poder no marco xeral británico coma respecto da representación dos intereses irlandeses, que progresivamente se lle foi atribuíndo en exclusiva.

No segundo destes niveis, no da representatividade nacional, os avances no grao de penetración dos presupostos da doutrina nacionalista foron certamente espectaculares naquel período. A consideración xeneralizada de Irlanda como nación –ou, cando menos, como suxeito político diferenciado dentro do Reino Unido– constituíu o principal dos éxitos do nacionalismo irlandés da época. Na mentalidade social da illa, na maioría católica da súa poboación, prendeu firmemente a idea da singularidade nacional irlandesa e do conseguinte dereito daquela sociedade a dispoñer dun tratamento político específico dentro ou fóra da unión co resto do Estado. Mesmo nos círculos do poder británico houbo de aceptarse, finalmente, a representatividade política das forzas nacionalistas, como depositarias da opinión predominante na poboación irlandesa.

Coa progresión do nacionalismo como alternativa política medraron tamén, polo tanto, a difusión e a aceptación social da idea mesma da existencia dunha nación irlandesa singular. O espallamento dunha conciencia de nacionalidade diferenciada constitúe o fenómeno político que mellor expresa a radical transformación do ámbito político irlandés que aconteceu despois de cumprida a primeira metade do século XIX. Sería este o resultado final dun proceso de asentamento gradual dunha concepción da nación que comezou a propoñerse a partir das formulacións ideolóxicas do grupo da Young Ireland, constituído ó abeiro do movemento contra a Unión promovido por Daniel O'Connell e co cal algúns mozos, entre os que estaban Thomas Davis, John Mitchel, A.M. Sullivan e Charles Gavan Duffy, intentaran insuflar novos aires que compensasen o pragmatismo táctico do vello líder cunha achega de idealismo que permitise afirmar unhas novas bases sobre as que prolongar a mobilización da poboación católica e os seus efectos máis alá dos obxectivos inmediatos que por entón se procuraban.

A este respecto, a súa esperanza radicaba no impulso da implantación xeneralizada na sociedade da idea de constituír Irlanda unha nación diferenciada, titular dos dereitos que lle correspondían a tal condición e lexitimada para reivindicalos fronte ó Estado que llos arrebatara séculos atrás, sumíndoa, como consecuencia de tal privación, nun lamentable estado de prostración económica e cultural.

Xustamente, é neste plano da pedagoxía nacionalitaria onde a interpretación do pasado proposta polos autores que se guiaban por tal convicción ideolóxica desempeñou un papel de extraordinaria importancia. Por un lado, a súa representación histórica xurdiu como puro reflexo da evolución política dunha sociedade que se foi autorrepresentado progresivamente como unha entidade de trazos singulares. Por outro, en canto lle serve ó propio nacionalismo como instrumento idóneo para a difusión dos seus principios doutrinais e políticos. E a maiores, porque tamén resultou ser un medio propicio para o espallamento da concepción máis restrinxida da nacionalidade irlandesa, que tal sería a dedución ineludible da descrición do pasado que se lle ofreceu á sociedade desde esta opción ideolóxica. Neste último senso, a interpretación nacionalista da historia –como, por outra parte, sucedeu coa elaborada en defensa das posicións políticas partidarias de manter inalterada a forma de integración institucional de Irlanda no Estado vixente desde 1800– contribuíu de maneira substancial á consolidación do aliñamento político-relixioso que acabaría dividindo a sociedade irlandesa en dúas fraccións dificilmente conciliables, separadas por unha barreira que resultaría imposible de eliminar.

A configuración dun modelo peculiar de entendemento do pasado e da súa formulación segundo as pautas da doutrina nacionalista constitúe, en consecuencia, un fenómeno de orde *política* de extraordinaria importancia. Os textos aquí estudiados, os dos poemas dos *Young Irelanders,* o do relato persoal de Mitchel e mais os das narracións de Sullivan e Duffy, son claramente representativos da evolución e afianzamento de tal interpretación histórica no terceiro cuarto do século XIX. Coas peculiaridades propias de cada un dos seus autores, reflexo da variedade das manifestacións da ideoloxía que poñía a nación como centro do seu proxecto político, todos eles amosan unha serie de trazos coincidentes no seu achegamento ó pasado, de modo que o seu estudio permite a concreción das características do que pode considerarse como o modelo de representación histórica propio daqueles tempos fundacionais do nacionalismo irlandés.

Trátase dunha interpretación que se foi conformando por *acumulación,* val dicir, pola adición de sucesivas contribucións que, partindo dos mesmos fundamentos ideolóxicos, foron achegando diversos autores a través dunha serie de obras históricas que *nunca* se contradín entre si, senón que, antes ben, se

complementan e reforzan, integrando cada unha delas os materiais e as análises das anteriores, para compoñer un relato cada vez máis completo do pasado da nación. Neste senso, as historias realizadas desde a concepción nacionalista non pretenden, en ningún caso, refutar representacións do pasado elaboradas previamente segundo os mesmos criterios. Pola contra, cada unha delas, como versión renovada dun mesmo relato *esencial,* adoita incorporar as suxestións das anteriores e pretende engadir novos elementos que amplíen e perfeccionen un modelo que se presenta como a verdadeira crónica da historia da nación.

É este camiño de acrecentamento e *perfeccionamento* da representación histórica proposta polo nacionalismo irlandés o que se pretende rastrexar considerando os textos dos poemas históricos recollidos en *The Spirit of the Nation,* do diario do encarceramento de John Mitchel e das respectivas visións panorámicas do pasado de A.M. Sullivan e de Charles Gavan Duffy. Xustamente, son a variedade formal, a sucesión cronolóxica e mais a extraordinaria repercusión popular destas catro obras –e das proposicións que sosteñen– os factores que fan posible o seguimento a través delas dese dobre proceso que caracteriza a primeira conformación dun modelo histórico que se pode considerar concluída na década de 1880, inmediatamente antes do xiro que experimentarían o escenario político irlandés e o propio nacionalismo nos anos da transición ó novo século.

Enténdese aquí que as baladas de contido histórico dos *Young Irelanders* conteñen as bases iniciais da caracterización nacionalista do pasado que se desenvolvería posteriormente, no resto do século, en forma narrativa. Os poemas de *The Spirit of the Nation* sinalaron os perfís dunha imaxe histórica dun gran alcance popular, a da Irlanda asoballada por unha Inglaterra que fora a única responsable do seu afundimento económico e cultural. Crearon así as pautas dunha aproximación ó pasado que despois seguirían todos os que ansiaban denunciar as inxustizas cometidas en contra da nación polos gobernos británicos e polos seus axentes angloirlandeses. Trazos que se reflicten, primeiro, na representación parcial da historia irlandesa que se ofrece no *Jail Journal,* útil para os propósitos aquí buscados, precisamente, pola súa brevidade, en canto o autor, obrigado polo escaso espazo textual de que dispón e pola propia finalidade dunhas páxinas concibidas como limiar do seu relato persoal, procede á destilación das esencias da súa representación do pasado, que así se ofrece, en consecuencia, na súa versión máis simplificada e *pura.* E despois, nas visións globais de Sullivan e Duffy, que incorporan xa o tratamento do tempo pasado da nación na súa integridade e confirman o carácter narrativo con que se presentaría no sucesivo a historia nacional de Irlanda.

5.1. A fundamentación ideolóxica e a lectura presentista do pasado

O fío primordial que vincula as catro aproximacións consideradas ó pasado irlandés vén ser, claro está, o ideario nacionalista do que participan os seus autores. Transcendendo as variacións específicas polas que, dentro deste marco ideolóxico compartido, opta cada un deles, diferenciadas en virtude dos métodos de representación que se propoñen e mesmo dos obxectivos máis particulares que procuran acadar, as súas obras respectivas reflicten, todas elas, o fundamento doutrinario común que suscita e impulsa a decisión de compoñelas, que inspira a súa concepción e que determina a formulación concreta na que resultan. Quer dicir que, con independencia do espírito revolucionario ou conciliador desde o que se aborde a súa realización, do talante excluínte ou integrador que traten de promover, os textos aquí comentados xorden todos do mesmo núcleo de ideas que compón a esencia do credo nacionalista: a natureza nacional de Irlanda e a proclamación dos dereitos políticos que emanan dela, a opresión da que é vítima por causa da dominación inglesa, o abatemento cultural e económico que esta lle ocasiona á súa sociedade e a lexitimidade da loita pola liberación do país que a doutrina estimula, como único modo de conseguir a prosperidade que, en xustiza, lle corresponde.

Tales principios ideolóxicos suxiren, polo tanto, unha descrición da realidade irlandesa do momento como a propia dunha nación suxeita ó xugo da dominación estranxeira, en función da cal se formula un discurso de acción política que permita darlle cabo. É na aplicación práctica desta proposta onde a mirada cara ó pasado se converte en instrumento ó servizo da xustificación da doutrina na que se fundamenta e mais da confirmación retrospectiva da veracidade da súa análise do presente. En calquera das súas versións, o relato histórico nacionalista vén ser, a un tempo, expresión do ideario que o sustenta e corroboración da pertinencia das propostas de actuación política concreta que difunde. En consecuencia, todas elas se constrúen a partir da proxección cara ó pasado da representación do presente que o autor nacionalista elabora con anterioridade, como dedución previa da súa convicción ideolóxica.

De modo que, en función dos seus condicionamentos xenéticos ideolóxicos, as exposicións históricas que asentan na teoría nacionalista responden, como as catro que aquí se relacionan, a un efecto do que se pode cualificar como unha *inversión da causalidade,* en canto figuran como conclusións da lectura do pasado o que, en realidade, non son senón os elementos da propia presunción ideolóxica que, xustamente, determina os carácteres concretos da súa representación da historia. As que se ofrecen como as *conclusións* que xorden da contemplación do pasado resultan ser, máis ben, en canto froito que deita das preconcepcións

ideolóxicas do autor, os *principios* a partir dos cales se concibe e se formula o relato histórico. Dito doutro modo, aínda que a aparencia da visión nacionalista da historia responde á pretensión de ser a fonte que autoriza a representación do presente, é esta, previamente imaxinada, a que orixina unha narración do pasado que, por causa da necesidade de lexitimación da doutrina e da súa proposta de acción política, se fai cadrar con ela. O resultado conseguido ó caracterizar a descrición do presente como a consecuencia *lóxica* do pasado é a ocultación da natureza ideolóxica da representación nacionalista da realidade actual e a súa conversión en *evidencia* que autoriza o seu discurso político.

Segundo se desprende dos exemplos considerados, o *peso do presente,* polo tanto, determina por completo a comprensión nacionalista da historia, desde a propia resolución de achegarse ó pasado e a concreción dos obxectivos que se perseguen con esa decisión, ata a selección dos materiais históricos e a ordenación dos contidos do relato resultante, no caso de que estes se expoñan nunha secuenciación narrativa. A supeditación a tal condicionante vén ser unha manifestación tanto dos prexuízos ideolóxicos con que os nacionalistas contemplan o pasado coma da natureza ancilar que lle atribúen á súa exposición historiográfica. Por este dobre motivo, a historia non ten para eles un valor en por si, senón soamente como instrumento eficaz na loita política na que se senten directa e activamente implicados.

Neste senso, a representación do pasado desempeña diversas funcións que, precisamente, son as que xustifican a súa inclusión no repertorio dos medios que o nacionalismo dispón en orde á consecución dos seus obxectivos políticos no presente. En primeiro termo, en todas as versións consideradas, a referencia á historia pretende achegar unha lexitimación engadida das concepcións que compoñen a cerna sobre a que se articula o discurso nacionalista, val dicir, a confirmación da condición nacional de Irlanda e a definición dos trazos que a constitúen como identidade diferenciada –ante todo, respecto de Inglaterra–, a reivindicación da súa liberdade e mais a convocatoria do pobo á mobilización que permita cumprimentar este requirimento imprescindible para o pleno desenvolvemento da nación. En segundo lugar, a apelación á historia cumpre unha función explicativa do presente, xustificando a racionalidade da descrición que del propón o nacionalismo e volvendo *comprensible* o proceso do que é culminación o estado de abatemento da nación que o caracteriza.

Ademais, en terceiro termo, a relación da historia co presente resulta reforzada polo papel exemplarizante para as xeracións actuais que se lle atribúe ó seu relato. Por un lado, porque, para o nacionalista, no pasado se atopan as claves que permiten dar sentido á realidade contemporánea –descrita como conflito nacional por causa

da opresión estranxeira– e definir os modelos de comportamento precisos para invertela. Por outro, porque volve intelixible o que, por coherencia ideolóxica, debería resultar inexplicable para a mentalidade nacionalista: o estado de miseria e ignorancia no que se atopa afundida aquela nación que a doutrina presenta como digna de autogobernarse. Neste senso, é a representación axeitada da historia a única que pode achegar a explicación dunha decadencia imposible de negar e que, noutro caso, podería aparecer como a proba manifesta da propia incapacidade conxénita da nación para avanzar pola senda do progreso e da civilización –tal como, por certo, sostiña a argumentación inglesa elaborada en defensa da presenza de Inglaterra na illa.

A historia, polo tanto, ilustra as causas do declive patente da nación e da súa derrota. E a maiores, satisfai así unha necesidade inherente á lóxica nacionalista, que precisa da referencia, explícita ou non, a un tempo primordial no que a nación, libre do xugo que despois a sometera, puidera acadar as cotas de desenvolvemento cultural e material que cadraban coa súa natureza e que eran, precisamente, aquelas que a mobilización nacionalista lle pretendía devolver. A mirada ó pasado do nacionalista, en consecuencia, pretende demostrar que a realidade nacional non foi sempre tan lamentable coma no presente e, polo menos nos casos dos relatos de Sullivan e Duffy, que aluden de maneira expresa a eles, ofrece noticias duns tempos de esplendor que permiten alentar a confianza na capacidade da nación para superar a triste situación na que se debate. Mesmo nos casos en que non se fai explícita a alusión a tal período, como sucede no escrito de Mitchel, vén sobreentendida a suposición de que o camiño que quebrara a intrusión inglesa era, indubidablemente, o que levaba á prosperidade e á felicidade da nación. Por demais, nos exemplos aquí estudiados, a continuada mención da loita de resistencia contra o invasor, que a nación nunca abandonara, converte tamén a historia en lección para o presente e ofrécea como proba da vitalidade da nación e mais da súa indestrutible vontade de recuperar a autonomía que a había liberar da decadencia.

Por todas estas razóns, debe considerarse a contemplación do pasado como o mecanismo que lle permite superar ó nacionalismo as implicacións negativas da exposición do estado catastrófico no que se atopa a nación irlandesa, estado que, por outra parte, se ve obrigado a salientar como paso previo á mobilización política que persegue. Por definición, a ideoloxía nacionalista, que aspira a liberar o pobo sometido, non pode levar á resignación a quen a profesa. Por moi deplorable que sexa a realidade nacional, por moi afundida que aparente estar a nación, tal como se deduce, en principio, da súa descrición do presente, o nacionalismo debe resaltar sempre a capacidade que conserva para superar tan sombría circunstancia. Por eso

a súa interpretación do pasado procura contrapesar a descrición das miserias nas que a sumiran os opresores coa lembranza repetida da capacidade de resposta que sempre, mesmo nos momentos máis terribles, como se insiste en todas as obras mencionadas, conservara a sociedade irlandesa. Neste senso, o relato nacionalista ofrece o pasado como unha alternativa para a esperanza, como proba da vontade irreductible do pobo irlandés por recuperar a súa liberdade e como recordatorio de que houbera tempos mellores nos que a nación brillara con grandeza.

Non se debe esquecer, sen embargo, que este tipo de interpretacións, debido á súa esixencia política inmediata, inclinan o relato cara á exposición dos abusos e da inxustiza que se lle inflixiran á nación e que constitúen o seu argumento de xustificación máis directo. En consecuencia, tenden a caracterizar o pasado como *traxedia,* de maneira que, con frecuencia, a insistencia na opresión afoga a esperanza que debía suscitar a súa contemplación. Como resultado, a historia irlandesa que presentan os relatos aquí considerados é, máis ben, unha *historia de sufrimento,* como Sullivan e Duffy a cualifican de maneira expresa.

A este respecto, pode dicirse, en suma, que por causa da súa formulación dependente de criterios que a subordinan ó presente, tanto na súa xénese coma na súa finalidade, a historia composta polos nacionalistas irlandeses traduce unha dobre valoración do pasado que non sempre consegue superar o seu carácter contraditorio. Por unha parte, desde o seu relato contémplase o pasado máis próximo, aquel que aínda deixa sentir de modo abraiante as súas consecuencias, como un tempo dramático para a nación, como a raíz da que xorden males de tal consistencia, que conseguen prolongar os seus perniciosos efectos ata o mesmo presente. Pero por outro, aínda que ás veces sexa soamente de maneira implícita, procédese nela a unha idealización do pasado máis remoto, daquel no que aínda a nación non sufrira a inxerencia allea e vía medrar a súa civilización en liberdade. Desta consideración tan dispar nace, en consecuencia, a dobre actitude fronte ó pasado que tales relatos reflicten. Mentres, por un lado, amosan unha ansia de *ruptura* que devolva á nación a liberdade, polo outro, tamén sinalan un desexo de recuperación da *continuidade* cuns tempos que se imaxinan felices, aqueles nos que a nación vivía o seu pasado *autóctono,* a súa propia e *verdadeira* historia. De momento, as interpretacións que compoñen esta primeira fase do que chamamos modelo nacionalista da historia poñen o acento no primeiro punto de vista, no devezo angustioso pola quebra dun pasado que aínda é tanxible no presente, aquel que apenas deixa albiscar na historia algo máis que penalidades, agravios e iniquidades sen conta. A carga do presente resulta demasiado onerosa como para equilibrar un pasado que se debe representar con trazos tan oprimentes. Tan só as alusións imprecisas dos poemas da Young Ireland, as breves liñas introdutorias

da narración de Duffy e, de maneira máis pormenorizada, do relato de Sullivan apuntan debilmente a unha valoración do pasado que destaque o *positivo,* que deixe constancia do esplendor da nación en liberdade. Aínda non chegara a ocasión de ofrecer de maneira expresa o pasado como o modelo para o futuro.

De momento, as historias nacionalistas, en razón da súa xénese ideolóxica e do *presentismo* que impregna as súas interpretacións, transmiten ó pasado a simplificación coa que o seu discurso doutrinario caracteriza o presente. A evolución histórica, deste modo, convértese nunha réplica da súa descrición da realidade actual que padece o país: o pasado vén explicarse como un puro conflito entre nacións, como un tempo no que, como preanuncio do presente, *unha soa causa,* a opresión de Inglaterra, explica os males da nación, e *un só remedio,* a loita pola liberdade, permitiría o seu alivio. Presente e pasado forman un *contínuum* no que os protagonistas, as relacións de desavinza que manteñen e as formas concretas en que se amosa o seu enfrontamento permanecen inalterables, como constantes que, en certo modo, volven irrelevantes as peculiaridades dos episodios específicos nos que se manifestan en cada ocasión. A historia, en realidade, feita de continxencias, desaparece no relato do pasado, esmagada por un presente que a afoga co seu peso insoportable.

5.2. A materia da historia irlandesa

Os relatos nacionalistas sobre o pasado seleccionan os contidos da súa exposición, en boa lóxica, en función das mesmas pautas ideolóxicas e dos mesmos obxectivos políticos que impulsan a propia decisión de acometer a súa elaboración. Os criterios de relevancia histórica, as pautas que xulgan a comenencia da utilización duns certos materiais e aconsellan a posposición doutros dos que se lle ofrecen ó autor de entre o repertorio de acontecementos do pasado, responden tamén á asunción doutrinaria nacionalista previa e reflicten a proxección cara a atrás da mesma simplificación coa que se describe o presente nesta ideoloxía.

Coas naturais variacións que corresponden a proxectos que se diferencian pola súa forma de expresión, que se redactan en circunstancias próximas pero non totalmente coincidentes e que responden a cadansúa visión dos métodos que cómpre utilizar e dos obxectivos inmediatos que debe perseguir o movemento nacionalista, as catro mostras analizadas caracterízanse, en consecuencia do seu ideario compartido, pola coincidencia na escolla dunha serie de motivos históricos seleccionados como fitos fundamentais que, dispostos da maneira axeitada, permiten enfiar a representación nacionalista da historia de Irlanda. Aínda que de maneira fraccionada e parcial, por causa da propia natureza formal do texto, tales contidos aparecen xa indicados nos poemas históricos de *The Spirit of the Nation,*

como traballo que reflicte as novas concepcións sobre as que asenta o nacionalismo irlandés moderno, e veñen ser esencialmente os mesmos que, coas matizacións indicadas, recollen tamén as tres narracións sobre o pasado aquí elixidas como representativas do novo modelo que se está a compoñer por aquelas épocas. En substancia, a materia que configura estas novas historias irlandesas responde, na súa selección e disposición dos contidos, á necesidade de fornecer un sustento histórico que autorice o discurso ideolóxico do nacionalismo e que confirme a pertinencia das propostas de acción política que derivan da súa formulación. A exposición histórica, neste senso, cumprimenta esta dobre finalidade pola demostración da esencia nacional de Irlanda e a determinación dos seus trazos identitarios, así como por medio da conseguinte caracterización do pasado como o desenvolvemento secular dun conflito entre Inglaterra e Irlanda, expresado na contraposición entre *opresión* e *resistencia,* que constitúe o eixe primordial do relato nacionalista.

1. A definición da nación. A delimitación dos criterios de pertenza á nación irlandesa que efectúan os exemplos históricos que se contemplan nesta análise, como labor previo imprescindible para a exposición dos avatares do suxeito do que se ocupan, resulta na caracterización dunha identidade singular irlandesa perfectamente distinguible daquela que se presenta como a súa referencia antitética, val dicir, da propia nacionalidade inglesa. A contraposición identitaria desenvólvese en diversos niveis que expresan con precisión os respectivos trazos específicos que se lle asignan a cada unha das nacións contrapostas.

En primeiro lugar, a oposición entre as dúas nacións remóntase ata as mesmas orixes, discernindo o discurso histórico unha ascendencia característica que converte o pobo irlandés no resultado do desenvolvemento no tempo dunha raza específica. Tanto os poemas dos *Young Irelanders* coma os escritos de John Mitchel e Charles Gavan Duffy refírense en diversas ocasións a unha "Irish race" que se confronta coa *raza* ou o pobo saxón ou anglosaxón. Pola súa parte, aínda que este concepto non apareza nas súas páxinas, a detallada atención do relato de Sullivan ás orixes milesias do pobo irlandés non deixa lugar a dúbidas sobre a súa pretensión de constituír a nación sobre unha base *racial* determinada. Certamente, en ningún caso non se especifica nestas obras característica biolóxica nin física ningunha que distinga a "raza irlandesa" con relación á súa contraria saxona, pero a simple referencia ás orixes particulares de cada unha converte as dúas nacións en entidades perfectamente diferenciadas entre si desde os comezos dos tempos. Lémbrese, a este respecto, a caracterización do enfrontamento entre ingleses e irlandeses como o correlato do conflito entre *razas* que opón a "Celts and Saxons" nos versos dos *Young Irelanders.*

Esta xénese diferenciada exprésase a miúdo coa insistencia na cualificación *céltica* da nación irlandesa. A condición *celta* da nacionalidade traduce unha caracterización orixinaria peculiar, *racial,* no senso apuntado, pero tamén *suxire* unha correspondente dimensión cultural singular. Sen embargo, agás en *The Story of Ireland,* tampouco non se ofrecen maiores precisións do que tal natureza significa en ámbitos concretos das diversas manifestacións de cultura. Nas primeiras páxinas de Duffy cabe atopar unha descrición superficial do que o autor entendía por *civilización nacional* irlandesa, pero nin sequera nesa introdución de "A bird's-eye view of Irish History" se detallan os trazos daquela *cultura nacional.* Soamente Sullivan, aínda que dun xeito pouco sistemático, apunta certos trazos específicos da cultura do país na era precristiá –literatura bárdica, afección á música, relixiosidade–, pero prefire sinalar a alta calidade da civilización irlandesa antes que facer precisións máis polo miúdo das súas expresións concretas, caracterización que repite ó resaltar a brillantez dos tempos medievais en que a relixión cristiá fecunda a base cultural autóctona.

Unicamente nas breves alusións a un idealizado pasado prenormando nalgúns dos poemas dos *Young Irelanders* e nos capítulos iniciais de *The Story of Ireland* se pode atopar unha proposición que resalte o valor da cultura gaélica fronte á inglesa. Aínda máis significativa, dada a proposición que dela fixera Thomas Davis como sinal de identidade nacional, é a nula atención e valoración da lingua nativa, completamente ausente nos textos de Sullivan e Duffy e aludida no de Mitchel tan só como un dos elementos descritivos dos máis infelices e desgraciados dos irlandeses. Xamais hai neles unha ponderación positiva da lingua autóctona nin unha reivindicación do seu valor intrínseco. Os tres autores lamentan a ignorancia do campesiñado irlandés, considerándoa como un dos instrumentos dos que se serven os seus dominadores para mantelos en estado de submisión, pero en ningún caso se identifica a superación de tal situación de abatemento coa recuperación ou a promoción da lingua nativa irlandesa. Unicamente nos poemas dos *Young Irelanders* é posible atopar unha presentación positiva da fala local, introducida como sinal identitario a través das referencias topográficas e onomásticas e mais nas frases emblemáticas que salpican algúns dos versos de *The Spirit of the Nation.* Pero cómpre lembrar tamén que tales inserciónns foran o resultado do esforzo concreto de Thomas Davis e que a insistencia do líder nestes afáns *gaelizadores* suscitara acedas reaccións de protesta por parte de moitos dos colaboradores do grupo.

Con todo, pese á etnificación da nacionalidade irlandesa que se pode apreciar nos textos da Young Ireland, nin a raza nin a cultura *celtas* constitúen os elementos centrais na identificación da nación irlandesa. En realidade, é a relixión católica a que constitúe o trazo de significación nacional máis claramente determinado na

parte nuclear da narración nestes textos das primeiras historias nacionalistas, aquel que permite diferenciar de forma clara e precisa as dúas nacións que se quere contrapoñer. A pesar das proclamas de conciliación entre as dúas comunidades de adscrición relixiosa e da propia fe protestante na que foran educados algúns dos autores, a relixión resulta ser o signo máis evidente de diferenciación que se deduce da exposición dos acontecementos dos séculos de opresión que concentran a atención dos seus escritos. En todos eles, a palabra *católico* utilízase como equivalente de *irlandés,* mentres *protestante* vén selo de *inglés* ou *angloirlandés* –agás, respecto do último termo, no texto de Sullivan, que o aplica ás familias descendentes dos primeiros invasores que permaneceran fieis á antiga fe despois da Reforma. Mesmo cando se alude ós tempos anteriores á Reforma, como no caso de Duffy, a relixión católica preséntase como a continuadora da primeira e auténtica fe cristiá que no seu día actuara como axente decisivo de nacionalización do pobo gaélico, mentres que a fe protestante queda retratada como unha deturpación ligada na súa orixe a intereses políticos e de dominación por parte da Coroa inglesa. Incluso tamén en Mitchel, sempre crítico coa Igrexa católica irlandesa, á que acusa de actuar de freo da capacidade revolucionaria do pobo, o cualificativo de *católico* correspóndese directamente coa alusión á poboación irlandesa característica.

Mitchel, Sullivan e Duffy, por outra parte, insisten nos seus relatos na decidida convicción nacional dos irlandeses, na súa vontade histórica de formar unha nación e de ver recoñecidos os dereitos que lle corresponden a tal natureza, expresados no decurso do tempo pasado a través dos continuos exemplos de resistencia que ofrecen fronte ós seus opresores. Pero tamén neles son eses trazos *visibles,* aínda que apenas precisados, agás no caso da relixión católica, os que constitúen os irlandeses como unha nación. Mitchel, por demais, insiste particularmente na dimensión social da nacionalidade, identificando os campesiños, explotados polo poder estranxeiro, coa nación.

En todo caso, o resultado da lectura das interpretacións sobre o pasado destes primeiros nacionalistas con vocación historiográfica leva a diferenciar nas súas obras a existencia no país de dúas comunidades de difícil integración. Por un lado, cabe caracterizar a dos *oprimidos-campesiños-católicos-nativos;* por outro, a dos *opresores-propietarios-protestantes-de ascendencia estranxeira.* Val dicir, *os irlandeses auténticos* fronte ós *angloirlandeses,* as vítimas da opresión e as clases dominantes que se benefician dela a través do control sobre o poder político e os recursos do país. Soamente ós primeiros se lles supón nos seus textos a nacionalidade. Os demais han superar a proba que demostre a súa vontade de se incorporar a unha nación da que, en principio, non forman parte. O seu compromiso

con Irlanda deberá expresarse na aceptación das propostas políticas que derivan da doutrina nacionalista. Porque a nación irlandesa que revelan os escritos históricos citados é, sen dúbida ningunha, unha *nación católica,* por máis que algúns dos seus autores pregoasen as súas ansias de unidade e de conciliación entre os sectores todos daquela sociedade.

2. O pasado como conflito entre nacións. O núcleo esencial de contidos que resulta do proceso de achegamento dos historiadores nacionalistas ó pasado vén delimitado polo período temporal ó longo do cal se establece e desenvolve a relación de enfrontamento entre as dúas nacións que protagonizan o seu relato histórico. Dentro dese marco temporal, procédese á selección de acontecementos que reforzan a interpretación conflitiva que caracteriza a enteira visión dos lazos que ligan a Irlanda e Inglaterra desde que entraran en contacto no Medievo ata o mesmo presente. Tales son o tracto temporal e os contidos ós que se lles outorga especial relevancia histórica, en canto permiten satisfacer as demandas que, desde as urxencias ideolóxicas e políticas do presente, o nacionalismo lle formula ó pasado. A exposición da historia da nación é, polo tanto, esencialmente, a descrición e a explicación dunha relación entre dúas nacións que se concreta nun enfrontamento que define o pasado polo binomio *opresión-resistencia,* expresión das actitudes respectivas que, de modo invariable, caracterizan a acción dos contendentes no decorrer do tempo. Certo é que o conflito se estende ó longo dos sete séculos transcorridos desde o seu inicio cando se escriben as obras estudiadas, pero o campo de interese dos autores redúcese, fundamentalmente, ás tres últimas centurias, aquelas nas que a contraposición entre os inimigos irreconciliables acada o seu apoxeo, manifesto no grao extremo ó que chegan entón as posicións que singularizan o comportamento histórico dos antagonistas.

Este tempo, no que a inxustiza radical da intromisión estranxeira conclúe no establecemento dun sistema de dominación absoluto, pero no que a nación irlandesa segue, dunha ou doutra forma, facendo explícita a súa vontade de resistencia, é o que concita a atención principal daquelas primeiras visións históricas nacionalistas, en canto fai posible presentar como *evidencia* a relación de dominio que se establecera séculos atrás entre Inglaterra e Irlanda e que aínda esixía o esforzo da nación para liberarse dela. O que ocorrera antes de tan decisivo período serve soamente de *preanuncio* do que despois constituirá a interpretación dos séculos finais e do mesmo presente, como sucede cos poemas de *The Spirit of the Nation;* utilízase como prolegómenos que reforzan a sensación de inxustiza que informa o tratamento dos tempos posteriores, como se pode apreciar nos textos de Sullivan e Duffy; ou ben, simplemente, prescíndese de calquera referencia ós momentos previos ó que resulta ser o verdadeiramente importante, como fai Mitchel na súa

representación dos séculos que para el son historicamente relevantes, val dicir, os tres anteriores á narración das súas coitas persoais.

Neste senso, os contidos fundamentais daquelas historias nacionalistas céntranse no transcurso dos últimos trescentos anos e articúlanse arredor de dous eixes complementarios, o que retrata a opresión inglesa e o que lembra a resistencia irreductible de Irlanda fronte a ela.

a. *A opresión.* Nos catro textos considerados Inglaterra aparece representada como o factor determinante da *anormalidade* da historia de Irlanda. Por causa da súa intromisión no territorio nacional irlandés, especialmente unha vez completada a conquista e tomado o control dos recursos materiais da illa, despois das campañas militares dos séculos XVI e XVII, a sociedade irlandesa ve interrompido o que debería ser o seu camiño singular de civilización e prosperidade e queda reducida a un estado de abatemento e decadencia que se prolonga ata o presente mesmo. A responsabilidade inglesa na ruína que se ofrece na actualidade ós ollos dos irlandeses é completa e nace da cumprimentación efectiva dos seus ben planeados proxectos de dominación e destrución da sociedade autóctona, vítima dun sistema de opresión que se perfecciona no século XVIII e que culmina na imposición da Unión con Gran Bretaña. Como resultado da coacción exercida polos intrusos a través da forza do Estado que dirixen, do aparello legal de discriminación, do acaparamento dos recursos materiais do país e da subordinación política e económica de Irlanda ós intereses de Inglaterra e dos seus axentes na illa, é dicir, a elite angloirlandesa, a nación queda sometida a unha situación de dependencia que Mitchel, Sullivan e Duffy cualifican expresamente de *colonial*. Irlanda, deste modo, vólvese un país agrario e atrasado, desposuído das súas riquezas e reducido a unha espantosa ignorancia.

Pola súa parte, Inglaterra –a nación inglesa mesma e a comunidade angloirlandesa– aparece retratada sempre cos trazos máis negativos da perfidia, a cobiza e a violencia, contradicindo o relato propio xustificativo da súa presenza na illa irlandesa. A anglofobia é, sen dúbida ningunha, un dos riscos que reflicten aquelas historias nacionalistas con maior intensidade. Non hai nelas alivio ningún para o papel desprezable, inxusto e amoral que se fai consubstancial ó carácter mesmo da nación inglesa.

b. *A resistencia.* O relato pormenorizado da iniquidade do réxime tiránico inglés vén ser a precondición que volve posible representar o pasado como unha loita pola liberación. Ademais, a súa conversión en guía para a actuación política no presente require que a narración se complete coa exposición da resistencia que os irlandeses non deixaron nunca de ofrecer fronte ó terrible asoballamento do

que foran obxecto. Por eso, os escritos históricos nacionalistas, sen embargo da súa insistencia na destrución da que o invasor fixo vítima a Irlanda, salvan sempre a nación oprimida dunha aniquilación absoluta que, seguindo o fío da anterior argumentación, parecería a única conclusión apropiada das dramáticas crónicas do pasado. A pesar das arbitrariedades ás que se viu sometida ó longo de tantos séculos, a pesar do grao de opresión que padeceu, a pesar da vontade de exterminio que tantas veces animara os programas de dominio de Inglaterra, a nación irlandesa emerxe sempre, unha e outra vez, disposta a afirmar a súa condición independente e libre. A resistencia fronte ós estranxeiros e o seu réxime, resaltan as versións nacionalistas do pasado, nunca deixou de animar o espírito combativo dos irlandeses.

Por tal razón, nas páxinas de Duffy, de Sullivan e de Mitchel ou nos poemas dos *Young Irelanders* que cantan as glorias pasadas da nación afloran sempre, século tras século, os heroicos campións da causa nacional, as valorosas xentes dispostas ó sacrificio por Irlanda, os *mártires* da liberdade que ofrecen mesmo o seu sangue por salvar da morte a nación. Heroes nacionais que, por demais, son seleccionados sempre en virtude do seu compromiso de combate polas armas contra os opresores, da súa decisión de rebelarse abertamente contra a inxustiza que perpetran o Estado inglés e os seus axentes. Neste senso, resulta evidente a teimosía na loanza do espírito martirial dos heroes da liberdade nacional e a incondicional xustificación da violencia que todos eles exercen contra os estranxeiros. Mesmo, como no caso de Mitchel, poden ser caracterizados como traidores aqueles que, nalgún momento da historia, propuxeran o establecemento dunha vía de negociación con Inglaterra.

Espírito de rebeldía, polo tanto, que todos os textos queren destacar, pero que, á vista do resultado que eles mesmos describen para o presente, non pode ocultar o paradoxo que leva implícito, dado que non foi abondo para evitar o sometemento da nación e a súa evidente decadencia. Certamente, a súa exposición serve como estímulo exemplarizante para os irlandeses do futuro pero, sen embargo, demostra ser unha interpretación insuficiente da historia, e mesmo, no fondo, contraditoria co discurso nacionalista, en canto non achega unha explicación convincente do que, na perspectiva histórica, non pode ser caracterizado máis que como derrota da nación irlandesa. A esperanza radica, sen embargo, na afirmación de que nunca, nin sequera nos momentos máis amargos do pasado, Inglaterra puidera culminar os seus planos de destrución da nación irlandesa. Este é o espírito que os nacionalistas queren transmitir ós seus lectores, o único que autoriza as propostas políticas de liberación que con tanto interese se esforzan en promover.

5.3. Os trazos formais e a estrutura das historias nacionalistas

Os catro escritos aquí considerados reflicten unha mesma visión sobre o pasado, froito, como xa se viu, dunha fundamentación ideolóxica compartida. En todos eles, o peculiar achegamento ós tempos pretéritos que inspira o prexuízo doutrinario do que xorden resulta nunha interpretación da historia de Irlanda que, con independencia da forma en que se presenta ó lector, constitúe o que podemos caracterizar como o modelo da historia nacionalista irlandesa da segunda metade do século XIX. Certamente, os poemas históricos dos *Young Irelanders* son, en realidade, composicións concibidas de modo individual e autónomo e dedicadas, cada unha delas, a asuntos moi delimitados no tempo e nos seus contidos respectivos. Sen embargo, o propio feito de que puidesen ser compilados para constituírse como mostra representativa dunha determinada forma de aproximación ó pasado sinala ben ás claras que poden ser tratados como partes dun conxunto implícito perfectamente coherente. A efectos de análise da concepción nacionalista do pasado, as baladas históricas reunidas en *The Spirit of the Nation* poden ser analizadas como un texto de inspiración única que reflicte unha visión completa do pasado da nación e que pode ser comparable, polo tanto, ás exposicións en forma narrativa posteriormente consideradas.

Contemplados desde este punto de vista, as obras estudiadas son a manifestación escrita dunha interpretación do pasado da nación irlandesa que se converteu en dominante no nacionalismo da época aquí considerada. Todos eles participan dunha mesma concepción da historia de Irlanda, que se traduce nun relato composto por unha serie de partes dispostas de maneira desequilibrada en favor dos tres séculos máis recentes. Tal desproporción no tratamento dos contidos, como xa se suxeriu, provén do carácter *presentista* co que se acomete a redacción dos escritos, concibidos todos eles coa finalidade de *explicar* e *cambiar* un presente que se imaxina como unha derivación directa do pasado e que, por tanto, determina el mesmo os criterios de relevancia histórica. En consecuencia, a selección dos materiais do pasado realízase en función da súa capacidade para cumprir as misións que o nacionalismo lle asigna á historia. O que non encaixa en tales esquemas recibe un tratamento secundario ou, simplemente, *desaparece* do relato. Deste modo, tanto nos poemas da Young Ireland coma na obra de Duffy, a atención que se lles outorga ós tempos previos á invasión inglesa e ós séculos medievais é ben limitada. Mesmo no caso das páxinas de John Mitchel se prescinde de toda referencia anterior ó século XVI, ignorando as propias orixes da presenza inglesa na illa. E incluso en *The Story of Ireland* os capítulos iniciais deben entenderse desde a perspectiva da exposición nuclear da obra, a que retrata o apoxeo da dominación inglesa e a resistencia nacional que se lle opón.

De maneira que o peso central do relato do pasado así entendido recae sobre os trescentos anos posteriores á Reforma protestante, cando se configurou o réxime de opresión inglés sobre Irlanda. A constitución deste sistema de dominación é, sen dúbida ningunha, a cuestión que merece o interese primordial das historias nacionalistas, que dedican as súas mellores páxinas a unha descrición pormenorizada dos modos en que foi sometida a sociedade irlandesa e dos ruinosos efectos que seguiron para o país. Semellante resultado vén predeterminado, ademais de polo *presentismo* xa aludido, pola moi directa dependencia da representación inglesa das relacións históricas entre Inglaterra e Irlanda que caracteriza os escritos sobre o pasado elaborados polos nacionalistas irlandeses, no seu afán por desmentir a versión autoxustificativa da intrusión estranxeira na illa. Xunto coa función política que se lle atribuía a unha narración dos tempos pretéritos axeitada ós intereses nacionalistas, a ansia por *recuperar* a historia de Irlanda para os irlandeses, o devezo por ofrecer "outra versión" distinta da promovida *oficialmente* polas instancias políticas e culturais británicas, segundo a expresión de Mitchel, condicionou de maneira directa o froito da aproximación ó pasado que reflicten os escritos nacionalistas da época.

O resultado, en consecuencia, é unha representación excesivamente pesimista do pasado, unha historia que insiste no "sufrimento" do pobo irlandés, segundo se laia Duffy, e que dificilmente consegue compensar o carácter negativo que informa os textos coa esperanza que pretenden suxerir as repetidas referencias á capacidade de resistencia que demostrara aquela sociedade terriblemente sometida. Por demais, desta mesma orixe condicionante da concepción do relato despréndese o enfoque predominantemente político que adoptan estas historias. Apenas hai nelas tratamento ningún das cuestións culturais, máis que na forma dunha constatación expresa da ignorancia á que foi reducida a nación irlandesa. Unicamente as breves páxinas iniciais de "A bird's-eye view of Irish History" e os primeiros capítulos de *The Story of Ireland* resaltan a brillantez do período de esplendor da civilización autóctona nos séculos anteriores á chegada dos invasores anglonormandos, aínda que algúns dos poemas históricos de *The Spirit of the Nation* tamén inclúen alusións a tempos de gloria da cultura gaélica nativa. Pouca materia, en realidade, para compensar a abafante orientación política destes relatos sobre o pasado, en canto neles é o sistema de dominación o factor absolutamente determinante da evolución histórica do país.

A simplificación política da interpretación do pasado nas historias nacionalistas é a consecuencia directa do reducionismo ideolóxico da representación do presente da que parten, caracterizado como conflito entre dúas nacións condenadas a enfrontarse ata a liberación do xugo que se lle impón a Irlanda polo Estado opresor.

Do mesmo modo que a realidade vivida polos autores se converte nunha pura contraposición entre dúas nacións antagónicas, o relato do pasado do que deriva tal confrontación debe reproducir a mesma sinxeleza explicativa, eliminando as complexidades propias da historia real en favor dun esquema no que encaixen con facilidade os acontecementos e que resulte perfectamente comprensible á luz da interpretación do presente segundo a ideoloxía nacionalista.

Ademais, a tarefa de simplificación do pasado por causa da subordinación da historia ás finalidades políticas que se lle asignan ó seu relato compleméntase coa procura dun modo de exposición que permita satisfacer con éxito a súa función exhortativa. A narración histórica enfiada polos nacionalistas non se esgota nunca en si mesma, non ten por obxecto primordial a composición dun relato sobre o pasado que demostra a súa validez en canto cumprimenta os requisitos de veracidade e obxectividade esixibles a un traballo académico. Nunha historia nacionalista como as que aquí se consideran, a aparencia de veracidade resulta sempre dependente da finalidade principal que xustifica a formulación do escrito, a saber, a satisfacción dos obxectivos ideolóxicos e políticos.

A supeditación da selección e ordenamento dos contidos á consecución de determinados propósitos no presente reflíctese tamén nas propias características formais do relato. Primeiro, en canto lexitima a inclusión nel de episodios e personaxes de dubidosa historicidade, pero de indubidable interese para un achegamento político satisfactorio ós lectores. Deste modo, as crónicas dos autores nacionalistas, e non soamente as dirixidas a unha audiencia moza, como o relato de Sullivan, adoitan mesturar sen maiores reparos a descrición de feitos con fundamentación histórica e as referencias a materiais de incuestionable carácter ficticio. A este respecto, ningún destes textos se retrae de adornar as súas exposicións coa inclusión de contidos que pretenden resaltar o que Thomas Davis chamara "a color poética da historia", esa aura emotiva e atraínte necesaria para penetrar e conmover a mente daqueles lectores dos que se esperaba un compromiso coa causa da nación.

En segundo termo, a subordinación do relato á súa efectividade política inmediata tradúcese na adopción dun estilo literario apropiado a tales fins. Neste senso, a necesidade de promover a integración do discurso nacionalista na mentalidade da sociedade irlandesa e de mobilizar a poboación arredor das reivindicacións propias daquela doutrina aconsellou a utilización dunha linguaxe directa e efectiva, sinxela e apaixonada, capaz de conmover o lector, de excitar os seus sentimentos nacionais e de impulsalo á acción política. Obxectivos de comunicación da mensaxe que non precisaban unha exposición guiada por criterios académicos senón, máis ben, unha narración de estilo *literario,* orientada máis pola súa capacidade de impresionar o lector que pola fidelidade a pautas propias

de escritos dirixidos a audiencias moito máis selectas. A procura de tal efectismo literario é evidente na linguaxe das baladas históricas dos *Young Irelanders,* nas que o propio xénero poético e o destino das composicións, en canto cancións patrióticas populares, parecen requirir unha manipulación axeitada das palabras e un ton incitador e vibrante. Pero tamén está presente nas narracións de Mitchel e Duffy, sempre proclives á utilización de palabras e tons enfáticos, emotivos, dramáticos, estimulantes, mobilizadores... que poñan de manifesto con absoluta contundencia a inxustiza e a traxedia que padece o pobo irlandés e a necesidade imperiosa de poñerlle fin á causa dos seus males. E, claro está, ese estilo que apela constantemente ó sentimento é constitutivo dunha obra que, como *The Story of Ireland,* se dirixe particularmente á mocidade. Por demais, cómpre sinalar que os tons apaixonados que se reflicten na linguaxe destas obras son un directo reflexo do didactismo que zumegan todas elas, o cal, lonxe de ser exclusivo do relato de Sullivan, que proclama a súa vocación pedagóxica de maneira expresa, vén ser un dos elementos característicos das historias nacionalistas.

Por outro lado, a consideración do estilo destas representacións nacionalistas do pasado permite comprobar que o afán de desmentir a versión inglesa da historia resultou, polo menos nesta etapa, nunha comparanza claramente asimétrica, en razón da disparidade dos termos que se contrapoñen. Os escritores irlandeses da época pretenden descualificar un relato inglés que, de feito, constrúen eles mesmos, seleccionando determinados contidos das obras dos historiadores británicos que lles parecen relevantes para os seus obxectivos. No proceso, loxicamente, compoñen o que non pasa de ser a súa propia *simplificación* de interpretacións de autores diversos que, sen dúbida ningunha, presentan diferenzas entre si, pero que os nacionalistas irlandeses reducen a un *relato tipo* que se adapta ós seus propósitos de impugnación. O panorama da historiografía inglesa da época era, de certo, moito máis complexo do que os escritores nacionalistas querían presentar.

Por demais, a asimetría da comparación deriva tamén dos ámbitos de procedencia e de destino dos dous modelos históricos enfrontados. A pesar das súas pretensións, as historias dos nacionalistas irlandeses non estaban concibidas nin elaboradas de acordo cos criterios profesionais e académicos segundo os cales se compoñían xa daquela a maioría das obras inglesas que querían refutar. Os textos aquí analizados non pasan de ser o que podemos cualificar como *historias populares,* no senso do ánimo que as inspiraba, dos métodos de traballo dos autores e da finalidade política que perseguían. Poida que algunhas das referencias historiográficas inglesas fronte ás que se presentaron como alternativa coincidisen parcialmente con elas, aínda que non fose de modo explícito, nos aspectos primeiro e terceiro. Quizais mesmo a súa metodoloxía non fose tan rigorosa como cabería

supoñer. Pero, desde logo, a complexidade e a diversidade das súas exposicións eran incomparablemente maiores do que as historias nacionalistas pretendían na súa simplificación. Como consecuencia da cal, claro está, elas mesmas resultaban ser como o modelo que os seus autores imaxinaban que compartían os historiadores ingleses: obras lineais, ideoloxicamente preconcibidas, subordinadas a obxectivos políticos concretos, carentes de espírito autocrítico e incapaces de reflectir nas súas páxinas as múltiples facetas que compoñen a realidade, tanto da histórica coma da presente.

5.4. A recepción do relato nacionalista da historia

A extraordinaria difusión que acadaron na segunda metade do século XIX as obras que aquí se estudian permite considerar a gran importancia da súa influencia na consolidación da mensaxe nacionalista na sociedade irlandesa daqueles tempos. Deste modo, a compilación das baladas dos autores da Young Ireland en *The Spirit of the Nation,* a memoria dos padecementos nos cárceres británicos que John Mitchel recolleu no seu *Jail Journal,* as vicisitudes no tempo do pobo irlandés narradas por A.M. Sullivan en *The Story of Ireland* e a visión panorámica do pasado da nación que Charles Gavan Duffy incluíu en *Young Ireland: A fragment of Irish History. 1840-1850* convertéronse en exemplos verdadeiramente representativos das novas concepcións nacionalistas que daquela estaban agromando en Irlanda. Neste senso, e sen esquecer as diferenzas que se poden establecer entre estes significativos escritos, todos eles veñen ofrecer unha especie de reflexo da base común que constitúe a esencia doutrinaria sobre a que se estaba configurando a formulación moderna do nacionalismo irlandés. E tamén, en lóxica conformidade cos efectos dese fondo ideolóxico compartido, as súas páxinas son expresión dunha forma específica de representación do pasado que, como se acaba de expoñer, comparte os motivos que a inspiran, os obxectivos e funcións que se lle adscriben, os contidos que a conforman e as lecciónns que se deducen da súa exposición.

Respecto do último aspecto, o das conclusións que cabe extraer da ampla difusión deste particular relato do pasado, cómpre salientar as repercusións inmediatas de tales interpretacións da historia na sociedade irlandesa do momento, a súa influencia no escenario político e a súa contribución á progresiva consolidación da alternativa nacionalista como opción hexemónica entre a maioría católica do país. Trátase do espallamento dunha serie de principios que se irían afirmando na mentalidade nacionalista e, ó tempo, constituíndose como factores determinantes da política irlandesa de fins do século XIX e principios do XX. En todo caso, e con independencia da vontade expresa dos autores analizados, a propagación daquelas obras axudou, certamente, a afirmar un conxunto de crenzas sobre a

historia da nación que, ó cabo, acabarían sendo asumidas de maneira xeneralizada pola sociedade irlandesa e influirían considerablemente na orientación gradualmente máis radicalizada que impregnaría a evolución posterior do movemento nacionalista.

En primeiro lugar, as historias nacionalistas estenderon a idea da incompatibilidade absoluta entre dúas nacións que se viñan enfrontando sen tregua, segundo tal relato, desde había sete séculos. A exposición do pasado demostraba a imposibilidade de atopar unha fórmula satisfactoria de convivencia entre Inglaterra e Irlanda que non partise da ruptura completa dos lazos de dominación e dependencia que ligaban os contendentes desde a intrusión inglesa no territorio daquela nación que fora inxustamente privada da súa liberdade. Os episodios históricos seleccionados, tal como eran narrados naquelas crónicas do sufrimento do pobo irlandés, non facían máis que corroborar, un tras outro, a persistencia da coacción e dos abusos ingleses, a perfidia coa que os intrusos aplicaran os seus planos de dominación e as consecuencias tráxicas que da política de opresión deitaran para a nación irlandesa. A descrición daqueles modos perversos cos que Inglaterra arrebatara a Irlanda a súa liberdade, confiscara os recursos do seu pobo e sometera a nación ós intereses estranxeiros non deixaba aberta posibilidade ningunha de acadar un amaño que fixese aconsellable o mantemento dunha conexión que tan prexudicial fora para o país. Máis ben, a lección que se extraía da historia obrigaba a romper con urxencia tales lazos de suxeición no presente.

En segundo termo, a incompatibilidade radical entre Inglaterra e Irlanda que deitaba da mirada nacionalista ó pasado prolongábase na contraposición irremediable que afectaba ás relacións entre a poboación *propia* do país e as xentes que se estableceran nel como parte do aparello de conquista e dominación inglés. Quer dicir que, a pesar das frecuentes apelacións á unidade dos irlandeses todos que caracterizaran xa o discurso político da Young Ireland, o resultado das representacións históricas desenvolvidas seguindo o seu fío ideolóxico volveu dificilmente imaxinable a posibilidade de emprender a busca dunha conciliación entre os que aparecen retratados no relato do pasado como vítimas dunha opresión insoportable e os que sempre son caracterizados nel como os axentes e beneficiarios directos daquela política infame, da cal, por demais, aínda eran visibles os seus arrepiantes efectos na Irlanda do presente.

En consecuencia, cabe afirmar que a versión da historia composta polos nacionalistas fixo progresivamente inconcibible para moitos irlandeses a simple consideración da eventualidade dunha conciliación entre a maioría católica-nativa e as clases dirixentes protestantes-angloirlandesas, a posibilidade mesma de configurar algún día un acordo construído sobre intereses compartidos por ambos os grupos. Segundo se deducía da visión da historia promovida polo nacionalismo,

era tan intensa a inxustiza cometida durante séculos co pobo irlandés polos seus opresores, que non cabía sequera imaxinar un remedio que non implicase arrincar a raíz mesma dos seus males, que non reparase os agravios aínda padecidos invertendo por completo os resultados daquel triste pasado, é dicir, que non devolvese á nación irlandesa o control pleno do seu país, das súas institucións políticas e dos recursos que lle foran arrebatados de tan aleivosa maneira. A historia suxería, polo tanto, que non cabía xa acordo ningún e que era obrigada a perseveranza no esforzo por acadar a reversión completa daquela estarrecedora realidade que nacía do pasado.

Como resultado directo destas dúas primeiras conclusións, da lectura da historia redactada baixo a inspiración ideolóxica nacionalista foise deducindo gradualmente a exclusión da poboación protestante da nacionalidade irlandesa. Na práctica, a nación foi definida como católica e gaélica –no senso de ascendencia *nativa,* aínda sen connotacións culturais expresas. A este respecto, a representación histórica que imaxinaba o pasado como un conflito secular inacabado entre *estranxeiros* protestantes e *nativos* católicos contribuíu tamén a confirmar a tendencia crecente, xa desde os tempos de O'Connell, a caracterizar a nación irlandesa de maneira restrinxida, identificándoa, en principio, coa maioría católica e esixindo á poboación que profesaba aquela fe *estranxeira* a aceptación incondicional dos presupostos nacionalistas como requisito para a súa posible incorporación.

Por último, cómpre resaltar que o relato nacionalista do pasado potenciou na opinión pública irlandesa a convicción da necesidade de recorrer a medios de forza –entendida en grao diverso– para arrincar uns dereitos que o Estado opresor nunca cedería de grao. A lectura do desenvolvemento da historia, segundo os episodios seleccionados polos escritores nacionalistas, deixaba poucas dúbidas sobre a negativa absoluta do poder inglés a aceptar calquera mingua na súa posición de predominio absoluto político e económico. Nunca no pasado, segundo tales relatos, Inglaterra se aviñera a aceptar ningunha das demandas irlandesas... agás cando se vira obrigada a buscar fórmulas de transacción ante a forza despregada pola nación sometida. A ensinanza da historia era clara a este respecto, como poñían de manifesto as crónicas do pasado, salientando a teimosa oposición de Inglaterra a transixir coas xustas reivindicacións irlandesas e resaltando a súa insistencia en pechar sempre calquera camiño de conciliación.

Segundo a versión nacionalista, soamente a presión popular, como a organizada polo movemento de O'Connell, conseguira forzar os opresores a aceptar algunha daquelas peticións. Pero, sobre todo, foran as ameazas concretas do uso da violencia as únicas que obrigaran ó Estado a efectuar concesións significativas noutros tempos. Non estraña que aqueles escritos espallasen entre boa parte da sociedade a crenza

de que a vía da violencia revolucionaria era a soa alternativa da que os irlandeses do presente dispoñían para avanzar na consecución das súas demandas. Conclusión que resultou reforzada non soamente por quen, como Mitchel, a propoñía de modo expreso ou pola lectura duns escritos como os poemas da Young Ireland, repletos de exaltacións dos heroes que colleran as armas para loitar contra os opresores e de loas á efusión de sangue inimigo e á vinganza implacable como medios imprescindibles para a liberación de Irlanda. Mesmo tamén se deducía con facilidade unha argumentación semellante despois da lectura de relatos como os de A.M. Sullivan e de Charles Gavan Duffy, sempre partidarios de vías moderadas na súa actividade política, pero igualmente categóricos na exposición da maldade, da cobiza e da crueldade consubstanciais á política inglesa en Irlanda. En todo caso, a aproximación a aquelas historias nacionalistas, coa súa descrición da arrepiante e continuada inxustiza da que foran vítimas os irlandeses, non podía máis que incitar a estes a buscar a liberación inmediata da nación por calquera medio de que dispuxesen. A aceptación sen matices do uso no pasado da violencia contra a opresión que se contiña naqueles relatos tiña que traducirse, inevitablemente, nunha crecente xustificación, ben que non fose explícita nalgúns casos, dos métodos de forza contra os que trataban de perpetuar tan inxusta situación no presente.

Lexitimación da vía insurreccional que, a maiores, resultaba reforzada pola ausencia dun modelo político singular, propio de Irlanda, que coubese deducir da exposición do pasado e que se constituíse no obxectivo no que debería culminar a loita nacional. Pola contra, como froito da insistencia dos escritos históricos nacionalistas na perversión secular da actuación inglesa no país, coa súa representación do pasado como o escenario da inxustiza orixinada na opresión intolerable exercida por unha Inglaterra retratada cos trazos todos dunha maldade consubstancial ó seu ser nacional, a proposición obrigada que parecía desprenderse da historia viña confirmar a necesidade de derrubar aquel inicuo réxime de dominación por calquera medio que fose posible.

Desta maneira, a funcionalidade política primaria que se lle atribúe á historia tende a reducir o pasado a un puro e permanente conflito, interpretación na que cobra sentido a exaltación do valor inherente da loita violenta contra os opresores, mesmo á marxe do seu rendemento inmediato nalgúns casos. O esencial, segundo esta concepción, vén ser o mantemento do espírito combativo contra a opresión, o alimento do soño coa vitoria que un día impreciso había chegar como resultado da determinación do pobo sometido. A *liberación* nacional, sen maiores precisións de futuro, convértese así no obxectivo absoluto cara ó cal se encamiña a historia desde hai sete séculos. O nacionalismo irlandés non vai máis alá, nas súas proposicións políticas, deste momento culminante que albisca nos tempos do

porvir. En consecuencia, tampouco non se lle esixe á historia elaborada segundo as súas pautas ideolóxicas que ofreza alternativa ningunha especificamente irlandesa para o futuro. Neste senso, os relatos nacionalistas sobre o pasado compostos naqueles momentos non se preocupan, máis alá das tenues suxestións de Sullivan sobre unha especie de sistema de monarquía parlamentaria nos tempos milesios, por configurar un modelo político e cultural peculiar da nación, aquel sistema que cabía supoñer que, nos distantes tempos de liberdade, debera expresar a singularidade da súa civilización e que fora tronzado no seu desenvolvemento pola intromisión dos estranxeiros. Deste modo, ausente da historia a referencia na que se había de concretar o triunfo soñado da nación, a loita violenta esgota a súa significación en si mesma, a rebelión xustifícase en por si e o sacrificio individual vén ser a manifestación suprema da vontade de existir da nación, mesmo que remate en absoluto fracaso. Sempre, en toda circunstancia e con independencia do seu resultado, o combate debe continuar.

Sinopse do modelo de historia nacionalista

Como resume final, formulados en forma esquemática, cabe sinalar os seguintes trazos característicos que constitúen o primeiro modelo nacionalista de historia irlandesa:

1. Os factores determinantes do relato do pasado

a. A presunción da condición nacional de Irlanda, en canto prexuízo ideolóxico que autoriza o relato
b. A descrición reducionista do presente irlandés como conflito entre nacións
c. A procura dunha explicación racional da miseria económica e do decaemento cultural que afecta á sociedade irlandesa da época
d. A concepción instrumental da historia e a asignación dunha funcionalidade ideolóxica e política á súa exposición
e. Os criterios de relevancia histórica, selección e disposición dos materiais en función da finalidade ideolóxico-política do relato
f. O afán de refutación da interpretación *oficial* inglesa do pasado

2. Os contidos

a. Representación do pasado como enfrontamento entre Irlanda e Inglaterra
b. Expresión do conflito histórico na dicotomía *opresión-resistencia*
c. Descrición do proceso de establecemento dun sistema completo de dominación por Inglaterra: uso da forza, instrumentalización do aparello legal e de xustiza, discriminación relixiosa e confiscación dos recursos do país
d. Exaltación da loita irreductible da nación contra os opresores estranxeiros

e. Definición restrinxida da nación irlandesa, salientando o catolicismo como trazo de identificación da poboación nativa
f. Caracterización absolutamente negativa da natureza da nación inglesa
g. Atribución ó Estado inglés e ós seus axentes angloirlandeses da responsabilidade exclusiva da ruína e abatemento de Irlanda
h. Reducionismo político da interpretación histórica
i. Desequilibrio no tratamento do pasado en favor dos séculos posteriores ó XV, os do período de apoxeo do sistema de dominación estranxeira
j. Escasa ou nula atención á era previa á invasión inglesa e á dimensión cultural da nacionalidade irlandesa

3. A expresión formal

a. Narrativización do pasado: principio / determinación do conflito / desenvolvemento da acción no tempo por medio dunha sucesión de acontecementos causalmente relacionados / final (liberación implícita)
b. Simplificación do relato arredor do eixe do enfrontamento nacional: eliminación das complexidades que esvaecen a representación das dúas dimensións da dicotomía conflitual
c. Lendarización e mitificación de personaxes e acontecementos, encaixados na dualidade *opresión-resistencia*
d. Didactismo na concepción, na expresión e na estruturación do relato, traducindo a funcionalidade política que se lle atribúe á historia
e. Configuración dos escritos como *historias populares:* subordinación da rigorosidade fáctica á expresividade literaria, adopción dun estilo efectista, na procura da concienciación e mobilización política dos destinatarios do relato

4. As conclusións

a. Conclusións ideoloxicamente predeterminadas: a historia *confirma* a doutrina nacionalista e lexitima a súa proposta de acción política
b. O pasado contén a explicación do presente: a rapina das riquezas nacionais e a dependencia colonial provocan a miseria e o atraso; a perda da independencia causa a discriminación inxusta que padecen os irlandeses
c. O pasado como traxedia que se prolonga no presente
d. Decadencia da nación por causa do sometemento ó poder estranxeiro
e. Incompatibilidade entre Inglaterra e Irlanda: imposibilidade de acordo e necesidade de ruptura da subordinación como único medio de recuperar o control político e rematar a decadencia
f. Xustificación da política de forza como único medio de *arrincar* a Inglaterra os dereitos da nación

g. Imposibilidade de conciliación da poboación nativa cos grupos sociais protestantes, ós que se atribúe ascendencia estranxeira: exclusión dos angloirlandeses da nacionalidade



Figura 4. O primeiro modelo nacionalista da historia de Irlanda

IV. A FIXACIÓN DO RELATO HISTÓRICO NACIONALISTA. 1886-1937

1. Loita e triunfo do nacionalismo irlandés

O medio século que separa a presentación do primeiro proxecto de *home rule*, en 1886, e a aprobación da Constitución de 1937, que viña consagrar institucionalmente a independencia de Irlanda, contemplou o triunfo definitivo da loita nacionalista pola liberación da nación irlandesa do dominio británico. As datas que abren e cerran o período encadran un proceso no cal non soamente se decidiu o resultado da contraposición entre os diversos proxectos políticos que se lle ofreceron á sociedade irlandesa, aliñados nun espectro que ía desde o unionismo, que defendía o mantemento da integración do país no Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda, tal como se establecera na Acta de Unión de 1800, ata o republicanismo, a manifestación máis extrema do movemento nacionalista, que loitaba por acadar unha completa separación da Coroa británica para establecer unha república irlandesa independente. Viron aqueles anos o fracaso da fórmula unionista, pero tamén, dentro do campo do nacionalismo, e despois das sucesivas frustracións dos proxectos de autonomía de 1886, 1893 e 1912, o desprazamento da proposta constitucionalista en favor da republicana, que culminou a pugna pola ruptura con Gran Bretaña coa sinatura do Tratado Anglo-irlandés de 1921. Pero naqueles tempos dirimiuse no terreo nacionalista, ademais, o conflito sobre a caracterización daquel suxeito nacional que demandaba o seu dereito ó recoñecemento institucional e ó autogoberno. Neste ámbito da identidade, o debate centrouse na competencia entre as definicións política e cultural da nacionalidade irlandesa, vencendo a balanza, como xa se indicou con anterioridade, cara ás proposicións que definían a especificidade irlandesa en virtude dunha cultura gaélica diferenciada e da relixión católica.

Os resultados finais e o propio desenvolvemento de ambos os dous procesos, o político e o identitario, gardan unha moi estreita relación co tratamento que no transcurso daqueles cinco decenios recibiu a historia da nación por parte dos políticos e intelectuais do ámbito nacionalista. A este respecto, cabe dicir que

durante este período se configurou unha representación do pasado que, seguindo e completando a herdanza do modelo xa previamente caracterizado, acompañaría a evolución dos acontecementos que levaron á constitución dun Estado nacional irlandés, desempeñando a función xa coñecida de estímulo e lexitimación das propostas políticas nacionalistas. Co transcendental engadido, desta vez, da oportunidade de promover aquel relato desde as propias institucións estatais das que Irlanda se dotou despois de 1922.

1.1. O establecemento da hexemonía ideolóxica nacionalista

Fronte ó estereotipo do estancamento, a Irlanda da segunda metade do XIX e de principios do XX experimentou un substancial cambio modernizador que a afastou, en moitos aspectos, dos seus carácteres tradicionais e que a achegou ás formas económicas e sociais xa asentadas na Gran Bretaña da era industrial.[530] No ámbito da economía foi evidente o avance cara a unha xeneralización das pautas propias do desenvolvemento capitalista. Certo que a ausencia dun sólido proceso de industrialización resulta rechamante, sobre todo ó poñer o país en comparanza co seu poderoso veciño británico, pero a transformación foi realmente espectacular no mundo rural, onde houbo unha constante remisión da agricultura de subsistencia, dominante sen apenas excepcións na etapa anterior á *Gran Fame,* e unha penetración progresiva das formas propias dunha actividade agraria orientada cara ós mercados. Á marxe de que esa evolución implicase unha dependencia do sector agropecuario da demanda británica, o que desde a óptica nacionalista se tendeu a considerar dun absoluto modo negativo, a realidade é que, ó empezar o século XX, a mercantilización agro-gandeira transformara en grao ben intenso a paisaxe e a economía rurais respecto do deprimente panorama que ofrecía o país cinco decenios atrás.

Onde máis patente resulta a ruptura co marco tradicional é na nova configuración da propiedade da terra, cuestión de enorme transcendencia nun país agrario como era o irlandés. Rompendo co vello esquema dual que viña perpetuando desde tempo atrás unha división básica entre a minoría propietaria, por un lado, e a maioría de campesiños rendeiros e de traballadores agrícolas, polo outro, a partir da Acta da terra de 1881, que daba seguridade na posesión ós arrendatarios, iniciouse un proceso de reestruturación que cambiaría o panorama secular do campo irlandés, abríndose un camiño irrefreable de acceso do campesiñado á propiedade. A transferencia da terra dos arrendadores ós cultivadores seguiu un ritmo lento nun principio, pero acelerouse máis tarde coa instrumentación polo Estado de facilidades crediticias para financiar a súa adquisición polos campesiños

530 Joseph Lee, *The Modernization of Irish Society. 1848-1918,* pp. 1-35.

tras a promulgación da *Wyndham Act,* en 1903, que lles ofrecía xuros en condicións accesibles, e coas melloras introducidas con posterioridade pola Acta de emenda de 1909, que impoñía a obrigatoriedade da venda da propiedade ó rendeiro.[531]

No ámbito do social, producíronse no mesmo período os cambios que adoitan acompañar a modernización económica nas sociedades agrarias tradicionais. Quizais o de máis relevancia de todos eles fose o abandono masivo do campo,[532] nun fenómeno migratorio que, se ben é compartido por outras moitas rexións europeas do momento, presentou en Irlanda a peculiaridade de ir dirixido cara ó exterior nunha porcentaxe máis elevada do que foi o habitual na Europa Occidental, onde predominou a emigración interna cara a uns núcleos urbanos industriais propios que na illa eran inexistentes, agás no caso de Belfast.[533]

Pero aínda máis significativo das mudanzas que transformaron a sociedade irlandesa na segunda metade do século XIX foi o declive extraordinario da cultura tradicional, non só nos centros urbanos, senón no mesmo ámbito rural onde asentara por séculos. A caída das cifras de falantes na lingua gaélica, aínda predominante no campo antes da *Gran Fame,* non ten parangón co abandono de ningunha outra lingua en Europa, aínda que é certo que a súa decadencia non só se debeu ás actitudes de rexeitamento por parte dunha poboación que a asociaría co atraso e coa miseria, senón tamén ó excepcional nivel que alcanzaron as cifras da emigración exterior.[534]

A decadencia do gaélico, acompañada dunha crecente alfabetización desde as últimas décadas do XIX[535] –xa en inglés, desde logo–, é un sinal tamén do cambio de mentalidade que experimentou desde 1850 unha sociedade irlandesa que se foi afastando progresivamente dos modos de vida e dos valores sociais e culturais tradicionais. A propia alteración na estrutura da propiedade veu acompañada da imposición de novas maneiras nestas dúas últimas ordes, mais tamén era inevitable que suscitase efectos semellantes no terreo político. A resolución favorable do vello

---

531 Samuel Clark & James S. Donnelly, Jr., *Irish Peasants. Violence and Political Unrest. 1780-1914,* The University of Wisconsin Press, Madison 1983, pp. 271-284.

532 Desde a *Fame* de mediados do XIX ata 1914 a poboación rural minguou de 7 a menos de 3 millóns de persoas. A proporción de poboación urbana, tomando como tal a dos núcleos de máis de 2.000 habitantes, pasou de constituír unha sétima parte do total a supoñer un terzo dela. Cormac Ó Gráda, *Ireland. A New Economic History. 1780-1939,* p. 213.

533 Joseph Lee, *The Modernization of Irish Society. 1848-1918,* p. 7.

534 Calcúlase que en 1911 podía falar a lingua irlandesa un 17,6% da poboación irlandesa. R.F. Foster, *Modern Ireland,* p. 518.

535 Se en 1851 a proporción de persoas maiores de cinco anos alfabetizada apenas sobrepasaba a metade do total, en 1911 case alcanzaba o 90%. Cormac Ó Gráda, *Ireland. A New Economic History. 1780-1939,* p. 240.

problema que amargara ós granxeiros irlandeses, coa satisfacción da ansia pola terra que marcara por séculos o campesiñado, non podía deixar de afectar á súa propia visión da vida. Non ían desencamiñados os gobernos conservadores de Londres cando, entre 1896 e 1906, deseñaron unha política de "constructive unionism", que tiña como obxectivo temperar o sempre conflitivo escenario irlandés por medio de medidas reformistas que corrixisen as antigas eivas e amosasen as vantaxes da integración da nación con Gran Bretaña. Con esa finalidade, concentraron os seus esforzos na promoción do acceso do campesiñado á propiedade da terra, pretendendo suavizar o descontento, moderar a axitación no campo e facer atractiva a permanencia de Irlanda dentro do Reino Unido. En suma, confiaban en desactivar as reivindicacións nacionalistas por medio dunha estratexia persuasiva que un dos dirixentes conservadores cualificou co lema de "killing home rule with kindness". Cunha non mal fundada lóxica, pensaban que, satisfeita a demanda de terras propias, os granxeiros se converterían de inmediato nun grupo conservador, preocupados ante todo polo mantemento da estabilidade que garantiría a súa nova condición de propietarios e moito máis renuentes a aceptar cambios como os que implicaría a satisfacción das demandas nacionalistas.

Sen embargo, por outra parte, a mesma loita por conseguir esa terra provocara o espallamento dunha nova maneira de considerar a realidade do país en termos políticos e nacionais. A loita pola propiedade acadara uns niveis de intensidade espectaculares nos seus inicios, durante a chamada *Guerra da terra,* que, entre 1879 e 1882, supuxo unha mobilización no campo de proporcións descoñecidas, tanto no referente ó número das persoas afectadas coma na propia dimensión política do fenómeno. Por vez primeira, un movemento agrario entroncou cun grupo político que soubo recoller e integrar como propias as súas demandas, de maneira que se produciu unha sinerxía que elevou considerablemente a efectividade das actuacións das dúas partes, ó tempo que ocasionaba nelas un cambio cualitativo. Cos amplos apoios que foi capaz de concitar na sociedade rural, o movemento polo autogoberno podería, baixo a dirección de Charles S. Parnell, converterse nunha consistente alternativa política, fundada como estaba sobre unha base social ben firme. Os granxeiros, pola súa banda, poderían presentar as súas reivindicacións como un asunto de dimensión *nacional* e mais, sobre todo, comprobarían na práctica que os problemas que os afectaban non nacían do carácter particular dos propietarios de cadansúa rexión e que as solucións definitivas que precisaban non podían consistir en simples amaños locais. Tratábase dunha cuestión de orixe *nacional* que só admitía unha resposta política de idéntico alcance. Deste xeito, o campesiñado irlandés abría o horizonte das perspectivas con que contemplaba a súa situación, ampliaba o marco dentro do cal encadraba as súas análises e, en definitiva, incorporábase a unha nova mentalidade asentada nunha conciencia de pertenza nacional.

1. A reconfiguración do escenario político: sectarismo e mobilización

A modernización non veu acompañada no ámbito da política, como cabería esperar, por unha reprodución do modelo británico no que aquela se inspiraba. Como parte do Reino Unido, fóronse implantando progresivamente en Irlanda as trazas formais da democracia parlamentaria nos seus aspectos básicos. A cuestión primordial da política irlandesa, sen embargo, a que exemplificaría a certeza do establecemento dunha auténtica democracia, non sería da mesma orde ca no resto de Gran Bretaña, onde o proceso se relacionaba coa ampliación do dereito de voto e mais con outras cuestións relativas ó perfeccionamento dos mecanismos de participación política. No caso de Irlanda, a clave significativa da democratización do réxime británico estaría no propio acomodamento institucional do país dentro dese marco estatal no que a maioría da poboación irlandesa se atopaba en situación de desvantaxe. Val dicir, en definitiva, que a proba da modernización política residía, neste caso, na rearticulación das relacións entre Irlanda e Gran Bretaña segundo un esquema diferente ó previsto na Acta de Unión, de modo que fose posible algún tipo de expresión política da singularidade irlandesa.

As demandas a prol da instauración dun mecanismo institucional que implicase a *devolución* a Irlanda de competencias para lexislar sobre materias de interese propio dos irlandeses, é dicir, o establecemento dunha fórmula de *home rule,* ocuparon unha posición nuclear na escena política británica a partir das eleccións de 1885. Aínda que despois de 1916 pasarían a un primeiro plano as reivindicacións dos partidarios de constituír unha república separada do Reino Unido, a opción republicana, a miúdo ligada á utilización de medios violentos, foi claramente minoritaria ata o mesmo final dos corenta anos que antecederon á independencia. Durante este período o debate principal enfrontou ós que desexaban manter a Unión nos termos da Acta de 1800 cos que buscaban un novo encaixamento de Irlanda nunha reconfiguración constitucional que se fundase no recoñecemento da súa condición nacional diferenciada *dentro* do Reino Unido. Certo é que, con frecuencia, o nacionalismo parlamentario que defendeu este último camiño, pese a canalizar as súas reivindicacións a través das vías institucionais, mantivo unha calculada ambigüidade sobre o verdadeiro resultado final que perseguía coa súa acción política, e que os límites que permitían diferenciar entre os *homerulers* e os separatistas pareceron deliberadamente borrosos en múltiples ocasións. Pero, con todo, calquera que fose o obxectivo último, o conflito político principal da época xirou sempre arredor do establecemento dun dispositivo de *home rule* da nación irlandesa, tanto para os que se conformaban sinceramente con tal amaño constitucional coma para os que o vían tan só como un paso necesario cara á consecución dunha posterior independencia plena.

O escenario no que se desenvolveu a representación política ata o Tratado de 1921 que daría nacemento ó Estado Libre de Irlanda configurouse durante a penúltima década do século XIX, anos nos que se crearon as condicións para a polarización política da sociedade en torno á alternativa unionismo-nacionalismo, crecentemente reforzada nas súas liñas de demarcación pola superposición da diferencia relixiosa que separaba a poboación en católicos e protestantes. O resultado de semellante solapamento sería unha división político-relixiosa que se volvería insuperable e que marcaría o comportamento político do país ata a independencia, determinando o resultado final do conflito.

Catro foron os elementos fundamentais sobre os que asentou ese novo marco político: a penetración das posicións nacionalistas no ámbito rural, a ampliación das posibilidades de participación política pola extensión do dereito de sufraxio, a consolidación dun poderoso e moderno partido nacionalista e, por último, a introdución da cuestión da autonomía nos programas dos dous grandes partidos de goberno británicos.

A *Guerra da terra* (1879-1882) sinalou o principio da mobilización política masiva en Irlanda, como resultado da confluencia de intereses entre as organizacións que loitaban a prol do *home rule* e mais o movemento agrario constituído para a defensa dos dereitos dos arrendatarios fronte ós terratenentes, o cal, en última instancia, buscaba promover a transferencia da propiedade da terra ós seus posuidores campesiños. A loita por unha renda equitativa, pola libre disposición do rendeiro para vender e pola seguridade na posesión (os denominados *tres efes:* "Fair rent, Free sale, Fixity of tenure") xa viña de atrás, ligada á vella axitación rural, pero naqueles momentos resultou potenciada pola introdución dun compoñente político que lle conferiu novas características á acción campesiña, cando as demandas de reforma da terra foron incorporadas polo partido defensor do *home rule* ó seu programa. A coalición entre radicalismo agrario e nacionalismo constituíu un novo punto de partida da política irlandesa, integrando a granxeiros e pequenos campesiños nunha organización política ata entón limitada ás clases medias urbanas.[536] O partido do *home rule* disporía así dunha ampla base social sobre a que apoiar as súas demandas dun novo amaño constitucional.

Por outro lado, a converxencia de intereses con outros grupos sociais urbanos e a defensa política das reivindicacións dos agrarios introduciría na mentalidade

[536] Aínda que non sempre foron capaces de superar as diferenzas de intereses, como se amosa para un caso concreto (Mayo) en Donald Jordan, "Merchants, 'Strong Farmers' and Fenians: The Post-Famine Political Élite and the Irish Land War", en C.H.E. Philpin (ed) *Nationalism and Popular Protest in Ireland,* pp. 320-348.

da poboación rural unha nova visión nacional dos seus problemas, desligándoos do contexto estritamente local onde sempre os contemplaran. Co sostén da Land League (1879) e da organización que continuou o seu traballo, a National League –creada en 1882 para compaxinar a acción política e mais a reivindicación agraria–, estruturadas sobre bases locais e utilizadas como plataforma electoral por distritos, crearíase unha nova e eficiente maquinaria política de alcance nacional. Foi, precisamente, esta conexión entre o local e o nacional a que abriría unha nova época na política irlandesa. Ó incorporar ó escenario político o campesiñado, a *Guerra da terra* contribuíu decisivamente á politización da Irlanda rural, que, desde entón, se identificaría como nacionalista e católica, contraria ós propietarios e oposta decididamente a todo o inglés e, de modo implícito, ó protestantismo.[537] Ó mesmo tempo, a reivindicación do autogoberno quedaría condicionada desde o principio polos intereses do grupo social de clase media rural da que obtiña a súa forza, que determinarían, en último termo, a evolución do movemento político nacionalista irlandés.[538]

Coa National League e o Partido Parlamentario baixo a única dirección de Charles Stewart Parnell, a opinión nacionalista atopou un inmediato reflexo electoral da súa crecente fortaleza. A mobilización da maioría católica rural dentro da esfera nacionalista puido traducirse en capacidade política dentro do sistema constitucional a partir da reforma de 1884, a primeira lei electoral de aplicación en todo o Reino Unido, que estendeu o dereito de voto ós inquilinos e rendeiros que pagasen máis de 10 libras, que se sumaron así no censo ós contribuíntes propietarios. En Irlanda, ó supoñer a reforma lexislativa da normativa electoral de 1884 o recoñecemento do dereito de sufraxio para os pequenos granxeiros, a taxa de votantes medrou ata un 50%, nun espectacular crecemento con respecto ós efectos que implicaran as anteriores ampliacións electorais.[539] Nesas condicións que posibilitaron unha participación máis dilatada, o voto exercido polos novos grupos sociais incorporados á política produciu un envorcamento total das pautas polas que ata entón se rexera o panorama da política irlandesa. Nas eleccións de 1885 e nas de 1886 pode dicirse que se constituíron as liñas básicas que caracterizaron o escenario electoral e o sistema político de Irlanda ata a independencia. Naceron daquela os partidos modernos con soporte popular e configurouse a división político-sectaria que uniu case inextricablemente nacionalismo e catolicismo, por un lado, fronte a unionismo

537 R.F. Foster, *Modern Ireland,* p. 415.

538 Alan O'Day, *Irish Home Rule crisis, 1867-1921,* p. 4.

539 W.A. Speck, *Historia de Gran Bretaña,* Cambridge University Press, 1996, pp. 136-7.

e protestantismo, polo outro. A maiores, a desaparición electoral do Partido Liberal –seguiu operando no norte, mentres no sur liberais e conservadores crearon unha plataforma unionista que entraría de seguida na órbita dos segundos– converteuse desde entón nunha peculiaridade engadida que diferenciou a realidade política irlandesa da xeneralizada no resto do Estado, sendo ocupado o posto que aquel deixou vacante polos nacionalistas do Partido Parlamentario Irlandés. Os comicios xerais de 1885 non deixan espazo ningún para a dúbida: os nacionalistas acadaron 85 escanos (máis 1 en Liverpool), que representaban todos os asignados ás circunscricións do sur e mais 17 dos 33 atribuídos ó Ulster, onde os unionistas-conservadores quedaron cos 16 restantes (ademais dos 2 reservados ó Trinity College de Dublín); 80 dos deputados nacionalistas eran católicos, mentres todos os unionistas eran protestantes, na súa maioría membros da anglicana Igrexa de Irlanda.[540] A división que solapaba a adscrición relixiosa e o comportamento político foi xeral en toda a illa, pero fíxose especialmente visible no norte, onde os protestantes representaban algo máis da metade da poboación. As contendas electorais provocaron no Ulster unha acelerada simplificación do campo político protestante, onde as diversas denominacións relixiosas esquecerían desde entón as vellas querelas entre anglicanos e non conformistas, para ofrecer unha fronte unionista capaz de contrarrestar os avances do nacionalismo católico.[541]

Estes trazos característicos da *sectarización* do sistema político irlandés non farían senón confirmarse nos decenios seguintes. Por demais, o ano 1886, como resultado do triunfo liberal nas eleccións, sinalou tamén un novo comezo na práctica política, en canto que no seu transcurso se presentou o primeiro proxecto dunha lei de *home rule* para Irlanda, en orde a proceder á transferencia a un parlamento propio dunha serie de competencias, incluído o control dunha parte do sistema fiscal (agás aduanas e comercio interior), mentres permanecían en Westminster, no que xa non habería representación irlandesa, as que afectasen á xeneralidade do Imperio. Máis alá dos contidos concretos deste primeiro proxecto de autonomía, que variarían nos seus detalles de alí en diante, cando se elaboraron as novas propostas de 1893 e 1912, o obxectivo fundamental do *home rule* era o recoñecemento de Irlanda como entidade diferenciada dentro do Reino Unido, en contraposición á idea unionista, que consideraba a illa

540 Brian M. Walker, "The 1885 and 1886 General Elections: A Milestone in Irish History", en Peter Collins (ed), *Nationalism and Unionism. Conflict in Ireland, 1885-1921,* Queen's University, Belfast 1994, pp. 1-16. Nas eleccións de 1880 saíran 62 deputados nacionalistas, 15 liberais e 26 conservadores, sen establecerse aínda unha correlación tan estreita entre relixión e voto. Ib.

541 Nicholas Mansergh, *The Irish Question, 1840-1921,* Allen & Unwin, Londres 1975, pp. 209-11.

irlandesa como unha máis das partes constituíntes do Estado, de modo que no seu territorio deberían ser de aplicación as pautas xerais polas que se guiaba o sistema político británico.

As expectativas de éxito dun cambio constitucional de semellante transcendencia fundáronse, desde logo, na considerable capacidade de presión que desenvolvería desde entón o nacionalismo organizado. Pero, con todo, non responderían esas esperanzas a unha probabilidade real de verse satisfeitas de non ser porque o proxecto de autogoberno foi asumido por unha das dúas grandes forzas partidarias de Gran Bretaña. En efecto, desde 1886 o Partido Liberal incorporou ó seu programa unha disposición favorable ó establecemento dun réxime de autonomía para Irlanda. De feito, a defensa do *home rule* converteuse nun dos principais trazos que definían a súa posición fronte ós seus rivais do Partido Conservador, que pronto engadiría o complemento de *Unionista* na súa denominación, precisamente como sinal da importancia que se lle outorgaba ás propostas de reestruturación do Estado.

De maneira que a cuestión irlandesa e os proxectos de *home rule* converteríanse tamén nun asunto central da política *interna* británica, en canto constituíron unha das claves da diferenciación partidista do sistema. O éxito de Parnell ó organizar o voto da maioría católica irlandesa e traducilo nunha disciplinada organización parlamentaria deulles ós nacionalistas unha considerable cota de influencia en Westminster, a pesar de que os seus deputados non acudían á institución parlamentaria coa vontade de participar no xogo político tradicional británico, senón como representantes da nación irlandesa.[542] O seu influxo manifestábase, sobre todo, cando, en virtude duns resultados electorais equilibrados entre as principais forzas con opción a formar goberno, o voto dos parlamentarios irlandeses aparecía como o contrapeso decisivo para inclinar a balanza do poder, a cambio, claro está, do compromiso correspondente por parte do goberno resultante de loitar pola aprobación dunha lei autonómica para Irlanda. Situacións deste teor configuráronse en 1886, cando o propio Gladstone precisou do apoio dos 86 escanos controlados por Parnell, e en 1893, aínda que en ningún dos casos foi posible conseguir unha posterior votación favorable que permitise a implantación do *home rule*. A mesma circunstancia se daría a partir de 1910, cando os nacionalistas de John Redmond se converteron na clave necesaria para acadar os liberais unha maioría de goberno suficiente. De modo diferente ó que sucedera en 1906, cando un esmagador triunfo electoral dos liberais lles permitira a estes constituír o gabinete sen apoios extrapartidarios e limitaran as concesións ós

[542] Cf. Brian M. Walker, "The 1885 and 1886 General Elections: A Milestone in Irish History".

nacionalistas á vaga promesa de irse achegando paulatinamente á autonomía –"step by step"–, a limitada vitoria de 1910 volveu converter o *home rule* en clave da política británica, presentándose un novo proxecto de lei en 1912. Aprobado dous anos máis tarde, por fin, a vía constitucional pareceu entón garantir o éxito dos nacionalistas partidarios da acción política pacífica, pero a I Guerra Mundial obrigaría a deixar en suspenso o establecemento das disposicións dun proxecto que xa nunca entraría en vigor, en función das novas circunstancias ás que máis adiante se fará referencia.

Segundo a lóxica propia dun sistema bipartidista como o británico, o conflito sobre o encadramento constitucional de Irlanda reflectiuse tamén no Partido Conservador, que fixo da defensa dos termos tradicionais da Unión un dos puntos sobresalientes do seu programa de actuación política. O ton nacionalista británico que se converteu en elemento principal do discurso do unionismo, centrado na salvagarda do Imperio, serviulles ós conservadores para achegarse ós novos votantes que, en principio, non parecían destinados a simpatizar cun partido sempre identificado coas elites e os grupos sociais máis poderosos. Nese contexto, os *tories* atoparían na cuestión irlandesa un comodín disposto sempre para ser aproveitado segundo a propia comenencia. Desde que Randolph Churchill a introducira nos debates do primeiro proxecto de *home rule,* os conservadores xogaron a chamada "orange card" cando as circunstancias llelo aconsellaron, manipulando e estimulando os medos da comunidade protestante do Ulster como argumento contrario á concesión da autonomía a Irlanda, aínda que tal postura supuxese a negativa a aplicar o principio das maiorías propio das regras da democracia. En realidade, tratouse dunha simple instrumentalización dos problemas do Ulster, en canto o obxectivo final non era a defensa da súa poboación protestante e unionista, senón a obstaculización do que percibían como o inicio da desintegración do Imperio. Foi esta a verdadeira motivación que volveu os unionistas absolutamente contrarios ó establecemento do *home rule* e, despois, en última instancia, en valedores da exclusión do Ulster de calquera autonomía que se concedese a Irlanda.[543] O uso da "carta oranxista" volveríase un factor decisivo na radicalización da política irlandesa –e mesmo da británica, en xeral– nos anos que antecederon á I Guerra Mundial, cando a supresión do poder de veto do que gozaba a Cámara dos Lores pareceu abrir o camiño a eses temidos cambios constitucionais.

En conclusión, a democratización do sistema británico, que permitiu a participación da maioría católica irlandesa, mobilizada pola conexión que o movemento polo *home rule* soubo establecer entre os intereses agrarios e a

[543] Nicholas Mansergh, *The Irish Question, 1840-1921,* p. 213.

demanda dunha reforma constitucional que recoñecese a Irlanda como entidade política diferenciada, deu un enorme pulo á opinión nacionalista no país, canalizada case exclusivamente a través do que, co liderado de Parnell, se erixiu no primeiro partido irlandés de características modernas durante a década de 1880. Neste marco, a implantación do *home rule* converteuse no eixe da política irlandesa, polarizando a sociedade segundo liñas que, en substancia, viñan coincidir coas delimitacións relixiosas, consolidando así unha división que se amosaría ben compacta e que sería imposible de desfacer no futuro. Desta maneira, a *cuestión nacional* impediu que se reproducise en Irlanda na súa integridade o modelo político británico, que debería acompañar, en boa lóxica e para completalo, o proceso de modernización que por aquelas datas se desenvolvía na illa seguindo as pautas xerais do Estado nos ámbitos económico e social. As peculiaridades da política irlandesa ata 1922 deitaron, en boa parte, da permanencia de vellos trazos de identificación –os relixiosos e os baseados na memoria histórica popular–, que introduciron elementos que, por definición, quedaban fóra do campo do que podería ser obxecto de negociación. O acordo para atopar unha expresión política que recoñecese o carácter plural da sociedade irlandesa demostraría ser irrealizable.

2. Crise e apoxeo do nacionalismo parlamentario

Tanto nos seus resultados –separación de Irlanda do Reino Unido, a partir do Tratado Anglo-irlandés de 1921, e ulterior establecemento dunha república– coma nos métodos utilizados no último impulso para a súa consecución, a evolución final que seguiu a *cuestión irlandesa* semella cadrar moito máis coas liñas imaxinadas polas organizacións fenianas, partidarias do recurso á "forza física", secesionistas e republicanas, que coas propostas que desde o último cuarto do século XIX foran maioritarias no movemento nacionalista irlandés, val dicir, a consecución dun réxime de autonomía a través da explotación das posibilidades que ofrecía o marco político establecido. A partir da segunda década do século XX produciuse, certamente, un xiro cara a posicións máis extremistas en canto á determinación do obxectivo final perseguido e ós recursos que cumpría utilizar para acadalo, cambio de orientación que levaría a un progresivo desprazamento do eixe da loita nacionalista desde a vía institucional á revolucionaria. Debe entenderse, con todo, que semellante deriva afectou unicamente ós medios e ós fins, pero non ós demais aspectos ideolóxicos presentes no espectro nacionalista. As vagas propostas económicas e as concepcións e os valores sociais sobre os que se debería constituír a nova sociedade, segundo os esquemas dos programas republicanos, incluídos os máis radicais dos fenianos, compartirían co nacionalismo constitucional a opción por unha liña de moi prudente moderación que, a miúdo, mesmo se achegaba ó máis medoñento dos conservadorismos.

Tan só uns cantos anos antes da radicalización nacionalista poucos elementos se poderían sinalar que volvesen previsible o rumbo final dos acontecementos. Contra certas aparencias que debuxan unha situación de conflito desbordado na transición entre séculos, unha mirada atenta ó panorama de 1880 a 1910, permite comprobar a efectiva consolidación dun evidente proceso de avance na resolución dalgúns dos problemas que durante tantos anos levaran ó país a unha inestabilidade que chegara a parecer irremediable. Neste senso, as demandas nacionalistas, claramente apoiadas pola maioría católica, parecía que atoparan por fin a canle na que podían ser satisfeitas de maneira pacífica. Aberta a vía parlamentaria cara á autonomía, a consecución do recoñecemento político institucional do carácter específico de Irlanda daba a sensación de ser tan só unha cuestión de tempo e de atopar un acordo satisfactorio sobre a forma en que se había de concretar.

É certo que, despois de que a defección dun grupo de liberais impedira que o primeiro proxecto de lei de *home rule* se aprobase nos Comúns en 1886, o novo fracaso no intento de 1893, ante a oposición dos Lores e a falta de vontade real do goberno liberal de enfrontarse á Cámara Alta, fixo medrar nalgúns sectores a desconfianza nas posibilidades reais de acadar o autogoberno polos medios constitucionais.[544] E, sobre todo, é verdade que o camiño pareceu atrancado despois da descomposición que padeceu o Partido Parlamentario nacionalista na década de 1890, a raíz da fractura que experimentou por causa da perda do seu líder indiscutible, Parnell, cando o partido se viu obrigado polos liberais a optar entre manter o seu dirixente ou conservar a alianza en Westminster da que dependía a única posibilidade de facer efectiva a consecución do ansiado *home rule.* A querela interna que a *caída* política e a case inmediata morte de Parnell (1891) provocou restoulle toda a forza ó grupo parlamentario irlandés ata entrado o novo século. Segundo a interpretación clásica sobre os efectos da fractura, a conseguinte división no campo nacionalista parlamentario convencería á sociedade irlandesa do esgotamento dos métodos pacíficos e sinalaría o comezo da viraxe cara ó republicanismo.[545]

Sen embargo, cómpre salientar que o declive do activismo nacionalista de orientación parlamentaria non foi acompañado polo xurdimento de ningunha forza que ocupase o espazo político que este pareceu deixar baleiro durante un tempo. En realidade, se houbese que buscar un proceso de substitución dentro do ámbito nacionalista, podería atoparse, en certo senso, no labor de dinamización cultural que comezou a florecer naqueles anos, que se manifestou por medio da renovación

---

544 Vernon Bogdanor, *Devolution,* Oxford University Press 1979, p. 10.

545 Conor Cruise O'Brien, *States of Ireland,* Hutchinson, Londres 1972, pp. 23-33.

da expresión artística e da acción de diversas asociacións que por aquel entón se constituíron a eses efectos e que conquistarían un crecente apoio popular para a súa tarefa de promover a recuperación da que consideraban a cultura propia da illa. Medraron, así, na estima popular organizacións como a Gaelic Athletic Association (GAA), creada xa en 1884 para fomentar os deportes e actividades de lecer puramente gaélicos, no canto dos "foreign games", importados de Inglaterra, como o fútbol ou o rugby. Pero, sobre todo, o traballo a prol do rexurdimento dos trazos culturais específicos centrouse na defensa e na promoción do uso cotián da lingua gaélica, considerada como eixe daquela civilización irlandesa que agora se vía ameazada pola *anglización* que tan ben representaba a consolidación acelerada do inglés como primeira fala da maioría da poboación. Neste senso, a Liga Gaélica, fundada en 1893 con esa finalidade de recuperación da lingua esmorecente, concitou unha fonda simpatía na sociedade irlandesa, presentándose sempre como un movemento á marxe da política. Tivo tamén unha considerable repercusión –aínda que en sectores sociais máis reducidos– o movemento literario de talante modernista que, aínda que usando a lingua inglesa, procurou atopar unha expresión xenuinamente irlandesa, rescatando do esquecemento as antigas pautas culturais e os valores que se consideraban propios da civilización gaélica.

De todas formas, tampouco non cadra coa realidade presentar o período que comeza en 1891 como un tempo caracterizado por un baleiro político xeral, co campo nacionalista ocupado na súa integridade por un movemento de pretensións culturalistas. Nin sequera cabería semellante simplificación en referencia ós primeiros anos do novo século, nos que a perda de capacidade de influencia do Partido Parlamentario contrastaba coa medra da resposta que atopaba na sociedade o traballo a prol da recuperación do uso da lingua gaélica. Fundamentalmente, porque, na práctica, resulta imposible deslindar as actividades dos grupos de acción cultural das que se desenvolvían no terreo da política. De feito, cando menos ata os anos da Guerra Mundial, a maioría dos máis destacados militantes polo rexurdimento gaélico, aínda que conferían un carácter prioritario respecto da independencia política ó obxectivo de acadar a autonomía cultural, manifestaron case sempre o seu apoio ós obxectivos concretos que perseguía a loita parlamentaria polo *home rule*.[546] Aínda pensando moitos deles nun futuro con metas máis ambiciosas, sempre seguiron con paixón os avatares da loita política dos parlamentarios e, pese ás malas relacións que mantiñan co Partido Irlandés desde a campaña que en 1908-9 emprendera da Liga Gaélica a prol do establecemento

[546] R.F. Foster, *Modern Ireland*, pp. 455-6.

da obrigatoriedade do ensino da lingua, amosaron un entusiasmo extraordinario cando o terceiro proxecto de lei de *home rule* foi por fin aprobado polo Parlamento británico en 1912.[547]

Por demais, e pese ás protestas de apoliticismo e de neutralidade entre os partidos por parte das figuras do movemento cultural, tanto na súa expresión en lingua gaélica coma na que utilizaba o inglés, as interpenetracións do ámbito cultural e do político desenvolvéronse en varios niveis. Ante todo, porque no ambiente de polarización que representaba a dicotomía que enfrontaba a unionismo e a nacionalismo era inevitable que boa parte da sociedade percibise unha dimensión política –aínda aceptando que non tivese un carácter intencionado– no esforzo por estimular o renacemento dunha civilización irlandesa específica. *Desanglizar* Irlanda implicaba manter unha combativa posición anti-inglesa en todas as manifestacións da orde cultural. Igualmente, presentar a civilización gaélica, en tanto que única propia do país, como modelo que opoñer a unha Inglaterra que se retrataba como o paradigma dos máis negativos aspectos dun mundo materialista, dexenerado e vulgar, non podía deixar de ter unha forte significación política, aínda que non se fixese de forma expresa. O trasfondo político da opción culturalista resultaba evidente, considerando que, con estes presupostos, a rexeneración cultural da nación irlandesa debería estar en relación directa coa ruptura dos lazos políticos co Estado que era o responsable do espallamento de semellantes elementos de corrupción.[548] De modo máis ou menos implícito, a liberación política nacional –calquera que fose a forma en que esta se entendese– perfilábase sempre, de modo máis ou menos inmediato, no horizonte da loita liberadora na que se afanaba o nacionalismo cultural: para uns, imaxinándoa como a consecuencia final da recuperación pola comunidade nacional da civilización específica na que arraigaba a súa identidade diferenciada; para outros, contemplándoa como a condición indispensable para que aquel resultado emancipador puidese desenvolverse por completo.

As imaxes identitarias creadas polos nacionalistas que actuaron preferentemente na esfera da cultura, os símbolos nacionais que promoveron, a visión da historia que presentaron, o entendemento da Irlanda rural de fala gaélica que aínda sobrevivía na costa occidental da illa como o depósito onde tomar os

---

547 John Hutchinson, *The Dynamics of Cultural Nationalism*, p. 185.

548 O republicano Patrick Pearse, que pasaría de traballar na Liga Gaélica a dirixente do nacionalismo revolucionario, recoñecía en xaneiro de 1914 que "[...] it has not been merely for the sake of saving the Irish language we Leaguers have been working all these years". Engadía que "[...] in the Gaelic League I have all along been working not for the language merely, but for the nation. [...] I protest that it was not philology, not folklore, not literature, we went into the Gaelic League to serve, but: Ireland a Nation". Pádraic H. Pearse, *Political Writings and Speeches,* n.d., repr. Talbot Press, Dublín, pp. 103, 107.

valores da civilización autóctona que permitirían o renacemento da nación... non podían deixar de ter unha repercusión no terreo da política. Toda a *imaxinería* que difundiron, así como a retórica radical en que a miúdo foi envolvida, sería traspasada despois ó republicanismo máis combativo, pero parece esaxerado facer dos *culturalistas* os responsables do ulterior xiro cara ó extremismo que adoptaría a loita nacionalista, por máis que o grupo feniano mellor organizado, a IRB (Irish Republican Brotherhood), actuando coa súa tradicional estratexia *entrista,* acabase penetrando as estruturas de grupos como a Liga Gaélica e a GAA.

A desaparición política e física de Parnell, case coincidentes no tempo, poida que marcase, véndoa con certa perspectiva, o fito inicial dunha nova etapa na evolución do nacionalismo. Pero, en realidade, non sinalou unha ruptura determinante nin o comezo dunha orientación política completamente novidosa. Aínda que o estancamento que se abriu na actividade parlamentaria a raíz da fractura do Partido Parlamentario parece que indica unha clara ruptura con respecto ás características que revestira a loita política desde os primeiros tempos do movemento polo *home rule,* a mingua na súa intensidade non debe ocultar que, por baixo das aparencias inmediatas, continuarían aínda predominando as mesmas liñas de actuación que viñeran guiando o nacionalismo constitucional. Polo menos ata 1914, os obxectivos políticos e os métodos para acadalos seguiron sendo os mesmos: a consecución do autogoberno por medio da acción política dentro do marco constitucional británico. A alianza parlamentaria cos liberais británicos seguiu parecendo o camiño óptimo para satisfacer as aspiracións do nacionalismo, segundo a estratexia que deseñara o partido nos tempos de Parnell.

Por demais, arredor destes principios básicos do nacionalismo constitucional congregábase aínda a inmensa maioría da opinión pública irlandesa. E non había demasiados motivos para que se producise un xiro cara a posicións más extremas nas simpatías da poboación católica. A política do "constructive unionism", emprendida polos gobernos conservadores entre 1895 e 1905, traduciuse en melloras tanxibles para unha boa parte da sociedade irlandesa, fundándose na idea de que a forza do movemento nacionalista nacía do descontento social xeneralizado e na crenza de que unha mestura de firmeza e de concesións permitiría demostrar os beneficios da Unión para Irlanda e privar de base, conseguintemente, as súas reivindicacións. Con esta finalidade, os gobernos conservadores do cambio de século levaron a cabo unha serie de reformas que transformaron a sociedade irlandesa en moi variados aspectos, desde o económico, como a resolución do problema da terra, tal como xa se dixo, ata o político, con medidas como as que permitiron o acceso dos nacionalistas a cotas reais de poder tras a democratización dos gobernos locais pola Acta de 1898.

Cando menos a curto prazo, a análise dos conservadores non ía desencamiñada e foron considerables os efectos de semellante "policy of conciliation", de tal maneira que, naqueles anos de finais do século XIX e principios do XX, a tranquilidade sería a nota característica da vida no campo irlandés, despois de décadas de persistente axitación. Aínda que a existencia cotiá do campesiño seguía a ser ben difícil, as reformas que estaban achegando ós rendeiros á liberación da dependencia dos antigos propietarios contribuíron, sen dúbida, a consolidar as súas tradicionais actitudes mentais conservadoras.[549] Pódese rastrexar a aparición neses momentos de ideas e correntes críticas co nacionalismo parlamentario que posteriormente terían incidencia considerable na evolución dos acontecementos, pero non hai dúbida ningunha de que os contemporáneos apenas non lles concederon importancia e de que a situación do país era de estabilidade relativa e mesmo de certa satisfacción. Estabilidade que se confirmaría a partir de 1906, cando o novo goberno liberal, do que se esperaba, loxicamente, a implantación do *home rule,* amosou ademais a súa disposición a proseguir o camiño das reformas, como efectivamente faría ó aprobar a emenda de 1909 que complementaba a Acta de Wyndham de seis anos atrás, corrixindo as súas insuficiencias, e mais ó dar por concluída a inacabable polémica sobre o ensino universitario, creando en 1908 a National University of Ireland, que, aínda que na teoría non tiña un carácter sectario, quedaría baixo control efectivo católico.[550]

Estas circunstancias, engadidas ó avance do proceso de democratización do sistema político británico, foron confirmando a convicción de que o recoñecemento da vontade da maioría católica e a chegada dun réxime de autogoberno para Irlanda serían inevitables, tal como se debería deducir da lóxica da aplicación das regras polas que se rexe a democracia. E non parecía infundada a confianza en que se cumprise semellante evolución, tendo en conta que unha das dúas forzas políticas de goberno de Gran Bretaña mantiña o compromiso público, desde había anos, de dar os pasos necesarios para volvela realidade.[551] Neste senso, cando menos ata a I Guerra Mundial, o proxecto político dos nacionalistas parlamentarios contou coa simpatía indiscutible da maioría da sociedade irlandesa.

---

549 F.S.L. Lyons, *Culture and Anarchy in Ireland. 1890-1939,* Clarendon Press, Oxford 1979, pp. 51-2.

550 J.C. Beckett, *The Making of Modern Ireland, 1603-1923,* Faber and Faber, Londres 1981, pp. 418-21. Como compensación cara ós protestantes, creouse tamén a Queen's University de Belfast. Considera este autor moi significativa, nuns tempos en que estaba cerca de converterse en realidade a concesión da autonomía a Irlanda, a resolución da cuestión universitaria abandonando o esquema único para a enteira illa e recoñecendo a necesidade dun trato diferenciado para o norte e para o sur.

551 En 1904 mesmo se chegou a considerar en círculos conservadores a posibilidade de certa *devolución* de poderes a un organismo irlandés. O que, por certo, custou a demisión de Wyndham e contribuíu á crise final de goberno que daría paso ó triunfo liberal de 1906. J.C. Beckett, *The Making of Modern Ireland,* p. 418.

Toda a evidencia indica que as manifestacións do sentimento nacionalista na primeira década do século XX correspondéronse co ton de moderación con que se revestiu a vida política do país naqueles anos. Pese á persistencia da radicalidade na linguaxe das demandas por parte dos principais persoeiros do movemento nacional, estes, na práctica, sempre buscaron o acomodo cos gobernos conservadores e, despois, cos liberais, nunha actitude prudente que sería recompensada cunha morea de medidas reformistas no económico e no social que transformaron realmente o país.

A realidade política fundamental era aínda a constituída polo esforzo dos deputados irlandeses en Westminster e o apoio maioritario que recibían da nación. O nacionalismo irlandés seguiu dirixido por un partido que, despois das dificultades da súa fractura na década final do século XIX, recuperou pronto o seu posto na estima da sociedade. En boa parte, porque soubo presentar outra cara máis pragmática que complementaba as súas demandas de cambios estritamente políticos e compensaba as súas dificultades para avanzar neste terreo. Deste modo, mesmo cando pareceu evidente o fracaso na consecución do autogoberno nun termo inmediato, o grupo dos parlamentarios irlandeses foi percibido pola opinión pública como unha organización eficaz e proveitosa para o país, capaz de arrincar ós gobernos británicos, coa súa presión en Westminster, todas as melloras que transformaran radicalmente a economía e a sociedade irlandesas entre 1880 e 1910.

Lonxe da imaxe de inoperancia e distanciamento das simpatías populares que lle parecera cadrar nos últimos anos do século XIX, o Partido Parlamentario Irlandés recobrou a unidade xa en 1900, baixo a presidencia de John Redmond, que logrou superar a división entre os parnellitas, que el mesmo acaudillaba, e os antiparnellitas. Aínda que é certo que as tensións internas non desaparecerían aínda, sobre todo no grupo dos deputados en Westminster, nos anos seguintes, consolidado paulatinamente o liderado de Redmond, o partido reconstruiría eficazmente as súas organizacións locais e converteríase nunha maquinaria electoral case perfecta, capaz de monopolizar a representación nacionalista –as máis das veces sen sequera candidaturas de oposición–, gracias, sobre todo, á actividade das redes parroquiais da United Irish League, un movemento agrario de gran aceptación popular pronto reconvertido na organización de base do nacionalismo, actuando como promotor do *home rule* no mundo rural e eficaz recadador de fondos para o partido.[552]

---

[552] David Fitzpatrick, "Ireland Since 1870", en R.F. Foster (ed), *The Oxford History of Ireland,* Oxford University Press 1989, p. 187.

O nacionalismo parlamentario pareceu recobrar toda a súa forza a partir de 1906. Despois de tantos anos de goberno conservador unionista, o triunfo electoral do Partido Liberal nos comicios dese ano representou un cambio na política británica que prometía ser decisivo para avanzar no camiño das reivindicacións irlandesas de autogoberno. Tal cabía esperar do acceso ó poder do grupo político que, por dúas veces no pasado, promovera en Westminster o establecemento dun réxime de autonomía para Irlanda. Máis que nunca, a vía da loita política dentro dos medios constitucionais elixida desde os tempos de Parnell polo sector maioritario do nacionalismo parecía a atinada.

As cousas, sen embargo, non evolucionaron tal como as ansias de autogoberno dos nacionalistas demandaban. Co cambio de goberno en Londres, as expectativas de recuperar unha posición de influencia eran altas entre os parlamentarios irlandeses, desde logo. Sen embargo, as circunstancias non eran tan favorables como podería parecer a primeira vista, tendo en conta a vitoria irrefutable dos liberais e as dúbidas que desde tempo atrás manifestaban moitos dos seus dirixentes e figuras representativas sobre a propia idea do *home rule.*

O feito de dispoñer os liberais dunha maioría absoluta na Cámara dos Comúns –399 deputados fronte a 156 conservadores e liberais unionistas– facíaos independentes de calquera axuda e volvía innecesario o apoio dos 83 escanos dos *homerulers.* Aínda que o goberno liberal sempre tratou de manter unhas relacións de entendemento con eles, nesa situación estaba lonxe das posibilidades dos nacionalistas desempeñar un papel como o que xogara Parnell no seu día. As concesións deberían, desta vez, provir máis do convencemento dos socios liberais da comenencia de manter a alianza nacionalista a longo prazo que das presións que se puidese exercer sobre eles no Parlamento. Pero, ademais, o goberno liberal non amosou interese ningún por poñer en práctica unha cuestión como a do *home rule* que, pese a estar incluída no programa do partido, suscitaba moitas resistencias dentro del e non era demasiado popular en Gran Bretaña. Unha vez máis se demostraría que as propostas dos liberais de autonomía para Irlanda, ó non nacer da convicción de que se trataba dun dereito que lle correspondía a esta en virtude do seu carácter de nacionalidade, se guiaban, ante todo, polas propias necesidades partidarias.

En función destes condicionamentos, e como mellor maneira de facer compatibles os dous obxectivos de salvagardar a unidade interna e atender os tradicionais aliados, os novos mandatarios optaron por seguir na liña dos anteriores gobernos conservadores de temperar as demandas nacionalistas por medio dunha activa política de reformas que satisfixesen algunhas das outras demandas económicas e sociais dos irlandeses. As medidas adoptadas para dar cabo ó

problema da propiedade da terra (1909) e a resolución definitiva da vella cuestión universitaria á satisfacción dos católicos (1908), xa mencionadas, foron logros reais que os parlamentarios irlandeses puideron presentar como melloras conseguidas para a súa sociedade por medios pacíficos.

Sen embargo, a razón de ser do nacionalismo constitucional seguía sendo a consecución do *home rule,* e o Partido Irlandés non podía deixar de presentar resultados concretos neste terreo, despois de tantos anos de espera a que os liberais recuperasen o poder para confirmar o atinado da súa estratexia. Un ano despois do cambio electoral, ante a situación de estancamento no camiño do autogoberno e as críticas que comezaban a suscitarse dentro do partido, decidiu Redmond emprender un xiro na estratexia nacionalista, insistindo na necesidade de complementar os logros das reformas socioeconómicas coa reafirmación da loita pola autonomía como obxectivo prioritario.

Con todo, estaban lonxe os días en que Gladstone impuxera coa súa autoridade un proxecto de *home rule* que moitos dentro do Partido Liberal non aceptaban de bo grao e que mesmo nos tempos do vello líder chegara a producir a ruptura de 1886. En realidade, pese a telo incorporado como un dos elementos centrais do seu programa, fora xusto despois do fracaso na aprobación da segunda lei de autogoberno, en 1893, cando comezara un distanciamento progresivo respecto do *home rule* por parte dos liberais. O proceso de desvinculación ("disengagement") do compromiso que Gladstone contraera cos nacionalistas irlandeses empezara xa inmediatamente despois do rexeitamento da lei pola Cámara Alta, cando o goberno liberal non reivindicou o dereito a decidir por el mesmo, no nome da nación que os seus deputados representaban maioritariamente no Parlamento, e aceptou o veto dos Lores, continuando despois cun crecente afastamento da cuestión das prioridades programáticas do partido durante a súa longa estadía na oposición.[553]

Pode dicirse que, en realidade, en vésperas das eleccións que lles devolverían o poder, os liberais desandaran boa parte do camiño que emprenderan desde 1886 ata 1893 con Gladstone, optando xa claramente pola vía de achegarse ós teóricos obxectivos de autonomía por medio dunha serie de medidas descentralizadoras e de reformas administrativas, é dicir, pola política denominada de "step by step". Tal como viña sucedendo desde anos atrás, a cuestión da aplicación dun amaño institucional que encaixase Irlanda no Estado á satisfacción dos británicos e mais dos nacionalistas irlandeses quedou nun lugar secundario na campaña electoral de

553 Alan O'Day, *Irish Home Rule crisis,* p. 167.

1906, dada a escasa simpatía dos votantes británicos por semellante proposta.[554] E tampouco non foi considerado como un problema prioritario para o novo goberno saído desa convocatoria, que se limitou a presentar ós nacionalistas unha oferta que non ía máis alá dunha simple *devolución* –de grao moi inferior ó contido do *home rule* de Gladstone– consistente na creación dun "Irish council", de composición mixta, por elección e mais por designación gobernamental, con algúns departamentos ministeriais e dependente do financiamento pola Facenda británica.[555] O rexeitamento nacionalista do que era, desde logo, moito menos do que esperaban e do que se incluía tradicionalmente no programa liberal non foi respondido por proposición alternativa ningunha por parte dun goberno que non precisaba dos escanos irlandeses e no que a satisfacción dos intereses nacionalistas podería abrir feridas internas aínda non ben curadas. O *home rule* quedou aprazado *sine die*.

O propio Redmond viu a necesidade de consolidar o seu liderado dentro do mundo nacionalista e mesmo no seu propio partido, de maneira que, en 1907, emprendería unha reorientación estratéxica que, reafirmando a validez da vía parlamentaria como a mellor garantía para a consecución dos obxectivos nacionalistas, recordaba –ó seu pobo, ó seu grupo e ó goberno– o carácter prioritario que para o nacionalismo tiña o *home rule.* Recoñecendo a importancia das reformas no plano socioeconómico, os nacionalistas insistirían ante os seus aliados liberais na necesidade de establecer con urxencia a autonomía para Irlanda, a loita pola cal constituía a auténtica xustificación da existencia do seu partido.[556] O Irish Party retomou, por tanto, a liña que orientaba o seu comportamento político desde os tempos fundacionais de Parnell.

Os resultados das dúas convocatorias a eleccións xerais do mesmo ano 1910, celebradas pola falta de acordo nas negociacións entre os dous grandes partidos para eliminar o poder de veto da Cámara dos Lores, foron excelentes para os nacionalistas, ó permitirlles actuar outra vez como o fel da balanza do poder. E deste modo os celebrou Redmond, sabéndose o factor imprescindible para o goberno do Reino Unido. Os liberais, con todo, presumiron de non precisar a súa colaboración, ó poder sumar unha maioría suficiente cos escanos laboristas e xulgar que os nacionalistas nunca ousarían derribar un goberno liberal cos seus votos para permitir

554 Alan O'Day, *Irish Home Rule crisis,* p. 209.

555 J.C. Beckett, *The Making of Modern Ireland*, p. 420.

556 Queda ben claro nun discurso de Redmond en 1907 en Inglaterra: "The people of this country, many of them, have been allowed to keep the illusion too long that our movement in Ireland is a mere agrarian movement; that we should have been satisfied by the mere removal of grievances. [… we] will show to England that no removal of the material kind of grievances will touch the soul of our national movement and that the real Irish demand is a demand for the recognition of our nationality". *Weekly Freeman's Journal,* 29 de xuño de 1907, citado en Alan O'Day, *Irish Home Rule crisis*, p. 219.

outro de carácter unionista no seu lugar. De modo que a capacidade de presión dos deputados irlandeses sería, neste senso, soamente relativa: suficiente para esixir a continuación da política de reformas, pero sen a forza decisiva precisa para obrigar ós liberais a levar urxentemente ó Parlamento un proxecto de lei de *home rule.*[557]

A aceptación pola Cámara dos Lores da *Parliament Act* (1911), pola que se eliminaba o veto absoluto que desde ela se puidera exercer sobre calquera lexislación emanada dos Comúns, sinalou unha nova época na política británica e no seu proceso de democratización. Aínda que o privilexio dos Lores non se eliminaba por completo, quedaba limitado a tres anos, pois toda lei aprobada en tres sesións polos Comúns, aínda que se tratase de lexislaturas diferentes, adquiría rango legal efectivo. Para os intereses nacionalistas tratábase dunha innovación transcendental, pois, aínda que a Cámara Alta podería rexeitar e reter durante dous anos unha lei de autogoberno, a remoción dese obstáculo –o que botara abaixo os planos de Gladstone en 1893– facía desaparecer o último impedimento para que os liberais puxesen en práctica o compromiso que adquiriran sobre o autogoberno para Irlanda. O novo escenario político que se abría a partir de entón parecía volver inevitable o *home rule,* e así o entenderon os nacionalistas e os liberais, pero tamén os conservadores unionistas.

En lóxica correspondencia coas actitudes predominantes no Partido Liberal, a moderación caracterizou o texto do proxecto de *home rule* que o goberno de Asquith presentou no Parlamento en abril de 1912. Antepoñendo en todo caso a aseveración da supremacía do Parlamento de Westminster, a lei seguía as grandes liñas que se fixaran no anterior intento de 1893, establecéndose un goberno irlandés responsable ante un parlamento bicameral con competencias nos asuntos internos da nación e subordinado ó imperial, que se reservaba a xurisdición para todas as cuestións que fosen de interese xeral do Estado (Coroa, guerra, exército, tratados exteriores, impostos xerais, servizos...). O representante da Coroa en Irlanda, o *Lord Lieutenant,* conservaba un considerable poder, incluíndo un dereito de veto. O parlamento irlandés non podería rexeitar nin emendar lei ningunha aprobada en Westminster, mentres as súas terían que ser ratificadas por un comité xudicial do *Privy Council,* o cal concedía a última decisión nos asuntos de controversia legal ó goberno de Londres. Especificábase a prohibición expresa de adoptar medida ningunha que afectase á liberdade relixiosa. O control financeiro permanecía, en boa parte, en mans do goberno central, mentres quedaban poucas

557 Esto pensa Alan O'Day, cando, contrapoñendo os 315 votos de liberais e laboristas ós 294 unionistas, afirma: "Home Rulers held the balance, but this was no balance of terror. Irish rethoric about throwing out the Asquith government was hollow, for the outcome would be a Unionist government". Alan O'Day, *Irish Home Rule crisis*, p. 231.

posibilidades á disposición das autoridades irlandesas para proverse de ingresos de modo independente. Por último, mantíñase, aínda que reducida, a representación irlandesa en Westminster. En definitiva, o proxecto ofrecía unha autonomía moderada, cabéndolle sempre a Londres a posibilidade de decidir finalmente nas cuestións dubidosas. Obxectivamente, tratábase dun texto menos satisfactorio para os nacionalistas que os dous anteriores que ofreceran os liberais baixo a dirección de Gladstone.[558] Con todo, o proxecto non tranquilizou a ningún dos sectores unionistas, e menos ós do Ulster.

Xusto un sentimento contrario predominou na Irlanda nacionalista. Pese ás limitacións que o novo *home rule* ofrecido polo goberno liberal presentaba respecto das súas demandas, nin o liderado do Irish Party nin a opinión nacionalista irlandesa quixeron preocuparse no inmediato por uns matices e unhas cuestións de carácter técnico que, de momento, quedaban esquecidos no medio do entusiasmo pola consecución do obxectivo tanto tempo ansiado. Tan só algunhas voces discordantes, entre elas a do Sinn Féin, falaron en Irlanda das insuficiencias da proposta británica. Pero naqueles instantes de euforia, máis alá dos detalles da lei, o apoio na illa a Redmond e á súa idea de entender o nacionalismo era xeral entre unha maioría católica acostumada desde había tempo a esperar do *home rule* o remedio para todos os seus males.[559] Aínda que acontecementos posteriores empanen esta recepción apaixonada do que entón se percibiu como un evidente triunfo das teses nacionalistas, non cabe dúbida de que, polo menos en 1912, o *home rule* concitaba o apoio afervoado da maioría da poboación irlandesa e parecía capaz de cumprir as ansias que nela predominaban de ver recoñecida Irlanda como unha entidade nacional diferenciada. É verdade que algúns nacionalistas non o vían como o "final settlement" que ordenase definitivamente as relacións entre Gran Bretaña e Irlanda, como sostiña Redmond, e que de ningunha maneira podía considerarse como a conclusión dos séculos de opresión á que fora sometida a nación irlandesa. Pero aínda os que así pensaban, os nacionalistas que querían unha ruptura completa do lazo británico, coincidían cos máis moderados dos autonomistas en recibir a introdución parlamentaria do proxecto para o autogoberno como o recoñecemento explícito da nacionalidade irlandesa por Gran Bretaña. Naqueles primeiros momentos, desde logo, o *home rule* proporcionaba unha enorme satisfacción emocional ós nacionalistas de toda clase.[560]

---

558 Alan O'Day, *Irish Home Rule crisis,* pp. 247-50.

559 J.C. Beckett, *The Making of Modern Ireland,* p. 426-7.

560 Gearóid Ó Tuathaigh, "Nationalist Ireland 1912-1922: Aspects of Continuity and Change", en Peter Collins (ed), *Nationalism and Unionism. Conflict in Ireland*, p. 47. En febreiro de 1916, cando o futuro do *home rule* non era xa moi prometedor, apenas dous meses antes de encabezar a rebelión armada contra

As expectativas que se abrían coa presentación do proxecto de autogoberno de 1912 eran, pois, de natureza diferente para as partes afectadas. Víano os liberais como a resolución do problema do encaixamento constitucional de Irlanda no marco estatal británico. Posición que compartían os nacionalistas máis moderados, aínda que moitos deles pensaban que se trataba tan só da primeira etapa dun camiño no que se irían ampliando os dereitos políticos da súa nación. En todo caso, aínda que a meta á que conduciría semellante proceso non estivese claramente especificada, parecía que se confirmaba a validez da vía parlamentaria e pacífica para conseguir eses obxectivos dentro das posibilidades de acción política que ofrecía a legalidade constitucional para acabar cun problema que envelenara as relacións entre Gran Bretaña e Irlanda durante demasiado tempo.

Entre os unionistas, sen embargo, o que se albiscaba era o inicio dun período crítico que podería culminar coa descomposición do enteiro Imperio británico. De tan extrema valoración deitaba a esixencia da utilización de todos os recursos políticos dispoñibles para enfrontar semellante perigo. A partir da consideración do *home rule* como ameaza para a integridade do Estado, en lugar de consideralo como un apoio ó seu fortalecemento, segundo as teses que promovera Gladstone no seu día, os conservadores presentarían o estadio actual do conflito anglo-irlandés como un problema de violación da orde constitucional perpetrada por unha maioría parlamentaria que excedía as competencias que lle correspondían. A acusación levaría á oposición conservadora á utilización de medios extraordinarios para impedir que se puidese poñer en práctica o que consideraban un atropelo. Neste sentido, defendendo a idea de que a maioría democrática non xustificaba en por si as actuacións todas dun goberno, o unionismo acabaría bordeando na súa oposición ó *home rule* os propios límites constitucionais que alegaba defender, sobre todo en canto amosou a súa disposición a apoiar a decidida resistencia –"por todos os medios" – dos protestantes do Ulster a aceptar a lexislación aprobada polo Parlamento británico.

A partir de 1912, ó converterse a cuestión do Ulster, presentada neses termos extremados, no eixe sobre o que se desenvolveu o debate arredor do *home rule,* o antigo problema nacional irlandés terminaría desbordando o marco institucional no que os liberais británicos e os nacionalistas do Irish Party conseguiran encarreiralo a partir de 1880. O sorprendente foi que, xusto cando esa vía da legalidade parecía achegarse á súa conclusión victoriosa, a situación comezou a xirar na dirección oposta, de modo que irían pasando a un primeiro plano as

Gran Bretaña, un separatista radical como Pearse confesaba que "many of us would have accepted Home Rule (or even Devolution) and worked on with it [...]. Home Rule to us would have been a means to an end […]". Pádraic H. Pearse, *Political Writings and Speeches*, p. 319.

proposicións máis extremistas, ata entón claramente confinadas nas marxes do escenario da pugna política e da opinión pública das dúas illas. Foron, precisamente, as fundadas expectativas do éxito tan próximo as que impulsaron un camiño da radicalización cada vez máis dominante no conflito. Tanto coma para que, nas vésperas da I Guerra Mundial, moitos chegasen a pensar na posibilidade dunha intervención extraparlamentaria de coerción sobre o goberno e, en definitiva, sobre o sistema político democrático, á vista dunha situación que parecía estar conducindo o país ás mesmas beiras dun enfrontamento civil.

1.2. A radicalización do conflito nacional, 1912-1921

1. O difícil camiño cara ó autogoberno: bipolarización identitaria e resistencia, 1912-1914

O período que vai desde a presentación parlamentaria do proxecto de *home rule* ata o verán de 1914, en que a Gran Guerra europea introduciu unha variante imprevista que resultaría decisiva na evolución dos acontecementos irlandeses, é dunha enorme complexidade. Certamente, existe o perigo de que a atención sobre os fenómenos máis espectaculares tinga a análise cun escuro verniz que oculte o feito substancial de que, baixo a crecente capa de extremismo, nunca se deixou de avanzar pola vía estritamente política e constitucional, á que, polo menos entre as forzas partidarias con capacidade de decisión, británicas e nacionalistas, se lle continuou atribuíndo a suficiencia e a idoneidade exclusiva como método para resolver a vella querela irlandesa. Resulta indubidable, con todo, que neses dous anos se produciu unha radicalización do conflito dunha intensidade difícil de imaxinar pouco tempo antes e que, pouco a pouco, a violencia e a intimidación foron gañando espazo progresivamente como recursos de instrumentación política. Pero cómpre non esquecer tampouco que a ruta da legalidade constitucional permaneceu aberta en todo momento e, ademais, conservando o apoio maioritario da sociedade irlandesa, sobre todo no campo nacionalista. Cómpre lembrar que por esa vía, tan deostada desde o republicanismo, acabaría chegando o *home rule* nos prazos parlamentarios previstos, aínda que a Guerra Mundial obrigase a suspender a súa aplicación con carácter temporal.

Sexa como for a interpretación, parece indiscutible que o inicio da tramitación parlamentaria da lei para o autogoberno de Irlanda sinalou unha reorientación na tendencia dominante na evolución da cuestión irlandesa desde que Parnell atinara coa receita para combinar con fortuna a presión parlamentaria coa mobilización política da sociedade. Neste momento, e non cando a desaparición política e física do líder parlamentario en 1891, tras da cal apenas se alteraran os esquemas parnellianos, si que se pode apreciar un cambio transcendental na evolución do nacionalismo irlandés. A partir de 1912 iríanse pechando paulatinamente as vías

intermedias que buscaban amañar un desenlace a través da negociación entre as partes británica e irlandesa, xustamente aquelas que abrira a colaboración entre nacionalistas e liberais. Pero, ademais, e como segunda novidade transcendental, o conflito dirimiríase desde entón dentro dun marco no que iría ocupando gradualmente a posición central un protagonista ata entón arrecantado en posicións marxinais, a comunidade protestante do Ulster, engadíndose un novo motivo de tensión a maiores das tradicionais diferenzas anglo-irlandesas, cando estas, precisamente, parecían en vías de finalización. A partir daquel momento a consecución dun compromiso definitivo resultaría dificultado por novos obstáculos de crecente magnitude e a virulencia das hostilidades impediría que se atopasen termos de acordo satisfactorios que permitisen integrar as posicións contrapostas nos dous niveis –británico e irlandés– en que se manifestaba o conflito. Nin foi posible para os dous grandes partidos británicos deseñar unha fórmula constitucional que dese unha saída por consenso ó problema da autonomía de Irlanda, nin houbo forma de evitar a fractura definitiva entre as dúas partes –católica e protestante– que, se ben dun modo asimétrico, configuraban unha das dimensións fundamentais da realidade irlandesa desde había séculos.

Certamente, a proximidade do establecemento dun parlamento e dun goberno autónomos en Dublín, que converterían os protestantes de Irlanda nunha minoría política dentro do seu ámbito de actuación, levou á parte máis substancial desta comunidade, a que se concentraba na rexión do norte da illa, onde era maioría en varios dos seus condados, a rexeitar o sometemento ás normas básicas da democracia, negándose a aceptar as decisións dun goberno sostido pola maioría dos representantes do pobo británico e organizándose para ofrecer unha fronte de resistencia –armada, se fose necesario– contra o *home rule.* Igualmente, ante o mesmo estímulo, pero por razóns absolutamente contrarias, serían as esperanzas incumpridas que naceran en 1912 na sociedade católica as que acabarían fortalecendo unhas posicións extremistas que ata entón estiveran en clara minoría.

Todas estas salvidades e matices se precisan para achegarse ó que se pode denominar como "a militarización do desacordo político", un proceso de radicalización que levaría a un desenlace, o Tratado Anglo-irlandés de 1921 –o que abriu as portas da independencia–, que non sería resultado exclusivo de negociacións e debates parlamentarios, quebrando as pretensións dos que tanto tempo marcaran as pautas de evolución da *cuestión irlandesa.*[561] Sen ir aínda tan lonxe, no período dos anos que agora consideramos, 1912-1914, sobre todo nos seus inicios, o fenómeno da ameaza de utilización de medios de coerción

[561] Cf. Gearóid Ó Tuathaigh, "Nationalist Ireland 1912-1922: Aspects of Continuity and Change".

extraconstitucionais correspondería ós unionistas máis que ós nacionalistas. O cal non deixa de sorprender, pois, cunha perspectiva histórica que teña en conta as orixes do conflito e a súa evolución posterior, non é pequeno o paradoxo que se produce nesas datas, nas que se inverten as que foran as actitudes tradicionais: serán agora os unionistas os que recorran á axitación e á mobilización como instrumento de presión política, mentres os nacionalistas irlandeses deciden confiar nos resultados que deriven da utilización dos medios constitucionais e do cumprimento polo poder británico dos compromisos adquiridos. Só cando estes parezan atrasar en demasía os seus froitos buscarán complementar a loita legal co apoio da mobilización popular e da ameaza revolucionaria implícita.

Neste senso do progresivo envelenamento do debate político tería unha gran influencia o feito de que houbesen de transcorrer dous anos de longos debates antes de que o proxecto de lei do *home rule* puidese ser definitivamente establecido, dado o previsible rexeitamento que a Cámara dos Lores amosou cada vez que lle foi remitido. Ese lapso de tempo sería suficiente para os contrarios á lei desenvolver todos os recursos que foron capaces de atopar para facer imposible a súa aprobación final. Por unha banda, os conservadores puideron insistir na "ilexitimidade" do cambio constitucional que supoñía, mentres non desdeñaban nin desalentaban a viraxe antidemocrática que tomaba a mobilización unionista no Ulster. Pola outra, tamén no campo nacionalista houbo tempo abondo para que os que desprezaban a lei por insuficiente e promovían a separación completa de Gran Bretaña despregasen o seu arsenal de críticas sobre unha opinión pública que foi perdendo progresivamente o entusiasmo, a medida que medraba a sensación de que o propio goberno liberal non estaba convencido de culminar o proceso legal da maneira prevista, pola súa disposición –polo menos así se percibiu– a arrincar dos nacionalistas a introdución de concesións favorables ós protestantes do Ulster. En canto ó goberno e ó seu partido, eses anos permitiron aflorar as voces internas discrepantes cunha reforma institucional de tanta transcendencia. Tamén nas ringleiras liberais, como vimos, abundaban os que non estaban convencidos de que o *home rule* redundase no fortalecemento da unidade británica. E máis desde que a mobilización dos ulsterianos protestantes, a súa campaña por gañar as simpatías da opinión pública e a súa firmeza na resistencia empezaron a espertar dúbidas sobre a comenencia de seguir adiante coa lei sen acadar un consenso previo entre as partes. Aínda que tales actitudes dubitativas non conseguirían frear o camiño parlamentario do *home rule,* si que foron suficientes para estender a convicción de que este non se podía aplicar pola forza a unha parte da poboación irlandesa que tan claramente amosaba o seu rexeitamento. Conclusión á que chegarían tamén no seu momento os propios nacionalistas, que aceptarían, en último termo e ben a desgusto, negociar unha fórmula que permitise salvar ese

obstáculo sen afectar ó sagrado principio –para eles– da unidade territorial da nación irlandesa. O propio feito de que Redmond e os seus admitisen, por fin, debater sobre un punto tan central da doutrina nacionalista como é a integridade do territorio da nación, demostra a efectividade que neses anos logrou a loita dos unionistas do Ulster. Quedaría así aberta a senda que levaría á *partición* da illa.

Desde a presentación no Parlamento do proxecto de *home rule* ata a súa conversión en lei, dous anos e medio despois, fóronse pechando paulatinamente as posibilidades todas de atopar unha saída ó antigo problema constitucional sobre Irlanda segundo o esquema que se concibira anos atrás polos liberais de Gladstone e os nacionalistas irlandeses partidarios da vía pacífica. Entre 1912 e 1914 os actores que viñan intervindo no proceso que entón parecía que ía culminar con éxito cambiarían aspectos substanciais do seu papel e da forma de representalo, ó tempo que a cuestión do Ulster pasaba a atoparse no lugar preferente do escenario. Foi arredor deste último aspecto do conflito que se produciu o reaxustamento gradual das posicións das partes, en canto foi o principal problema en que a partir daquela se concretou o vello enfrontamento derivado do descontento dos nacionalistas irlandeses polo encadramento do seu país dentro do Reino Unido.

Como primeira característica da nova situación, desde 1912 xa non serían os nacionalistas e mais os liberais os que, como ata entón, coa súa capacidade de presión sobre o goberno e coa súa vontade de satisfacer as esixencias dos seus aliados parlamentarios, respectivamente, marcasen a evolución do proceso que conduciría ó autogoberno de Irlanda. A determinación do ritmo iría pasando desde esa data, de maneira acelerada, ás mans dos unionistas do Ulster, que representaban case en exclusiva a expresión política da comunidade protestante desta rexión norteirlandesa. O temor a perder as vantaxes de formar parte do sector principal da poboación do Estado británico e verse convertidos en grupo minoritario dentro dunha Irlanda gobernada desde un parlamento dublinés de maioría católica medrou considerablemente desde o momento en que os conservadores perderon o poder en 1906, agudizándose ata o extremo a partir de 1911, despois da desaparición do último dos dispositivos de seguridade con que contaban, o poder de veto dos Lores sobre a lexislación dos Comúns, co cal en 1893 se paralizara o segundo intento de aprobar unha lei para o *home rule.*

Ante semellante perigo, convertido en realidade coa presentación do novo proxecto legal en 1912, a reacción da comunidade protestante do Ulster non foi de simple resignación. Pola contra, desenvolveuse de maneira extraordinaria a organización dun movemento de resistencia disposto mesmo a recorrer á violencia para loitar contra a aprobación da lei de autogoberno ou, en última instancia, se a primeira opción non callase, a impedir a súa aplicación no seu propio territorio.

A mobilización popular arredor deses obxectivos acadou dimensións espectaculares, agrupando a xentes de todos os sectores sociais, pois as divisións internas, sectarias ou de clase, quedaron relativizadas ante a significación prioritaria que se lles atribuíu ós trazos identitarios que definían a comunidade, a saber, relixión protestante e unionismo político.

Desde finais de 1911, os unionistas do Ulster anunciaron a proclamación dun goberno propio para o caso de que se establecese unha lei que transferise o control dos asuntos internos irlandeses a un parlamento con sede en Dublín. Tan pronto como foi introducido en Westminster o proxecto de autogoberno, iniciaron os preparativos para constituír unha forza armada propia, tomando como modelo as milicias populares locais que naceran nos conflitivos anos do revolucionario final do século XVIII. En xaneiro de 1913 crearíase a Ulster Volunteer Force, que contra a fin dese mesmo ano alcanzara xa cerca dos 80.000 membros. A organización de tales unidades paramilitares respondía ó dobre obxectivo de operar como forza armada dun hipotético goberno do Ulster e mais de canalizar e controlar unha violencia que ameazaba con rebordar en numerosas ocasións de maneira espontánea, naquel ambiente cada vez máis cargado de paixón. Pero sobre todo, daba conta do obxectivo táctico máis inmediato de demostrar ás autoridades de Londres a firme vontade dos protestantes do norte de Irlanda de rexeitar os seus planos de autogoberno e, cando menos, de obrigalas a reservar un tratamento diferenciado para a súa comunidade. A disciplina e a intensidade da mobilización protestante quedarían patentes coa sinatura, en setembro de 1912, por cerca de 250.000 protestantes do chamado *Ulster´s Solemn League and Covenant,* que reflectía tamén a convicción xeral de ofrecer unha resistencia pola que afirmaban de modo expreso estar dispostos a "empregar todos os medios que se xulguen necesarios para derrotar a actual conspiración para establecer un parlamento autónomo".[562]

Máis alá de xustificacións teóricas, durante os dous anos seguintes á introdución parlamentaria do proxecto de *home rule* os unionistas do Ulster reafirmarían con declaracións de retórica extremista e con actitudes desafiantes fronte ó goberno a súa disposición a usar a violencia para a consecución das súas esixencias políticas. A súa foi unha estratexia de intimidación, pretendendo disuadir os gobernantes e o Parlamento da súa intención de conceder a autonomía a Irlanda ou, en todo caso, forzalos a excluír os territorios do norte da illa do seu ámbito de aplicación. Resulta dubidoso, sen embargo, que a estratexia de amedrentamento que seguiron os protestantes ulsterianos profundase do modo que o fixo na senda da radicalización de non contar co estímulo, por veces de maneira explícita e

[562] Texto citado en R.F. Foster, *Modern Ireland,* pp. 466-7.

sempre con expresións de simpatía e comprensión, dos conservadores británicos. Enmarcábase así a cuestión, coa perspectiva conservadora, nun escenario máis amplo, pois que se establecía a relación do *home rule* cun designio de destrución da Constitución que, supostamente, os liberais viñan levando a cabo desde o seu acceso ó poder en 1906 e que culminara coa a eliminación do dereito de veto dos Lores en 1911.

Deste modo, desaparecido o freo absoluto que se exercía desde a Cámara Alta, reducido agora o seu poder a un simple retardamento temporal, o Ulster converteuse na arma principal da oposición conservadora unionista, que instrumentalizou os temores da súa poboación protestante non só para deter o *home rule* cando xa non había modo legal de facelo, senón tamén para levar a cabo o último intento por conter un proceso de cambio na política e na sociedade británicas que lles parecía que levaba irremisiblemente á destrución da orde tradicional da que os *tories* se proclamaban valedores.

O afondamento na vía cara á radicalización, sen embargo, viría do empurrón definitivo que a política unionista de enfrontamento recibiu do comportamento vacilante e da actitude consentidora do goberno liberal ante ela. A falta de dureza nas posicións gobernamentais, sobre todo cando foi obvio que a liña consistente en exercer unha presión continuada baixo a ameaza do recurso á forza se convertera no medio escollido polo unionismo para ver satisfeitas as súas demandas respecto do futuro do Ulster, non fixo senón confirmar a efectividade de semellante táctica e fortalecer ós partidarios de seguila empregando como principal instrumento de apoio na loita política. A vontade gobernamental de conseguir un acordo xeral interpartidario sobre a autonomía irlandesa e a súa propia falta de convicción sobre os contidos desta traducíronse nunha actitude de certa condescendencia fronte ó xiro extremista que ía collendo por momentos a mobilización norteirlandesa, extremismo que, á súa vez, non deixaba de verse reforzado pola sensación de debilidade que, polas causas mencionadas, transmitía o propio goberno. Os unionistas do Ulster confirmaban día tras día a eficacia da súa táctica de combinación da loita parlamentaria coa presión nas rúas do país.

A medida que avanzaba 1913 aumentaba o convencemento da necesidade de atopar unha saída negociada, polo menos para o Ulster. Tres eran as alternativas que cabía considerar para acomodar a situación irlandesa e a do propio Ulster: a chamada *exclusión,* a federalización do Reino Unido e a autonomía para o norte da illa dentro dunha Irlanda unida. A primeira era a opción reivindicada polos protestantes ulsterianos, a segunda contaba co apoio de numerosas figuras da política británica e a terceira, a dun "Home Rule within Home Rule", era a defendida, aínda

que de mala gana, polos nacionalistas parlamentarios.[563] A sensación predominante naqueles días era a de que sería posible resolver por consenso a vella cuestión irlandesa se se atopaba unha solución para o caso do Ulster. Desbotadas as outras dúas opcións, o debate centrouse na fórmula concreta da exclusión. A este respecto, os unionistas do Ulster negáronse a aceptar calquera amaño que non mantivese os actuais lazos con Gran Bretaña e que non desbotase a integración do seu territorio no ámbito da xurisdición dun parlamento irlandés de modo definitivo.

Se da análise do comportamento do goberno dirixido por Asquith se deduce que a iniciativa pasara ós máis radicais do campo unionista, a actitude dos nacionalistas que seguían a vía parlamentaria iría tamén a remolque dunhas circunstancias que dependían cada vez en menor medida das decisións que puidesen tomar. A razón estaba, paradoxalmente, na propia presentación do proxecto de lei que parecía satisfacer, por fin, as reivindicacións polas que se esforzaran durante tanto tempo. En consecuencia, os comportamentos políticos do Partido Irlandés a partir de 1912 seguirían unha táctica puramente defensiva. Ó longo dos seguintes anos, o convencemento de que o fundamental era a propia existencia dunha lei de *home rule* que estaba a piques de culminar os trámites parlamentarios que permitirían a constitución do ansiado goberno irlandés levounos a renunciar a promover os cambios que corrixisen as evidentes deficiencias que o proxecto presentaba á luz das primeiras pretensións nacionalistas. O aseguramento da consecución do obxectivo prioritario obrigounos a soster a bondade do proxecto e a converterse, deste modo, nos valedores en Irlanda do goberno británico. Era un cambio radical nas súas actitudes, que os obrigaba a abandonar aquela ambigüidade calculada que lles permitira, desde os tempos de Parnell, xogar cunha dobre cara, para amosar o lado máis apropiado en cada escenario: a de ser os prudentes defensores das opcións moderadas, para presentar en Gran Bretaña, e a de ser os firmes loitadores polo autogoberno, para ensinar en Irlanda. Agora, a nova situación forzábaos a unha táctica que os facía aparecer no seu país como os avogados das actuacións gobernamentais. O cal os poñía na situación nada fácil de xustificar medidas certamente impopulares entre a poboación nacionalista e, en definitiva, deixábaos nas mans dun goberno no que xa vimos que abundaban os que expresaban serias dúbidas sobre a comenencia de seguir adiante na resolución do problema irlandés nos termos previstos pola propia dirección liberal. En última instancia, o prolongado atraso na aplicación da lei de autogoberno acabaría coa antes ben asentada posición hexemónica do partido de Redmond dentro do espazo político nacionalista.

---

563 Alan O'Day, *Irish Home Rule crisis,* p. 255.

O desprazamento do eixe da cuestión irlandesa cara ó Ulster forzou ós nacionalistas a entrar nunha senda que se afastaba dos seus intereses primeiros. Constrinxidos por unhas circunstancias que cada vez estaban máis lonxe de controlar, pese á súa proximidade ó poder, non tiveron máis remedio que entrar nun debate sobre un principio que para eles non admitía discusión e que contradicía as crenzas básicas da doutrina nacionalista, que non podía, por definición, nin sequera admitir a existencia na illa dun grupo que quedase fóra dos futuros órganos da autonomía irlandesa. En realidade, fora tradicional nos nacionalistas, xa desde os primeiros tempos en que o *home rule* se convertera no principal motivo de desacougo da poboación protestante de Irlanda, unha despreocupación polos temores que o autogoberno suscitaba nesta parte da sociedade irlandesa, sen tomar en consideración a forza do desexo daquela comunidade protestante do Ulster de permanecer á marxe de calquera modificación constitucional que alterase a situación que mantiña dentro do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda desde a Acta de Unión de 1800. Pensaran sempre os nacionalistas que o compromiso dos protestantes do Ulster de resistencia sen limitacións non respondía máis que a unha histeria fabricada intencionadamente, que as súas ameazas eran ficticias e que os seus temores a depender dun goberno irlandés eran infundados.[564]

A posición dos nacionalistas fronte ás primeiras suxestións desde o goberno sobre a posibilidade de excluír o Ulster do *home rule* foron dunha negativa total a considerar o que lles parecía unha abdicación intolerable ante as ameazas unionistas. Para o ideario nacionalista era completamente impensable aceptar a tese da existencia de dúas nacións diferentes en Irlanda e a consecuencia que dela deitaba, a da *partición* da illa en dúas entidades políticas.[565] Sen embargo, a evolución dunha situación política progresivamente radicalizada nas palabras e nos feitos, as esixencias das voces que dentro do propio liberalismo simpatizaban coas posicións contrarias ó *home rule* e as presións do propio primeiro ministro, ansioso por atopar unha solución para o problema do Ulster, como único modo de lograr un acordo por consenso cos unionistas, dobregaron a resistencia de Redmond e o seu partido. En marzo de 1914, Redmond deu a Asquith o seu consentimento á presentación no Parlamento dunha proposta de exclusión temporal do Ulster. Aceptaba o sacrificio de admitir a alteración do proxecto inicial de *home rule* "como o prezo da paz".[566]

---

564 Geráoid O'Tuathaigh, "Nationalist Ireland 1912-1922", p. 52.

565 Segundo expuxo o propio Redmond ó tratar no Parlamento da primeira emenda pola exclusión, "This idea of two nations in Ireland is to us revolting and hateful. The idea of our agreeing to the partition of our nation is unthinkable". Citado en Alan O'Day, *Irish Home Rule crisis,* p. 252.

566 Alan O'Day, *Irish Home Rule crisis,* p. 259.

Realmente, naqueles meses anteriores á I Guerra Mundial, a paz parecía en grave perigo en Irlanda. Xa poucos dubidaban do compromiso categórico dos protestantes do Ulster de resistir a imposición da lei de autogoberno. Por demais, vendo o éxito que a táctica unionista de apoiar a loita parlamentaria coa presión da ameaza dun estalido de violencia, no campo nacionalista irlandés fora crecendo o número dos partidarios de adoptar unha liña de actuación semellante, abandonando unha estratexia defensiva que non parecía levar máis que a unha sucesión de renuncias ante as demandas dun goberno máis preocupado por acadar un consenso xeral con todas as forzas políticas que por soster os intereses dos seus aliados nacionalistas. Non é pequeno o paradoxo de que precisamente a proximidade do éxito da antiga estratexia pacífica constitucional acabase devolvendo ós nacionalistas republicanos, partidarios da acción violenta contra o poder británico, unha parte do pouco creto de que dispuñan. A percepción dunha parcialidade crecente por parte dun goberno que non deixaba de favorecer os unionistas e non cumpría o seu compromiso con Irlanda achegou a moitos católicos, incluíndo xentes que ata entón mantiveran certa indiferenza ante a loita nacionalista, ás posicións dos separatistas, polo menos temporalmente.[567] A solidez das convicións norteirlandesas e a decisión de defender as súas posicións pola forza mesmo suscitaron admiración entre o pequeno grupo dos nacionalistas radicais que, como Patrick Pearse, estaban dispostos a continuar a tradición nacionalista dos que sempre apelaran á "physical force" como único medio de arrincar algunha concesión ós ingleses.[568]

Pero, sobre todo, sería o exemplo da mobilización dos protestantes do Ulster, intensificada a partir de 1912, a que estimularía o desenvolvemento dun proceso semellante no campo dos nacionalistas. Nada explica mellor o crecemento do que Beckett chama un "espírito militante"[569] na Irlanda daqueles anos que a constitución dos Voluntarios Irlandeses, como resposta nacionalista ó movemento semellante que con tanto éxito estaban formando os unionistas do Ulster.

A idea concreta de formar un corpo masivo de militantes nacionalistas armados e disciplinados xurdiu da necesidade de contrarrestar a presión que con eses medios exercían os unionistas do Ulster. Aínda que nunca desaparecera a

---

567 Tom Garvin, *Nationalist Revolutionaries in Ireland,* p. 139.

568 En novembro de 1913, escribiu nun artigo de prensa este líder neogaélico que despois dirixiría o alzamento de 1916: "Personally, I think the Orangeman with a rifle a much less ridiculous figure than the Nationalist without a rifle; and the Orangeman who can fire a gun will certainly count for more in the end than the Nationalist who can do nothing cleverer that make a pun". Pádraic H. Pearse, *Political Writings and Speeches*, p. 185.

569 J.C. Beckett, *The Making of Modern Ireland,* p. 430.

tradición insurreccional no nacionalismo irlandés e, de feito, non faltaran intentos illados e sen demasiada forza por recuperala, a formación do movemento armado foi resultado, no fundamental, dunha mobilización de resposta á iniciativa dos unionistas ulsterianos. Así se desprende claramente dos contidos do artigo periodístico no que, en novembro de 1913, o historiador e promotor da Liga Gaélica Eoin MacNeill facía a que se considera como a chamada fundacional da que nacerían os *Irish Volunteers* e que xa viña expresada dun modo moi significativo desde o seu propio título: "The North began".[570] O escrito tivo unha gran repercusión, probablemente máis da que esperaba o seu autor, un nacionalista relativamente moderado –aínda que despois presidiría a forza voluntaria–, pois non facía senón recoller unha idea que estaba no ambiente desde que se intensificara a mobilización unionista.

A hostilidade do Irish Party foi o principal obstáculo que deberían vencer os partidarios de organizar unha forza armada. O éxito da convocatoria para a súa constitución, polo atractiva que lle resultou a chamada a un sector considerable da mocidade nacionalista, desencantada coa lentitude coa que se avanzaba cara a un autogoberno que parecía máis limitado aínda do previsto en 1912, obrigou ós nacionalistas constitucionais a procurar o manexo dunha forza que ameazaba competir con eles nas simpatías da poboación. De maneira que, unha vez conseguido o control da dirección dos Voluntarios, Redmond atopouse convertido, a maiores do seu anterior papel, no líder dun movemento armado nacionalista que medrou de maneira espectacular, ata chegar a dispoñer de 180.000 membros en setembro de 1914.[571] Os Voluntarios Irlandeses pasaron a ser, en consecuencia, a arma que os nacionalistas parlamentarios poderían utilizar coa mesma finalidade que a forza unionista respecto da cal se pretendía que servisen de contrapeso, a saber, premer o goberno británico e poñer de manifesto a vontade de recorrer a todos os medios para asegurar os dereitos que dicían corresponderlle á nación irlandesa. E debe terse en conta, ademais, que os obxectivos dos Voluntarios non eran nada precisos, limitándose estes a unha defensa xenérica dos dereitos irlandeses, sen concretarse sequera nunha defensa do *home rule.*[572]

---

570 Publicouse no semanario da Liga Gaélica, *An Claidheamh Soluis,* o 1 de novembro de 1913. Reprodúcese integramente, dentro do apéndice 2, en F.X. Martin & F.J. Byrne (ed), *The Scholar Revolutionary. Eoin MacNeill, 1867-1945, and the Making of the New Ireland,* Barnes & Noble, Nova York 1973, pp. 381-384.

571 Dos 10.000 afiliados de xaneiro de 1914 xa se pasara a 100.000 no mes de maio dese mesmo ano. F. X. Martin, "MacNeill and the Foundation of the Irish Volunteers", en F.X. Martin & F.J. Byrne (ed), *The Scholar Revolutionary*, p.178.

572 O programa fundacional dos Voluntarios Irlandeses unicamente sostiña o seguinte a este respecto: "The object proposed for the Irish Volunteers is to secure and maintain the rights and liberties common to all the people of Ireland". F. X. Martin & F.J. Byrne (ed), *The Scholar Revolutionary,* p. 171.

Certamente, cando estaba a piques de iniciarse a I Guerra Mundial, a confianza da sociedade irlandesa nos partidos políticos británicos estaba en niveis mínimos. A pesar da proximidade do cumprimento do prazo para a posta en vigor dos organismos autónomos irlandeses, o creto do goberno quedara maltreito por tantas actuacións que, ós seus ollos, só demostraban, unha vez tras outra, unha clara preferencia pola defensa dos intereses dos unionistas. En consecuencia, tampouco non mellorara moito a valoración que lles merecían os parlamentarios irlandeses a uns crecentes sectores da opinión que representaran durante tanto tempo practicamente con carácter exclusivo. Dificilmente tiña xa credibilidade o vello discurso de Redmond a prol da consecución da suposta "unión de corazóns" que consolidaría o *home rule* entre as dúas nacións enfrontadas secularmente. Sobre todo, cando, sabedores dos problemas que aquel goberno tiña para sacar adiante a lei de autogoberno, os parlamentarios irlandeses houberon de aceptar a exclusión da parte norte da illa da área sobre a que exercería a súa autoridade aquel goberno irlandés que parecía tan próximo. Un sentimento de ser vítimas dunha traizón espallouse entre a poboación nacionalista. Moitos católicos, afeitos a padecer un poder británico que se lles aparecera sempre rodeado dunha solidez extraordinaria, exercendo unha autoridade indiscutible, non comprendían as razóns que se alegaban para o que vían como unha cesión voluntaria ante as ameazas unionistas. A poboación nacionalista non atinaba a comprender que aquel poder, que sempre se amosara inconmovible, actuase agora de modo atemorizado polo suposto perigo dun enfrontamento civil ou mesmo dun imaxinario golpe de forza militar, negándose a perseguir cos medios todos do Estado os desafiantes unionistas do Ulster. A xustificación non cadraba coa imaxe que o poder imperial británico tivera sempre en Irlanda. Só a traizón á causa nacionalista parecía unha explicación adecuada ó que sucedía.

Sen embargo, pese a todos estes indicadores de que parte da opinión pública nacionalista comezaba a perder a confianza na forza política que monopolizara a súa representación desde os tempos do parnellismo, non cabe deducir aínda que os parlamentarios irlandeses foran superados polos partidarios da violencia como opción predominante entre os nacionalistas. O grupo dos defensores da insurrección armada contra o poder británico como único medio de acceder ó autogoberno seguía sendo ben escaso no seu número e pouco arraigado na poboación.[573] A rabia de moitos católicos tan só se traducía en considerar o uso da violencia como un recurso de acompañamento que permitise máis efectividade na acción política puramente constitucional, á maneira que tan bos resultados lles estaba dando ós

[573] Estímase, por exemplo, en 1.660 o número dos membros da IRB en 1914, concentrándose a metade deles, ademais, na rexión de Leinster. R.F. Foster, *Modern Ireland,* p. 475.

unionistas do Ulster. Pero, así e todo, a desconfianza no goberno e nos que, defendendo as teses nacionalistas, aparecían cada vez máis como os seus valedores en Irlanda non deixaba de socavar os cimentos sobre os que se construíra aquel longo camiño que non lograba culminar coas promesas de éxito que desde 1912 pareceran tan seguras. Sobre este terreo xa minado, a Guerra Mundial viría introducir un factor inesperado que deu o golpe final ós cálculos dos nacionalistas parlamentarios. O novo atraso demostraría ser fatal para estes e para a vía que representaban. En 1918, ó acabar o conflito bélico, xa non se podería dicir que a súa era a voz da Irlanda nacionalista.[574]

2. A consunción da vía constitucional, 1914-1918

A I Guerra Mundial e o contexto no que introduciu a cuestión irlandesa tiveron como consecuencia última a eliminación do nacionalismo constitucional como a opción que merecía o soporte maioritario da opinión católica irlandesa e, conseguintemente, da vía da reivindicación pacífica e de participación institucional que viña propoñendo. Semellante desenlace, verdadeiramente innovador, por canto rompía cun rumbo predominante por case catro decenios, derivou do feito de que a conflagración europea socavou ata a raíz os principios básicos nos que se fundara a posibilidade da existencia mesma do nacionalismo constitucional durante ese tempo. Paga a pena lembrar eses supostos:

a) A crenza na posibilidade da superación das vellas tensións históricas por medio do establecemento dun marco institucional que facilitase a convivencia entre irlandeses e británicos ("ingleses") e que permitise a harmonización e mesmo a defensa conxunta dos respectivos intereses.

b) A compatibilidade da identidade nacional irlandesa coa integración no Reino Unido. Segundo proclamara o líder liberal Gladstone, partíase da idea de que o nacionalismo irlandés non tiña unha esencia separatista, senón que se trataba, máis ben, dun "patriotismo local" que era perfectamente compatible coa pertenza ó Imperio británico, de modo similar ós sentimentos identitarios galeses ou escoceses, que non implicaban unha mingua da lealdade destes pobos ó Reino Unido. A propia idea de outorgar a Irlanda unha lei de *home rule,* salvagardando, como se recoñecera de modo expreso nas súas tres formulacións, a supremacía de Westminster, parecía demostrar o atinado de tales concepcións.

---

574 Christopher M. Kennedy, *Genesis of the Rising 1912-1916. A transformation of nationalist opinion,* Peter Lang, Nova York 2010, argumenta que, por baixo das aparencias, detéctase un cambio progresivo na opinión pública nacionalista cara ás posicións do "advanced nationalism" desde 1911, cambio ligado ó desprestixio do Irish Party pola ruptura da tradicional negativa dos seus deputados en Westminster a aceptar unha remuneración da Facenda británica, a percepción do partido como unha máquina de promoción e emprego a prol de familiares e amigos, o desencanto polo adiamento do *home rule,* a colaboración co goberno británico na Guerra Mundial, a aceptación da partición da illa, o medo ó recrutamento obrigatorio…

c) O sistema constitucional británico poñía á disposición dos políticos irlandeses as canles legais precisas para encarreirar as reivindicacións nacionalistas a través dos procedementos institucionais parlamentarios, ofrecendo unha vía pacífica para satisfacelas nun grao que, polo menos inicialmente, podía ser considerado suficiente.

d) A acción política dun partido que aproveitase tales virtualidades do sistema político británico, combinando axeitadamente a presión e mais a negociación, podía dar como resultado a aceptación polo poder británico das reivindicacións nacionais irlandesas.

Pois ben, as condicións que instaurou o desencadeamento da Gran Guerra arruinaron as presuncións todas nas que se baseaba a existencia e a razón de ser da opción do nacionalismo parlamentario: a vía institucional quedou atrancada, a forza parlamentaria dos representantes nacionalistas irlandeses viuse desvalorizada ata a irrelevancia e os intereses nacionais de Irlanda acabaron aparecendo como diferentes dos de Gran Bretaña, mesmo como incompatibles con eles. Desta forma, a guerra europea puxo de relevo as debilidades fundamentais nas que descansaba o nacionalismo moderado, abrindo paso á progresión das tendencias republicanas, moito máis extremistas non só no que se refire ós obxectivos, por canto buscaban a secesión total, senón tamén respecto dos medios que cabería utilizar para acadalos, que incluían –ou non descartaban, no caso dos máis comedidos– a violencia.

Sen embargo, por outro lado, o estalido da Gran Guerra serviu para aliviar momentaneamente as tensións que parecían estar a piques de levar a Irlanda a unha auténtica contenda civil entre as poboacións católica e protestante, da cal, por demais, non poderían escapar tampouco as dúas grandes forzas políticas británicas, en virtude da súa implicación directa no conflito, unha en canto goberno do Estado, a outra polo nivel do seu compromiso cos unionistas do Ulster. A excepcionalidade da situación estimulou, como a súa primeira consecuencia, unha moderación das actitudes. Os unionistas do Ulster, ante as extraordinarias circunstancias, aceptaron a relegación temporal da defensa dos seus intereses particulares en aras de fortalecer unha cohesión que garantise a eficacia do esforzo bélico que o país se vía obrigado a realizar. Proclamando a prioridade do seu compromiso co Estado británico, non se opuxeron á promulgación da lei de *home rule,* en setembro de 1914, tan só mes e medio despois da entrada de Gran Bretaña na guerra, aínda que coa salvagarda de ir acompañada dunha acta que a deixaba en suspenso ata que chegase a paz.

Desta maneira, parecían satisfeitas, aínda que fose relativamente, as aspiracións dos dous bandos irlandeses. Pola parte nacionalista, a ansiada lei de

home rule supoñía ver por fin recoñecida unha identidade específica da nación irlandesa, diferenciada da británica, e mais ver aceptado o dereito a ser considerada como un suxeito político singularizado, o cal semellaba suficiente recompensa para tantos e tan duros anos de loita. Que as circunstancias obrigasen a adiar por un tempo a súa correspondente expresión no establecemento dun goberno e dun parlamento propios non minguaba a importancia dun logro que radicaba, fundamentalmente, no feito mesmo do recoñecemento do carácter nacional e dos dereitos políticos que lle eran inherentes a semellante condición.

Sen embargo, todas as previsións se fundaban na crenza de que o aprazamento que atrasaría por un tempo a aplicación do *home rule* sería breve –ninguén en Europa podía albiscar daquela unha duración como a que tería a guerra. A inesperada extensión temporal da conflagración europea alteraría por completo o escenario político británico e irlandés. En primeiro lugar, porque os froitos que deberían deitar da prosecución da vía da reivindicación política canalizada de forma pacífica sufriron un atraso que a moitos lles pareceu demasiado dilatado. Co paso do tempo, iría crecendo o número dos nacionalistas que atribuían a demora, máis que a unha lóxica postergación en razón das prioridades bélicas, á nula vontade de dar o paso final cara ó autogoberno por parte dunha Gran Bretaña que, como sempre, unha vez máis, soamente buscaba pretextos para non dar cumprimento ós seus compromisos cos nacionalistas. O adiamento do autogoberno non só iría minando a credibilidade dos que defendían a efectividade da propia vía parlamentaria, senón que desprestixiaría progresivamente a Redmond e ós dirixentes nacionalistas que promoveran a actitude de cooperación con Gran Bretaña, ó non tomar forma concreta a correspondente recompensa polo que moitos nacionalistas entendían como un desinteresado sacrificio que Irlanda estaba facendo a favor do Imperio británico. Os nacionalistas moderados empezaron, deste modo, a perder creto entre algúns sectores da súa comunidade.

Para agravar a súa posición aínda máis, era evidente que os parlamentarios irlandeses perderan boa parte da forza política que lles outorgaba a capacidade de presión que cos seus escanos viñan exercendo no Parlamento antes da guerra. Ante todo, porque a natural prioridade que esta requiría arredou o problema irlandés cara a ámbitos secundarios no interese gobernamental e no da opinión pública. Pero tamén porque o propio contexto político cambiou por completo a partir de 1914, eliminando as vantaxes obxectivas que a configuración electoral lles ofrecera ós nacionalistas constitucionais, convertidos en forza complementaria precisa para o goberno dos liberais desde 1910. Como era previsible, se a renuncia da oposición a derrocar o goberno nos primeiros tempos da guerra privou de valor ó número dos deputados nacionalistas, a formación dun goberno de concentración, a partir

de maio de 1915, volveu irrelevantes os seus escanos en Westminster e levou ó partido e ós seus dirixentes a posicións tanxenciais respecto do centro da política británica. Por demais, empeorando o panorama, a redución da súa capacidade de incidencia no escenario político e nos núcleos do poder producíase de modo paralelo a un proceso inverso de crecemento da influencia dos unionistas, incluídos os radicais do Ulster.

O propio Redmond foise volvendo consciente, ademais, de que a política de fortalecemento das relacións da nación irlandesa co resto dos compoñentes do Reino Unido seguía a ser dificultada pola propia resistencia dos políticos e da sociedade británicos a abandonar os vellos clixés anti-irlandeses. Pese á espectacular resposta que tivera a súa chamada ó alistamento da mocidade do seu país, era evidente que os irlandeses continuaban suscitando unha fonda desconfianza en amplos sectores da Gran Bretaña. Non era tan só que os unionistas acusasen ós nacionalistas de conseguir a aprobación do *home rule* aproveitando un momento no que o patriotismo levara ós protestantes do Ulster a frear a súa anterior mobilización política na súa contra. A falta de confianza podía percibirse tamén en numerosas actitudes das propias autoridades británicas.

En suma, non cabe dúbida de que o paso do tempo sen ver chegar o final da guerra prexudicou dobremente a opción política de Redmond, ante os dirixentes británicos e mais ante os seus propios connacionais, desacreditando, como consecuencia, o propio nacionalismo constitucional que el e o seu partido representaban. Con respecto á sociedade irlandesa, non podía ser doutra forma, en razón de que semellante posición se fundamentaba na asunción sobreentendida de que o xesto de xenerosidade e sacrificio atoparía unha adecuada compensación á finalización do conflito mundial. O atraso na súa conclusión, a percepción de que Irlanda non estaba recibindo un mellor tratamento polas autoridades e a propia consolidación do unionismo nas esferas do poder, incluída a súa vertente máis extremista, a protestante do Ulster, parecían presaxiar un novo fracaso na consecución do ansiado autogoberno. Unha sensación de impotencia e frustración comezaba a medrar na propia Irlanda nacionalista. Nesas circunstancias, as miserias propias dunha guerra tan estarrecedora, sen compensación ningunha que contrapoñer ó sacrificio que supoñía, empezaron a facer efecto na sociedade católica irlandesa. O grupo minoritario que presentaba o enfrontamento como unha "British war", na que nada lle ía á nación irlandesa, empezou a ter audiencia de modo crecente. A fartura pola loita no continente, a ausencia de progreso ningún no camiño do autogoberno e a percepción de que as posicións unionistas se reforzaban nos círculos de poder, coa súa presenza no goberno de guerra, favoreceron o espallamento das teses do nacionalismo separatista republicano.

Como cabía esperar, o discurso que propoñía o abandono por Irlanda do auxilio que prestaba ó esforzo de guerra británico foi penetrando progresivamente na opinión pública.

Con todo, a tradución política desa medra do desacougo non implicou un transvasamento das simpatías desde o Partido Parlamentario Irlandés a grupos do radicalismo republicano, como o Sinn Féin, que defenderan desde un principio o carácter exclusivamente británico dunha guerra allea ós intereses de Irlanda e que esixían a retirada da cooperación que os moderados ofreceran ó goberno de Londres. Menos presenza social tiñan aínda os escasos defensores dun enfrontamento armado directo co Estado, aínda que a súa integración nos postos dirixentes dalgúns dos numerosos grupos e organizacións do movemento nacionalista puidese aparentar que gozaban dunha aceptación da que, polo menos ata 1916, carecían. Verdadeiros especialistas en *parasitar* outros grupos eran os moi reducidos membros da IRB, expertos en conseguir posicións de control partindo dunha militancia claramente minoritaria nas agrupacións relacionadas, política ou culturalmente, co nacionalismo. É verdade que, por aquelas datas, a tradicional política *entrista* da IRB acadara o seu maior éxito coa infiltración da Liga Gaélica, da que, despois de intentalo desde anos atrás, conseguiron facerse coa dirección en 1915, desprazando da presidencia a súa figura máis representativa, Douglas Hyde, que houbo de renunciar ó seu cargo na asemblea anual da asociación, en desacordo coa politización expresa que asumía un movemento que el procurara manter sempre no estrito plano da loita cultural. Tratábase, certamente, dunha pura instrumentalización, nacida máis da pretensión de aproveitar unha organización de masas con gran presenza na mocidade, que dun entusiasmo pola lingua gaélica que, en realidade, nunca fora demasiado sentido entre os fenianos, desdeñosos sempre con calquera obxectivo que puidese desviar a atención da única loita que lle cabía desempeñar á nación, a da liberación do xugo británico.[575] Con todo, sería un erro facer unha transposición automática que estendese a radicalización política do núcleo dirixente da Liga, despois de caer en mans dos extremistas, á súa enteira militancia e, moito menos, ó ben amplo sector da sociedade que vía con simpatía o movemento polo rexurdimento da lingua irlandesa.

En realidade, o crecente descontento social estaba moi lonxe de supoñer que mudase a convicción dominante no nacionalismo de que a vía pacífica e legal era a única que cabía seguir. A idea dunha rebelión inmediata contra o Estado británico seguía enfebrecendo exclusivamente as mentes do moi cativo número de separatistas que soñaran cunha pronta derrota británica na Guerra Mundial e co conseguinte

575 Tom Garvin, *Nationalist Revolutionaries in Ireland*, pp. 94-8.

abatemento do Imperio, como sostiñan no pequeno Sinn Féin,[576] e que en 1916 pensaban que era posible aproveitar os apuros de secular inimigo da nación para levar a cabo unha revolta que trouxese a constitución dunha república irlandesa. Trataríase, en fin, de espremer unhas posibilidades que parecían dar sentido ás esperanzas que encerraba a vella máxima coa que o nacionalismo irlandés definira o oportunismo revolucionario: "English difficulty, Irish opportunity".

Sen embargo, nin sequera nas mesmas ringleiras do bando dos extremistas partidarios do recurso á "physical force" se mantiña unha actitude de acordo sobre a comenencia de arriscarse a executar un golpe armado contra o Estado británico como impulso primeiro que desencadease un levantamento xeral da poboación. Nos círculos máis radicais foi recibida con esperanza unha guerra europea que proporcionaba a oportunidade de poñer en práctica as súas ideas, ante os problemas que debía enfrontar nela Gran Bretaña. O contento dalgúns ía incluso máis alá da pura consideración que lles merecía a conxuntura favorable que ofrecía o conflito mundial para acelerar a liberación de Irlanda. Tipos como Patrick Pearse, director de organización dos Voluntarios que se negaron a aceptar as posicións cooperadoras de Redmond en 1914, xefe de operacións militares e dirixente do Consello Supremo da IRB, celebraban o efecto catártico da guerra para a decadente civilización europea,[577] idealizando a violencia, tomando a morte como forza vigorizante, dentro dunha especie de mística do sacrificio rexenerador que compartían varios dos que encabezarían o alzamento de 1916, sen excluír deles o socialista James Connolly, tamén sorprendentemente convertido, pese ás súas convicións marxistas, á idea da redención nacional polo sangue.[578]

Pero entre os republicanos tamén había xentes máis sensatas, máis apegadas á realidade. Os propios dirixentes principais dos *Irish Volunteers,* forza coa que

576 R.F. Foster, *Modern Ireland,* p. 458.

577 Antes da I Guerra Mundial escribira Pearse: "[...] bloodshed is a cleansing and satisfying thing, and the nation which regards it as the final horror has lost its manhood. There are many things more horrible than bloodshed; and slavery is one of them". Pádraic H. Pearse, *Political Writings and Speeches,* p. 99. En decembro de 1915, os horrores da guerra non cambiaran a súa opinión: "The last sixteen months have been the most glorious in the history of Europe. Heroism has come back to the earth. […] The old heart of the earth needed to be warmed with the red wine of the battlefields. Such august homage was never before offered to God as this, the homage of millions of lives given gladly for love of country". Id., p. 216.

578 R.F. Foster, *Modern Ireland*, pp. 477-9. A sacralización da figura de Pearse polo Estado irlandés relativizou durante décadas o carácter fanático e sanguento do seu misticismo violento. Só en 1972 –e despois da morte do seu autor– puido publicarse un artigo, escrito para a conmemoración do cincuentenario de 1916, que denunciaba a visión tradicional dominante: Francis Shaw, "The Canon of Irish History: a Chalenge", *Studies* 61 (1972) 113-53. Poco despois, unha biografía puxo á luz as motivacións psicolóxicas que levaron a Pearse a buscar a autoinmolación no *Rising* como compensación polo seu fracaso vital, nunha especie de atrevida comparanza co propio Cristo: Ruth Dudley Edwards, *Patrick Pearse. The Triumph of Failure*, Gollancz, Londres, 1977 (cítase pola edición de Poolbeg, Dublín, 1990).

habería que contar inescusablemente para calquera intento revolucionario que non fose simplemente testemuñal, amosaban un xuízo moito máis ponderado. Eoin MacNeill e Bulmer Hobson encabezaban a liña dos que optaban por unha política cautelosa, de acumulación de forzas para despregar no momento en que chegase a paz, descartando o enfrontamento directo agás en caso de pura necesidade defensiva. Para eles, a situación real do país nos dous primeiros anos da Guerra Mundial obrigaba a absterse de provocar unha rebelión militar que só podería rematar en fracaso. Consideraban, polo tanto, en contra do valor exemplarizante que a xustificaría en por si, segundo a mentalidade de Pearse e os que con el coincidían, que unha insurrección condenada de antemán ó fracaso sería moralmente inadmisible.[579]

De maneira que, para levar a cabo os preparativos da rebelión de 1916, os seus promotores, dirixentes da IRB e dos Voluntarios Irlandeses, deberon enganar a unha serie de compañeiros republicanos, empezando polo propio MacNeill, xefe superior das milicias paramilitares. De feito, moitos dos militantes da organización encontráronse o luns de Pascua, 24 de abril, formando parte das forzas revolucionarias que ocuparon a zona céntrica de Dublín sen ter noticia previa ningunha do acontecemento no que estaban participando.[580] En realidade, o *Rising* de 1916 foi obra dunha minoría; ou, aínda máis, segundo atinada expresión de Foster, debeuse a "unha minoría dunha minoría",[581] en tanto que foi organizada ás escondidas non só das autoridades británicas, senón mesmo dos que deberían participar nela. MacNeill, decatándose a última hora do que ese grupiño viña tramando ás súas costas, conseguiu abortar en parte a loucura que preparaban, deixándoa reducida ás forzas que actuaron na capital, que persistiron pola teima dos organizadores en seguir adiante cos seus proxectos, a pesar da práctica seguridade de se abocar a un desastre.[582]

Unha semana de atrincheiramento no centro de Dublín, defendendo a existencia dunha ilusoria república que Pearse proclamara "in the name of God and of the dead generations",[583] unicamente suscitou asombro e, máis tarde, cando houbo conciencia do que sucedía, un rexeitamento absoluto pola poboación

---

579 Ruth Dudley Edwards, *Patrick Pearse. The Triumph of Failure,* p. 249.

580 R.F. Foster, *Modern Ireland*, p. 481.

581 R.F. Foster, *Modern Ireland*, p. 477.

582 Sobre a conciencia dos sublevados de que non os podía agardar senón a derrota e a morte, a tese máis estendida sostén que os líderes elixiron converterse en heroes sacrificiais, sabedores da imposibilidade de vencer. Así opina, por exemplo, F.S.L. Lyons, *Culture and Anarchy in Ireland,* pp. 92-3. Aínda que subliña a súa heroicidade, a versión nacionalista defende a idea de que crían que era posible a vitoria.

583 R F. Foster, *Modern Ireland*, p. 597. Na visión nacionalista de Pearse, cada xeración debía completar a tarefa das que a precederan: "To every generation its deed. The deed of the generation that has now reached middle life was the Gaelic League: the beginning of the Irish Revolution. Let our generation

dublinesa, que envorcou sobre os rebeldes o seu desprezo e as súas burlas, mentres aclamaba as tropas que os combatían.[584] Non hai dúbida ningunha de que a reacción dos dublineses foi completamente hostil ó que consideraron ser unha aventura perigosa e sen sentido ningún. Lonxe de responder ás súas esperanzas, en lugar de acudir en defensa da república autoproclamada e do fantasmal goberno provisional presidido por Pearse, as masas populares de Dublín aproveitaron a confusión para saquear as tendas do centro de Dublín, antes de aplaudir as tropas enviadas a sufocar a rebelión.[585] E, sen embargo, dunha maneira ben diferente á que imaxinaran os seus promotores, o *Rising* converteríase en catalizador –non en factor causal exclusivo– dunha transformación que acabaría sinalando o principio da fin do nacionalismo parlamentario e o progresivo ascenso do Sinn Féin cara a una posición de práctico monopolio da representatividade da Irlanda nacionalista en 1918.[586]

Foi a política de represión do goberno británico que seguiu á derrota da rebelión a que cambiou as actitudes da poboación católica irlandesa. O *triunfo* dos sublevados consistiu, en realidade, en provocar nas forzas británicas un conxunto de agresivas medidas de resposta que proporcionaría ós partidarios da loita armada contra o Estado unha lexitimación moral que se puido aplicar tamén con carácter retrospectivo. Semellante "reacción draconiana", composta de arrestos, xuízos masivos e mesmo represalias indiscriminadas que afectaron a civís inocentes, deu cumprimento á vella táctica feniana de incitar unha violencia estatal que xustificase a súa presentación da realidade irlandesa como unha opresión desapiadada da que cumpría liberarse utilizando todos os medios dispoñibles. Despois de anos de reformas socioeconómicas e de concesións políticas na liña do nacionalismo moderado que desmentían claramente o seu relato, a IRB atopou por fin o escenario

not shirk *its* deed, which is to accomplish the revolution". Pádraic H. Pearse, *Political Writings and Speeches,* p. 95.

584 Alan O'Day, *Irish Home Rule crisis,* p. 269, exprésao con expresiva énfase: "Jeers and a hail of rotten fruit and vegetables from hostile crowds greeted the rebels as they were marched to captivity".

585 J.C. Beckett, *The Making of Modern Ireland,* p. 441. Pola contra, Christopher M. Kennedy, en *Genesis of the Rising 1912-1916,* sostén que, en realidade, os rebeldes gozaron de apoio popular relevante, por máis que o medo impedise a súa manifestación espontánea. Segundo este autor, a asunción xeral entre os historiadores do rexeitamento popular á sublevación provén da tendenciosidade das fontes oficiais e xornalísticas do momento, que reflectiron, de modo interesado, os apupos indignados das mulleres dos soldados irlandeses que combatían no continente, temerosas de perder os pagamentos que lles correspondían.

586 A interpretación *sacrificial* clásica do nacionalismo sobre as consecuencias da rebelión de 1916 pode exemplificarse coas palabras que se lle dedican nunha obra que foi, durante moitos anos, un libro de texto de referencia na República de Irlanda e que se analizará máis adiante: "The Rebellion, though a small affair and soon over, served its purpose as a blood sacrifice in a country which had become apathetic about Nationalism, and Pearse and the others took their place on the accepted roll of 'the dead who died for Ireland". Edmund Curtis, *A History of Ireland,* Methuen, Dublín 1937[3], pp. 406-7.

axeitado co que viña soñando para desenmascarar ante a sociedade irlandesa a inxustiza esencial do réxime de dominación británico que, no seu xuízo, aquela modernización tendía a escurecer. Por fin, os fenianos parecían en condicións de deslexitimar a claudicación que para eles supoñía a participación no xogo parlamentario do Estado opresor e de lanzarse ó enfrontamento directo contra el.

Coas noventa condenas de morte decretadas en procedemento sumario por tribunais militares e as quince execucións inmediatas dos principais líderes da rebelión completouse un panorama que parecía responder con fidelidade ó descrito pola propaganda da antiga organización revolucionaria feniana. A consumación das sentencias capitais dalgúns dos dirixentes dos sublevados –catorce penas máximas nos primeiros días de maio e unha máis en agosto– demostrou ser un erro estratéxico de primeira magnitude que allearía definitivamente a simpatía polos británicos que aínda quedaba en moitos indecisos ou indiferentes ante as reivindicacións nacionalistas.[587]

A indubidable corrente de simpatía popular non se traduciría no terreo político nunha transferencia masiva de lealdade desde o nacionalismo moderado cara ós correlixionarios dos insurrectos e, menos aínda, cara a unha aceptación dos seus métodos de acción directa contra o poder británico. Sen embargo, a prolongación da guerra levaría a un debilitamento progresivo da forza do nacionalismo constitucional e ó fortalecemento da liña republicana que simbolizaba o Sinn Féin. A consecución do *home rule* iríalle parecendo xa insuficiente a unha parte considerable da sociedade irlandesa e, ó tempo, medraría paulatinamente a convicción de que o final da loita nacional debería coincidir co establecemento dunha república propia. Sería cada vez máis predominante, ademais, a sensación de que o esforzo parlamentario do Irish Party non era abondo sequera para acadar o primeiro e mínimo dos obxectivos, mentres, en cambio, parecía cada vez máis xustificada unha nova liña política que promovese unha maior presión popular e procedese a retirar os representantes da nación irlandesa das institucións británicas.

Con todo, a elevación no grao da reivindicación final –"the Republic and nothing but the Republic"– e a radicalización nas tácticas non implicou o abandono da vía política na loita nacionalista. Pola contra, co Sinn Féin convertido, un ano

---

587 Jonathan Githens-Mazer, en *Myths and Memories of the Easter Rising. Cultural and Political Nationalism in Ireland*, Irish Academic Press, Dublín 2006, aplicando o paradigma etno-simbólico, atopa a causa do cambio de actitude na interpretación que a sociedade fai dos acontecementos de 1916 á luz da historia, integrándoos, como un último episodio, nas memorias populares dun pasado de opresión, fame, emigración forzada, discriminación, etc. causadas polo dominio inglés de Irlanda. Cualifica os feitos de 1916 como un "cultural trigger point" que marcou un xiro decisivo na opinión política da sociedade irlandesa, en canto o seu impacto a cohesionou como grupo e provocou a súa reacción inmediata diante do que percibiu como unha inxustiza intolerable.

despois do *Rising,* en movemento popular nacional, incorporouse ó camiño político boa parte dun sector, o republicano, que sempre permanecera nas súas marxes ou claramente fóra del. Así pois, cambio nos obxectivos, mudanza nas estratexias, pero, na práctica, reafirmación da opción preferente polo escenario político e rexeitamento da vía militar revolucionaria, pese á linguaxe da propaganda e a *santificación* de que foron obxecto os *mártires* de 1916. O propio Sinn Féin, dirixido desde outubro de 1917 por un dos comandantes da sublevación, condenado a morte e despois indultado por causa do seu nacemento norteamericano, Eamon de Valera, apostou pola loita política e renunciou a repetir a insurrección do ano anterior. O culto ós heroes militares incorporouse á retórica do Sinn Féin como parte substancial do seu discurso de lexitimación, pero a opción por dar prioridade á actuación no ámbito da participación política foi indubidable: o voto abría máis posibilidades e prometía moito mellores resultados que o fusil.

Así pois, a inesperada insurrección de Pascua e, aínda máis, a subseguinte resposta das autoridades conmoveron a sociedade irlandesa, pero non supuxeron a clausura da vía política do nacionalismo, aínda que si se experimentase unha reorientación nos obxectivos. Non só porque parte do republicanismo elixiu seguila, senón porque, en realidade, polo menos nos primeiros momentos, apenas se alteraron as condicións do marco político no que desde 1914 se viña desenvolvendo a cuestión irlandesa. A Guerra Mundial, e non o medo a unha nova revolución, continuaría sendo o principal factor determinante na evolución dos acontecementos relacionados co problema nacionalista, sen variar no substancial, practicamente, a posición dos actores principais no escenario do drama irlandés ata 1918.

3. A recomposición do espazo político nacionalista: o triunfo da opción republicana, 1918-1921

Desde que o movemento polo *home rule* se configurara como partido de ámbito nacional, asentando sobre unha organización de sólidas bases locais, o seu carácter hexemónico fora indiscutible dentro do nacionalismo. De feito, ata que a Gran Guerra alterou o escenario político británico, o nacionalismo separatista non tivo entidade abonda para organizar unha alternativa capaz de competir co partido dos parlamentarios irlandeses. Os inclinados á rebelión armada contra o poder británico, desde logo, continuaban sendo unicamente un grupiño de conspiradores utópicos completamente carentes de capacidade de incidencia na sociedade. Tampouco non era moito maior a presenza social das organizacións que pretendían espallar e captar apoio electoral para as ideas republicanas. A máis importante delas, resultado da amálgama dun conxunto de pequenos partidos que entre 1905 e 1908 adoptaran a denominación tradicional revolucionaria de Sinn

Féin, non deixaba de conformar un grupo político reducido a unha presenza marxinal, a pesar dun certo pulo inicial que non tería continuidade nos anos seguintes. A liña política do Sinn Féin articulouse arredor das ideas que desde os xornais radicais que dirixira viña defendendo desde finais do século anterior o periodista Arthur Griffith, que se convertería no líder do partido. Convencido de que nin a acción dos parlamentarios irlandeses –que sempre serían insuficientes para poder decidir o futuro de Irlanda en Westminster– nin o emprego de métodos violentos chegarían a ser nunca instrumentos adecuados para que Irlanda recuperase a independencia que lle fora arrebatada nun secular proceso de sometemento que concluíra coa Acta de Unión de 1800, Griffith sostiña que soamente unha política de abstención parlamentaria e de resistencia pasiva fronte ó Estado británico sería eficaz para conseguir o establecemento dun parlamento e dun goberno propios en Dublín, tal como ensinaba o pasado maxiar que presentaba como modelo.[588]

A diferencia coa liña defendida polo nacionalismo parlamentario non estaba, polo tanto, nas metas que se marcaba no inmediato o Sinn Féin, pois, aínda sendo persoalmente republicano, o modelo suxerido por Griffith debería desembocar nunha nova estrutura constitucional onde Irlanda e Gran Bretaña quedarían, ben que en igualdade de condicións, baixo a autoridade da mesma Coroa. Pero se os efectos reais poderían ser semellantes, onde si que se daba unha substancial diferencia entre as dúas propostas era nos métodos que se deberían empregar no enfrontamento co poder británico. A proposta de retirada da representación irlandesa dun Parlamento que se consideraba ilegal desde o seu propio nacemento e de xeneralización dunha actitude social contraria a calquera tipo de colaboración co Estado rompía por completo coa liña sinalada por Parnell e relanzada polo Partido Irlandés reunificado por Redmond. A maiores, a posición dos *sinn féiners* respecto da violencia era aínda máis ambigua que a dos nacionalistas moderados. Como estes, rexeitaban a súa utilización, pero remarcaban con moita máis firmeza o *dereito* do pobo irlandés a recorrer ó emprego da "forza física" en caso de lle ser necesario. Se se rexeitaba naqueles momentos, non era por razóns de orde moral –o propio Griffith era por aquel entón membro da IRB–, senón por puros criterios de oportunidade, que desaconsellaban o camiño revolucionario en función tan só do convencemento da imposibilidade de derrotar por tales medios á Gran Bretaña.[589]

---

588 Donal McCartney, "The Political use of History in the work of Arthur Griffith", *Journal of Contemporary History* 8 (1973) 2-19.

589 O propio Griffith explicou no seu xornal que este "has never advocated armed resistance because –and only because– it knows that Ireland is unable at the present time to wage physical war with England". *United Irishman,* 14 de outubro de 1905. Citado en Donal McCartney, "The Political use of History in the work of Arthur Griffith", p. 8.

A indeterminación deliberada foi un compoñente característico da proposición política do Sinn Féin. A decisión de non romper por completo con ningunha das dúas vías da tradición nacionalista, combinándoas en cantidades variables segundo a comenencia,[590] atraería ó partido simpatizantes de todo o espectro nacionalista, desde os constitucionalistas desencantados coa falta de eficiencia do Partido Irlandés ata os separatistas violentos que recoñecían a necesidade de dispoñer dunha fronte política complementaria con gran capacidade de mobilización. Todos poderían atopar no Sinn Féin algún punto coincidente coas súas convicións.

Co tempo, o partido de Griffith acabaría cumprindo ese papel aglutinante, pero non tivo a oportunidade de desempeñalo ata que a Guerra Mundial modificou a escena onde se representaba a política irlandesa. Neses anos do gran conflito bélico, a medida que ían esvaecendo as expectativas de acadar o autogoberno da man das autoridades británicas, foi medrando a aceptación popular daqueles que propoñían unha resposta política alternativa, diferente da vía da cooperación do nacionalismo parlamentario, pero tamén afastada da proposta da rebelión armada. Neste senso, a partir de 1917, o Sinn Féin aparecería como unha opción válida tanto para os que abandonaban desenganados o Partido Irlandés coma para os que, sen descartala como medio de acción lexítimo, non vían propicia a situación para recorrer á violencia.

De maneira sorprendente, a partir da insurrección de 1916, unha serie de circunstancias crearan as condicións últimas para a consolidación do Sinn Féin como forza política alternativa ó nacionalismo moderado. En primeiro lugar, a represión que as autoridades desencadearon tras derrotar os rebeldes comandados por Pearse proporcionou un marco de simpatía máis favorable para os nacionalistas todos que loitaban desde fóra das instancias parlamentarias, ó tempo que a incapacidade para lograr culminar os seus proxectos de autogoberno facía dubidar das verdadeiras posibilidades do partido de Redmond. Por demais, a errónea identificación do *Easter Rising* polo goberno como "a rebelión do Sinn Féin"[591] e as masivas detencións e internamento en campos de prisioneiros en Gran Bretaña

590 En *The Resurrection of Hungary,* obra na que considera a loita húngara polo autogoberno no século XIX, Griffith propón combinar "the Hungarian policy –the policy of Passive Resistance– with ocassional excursions into the domain of Active Resistance at strategic points". Citado en Michael Laffan, *The Resurrection of Ireland. The Sinn Féin Party, 1916-1923,* Cambridge University Press 1999, p. 18.

591 Xa desde antes da I Guerra Mundial os termos *Sinn Féin* aplicábanse, dun modo moi xenérico, para designar os diversos grupos do ámbito do extremismo separatista. Nese senso amplo seguiunos utilizando a administración británica ata un ano despois da rebelión de 1916. Foi ese emprego o que converteu o cativo partido que seguía sendo o Sinn Féin de Griffith no referente arredor do que se organizaría o republicanismo a partir de 1917. Michael Laffan, *The Resurrection of Ireland*, pp. 68-72. Sostén este autor, referíndose ó Sinn Féin, que, daquela, "Its most important asset was still its name", Id., p. 72.

de membros e simpatizantes do partido[592] contribuíron a canalizar esa corrente xeral de comprensión e afecto cara ós que agora aparecían como vítimas da crueldade gobernamental. Griffith, ademais, viu reforzado o seu escaso prestixio persoal entre os círculos verdadeiramente revolucionarios –non se esqueza a súa antiga proposta dunha *monarquía dual,* ó xeito de Austria-Hungría–, aínda que non chegara a participar directamente na revolta de Pascua. A resposta do goberno, que moios consideraron desproporcionada, poñería as bases, polo tanto, para unha ulterior transferencia dos espontáneos sentimentos de simpatía polos *mártires* de 1916 cara a aqueles que serían considerados, con máis ou menos fundamento, como os depositarios da súa herdanza política. Semellante traspaso non quedou soamente no plano emocional, senón que se acabaría concretando nun apoio electoral masivo ós candidatos do Sinn Féin, que xa en 1917 foi capaz de gañar as catro eleccións parciais que disputou ó partido de Redmond.

Tan só a partir de 1917, xunto coa euforia pola liberación e o regreso dos prisioneiros, se produciría a reorganización do partido de Griffith, renunciando a unha estratexia que conducise a un intento de repetición dunha sublevación como a da Pascua anterior e optando, en cambio, por unha liña de implicación no ámbito político que promovese a retirada das institucións e a proclamación dunha república de maneira pacífica. Semellante reconversión foi posible, en boa parte, porque se realizou baixo o novo liderado de Eamon de Valera, revestido co prestixio e a autoridade moral que entre os republicanos lle daba ser no seu día un dos comandantes do *Rising.* De Valera ocupou, en outubro de 1917, o posto do propio fundador e inculcoulle ó Sinn Féin os modos característicos dunha formación frontista, coa pretensión de agrupar as forzas republicanas dispersas para potenciar a súa capacidade de influencia por medio dunha actuación conxunta arredor do único obxectivo de converterse na forza maioritaria de Irlanda e conseguir o recoñecemento da república.

Naquelas circunstancias, nas que o éxito final do Partido Irlandés xa lle parecía ilusorio a unha parte significativa da poboación, o xiro político cara á proposición abstencionista defendida polo Sinn Féin volveuse atractivo para sectores sociais que, como as clases medias urbanas e rurais, estiveran tradicionalmente comprometidos coa loita do nacionalismo parlamentario polo *home rule.* Ademais, a lembranza retórica dos heroes de 1916 e a radicalidade do programa dos *sinn féiners,* medida en comparanza co dos constitucionalistas, foi capaz de espertar o interese da mocidade máis inqueda e mesmo de incorporar ó campo da loita electoral a unha boa porción dos republicanos *apolíticos,* os que

592 F.S.L. Lyons, *Culture and Anarchy in Ireland,* pp. 99-100.

ata entón creran unicamente nas virtudes da resistencia armada fronte ó poder británico.

Neste senso, xunto coa prioridade outorgada á opción política non violenta, o novo Sinn Féin soubo valerse axeitadamente daquela a súa antiga ambigüidade premeditada para converterse no verdadeiro crisol onde se integrar as diferentes tendencias que conformaban o espazo nacionalista. O atractivo do Sinn Féin non proviña, certamente, da identificación que puidesen suscitar na xente os principios ideolóxicos do partido, que se limitaban á promesa de proclamar unha república nacional irlandesa, sen especificar contido ningún acerca das características do réxime político que se implantaría despois dese primeiro paso. A operación de converterse nunha "fronte ampla" aglutinante das forzas do nacionalismo viuse facilitada, en consecuencia, pola proverbial indefinición ideolóxica intencionada do partido e pola propia "natureza política camaleónica" de Griffith e do seu pensamento, factores ambos os dous que permitiron unha pronta adaptación ás novas particularidades de 1917 e 1918.[593]

Pero sería outra guerra xa ben real, a que se prolongaba de maneira que parecía inacabable nos campos do continente europeo, a que outra vez volveu demostrar que constituía o elemento decisivo para a evolución da cuestión nacional irlandesa. En abril de 1918, ó anunciar a emenda á lei de Servizo Militar para incluír a Irlanda no ámbito do recrutamento forzoso, o goberno de Lloyd George deu o paso que axudaría a confirmar todas as pautas de reordenamento no campo nacionalista que se acaba de apuntar. A imposición da conscrición obrigatoria supuxo o golpe definitivo á liña política parlamentaria e ó prestixio do Partido Irlandés entre a sociedade católica irlandesa, co conseguinte empurrón ó Sinn Féin e á súa táctica abstencionista cara a unha posición de control absoluto do espazo nacionalista.

A magnitude das reaccións coas que a sociedade irlandesa manifestou o seu rexeitamento da conscrición militar forzou ó goberno a aprazar a súa entrada en vigor. Sen embargo, o mal para o proxecto que defendía o nacionalismo parlamentario xa era demasiado fondo, sobre todo pola ligazón que Lloyd George establecera entre *home rule* e servizo militar. Ó xuntar os dous elementos dun modo que pareceu a moitos unha chantaxe inadmisible, o rexeitamento á conscrición arrastrou consigo a vella concepción constitucionalista do autogoberno e, xunto con ela, o grupo político que a defendera por tanto tempo sen conseguir ver confirmada a súa eficacia. Os froitos do adiamento da conscrición non os recollerían xa os deputados irlandeses e o seu partido, senón os que se presentaban como a

[593] R.F. Foster, *Modern Ireland,* p. 488.

súa alternativa, ós que a sociedade nacionalista outorgou xa o mérito do éxito da campaña contra o que se vía como unha inxusta imposición.

Desde aquel momento, a tendencia cara ó fortalecemento do Sinn Féin como referencia central das forzas nacionalistas, en prexuízo do Partido Irlandés, volveuse irreversible. O tempo, desta vez, corría en contra do goberno, o que é tanto como dicir que dos nacionalistas moderados. Co fracaso da última ofensiva alemá, o outono anunciaba o final da guerra. E coa paz debería revogarse a cláusula de suspensión coa que, catro anos atrás, se acompañara a aprobación da Acta do autogoberno para Irlanda. Pero os acordos de 1914 non se correspondían xa coas novas circunstancias e o compromiso de Lloyd George e a maioría dos políticos británicos de non forzar a vontade do Ulster protestante era agora firme. Ademais, liberadas as autoridades da urxencia de conseguir novas tropas en Irlanda, a capacidade de presión dos nacionalistas parlamentarios quedaba reducida a niveis mínimos, como se volveu ben patente cando o goberno anunciou en novembro de 1918, coincidindo co remate da contenda mundial, que o *home rule* non entraría en vigor ata o momento en que as propias autoridades británicas en Dublín xulgasen que se daban as condicións que o fixesen posible.

Nesas circunstancias, negado o cumprimento inmediato da promesa que garantía o establecemento dun autogoberno aprazado outra vez *sine die,* o Partido Irlandés pouco podía facer por manter a súa antiga posición hexemónica nas eleccións que ese mesmo mes se convocaron para o inmediato decembro. Mesmo bateu con dificultades para atopar candidatos dispostos a defender as súas siglas nun bo número de distritos. O Sinn Féin baseou, mentres tanto, a súa campaña en tres puntos ben sinxelos: renuncia á incorporación dos deputados a Westminster, resistencia ó poder británico "por todos os medios" e apelación á Conferencia de Paz de París en demanda de respecto para os dereitos nacionais de Irlanda. Mentres, un prostrado Partido Parlamentario Irlandés limitábase a ofrecer con pouca convicción os logros da súa acción política no pasado.

Os resultados supuxeron unha auténtica revolución no mapa político irlandés, confirmando que, na mentalidade popular, a demanda do *home rule* fora substituída pola esixencia da ruptura con Gran Bretaña, segundo as propostas republicanas. Dos 105 escanos que se disputaban en Irlanda, os unionistas lograron os 26 que lles garantía a presenza protestante no Ulster, o Partido Irlandés 6 e o Sinn Féin 73, correspondéndolle a este case un 48% dos votos (65% fóra dos seis condados do Ulster de maioría protestante). O *home rule,* que durante tanto tempo expresara o recoñecemento da dignidade e da propia identidade nacionais, e que fora imaxinado como símbolo da esperanza de liberación de Irlanda, converteríase, despois de 1918, na figuración odiada dunha época de opresión coa que se ansiaba

romper definitivamente. A partir deste momento, *republicanismo* e *nacionalismo* volveríanse, practicamente, termos sinónimos.

Fieis ás promesas da campaña, os deputados *sinn féiners* non tomaron posesión dos seus escanos no Parlamento británico. No seu lugar, os 28 electos do Sinn Féin que non estaban no cárcere, na clandestinidade ou no exilio constituíronse en Dublín, en xaneiro de 1919, como *Dáil Éireann* (Asemblea de Irlanda), confirmaron a declaración de independencia republicana feita por Pearse en 1916, nomearon un goberno irlandés e decidiron enviar delegados á Conferencia de Paz que os vencedores da Guerra Mundial iniciaban aquel mesmo mes en París.

O núcleo dirixente do Sinn Féin, mesmo con grandes discrepancias internas, conseguiu impoñer nos primeiros meses de 1919 unha liña de actuación relativamente moderada, en canto afastaba as ansias dos máis extremistas de buscar o choque inmediato co Estado, a pesar das accións illadas que estes puidesen cometer. A nova orientación pretendía avanzar na edificación real dunha administración irlandesa propia e agardar a que as presións estadounidenses se traducisen na Conferencia de Paz de París nun recoñecemento internacional das novas institucións republicanas. Tratábase, en definitiva, de confiar en que os feitos lle impuxesen a Gran Bretaña a aceptación da independencia irlandesa. O goberno británico, pola súa parte, condicionado polo ambiente de posguerra e dubidando sobre a maneira de responder ás decisións dos republicanos, optou nun principio por deixar transcorrer o tempo, poñendo tino en non desgustar ós aliados estadounidenses e dos *dominios* e de non provocar unha radicalización de actitudes en Irlanda coa aplicación de fortes medidas represivas.

Pronto se comprobou que resultaba imposible a prolongación por moito tempo de tales políticas contemporizadoras. Nin o goberno podía consentir a consolidación dunhas estruturas de poder paralelas en Irlanda nin os republicanos partidarios de afondar na nova vía institucional que semellaba adoptar o Sinn Féin estaban en condicións de conter indefinidamente os que dentro da súa propia militancia preconizaban o ataque directo contra a administración e as forzas do Estado británico en Irlanda.

A medida que se volvía evidente que as potencias vencedoras na Guerra Mundial non desexaban inmiscirse no problema de Irlanda, considerándoo como un asunto interno do aliado británico, os grupos republicanos máis radicais reforzaban a súa convicción de que chegaba o momento decisivo da loita. Para moitos deles, a estratexia da resistencia pasiva non era máis que unha etapa que rematara nas eleccións de 1918, despois das cales debía coller o relevo a rama militar do movemento nacional. Aínda que o IRA (Irish Republican Army), nome

co que empezaban a presentarse os Voluntarios, operaba, en teoría, dun modo subordinado á autoridade do *Dáil,* os *militaristas* tomaron sempre as súas propias decisións e nunca recoñeceron semellante dependencia. En realidade, esta importante fracción do movemento republicano nunca estivo de acordo coa liña *constitucional* –quer dicir, de outorgar primacía á acción política fronte á militar– que pretendeu seguir o Sinn Féin despois de triunfar nas eleccións de 1918. Mesmo trataron de sabotala por medio de atentados terroristas perpetrados co propósito de volver imposible calquera intento de negociación coas autoridades británicas. Non hai dúbida de que algunhas das actividades do IRA tiveron como finalidade directa estragar os esforzos do sector *político* do independentismo.[594] Pronto, ademais, a represión brutal ordenada polo goberno de Londres permitiríalles presentar os seus crimes como as inevitables consecuencias da *guerra* que Irlanda sostiña contra Gran Bretaña, proporcionándolle aquela, ademais, unha maior comprensión por parte da poboación católica.

Ó longo de 1919, a evolución do conflito iría convertendo en realidade o escenario desexado polos máis extremistas. Unha imparable progresión da violencia envolveu boa parte do país durante 1920 e 1921, nos que se alcanzou un grao arrepiante de barbarie e de asañamento. Os dous bandos competiron en crueldade e na comisión de crimes abominables na chamada *guerra anglo-irlandesa* deses anos. A violencia desencadeada sen control volvería imposible calquera saída que non implicase unha ruptura con Gran Bretaña. Pero, aínda así, as vías da negociación nunca se pecharon por completo.

Os planos do goberno non se limitaron á pura represión. Mesmo nos momentos máis duros do enfrontamento armado Lloyd George pretendeu buscar un acomodo que servise para contentar as dúas partes encontradas na propia Irlanda, na crenza de que os antigos problemas anglo-irlandeses había tempo que se transformaran nun conflito entre os propios irlandeses. A cuestión máis complexa, aceptado carácter inevitable do *home rule,* seguía sendo a do Ulster, en canto a súa comunidade protestante nin podía, na visión do goberno, ser forzada a formar parte dunhas institucións que claramente rexeitaba, nin sería admisible para os nacionalistas que o dominio británico se mantivese sobre unha fracción do territorio irlandés despois de concederlle o autogoberno ó resto. As autoridades creron atopar a fórmula para conciliar todos os intereses, os dos dous grupos irlandeses e máis os de Gran Bretaña, coa aprobación da Acta do goberno de Irlanda, en decembro de 1920, que ofrecía a creación de dous parlamentos diferenciados para cada parte do país, mantendo a supremacía última de Westminster.

---

[594] R.F. Foster, *Modern Ireland,* p. 495.

As reaccións á proposta foron diferentes nas dúas comunidades irlandesas. O Sinn Féin considerouna inaceptable, por implicar o fraccionamento da illa en dúas entidades políticas apenas conectadas por unha institución de moi dubidosa operatividade, e esixiu que se outorgase de inmediato a consideración de *dominio* á enteira Irlanda. Os unionistas do Ulster rexeitárona tamén inicialmente, pero consideracións estratéxicas decidíronos despois a cambiar a súa opción. Xa que manterse dentro do Reino Unido poñía o seu destino nas mans da maioría que en cada momento rexese en Westminster, e dado que esta podería non lles ser sempre favorable, atoparon máis rendible dispoñer dun parlamento propio que gozase da capacidade exclusiva de decidir sobre o seu futuro que continuar nunha condición que os convertía, de feito, en reféns dos partidos británicos e dos seus intereses, a defensa dos cales podería, algún día, requirir o relegamento dos compromisos adquiridos coa comunidade protestante.

Aínda que o rexeitamento polos nacionalistas parecía facer dela un novo fracaso máis entre os repetidos intentos das autoridades de Gran Bretaña por cerrar o conflito anglo-irlandés, a Acta de goberno de Irlanda converteríase na porta que abriu o camiño cara á súa resolución. En primeiro lugar, porque os gobernantes non podían deixar de recoñecer que as autoproclamadas autoridades de Dublín representaban, verdadeiramente, a vontade da poboación da Irlanda católica. As eleccións previstas para o novo parlamento do sur contemplado na Acta de goberno de Irlanda, que os dirixentes republicanos decidiron celebrar para confirmar a súa posición contraria ó ofrecemento británico, demostraron o apoio popular de que gozaban, dándolles os votantes os escanos todos, agás os catro reservados ó Trinity College de Dublín. É verdade que a falta de candidaturas de oposición podía deberse, en certas zonas, á presenza intimidatoria do IRA, pero tamén o é que o Sinn Féin se convertera, sen dúbida ningunha, na representación auténtica da maioría irlandesa e que nesa condición había que tratar ós seus dirixentes.

Como argumento engadido a favor da vía das negociacións, cómpre sinalar tamén os efectos do progresivo convencemento dentro dos dous bandos de que ningún deles estaba en condicións de saldar cunha vitoria definitiva a guerra que viñan mantendo nos últimos tres anos. En 1921, a pesar de toda a retórica militarista, moitos dos membros do IRA eran conscientes da súa falta de capacidade para expulsar os británicos de Irlanda, mentres o goberno de Londres, pola súa parte, non podía arriscarse a empregar todos os medios de que podería dispoñer nunha guerra de conquista que dificilmente aceptaría a opinión pública da propia Gran Bretaña. Neste contexto, non é estraño que Lloyd George ofrecese negociacións ó Sinn Féin e que este as aceptase, tras o establecemento dunha tregua en xullo de 1921.

A delegación nomeada polo *Dáil* acudiu a Londres co mandato de reclamar o recoñecemento da república, mentres o goberno, sobre a base tradicional de negarse a unha secesión de Irlanda e a forzar o Ulster a someterse á autoridade de Dublín, ofrecía o *status* de *dominio*. A pesar de non recoñecer o documento a república e de admitirse nel a *partición* de Irlanda, a delegación irlandesa optou pola vía do pragmatismo, considerando que o amaño proposto permitiría á nación circular por unha senda que sempre lle estivera vedada e que, co tempo, podería conducir á ansiada independencia plena. De certo, no ambiente de Londres, moitos percibiron o resultado das conversas anglo-irlandesas como un gran triunfo dos separatistas e nos círculos unionistas radicais foi presentado como unha rendición absoluta de Gran Bretaña.[595]

O Tratado outorgaba a Irlanda, baixo a forma de "Irish Free State", a condición de *dominio* dentro do Imperio, segundo o modelo de Canadá, con independencia total nos seus asuntos internos, incluída a autonomía fiscal, e con amplas competencias para as relacións exteriores. Respecto do Ulster, a negativa das novas autoridades de Belfast a dar o seu consentimento a unha fórmula que mantivese aberta a posibilidade dunha integración futura coa Irlanda do sur levou a Lloyd George a inclinarse por aprazar o trazado dos límites da zona excluída ata que o Ulster decidise a súa posición sobre o Tratado. En caso de que o rexeitase, como así o decidiu a asemblea do Ulster ó día seguinte da sinatura, unha Comisión de Fronteiras, composta por un número igual de representantes dos parlamentos do norte e do sur, debuxaría as lindes da parte que se negaba á integración. Cabía supoñer, e eso pareceron pensar os delegados republicanos e o propio primeiro ministro británico, que os novos límites resultantes do traballo da Comisión deixarían as zonas setentrionais de predominio católico dentro do novo Estado irlandés, de maneira que unha entidade protestante tan cativa como a que deitaría daquela redución sería completamente inviable. En consecuencia, esperaban que desaparecería a división territorial en pouco tempo.

Non foi a *partición* o que provocou a ruptura da unidade republicana por un sector importante encabezado por Eamon de Valera. Máis ben, a razón definitiva do enfrontamento debeuse á cuestión do xuramento de lealdade á Coroa –que, de feito, era de fidelidade, segundo o texto do Tratado–,[596] que moitos se negaron a

---

595 R.F. Foster, *Modern Ireland*, pp. 507-8.

596 A fórmula que recollía o seu artigo terceiro intentaba facer posible o xuramento ós republicanos: "I do solemnly swear true faith and allegiance to the Constitution of the Irish Free State as by law established and that I will be faithful to H.M. King George V, his heirs and successor by law in virtue of the common citizensiship of Ireland with Great Britain and her adherence to and membership of the group of nations forming the British Commonwelth of nations". Reproducido como apéndice documental en Alan O'Day, *Irish Home Rule crisis*, pp. 328-9.

admitir por afectar ó asunto crucial da soberanía. O Tratado, sen embargo, recibiría unha ampla aprobación por parte da sociedade irlandesa. Moito maior, desde logo, que a que parecían indicar as discrepancias que, pola súa causa, envelenaran internamente as relacións da militancia republicana. Unha estreita maioría de sete escanos permitiu que pasase o exame dun moi dividido *Dáil,* en xaneiro de 1922, pero sería ben significativo da recepción positiva que o Tratado mereceu na opinión xeral irlandesa o gran apoio electoral que recibiron os candidatos que se manifestaron favorables a el nas eleccións que se celebraron en xuño dese mesmo ano, nas que duplicaron os votos emitidos a prol dos candidatos que o rexeitaban. Por fin, despois de tantos séculos, abríase a porta da independencia para Irlanda. Pero o primeiro que os irlandeses atoparon ó traspasala foi unha terrible guerra civil. Os que antes uniran as súas forzas para expulsar o opresor, comezaron a matarse entre eles.

1.3. A definición da nacionalidade irlandesa

Tan só a finais do século XIX as tradicionais visións do que constituía a nación irlandesa, que adoitaban resaltar a súa condición puramente política, comezaron a ser desprazadas polas que propoñían unha fundamentación étnica da nacionalidade, concibíndoa como o resultado dunha combinación entre catolicismo e a chamada civilización gaélica.

Certamente, a medida que fora transcorrendo o século e se impoñían en Gran Bretaña as doutrinas que tendían a atribuír a soberanía ó conxunto dos cidadáns, a peculiar composición relixiosa da sociedade irlandesa provocara un inevitable reforzamento da significación política do catolicismo, en canto o proceso de ampliación dos dereitos de sufraxio implicaba, na práctica, unha transferencia de poder cara á maioría católica da poboación, coa conseguinte mingua na posición dominante desempeñada ata o momento polos membros dos grupos de confesión protestante, sinaladamente dos que formaban parte da oficial Igrexa de Irlanda, a rama do anglicanismo no país. Despois da derrogación, en 1829, das leis discriminatorias que impoñían limitacións ós católicos irlandeses, sobre todo en canto ó desempeño de certos cargos públicos, as relacións entre a fe relixiosa e a esfera política quedaran enmarcadas no proceso de cambio do sistema político xeral de Gran Bretaña. Sen embargo, a súa principal manifestación, a demanda de extensión do sufraxio, común ó enteiro Reino Unido, revestiuse en Irlanda dun verniz particular que a convertería, de feito, nunha loita polos dereitos políticos dos católicos.

Ata o último cuarto da centuria decimonónica, o entrabado do político e mais do relixioso non facía máis que reflectir unha realidade previa que determinaba

que a reivindicación da ampliación dos dereitos políticos adquirise en Irlanda esa significación engadida. As demandas democratizadoras, ó igual que no resto do Estado británico, non se fundamentaban en condición persoal ningunha de orde relixiosa. Os dereitos reclamados eran os que ós irlandeses lles correspondían como *cidadáns,* non como membros dunha determinada confesión relixiosa. Neste contexto, non era estraño ver a un protestante como Parnell erixíndose no líder capaz de mobilizar politicamente unha poboación rural que profesaba a fe católica na súa totalidade.

Do mesmo xeito, as características culturais que se consideraban específicas da tradición gaélica nativa mantivéranse á marxe do debate político. O interese pola historia, a arqueoloxía, o folclore, a transcrición de antigos manuscritos ou por calquera outra mostra da cultura gaélica non se ligara nunca a reivindicación política ningunha. Pola contra, os membros das numerosas sociedades eruditas constituídas desde o século XVIII agrupaban a estudiosos e afeccionados das máis diversas procedencias relixiosas e simpatías políticas e mesmo decretaban nos seus estatutos a exclusión de calquera debate relacionado con estas cuestións entre os seus membros.[597] Tampouco non asentaran sobre estes trazos culturais as esixencias relacionadas coa apertura das posibilidades de participación no sistema político ós sectores da poboación irlandesa que carecían delas. Neste caso, por demais, o declive constante que ó longo do século viñeran experimentando os sinais cos que se podía identificar esas formas particulares nin sequera permitiría imaxinar razoablemente unha transposición como a que cabía facer entre política e crenza relixiosa. Máis ben, a actitude predominante tendía a relacionar eses carácteres propios da tradición autóctona coa miseria e co atraso dominantes nas zonas onde a súa presenza era aínda notable.[598] Pero mesmo aqueles que valoraban a lingua irlandesa como unha achega de cultura digna de ser estudiada e conservada non derivaban consecuencia política ningunha da súa actitude. O propio Douglas Hyde, un dos fundadores da que sería a máis popular asociación para a recuperación do uso da lingua irlandesa, a Gaelic League (1893), pertenceu anteriormente a unha Society for the

[597] Joep Leerssen, *Rememberance and Imagination,* pp. 158-9, recolle varios exemplos de sociedades deste teor, todos eles do ton dos estatutos da Gaelic Society e da Iberno-Celtic Society: "No religious or political debates whatsoever shall be permitted at any of the meetings of the Society; such objectcs being foreign to the objects of the institution".

[598] Daniel O'Connell, que tanto loitara polos dereitos dos irlandeses na primeira metade do século, serve de exemplo dunha estendida actitude pragmática ante a progesiva desaparición da lingua gaélica: "Therefore, although the Irish language is connected with many recollections that twine around hearts of Irishmen, yet the superior utility of the English tongue, as the medium of all modern communications, is so great that I can witness without a sigh the gradual disuse of Irish". Citado en Richard J. Loftus, *Nationalism in Modern Anglo-Irish Poetry,* The University of Wisconsin Press, Madison 1964, p. 22.

Preservation of the Irish Language que se podería definir como de espírito politicamente unionista. En realidade, aínda na década de 1880 non estaba moi claro o sentido político que implicaba a defensa da lingua. No propio campo nacionalista había variadas posicións a este respecto, desde as que consideraban que a lingua impedía a modernización do país ata as que non lle concedían importancia á tarefa preservacionista, como o propio Parnell, que nin falaba irlandés nin pedía o seu ensino. Non faltaban tampouco os que, como a maioría dos revolucionarios, se opoñían a ela, nun afán por non distraer esforzos do obxectivo político no que se debía centrar a loita da nación.[599] Por outro lado, a Liga Gaélica, na fundación da cal participaron católicos e protestantes, naceu coa pretensión expresa de reunir xentes de todas as culturas e Hyde esforzouse en manter o seu carácter apolítico mentres foi o seu presidente (1893-1915), aínda que a intromisión da política na organización resultaría inevitable.[600]

Foi por aquelas dúas últimas décadas do século XIX, sen embargo, cando se iniciou un proceso xeneralizado de politización da cultura que veu reforzar os aliñamentos políticos progresivamente construídos sobre as tradicionais bases relixiosas, sumándolles unha nova dimensión que fundaba o carácter nacional de Irlanda na especificidade da súa cultura, de maneira que sería esta, precisamente, a que que se convertía na fonte de lexitimación das reivindicacións de autogoberno. Aínda que no terreo da actuación política inmediata, monopolizada na práctica polo nacionalismo moderado do Irish Party, seguiu sendo maioritaria a defensa da nación concibida como conxunto de cidadáns, sen consideracións engadidas, a idea da nación étnica, definida polo seu carácter católico e gaélico, gañaría terreo progresivamente. Mesmo na versión máis política do nacionalismo iríase impoñendo esta nova maneira de ver a identidade irlandesa e de xustificar por ela a reivindicación dos dereitos da nación, aínda que o discurso do partido mantivese a súa primeira opción por unha visión máis integradora, capaz acoller nela a todos os irlandeses, calquera que fose a súa relixión ou a súa tradición cultural.

A consecuencia última de semellante xiro sería a falta de recoñecemento da composición plural da sociedade irlandesa. A afirmación da identidade como *católica* e *gaélica,* ligada aceleradamente á posición política nacionalista que asentaba nela, supuxo, por forza, a exclusión da nacionalidade dos que non formaban parte deses grupos, fose pola súa crenza, pola súa cultura ou pola súa opción política, aínda que tal separación non se fixese de maneira explícita e

599 Janet Egleson Dunleavy & Gareth W. Dunleavy, *Douglas Hyde. A Maker of Modern Ireland,* University of California Press, Berkeley 1991, pp. 103-9.

600 F.S.L. Lyons *Culture and Anarchy in Ireland,* p. 43. Janet Egleson Dunleavy & Gareth W. Dunleavy, *Douglas Hyde,* pp. 457-8.

sempre se proclamase a disposición a acollelos. Propósito que, por outra parte, a evolución dos acontecementos faría, con frecuencia, innecesario, ante a negativa expresa da maioría dos que non respondían a eses trazos a considerarse parte desa nación tan estritamente delimitada.

A definición da nación polos seus trazos étnicos requiriu un esforzo de superación dun presente que non podía servir como referencia. Á marxe da adscrición relixiosa católica, claramente maioritaria e ben viva na poboación, a realidade da cultura gaélica era desacougante, cunha lingua en vertixinosa decadencia en canto ó numero dos seus coñecedores e reducida a unha fala dexenerada nas zonas rurais onde aínda se conservaba o seu uso. Por demais, a expansión das formas da cultura inglesa fora tan asoballante nos últimos decenios, que poucas pegadas quedaban nos costumes populares das formas que puidesen presentarse como propias da civilización irlandesa.

O desafío do desilusionante panorama do presente esixiu a busca dunha referencia de pureza gaélica que servise de modelo para a recuperación do que case estaba perdido por completo. A resposta proveu dunha dobre mirada, dirixida cara ó pasado e cara ó que os neogaélicos chamaron *Gaeltacht,* a rexión do oeste da illa onde a lingua seguía viva e parecían conservarse aínda os restos da civilización nativa.

En canto ós exemplos que na actualidade podían funcionar como modelo vivo, cumpría efectuar tamén unha reelaboración idealizada que volvese aceptable o que se ofrecía á vista. A imaxe popular da nación que reforzaron os nacionalistas étnicos pouco ou nada tiña que ver coa realidade. Ver na miseria na que malvivían os moradores do oeste rural do país unha mostra da dignidade coa que os máis puros descendentes da raza dos *auténticos* irlandeses se negaban a aceptar a corruptora modernidade da sociedade industrial esixía un esforzo que só estaba ó alcance dos poetas, das mentes condicionadas pola predisposición ideolóxica nacionalista ou dos que sentían temor desmedido á erosión da orde tradicional que traía consigo a modernización.[601] Contrapoñer os males da civilización urbana, presentada como o froito maligno dun capitalismo corruptor, impregnada do imperialismo inglés e afogada en materialismo, fronte a unha sociedade gaélica rural onde dominaban a nobreza, a liberdade e o desinterese non podía ser produto máis que dunha visión

[601] A idealización campesiña producía a miúdo unha inversión dos conceptos, de modo que onde había servilismo puidese verse nobreza, onde había puro sentimentalismo se albiscase unha intensa paixón, onde só había superstición se apreciase un senso de espiritualidade, onde había cobiza se interpretase que se trataba de traballo honrado... Polo menos así o quería ver a mentalidade popular, reflectida nos escritores do "realismo campesiño" como Padraic Colum, segundo Richard J. Loftus, *Nationalism in Modern Anglo-Irish Poetry*, p. 15.

abondo distanciada da vida cotiá das xentes do campo irlandés, concibida, precisamente, coa perspectiva de quen a contemplaba desde a propia cidade.[602]

O mito ruralista, o que presenta unha nación de campesiños idealizada como a *verdadeira* Irlanda, compartida pola imaxe popular e pola maioría dos nacionalistas étnicos, non resistía a comparación coa realidade, pero foi mantida como a referencia máis próxima das glorias do pasado. Nos trazos desa utopía gaélica que compartiron moitos escritores e políticos, por moi pálidos que fosen os reflexos daquela época de ouro que se imaxinaba que houbera unha vez, alimentábase, cando menos, a esperanza da posibilidade dun rexurdimento nacional. Pero semellante tarefa requiría aínda, como labor complementario que a fixese posible e que salvase a raza gaélica da extinción, eliminar a ameaza abafante da penetración aniquiladora da cultura inglesa.

A definición cultural da nación non implicou tan só unha nova valoración do que se consideraba específico da individualidade irlandesa. A afirmación do que era *propio* supuxo tamén unha avaliación negativa da cultura inglesa que, segundo a interpretación do nacionalismo étnico, fora imposta polo dominio británico e estaba encarreirando a identidade nativa cara a unha situación de perigo extremo. A difusión da lingua e das pautas culturais inglesas foi percibida como unha ameaza directa á sobrevivencia da nación polos que a entendían como unha forma singular de civilización, de aí que, ó seu xuízo, cumprise levar a cabo con urxencia unha purificadora tarefa de *desanglización,* antes de que a cultura nativa desaparecese por completo e, con ela, a mesma nación irlandesa. Segundo Douglas Hyde, que deu a alerta nun famoso artigo no que cuñou o novo termo, non tiña senso proclamar a existencia da nación ó mesmo tempo que, por puro conformismo, se substituía a lingua propia pola inglesa e se deixaban esmorecer os sinais todos da nacionalidade.[603]

Segundo o esquema culturalista, a acelerada penetración da lingua inglesa no mundo rural era a derradeira fase dun proceso secular que significaba, ademais da perda dun instrumento de comunicación característico, a aniquilación progresiva da enteira civilización irlandesa que se transmitira no tempo ó seu través. O idioma, para Hyde e os *revivalistas* que loitaban pola súa recuperación no uso cotián, era

---

602 Abundan os textos de escritores gaélicos que só ven nas cidades "[...] its hideousness and soulless materialism, its big smoking chimnies and prison-like factories (called commercial property) where thousands of Irishmen and Irishwomen in their struggle for a sordid existence forget they have a soul", mentres se admiran ante "the Gaedhealtacht where the spiritual passionate Gael with his simple beautiful customs, speaking his own language and singing his own sweet songs, lived as God intended that he should". Citados en Philip O'Leary, *The Prose Literature of the Gaelic Revival, 1881-1921,* The Pennsylvania State University Press, University Park (Pennsylvania) 1994, pp. 409-10.

603 Douglas H. Hyde, "On the Necessity for De-Anglicising the Irish People", 1894. A argumentación de Hyde resúmese en Janet Egleson Dunleavy & Gareth W. Dunleavy, *Douglas Hyde*, pp. 184-6.

o vehículo da nacionalidade e o que, en por si, explicaba a existencia mesma dunha nación irlandesa. O cambio de lingua levaba consigo, para eles, a renuncia á cultura propia e, en consecuencia, a fin da nación, convertidos os irlandeses en simple "nación de imitadores".[604] Para quen concibía a identidade en termos étnicos, coa lingua como o seu elemento nuclear, Irlanda deixaría de ser un ente vivo en caso de consumarse o acantoamento da cultura nativa en favor doutra allea. A nación irlandesa subsistía en virtude da súa condición gaélica única, e con ela se extinguiría. Con semellante perspectiva, a loita pola supervivencia non podía limitarse ó plano da acción política, senón que debería concedérselle prioridade a unha defensa activa no terreo cultural, onde a nación se enfrontaba nun combate decisivo coa civilización inglesa.

Aínda con esta visión de estar asistindo á culminación dun transcendental conflito de raíz cultural no que a nación xogaba a súa existencia, Douglas Hyde mantivo posicións moderadas, buscando sempre modos de conciliación que permitisen a unidade dos irlandeses arredor da cultura nacional.[605] A idea da *Irlanda-irlandesa* que acabou predominando cadra moito mellor co enfoque exclusivista e radical que exemplificou o xornalista e activista político D.P. Moran, un mordaz escritor que representa a cara moito máis sectaria que iría collendo paulatinamente o movemento nacionalista cultural desde os inicios do século XX.[606] Moran entendeu a disputa entre o gaélico e o inglés como "A batalla de dúas civilizacións",[607] un combate sen conciliación posible entre dúas culturas de esencia incompatible que se viña desenvolvendo sen tregua desde o século XII, cando a invasión anglonormanda de Irlanda. Defensor sen limitacións do exclusivo carácter católico e gaélico da nacionalidade irlandesa, a súa concepción das culturas

---

604 Escribe Hyde no artigo citado, segundo se recolle en F.S.L. Lyons, *Culture and Anarchy in Ireland,* p. 42: "We will become what, I fear, we are largely at present, a nation of imitators, the Japanese of Western Europe, lost to the power of native initiative and alive only to second-hand assimilation".

605 Os Dunleavy, na súa biografía de Hyde, xa citada, propoñen a idea de que nel convivían dúas personalidades ("persona"), a anglo-irlandesa, que asentaba na súa condición de protestante, educado no Trinity College, que o levaba a defender posturas de integración, e a irlandesa, a que o convertía no escritor gaélico *An Craoibhin* e o arrastraba ó primeiro plano da loita pola lingua.

606 "[...] the dynamo of the politico-cultural revival", chámalle John Hutchinson, *The Dynamics of Cultural Nationalism,* p. 169. Hai quen sostén que el mesmo e Arthur Griffith, o líder do Sinn Féin, foron os modelos sobre os que James Joyce construíu a figura de "O cidadán", o fervente nacionalista de *Ulysses.* Cf. Ruth Fleischmann, *Catholic Nationalism in the Irish Revival. A Study of Canon Sheehan, 1852-1913,* MacMillan, Londres 1997, p. 154. Para outros, o personaxe inspírase en Michael Cusack, o fundador da Gaelic Athletic Association, nunha parodia do nacionalismo fanático que Moran adoitaba criticar, pero no que el mesmo tamén é incluído por Joyce. Cf. Margaret O'Callaghan, "Denis Patrick Moran and 'the Irish colonial condition', 1891-1921", en D. George Boyce, Robert Eccleshall, Vincent Geoghegan (ed), *Political Thought in Ireland Since the Seventeenth Century,* Routledge, Londres, 1993, pp. 146-160.

607 "The Battle of Two Civilizations" era o título do último da serie de artigos de prensa que recolleu despois na súa obra clave, *The Philosophy of Irish Ireland,* James Duffy, Dublín 1905, pp. 94-114.

enfrontadas volvía inviable calquera convivencia entre elas. Unicamente cabía unha relación de dominio, o que obrigaba a descartar calquera intento de mestizaxe, de síntese cultural como a que pretendían os escritores do movemento literario anglo-irlandés, ós que desprezaba como vendedores do que non era máis que un fraude intelectual.[608] Non había ningunha solución practicable para incorporar a unha nación gaélica e católica os membros dunha comunidade que se definía como inglesa, val dicir, protestante e de cultura allea á irlandesa.

Aínda que non sempre adoptou de maneira expresa o ton restrinxente e sectario de Moran, o nacionalismo irlandés, considerado en xeral, incluíndo o máis moderado, iría asumindo paulatinamente como propios os obxectivos que aquel buscara promover coa súa obra nos xornais, a restauración da hexemonía dos valores autóctonos irlandeses e o espallamento da idea do carácter exclusivamente gaélico e católico da nación.[609] Coa imposición gradual de semellante enfoque intransixente, a nación *inclusiva* acabaría resultando imposible, e nin tan sequera imaxinable.[610] Nin a maioría aceptaba en igualdade á minoría, nin esta puido sentir desexo ningún de se integrar nunha nacionalidade definida en termos tan estritos. Como consecuencia, en paralelo á politización da Irlanda católica, a comunidade protestante afondaría na construción dunha identidade diferenciada, con especial arraigo no Ulster, inspirada nunha tradición histórica peculiar e ligada á memoria do triunfo da súa fe na illa, consumado douscentos anos atrás.[611] O resultado de ambas as posturas sería a xeneralización do sectarismo e a radicalización da loita política en Irlanda.

De maneira que a nacionalidade quedaría definida sobre a base dunha relixión e dunha lingua e unha cultura determinadas. A lingua sería presentada como o muro protector dos valores característicos da nación, ameazados pola intrusión de elementos estraños, e como a transmisora ás novas xeracións do legado dos

---

608 "The foundation of Ireland is the Gael, and the Gael must be the element that absorbs. On no other basis can an Irish nation be reared that would not topple over by the force of the very ridicule that it would beget". D.P. Moran, *The Philosophy of Irish Ireland,* p. 37.

609 John Hutchinson, *The Dynamics of Cultural Nationalism,* p. 175.

610 Patrick Pearse, o que encabezou en 1916 a insurrección contra o dominio británico, amosaba nun artigo de prensa de 1901 a mesma idea do combate mortal entre dúas civilizacións irreconciliables: "One of them is a civilization concerned with spirit, mind, intellect, good manners, and piety. That is the civilization of the Gaels. The other is a civilization of the body, wordly force, the strength and power of money, and comfort of life. That is the civilization of the English". Citado en Philip O'Leary, *The Prose Literature of the Gaelic Revival,* p. 26.

611 A partir de 1912, o Ulster perdeu a súa tradicional condición de elemento peculiar do irlandés e converteuse xusto na antítese desa nacionalidade. Os unionistas do norte deixarían de verse como parte dunha enteira Irlanda e reforzarían a súa identidade provincial, convertendo o Ulster nunha alternativa á propia Irlanda. Cf. Alvin Jackson, "Irish Unionism, 1905-21", en Peter Collins (ed), *Nationalism and Unionism. Conflict in Ireland*, pp. 35-46.

antepasados que só nela se puidera conservar.[612] Pese ás reticencias das xerarquías dunha institución eclesial católica que había tempo que optara polo inglés e á presenza significativa dalgúns protestantes na Liga Gaélica, empezando polo propio Hyde, a coincidencia de intereses na defensa duns mesmos valores irlandeses, que a Igrexa vía como a salvagarda contra o derrubamento da orde tradicional, resultado dunha modernización que se identificaba coa industrializada e urbanizada Inglaterra, achegou o clero ó movemento lingüístico e deu lugar a unha alianza táctica que permitiu a consolidación da versión culturalista do nacionalismo, fortalecendo a súa liña máis conservadora e neotradicionalista.[613] En certo modo, o idioma irlandés quedaría convertido nunha lingua *católica,* da mesma maneira en que o catolicismo sería identificado como a relixión *nacional,* uníndose os dous elementos identitarios, o cultural e o relixioso, dun xeito inextricable na mentalidade da maioría da poboación. E aínda máis, en canto factores nucleares da nacionalidade, traduciríanse no presente nun comportamento político conforme coa opción nacionalista, a *única* que podía podía corresponderlle a un irlandés *auténtico.*

Aínda que na maioría das ocasións o discurso nacionalista seguiu mantendo unha retórica de integración, a identidade irlandesa entendeuse dun modo progresivamente máis restritivo. Ó tempo que foron esvaecendo as pretensións de apoliticismo do movemento polo rexurdimento lingüístico-cultural, concibido nun principio en termos non partidarios, foi perdendo senso tamén a súa idea máis inclusiva, aquela que se propoñía definir a pertenza á nación en función da participación *activa* no seu desenvolvemento cultural, económico e político.[614]

Os conceptos de *raza* e de *nación* sobrepuxéronse ata facerse practicamente intercambiables, de maneira que a identidade irlandesa se foi delimitando por fronteiras comunitarias cada vez máis determinantes e menos franqueables. Neste proceso, a *raza celta,* considerada como a propia de Irlanda e definida polos seus trazos étnicos, volveuse incompatible coa *raza saxona*, entendida como inglesa e protestante. Moran non utilizou habitualmente o termo *raza* máis que nun senso pouco preciso, pero as súas argumentacións levaban á soa conclusión de que unicamente os católicos podían formar parte daquela nación irlandesa comprendida

---

612 "I'd build a wall around Ireland! A wall thirty cubits high, the same as Tibet [...] a wall of brass around it. I wouldn't let in an idea. Not an idea, mind you –from outside the world". O *muro* faríase coas palabras da lingua irlandesa, "Ireland's only sure and safe frontier", escribiu o escritor gaélico Pádraic Ó Conaire. Citado en Philip O'Leary, *The Prose Literature of the Gaelic Revival,* p. 19.

613 "The Irish language came to be used as an ideological device to cement an alliance, essentially of convenience, between priests and patriots while excluding all those who, whether Catholic or Protestant, aspired to English or Anglo-Irish cultural standards". Tom Garvin, *Nationalist revolutionaries in Ireland,* p. 64.

614 John Hutchinson, *The Dynamics of Cultural Nationalism*, p. 153.

de modo tan limitativo. Aceptaba, desde logo, que lles fose posible ós protestantes aprender a lingua gaélica, pero sostiña que carecían de motivos para asumir unha cultura que eles contribuíran a destruír. *De facto,* concluía, a nación irlandesa era unha nación católica.[615] No seu xornal, o *Leader,* e aínda que fose como pura elucubración retórica, mesmo se chegou a formular a cuestión de se cabía a posibilidade dun protestante ser irlandés, dado o seu afán por diferenciarse e por marcar a súa superioridade con respecto ós católicos.[616] Moran foi acusado de racismo, pero quizais non fixo máis que desenvolver con máis coherencia que outros certas potencialidades que encerraban as teses do nacionalismo étnico. Neste senso, pode concluírse que, se houbo un fondo racial no movemento gaélico non foi el quen o achegou. Simplemente, limitouse a recoñecelo.[617]

Poucos nacionalistas compartiron a verbosidade extremista de xentes como Moran. As actitudes predominantes chamaron con frecuencia á busca de terreos de acordo e de integración. Pero nunca se logrou superar a contradición de fondo que implicaba a coexistencia, na teoría e na práctica políticas, de semellante posición aberta coas apelacións preponderantes ó carácter étnico da identidade irlandesa. Tamén os protestantes, certamente, contribuíron a pechar os camiños de encontro, pero cómpre recoñecer que se lles puxeron unhas condicións ben difíciles de aceptar para integrarse nunha nación que se igualaba coa catolicidade dos seus membros. A sublevación armada republicana que encheu de sangue as rúas de Dublín en 1916 é boa mostra das incoherencias entre o discurso e os feitos. A proclama de independencia con que Pearse e os seus compañeiros se dirixiron á nación falaba de integración, de dereitos de cidadanía para todos e da promesa da fin das divisións do pasado.[618] Sen embargo, pese a que non prevalecese o sectarismo entre os sublevados, o *Rising* foi entendido por todos como unha rebelión da nación irlandesa *católica.*

A concepción culturalista da nación espallouse pola totalidade do espectro político do nacionalismo, impregnando progresivamente coas súas suposicións mesmo a súa vertente máis moderada, a que poñía como eixe da súa reivindicación a consecución dun réxime de autogoberno limitado, propoñendo un novo xeito de

615 D. George Boyce, *Nationalism in Ireland,* pp. 242-3.

616 Citado en Tom Garvin, *Nationalist Revolutionaries in Ireland,* p. 85.

617 D. George Boyce, *Nationalism in Ireland,* p. 243.

618 "The republic guarantees religious and civil liberty, equal rights and equal opportunities to all its citizens, and declares its resolve to pursue the happiness and prosperity of the whole nation and all of its parts, cherising all the children of the nation equally, and oblivious of the differences carefully fostered by an alien government, which have divided a minority from a majority in the past". R.F. Foster, *Modern Ireland*, pp. 597-8, recolle nun apéndice o texto da proclamación de Pearse, titulada "The Provisional Government of the Irish Republic to the People of Ireland".

relación institucional con Gran Bretaña, pero sen romper os lazos con ela, e pretendía congregar as tradicións culturais e relixiosas todas que convivían na illa irlandesa ó abeiro dun modelo nacionalitario extensivo. De todas formas, aínda que as circunstancias políticas, cunha tendencia crecente á radicalización na segunda década do século XX, forzarían a evolución do Partido Parlamentario Irlandés no sentido etnicista, nesta rama do movemento nacionalista, sen embargo, nunca se perdería a referencia explícita a unha identidade aberta a todos.

Máis en concreto, a definición católica e gaélica da nación irlandesa irmandaríase, no terreo político, coa opción do nacionalismo republicano. En realidade, semellante identificación coa postura ideolóxica separatista era a conclusión máis coherente que podía deitar dunha argumentación que pretendía aplicar a identidade étnica como fundamento das formas de organización de goberno. Aínda que esta interpretación da nacionalidade foi elaborada e difundida desde entidades de acción cultural que declaraban, de maneira expresa, operar á marxe de calquera institución partidaria e que mesmo consideraban os fins políticos como obxectivos secundarios, de feito, pronto se comportarían –e serían percibidas– elas mesmas como parte dun movemento de indubidable significación política. A este respecto, resulta elocuente que, pese ás protestas de Douglas Hyde, a Liga Gaélica, o aglutinante non político dos defensores da variante lingüística da nación, acabase sendo considerada, nunha asignación compartida coas demais agrupacións de finalidade similar, como unha institución católica e republicana. Do mesmo modo, as principais formas de organización nas que se agrupaba a militancia do movemento separatista, o Sinn Féin, como partido, e a Irish Republican Brotherhood (IRB), como grupo revolucionario, converteríanse nos representantes políticos daquela idea cerrada da identidade nacional. De maneira que, tal como quedaría confirmado a partir da independencia, o grao de *irlandesidade* acabaría sendo medido en función de tres criterios: a cultura gaélica, a relixión católica e o compromiso político co republicanismo.

De todas formas, a correspondencia entre a concepción etnicista e a dimensión política republicana da nacionalidade non foi sempre tan precisa como pareceu nos anos inmediatos ó triunfo das posicións independentistas. Máis alá das xeneralizacións que tomarían a aparencia de certeza indubidable despois de 1922, as posicións das máis importantes organizacións separatistas distaron de ser claras respecto da lingua e da relixión que se dicían constitutivas da nacionalidade pola que loitaban. Cando menos, as posicións dos republicanos respecto da lingua e das tradicións gaélicas caracterizáronse a miúdo pola súa ambigüidade, sen amosar demasiado convencemento sobre a necesidade de outorgar a primacía ós obxectivos culturais dos *revivalistas,* aínda que fortemente interesados en aproveitar

politicamente a súa capacidade de mobilización. A defensa da lingua nativa, en concreto, foi claramente instrumentalizada polo movemento republicano, que valorou o idioma menos en por si que como símbolo de diferenciación nacional.[619] Neste senso, a IRB considerou sempre con desconfianza aqueles esforzos de promoción da cultura nativa, en canto desviaban a atención cara a fins que deberían subordinarse á preparación da actividade revolucionaria. A súa preocupación polas cuestións culturais foi puramente superficial, pero o interese político fixo que a IRB infiltrase os cadros de dirección da Liga Gaélica e da Gaelic Athletic Association, ata facerse con boa parte do seu control.[620] En canto ó Sinn Féin, despois de certas dúbidas iniciais, o partido manifestou unha simpatía crecente cara á tarefa de recuperación dos sinais distintivos da nacionalidade, en canto viñan lexitimar as reivindicacións políticas que defendía. Sen embargo, a pesar do apaixonamento que a dirección do partido adoitaba poñer nas declaracións de apoio á recuperación da lingua, o Sinn Féin sempre se limitou a facer simples xestos respecto do gaélico –saúdo inicial nos discursos dos líderes, tradución da documentación do partido...– sen adoptar nunca decisións encamiñadas á promoción verdadeira do seu uso na sociedade.[621]

A respecto da relixión, non foron boas tradicionalmente as relacións dos fenianos coa Igrexa católica, que condenou as actividades conspirativas violentas da IRB[622] e amosou unha certa desconfianza cara a un partido político, como o Sinn Féin, que atraía as simpatías dunha poboación da que o clero fora guía indiscutible durante séculos e que representaba a aparición dun liderado laico alternativo. As relacións entre os republicanos e a institución eclesial estiveron tinguidas con frecuencia pola tensión, nacida do desexo dos primeiros de limitar a marxe da intromisión clerical na política nacionalista e dos temores da Igrexa a que o separatismo afectase negativamente os beneficiosos acordos que se concluían a miúdo co goberno británico. Pero, ó cabo, a medida que a idea do carácter católico da nación se espallaba, a converxencia de intereses iría matizando as diferenzas e as rivalidades entre clérigos e patriotas. Mesmo, por vez primeira, esquecendo as súas tradicionais condenas da violencia nacionalista, despois da rebelión de 1916 a posición da Igrexa católica foi de apoio explícito ós que empuñaran as armas para conseguir o poder pola forza.[623]

---

619 Cf. Tom Garvin, *Nationalist Revolutionaries in Ireland,* pp. 91-102.

620 R. F. Foster, *Modern Ireland*, pp. 475-6.

621 Michael Laffan, *The Resurrection of Ireland*, pp. 230-40.

622 T.W. Moody, "The fenian movement in Irish history", en T.W. Moody (ed), *The Fenian Movement,* The Mercier Press, Cork 1968, pp. 99-112.

623 F.S.L. Lyons, *Culture and Anarchy in Ireland,* p. 101.

En relación coas actitudes das distintas opcións nacionalistas respecto da cultura irlandesa, nas ringleiras dirixentes do movemento culturalista predominaron sentimentos de receo aberto fronte ó nacionalismo político encarnado polo Partido Parlamentario. As súas críticas non se relacionaron, habitualmente, cos seus obxectivos políticos, sendo moitos deles decididos entusiastas da loita polo *home rule,* aínda que non coincidisen sempre en consideralo como a solución definitiva para acabar coas conflitivas relacións entre Irlanda e Gran Bretaña. As censuras naceron máis das sospeitas que deitaban do que consideraban un excesivo apego ás formas culturais e políticas do modelo británico por parte do nacionalismo moderado e, sobre todo, concretáronse na acusación de falta de compromiso activo dos seus líderes coa causa da lingua e das tradicións gaélicas. O resultado das súas accións era que, a xuízo de moitos *revivalistas,* mentres intentaba conseguir o autogoberno, ó mesmo tempo, co seu desinterese polo cultural, o Irish Party contribuía á destrución de todo aquilo que constituía ós irlandeses como nación.

En consecuencia, e como dedución lóxica dos postulados da súa doutrina nacionalitaria, a difusión das teses culturalistas levou consigo a potenciación do separatismo republicano. Por moitas que fosen as afirmacións de neutralidade política dos dirixentes das organizacións culturalistas, estaban no certo os unionistas que, desde un principio, viron que a tarefa de promoción cultural non podía máis que fomentar as orientacións republicanas do nacionalismo. Deste modo, *gaélico, católico* e *republicano* acabaron sendo termos sinónimos na realidade irlandesa. Ó final, a coincidencia nos intereses dos *revivalistas,* da Igrexa e mais do republicanismo confirmaríase na unidade de esforzos para construír unha Irlanda independente, católica e gaélica. O principal protagonista político da fase final da loita contra Gran Bretaña, o Sinn Féin, nunca deixou de manifestar a súa apertura ós grupos de xentes que non cadrasen con tales trazos de pureza identitaria nacional, pero as súas accións foron sempre encamiñadas, na práctica, a establecer o modelo de nación máis restrinxido.[624] O nacionalismo irlandés confirmou, deste modo, o seu ton sectario, demostrando a súa incapacidade para crear unhas pautas políticas que rompesen coas adscricións baseadas na fragmentación relixiosa predominantes nos tempos anteriores á modernización. Na cualificación xenerosa do seu principal estudioso, D. George Boyce, o movemento nacionalista irlandés non foi completamente excluínte, como propoñía a doutrina etnicista gaélica, nin tampouco incluínte, como preconizaban os partidarios de buscar fórmulas de integración,

[624] "Sinn Féin's ideology blinded it to unacceptable realities. In theory its nationalism was inclusive, but it made no attempt to embrace unionists' culture, accommodate their interersts or calm their fears. In practice it was southern, exclusive, Gaelic and Catholic in its attitudes and personnel". Michael Laffan, *The Resurrection of Ireland*, pp. 230-1.

senón "exclusively inclusive", no senso de que mantivo a aparencia de amplitude que deitaba da acepción integradora da nación irlandesa pero tendeu a actuar sempre segundo os discriminatorios supostos da raza céltica e católica.[625] O mesmo autor denuncia o seu fracaso final, cando, como resultado do seu triunfo político, os protestantes da illa quedaron convertidos no que nunca foran na antiga tradición nacionalista que dominara ata o século XX, nos inimigos da nación irlandesa.[626]

1.4. O Estado da nación católica, gaélica e republicana

En 1922, en virtude do Tratado Anglo-irlandés asinado en decembro do ano anterior, constituíuse o *Irish Free State.* Co seu establecemento buscábase proporcionar un aparello institucional que dese expresión política ás ansias dun conxunto de cidadáns do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda que, alegando constituír unha comunidade nacional específica, proclamaran o seu dereito a gobernarse por si mesmos. Desde un primeiro momento, o novo Estado configuraríase como o reflexo institucional da deriva republicana, gaélica e católica que se convertera en dominante no nacionalismo irlandés a partir de 1917-8, confirmando a desaparición das propostas políticas de atopar unha fórmula de acomodo constitucional da nación irlandesa dentro do Reino Unido, segundo o modelo de *home rule* do Irish Parliamentary Party, e mais corroborando a tendencia á definición restrinxida da nacionalidade, segundo as pautas identitarias da *Irish-Ireland.* Se no plano identitario o proxecto nacionalista non foi o resultado da escolla nin da negociación entre diversos programas alternativos, dado o consenso xeral sobre a caracterización relixiosa e cultural da nación que se fora fraguando desde finais do anterior século na sociedade irlandesa, no ámbito político, sen embargo, as discrepancias sobre a comenencia de aceptar o acordo con Gran Bretaña provocaron un amargo conflito dentro das propias ringleiras do republicanismo.

A liorta, polo tanto, non enfrontou ás ramas constitucionalista e republicana do nacionalismo, resolta tempo atrás a contenda entre elas en favor desta última, senón que foi froito da división dentro do propio movemento republicano, que se viña presentando como a expresión única da vontade nacional irlandesa. Naqueles momentos en que o nacionalismo parecía vencedor, un sector do mesmo Sinn Féin e, sobre todo, a maioría dos grupos do IRA, rexeitaron o Tratado de decembro de 1921 do que nacía o novo Estado, por causa das súas insuficiencias respecto das

625 "[...] it postulated, in a superficial way, the idea of an Irish nation; but it drew its inspiration from the notion of the rising Catholic and Celtic race, and its everyday reading, educacion, and song bore witness to the grip which his romantic concept had on the minds of the nationalist people". D. George Boyce, *Nationalism in Ireland,* p. 251.

626 D. George Boyce, *Nationalism in Ireland,* pp. 325-6.

reivindicacións históricas do republicanismo. Certamente, ó outorgar a Irlanda o mesmo *status* constitucional que os *dominios* do Imperio británico, o Tratado establecía limitacións á soberanía da nova entidade política, mantendo os lazos coa Coroa e co Parlamento de Westminster, pero tamén supoñía o acceso a un autogoberno con contidos de poder reais e con posibilidades dun desenvolvemento ulterior que garantise a independencia plena do país, segundo alegaron os seus partidarios. A fractura no republicanismo arrastrou o país a unha guerra civil dun ano de duración, entre 1922 e 1923, aínda que as súas pegadas permanecerían indelebles aínda por moito tempo máis. Vencedores no conflito, os nacionalistas favorables ó Tratado, agrupados no novo partido Cumann na nGaedheal –ó cal, ademais, se foron incorporando paulatinamente aqueles que noutrora apoiaran as posicións autonomistas do Partido Parlamentario e mesmo antigos unionistas– exerceron os labores de goberno do *Free State* durante un decenio. O bando derrotado non recoñeceu o novo réxime e non se incorporaría ó Parlamento ata 1927, reorganizado xa como Fianna Fáil por Eamon de Valera, que o conduciu á vitoria electoral en 1932. Completábase así, co acceso pacífico ó poder dos vencidos na guerra civil, o proceso de normalización democrática do novo Estado irlandés.

En realidade, as cláusulas do Tratado que dispoñían unha serie de limitacións á autonomía dos seus organismos, mantendo lazos co Imperio británico que, nalgúns casos, mesmo implicaban un evidente grao de sometemento, pronto demostrarían carecer de efectividade ningunha na práctica, tanto pola vontade manifesta de obvialas que amosaron as actuacións das novas autoridades coma polo recoñecemento tácito da independencia do nacente Estado por parte dos gobernos do Reino Unido. Desde o momento mesmo do seu nacemento, a nova entidade política comportouse, de feito, como unha unidade soberana máis das que configuraban a orde internacional de Estados. O proceso de ruptura dos lazos coa Gran Bretaña confirmaríase, xa durante o goberno do Fianna Fáil, coa elaboración dunha nova Constitución en 1937 que, aínda que non de maneira expresa, caracterizaba a Irlanda, na práctica, como unha república e daba cabo deste xeito ó proceso de independencia da nación. Se algunha incerteza coubera nos momentos fundacionais sobre o verdadeiro alcance político do novo Estado Libre Irlandés, en canto as peculiaridades das súas orixes podían introducir dúbidas respecto do nivel de integridade da súa soberanía e, por tanto, da súa auténtica natureza estatal, calquera ambigüidade desaparecía ó considerar a segunda parte da súa denominación. O significado do termo que designaba o pobo que accedía á liberdade a través daquel Estado tiña un contido ben preciso daquela. Poucos matices enturbaban entón o consenso xeral dominante sobre quen conformaba aquel grupo que esixía e acadaba a independencia, acerca de quen eran, en concreto, eses irlandeses que vían recoñecido de modo expreso o seu carácter nacional e, con el, o seu dereito ó autogoberno. En canto ó

sentimento identitario, a realidade social que enmarcaban as novas fronteiras estatais parecíalles ós nacionalistas abondo uniforme como para desbotar definitivamente calquera dúbida que se puidera suscitar no pasado a este respecto. Polo menos en canto ó factor que, solapando o ámbito da relixión co puramente político, operara como sinal de diferenciación básico no interior da sociedade irlandesa das últimas décadas, a homoxeneidade no territorio afectado polas novas institucións estatais era agora palmar. Por riba das divisións de clase, de dedicación profesional, de distribución rexional ou de calquera outro teor, a adscrición político-relixiosa –as opcións políticas emparelladas coas crenzas relixiosas– consolidárase como o sinal de identidade esencial desde o último cuarto do século XIX e, como consecuencia, convertérase no determinante da liña de fractura fundamental que escindira a poboación de Irlanda en dúas comunidades progresivamente disociadas, a católica-nacionalista, partidaria do recoñecemento político da especificidade irlandesa, e a protestante-unionista, defensora da preservación dos lazos políticos con Gran Bretaña.

Segundo este esquema de diversificación, no momento en que se constituíu o novo Estado Libre, como xa se amosou, os termos *católico* e *irlandés* chegaran a ser practicamente sinónimos. Esta identificación político-sectaria previa resultou reforzada, en primeiro lugar, pola propia realidade xeográfica do nova entidade estatal, da que quedara excluído o territorio setentrional da illa de Irlanda que concentraba a maioría da poboación pertencente ás confesións protestantes. Deste xeito, o pouco máis do 7% de habitantes non católicos que permaneceran no espazo afastado da Gran Bretaña polo Tratado de 1921 apenas serían suficientes para conformar unha minoría incapaz de desmentir a caracterización relixiosa predominante no nacente Estado. Pero non foron só as circunstancias que condicionaron a súa aparición as que confluíron para que o *Free State* se configurase como o Estado dunha nación que se definía como exclusivamente católica. Semellante desenvolvemento debeuse, sobre todo, á convicción maioritaria da sociedade irlandesa, expresada a través da acción política das novas autoridades, que insistiron en considerar o relixioso como trazo esencial de diferenciación nacional e, por tanto, como factor de reafirmación da independencia política da que empezaba a gozar a nación. Asumidos como elementos constitutivos da caracterización identitaria irlandesa, as pautas de moralidade e os valores peculiares do catolicismo do momento impregnaron a lexislación toda do novo Estado, inspirando regulamentacións que ían desde as leis de censura ata as que impoñían o modelo católico de familia, de matrimonio, de costumes ou de educación.[627]

[627] Sobre o proceso de catolización do *Free State* nos primeiros anos da súa existencia pode verse F.S.L. Lyons, *Culture and Anarchy in Ireland,* pp. 150-9.

De feito, nas dramáticas circunstancias dun Estado en formación, sumido nunha gravísima contenda civil, privado do recoñecemento de boa parte dos que loitaran máis activamente por expulsar os británicos, a Igrexa católica, co seu apoio explícito ós gobernos do Cumann na nGaedheal e a condena da rebelión republicana, converteuse no máis importante factor de lexitimación das novas institucións. Naquela situación tan comprometida, a alianza entre as autoridades políticas e a xerarquía eclesiástica traduciuse, de maneira inevitable, na asimilación estatal do conservadorismo clerical, manifesto de maneira ben visible no ton autoritario dos órganos de poder, na indefinición das fronteiras entre a lei e a moralidade católica e mais no extraordinario poder institucional que se lle concedeu á Igrexa católica naquel sistema.[628] A capacidade de influencia social e política das autoridades eclesiásticas acadou niveis soamente explicables pola correspondencia establecida entre fe e nacionalidade, confirmada oficialmente a través do recoñecemento explícito polo Estado da "especial posición" que se lle asignaba á Igrexa católica na Constitución de 1937.[629] Non é estraño que, nesas circunstancias, a minoría de confesión non católica se sentise excluída da nación e que, por parte dos protestantes de Irlanda do Norte, se reforzasen os sentimentos contrarios á reunificación da illa baixo un só goberno, como parte integrante dun Estado no que a maioría parecía disposta a converter en realidade aquel vello lema antinacionalista que sostiña que "Home rule is Rome rule".

Pero a condición relixiosa, ben significativa no contexto británico no que se encadraba a nación irlandesa, precisaba dun signo complementario que reforzase o carácter de grupo diferenciado non só dentro dese marco contextual inmediato, senón tamén en relación cun ámbito internacional máis amplo. Tal función de obxectivación da comunidade nacional atribuíaselle no imaxinario nacionalista á cultura gaélica. Ben é certo que os trazos nos que se manifestaba semellante condición cultural ou eran vagamente difusos, como no caso de certas actitudes ou predisposicións que se supoñía que eran predominantes nos membros da *raza* irlandesa, ou levaban tempo padecendo unha vertixinosa decadencia que, como lle sucedía á lingua irlandesa, os puxera nos límites mesmos da pura desaparición. Facendo responsable de tan penosa situación ós efectos perversos dunha crecente e asoballante *anglización* da cultura nativa derivada dunha opresión política secular que por fin remataba, o novo Estado propúxose corrixir

---

628 Cf. Patrick O'Mahony & Gerard Delanty, *Rethinking Irish History. Nationalism, Identity and Ideology,* MacMillan, Londres 1998, pp. 133-46.

629 Artigo 44.1.2. da Constitución irlandesa de 1937: "The State recognises the special position of the Holy Catholic Apostolic and Roman Church as the guardian of the Faith professed by the great majority of the citizens". Michael Gallagher, "The constitution", en John Coakley & Michael Gallagher (ed), *Politics in the Republic of Ireland,* PSAI Press, Limerick 1996, p. 54.

aquel desenvolvemento forzado, *non natural,* e recuperar a civilización irlandesa *auténtica,* promovendo, de modo preferente, a revitalización da moribunda lingua gaélica, coa finalidade de restaurala na súa condición de vehículo específico da nacionalidade.

Semellantes pretensións manifestáronse en dúas vertentes complementarias, a promoción da lingua nativa e unha estrita política de proteccionismo cultural. En canto á lingua, a política dos gobernos todos, tanto os do Cumann na nGaedheal coma os do Fianna Fáil, sustentouse nun programa de *gaelización* do ensino, que, por certo, non contou cunha resposta positiva da sociedade e que non logrou a acomodación da realidade á Irlanda ideal coa que soñaran Hyde e os demais ideólogos do *revivalismo.* Por outro lado, a protección da peculiaridade nacional irlandesa, identificada cunha cultura específica, requiría, segundo a visión dos gobernantes, o illamento cultural do país, co obxecto de liberalo dos perigos da contaminación exterior, singularmente da que deitaba da penetración das formas culturais inglesas. O control estatal de publicacións, películas e espectáculos, simbolizado, entre outras, pola lei de censura de 1929, pretendía preservar a identidade propia, poñendo a sociedade a salvo de pautas culturais que eran alleas á nacionalidade irlandesa, segundo os dogmas nacionalistas, e moralmente perversas, segundo os criterios eclesiásticos. Conforme á opción identitaria e a caracterización estatal impostas despois de 1922, se a relixión católica se identificaba como o principal compoñente da cultura nacional, a súa defensa debía corresponderlle tanto á Igrexa coma as institucións do Estado.[630]

En coincidencia cos principios que sostivera a ideoloxía nacionalista triunfante, a lingua e a relixión foron, polo tanto, confirmadas como os compoñentes esenciais da nacionalidade, aínda que o primeiro deles non respondese, de ningunha maneira, á realidade presente da sociedade e fose precisa a aplicación de programas radicais de acción gobernamental, centrados no ámbito da política educativa, co obxectivo de facer cadrar os carácteres actuais da poboación irlandesa con aquel trazo que se pretendía que era un dos principais sinais que a constituía como comunidade nacional. Aínda que nunca faltaron as mostras de orgullo por ser a depositaria do legado dunha civilización que se lle presentaba revestida do prestixio que deitaba da súa antigüidade e das glorias artísticas e literarias que producira ó longo da súa historia, tidas por comparables sen mingua ós logros das máis clásicas das culturas, pronto se comprobaría que a sociedade irlandesa non levaba o seu compromiso coa cultura nacional moito máis alá de

630 Cf. Terence Brown, *Ireland. A Social and Cultural History 1922-1985,* pp. 47-48 e 141-70, para as décadas de 1920 e de 1930, respectivamente.

baleiras declaracións de simpatía cara ás tradicións gaélicas, de mostras de aprecio polos relatos da literatura popular ou dunha nostálxica estima polas variadas manifestacións folclóricas. A pretensión gobernamental e mais das organizacións culturais de que a lingua gaélica invertese o seu declive e substituíse a inglesa como fala habitual dos irlandeses demostrou ser completamente infundada. Libre xa da presión abafante que sobre ela exercera o dominio británico, nin sequera a decidida política de recuperación que emprenderon os sucesivos gobernos dun Estado que consideraba como a súa principal tarefa a revitalización da auténtica civilización irlandesa foron suficientes para frear un proceso de *anglización* que demostrou ser irresistible, entre outras razóns, pola nula vontade de cooperación dos únicos que podían cambiar o seu curso.[631] A realidade dos tempos finais do século XIX e de principios do XX non se viu apenas modificada neste aspecto pola conquista dun goberno propio, por canto a lingua non pasaría de desempeñar unha función de referencia puramente retórica da *irlandesidade (Irishry),* dado que nin sequera nos sectores comprometidos coa idea gaélica da nación abundaron as renuncias á lingua inglesa para recuperar como forma habitual de expresión o idioma *auténtico* de Irlanda. O desenvolvemento negativo ininterrompido non impediu, sen embargo, que a nación que accedeu á independencia en 1922 teimase en imaxinarse como gaélica, amais de católica. E segundo tales pretensións se orientou a acción do Estado e mais a das institucións culturais e eclesiásticas naquel período fundacional.

Baixo a dirección de De Valera, o nacionalismo populista do Fianna Fáil, o aglutinador do vello independentismo, concretou na Constitución de 1937 o proxecto nacionalista na súa versión máis conservadora e excluínte. En realidade, o programa de actuación política compartido polos dous sectores da republicanismo triunfante perseguiu o mesmo obxectivo: acomodar a sociedade irlandesa ó modelo imaxinario que construíra o nacionalismo radical que xurdira da interpenetración das representacións da nación construídas polo *revivalismo* gaélico, o tradicionalismo da Igrexa católica e o separatismo republicano. As propostas alternativas dun nacionalismo integrador, respectuoso coa liberdade individual, fundado nos dereitos da cidadanía e no liberalismo político foron excluídas ou, como moito, deficientemente asimiladas, do imaxinario irlandés que o novo Estado de Irlanda se aprestou a construír despois da independencia.

---

631 Respecto do uso da lingua, as cifras indican que entre 1881 e 1926 o número de falantes en irlandés se reducira nun 41% e que en 1975 quedaban tan só 32.000 persoas que o utilizaban. Terence Brown, *Ireland. A Social and Cultural History,* p. 268.

1.5. Nación, cultura e historia: a función do relato do pasado na culminación da loita nacionalista

A relevancia política da historia medrou como consecuencia da progresiva acentuación da dimensión cultural da nacionalidade que promoveu o nacionalismo articulado a partir da década final do século XIX arredor do movemento gaélico, que elevou o relato do pasado a un plano principal como axente de mobilización popular, ben que, na maioría das ocasións, a través dunha influencia indirecta, como soporte das campañas de nacionalización lingüística e cultural. Por demais, en tanto que as diversas correntes do nacionalismo político organizado –constitucional ou republicano– foron gradualmente incorporando de modo explícito no seu discurso a definición cultural da nación, foise reforzando aínda máis aquel papel decisivo da historia na caracterización da nación irlandesa, así como na formulación e na lexitimación das demandas do recoñecemento político de Irlanda. Deste xeito, a representación axeitada do pasado converteuse na proba que demostraba a existencia no tempo desa entidade nacional diferenciada que reclamaba, polo feito de selo, os seus dereitos políticos intrínsecos.

Así pois, no momento en que o nacionalismo irlandés se organizaba como tal de maneira efectiva e se constituía en movemento de masas nos ámbitos cultural e político, o recurso á historia adquiriu unha relevancia certamente considerable, como elemento ó que se lle asignou un labor imprescindible na propia configuración nacional do ente que, nesa condición, se sentiu lexitimado para reivindicar o seu recoñecemento político dentro do marco constitucional británico ou mesmo, fóra del, o seu dereito á independencia. Unha vez definidos os trazos peculiares da nacionalidade irlandesa, o relato histórico, debidamente composto a estes efectos, brindou a proba complementaria da presenza da nación desde tempos inmemoriais no escenario da historia, ofreceu unha explicación á desgraciada evolución da que fora brillante civilización ata o triste presente que os nacionalistas vivían, proporcionou unha xustificación aparente á fixación dos criterios de inclusión e exclusión nos momentos actuais e prometeu un futuro semellante en gloria e prosperidade ó esplendor que a nación alcanzara séculos atrás, segundo a súa descrición dos grandes logros no pasado.

Como xa se adiantou, o nacionalismo constituíuse sobre a politización –expresa ou implícita– duns trazos culturais específicos, os máis evidentes dos cales eran a relixión e mais a lingua. Pero o movemento nacionalista non puido cargar todo o peso da súa argumentación sobre o factor relixioso, ante o risco de que a Igrexa católica e, en xeral, os grupos tradicionalistas que xiraban no seu redor, críticos coa evolución modernizadora do país, patente desde as últimas décadas do XIX, se fixesen co control da mobilización popular contra o opresor británico.

A maiores, o estado lamentable da lingua, reducida a fala dos sectores máis atrasados e miserables da sociedade e dos habitantes das rexións menos evolucionadas do país, dificilmente permitía convertela na bandeira da mobilización da poboación urbana, e mesmo da rural que xa a substituíra polo inglés como medio de expresión habitual.

En consecuencia, a pesar do esforzo da Liga Gaélica e da simpatía con que foi acollido en amplas capas da sociedade o seu labor de animación e propaganda, a lingua nativa apenas conseguiu avances significativos no seu espallamento e quedou reducida ó espazo do simbólico, convertida en recurso identitario e en elemento representativo dun vago e difuso *gaelicismo* culturalista, como soporte, no mellor dos casos, dunha loita política que se volveu claramente prioritaria para a xeneralidade do nacionalismo nas dúas primeiras décadas do século XX. De tal modo que, ante a ausencia dun decidido e activo compromiso lingüístico e cultural que fose máis alá das simples declaracións de adhesión retórica, carencia motivada en boa parte pola falta de percepción dunha compensación directa polo sacrificio persoal que requiría a súa recuperación, cumpriu fortalecer o atractivo da demanda cultural recorrendo a unha historia que exaltaba o pasado glorioso da civilización gaélica, demostraba a capacidade da nación para prosperar cando se atopara libre de interferencias alleas e explicaba de maneira satisfactoria para o discurso nacionalista a deprimente decadencia que reflectía a realidade actual.

A partir dos anos finais do século XIX os nacionalistas comprometidos na loita política –legal ou clandestina– asumiron progresivamente a simboloxía étnica dos que se centraban no ámbito cultural como modo principal de lexitimar a súa reivindicación de autonomía ou ruptura co Estado británico, fundamentándoa de maneira explícita no carácter de nación diferenciada de Irlanda.[632] Co auxe do nacionalismo cultural, que coñeceu o seu apoxeo na primeira década da nova centuria, potenciouse a relevancia da historia como recurso de actuación pública no escenario político. En calquera das súas manifestacións, o *revivalismo* culturalista fundouse nunha visión historicista que definía a nación, explicaba a raíz dos seus problemas no presente e sinalaba o camiño da súa rexeneración. Tarefas todas que requirían, como primeiro obxectivo, resaltar as características máis específicas da nación, describíndoas no seu estado de máximo esplendor, tan distante da decadencia evidente na actualidade, e promover a *toma de conciencia* identitaria da maioría da poboación. Deste xeito, o argumento histórico –fose na versión da memoria popular que arrincaba das versións do pasado compostas na segunda metade do XIX, fose na expresamente elaborada pola intelectualidade

[632] John Hutchinson, *The Dynamics of cultural nationalism,* p. 152

nacionalista no novo século– converteuse progresivamente nun dos fundamentos primordiais sobre os que asentaron as variantes *todas* do movemento nacionalista, tanto as que de modo expreso poñían o acento na preservación da cultura específica da nación, coma os que subordinaban esta dimensión á consecución inmediata dos obxectivos políticos nacionais. A diferencia cultural e o relato da opresión padecida desde sete séculos atrás que especificaban as narracións históricas nacionalistas serían a xustificación última da loita definitiva pola liberación de Irlanda do xugo inglés.

Resoltos os problemas da discriminación legal de orixe relixiosa e encarreirada a solución á cuestión do acceso á terra, o nacionalismo debeu recorrer, polo tanto, á argumentación culturalista como estímulo mobilizador. Mesmo as propostas que proclamaban a preeminencia absoluta do elemento político –consecución da autonomía ou separación do Reino Unido– lexitimaron paulatinamente, polo menos no plano retórico, a súa acción en virtude da condición nacional de Irlanda, fundada na súa especificidade étnica. Tamén estes grupos puramente políticos –IPP, SF, IRB– deberon buscar na historia a comprensión dunha realidade presente na que apenas se reflectía a tal diferenciación, agás polo que facía ó factor relixioso. A imposibilidade de depositar de maneira exclusiva a carga da caracterización nacional na catolicidade obrigounos, ademais, a considerar o factor lingüístico e a compensar coa referencia á historia un panorama cultural que, no terreo do máis visible, se presentaba ben desacougante. A maiores, nos momentos do apoxeo da loita nacionalista, a elaboración dun relato histórico axeitado volvíase máis necesario aínda nun país onde a existencia de varias tradicións relixiosas e culturais diversas obrigou a definir con tino os criterios de pertenza nacionalitaria e a escoller entre *memorias* comunitarias de pouco doada converxencia. A medida que se albiscaba a posibilidade do éxito do nacionalismo político, sobre todo a partir de 1912, cando se presentou en Westminster o proxecto de *home rule,* cobrou máis senso a insistencia en presentar a historia irlandesa como un relato de opresión inglesa, reforzado pola identificación da nacionalidade coa comunidade católica e acompañado, en consecuencia, polo progresivo ton sectario do nacionalismo.

Polo tanto, desaparecida a discriminación relixiosa e ben orientada a cuestión da terra, o nacionalismo converteuse en pura reivindicación política, xustificada en por si, en función da condición nacional de Irlanda e dun presente e un pasado de inxustizas e agravios. A resposta nacionalista debeu apoiarse, conforme a esta caracterización, na promoción dos trazos diferenciadores –ou na súa elevación simbólica a sinais identitarios– e nun relato histórico que confirmase esa condición nacional e aquel pasado de opresión, ofrecendo así non soamente un recurso ben significativo para a lexitimación das demandas irlandesas, senón tamén propoñendo

un modelo de referencia para a orientación da acción política. Tarefa esta segunda que gañou unha importancia decisiva unha vez conseguida a independencia, en canto despois dela foi preciso especificar os trazos identitarios nos que debía asentar a política *nacionalizadora* do novo Estado.

A representación nacionalista do pasado que se fora conformando na segunda metade do século XIX pareceu, sen embargo, insuficiente para satisfacer as novas demandas dunha ideoloxía que, cada vez con máis decisión, tendía a fundamentar as reivindicacións políticas na caracterización cultural diferenciada de Irlanda. Certamente, as vellas *historias populares* apenas eran capaces de integrar na narración os tempos máis remotos, aqueles nos que a nación vivira en liberdade e desenvolvera a súa particular forma de civilización. Fixando na invasión inglesa a cesura fundamental que dividía o pasado da nación, fora a segunda parte daquel relato, a posterior a 1169, a que atraera o interese dos autores da época, que a conformaron coas características que xa se puxeron de relevo, ordenando a exposición arredor do eixe *opresión-resistencia.* Non é estraño que os escritores nacionalistas se centrasen nesa etapa, sobre a que resultaba ben doado proxectar a descrición do presente como conflito entre dúas nacións que a súa doutrina preconizaba. Por demais, a propia urxencia política que demandaba o dramático presente que eles mesmos retrataban, a necesidade de explicar a situación de abatemento da nación e de mobilizala segundo as pautas de actuación nacionalista, concentrara as referencias ó pasado naqueles séculos máis recentes, nos que era relativamente sinxelo atopar feitos pertinentes para as loitas irlandesas máis relevantes do XIX, os combates pola igualdade política e relixiosa, pola propiedade da terra e pola derrogación da Acta da Unión.

Xa se viu que as alusións ás épocas anteriores á presenza inglesa eran escasas naqueles relatos históricos, en canto carecían de significación evidente para un nacionalismo que poñía o acento na cuestión relixiosa, na política ou na económica. A Irlanda anterior ós normandos non parecía poder proporcionar materiais facilmente relacionables cos asuntos que concitaban o interese da sociedade. Ou, polo menos, a conexión non era tan lineal e sinxela como a relación que cabía establecer, por exemplo, entre a Reforma e a discriminación dos católicos, entre as *plantations* e a pobreza do campesiñado arrendatario, entre a Unión e a subordinación a intereses alleos da que eran vítimas os irlandeses, segundo a opinión nacionalista. Ligar o presente e a antiga Irlanda requiría un proceso de elaboración de moita máis complexidade, que non todos comprenderan nin estiveran dispostos a facer, como amosan as reticencias con que os *Young Irelanders* recibiran as propostas de Thomas Davis en orde a introducir elementos da antiga cultura e da lingua nativa nos poemas de *The Spirit of the Nation.*

Cabe dicir que cara a 1880, segundo reflicte a visión panorámica que compuxera Charles Gavan Duffy, a parte do relato histórico nacionalista relativa ós séculos de confrontación con Inglaterra estaba debuxada nos seus trazos esenciais, e así se transmitiu ó século XX. O período anterior, sen embargo, sería obxecto dunha elaboración máis pormenorizada, a medida que aqueles máis distantes tempos foron suscitando unha atención maior no ámbito do movemento nacionalista, sinaladamente a partir da derradeira década do XIX, en relación directa coa nova orientación de *revival* culturalista que comezaba a abrirse no nacionalismo irlandés. A propia revalorización da lingua gaélica e, en xeral, da cultura autóctona –caracterizada como diferente da inglesa e mesmo da irlandesa deformada polo contacto coas formas culturais alleas impostas polos dominadores– esixiu un esforzo historiográfico que debía cumprir dúas funcións: a caracterización da cultura nacional que se quería promover, para o que era necesario retroceder á época en que esta se puidera desenvolver sen interferencias, e a súa constitución en modelo válido para o presente, o cal requiría retratala nos seus momentos de máximo esplendor.

Con frecuencia, o interese pola historia traduciuse en fabulacións sobre un pasado mitoloxizado e heroico, no cal, segundo as liñas xa analizadas respecto de obras anteriores, a preocupación pola pedagoxía política rebordaba amplamente as pretensións de rigorosidade no estudio. A esta orde pertencen os traballos de carácter histórico que promoveu con gran interese a Liga Gaélica, ansiosa por representar o pasado conforme a unha visión autóctona que completase a tarefa de difusión da lingua nativa coa exposición dos logros da nación que a creara como o instrumento primordial da gloriosa civilización que fora capaz de erguer na Antigüidade.[633] E tamén cómpre incluír neste campo das figuracións históricas escasamente suxeitas ós criterios académicos daqueles tempos as achegas de Standish O'Grady sobre os heroes da vella literatura gaélica. O'Grady, unionista singular, en canto pretendeu facer compatible as súas posicións favorables ó mantemento da integridade do Estado británico cunha rexeneración cultural da nación irlandesa, caracterizou o período máis antigo da Irlanda gaélica como o tempo dunha civilización rexida por un sistema de valores simples e puros, que exemplificou na figura do mítico guerreiro Cuchulain. Aquelas épocas remotas nas que se desenvolvera a extraordinaria civilización gaélica debían servir, no seu criterio, de fundamento para a renovación dun país que desde había séculos parecía afincado no atraso. A

633 Para unha exposición detallada das obras de carácter histórico en lingua nativa impulsadas pola Liga Gaélica cf. Philip O'Leary, *The Prose Literature of the Gaelic Revival,* especialmente o cap. 3, "The Dead Generations': Irish History and Historical Fiction", pp. 163-221. Trátase, en xeral, e pese á presenza na organización do historiador Eoin MacNeill, de traballos máis guiados polo afán propagandístico que polo rigor da investigación.

preocupación estética que guiaba as composicións do autor e a súa concepción da historia como unha narración na que se debía mesturar a imaxinación literaria e o respecto ós feitos –considerando que a literatura bárdica reflectía, aínda que de maneira lendarizada, os modos de vida da Irlanda primordial– entusiasmou á xeración de escritores do *Irish Literary Revival,* ata o punto de considerar moitos deles a O'Grady como o pai do movemento a prol do rexurdimento da literatura nacional irlandesa escrita en inglés. Transmitida a través de autores como W.B. Yeats e Lady Gregory, que se inspiraron a miúdo nas súas obras, a imaxe dunha Irlanda heroica, idealista e espiritual, contraposta á materialista, decadente e vulgar Inglaterra, paradigma da modernidade, onde primaban os intereses individuais e de clase e abrollaba o antagonismo social, alimentou, de maneira paradoxal, dada a condición de unionista de O'Grady, boa parte do imaxinario do nacionalismo sobre o pobo irlandés, asentado nunha idealización ruralista aristocratizante.[634]

Desde o punto de vista da configuración da versión do pasado do nacionalismo irlandés, sen embargo, as principais contribucións proviñeron do campo dos que se aproximaban ós tempos idos co ánimo de elaborar unha representación histórica que, respectando o enfoque nacional, se adaptase ós requisitos propios da historiografía académica do momento. Neste senso, tratábase de depurar, por un lado, os elementos fantásticos das *historias populares* e das visións idealizadas do pasado inspiradas nos textos dos antigos bardos, para poder presentar un relato intelectualmente aceptable para un tempo no que o estudio da historia estaba xa solidamente formalizado como materia académica. E por outra parte, cumpría tamén, á luz das necesidades políticas da loita nacionalista, rectificar as falsidades –intencionadas, para o nacionalismo– da historiografía inglesa, completando a refutación que xa emprenderan, no seu ámbito particular, as narracións *populares* de anteriores décadas. A ponderación das raíces anglosaxonas como fundamento da superioridade inglesa no presente, que caracterizaba boa parte dos escritos dos historiadores británicos, ía acompañada da conseguinte vituperación da alternativa autóctona irlandesa. Era precisa, en consecuencia, unha resposta desde a historiografía académica que permitise a recuperación do orgullo polo pasado da nación irlandesa e que, ó tempo, provese á loita nacional dunha xustificación engadida. O labor fundamental neste ámbito correspondeulle a Eoin MacNeill, que sentou as bases dos estudios históricos contemporáneos irlandeses e que merece, en consecuencia, unha atención pormenorizada.

---

634 Recóllense estas interpretacións sobre a figura de O'Grady e o seu intento de compaxinar as concepcións imaxinativa-estética e empiricista da historia en Michael McAteer, *Standish O'Grady, AE and Yeats. History, Politics, Culture,* Irish Academic Press, Dublín 2002. As principais obras históricas de O'Grady, nas que se funda a análise do autor, son as da serie *History of Ireland: The Heroic Period* (1878), *Cuculain and His Contemporaries* (1880) e *Critical and Philosophical* (1881).

2. A fundamentación académica da representación nacionalista da historia de Irlanda: a achega de Eoin MacNeill

A biografía de Eoin MacNeill (1867-1945) vén ser unha expresión ben acaída do gradual entrecruzamento de cultura e política que caracterizou a evolución do nacionalismo irlandés nas tres décadas inmediatamente anteriores á consecución da independencia, nunha relación de complementariedade que se reflectiría tamén na configuración do novo Estado durante os seguintes vinte anos. Esta fusión progresiva de ambos os dous planos manifestouse de maneira evidente no propio desenvolvemento vital do personaxe, a través das dúas formas principais nas que se concretou a súa sempre activa presenza pública, a saber, como político nacionalista e mais como estudioso e propagandista da lingua e da historia irlandesas. O profesor MacNeill, defensor decidido da *Irlanda-irlandesa,* formaba parte daquela corrente do movemento nacionalista que ligaba de maneira inextricable as reivindicacións políticas á afirmación da especificidade da civilización autóctona, sen a cal, sostiñan os seus partidarios, aquelas carecían de sentido ningún. Neste senso, encádrase dentro do grupo dos nacionalistas *culturais* que medrou a partir da constitución da Liga Gaélica, a institución creada en 1893 para promover o rexurdimento da lingua irlandesa e a súa recuperación como instrumento de comunicación cotián. De feito, en virtude dos efectos inmediatos dun artigo seu publicado sen sinatura no *Gaelic Journal,* en inglés e mais en gaélico,[635] MacNeill foi un dos impulsores principais da fundación daquela institución, da que se converteu no seu secretario honorario e vicepresidente. Ademais, exerceu como primeiro editor de *An Claidheamh Soluis,* o semanario da Liga, despois de se fundar en 1899.

A partir de 1913 MacNeill iniciou unha ducia de anos nos que viviría con gran intensidade o seu compromiso político. Mesmo apoiou daquela o abandono da orientación *apolítica* que lle dera á Liga Gaélica o seu presidente, Douglas Hyde, e aceptou a deposición deste do seu cargo por causa dunha moción promovida polos afiliados republicanos máis intransixentes, que se empeñaron en incluír como un dos obxectivos estatutarios da organización a liberación da nación irlandesa. Certo que parece que MacNeill lamentou máis adiante a súa participación naquela manobra, que tivo como consecuencia a exclusión definitiva do movemento a prol da lingua daqueles que non compartían os obxectivos do separatismo,[636] pero a

[635] "A plea and a plan for the extension of the movement to preserve and spread the Gaelic language in Ireland", *Gaelic Journal,* marzo de 1893. Reproducido en F.X. Martin & F.J. Byrne (ed), *The Scholar Revolutionary*, apéndice 2, pp. 357-63.

[636] Donal McCartney, "MacNeill and Irish-Ireland", p. 86, en F.X. Martin & F.J. Byrne (ed), *The Scholar Revolutionary*, pp. 75-97.

decisión fora congruente coa actividade política radical que aqueles anos atraía con forza ó noso autor. En realidade, a MacNeill, como a tantos outros membros e simpatizantes da Liga Gaélica, resultáballe inconcibible desligar as súas tarefas como propagandista da lingua da súa convicción política nacionalista. E o mesmo lle sucedeu coa súa obra como historiador, que non soamente deitaba do afán erudito por compoñer unha representación atinada do pasado, senón tamén dunha fonda e sentida intención de contribuír ó reforzamento das posicións políticas que defendía.

Neste senso, MacNeill non se limitou a engrosar as ringleiras anónimas dos partidarios do movemento nacionalista. Ademais das súas colaboracións na prensa periódica, que a miúdo se ocupaban de cuestións de clara relevancia para a actualidade política, tivo unha activa presenza militante nos últimos anos da loita pola independencia e nos inmediatamente posteriores á súa consecución, cunha participación directa en catro momentos ben sinalados: o nacemento dos Voluntarios Irlandeses, a insurrección de 1916, a pertenza ós primeiros gobernos do *Free State* e a intervención na negociación sobre os límites do novo Estado respecto da provincia británica norteirlandesa.

A figura política de Eoin MacNeill, xa profesor do University College de Dublín desde catro anos atrás, adquiriu unha notable relevancia cando, nun xiro de sorprendente aparencia, se converteu en impulsor e primeiro presidente dos *Irish Volunteers,* a finais de 1913. Non é que el persoalmente fose un resolto partidario da utilización política da violencia nin dos métodos insurreccionais, pero parece que considerou imprescindible, naqueles momentos en que o *home rule* parecía máis próximo que nunca e os protestantes norteirlandeses se mobilizaban para premer o goberno británico na súa contra, que o nacionalismo dispuxese dunha forza capaz de exercer unha coacción semellante sobre as autoridades. Foi este novo papel de dirixente político tan significado, como xefe da nova agrupación paramilitar nacionalista, o que o colocou no primeiro plano dos acontecementos de 1916, nos que actuou dun xeito que suscitou gran polémica no campo republicano. Sabedor a última hora de que un grupiño dos sectores máis extremistas do movemento nacionalista organizaran un alzamento revolucionario ás súas costas, deu a contraorde que freou a mobilización das milicias dos Voluntarios de fóra da capital. Culpado polos simpatizantes dos rebeldes do fracaso da operación, a decisión valeulle fortes críticas, de maneira que o seu prestixio minguou considerablemente nos círculos republicanos radicais, a pesar de que foi condenado a cadea perpetua polos tribunais marciais británicos, acusado de ter responsabilidade na insurrección. Sen embargo, liberado polo goberno un ano despois, foi deputado polo Sinn Féin en 1918 e nomeado ministro no primeiro *Dáil* (1919), volvendo ó cárcere en 1920, xa en plena guerra anglo-irlandesa.

Formando parte do sector do nacionalismo que apoiou o Tratado de 1921 co Reino Unido, MacNeill desempeñou o cargo de ministro de Educación entre 1922 e 1925. A pertenza ó consello executivo do novo Estado permitiulle gozar da oportunidade de poñer en práctica as ideas polas que durante tantos anos se aviñera a baixar ó terreo da contenda política. Tivo entón ocasión de traballar desde o poder pola *gaelización* do ensino e, en xeral, da sociedade enteira, para intentar que a realidade cadrase por fin coa súa ansiada e ideal *Irlanda-irlandesa.*[637] Pronto debeu renunciar, sen embargo, por causa do seu papel en representación do goberno irlandés na *Boundary Commission,* organismo previsto no mesmo Tratado Anglo-irlandés para delimitar a fronteira entre as dúas zonas en que quedara dividida a illa irlandesa como consecuencia da súa sinatura. O fracaso da comisión e as dúbidas sobre a súa tarefa nela, probablemente reflexo da propia ambigüidade que tinxía a actitude do mesmo goberno que o nomeara para representalo, déronlle o golpe final á súa carreira política en 1925, que abandonou definitivamente pouco despois, tras non acadar un escano pola National University nas eleccións de xuño de 1927.[638]

Talvez MacNeill se sentiu *forzado* polas dramáticas circunstancias do seu tempo a se mergullar no escenario político. Talvez, incluso, poida que fose utilizado nos momentos decisivos por outros nacionalistas, aproveitando a súa condición de intelectual respectado pola súa dedicación á cultura do país e pola posición dirixente que desempeñaba nunha Liga Gaélica que tiña unha considerable penetración na sociedade.[639] En todo caso, as súas convicciónns nacionalistas eran abondo fortes como para levalo a acudir onde pensase que cumpría estar presente para proseguir a tarefa que sempre orientara a súa actividade pública, a de *salvar* unha nación que, segundo as preocupacións dos culturalistas gaélicos, se atopaba en perigo grave por causa da penetración na sociedade de elementos alleos á

637 En 1925, sendo aínda ministro, escribiu nun xornal sobre os seus proxectos: "I believe in the capacity of the Irish people, if they clear their minds, for building up an Irish civilization. I hold that the chief function of an Irish State and of an Irish Government is to subserve that work. I hold that the principal duty of an Irish Government in its educational policy is to subserve that work. I am willing to discuss how this can best done, but not discuss how it can be done without". Citado en Terence Brown, *Ireland. A Social and Cultural History,* p. 61.

638 Pode verse un amplo estudio sobre o papel de MacNeill na Comisión de Fronteiras en Geoffrey J. Hand, "MacNeill and the Boundary Commission", en F.X. Martin & F.J. Byrne (ed), *The Scholar Revolutionary*, pp. 199-275.

639 "MacNeill was a reluctant political leader. [...] politics provided little satisfaction for MacNeill. It was a duty accepted without relish and relinquished with relief". Esta é a tese *exculpatoria* de Brian Farrell, para quen MacNeill foi utilizado en 1913 pola IRB, co propósito de volver aceptable o recurso á violencia ós que ata entón a rexeitaran, e en 1917 polo Sinn Féin, como forma de dar respectabilidade ó partido. Brian Farrell, "MacNeill in politics", en F.X. Martin & F.J. Byrne (ed), *The Scholar Revolutionary*, pp. 183-97.

esencia nacional. Este foi, en realidade, o labor da súa vida, o que o mantivo sempre, mesmo nos seus momentos de maior implicación na política militante, ocupado no estudio e na promoción da lingua, da cultura e da historia do país.[640]

A súa dedicación ó idioma nativo desde a plataforma da Liga Gaélica complementouse coa publicación de numerosos artigos sobre o antigo irlandés, os cales lle proporcionaron unha boa reputación como filólogo. Escribiu, ademais, numerosos traballos sobre variados asuntos de interese irlandés, desde o folclore e as tradicións populares ata a toponimia e as leis gaélicas. Pero a súa principal contribución no campo da investigación correspóndelle ás súas achegas no ámbito da historia da nación. Orientado ó estudio do pasado a través da preocupación por documentar as súas argumentacións académicas sobre a lingua nativa, decatouse pronto da carencia dunha aproximación cientificamente fundada ás etapas máis antigas da historia de Irlanda, por causa, sobre todo, do descoñecemento xeral por parte dos investigadores da lingua na que estaba redactada a documentación gaélica orixinal. O pasado converteuse para o noso autor, desde aquel momento, no principal centro de interese investigador e propagandístico, así como no eixe da súa actividade profesional, na condición de profesor universitario de Historia Antiga e Medieval de Irlanda que exerceu desde 1909.

Ademais de abundante, a obra histórica de MacNeill foi pioneira en moitos aspectos, sobre todo cando se ocupou de períodos para os que apenas se dispoñía máis que das antigas fabulacións de creación medieval, transmitidas pola tradición histórica do século XVII, que, en boa medida, se limitara a *reciclar* as antigas lendas, e polo *anticuarismo* do XVIII e XIX, e mesmo consolidadas despois en moitos aspectos polas *historias populares* xa comentadas da segunda metade desta última centuria. Os estudios históricos de MacNeill, con independencia do seu condicionamento ideolóxico, pretenderon responder na súa realización ás pautas da investigación académica do seu tempo, e así foron considerados entón, como froito dun traballo feito con espírito e método *profesionais.*[641] Neste senso, a novidade é radical respecto das historias de perspectiva nacional confeccionadas

---

640 A edición da súa obra *Celtic Ireland* preparouse na súa segunda estadía no cárcere, na que contou coa axuda de compañeiros relevantes, como lembra no prefacio da obra: "A singular opportunity allowed the proofs to be read by Arthur Griffith and Fred Allan [...]". Tamén na prisión comezou o estudio das leis gaélicas, que darían como froito unha serie de traballos publicados entre 1919 e 1923. Cf. R. Dudley Edwards, "Professor MacNeill", en F.X. Martin & F.J. Byrne (ed), *The Scholar Revolutionary*, pp. 279-257.

641 Certamente, a valoración actual daquel traballo é ben diferente, sobre todo despois da *marea* revisionista que inundou o territorio dos estudios históricos irlandeses despois de 1980 e desmantelou as bases da tradicional interpretación nacionalista da historia. Aínda así, o gremio de historiadores irlandeses segue, en xeral, mantendo unha actitude de respecto pola obra de MacNeill, recoñecendo o seu esforzo por fundamentar as súas teses na solidez da documentación orixinal.

na segunda metade do século XIX, en canto a obra de MacNeill pode ser considerada como o símbolo do comezo dunha nova época na historiografía irlandesa, na que o obxectivo prioritario será a composición dun relato do pasado da nación fundado sobre criterios científicos e purgado das fantasiosas elucubracións que, sobre todo no referente ós tempos máis antigos, se foran perpetuando a través dos séculos. De certo, os prexuízos ideolóxicos tan definidos desde os cales traballou o autor condicionaron de maneira decisiva os resultados do seu esforzo, como se verá de agora en diante, pero cómpre resaltar, sen embargo, que en todo momento, mesmo cando abordou asuntos que se prestaban a unha doada manipulación, MacNeill pretendeu actuar conforme a criterios académicos. Así quedou de manifesto no afán que guiou sempre o seu achegamento á historia, a saber, a crítica da representación inglesa do pasado de Irlanda e a rectificación dos tópicos espallados polas *historias populares,* incluídas as irlandesas. Respecto do primeiro punto, nunca deixou de combater e refutar as teses dos historiadores ingleses con argumentacións de orde académica. Sobre o segundo, foi capaz de derrubar cos seus textos algúns dos mitos máis solidamente asentados no imaxinario social sobre a antiga historia irlandesa, aínda que cadrasen cos intereses políticos nacionalistas.

MacNeill empregou unha metodoloxía de traballo que se apoiaba na utilización dos medios que a ciencia histórica poñía á súa disposición naqueles primeiros decenios do século XX. Recorreu con frecuencia á arqueoloxía, á etnoloxía, á filoloxía, á toponimia, á onomástica e ós textos da Antigüidade grecolatina como instrumentos para depurar as tradicións históricas e na procura de corroboración da veracidade das informacións dos antigos manuscritos gaélicos e da literatura bárdica, a principal fonte da que extraía os materiais para a confección das súas proposicións historiográficas. Manexou os textos clásicos con prudencia e distanciamento crítico, por máis que quizais lles concedese excesiva fiabilidade ás observacións de Xulio César sobre a Galia. Denunciou, gracias ó seu coñecemento da lingua antiga irlandesa, os erros na lectura dos manuscritos gaélicos e propuxo solucións máis acordes cos coñecementos filolóxicos dispoñibles. Manexou as contribucións máis recentes dos estudios célticos europeos. Recorreu con frecuencia ó comparatismo histórico, ben que con desigual fortuna. Buscou a precisión na utilización dos conceptos, intentando evitar caer en anacronismos por transposicións inadecuadas a outras circunstancias ben distintas do presente. Mesmo amosou unha certa capacidade de rectificación, como no caso do seu primeiro apoio á existencia dunha chegada tardía de pobos celtas á illa, tese que retirou da edición definitiva en forma de libro dos artigos nos que a sostivera quince anos atrás, textos cos que compuxo a primeira parte de *Celtic Ireland.* En suma, aínda que non se vise libre da crítica doutros estudiosos do momento e mesmo mantivese algunhas

agudas polémicas respecto da calidade do seu traballo, os seus métodos de investigación e exposición eran perfectamente conformes cos criterios da ciencia histórica do seu tempo.

O cal non impediu, desde logo, que o resultado das súas investigacións se vise tinxido polas preconcepcións nacionalistas e pola ansia por presentar unha versión do pasado axeitada ás pretensións políticas do movemento no que con tanta convicción militaba, como se verá na análise da súa representación da historia nacional. Nelas abrolla, informando o conxunto da súa obra, o seu nacionalismo herderiano, o que o levou a diferenciar un camiño específico para cada unha das nacións da Humanidade, caracterizadas individualmente pola súa cultura particular, e a criticar a *artificialidade* dos Estados e imperios construídos sen respectar as liñas primordiais marcadas pola natureza entre os distintos pobos. Alí aparece tamén a defensa da civilización céltica da que facía parte á súa nación, así como a exaltación entusiástica dos logros pasados dunha Irlanda que, afirma, acadara niveis de extraordinaria grandeza cando puidera desenvolver as súas potencialidades sen interferencias alleas e achegar a súa contribución singular ó acervo común da especie humana.

Cómpre sinalar, sen embargo, que a tensión inevitable entre as dúas dimensións sobre as que asenta a obra historiográfica de Eoin MacNeill, a ideolóxica e a científica, non impediu que a súa produción acadase un nivel de competencia académica sen parangón coas *historias populares* sobre Irlanda elaboradas polos nacionalistas do século XIX, razón que, polo menos en canto á metodoloxía de traballo, obriga a encadrala nun plano diferente ó destas. MacNeill tivo como obxectivo explícito, ademais dos que lle inspiraba a súa adscrición ideolóxica, ofrecer os materiais necesarios para compoñer unha visión xeral do pasado da nación irlandesa que fose compatible coas esixencias científicas da época, para sentar así as bases dunha nova historia nacional afastada tanto das que consideraba deformacións interesadas dos escritores ingleses coma das insostibles quimeras que naceran das narracións medievais irlandesas.

O sorprendente é que, tendo unha morea de traballos publicados na súa dilatada vida profesional –desde os seus primeiros estudios históricos, cando aínda non rematara o século XIX, ata os artigos que escribiu pouco antes da súa morte, en 1945–, nunca emprendese un labor sistemático para compoñer unha historia xeral e completa da nación irlandesa. El mesmo recoñeceu que cumpría dispoñer dunha "historia xeral de Irlanda digna dese nome",[642] pero nunca

[642] Eoin McNeill, *Early Irish Laws and Institutions,* Burns Oates and Washbourne, Dublín s.d. [1935], pp. 27-8.

emprendeu semellante tarefa. É certo que presentou unha panorámica deste teor na súa contribución á *Guía oficial do Estado Libre Irlandés,* publicada en 1932, pero, dada a natureza desta, non cabe comparala co seu traballo habitual de investigación. En realidade, a súa pretensión confesada respecto da aproximación á historia foi a de *corrixir* e *complementar* as inexactitudes e carencias das versións predominantes do pasado irlandés, como sostén na súa publicación máis acabada, *Phases of Irish history.*[643] Foi, quizais, ese espírito de precisión crítica e perfeccionamento co que concibiu o seu traballo, que moi a miúdo levou a cabo por referencia a estudios xa existentes e a posicionamentos previos sobre o pasado, o que lle impediu elaborar unha síntese xeral da visión da historia de Irlanda con perspectiva nacionalista pero asentada nos criterios requiridos polas obras académicas.

A natureza fragmentaria do seu traballo, sen embargo, non é obstáculo para poder esbozar os trazos da súa caracterización xeral da historia irlandesa. Sobre todo, porque o mesmo autor puxo remedio relativo á dispersión da súa obra cando aceptou recompilar, non sen certas reticencias nalgunha ocasión, as súas principais achegas en diversos campos da historiografía antiga e medieval, resultando a decisión en tres libros que permitiron que aqueles materiais espallados en publicacións de circulación minoritaria acadasen unha difusión moito máis ampla. Obras que aquí se completan coa utilización doutra de similar concepción, centrada na figura de san Patricio, publicada despois da súa morte. Aínda así, mentres é posible captar axeitadamente a partir destes catro volumes as liñas esenciais das súas interpretacións sobre os períodos antigo e medieval da historia do país, para os tempos máis modernos resulta necesario recorrer ás breves suxestións que neles se conteñen e ó traballo divulgativo do manual estatal antes mencionado.

As obras nas que se funda a exposición e análise subseguintes da caracterización da historia de Irlanda por Eoin MacNeill son, polo tanto, as que se relacionan deseguido:

a) *Phases of Irish History,* Gill and Son, Dublín 1919. Reproduce unha ducia de conferencias sobre Irlanda ata o século XV, pronunciadas en Dublín entre xaneiro de 1917 e marzo de 1918. Cítase pola reimpresión da mesma editorial de 1968.

b) *Celtic Ireland,* Martin Lester, Dublín 1921. Contén unha edición moi

643 "It is not my purpose in these lectures to give a complete scheme of Irish history, allotting to each set of facts its due proportion of the discourse. My aim is rather to supplement what appears defective and correct what appears misleading in the treatment of early Irish history as the public has been accostumed". Eoin McNeill, *Phases of Irish History,* Gill and Son, Dublín 1919, p. 239.

corrixida das súas conferencias no University College de Dublín en 1904, xa publicadas en *New Ireland Review* (1906 e 1907), que constitúen os seis primeiros capítulos do libro, ós que se lles engade a reprodución de tres artigos de 1919 e mais un traballo inédito. Precisamente polos cambios que experimentara nas súas teses ó longo dos quince anos transcorridos desde a primeira publicación dos textos nucleares da obra, o autor foi remiso á súa publicación. Cítase aquí pola reimpresión editada por Donnchadh Ó Córrain, The Irish Academic Press, Dublín 1981.

c) *Early Irish Laws and Institutions,* Burns Oates and Washbourne, Dublín 1935. Recompila os textos de artigos xa publicados en *New York University Law* (1930 e 1931), ós que o autor antepuxo unha introdución de 56 páxinas.

d) *Saint Patrick,* Clonmore and Reynolds, Dublín 1964. Trátase dunha edición de John Ryan que recolle os principais estudios de MacNeill sobre san Patricio, encabezados pola biografía do santo, publicada por Sheed en Ward, Londres (1934), á que se suman tres artigos publicados no *Journal of the Royal Society of Antiquaries of Ireland,* (1928, dous, e 1929) e outro máis que vira a luz en *Ériu* (1930).

Ademais das citadas publicacións, que constitúen o material a partir do que se estudia a contribución de MacNeill á historiografía irlandesa, cómpre citar o traballo titulado "History", incluído en *Saorstát Eireann, Irish Free State Official Handbook,* Talbot Press, Dublín 1932, pp. 41-63, editado por Bulmer Hobson. Este artigo, integrado no libro oficial do Estado Libre Irlandés, utilízase soamente como material complementario, ó efecto de confirmar a posición do autor respecto dos séculos posteriores ó XVI, que non estudia de maneira sistemática nas súas obras principais. Aínda que pola súa brevidade e pola propia natureza da publicación da que forma parte se afasta da orde académica daquelas, o traballo é valioso, ademais, por ser o único exemplo de relato completo da historia nacional que compuxo o autor, por estar escrito en plena madureza profesional e por non estar sometida a súa elaboración ás esixencias de lexitimación da loita política inmediata, en canto se redactou en momentos nos que, unha década despois da súa constitución, o Estado irlandés parecía abondo consolidado. A maiores, a propia concisión que lle impón o formato vólveo axeitado para apreciar os principios básicos nos que asenta a concepción global da historia da nación de Eoin MacNeill.

2.1. A utilización das fontes gaélicas

Un dos principais obxectivos da actividade intelectual de Eoin MacNeill foi, desde o mesmo principio do seu labor de investigación nos campos da lingua e da historia, proporcionar unha sólida base material sobre a que se puidese edificar un relato histórico de Irlanda coherente, atendendo ás máis rigorosas concepcións científicas da súa época. Semellante finalidade requiría, primeiro de todo, a

remoción das abundantes inexactitudes, falsidades e interpretacións erróneas que ó longo dos séculos se foran consolidando como elementos constituíntes dunha suposta historia de Irlanda.

O traballo debería afectar, segundo a súa visión, tanto ás elaboracións do pasado expresadas a través das diferentes manifestacións da cultura popular coma ás presentadas coas aparencias propias da pretensión académica. MacNeill era ben consciente da escasa xustificación de moitas das crenzas que aniñaban na imaxinación do pobo sobre o pasado da illa e das súas xentes, así como da permanencia dalgúns dos elementos das versións tradicionais creadas polos cronistas medievais para o período máis remoto. Pero tamén se decataba do carácter pouco verosímil de boa parte das interpretacións propostas polos estudiosos dos tempos modernos e mesmo polos da súa época, ben por canto supoñían de aceptación acrítica das tradicións, ben polo manexo inadecuado e acientífico das fontes que reflectían.

O desexo de desmentir e contrarrestar as infundadas suposicións sobre o pasado levou a MacNeill a considerar como a súa tarefa prioritaria neste ámbito a de presentar e analizar os máis importantes materiais históricos producidos pola Irlanda gaélica. Convencido firmemente da posibilidade de construír con eles un relato completo e ben fundamentado dos primeiros séculos da historia da súa nación,[644] e aproveitando os seus coñecementos de irlandés antigo e medieval, MacNeill dedicouse ó estudio dos vellos manuscritos gaélicos, que consideraba como o testemuño directo que o pobo irlandés deixara sobre si mesmo ó longo do tempo, fosen os textos que daban conta das distintas leis polas que se rexera a comunidade, fosen os documentos de carácter histórico –incluíndo os relatos de tipo local ou xeral, as xenealoxías, as listas de reis e os anais cristiáns–, fosen as narracións e as lendas heroicas da antiga literatura irlandesa. Tal como el o comprendía, o conxunto de fontes autóctonas irlandesas dispoñible constituía un repertorio incomparable en Europa, non só pola amplitude, variedade e riqueza da información que encerraban, senón polas calidades mesmas dos seus contidos, que permitían, ó seu xuízo, unha exploración atinada e directa do pasado da nación ata acadar períodos impensables para outros pobos.

Ante todo, pensaba que a riqueza do legado da súa civilización orixinaria lle permitía a Irlanda unha *autosuficiencia* no coñecemento do seu pasado máis remoto da que apenas había parangón nos países do resto de Europa, os cales

644 "Ancient Ireland, as it happens, is no vacant region for free speculation. The materials for its study are remarkably copious, and the method of its study must be by way of research, analysis, and synthesis", Eoin MacNeill, *Celtic Ireland* (CI), p. 144.

debían recorrer a achegas de procedencia esóxena –a miúdo as únicas dispoñibles– para reconstruír os seus primeiros tempos. Por moito que se depurasen esas antigas fontes de composición allea, a historia destoutras nacións quedaría sempre mediada por informacións inevitablemente tendenciosas pola súa propia orixe, incapaces, por definición, de reflectir a súa auténtica realidade histórica. A este respecto, MacNeill sostiña que Irlanda, pola peculiaridade do seu pasado, libre de influencias orientais ata a cristianización da illa, iniciada nunha fecha tan tardía como o século V, presentaba unha situación única que, en consecuencia, a convertía no marco ideal para o estudio dunha civilización que se mantivo nela cos trazos característicos do autóctono europeo por moito máis tempo que en ningún outro lugar.[645]

Por conseguinte, atopaba lóxico o establecemento dunha nidia diferencia coa maioría das nacións de Europa en canto ó grao de pureza e autenticidade con que se conservaron as singularidades da nación irlandesa ata o momento en que houbo a posibilidade de as plasmar por escrito. Mentres as terras mediterráneas sufriran influencias do Leste desde a mesma era prehistórica; mentres de Gran Bretaña, da Galia ou de España só se coñecen as súas tradicións despois de que experimentaran os efectos transformadores da conquista romana e da cristianización; mentres das rexións xermánicas e eslavas apenas hai noticias documentadas das peculiaridades dos seus pobos ata un momento en que xa se estaban alterando dentro da Europa medieval; mentres, por tanto, as influencias alleas condicionaron ata deturpalas as auténticas tradicións dos demais pobos europeos, Irlanda, afirma MacNeill, chegou ós tempos plenamente históricos en condicións de amosar e transmitir cal era a súa específica e verdadeira realidade. Aínda máis, a Irlanda gaélica permanecera libre de todo dominio ata a chegada dos ingleses no século XII, a salvo da conquista romana, das invasións xermánicas e da supremacía viquinga, que someteran, sucesivamente, os seus pobos veciños durante o primeiro milenio da Era cristiá.[646] O irlandés era, neste sentido, o único pobo europeo do que se podía dispoñer dun relato de elaboración propia sobre o seu período máis antigo, val dicir, da súa "autobiografía", segundo presume o propio MacNeill. Certo é que cando comezou o seu rexistro escrito a cristianización xa penetrara fondamente na illa. Pero tamén é verdade, insiste, que as xentes de Irlanda conservaran todos os elementos da súa tradición que eran compatibles co Evanxeo; e aínda outros que non no eran tanto, atrévese a confesar.[647]

---

645 Eoin McNeill, *Early Irish Laws and Institutions* (EILI), pp. 56-58.

646 Eoin MacNeill, *Phases of Irish History* (PIH), p. 335.

647 CI, "Preface", p. XI.

De todos estes materiais, pensaba o historiador que se podía deducir, previo o pertinente labor de depuración científica, unha exposición atinada do que fora o pasado da súa nación desde os mesmos tempos prehistóricos. Moitos daqueles eran xa coñecidos, gracias ó labor dos estudiosos do século XIX, sobre todo, pero era obrigado sometelos a unha reavaliación crítica que, superando a simple presentación indiscriminada, permitise separar o puramente fantástico do verdadeiramente real. O primeiro paso, por tanto, debería consistir na edición coidadosa e utilizable dos antigos manuscritos. Dado que boa parte deles estaban nunha lingua de difícil comprensión mesmo para os que dominaban o gaélico moderno, o traballo debería apoiarse na base dunha promoción dos estudios filolóxicos sobre as distintas etapas da lingua irlandesa.[648]

A carencia de boas edicións dos manuscritos afectaba mesmo á antiga literatura épica irlandesa, tan valorada nos últimos anos do século XIX e principios do XX. O propio movemento gaélico, ansioso por difundir a súa riqueza artística e os valores nacionais asociados a ela, impulsou o ensino do irlandés antigo e medieval, como medio de poñerse en contacto directo con aqueles valiosos tesouros literarios que falaban dos antigos heroes que agora se presentaban como modelo, de Cú Chulainn, de Fionn Mac Cumhaill, dos bravos *fianna.* Sen embargo, nin sequera os bos coñecedores da lingua moderna podían achegarse á vella literatura máis que a través de traducións inglesas, para vergoña de moitos gaélicos.[649] Ademais das súas deficiencias na tradución, para os defensores da lingua autóctona, as edicións críticas inglesas e, máis aínda, as adaptacións daqueles vellos relatos, tan populares, como *History of Ireland,* de Standish O'Grady (1878-81), *Cuchulain of Muirthemne,* de Lady Gregory (1902) ou *Heroic Romances,* de A.H. Leahy (1905-6), eran consideradas, en certo senso, como unha ameaza que poñía en perigo a captación da continuidade do peculiar senso da espiritualidade irlandesa a través do tempo que reflectían.[650] O propio MacNeill laiábase da conseguinte difusión dunha perspectiva inglesa e do distanciamento que se introducía respecto do orixinal; deficiencia que non se corrixiría, precisamente, cunha simple elevación do nivel das versións na lingua

648 MacNeill pide un "benefactor" que cree unha dotación para estes estudios. CI, "Preface", pp. XIV-XV. De modo máis específico, en 1929, MacNeill impulsaría a creación da Irish Manuscripts Commission, da que sería o seu primeiro presidente. Para os logros, insuficiencias e problemas de funcionamento desta comisión que MacNeill presidiu ata a súa morte, ver R. Dudley Edwards, "Professor MacNeill", en F.X. Martin and F.J. Byrne (ed), *The Scholar Revolutionary,* pp. 279-97, esp. 291-7.

649 "We can't learn the ancient language of Ireland –we have enough work keeping the modern language alive. Therefore we can only read the ancient stories out of books in English. Isn't that a great shame?", escribe un lector ó xornal da Liga Gaélica. Cit. Philip O'Leary, *The Prose Literature of the Gaelic Revival,* p. 232.

650 Sobre a modernización e tradución ó inglés dos antigos textos, ver Philip O'Leary, cap. 4, pp. 223-80.

de Inglaterra; pola contra, maior sería o perigo, pensaba, canto mellor fose a calidade da tradución.[651]

Se era grave o problema da falta de edicións axeitadas duns textos que todos estaban de acordo en apreciar polas súas virtudes literarias, moito máis o era no caso dos documentos ós que, aínda recoñecéndoselles o valor testemuñal e histórico, non se lles atribuía un merecemento artístico especial. Para un historiador como MacNeill, sen embargo, estes eran os materiais básicos sobre os que se debería erguer o edificio magnífico da verdadeira historia da nación. Materiais como –por poñer un só exemplo dos que, con frecuencia, aparecen nos escritos de MacNeill– os que permitirían coñecer mellor as antigas comunidades de orixe pre-gaélica e que seguían, en boa parte, sen estar á disposición dos estudiosos, agás algunhas contadas excepcións.[652] Pero a lamentación ía máis alá da mágoa pola carencia de moitos dos elementos necesarios para o traballo do historiador. Afectaba tamén á propia calidade do material dispoñible. Non é de estrañar, por tanto, que a obra enteira de MacNeill estea repleta de críticas, matizacións ou precisións ás edicións ou ás traducións dos antigos textos que saíran da pluma de eruditos prestixiosos como O'Curry, O'Donovan, Atkinson, Richey, Stokes ou P.W. Joyce. Tratábase de estudiosos que, en realidade, puxeran as bases que agora lle permitían a MacNeill realizar o seu traballo. Eran xentes como John O'Donovan e Eugene O'Curry, que, con George Petrie e outros poucos, emprenderan, nos anos centrais do século XIX, a tarefa de recuperar a antiga cultura gaélica, tanto desde as actividades arqueolóxicas coma desde a edición dos antigos manuscritos, campo no que os principais froitos foran a tradución e publicación por O'Curry das chamadas "leis do brehon" –por xuíz gaélico–, o sistema legal gaélico, e o texto do *Book of Rights,* debido a O'Donovan, quen tamén traducira, en sete volumes anotados, os *Anais dos Catro Mestres* (publicados entre 1848 e 1851), compilación de antigos textos realizada no XVII.[653]

O labor destes pioneiros iniciárase de modo sistemático desde o *Ordnance Survey of Ireland,* organismo oficial creado a finais da década de 1820, que non

---

651 Escribe MacNeill nunha nota en *An Claidheamh Soluis,* 7 de xullo de 1900: "Reading translations exposes us to the danger of looking at things from the English standpoint; and it might be said that the better and more faithful a translation is the worse it is, for it will keep people from going to the original where alone the literature can be judged for what it is really worth". Cit. Philip O'Leary, *The Prose Literature of the Gaelic Revival,* p. 232.

652 Neste caso concreto, MacNeill alude á existencia dalgúns textos ó respecto impresos por Craige na *Revue Celtique,* pero non deixa de laiarse ó lembrar "how much has still to be done before we can claim a near approach to full and accurate knowledge of the existing evidence". PIH, p. 74.

653 John Hutchinson, *The Dynamics of Cultural Nationalism,* p. 86. Sobre a obra histórica dos membros do que o autor chama "Second Irish Revival", no que inclúe a Petrie, O'Donovan e O'Curry, ver id., pp. 79-95.

se limitara á súa misión principal de cartografar o país, senón que contou con seccións dedicadas a rexistrar os topónimos gaélicos e os lugares de interese arqueolóxico, actividades nas que sería especialmente activo durante o período en que Petrie dirixiu a súa sección histórica (1828-*c.*1840).[654] Deberan traballar todos eles en condicións aínda máis difíciles cás que atopou MacNeill. Desde logo, sen contar cos avances que, desde aquela, a moderna filoloxía e os novos coñecementos históricos puxeran á disposición deste, como el mesmo é o primeiro en recoñecer.[655] A este respecto, MacNeill situaba a obra de Johan Kaspar Zeuus *Grammatica Celtica* (1853) como o fito que sinalara o nacemento da moderna filoloxía céltica,[656] aínda que rexeitou a tendencia excesivamente crítica fronte ós antigos textos que guiara os traballos dos eruditos da seguinte xeración, como reacción fronte ó espírito demasiado crédulo que amosaran os membros da escola tradicional de O'Curry e O'Donovan.[657] Nalgúns casos, as discrepancias con algunhas destas obras pioneiras non excluían a admiración persoal e mesmo o afecto para quen fixera o esforzo por recuperalas. O propio MacNeill toma a O'Curry, que fora profesor de Historia e Arqueoloxía Irlandesas na Universidade Católica de Dublín entre 1854 e 1862, posto ó cal accedera despois dunha invitación do cardeal Newman, como modelo con quen comparar as emocións que sentira el mesmo cando foi chamado, dun modo que considera semellante, polo Dr. Delaney á mesma universidade –entón xa University College Dublin– en 1904.[658] Noutros momentos, sen embargo, os xuízos emitidos sobre certos traballos podían ser verdadeiramente duros e mesmo desapiadados.[659]

---

654 Cf. Gabriel Cooney, "Building the future on the past: archaeology and the construction of national identity in Ireland", en Margarita Díaz-Andreu & Timothy Champion (ed), *Nationalism and archaeology in Europe,* pp. 146-63, esp. pp. 148-57.

655 PIH, pp. 276-7. F.J. Byrne, "MacNeil the Historian", en F.X. Martin and F.J. Byrne (ed), *The Scholar Revolutionary,* p. 18.

656 EILI, p. 89

657 Eoin MacNeill, *Saint Patrick* (SP), pp. 161-2.

658 CI, "Preface", p. XII.

659 Sirva como exemplo a crítica á que xulgaba defectuosa edición polo Dr. Atkinson do antigo tratado legal chamado *Uraiccecht Becc,* traducido como "The Small Primer" no volume 5 das *Ancient Laws of Ireland* (6 vols., Dublín 1865-1901). Versión empeorada aínda máis, segundo MacNeill, pola "wholly inept editorial introduction", co resultado de escurecer o verdadeiro carácter do que consideraba como un dos principais documentos da antigüidade irlandesa. CI, pp. 96-8. Outro exemplo, a recensión que MacNeill fixo para o *Gaelic Journal* da obra *Oidhe Chloinne Uisnigh,* publicada pola Society for the Preservation of the Irish Language, en 1898, amosa o grao de crueldade ó que podía chegar: "We believe that, apart from mere typographical errors, no edition of an Irish text for students yet published can compare with this one in the number and gravity of its blunders. If a worse one can be named, we will gladly publish its name as a warning to students not to trust it". Cit. Brian ó Cuív, "MacNeill land the Irish Language", en F.X. Martin and F.J. Byrne (ed), *The Scholar Revolutionary,* p. 8. Para os outros nomes citados, ver CI, caps. VI-X.

1. Utilidade do enteiro corpo de manuscritos gaélicos

Foi o interese lingüístico o primeiro que achegou a MacNeill ós vellos manuscritos da cultura gaélica. Ante o panorama que atopou, pronto se decataría da necesidade de prover os historiadores dun material de traballo fiable e preciso, como paso previo a unha interpretación do pasado irlandés máis consonte coa realidade do acontecido. Aínda que nunca deixaría a súa paixón polo irlandés antigo e medieval, a partir de 1909, cando foi nomeado profesor de Historia Irlandesa Antiga e Medieval no University College, en Dublín, dedicaría a maior parte dos seus esforzos no ámbito científico á investigación histórica. Ademais, por tanto, da súa importancia no terreo da lingua, MacNeill proclamou con convicción a utilidade para o traballo de compoñer a historia da nación do enteiro conxunto dos manuscritos gaélicos dispoñibles, sen importar a súa clase. A razón non estaba só no seu valor intrínseco, no feito de seren a proba e o froito das grandezas da nación no pasado –ou da súa propia existencia desde tempos remotos, calidade testemuñal de ningún modo desprezable para un discurso nacionalista–, senón na súa condición de fonte de coñecemento histórico, deducible deles en todos os casos, aínda cando se tratase de manexar os documentos con contidos máis claramente ficticios.

A este respecto, resulta significativo o xuízo que lle merecen materiais como as compilacións medievais de xenealoxías dinásticas, non consideradas ata entón polos estudiosos como fonte válida de carácter histórico, sobre todo en canto se referían a supostos personaxes das épocas máis antigas. Sinala MacNeill que incluso de todos estes repertorios nominais, aínda que sen conexión con realidade ningunha cando se refiren a épocas remotas, era posible extraer interesantes conclusións sobre o pasado do país, mesmo no caso de seren puras invencións.[660] Aquí é onde o criterio profesional do historiador debía entrar en plena actividade, para extraer destes materiais sen valor aparente todo o froito que sen dúbida contiñan, fose no aspecto filolóxico, fose como información suplementaria ós concisos acontecementos anotados polos cronistas nos anais do Medievo.[661] Mesmo poden desempeñar o papel dun valioso instrumento auxiliar do historiador, en canto fonte secundaria de control e complemento de documentos que, como no caso das crónicas medievais, se limitan a rexistrar a simple e núa ocorrencia de acontecementos.[662]

---

660 "However, these masses of names must represent either tradition or invention, or a mixture of both. If they represent tradition, their study may yield valuable and unforeseen results. Even if they are invented, there is no such thing as random originality, and an analysis of anything invented may succeed in disclosing the motive or the purpose, or the methods of the inventor, and every such disclosure may open up a new line of inquiry and discovery". CI, p. 44.

661 "They are a storehouse of ancient legend and tradition, and often supply material of the highest critical importance for the study of the earliest part of our history". CI, p. 117.

662 PIH, pp. 179-183.

Por tanto, sostén MacNeill, o historiador non debe desprezar ningún dos materiais conservados, sempre valiosos nalgún sentido. Como caso extremo, el mesmo recorreu a examinar as inscricións da chamada escritura Ogham, que consideraba precristiá, en busca de información sobre a escura idade que precede á historia.[663] Tal sistema de escritura, sobre pedra ou madeira –"The most ancient documents that exist in Ireland"–,[664] recoñecía MacNeill que era totalmente inadecuado para compoñer unha forma narrativa calquera,[665] pero aínda así procurou comprobar a posible coincidencia entre algún dos nomes contidos nesas inscricións epigráficas e os das relacións dos antigos pedigrís xenealóxicos. Non conseguiu apenas nada e, despois de comprobar numerosas listas xenealóxicas, confesa a certeza final de non atopar xa ningún nome repetido nas dúas fontes.[666] Pero o exemplo queda como proba dos criterios do noso autor sobre a validez e a rendibilidade científicas de todo tipo de vestixios escritos do pasado.

Todos os documentos, aínda os que non se espera que deiten froitos directos, deben ser revisados polo historiador, argumenta MacNeill. Acepta, sen embargo, a existencia de casos onde as dificultades son desalentadoras. Recoñece, por exemplo, que a enorme masa de nomes que proporcionan as coleccións xenealóxicas,[667] constituídas por centenares de liñas dinásticas que remontaban ós tempos prehistóricos, podía amedrentar o investigador, que quizais temese sentirse enleado nesa vasteza, pero el mesmo argumenta que, por exemplo, para a era anterior á cristianización da illa, cando máis fantasiosa é unha información que pretende estenderse a vinte séculos ou sesenta xeracións, unha purga científica reduciría o número de nomes con que se debía traballar a unha cifra manexable de arredor dun milleiro de patronímicos que se supón que arrincarían da familia de Mil, o mítico fundador do *gael* en Irlanda.[668]

Por outra parte, e referíndose xa a momentos históricos, MacNeill afirma que a literatura xenealóxica non debía ser considerada como un simple agregado de nomes carentes dunha mínima substancia informativa engadida válida. Como exemplo, amosa a utilidade destes rexistros en canto elemento de complementación

---

663 Serie de sete artigos publicados no *Gaelic Journal,* en 1908, e "Notes on the distribution, history, grammar and import of the Irish Ogham inscriptions", *Proceedings of the Royal Irish Academy* 27, sec. C (1909) 329-70.

664 CI, p. 45

665 CI, p. 9

666 "I was disappointed in the hope of finding in these lists any of the names that occur in the Ogmic inscriptions". CI, p. 46.

667 "[…] the intimidatingly large corpus of the genealogical collections", chámaas F.J. Byrne, "MacNeill the Historian", en F.X. Martin and F.J. Byrne (ed), *The Scholar Revolutionary,* p. 20.

668 CI, p. 45.

doutras fontes no seu traballo sobre a sucesión dinástica nas leis irlandesas, onde os textos medievais, aproveitando a súa sabedoría filolóxica, o axudan a establecer os trazos do sistema sucesorio –electivo, dentro de certos límites– no mundo gaélico.[669] Dada a riqueza da súa información histórica e lingüística, MacNeill demandou a rápida publicación da literatura xenealóxica ó completo, pese ás reticencias doutros colegas sobre a validez deses materiais como recursos do historiador.[670]

Se tal valor como depósito de información histórica se concede a unha fonte tan incerta como as xenealoxías, non deberá estrañar ver a un historiador minucioso como MacNeill insistir na lóxica urxencia por dispoñer de todo o conxunto de materiais manuscritos ós que se lles presupón unha maior fiabilidade, como son os tratados legais ou os anais dos cronistas medievais, referidos xa á Irlanda histórica. A utilidade destes rexistros non se limita, sen embargo, ó período do que se ocupan de forma directa, segundo afirma. Do mesmo modo que incluso as partes máis fantasiosas da literatura xenealóxica –as que elaboran supostas liñaxes nacidas nos tempos previos á cristianización– se converten en útiles ferramentas de coñecemento nas mans do historiador experto, a documentación manuscrita que se relaciona con momentos que se consideran plenamente históricos pode desempeñar, a maiores, o papel de valiosa fonte de información indirecta para aquelas épocas de máis distante escuridade.

MacNeill sostén que cabe a utilización da documentación manuscrita de orixe medieval para o estudio de etapas máis antigas do pasado da nación, rastrexando nela a presenza de trazos orixinarios da Irlanda anterior á cristianización. O feito explícase, na súa opinión, por ser escritos moitos deles por xentes que estaban aínda en estreito contacto coas antigas tradicións pagás, de modo que, dunha ou doutra forma, revestidas dunha envoltura cristiá, amparadas baixo o modo dun costume legal ou conservadas como formulismos escritos dos que se perdera o seu significado primeiro, foron capaces de superar as barreiras da nova relixión.[671] A utilización que MacNeill fai do *Book of Rights,* que contén unha

---

669 Examina a utilización que se fai nos anais e nas xenealoxías da palabra *rígdomna,* para precisar o seu estrito significado de "príncipe de sangue real elixible como herdeiro". CI, p. 116.

670 "On all these grounds I make urgent plea for the publication of the entire body of our ancient genealogical literature, which is not to be dismissed, as the late Dr. Atkinson, in his introduction to the Royal Irish Academy's 'Facsimile' edition of the *Book of Leinster* sought to dismiss it, as a mere collection of persons about whom nobody could hope to say with assurance whether they ever had any existence". CI, pp. 116-7.

671 As alusións son frecuentes nos traballos de MacNeill: "Modern scholarship has proved that the laws, the local histories and genealogies, the heroic legends, of the Irish Nation, were copiously recorded in writing within a period covering portions of the sixth, seventh and eighth centuries". CI, "Preface", p. XI; "The writers of Tain Bo Cuailnge were in full touch with a primitive Pagan tradition". Id., p. 12; "Apparently, the genealogists were in full touch with a mass of pagan lore, of which but little has reached our days". Id., p. 60.

compilación de leis que non parece anterior ó século XI,[672] pode servir como proba desta capacidade de servirse das fontes gaélicas para obter delas sinais de épocas previas das que non se dispón de información directa. Dentro do propio *Book of Rights,* MacNeill considera que o poema inicial, que atribúe ó poeta Cúán O Lóchán, morto no ano 1024, é, seguramente, unha reprodución en verso dalgunha tradición ou dalgún texto legal moito máis antigos. Os argumentos para defender tal suposición dedúceos do espírito pagán que transloce o poema, que se manifesta de diversos modos. O máis claro reflíctese na mesma exposición directa de supersticións precristiáns.[673] Pero aínda pode ser máis fonda a súa influencia, como cando o autor do poema reduce o número de *over-kingdoms* a cinco, debido a que, segundo MacNeill, tiña en mente a pentarquía de tempos precristiáns (aínda que o propio corpo central do *Book of Rights* recoñece dous máis); ou cando eses restos de paganismo actúan como condicionantes do propio esquema narrativo do texto do mesmo *Book of Rights.* Por exemplo, ó respectar estritamente a orde que segue o curso do Sol ó redor da illa cando se enumeran os distintos *over-kingdoms* ou á hora de relatar as visitas do *high-king* de Irlanda ós seus diversos reinos provinciais. Dado que todo desprazamento en dirección contraria era considerado pola superstición de orixe pagá como sinal de mala fortuna, a secuencia mantense en xeral en todas as referencias topográficas do *Book of Rights*.[674]

2. A historicidade das fontes

Con todo, pese á valoración positiva que lle merece o conxunto da antiga documentación manuscrita gaélica en canto fonte válida de coñecemento do pasado irlandés, MacNeill é consciente da diferenciación que cómpre establecer entre os distintos materiais que a compoñen, non só polas peculiaridades de cada un deles, senón tamén en canto á fiabilidade dos datos que achegan. Como criterio xeral, ergue un límite temporal máis alá do cal van esvaecendo os contornos que definen e permiten distinguir o que é fábula do que son os feitos realmente acontecidos. Esta fixación dun *limiar histórico* indica o momento a partir do que –cara a atrás– a información dispoñible, ademais de ser escasa, debe ser sometida a procesos de verificación máis estritos.

---

672 D.A. Binchy, "MacNeill's Study of the Ancient Irish Laws", en F.X. Martin and F.J. Byrne (ed), *The Scholar Revolutionary,* p. 47. MacNeill afirma que o libro fora compilado arredor do ano 900, coincidindo coas datas que lle atribuía a tradición, e revisado un século máis tarde. PIH. p. 113; EILI, p. 102. O *Book of Rights* fora editado por O'Donovan e publicado pola Celtic Society, en 1847. PIH, p. 276.

673 "It tells what acts are lucky and what are unlucky for the over-kings of each division of Ireland. These lucky and unlucky acts had probably at one time some very real significance, which in time acquired a preternatural interpretation. For example, it is unlucky for the king of Leinster to sleep between Dublin and the Dodder, but it is lucky for him to attend a feast a little further south, in Cuala". CI, pp. 73-4.

674 CI, p. 74.

As datas que propón MacNeill, a este respecto, son relativamente precisas, oscilando entre principios do século IV d.C. e o inicio da cristianización, un cento de anos máis adiante. Aínda que en certas ocasións considera os arredores do ano 300 d.C. como a fronteira da historicidade,[675] é a chegada da nova fe traída por san Patricio a que se constitúe para el como a auténtica barreira entre os tempos plenamente históricos[676] e aqueles nos que resulta máis complexo determinar con certeza os acontecementos, "the time for which contemporary native documents are not forhtcoming, that fact and fable, tradition and invention, criticism and credulity and speculation, are so intermingled that one who reads for information is in danger of being discouraged or bewildered".[677] Con todo, o valor que MacNeill confire á tradición recollida en fontes que non teñen o carácter de pretendida historicidade faille establecer sempre a salvidade de que o historiador si pode chegar a conclusións válidas sobre os feitos que precederon os tempos da chegada da cristiandade á illa irlandesa. As abundantes tradicións, aínda no seu carácter disperso, sempre facilitarán ó bo estudioso bases suficientes para suplir as carencias de materiais escritos da época, afirma convencido.[678] Mesmo insiste en que nos momentos inmediatamente anteriores á chegada da fe cristiá, cando xa hai a posibilidade de establecer unha comparanza entre as dúas, a tradición irlandesa vén ser confirmada polos contidos da documentación histórica romana.[679]

A pesar destas últimas matizacións, queda claro que MacNeill confire un valor claramente diferenciado ás referencias que as fontes de todo tipo fan á época precristiá e ás que aluden ó tempo posterior á cristianización, que el considera xa de plenitude histórica. Así, unha mesma fonte manuscrita presenta un grao de veracidade distinto, non só por mor da súa data de composición, senón tamén en función da etapa á que se estea referindo. Tal sucede, por exemplo, coas xenealoxías, tan útiles para o coñecemento da historia posterior, pero que deben ser descartadas como fundamento para a construción dun relato histórico continuado

675 CI, p. 57, 60.

676 "The strictly historical period in Ireland begins with St. Patrick. The authentic writings of St. Patrick are the earliest written documents of Irish history". PIH, p. 114.

677 CI, "Preface", p. XII.

678 "But I do not think it would be just to say that all before that time is prehistoric. [...] We have a substantial mass of traditions, connected and disconnected, which, I think, enable us to supply the void of written documents in a manner that will carry conviction". PHI, p. 114.

679 Así sucede, por exemplo, cos testemuños da participación de tropas auxiliares irlandesas nas forzas romanas de defensa contra a presión dos desprazamentos dos pobos bárbaros cara ó Imperio a finais do IV e principios do V: "These events belong to a period for which Ireland has no contemporary documents of history, but for which, as it borders on the more strictly historical period, Irish traditions have their highest validity in evidence. The testimony of native tradition, as we might expect, is in accord with that of external history". PIH, p. 152-3.

dos tempos precristiáns, dado que as relacións de ascendencia que enumeran presentan abundantes nomes engadidos á tradición orixinal en tempos máis recentes, froito dunha intencionalidade política que pretende resaltar certas dinastías sobre outras ou estender as súas orixes ata o mesmo Breogan, o máis antigo dos devanceiros da suposta liñaxe da raza gaélica.[680] Aínda que, tal como se viu anteriormente, este tipo de literatura de pedigrís humanos podía ser aproveitada polo historiador doutros xeitos, MacNeill pensa que a natureza das fontes obriga a considerar un límite temporal na atribución de credibilidade que as esixencias do traballo científico aconsellan non exceder.[681] Máis alá desta cesura histórica, imposta polas características dos recursos de información dispoñibles, está o terreo no que se mesturan, nas propias relacións xenealóxicas, os referentes mitolóxicos, as alusións bíblicas e os nomes das sagas de heroes da literatura máis antiga, a épica do Ulster.[682] O proceso de combinación dos diferentes elementos debeuse, en boa parte, ó proceso de refundición nun novo molde histórico que con eles efectuaron os autores cristiáns, desexosos de integralos nun relato do pasado que satisfixese as esixencias de respecto da tradición viva e mais as derivadas da congruencia coa nova fe. MacNeill exemplifica a operación lembrando o caso da conversión de nomes que formaban parte da *raza* dos deuses pagáns en antepasados *humanos* das principais familias gaélicas ou en reis da Irlanda precristiá,[683] co resultado de facer das xenealoxías unha especie de "unquestionable mythology perhaps somewhat rationalised".[684]

Completamente oposta é a calidade da valoración que merece a antiga documentación manuscrita gaélica cando se refire, como sucede na maioría dos casos, ós períodos posteriores ó fito que sinala a ruptura coa era prehistórica. A partir dese momento decisivo, sinalado pola acción evanxelizadora de san Patricio na illa, na primeira metade do século V, MacNeill defende que o relato sobre o pasado pode ser elaborado sobre fontes plenamente fiables. Claro está que someténdoas ás análises debidas, segundo as pautas habituais no tratamento erudito dos antigos materiais, esas fontes permiten, ó seu criterio, un coñecemento detallado do "early historical period, say from A.D. 400 to A.D. 1000".[685]

---

680 CI, p. 60.

681 "The genealogical memory is indeed in Ireland a long one, but no one can believe in its accuracy for a period of eighteen centuries devoid of written records", comenta a propósito da suposta ascendencia de dous pobos segundo os datos dos xenealoxistas. CI, p. 3.

682 CI, p. 14.

683 CI, p. 50.

684 CI, p. 51.

685 CI, p. 73.

Con frecuencia, MacNeill lembra a necesaria rigorosidade na crítica dos materiais como imprescindible garantía da súa correcta interpretación. Sobre todo, insiste repetidamente nos seus traballos en dous aspectos deste teor. Por unha parte, preocúpalle o estudio minucioso das diversas partes que integran o texto, a determinación da estrutura interna da documentación, complicada polas sucesivas acrecións realizadas ó longo do tempo sobre un primeiro material tradicional non sempre de recoñecemento doado. Moitos dos erros cometidos na caracterización da Irlanda gaélica dos primeiros séculos históricos veñen, na súa opinión, da falta de discriminación entre os compoñentes orixinais e as porcións engadidas a posteriori con diversas finalidades, de modo que mesmo os principais estudiosos do momento chegan a miúdo a conclusións que a el lle parecen por completo inadecuadas.[686]

Non ter en conta que os antigos manuscritos, no seu estado final, son o resultado dun proceso de intervencións acumuladas sobre os textos primitivos ten que levar, por forza, a interpretacións erróneas do pasado ou mesmo á imposibilidade práctica dunha comprensión do verdadeiro sentido da documentación. A este respecto, resulta esclarecedor un dos casos que expón MacNeill en detalle e que ten por obxecto a xa aludida edición do *Uraiccecht Becc* de Atkinson, que lle serve para amosar as consecuencias da falta de indicación e diferenciación das sucesivas achegas que compoñen o manuscrito. Nesta edición, sostén MacNeill, as glosas explicativas engadidas polos escribas e comentaristas sobre as antigas leis que recompilan mestúranse coas fantasiosas e artificiais etimoloxías construídas por eles mesmos, que elaboraron unha inventada e peculiar xerga, coa pretensión de explicar o significado das palabras orixinais nas que se conservaban as leis, pertencentes a unha linguaxe arcaica, xa moi diferenciada entón da lingua común da época de copias e comentarios.[687]

O mesmo tipo de crítica merecen os "editores oficiais" dos antigos textos legais gaélicos, que tratan unha masa de materiais pertencentes a un dilatado período de dez séculos como se correspondesen ó mesmo tempo e describisen unha realidade inmóbil e inalterada. Acusa a estas edicións de non detectar e poñer de manifesto as diferenzas entre os textos orixinarios e os comentarios que lles foran engadindo os xuristas con posterioridade, reflexo moitos deles da propia decadencia que vai erosionando as institucións gaélicas desde o seu período de apoxeo ata a súa quebra final no XVII, e feitos, nalgúns casos, en momentos en

686 Cf. CI, p. 173, onde se rexeitan as afirmacións de eruditos como O'Donovan, Sullivan, Richey e Joyce, que non teñen en conta que as leis e as institucións gaélicas sufriron os efectos dos numerosos aconteceres sucedidos entre a redacción inicial dos textos e os comentarios posteriores realizados sobre eles.

687 CI, pp. 96-8.

que as leis e institucións ás que se referían perderan toda incidencia real e mesmo resultaban incomprensibles para os que as glosaban. O resultado de traballar sobre tales materiais sen as precaucións metodolóxicas debidas non pode ter validez científica e lévalles, ós que tal fan, a presentar unha falsa imaxe do mundo gaélico, onde, como na obra de Joyce, *Social History of Ancient Ireland* (1903), son o mesmo un millar de anos que un día ou onde o escrito no século VII vale para o XVII e viceversa, acusa o noso autor.[688]

Por outra parte, anima MacNeill a extremar a precisión na tradución dos vellos textos ó inglés, pois, ó seu xuízo, dado que é con estas versións non orixinais coas que desenvolven o seu traballo a maioría dos estudiosos, moitas das deducións equivocadas sobre o pasado irlandés proviñan de traducións deficientes de frases ou de palabras clave. A este respecto, resulta paradigmática a súa posición fronte á atribución dun carácter tribal ou clánico á antiga sociedade gaélica, feita por varios dos máis prestixiosos investigadores do seu tempo. Esta cuestión, que mereceu un constante esforzo de desmentido pola súa parte, pensa MacNeill que arrincara, precisamente, dunha errónea tradución dos termos que designaban a familia *(fine)* e a unidade política gaélicas *(tuath)*.[689] En boa parte das ocasións, as inadecuadas traducións derivaban da aplicación de esquemas propios da mentalidade e da tradición inglesas por parte dos estudiosos, como sucedeu con frecuencia, por poñer un exemplo, ó intentar facer cadrar a terminoloxía propia das leis irlandesas referidas á propiedade e a tenza da terra con denominacións técnicas específicas dunha lexislación inglesa de orixe feudal completamente dispar, coa consecuencia de proxectar, ahistoricamente, cara a atrás centos de anos o sistema legal agrario anglo-irlandés, que en absoluto se correspondía co peculiar da Irlanda gaélica.[690]

A respecto da edición dos materiais manuscritos gaélicos, a posición de MacNeill oscila entre a loanza e a crítica polo modo en que se levou a cabo. Resulta esclarecedor o caso dos textos coa antiga xurisprudencia nativa do país, que abarcaban un longo período temporal, entre os séculos VII e XVII.[691] Non deixa de recoñecer, por unha parte, o inxente labor que se realizou a partir da constitución polo goberno británico, en 1852, dunha comisión para a transcrición, tradución e publicación das antigas leis irlandesas. Descoñecendo os seus membros a

688 EILI, p. 21.

689 Cf. EILI, p. 28, CI, p. 147 e, en xeral, "The family commune", id., cap. 10. A cuestión do carácter tribal da sociedade gaélica trátase en detalle máis adiante.

690 EILI, pp. 119-20.

691 EILI, pp. 87-89.

linguaxe precisa para a tarefa, encomendáronllela a dous eruditos tan prestixiosos como O'Donovan e O'Curry, que operaron sobre un vasto material, transcribindo máis de 5.400 páxinas de manuscritos, e prepararon unhas traducións preliminares ó inglés, nun esforzo que se concretou en máis de 10.000 páxinas de escritura que non foron capaces de presentar en vida na súa versión definitiva. Os problemas principais viñeron, sen embargo, en opinión de MacNeill, do feito de carecer a parella de estudiosos de coñecementos filolóxicos suficientes sobre o irlandés antigo e medieval, deficiencia aínda agravada pola linguaxe técnica dos materiais xurídicos. Estas traducións preliminares converteríanse máis tarde, conservando as graves deficiencias mencionadas, na versión inglesa que sería publicada como *The Ancient Laws of Ireland,* dado que os editores (agás Atkinson, que se ocupou do volume quinto e preparou un glosario para o sexto e último) non fixeron o traballo de revisión e crítica que lles correspondería nin en canto ó texto orixinal nin en canto á tradución.[692] Esta non só non conseguiría reproducir a exactitude técnica dos orixinais, senón que, cos súas deficiencias, dera lugar a interpretacións completamente erróneas do antigo sistema legal irlandés. Por demais, insiste MacNeill na necesidade de publicar todos os manuscritos gaélicos. Nin sequera no caso dos que se ocupan das cuestións legais, tan amplamente recollidos nas edicións oficiais que se acaban de comentar, estaba completa a tarefa. E urxía facelo, teimaba, para permitir un axeitado traballo dos historiadores sobre bases certas e desmentir as visións incorrectas do pasado irlandés que tanto preocupaban ó noso autor.[693]

Sen embargo, coa serie de precaucións propias do traballo histórico científico que é obrigado manter, pensa MacNeill que os vellos textos permiten reconstruír cun alto grao de veracidade o pasado da nación irlandesa nos tempos en que acadara o seu máximo esplendor. Así o fai el mesmo, por exemplo, en *Celtic Ireland,* estudiando diversos aspectos da Irlanda gaélica de tempos históricos servíndose do antigo material manuscrito. Intentando completar un amplo panorama sobre aquela sociedade, describe a estrutura política e as relacións entre os distintos Estados nos que se articulaba a organización político-territorial do país, a partir dos contidos do *Book of Rights;*[694] traza un completo cadro das distintas categorías legais da complexa configuración da sociedade irlandesa e o seu reflexo xurídico e político, tomando como documentación de base o antigo tratado legal chamado

692 "In fact, there was no editing in any proper sense of either text or translation, and the editorial contributions consist mainly of speculative essays, the chief value of which is to exemplify how not to do it". EILI, p. 88.

693 " […] this branch of European history demands the publication and study of every page of the laws of Ireland that still remains unprinted in manuscript". EILI, p. 111.

694 "The Book of Rights", CI, cap. VI.

Uraiccecht Becc;[695] detalla as características dos procedementos da sucesión monárquica, utilizando os *Anais do Ulster* e os *Anais de Tigernach;*[696] precisa os modos da propiedade e a posesión individual da terra, seguindo datos que aporta o *Book of Armagh;*[697] ou enumera e define as distintas agrupacións de tipo familiar por medio das informacións obtidas dunha serie de antigos textos legais.[698]

3. Intencionalidade política dos manuscritos

Xa se viu como os afáns de rigor científico levan a MacNeill a reclamar edicións dos antigos manuscritos gaélicos que se axeitasen ás esixencias propias da máis exquisita fidelidade lingüística, tanto na pura transcrición dos textos coma, no seu caso, na versión á lingua inglesa. Do mesmo modo, aludiuse tamén á súa demanda dunhas edicións que sinalasen con claridade os diversos compoñentes que os integran. Inevitablemente, segundo o criterio de MacNeill, as que non cumprisen tales requirimentos mínimos, á parte do aspecto caótico que presentan os seus contidos, mesmo para o experto, non podían senón ser orixe de investigacións das que deitarían conclusións erróneas. Resultados inexactos, por demais, como consecuencia da falta frecuente dunha crítica textual capaz de facer discernimento entre as diversas fraccións que compoñen cada un dos documentos, sen sometelas a un tratamento específico en función das datas concretas da súa elaboración e mais do período ó que se refiren as súas diversas informacións.

A obriga de que o traballo do investigador parta dun minucioso esmiuzamento dos textos que desmonte no posible o traballo secular de copias, refundicións e engadidos sobre o material orixinal volvíase imprescindible para un coñecemento en profundidade dos textos que permitise acadar conclusións satisfactorias. Sobre todo porque, a ollos de MacNeill, só con esta análise de precisión sería posible determinar a intencionalidade de quen non se limitara a ser copista exacto do recibido, senón que actuara directamente sobre o texto, modificándoo por medio de adicións, supresións ou inserccións. MacNeill é consciente deste papel activo dos diversos intermediarios a través dos que se transmite a materia primeira e, por conseguinte, procura detectar as súas contribucións, como un inescusable primeiro paso para despois propoñer explicacións convincentes. Explicacións, por certo, que case nunca atribúen as alteracións a erros non deliberados do axente, senón que se fundan, as máis das veces, na existencia dun ánimo interesado de orixe política que MacNeill trata de poñer de manifesto.

---

695 "The Political Framework of Ancient Ireland", CI, cap. VII.

696 "The Law of Dynastic Succession", CI, cap. VIII.

697 "Ownership of Land", CI, cap. IX.

698 "The Family Commune", CI, cap. X. Sobre todas estas cuestións trátase con detemento máis adiante.

A intencionalidade política constitúe, segundo amosa MacNeill, un factor sempre presente nos vellos manuscritos. A variedade de casos que o noso autor descobre e comenta é considerable e abarca, en realidade, todas as fontes que manexa. Citamos xa algúns dos modos en que as xenealoxías retrotraían as liñas de ascendencia das principais dinastías ás mesmas orixes lendarias da chegada da nación do *gael* á illa; ou, así mesmo, a maneira en que enxertaban nelas as vellas divindades pagás, en busca dun reforzamento do seu prestixio e da súa posición política no tempo en que se realizaran as copias das máis antigas relacións nominais.[699]

Pero os exemplos de que se serve MacNeill para reafirmar as súas teses a este respecto son moito máis abundantes e variados. Con frecuencia, amosa nos seus traballos os modos en que son reelaboradas as antigas tradicións na procura de obxectivos políticos do presente. Nos casos máis sinxelos, trátase só de simples engadidos, de alteracións ou mesmo de interpolacións do nome que conviñan ó propósito perseguido. A este tipo de intervención inmediata pertence, por exemplo, a manipulación que o cronista de Brian Bóramha, rei de Cashel a principios do século XI, realizara na lista de *high-kings* de Irlanda que contén o *Libro de Armagh,* engadindo o nome do seu señor e declarándoo "Imperator Scottorum", ou as ampliacións que este mesmo monarca ordenou facer sobre o *Book of Rights,* arredor do ano 1000, para deixar constancia de non estar suxeito á autoridade de rei irlandés ningún.[700] Da mesma especie son as inclusións nas xenealoxías de supostos personaxes que reforzaban pretensións actuais fronte a dinastías rivais, como era o caso do suposto devanceiro ó que se lle dera o nome de *Rothechtach,* é dicir, "O lexítimo";[701] ou a selección interesada das razas nobres/libres de Irlanda, coincidentes, precisamente, coas principais dinastías gobernantes en tempos do que escribe, que reflectía e lexitimaba así o *status* político dos pobos irlandeses no seu mesmo presente.[702]

Non menos evidentes na súa intencionalidade, pero de elaboración algo máis complexa, son algunhas formas de lexitimación política presentadas como pequenos relatos do pasado con capacidade explicativa do presente. Deste teor son certas narracións fabulosas incluídas nos manuscritos, como a que expón a pretendida matanza da aristocracia gaélica polos pobos vasalos no século II d.C.

---

699 Ver en "The Ancient Genealogies", CI, cap. IV, diversos exemplos de ascendencias que mesturan a raza dos fundadores lendarios cos heroes da literatura épica ulsteriana e mais cos deuses pagáns, sobre todo Lugh, *o do Longo Brazo,* a máis coñecida divindade céltica, segundo MacNeill.

700 CI, p. 24; PIH, pp. 270-1.

701 CI, p. 60.

702 CI, pp. 58-9.

e o papel dos escasos sobreviventes do masacre como antepasados fundadores das dinastías gobernantes dos tempos en que se compuxeran os textos. O relato, que MacNeill chama "The story of Mac Dareo's Hostel", e que se contén no *Libro de Fermoy,* presenta diversas variantes, escolmando cada unha delas os que quedan con vida en función do partidismo dinástico do autor da versión correspondente.[703]

Noutras ocasións, a reelaboración das tradicións cun concreto fin político dá lugar a narracións moito máis requintadas, como aquela que compuxeron os cronistas defensores do dereito da dinastía dos Ui Néill a exercer autoridade sobre a illa toda, no século IX. Nesta composición, os autores, en lugar de optar por unha afirmación directa dos fundamentos históricos da súa reivindicación, renuncian a elaborar unha liña de ascendencia que sosteña que esa soberanía especial recaía desde os tempos máis remotos en exclusiva nas mans da familia que os patrocina. Optaron, en vez desa aseveración simple, por unha invención máis *política.* Conscientes de que unha proclamación daquel calibre suscitaría rexeitamentos por parte das outras grandes familias gobernantes e mesmo esixencias de probas e de comprobacións dos documentos en que se fundaría, sinálase a preponderancia dos Ui Néill desde antigo, pero resérvaselles tamén ós antepasados daqueloutras un lugar na suposta relación histórica de soberanos deste máximo nivel, ben que só ata os tempos en que Niall fundara a dinastía á que se atribuía a lexitimidade da monarquía suprema de Tara. O resto das familias, as que no tempo de elaboración do relato exercían un poder subordinado a eses outros gobernantes de grao superior *(over-kings),* ven proxectada, de resultas, a súa situación política actual cara ó pasado, ó ser os seus ascendentes excluídos das posicións de máxima categoría.[704] Deste modo, como amosa MacNeill, a reconstrución do pasado adquire unha intencionalidade política en toda a extensión do concepto, tanto respecto da calidade do obxectivo perseguido coma en canto ós modos de presentación do argumento en que se fundamenta, que buscan unha aceptación xeneralizada por parte doutros actores políticos relevantes do momento.[705]

---

703 Ver o resume do relato e as opinións de MacNeill en CI, pp. 65-72.

704 O mesmo sucedía coas liñaxes extinguidas, xa que "[... they] did not call for adulatory fictions". CI, p. 22n.

705 Afirma MacNeill: "It will be noted that the list is carefully framed to include representatives of *all the chief kindreds which retained dynastic power within the historic period.* [...] It was good politics and no more to construct a line of over 160 kings, lasting for fifteen centuries, and to reserve all the places but one for representatives of dynasties which happened to be still ruling in Ireland in the ninth century. The tide of war and conquest must be supposed to have extinguished many a royal line in pre-Christian Ireland. *Vae victis!* Extinct lines were not worth conciliating in the reconstruction of antiquity". CI, pp. 23-4 [cursiva no orixinal].

En conclusión, a máis mínima precaución científica esixe, a xuízo de MacNeill, un tratamento dos antigos manuscritos que poña en primeiro plano a intencionalidade da que nacen. Non quere eso dicir que o seu valor desapareza, en tanto que ofrecen unha nova perspectiva ó historiador, como útiles documentos políticos propios do tempo en que foron elaborados. Neses casos en que, cun grao de complexidade diferente, segundo as ocasións, aparecen as intervencións e as construcións políticas revestidas da suposta lexitimidade histórica, MacNeill sostén que cómpre contar con que é o seu propio presente, e non o pasado, o que axudan a explicar. A miúdo, polo tanto, só esta clave política, lida no seu contexto temporal, permitirá unha adecuada comprensión deses antigos textos sobre os que se ha edificar a que el mesmo proporá como a verdadeira historia da nación gaélica.

2.2. A antiga Irlanda gaélica

2.2.1. A crítica do relato histórico tradicional da era precristiá

De entre os diversos materiais manuscritos que compoñían o catálogo dispoñible para o historiador, MacNeill realizou unha selección que lle permitise amosar cales eran os modos en que os *literati* da Irlanda gaélica medieval quixeran imaxinar o primeiro pasado da nación. Fundándose, por tanto, no estudio das que considera "the oldest written histories of Ireland" e das elaboracións dos que chama "the synthetic historians" –*sintéticos,* porque integraron as diversas tradicións literarias, históricas e xenealóxicas irlandesas nun esquema único–, MacNeill presentou de maneira pormenorizada a exposición e a análise da que durante moito tempo fora considerada como a auténtica historia da antiga Irlanda. Tomando como guía central as súas achegas no artigo "The Irish Synthetic Historians",[706] procédese deseguido a concretar o esquema dese relato no que se refire ós tempos precristiáns, tomando en conta as dúas primeiras das tres seccións en que aqueles autores medievais dividían a historia irlandesa: **1.** A etapa que transcorría ata a chegada á illa da raza gaélica, narrada no *Lebor Gabála* ou *Libro das invasións;* **2.** A fase que, desde este punto, ía ata a cristianización da man de san Patricio, segundo se conta nas *Réim Rigraide (Sucesión de reis)* e nas *Flaithiusa hÉrenn (Soberanías de Irlanda),* aínda que, en realidade, estes textos son apenas un puro listado de reis que, só de cando en vez, engaden algunha referencia xenealóxica, precisan a duración do reinado, datan a morte do monarca ou, en certos casos, destacan algún suceso notable do período; **3.** Os anais da Irlanda cristianizada, que se inician a partir do século V.[707]

---

706 CI, pp. 25-42.

707 CI, p. 2.

Exponse nas seguintes liñas, ademais, a crítica detallada que realiza MacNeill sobre o proceso de produción do que nace ese relato da Antigüidade e sobre os seus resultados. Preténdese así ofrecer unha mostra práctica máis completa dos métodos de traballo do noso historiador coas fontes orixinais gaélicas, xa suxeridos de modo indicativo en apartados anteriores, así como o distanciamento crítico que quere establecer respecto das máis antigas versións do pasado irlandés, como imprescindible fundamento sobre o que asentar un novo relato histórico axeitado ós requisitos da historiografía académica.

1. A elaboración do relato

Segundo MacNeill, durante os séculos IX, X e XI, unha serie de homes de letras, fundamentalmente os *filidh,*[708] a cargo dos cales estaba o ensino nas escolas seculares gaélicas, emprenderon un proceso de sistematización, coordinación e interrelación dos antigos relatos e tradicións que daban conta do pasado irlandés. Nesas escolas, ás que o autor atribúe continuidade coas druídicas que houbera nos tempos pagáns,[709] ensinábase ós estudiantes todo tipo de coñecementos, ocupando un lugar especial o estudio da literatura nativa mitolóxica e heroica. Por certo, resalta o noso autor, que non parece que a historia, tal como hoxe se entende este termo, formase parte das materias de ensinanza neses primeiros séculos da Irlanda cristiá.[710]

O método de preservación e de transmisión deses coñecementos era a memorización en forma poética. Sen embargo, MacNeill, como outros estudiosos da súa época, supón que o progreso nos sucesivos niveis do sistema educativo non podía depender unicamente do simple aumento da capacidade de repetición de relatos. Se nisto consistise o perfeccionamento nos graos de aprendizaxe, "Any person of good memory might rival the *fili* on this ground". Máis ben, o fundamental sería a capacidade de *harmonizar* os diversos relatos tradicionais existentes, de establecer lazos entre eles e de enmarcalos nun cadro xeral coherente: "[...] in other words, to weave them together into a web of ostensible history".[711]

Desa consideración dos vellos relatos memorizados como reflexo parcial de diversos aspectos dunha soa realidade xeral pasada debeu de partir, en opinión de

---

708 "[…] professors of secular learning", CI, p. 25.

709 CI, p. 25.

710 CI, p. 26.

711 CI, p. 37. Insistindo na idea de que debería haber algo máis ca unha simple capacidade de memorización e recitado dos distintos relatos do pasado, reproduce MacNeill noutra parte o final dun texto do *Book of Leinster:* "He is no poet who does not synchronise and adjust together all stories'. This means clearly that it was, at the time, as essential part of the poet's work to make a consecutive and dated history out of the sagas of antiquity". PIH, p. 99.

MacNeill, o proceso de sistematización das antigas tradicións, en busca de construír unha historia integral dos tempos ós que estas aludían de maneira fragmentaria. Nun primeiro momento, os esforzos por recompoñer nun *todo* dotado de sentido e coherencia o que non eran senón supostos reflexos parciais do pasado, non suporían máis que tentativas individuais dispersas. Pero, con posterioridade, a tarefa iría tomando a forma dun traballo máis planeado dentro de cada unha das diversas escolas espalladas polo país.

Esta actuación presupón, necesariamente, segundo nota MacNeill, a existencia dun criterio por medio cal os diversos *filidh* efectuar a necesaria escolma entre os diferentes materiais conservados do pasado. O cal, á súa vez, implica unha determinada concepción previa da historia da nación, imaxinada como unha estrutura composta en torno a unha espiña central que sirva de pauta de ordenamento dos acontecementos, tal como se verá de inmediato. E todo respectando un marco de referencia totalizador no que debería inserirse o pasado irlandés: o sistema da *historia do mundo* que compuxeran certos escritores latinos, dos que chegaran á illa as súas obras coa cristianización, concretamente, as historias universais recollidas nas obras de Eusebio e mais de Orosio. A este respecto, a estrutura de base sobre a que se erguería o edificio da historia irlandesa estaba constituída, fundamentalmente, precisa o autor, por adaptacións do *Chronicon Eusebii,* que na versión latina (perdida) de san Xerome chegara ás illas cos evanxelizadores cristiáns, das cales se conservan fragmentos reproducidos literalmente dentro da obra de diversos analistas posteriores.[712]

A nova relixión, por tanto, introduciría en Irlanda unha dobre corrente histórica, a que deitaba dos textos bíblicos e mais a que proviña dos escritores clásicos gregos e romanos, que, daquela, chegaban xa fusionadas nas obras dos primeiros historiadores cristiáns, como os citados Eusebio e Orosio. O relato de Eusebio, coñecido na tradución de san Xerome e na súa continuación, no século V, por Próspero de Aquitania, converteríase, segundo MacNeill, na base sobre a que se escribiu despois a historia irlandesa, que quedou incorporada, deste xeito, como unha rama máis, ó conxunto das historias dos grandes pobos da Antigüidade.[713]

---

712 De entre os anais que inclúen estes antigos textos, os *Anais do Ulster,* os *Anais de Innisfallen* e os *Anais de Tigernach,* MacNeill centra a súa análise nestes últimos. Defende a idea de que diversos fragmentos que neles se conteñen non son obra do analista, o suposto Tigernach, que, no século XI, se inspiraría en documentos orixinais máis antigos, senón que, en realidade, constitúen unha pura reprodución dun texto orixinario perfectamente diferenciable dos engadidos posteriores. Este autor da primeira historia escrita de Irlanda non sería un *fili,* senón un eclesiástico cristián, quizais Sinlán ou Mo Shinu Moccu Min, abade de Bangor (Bennchor Úloth, segundo nota da p. 32), do que se rexistra a súa morte xunto coa "finis Chronici Eusebii", no ano 609. CI, pp. 26-8.

713 PIH, pp. 88-9.

As primeiras destas composicións redactáronse, como antes se dixo, arredor do ano 600,[714] e nelas os homes de letras irlandeses foran engadindo os datos do pasado do seu pobo á narración eusebiana, que representaba a historia do mundo seguindo un esquema de columnas paralelas cos acontecementos de Mesopotamia, Exipto, Grecia, Macedonia, Roma e Israel. O esqueleto histórico resultante dividía o pasado de Irlanda en catro fases: ocupacións primitivas de Irlanda, historia do pobo ulidio (o pobo do Ulster), os tempos do rei Cormac e a conversión ó cristianismo de Irlanda.[715] O labor primordial dos poetas-historiadores consistiu, polo tanto, en encaixar os acontecementos sinalados polas tradicións históricas nativas no esquema cronolóxico creado polas historias latinas para cada unha das épocas en que estas dividían a Antigüidade do mundo, diferenciadas entre si por fitos relevantes como, por exemplo, os que sinalaban os inicios do Imperio asirio, os do Imperio medo ou os do creado por Alexandre.[716]

Os historiadores sintéticos recollerían estes vellos artificios narrativos para compoñer cada unha das partes do relato do pasado axeitado ás necesidades políticas que inspiraban a súa tarefa. A maiores, esta esixiu o engadido de novos elementos que os completasen, tanto cara a atrás coma cara a adiante. O primeiro traballo daqueles autores, desde o enfoque requirido polo período que agora nos ocupa, consistiría en encher o *baleiro* que se abría entre o inicio das tradicións históricas indíxenas e a cronoloxía bíblica sobre a que se construía o modelo do *Chronicon,* de modo que cadrasen os acontecementos recollidos nas dúas materias que se pretendía mesturar.

Nun principio, o proceso de integración nesta referencia inicial da gran diversidade de relatos irlandeses antigos foise realizando de modo disperso, de modo que dera como resultado, sinala MacNeill, unha serie de narracións diferentes e mesmo contraditorias e, cando menos, unha media ducia de cronoloxías distintas que, con posterioridade irían sendo cadradas, datadas e ordenadas polos poetas-historiadores.[717]

As antigas tradicións épicas e mitolóxicas irlandesas serían valoradas polos redactores medievais que aproveitaron os vellos sincronismos, por tanto, en función do seu grao de axeitamento a esas pautas prefixadas, é dicir, en razón da súa posibilidade de encadramento no marco xeral preconcibido. As condicións que

---

714 A primeira destas crónicas, que contén "a skeleton of Irish history" e que constitúe "the oldest known history of Ireland", foi comezada, segundo MacNeill, entre o ano 590 e o 600, rematando en 609. PIH, p. 175.

715 CI, pp. 26-32.

716 PIH, p. 50.

717 PIH, p. 98.

lles conferirán o estatuto de historicidade dependerán, por conseguinte, das relacións que se poida establecer entre todas elas e o referente central, como elementos que configuran o que se presenta como unha narración global dotada de coherencia interna. En palabras de MacNeill: "Stories could not pass for histories unless they fitted together, in time and in all other relations. The schools, therefore, set themselves to collect all the ancient traditions of the nation, weaving them into a single fabric, with dates and a regular succession and correlation of events".[718]

Por outra parte, como complemento necesario para gardar a lóxica do enteiro proceso, tamén serían sometidas a un tratamento semellante de harmonización e *sincronización* –entre si e mais con respecto a outros materiais de dentro e de fóra da cultura gaélica– as compilacións de xenealoxías, nunha tarefa que MacNeill remonta, cando menos, ó ano 900 d.C., á época do *Salterio de Cashel.* Por medio deste labor, os *pedigrees* das distintas razas tradicionais, incluíndo as supostas divindades pagás das que arrincaba cadansúa liñaxe, quedaron entretecidos nun esquema común. Deuses, heroes e reis de lenda, nun amasillo mitolóxico no que ben se percibía a pegada das mans cristiáns que moldeaban a materia de orixe pagá, pasaron a compoñer o fundamento pseudohistórico que autorizaba desde o pasado máis primeiro o presente político desde o que se escribía.[719] En suma, o traballo destes homes ilustrados consistiu en reducir "the old miscellaneous matter of tradition to unity and sequence".[720]

Considerando esta obra realizada polos historiadores-poetas, MacNeill supón, por tanto, que un dos obxectivos do traballo nas escolas, iniciado xa durante o século IX e proseguido nos dous posteriores, sería a construción dun relato histórico coherente nas súas partes e estruturado en torno a un presuposto doutrinal nuclear. Esta sería a tarefa dos historiadores medievais, dos principais dos cales lembra MacNeill os nomes e as obras conservadas, desde o primeiro deles, Mael Muru, do século IX, ata Giolla Coemain, do século XI, autor dunha *historia* de Irlanda desde a Creación ata a era de san Patricio.[721]

Tras este traballo de selección, datación e agrupación ordenada das antigas tradicións épicas, mitolóxicas e xenealóxicas, integrándoas nun armazón levantado sobre un eixe central de referencia, o resultado, de acordo co sistema habitual de

---

718 CI, p. 37.

719 CI, cap. IV: "The Ancient Genealogies", pp. 43-63.

720 PIH, p. 279.

721 CI, p. 39.

aprendizaxe e conservación do saber das escolas, foi un conxunto de relatos versificados que pretendían conter a historia da Irlanda precristiá. E, de feito, como tal foron tratados durante centos de anos.[722] Non é estraño que MacNeill, dadas as características da súa obra, cualifique a estes poetas medievais como "Irish Homeroi".[723] Claro que, a diferencia do xenial heleno, estes non terían que agardar centos de anos a que un Schliemann –xustamente nos anos de infancia e mocidade de MacNeill– dese substancia histórica ás súas composicións. Máis ben, o camiño das súas obras entre a poesía e a historia sería o contrario. Consideradas como un reflexo fiel do pasado, moitas das súas fabulacións amosarían unha extraordinaria resistencia a ser removidas do ámbito propio da veracidade histórica, onde asentaron firmemente por séculos.

2. A estrutura do relato

O "xenio inventor"[724] destes autores non radica para MacNeill, como acabamos de indicar, só nos seus merecementos puramente literarios, senón na súa capacidade para articular, a partir de vellos materiais, un relato do máis remoto pasado irlandés dotado dunha dobre coherencia. Por un lado, a que nace da harmonización e encadramento das antigas tradicións seleccionadas nun sistema de comprensión do pasado único e globalizador, tal como se acaba de expoñer. Por outro, a que deriva da adecuación de todas elas a unha doutrina nuclear de elaboración previa que actúa como desencadeante do proceso.

Este piar fundamental sobre o que se construíu todo o artificio literario dos poetas-historiadores dos séculos IX-XI foi a afirmación da antiga soberanía sobre a enteira Irlanda dunha monarquía gaélica asentada en Tara. Os poemas daqueles homes instruídos harmonizaron e *sincronizaron* –é dicir, correlacionaron cos feitos dos relatos históricos de prestixio, o bíblico e os dos pobos clásicos–, en función desta idea nuclear, os vellos mitos e tradicións nacionais, a miúdo inconexos e carentes de precisión temporal ningunha.[725] Consistiu o procedemento nun laborioso traballo de escolma, datación e ordenamento cronolóxico, así como na creación de novos elementos que completasen os espazos *baleiros* resultantes da necesidade de remontar o máis posible no tempo a pretendida posición hexemónica dunha monarquía insular central con sede en Tara. O produto final asentaba, pois, sobre dous puntos fundamentais: a chegada da raza gaélica a Irlanda e o establece-

---

722 Lembra MacNeill que, aínda no século XVII, Geoffrey Keating, na súa historia de Irlanda, citara os poemas destes *literati* como a principal e definitiva autoridade sobre a Antigüidade da nación. CI, p. 41.

723 CI, p. 17.

724 CI, p. 2.

725 "They set to work on this material, endeavouring to arrange it all in sequence and to provide it with dates –the original matter being largely independent of date or sequence". PIH, p. 98.

mento do seu dominio sobre a illa, por unha banda, e a supremacía da monarquía de Tara, pola outra.

Segundo estes principios, a narración básica do que, nas súas diversas variantes, se convertería na teoría medieval da historia de Irlanda, dominante a partir do século XI, pódese descompoñer nos seguintes apartados:

a) Poboamento. A historia elaborada polos autores medievais ocúpase, en primeiro termo, da maneira en que se levou a cabo a poboación de Irlanda. Sinala que, tras varios intentos de colonización anteriores, estableceríanse nela, sucesivamente, dous pobos emparentados, os Fir Bolg e os Tuatha Dé Danaan.

Atópanse variantes diversas sobre esta cuestión, segundo as fontes. O que MacNeill considera como o primeiro *sincronismo* histórico fala, en lugar dos nomes citados, das chegadas sucesivas dos pobos de Partholon e de Neimed. Por demais, unha vella tradición atribúe a Neimed ser o fundador da colonia dos Fir Bolg.[726] No *Libro das invasións* relátase a presenza, uns a continuación dos outros, da raza de Partholon, da raza de Neimed, dos Fir Bolg e dos Tuatha Dé Danaan. Segundo esta obra, os Fir Bolg eran descendentes da raza de Neimed que abandonaran Irlanda cara a Oriente, onde serían un pobo sometido a servidume, obrigados a carrexar terra en sacos (de aí o seu nome, que significa "Homes dos sacos") para volver férteiles terreos de rochas. Posteriormente, construíran embarcacións cos coiros das súas bolsas de traballo e fuxiran a Irlanda[727]. Os Tuatha Dé Danaan, que ocuparan a illa coas súas artes de bruxería, serían derrotados polos gaélicos, que levarían a cabo a derradeira da invasións prehistóricas.

b) Chegada dos gaélicos. Só despois dos anteriores arribarían á illa os que se converterían na auténtica *raza irlandesa,* os chamados "fillos de Mil" ou milesios, procedentes de España, que se imporían ós seus antecesores na ocupación. Segundo as xenealoxías, todos os pobos libres de Irlanda remontan a súa ascendencia á familia de Mil ou, mellor, á do seu avó, Breogan.[728] A datación do establecemento dos milesios, a raza gaélica, a lexítima posuidora de Irlanda, ofrece diversas variantes, segundo as versións do relato básico, oscilando entre o século IV a.C. e o XVI a.C. De todos modos, esta última fecha, sobre 1.600 anos antes de Cristo, foi a que se consolidaría no relato máis común.

c) Conquista e dominación gaélicas. Os novos conquistadores, tras derrotar

---

726 CI, p. 31.

727 PIH, pp. 76-7. MacNeill cita un outro relato máis antigo (non posterior ó século VIII) que conta a historia dos Fir Bolg doutro xeito: pertencerían tamén á raza de Neimed, pero nunca abandonaran Irlanda; o seu nome viríalles do comercio de exportación de terra en sacos de coiro ó mundo oriental, onde sería vendida ós gregos para estender perante as súas cidades como protección contra as serpes. Ib.

728 CI, p. 45, 47, 60.

os Tuatha Dé Danaan, establecéronse como unha aristocracia dominante, gobernando sobre un conxunto de tribos que os poetas-historiadores agrupan baixo o nome do antigo pobo dos Fir Bolg. Deste xeito, quérese sinalar unha diferenciación entre os habitantes da illa: as razas libres ou nobres, constituídas polos descendentes da estirpe milesia, e as razas non libres ou vasalas, sometidas a aquelas, formadas polos que veñen da poboación anterior á chegada dos gaélicos.[729]

d) Monarquía central en Tara. A composición medieval do pasado irlandés inclúe interminables listas de reis que pretenden demostrar a pervivencia do sistema monárquico desde o mesmo momento da fundación gaélica. E mesmo desde antes, pois idéntica forma de goberno é atribuída ós anteriores poboadores da illa.[730] Moitos dos poemas que configuran a narración histórica insisten na antigüidade de Tara como sede do "high-kingship", é dicir, dunha monarquía suprema con soberanía sobre toda Irlanda.[731] A monarquía é retrotraída ata a chegada dos gaélicos a Irlanda, recorrendo á elaboración de listas de reis con nomes extraídos das xenealoxías das principais liñaxes.[732] Ata a Era cristiá non se atribúen os dereitos sobre a sede a unha soa dinastía, senón que se considera que se deu unha alternancia irregular entre todas as grandes familias, desde a chegada dos gaélicos ata o tempo de Niall *o dos Nove Reféns,* fundador da estirpe dos Ui Néill, a finais do século IV d.C.[733] Nos séculos primeiros de alternancia, aínda que se reserva cadanseu posto ás grandes dinastías –e mesmo se fai un oco para un rei dos pobos vasalos, Coirbre *Cabeza de Gato,* como "[...] a discordant note of striking verosimilitude"–, a maior parte dos soberanos pertencen ás sedes de Tara e Cashel, que encabezan a lista co reinado de Eber e Eremon, os fillos de Mil, que dividiran a illa entre eles e que foran os primeiros reis da raza gaélica en Irlanda.[734]

e) A pentarquía. A narración medieval sostén que, xusto antes da Era cristiá, a monarquía soberana con xurisdición sobre a enteira illa deixara paso a unha pentarquía,[735] é dicir, a un sistema no que os monarcas dos cinco principais reinos que se repartían o espazo irlandés –Tara (Meath), Leinster, Cashel (Munster),

---

729 CI, p. 64.

730 CI, p. 2.

731 A máis antiga historia escrita de Irlanda, sen embargo, elaborada como continuación da *Crónica* de Eusebio, arredor do ano 600, leva a monarquía de Tara só ata o ano 46 d.C., data a partir da cal inicia a relación dunha lista de reis de toda a illa. PIH, p. 115.

732 PIH, pp. 115 e 239; CI, pp. 3-4.

733 CI, p. 22.

734 CI, p. 23.

735 PIH, p. 100.

Connacht e Ulaidh (Ulster)– exercían un poder de igual entidade, sen predominio de ningún deles sobre os demais. O tempo dos pentarcas sería só unha breve interrupción na historia da monarquía.[736]

f) Restauración da monarquía central. A exposición elaborada polos historiadores *sintéticos* considera que a supremacía dos reis de Tara sobre o enteiro territorio insular sería restaurada na primeira centuria da Era cristiá.

g) A revolta dos pobos sometidos. Segundo a narración *sintetizadora* medieval, despois de dezaseis séculos de sometemento, os pobos vasalos, englobados baixo o nome xenérico de Fir Bolg, rebeláronse contra os seus dominadores gaélicos. Tal sublevación, que tivera lugar durante os séculos I ou II da Era cristiá,[737] supuxo a exterminación case completa da aristocracia gaélica e o establecemento dunha nova monarquía.[738] Con posterioridade, tras uns anos nos que o país padecería desgrazas e catástrofes sen conta baixo os usurpadores, os milesios volveron victoriosos desde a gran illa veciña, onde algúns dos seus nobres se refuxiaran. Tuathal *o Lexítimo* recobrou entón a coroa para aqueles ós que correspondía en xustiza, converténdose en rei de Tara arredor do ano 100 d.C.[739]

3. Valoración do relato por MacNeill

A reconstrución do máis remoto pasado realizada polos poetas-historiadores, os que chama "medieval reconstructors of Irish history",[740] nos séculos que abrazan o ano 1000 d.C., merece unha descualificación xeral por parte de MacNeill, en canto á súa consideración como documento que reflicta a realidade histórica. Tal enxuizamento negativo afecta á veracidade dos propios acontecementos que no relato se contan, así como á precisión temporal dos diversos elementos de que está composta.[741]

A elaboración histórica tradicional, en canto se refire ós tempos anteriores á cristianización de Irlanda, é xulgada por MacNeill como unha "pseudohistoria",

---

736 Os historiadores *sintéticos,* sabedores da tradición da existencia dunha pentarquía, descrita nos relatos do ciclo épico do Ulster, crearían outra similar fantástica para os tempos dos Fir Bolg. CI, p. 18.

737 Segundo as versións: CI, p. 5, para a primeira, e CI, p. 65, para a segunda data.

738 MacNeill recolle estes acontecementos fabulados polos poetas-historiadores no artigo xa citado "The Revolt of the Vassals", CI, pp. 64-72.

739 CI, p. 5; en id., p. 39 precísase o reinado entre os anos 130 e 160, seguindo as indicacións do poeta-historiador Mael Muru. Segundo cálculos feitos por MacNeill a partir das xenealoxías, Tuathal puido reinar entre os anos 150 e 175 da Era cristiá. PIH, p. 118.

740 PIH, p. 239.

741 Outra cousa é que, máis alá da crítica á formulación concreta do sucedido na Prehistoria irlandesa que presenta a narración medieval, MacNeill manteña, na súa propia obra sobre o período, boa parte da estrutura sobre a que se edificou este relato, convertido no modelo histórico de aceptación xeneralizada e reproducido como tal durante séculos. Pero desta cuestión tratarase máis adiante neste traballo, que se limita agora a pormenorizar a análise directa á que MacNeill somete esta elaboración histórica medieval.

"partly fabricated, and partly made up of mythology, legend, and epic narrative, arranged under an arbitrary chronology".[742] En realidade, considera que, ó actuar de modo arbitrario sobre elas, as tradicións foron falseadas. Para axeitalas ás propostas históricas que lles conviña espallar, os *literati* medievais manipularon os elementos pagáns e introduciron un sistema de datación para un material que carecía de tales precisións temporais.[743] Por demais, non se sorprende MacNeill das fabulacións construídas sobre estas cuestións do pasado, que non desentoaban co ambiente xeral da época en que foron concibidas, "[...] when the reconstruction of Irish history was in full activity", "[...] a time of widespread fabrication in Irish literature", cando estes historiadores puideron aproveitar a reputación e a posición social das que gozaban para implantar as súas elucubracións históricas sobre a mentalidade acrítica da súa e de vindeiras xeracións, sempre ben dispostas a integrar na propia visión do mundo unha explicación dos tempos anteriores sinxela e coherente co seu respectivo presente.[744]

Estes autores que se esforzaron en poñer por escrito a historia da Irlanda prehistórica serían convertidos na referencia de autoridade última sobre a que apoiar os relatos acerca do pasado que se irían desenvolvendo con posterioridade. Dun modo tan efectivo callarían as súas fabulacións na mentalidade irlandesa, que durante séculos pasarían por ser a verdadeira tradición histórica, converténdose, ó parecer de MacNeill, no principal obstáculo que debería ser removido polos historiadores contemporáneos para achegarse ó verdadeiro pasado irlandés.[745] Sabendo que os escritos históricos foron revisados periodicamente, adaptándoos ás necesidades do momento, a garantía que ofrecen como fonte histórica vese moi restrinxida. Nin sequera, pensa MacNeill, a súa credibilidade resultaría reforzada ó contrastalos coa tradición máis pura, en canto que esta se fora compoñendo, precisamente, sobre a base que os propios escritos *sintéticos* elaboraron nuns instantes concretos.[746] Desta maneira, a súa autenticidade redúcese á que se lle pode atribuír a unha fonte que desde o século

742 CI, p. 40.

743 PIH, p. 279.

744 CI, pp. 71-2. Explica MacNeill noutro lugar o atractivo destas construcións para o espírito crédulo da época cunha comparanza: "[...] just as even a weak and specious philosophy appeals to vacuous minds, gratifying them with a sense of some form of unity and order to take the place of chaos". Id., p. 41.

745 PIH, p. 280.

746 A opinión de MacNeill sobre a verosimilitude das versións que se foran compoñendo no tempo non é nada favorable. Así o reflicte a súa valoración sobre as adaptacións á comenencia do relato que fora producindo unha escola tradicional de historia, exemplificada en Geoffrey Keating, "in which the school was the tradition rather than the guardian of tradition". CI, "Preface", p. XIII.

IX, no mellor dos casos, se ocupa de acontecementos que se atribúen a tempos tan distantes dos dela como os anteriores ó século IV.[747]

A crítica de MacNeill ó relato medieval dos tempos precristiáns realízase nunha dobre dimensión. A primeira ten un alcance global, pois afecta ó mesmo núcleo central que orixina a súa elaboración: a existencia dunha monarquía con soberanía sobre toda Irlanda na era prehistórica. A segunda vai dirixida a demostrar a falta de veracidade factual e cronolóxica de cada un dos elementos que configuran a narración. Nas dúas perspectivas, o fundamento que permite o rexeitamento da versión dos poetas-historiadores medievais é a atribución dunha intencionalidade política á obra que estes compoñen. Descuberto o obxectivo que está na orixe da composición do relato, a tarefa de MacNeill consistirá en desentrañar os mecanismos que os escritores utilizan para acadalo e mais en poñer á vista, como consecuencia, o artificio construído.

Por tanto, a clave que sostén a análise crítica de MacNeill está na consideración da narración histórica medieval como unha construción política. Trátase, segundo cre, dun relato que só pode ser comprendido como parte do contexto político no que xorde, como resposta directa a unhas necesidades e comenencias inmediatas e concretas. En consecuencia, foran os requirimentos destas circunstancias motivadoras os que determinaran a totalidade do proceso de produción do relato: a súa propia concepción, a súa elaboración e o resultado específico en que conclúe.

A consecución dunha descrición histórica do *verdadeiramente* acontecido co pobo irlandés desde as súas máis distantes orixes non fora, polo tanto, o factor que impulsara o traballo dos poetas-historiadores. Estes actuaran, máis ben, movidos polo afán de despregar argumentos que reforzasen e lexitimasen pretensións e intereses políticos do seu propio presente ancorándoos no pasado. O gran éxito destes homes de letras radicaría, precisamente, no posterior escurecemento das razóns conxunturais das que nacera a súa obra. Esquecida a causa primeira que promovera a súa elaboración, o relato aparecería máis tarde como simple descrición obxectiva, non intencional, da realidade pasada, consolidándose a súa versión como a única e auténtica historia da Irlanda precristiá. Lembrar a finalidade orixinaria e descorrer o veo encubridor sería o obxectivo primeiro de MacNeill no seu traballo como historiador.

Concreta MacNeill o propósito dos creadores literarios desta visión do pasado na procura dunha confirmación do dereito que os gobernantes que rexían

---

747 "Since, however, the tradition can be traced back no further than the autorities in whose support it is cited, it adds nothing to their authenticity, which is that exactly of statements made in the ninth and later centuries with regard to events supposed to have taken place in the fourth and earlier centuries". CI, p. 42

en Tara nos séculos IX-X-XI alegaban ter a unha posición de supremacía sobre os demais reinos da illa. De feito, sostén que xa no século IX levaba o *high-kingship* tempo nas mans das diferentes ramas da dinastía dos Ui Néill que gobernaba en Tara.[748] A partir dese momento, e durante dúas centurias máis, os *filidh* de diversas escolas, partidarios ou ó servizo desa casa dinástica, compuxeron unha serie de poemas xenealóxicos e históricos destinados a demostrar o papel decisivo da monarquía central de Tara ó longo da historia irlandesa, desde os seus períodos máis antigos, desde os mesmos tempos fundacionais da raza. En función deste obxectivo, afirma MacNeill, foron reordenadas e reescritas todas as tradicións, refundidas nun conxunto de composicións versificadas que condensaban o suposto relato do pasado irlandés desde a máis distante Antigüidade.[749]

Tras poñer de manifesto a decisión orixinaria que impulsara a construción do relato, MacNeill cre comprender a lóxica pola que se establecen as interrelacións entre os distintos elementos que o integran e procede a deixala ó descuberto. Para levar a cabo tal tarefa, elabora a análise detallada dos compoñentes principais da narración, centrándose, en particular, na propia aparición da raza gaélica en Irlanda e na existencia da institución monárquica central.

a. *A raza milesia.* MacNeill considera a narración milesia, recollida no *Libro das invasións,* que conta a historia fantástica de Irlanda e do pobo gaélico ata a súa chegada á illa, como un intento altomedieval por integrar o país no esquema histórico tradicional de orixe bíblico-latina, creando unha lenda das orixes semellante ás que se atribuían ós pobos clásicos da Antigüidade e carente por completo de veracidade.[750] De modo que a descendencia gaélica de Mil non é máis que unha ficción xenealóxica non anterior ó século VII d.C., realizada, como demostra MacNeill que se fixera na construción interesada das liñas de ascendencia, cunha finalidade estritamente política.[751]

A adaptación das orixes dos gaélicos ós requirimentos do modelo paradigmático da historia do mundo na Antigüidade realizouse aproveitando os materiais dos que dispoñían as escolas cristiás irlandesas. De entre todos eles, descobre MacNeill que o máis axeitado ós propósitos perseguidos foi o da historia

---

748 CI, p. 38.

749 "It was to this end that stories were learned, studied, harmonized, and synchronized in scores and fifties". CI, p. 38.

750 "The 'Milesian' legend, like its name, is of Latin origin. It arises from an effort to find in Latin historical and geographical accounts of the world a suitable origin for the Gaelic people of Ireland". CI, p. 6.

751 "For the most part, the significance of 'Milesian' pedigrees is not racial, but political". CI, p. 64.

de Orosio, aproveitándose non só os seus contidos sobre personaxes e acontecementos, senón tamén as súas abundantes referencias xeográficas, segundo comproba detalladamente.[752] A primeira de tales alusións afecta á mesma orixe da raza gaélica, localizada en Escitia, o lugar máis axeitado de entre os que cabía a posibilidade de utilizar, segundo a interpretación de MacNeill, desde a perspectiva dos coñecementos medievais. A súa análise amosa que a procedencia que se atribúe ó pobo gaélico provén das semellanzas que se atopan entre a denominación que os habitantes de Irlanda recibían na obra de Orosio (compartida por todos os primeiros escritores irlandeses en latín), *scotti,* e o máis parecido dos pobos que se citaban nos textos latinos dispoñibles, *scythi.* Sostén, ademais, que outra tradición independente e máis antiga escolleu outra terminoloxía latina, aínda anterior, que denominaba *hiberni* ós moradores de Irlanda. Desde ela, estableceríase unha relación nominal con outro pobo citado nos vellos textos latinos, o dos *iberi,* habitantes das montañas do Cáucaso, en Armenia, facendo ós milesios orixinarios daquelas rexións das lindes asiáticas.[753] Posteriormente, os poetas-historiadores parecen fusionar os dous relatos por medio do recurso de facer permanecer os *escitas* unha tempada en España, o país dos *iberi* occidentais, na súa viaxe cara a Irlanda. Deste modo, as dúas denominacións atopaban unha explicación convincente ós seus ollos.

Sinala tamén MacNeill que se dá unha correspondencia de detalle que liga a descrición das viaxes dos milesios entre as súas terras de orixe e de destino coa representación xeográfica do mundo que contén a obra de Orosio, que, á súa vez, segue a Eratóstenes e mais a Estrabón, aínda que descoñece por completo, en cambio, as contribucións máis precisas de Ptolomeo, no século II. MacNeill destaca as coincidencias indiscutibles que se aprecian entre esta visión do mundo e a que se describe nos relatos históricos irlandeses, tanto cando se trata da versión terrestre das viaxes gaélicas coma cando se presentan na súa versión marítima.[754]

Pero Orosio aínda fornece con moitos máis detalles as historias irlandesas, tal como expón MacNeill ó lembrar a narración do descubrimento de Irlanda desde a Torre de Bregon, que este construíra nas costas setentrionais españolas, a posterior expedición dos gaélicos ata a illa e o seu desembarco en "Inbhear Scéine". Segundo MacNeill, o erudito irlandés tomara os elementos con que compoñer o seu relato do descubrimento dos textos de Orosio que falaban da cidade de Brigantia, no norte

752 PIH, pp. 90-7.

753 MacNeill cita un parágrafo do *Libro de Lecan* que o afirma de modo expreso. PIH, p. 91.

754 Seguindo a xeografía orosiana, a viaxe gaélica, por exemplo, aproveita a indicación que aquela fai sobre a comunicación do mar Caspio co océano do Norte, pasando despois pola desembocadura do Ganxes, que Orosio fai desaugar no océano oriental polas costas do leste asiático. PIH, p. 92.

de España, e do seu enorme faro, que miraba cara á Gran Bretaña, e dos que dicían que Irlanda estaba no camiño entre aquela e a península Ibérica, a cal, á súa vez, era visible desde o promontorio surirlandés xunto á desembocadura do río Scena: Bregon/Breogan –que parece ser un nome verdadeiro irlandés– queda relacionado, así, con Brigantia; Irlanda é visible desde esta –pois está máis próxima a ela que Gran Bretaña, que el interpretara que se podía ver desde España; e a viaxe termina en "Inbhear Scéine", lugar inexistente na realidade, que MacNeill di que non é senón a tradución do *ostium Scenae* orosiano.[755] A conclusión non pode ser outra que a falsidade do relato: "The fact is that the whole story of the origin of the Gaels in Scythia or in Armenia, their wanderings by land and sea, their settlement in Spain, and their landing in Ireland, is an artificial product of the schools, and does not represent a primitive tradition. It must have displaced the popular tradition".[756]

En canto ás datas da chegada da raza milesia, que o relato converte no pobo que domina de modo lexítimo o enteiro espazo irlandés, MacNeill somete á crítica a fixación da antigüidade da súa presenza na illa. A tendencia, segundo cre, foi a levar cara a atrás no tempo a colonización nas sucesivas re-escrituras, co dobre obxectivo de reforzar o prestixio de Tara e de achegar a tradición irlandesa o máis posible á cronoloxía bíblica.[757] En consecuencia, debe atribuírse a condición de poemas históricos máis antigos a aqueles que establezan unha fecha máis tardía para esta chegada fundacional, que oscila, segundo as versións, entre os puntos extremos do século IV a.C. e do século XVI a.C. A datación que se xeneralizaría, a que sitúa o acontecemento 1.600 anos máis alá da Era cristiá, sería, polo tanto, a última das propostas, revelando este distanciamento temporal progresivo a consolidación da doutrina central que inspira desde un principio a formulación da narración.

Aínda máis, MacNeill cuestiona dun modo completo a tradición da raza de Mil, ó negar a realidade da chegada á illa dun pobo coas súas características. Se ben na primeira redacción dos artigos que despois recollería en *Celtic Ireland* sostiña a tese da existencia dunha colonización céltica desde Gran Bretaña, coincidente coa ocupación da gran illa veciña polos exércitos de Roma, e que relacionaría coa chegada fabulada na forma milesia, pronto se apartaría dela.[758]

---

755 PIH, pp. 93-5.

756 PIH, p. 95. A xenuína tradición nativa das orixes dos gáelicos cre MacNeill que podería ser unha que os considerase os descendentes dunha raza divina (os Tuatha Dé Danaan) chegada a Irlanda desde o norte europeo.

757 CI, p. 36.

758 "This hypothesis of a very Celtic colony or group of colonies, to which I thought to attach the story of Mil and the spurious name 'Milesian', I have long known and professed to be untenable. [...] Apart from the 'Milesian' thesis, worthy to be forgotten [...]". CI, "Preface", p. XIII.

MacNeill rexeita non só a certeza dunha colonización milesia-celta, senón o propio termo usado para denominar o pobo orixinario irlandés, optando por *gaélico* no canto de *milesio.*[759]

Observa MacNeill que as implicacións que deitan da decisión de levar a colonización gaélica de Irlanda a unhas datas tan afastadas dos momentos nos que se escribiu o relato obrigara ós autores a un gran esforzo de imaxinación para encher un período de tempo tan dilatado. Foi a estes efectos que os homes de letras tiveron que *harmonizar* as antigas tradicións, pero deberon, ademais, *inventar* outras novas que desempeñasen unha función equivalente para as etapas que aquelas non cubrían, de modo que o relato quedase completo ata os tempos históricos.

b. *A monarquía central.* No caso da monarquía, da que se aseguraba no relato que estivera presente ó longo de todo o pasado irlandés, sen apenas interrupción ningunha, os *literati* medievais houberon de proceder á elaboración dun listado de reis que abranguese desde a conquista gaélica ata os tempos de san Patricio, a partir dos cales xa daban noticias dela os anais cristiáns. Trátase, en realidade, de pouco máis que unha simple relación nominal,[760] que conta a maiores, ás veces, cunhas concisas referencias á ascendencia, á morte e á duración do mandato dalgúns reis. Pero nin sequera, subliña MacNeill, estas puras enumeracións de nomes de monarcas responden a realidade ningunha, feitas como están a partir das xenealoxías míticas, mesmo cun método "so recklessly artificial as to make a king out of a misread note to one of the pedigrees".[761] Incluso na xa citada primeira historia irlandesa, composta sobre a crónica eusebiana, a sucesión de reis de Tara nin tan sequera respecta o sistema sucesorio habitual no período histórico coñecido, que non se rexía pola simple transmisión da coroa de pais a fillos, como nela se expón.[762] Sería esta simplicidade que deriva do puro encadeamento de nomes da realeza, sen embargo, a que permitiría a aquelas fabulosas listas gozar durante séculos da condición de xenuíno reflexo do pasado da monarquía, precisamente, segundo MacNeill, porque os seus creadores sacrificaran a brillantez literaria en aras dunha maior aparencia de autenticidade.[763]

---

759 "The term 'Milesian' ought to be discarded, being a mere pedantic and modern substitute for 'Gaelic". CI, p. 3 (nota engadida á edición en forma de libro).

760 "[…] a bare catalogue of kings", escribe MacNeill. CI, p. 2.

761 PIH, p. 115.

762 "It is a succession from father to son, wich is contrary to the known custom of all the insular Celts, in Ireland, Wales, and Scotland. In other words, it is again merely a pedigree converted into a dynastic succession". PIH, p. 115.

763 "It might have formed a splendid epic, if its authors had not chosen to simulate history. [...] So when the synchronising and harmonising historians evolved dry lists of kings, dated and correlated a mass of hero-

É claro, polo tanto, que MacNeill non concede valor de documento informativo histórico a estas relacións de gobernantes supremos, por canto as considera pouco máis que unha invención realizada a partir dos nomes que compoñen os repertorios xenealóxicos tradicionais da raza gaélica,[764] elaborados co obxectivo de obter un plus de lexitimación política por medio dunha proxección cara a atrás, ata os supostos tempos da chegada dos *gaels* a Irlanda, da historia da monarquía, utilizando unha selección interesada de nomes dos antigos *pedigrees* dinásticos.[765] Non era un método, por outra parte, exclusivo dos poetas-historiadores irlandeses. MacNeill atopa tamén a mesma conversión de liñaxes familiares en listas de reis no caso da monarquía medieval de Escocia.[766]

Por outro lado, MacNeill discrepa na duración temporal que os poetas-historiadores establecen para a pentarquía e mais a monarquía. Lonxe da versión que estes promoven, que presenta a etapa da pentarquía como un breve período no que o territorio da illa se repartía entre cinco monarcas iguais de condición, interrompendo apenas o decurso dunha monarquía que viña de tempos inmemoriais, MacNeill sostén que aquela foi, en realidade, a forma de distribución do poder político que precedeu á monarquía durante un moi longo período de tempo.

En definitiva, a posición de MacNeill respecto das pretensións da existencia dunha institución monárquica central de semellante antigüidade resúmea el mesmo cando a cualifica como "the barren legend of a monarchy as old as the kingdom of Israel [...]",[767] só explicable nas condicións concretas do período en que se fabricou o relato. As súas conclusións respecto da hexemonía de Tara, o núcleo central da construción medieval da era precristiá, son ben claras: "[...] (1) that the story of the monarchy before the Christian era is fictitious; (2) that the first substantial fact is the existence of a pentarchy, with no superior monarchy, about the beginning of the Christian era; (3) that the historical monarchy arose between this time and the time of Saint Patrick".[768]

---

lore, and interwove a hundred of pedigrees, they spoiled a grand epic, but acquired enduring authority by a bold assumption of authenticity". CI, p. 17.

764 Sostén que demostrou no artigo "Notes on the Laud genealogies" que os nomes reais son unha pura repetición dos que conteñen as xenealoxías. CI, p. 4n.

765 PIH, p. 239.

766 Ó contemplar, estrañado, a curiosa lista dos 43 reis de Escocia anteriores a Fergus, recollida na historia escocesa de Buchanan, coa aparencia de ser nomes latinizados, procedentes doutra lingua, MacNeill concluíu que se trataba, en realidade, dos antepasados irlandeses de Fergus MacEirc, príncipe irlandés que fundou en Escocia o reino e a dinastía de Dal Riada. Os supostos 43 monarcas anteriores coinciden, nome por nome, de pai a fillo, coa xenealoxía irlandesa de Fergus. É a mesma transposición nominal que MacNeill aprecia nas antigas historias de Irlanda. PIH, p. 116-7.

767 CI, "Preface", p. XIII.

768 CI, p. 8. Reafirma as datas en PIH, p. 130-1.

c. *A rebelión dos pobos sometidos.* Respecto doutro dos elementos constitutivos do relato histórico-literario, o que chama "A revolta dos vasalos", MacNeill non expresa dúbida ningunha sobre o seu carácter de recurso narrativo construído para atender unha función específica, concretamente, a de prover de coherencia ó enteiro relato sobre a Irlanda precristiá, superando a fractura que establece o cadro xenealóxico que crean os propios historiadores sintéticos. A tal narración é presentada polo noso autor como unha simple invención dos séculos IX-X, non como unha tradición anterior reformulada. E aínda máis, sinala a súa contradición cos relatos xerais anteriores, coas propias xenealoxías tradicionais e mais coas que se seguirían elaborando ata o século XII e mesmo ata tempos modernos. Estas establecen, paso a paso, a ascendencia de todas as dinastías gaélicas ata a familia de Mil, mentres o plano sintético se funda na brusca extinción de todas as liñas, agás as tres que lle interesan, a causa do masacre mencionado.[769] Con todo, pese ó rexeitamento da veracidade do relato, que na súa forma actual aprecia que está "cheo de improbabilidades", "como un conto de fadas para nenos", MacNeill no descarta a posibilidade da existencia por aquela época (segunda metade do século II d.C.) dunha "revolución plebea", dun levantamento dos pobos sometidos contra o dominio gaélico.[770]

MacNeill presenta o tal relato da rebelión contra os gaélicos como un elemento de importancia central na historia *sintética.* Atribúelle a esa narración o papel de asegurar a credibilidade da enteira visión global do pasado que promovían os seus autores, pois pretendía resolver a incongruencia evidente entre a suposta antigüidade milenaria da raza gaélica en Irlanda e o feito de que as relacións xenealóxicas do esquema *sintético* facían converxer –para reforzar a posición dos señores dos poetas– a nobres e dinastías en apenas tres devanceiros, que supostamente viviran no século II d.C. e dos cales arrincaban as subdivisións do pobo gaélico coñecidas desde os tempos históricos. Como resultado desa interesada tese, xurdía unha cuestión á que os construtores da historia non podían deixar de responder: "how can remote antiquity be ascribed to a dominant race whose tradition narrows down to a few individuals in the second century of Christianity?".[771]

A invención da xa mencionada eliminación da práctica totalidade da nobreza gaélica pola insurrección dos pobos sometidos e o posterior regreso dos sobreviventes

---

769 CI, p. 71.

770 "There is no inherent improbability in the main fact of the story, the occurrence of a plebeian revolution which for a time displaced the Gaelic ascendancy, and the occurrence of a subsequent complete reaction. Something like it happened in France little more than a century ago and in England under Oliver Cromwell". PIH, p. 119.

771 CI, p. 72.

para restaurar o dominio lexítimo da estirpe de Mil foi a maneira pola que se buscou conciliar a fantástica antigüidade que os homes de letras dos séculos IX-X quixeron atribuír ás familias dos seus señores e o paradoxo de que un pobo que se pretendía que rexera Irlanda desde 18 ou 20 séculos antes tivese tan escasa descendencia a principios da Era cristiá.

Pero a proposta histórica elaborada polos defensores da monarquía central en torno ó cambio do primeiro ó segundo milenio da nosa era precisaba de algo máis, insiste MacNeill, que do progresivo entretecemento das tradicións nun novo entrabado consonte cos obxectivos políticos que se perseguían e a fabricación dos elementos complementarios que cumprían para cerrar o esquema global do pasado. Esixía, a maiores, o afastamento das tradicións que non encaixaban no modelo ou que mesmo o desmentían. A propia consolidación posterior do relato *sintético* como xenuíno reflexo do pasado irlandés iría provocando unha depuración espontánea dos materiais tradicionais, aliñándoos ben no campo histórico, ben no literario. Aínda que os límites de separación entre estes ámbitos permanecerían difusos aínda durante moitos centos de anos e, por tanto, a interpenetración sería abondo doada, si parece que as tradicións que non entraban no cadro histórico creado polos *literati* creadores das *sínteses* sobre os séculos pretéritos foron perdendo co tempo a consideración de versión alternativa do pasado.

Supostas as estreitas conexións que establece entre os intereses políticos e o traballo das escolas literarias, MacNeill atopa sinxelo explicar as razóns da existencia de diversas variantes dos relatos na documentación manuscrita dispoñible. Cita, entre outros casos, o exemplo das diferentes versións existentes da "Revolta dos vasalos". Nas elaboradas por autores partidarios das dinastías de Cashel ou de Tara, as tres razas libres/nobres que nacen dos tres sobreviventes do masacre son as relacionadas con estas dúas casas –os pobos de Munster e de Meath– e mais co pobo do Ulster. Non se atopa entre elas o pobo de Leinster. Como sería imposible atribuír ese esquecemento dun escritor do Medievo irlandés á ignorancia, MacNeill deduce que se debe á pura intencionalidade política do momento, pois tanto Tara coma Cashel proclamaban o carácter de vasalos seus dos monarcas do Leinster.[772]

A versión elaborada na defensa da causa de Tara aínda ía máis alá na exaltación da súa dinastía e na súa reivindicación da soberanía sobre toda Irlanda. No seu relato, as únicas vítimas da revolta son os gobernantes de Meath (Tara), contra os que conspiraran non só as razas sometidas, senón tamén os reis do Ulster, de Leinster,

[772] CI, p. 70.

de Connacht e de Munster, é dicir, dos outros catro *over-kingdoms* existentes, sobre os que os Ui Néill de Tara proclamaban a súa supremacía no momento de compoñerse a narración.[773] Confírmase aquí tamén que foran as motivacións políticas do presente as que determinaran a existencia de diferentes versións.

d. *O relato ulidio alternativo.* O que podía resultar relativamente sinxelo cando se trataba de elaborar unha narración completamente inventada, *ex novo,* volvíase máis complexo no caso dos elementos da historia *sintética* construídos por medio da manipulación directa das antigas tradicións épicas ou mitolóxicas. A actuación sobre estes materiais, de coñecemento xeral, requiría dunha finura no tratamento moito maior, pois unha contradición demasiado rechamante respecto deles podía restar forza e credibilidade a un relato que pretendía establecer unha continuidade entre o presente e o pasado ó que aqueles se referían.

A única tradición histórica e literaria que podía competir co novo relato *sintético* promovido desde os intereses de Tara, en condicións parellas ou mesmo vantaxosas, dada a súa antigüidade e a súa difusión, era a orixinaria do Ulster, as vellas terras propias dos ulidios. Aínda que en tempos da cristianización este pobo xa non rexía na zona, despois de que os príncipes de Tara destruíran a súa capital, Emain, e lle arrebataran os seus principais territorios un século antes, quedando confinados nun pequeno reino costeiro,[774] con todo, o seu prestixio aínda era abondo como para que, cen anos despois da derrota, san Patricio elixise Ard Macha (Armagh), nos arredores da que fora capital ulidia, como sede da metrópole eclesiástica, e non Tara, desde a que Niall, o fundador da dinastía Ui Néill, se proclamaba naqueles tempos *high-king* de toda a illa.[775]

Como consecuencia da actividade misioneira de Patricio e os seus discípulos, no século V, non só se espallara a relixión cristiá polo vello país setentrional, senón que se iniciara alí tamén a literatura escrita irlandesa, segundo lembra MacNeill.[776] Non é sorprendente, por tanto, que estas primeiras manifestacións literarias nativas contivesen pegadas das moi ricas tradicións heroicas da época pagá daquel pobo. Fundándose neses antecedentes, MacNeill defendeu a autoría ulidia da máis antiga historia irlandesa sobre os tempos precristiáns, realizada arredor do ano 600 d.C.,[777] así como a da primeira literatura épica escrita de Irlanda.

---

773 CI, pp. 71-2.

774 CI, p. 24.

775 CI, pp. 11-2.

776 CI, p. 9.

777 CI, p. 32, e "The authorship and structure of the Annals of Tigernach", segundo di en id., p. 12.

En efecto, afirma o historiador, a épica do Ulster foi posta por escrito, sen dúbida ningunha, por un partidario da raza ulidia, pois adoita representar o dominio desta sobre as outras catro divisións clásicas de Irlanda, que sempre aparecen nela coligadas contra os ulidios.[778] Por demais, todo este conxunto de tradicións heroicas gozaba, nos tempos en que a escola *sintética* configurara a súa historia, do prestixio que envolve o que xa se ten por *clásico,* non só no aspecto literario, senón como mostra aínda viva dun glorioso e irrecuperable pasado, que asomaba nos trazos de paganismo e primitivismo que reflectían os vellos escritos en que se recollían.[779] De todas as antigas tradicións expresadas por escrito, a primacía correspondía, sen dúbida ningunha, ás que conformaban a épica ulsteriana, o *Tain Bo Cuailnge* e os relatos relacionados con el, que serían tomados como fonte de lembranza histórica no Medievo.[780] A reputación e o crédito das antigas narracións históricas ulsterianas converteríanas na referencia inicial obrigada de todo relato que pretendese ocuparse do máis puro e prístino pasado.[781]

En consecuencia, afirma MacNeill, o novo relato histórico creado para fundamentar os dereitos monárquicos non podía contradicir o que era coñecido e respectado por todos, aquel conxunto de sagas ulidias que, precisamente por entón, estaba deixando de ter un alcance local e provincial para converterse na principal parte da tradición heroica nacional irlandesa, debido, segundo a opinión do autor, ás súas virtudes literarias, á carencia dunha épica comparable nas dinastías dominantes e, sobre todo, ó feito de que os ulidios desapareceran había ben tempo como poder político e, por conseguinte, como posibles rivais para os que agora proclamaban a lexitimidade da súa candidatura á soberanía sobre a illa toda.[782] Máis aínda, aproveitando a carencia de cronoloxía da épica ulidia,[783] o esquema das xenealoxías *sintéticas* incorporou boa parte dos seus personaxes máis sinalados, como medio de reforzar a credibilidade das súas proposicións. Os heroes ulidios mellor considerados foron inseridos nelas como devanceiros de moitas das grandes familias, mentres se remontaba a ascendencia das dinastías rivais das dos autores da nova historia ós protagonistas negativos da épica ulidia. Mesmo se introduciu nas relacións xenealóxicas das casas principais unha mestura que integraba nas súas ascendencias os grandes personaxes do ciclo ulidio, os antigos deuses pagáns,

---

778 CI, pp. 12-3.

779 CI, p. 18.

780 "Their historical tradition was adopted without question by our medieval historians", PIH. p. 100.

781 "*In tempore ulutorum,* 'in the time of the Ulidians', is a phrase used to denote a venerable and pristine antiquity". CI, p. 18.

782 CI, pp. 13-4.

783 As indicacións temporais que inclúe son froito de intervencións e engadidos posteriores. CI, p. 18.

humanizados como heroes, e mais os protagonistas da lenda milesia. Deste modo, é posible atopar *pedigrees* familiares onde o heroe ulsteriano Fergus mac Roig aparece como o vixésimo primeiro descendente de Breogan, o avó de Mil, ó tempo que descende –en quinta xeración– de Lugh *o do Longo Brazo,* o máis famoso dos deuses celtas. Ou cabe atopar a Cú Chulainn, o gran protagonista da épica do Ulster, ocupando o lugar vixésimo quinto na liña descendente de Breogan e o décimo terceiro na de Dagda –o primeiro dos deuses irlandeses–, que, á vez, está no décimo da procedencia de Mil.[784] En definitiva, as vellas e populares lendas das fazañas dos heroes do Ulster non podían ser desprezadas polos construtores da nova historia e, polo tanto, foron manexadas de modo adecuado para que desen consistencia engadida ó novo relato, integrándose nel os seus elementos como unha parte constitutiva máis.[785] O que fora en principio unha tradición local, a literatura épica ulidia, gañou un novo ámbito *nacional* a través da súa apropiación interesada polos escritores da escola *sintética.*[786]

Claro está que o material ulidio incorporado debeu ser seleccionado con tino, pois había nel abundantes contidos contraditorios coas teses da nova historia *sintética.* Os *literati,* en boa lóxica, tomaron o que conviña ó seu proxecto e descartaron o que non cadraba con el, que era de bastante entidade. A literatura ulidia supoñía unha ameaza considerable para os compoñentes nucleares da historia por eles fabricada, asegura MacNeill: non alude á lenda milesia, non menciona a "raza de Eremon", da que nacen os gobernantes de Tara, e, sobre todo, non recoñece a existencia do *high-kingship* ou posición de supremacía da monarquía de Tara sobre os demais reis, considerándoa só como unha máis entre os cinco grandes reinos irlandeses, sen preeminencia ningunha sobre os demais.

Moitos destes elementos que prexudicaban o novo relato deixáronse esquecer, pero outros foron manipulados dun modo axeitado ós intereses dos Ui Néill, ós que servían os poetas-historiadores que o elaboraban. Así, se Conchobar, o mítico rei do Ulster, desempeñaba un papel destacado na tradición narrativa ulidia, os *sintéticos* non o eliminaron, senón que o converteron en soberano de Tara e de toda Irlanda, nos arredores do nacemento de Cristo, fortalecendo a súa tese da monarquía superior por medio da incorporación dun personaxe tan significado. Sen embargo, aínda que os creadores da mitoloxía heroica ulidia presentaban outro

---

784 CI, pp. 46-8. Máis exemplos en pp. 48-63.

785 "In fact, as there is a Biblical, a fictitious, and a mythological stratum, so it may also be said that there is a Ulidian epic stratum across the whole body of the genealogies". CI, p. 14.

786 A lenda que se creou ó efecto presentaba os *filidh* como coñecedores de sempre da tradición ulidia. Dicíase que, sen embargo, co tempo, só se lembrarían algúns fragmentos soltos. Ata que, conmovido polos versos de loanza dun *fili* ante a súa sepultura, o propio espírito de Fergus mac Roigh saíu dela para lles dictar ó poeta e ós seus compañeiros a enteira narración do *Tain Bo Cuailnge.* CI, p. 15

rei, Coirbre Nia Fer, contemporáneo e inimigo de Conchobar, como gobernante de Tara, o feito foi ignorado a mantenta no esquema *sintético,* pola razón de que o tal Coirbre era de Leinster, casa dinástica que rivalizaba coas pretensións dos Ui Néill; non podía aceptarse que unha liñaxe contraria ós seus intereses aparecese rexendo Tara en tempos tan recentes, de modo que, simplemente, Coirbre foi eliminado da lista real da escola *sintética.*[787]

En canto ó material histórico ulidio, MacNeill atribúelle a condición de constituír as máis antigas composicións irlandesas deste tipo. Son as primeiras adaptacións, xa citadas, do *Chronicon Eusebii,* realizadas cara ó ano 600. Estas obras presentan un claro enfoque ulidio da historia da illa,[788] polo que os historiadores *sintéticos,* que as recollerían máis tarde, tiveron que facer adaptacións nelas para acomodalas ó obxectivo político que motivaba o seu traballo, a fundamentación dos dereitos de Tara á supremacía real en todo o territorio insular na antigüidade máis remota. MacNeill imaxina que as primeiras versións do *Chronicon* utilizadas polos escritores sintéticos non mencionarían dato ningún sobre a historia de Irlanda nos tempos anteriores a Cimbaeth, tradicional fundador e primeiro rei da antiga capital ulidia, Emain Macha (Emania), que gobernaría arredor do ano 300 a.C., segundo a cronoloxía comparativa coas outras columnas dos textos eusebianos. Distancia temporal que sería insuficiente para satisfacer os desexos dos novos historiadores, pois non remontaría máis que unhas poucas centurias a fundamentación dos dereitos de Tara. Precisamente, MacNeill lembra que o propio nome que se atribúe ó pai de Cimbaeth no texto orixinario, Findtan, ten o significado etimolóxico, segundo D'Arbois de Jubainville, de "white time" ou "blank time". Tomándoo como metáfora de "blank sheet of vellum, on which nothing is written", a alusión a Findtan é interpretada por MacNeill no senso de indicar que antes de Cimbaeth só habería o "blank time, the unknown past".[789]

Por máis que aínda no século XI a tradición histórica ulidia seguía viva e era reescrita por algúns *filidh,* a proposta dos historiadores *sintéticos* consolidaríase

---

787 CI, p. 22. O propio MacNeill propón unha explicación mellor en nota engadida: como a liña dinástica de Coirbre desaparecera, xa non era necesario compoñer "adulatory fictions". Ib.

788 "The Ulidian attempt is the earliest specimen known to us of the elaborate artifices employed to fill up the vacuum of the Irish past". CI, p. 33.

789 CI, p. 33. A perspectiva ulidia do texto quedaría confirmada polo seu inicio en Cimbaeth, o fundador ulidio, sendo patente na frase do documento orixinal que sostén que "The tales and histories of the Men of Ireland are not known and are not certain until Cimbaeth, son of Findtan", que os *Anais de Tigernach* repiten en latín baixo a forma de "omnia monumenta Scottorum usque Cimbaeth incerta erant". Id., 29 e 31. O límite temporal parécelle perfectamente explicable a MacNeill, dada a orixe ulidia que lle supón ó texto: "The statement was a quite natural one for a Ulidian writer attempting to construct the beginning of Irish history from a purely Ulidian point of view". Id., p. 32.

como a versión do pasado dominante, fundamentalmente por dúas razóns, segundo cre MacNeill.[790] A primeira deitaría da extensión das liñaxes de Tara e Cashel por toda a illa, gobernando por medio de dinastías relacionadas con elas ("branch dynasties") en Meath, Connacht, Ulster e Munster, Estados onde, por tanto, serían moi ben recibidas as novas teses sobre os tempos antigos, tan favorables ós seus intereses. A segunda das causas ten que ver co carácter máis completo desta interpretación histórica. Se a historia ulidia, a súa posible rival, era incapaz de encher o "tempo branco" máis alá dunhas poucas centurias –e ademais carecía de partidarios políticos importantes–, a nova teoría, en cambio, non tiña espazos baleiros. Seguindo o modelo destes primeiros *sincronismos,* polo tanto, pero enchendo as súas insuficiencias temporais, o relato *sintético* do pasado levaba a historia irlandesa ós tempos mesmos da Creación, convertíaa nunha sección da historia bíblica e revestíaa coa dignidade das grandes civilizacións. En suma, creaba unha sensación de orde e coherencia alí onde antes reinaba o caos das múltiples, desordenadas e, ás veces, contraditorias tradicións.[791] A maiores, claro está, os señores dos *literati* que crearon semellantes artificios convertíanse na culminación do enteiro proceso histórico, desde a mesma creación do mundo, pola vontade divina.

2.2.2. A Irlanda anterior á cristianización

1. A poboación precéltica

Non ten reparo MacNeill en aceptar que o gaélico non foi o primeiro pobo en habitar Irlanda. Aínda que para el, como para os nacionalistas todos, a súa pegada sería no futuro o elemento determinante do carácter específico da civilización irlandesa e converteríase no sinal indeleble diferenciador sobre o que se constituíu a nación, as fontes de información de que dispón o historiador non lle deixan dúbida ningunha de que os gaélicos atoparon á súa chegada un espazo habitado xa por outras xentes. Non se trata só do que indican as referencias fantásticas que conteñen os relatos escritos fundacionais compostos na Idade Media, dos que xa vimos a nula credibilidade que lle merecen, senón das probas moito máis convincentes que se deducen das alusións que os manuscritos medievais –latinos e gaélicos– fan á pervivencia, aínda nos propios tempos en que foron compostos, de antigas comunidades de orixe non gaélica, sometidas ó goberno dos que un xa distante día ocuparan a illa como conquistadores. E sobre todo, atopa MacNeill o fundamento definitivo nas evidencias proporcionadas polos

790 CI, pp. 40-1.

791 "Wherever gaps existed, however large, and they existed everywhere and were as wide as might well be, they were boldly filled up. The chronological confusion of earlier efforts gave way to a settled order, for without coherence the structure could satisfy nobody". CI, p. 38.

restos arqueolóxicos, que testemuñan, de xeito indubidable, na súa opinión, a presenza do home en épocas moi anteriores á decisiva vinda do pobo celta.[792]

É, precisamente, a coincidencia dos arqueólogos en sinalar a ausencia de restos materiais que a proben a que leva a MacNeill a atrasar a presenza humana en Irlanda respecto do continente europeo e mesmo da veciña Gran Bretaña. A explicación é ben sinxela, ó seu parecer, se se atende ás argumentacións achegadas polas ciencias xeolóxicas. Segundo os xeólogos, sostén o noso autor, o límite sur do xeo no período glacial deixaba a illa irlandesa completamente dentro da zona máis fría do planeta, de modo que nela prevalecerían as condicións físicas e climáticas que caracterizan actualmente as rexións árticas. Máis en concreto, en tempos xa posteriores á primeira Idade de Pedra, Irlanda tería un aspecto talmente semellante ó de Grenlandia no presente, quer dicir, un territorio recuberto por completo e de modo permanente por unha grosa capa de xeo en case toda a súa extensión. Os desprazamentos das enormes moles xeadas, capaces de erosionar mesmo a rochosa solidez das montañas e de acumular inxentes cantidades de cascallos nos terreos baixos, configurarían despois unha paisaxe completamente nova e impiden coñecer calquera posible trazo de habitación que algunha vez antes puidese haber naquelas terras.[793] A consecuencia inmediata, afirma MacNeill, é que a primeira poboación que resulta posible confirmar en Irlanda pertence ó posterior período Neolítico, o que o leva a deducir que, desde logo, "[...] whatever Palaeolithical blood is in our veins to-day is due to immigration".[794]

En realidade, segundo el mesmo lembra, cando MacNeill escribía tampouco non se coñecía nada arredor das poboacións paleolíticas de Gran Bretaña. Nas dúas primeiras décadas do século XX, as teses predominantes na arqueoloxía británica, debedoras das teorías do xa entón falecido sir John Rhys, confesaban non poder dicir apenas nada a este respecto.[795] Sen embargo, a etnoloxía viña mantendo daquela que o sangue paleolítico perdurara como un dos compoñentes básicos da *raza* británica, establecendo unha continuidade, non interrompida aínda,

---

792 As opinións de MacNeill sobre a cuestión contéñense, primordialmente, en "The Pre-celtic inhabitants of Ireland", PIH, pp. 61-97. Completándoas con outras mencións dispersas noutros lugares, serven estas páxinas para resumir a súa posición.

793 PIH, pp. 68-70. "It is evident that any traces of human life and habitation that may have existed before this process were not likely to be found after it". Id. p. 69.

794 PIH, p. 70.

795 As teorías de Rhys relativas ás sucesivas capas de poboación establecidas nas illas Británicas resúmeas MacNeill, especialmente, en PIH, pp. 32-3 e 40-3. A cita dun parágrafo dunha das obras que seguen esta corrente arqueolóxica –"Of Palaeolithic man we can say nothing"– sérvelle a MacNeill para burlarse das simplificacións nas que caían estas interpretacións que tanto combatía, como veremos máis adiante: "The people who inhabited Britain in the Early Stone Age are extirpated in a phrase of six [sic] words". Id., pp. 38-9.

que facía que mesmo fose este o tipo humano predominante na Inglaterra do presente.[796] Precisamente, este sería o primeiro dos argumentos de MacNeill para desmontar as teorías construídas sobre as elaboracións de Rhys acerca das sucesivas capas poboacionais que se foran establecendo consecutivamente nas dúas grandes illas Británicas.

O problema comezaba coa afirmación –dominante entón nos círculos científicos británicos e espallada xa polas obras de divulgación da época– que lle atribuía unha procedencia ibérica á poboación neolítica das illas Británicas, facéndoa descender de grupos chegados da península suroccidental do continente europeo, afirmación que MacNeill rexeita como absolutamente infundada e fantasiosa. As súas críticas ás teses iberistas apóianse na xa citada descendencia dos ingleses de hoxe daquela raza paleolítica[797] e na descualificación global da teoría debido á inconsistencia do propio concepto sobre o que asentaba, a noción de *raza ibérica,* inexistente como tal, por canto, a xuízo de MacNeill, os etnólogos demostraran xa que na Europa suroccidental, antes da chegada dos pobos célticos, habitaban, cando menos, dúas razas diferentes. A atribución xenética iberista non constituía, en realidade, nada máis que un fenómeno ficticio nacido do *horror vacui* propio dos estudiosos, común a toda persoa interesada en calquera campo do coñecemento. O esforzo por superar os espazos baleiros nas exposicións científicas é, en xeral, loable, pero a ansia mesma por evitalos, asegura MacNeill, leva ás veces a aceptar posicións completamente inadecuadas. Para el, esta función de encher o espazo *branco* no relato é, xustamente, a que cumpre o termo *ibérico,* a que o fai tan útil e satisfactorio na aparencia, pero tamén a que explica a súa forzada razón de ser.[798] Por tanto, a afirmación da orixe ibérica da poboación precéltica de Gran Bretaña e Irlanda, tan xeneralizada na súa época, parécelle "unscientific and misleading. It implies that the ancient population thus artificially named can be identified as a branch of the population which actually bore that name in Greek and Latin literature".[799]

---

796 PIH, pp. 39-40.

797 MacNeill non evita un ton desprezativo cando escolle as palabras para referirse a aquela ascendencia inglesa: "[...] the prevailing type in the English population of to-day represents something still more primitive than Sir John Rhys's Iberians, and is the survival of that 'river-bed race' who, in the words of Dr. Munro, were 'miserable shell-eaters". PIH, p. 42.

798 PIH, pp. 40-1.

799 PIH, p. 61. Para MacNeill, a teoría iberista implica, ademais, aceptar outras varias suposicións infundadas, como a de identificar a lingua vasca coa dos iberos da península suroccidental europea, cando é ben sabido, segundo di, que nela había, en tempos prehistóricos, unha auténtica mestura de razas, de onde deduce que tamén debían coexistir diversas linguas naquelas terras. De aí que sexan inxenuos e inútiles os esforzos de Rhys por demostrar a supervivencia nas antigas Irlanda e Escocia de trazos lingüísticos moi semellantes á lingua vasca moderna, sostén. Ib.

En canto teñen que algo ver coa realidade, as especulacións iberistas sobre as orixes da poboación das illas Británicas parecen nacer, en opinión de MacNeill, da pasaxe de Tácito en que se alude a un pobo establecido no sur de Gales en tempos da conquista romana, os siluros, ós que o clásico latino describe cos trazos propios dunha raza morena e ós que atribúe unha procedencia hispánica. Relaciona MacNeill esta suposta presenza de xentes de aparencia mediterránea en Gran Bretaña, da que di que a tradición irlandesa non a desmente, coa pervivencia en Irlanda da descendencia dunha raza prehistórica de pel escura, orixinaria da Europa occidental, que sería anterior á chegada das razas de pel e cabelo claros desde as ribeiras da conca báltica.[800] Teses, as da raza europea primordial morena, que MacNeill atopa reforzadas pola probada supervivencia nos primeiros tempos da Irlanda cristiá de comunidades precélticas, segundo deita dos manuscritos gaélicos medievais, e mais polas achegas da etnoloxía referidas á continuidade daquel sangue dos primitivos habitantes na raza inglesa moderna.

Con todo, propón o noso historiador tratar con prudencia este tipo de informacións, para non caer en conclusións predeterminadas polos prexuízos cos que se tinxen a miúdo certas investigacións científicas, como os que impregnaron os traballos do naturalista e etnólogo francés [Jean Louis Armand de] Quatrefages [de Bréau], ó que cualifica como un dos fundadores da moderna ciencia etnolóxica, cando pretendeu demostrar que nas costas occidentais de Irlanda se atopaban aínda os mellores exemplos viventes dos primitivos tipos raciais europeo-occidentais. Fundándose na posición remota da illa irlandesa e na pauta Leste-Oeste das migracións antigas europeas, Quatrefages imaxinou que as distantes terras costeiras do Mayo irlandés serían o depósito onde se atoparían aínda os máis abundantes exemplos daquela primeira raza. Con semellantes presuncións, sostén MacNeill, o etnólogo non puidera senón confirmar as súas ideas ó visitar aquelas paraxes e contemplar as súas xentes como restos da buscada raza primitiva. Pero, engade MacNeill, tales conclusións tiñan que ser por completo desacertadas desde un principio, pois, ó contrario do que o científico francés supoñía, eran xustamente as terras costeiras as que máis movementos poboacionais experimentaran nos duros tempos inmediatamente posteriores á idade glacial. Se acaso se puidese rastrexar ese pasado racial, habería que buscalo non na costa, senón nas rexións do interior, de máis difícil acceso e menor mobilidade demográfica.[801]

---

800 PIH, p. 62.

801 PIH, pp. 82-5. MacNeill alude tamén ó seu traballo para o *Clare Island Survey* da Real Academia Irlandesa, no que, a este respecto, demostrara a procedencia de distantes lugares de Irlanda de case a metade das familias que nos seus días habitaban a illa de Clare, confirmando a súa idea de que "in remotes ages, the parts of the sea that adjoin the sea must have afforded the freest highway for movements of population". Id., p. 85. Volve

Deixando a fase máis remota da era neolítica e aproximándose á chegada dos gaélicos, refírese MacNeill a unha serie de pobos doutra orixe que xa estarían presentes en Irlanda neste momento clave e que considera como partes constituíntes da futura nación irlandesa. Non se precisa nos seus textos data ningunha que sinale o inicio da súa presenza, nin se especifica a súa procedencia, nin se detallan as relacións que puidese haber entre eles. Tan só son aludidos en conxunto por unha determinación de xeito negativo, é dicir, englobados nunha categoría que se define pola súa condición de *non pertenza* á raza gaélica, trazo excluínte que se configura como a súa característica distintiva.

Como xa vimos, MacNeill descarta a existencia de calquera risco de verosimilitude nos relatos compostos polos escritores medievais irlandeses acerca das orixes lendarias da raza gaélica, textos onde se citan pobos fantásticos, como os Fomori ou os Tuatha Dé Danaan, que, en realidade, non son máis que o eco humanizado de seres pertencentes ás mitoloxías pagás anteriores ó cristianismo.[802] Pero, en realidade, pouco pode dicir do conxunto de poboacións que precederon a chegada dos celtas, a non ser o que deduce das noticias que extrae dos escritores clásicos latinos e gregos, das fontes gaélicas escritas medievais e da análise das referencias que se conteñen na tradición nativa, tal como se recolle nos vellos relatos literarios dos ciclos dos *Fianna* e do Ulster.

A partir dos datos dos textos clásicos, sostén o autor que os principais poboadores de Irlanda e mais de Gran Bretaña nos tempos precélticos eran o pobo dos pictos, dos que afirma que eran os denominados en lingua irlandesa *Cruithin,* coñecidos tamén polo seu equivalente británico –e, probablemente, galo– de *pretánicos.*[803] O recordo dos tempos en que a raza picta era maioritaria nas illas Británicas estaba aínda vivo en tempos de César, como o proba o feito de que este atribúe ós nativos todos de Gran Bretaña o costume do matriarcado, característico dos pictos, segundo MacNeill, que explica a xeneralización á enteira illa pola procedencia gala da noticia, pois, daquela, na Galia aínda se falaba de Gran Bretaña

citar o exemplo do carácter esóxeno das xentes de Clare en apoio da orixe diversa da poboación irlandesa desde tempos prehistóricos en EILI, p. 58.

802 PIH, pp. 85-88. Segue, de modo explícito, as ensinanzas de H. D'Arbois de Jubainville, das que dispón na tradución inglesa, *The Irish Mythological Cycle,* e que el mesmo completa nestas páxinas con exemplos de textos gaélicos que amosan os Tuatha Dé Danaan como seres obxecto de certo culto aínda no ano 1000 d.C., como feiticeiros que encantan os homes ou como espíritos malignos. Os Fomori formarían parte, segundo MacNeill, da mitoloxía céltica de orixe continental que trouxeron con eles os gaélicos.

803 PIH, pp. 58-9. No mesmo lugar cóntase que César, cando usou, por vez primeira, os termos *Brittania* e *brittani* para referirse á Gran Bretaña e os seus habitantes, mesturou o nome do pequeno pobo dos *brittani* co dos *pretani,* o cal, en verdade, se refería ós pictos. Pese a que César fixou o uso de *brittani* en latín, o termo *pretanoi* seguiría vivo nos autores gregos para referirse ás illas Británicas. Polibio ou Ptolomeo, por exemplo, falaran aínda de *illas Pretánicas,* co senso de *illas Pictas.*

e de Irlanda como das *illas Pictas*.[804] A gran probabilidade de que a denominación de *illas Pretánicas* chegase ata os gregos a través dos galos, como pensa MacNeill, confirmaría que estes daban por certo que a principal poboación de Gran Bretaña e de Irlanda antes dos celtas era a dos *pretánicos,* é dicir, dos pictos.[805] Con todo, advirte o autor de que esta é unha denominación "de comenencia" que non debe facer crer que constituían un grupo racialmente uniforme, pois nada se sabe das súas características físicas nin lingüísticas. Como moito, aventúrase a afirmar a súa pertenza a unha antiga estirpe europea occidental.[806]

Das antigas fontes escritas irlandesas, que aínda dan conta da existencia de amplos grupos de poboación de orixe picta nos propios días en que se redactaran, deduce MacNeill que houbo un tempo en que se deu unha segura presenza deste pobo por toda a illa irlandesa. Tempo que tivo que ser moi remoto, segundo as súas teses, pois, aínda que na antiga Irlanda sobreviviran elementos non-gaélicos en certos nomes propios, ningunha traza de que se falase en ningures outra lingua que non fose o gaélico perdurou na memoria tradicional do pobo, o que demostra, na súa opinión, que a lingua gaélica debeu de ser a única na illa desde moitos séculos antes de que aparecesen os primeiros escritos sobre a historia e as tradicións irlandesas, dos que o máis antigo conservado pertence ós anos finais do século VI d.C.[807]

Nada moito máis concreto se achega en *Phases of Irish History* sobre este grupo que MacNeill considera o principal de entre os primeiros poboadores de Irlanda, como non sexa negar a súa identificación coa raza ibérica da que falaba Rhys[808] e afirmar a súa posible e xa citada procedencia europea occidental. Sen embargo, no seu derradeiro libro atribuiríalles ós pictos estar na orixe das que máis tarde serían tres das principais características da civilización céltica irlandesa, a saber, o *status* dos artesáns como homes libres, o favorable *status* legal das mulleres e mais o druidismo.[809] Precisamente, aduce como proba de que a procedencia dos pictos non é indoeuropea o feito, que considera ben establecido, de que entre eles a sucesión era transmitida por liña feminina, tal como aínda amosa o

---

804 PIH, pp. 59-60. MacNeill afirma, sen dúbida ningunha, que o costume do matriarcado era "[...] a well-established fact, recorded also in Irish writings, [...] peculiar to the Picts". Id., p. 59.

805 PIH, p. 62.

806 EILI, p. 62.

807 PIH, pp. 63-4. Para MacNeill, as fontes non permiten dúbidas: "We have abundant and clear evidence that the Picts were at one time widely spread thoughout Ireland". Id., p. 63.

808 PIH, p. 41.

809 EILI, p. 63. Detallaranse estas cuestións máis adiante, ó expoñer os trazos da sociedade e da cultura céltica irlandesa.

prominente papel que as mulleres xogan nas sagas do ciclo do Ulster, que, aínda que postas por escrito no século VII d.C., reflicten, ó seu xuízo, tradicións de tempos moito máis antigos.[810] Respecto do druidismo, MacNeill apóiase nas teses de Julius Pokorny, que sostén que este fenómeno cultural non pertence a unha tradición indoeuropea e que as súas orixes se atopan nas poboacións precélticas de Gran Bretaña e Irlanda.[811]

Outro dos máis importantes compoñentes da antiga poboación precéltica irlandesa eran os Iverni, citados con ese nome por Ptolomeo como habitantes da parte sur da illa. Correspondíanse estes cos chamados nos escritos gaélicos máis antigos *'Erainn,* ós que se atribuía na vella literatura heroica a condición de principal pobo de Munster. Apunta MacNeill que tamén aparecen mencionados co nome irlandés nun manuscrito que enumera os pobos sometidos ó dominio dos gaélicos na Irlanda histórica, dos que se establece con claridade que forman parte doutras estirpes diferentes da súa.[812] A forma *Iverni* sería un derivado dunha máis antiga, *Iveri,* coa que se relaciona *Iverio,* orixe do nome irlandés de Irlanda, *'Eire* (máis antigamente *'Eriu)* e mais do galés *Iwerdonn.* Expoñendo estas cuestións, non deixa de sinalar MacNeill a curiosidade de que o nome co que foi coñecido o país dos gaélicos polos propios antigos irlandeses, polos gregos, polos romanos e polos veciños celtas continentais proveña da denominación dun pobo que fora conquistado por aqueles.[813]

As informacións que achegan os vellos manuscritos gaélicos, tanto as coleccións xenealóxicas coma, ás veces, os anais, que relacionan as que eran comunidades suxeitas ó dominio gaélico, permiten a MacNeill enumerar unha serie de pobos de orixe precéltica que acompañaban os pictos, o principal de todos eles. Fala, así, dos Fir Iboth, habitantes das terras do curso baixo do río Shannon, onde poida que formasen unha especie de comunidade ou "casta" de pescadores.[814]

---

810 EILI, pp. 64-6.

811 EILI, p. 67.

812 PIH, pp. 65-6. Contra a opinión de Rhys, que vía os Iverni como unha sección meridional dos pictos, afirma MacNeill que a tradición non deixa dúbida posible sobre a súa condición de pobos distintos.

813 PIH, pp. 66-68. Lembra MacNeill nestas mesmas páxinas que os romanos substituíron *Iverni* por *Hiberni,* nun proceso de etimoloxía popular no que se relacionaba este termo coa palabra latina que significa "frío", "glacial". Di o noso autor que, aínda que se sabía do carácter temperado do clima da illa, impúxose en Roma o eco que deitaba da suxestiva semellanza verbal, de modo que mesmo un poeta latino chegou a falar da *glacialis Ierne.*

814 Afirma MacNeill que o nome contén o equivalente irlandés da denominación grega e latina das illas Hébridas, *Ebudae,* que aínda Ptolomeo atribuía a Irlanda e non a Gran Bretaña. Apoiándose na coincidencia lingüística e nunha cita de Solinus (arredor do ano 200 d.C.), que di que os habitantes destas illas non eran agricultores e que vivían de peixe e leite, MacNeill especula con que ambos os grupos estivesen relacionados: "It is possible that an ancient branch of this population preserved their identity by forming, so to speak, a fisherman

Cre o noso historiador que hai probas suficientes de que os descendentes das poboacións precélticas se agrupaban segundo o tipo de ocupación que predominase entre eles, constituíndo algo semellante a un sistema de castas como o hindú,[815] derivando o nome da especie na que pagasen o tributo á raza dominante. Nos textos gaélicos que rexistran os seus nomes fálase destas comunidades sometidas, descendentes dos pobos conquistados polos invasores celtas, debedoras de tributos aínda en tempos históricos e agrupadas territorialmente. Deste modo, pensa MacNeill que se conservaron ata tempos históricos parte das subdivisións propias da antiga poboación precéltica, o que permite coñecer algunhas das súas características e distribución territorial.

Textos gaélicos, como un contido na introdución do *Libro das xenealoxías,* de Dubhaltach Mac Fir-Bhisghi, que MacNeill xulga que non é posterior ó século VIII, proporcionan unha relación nominal e topográfica destas que el chama "tribos". Ademais dos pictos e dos Fir Iboth, xa nomeados, cítanse neles diversas comunidades que MacNeill denomina "industrial castes", pola súa actividade, como os Semonrige (que traduce como "the Rivet-folk"), descendentes dos mineiros do cobre da rexión de Munster, que explotaban as minas xa na Idade do Bronce; os Ceardraighe ("the Smith Folk"); e os Tuath Cathbarr ("the people of helmets"), que non deberon de ser guerreiros, senón construtores de equipos bélicos.[816]

MacNeill reserva un comentario especial para os Fir Bolg ("Men of Bags"), "the most celebrated of all pre-Celtic folks that inhabited Ireland".[817] Lembra a historia deste pobo segundo esas narracións ás que el nega verosimilitude, o *Libro das invasións,* os escritos de Keating e similares, nas que recibiría o seu nome do labor que desempeñaba en Grecia, onde emigrara e na que sería sometido a servidume. Como xa vimos, consistiría o seu traballo, segundo esas fontes, en carrexar area e terra en zurróns ou bolsas de coiro e espallala nos solos rochosos para convertelos en produtivos.[818] Por fin, acabarían usando a pel con que facían as bolsas que lles daban nome para construír barcos nos que fuxir e regresar libres a Irlanda. Pero, sen dúbida, prefire MacNeill a versión do *Libro de Lecan,* unha miscelánea de antigos escritos – aínda sen publicar daquela– que en moitos casos

caste on the banks of the Shannon". PIH, pp. 74-5. A este grupo poboacional relacionado coas Hébridas e establecido desde antigo en Irlanda refírese o noso autor de novo en EILI, p. 350.

815 PIH, p. 75.

816 PIH, pp. 73-83.

817 PIH, p. 76.

818 Escribe MacNeill: "[...] as still done in parts of Ireland, to make fertile land". PIH, p. 77.

non coinciden con outros relatos tradicionais posteriores. Nunha pasaxe que non cre posterior ó século VIII, aparecen os Fir Bolg como un pobo que, sen abandonar Irlanda, exportaba terra da illa en recipientes de coiro cara a Oriente, onde os gregos a estendían en torno ás súas cidades como protección contra os réptiles velenosos. Segundo as noticias que MacNeill extrae do texto non publicado de Mac Fir Bhisigh [sic], este "Bag-folk" era só unha parte da antiga poboación precéltica. Pero pensa que hai probas abundantes de que a denominación fose xeneralizada despois da conquista a todos os pobos non gaélicos, quizais como modo de amosar desprezo por eles, dado que a manufactura destas bolsas para cargar terra polas que eran identificados non debía de ser unha actividade moi ben considerada.[819]

MacNeill obtén noticias dun conxunto de grupos de poboación precéltica recorrendo a outras fontes de información, as da tradición literaria da época heroica.[820] Trátase de comunidades que, neste caso, perdurarían como tales seguindo outro tipo de profesións máis nobres, como sucedía coas que se dedicaban ó traballo das armas. Entre elas, selecciona os Tuath Tabhairn, tribo á que a tradición facía pertencer ó heroe Cu Chulainn, ou a dos Fir Domhnann, da que formaba parte o seu nobre rival no relato épico do Ulster, Fear Diadh, grupo que tamén aparece entre os debedores de tributos na relación antes citada. Esta tamén nomea os Luaighni, dos que lembra MacNeill que no *Tain* constitúen a principal forza militar dos reis de Leinster e que no relato da revolta dos pobos vasalos contra a opresión da nobreza gaélica, antes citado, proporcionan o líder que se convertería en rei de Irlanda durante dúas décadas. Nesta mesma orde, cítanse os galios ("Galians"), loados como "espléndidos soldados", dos que os contos épicos destacan a bravura en diversas ocasións, e que tamén aparecen citados nas relacións de comunidades sometidas. Desta estirpe son os heroes Fionn, Oisin e Oscar.

E aínda recolle o autor nomes doutra serie de castas definidas pola ocupación dos seus membros, relacionadas co arado, co carro, coa herba, coa balanza, coa liñaza, etc.[821] En todos estes casos, así como nos anteriores, da enumeración que se fai non se deprende con claridade que fosen considerados por MacNeill todos eles como descendentes de pobos diferenciados xa no período precéltico. Os seus escritos manteñen unha certa ambigüidade a este respecto, sen precisar se o que el chama "sistema de castas" non constitúe senón unha especialización posterior

819 Di MacNeill que "it was probably out of contempt that the name Fir Bolg was extended to the whole conquered population by the Celtic ascendancy". PIH, p. 78.

820 PIH, pp. 79-82.

821 PIH, p. 82.

imposta pola necesidade de facer fronte ás esixencias dos conquistadores, da que derivarían as denominacións diferenciadas para unha poboación que tería, en tempos anteriores, un grao maior de unidade. Desde logo, percíbese nos escritos de MacNeill un tratamento distinto para os que se pode deducir que serían considerados *pobos maiores* da era precéltica, a saber, os pictos e os Iverni, ós que reserva a gloria de constituír cos gaélicos os principais elementos dos que se conformaría o pobo irlandés.[822]

2. A raza gaélica

a. *A conciencia céltica.* O carácter celta do principal elemento configurador do pobo irlandés era un feito indiscutible non só para MacNeill, senón tamén para toda a ciencia histórica, arqueolóxica, antropolóxica e etnolóxica do seu tempo. Por riba de discusións sobre cronoloxías, zonas de ocupación ou relacións con outros grupos, a condición céltica do pobo gaélico era unha evidencia asumida con carácter xeneralizado tanto nos ambientes científicos e intelectuais coma no imaxinario popular de finais do século XIX e principios do XX. Non é de estrañar, nestas circunstancias, que as referencias ós celtas e ó céltico estean presentes en boa parte dos froitos do esforzo científico de Eoin MacNeill. Neste contexto, tampouco non pode sorprender que un dos seus principais traballos de recompilación histórica se denomine *Celtic Ireland* ou que os tres primeiros capítulos dunha obra como *Phases of Irish history,* destinada a narrar en continuidade a historia da nación irlandesa desde as orixes ata a era moderna, leven uns títulos tan significativos como "The ancient Irish a Celtic people", "The Celtic colonisation of Ireland and Britain" e "The Pre-Celtic inhabitants of Ireland".[823]

Lembra MacNeill que nos seus días se daba unha auténtica *febre* por todo o relacionado co mundo céltico, fose na forma do *panceltismo,* que reunía como pobos celtas a irlandeses, gaélicos escoceses, galeses e bretóns, fose nas denominacións máis ou menos fundadas que levaban a falar popularmente na súa illa de "ornamento céltico" (o que os antigos escritores chamaban *opus hibernicum)* ou de "cruces celtas", e mesmo a constituír clubs atléticos que se apelidaban como *célticos.*[824] Sen embargo, MacNeill comeza por recoñecer que na antiga tradición histórica e popular das xentes de Irlanda, e por centos de anos, non houbera conciencia ningunha de formar parte dun grupo racial celta

---

822 Falando da utilidade das xenealoxías manuscritas para o historiador, escribe MacNeill: "They tell us much, not dwelt on here, about the racial origin of the various elements of the Irish people, Gaelic, Ernean, and Pictish". CI, p. 50.

823 Os dous primeiros, ademais de noticias dispersas por outras obras de MacNeill, servirán como base para a exposición que segue neste apartado. PIH, pp. 1-30 e 31-60.

824 PIH, pp. 3-4.

que os relacionase cos britanos da illa veciña ou cos pobos parentes continentais. Mesmo as xenealoxías dos tempos cristiáns elaboraban liñas de ascendencia separadas para gaélicos, britanos e galos, establecendo unha diferenciación entre eles do mesmo grao que a que os distinguía de gregos ou xermanos. E xa vimos antes o modo en que resolvían a cuestión das orixes do pobo gaélico os primeiros escritores latinos irlandeses, ignorando calquera trazo de afinidade cos celtas da Antigüidade. De feito, recorda MacNeill, cando tiveran que escoller entre os tres grandes pobos que os traballos clásicos de que dispoñían colocaban nos espazos do norte e o occidente europeos, excluíran, precisamente, os celtas, optando uns polos escitas e outros polos iberos como ascendentes dos gaélicos irlandeses, nunhas interpretacións que amosarían unha considerable resistencia ata tempos modernos.[825]

Este esvaecemento absoluto da conciencia do carácter céltico do pobo durante os primeiros séculos da Irlanda cristiá resulta verdadeiramente sorprendente para MacNeill. Sobre todo, ó pensar que a lingua común que compartían antes da penetración do latín na Galia non poñería trabas, pese ás peculiaridades dialectais, a unha fácil comunicación entre as xentes desta parte do continente e os habitantes das illas do outro lado do canal da Mancha. A única resposta a tan rechamante cuestión que lle parece concibible ó noso historiador concrétase na afirmación de que, a pesar da fraxilidade da tradición popular neste respecto, *tivo* que haber, *necesariamente,* un tempo en que estes pobos emparentados fosen plenamente conscientes dos lazos que os aproximaban.[826]

Por fin, expón con detalle MacNeill,[827] despois de tantos séculos de esquecemento da condición céltica orixinaria dos pobos das illas Británicas, sería o historiador escocés George Buchanan o que, no século XVI, coa súa historia de Escocia (1589), volvera poñer de manifesto a desaparecida idea de que gaélicos e britanos eran pólas do antigo pobo celta do continente. A partir dese momento, o interese polas cuestións célticas iría experimentando un auxe crecente, da man dunha serie de destacados estudiosos que puxeron as bases do moderno celtismo científico. Lémbrase aquí a contribución de Edward Llwyd (primeiro volume da *Archaeologia Britannica,* de 1707) sobre as linguas celtas de entón –o gaélico de Irlanda e de Escocia, e as británicas de Gales, Cornualles e Bretaña–, a partir das cales se recoñecería no mundo da ciencia a existencia

825 PIH, p. 11.

826 "There must have been a time when the Celts of Ireland, Britain and Gaul were fully aware that they were nearer akin to each other than to the Germans and Italians, but this knowledge perished altogether from the popular memory and the popular consciousness". PIH, pp. 5-6.

827 PIH, pp. 5-9.

dun grupo de pobos que se correspondía con elas. Ou a publicación do poema *The Bard,* do inglés John Gray (1755), no que se reflectía o que despois se consideraría como o espírito poético dos bardos celtas. Ou a conmoción que, só cinco anos despois, causaran as supostas traducións ossiánicas de James Macpherson, versión inglesa dos que pretendían ser "Fragments of Ancient Poetry Collected in the Highlands of Scotland", que desencadearon un extraordinario interese pola poesía dos vellos pobos célticos galeses, irlandeses ou bretóns. Cítase tamén a publicación de serios tratados filolóxicos sobre as linguas célticas, na primeira metade do XIX en Alemaña e en Francia, que virían reforzar o celtismo desde o punto de vista dos estudios eruditos.[828] Para o caso irlandés, o florecemento progresivo do interese polas cuestións célticas represéntao MacNeill aludindo á repercusión da obra ossiánica de Macpherson na illa, destacando como os seus primeiros froitos poéticos as obras de Joseph C. Walker *(Historical Memoirs of the Irish Bards,* 1786) e de Charlotte Brooke *(Reliques of Irish Poetry,* 1789).[829]

A partir desta base, non só en Irlanda, senón en toda Europa, iría tomando forma o fenómeno cultural do celtismo, que se encontra en pleno florecemento nos tempos de MacNeill. Este, como historiador e lingüista de boa condición académica que presumía ser, creríase obrigado a establecer unha serie de precisións que delimitasen claramente os campos do que era pura fantasía popular e do que merecía un respecto pola súa consistencia científica.

b. *Definir o celta.* As primeiras das concrecións, desde as mesmas páxinas iniciais de *Phases of Irish History,*[830] van dirixidas a determinar o contido do propio termo *celta,* co obxecto de establecer unha necesaria fixación previa a todo o estudio. Deste xeito, o adxectivo *céltico* queda, desde o principio, reservado para designar todo o relacionado cun grupo que se define polo seu carácter lingüístico. Especificando o significado de *raza* no senso dun conxunto de persoas diferenciadas do resto da Humanidade polas súas características físicas principais, herdadas dos seus antepasados, nega MacNeill, de modo expreso, que se dese na realidade nada que puidese recibir a denominación de *raza celta,* a existencia da cal desmentían, na súa opinión, os estudios etnolóxicos.[831] Considerando a suposta existencia dun determinado conxunto de atributos exteriores herdados, non só non se debe aludir a unha suposta raza celta, senón que tampouco non se pode falar de ningunha outra

828 "The Celtic literary enthusiasm was henceforth supplemented by solid scientific research". PIH, p. 9.

829 PIH, pp. 8-9.

830 PIH, pp. 1-3.

831 EILI, p. 57.

europea, sexa latina, teutónica ou anglosaxona, por moito que o uso popular manexe tales conceptos continuamente de modo impreciso, afirma. Os grupos nomeados deste modo inexacto están, de feito, compostos por unha mestura de diferentes elementos raciais, a miúdo os mesmos, aínda que combinados en distintas cantidades.[832]

Non habería unha raza celta, polo tanto, que englobase as poboacións ás que se lles aplicaba tal cualificativo nos tempos en que o noso autor escribe. Pero é que, ademais, nin sequera considera que existise unha tal categoría no pasado, aínda que os textos clásicos poderían causar unha impresión contraria. Lembra MacNeill que cando os escritores antigos pretendían describir a aparencia física doutros pobos esaxerarían, con toda probabilidade, os trazos que de modo máis rechamante os representasen como diferentes do tipo humano habitual entre os grupos ós que eles mesmos pertencían. Non é de estrañar, por conseguinte, que cando Tácito, por exemplo, resaltaba unha serie característica de riscos físicos como propios dos xermanos (pel e cabelos claros, ollos azuis), no afán de amosalos como conxunto claramente diferenciado dos romanos, coincidise cos que outros escritores utilizaban para describir outros pobos tamén distintos, como sucedeu co caso dos galos. Salienta MacNeill que de tales similitudes físicas non se debería deducir que, por exemplo, aqueles antigos celtas da Galia fosen, en realidade, xermanos. Máis ben, argumenta, deberá pensarse que, en ambos os casos, o factor que os fai *aparecer* como semellantes deriva, na práctica, da intención de resaltar a súa condición de *non romanos* por medio da asignación dunha aparencia física que busca, precisamente, destacar os atributos externos contrarios ós habituais nas poboacións mediterráneas.

En realidade, sostén MacNeill, os propios romanos utilizaban outro tipo de criterios –os lingüísticos– para diferenciar os demais pobos entre si, como se desprende de diversos exemplos que brindan os textos clásicos referidos á distinción entre algúns grupos celtas e xermanos.[833] Estes criterios relacionados coa lingua de cada poboación son tamén os que el mesmo xulga como os únicos apropiados para definir un pobo. O termo *céltico* ten, en consecuencia, unha pura significación lingüística e non unha fundamentación racial: é celta aquel pobo que fala unha lingua céltica; os irlandeses son celtas porque se sabe que a súa antiga lingua é

---

832 MacNeill é radical a este respecto: "There is no existing Latin race, no Teutonic race, no Anglo-Saxon race, and no Celtic race. Each of the groups to whom these names are popularly applied is a mixture of various races which can be distinguished, and for the most part they are a mixture of the same races, though not in every case in the same proportions. In the case of the populations which are recognised to be Celtic, it is particularly true that no distinction of race is found among them". PIH, p. 3.

833 PIH, p. 24.

unha lingua céltica.[834] Desde o punto de vista da raza, os habitantes da Irlanda protohistórica serían, segundo MacNeill, un grupo mixto, racialmente composto desde os tempos prehistóricos por elementos de procedencia escandinava, da Europa central e occidental e mais do Mediterráneo, sobre todo de España.[835]

c. *A expansión dos celtas.* De acordo coas teses xa mencionadas, MacNeill considera os celtas como un "rebento lingüístico dun pobo prehistórico" do que descenden –na liña da linguaxe– diversas poboacións europeas e asiáticas antigas e modernas.[836] Pese ás súas iniciais e repetidas proclamas sobre a condición da lingua como o factor determinante da constitución grupal e pese á súa negación da posibilidade de atopar colectivos cerrados e definidos polos seus carácteres físicos hereditarios, non é estraño atopar frecuentes confusións ou, polo menos, interpenetracións das categorías lingüística e racial nos escritos do autor irlandés. De feito, con toda a súa negativa a ver neles unha raza concreta, definíndoos como tales polos seus trazos culturais, sen embargo, MacNeill atribúelles ós celtas a pertenza a un tipo racial nórdico, no que eles mesmos se recoñecían, segundo se desprende das descricións que os textos da antiga literatura irlandesa fan da poboación dominante, presentada como formada por xentes de alta estatura, cabelos louros e ollos claros, en contraste coa poboación sometida, sempre de tipo moreno.[837]

Algo semellante sucede cando se refire ós movementos polos que se estenderan territorialmente os celtas, nos que non sempre queda claro se o que se expande son persoas de *carne e óso* ou se tan só se trata, simplemente, da difusión espacial dunha serie de trazos culturais, sinaladamente lingüísticos. A combinación das dúas categorías produce como resultado unha ambigüidade que case nunca se disipa e que se manifesta desde os principios mesmos das alusións de MacNeill a eses pobos que denomina *célticos*. É esta posición a que permite que, por exemplo, ó tempo que se cualifica de "fantasiosa" a suposición de que a expansión céltica se producise a partir dun "hábitat central", dunha "localización central" –enténdese que se fala aquí no senso xeográfico, *físico*–, se acepte que os filólogos sexan capaces de fixar o espazo no que se concentraba a "poboación orixinaria"

834 "[...] every ancient people that is known to have spoken any Celtic language is said to be a Celtic people. The term Celtic is indicative of language, not of race. We give the name Celts to the Irish and the Britons because we know that the ancient language of each people is a Celtic language". PIH, p. 3. "[...] throghout all its history the term Celtic bears a linguistic and not a racial significance". Id., p. 9.

835 EILI, p. 57. "[...] as the people of the United States are to-day". Ib.

836 "It need hardly be re-stated here that the Celts are a linguistic offshoot of a prehistoric people whose descendants –also in the line of language– comprise many ancient and modern populations in Europe and Asia". PIH, p. 10.

837 Apóiase nos estudios do profesor Macalister a este respecto. EILI, pp. 59-60.

céltica –na zona do Báltico, contra a idea anterior que os situaba na Asia occidental– antes de que se dividise en "varios grupos *lingüísticos"*.[838]

A negación da especificidade racial dos grupos humanos, que MacNeill prefire definir pola súa cultura peculiar, non lle impide, polo tanto, considerar que o sangue resulta tamén, en certos momentos, un axente decisivo na conformación comunitaria na Antigüidade. Así acontece, por exemplo, nas referencias a uns momentos orixinarios en que "os celtas eran aínda unha nación compacta que habitaba un territorio relativamente reducido",[839] nunha clara alusión a unha pureza racial primeira, ausente aínda a mestura de sangues con outros pobos que tamén veñen definidos polos carácteres biolóxicos. A presenza dunha combinación dos dous tipos de factores –o físico e o cultural– é continua na exposición dos procesos de espallamento do pobo/cultura celta.

Atopámonos, a este respecto, con diversas mostras desta interpenetración de categorías ou planos diversos. Cando MacNeill se ocupa de describir a expansión dos pobos celtas desde a rexión europea onde se concentraban, que coloca na zona inmediata á vertente norte dos Alpes, poucas veces queda suxerido que se trata dun proceso de espallamento cultural. Ó referirse a ese fenómeno, fálase sempre de grandes movementos migratorios que os levarían a estenderse por todo o continente europeo, desde a península Ibérica ata Asia Menor. Son seres humanos os que se desprazan, non linguas nin culturas, que, se tamén se espallan, é só por ser a compañía inevitable das persoas. De maneira que está sempre presente nesta exposición unha contradición coas proclamas culturalistas que ó principio dos seus traballos realizara o historiador.

Pero, con todo, onde a equivocidade resulta maior é cando o autor utiliza de modo explícito ambos os dous tipos de factores, dando lugar a unha especie de pobos *híbridos,* nos que a presenza dominante dun dos carácteres –racial ou cultural– non anula o outro. Deste modo, acepta MacNeill a existencia do que os antigos escritores chamaban pobo *celtibérico,* é dicir, o conformado por unha fusión de celtas e mais de iberos na península hispánica.[840] Suponse aquí unha fusión de razas e culturas, pois os celtas chegarían –*en carne e óso*– á Península como "conquistadores", mesturándose cuns iberos que saberían manter algúns dos seus propios trazos culturais –que tomaran, en boa parte, dos máis civilizados fenicios. Non estamos, pois, neste caso, ante unha extensión simplemente cultural

838 PIH, p. 10. O subliñado é engadido.

839 PIH, p. 26.

840 PIH, p. 14.

do céltico, senón que o elemento difusor inicial vén ser a presenza *física* dos celtas que se instalan nas terras peninsulares do sudoeste de Europa.

Menos claro aínda resulta ser o panorama que presenta para describir os resultados das relacións entre celtas e xermanos.[841] A este respecto, alúdese a unha situación inicial de influencia dominante dos primeiros sobre os xermanos, que habitaban as terras máis ó norte do territorio céltico principal, en torno ós Alpes, afirmación que MacNeill xustifica con argumentos arqueolóxicos e filolóxicos.[842] Posteriormente, iríase producindo, na súa opinión, un proceso de interpenetración racial e cultural de ambos os dous pobos nunha escala ou gradación variables.

Defende MacNeill a idea de que nas rexións xermánicas os celtas constituíran durante séculos unha minoría dominante, para evolucionar máis tarde o escenario de dous modos dispares. Por unha parte, nas rexións nas que os celtas eran o suficientemente fortes, non só numericamente, produciríase unha fusión dos dous pobos, da que resultou unha "Celto-Germanic population, Celtic in language but mainly Germanic in race".[843] Noutras zonas, en cambio, onde a poboación era moi predominantemente xermánica, esta conservou a súa lingua nativa e acabaría dominando sobre os elementos celtas minoritarios. Os que MacNeill chama "German-speaking Germans" e "more purely german population"[844] converteríanse no grupo máis poderoso, que acabaría desprazando os "Celticised Germans" cara a Occidente, máis alá do Rin, á Galia norteoriental, onde, á súa vez, estes presionarían os celtas alí establecidos.[845]

Deste modo, vemos como se manexan unha serie de conceptos onomásticos que xorden das diversas combinacións en que se mesturan elementos puramente biolóxicos e mais elementos culturais, val dicir, lingüísticos: "German-speaking Germans", "Celticised Germans", "un-Celticised Germans", "Celtic-speaking element", "German-speaking element" e mesmo "Celto-Germans", "Celto-Germanic population" ou "Germano-Celtic People".[846] A esta última categoría de "xermanos celticizados" pertencen os que César chama *belgas,* aqueles xermanos que adoptaran a lingua e a cultura célticas e que, aínda considerándoos celtas, el mesmo aínda percibía como diferentes dos auténticos pobos desta categoría

---

841 PIH, pp. 15-25.

842 Exemplificada por medio de diversas palabras de orixe céltica presentes nas linguas xermánicas. PIH, pp. 17-8.

843 PIH, p. 19.

844 PIH, p. 31.

845 PIH, p. 19.

846 PIH, pp, 19 e 25.

("Celtae proper"), os galos que vivían un pouco máis cara ó Oeste deles. Para MacNeill, os belgas eran, por tanto, "unha poboación mesturada de celtas e xermanos que falaban un dialecto céltico".[847]

De toda esta complexa exposición dedúcese que, cando os aplica na práctica, os criterios puramente culturais que MacNeill di propoñer como definidores dos pobos non amosan unha claridade tan precisa como se pretende na inicial declaración de principios metodolóxicos. Explícanse así conceptos tan confusos como o da "fusión parcial" de celtas e xermanos, da que parece resultar unha poboación *nova* formada por elementos raciais e culturais de orixes diversas.[848] Nos procesos de espallamento do céltico, as combinacións son ben variadas e, desde logo, non exclúen a presenza dos factores puramente raciais. No discurso histórico de MacNeill non soamente son a lingua e os demais trazos culturais os que se desprazan no espazo europeo. Tamén hai un movemento de persoas concretas que se supón que actúan como axentes difusores deses atributos que caracterizan os pobos celtas. É este o froito dunha ambigüidade orixinaria na propia definición dos pobos que, pese á suposta claridade das propostas iniciais, se manifesta en toda a obra de MacNeill e que deseguida veremos actuando, nun próximo apartado, ó ocuparnos das relacións entre as poboacións celtas e preceltas de Irlanda.

Aínda que no terreo dos principios considere MacNeill que é o espallamento da cultura céltica o factor principal da proliferación de pobos que merecen ser chamados *celtas,* nacidos ó asumir como propios uns trazos culturais específicos, podemos concluír que, cando detalla os procesos polos que este fenómeno ten lugar, o motor da acción correspóndelle, de feito, ós movementos demográficos reais dos pobos que, cultural e bioloxicamente, merecían desde un principio ser considerados como tales. En ningún outro caso se aprecia mellor que cando se ocupa das etapas da expansión dos pobos celtas a través das terras continentais europeas e da súa posterior chegada ás illas Británicas. Aquí non se trata xa dunha difusión cultural, máis ou menos borrosa, que se poida detectar a través da análise dos restos arqueolóxicos e da comprobación da extensión da lingua, senón dunha serie de auténticos desprazamentos no espazo de seres humanos concretos, descritos ben como movementos migratorios pacíficos de certas poboacións, ben como, nos casos máis frecuentes, resultado de conquistas militares.

MacNeill presenta un panorama xeral da expansión dos pobos celtas a partir do seu núcleo principal, concentrado nas terras da Europa central que se estenden

[847] PIH, p. 25.

[848] PIH, p. 31.

na cara norte dos Alpes. Alí, como demostran os xacementos de Hallstatt, vivían poboacións célticas que coñecían o uso do ferro desde o século IX a.C. Sería, precisamente, a posesión das técnicas de fabricación de utensilios e armas de ferro durante uns tempos en que os demais pobos europeos aínda se servían unicamente do bronce o que permitiría, segundo argumenta MacNeill, gozar ós celtas dunha prosperidade descoñecida para os restantes habitantes do continente e dispoñer dun poder abondo como para "conquistar e colonizar todos os países arredor deles".[849]

Atribúe o autor ó descubrimento do ferro unhas consecuencias revolucionarias, "relativamente maiores que as que foron introducidas nos tempos modernos pola máquina de vapor".[850] Segundo esta idea, a maiores da superioridade bélica que lle outorgaban as armas de ferro a quen as posuía, as ferramentas de que dispuxeron os homes a partir de tal descubrimento fixeron posible vencer a tendencia natural das terras europeas a deixarse invadir polo bosque e, deste modo, aumentar a superficie cultivada. O dominio das masas boscosas fixo medrar as dispoñibilidades alimentarias e acadar densidades demográficas ata entón só propias das áreas fluviais de Exipto e de Mesopotamia. Ó mesmo tempo, sostén MacNeill que o ferro fixo posible que un pobo do interior, como era o dos celtas centroeuropeos, habitantes dunha rexión con condicións pouco favorables para o tráfico fluvial, se convertese en construtor de vías de comunicación e de vehículos aptos para grandes desprazamentos.[851] As migracións célticas baseáronse, polo tanto, nos efectos inmediatos derivados da utilización do ferro (poboación crecente, apertura máis doada de vías de comunicación e máis eficaz armamento) e na posición dominante fronte ás poboacións veciñas que o seu uso lles conferiu ós pobos celtas da Europa central.[852]

A expansión celta continental, que tivo lugar entre os anos 650 a.C. e 250 a.C., sistematízaa MacNeill en varias etapas.[853] A primeira migración coñecida ocorrería antes do ano 600 a.C., realizándose desde a rexión do norte dos Alpes cara ás terras setentrionais da península itálica. Quizais fose por eses tempos cando os celtas iniciaron tamén movementos migratorios cara a Occidente, establecéndose no que César chamaría a Galia céltica (entre o Garona e o canal da Mancha). Entre

---

849 PIH, p. 13.

850 PIH, p. 154.

851 MacNeill afirma que boa parte das palabras latinas para designar os vehículos de transporte terrestre *(carrus* ou *carrum, carpentum* e varios máis que cita) serían tomadas polos romanos das correspondentes celtas. PIH, p. 13.

852 PIH, pp. 153-4.

853 PIH, pp. 13-16.

o 500 a.C. e o 400 a.C. unha nova corrente, aínda que menos numerosa, dirixiríase cara ó Sudoeste, cara a España –"máis como conquistadores que como colonizadores", precisa o autor–, onde se mesturarían coa poboación ibérica, dando lugar a un pobo ("a mixed people, partly Celts and partly Iberians") e a unha civilización diferentes.[854] No século IV a.C. produciríase un novo desprazamento masivo polas terras italianas, aínda máis cara ó Sur, no que os celtas acabaron co dominio etrusco e destruíron a cidade de Roma. Posteriormente, xa no terceiro século a.C., invadirían a península balcánica, establecéndose algúns grupos aínda máis alá, en Asia Menor, no país que, desde aquela, sería chamado Galacia.

A maiores destes movementos demográficos que testemuña a historia, desde o centro do continente cara ó Sur, cara ó Oeste e cara ó Leste, defende MacNeill a idea dunha cuarta vía de expansión celta desde o "old celtic country" cara ó Norte, cara ás terras dos xermanos. Segundo o noso autor, o feito de que os xermanos non aparezan mencionados nas fontes gregas e latinas ata finais do século II a.C., cando sabemos que si se coñecían xa antes as terras que habitaban, débese a que estes pobos estaban baixo o dominio dos celtas. Precisamente, esa primeira mención amósaos lonxe do seu territorio, no val do Po, como tropas de axuda recrutadas polos celtas nas rexións que tiñan sometidas ó seu dominio. Sostén MacNeill que a filoloxía proporciona argumentos que reforzan a súa idea, pois abundan nas linguas xermánicas palabras de procedencia céltica que indican unha hexemonía política.[855] Por demais, aínda en tempos de César abundaban en Xermania nomes de lugar de clara orixe céltica, o que lle serve como proba adicional para defender a tese dunha antiga ocupación céltica destas rexións setentrionais.[856]

A expansión dos pobos celtas desde Centroeuropa só se detería a mediados do século III a.C., freada pola aparición do novo poder romano no sur do continente e polo empuxe migratorio dos propios pobos xermanos no norte, que empezaría arredor do 200 a.C.[857] Foi dentro destas diversas ondadas, que durante catro séculos levaron ós pobos célticos desde o seu núcleo principal centroeuropeo ata as catro esquinas de Europa, onde se inscribe a chegada dos celtas ás illas Británicas. Pero esa cuestión require un tratamento á parte.

d. *A chegada dos gaélicos a Irlanda.* A que MacNeill chama "a rama gaélica

854 PIH, p. 14.

855 PIH, pp. 17-8.

856 Lémbrese, ademais, o que xa se escribiu anteriormente sobre as fusións entre elementos xermanos e celtas. PIH, pp.18-25.

857 PIH, p. 31.

dos celtas"[858] chegaría ás illas Británicas como parte dos movementos demográficos que estenderon estas poboacións polas terras europeas entre o 600 a.C. e o 250 a.C. Non precisa o historiador irlandés para este grupo orixe nin característica especial ningunha que non sexa a do conxunto xeral na que o engloba. Como xa vimos no seu tratamento doutros casos concretos do fenómeno de espallamento do céltico, tampouco aquí non se limita a unha cuestión de pura difusión de elementos culturais, senón que se pon de manifesto que houbo un desprazamento de persoas físicas ata estes lugares tan distanciados do núcleo centroeuropeo orixinario. Chegada que tería lugar, inclínase a pensar, en diversos e separados pequenos grupos que se irían establecendo naquelas afastadas terras atlánticas e organizándose de modo autónomo.[859]

Tal e como xa vimos no caso das supostas orixes ibéricas da poboación neolítica das illas Británicas, antes mesmo de expoñer as súas propias teses sobre unha cuestión histórica, a técnica habitual de MacNeill consiste en desmentir aquelas que considera que son posicións erróneas. Sobre todo, cando constitúen a versión predominante, ben nos ambientes populares, ben entre a comunidade científica, ou incluso en ambos os dous niveis, como acontece con frecuencia. Como, por demais, as ditas versións adoitan reflectir puntos de vista que non cadran nin coa súa concepción global da historia de Irlanda nin cos obxectivos políticos que configuran a súa preocupación vital cotiá, os traballos de MacNeill optan case sempre por esta técnica expositiva, de forte orientación pedagóxica, que pretende desfacer os que el considera prexuízos asentados na mentalidade popular e en boa parte dos círculos académicos, como paso previo para afirmar a continuación o verdadeiro relato histórico que el pretende dar a coñecer.

Partindo da aplicación dese esquema, frecuente en toda a súa obra, MacNeill comeza por desautorizar as propostas históricas sobre a chegada dos celtas ás illas Británicas que eran de aceptación común nos tempos en que el escribía, que non eran outras que as do xa mencionado John Rhys e a súa escola, predominantes daquela en Gran Bretaña, na apreciación do noso historiador.

As teses de Rhys e os seus seguidores,[860] xa incluídas nas obras de divulgación histórica daqueles días, sostiñan que as poboacións celtas se presentaran nas illas Británicas por vez primeira na Idade de Bronce, tempo que,

---

858 PIH, p. 44.

859 PIH, p. 206. A maioría das informacións sobre os acontecementos e interpretacións que rodean o primeiro asentamento da raza gaélica en Irlanda contéñense no capítulo II de PIH, "The Celtic colonisation of Ireland and Britain", pp. 31-60.

860 PIH, pp. 42-3. Aínda que as alusións ás posicións de Rhys por parte MacNeill son continuas, sistematízaas de maneira clara nestas páxinas.

precisamente, estaría marcado no seu inicio nesa zona pola súa presenza. Tales pobos serían os que, na súa versión, introduciron o coñecemento das técnicas e o uso daquel metal nestas terras que se supoñía que estaban antes ocupadas polas xa mencionadas xentes neolíticas de orixes ibéricas. Con posterioridade, as illas verían a chegada dos britanos, que traerían consigo a Gran Bretaña os trazos característicos da Idade de Ferro, desprazando os gaélicos ás partes máis occidentais da maior delas.

Detalla MacNeill as relacións que nas teorías de Rhys se establecen entre as poboacións das illas Británicas e as divisións que César indica para os habitantes da Galia: Rhys iguala os iberos do Neolítico británico cos correspondentes pobos da Galia aquitana e de España; fai corresponder os gaélicos cos celtas da Galia céltica de César; e considera do mesmo grupo os britanos que chegan co ferro a Inglaterra e os belgas da Galia correspondente da obra cesariana. A maiores, fai coincidir a diferenciación entre celtas e belgas coa que aparece nas linguas célticas, nas que se distingue o grupo das que conservan a consoante *Q,* como sucede coa fala dos gaélicos, e o das que a substitúen pola consoante *P,* característica propia das falas britana e galesa antiga. De resultas de todas estas combinacións, xorde un esquema no que Rhys integra as sucesivas etapas poboacionais en Gran Bretaña, e que MacNeill resume do seguinte modo:[861]

1. A poboación do Paleolítico, sen denominación expresa.

2. A poboación do Neolítico, é dicir, as xentes de orixe ibérica.

3. A poboación da Idade do Bronce, a saber, os goidélicos/gaélicos, celtas ou celtas-Q.

4. A poboación da Idade de Ferro, é dicir, os britanos, belgas ou celtas-P.

Este esquema, que afectaba directamente á concepción das primeiras poboacións irlandesas, sería rexeitado por MacNeill en toda a súa integridade. Lembrando a denegación absoluta da orixe ibérica da poboación neolítica e a imposibilidade de coñecer restos dos habitantes paleolíticos da illa irlandesa, cómpre fixarse, en primeiro lugar, na afirmación fundamental de ser os celtas gaélicos os que se incorporaron ás illas Británicas como portadores do bronce.

Aceptando as datas para o comezo da Idade do Bronce en Irlanda propostas por George Coffey, a quen considera a principal autoridade arqueolóxica a este respecto, que serían as dun período comprendido entre o 1800 e o 1500 a.C., MacNeill sostén a imposibilidade de introducir o uso deste metal un pobo de orixes célticas. Segundo se acaba de ver na exposición das migracións dos pobos celtas

[861] PIH, p. 43.

desde o seu vello país do norte dos Alpes, o proceso de expansión iniciaríase arredor do ano 600 a.C., en tempos moi posteriores, polo tanto, á aparición do bronce en Irlanda. Aceptar que un grupo celta chegaría a tan distantes illas 1.200 anos antes de que estes pobos se decidisen a ocupar "as fértiles e atractivas chairas que se estenden xunto ás súas fronteiras" parécelle inconcibible.

Por demais, comparando os restos da época do Bronce irlandés e británico cos das zonas de poboación céltica continentais, non se pode apreciar a coincidencia que cabería esperar entre eles, de formar parte todos dun único conxunto celta. Igualmente, insiste o autor, non se produciría o desfase de catro séculos que separa o final da Idade do Bronce nas illas e na Europa céltica, tal como indican as cifras que dá por boas e que despois se verán.[862]

Aínda así, o noso historiador acepta a pertinencia inicial dun novo argumento que podería aducirse en defensa das teses de Rhys e similares. É aquel que defende o carácter céltico da Gran Bretaña durante a Idade do Bronce en función da existencia na lingua grega, polo menos desde arredor do 900 a.C., da palabra *kassiteros* para designar o estaño. Supoñendo que o termo é un préstamo de orixe céltica, establécese a dedución de que un pobo celta ocuparía xa por aqueles tempos o lugar de procedencia dese metal, Gran Bretaña. Pero a forza da proposta é só aparente, segundo MacNeill, pois, aínda que *kassiteros* sexa palabra céltica e o estaño procedese das illas Británicas, como el mesmo acepta nos dous casos, o feito soamente indicaría, en realidade, que o metal chegaría a Grecia atravesando a Europa do Rin e do Danubio, onde tomaría a denominación propia dos pobos celtas da rexión.[863]

Despois de todas as anteriores consideracións, a conclusión de MacNeill é clara: nin a historia, nin a arqueoloxía, nin os estudios lingüísticos achegan proba ningunha que xustifique a tese de que as illas Británicas estiveron baixo ocupación de poboacións célticas durante a Idade do Bronce.[864] En realidade, afirma sen dúbida ningunha, os celtas chegaron a Gran Bretaña e Irlanda nunha data que non sería anterior ó ano 350 a.C., momento que coincide, precisamente, co que o citado Coffey considera como o inicio do uso xeneralizado do ferro nesas illas.

---

862 PIH, p. 44-5.

863 PIH, pp. 47-8. MacNeill permítese reforzar a súa argumentación por medio dun exemplo semellante: do feito de que os monos do Parque Zoolóxico de Dublín se entusiasmen cos *pea-nuts* ("cacahuetes") que lles botan os visitantes non se pode deducir que, por ser a palabra inglesa, os *pea-nuts* se dean en Inglaterra ou noutro país de fala inglesa. "It is very good proof, however, if proof were needed, that the trade in pea-nuts has passed through the hands of English-speaking people". Id.

864 "There is, then, no evidence from archaeology, history, or language, sufficient to establish even a moderate degree of probability for the theory of a Celtic occupation of Ireland or Britain during the Bronze Age". PIH, p. 48.

Todo indica, segundo MacNeill, que o pobo gaélico empezara o seu establecemento en Irlanda e mais en Gran Bretaña a mediados do século IV a.C. A arqueoloxía e a propia tradición, se se lle concede a esta forza probatoria, veñen confirmalo, na súa opinión. A primeira, porque a análise dos restos prehistóricos de que se dispón para as illas non deixa lugar para as dúbidas. Ante todo, porque non amosan continuidade material ningunha entre as rexións célticas centroeuropeas e as terras insulares atlánticas durante os catrocentos anos transcorridos entre o inicio da utilización do ferro naquelas, arredor do século VIII a.C., e a súa aparición nestas, o que sería de esperar no caso de que nos dous espazos –e nos intermedios– vivisen poboacións celtas.[865]

Os materiais insulares de orixe céltica coñecidos corresponden, na súa práctica totalidade, ó período de La Tène, é dicir, ó que se desenvolve nos derradeiros catro séculos do primeiro milenio anterior á Era cristiá. Mentres, apenas se atoparon obxectos pertencentes ó período céltico de Hallstatt (VIII-V a.C.) en Gran Bretaña ou en Irlanda, explicándose os escasos restos ("sporadic finds") coñecidos desta época por razóns dun fluxo comercial co continente xa existente por aquel entón. En consecuencia, a arqueoloxía amosa a ausencia dun período celta antigo ou de Hallstatt en Irlanda e en Gran Bretaña, así como o paso nelas directamente da Idade do Bronce ó período celta tardío ou de La Tène, arredor do ano 350 a.C., de onde MacNeill obtén a confirmación de que os celtas non chegarían a estas remotas illas ata o cuarto ou o quinto séculos anteriores a Cristo, feito que lle cadra tamén co contexto xeral dos movementos migratorios dos pobos célticos exposto máis arriba.[866]

En canto á tradición, MacNeill pensa que tamén viría no seu auxilio, no caso de ter que recorrer a ela. En verdade, afirma, as tradicións populares non adoitan, en ningures, precisar datacións. No caso irlandés só se introduciría un sistema cronolóxico coas historias dos eruditos cristiáns, tal como xa se viu, que ligaban os sucesos nativos a un esquema construído sobre unha serie de épocas en que dividía a Antigüidade no mundo. Unha cronoloxía deste teor carece, por suposto, de calquera fundamento científico, de modo que debe rexeitarse a correspondencia que se establece no Medievo entre aqueles grandes acontecementos e a serie de supostas invasións que se sucederían en Irlanda.

Aínda así, concede MacNeill, podería defenderse a idea de que a gran antigüidade que estes relatos atribúen á chegada dos gaélicos (que viría coincidir

[865] PIH, p. 45.

[866] PIH, pp. 51-2.

co tempo asignado no esquema mundial ó inicio da Idade do Bronce insular), por pouco precisa que fose, non faría senón reflectir o que sería verdadeiramente substancial, é dicir, a existencia dunha crenza popular tradicional no carácter remoto daquela chegada fundacional. Se así fose, aduce, debe aceptarse que canto máis antigo fose o escrito medieval, máis próximo estaría o seu autor a aquela tradición popular. E dáse a circunstancia de que, precisamente, a máis vella versión coñecida da cronoloxía das invasións establece que a migración gaélica coincidiría coa data do imperio de Alexandre, 331 a.C.,[867] data que, casualmente, estaría ben próxima á do 350 a.C. que el mesmo, seguindo a Coffey, propón para o final do Bronce en Irlanda. Remacha MacNeill negando que esta coincidencia teña valor científico ningún, pero que, de todos modos, tamén a cronoloxía tradicional, se alguén quixese propoñela como proba histórica, favorecería a súa tese de relacionar a aparición do pobo gaélico en Irlanda co final de Idade do Bronce e non co seu principio.[868]

En canto ás afirmacións de Rhys de ser un novo pobo celta –os britanos ou celtas belgas– o que introduciu o ferro en Gran Bretaña, desprazando ás partes máis occidentais os gaélicos que a ocupaban desde a Idade do Bronce, tamén son descualificadas por MacNeill. Se Rhys apoia os seus argumentos na existencia de comunidades gaélicas nesas rexións despois da retirada dos romanos, de certo, para o noso autor, non se trataría máis que de colonias de xentes irlandesas establecidas alí no momento de derrubamento do poder romano na illa, e non de descendentes das primitivas poboacións gaélicas supostamente chegadas no Bronce. Do mesmo modo, rexéitase o outro punto de apoio da proposición de Rhys, o que nace da diferenciación entre celtas coa peculiaridade lingüística do *P* –os britanos– e os que conservaran o *Q* –os gaélicos irlandeses–, negando que se puidese establecer correspondencia ningunha entre tal cambio fonético e calquera límite racial ou político concreto.[869] Esas poboacións celto-xermánicas belgas, das que o mesmo César dá conta, existirían na realidade, segundo MacNeill, pero non serían senón pequenos grupos de colonos que atravesaran o canal da Mancha en tempos recentes e que se estableceran nas terras costeiras. O seu número sería pouco significativo e, desde logo, non se corresponden cos que tres ou catro

867 Segundo MacNeill di demostrar xa en artigo publicado, en xullo de 1910, en *Proceedings of the Royal Irish Academy.* Cit. PIH, p. 49. Tamén en CI, p. 36.

868 PIH, pp. 49-50. Por demais, sábese que as antigas tradicións gaélicas consideraban os grandes túmulos do Boyne como as tombas ou as moradas dunha raza anterior. Id., p. 73.

869 PIH, pp. 45-7. Outra vez a ironía de MacNeill abrolla ó expoñer un exemplo comparativo: do feito de que a inicial *W* das palabras xermánicas se convertese nas linguas romances en *GW* –por exemplo, no español– e de que se producise un fenómeno igual no galés e non no irlandés, non se pode deducir que os galeses estean máis próximos ós españois que ós irlandeses ou que –se a historia non nos dixese nada– Gran Bretaña, despois do dominio romano, fose ocupada por unha invasión española que non se estendera a Irlanda.

centurias antes levaran o ferro a Gran Bretaña. Por demais, non limitaran a súa presenza tan só ás costas británicas, senón que tamén se detectan comunidades desta orixe continental na franxa costeira oriental irlandesa, co que queda desmentida a enteira tese de Rhys.[870]

En resume, o argumento de MacNeill sostén que as illas Británicas non foron colonizadas polos celtas ata o século IV a.C.; que os colonos belgas ou celto-xermánicos non chegaron ata moito despois, establecéndose nas dúas illas, formando pequenas e escasas comunidades; e que a diferenciación entre gaélicos e britanos non se corresponde coa que se facía en tempos de César entre celtas e belgas da Galia. As teses de Rhys son rexeitadas, polo tanto, na súa absoluta integridade.[871]

3. A Irlanda gaélica orixinaria

Segundo o relato de MacNeill, no período transcorrido entre o asentamento do pobo gaélico en Irlanda, no século IV a.C., e a penetración na illa da relixión cristiá, da man de san Patricio, alá polo século V da nosa era, conformouse o soporte material e cultural sobre o que se iría constituíndo a nación irlandesa. Foi durante eses 800 anos cando se moldearon os trazos do ser nacional, que recibiría o definitivo alento vital coa arribada da nova fe cristiá. Por eso, as datas extremas que sinalan os límites dese espazo temporal érguense como dous fitos que provocan senllos cambios cualitativos decisivos desde a perspectiva da conformación mesma da nación irlandesa, imaxinada por MacNeill como *gaélica* e *cristiá* en canto ós seus elementos constitutivos básicos. Trátase deseguido dos efectos do primeiro deses acontecementos senlleiros e do seu papel transcendental dentro desta visión da historia nacional.

Nos esquemas históricos de MacNeill a chegada do pobo gaélico desempeña un papel determinante para a constitución da nacionalidade irlandesa. Non só porque é presentado no seu relato como o primeiro dunha serie de momentos decisivos no seu desenvolvemento, senón, sobre todo, porque o elemento racial e cultural que achega é considerado como o factor fundacional que dá orixe á nación mesma. A ausencia dese dato constituínte esencial converte os tempos anteriores, deste modo, no período do *pre*-céltico/gaélico. É dicir, na etapa dunha materia que se supón que está *en espera* do que lle conferirá sentido, dunha substancia á que lle falta o complemento esencial para acadar a súa plenitude, de algo incompleto que só pode merecer a consideración de *antecedente* do que despois virá concederlle

[870] PIH, pp. 52-8.

[871] PIH, p. 60.

un novo significado. O *celta,* como primeiro elemento determinante da nacionalidade, convértese na referencia central en torno á que se compón o relato do pasado da nación nos seus tempos iniciais.

Con todo, a pesar do carácter medular do gaélico na constitución do ser nacional, a materia precéltica non desapareceu por completo, afirma MacNeill. Aínda que o céltico constituiría desde entón o seu carácter dominante, certos trazos dos pobos establecidos no país con anterioridade perdurarían no tempo, producíndose a súa incorporación paulatina á nova entidade nacional ó longo dos séculos seguintes, converténdose, a través dun pausado proceso de depuración e de interpenetración, nuns dos elementos constituíntes da nacionalidade irlandesa. Lémbrese que xa se aludiu ó feito de que tres dos compoñentes característicos da Irlanda céltica, o *status* dos artesáns e das mulleres e mais o druidismo, eran, segundo MacNeill, de orixe precéltica, concretamente, picta. Cada un destes trazos probaría a fusión progresiva entre conquistadores e conquistados e a desaparición última da diferenciación entre o grupo aristocrático terratenente e a poboación plebea sometida, de modo que, co tempo, as leis irlandesas non establecerían discriminación ningunha en función dunha suposta ou real orixe racial determinada.[872]

a. *O sistema político.* As obras de MacNeill caracterizan o sistema político e a súa evolución ó longo do período anterior á cristianización segundo os seguintes trazos:

1) A pentarquía e o equilibrio de poder. Pese ás afirmacións dos historiadores medievais irlandeses e os seus epígonos, como Geoffrey Keating ou os *Catro Mestres,* que aluden a unha monarquía central que exercería a soberanía sobre a enteira illa irlandesa desde tempos remotos, MacNeill sostén que a estrutura política da Irlanda gaélica anterior á chegada do cristianismo descoñecía a existencia dunha tal autoridade central.[873] Lonxe de ser un período breve, unha pequena interrupción na continuidade dunha monarquía suprema, como se presentaba neses relatos históricos tradicionais, MacNeill afirma que a Irlanda gaélica anterior á cristianización se caracterizaba pola coexistencia en plano de igualdade de cinco reinos que se repartían o completo territorio insular. Neste sistema, que recibe a denominación de *pentarquía,* non gozaba de posición hexemónica ningunha das súas partes sobre as demais. Cada un dos monarcas das cinco entidades políticas

[872] EILI, p. 63.

[873] Xa se expuxo, no apartado correspondente, a crítica de MacNeill á narración dos eruditos medievais sobre o sistema político suposto por estes para os primeiros tempos da nación irlandesa. A continuación detállase a proposta de MacNeill, segundo queda reflectida, con maior amplitude, fundamentalmente no capítulo IV de PIH, "The Five Fifths of Ireland", pp. 98-132.

exercía o seu poder sen limitación externa de ningún tipo, e así perduraría polo menos ata finais do século III d.C., en que a situación de equilibrio empezaría a quebrar en beneficio dalgunhas delas, como máis adiante se verá.

A afirmación da existencia da pentarquía esixe dúas xustificacións por parte de MacNeill. A primeira refírese ó propio carácter monárquico do sistema político da Irlanda gaélica anterior á chegada do cristianismo. A segunda debe precisar as delimitacións da división quintipartita da illa naqueles tempos.

Respecto da primeira das cuestións, a presenza da institución monárquica en Irlanda está en contradición con todas as crenzas que os especialistas da época nos estudios célticos profesaban á hora de caracterizar os modos que revestía o goberno entre aqueles pobos de estirpe céltica dos que formaban parte os gaélicos. O propio MacNeill, cando se ocupa de describir a forma de goberno característico dos pobos celtas,[874] toma como termo de comparación a República romana, para afirmar que, segundo todas as noticias provenientes dos textos clásicos, tampouco os celtas non se rexían por un sistema monárquico. Carecendo de reis, o poder residía nun senado no que se integraban unha serie de maxistrados que gozaban de capacidade executiva. En definitiva, a denominación elixida polo historiador irlandés para caracterizar o réxime político propio dos celtas é o de ser unha "república patricia".[875]

Conforme se deduce da consideración deste criterio de aplicación xeral a aqueles pobos, polo tanto, explica MacNeill que o réxime monárquico polo que se rexían as unidades políticas irlandesas sería unha excepción á norma que representaba a habitual condición política dos pobos celtas, polo menos desde 300 a.C., no período que a el lle interesa. Sen embargo, no fondo e pese ás aparencias, tal excepcionalidade non viña supoñer unha ruptura coa cultura política celta, o que non cadraría cun pobo tan claramente céltico coma o gaélico. Pola contra, na súa argumentación, a monarquía irlandesa non viría senón confirmar, en último termo, o seu grao máximo de pureza céltica, pois afirma a continuación que, sen dúbida ningunha, o réxime monárquico fora en tempos anteriores o xenuinamente propio daquela familia de pobos, tal como conclúe a partir da comprobación do estendida que estaba nos antigos nomes célticos a palabra utilizada nos seus idiomas para designar o monarca –que se relaciona co termo *ri,* en gaélico, moi presente na onomástica persoal, como en *Vercinxetórix,* ou colectiva, como en

[874] PIH, pp. 26-8.

[875] "The Celtic form of government in historical time was that of a patrician republic". PIH, p. 27. Seguindo a narración de César en *De Bello Gallico,* MacNeill sostén que, ó igual que Roma, os Estados da Galia no tempo da conquista romana eran repúblicas. EILI, p. 117.

bituriges. Palabra que, por certo, tamén se transmitiu ás linguas xermánicas, que derivan dela o termo que utilizan para nomear un reino.[876]

Por demais, tomando como referencia a outra civilización clásica mediterránea, explica MacNeill que o pobo celta dos tempos históricos se atopaba dividido en gran cantidade de Estados non sometidos a ningunha autoridade superior central, aínda que, como na Grecia antiga, algún deles podía adquirir unha posición hexemónica temporal sobre os veciños, constituíndo unha especie de "loose federation".[877] Lembra MacNeill que esta era a situación política na Galia céltica antes da súa conquista por César, país onde as pequenas comunidades independentes tendían tamén a agruparse en "hexemonías" ou conxuntos de Estados aliados baixo o liderado dun deles.[878] O mesmo modelo xeral de pequenas entidades políticas independentes –que engloban, á vez, outras menores e subordinadas– é o que –de modo coincidente, neste caso– caracteriza a situación irlandesa no esquema que lle atribúe para os tempos anteriores á cristianización da illa. Estes Estados, denominados *tuath* en irlandés, dos que MacNeill aventura que habería un número entre 80 e 100, estaban rexidos en cada caso por un rei, que exercía as funcións de xefe militar, de presidente da asemblea dos homes libres –que era a máis importante institución de poder–, de xuíz e, quizais, de sacerdote principal.[879]

Había, polo tanto, unha tendencia, que MacNeill cualifica de "natural", a que estes pequenos Estados se agrupasen baixo "hexemonías" máis amplas que, á súa vez, se integraban noutras aínda maiores que o costume foi convertendo en permanentes.[880] Por eso o noso autor non dubida da realidade da división do territorio insular nos "Cinco grandes Quintos" ("Fifths") en que se repartían as pequenas entidades políticas básicas e sobre os que se constitúe o sistema da quíntupla monarquía. Achega como proba primeira a pervivencia do termo gaélico correspondente *(cuigeadh)* a través de toda a literatura irlandesa –cando o sistema era xa outro desde séculos antes de que esta se iniciara–, que mesmo conservaba a súa vixencia aínda nos seus días, nos que cabía comprobar que se utilizaba na fala popular para designar cada unha das subdivisións principais do país. Pensa MacNeill que a súa supervivencia "no vocabulario, na literatura e na memoria popular" demostra que esa peculiaridade da organización política non puido

---

876 O *reich* xermano provén do celta *rigion,* representado en irlandés antigo por *rige,* "reino". PIH, p. 17

877 Agás en Asia Menor, onde os tres Estados gálatas (célticos) estaban unidos nunha "strict federation, with a fixed constitution, a common council of state and a common executive both civil and military". PIH, p. 27.

878 EILI, pp. 74 e 91-2.

879 EILI, p. 60. Trátase de modo promenorizado do sistema político do *tuath* ó dar conta da descrición que das súas estruturas e do seu funcionamento realiza MacNeill de maneira xenérica para a Irlanda gaélica.

880 EILI, p. 102.

constituír, simplemente, un feito transitorio entre dúas etapas dunha monarquía única, anterior e posterior á interrupción, tal como sostiñan os relatos medievais.[881] De feito, MacNeill considera que todo o sistema da quíntupla subdivisión se remontaba á Prehistoria e que estivo en vigor ata os primeiros tempos do cristianismo.[882]

Pero a demostración da realidade indiscutible do sistema pentárquico na máis antiga Irlanda gaélica, a previa a san Patricio, está contida na tradición nativa, considerada polo noso autor como a fonte máis fiable para o coñecemento da estrutura política de Irlanda nos séculos anteriores ós rexistros escritos.[883] Aquí MacNeill cóidase de precisar a condición de tradición orixinaria *auténtica,* afirmando que non sería esta, en realidade, a que se forma e se recolle nas narracións dos eruditos medievais que se inspiran en escritos latinos clásicos, aquela que creara a fabulosa lenda das orixes escitas e o desembarco dos descendentes de Breogan. A verdadeira tradición gaélica é, para el, a que se reflicte nas sagas épicas do Ulster, nas narracións dos heroes do *Tain Bo Cuailnge* e dos relatos con el relacionados. Na súa opinión, por baixo das fantasías propias do relato literario, estas obras permiten albiscar a realidade política de cinco reinos enfrontados, que constitúen o continuo pano de fondo das marabillosas aventuras que nesas xoias literarias se recollen.[884] É, precisamente, de todo este conxunto literario, que se refire ós principios da Era cristiá, de onde deita a tradición histórica[885] que divide a illa daqueles tempos en cinco reinos iguais en rango e non sometidos a autoridade central ningunha.

Conclúe MacNeill, en consecuencia, que a pentarquía constituíu o sistema político vixente na Irlanda gaélica ata os tempos da cristianización da illa e amósase capaz de describir, con bastante detalle, mesmo a distribución territorial de cada unha das partes que a conformaban, a saber, os *fifths* de Ulster, Munster, Connacht e os dous de Leinster, Norte e Sur, rebatendo algunhas das delimitacións que

---

881 "It is evident that a political fact which impresses itself so permanently on the vocabulary, the literature, and the folk-memory of the people for at least fifteen hundred years was not the transitory thing that appears in the lists of Irish monarchs before Christianity, a Pentarchy which lasted only during a few years and interrupted for that time of the course of an earlier and later Monarchy". PIH, 101. En EILI, p. 92, sostén que os antigos escritos usaban a palabra *coiced* ("quinta parte"), que aínda perduraba en irlandés, por exemplo, para denominar a provincia do Ulster: *Cuig' Uladh,* "Quinto de Ulaidh".

882 CI, p. 104.

883 PIH, p. 106.

884 "The Five Great Fifths of Ireland are a living fact in the political framework of the stories of the Ulster Cycle. Surely then it is in those stories themselves and in the antiquity of their tradition that we must seek the evidence about these divisions, their location and extent, and not in the unreconciled statements of writers in a later age. The teaching of the Ulster stories on this matter is clear and unmistakable". PIH, p. 103.

885 En EILI, p. 92, fala dunha "firm tradition" que remonta a división en cinco grandes grupos de Estados a principios da Era cristiá. En id., p. 102, recalca que se trataba dunha "immemorial tradition".

propoñían os historiadores medievais e suxerindo precisións que el mesmo deduce da análise de diversos materiais escritos.[886]

O sistema pentárquico comezaría a alterarse en profundidade na súa estrutura territorial a partir dos anos centrais do século II d.C., establecendo MacNeill a súa quebra no último cuarto de século III. O resultado dese proceso de recomposición, tal como se presenta a situación nos inicios do período histórico irlandés, que coincide coa chegada do cristianismo no século V, sería unha Irlanda dividida en sete grandes reinos, cada un deles contendo outros subordinados de menor tamaño, formando xa un *sistema* político de alcance insular, presidido por unha monarquía central que impoñía a súa hexemonía sobre os titulares do poder nos restantes Estados.[887]

2) A redistribución territorial e o camiño cara á monarquía central. A desaparición progresiva do sistema pentárquico, na vertente puramente territorial e mais no equilibrio de poder entre os cinco monarcas principais, vai directamente ligada á expansión e a medra de poder da dinastía dun deses reinos, o de Connacht, nun desenvolvemento que se estende desde a segunda metade do século III d.C. ata a penúltima década do século V, en que se truncaría a súa posición hexemónica na illa.

O primeiro dos pasos cara á desintegración do sistema tradicional da pentarquía prodúcese, segundo MacNeill, durante o reinado de Tuathal Teachtmhar, príncipe da dinastía de Connacht, entre os anos 150 e 175 d.C.,[888] aquel monarca que restaurara o poder gaélico na illa despois da "revolta dos vasalos", os pobos sometidos de orixe precéltica. Precisamente, MacNeill especula con que os comezos da expansión de Connacht, que xa non se detería ata converterse en hexemónica a súa dinastía, puido estar relacionada co feito de quedar este reino menos afectado pola antedita rebelión dos non-gaélicos e aproveitar a súa conseguinte posición de superioridade.[889] Calquera que fose a causa inmediata, Tuathal rompeu o vello esquema político-territorial cando estableceu un reino coas terras de Uisneach, arrebatándollas ó antigo *fifth* de Leinster do Norte, do que formaban parte, e incorporándoas ás posesións controladas pola dinastía de Connacht.

---

886 PIH, pp. 102-14.

887 Os datos de todo o proceso de reaxustamento territorial e de consolidación dun poder central, que a continuación se resume, expóñense en PIH, pp. 113-32.

888 MacNeill deduce a cronoloxía aplicando unha media de tres xeracións por século a partir da aceptación das datas supostas polos antigos escritores para a raíña Medb, de quen, segundo as xenealoxías, descendía Tuathal. Cre máis seguros os resultados dos cálculos baseados na súa "law of averages" que as datas –non coincidentes entre si– que indican as antigas listas reais. PIH, p. 118.

889 PIH, p. 119.

Pero, para o noso historiador, o verdadeiro momento clave que sinala a quebra das vellas estruturas políticas, tanto nos aspectos territoriais coma no tocante á igualdade que caracterizaba as relacións existentes entre os distintos reinos, produciuse coa conquista de Tara, a antiga capital de Leinster do Norte, por Cormac, outro monarca da dinastía de Connacht, o cal estima, polo mesmo procedemento do cálculo xeracional, que actuaría entre os anos 275 e 300 d.C. Lembra MacNeill que este reinado mereceu tamén unha consideración especial nos antigos relatos históricos, nos que se lle atribúe a condición de fito que marca o inicio dunha nova época. É dicir, que o reinado de Cormac preséntase xa nas vellas historias como un dos puntos que servía como referencia para fixar cronoloxicamente acontecementos posteriores, indicando que sucederon un determinado número de anos despois del. Considérase, por tanto, en tales escritos que revestiu unha importancia excepcional. Aínda que neles non se indica o porqué, pensa MacNeill que a súa transcendencia viría, xustamente, de fixar o sinalamento da fin do sistema pentárquico e o establecemento da monarquía central en Tara.[890] A desaparición do reino do Leinster do Norte pola súa incorporación, xunto con algunhas terras do Ulster, ás posesións de Cormac, alterou substancialmente, por tanto, a vella orde tradicional, na súa dobre dimensión territorial e de balance interestatal.

O proceso de engrandecemento da dinastía de Connacht cumpriría a súa etapa decisiva co derrubamento do reino do Ulster e a incorporación da maioría do seu territorio ós dominios dos príncipes de Connacht, feito que tería lugar unha centuria despois de Cormac, en tempos do seu descendente e titular da coroa de Tara Muiredach Tireach.[891] A ocupación dos territorios ulsterianos requiriu un gran esforzo militar, pois a resistencia dos seus gobernantes foi decidida e firme, como o proba, na opinión de MacNeill, a liña defensiva terreña erixida ó longo de toda a fronteira. A fortificación, o "Great Wall of Ulster", completando os obstáculos naturais xa existentes (lagos, ríos, bosques), constituía unha auténtica barreira defensiva que protexía o país de Leste a Oeste, aínda que non podería evitar a súa caída final.[892]

Entre tanto, outro proceso expansionista viña confirmar a alteración do antigo sistema político. En paralelo á medra de poder de Connacht no norte da illa, nas

---

890 A falta de alusións a estes feitos deberíase á necesidade de non mencionalos para poder seguir sostendo a existencia na sede de Tara dunha monarquía con soberanía insular desde tempos inmemoriais, segundo a doutrina das historias tradicionais. PIH, p. 120, 124, 191.

891 Considera MacNeill que a conquista do Ulster por príncipes de Connacht non é senón o derradeiro elo na cadea das antigas rivalidades entre estes dous antigos reinos, tal como se recollen nos relatos literarios desde o *Tain Bo Cuailnge.* PIH, pp. 24-6. A versión tradicional da conquista do Ulster atópase en PIH, pp. 124-6.

892 "Of this state of things we have a very remarkable record, not written on paper, but graven on the face of the country". PIH, p. 131.

terras do sur producíase a consolidación de Munster como reino de gran fortaleza, baixo a dirección da ascendente dinastía dos Eoghanachta, con sede en Cashel.[893] O Estado meridional crecería neses tempos a custa do xa débil reino de Leinster, o único que permanecía dos dous existentes ata a caída de Tara, e mesmo sería capaz de quedar coa rexión de Clare, pertencente antes ó poderoso reino de Connacht.[894]

Xa a finais do século IV e a principios do V, Niall *o dos Nove Reféns,* rei de Tara, e os seus sucesores fixéronse coas partes que quedaban do antigo reino do Ulster e completaron o dominio da dinastía de Connacht sobre a enteira metade norte da illa. Ó tempo, os reis de Tara, pertencentes a esta mesma liñaxe, serían recoñecidos entón como monarcas de toda Irlanda. A hexemonía do poder dinástico de Connacht atopaba, deste modo, en palabras de MacNeill, "a súa expresión natural".[895] O vello sistema político-territorial quedaba destruído na súa integridade, para ser substituído por unhas novas estruturas que se consolidarían durante as seguintes centurias.

A maiores da súa superioridade militar, a extensión do poder das dúas grandes dinastías de Connacht e Munster e as súas ramas familiares foise reforzando a través do que MacNeill chama "colonising process".[896] Trátase dun proceso por medio do cal se fora impoñendo a autoridade de membros destas familias sobre os numerosos pequenos reinos da illa, integrados dentro dos principais *over-kingdoms* xa citados, substituíndo ou subordinando a posición de poder dos seus anteriores gobernantes. O método é semellante ó que despois sería o habitual no sistema feudal, cando un señor establecía un señorío intermedio entre el e o seu vasalo. Desde os anos finais do século IV ata o XVI, afirma o autor que os monarcas irlandeses crearían señoríos intermedios semellantes que, na maioría dos casos, supoñían a transferencia do poder dos gobernantes dos pequenos reinos a membros das grandes familias, eliminando ou poñendo en posición subordinada a autoridade dos anteriores dirixentes.[897]

---

[893] Supón MacNeill, por diversas deducións sobre materiais onomásticos, que esta familia formaba parte dun establecemento colonizador relativamente tardío de orixes galas. Igualmente, a ocupación de Cashel por esta liñaxe non se realizaría ata principios do século V d.C. PIH, pp. 127-8, 187.

[894] MacNeill di non atopar explicación ningunha para este feito sorprendente para el, en canto non cadra coa progresión do poderío de Connacht na época. PIH, pp. 126-7.

[895] PIH, p. 131. Xa se viu ó presentar a valoración de MacNeill sobre os relatos históricos medievais que tamén en CI (pp. 8, 21) facía coincidir a aparición dunha monarquía suprema irlandesa co século da cristianización da illa. Sen embargo, posteriormente, sostería como "feito histórico válido" a existencia dunha primacía ligada a un rei de Irlanda desde o século III. EILI, p. 109.

[896] PIH, p. 177.

[897] PIH, pp. 176-83.

Estas pequenas unidades, rexidas por dirixentes que formaban parte das principais familias dinásticas no poder nos grandes reinos, gozaban dun estatuto especial respecto das demais, pois a condición política derivada dos seus lazos de parentesco excluíaos do pagamento de tributos ós líderes das estruturas superiores nas que se integraban, obriga que se impoñía, en cambio, ós que non pertencían a esta categoría, por non formar parte os seus gobernantes da liñaxe imperante no Estado principal do que dependían.[898]

Deste modo, nos tempos en que san Patricio iniciou a cristianización de Irlanda, a illa estaba baixo o dominio hexemónico dos príncipes de Connacht, establecidos como gobernantes en Tara e recoñecidos como monarcas con autoridade sobre os sete reinos principais que compoñían o que xa era unha *heptarquía,* nunha distribución territorial que permanecería sen apenas alteracións durante as seguintes centurias: o reino de Meath (con capital en Tara), o reino de Connacht, os tres reinos establecidos sobre o espazo que antes constituíra o dominio dos monarcas do Ulster (Ailech, Ulaidh ou pequeno Ulster, e Airgialla ou Oriel), o reino de Leinster e o reino de Munster.[899] Por baixo desta estrutura estatal estaban os numerosos pequenos reinos que lles estaban suxeitos, fose en condición de tributarios, no caso de non pertencer os seus dirixentes á estirpe reinante no Estado principal correspondente, fose sen estar sometidos ó pagamento de tributos, cando estaba presente a coincidencia dinástica da que os anteriores carecían.

Neste século V, polo tanto, a familia real de Connacht, nas súas diversas ramas, estendía o seu dominio directo sobre un territorio composto polo reino orixinario de onde toma o nome e mais os do Ulster e Meath, mentres Leinster era tributario dela. Desde Niall, os reis de Connacht ocuparon o trono de Tara ó quedar este vacante, sendo sucedidos no Estado do que proviña a dinastía por membros da súa familia, os cales despois volverían repetir o acceso ó trono da monarquía suprema.[900] Este paso do goberno de Connacht ó de Tara, co conseguinte control da monarquía central pola mesma liñaxe, realizaríase sen interrupción ningunha ata o ano 483.[901]

De todos modos, a hexemonía da casa de Connacht non sempre era aceptada de grao. O tributario reino de Leinster, formado polas terras do que fóra Leinster

---

898 PIH, p. 182.

899 PIH, pp. 113 e 186. Así os recolle aínda no século IX o *Book of Rigths.* EILI, p. 277.

900 En tempos de san Patricio Tara era a sede oficial da monarquía central, pero os reis seguían tendo a súa residencia en Cruachain, a capital de Connacht, de onde procedía a dinastía real. MacNeill considera como proba indiscutible o feito de que Patricio bautizase alí as fillas do rei Loeguire [sic], así como que o antecesor deste fose soterrado no seu cemiterio. PIH, p. 158.

901 PIH, pp. 130.

do Sur e mais as que puideran reter do da parte norte do país, non deixaría de reclamar como súas, durante toda a centuria, os territorios que lle foran arrebatados polos príncipes de Connacht-Meath. Como resultado, os anais recollen unha continua serie de enfrontamentos que opuxeron a Leinster contra os reis de Connacht e/ou os Ui Néill, unha das ramas desta familia establecida nos territorios conquistados fóra dos lugares patrimoniais orixinarios. A loita dos monarcas de Leinster duraría ata principios do século VI, cando a derrota final os obrigou a renunciar ás súas reivindicacións.[902]

Por demais, no momento en que a quinta centuria se achegaba ó seu final, outro acontecemento alteraría a orde establecida pola hexemonía da dinastía de Connacht, ó ser esta desprazada polos seus parentes Ui Néill. Eran os Ui Néill os príncipes da liñaxe de Niall que, como consecuencia das conquistas e da sobreimposición de señores intermedios, se estableceran fóra de Connacht. Divididos en dúas pólas, por un lado estaban os chamados Ui Néill setentrionais, o xefe dos cales era o rei de Ailech, mentres a outra rama da familia, os Ui Néill do Sur, asentaban nas posesións territoriais coas que se fixeran en Meath, é dicir, no propio reino de Tara. A unión militar destes dous grupos Ui Néill establecidos fóra do solar primeiro da estirpe contra os seus parentes de Connacht acabaría cos trescentos anos de predominio crecente deste reino na parte norte da illa.[903] A derrota conseguinte de Ailill Molt (483), rei de Connacht e de Irlanda, a mans do rei de Ailech, Muirchertach, e de Luguid, xefe dos Ui Néill meridionais, daría cabo ó monopolio da coroa de Tara que os gobernantes de Connacht viñan exercendo desde os tempos de Niall. Así rematou a relación entre Connacht e a monarquía central de Tara que caracterizara o século de san Patricio.

E así daba cabo, tamén, un período que as vellas crónicas consideraban como dotado dunha consistente unidade. Pensa MacNeill que estes relatos medievais que seguían o modelo eusebiano de sinalar fitos ("épocas") que indicasen os acontecementos de referencia para a comprensión do pasado respondían a unha idea de unidade presente na mente do cronista, que comprendía os feitos que anotaba non como unha xustaposición informe de datos inconexos, senón como "un relato coa súa secuenciación, un drama en tres actos" que se deducía das tres referencias epocais que permitían ordenar os tempos pretéritos. Cando o cronista escribe que no ano 483 tivo lugar a batalla de Ocha, na que foi derrotado Ailill

902 PIH, pp. 187-9.

903 MacNeill descobre a causa da alianza destes príncipes contra os seus parentes nas peculiaridades da lei sucesoria irlandesa, que obrigaba a cada rama familiar a acceder ó trono cada tres xeracións para non ver extinguidos os seus dereitos. A cuestión das leis hereditarias será tratada con detalle ulteriormente. Para este caso concreto, PIH, pp. 231-2.

Molt, sitúaa en relación a Cormac (206 anos antes) e a Conchobar (308 anos antes de Cormac). Os tres puntos cronolóxicos, dinos MacNeill, non son casuais: o máis antigo sinala o apoxeo do sistema da pentarquía, a era dos heroes ulsterianos; o segundo vai asociado á disolución do sistema dos cinco grandes reinos, cando comeza a expansión do de Connacht cara a Tara; e o terceiro fixa o momento da ruptura da relación directa entre Connacht e Tara coa monarquía suprema, así como o inicio da posición de predominio dos Ui Néill.[904] E MacNeill, o historiador moderno e preparado, non fai senón aceptar como válido este vello esquema que deriva das fontes tradicionais.

3) O funcionamento do sistema político. A unidade política básica da Irlanda gaélica, xa nos tempos precristiáns, era o *tuath,* o territorio sobre o que exercía a súa autoridade un rei.[905] Segundo MacNeill, o número destas entidades políticas diferenciadas primarias variaría ó longo dos tempos, pero atrévese a estimalo, para os principios da época histórica (século V d.C.), nunha cifra que oscilaría entre 80 e 100, como xa se sinalou.[906] Dos *tuatha* pensaba que eran comunidades políticas completas que se correspondían coas formacións que en latín recibían o nome de *civitas*[907] e que deberían de ter a súa orixe nunha forma de organización territorial do poder común á rama indoeuropea occidental, é dicir, ó grupo italo-celta-xermánico.[908] Tratábase de pequenos Estados, de extensión limitada en función da necesidade de permitir a asistencia á asemblea pública dos homes libres que formaban parte deles sen ter que realizar desprazamentos que os levasen demasiado lonxe dos seus fogares.[909]

A comunidade de homes libres expresaba o seu poder político na mencionada asemblea pública, que tomaba decisións sobre a elección e a deposición dos monarcas, exercía tarefas xudiciais, lexislaba e impoñía contribucións.[910] Sen embargo, a autoridade máxima no *tuath* era exercida por un rei que presidía a

---

904 PIH, pp. 190-3.

905 Seguindo as pautas de MacNeill, describirase *in extenso* o funcionamento do sistema político no momento de tratar do que o noso autor considera como o período de plenitude da Irlanda gaélica, aquel que delimitan os séculos VI e VIII da nosa era. Agora apúntanse, simplemente, os trazos máis xerais dese modo de organización política peculiar constituída xa no período precristián irlandés.

906 EILI, pp. 60, 92, 96.

907 CI, p. 6. EILI, p.99.

908 EILI, pp. 99, 115.

909 EILI, p. 101. MacNeill compara o seu tamaño medio co das baronías modernas (CI, p. 6) e faino equivalente a un terzo da extensión dun condado irlandés da súa época (EILI, pp. 60, 92). Precisando estas comparanzas, incluso chega a fixar o territorio medio do *tuath* nunhas 400 millas cadradas, nas que residirían unhas 25.000 persoas por termo medio (EILI, p. 97).

910 EILI, pp. 100-1.

asemblea, desempeñaba a función xudicial suprema e encabezaba as tropas na guerra.[911] Así mesmo, sospeita MacNeill que o monarca debería de ter tamén unha función sacerdotal.[912] O poder do monarca, non obstante, quedaría limitado pola carencia de forzas militares con carácter permanente. Con todo, para a época concreta inmediatamente anterior á cristianización, recoñece como verdadeira a tradición épica que fala dos *fianna,* os corpos de guerreiros profesionais que abundaron nos séculos III e IV d.C. Sería, de todas maneiras, unha "institución anormal" na tradición gaélica anterior e posterior, debéndose, supón MacNeill, á existencia do modelo das lexións romanas e á posibilidade de obter riquezas nas incursións de saqueo pola Gran Bretaña e a Galia romanas daqueles momentos.[913] A dispoñibilidade desas tropas permanentes fortalecería, sen dúbida, por aquel tempo a autoridade dos reis irlandeses, ó reducir a súa dependencia militar da nobreza e da poboación ordinaria, ás que, en circunstancias *normais,* deberían recorrer en caso de conflito.[914]

Os reis exercían o seu poder de modo pleno en cadanseu *tuath* e só nel. Existían monarcas de categoría superior *(ruiri,* "over-king") ós que se subordinaban un conxunto de reis e de reinos menores, dos que aqueles esixían recoñecemento da súa posición dominante. Pero mesmo estes reis de grao máis elevado só gobernaban cos atributos da autoridade suprema no seu propio *tuath* orixinario. Os reinos inferiores debían acoller o monarca dominante, achegarlle unha cota de guerreiros ás súas hostes e, só no caso de non pertencer á mesma familia dinástica, satisfacer un tributo anual. Sen embargo, a autoridade completa dentro de cada un dos pequenos Estados era desempeñada con carácter de exclusividade polo correspondente rei. Resalta MacNeill que a Irlanda gaélica, pese ás relacións que ligaban os distintos gobernantes e Estados, carecía de noción ningunha de goberno centralizado, administrando directamente cada rei a súa comunidade política e só esa.[915]

As leis que rexían naquelas entidades estatais durante a era anterior á cristianización –leis *naturais* e de carácter consuetudinario–[916] si que terían, sen embargo, unha dimensión insular, a xuízo de MacNeill. Aínda que o seu ámbito

---

911 CI, pp. 6-7; EILI, pp. 60, 97-9.

912 Os máis antigos documentos, alega, redactados cando aínda estaría viva a memoria dos tempos do paganismo, non sinalan unha orde sacerdotal específica; por outro lado, engade, non hai ningunha palabra na lingua irlandesa que designe os que realizan esta función de carácter relixioso. EILI, p. 103.

913 EILI, p. 98; PIH, p. 150.

914 PIH, 250.

915 "It will be seen from this that there was no idea of vicarious government in the ancient Gaelic polity. There were no satraps, no viceroys, no centralised government of large composite territories. A king might be over-lord of many tuatha, he was administrator of only one", CI, pp. 6-7.

916 CI, pp. 12, 173.

de aplicación era definido polas fronteiras dos respectivos *tuatha,* o noso autor considera que a situación real da Irlanda daqueles tempos sería da mesma orde que a da Galia na época previa á conquista romana, tal como a reflicten os escritos de Xulio César, ós que confire sempre unha gran verosimilitude.[917] Segundo a versión das palabras de César que expón MacNeill,[918] a Galia anterior á presenza romana sería un país dividido en pequenas unidades políticas independentes entre si, pero ás que se sobreimpoñería unha especie de lazo de unión derivado do papel integrador do druidismo. Tal como recolle daquela narración clásica, os druídas elixían por votación un presidente común ó enteiro país e realizaban unha convención anual en data e lugar prefixados. Precisamente, unha das funcións desta xuntanza era a de constituírse en tribunal de xustiza para a enteira Galia, con xurisdición sobre os litixios entre persoas e entre as propias entidades estatais. Sostén MacNeill que na Irlanda precristiá debeu de haber un sistema legal semellante de ámbito nacional, pois aínda que o druidismo desaparecera do Imperio despois de que as tropas romanas masacrasen os druídas no 61 d.C., estes deberan de seguir en activo na illa irlandesa, libre do dominio de Roma, aínda por varios séculos máis.[919] MacNeill atopa, a maiores, unha proba engadida no propio sistema xurídico da Irlanda dos primeiros tempos cristiáns, que lembraba, na súa opinión, o que César describira para as terras galas e que convertía ós seus xuristas en auténticos sucesores –agás no terreo relixioso– dos antigos druídas celtas.[920]

b. *As actividades económicas.* Non son moi abundantes os escritos de MacNeill en descricións específicas dos aspectos económicos dos 800 anos que transcorren entre a chegada dos celtas e a cristianización de Irlanda. Máis ben, o que se atopa neles son alusións non moi concretas, e case sempre presentadas de modo indirecto, relacionadas coas actividades económicas da era posterior de apoxeo gaélico –que merecen maior atención– ou referencias xenéricas ás poboacións célticas, en xeral, que podemos traspoñer, como o noso autor fai habitualmente, á rama establecida na illa irlandesa. En todos os casos, aparecen como formas económicas fundamentais as propias dunha sociedade rural, val dicir, as agrícolas e as gandeiras.

---

917 En diversas ocasións MacNeill recorre a César como fonte fiable e fundamental. Non perde ocasión de dicir, por exemplo, que escribe "from first-hand knowledge" (EILI, p. 70), que é testemuña directa de moitas das cousas que relata (PIH, pp. 20, 55) ou que, referíndose en concreto a *De Bello Gallico,* "Julius Caesar was a man with a mind of might. His powers of observation and insight were exceptional, and his power of compact description was in full accord" (EILI, p. 116).

918 EILI, pp. 74-83.

919 EILI, pp. 75-76.

920 EILI, pp. 82-3, 90-1.

A importancia da gandería dedúcese da propia existencia da institución social da clientela, que se mantivo como dominante mesmo na sociedade gaélica de épocas históricas. O significativo para a cuestión que agora nos ocupa é que nesta institución era, xustamente, a entrega de gando –o capital– do patrón ó cliente o elemento que constituía o lazo primeiro sobre o que asentaba en orixe a relación legal que os uniría no futuro.[921] Igualmente, reforza a suposición da importancia da riqueza gandeira na sociedade gaélica o feito de que, aínda en séculos históricos, as incursións de saqueo de gando sobre territorios alleos fosen un método habitual de provocar o desencadeamento dunha guerra entre monarcas rivais.[922] Precisamente, arredor dun suceso destas características xiran as aventuras que narra a épica do *Tain Bo Cuailnge,* do que opina MacNeill que reflicte tradicións primitivas, propias de tempos pagáns, cos que aínda estarían en contacto os seus redactores dos primeiros séculos da era cristiá irlandesa.[923]

Respecto do traballo da terra, apélase á autoridade dos clásicos latinos para resaltar as calidades dos agricultores celtas, das que participarían, en canto membros deses pobos, os irlandeses gaélicos dos tempos precristiáns. A maiores, interesado sempre en desmentir as opinións que pretendían rebaixar o nivel da civilización gaélica –neste caso, atribuíndolle un carácter de sociedade pastoril, mesmo en tempos medievais–, MacNeill insistiría en diversas ocasións en que xa as poboacións irlandesas anteriores á chegada dos celtas cultivaban a terra.[924] Estes non farían senón desenvolver un proceso de longa antigüidade na illa, negando, por conseguinte, veracidade ás afirmacións de ter as poboacións de orixe celta unha economía pastoril prolongada no tempo, mentres as poboacións veciñas avanzaban xa dentro da etapa civilizatoria posterior que constituían as sociedade agrícolas.[925]

En canto á propiedade da terra, os coñecementos dispoñibles eran insuficientes, a xuízo de MacNeill, para establecer de modo completo a relación do campesiñado coas parcelas que cultivaban. De todos modos, podía deducirse dos antigos textos legais que a clase dos propietarios libres estaría composta polos descendentes dos conquistadores celtas, que desprazaron da propiedade ós anteriores habitantes da illa, nun proceso que, na práctica, non foi inmediato,

921 EILI, p. 121.

922 CI, pp. 8, 122.

923 CI, p. 12.

924 EILI, p. 62; PIH, p. 72. Unha vella tradición sostiña que ó chegar os *gaels* xa había unha rexión cha denominada "das bandadas dos paxaros", o que para MacNeill constitúe unha proba suficiente do coñecemento do cultivo da terra. Id., p. 71.

925 SP, p. 74.

senón que se desenvolvería nun dilatado espazo de tempo.[926] O resto dos campesiños serían cultivadores non propietarios, carentes dos dereitos dos homes libres e dependentes da nobreza local.[927] Ten interese o noso autor, por outro lado, en rexeitar como especulacións sen maior fundamento as teses que sostiñan que non habería propiedade privada da terra na Irlanda prehistórica. Aceptar a suposición de que toda a terra sería comunal implicaría recoñecer unha situación de atraso relativo da civilización irlandesa naqueles remotos tempos, ó considerarse a aparición da propiedade privada como propia dun estadio superior de desenvolvemento.[928]

MacNeill non reduce as actividades económicas da Irlanda gaélica precristiá ás propias dun sistema agro-pecuario. Máis ben, remonta a presenza na illa doutras formas económicas á Idade do Bronce, da que, precisamente, fixa o seu final coa chegada dos conquistadores celtas, e atribúe a esas poboacións precélticas actividades de explotación mineira e o coñecemento das técnicas do traballo dos metais (cobre, bronce, ouro).[929] Igualmente, destaca a dedicación neses tempos anteriores á Idade do Ferro a outros oficios artesáns e alude á existencia de antigos intercambios marítimos relacionados co comercio metalífero e doutras mercadorías.[930] En consecuencia, dadas as calidades que o noso historiador resalta como propias dos pobos célticos en canto ó dominio do ferro e a súa boa disposición para o comercio terrestre e a navegación,[931] parece lóxica a dedución de que a presenza dos gaélicos en Irlanda non faría senón estimular estoutro tipo de labores industriais e mercantís. Opinión que reforza acudindo á confirmación nas fontes clásicas latinas, sinaladamente os escritos de Ptolomeo, que, no século II d.C., obtería as súas informacións a este respecto sobre a illa e as súas xentes dos relatos dos comerciantes continentais que, con frecuencia, se achegaban ás súas costas mesmo desde o distante Mediterráneo.[932]

c. *A sociedade.* Xa se aludiu ó feito de que, a pesar de MacNeill descubrir a esencia da nación no seu compoñente celta, a presenza das novas xentes na illa

---

926 SP, p. 135.

927 SP, p. 74.

928 "There is no limit to speculation of this kind. Even the archaelogist will find it difficult to construct from evidence a theory of land tenure in prehistoric times". CI, p. 146.

929 PIH, pp. 71-2, 75.

930 EILI, p. 62.

931 PIH, pp. 28-9.

932 Este tipo de noticias levaron a Ptolomeo a concluír a existencia de importantes cidades na remota illa atlántica. MacNeill, sen embargo, non se deixa ilusionar de todo e precisa que, en realidade, se trataría non de núcleos urbanos permanentes, senón de aglomeracións temporais, constituídas en datas fixas arredor das fortalezas reais ou dos lugares de celebración dunha asemblea. PIH, pp. 136-8; EILI, p. 40.

non supuxo a eliminación dos anteriores elementos raciais e culturais, manténdose por moitos séculos, de feito, unha diferenciación pola orixe entre os grupos constituíntes da sociedade irlandesa. Neste aspecto, a súa posición é claramente oposta ás teses tradicionais *invasionistas,* dominantes aínda en boa parte da historiografía do seu tempo, que supoñían que a presenza dun novo pobo conquistador nun territorio implicaba a desaparición das razas que anteriormente ocupaban o dito espazo, ben como resultado dun desprazamento forzoso, ben pola súa pura e simple eliminación física a mans dun rival superior. Para o noso historiador, este tipo de interpretacións non viñan ser máis que "unha das ilusións favoritas da historia popular",[933] impropias dun relato cientificamente fundado do pasado.

As relacións entre as diversas poboacións, celtas e preceltas, non reflectirían, desde logo, unhas condicións de igualdade, senón que serían as propias dunha situación onde un grupo mantiña unha posición privilexiada, como estrato aristocrático, posuidor da terra e do control político, sobre unha poboación plebea sometida.[934] Defende MacNeill a tese de que os gaélicos chegaron a Irlanda como conquistadores e que, por tanto, se estableceron nela, desde un principio, como grupo dominante, exercendo o seu poder sobre as poboacións preexistentes. Estas xentes precélticas, agora en condición subordinada, das que xa se viu que non desapareceron, tampouco non se fusionaron de inmediato cos invasores. En realidade, a conquista celta das terras de Irlanda foi un proceso lento e gradual, que empezaría pola constitución dalgunhas pequenas colonias costeiras e que se prolongaría ata ben entrada a Era cristiá, arredor do ano 250 d.C., e mesmo ata máis tarde nalgunhas zonas.[935] É máis, pensa MacNeill que as poboacións sometidas seguiron mantendo, en boa medida, as súas formas de organización tradicionais, constituíndo comunidades que perdurarían vivas mesmo durante os primeiros séculos da Irlanda cristiá, conservando incluso as súas antigas liñaxes gobernantes.[936]

---

933 "The notion that the migratory conquests of antiquity resulted in the displacement of one population by another is one of the favourite illusions of popular history". PIH, p. 14. Igualmente, nega que derive destas conquistas "the extermination of the older inhabitants by the newcomers". Id., p. 35. Como exemplo engadido da súa posición, pode verse como non dubida en cualificar de "cursi e fácil" o relato histórico inglés habitual, que cae neste tipo de crenzas que, por demais, engade, contradín as afirmacións da etnoloxía de estar a raza inglesa moderna formada en boa parte por descendentes dos primitivos poboadores da Gran Bretaña. Id., p. 83.

934 EILI, p. 63.

935 EILI, p. 64.

936 PIH, pp. 73 e 82. As máis importantes comunidades pregaélicas serían as dos pictos, concentrados, sobre todo, aínda no Alto Medievo, nos reinos ulsterianos de Dál Araidhe e Conaille, segundo MacNeill. PIH, p. 185. En CI, pp. 70-1, sostense que os pictos ou *Cruithni* do Ulster conservaron a súa identidade ata finais do século VIII. En EILI, p. 350, cítase o caso dun pobo picto, os sogini ou *Soghain,* que continuarían habitando, baixo o goberno subordinado da súa propia nobreza, o seu territorio de Ui Maine, aínda despois de que este quedase, no século V, convertido en reino da dinastía que lle daría nome desde entón.

Os pobos que habitaban Irlanda no momento da irrupción dos invasores gaélicos eran ben diversos, segundo MacNeill, e mesmo presentaban graos de civilización diferentes.[937] Pero a diversidade previa quedaría subsumida na diferenciación principal creada pola nova realidade definida pola conquista. A partir de entón, a cesura fundamental sería a que separou os conquistadores dos conquistados, reducidos estes a unha única categoría pola súa nova condición de sometemento compartida. Lonxe aínda a fusión nacional entre os habitantes todos de Irlanda, a sociedade organizaríase durante séculos, ata o cristianismo, segundo "liñas de demarcación racial".[938]

Das consideracións que MacNeill dedica á estrutura da sociedade gaélica medieval cabe deducir algúns dos trazos da correspondente ó período precristián, onde atopa as orixes de boa parte das características sociais posteriores. A análise dos textos legais do Medievo indícalle que a distinción socio-política básica dos tempos gaélicos pagáns viña establecida por dúas categorías de poboación, a dos que gozaban da plenitude dos dereitos que correspondían ós homes libres e a dos que carecían deles.[939] Insiste o autor en que a diferenciación viña determinada por unha "liña [que] unha vez fora indubidablemente racial".[940] Alega, como reforzo do argumento, que aínda no século IV d.C. os escritores latinos mencionan, ó referirse ás bandas que daquela saqueaban Gran Bretaña e o continente romano, os chamados *Atecotti,* citándoos sempre en asociación cos propiamente irlandeses *(Scotti),* deducindo desta diferenciación nominal que, sendo todos procedentes de Irlanda, os primeiros serían descendentes das razas plebeas conquistadas había séculos, mentres os segundos formarían parte do grupo dominante gaélico.[941]

De todos modos, non quere reflectir o autor unha situación social estática e resalta o feito de que desde os momentos primeiros da conquista se producirían rupturas das barreiras raciais. Como exemplo, destaca a progresiva incorporación dos sabios e artesáns nativos precélticos á clase dos homes con dereitos políticos, talvez pola necesidade que a minoría conquistadora pronto sentiu dos seus servizos, constituíndo o grupo que os textos legais medievais chamarían *Doernemid,* ou clase *Nemed* inferior, é dicir, a dos que gozaban de dereitos e privilexios non polo

---

937 PIH, p. 72.

938 PIH, p. 229.

939 As dúas categorías eran denominadas *Nemed* e *non-Nemed,* termos que parecen derivar da palabra irlandesa que se pode traducir por "sagrado" e deitarían, en orixe, da capacidade para participar nos ritos relixiosos públicos pagáns. CI, p. 99. Posteriormente, noutro lugar, utiliza a terminoloxía dos textos legais medievais, que se refiren ós homes libres de ascendencia celta como *Féni.* SP, p. 125.

940 CI, p. 111.

941 PIH, pp. 148-9.

seu nacemento, senón polo oficio que desempeñaban, desde os ferreiros ata os médicos e os druídas.[942] Nuns momentos iniciais en que os celtas compoñían soamente un grupiño de colonias costeiras, pensa MacNeill que estarían interesados en atraer ó seu servizo os artesáns nativos, ofrecéndolles, a cambio, a integración nas súas propias comunidades coa condición de homes libres.[943]

Por baixo dos homes con dereitos estaban as diversas categorías dos que carecían deles, e que eran, como xa se dixo, de orixe racial diferente ós gaélicos, ben por provir das poboacións preceltas, ben por descender de prisioneiros ou doutras xentes chegadas con posterioridade. No fondo da escala social estaban os escravos, que deberon de ser bastante numerosos na época pagá.[944]

Á marxe das distincións establecidas sobre bases raciais na era precristiá, MacNeill presenta como forma de relación social básica unha de tipo clientelar, que se mantería como dominante aínda nas épocas históricas medievais. Trátase dunha institución social á que o autor se achega a través de tres versións, en boa parte coincidentes, e que, por extensión, debe atribuírse á época que estamos comentando: a dos pobos celtas, segundo a narración de César en *De Bello Gallico,* a da sociedade romana clásica e a da Irlanda céltica cristiá, que estudia de modo detallado a partir dos textos legais medievais que a regulaban.[945]

Por medio dunha comparación entre estas tres formas de vinculación social entre individuos, MacNeill conclúe que se trata do mesmo tipo de relación clientelar. Equipara, polo tanto, os *clientes* e os *obaerati* ("debedores") que César, seguindo a terminoloxía romana, menciona como persoas dependentes dos nobres galos (os helvecios, neste caso concreto), ós que as leis gaélicas chaman *soerchéli* e *doerchéli.* Son estes persoas ligadas a un nobre que lles cede terra ou gando a cambio de servizos diversos, desde axuda militar ata contribucións económicas en determinados casos (voda dunha filla do aristócrata, rescates, multas...) e traballos agrícolas especificados. A maiores, os segundos estaban adscritos á gleba en tanto conservasen os bens cedidos, período durante o cal renunciaban, ademais, a algúns dos seus dereitos en favor do *patrón.*[946] O *cliente* gaélico non era, afirma

942 CI, pp. 106-7.

943 EILI, p. 64. Noutro lugar, a explicación que propón MacNeill a esta concesión faina depender dunha mestura de interese e de xenerosidade dos conquistadores: "Self-interest, perhaps, as much as any sentiment of liberality, may have dictated to the ruling element the wisdom of admiting to their franchise those whose powers, real and imaginary, they held in high esteem. In Irish heathen tradition the man of lore was also a man of occult powers, and the same is true of the skilled craftsman". CI, pp. 107-8.

944 CI, p. 110; SP, p. 74.

945 EILI, pp. 116-129.

946 CI, p. 109; EILI, pp. 122-3.

MacNeill, un arrendatario, senón un propietario libre que establecía un contrato con outro, a cambio do cal quedaba obrigado nunha relación de carácter persoal extinguible á vontade e baixo certos requisitos legais prefixados.[947]

O sistema de clientela que, segundo MacNeill, sería a condición habitual dos propietarios libres na Irlanda gaélica dos tempos históricos asociaría a estes en grupos liderados por cadanseu nobre.[948] Aínda que o noso autor non pode describir o seu funcionamento exacto na era precristiá, as tres fontes xa citadas que lle proporcionan a información –César, as leis romanas e as gaélicas escritas– permítenlle estender a súa vixencia ata eses séculos para os que se carece de referencias detalladas directas no caso de Irlanda.

d. *A cultura.* No esquema histórico de MacNeill, o período precristián é o da configuración da poboación irlandesa como unha comunidade diferenciada arredor do núcleo gaélico. A caracterización céltica daquela sociedade durante os oito séculos anteriores á chegada de san Patricio conformou a base sobre a que se ergueu a nación irlandesa, definida xa na súa plenitude coa incorporación posterior da fe cristiá como o seu segundo trazo definitorio fundamental. Nesta orde, en tanto que na súa concepción nacionalista a cultura vén ser a esencia que xustifica a condición nacional do grupo e a propia expresión da existencia da nación, o interese de MacNeill ó se aproximar á Irlanda precristiá céntrase no recoñecemento dunha especificidade cultural irlandesa xa diferenciada, na afirmación da súa substancia céltica e na determinación dos elementos esenciais que a constituían.

Do carácter céltico da civilización irlandesa precristiá non lle cabe dúbida ó noso autor. Pero a confirmación da súa natureza peculiar xa naqueles remotos tempos anteriores á cristianización esixiulle, como tarefa complementaria, a negación de calquera influencia externa que puidese desvirtuar o seu desenvolvemento autónomo. Neste senso, dúas eran as procedencias de factores alleos que poderían ser presentados como causantes dunha contaminación que afectase o grao de pureza da cultura irlandesa: os provenientes dos pobos precélticos xa establecidos na illa cando a vinda do pobo gaélico e os derivados da poderosa influencia da cultura ligada á expansión do Imperio romano nas illas Británicas.

En canto ó primeiro destes posibles axentes corruptores, xa vimos como os seus potenciais efectos resultaron eliminados, segundo as teses de MacNeill, pola fusión paulatina entre os dous pobos que habitaban a illa, fusión que, en realidade, veu converterse nunha pura *asimilación* dalgúns dos trazos peculiares das crenzas

947 EILI, pp. 121-2.

948 EILI, p. 128.

das xentes pregaélicas no crisol constituído polos novos dominadores celtas da illa. A este respecto, nos seus escritos non se alude a proceso de *mestizaxe* cultural ningún. Tratouse, máis ben, dunha *absorción* gradual da cultura inferior pola superior dos conquistadores, por moito que estes fosen integrando elementos orixinarios daquela.

Respecto do máis *perigoso* contacto entre a civilización irlandesa e a puxante cultura romana, o noso historiador nega, simplemente, que tivese un carácter significativo. Cando menos, con suficiente entidade para alterar as esencias culturais célticas de Irlanda, como, pola contra, afirma que ocorrera en Gran Bretaña, que experimentou un importante cambio por causa da presenza das lexións romanas no seu territorio ó longo de máis de 400 anos. Certamente, tan prolongada estancia tivo que deixar unha perdurable pegada na cultura da maior das illas Británicas, afirma.[949] Pero a veciña illa occidental, sen embargo, permanecería sempre libre do dominio de Roma e dos influxos da súa cultura, de modo que, "By a singular fortune", alégrase o autor, Irlanda puido desenvolver a súa propia civilización de modo autónomo ata a chegada do cristianismo.[950]

Aquela primeira sociedade irlandesa que presenta MacNeill falaría unha lingua, a gaélica, convertida xa no medio de comunicación universal na illa,[951] como proba, segundo o seu parecer, o feito de que non se conservase practicamente sinal ningún dunha lingua anterior.[952] Respecto da escritura, o noso historiador asocia a súa aparición en Irlanda coa difusión do cristianismo, segundo recolle a tradición de que foi Patricio quen ensinou ós seus conversos o alfabeto.[953] Rexeita, polo tanto, a existencia dun sistema propio anterior de representación gráfica, como algúns consideraban o denominado alfabeto Ogham, utilizado, segundo os relatos do *Tain Bo Cuailnge,* polo propio heroe Cú Chulainn. Co apoio de detalladas argumentacións filolóxicas, amosa MacNeill que a escritura ógmica non ten unha orixe independente, senón que se inspira no modelo latino, coñecido a partir da súa introdución nos países veciños. Por outro lado, este sistema alfabético só sería axeitado para breves inscricións en pedra ou madeira, carecendo de calquera posibilidade de servir de vehículo de expresión literaria, no senso máis amplo do termo.[954] MacNeill acabaría

---

949 Arremete MacNeill contra os historiadores ingleses que reducen a conquista romana do seu país a unha anécdota sen maior transcendencia cultural, alegando que a influencia de Roma quedou escurecida pola ulterior chegada doutros pobos de acción máis decisiva. PIH, pp. 33-6.

950 EILI, p. 58.

951 Non pode precisar a data, pero sostén MacNeill que a xeneralización da fala céltica ocorreu "varios séculos antes" da primeira historia escrita, é dicir, do século VI d.C. PIH, pp. 63-4.

952 CI, p. 87.

953 CI, p. 9.

954 PIH, pp. 167-74.

relacionando esta peculiar escritura cos druídas irlandeses. Segundo a súa tese, estes, sabedores do alfabeto latino, percibiran as vantaxes de dispoñer dun medio tan valioso, pero, ó tempo, quixeron evitar a utilización dun instrumento pertencente a unha civilización que desprezara e prohibira o druidismo e que só suscitaba neles hostilidade. De modo que resolveron o dilema ideando un código propio, aínda que inspirado no seu coñecemento do romano.[955]

MacNeill compartiu a idea de considerar o druidismo como un sinal de identidade cultural celta.[956] Sostén que as máis antigas tradicións proban que en Irlanda houbo un sistema organizado de sabedoría druídica semellante ó que reflicte César na súa obra para a Galia e Gran Bretaña, conservado non por escrito, senón na memoria daqueles homes sabios e transmitido a través dun auténtico sistema educativo que se conservaría aínda nos tempos cristiáns, pese á prohibición que desde os tempos de Roma recaeu sobre a ciencia e o coñecemento druídicos.[957]

A relixión anterior ó cristianismo coñécese tan só moi superficialmente, a causa das reticencias dos primeiros escritores cristiáns a referirse ás antigas prácticas pagás. Con todo, sostén o historiador, algo pode deducirse a través dos indicios que deitan das xenealoxías elaboradas polos *literati* medievais co obxecto de prestixiar as familias para as que traballaban. Nelas detéctanse diversos nomes que encobren, baixo aparencia humana, algunhas das divindades dos que por entón xa eran remotos tempos pagáns. A conversión daqueles deuses en seres humanos respondía, ademais de a intereses dinásticos inmediatos, á necesidade de integrar nos novos relatos históricos uns personaxes que amosaban unha consolidada presenza en tradicións aínda vivas na xa ben avanzada Era cristiá.[958] Do que non dubida MacNeill é do carácter céltico da antiga relixión pagá, de maneira que considera válidas para Irlanda as referencias das obras clásicas latinas ás formas relixiosas da Galia, en razón de que xa estaría formada unha mitoloxía común con anterioridade á dispersión dos pobos celtas desde o seu núcleo orixinario. Así o suxiren, ó seu parecer, os datos que indican que a cosmogonía dos celtas irlandeses

955 EILI, p. 81

956 Aínda que acepta a tese de Pokorny de que, no caso irlandés, derivaba dos pobos preceltas da illa. CI, p. 107, e EILI, p. 67. Por demais, lembra que a tradición irlandesa asocia os druídas cos mitolóxicos Tuatha Dé Danann, aquel pobo precéltico ó que se atribuían poderes máxicos. PIH, pp. 85-7.

957 CI, pp. 25-6. Sobre a pertinencia da aplicación da obra de César a Irlanda, di MacNeill de modo taxativo: ”Except as regards religion, everything that Caesar tells about Druidism in Gaul is found reflected in the learning of early Christian Ireland [...]”. EILI, p. 82. Tamén SP, pp. 75-6. Se tal criterio era válido para a época cristiá, con máis razón o sería para os séculos que mediaban entre esta e a de César.

958 CI, pp. 46-57. MacNeill achega numerosos exemplos que proban este proceso de *humanización* dos deuses pagáns por medio da súa inclusión nas listas de ascendencia das principais liñaxes.

non se forxara na illa, senón que xa chegara con eles desde Centroeuropa.[959] Como sucedía con todos os celtas, en Irlanda dábaselles culto a unha ampla variedade de divindades, destacando MacNeill de maneira específica as honras que se lles rendían ós antepasados defuntos.[960]

Sería aquela, na visión do autor, unha sociedade rural, con ausencia de concentracións demográficas urbanas, carente o país de núcleos de poboación dedicados a actividades comerciais e industriais.[961] Unha sociedade, deste xeito, completamente apegada á natureza, tal como reflicte a antiga literatura, onde sempre contan os elementos naturais cunha presenza determinante.[962] Non deitarían dese contacto directo coa natureza en liberdade valores, costumes e formas de moralidade diferentes das que se consideraban propias dunha sociedade civilizada daqueles tempos antigos, val dicir, da grega e da romana. A este respecto, desmente o noso autor os tópicos que desde a Antigüidade clásica presentaban os habitantes das illas Británicas vivindo en salvaxe promiscuidade, afirmando que os pagáns irlandeses respectaban as leis da monogamia. Igualmente, rexeita, por infundadas, as palabras de san Xerome que atribuían gustos alimentarios caníbales ós irlandeses da súa época.[963]

En canto á violencia que adoitaba asociarse coa sociedade gaélica,[964] a súa constante presenza nos vellos relatos da literatura épica obrigaban a recoñecela como un trazo habitual na vida dos primeiros irlandeses. Sen embargo, esforzouse MacNeill en buscar xustificacións que a desculpasen, atopándoas ben na existencia de certas prácticas limitadas a un sector daquela sociedade, ben na influencia de circunstancias de orixe exterior a ela. Deste xeito, explicou o costume das incursións de saqueo ou roubo de gando en territorios veciños, tan habitual na antiga literatura gaélica, como consecuencia da necesidade das dinastías gobernantes de afirmar o seu poder e mais da ansia dos príncipes mozos por facer medrar a súa reputación e demostrar a súa capacidade para dirixir os seus súbditos, cuestión fundamental nun sistema de goberno no que a sucesión non estaba predeterminada, senón que resultaba dunha escolla entre os membros da familia co grao de parentesco necesario para gozar da condición de

959 PIH, pp. 87-8.

960 SP, p. 76.

961 SP, p. 74.

962 CI, p. 16.

963 PIH, pp. 146-7.

964 "It has been the fashion with some modern writers to picture Ireland as a land of perpetual wars and of what they choose to call tribal hostilies". SP, p. 74.

elixibilidade.[965] Por outro lado, a existencia dos *fianna,* as bandas de guerreiros profesionais que protagonizan os relatos do ciclo do seu nome, relaciónase coa aprendizaxe das formas de organización militar romanas e redúcese unicamente ós séculos III e IV d.C.[966] Igualmente, a crecente debilidade do Estado romano nesta última centuria atraeu a pobos das marxes do Imperio ás terras fronteirizas, que foron sometidas a saqueos e pillaxes nos que tamén participaron grupos organizados de irlandeses, coñecidos a partir daquela nos textos latinos como *scotti,* denominación que MacNeill relaciona cun termo que designa a saqueadores que actúan en rápidas incursións.[967] En realidade, argúe o noso autor, os séculos III e IV da Era cristiá foron tempos de movemento para case todos os pobos que habitaban máis alá das fronteiras romanas, de xeito semellante a como, centos de anos atrás, celtas e xermanos se puxeran en marcha polas terras continentais. Neste marco é no que deben comprenderse as razzias irlandesas por Gran Bretaña e a Galia, como parte dun fenómeno de desprazamentos demográficos que, por outra parte, tamén se manifestou dun modo máis pacífico, como o proba o establecemento de diversas colonias de xentes das mesmas orixes nas costas occidentais británicas.[968]

2.3. A nación gaélica e cristiá

O segundo dos elementos que viñeron definir a nacionalidade irlandesa –a relixión cristiá– chegou a Irlanda, segundo MacNeill, a principios do século V. Nesta afirmación non difire o noso autor de todas as tradicións recollidas nos antigos manuscritos gaélicos e nas fontes latinas, que ligan a chegada da nova fe á illa co labor misioneiro levado a cabo naqueles tempos por san Patricio, enviado a tal efecto polas máximas autoridades da Igrexa romana. Non é estraño, dada a transcendencia da súa misión para a configuración definitiva que adoptaría a identidade nacional, resultado da integración do novo factor coas vellas raíces célticas, que un investigador que pretendía establecer cientificamente as bases históricas da nación dedicase boa parte do seu esforzo intelectual a precisar os trazos de tan determinante figura e da súa obra, así como do contexto en que esta se desenvolvera.[969]

---

965 CI, pp. 8 e 122-3. As leis sucesorias expoñeranse no apartado correspondente á Irlanda gaélica posterior ó cristianismo.

966 PIH, p. 150; EILI, p. 98; SP, p. 71.

967 PIH, pp. 141-9. Noutro lugar chégase a cualificar estas expedicións como "organised piracy on a large scale comparable to the piratical enterprise of the Norsemen centuries afterwards or of the Algerians at a still later time". SP, p. 45.

968 SP, pp. 49-50; PIH, pp. 153-7.

969 Ademais das frecuentes referencias que aparecen ó longo de toda a súa obra, os principais traballos específicos de MacNeill sobre estas cuestións –unha biografía do santo, de 1934, e unha serie de cinco artigos que estudian as máis antigas fontes sobre a súa vida e obra, publicados de 1928 a 1930– están

2.3.1. Irlanda no século V: a cristianización

A Irlanda dos tempos de san Patricio que presenta MacNeill constitúe un país relativamente estable na orde política, pasados xa os momentos de inseguridade derivados do primeiro desmoronamento do poder romano en Britania.[970] A debilidade do Imperio impulsara indirectamente cambios internos nun país que, de resultas, experimentara durante o século anterior un forte incremento de actividade militar. Como reacción máis inmediata ó declive da autoridade imperial, a posibilidade de obter boas recompensas en incursións de saqueo levara ós monarcas irlandeses do século IV a embarcarse en actividades piratas sobre as indefensas terras costeiras da illa veciña e mais da Galia. A maiores, a formación de unidades militares organizadas de modo permanente, relacionadas, en boa parte, con aquelas expedicións, traducírase no desenvolvemento dun período de enfrontamentos bélicos entre as principais entidades políticas do país.

No século V, sen embargo, as circunstancias eran xa ben diferentes. En primeiro lugar, porque a reorganización do Imperio e a consolidación da autoridade de certos príncipes nativos en diversas rexións de Gran Bretaña acabara co estímulo para o mantemento daquelas bandas guerreiras. E en segundo termo, porque a imposición do poder dos reis de Connacht nos territorios do norte e a confirmación do dominio dos novos gobernantes no sur ó longo do século IV, segundo os acontecementos xa descritos nun apartado anterior, deran cabo á fase máis aguda daquel período bélico. É verdade que aínda nos anos iniciais da nova centuria a inestabilidade non desaparecera. O mesmo Patricio, sendo mozo, fora capturado por piratas irlandeses que seguían saqueando as costas británicas e levado cativo ás terras que anos despois evanxelizaría, onde padeceu escravitude.[971] E tamén por aqueles tempos o propio Niall andaba aínda a vencer as últimas resistencias contra a imposición da súa autoridade no norte da illa. Pero xa ó comezar o cuarto decenio deste século V, cando emprendía o seu labor o santo, asentado o dominio da dinastía de Connacht, a situación de Irlanda tendía "cara a un estado de equilibrio permanente".[972]

Chegou, por tanto, a misión cristianizadora a Irlanda nuns tempos de relativa tranquilidade. A estrutura político-territorial mantiña as características que MacNeill consideraba propias da civilización gaélica, val dicir, a dunha trama de

---

recollidos na publicación *Saint Patrick,* editada por John Ryan en 1964, á que nos referimos como *SP* e pola cal se cita.

970 "Ireland in St. Patrick's time", SP, pp. 70-74.

971 SP, pp. 49-51.

972 SP, p. 71.

pequenos Estados, con cadanseu rei á cabeza, rexidos de modo autónomo, aínda que suxeitos á autoridade última dunha serie de grandes "reinos provinciais" gobernados por monarcas de superior categoría ("over-kings"). Sobre todos eles, Laoghaire, rei de Tara e de Connacht, exercía unha supremacía apenas discutida, aínda con pequenos conflitos motivados pola resistencia de certos monarcas importantes a recoñecer a súa superioridade en forma de pagamento de tributos.

Segundo a versión do noso historiador, as diferenzas que separaban os distintos grupos daquela sociedade rural –nobres, campesiños libres posuidores da súa terra, cultivadores dependentes da aristocracia local, artesáns libres, escravos– non impedían que o conxunto constituíse xa unha soa nación. E así o percibía o santo misioneiro, que, lembra MacNeill, utilizou sempre un único nome para referirse á enteira poboación da illa irlandesa.[973] Unha identidade común que se fundaba nunha cultura céltica compartida, manifestada no uso dunha mesma lingua, na obediencia a unhas soas leis e na existencia dun sistema peculiar de crenzas e valores, e que asentaba no labor unificador da clase dos druídas, depositarios e difusores da esencia específica que caracterizaba os irlandeses como grupo diferenciado. Sobre este mundo actuou Patricio, conmovendo as súas raíces, certamente, coa súa predicación pero consolidando, ó mesmo tempo, a peculiaridade gaélica ó ancorala na nova fe cristiá.

Non tivo reservas MacNeill en considerar a san Patricio como o axente da cristianización de Irlanda. Tan só en *Phases of Irish History,* escrita en 1919, entrou a considerar a posibilidade de que a nova relixión fose introducida na illa antes da súa chegada, analizando unha serie de tradicións sobre a existencia de comunidades cristiás previas ó século V. Aínda que desbotou a veracidade da maioría delas, denunciando que naceran como argumentacións interesadas para negar a xurisdición de Armagh sobre outras sedes episcopais, atribuíndolles a algunhas destas unha orixe anterior á que reclamaba a primacía, como fundación de san Patricio, admitiu tamén que non se debía desestimar por completo a verosimilitude daquelas tradicións. Neste senso, interpretou diversas alusións, incluídos certos parágrafos dos propios textos autobiográficos do santo, como probables confirmacións dunha presenza cristiá anterior á súa misión. Tratábase de afirmacións dalgúns xenealoxistas sobre a cristianización primeira da parte meridional da illa –a dos seus señores–, que lle permitiron supoñer unha probable chegada da nova fe a través das rutas mercantís que unían as costas galas e as da rexión, e de deducións de crónicas latinas que aludían a cristiáns irlandeses en

973 "It is the Celtic name known to him and them: *Hiberionaci,* which means the people of Ireland. He calls them also, all of them without distinction, by the familiar Latin name of the time, *Scotti".* SP, p. 42.

épocas anteriores ó século V.[974] Mesmo chegou nesta obra á afirmación explícita de que "a conversión de Irlanda á Cristiandade non empezou con san Patricio [...]".[975]

Sen embargo, resulta significativo que, unha ducia de anos despois, nos escritos en que o noso autor se ocupou de modo máis específico do personaxe, agrupados posteriormente en *Saint Patrick,* xa non se atopa referencia ningunha a tales supostos cristiáns irlandeses que recibiran a fe en tempos precedentes ó santo. Non é que naquela anterior obra se rebaixase o papel de Patricio, do que se chegaba a afirmar que só admitía comparación con Moisés, en canto á pegada da súa acción sobre un pobo, pero agora xa non cabía no relato nin o máis mínimo matiz que ensombrecese a súa gloria como evanxelizador da nación.

A breve biografía que MacNeill compuxo sobre a figura de san Patricio, publicada en 1934,[976] baseábase, principalmente, nas propias palabras nas que o santo relatou algúns dos pormenores da súa misión en Irlanda, recollidas na súa *Confesión* e na chamada *Epístola,* unha defensa da súa obra fronte ós seus detractores en Britania, a primeira, e unha carta de excomuñón contra un príncipe británico que atacara os seus conversos, a segunda. A autoría dos dous escritos non lle ofrece a máis lixeira dúbida ó noso historiador.[977] Utilizou, ademais, os materiais provenientes do *Libro de Armagh,* no que tres séculos despois da súa orixinal redacción se transcribiran os relatos biográficos de Muirchu e Tirechán, compostos, segundo precisa, nos anos do cambio dos séculos VI e VII en defensa das reivindicacións da primacía eclesiástica de Armagh, como primeira fundación do santo, e os da coñecida como *Vita Tripartita,* texto haxiográfico inspirado nos anteriores e que MacNeill atribúe ó segundo dos autores favorables ás posicións da sede primada.[978]

Sen apenas se afastar das fontes citadas, MacNeill construíu un relato biográfico que presentaba a Patricio como membro dunha acomodada familia de cidadáns romanos do sudoeste de Britania, secuestrado por piratas procedentes de

---

974 PIH, pp. 160-4.

975 PIH, p. 222.

976 *Saint Patrick, Apostle of Ireland, Londres,* 1934. Reproducida en SP, pp. 37-111.

977 "Among all the doubts that have been raised about Saint Patrick, I do not think that anyone has yet ventured to suggest that these two documents are fabrications or fictions, or to question that they contain the authentic testimony of one man regarding matters of his own knowledge and experience. On these two documents chiefly the present account of St. Patrick is based". SP, p. 37.

978 Todo o material foi analizado con minuciosidade por MacNeill en catro artigos dunha extraordinaria erudición lingüística, publicados nos anos anteriores á biografía. Reprodúcense en SP, pp. 115-220: "The Earliest Lives of St. Patrick" (1928), "Dates of Texts in the Book of Armagh relating to St. Patrick" (1928), "The Origin of the Tripartite Life of St. Patrick" (1929) e "The Vita Tripartita of St. Patrick: 1. Later Accretions; 2. Topographical Importance" (1930).

Irlanda en 401, cando tiña 16 anos.[979] Durante os seis anos que permaneceu escravizado nas terras de orixe dos seus captores afondou na súa fe e tomou contacto coa lingua e a cultura dos que despois acabaría por evanxelizar. Tras fuxir á Galia, volveu ó fogar paterno, onde nunha visión percibiu voces que o chamaban a converter os pagáns irlandeses, segundo o propio Patricio narrou nos seus escritos, emprendendo despois unha longa viaxe polo continente, onde entrou na vida relixiosa. Rexeitado en 430 o seu nome para dirixir unha misión en Irlanda nunha primeira ocasión, dous anos máis tarde daquela que el considerou como unha fonda humillación, probablemente desde Auxerre, onde profesara como sacerdote, Patricio encamiñouse cara a Irlanda, despois de ser nomeado como o seu primeiro bispo.[980]

Os case trinta anos de apostolado evanxelizador de Patricio estiveron repletos de dificultades. Ademais das que cabía esperar da propia misión, o santo debeu lidar coas acedas críticas ó seu labor por parte de sectores do clero británico, seguramente aqueles que xa o rexeitaran unha vez para encabezala e que o seguían a descualificar para a dignidade que desempeñaba, alegando a súa baixa orixe e mais a súa escasa formación e atribuíndolle unha desmedida ambición persoal.[981] Pero, sobre todo, a súa obra na propia Irlanda tivo que enfrontar constantes "perigos, persecucións e aldraxes", de tal intensidade, que nunca chegou a desaparecer para os misioneiros e os primeiros fieis "a perspectiva do martirio", segundo lembrou MacNeill a partir das palabras da *Confesión.*[982]

Os contactos cos gobernantes, a aristocracia e os druídas irlandeses non foron nada sinxelos. MacNeill era consciente de que os antigos biógrafos de Patricio aludiron con moita frecuencia ás relacións hostís e ás fortes confrontacións dialécticas que mantiveran o propio santo e unha clase druídica que vía ameazadas as súas crenzas, os seus valores e a mesma civilización gaélica no seu conxunto por causa da predicación da nova relixión. Sen embargo, non quixo deixar de resaltar que tamén houbo encontros máis amigables entre Patricio e os sabios pagáns, nos que as dúas partes defenderon con respecto cadansúa posición, chegando incluso a producirse, en último termo, unha síntese conciliadora na que a fe cristiá incorporou, no que non afectaba ós seus principios doutrinais, as vellas tradicións irlandesas. Este é, por exemplo, sinala MacNeill, o espírito que latexa

979 "In short we may say that Patrick's father, Calpurnius, had a social standing resembling that of a squire in modern Britain". SP, p. 44.

980 SP, pp. 68-9.

981 SP, p. 86.

982 SP, pp. 93-4.

na lenda que atribúe a compilación escrita das antigas leis de Irlanda a unha comisión formada tres monarcas, tres xuristas nativos e tres bispos, entre eles o mesmo Patricio. Máis alá da fabulación, pensaba o noso autor que, en canto non parecía que as vellas leis sufrisen cambio ningún coa chegada do cristianismo, a tradición viña amosar o feito certo de que a nova fe soubo, desde o primeiro momento, integrarse de modo harmonioso na vida da nación irlandesa.[983] Mesmo quixo destacar o feito de que, en bastantes ocasións, serían os propios druídas ou membros das súas familias os primeiros en aceptar a relixión cristiá. O cal, segundo a súa opinión, atoparía unha explicación lóxica nunha predisposición que deitaría do forte espírito cultural que impregnaba a tradición druídica.[984]

Con todo, non podía deixar de recoñecer MacNeill que a maioría das narracións tradicionais achacaban os principais obstáculos cos que batera o primeiro evanxelizador de Irlanda nos principios da súa predicación ó posicionamento adverso de moitos dos druídas fronte á intrusión da nova crenza. Así, as reticencias coas que o principal monarca irlandés daquel tempo, Laoghaire, recibiu o santo proviñan dos vaticinios nos que un dos compoñentes da casta druídica lle augurara a destrución da orde social gaélica e, por tanto, das bases da súa autoridade por causa de Patricio e o igualitarismo que se desprendía da relixión que anunciaba.[985] Pero, como repetiron moitas das lendas e relatos sobre a figura do fundador da Igrexa irlandesa, o santo iría vencendo as resistencias todas das clases dirixentes do país, a miúdo convertendo moitos membros das familias dos propios monarcas, aristócratas e druídas á nova fe. De feito, lembra MacNeill, as fundacións primeiras só puideron ir realizándose gracias ás doazóns de terras por parte destes grupos superiores, empezando polo primeiro lugar de culto que se consagrou no país e polo terreo destinado a erixir a igrexa de Armagh.[986]

En canto ás relacións do santo coa poboación corrente, a imaxe que presentou MacNeill era a dunha rápida e entusiasta aceptación das novas doutrinas. Non dubidou en admitir como reflexo exacto da realidade o texto do chamado *Himno de Secundino,* poema en loanza de Patricio no que se afirmaba que era venerado como un anxo no país.[987] Sostiña, por demais, que nunca tivo atrancos para atopar nativos dispostos e capacitados para recibir a instrución precisa para acceder ó

983 SP, pp. 100-1.

984 SP, p. 76.

985 SP, p. 100.

986 SP, p. 79; PIH, p. 160.

987 Secundino era un dos tres primeiros bispos que acompañaron a Patricio e autor deste poema haxiográfico do que, fronte á opinión doutros estudiosos, MacNeill dá como certa a súa autoría. SP, pp. 86-7.

ministerio sacerdotal, tarefa que se vería facilitada, precisamente, pola abundancia de mozos ben formados nas propias escolas druídicas.[988]

Tras sete anos de duro esforzo en solitario, recibiu Patricio o apoio de tres novos bispos enviados na súa axuda. Xunto con eles e mais os conversos nativos estableceu as bases organizativas da nova Igrexa irlandesa, centrada na sede metropolitana en Armagh, creada despois dunha viaxe a Roma para ver confirmado o seu traballo, aínda discutido en Britania, e nas correspondentes ós outros bispos, todas elas, segundo o costume da época, próximas ós centros de poder do país.

En realidade, afirma MacNeill, Patricio recibira unha formación monástica, xusto nun momento en que este novo modo de vida cristiá comunitaria estaba no seu apoxeo na parte occidental do territorio europeo, e non cabía dubidar de que lle parecera moi axeitada para os seus novos conversos.[989] Moitos dos neófitos irlandeses, sobre todo unha gran cantidade de mulleres, seguiron a orde monacal que Patricio espallou, tomada do modelo de san Martiño de Tours, ben asentado na Galia desde unhas décadas antes e que el mesmo experimentara directamente nas súas estadías continentais. Sen embargo, a organización da Igrexa patricia adoptaría unha estrutura decididamente territorial, e non monástica, cun bispo metropolitano en Armagh encabezando unha rede de dioceses baixo a súa xurisdición.[990] E, claro está, apunta o noso autor, sometida á xerarquía suprema do Papado romano, dependencia que MacNeill se preocupou de sinalar de modo explícito, nun afán por contrarrestar as versións que presentaban unha Igrexa irlandesa autónoma desde os tempos fundacionais, segundo unha interpretación antirromana de evidente significación relixiosa e política, presente desde a ruptura con Roma da rama inglesa da Igrexa e que, ademais, na súa opinión, non se correspondía coa verdade histórica.[991]

Aínda que, certamente, a tarefa cristianizadora estaba aínda incompleta á morte do santo, cando esta se produciu, en 461, a Igrexa irlandesa estaba firmemente asentada, sobre todo na parte oriental da illa, onde os primeiros misioneiros desenvolveran prioritariamente a súa evanxelización.[992] En conxunto, o papel de san Patricio na historia irlandesa de MacNeill non admite parangón ningún. Da súa obra arrincou unha nación xa constituída en plenitude, nova pero, ó tempo,

988 SP, p. 99.

989 SP, pp. 46, 61.

990 SP, pp. 97-98.

991 SP, p. 84.

992 SP, p. 83.

arraigada nas antigas esencias gaélicas, unha vez depurados os trazos inadecuados das vellas tradicións. O cambio de mentalidade introducido pola consolidación do cristianismo e das concepcións igualitarias que espallou a súa Igrexa, asegura o historiador, dulcificou os máis belicosos costumes, acabou coa escravización dos cativos e estimulou o esvaecemento das liñas de demarcación racial herdadas dos tempos da conquista gaélica.[993]

Do mesmo modo en que a masa de barro que era Adán non cobrara vida ata o momento en que o hálito de Deus lla insuflou, a nación irlandesa non acadaría a plenitude da súa existencia mentres non recolleu o espírito da nova relixión cristiá. Despois de Patricio, revitalizada a civilización céltica cos aires renovados da fe cristiá, quedaban establecidas as bases dunha nación xa disposta para acadar de inmediato os seus momentos de maior gloria e esplendor.

2.3.2. A plenitude nacional: a Idade de ouro

A partir do labor misioneiro dos primeiros evanxelizadores no século V, Irlanda coñeceu o momento de maior brillantez da súa historia, segundo o relato de MacNeill. Completándose de modo harmonioso os dous elementos distintivos da civilización irlandesa, libre de interferencias externas, a illa experimentou un desenvolvemento cultural sen par en Europa durante seis séculos, ata que foi tronzada a súa gloriosa evolución e privada a nación da súa independencia pola conquista normanda do século XII. En realidade, precisa más o autor, o período de progreso cultural no cal a nación puidera desenvolver as súas enteiras potencialidades abarcou tres séculos, o VI, o VII e o VIII, val dicir, ata a chegada ás súas costas dos barcos dos guerreiros do norte de Europa e o seu establecemento en parte do territorio irlandés. Aínda que a nación dispuxera de forza abonda para superar e mesmo, ata certo punto, integrar o elemento alleo, aquela presenza estranxeira, a dos viquingos, perturbara xa o pacífico florecemento irlandés de maneira suficiente como para que MacNeill teña que reducir a auténtica *Idade de ouro* irlandesa ás tres centurias mencionadas.[994] Foi daquela cando a nación apareceu como modelo para unha Europa que languidecía nos seus *séculos escuros,* abatida despois da caída do Imperio romano, e que contrastaba na súa decadencia coa brillantez dunha civilización gaélica que, por outra parte, conservando os seus trazos específicos, non traduciu a singularidade derivada da súa condición insular nun afastamento do resto de Europa, senón que sempre se amosou aberta ós intercambios e disposta a espallar os coñecementos que soubera atesourar.[995]

---

993 PIH, pp. 228-9

994 "Ireland's Golden Age" é o título do capítulo VIII de PIH, pp. 222-48.

995 PIH, p. 227.

Énchese de orgullo MacNeill ó afirmar que a súa nación, naqueles tempos en que por última vez puidera gozar de liberdade e paz, foi capaz de alcanzar un extraordinario nivel cultural e de transmitilo ó continente europeo.[996]

Esplendor cultural que MacNeill presenta como resultado da fructífera conxunción das dúas tradicións, a céltica e a cristiá, que se produciu en Irlanda a partir do século V. A civilización orixinal que xurdiu de tal mestura foi a manifestación máis visible do vigor dun pobo que, na opinión do noso historiador, tendeu a comportarse como entidade diferenciada en todos os ámbitos. No cultural e no relixioso, desde logo, pero tamén, aínda que con moita máis lentitude, no terreo político, onde se desenvolveron aquelas tendencias cara a unha unificación insular que el xa apreciara latentes desde séculos atrás. En realidade, suxire que os tres procesos de uniformación –cultural, relixioso e político– pareceron requirirse mutuamente, nunha interrelación na que cada un deles veu ser, a un tempo, esixencia e consecuencia dos outros. Na súa interpretación, ningún cabería sen os outros, porque todos se amosan como a manifestación externa dunha nación xa completamente constituída. O cal resultou evidente, segundo afirmaba, non soamente nas actitudes das clases ilustradas, dos poetas e dos monxes, senón tamén na enteira mentalidade popular. Para MacNeill, a partir do século V era indubidable que se produciu a medra dunha "intensa conciencia nacional" en Irlanda. Unha identidade comunitaria, por demais, que non se orixinou, como precisaba que despois sucedería en moitas monarquías europeas, pola acción dun "poder centralizado" que delimitou unhas fronteiras que eran froito do "medo e da dominación", en vez de nacer de "sentimentos relacionados co país, a raza, a lingua, a nacionalidade". Deste último teor era o sentido da nacionalidade, de pertenza a un país común –"of country and people"– que MacNeill percibiu como xa absolutamente formado na sociedade irlandesa desde a súa *Idade de ouro.*[997]

1. O sistema político

O florecemento da nación, polo tanto, foi o rendemento da conxunción dos seus elementos esenciais, pero non implicou unha quebra absoluta co pasado. A permanencia dos vellos trazos célticos resulta evidente na presentación que o relato histórico de MacNeill fai dos modos de organización política da Irlanda dos tempos do seu apoxeo medieval. Certamente, no seu guión do pasado, a nova doutrina relixiosa de san Patricio informaba a vida toda dos irlandeses. E no terreo político

---

996 "Without making any claim that does not rest on unquestionable evidence, there is enough to show that during the sixth, seventh and eighth centuries, Ireland, enjoying freedom from external danger and holding peaceful intercourse with the other nations, made no inglorious use of her opportunity". PIH, p. 244.

997 PIH, p. 244-8.

esa decisiva influencia traduciuse, principalmente, nunha adecuación ós principios doutrinais da nova fe dos costumes e normas legais polos que se rexían. Pero máis alá dese nivel, na práctica, a cristianización non alterou as pautas polas que se viña regulando a orde política gaélica. No discurso de MacNeill amósase unha indiscutible continuidade a este respecto. Na *Idade de ouro* irlandesa mantéñense, segundo as súas teses, os carácteres básicos do modo de organización política e confírmanse as liñas de evolución que este viña experimentando desde séculos atrás.

Neste senso, o esquema que formulou o noso historiador articúlase arredor dunha parella de ideas primordiais que xa distinguían o sistema político na etapa precristiá: *a)* unha estrutura baseada na proliferación de unidades estatais soberanas pero relacionadas entre si por lazos de dependencia xerárquica; e *b)* unha tendencia cara á integración política de ámbito nacional, configurada en torno á figura dun monarca superior de carácter irlandés. Segundo esta concepción fundamental da súa narración, o sistema combinaría, polo tanto, unha descentralización constitutiva orixinaria cunha consolidación das forzas que empurrarían cara á conformación de formas estatais de carácter nacional, forzas que MacNeill se esforzou sempre en resaltar, destacando a dimensión insular do aparello lexislativo, a existencia de asembleas de representación nacional e, sobre todo, a permanencia ininterrompida da institución da monarquía suprema. Con semellantes trazos, MacNeill debuxou "a orde nacional" política vixente na era de esplendor da Irlanda gaélica, orde que despois se vería afectada no seu desenvolvemento pola presenza dos viquingos, a partir do século VIII, e finalmente desprazada pola intrusión anglonormanda e o espallamento do modelo feudal que entraría na illa cos conquistadores procedentes da Gran Bretaña.

a. *As unidades políticas básicas.* Seguindo o esquema de organización político-territorial xa vixente desde as orixes célticas de Irlanda,[998] o espazo xeográfico da illa estaba politicamente fragmentado nunha numerosa serie de pequenas entidades que, mantendo a súa soberanía esencial, se articulaban entre si por medio de lazos de diversa intensidade. Cada unha destas unidades organizativas básicas, denominadas co termo gaélico de *tuath,* constituía unha comunidade política establecida sobre unha demarcación espacial concreta e encabezada por un só gobernante. Tratábase, en cada caso, dun verdadeiro Estado, quer dicir, dunha agrupación social de carácter político, non determinada por lazos

[998] MacNeill suxire que quizais se debese a proliferación de unidades políticas diferenciadas e o forte sentimento de autonomía local predominante ó feito de que os conquistadores celtas chegaran á illa en varios grupos separados, cada un dos cales establecera a súa propia colonia. PIH, p. 206.

de consanguinidade, ó modo tribal.[999] Os *tuatha* eran pequenas comunidades rurais establecidas nun ámbito xeográfico relativamente reducido, de tal maneira que podía darse unha intensa relación entre os seus habitantes, que se volvían conscientes, deste modo, da singularidade da súa condición, como integrantes dun grupo que compartía intereses comúns.[1000] En canto ó seu número e dimensións, xa se indicou que MacNeill propón como cifra aproximada a duns 80 *tuatha,* cunha superficie media dunhas 400 millas cadradas e unha poboación que debería andar polos 25.000 habitantes por termo medio.[1001]

1) A asemblea pública. A estrutura política de tan pequenas entidades estatais non podía ser de gran complexidade.[1002] A titularidade do poder correspondíalle ó conxunto dos homes libres da circunscrición, que o exercían a través da súa pertenza a unha asemblea que os reunía periodicamente. Na visión de MacNeill, a asemblea pública dos membros libres do *tuath* constituía a "unidade orgánica" onde se expresaba a vida comunitaria, a institución onde sentían formar parte todos dunha auténtica comunidade.[1003] Precisamente, sería o dereito a formar parte desta institución, que implicaba o recoñecemento da posesión de dereitos políticos, o que diferenciaba os homes libres dos que carecían desa calidade. E mesmo supón o noso autor que as propias dimensións do *tuath* estaban delimitadas en función dunhas distancias tales que permitisen asistir sen dificultades a esas reunións asemblearias, como xa se apuntou.

A vida do pobo xiraba arredor da asemblea pública, que funcionaba ó xeito dun parlamento, pois era o organismo onde se promulgaban ou modificaban as leis, se establecían os impostos, se elixían ou depoñían os reis, onde se tomaban acordos sobre as relacións con outros Estados... A súa celebración tiña lugar nun ambiente festivo, atraendo poetas, músicos, comerciantes e todo o rebumbio propio dos acontecementos de importancia excepcional. A amplitude da convocatoria era tal, figurábase MacNeill, que os lugares onde tiñan lugar os encontros mesmo collían temporalmente a aparencia de verdadeiros núcleos urbanos.[1004]

---

999 *"Tuath,* in precise usage, is the correlative of *ri,* and means a state, a complete political community". CI, p. 156. Máis adiante tratarase a cuestión da suposta condición tribal ou clánica da sociedade gaélica, que mereceu unha moi ampla atención por parte de MacNeill.

1000 EILI, p. 41.

1001 EILI, pp. 96-7.

1002 EILI, pp. 94-7.

1003 "The members of such a community, occupied with their daily and domestic concerns, became an organic unit when they met in their public assembly. The assembly was the chief organ and manifestation of their common life". EILI, p. 100.

1004 PIH, pp. 320-2. Entusiásmase o historiador imaxinando unha desas asembleas, segundo se describe nun antigo poema. EILI, pp. 104-8.

Con todo, pese á insistencia dominante nos seus escritos en presentar o labor asembleario como semellante ó que desenvolve un parlamento moderno, recoñece MacNeill en ocasións que cómpre rebaixar o carácter representativo da institución. Certamente, as xuntanzas tiñan lugar con regularidade, pero o seu funcionamento non sempre se baseaba no respecto ás opinións dos seus membros directa e libremente formulada. En xeral, afirma o noso autor, o goberno dun Estado irlandés lembraría nas súas formas ó da República romana, co engadido do monarca como titular do máis alto cargo. En realidade, a autoridade pertencía nel a unha "clase patricia", que tomaría as decisións previamente ó seu sometemento á ratificación da asemblea.[1005] A maiores, máis que unha reunión de homes libres, a configuración da asemblea debía reflectir o feito de que os propietarios de terras, que constituían a maioría dos que gozaban desa condición que outorgaba o dereito de asistencia, estaban organizados en grupos de dependencia clientelar encabezados por un nobre, de maneira que serían estas asociacións de xentes libres, máis que os individuos en por si, as que, actuando como unidades baixo a dirección do seu líder, se xuntarían en tan fundamentais convencións.[1006]

2) O monarca. A acción directa de goberno en cada *tuath* desempeñábaa un monarca, a quen correspondía a presidencia da asemblea, a dirección das tropas no combate e o exercicio da función xudicial superior nos tribunais de xustiza. Quixo resaltar MacNeill que, a pesar desta concentración de poder na figura real, en canto máxima autoridade executiva, militar e xudicial, os monarcas irlandeses non poden ser considerados como "autócratas". Principalmente, argumentaba, debido á ausencia de forzas militares permanentes nos seus Estados, xa que o servizo militar era prestado polos homes correntes con carácter temporal, convocados pola asemblea do *tuath* á defensa da comunidade en caso de ameaza exterior.[1007] Semellante dependencia na disposición dun continxente armado limitaba de modo considerable, na súa opinión, o poder efectivo do rei e contiña calquera tentación autoritaria que pretendese minguar os dereitos dos cidadáns do Estado.[1008]

Os monarcas chegaban a selo en virtude dun sistema sucesorio que mesturaba a esixencia de requisitos de sangue e procedementos electivos. A complexidade do método de designación dos máximos gobernantes dos *tuatha* non facía senón reflectir

[1005] PIH, p. 352.

[1006] EILI, p. 128.

[1007] "Their fighting men [...] could not lawfully be held to military service for more than a few weeks in any year". PIH, p. 251.

[1008] EILI, pp. 97-9. A conclusión de MacNeill é rotunda: "A ruler who depended for military power on the muster of his free people was not likely to encroach on their liberty". Id., p. 99.

as leis xerais de herdanza do país, que consideraba herdeiros a todos os que formasen parte do *derbfine* ó que o defunto pertencía, é dicir, o que se consideraba ser o grupo familiar básico, integrado por un home e mais todos os seus descendentes ata a cuarta xeración. Aplicado este principio á transmisión da coroa real, resultaban cumprir as condicións que outorgaban a elixibilidade para o cargo todos os descendentes dun rei e dos seus irmáns ata a xeración dos seus bisnetos.[1009] Dentro deste amplo grupo vinculado por lazos de parentesco, todos os adultos de sexo masculino eran potenciais sucesores e entre eles cumpría escoller o titular da coroa real.

As liortas que deitaban de semellante sistema sucesorio foron, para MacNeill, a principal fonte de conflitos bélicos na Irlanda medieval, tanto polas tensións intrafamiliares que orixinaban coma polos enfrontamentos entre grupos diferentes ansiosos por manter a condición de elixibilidade real na familia.[1010] Por unha parte, a concorrencia de liñas dinásticas en competencia dentro do mesmo *derbfine* (fillos ou sobriños do último rei, por exemplo) era motivo de frecuentes e sanguentas querelas internas nas familias reais, das que a miúdo outros obtiñan vantaxe.[1011] E por outra, a conflictividade proviña tamén do feito crucial de que, segundo as leis sucesorias, os dereitos hereditarios se extinguían coa cuarta xeración, despois da cal, coa chegada da quinta, se subdividía o *derbfine* noutros subgrupos da mesma categoría. En consecuencia, no caso da realeza, a necesidade de contar polo menos cun membro da familia desempeñando a máis alta maxistratura dentro dese tracto temporal levou en numerosas ocasións a utilizar a violencia como último recurso para asegurar o mantemento da elixibilidade monárquica no grupo familiar.[1012] Como razón engadida, cómpre considerar que o transcurso de máis de tres xeracións sen que a coroa recaese na familia non soamente rebaixaba o seu *status* social, desde logo, senón que tamén minguaba as posibilidades de manter a riqueza material dos seus integrantes, ó perder as oportunidades de engrandecemento que o acceso á monarquía lles permitiría. Deste xeito, era comprensible, alegaba MacNeill, que unha cuarta xeración que precisase colocar un dos seus membros no trono fixese os máximos esforzos para conseguilo. Noutro caso, a posición

---

[1009] CI, p. 114.

[1010] CI, pp. 122-5.

[1011] "It tended to divide the royal kin into opposing factions, favouring the claims of this or that person, and to invite external interference. The feuds within the ruling kindreds and the advantage taken of their rivalries by ambitious outsiders are in every page of history". EILI, p. 97. E noutra parte: "The Irish cronicles show clearly that domestic wars arose far more frequently from disputes and rivalries between members of a ruling family". PIH, p. 291.

[1012] Como exemplo, os problemas deste teor que afectaron a unha das grandes dinastías reais, a dos Ui Néill do norte, e a formación de alianzas militares a que recorreron para asegurar a sucesión dentro do prazo esixible expóñense en PIH, pp. 231-3.

económica, social e política da familia iría esmorecendo paulatinamente, como amosaban abundantes exemplos na historia.[1013]

A lei de sucesión irlandesa –*céltica,* en realidade, afirma MacNeill, pois un costume semellante era propio tamén da antiga Gales– permitía, polo seu carácter electivo, a posibilidade de escoller o mellor candidato a un trono. Pero a vantaxe non compensaba, na súa opinión, a inestabilidade e a violencia que deitaban de tan peculiar sistema sucesorio, que o noso autor presentou como "a máis débil característica" da forma de goberno do país.[1014] En realidade, dada a amplitude do abano de candidatos posibles –lémbrase que, ademais dos trazos mencionados do sistema, as familias dinásticas eran "notablemente prolíficas"– o factor decisorio residía moi a miúdo na capacidade dos aspirantes de conseguir apoios internos e externos á familia. Un dos métodos habituais ós que acudían os príncipes elixibles, neste senso, consistía en emprender expedicións de roubo de gando en territorios alleos, co obxecto de gañar prestixio militar e dispoñer de recursos cos que compensar os seus partidarios, fenómeno tan frecuente, que MacNeill atopou nel a orixe de boa parte da violencia que axitaba aquelas sociedades.[1015]

Por demais, aínda que o dereito a participar na elección do sucesor do monarca correspondíalle á enteira comunidade de homes libres, na práctica, tal como se desenvolvía o funcionamento real das reunións asemblearias, os procedementos de elección estiveron case sempre controlados polas minorías nobiliarias, que elaboraban unha proposta en xuntanza previa para propoñer despois á ratificación da asemblea popular, que adoitaba seguir a súa escolla.[1016] De modo reiterado, complicábase o proceso, introducíndose nel aspirantes que non satisfacían as condicións requiridas de pertenza a un *derbfine* cualificado. MacNeill comprobou numerosos casos de sucesións irregulares, nas que non se respectaban as previsións legais, e supuxo que serían habituais cando se dese a circunstancia de ser recente, dunha ou dúas xeracións atrás, a perda dos dereitos sucesorios por carecer dun monarca proveniente do grupo familiar.[1017] Por outro lado, en boa parte das ocasións, as posibilidades reais abertas pola amplitude das candidaturas sucesorias non eran máis que aparentes. Comproba o noso autor que, segundo as listas dos

---

[1013] CI, pp. 124-5. Recolle aquí MacNeill o dito gaélico que afirma: "Three generations from king to spade". Relata de maneira moi detallada exemplos diversos de cuestións sucesorias de varias estirpes reais en id., pp. 125-143.

[1014] CI, pp. 121-2. En PIH, p. 232, sostén: "It is evident that this law, a part of the ordinary law of inheritance, was, from the point of view of the public peace, a bad law".

[1015] CI, p. 122.

[1016] CI, p. 121.

[1017] CI, pp. 128-9.

anais, aínda que non faltasen casos que chegaron ata a cuarta xeración, o máis frecuente fora que a coroa pasase de pais a fillos.[1018]

3) As leis. As normas legais polas que se rexían as comunidades irlandesas constituían, en opinión de MacNeill, un auténtico sistema lexislativo que foi obxecto de codificación escrita ó longo do século VII da Era cristiá. Durante os douscentos anos seguintes, aproximadamente, o tal sistema coñeceu o seu período de máximo apoxeo, coincidindo co que experimentou a civilización gaélica en todos os aspectos. Ata que, a partir do incremento da presión dos viquingos na illa, se vira afectado, igual que sucedeu coas institucións autóctonas todas, por un proceso de declive, que se agudizaría máis tarde coa deformación ocasionada polas influencias deturpadoras dos novos principios de orixe feudal introducidos polos invasores procedentes de Gran Bretaña, completamente alleos á tradición gaélica.[1019]

Tres son as afirmacións fundamentais nas que asenta a visión do noso historiador sobre as características das leis irlandesas. En primeiro lugar, sostén que se trataba dun sistema de raíces célticas, perfectamente diferenciado do inglés, que nacera doutras fontes ben distintas. Segundo, considera que as leis irlandesas non foron unhas simples regulamentacións que recolleran os que viñan sendo costumes e tradicións populares. E, en terceiro termo, atribúelle a esa lexislación unha dimensión nacional, estendendo a súa vixencia a toda a illa, máis alá das numerosas fronteiras estatais que dividían politicamente o seu territorio.

A xuízo de MacNeill, o sistema legal irlandés fundábase en tres principios básicos, segundo a información que recolleu nos antigos textos: na verdade, na lei e na natureza. Explica, a este respecto, que a xurisprudencia irlandesa descansaba sobre textos precisos e evidencias certas, rexíase segundo contratos ben establecidos e tiña como referencia básica a lei natural –que MacNeill fai equivalente a "equidade"–, fundamento último en caso de interpretacións contrapostas do dereito.[1020]

A lexislación gaélica daqueles tempos de esplendor non era, para el, como xa se dixo, unha pura recompilación de tipo consuetudinario, unha catalogación que puxese certa orde nunha lei do costume máis ou menos consolidada. En realidade, xa durante séculos as escolas irlandesas perpetuaran coidadosamente

---

[1018] CI, p. 117.

[1019] EILI, pp. 20-4. Nesta obra, na que estudia os momentos de maior brillantez das institucións e as leis irlandesas, considérase que o período remata nos arredores do ano 900.

[1020] Toma os tres principios da declaración explícita que figura na introdución do que considera como un dos máis importantes documentos legais que se conservan, o *Uraiccecht Becc.* CI, pp. 98-9.

as leis de forma memorística. Cando o conxunto de normas lexislativas se puxera por escrito, no século VII, o resultado foi o froito do labor consciente e sistemático daquelas auténticas escolas de xurisprudencia, de longa tradición no país, conectadas coa antiga sabedoría druídica que permanecera viva en Irlanda, aínda que modificada pola acción revitalizadora do cristianismo.[1021] Neste senso, o papel dos expertos en lexislación, os chamados *brehon,* resultara decisivo na conservación e na aplicación dos principios legais, asesorando ós litigantes ou ós monarcas no exercicio da función xudicial e mantendo a pureza dos procedementos xurídicos. Mesmo formaban estes expertos xuristas tribunais específicos, aínda que subordinados sempre á autoridade última dos reis de cada Estado.[1022]

O ámbito de aplicación das leis correspondíase co territorio de cada un dos pequenos Estados, sobre o cal exercía o monarca propio a xurisdición plena. Sen embargo, destaca MacNeill que, aínda que se puxese en práctica a través das autoridades locais, a lei irlandesa era unha soa, única para a enteira nación, e aplicable, por tanto, en toda a xeografía insular.[1023] ”National in Scope, Local in Operation”, proclama o noso autor que era o dobre carácter da lei que poñen de manifesto os antigos textos.[1024] Singular trazo este “National Character”, en principio pouco congruente coa fragmentada realidade política do país pero que se explicaba, segundo sostiña, non por ser reflexo dunha antiga unidade estatal xa desaparecida, senón en razón da existencia dun único corpo de xuristas para toda a illa, con competencias recoñecidas na totalidade do territorio, á maneira dos antigos druídas da Galia cesariana.[1025] É esta dimensión nacional a que facía posible, por demais, que varios Estados chegasen a acordos para establecer unha xurisdición conxunta ou que, para certos casos en que persoas de dous deles se visen enfrontadas, se puidese recorrer á autoridade dun rei superior para a decisión final.[1026]

MacNeill defendeu a calidade e o valor das antigas leis irlandesas fronte ás críticas dos xuristas e estudiosos do seu tempo, moitos dos cales as presentaban

---

[1021] EILI, p. 82-6. MacNeill volve lembrar a validez para a Irlanda cristiá da descrición de Xulio César sobre o papel dos druídas como conservadores e difusores duns coñecementos extraordinarios a través das súas escolas.

[1022] PIH, p. 319.

[1023] “Every Irish law-book is a book of the laws of Ireland –there are no territorial laws and no provincial laws”. PIH, p. 246.

[1024] EILI, p. 96.

[1025] EILI, pp. 90-1.

[1026] EILI, pp. 102 e 112-3.

como un simple e anacrónico testemuño dunha sociedade tribal na que, segundo aquelas reflectían, a responsabilidade individual quedaba esluída nos grupos comunitarios familiares ou clánicos que lle eran propios, que non diferenciaba os delitos das ofensas, que soamente contemplaba como violación da lei os actos que afectaban a particulares, pero non os que ían contra a orde pública, que non precisaba o modo de aplicación das sancións polo poder político... MacNeill atribúe tal clase de descualificacións a un partidismo preconcibido ou ó descoñecemento do contido real das leis irlandesas, fose este debido á deficiencia das traducións do gaélico medieval, fose por causa dos prexuízos derivados das concepcións inglesas desde as que a maioría dos estudiosos se achegaban ó estudio daquela xurisprudencia peculiar. Para el, os antigos celtas e, en consecuencia, os seus herdeiros irlandeses desenvolveran un auténtico sistema legal completo, equiparable nos criterios que o inspiraron e na precisión xurídica das súas fórmulas ás modernas codificacións de ascendencia romana que se acabaran impoñendo en Europa.[1027]

b. *O sistema de Estados.* No esquema que presenta o noso historiador, a descentralización básica do poder en Irlanda, localizado o exercicio da soberanía en cada un dos pequenos e numerosos Estados, non era incompatible coa existencia dunha intensa interrelación que mantiña ligadas a moitas destas entidades políticas entre si e mais co conxunto de todas elas. Certamente, ó longo dos seus escritos, MacNeill preocupouse sempre por resaltar os elementos compartidos que permitisen conceptuar a totalidade dos habitantes da illa como membros dunha soa nación, establecida como tal no enteiro territorio insular. Semellante guión esixiulle albiscar, máis alá da aparencia de fragmentación, unha inclinación subxacente cara á unidade que reflectise na orde política o carácter uniforme que lle autorizase a atribuír a condición nacional ás xentes e ó territorio irlandeses.

Da información que lle proporcionaban os textos gaélicos, o autor deduciu unha serie de ligazóns que poñían en conexión os distintos Estados irlandeses e mais un conxunto de vínculos que unían os seus monarcas, tanto no plano horizontal coma nunha liña de dependencia vertical.[1028] Segundo as teses anteriormente citadas, as pequenas entidades estatais sempre amosaron unha inclinación a formar asociacións baixo a dirección dunha delas, segundo un modelo que remontaba á Galia anterior a César e que xa atopaba precedentes no

[1027] EILI, pp. 114-19.

[1028] A súa fonte básica é o *Book of Rights,* escrito arredor do ano 900, que considera como o máis completo documento dispoñible sobre as divisións territoriais e as relacións entre Estados. CI, p. 74.

comportamento das polis da Grecia clásica. Tratábase dunha "tendencia natural" dos pequenos Estados a xuntarse para configurar "hexemonías" que, á súa vez, se agrupaban entre elas posteriormente para formar outras maiores e que tivo como primeiro resultado rechamante a constitución dos cinco grandes agrupamentos da época anterior á implantación do cristianismo na illa, segundo sostiña unha "firme" e "inmemorial tradición".[1029] Tales agrupamentos constituíronse cunha duración temporal variable. Algúns deles desfacíanse ó cabo dun prazo reducido de tempo, como parece que sucedía con frecuencia no caso dos de máis cativo tamaño, dependendo a súa permanencia da fortaleza das dinastías hexemónicas, pero tamén podían chegar a consolidarse cun carácter máis duradeiro, como adoitaba suceder con aquelas asociacións que abarcaban un amplo ámbito territorial e reunían un nutrido número de Estados. Lembra MacNeill, a este respecto, que os rexistros de reis de Leinster, Connacht e Munster carecen de interrupcións desde o século V ó XII. E rexeita, por outra parte, as tradicións que consideraban tales xuntanzas de Estados como simples amaños pasaxeiros e fóra da legalidade, argumentando que, aínda que as especificacións das leis máis antigas contemplasen unha soa forma de organización político-territorial, o *tuath,* e non recoñecesen a posibilidade de subordinación duns monarcas a outros, a realidade dos feitos debeu de obrigar a adaptar as antigas teorías ás novas circunstancias do escenario político en cada momento.[1030]

A estrutura que ligaba Estados e reis configuraba, para MacNeill, unha realidade histórica indiscutible. Distinguía, a partir dos manuscritos irlandeses, catro categorías de monarcas, segundo o ámbito do seu poder e a súa posición respecto dos outros gobernantes: o rei dun só *tuath* ("single state"), o rei dun Estado ("major state") con hexemonía sobre un grupo de *tuatha*, o monarca dun conxunto máis amplo de reinos, que constituían unha "provincia" ou *fifth*, e o rei de Irlanda.[1031] Estas entidades territoriais e os seus gobernantes estaban ligados entre si por vínculos institucionais ben reflectidos nos documentos, aínda que estes non sempre fosen coincidentes nos detalles, debido ós intereses concretos que defendían os seus redactores ou copistas, que os levaran a manipular os escritos para xustificar o mantemento da posición de superioridade dos grandes Estados en nome dos cales desenvolvían o seu labor escrito.[1032] Pero o feito da xerarquización parecíalle seguro ó noso historiador, que se detivo a

[1029] EILI, pp. 91-2 e 102.

[1030] EILI, pp. 109-10.

[1031] EILI, p. 109. CI, p. 104.

[1032] MacNeill sostén que o *Book of Rights* é resultado do acordo dos sete grandes monarcas do país para lexitimar mediante un texto de suposta antigüidade o seu dominio. CI, p. 84.

citar polo miúdo numerosos exemplos das estruturas político-territoriais que agrupaban a monarcas e Estados de distinto grao.[1033]

A maiores, distínguense outras dúas categorías dentro desa rede de xerarquización, por canto unha parte dos reinos menores ("minor kingdoms", "petty kingdoms") eran tributarios do inmediatamente superior, mentres outros, cualificados como "libres", carecían desa clase de servidumes. O factor de diferenciación viña determinado pola existencia de lazos de parentesco entre as familias gobernantes nos pequenos reinos e aqueles dos que dependían.[1034] Os pequenos Estados rexidos por monarcas dos que se supón que pertencían á mesma liñaxe dos que exercían a autoridade máxima no Estado superior, aínda que subordinados a este, estaban exentos de pagamento ningún.[1035] Ademais da satisfacción de tales contribucións en especie, entre as obrigas dos Estados tributarios contábase a de prestar servizo militar ó rei superior, prestación que tamén realizaban os membros dos Estados libres, aínda que estes o facían a cambio dunha compensación económica.[1036]

O engrandecemento das dinastías que chegaran a manter unha posición de superioridade xerárquica sobre grandes conxuntos de entidades estatais menores fora afirmándose de forma paulatina, nun proceso de evolución secular no que se combinaron a pura expansión militar e modos máis sutís de dominación. Respecto da primeiro método de afirmación de dominio hexemónico, describe MacNeill as etapas de conquista de novos territorios polas que, ó cabo, resultarían ser, como consecuencia, as principais familias gobernantes. Dous bos exemplos, ós que prestou unha atención demorada en varias ocasións, son os da expansión do poder das dinastías de Connacht e Munster no século V, xa citados con anterioridade.

O segundo mecanismo de imposición gradual da hexemonía de certas dinastías sobre outras de menor rango baseouse na apropiación de terras por membros da familia gobernante, aproveitando as vantaxes que derivaban da súa situación inicial de poder, e no conseguinte desprazamento da antiga nobreza terratenente dos postos dirixentes que antes ocupaban nos seus territorios. Este tipo de cambios graduais, de fondas consecuencias, en canto irían alterando a distribución de poder en

---

[1033] Referíndose a Ulidia, por exemplo, un dos cinco grandes reinos que rexistra unha repetida tradición, escribe: "We have thus three grades of kingdoms in Ulidia: the overkingdom, the three large kingdoms, and ten petty kingdoms, each grade being contained in the one before it". CI, p. 92.

[1034] EILI, p. 38.

[1035] Sirva de exemplo, entre os que se recollen do *Book of Rights,* o reino de Munster, do que se enumeran os vinte Estados que o compoñían, doce dos cales eran tributarios e oito libres, cunha relación dos tributos que debían os primeiros, consistentes en certo número de cabezas de gando variado. CI, pp. 78-83.

[1036] CI, p. 87.

beneficio dunhas poucas liñaxes, non tivo lugar, segundo MacNeill, por métodos violentos nin pola expropiación directa dos antigos aristócratas, senón dunha maneira que resultou case imperceptible para os cronistas.[1037] O procedemento habitual sería o dunha delegación por parte do rei a algún membro da súa familia do exercicio da autoridade sobre unha porción do seu territorio, converténdoo nun "señor intermedio" entre el e os aristócratas da zona. Gradualmente, sen grandes coercións, alega o historiador, as principais liñaxes irían facéndose co control de gran cantidade de terras e converténdose na nobreza dominante na maior parte do país.[1038] Tal foi o modo polo que, por exemplo, as dinastías citadas de Tara e Cashel se fixeron co dominio de numerosos pequenos *tuatha* nas rexións do norte e do sur da illa nas que, respectivamente, afirmaron o seu dominio. Procesos deste teor volvéronse frecuentes desde o ano 400 en diante, prolongándose mesmo ata o século XVI, estimulados aínda máis polos hábitos feudais xeneralizados a partir da conquista normanda, no século XII.[1039]

O *Book of Rights* especifica as relacións regulares establecidas entre os sete principais monarcas de Irlanda e os reis inferiores que lles estaban directamente subordinados. Xa se viu que MacNeill consideraba que, aínda que a idea dunha *pentarquía* permanecese por moito tempo incrustada na mentalidade popular e mesmo na dos *literati* irlandeses, como deixan translucir moitos dos seus textos, a división da illa en cinco grupos de Estados era anterior ó período cristián, coincidindo co inicio do cal, no século V, se establecera unha división do territorio en sete agrupamentos principais, encabezados por cadanseu monarca de superior rango.[1040] Ese sistema, que o historiador denomina *heptarquía*, prolongaríase durante unha ampla extensión temporal, aínda que experimentase nese longo decurso variacións nos compoñentes que integraban cada un dos grandes conxuntos provinciais. Os sete reinos principais de Irlanda eran, segundo este esquema xa antes citado, o de Tara, o de Leinster, o de Cashel ou Munster, o de Connacht, o de Aileach, o de Ulaidh ou Ulidia e o de Oriel.[1041] Sobre os gobernantes destes reinos, asevera MacNeill, tan só se atopaba a autoridade do monarca supremo, o rei de Irlanda, cargo que, por certo, sempre recaeu dentro das propias dinastías que gobernaban nestas entidades dominantes. Durante a *Idade de ouro,* os príncipes

---

[1037] "These changes are not seen to be effected by any form of expropriation or to be accompanied by any degree of violence. They take place so tacitly and insensibly that they are never chronicled". CI, p. 124.

[1038] CI, pp. 124-5.

[1039] PIH, pp. 177-84.

[1040] CI, p. 104.

[1041] PIH, pp. 186 e 277. Os territorios que correspondían a cada un destes grandes reinos detállanse polo miúdo no capítulo dedicado ó *Book of Rights* en CI, pp. 73-95.

da casa dos Ui Néill foron a forza dominante no norte da illa, desde os seus reinos ulsterianos (Aileach, Ulaidh e Oriel) e o de Tara, mentres no sur os reis de Munster consolidaron o seu poder sobre a súa rexión.[1042]

c. *A monarquía nacional.* A paisaxe política da Irlanda medieval que se describe no relato de MacNeill non está falta de coherencia, a pesar de que a fragmentación territorial é o risco esencial que a caracteriza. O primeiro elemento que introducía un certo propósito no comportamento dos actores políticos básicos viña determinado polos mecanismos que inducían o agrupamento dos pequenos Estados, que o noso autor considera como motores impulsores dunha interrelación que, por permanente, acabaría converténdose, na práctica, nunha especie de trazo estrutural do que viña ser un *sistema* no que todos se integraban. Pero o factor fundamental que, no seu esquema, dotaba dunha lóxica última ó panorama político irlandés do Medievo era a existencia dunha monarquía suprema con autoridade recoñecida sobre toda Irlanda. No discurso de MacNeill, a institución monárquica central expresa na orde política a condición nacional de Irlanda e confire sentido ó que, na aparencia, non pasa de ser unha masa informe de cativas unidades políticas que semellan carecer de proxecto compartido ningún.

O fraccionamento territorial en células que se reclamaban soberanas e iguais, aínda que non sempre conseguisen asegurar a súa plena independencia, e que soamente se vinculaban entre si en virtude das pautas que prescribían as relacións de forza de cada momento, volvía difícil xustificar a súa correspondencia cun desenvolvemento cultural que se manifestaba como o brillante froito dunha única formación nacional que viña operando como tal desde tempo inmemorial. En consecuencia, MacNeill introduciu no seu deseño político do pasado irlandés unha racionalidade que pretendía converter un escenario de aspecto caótico, ordenado exclusivamente en función da presión que algúns dos seus compoñentes podían exercer sobre o resto, nun auténtico *sistema,* onde as partes que o conformaban se conectaban de acordo con certas pautas estruturais –a citada "tendencia natural" ó agrupamento– que reflectían o carácter nacionalitario da sociedade irlandesa e que apuntaban, de modo finalista, á consolidación dunha institución central de recoñecemento xeral.

Sen embargo, o propio autor tivo que aceptar as limitacións de tal proposta no referente á maxistratura real suprema. Nos seus primeiros escritos xa se vira obrigado a recoñecer que a institución monárquica nacional non tivera efectos na vida irlandesa dunha intensidade suficiente como para inspirar unha tradición

[1042] PIH, pp. 184-90.

literaria nacional de ámbito insular. Pero aínda afirmaba que fora esa figura central o eixe que fixera posible imaxinar as visións que levaran á elaboración dos textos gaélicos clásicos nos que se relataba unha suposta "historia de Irlanda".[1043] Posteriormente, sen embargo, admitiría que o valor da monarquía nacional que tanto pregoaba residía, máis que na súa incidencia efectiva na realidade política pasada, na súa dimensión alegórica, como expresión política e referencia simbólica dun senso de unidade nacional que el levaba ó período precristián e que dese modo se facía visible. Por moito que cumprise asumir que os poderes da institución careceran de substancia ningunha e que nunca foran establecidos de maneira concreta, MacNeill seguiu aferrado sempre á idea de que a figura dun monarca nacional, dun rei de Irlanda a quen os demais gobernantes outorgaban primacía, constituíu un feito histórico certo entre os séculos III e XII. Por outro lado, nesa mesma dirección, a dimensión integradora do sistema conformábase pola celebración dunha "asemblea nacional" que anualmente congregaba en Taillte, no val do río Boyne, a representación do enteiro país baixo a presidencia do rei de Irlanda.[1044] Presentándoa como complemento da monarquía suprema, a asemblea funcionaba como indicador institucional engadido da persistencia da identidade nacional, resaltando MacNeill o feito de que a xuntanza apenas coñeceu interrupcións na súa convocatoria ó longo dos séculos.[1045]

No relato de MacNeill, a historia da monarquía irlandesa confúndese co relato do engrandecemento das principais dinastías e da consolidación das sete principais agrupacións "provinciais" de Estados. A monarquía central aparecera a finais do século III, ligada á expansión territorial da dinastía de Connacht e á ocupación de Tara, onde se establecera a sede da nova autoridade suprema.[1046] Unha centuria despois, no último cuarto do século V, esta primeira liñaxe de reis de Irlanda perdera o control do cargo que monopolizara desde o inicio, pasando a ser desempeñado por membros da familia dos Ui Néill, supostos descendentes do rei Niall *o dos Nove Reféns,* como xa se dixo. En realidade, a liñaxe dos Ui Néill, que se converteu desde aquela na dinastía dominante na metade setentrional da illa, dividírase en dúas ramas, a dos Ui Néill do Norte, co reino principal en Aileach, e a dos Ui Néill do Sur, que acadaron o control sobre as terras centrais

[1043] CI, p. 17.

[1044] EILI, p. 109.

[1045] A ausencia case total de mencións á asemblea nos anais resulta ser, precisamente, a proba da continuidade da súa celebración, en canto estas relacións de acontecementos soamente rexistran aquilo que reviste un carácter extraordinario. Sinala MacNeill que as poucas citas nestas fontes refírense, xustamente, ós anos en que houbera problemas na xuntanza nacional. PIH, pp. 256-8.

[1046] PIH, pp. 120-22.

do país e estableceron a capital en Tara.[1047] Desde finais do século V ata o XI a coroa real irlandesa pertenceu, de modo ininterrompido, a príncipes desta estirpe.[1048] De todas formas, pronto quebraría a unidade interna dos Ui Néill e a sucesión deixaría de seguir unha regularidade previsible, sendo frecuentes os casos en que fora a forza a que decidira a favor das pretensións de calquera dos reis dos numerosos pequenos Estados rexidos por membros da familia.[1049] A situación volvería a estabilizarse a partir do ano 734, desde o cal se deu unha "alternancia regular" entre príncipes das dúas ramas ata 1022. Non houbo "pacto constitucional" ningún para asegurar a quenda que lles permitise controlar a coroa, asegura MacNeill, "pero a alternancia foi un feito ben establecido".[1050]

2. A sociedade

Segundo o esquema que adoitaba empregar no seu relato do pasado irlandés, calquera que for o aspecto da vida da nación ó que se achegase, cando se ocupou de reflectir as características da sociedade gaélica no seu período de maior brillantez MacNeill presentou un modelo no que se sintetizaban as peculiaridades propias da xénese céltica do pobo co espírito novo que a estes trazos lles infundira o cristianismo, a partir da súa incorporación como elemento constitutivo da nacionalidade. En aplicación dos principios deste guión básico, polo tanto, a estrutura social irlandesa na *Idade de ouro* da nación ofrecía, para el, un elevado grao de continuidade con respecto ás formas que xa vimos que a definían no período anterior á chegada de san Patricio. As divisións que diferenciaban os distintos grupos sociais fundábanse nos mesmos criterios e incluso sobrevivían algúns residuos que parecían propios dunha cultura pagá, como se encargou de recordar o noso autor con certa frecuencia, talvez como lembranza da permanencia esencial da nación no tempo na que asentaba a súa visión do pasado. Pero, á vez, insistiu tamén no efecto revolucionario da nova doutrina relixiosa sobre as antigas concepcións polas que se organizara a comunidade desde as súas orixes, abolindo vellas discriminacións e rematando progresivamente coa escravitude que padecía unha parte da poboación.[1051]

En realidade, non se aprecia unha quebra decisiva no modelo de sociedade que MacNeill adxudicara ós tempos posteriores á cristianización da illa. A

[1047] PIH, pp. 184-86.

[1048] PIH, p. 192.

[1049] PIH, pp. 232-3.

[1050] PIH, pp. 238-9.

[1051] Lémbrese a predición do druída ó rei Laoghaire de que Patricio lle roubaría "os vivos e os mortos", anuncio interpretado polos antigos escritos como a destrución da vella orde social, por causa do igualitarismo introducido pola doutrina cristiá. SP, p. 100.

perpetuación do carácter completamente rural da sociedade irlandesa, mesmo despois de que os pobos viquingos introducisen as formas de vida urbana, resultou ser o condicionante estrutural que determinou a amentada continuidade. Por outro lado, o proceso de integración dos dous grandes grupos de poboación, os descendentes dos conquistadores celtas e as comunidades que proviñan dos antigos habitantes que estes atoparan ó chegar á illa, xa estaba abondo desenvolvido desde séculos atrás. Nos primeiros tempos da época cristiá, a fusión dos diferentes pobos de Irlanda era completa.[1052] É verdade, afirma MacNeill, que diversas tradicións sociais diferenciadas pola súa orixe céltica ou precéltica continuaron existindo durante séculos, mesmo ata os tempos modernos, pero tamén o é que ningunha discriminación por razóns de orixe racial se podía atopar nas leis irlandesas, como xa se sinalou.

a. *A estrutura social.* MacNeill tomou como fonte fundamental para describir a sociedade gaélica os textos legais medievais irlandeses, onde se anotaba con gran detalle a condición política e xurídica dos habitantes de cada *tuath.*[1053] Segundo a presentación que fai deste documento, a estrutura daquela sociedade alcanzaba niveis de enorme complexidade, fraccionada en numerosos grupos e subgrupos que reflectían unha condición legal desemellante e outorgaban a posesión de dereitos de diferente nivel. O criterio básico sobre o que se compoñía a estratificación social recollida polas leis era a posesión dos dereitos de cidadanía ("the full franchise"), que correspondía en exclusiva ós homes libres de cada Estado.[1054] De acordo con este principio, a división primaria establecíase entre os que gozaban de tales dereitos e os que carecían deles. Segundo o manuscrito que segue MacNeill, a categoría primeira estaba composta por outras dúas clases. A máis importante destas incluía, á súa vez, catro grupos principais, a saber, os eclesiásticos, a aristocracia (contando os monarcas), os *filid* ou "homes e letras" e os *feni,* denominación que interpreta aquí o autor como o termo para referirse ó resto dos homes libres con propiedades. Cada un destes grupos subdividíase aínda en sete ordes, delimitadas en relación con certos requisitos económicos –fundamentalmente, a propiedade de terras– especificados con gran precisión. A segunda clase estaba integrada polos que gozaban dos dereitos de cidadanía en función da súa profesión ou oficio, aínda que carecesen de propiedades; formaban parte deste conxunto os eruditos e artistas de menor categoría e todo tipo de artesáns. Toda esta

[1052] PIH, p. 291.

[1053] O máis importante destes tratados legais é o *Uraiccecht Becc.* Expón os seus contidos en CI, pp. 99-113, de onde se toma a maioría dos datos deste apartado.

[1054] CI, p. 99.

complicada segmentación establecida polas leis, tal como as interpretaba MacNeill, traducíase na asignación dun determinado nivel de dereitos ou privilexios ós membros de cada unha das subdivisións, ós que se lles outorgaba deste modo, e salvando sempre a súa condición de libres, un grao distinto de *status* social.[1055]

O máis numeroso conxunto de homes libres, aínda que situados nun chanzo inferior, era o formado polos campesiños donos da súa terra que mantiñan unha relación de clientela cos membros da nobreza. Contra a opinión dominante entre os investigadores da súa época, MacNeill aduciu que estes individuos non eran simples arrendatarios que debían satisfacer un pagamento pola cesión. Tratábase, máis ben, de propietarios que estableceran vínculos de dependencia clientelar con aristócratas que lles entregaban algúns dos excedentes dos que dispoñían a cambio de certas obrigas e servizos persoais.[1056]

A relación entre o *patrón* e o *cliente* viña regulamentada con precisión na lexislación gaélica e rexíase por un contrato formal de carácter extinguible segundo a vontade das partes, respectando certos mecanismos compensatorios ben especificados en caso de resolución, ou por causa da morte dun dos contratantes, dado que o acordo tiña un carácter persoal.[1057] Os *clientes* recibían un monto de capital –en forma de gando, habitualmente– de diferente cantidade, segundo o seu *status,* do que derivaría un interese anual. Ademais de satisfacer o pagamento correspondente, debían entregar certos bens en especie e proporcionar diversos servizos, o máis importante dos cales era o de traballo no tempo dos principais labores agrícolas. A cambio, o *cliente* recibía asistencia e protección por parte do *patrón.* O aspecto económico da permuta non era o máis importante, afirmaba MacNeill, pois, en realidade, o capital cedido non era considerado como un beneficio directo, senón como sinal do vínculo que se establecía entre as dúas partes.

Dentro deste conxunto de campesiños con lazos clientelares diferenciábanse dous grupos. O primeiro deles correspondía ós que, pese á dependencia á que se obrigaban, conservaban a súa liberdade e os seus dereitos en plenitude. O segundo

---

[1055] Por exemplo, soamente os incluídos na categoría da aristocracia podían exercer a autoridade militar e certas maxistraturas. CI, pp. 110-1.

[1056] A confusión de consideralos arrendatarios proviña, segundo MacNeill, dunha deficiente tradución do termo gaélico *cele* por "tenant", concepto propio das leis sobre a terra impostas polos ingleses pero inexistente na antiga sociedade irlandesa. EILI, pp. 119-20.

[1057] Supoñía MacNeill que o *patrón* nunca desexaría revogar o contrato, en canto o seu propio *status* legal dependía en parte do número dos seus *clientes,* razón pola cal debería ser indemnizado pola perda que sufriría en caso de rescisión. EILI, pp. 119-20.

estaba formado polos que, a maiores do capital, recibían unha cantidade engadida equivalente á taxación dos seus dereitos de cidadanía establecida pola lei. En virtude desta específica relación clientelar quedaban ligados á terra pola duración do contrato, o cal, en realidade, supoñía a transferencia dos seus dereitos a un señor, que os exercería no seu nome ata a extinción daquel. Non interpretou o noso historiador de modo desfavorable estes vínculos de dependencia que afectaban a boa parte da poboación irlandesa. Lonxe de ocasionar unha perda de liberdade para o campesiñado, sostivo, resultaba ser o mellor medio para os máis débiles da sociedade atopar unha protección sen a cal a disposición teórica daquela carecería de significado real. Liberdade que, na súa opinión, por outra parte, quedaba garantida, en último termo, pola permanente posibilidade do *cliente* de dar por rematada a relación.[1058]

A liña que separaba a estes dous grupos de campesiños era, en realidade, a que marcaba o límite principal de diferenciación social, segundo MacNeill. Por riba dela atopábanse os homes libres. Por baixo quedaban os homes sen dereitos, os cultivadores das terras da reserva da aristocracia e os escravos.

A división esencial da sociedade viña fixada, polo tanto, pola condición de liberdade e a asignación de dereitos que levaba esta aparellada. Pero xa se viu que as circunstancias económicas desempeñaban unha función capital na delimitación do *status* xurídico. De feito, MacNeill simplificaría posteriormente a descrición da sociedade medieval gaélica que expuxera con detalle en *Celtic Ireland.* Así, case tres décadas despois, no esquema de *Early Irish Laws and Institutions,* e de maneira moito máis sinxela, a propiedade pasaba a se converter no elemento discriminatorio da gradación social por excelencia. Sinalou, entón, a existencia de tres grupos que gozaban do dereito de cidadanía: os propietarios de terra, os eruditos en latín e en gaélico –clero, profesores, xuristas e profesionais das letras– e os que desempeñaban diversos oficios, desde os construtores de casas ou barcos ata os metalúrxicos, pescadores e arpistas, entre outros. Carecían dos mencionados dereitos, en cambio, os que non tiñan propiedades ou posesións: os cultivadores de terra allea, os artesáns de grao inferior, os estranxeiros e os que perderan aqueles por algunha razón legal.[1059]

Aquela sociedade tan complexa, sen embargo, non se caracterizaba por unha estratificación ríxida. Pola contra, aprecia MacNeill unha certa mobilidade social dentro de cada un dos subgrupos das divisións principais. A este respecto, a

[1058] A exposición máis detallada sobre as relacións clientelares atópase en EILI, pp. 117-29, que é a que aquí se segue fundamentalmente.

[1059] EILI, pp. 94-5.

propiedade, ademais de identificarse coa liberdade, revestía unha sinalada importancia desde o punto de vista das modificacións na tipoloxía social, en canto unha variación nas características económicas do suxeito implicaba o correspondente cambio na posición na que se encadraba desde o punto de vista do nivel de dereitos que se lle atribuían. O grao de dereitos dunha persoa podía medrar ou minguar en caso de adquisición ou venda de terras, por exemplo, ou por cambios no oficio ou profesión "polo talento que Deus lle deu" a unha persoa. Tal como sinalaba o noso autor, a sociedade gaélica rexíase polo principio de que "un home é mellor que o seu nacemento".[1060] En consecuencia, sendo a aristocracia a clase dominante, a súa posición atopábase temperada polas variacións que podía experimentar o *status* de cadaquén, segundo se acaba de ver, e "pola ausencia de barreiras hereditarias". Certamente, admitía, a posición social dunha persoa viña condicionada pola do seu pai ou o seu avó, pero, resalta, "parece que os Féni [aquí, por *homes libres*] eran todos de igual nobreza potencial, sendo determinada a de cada individuo pola súa riqueza".[1061] Un home, insistiu MacNeill, podía adquirir o *status* de libre, podía ascender ou baixar na escala social, "sen importar a humildade da súa orixe".[1062]

b. *A comuna familiar.* Ademais da institución clientelar, a vida cotiá dos habitantes da Irlanda céltica viña marcada polo grupo de convivencia social máis inmediato no que se integraban, unha familia ampla con certos riscos comunais á que MacNeill se refire como "Irish joint family" ou "Family commune".[1063] A este respecto, o noso autor advirte da dificultade de concretar con garantías de exactitude as súas características, en canto as referencias de que se dispoñía proviñan, esencialmente, dos comentarios ás leis tradicionais contidos nos manuscritos medievais, redactados por autores que carecían dun coñecemento fundado sobre unhas formas de agrupamento familiar que eran xa obsoletas no seu tempo.[1064] Con todo, admitindo o carácter conxectural de moitas das súas afirmacións, elaborou unha descrición dos trazos esenciais do que el considerou como unha formación social básica da civilización gaélica. Como fonte complementaria ás leis e ás tradicións, recorreu, ademais, á comparación co sistema familiar romano e co hindú, en especial con este último, no que atopou múltiples semellanzas coa situación irlandesa. En relación á Roma clásica, sostivo MacNeill que a *familia* romana, baseada na autoridade absoluta do *paterfamilias,* representaba a forma

[1060] CI, p. 101.

[1061] CI, p. 111.

[1062] EILI, p. 94.

[1063] Principalmente, séguese na exposición o último capítulo de CI, que se dedica a "The Family commune". CI, pp. 153-176.

[1064] CI, p. 174.

máis primitiva dun modelo que debeu de ser compartido en tempos remotos polos antepasados de celtas, latinos e hindús, cando todos eles formaban un "pobo non dividido". Respecto do extraordinario parecido das leis familiares da India e as de Irlanda, suxeriu que o interese de proceder a un estudio comparativo nacía, máis que da comprobación da permanencia naquelas das formas primordiais de asociación por parentesco, do feito de que no seu modelo se revelaban as pautas evolutivas do que debeu de ser o proceso do seu "desenvolvemento natural" a partir dos carácteres primitivos comúns.[1065]

Segundo MacNeill, polo tanto, a agrupación primaria irlandesa era a comuna familiar, desenvolvida a partir dun modelo de familia monógama e patriarcal de orixe aria. Supón que, como efecto do exercicio da *patria potestas,* iríase producindo un esvaecemento progresivo do papel do individuo dentro dos grupos familiares primitivos, que derivarían en colectividades onde o persoal, incluída a propiedade de bens, acabaría subordinado ó comunitario. Aínda que, posteriormente, aduciu o noso historiador, a autocracia patriarcal iría desaparecendo e deixando lugar a unhas relacións grupais menos opresoras, a pegada das orixes determinaría un tipo familiar onde se percibirían aínda os trazos comunitarios, sendo a familia moito máis que un simple agregado de individuos.[1066] Deste modo, igual que a hindú, a familia comunal irlandesa chegou a selo como "un resultado natural do patriarcado baixo condicións cambiantes".[1067]

Lembrando que a primitiva *patria potestas* dificilmente se podería exercer máis alá da xeración dos netos do seu titular, suxeriu MacNeill, a familia irlandesa ordinaria estaría composta por catro xeracións. Os textos legais distinguían a existencia de varios grupos familiares de distinta amplitude, pero a que MacNeill sostiña que constituía a "familia por excelencia", a "comunidade consanguínea normal", era a denominada *derbfine* ("a familia verdadeira"), da que xa se viu, ó tratar a regulamentación da sucesión dinástica, que estaba formada por catro xeracións a partir do que a encabezaba. O carácter comunal da institución reflectíase na propiedade grupal de parte dos bens, incluídas terras, na consideración do grupo como beneficiario colectivo de herdanzas e na súa condición de receptor das indemnizacións establecidas pola lei para caso de homicidio dalgún dos seus membros.[1068]

[1065] CI, p. 165; EILI, pp. 16-7.

[1066] CI, pp. 158-9.

[1067] CI, p. 165.

[1068] CI, p. 160.

Este modelo familiar que establecía a comunidade como o suxeito primario iría desaparecendo, segundo MacNeill, a partir da chegada do cristianismo, que introduciu a idea da responsabilidade individual polo comportamento de cada persoa e eliminou o costume da compensación compartida en caso de ser vítima dun delito un dos seus membros integrantes. Co espallamento da fe cristiá foise debilitando, en consecuencia, o vínculo que mantivera a unión entre xeracións de distintas ramas familiares, de modo que, gradualmente, a familia comunal acabou por se converter nunha simple supervivencia doutros tempos, reflectida nos textos legais pero carente de significado real na vida diaria.[1069]

Sen embargo, algúns dos seus vellos trazos seguirían manifestando a súa vixencia en certas circunstancias nas que se requiría a aplicación das disposicións legais específicas para o caso. Tal sucedía, por exemplo, lembrou MacNeill, cos mecanismos xurídicos polos que se rexían as cuestións sucesorias, onde a condición de elixibilidade continuou sendo determinada segundo os hábitos derivados das antigas formacións da comuna familiar, ou as relativas ó repartimento de herdanzas, onde seguiron aplicándose os criterios provenientes da mesma orixe. A este respecto, afirmou MacNeill que o *derbfine* non funcionaba xa como comunidade social real nos tempos históricos, con excepción destas situacións extraordinarias nas que se activaba con propósitos legais.[1070]

c. *Unha sociedade non tribal.* A existencia das relacións de dependencia interpersoal de carácter clientelar e os vestixios de trazos comunalistas levaron a unha boa parte dos estudiosos do pasado irlandés a encadrar a sociedade gaélica antiga e medieval dentro da categoría das sociedades clánicas ou tribais. MacNeill considerou este tipo de proposicións como puras deformacións da realidade histórica, resultado de inexactitudes nacidas dunha serie de prexuízos sobre os pobos célticos e, de maneira específica, sobre o irlandés. Ó seu entender, tales preconcepcións estaban firmemente asentadas na mentalidade británica da época, fortemente impregnada dun espírito colonialista, arredor do cal se estruturaba unha dicotomía que opoñía o paradigma do *civilizado* e o do *bárbaro,* identificados, respectivamente, co modelo de civilización propio e co que non cadraba ou contradicía a este; ou, aínda de maneira máis concreta, co anglosaxón e co céltico.[1071] Considerando a suposta condición tribal da sociedade irlandesa como símbolo da interpretación deturpada da historia que, xustamente, pretendía corrixir

[1069] CI, p. 174.

[1070] CI, pp. 118-9. Ofrece aquí MacNeill, ademais, un exemplo pormenorizado dun reparto de bens procedentes dunha herdanza.

[1071] EILI, pp. 14 e 25-6.

coa súa obra, a contraposición esencial na que asentaba a deformación ofrecía, na súa opinión, unha dimensión política evidente, pero tamén se plasmaba, de modo implícito ou de maneira expresa, no enteiro ámbito da cultura e, en concreto, no traballo científico, onde numerosos investigadores orientados por tal predisposición manifestaban ser moi propensos a caer no que el mesmo chegou a cualificar como "The Primitive Quest" e "primitive big game".[1072] Dedicou o noso autor, en consecuencia, abundantes páxinas, a miúdo desbordantes de indignación –profesional e política–, a desmentir o relato histórico que deitaba de proxectar eses esquemas que el xulgaba reducionistas e inxustos sobre o pasado irlandés.[1073]

A argumentación de MacNeill sustentábase na comprobación de que non había nas fontes gaélicas testemuño ningún que permitise cualificar de tribal ou de clánica a estrutura social irlandesa. Nin sequera se podía atopar, alegaba, un termo equivalente a *tribo* na linguaxe gaélica para designar unha agrupación deste teor. E o mesmo sucedía coa palabra *clann,* que na lingua irlandesa se refería ós fillos, certamente, pero sen máis connotacións que implicasen unha referencia a grupos amplos de ascendencia común.[1074] No pasado irlandés non se tiña constancia, protestaba, de indicio ningún de haber un sistema clánico como o que se consideraba que era propio de Escocia.[1075] Nada indicaba que existisen en Irlanda uns supostos clans gaélicos semellantes ós escoceses, entendidos no senso da noción popular espallada a partir dos escritos de autores como Thomas Campbell ou Walter Scott.[1076]

A clave do problema da caracterización tribal da sociedade irlandesa proviña, segundo MacNeill, dunha interpretación errónea dos trazos clientelares e comunais que esta seguira conservando moitos séculos despois do inicio da época histórica. A existencia destes riscos peculiares levou a certos autores a concluír, de maneira historicamente infundada, na súa opinión, que os lazos de parentesco constituían o vínculo determinante das agrupacións sociais irlandesas, nas cales, por demais, os bens serían posuídos de modo colectivo, estando ausente o concepto de propiedade privada. Identificados os nexos de sangue e a propiedade comunal como os sinais distintivos das tribos, idea na que coincidían MacNeill e os que foron obxecto da súa crítica, tales como P.W. Joyce, G.H. Orpen, C. Dawson ou

---

[1072] EILI, pp. 60 e 86.

[1073] A vertente política da cuestión tratarase máis adiante, na análise dos principios que informan a obra de MacNeill.

[1074] EILI, p. 28; CI, p. 155.

[1075] CI, p. 8.

[1076] Dise de Scott que "was an amateur antiquarian as well as a very great writer of fiction […]". EILI, p. 11.

W.F. Butler, prestixiosos autores todos de traballos de investigación sobre o pasado irlandés, a cualificación da sociedade gaélica como tribal resultaba inevitable.

Os ataques de MacNeill á versión tribalista da historia irlandesa están espallados de forma recorrente ó longo de toda a súa obra, desde os escritos primeiros recollidos en *Celtic Ireland* ata os textos de *Early Irish Laws and Institutions,* estudio este no que, precisamente, reservou as páxinas primeiras da súa longa introdución para reafirmar as súas posicións sobre a relación entre celtismo e tribalismo. Quizais quen maior atención lle mereceu a este respecto foi P.W. Joyce, un destacado historiador por quen MacNeill sentía gran respecto como investigador doutros aspectos da antigüidade irlandesa, pero do que rexeitou por completo as súas teses sobre a configuración da sociedade gaélica.[1077] Especialmente porque, ó seu xuízo, ó ocuparse da esfera social, abandonaba o apoio nos documentos históricos en que adoitaba basear os seus traballos sobre outros ámbitos do pasado e presentaba unha fantástica estrutura da sociedade na que se establecía unha orde integral composta por diversos niveis de agrupamentos de parentesco que ascendía desde o grao inferior, a familia, ata a tribo (así traducía *tuath),* pasando por outros dous estadios intermedios, o chamado *sept* (unha especie de familia ampla) e o clan. Semellante estratificación orgánica da sociedade, imaxinando unha tribo composta por varios subgrupos de descendentes dun antepasado común, pareceulle a MacNeill unha "bobada, nin máis nin menos".[1078] E unha descualificación formulada aínda con máis contundencia foi a que lle dedicou ás teses de Orpen sobre o tribalismo irlandés, que este autor prolongara ata o mesmo tempo da conquista inglesa, no século XII, proporcionándolle así unha lexitimación histórica á invasión, en nome da prevalencia da civilización fronte ó atraso.[1079]

Na opinión de MacNeill, as formas de comunidade tribais existiran en Irlanda nos principios da súa historia, tal como sucedera en todas as civilizacións nos seus períodos primixenios, fosen a hebrea, a grega, a romana, a alemá ou

---

[1077] De Joyce di MacNeill que coñecía ben as fontes, como un dos editores de *Ancient Laws of Ireland,* tal como o plasmara na súa "orixinal e laboriosa investigación" titulada *A Social History of Ancient Ireland* (1903). CI, p. 152; EILI, p. 7.

[1078] "All this solemn classificacion of family, sept, clan or house, and tribe, is so much rubbish, neither more nor less –rubbish which a careful, cautious, and diligent investigator has suffered to be imposed on him by the careless, the presuming, and the ignorant". CI, pp. 155-6. A crítica a Joyce atópase en CI, pp. 152-7 e EILI, pp. 7-10.

[1079] Goddard H. Orpen publicou entre 1911 e 1920 unha monumental e aínda hoxe moi considerada historia en catro volumes sobre *Ireland under the Normans.* A fina ironía de MacNeill devolveulles a Orpen e ós que como el a propoñían a cualificación de *tribal,* agrupándoos nunha "particular tribe, the class of writers who have written about Irish social history without having taken the slightest trouble to investigate it". EILI, p. 6.

mesmo a anglosaxona. Certo era que, admitiu, ó non arribar á illa ningunha outra ondada migratoria despois da celta e mais ó librarse de ser "esmagada polo peso aplanador do imperialismo romano", a vella tradición perdurara máis en Irlanda que noutras rexións europeas. Aínda así, como xa vimos que apuntaba o noso autor, co cristianismo foran esvaecendo as antigas diferenciacións entre os pobos de diversa orixe que habitaran a illa e producírase pronto unha fusión completa entre eles.[1080]

Sen embargo desta evidencia, protestaba o noso autor, seguía dándose por certo que era o sangue o que determinaba a forma da organización político-territorial irlandesa aínda durante o Medievo, atribuíndolle á unidade comunitaria básica, o *tuath,* un carácter tribal, cando, na súa opinión, os fundamentos sobre os que a institución se constituía eran exclusivamente políticos.[1081] A orixe do problema, pensaba, radicaba na incorrecta interpretación do costume irlandés de designar un espazo xeográfico co mesmo nome da familia que o gobernaba.[1082] Sendo unha tradición de orixe prehistórica, continuara aplicándose este criterio como base de novas denominacións territoriais case ata os tempos modernos, o cal inducira o erro duns estudiosos xa predispostos, segundo MacNeill, a atopar probas da existencia dun sistema clánico na historia do país, supoñendo que cada unha daquelas rexións estaría habitada por xentes que dicían pertencer a unha soa familia.[1083] É, polo tanto, a coincidencia entre a denominación dun territorio e a da liñaxe aristocrática que o rexía politicamente a causa da confusión que denunciou MacNeill como orixe dun grave falseamento da historia irlandesa.[1084]

En canto ó segundo punto do que deitaba a caracterización tribal, val dicir, a ausencia de formas de tenza privada dos bens na sociedade gaélica e, en particular, a posesión colectiva da terra pola tribo ou o clan, a postura de MacNeill foi igual de contundente. Rexeitou con firmeza a existencia exclusiva da propiedade comunal das terras habitadas por unha poboación rexida por un xefe territorial, da mesma maneira que considerou imposible a afirmación de que o enteiro conxunto dos bens terreos de cada demarcación política fosen redistribuídos periodicamente entre os membros da comunidade.[1085] O erro, a este respecto, orixinábase na atribución a un territorio dun feito que soamente afectaba ós

---

[1080] PIH, pp. 290-1.

[1081] CI, p. 113.

[1082] CI, p. 154.

[1083] EILI, pp. 26-7.

[1084] PIH, p. 293.

[1085] "[...] the *tuath* was not an agrarian commune". CI, p. 167.

membros das familias comunais en que se agrupaba a sociedade irlandesa, nas que as posesións compartidas dos seus membros, necesariamente, debían ser distribuídas de novo cando a chegada das novas xeracións obrigaba a reconstituír o grupo legal de parentesco, tal como se apuntou no caso do *derbfine.* Por demais, esta posesión comunitaria de terras por unha colectividade familiar limitábase a aquelas que non eran aptas para o cultivo –montes, bosques, lamazais...– e que non se delimitaban para uso individual, tal como seguira sucedendo con esta clase de superficies nos tempos modernos.[1086]

Na realidade histórica, afirma o noso autor, a terra foi maioritariamente de propiedade privada e non se relacionaba con familia dinástica ningunha –nin, claro é, comunidade tribal– en cada territorio. Aínda máis, había constancia de que a terra cambiaba de mans con certa frecuencia, como sostiña MacNeill que se podía apreciar nas fontes a través dos numerosos exemplos de expansión das familias aristocráticas a custa dos pequenos propietarios libres que configuraban a base das entidades políticas da sociedade gaélica.[1087] A terra era hereditaria segundo o modelo de sucesión irlandés, val dicir, que non necesariamente se tiña que transmitir de pais a fillos, senón dentro da institución da familia legal que integraba a varias xeracións de diversas ramas dunha mesma estirpe.[1088]

A maiores, no transcurso do tempo foran debilitándose boa parte destas vellas reminiscencias de orixe comunal. A sociedade irlandesa amosou unha inclinación crecente ó individualismo desde a difusión da doutrina cristiá, como xa se apuntou, tendencia que viñeron acentuar outras influencias de orixe exterior. O antigo sistema social viuse afectado, neste senso, polo establecemento dos núcleos viquingos na illa e pola introdución das actividades mercantís que se estenderon con eles por todo o noroeste europeo, actividades nas cales os lazos de parentesco resultaban ser pouco significativos, afirma MacNeill. E na mesma dirección de fomentar o papel do individuo por riba do grupo familiar incidiría despois a penetración do feudalismo franco, do que xa se indicou que se deixara sentir desde tempos anteriores á súa implantación polos conquistadores anglonormandos a partir do século XII.[1089]

En conclusión, MacNeill nega con absoluta rotundidade que na Irlanda gaélica os vínculos de parentesco constituísen o factor social determinante e que predominasen as formas comunais de propiedade. Calquera afirmación que lle

---

[1086] PIH, pp. 296-7.

[1087] EILI, pp. 34-8.

[1088] PIH, p. 351.

[1089] CI, p. 173; EILI, p. 24.

atribuíse tales carácteres, propios do primitivos estadios civilizatorios tribais ou clánicos, non sería máis que o reflexo no ámbito dos estudios históricos daquel asentado conxunto de prexuízos nacidos dunha "celtofobia" que resultara ser "a contrapartida natural da anglosaxomanía" que, segundo cría evidente, se convertera en paradigma dominante na vida política e cultural de Inglaterra durante o século XIX.[1090]

3. Unha economía agraria

O acordo xeral entre os estudiosos da época de MacNeill acerca do carácter rural da Irlanda gaélica non alcanzaba, sen embargo, á concreción das actividades polas que a súa poboación procuraba os seus medios de vida, poñendo o acento uns no cultivo da terra e outros na importancia primeira do gando. A este respecto, tivo o noso historiador un especial interese en sinalar a dedicación agrícola daquelas xentes, limitando o peso da gandería nas súas actividades económicas ó papel complementario que lle correspondía nos sistemas agrarios evolucionados.[1091] O obxectivo esencial da súa insistencia era o desmentido completo doutra das que el mesmo chamaba "fantasías que acompañan a fantasía da base tribal" da civilización gaélica, referíndose, neste caso, a aquela que lle atribuía a permanencia no atrasado nivel da economía pastoril que adoitaba asociarse cos pobos celtas, etapa que, dentro do esquema de evolución gradual da Humanidade que moitos defendían a finais do século XIX e principios do XX, sería previa ó desenvolvemento da agricultura.[1092]

En realidade, máis que os sistemas de cultivo ou os asuntos relacionados coa produción, a preocupación principal de MacNeill respecto da agricultura xirou en torno á propiedade da terra e ó seu reparto, fundamentalmente para afirmar o carácter privado –individual ou familiar– que a definía na maioría das ocasións. A estre respecto, estableceu unha serie de matizacións que distinguían a idea irlandesa de propiedade territorial da que se xeneralizaría con posterioridade en Europa, baseada esta nas concepcións feudais de orixe franca. A diferencia entre as dúas maneiras de entendela radicaba na propia esencia de cada unha delas, xa que, segundo MacNeill, "a idea irlandesa da propiedade da terra deitaba da lei natural, e a idea feudal, que se expresa na lei inglesa, era o produto artificial da mentalidade feudal".[1093] Negou o noso autor que houbese unha "noción irlandesa de propiedade" que lle conferise a unha persoa o dominio completo sobre unha

[1090] EILI, p. 25.

[1091] EILI, p. 100.

[1092] EILI, p. 43.

[1093] CI, p. 170.

porción de terra "no mesmo senso en que podería ser dono dun coitelo ou unha pa". Máis ben, afirmou que se desprendía dos manuscritos legais que o concepto de dominio da terra "pertencía á orde política máis que á orde económica de ideas. Importaba máis a autoridade que a propiedade", á hora de establecer o señorío sobre un espazo determinado.[1094] De maneira que era perfectamente posible que dous ou máis señores tivesen dereitos concorrentes sobre o mesmo espazo cultivado por un arrendatario, circunstancia que resultaba inadmisible dentro da noción feudal, que consideraba que a propiedade territorial era completa e existía en por si, con independencia de calquera referencia política ou normativa tradicional que puidese establecer limitacións sobre ela, tal como sucedía no modelo irlandés.[1095]

Aínda con toda a serie de especificacións restritivas que el mesmo estableceu, sinalando as peculiaridades dos modos de dominio da terra na sociedade gaélica, MacNeill reafirmou sen vacilacións a existencia predominante nela dunha propiedade de carácter privado e individual. Fronte ás estendidas teses que a reducían á modalidade comunitaria, o noso historiador utilizou os datos que lle proporcionaban as fontes manuscritas para soster que as detalladas disposicións legais que se podían atopar nelas amosaban que os xuristas estableceran unha diferenciación ben precisa entre as normas que se referían ás terras de propiedade privada e as que eran de aplicación particular ás de posesión colectiva.[1096] Na súa opinión, da lectura dos antigos textos da xurisprudencia gaélica non cabía posibilidade ningunha de deducir que a forma privada de dominio dos bens territoriais fose unha excepción á regra xeral, como algúns estudiosos suxerían. Pola contra, esa, xustamente, fora a condición habitual da propiedade na antiga Irlanda. As normas xurídicas amentadas demostraban o caso, coas súas pormenorizadas regulamentacións das cuestións relacionadas co patrimonio territorial privado, en canto á herdanza, transmisión, cesión e, en xeral, todo tipo de transaccións coa terra.[1097]

A confusión nacía, no criterio de MacNeill, na xa citada diferenciación entre os dous conceptos de propiedade, ó tomarse a existencia de certos bens de

---

[1094] CI, p. 169. Noutro lugar desta mesma obra afirmou MacNeill a súa posición persoal ante o dereito de propiedade: "I have expressed the view that, as a matter of ethics, property in land is not and cannot be the same kind of property as property in a pocket-knife –no matter what vested interests and their legal upholders may say the contrary". CI, p. 162

[1095] Semellante disparidade de ideas sobre a terra facilitaría, segundo o noso autor, a conquista normanda, xa que, mentres os nobres gaélicos pensaron estar sendo forzados a aceptar unha nova e engadida autoridade política sobre os seus territorios, en realidade, os conquistadores estaban establecendo un dominio completo sobre eles. CI, pp. 169-70.

[1096] EILI, pp. 86-7.

[1097] CI, pp. 145-51.

dispoñibilidade reducida –como os familiares e outros afectados por determinadas limitacións impostas sobre eles– como proba da ausencia dunha propiedade no pleno sentido do termo, val dicir, no que el supoñía derivado das ideas feudais. A este respecto, enumerou algúns dos impedimentos que condicionaban a libre disposición dunha terra, como a prohibición de vendela a compradores de fóra do *tuath,* a inexistencia do dereito de expulsión arbitraria dos arrendatarios ou a necesidade de contar co acordo do grupo familiar para desprenderse dun ben que lle estivese adscrito. Pero o recoñecemento de tales restricións, que expresaban unha idea da propiedade distante do carácter absoluto que se lle atribuía na orde feudal, non autorizaba, na súa opinión, a concluír que na Irlanda gaélica aquela non fose privada como norma xeral. As terras dunha familia, aduciu como exemplo, non eran, certamente, de propiedade *individual,* pero si que eran de propiedade *privada.* E o mesmo criterio cabía aplicar ás asignadas á Igrexa ou a calquera outra institución que aparellase a posesión de bens.[1098] Por demais, cumpría lembrar, a este respecto, que a concepción comunal da familia só entraba en funcionamento cando as circunstancias requirían o activamento de certas formulacións legais, quer dicir, en caso de repartimento de herdanzas e de calquera tipo de beneficios que lle correspondesen ó grupo, ou no da esixencia de responsabilidades que debesen ser satisfeitas polos seus membros mancomunadamente. E tendo en conta que, dentro da familia, a terra e os bens de cada membro eran, en toda ocasión, da súa exclusiva propiedade.[1099] Quedaba moi claro nas fontes, segundo a súa interpretación, que as terras de dominio colectivo suprafamiliar eran a excepción á "lei xeral de propiedade privada", afectando aquela modalidade, ademais, tan só ás zonas boscosas, montañosas e inadecuadas para o cultivo e a subdivisión individualizada.[1100]

Os propietarios de terras, por outra parte, eran moi numerosos na sociedade gaélica, segundo MacNeill. Ata o punto de constituír a parte principal dos homes libres de cada *tuath,* fosen membros de familias aristocráticas, fosen clientes destas, condición habitual deste grupo principal de propietarios que non supoñía, como xa se apuntou, mingua ningunha dos seus dereitos de cidadanía nin os levaba a ser confundidos cos arrendatarios carentes de liberdade.[1101]

En canto á estrutura da propiedade da terra, as familias aristocráticas controlaban unha boa parte da superficie do país, con tendencia, ademais, a

[1098] CI, pp. 150-1.

[1099] CI, p. 171.

[1100] CI, p. 167.

[1101] EILI, pp, 32-3 e 128.

consolidar a súa posición como principal grupo terratenente. O seu dominio proviña, principalmente, da disposición polos monarcas dos *tuatha* de dereitos sobre as terras nas que exercían a súa xurisdición, privilexios que se corresponderían cos que se englobaban no termo latino *regnum* e que podían ser obxecto de cesión a terceiros. Poida que houbese límites na súa aplicación, indicaba MacNeill, en canto nin os nobres nin os pobos aceptarían de grao a imposición dun novo señor alleo, pero os exemplos rexistrados eran abondo numerosos como para dar por feito que esta foi unha das modalidades habituais da expansión das propiedades territoriais das familias dinásticas.[1102] Contra a negación dos dereitos de propiedade dos reis e dos señores aristocráticos irlandeses, que certos historiadores aducían, MacNeill salientou a abundancia de trazas documentais que viñan demostrar, sen dúbida ningunha, que todos os gobernantes de Irlanda, fose cal for a súa categoría, exerceron o poder de cesión de terras por riba dos seus ocupantes.[1103] Como tal proceso tivera que implicar ás veces a expropiación violenta dos antigos propietarios en beneficio das clases dirixentes, conxecturaba que, ante a resistencia que tales operacións suscitarían, o máis frecuente debeu de ser o recurso a un aproveitamento sutil das leis clientelares polo gobernante, para ir introducindo algúns dos seus parentes na rexión na que pretendía favorecer os intereses da familia.[1104] Aínda que nos escritos medievais unicamente se rexistraban doazóns de terras a establecementos eclesiásticos, afirma MacNeill que os monarcas podían realizar concesións territoriais conforme á súa vontade.[1105]

Dun ou doutro modo, as familias aristocráticas gozaban dun patrimonio territorial o suficientemente amplo como para buscar fórmulas que permitisen un mellor aproveitamento de semellantes extensións. Presenta MacNeill o nobre terratenente gaélico como unha especie de "gentleman farmer" que atendía directamente a explotación da parte das súas propiedades que reservaba para si mesmo.[1106] As restantes terras eran distribuídas entre campesiños para o seu cultivo a cambio do pagamento dunha renda, segundo un contrato voluntario e extinguible á comenencia do beneficiario. Lémbrese, por outra parte, que a maioría dos campesiños propietarios estaban ligados á aristocracia por lazos de dependencia

[1102] CI, pp. 148-9.

[1103] "In truth, the granting and regranting of lordship over lands is the keynote of the Irish dynastic polity from the fifth to the sixteenth century". PIH, p. 298.

[1104] EILI, pp. 36-8.

[1105] CI, pp. 124-5.

[1106] EILI, p. 41.

clientelares, o que, en conxunto, confería a estes grupos dirixentes unha sólida base territorial sobre a que asentar a súa posición dominante.[1107]

4. O esplendor da cultura gaélica

Quizais poida sorprender a escaseza de referencias a manifestacións culturais e artísticas particulares na obra dun historiador que pretendía loar as glorias da nación irlandesa no pasado. É verdade que MacNeill non adoita apoiar as afirmacións da grandeza da civilización gaélica, que con tanta frecuencia prodiga nos seus escritos, cunha enumeración dos seus logros e merecementos a través do tempo, agás –e mesmo esto con moderación– no caso dos textos da máis antiga literatura. En realidade, o noso autor pareceu dar sempre por suposto un coñecemento xeral dos exemplos concretos que constituían a proba aínda viva ou o recordo testemuñal da brillantez daquela cultura noutros tempos e, en consecuencia, escolleu centrarse en aspectos nos que, ó seu xuízo, cumpría establecer precisións científicas ou que necesitaban dun esclarecemento desmitificador. Moi a miúdo, semellante orientación dos seus estudios tivo como obxecto inmediato a denuncia da falsidade de tópicos fondamente arraigados tanto nos círculos eruditos coma na mentalidade popular da época. A este respecto, xa se expuxeron algúns exemplos deste que se pode considerar como o método de traballo e exposición preferido do noso historiador, sempre preocupado por rebater teses sobre o pasado irlandés que asentaban en prexuízos ben estendidos naqueles días, mesmo na comunidade académica.[1108]

Non se debe, polo tanto, percorrer a obra de MacNeill na procura da loa sistemática e detallada dos fermosos obxectos artísticos producidos pola ourivería céltica, das xoias da escultura gaélica ou das mostras da arquitectura medieval do país, que el consideraba que xa estaban abondo difundidos noutras publicacións de valor histórico. Nin sequera cando se ocupou do período que denominou como a *Idade dourada* irlandesa baixou ós pormenores xustificativos de tan especial cualificación.[1109] As súas miras eran moito máis elevadas, tal como se pode apreciar

---

[1107] Non sempre se diferencia claramente nos escritos de MacNeill o arrendamento da institución clientelar. Por veces, como en CI, pp. 108-9, parecen confundirse as dúas categorías. No capítulo dedicado á clientela en EILI, sen embargo, como xa se viu, considera que a tradución do termo gaélico *cele* por "arrendatario" é incorrecta, debendo usarse a palabra "cliente", no senso da Roma clásica. EILI, pp. 118-29.

[1108] Confesa MacNeill sen reparos a súa metodoloxía favorita: "It pleases me to see a certain school of writers say certain things, so that the truth may be established by its opposite". PIH, p. 244.

[1109] Véxase, por exemplo o que escribe a propósito desta época resplandecente da cultura irlandesa: "In regard of the great activity of religion and learning during the period between St. Patrick and the Norsemen, I shall not attempt to give even in summary what has been so elonquently described in detail by others, for example by Archbishop Healy in his valuable work on "Ireland's Ancient Schools and Scholars", and, in the continental and missionary aspect, by Margaret Stokes". PIH, pp. 239-40.

no capítulo que dedica a ese período tan sinalado na produción cultural, onde, a pesar de ser a calidade desta, xustamente, a que fundamentaba a atribución do título, foron as cuestións de orde política as que concitaron a súa case enteira atención, sinaladamente as relativas á existencia dunha conciencia nacional irlandesa naqueles tempos e o seu reflexo nas manifestacións artísticas.[1110]

En resume, pódese salientar os principios que MacNeill procurou deixar ben asentados cando tratou da cultura irlandesa dos *tempos dourados* medievais nos seguintes puntos: a mestura das tradicións nativa e cristiá como orixe da nova cultura nacional, o valor da lingua gaélica e das súas manifestacións escritas, o labor de espallamento cultural das escolas de eruditos gaélicos, a apertura e integración das formas culturais propias respecto de Europa e a superioridade da cultura autóctona fronte á de orixe feudal. Sobre estes puntos fundamentais xirou o seu discurso histórico cultural.

O feito de que MacNeill concibise a nacionalidade irlandesa como o froito da confluencia de dúas tradicións, a céltica e a cristiá, conferíalle nos seus esquemas unha relevancia especial á chegada á illa dos dous elementos que deran lugar a tal proceso, como xa vimos en ambos os casos. Os dous momentos aparecían, naquela lóxica do pasado, como fitos fundamentais na historia dunha nación que existía, xustamente, en canto se producira tan fecundo encontro. A chegada do cristianismo, en consecuencia, revestiu unha importancia transcendental, e así o puxo de manifesto o noso autor nos seus escritos. Sen embargo, tamén se amosou cómo ese comezo dunha nova fase que sinalou a implantación da fe cristiá en Irlanda non implicou unha ruptura total coa era pagá. Precisamente, MacNeill insistiu na condición harmoniosa e fructífera da mestura, de maneira que, na súa visión, o cristianismo non anulou, senón que transformou as raíces gaélicas; deulles nova vida, non as tronzou. A esencia da nación seguiu sendo céltica, en canto preexistía á nova relixión e transcendeu a incorporación desta á substancia identitaria. Nos traballos que estudiamos, o encontro entre a antiga cultura nativa e a doutrina cristiá presentouse como unha mesturanza completa, ó modo dunha fusión entre dous elementos da que xorde unha nova natureza que semella ter vida en por si, non simplemente derivada daqueles que a constitúen. De tal proceso combinatorio das dúas tradicións naceu "case unha nova nación, cun carácter e unha individualidade" ben diferenciados e que perdurarían no tempo.[1111]

[1110] PIH, pp. 222-248.

[1111] MacNeill recorre á metáfora química para resaltar o inextricable da fusión e a singularidade do seu produto: "And just as two elements in the chemical sense unite to form something that seems to gave a nature and a virtue all its own and not derived from the quality of either component, so this blending of

Neste senso, a especificidade cultural é a condición que máis lle interesaba resaltar a MacNeill, en canto era na súa orixinalidade, precisamente, onde residía a nacionalidade irlandesa. O afán por deixar constancia do seu carácter singular chegaba ata o punto de facerlle rexeitar certas interpretacións que, atribuíndolle un carácter céltico á civilización irlandesa, sostiñan a tese de que os pobos celtas non fundaban a súa valiosa actividade artística nunha auténtica creación de seu, dado que amosaban unha incapacidade inherente para xerar novidades, senón na súa disposición para integrar ideas de diversa procedencia que, sometidas ó baño da súa propia tinxida, lles permitiran crear formas novas e orixinais. Semellante esquema resultaba inaceptable para quen, como MacNeill, consideraba improcedente toda explicación da historia "como unha especie de resultante mecánica de forzas preexistentes", por canto, na súa opinión, viña a ser sempre precisa unha forza impulsora decisiva, papel que nos seus esquemas correspondía ó factor da nacionalidade, elemento específico que activaba o proceso e creaba un resultado singular para cada pobo.[1112]

Certamente, e de modo máis ou menos encuberto, sostén MacNeill, as antigas formas culturais, incluídas por un tempo as relixiosas, conserváranse na Irlanda medieval de diversos xeitos, pero desde a chegada do cristianismo quedara ben marcado o camiño do desenvolvemento dunha nova cultura diferenciada e de carácter nacional. Aínda un cento de anos despois de san Patricio, advertiu, sobrevivían moitos dos trazos propios da era precristiá, pero xa durante o século VI avanzou con gran intensidade a mestura das dúas tradicións constitutivas da nacionalidade. O latín, pola súa parte, adquiriu o prestixio da lingua sagrada e ocupou, en boa lóxica, o papel correspondente no ámbito litúrxico e mais, en xeral, nas prácticas relixiosas. Pero o irlandés pronto gañou tamén prestixio e conquistou un espazo prioritario na literatura e no ensino secular que exercían os homes de letras do país.[1113] Por máis que fose verdade que aínda no século VIII en certos sectores intelectuais eclesiásticos se xulgaba o gaélico con desprezo, a lingua nativa, sen embargo, non soamente non desaparecería, senón que acabaría merecendo unha consideración parella á do latín entre as xentes máis instruídas. Nas propias escolas seculares o gaélico foi unha lingua moi ben considerada, da que se proclamaba a súa superioridade

two traditions in Ireland brought forth almost a new nation, with a character and an individuality that gave it distinction in that age and in the after ages". PIH, p. 224.

[1112] As teses que se critican son as do historiador da arte céltica Romilly Allen. PIH. pp. 224-7.

[1113] CI, p. 85.

sobre outras e que mesmo era prestixiada atribuíndolle unha orixe babélica nos relatos histórico-lendarios.[1114]

A literatura en lingua irlandesa é, por outro lado, o medio onde se expresou de forma manifesta, a xuízo de MacNeill, a integración das dúas fontes culturais do país. Podía apreciarse ben no feito de que os primeiros escritos que utilizaron a fala autóctona foron de carácter relixioso e en que, como xa se indicou, os relatos históricos que comezaron a escribirse arredor do ano 600 estaban formalmente determinados polas concepcións e os esquemas cristiáns do pasado do mundo. Mesmo as novas formas poéticas irlandesas que apareceron no século VII se inspiraron claramente nos himnos latinos.[1115] Pero a presenza da nova fe non eliminou as vellas tradicións do país, lembra o noso autor. Máis ben, afirmou, foi a conmoción que causara na mentalidade nativa o encontro cos novos valores e coas pautas de comportamento derivadas da doutrina cristiá a que debeu de actuar como estímulo dos antigos relatos, dando nacemento á marabillosa literatura épica irlandesa a partir do século VI.[1116] Escritos moitos deles en tempos nos que aínda estaban vivas as primeiras tradicións célticas da era pagá, estas narracións amosan como souberon conservar os irlandeses, segundo MacNeill, aquilo que delas era compatible cos principios da nova fe que abrazaran.[1117]

Eses relatos espléndidos, pero tamén, en xeral, os escritos gaélicos todos producidos no Medievo, desde os simples anais ás listas xenealóxicas, son para MacNeill unha proba indiscutible da existencia da nación naqueles distantes tempos, pois neles se reflectía con claridade "a noción dun só país común a todos os irlandeses".[1118] Era este para el, por demais, un sentimento nacional que non era privativo dos poetas que o cantaban nas súas obras, en canto que os que os compoñían eran sabedores de que os seus versos serían ben entendidos por un pobo que compartía con eles a idea de ser unha nación dun modo que daquela non tiña parangón en Europa.[1119]

As escolas seculares foron un dos símbolos preferidos polo noso autor cando pretendía amosar a resplandecente manifestación da nova cultura do país, os seus trazos característicos e súa dimensión nacional. Ante todo, porque nestas

---

[1114] PIH, p. 176; CI, p. 100.

[1115] PIH, pp. 175-6.

[1116] CI, p. 16.

[1117] CI, p. XI.

[1118] PIH, p. 246.

[1119] PIH, pp. 247-8.

institucións podía exemplificar o fructífero encontro das dúas fontes das que se orixinara. Os mestres seculares que nelas ensinaban preséntanse ós seus ollos como os indiscutibles herdeiros dos antigos druídas da época pagá, os depositarios da antiga sabedoría céltica, aqueles que, aínda que desaparecidos do continente polas prohibicións do Imperio romano, conservaran as súas artes e ciencias na illa irlandesa. Era certo que os druídas, nun principio, fixeran fronte ás novas e perturbadoras ideas que trouxeran Patricio e os misioneiros, tal como se recollía nos máis antigos relatos. Pero, á fin, sostén MacNeill, o cristianismo penetrou nas súas mentes e aceptaron a verdadeira relixión, sen renunciar ós seus coñecementos e á súa transmisión á sociedade. Así, aqueles vellos sabios celtas perderon o seu nome de *druídas* e convertéronse en *filid,* en "poetas", e as súas escolas seguiron funcionando como centros de instrución da mocidade, como sempre o foran.[1120] Mesmo desempeñaron tarefas especializadas, como os xuristas, herdeiros directos, segundo MacNeill, dos antigos sabios e agora intérpretes das vellas leis naturais polas que se rexeran os celtas, xa nas súas formas axeitadas ás esixencias do cristianismo.[1121]

Enseguida se fixo evidente esta transformación dos saberes tradicionais para se acomodar ó mundo cristián, nun proceso que o noso autor puxo de relevo en numerosas ocasións. Por exemplo, sinalando a adopción do aparato propio da erudición latina polos mestres das escolas gaélicas, aínda que o proceso de substitución non se completou ata mediados do século VI.[1122] Evolución integradora dos novos coñecementos chegados á illa que resultou nun fondo aproveitamento da cultura clásica naquelas escolas seculares, aspecto que o autor salientou con frecuencia. Así, referiuse con orgullo á lectura habitual que se realizaba nelas dos textos de Virxilio e doutros autores que serviron ós eruditos irlandeses, por exemplo, como fontes das que tomar personaxes, pobos, lugares e acontecementos para compoñer os seus relatos das orixes lendarias da nación;[1123] aludiu ó estudio detallado da historia do mundo de Orosio, citado, segundo MacNeill, "palabra por palabra" nos escritos gaélicos;[1124] e destacou a difusión no país, neste caso a través das escolas eclesiásticas, das principais obras do latín tardío medieval.[1125]

[1120] SP, p. 75.

[1121] EILI, pp. 81-3.

[1122] PIH, p. 176; SP, p. 76.

[1123] PIH, pp. 64-5.

[1124] PIH, p. 90.

[1125] Por certo que MacNeill, sen embargo, sostivo que o coñecemento do grego en Irlanda fora máis ben escaso. PIH, pp. 240-4.

Pero tamén quixo realzar MacNeill a validez que a aqueles coñecementos procedentes da era pagá se lles outorgou na sociedade gaélica cristianizada e o respecto do que seguiron gozando os seus portadores. Para confirmar tal relevancia, sinalou en moi diversas ocasións a elevada consideración social que mereceron os *filid,* titulares todos eles dos dereitos de cidadanía como consecuencia directa da súa profesión, tal como era tradición no país.[1126]

Os resultados das escolas irlandesas foron ben visibles no espectacular florecemento cultural da nación, segundo MacNeill. Gracias, ademais, a que a súa efectividade medrou en canto acabaron coordinando o seu traballo, de modo que se converteron nos piares dun auténtico sistema educativo de ámbito insular, coa súa sede central na escola de Armagh, que mesmo recibía dotacións dos monarcas para o sostemento do seu profesorado e que chegou a ser a única que concedía o título necesario para exercer o cargo de profesor xefe nos centros de ensino da illa. Funcionou, en definitiva, esta escola como unha "universidade nacional para toda Irlanda".[1127]

A apertura ó mundo clásico e ó cristianismo correspondeuse coa presentación que MacNeill fixo da Irlanda gaélica anterior á conquista inglesa como unha sociedade culturalmente aberta, sempre disposta a aproveitar as contribucións do exterior e, ó tempo, a comunicar a riqueza da súa civilización ás demais nacións. Neste senso, afirmou categoricamente que a singularidade nacional que asentaba no propio carácter insular do país nunca impedira os intercambios proveitosos co mundo europeo, fundamentalmente por medio dos contactos que desde os *séculos dourados* mantiveron os mosteiros irlandeses co continente e mais polo exercicio dunha vocación misioneira que levou ós seus monxes á Gran Bretaña e á Galia, á Alemaña occidental e a Italia, e mesmo á afastada Islandia.[1128]

Por último, cómpre lembrar que, como xa se aludiu ó tocar outros asuntos, a exaltación da cultura irlandesa adoita ir acompañada nos escritos de MacNeill dun rexeitamento explícito dos que el consideraba tópicos sen fundamento histórico que compoñían unha visión pexorativa da nación naquel pasado que a el se lle antollaba tan glorioso. Do mesmo modo que nega a condición tribal da sociedade gaélica ou o seu pretendido carácter belicoso, esfórzase en contradicir os estereotipos que relacionaban aquela civilización con estadios primitivos de barbarie, en contraposición coas novas formas políticas, culturais e de organización

---

[1126] "Scholarship in every degree was entitled to franchise". CI, p. 107.

[1127] PIH, pp. 284-5.

[1128] PIH, pp. 227 e 242-4.

social que triunfaban en Europa no final do primeiro milenio despois de Cristo. Para el, as diferenzas entre os dous modelos eran evidentes, pero sempre a favor de Irlanda. A civilización irlandesa, coas súas escolas –"not schools, but universities"– e os seus abundantes libros, contrapoñíase con vantaxe irrefutable á "pompa e circunstancia do feudalismo", co seu grande aparello institucional pero "durante catro séculos sen unha escola notable, nin sequera unha soa".[1129] Na escolla entre a gloria da cultura e a forza desmedida, MacNeill non tiña dúbida ningunha.

5. A significación cultural e política da Igrexa

Tal como se acaba de expoñer, a relixión cristiá como fenómeno cultural foi obxecto do atento interese de MacNeill por unha dobre razón, esto é, en canto elemento definidor da propia nacionalidade irlandesa e como un dos indicadores principais do alto grao de desenvolvemento que acadara a civilización gaélica. Na súa función de compoñente esencial da materia identitaria, cumpríalle resaltar ó noso autor, ante todo, a rápida aceptación das novas crenzas pola poboación do país, tal como se existise nas súas xentes unha predisposición innata a acoller a fe cristiá. Mesmo que subsistisen por un tempo certos aspectos do paganismo, os antigos costumes sobreviventes perderon pronto calquera significación relixiosa e MacNeill preséntaos sempre como sinais distintivos de puro valor cultural, propios dunha peculiaridade que se manifestaba en pautas de comportamento, tradicións e hábitos ligados ás orixes célticas da nación.[1130] Neste senso, cando recolle as acusacións que denunciaban a continuidade das crenzas e prácticas pagás na sociedade gaélica baixo a cobertura superficial do cristianismo, MacNeill considera que se trataba tan só de aparencias que levaban a unha confusión que facía ver restos de paganismo no que, en realidade, non era máis que un simple apego a certos costumes locais, aínda vivos en Irlanda séculos despois da conversión á fe de Cristo, pero baleiros xa de sentido relixioso.[1131]

En segundo lugar, a afirmación do extraordinario nivel que acadara a civilización gaélica e da súa vantaxe comparativa respecto dunha Europa estancada polos estragos conseguintes á desaparición do Imperio romano requiría subliñar as grandes achegas dos irlandeses no ámbito cultural. O cal, nuns tempos en que as actividades desta orde eran principalmente o froito do traballo da clerecía, fixo

---

[1129] PIH, pp. 240-1.

[1130] "In truth a very rich store of the ancient heathen beliefs has been preserved in various guises and disguises in the literature of medieval Ireland". SP, p. 78. Lémbrese, a modo de exemplo, cómo os textos literarios do Medievo converteran os deuses pagáns na raza humana que primeiro poboara Irlanda ou cómo se adoitaba seguir neses escritos a orde solar cando se enumeraba un percorrido real polo país.

[1131] PIH, pp. 281-2.

preciso salientar o papel dos eclesiásticos irlandeses como lumieiras case solitarias naquela escuridade do espazo europeo altomedieval, calidade expresada, fundamentalmente, nas excepcionais achegas culturais dos seus complexos monásticos e no destacado labor misioneiro dos seus clérigos.

Ademais destes dous ámbitos de interese cultural, MacNeill preocúpase tamén por encaixar a Igrexa dentro das pautas políticas do seu relato da historia da nación. Neste senso, o seu obxectivo prioritario é o de resaltar a dimensión irlandesa específica da institución eclesiástica, complementando as referencias ás peculiaridades do cristianismo irlandés xa mencionadas –sempre relativas, sen mancha concibible ningunha de heterodoxia ou de infidelidade a Roma– coa caracterización dunha Igrexa organizada segundo criterios nacionais. En opinión de MacNeill, o formidable auxe do monacato irlandés tivera como efecto secundario un escurecemento da verdadeira forma organizativa da Igrexa no país. En realidade, afirma o noso historiador, e pese ó gusto persoal do santo fundador polo estilo de vida monástico, o propio san Patricio creara unha estrutura eclesiástica de base territorial.[1132] Segundo tal esquema, o país dividiuse, desde o principio mesmo da cristianización, en demarcacións diocesás que viñeron coincidir cos límites das propias entidades políticas estatais, segundo unha correspondencia que, por outra parte, non era estraña na Europa cristiá.[1133] Certamente, recoñeceu o historiador, existiron bispos sen xurisdición establecida, pero o habitual foi que unha autoridade episcopal exercese o seu poder eclesiástico dentro dos mesmos límites de cada territorio gobernado por un monarca. É dicir, que habería un bispo por cada *tuath,* na elección do cal, por demais, participarían os seus cidadáns, segundo algúns manuscritos legais.[1134]

O paralelismo entre os modos de organización política e eclesiástica complétase, nos escritos de MacNeill, coa existencia dunha cabeza rectora da Igrexa con competencias de goberno sobre a enteira illa. En certo modo, viña reproducirse na estrutura orgánica eclesiástica o modelo que se presentaba neles respecto do sistema político irlandés. Lémbrese que a soberanía inmediata residía nas pequenas comunidades políticas espalladas polo país, pero tamén que se establecía entre elas unha relación xerarquizada que creaba unha rede de dependencias interestatais que convertía o que semellaba ser unha simple xustaposición de unidades inconexas nun auténtico sistema con significación nacional. Caracterizábase este como un modelo, en consecuencia, no que se

[1132] SP, pp. 97-8.

[1133] SP, p. 83.

[1134] CI, p, 108.

combinaban axeitadamente, nunha sabia complementación, segundo o esquema do noso historiador, un modelo descentralizado de poder cunha referencia central de ámbito insular, a monarquía suprema, símbolo último do carácter nacional de Irlanda.

De modo semellante, aínda que sometidas, claro está, ás esixencias da unidade da fe e da supremacía da xerarquía que era consubstancial á organización eclesiástica, MacNeill presenta as entidades xurisdicionais básicas da Igrexa como pequenas comunidades con autonomía administrativa, rexidas pola súa propia autoridade episcopal, encargada de manter o clero e o culto e revestida dos aparellos dun señorío laico territorial.[1135]

Na esfera eclesiástica, por outra parte, estaba moito máis consolidada que na política unha autoridade suprema central, a cal correspondía ó bispo de Armagh, lugar onde se establecera a sede metropolitana da Igrexa irlandesa polo mesmo san Patricio e que, desde entón, sempre se mantivera como a súa cabeza, segundo MacNeill.[1136] Engade este que a "Lei de Patricio"[1137] outorgou unha primacía a Armagh sobre os restantes bispados do país, posición preeminente que algunhas veces foi discutida nos seus contidos e outras perdeu efectividade no seu exercicio, pero que nunca deixou de ser recoñecida. Aínda que o esplendor da vida monástica o esvaecera durante un tempo, recordaba, nas primeiras décadas do século VIII foi confirmado o seu carácter primado, despois dos esforzos dun movemento organizado desde a propia sede afectada, os bispos da cal promoveron unha campaña que deixou pegada escrita na forma dos textos compilados no *Libro de Armagh,* onde se fundamentaba a súa reivindicación na vontade do propio Patricio, segundo os axeitados relatos biográficos que se elaboraron con ese fin.[1138]

Non se pode pensar nunha coincidencia casual entre os carácteres do sistema político e do modelo polo que se rexía a entidade eclesiástica en Irlanda, tal como os presenta MacNeill, sempre preocupado por sinalar a dimensión nacional das institucións do país. De todas formas, tampouco non oculta que a complementariedade que se podía apreciar entre as dúas principais formas organizativas da nación non impediu que se desen outros tipos de concorrencia máis competitivas entre elas. A Igrexa, a este respecto, sempre desempeñou un papel político fundamental,

---

[1135] PIH, pp. 351-2.

[1136] "As a part of the plan of organisation Patrick chose Armagh for his own metropolitan see, the seat of Irish primacy, where it has ever since remained". SP, p. 83.

[1137] PIH, p. 259.

[1138] MacNeill estudiou tales documentos en SP, como xa se comentou. Poden verse as súas conclusións resumidas en pp. 181-2.

segundo MacNeill, e non en todo momento foron boas as relacións entre estes dous núcleos de poder. Houbo monarcas que mesturaban na súa persoa a autoridade política coa súa condición de xerarquías eclesiásticas, así como houbo outros que atacaron e mesmo saquearon algúns dos centros relixiosos do país, pero os conflitos entre a Igrexa e os Estados viñeron case sempre motivados, como no resto de Europa, di o noso autor, por desacordos relacionados coa exención de impostos e de servizos nas posesións da Igrexa respecto dos príncipes seculares correspondentes.[1139]

En último termo, sen embargo, o fundamental para MacNeill é a consideración da Igrexa de Irlanda como unha Igrexa nacional, aberta ó resto de Europa, desde logo, e fielmente sometida á autoridade suprema do Papado romano, pero capaz de autoorganizarse con eficiencia e mesmo de promover a súa propia reforma cando as circunstancias o requiriron. Así, cando a sucesión de anos de guerras e de inestabilidade política fixeron evidente a necesidade dunha renovación que expurgase os elementos de inmoralidade e indisciplina que, como en toda a Europa do século XII, afectaban daquela á Igrexa do país, esta soubera xerar nela mesma os impulsos precisos para acometer o cambio purificador, emprendendo, sobre todo, unha profunda reforma monástica. O intento, sen embargo, batería, como tantas outras realidades da nación, coa destrutiva invasión anglonormanda, tronzando un camiño que, para MacNeill, sen dúbida ningunha, había culminar de maneira exitosa sen tal intromisión.[1140]

2.3.3. Inestabilidade e decadencia do sistema gaélico

A partir dos decenios finais do século IX comezou a quebrar, segundo MacNeill, o sistema político e cultural que el describira como a manifestación máis acabada da especificidade nacional irlandesa. Desde aquel tempo iniciouse un camiño que concluiría fatalmente, trescentos anos despois, coa invasión e conquista da illa polas armas da Coroa inglesa. Condicionado polo que considera ser o máis desgraciado fito na historia da nación, o determinante dun futuro cheo de infortunio, o noso autor tenderá a destacar na súa análise aqueles acontecementos que no período inmediatamente anterior parecían presaxiar –e, en certo modo, explicar– ese tráxico desenlace, certamente incomprensible para uns ollos cegados pola magnificencia dunha civilización que, ben pouco antes, parecía apuntar a destinos moito máis gloriosos. Tal tarefa de discernimento causal foi a que se impuxo o historiador, á procura de facer intelixible un proceso que semellaba totalmente inesperado despois de contemplar a nación no seu esplendor.

[1139] PIH, pp. 258-9 e 352.

[1140] PIH, pp. 283-4.

O ton optimista e reivindicador do carácter sobranceiro da civilización irlandesa co que se aproximara ós tempos dourados da nación, dos que resaltaba, preferiblemente, as súas extraordinarias achegas culturais e a valiosa singularidade das súas institucións, vese agora substituído por un espírito moito menos entusiasta e por un enfoque centrado na análise preferente do escenario político. O traslado do eixe do relato da achega cultural ó acontecer político vén acompañado, por demais, dun novo tratamento das cuestións pertencentes a este último ámbito. Se antes propendía o autor a subliñar as tendencias unitarias potenciais, como modo de compensación relativa da natureza descentralizada do sistema estatal, agora será cada vez máis evidente a inclinación a salientar as tensións internas entre as distintas unidades estatais e a súa incapacidade para proseguir polo vieiro da unidade como o factor político predominante, coa consecuencia última de volver imposible a consolidación dunha monarquía superior con autoridade sobre todo o territorio irlandés.

Ás divisións nacionais viñeron sumarse, daquela, dous factores de orixe exterior que resultarían decisivos para provocar a decadencia da civilización irlandesa, expresada para o noso autor, fundamentalmente, na perda da súa independencia política. A presenza en Irlanda dos "homes do norte" vén ser o primeiro dos elementos prexudiciais para a o futuro da nación.

1. Os homes do norte

O inicio da nova etapa posterior á *Idade de ouro* marcouno a intrusión violenta de pobos de orixe escandinava na illa.[1141] A eles atribúe MacNeill a responsabilidade primeira do declive das institucións irlandesas, por causa das "perturbacións na orde nacional" que a súa presenza provocou.[1142] Consecuencias danosas que, ó seu xuízo, foron moi superiores ás que cabería esperar da moi reducida extensión do territorio irlandés que chegaron a ocupar de modo efectivo e duradeiro, limitada tan só ós seus únicos núcleos de estancia permanente, Dublín, Waterford, Wexford, Cork e Limerick, e ás súas proximidades.[1143]

Tres foron os males principais que os invasores viquingos causaron na sociedade irlandesa, segundo o noso autor: a destrución material que ocasionaron,

---

[1141] A denominación que MacNeill aplica a estas xentes viquingas procedentes de Noruega, Suecia e Dinamarca adoita ser a de "Norsemen", utilizando ocasionalmente a de "Northmen". Fala, así, de "Norse invasions", "Norse kingdom of Dublin"… A exposición máis completa sobre a presenza destes pobos en Irlanda contense no capítulo IX de PIH, pp. 249-73, que titula "The struggle with the Norsemen".

[1142] EILI, p. 21.

[1143] "Considering the small amount of ground that the Norsemen during three centuries were able to gain in Ireland, it might at first sight apppear hardly credible that their incursions and settlements should have produced any deep or lasting effect on the national life". EILI, p. 22.

a violencia que introduciron nas relacións internas irlandesas e as secuelas prexudiciais que para as institucións e os costumes gaélicos supuxo a intromisión dun elemento completamente alleo ás tradicións nacionais.

Ante todo, na primeira etapa do seu contacto coa illa, entre 790 e 840, os efectos nocivos relacionábanse directamente cos estragos e rapinas que padeceu o territorio irlandés polas cada vez máis frecuentes incursións daqueles piratas do norte sobre as illas e terras costeiras. Razzias que pronto se estenderían ó interior do país, penetrando os invasores a través das vías fluviais desde as bases establecidas, precisamente, nalgúns daqueles lugares que primeiro foran obxecto das súas terribles operacións.

En segundo termo, a violencia extrema que acompañou a chegada deses pobos alterou os costumes dunha sociedade que ata entón era esencialmente pacífica, na que os enfrontamentos bélicos se reducían xa a conflitos de curta duración, relacionados case sempre coas complexidades das leis sucesorias. De feito, argumenta MacNeill, ata que os viquingos se estableceron na illa, as guerras prolongadas eran unha excepción e as organizacións militares desapareceran por completo, tanto como para provocar o abandono de Tara e doutras antigas sedes reais por parte dos monarcas desde o século VII, en canto estas eran, en realidade, campamentos militares, noutrora permanentes, que perderan todo sentido no novo ambiente de paz xeral.[1144]

En canto ó terceiro punto, destaca MacNeill a inestabilidade que implicou a presenza dese factor estraño na vida política irlandesa, por canto impediu o funcionamento correcto dun sistema que apenas podería recobrar a normalidade desde entón, como amosan as referencias ás repetidas suspensións da asemblea nacional, un feito que ata aqueles tempos revestira un carácter insólito, segundo os rexistros dos anais. Despois dos cincuenta anos posteriores a 873, en que a falta de celebración da xuntanza se recollera aínda como algo excepcional, o que merece a atención dos analistas sería, xustamente, a noticia de que a reunión asemblearia tivera lugar en determinado ano. O problema debeu ser maior, por forza, no ámbito local e rexional, especialmente nas zonas máis afectadas pola presenza viquinga, de maneira que a ruptura das pautas políticas tradicionais tivo que afectar grandemente ó desenvolvemento xeral do sistema.[1145]

Nun primeiro acercamento, polo tanto, os pobos viquingos aparecen no relato de MacNeill como axentes alleos que viñeron introducir elementos

[1144] PIH, pp. 227-35.

[1145] PIH, pp. 255-8.

perturbadores do marco político, importando uns comportamentos violentos xa erradicados había tempo da sociedade irlandesa, desestabilizando o sistema de relacións estatais e quebrando a continuidade institucional. A valoración negativa inicial, sen embargo, resulta posteriormente matizada, ó avanzar na narración e considerar unha nova etapa na presenza daqueles pobos en Irlanda, a partir do século X, cando se estableceron en asentamentos permanentes nas zonas costeiras. Aínda que non desapareceron de todo as súas expedicións violentas, precisa MacNeill, as incursións piratas dirixíronse cara a lugares máis remotos (a illa de Man, o arquipélago das Hébridas, o litoral escocés) e as xentes das colonias viquingas dedicáronse progresivamente ás actividades propias da esfera económica mercantil. De feito, sinala o noso autor, as primeiras cidades irlandesas de tempos históricos medraron sobre aqueles primeiros recintos fortificados que construíran os saqueadores para mellor protección dos seus barcos mentres agardaban o momento propicio para emprender as súas accións devastadoras.[1146] Foi a núcleos viquingos como Dublín, o máis importante de todos aqueles abeiros,[1147] ós que se debeu a importante introdución "da vida comercial urbana" no país, resalta MacNeill.[1148]

O xiro da poboación viquinga establecida xa con carácter permanente na illa cara ás actividades mercantís enmarcábase, en realidade, nun proceso de integración gradual na vida irlandesa que se manifestou non soamente no campo económico, senón tamén nos ámbitos cultural e político, sostén o relato. A pesar de que os seus asentamentos se rexeron polas súas propias leis e seguiron os seus propios costumes,[1149] a partir do século X, segundo as explicacións de MacNeill, os viquingos de Irlanda deixaron de ser "os feroces pagáns" das primeiras crónicas e convertéronse en xentes en boa parte cristianizadas, emparentadas coa poboación nativa por matrimonios mixtos cada vez máis frecuentes e dedicadas a tarefas económicas pacíficas.[1150] Habitualmente, desde entón, os centros viquingos viviron en paz cos veciños irlandeses. E cando non o estiveron debeuse, precisamente, a que o estadio da súa integración era tan avanzado como para incorporarse ás liortas internas que enfrontaban periodicamente ás distintas unidades políticas irlandesas

[1146] EILI, p. 40.

[1147] PIH, pp. 251-2.

[1148] PIH, p. 273.

[1149] EILI, p. 146.

[1150] PIH, p. 265. Como exemplo da fusión progresiva de pobos, conta MacNeill que xa a mediados da centuria anterior existiran grupos dos que el mesmo chama "Norse-Irish", fillos dos conquistadores viquingos das terras escocesas que mesturaban na súa fala un "broken Irish" e un "broken Norse dialect". PIH, pp. 211-2 e 252-3.

entre si, xogo político no que participaron, como calquera membro do sistema interestatal gaélico, en calidade de aliados duns ou doutros Estados, segundo as circunstancias.[1151]

Con todo o seu achegamento progresivo á poboación nativa, os asentamentos viquingos nunca abandonarían, no relato de MacNeill, a súa natureza de *corpo estraño* inserido, de modo máis ou menos firme, no mundo gaélico. E nesa condición, a pesar da súa conversión en pacíficos mercadores e mais dos pactos de comenencia que con eles puideron concluír os monarcas locais, sempre á procura de reforzos nos seus conflitos, os viquingos son presentados como un grupo estranxeiro que suscitou un rexeitamento xeral por parte dos irlandeses. Como proba, enumera MacNeill os principais episodios nos que diversos gobernantes emprenderon combates directos contra os núcleos nos que asentaba o seu poder na illa. A este respecto, a parte setentrional do territorio insular quedou definitivamente libre de centros viquingos despois das victoriosas campañas dirixidas polo propio rei de Irlanda, nas primeiras décadas da segunda metade do século IX, aínda que, como xa se viu, fose a partir desas datas, xustamente, cando con máis forza se fixo sentir a presión dos intrusos do Norte.[1152]

Os enfrontamentos, de todas formas, non desaparecerían na próxima centuria. Niall Glúndubh, así mesmo rei de Irlanda, organizou a loita contra os ricos establecementos viquingos de Waterford e de Dublín, cidade fronte á cal atoparía a derrota e a morte en 919. Desde o norte continuaría o esforzo por expulsar os invasores, tal como detalla MacNeill, mencionando a dedicación bélica de diversos monarcas durante o enteiro século X, mentres na rexión meridional da illa os gobernantes de Munster non puideron impedir que se consolidasen as urbes viquingas de Wexford, Waterford e Limerick.[1153]

Certamente, admite MacNeill que as rivalidades entre os distintos grupos que se estableceran en Irlanda, fundamentalmente entre os das primeiras ondadas, de procedencia norueguesa, e os da posterior vaga de orixe danesa, que se iniciou a mediados do século IX, resultaron ser un factor decisivo para minar a capacidade bélica dos viquingos. De feito, afirma, agás algúns episodios favorables ós invasores, nas listas de batallas que recollen os anais son maioría as vitorias das forzas nativas. E mesmo suxire que tal vez influíu tamén o carácter descentralizado do sistema político irlandés como factor explicativo do fracaso viquingo en

---

[1151] PIH, p. 265.

[1152] PIH, p. 255. Sinala MacNeill que as crónicas indican que o rei triunfante, Aedh Finnliath, morreu pacificamente no seu retiro monástico, o que sería proba do éxito das súas campañas. Id., p. 258.

[1153] PIH, pp. 262-8.

establecer un dominio definitivo sobre o enteiro territorio insular. Pero, sobre todo, no relato de MacNeill, foi a vontade de conservar a independencia a que levou á nación a non dar tregua ós que ameazaban a súa liberdade. Aínda máis, o noso autor encadra a loita dos irlandeses nun plano máis xeral do que denomina "a tenaz resistencia dos 'celtas" no noroeste atlántico contra os viquingos, gracias á cal se viu freada a súa expansión e a creación dun novo imperio nórdico en Europa.[1154]

Neste terreo máis xeral, o papel irlandés resultou ser decisivo en dous momentos concretos, nos que os viquingos sufriron na illa derrotas determinantes para o discorrer dos seus proxectos de dominación en Europa. Tanto a vitoria na batalla de Clontarf, a principios do século XI, coma o rexeitamento dunha nova invasión un cento de anos despois foron acontecementos senlleiros para o curso da historia europea, segundo as propias palabras de MacNeill.[1155] A primeira destas datas, sobre todo, representa un fito transcendental na súa visión do pasado, por canto considera a tal contenda como un dos feitos clave da historia irlandesa, non soamente pola súa sinalada repercusión exterior, senón polo seu significado para a consolidación daquel vello pulo que orientaba a nación cara á formación dun Estado unificado baixo unha soa autoridade e que el pretendía albiscar, sempre latente, por baixo dos enfrontamentos entre irlandeses.

2. O fracaso na constitución dunha monarquía nacional

Xunto ós dous xa mencionados –a inestabilización do marco político e a achega das novas formas de vida urbana–, dedúcese do relato de MacNeill un terceiro efecto que se relaciona tamén coa intrusión dos pobos viquingos en Irlanda. A presenza na illa daquel elemento estraño provocou a lóxica reacción de defensa ante a agresión por parte da poboación nativa, constata o historiador. Pero as consecuencias da oposición fronte ó inimigo exterior, segundo o seu criterio, transcenderían o puro rexeitamento do atacante para converterse nun factor estimulante das tendencias unitaristas implícitas na sociedade irlandesa. Neste senso, a necesidade de facer fronte á invasión dos piratas e ós seus establecementos na illa forzou, ante a intensidade da presión a que se viron sometidas, a constitución de alianzas militares entre as distintas unidades políticas do país. Igualmente, nese marco configurado polo desafío exterior, resultou progresivamente reforzada a figura da monarquía suprema. Deste xeito, despois duns momentos iniciais de respostas esporádicas e desorganizadas, a acción defensiva acabaría transformándose, segundo MacNeill, nun auténtico movemento de resistencia nacional fronte ós invasores.

[1154] "Had the Norsemen been as successful in Scotland and Ireland, Wales and Brittany, as they were in England and Normandy, Harald the Fair might have been the head of a new empire". PIH, p. 255.

[1155] "Once more, Ireland shaped the course of history". PIH, p. 280.

Na visión do noso autor, as circunstancias creadas pola ameaza de orixe externa deberon promover, polo tanto, a conciencia da necesidade da defensa unida dos intereses compartidos e tiveron que estimular, ademais, a percepción dos trazos comúns ás diferentes entidades estatais e á enteira poboación irlandesa. A proliferación das mostras de resistencia fronte ó inimigo foráneo creou, en consecuencia, o contexto no que era posible a manifestación dun sentimento identitario nacional e no que coubo desenvolver o primeiro intento de configuración dun único Estado irlandés baixo a suprema autoridade dun monarca central. A tarefa correspondeulle a un dos personaxes mellor considerados nos textos de MacNeill, Brian Bóramha, rei de Munster.

Os grandes Estados irlandeses continuaran, durante os séculos VIII, IX e X, unha evolución que, a pesar de certos cambios internos nalgúns deles, en canto ás liñaxes dirixentes e ás áreas de influencia respectivas, sempre relativamente variables, confirmara a situación que se viñera consolidando ó longo dos douscentos anos anteriores. É dicir, que o trazo máis salientable do sistema político seguira sendo o do predominio dos Ui Néill no norte da illa e o dos reis de Munster no sur, ben que a coroa destes pasara, nos anos finais do período, a mans dunha nova dinastía, á que, xustamente, pertencía Brian.

Xa se viu como durante eses séculos a presenza viquinga deturpara o funcionamento das institucións nativas, incluídas as que MacNeill considera que acadaban unha dimensión nacional. A posición do monarca supremo, cargo no que se alternaban con regularidade as dúas ramas dos Ui Néill, foise fortalecendo, ante a necesidade de coordinar esforzos fronte ós invasores, pero sempre de modo descontinuo, pois ningún dos reis de Irlanda conseguira incrementar os poderes tradicionais da institución de xeito duradeiro, a custa da soberanía dos diferentes Estados en que se dividía o territorio do país. En realidade, foi soamente a capacidade de poder da que dispuxeron algúns deses gobernantes a que lles permitira un reforzamento da figura do rei superior cando eles mesmos desempeñaron o cargo, pero nunca coa suficiente consistencia como para consolidala de modo definitivo a ese nivel nacional.[1156]

A este respecto, o feito máis significativo, segundo a exposición de MacNeill, produciuse na rexión meridional da illa, onde o gran reino de Munster confirmou a súa posición e mesmo chegou a desafiar con éxito a supremacía dos reis de Irlanda. Precisamente, da nova dinastía que se elevou ó poder neste Estado na

[1156] Cítase, por exemplo, o chamado "Circuíto de Irlanda", expedición que, en 941, emprendeu o rei de Ailech e de Irlanda, Muirchertach, tomando reféns por todos os principais reinos do país como afirmación da súa autoridade suprema. PIH, p. 267.

segunda metade do século X nacería o máis sólido intento de impoñer unha autoridade única sobre o enteiro territorio irlandés. Brian, rei de Munster nos anos en que o século X deixaba paso ó XI, asegurou primeiro o poder na súa propia rexión e afirmou a independencia do seu reino respecto de calquera outro monarca irlandés. As posicións de Brian respecto do goberno do seu Estado fan que MacNeill teña nunha elevada consideración da súa figura, en canto lle atribúe "unha ou dúas ideas que, na Irlanda do seu tempo, eran revolucionarias". Por un lado, pola súa concepción da necesidade dunha autoridade centralizada máis forte do que ningún monarca irlandés intentara establecer nunca, idea que aplicou desde o principio nas súas posesións patrimoniais. Por outro, pola súa ben definida noción da "independencia soberana", que o levou a rexeitar calquera sometemento do seu Estado a ningunha outra autoridade, denegando a superioridade dos reis de Irlanda sobre el mesmo e sobre os territorios que gobernaba.[1157] Lembra MacNeill que a visión de Brian sobre a independencia dos Estados irlandeses mudou, sen embargo, cando el mesmo aspirou a converterse en rei de Irlanda, enfrontando non só a resistencia dos restantes monarcas, senón tamén a que lle presentou o propio titular do cargo. Por semellantes medios, e quebrando a prolongada alternancia sucesoria, Brian acadou a autoridade máxima de Irlanda. Entón, parangonándose cos grandes reis do occidente e do oriente europeos, Brian fixo interpolar nos textos do manuscrito do *Libro de Armagh* o seu nome como "Emperador dos irlandeses".[1158]

Por outra parte, co ánimo de compoñer un retrato favorable do personaxe, loa MacNeill a tendencia de Brian a evitar o enfrontamento bélico cando lle fora posible afirmar o seu poder por outros medios. As súas expedicións ó norte para reclamar o recoñecemento da súa posición de soberanía suprema non se traduciron, segundo a súa explicación, en combates directos cos gobernantes da rexión. Pola contra, cando atopou resistencia armada ás súas demandas preferiu retirarse antes que recorrer á forza de inmediato. O seu plano de actuación estratéxica, de acordo con MacNeill, consistiu na repetición teimuda das incursións á zona setentrional do país, coa pretensión de demostrar a superioridade do seu poder ata conseguir a aceptación do seu señorío.[1159]

Brian conseguiu converterse no rei supremo de Irlanda de 1002 a 1014, ano en que morreu na batalla de Clontarf, defendendo a independencia da illa fronte ós exércitos viquingos, compostos por forzas locais e mais grandes continxentes

---

[1157] "He had an idea of a more centralised authority than an Irish king in history before him had attempted to create. […] Brian had also definite notions on the subject of what in our time is called sovereign independence". PIH, p. 269.

[1158] PIH, p. 271.

[1159] PIH, pp. 271-2.

de tropas chegadas de Normandía e da remota Islandia. MacNeill comparte na súa obra a visión popular tradicional que considerou o combate de 1014 como o remate final da contenda "entre irlandeses e viquingos pola soberanía de Irlanda", acontecemento senlleiro co que, a pesar da perda da vida do monarca, se puxo fin definitivamente a calquera perspectiva de conquista do territorio da nación.[1160] Pero a morte de Brian deu cabo tamén ó último intento de consolidar unha autoridade nacional en Irlanda sen deixar de ser compatible co respecto á tradicional autonomía dos reinos todos do país. Desde o momento glorioso pero tráxico de Clontarf xa ninguén se atoparía en condicións reais de establecer de modo consistente e duradeiro a vella fórmula gaélica de goberno, aquela que MacNeill imaxinaba combinando de modo eficaz a garantía das liberdades de cada unha das comunidades e a eficacia dun goberno central que coordinase as enerxías todas da nación.

3. A descomposición do sistema: a penetración das formas feudais

O resultado da batalla de Clontarf, aínda que asegurou a soberanía irlandesa, non trouxo a paz ó país. Con Brian desapareceu o proxecto dunha monarquía nacional con poderes verdadeiros, que el conseguira vertebrar por vez primeira, e volveu a inestabilidade xerada pola ausencia dunha autoridade principal indiscutida, láiase MacNeill. En boa parte, afirma, tal secuela veu determinada polo propio modo en que Brian se fixera co *high-kingship,* que introducira unha "fenda na tradición nacional" e alterara as liñas de sucesión polas que se viñera mantendo o equilibrio naquel sistema descentralizado pero ligado por un complexo tecido de redes relacionais entre as distintas entidades políticas soberanas.[1161] Despois de 1022, en canto faleceu o rei a quen Brian desposuíra, e que recuperara a posición tras a morte deste, durante máis de medio século ningún monarca viu recoñecida polos demais a condición de autoridade suprema de Irlanda. E cando foi restaurada a monarquía nacional, a partir dos momentos finais do XI, sería para quedar sempre nas mans do aspirante máis forte, dando lugar a unha sucesión irregular que mesmo a privou da aparencia propia dunha institución de tal relevo, lamenta MacNeill.[1162]

Pese á importancia desta falta de estabilidade política como un dos axentes dos que deitou o declive da monarquía central, salienta o noso escritor que non soamente se orixinou por causa das divisións internas e as contendas entre irlandeses. Polo menos na forma en que el a entendía, a monarquía superior entrou

---

[1160] PIH, p. 272.

[1161] EILI, pp. 23-4.

[1162] PIH, p. 273.

en decadencia por unha perda progresiva da súa peculiaridade nacional, proceso que afectou ás institucións irlandesas todas, progresivamente desvirtuadas polos efectos da crecente influencia que sobre elas comezaran a exercer os costumes feudais, que, adiantándose á invasión anglonormanda que os acabaría impoñendo a partir de 1169, comezaran xa a deturpar non só a figura da autoridade central, senón o sistema característico irlandés no seu conxunto.

En Irlanda, segundo MacNeill, non se dera unha penetración tan profunda e asombrosamente rápida do feudalismo coma no resto de Europa, incluídos os que el chama *países celtas* –Escocia e Gales.[1163] Pero tamén na illa gaélica se percibía un influxo crecente das ideas propias das novas concepcións sociais e políticas desde antes da propia invasión feudal. Neste senso, presenta como a principal manifestación dos efectos corruptores sobre o sistema organizativo autóctono a introdución gradual de orientacións políticas centralizadoras, orixinariamente inexistentes no modelo gaélico. A confirmación da "evidente tendencia cara a unha autocracia centralizada por parte dos reis principais", segundo MacNeill, concretouse nunha intromisión crecente dos monarcas máis poderosos nos asuntos locais e na usurpación das competencias que tradicionalmente lles corresponderan ás asembleas de homes libres.[1164] Aínda que tales inxerencias suscitaron sempre reaccións populares de rexeitamento, e mesmo revoltas abertas contra os que violaban a soberanía dos pequenos Estados, semellantes intrusións foron en aumento, tal como rexistran os anais e recolle o noso autor. Na súa opinión, a tendencia cara a actitudes autocráticas e centralistas por parte dos monarcas máis poderosos reflectiuse, principalmente, nos intentos repetidos de transgresión das liñas establecidas polos costumes sucesorios, na imposición de gobernantes alleos a un ou a outro *tuath* e mesmo na partición de Estados para atender a necesidade dalgúns daqueles grandes reis, ansiosos por outorgar beneficios e recompensas ós seus homes, no máis puro xeito dos hábitos feudais.[1165] Aínda que as leis irlandesas amosaron abonda resistencia, mesmo suficiente para sobrevivir despois da conquista anglonormanda, anota MacNeill as dificultades que foi atopando aquel sistema político que tan sabiamente, na súa idea, soubera mesturar a descentralización e o respecto á soberanía de cada unidade estatal, por un lado, cun senso de pertenza a unha mesma comunidade nacional, polo outro.

[1163] Parécelle a MacNeill un feito verdadeiramente notable a velocidade coa que se implantaron en Europa as novas formas de organización política e social do feudalismo, dada a resistencia ó cambio que el pensaba que adoitaban amosar as institucións tradicionais de cada pobo. "The spread of feudal institutions over a large part of Europe is one of the most noteworthy things in history". EILI, p. 129.

[1164] EILI, p. 130.

[1165] EILI, pp. 130-32

2.4. Invasión, resistencia e destrución da orde gaélica

2.4.1. A invasión anglonormanda

No seu estudio sobre as leis e as institucións irlandesas MacNeill identifica a decadencia do sistema gaélico coa introdución na illa das formas de organización política e social feudais e a súa posterior imposición polas forzas invasoras procedentes de Gran Bretaña na segunda metade do século XII. O momento clave de tal operación de substitución constitúeo a propia invasión e conquista de Irlanda polos exércitos anglonormandos, a partir de 1169, aínda que xa se acaba de ver que a penetración daquelas ideas alleas á tradición nativa comezara con antelación a esa sinalada data. Por demais, MacNeill prolonga medio século o que chama "período de decadencia", ó longo do cal tivo lugar o proceso de implantación xeral dos procedementos legais ingleses, estendidos a todo o país por un decreto real en 1227, aínda que os nativos, na práctica, quedaron excluídos das salvagardas e protecciónns que as novas leis establecían, mentres as súas propias normas xurídicas non eran consideradas como tales. De feito, subliña o autor, os irlandeses quedaron á marxe das leis.[1166]

Durante os sesenta ou setenta anos de consolidación da presenza estranxeira no país non soamente se confirmou o monarca inglés como o titular do máximo señorío de Irlanda, de quen todos os gobernantes irlandeses se converteron en vasalos, segundo a lei feudal, senón que tamén se levou a cabo un proceso de sobreimposición dunha nova clase de señores de orixe anglonormanda, que se estableceron como grupo dominante, arrebatáronlle o poder político a boa parte da aristocracia dirixente nativa e desposuírona das súas propiedades territoriais. Os resultados de tal desenvolvemento serían a perda da independencia da nación, sometida desde entón ó dominio da Coroa de Inglaterra, o acantoamento da nobreza local nas rexións marxinais do país e o asentamento dunha nova aristocracia de cuño estranxeiro como minoría predominante nas mellores terras de Irlanda.

A invasión foi, segundo MacNeill, o acontecemento que marcou o futuro da illa e da nación irlandesas ata os propios días en que el escribía. En tal calidade, considerouna como un acontecemento central no seu esquema histórico, en canto estima que sinalou a quebra do longo camiño de configuración dun modelo de civilización orixinal e, como consecuencia, marcou o inicio da loita do pobo irlandés para recuperar a súa independencia, en orde a proseguir o desenvolvemento do seu proxecto histórico nacional en liberdade.

[1166] EILI, p. 144. O capítulo que nesta obra se ocupa da cuestión titúlase "The Period of Decay" e abrangue o tempo que transcorre entre as primeiras manifestacións de tipo feudal no país e a data final sinalada. EILI, pp. 129-45.

Fiel á súa metodoloxía habitual de compoñer a súa versión da historia en forma de resposta crítica a teses xa formuladas por outros autores respecto de Irlanda, MacNeill presenta o seu relato destes feitos decisivos como o primeiro episodio dun enfrontamento secular entre dous modelos civilizatorios contrapostos e trata de determinar as razóns que podían facer comprensible o triunfo dos invasores. Por outro lado, pretende desbotar a afirmación da suposta inferioridade do sistema gaélico fronte ó adversario foráneo, utilizada, a un tempo, como factor explicativo e como argumento xustificativo da conquista de Irlanda desde Inglaterra. Aínda máis, neste último caso, esfórzase en inverter o senso da comparanza e en demostrar o carácter violento dos intrusos, así como a ilegalidade absoluta das súas accións no país, incluso desde a perspectiva das propias leis feudais nas que as quixeron fundar.

MacNeill non sempre utiliza a mesma cronoloxía para referirse ó comezo da presenza inglesa en Irlanda. En principio, recorre á data tradicional, a que establecía o desembarco nas costas irlandesas dos primeiros exércitos normandos procedentes da veciña Gran Bretaña no ano 1169, e así o recolle en *Phases of Irish History.* Sen embargo, máis dunha década despois, cando se ocupa en *Early Irish Laws and Institutions* de tan decisivo asunto para a súa concepción da historia nacional prefire facer retroceder aqueles nefastos días a 1166, ó inicio dos preparativos da invasión, cando o conde Pembroke, coñecido por *Strongbow,* se propuxo repoñer no trono de Leinster ó seu antigo monarca, Diarmuid, despois de que este acordase converterse en vasalo de Henry II, o rei de Inglaterra, onde se exiliara despois de ser derrocado.[1167]

Sexa como for, con este acontecemento empezaba o dominio secular de Irlanda por Inglaterra, tal como reflicte a narración do noso autor. O monarca que impuxo a súa autoridade desde aquel momento era, desde logo, o titular da Coroa inglesa, pero MacNeill vacila á hora de atribuírlle unha nacionalidade concreta ós intrusos que o rei encabezaba. No estudio máis demorado que dedicou á invasión, "The Norman Conquest", en *Phases of Irish History,* utiliza o adxectivo *normando* para cualificar a invasión, a conquista e mesmo o feudalismo que se impuxo no país. Pero non se decide a aplicárllelo, sen embargo, ós propios individuos que levaron a cabo as amentadas operacións. Algunhas referencias con esa denominación que se atopan no texto adoitan ser matizadas, ó modo da expresión "The Normans so-called", coa que inicia a aclaración de que, cando chegaron a Irlanda, nin eran xa "Northmen" nin podían ser considerados aínda ingleses, por moito que o seu monarca fose rei de

[1167] PIH, p. 303; EILI, pp. 134-5.

Inglaterra.[1168] En realidade, afirma, os líderes da invasión eran franceses de lingua e o seu sangue procedía do veciño continente. Os máis *ingleses* deles levaban unicamente tres xeracións residindo na illa, como estranxeiros, pero só eran uns poucos. A maioría viviran en Gales ou nas marcas galesas, de onde proviña tamén o grupo máis numeroso dos soldados de a pé, case todos nativos daquelas terras ou integrantes da ampla colonia flamenga alí asentada, e esas eran tamén as súas linguas respectivas.[1169] No seu posterior achegamento detallado ós episodios aludidos, en *Early Irish Laws and Institutions,* o noso autor xa non emprega nunca referencias de orixe para cualificar os estranxeiros que durante a conquista e despois dela se estableceron en Irlanda, referíndose a eles habitualmente como "aventureiros", "baróns filibusteiros", "magnates feudais", "colonos" e doutros modos semellantes.[1170] En último termo, a opinión de MacNeill sostén que, en realidade, os conquistadores que se estableceron en Irlanda non tiñan conciencia de nacionalidade ningunha. Só co tempo os colonizadores adquiririan unha, xustamente, e de maneira paradoxal, a *irlandesa,* ata converterse mesmo en "máis irlandeses que os irlandeses".[1171]

No relato de MacNeill, á parte das motivacións concretas, relacionadas directamente cos conflitos dinásticos irlandeses, a intromisión nos asuntos da illa veciña por parte de Inglaterra fundábase na condición de señor feudal principal de Irlanda da que gozaba o seu monarca, despois de que o papa Hadrián –"un inglés", precisa– lle concedese tal título "ó seu amigo" Henry II, en 1155, segundo a bula coñecida como *Laudabiliter,* pola palabra coa que comeza. O documento papal daba resposta á petición do monarca inglés de agrandar os territorios cristiáns, alegando que a situación relixiosa de Irlanda precisaba naqueles tempos dunha profunda remodelación. Tal como describira os seus costumes san Bernardo, un par de décadas antes, os irlandeses eran "cristiáns de nome, pero pagáns na práctica" e a súa Igrexa padecía de graves defectos na orde moral e na disciplina. Aínda que os propios eclesiásticos do país emprenderan xa unha ampla reforma interna, a petición do monarca inglés a Hadrián utilizou como pretexto a mesma linguaxe de "pious reprobation" que antes usara o santo, e así o recolleu o texto papal como xustificación da resposta positiva á demanda.

[1168] PIH, p. 302.

[1169] PIH, pp. 303 e 307. A única referencia na que chama ós invasores "Anglo-Normans" nesta obra resulta ir acompañada de comiñas. Id. p. 341.

[1170] EILI, "The Period of Decay". Soamente nunha ocasión, falando xa de tempos máis tardíos, usa a expresión "Anglo-Norman invasion". Id. p. 148

[1171] "The fact remains, that the colonists had no nationality until in the course of time they became Irelandmen, and ultimately more Irish than Irish". PIH, p. 308.

A tendenciosidade da bula levou a dubidar a moitos da súa autenticidade, pero o propio MacNeill recoñece que non había argumentos de peso para considerala unha falsificación interesada.[1172]

Ademais do pretexto evanxelizador, a cesión papal fixérase alegando o dereito señorial que lle correspondía á cabeza da Igrexa, segundo a "fabulosa Doazón de Constantino", pola que, supostamente, aquel emperador romano, imaxinado como señor supremo das terras do mundo, transferira ós bispos de Roma o señorío sobre as illas todas do océano. Conforme á legalidade feudal, lembra MacNeill, o monarca inglés converteuse en vasalo do Papa, ó tempo que os gobernantes irlandeses pasaban a ocupar a mesma posición subordinada respecto do rei. Foi baixo esta suposición que fundamentaba a bula, mantida en secreto durante once anos, como se concibiu e lexitimou a incursión de *Strongbow* no nome da autoridade do soberano de Inglaterra e a posterior estancia persoal deste na illa, explica o autor.[1173]

Ten un gran interese MacNeill en precisar que a presenza inglesa en Irlanda se desenvolveu desde un principio con acordo ás convencións propias do feudalismo, que foron as que pretenderon proporcionarlle o amparo legal á invasión. As razóns de tal insistencia eran abundantes e necesarias para o seu esquema narrativo. En primeiro lugar, porque o título do monarca intruso baseábase nun infundado dereito que se atribuíran os papas, aínda que o noso autor recoñece que a *Doazón de Constantino,* pese ó seu carácter fantástico, foi de aceptación xeral nos tempos medievais.

En segundo termo, porque, aceptada a validez xurídica *de facto* do pretendido documento imperial, o Papa xa tiña un vasalo directo en Irlanda na persoa do seu rei supremo Ruaidhri. En consecuencia do cal, segundo as propias normas feudais, Henry, en realidade, pasaría a desempeñar a categoría de "mean lord", como señor *intermedio* entre o señor xa existente –o rei irlandés– e o seu superior inmediato, o papa Hadrián. De maneira que, conclúe MacNeill, a concesión do señorío a Henry veu "rebaixar" o rango de quen o exercía con anterioridade, pero non o desposuíu dos seus dereitos sobre Irlanda.[1174]

Como terceira razón, o carácter *persoal* das relacións feudais impedía, para o noso historiador, considerar que o país irlandés quedara legalmente sometido desde entón a Inglaterra ou mesmo subordinado a quen portase o seu cetro en cada momento. Argúe MacNeill, pola contra, que tan só fora o azar histórico o que

---

[1172] PIH, pp. 281-6.

[1173] EILI, pp. 133-4.

[1174] PIH, p. 178.

ligara o señorío de Irlanda á Coroa inglesa, pois unicamente unha serie de imprevisibles circunstancias farían rei de Inglaterra a John, a quen seu pai, Henry, cedera con antelación os dereitos señoriais irlandeses, en momentos en que ninguén albiscaba que se convertería no seu sucesor.[1175]

E sobre todo, en cuarto lugar, o obxectivo de MacNeill ó subliñar o carácter feudal dos lazos do monarca inglés con Irlanda é poñer de manifesto que o título que este se adxudicaba carecía de calquera validez segundo as leis de aplicación no territorio irlandés naqueles tempos, en canto o país, a pesar dos sinais de presenza das novas ideas de orixe exterior, continuaba rexéndose pola súa lexislación gaélica peculiar, segundo a cal a cesión era "nula e inválida".[1176] A mesma carencia de lexitimidade que revestiría a confirmación posterior por Henry II de *Strongbow* como novo señor de Leinster á morte de Diarmuid, en 1171, coa filla e herdeira do cal casara antes "providentemente", por canto as leis sucesorias do país, como xa se apuntou, non contemplaban dereitos de primoxenitura preferentes.[1177]

A consideración do entremetemento inglés en Irlanda á luz dos hábitos feudais permítelle a MacNeill, por demais, denunciar a ilexitimidade das accións posteriores sobre as que os monarcas e os magnates normandos afirmaron na práctica a súa posición de dominio no país. O argumento esixiulle presentar o desembarco de Henry II e os seus exércitos en Irlanda, en 1171, como un simple exercicio de reivindicación pacífica do seu señorío sobre a illa e non como unha expedición bélica de sometemento, por canto, como o historiador sabía, segundo as convencións xeralmente aceptadas na época, as terras conquistadas nun conflito pasaban a ser dominio exclusivo dos vencedores, que podían dispoñer delas á súa comenencia. En consecuencia, aínda que puidese parecer paradoxal respecto da súa visión de conxunto do pasado irlandés, MacNeill nega que ningunha pretensión de conquista inspirase a viaxe do rei inglés e insiste en que este "recibiu a submisión pacífica dos reis da maior parte de Irlanda", ós cales aceptou como os seus vasalos e cos que se comprometeu a darlles a súa protección. E mesmo sostivo que non forzou a aqueles que, como o rei supremo Ruaidhri e mais outros gobernantes ulsterianos, non o recoñeceron como o seu señor nun primeiro momento. Como confirmación de semellante actitude pon por testemuña ó propio papa Alexandre III, que

[1175] Se os fillos dos seus irmáns maiores sobrevivisen, apunta MacNeill, John non se convertería en rei e o señorío de Irlanda quedaría separado do trono inglés e sometido soamente á posición superior do papa correspondente. PIH, pp. 177-8.

[1176] EILI, p. 134.

[1177] EILI, p. 135.

confirmou os títulos do monarca inglés e felicitou ós seus novos vasalos irlandeses por recoñecer a súa condición voluntariamente, "esto é, sen conquista ningunha".[1178]

A pesar de que os acontecementos posteriores poderían deixar unha outra impresión, resalta MacNeill que a presenza inglesa na illa comezou seguindo a canle específica das formalidades propias da lei feudal polas dúas partes despois enfrontadas. O cal, claro está, tiña no seu relato unha segunda intención, val dicir, a de reforzar a denuncia do carácter ilegal, da violencia e da traizón que singularizaron o comportamento dos invasores deseguido. O propio Henry, xa antes do seu regreso a Inglaterra, acusa o noso autor, deu inicio a un proceso de expropiación das terras e de despoxo dos títulos dos reis irlandeses, coa entrega dos territorios de Meath a Hugh de Lacy, a quen deixou como vicerrei, aínda que o anterior gobernante deles lle prestara homenaxe ó monarca como o seu señor. Así mesmo, os príncipes de Leinster e moitos outros que recoñeceran o señorío do rei inglés serían tamén desposuídos, para lles ser outorgadas as súas terras e títulos a "novos aventureiros" estranxeiros, sen xustificación legal ningunha.[1179] A operación repetiuse no resto do país, recorrendo ó uso da forza cando foi necesario. De maneira que, por medios ilegais segundo os propios criterios dos costumes feudais, fóronlles arrebatados os seus dereitos ós grandes e pequenos reis do país, á súa aristocracia e á enteira poboación libre. Tomando palabras do historiador Edmund Curtis, "Irlanda foi tratada como un país anexionado, conquistado e, polo tanto, sen dereitos [...]".[1180]

O relato de MacNeill inclúe abundantes mostras dos actos ilexítimos que marcaron o carácter da presenza anglonormanda na illa irlandesa. Desde o rei ata os últimos dos seus magnates, as violacións das normas da propia legalidade feudal foron sistemáticas. Henry II, por exemplo, asinou con Ruaidhri o Tratado de Windsor (1175), polo que se recoñecía a autoridade do monarca irlandés sobre a maior parte do país, a cambio da renuncia a reivindicar os seus dereitos sobre as terras orientais onde se estableceran os estranxeiros e da aceptación do señorío feudal do normando. Pero, case de inmediato, sinala MacNeill, o acordo foi quebrantado polo rei inglés, ó ceder terras que non lle correspondían a novos señores normandos, mentres estes emprendían incursións de pillaxe e desposesión de gobernantes locais, nunha serie de actos de "filibusteirismo" a gran escala dos

---

[1178] Pon como proba MacNeill o relato dos feitos de Giraldus Cambrensis, o anglonormando que viaxou pouco despois a Irlanda e xustificou a intervención estranxeira nas súas obras *Topografía de Irlanda* e *Hibernia Expugnata.* Como a denominación desta última parece suxerir que houbo unha guerra de conquista, MacNeill di que "was a title with a purpose". EILI, pp. 135-6.

[1179] EILI, p. 136.

[1180] A obra citada é *History of Medieval Ireland.* EILI, p. 137.

que nin sequera se libraron os centros eclesiásticos.[1181] Máis adiante, o rei John proseguiu a política de despoxos en beneficio dos seus cortesáns, sen respectar nin leis nin tratados, aínda que ás veces se tratase de revestir tales accións ilexítimas coas aparencias dos procedementos legais ingleses.[1182]

Máis alá dos pormenores concretos que se propuxo resaltar, MacNeill concibe, do mesmo xeito que se fixo desde o lado dos vencedores, a invasión e conquista de Irlanda como un enfrontamento entre dúas civilizacións ben diferenciadas. O feito de que non saíse vitoriosa do encontro, cando menos a curto e a medio prazo, aquela que a el lle parecía máis digna de valoración obrigouno a buscar unha explicación que dese conta do resultado. A este respecto, compuxo un discurso aclaratorio arredor de dous tipos de argumentacións. Un que subliña a perversión do comportamento dos invasores e outro que trata de sinalar as propias deficiencias do modelo gaélico que permitiron o triunfo dos estranxeiros.

En canto ó primeiro dos factores, tal é o grao de iniquidade e de quebrantamento da legalidade que aprecia o noso autor naqueles episodios da historia irlandesa, que chegou a preguntarse se semellantes actitudes foran o froito directo dunha sistemática mala fe dos conquistadores ou soamente proviñan dunha incapacidade destes para actuar de acordo cos principios da lei.[1183] Non parece preciso insistir máis na presentación de MacNeill dos acontecementos, por canto xa se fixo unha exposición especificada dos puntos en que se apoiou o seu relato sobre a violencia, a traizón, o engano e a violación das normas legais todas, incluídas as súas propias, que acompañaron desde un principio a presenza do rei, dos magnates e dos colonizadores normandos. Unicamente cómpre sinalar que, para el, a derrota irlandesa non foi consecuencia dunha maior coraxe na batalla por parte dos invasores. Pola contra, quere destacar que estes deron mostras de temer a valentía individual dos nativos, aínda que se impuxeron, ó cabo, pola superior organización das súas forzas –trazo ausente, en realidade, nas ringleiras irlandesas– e polas súas técnicas de construción de grandes fortalezas, desde as cales puideron manter o seu dominio.[1184]

En relación coa segunda clase de argumentos, MacNeill formula unha serie de comparanzas entre os dous sistemas contrapostos, unhas veces para sinalar as imperfeccións do propio de Irlanda e outras, as máis, para rebater as teses que

---

[1181] EILI, p. 139; PIH, p. 285.

[1182] EILI, p. 143.

[1183] PIH, p. 311.

[1184] PIH, p. 304.

situaban a este nun plano de inferioridade respecto do inglés. A principal das diferenzas favorables ó modelo feudal radicaba, ó seu parecer, na maior eficacia do seu modo de organización política, debida ós criterios de sucesión polos que se rexía e ó seu grao de centralización. Segundo MacNeill, a principal debilidade do sistema político gaélico nacía das súas leis sucesorias. En principio, afirma, podería parecer que o feito de que en Irlanda a autoridade suprema de cada Estado recaese sempre nunha persoa que, reunindo as condicións de elixibilidade, segundo xa se expuxo, tiña que estar ben capacitada para desempeñar as funcións do cargo –militares, xudiciais e de presidencia da asemblea–, debería considerarse como un sinal da calidade das institucións políticas tradicionais do país e como unha proba da súa mellor condición respecto do modelo feudal, baseado na lei da primoxenitura, en virtude da cal tiñan acceso ós máis altos cargos persoas que non sempre reunían as virtudes axeitadas para exercer con competencia tan complexos poderes.[1185]

Sen embargo, é neste trazo onde atopa MacNeill a explicación que volvía do revés a primeira impresión da comparanza beneficiosa para o sistema político gaélico. A razón estaba en que, na súa opinión, a propia capacidade do gobernante irlandés para exercer as súas funcións levaba a concentralas por enteiro na súa persoa, sen delegalas en ningunha outra figura nin organismo institucional, dos que nin sequera se chegou a considerar a necesidade da súa existencia. Pola contra, a posibilidade de que a lei sucesoria feudal levase ó trono a "un rapaz, un idiota ou unha persoa débil volveu necesarios os ministros de Estado" nos países onde se aplicaban tales normas, nos cales se desenvolveu así un sistema administrativo máis moderno e eficiente.[1186] En "teoría abstracta", argúe MacNeill, podía parecer mellor unha lei que, como a irlandesa, permitía unha selección entre candidatos, escollendo o bo e rexeitando o incompetente. Sen embargo, na realidade, "a lei feudal tendeu á estabilidade e á paz civil, a lei irlandesa á contenda interna e ó perigo exterior". O feito de que o poder puidese recaer nunha persoa inadecuada, por conseguinte, volveu necesario o establecemento de formas de goberno ministeriais, coas vantaxes conseguintes de desligar o goberno das capacidades persoais do máximo dirixente.[1187]

[1185] Dun modo que hoxe sería *politicamente incorrecto,* cita MacNeill os seguintes casos desfavorables: "In feudal law, the lawful succesor might be a child, an invalid, a demented person, and in some countries a woman". PIH, p. 300.

[1186] PIH, p. 301. MacNeill considera que os normandos aprenderan, ademais, os avanzados modos da administración bizantina cando conquistaran o sur de Italia, de onde os copiaran para os seus Estados de Normandía e Inglaterra. PIH, p. 301.

[1187] EILI, pp. 149-50.

Por outro lado, seguindo esta evolución cara a formas de goberno máis complexas, o sistema feudal amosaba xa daquela unha tendencia que acentuaba os seus riscos centralizadores. Non é que MacNeill vise nestas formas unha condición superior –máis ben o contrario–, pero non pode deixar de anotalas como unha forza engadida que aumentaba a superioridade militar sobre un sistema, como o irlandés, que presentaba unha evidente inclinación en senso contrario.[1188]

Sen embargo, a aceptación das vantaxes derivadas dos modos de organización propios do feudalismo non implicaba para MacNeill asumir a suposición de ser inferior cualitativamente o modelo de civilización gaélico no seu conxunto respecto de ningún outro. En realidade, é a vontade de rexeitar as teses que presumían que tal condición era a explicación da derrota irlandesa o que o motivou a compoñer a súa narración do pasado irlandés como unha defensa da civilización gaélica e como unha explícita recusación das teorías que daban conta da imposición dos conquistadores normandos como o resultado esperable da contraposición de dous modelos en estado de desenvolvemento moi desequilibrado en favor dos vencedores. Non era esta unha visión estraña, senón a dominante na academia británica nos tempos en que MacNeill escribiu o seu relato histórico. De entre os autores todos que defendían tales nocións, o noso historiador toma como a súa referencia negativa a xa citada obra de G.H. Orpen, *Ireland under the Normans,* que este prestixioso investigador comezara a publicar en 1911.

Segundo os elementos que do seu traballo destaca MacNeill, Orpen pretendera escribir unha xustificación da conquista normanda da illa irlandesa, presentándoa como unha empresa necesaria en nome da imposición dun modelo de civilización superior sobre unha sociedade que se atopaba nun estado verdadeiramente atrasado respecto das pautas que se ían impoñendo na Europa feudal.[1189] MacNeill entende o propósito da historia de Orpen como un alegado preconcibido contra a nación irlandesa que pretendía amosar o seu pasado baixo a luz máis desfavorable posible, co obxecto de resaltar as calidades propias da Inglaterra invasora. Semellante intencionalidade, na opinión do noso autor,

---

[1188] Xa se sabe que MacNeill valoraba en moito a autonomía das entidades políticas gaélicas, sempre que fose compatible coa coordinación que debería exercer a monarquía central. Nuns tempos arrepiados pola I Guerra Mundial, bota moitas das culpas da recente catástrofe ós gobernantes duns Estados europeos excesivamente centralizados e aspira a que a Irlanda do futuro non concentre o poder e os recursos na súa capital e a que promova o desenvolvemento das partes todas do país. PIH, p. 302.

[1189] "Mr. Orpen's history is largely a laboured attempt to prove that the backward state of Ireland was the cause and justification of the invasion", sostén en PIH, p. 303. Máis tarde, insiste aínda no seu xuízo: "Its main thesis is an endeavour to show that the Feudalism forced upon Ireland in the twelfth century and later was justified by the primitive conditions obtaining in Ireland until then". EILI, p. 6.

desvirtuaba unha contribución historiográfica que quedaba afectada por un prexuízo de orixe que deturpa a enteira obra e que levaba ó seu autor a unha serie de interpretacións incorrectas do pasado irlandés.[1190]

Así, acusa MacNeill a Orpen de ofrecer un retrato da sociedade irlandesa que atoparan os anglonormandos no que esta aparece caracterizada polos trazos propios do tribalismo –tal como xa se explicou–, poboada por individuos violentos e anárquicos, libres de calquera das limitacións impostas por un sistema legal público, que consideraba inexistente na illa, dada a ausencia dun auténtico aparello estatal que o puidese aplicar. Fronte a este esquema dun país atrasado e turbulento, MacNeill rebate un por un os seus puntos, devolvendo, como nun espello, as mesmas acusacións ós invasores, que quedan caracterizados, xustamente, en idénticos termos ós que desde as posturas de defensa da conquista se lles atribuían ós irlandeses. Neste senso, os tumultuosos resultaron ser os normandos, sempre dispostos no relato de MacNeill non soamente a atacar os nativos, como xa se viu, senón a enfrontarse entre eles mesmos en guerras continuas, desde a primeira xeración que desembarcou en terras irlandesas. Tamén lembrou de maneira moi detallada que xa pouco antes, xusto nos anos anteriores ó seu ataque a Irlanda, os ingleses esnaquizáranse entre si en moi crueis guerras civís polo trono na súa terra,[1191] así como que a principal ocupación dos primeiros reis ingleses na illa non fora a de someter os irlandeses, senón a de impedir que os seus propios señores feudais se volvesen independentes da súa autoridade.[1192] E non esquece recordar tampouco que mesmo os propios fillos de Henry se rebelaron despois da invasión contra do pai.[1193]

A maiores, se Orpen presentara os normandos como unha especie de *enviados* nunha misión civilizadora encomendada polo Papado, MacNeill quere convertelos en brutais causantes da interrupción dos esforzos de renovación cultural e relixiosa que os propios irlandeses emprenderan xa había tempo. Como resultado da violencia desapiadada dos estranxeiros contra igrexas, mosteiros e escolas, as rexións que permaneceron libres da ocupación retrocederon no ámbito cultural, segundo afirma, ós niveis das épocas máis terribles das incursións viquingas. E

[1190] Cando denuncia o falseamento das leis dos pobos celtas que efectúa Orpen ó estudiar tendenciosamente a obra de Xulio César, escribe MacNeill: "The first episode related in the first book [de *A guerra das Galias*] is doubtless familiar to Mr. Orpen since his school days, if the exigencies of the historical indictment of a nation have not compelled him to forget it". PIH, p. 315.

[1191] A este respecto, MacNeill non aforra espazo para reproducir un amplo texto significativo da *Crónica Anglo-saxona.* PIH, pp. 305-6.

[1192] PIH, p. 308.

[1193] EILI, p. 141.

tampouco non lles foi mellor ós habitantes da zona de establecemento dos colonizadores, onde non se experimentou progreso ningún das artes nin do ensino.[1194]

En canto á recuperación en Irlanda das prácticas relixiosas acordes coa ortodoxia cristiá e a extirpación dos impropios costumes que se xeneralizaran no país, MacNeill preocúpase por demostrar o total incumprimento do compromiso que adquirira Henry II e que servira de fundamento ás concesións papais. En boa parte, porque o propio monarca inglés era persoalmente pouco digno de confianza nos seus tratos, condición que non viñeron mellorar despois os seus sucesores.[1195]

A resposta máis extensa e pormenorizada á descrición da sociedade gaélica de Orpen referiuse á valoración extremadamente negativa que este realizara das leis polas que aquela se rexía, considerándoas como a proba concluínte do estado incivilizado de Irlanda, por comparanza cunha Inglaterra que imaxinaba como o paradigma da nova e moderna orde feudal que se impoñía por entón en Europa.[1196] Segundo Orpen –na versión que da súa obra ofrece MacNeill –, a Irlanda gaélica carecía dun sistema público legal e xudicial. Para el, as leis irlandesas reducíanse á observación de certos costumes asentados a través do tempo, sen sequera estar sometidos a codificación ningunha, tal como xa se facía co material xurídico en Normandía e Inglaterra. En realidade, aducía, non se contemplaba en Irlanda a existencia de delitos, en canto violacións da lei que, como crimes contra a comunidade, merecesen un castigo por parte das institucións estatais. As quebras da lei resolvíanse directamente entre as persoas afectadas, sen intervención directa do Estado, fose cal for a magnitude da transgresión, podendo en todos os casos, mesmo nos de homicidio, ser amañado o conflito co prexudicado por medio dunha indemnización establecida despois dunha valoración dos danos causados. Incluso nese caso, insistía Orpen para descontento de MacNeill, tras do xuízo e a fixación da reparación, non había garantía ningunha de cumprimento da decisión legal, por canto non existía maquinaria estatal que forzase a súa aplicación. Tan só a presión popular, exercendo sobre o culpable unha especie de "primitive boycott", podía facer que se executasen as decisións dos tribunais. *"Credo quia impossibile!",* non pode deixar de exclamar MacNeill ó remate da exposición do relato de Orpen,

[1194] PIH, p. 310.

[1195] Cita a opinión ó respecto do rei de Francia, que acusou a Henry de engano, duplicidade, hipocrisía e incumprimento de promesas, e a do propio Giraldus, o cronista da invasión, que pediu ó rei John que cumprise co que seu pai e el mesmo estaban obrigados. EILI, pp. 139-40 e PIH, pp. 310-11.

[1196] O debate sobre as leis trátase, especialmente, en PIH, pp. 311-20.

asombrado de que alguén puidese atribuír semellante "absurdo sistema legal" á Irlanda do século XII.[1197]

A representación de Orpen era, certamente, devastadora e implicaba a inserción do modelo gaélico dentro das sociedades primitivas e en estado de barbarie. Por tal razón ocupouse MacNeill de describir con tino as características dun sistema legal que presenta como plenamente constituído, segundo xa se expuxo, de carácter público, completo e coherente na súa catalogación dos delitos, con formas de xulgamento ben establecidas e con mecanismos administrativos específicos para a execución das sentenzas. Resultándolle incomprensible que se puidese ofrecer unha versión tan inexacta do pasado sen unha animadversión previa cara á civilización gaélica, atribúe as teses de Orpen a unha moi deficiente e nesgada lectura dos textos de Xulio César onde se expoñían os costumes legais dos pobos celtas. Como xa se viu con anterioridade, MacNeill esforzouse en demostrar a falsidade das afirmacións de Orpen, analizando *A guerra das Galias* para concluír xustamente o contrario do que este sostiña. O que para o noso historiador parecía tan evidente, non podía ser interpretado doutra forma máis que pola interferencia do factor que el consideraba que estaba na orixe da enteira deformación do pasado do pobo irlandés que certos autores cometían: o prexuízo máis xeral contra os celtas, expresado nunha caracterización estereotipada que os condenaba ó salvaxismo sempiterno, a eles e mais ós seus sucesores, como o "pobo imposible" que eran, capaces de "manter un sistema legal imposible e totalmente negativo en plena vixencia durante doce séculos e máis", como aquel tan ridículo que Orpen describira e aplicara á Irlanda do século XII.[1198]

Soamente escribindo desde posicións preconcibidas, pensa o noso autor, era imaxinable presentar a conquista inglesa de Irlanda como un episodio enmarcado no contexto de restablecemento da orde e da lei que supuxo a xeneralización do feudalismo en Europa despois dos séculos de anarquía altomedievais.[1199] Insiste MacNeill en que ningunha das condicións que presumía este tipo de relato interesado dos acontecementos respondía a unha descrición da realidade, por canto nin Irlanda era o territorio dun pobo inmerso aínda na barbarie nin Inglaterra era o paradigma da orde e da legalidade. Na súa opinión, só un falseamento intencionado podía converter en defensores da paz e da xustiza ós que viñan de combater encarnizadamente entre eles no seu país antes de invadir

---

[1197] Parcélle propio de "Alice from Wonderland". PIH, p. 313.

[1198] PIH, p. 313.

[1199] "[...] it would be no mark of respect for the intelligence of an educated public to ask them to accept seriously the pretence that Henry of Anjou, his son John and their filibustering barons introduced the reign of law into a lawless and anarchical Ireland". EILI, p. 132.

a illa veciña e que aínda o seguirían facendo de alí en diante nos dous lugares.[1200] De semellantes colonizadores, sostén MacNeill, non podía esperarse máis que un traslado dos seus hábitos guerreiros e transgresores da lei ás rexións que en teoría debían pacificar. Ó seu xuízo, contra o que defendían certos autores infundadamente, os normandos emprenderon unha "política de negación da lei", de "sistemáticas ilegalidades" practicadas por todos eles, desde os propios monarcas ata os novos propietarios das terras irlandesas, sabedores de que despoxaran ilexitimamente do seu ós verdadeiros titulares. A consecuencia final da fundamentación do novo réxime de dominación no desprezo absoluto da legalidade, mesmo da dos propios conquistadores, foi "que a poboación de Irlanda, excepto os colonizadores e os seus descendentes, quedou fóra da lei", en razón de que os nativos se viron excluídos dos beneficios do sistema legal inglés cando este foi estendido á illa.[1201]

E sen embargo, proclama con orgullo MacNeill despois da exposición dos males ocasionados polos anglonormandos, en último termo, tras tanta violencia e abuso, a conquista acabaría fracasando. De tal xeito que, catro séculos máis tarde, os ingleses precisarían emprender unha segunda operación de sometemento pola forza para dominar aquel pobo que, segundo quixo amosar no seu posterior relato da historia da nación, xa máis breve, soubera resistir e preservar a identidade da súa gloriosa e única civilización.

2.4.2. Unidade e resistencia nacional

Unha vez máis, cando se achega ós acontecementos dos séculos inmediatamente posteriores á irrupción anglonormanda, MacNeill proponse de maneira expresa contradicir a versión que sobre eles presentaban os relatos históricos máis espallados no seu tempo, herdeiros das narracións que se comezaran a elaborar desde o bando dos invasores a partir dos mesmos momentos iniciais da conquista. Irritábao profundamente, de maneira especial, a descrición que daqueles tempos se ofrecía nos "manuais populares" de historia que circulaban por Gran Bretaña e na propia Irlanda, que repetían, como se lembrará, os que el consideraba que eran os vellos e interesados tópicos polos que se procedía a caracterizar a sociedade gaélica como un "sistema clánico" ou "tribal", que negaban a existencia nela de propiedade privada, reducindo a dispoñibilidade da terra á súa utilización segundo primitivas fórmulas comunais, e que, en xeral, situaban a civilización

[1200] A ironía indignada é a resposta de MacNeill á negación do que el considera evidente: "Bearing the facts in mind, we wonder that a miracle transformed these men into apostles of law and order when they crossed the Irish Sea. When the records of Irish and English history are examined, we learn that the real miracle is the transformation of the historical rod into the unhistorical snake". EILI, p. 133.

[1201] EILI, pp. 143-5.

irlandesa nun estadio de evidente atraso respecto das formas predominantes na Europa feudal.[1202] Xa se especificou en detalle o modo en que, precisamente, a recusación de tales afirmacións constituía un dos obxectivos prioritarios xenéricos do traballo do noso historiador, sobre todo en canto representaban o fundamento tradicional sobre o que asentara a xustificación da imposición do dominio inglés sobre Irlanda, perpetuado ata os seus propios días.

Non resulta estraño, en consecuencia, que, á hora de escribir sobre os tempos en que tal sometemento se implantara, MacNeill reunise os seus mellores argumentos para rexeitar de novo aquelas exposicións lexitimadoras da opresora presenza allea na illa irlandesa. Entre outras razóns, porque era consciente de que non se podía evitar a impresión de que o triunfo militar e político dos estranxeiros parecía actuar como confirmación das teses que afirmaban a superioridade do seu modelo civilizatorio.

Nos relatos máis difundidos no seu tempo, láiase MacNeill, a historia da Irlanda dos séculos seguintes á chegada das tropas anglonormandas quedaba circunscrita á pura crónica da instauración do dominio dos señores feudais procedentes de Gran Bretaña e o establecemento da administración inglesa sobre unha sociedade que era definida pola súa belicosidade e o seu grao de incivilidade. A narración histórica consagrada falaba tan só das perpetuas querelas internas que aflixían ós clans irlandeses e mais dos enfrontamentos continuos nos que os seus xefes se esnaquizaban entre si, estendíase na consideración dos progresos da introdución dos métodos de goberno ingleses e dedicaba gran atención á invasión da illa polas tropas escocesas dos irmáns Bruce, en demanda da coroa irlandesa fronte ó lexítimo señor da illa, o rei de Inglaterra. Foi esta visión da realidade baixomedieval irlandesa, ó seu criterio completamente inexacta e resultado de prexuízos ben arraigados no tempo, contra a que MacNeill compuxo a súa proposta histórica acerca do acontecido entre os séculos XIII e XV.[1203]

Fronte a este relato tendencioso e orientado sempre pola perspectiva inglesa dos acontecementos, MacNeill quere ofrecer a exposición da vida real da nación irlandesa naqueles tempos aparentemente escuros para ela. O seu esforzo concentrouse no capítulo derradeiro de *Phases of Irish History,* que titulou como

[1202] PIH, pp. 349-54.

[1203] PIH, pp. 347-9. Pensa MacNeill que non se trataba do froito dun simple erro de apreciación das bondades do modelo gaélico: "Not indolence nor want of access to the material produces popular history of this sort. It is the product of a peculiar obsession of mind, that makes Ireland appear a sort of hotel, in which the important people are always distinguished visitors, and the permanent residents, when they are not under orders, are occupied with quarrelling children and other household worries in the garret or the basement". Id., p. 349.

"The Irish rally".[1204] A pretensión principal do noso historiador a este respecto centrouse en deixar patente a supervivencia da nación gaélica despois da invasión anglonormanda e a conseguinte implantación do dominio feudal na illa, expoñendo como proba indubidable a dobre manifestación da súa vitalidade ata o século XV no plano político e no cultural. No primeiro, resaltando o afianzamento da conciencia nacional, expresada na loita incesante contra os intrusos; no segundo, reflectindo a forza da cultura gaélica, abonda aínda mesmo para asimilar os propios conquistadores.

Segundo as teses de MacNeill, desde poucos anos despois da invasión e ata os tempos en que os monarcas da dinastía dos Tudor volveran impoñer eficazmente o poder inglés, o sometemento dos irlandeses ós colonizadores foi máis aparente que real na maior parte do territorio insular, no que o dominio iniciado a finais do século XII apenas pasaría do nivel dunha submisión de orde feudal que, con certa frecuencia, quedara nunha proclamación puramente teórica de dependencia señorial. Certo era que, recoñece o noso autor, transcorrido medio cento de anos a partir da primeira presenza dos intrusos, polo menos as dúas terceiras partes das terras da illa caeran baixo o xugo inglés. Fundamentalmente, porque a concesión de dereitos de señorío ós novos magnates feudais sobre moitos dos territorios rexidos por gobernantes gaélicos –en clara vulneración do pactado no Tratado de Windsor, lembra MacNeill– actuara como un poderoso incentivo para emprenderen as custosas operacións da conquista real do país, na procura de executar aquelas mercés que lles foran outorgadas pola autoridade do novo señor de Irlanda.[1205]

Pero, pasado o estímulo que movera as primeiras xeracións de colonizadores feudais, a realidade, sostén MacNeill, foi que nunca chegou a consolidarse unha conquista efectiva do territorio irlandés no seu conxunto. As únicas zonas de ocupación definitiva limitáronse ás comarcas próximas a Dublín e ós arredores doutros poucos núcleos urbanos, desde os cales a autoridade real tratou de exercer a súa soberanía fronte a unha aristocracia nativa que foi capaz de se manter firme nos amplos espazos rurais onde os estranxeiros apenas se aventuraban. Agás pola desemellante orixe nacional das dúas partes enfrontadas, o conflito irlandés non diferiu, neste senso, daqueloutros que repetían por toda a Europa feudal a contraposición das alianzas de comenencia entre as burguesías das cidades e as monarquías, por un lado, e os poderosos grupos nobiliarios polo outro, asegura

[1204] PIH, pp. 323-356.

[1205] PIH, p. 327. En canto á propia ocupación polos ingleses, non se precisa demasiado. Se nesta páxina 327 se fala de 2/3 do territorio, pouco antes, na 324, dáse a cifra de 3/4 partes.

MacNeill.[1206] A este respecto, sinala que, precisamente, a principal consecuencia positiva da implantación do réxime feudal en Irlanda fora o desenvolvemento dos núcleos urbanos no país, descoñecidos na illa ata que os viquingos ergueran as súas prazas fortificadas e que os reis ingleses favoreceran, apoiando ós seus habitantes na "natural oposición" que os enfrontaba ós magnates feudais.[1207]

O esencial para o noso autor, sen embargo, non estaba nesa vertente da disputa entre categorías sociais en defensa de intereses contraditorios. A especificidade irlandesa proviña, na súa opinión, da loita aberta que no seu territorio opoñía dous modelos de organización social e política desde que un deles se entremetera no ámbito propio do outro. O que cumpría explicar, en consecuencia, era o resultado de tal confrontación e, máis en concreto, as causas polas que a conquista non se chegara a completar nunca nos termos que parecían previsibles, en función da recoñecida superioridade militar das forzas estranxeiras. Porque, pregúntase MacNeill con simulada sorpresa, se á preponderancia da forza física do bando invasor, derivada dunhas máis eficientes tácticas de combate, nacidas, á súa vez, dunha mellor organización militar e da construción de fortalezas desde as que asentar o control do territorio, se unía a supremacía na orde moral que lle atribuían ó sistema que os acompañaba os historiadores que loaban as vantaxes do réxime feudal, cáles poderían ser as razóns que fixesen comprensible o feito indiscutible de que a conquista, en último termo, rematase nun sorprendente fracaso? A sempre pronta ironía de MacNeill suxire que a única explicación plausible, no caso de asumir os presupostos conseguintes ás afirmacións de tan tendenciosos autores, non podía máis que recaer no "carácter perverso da alma irlandesa", culpable de non aceptar a dobre superioridade –física e moral– dos invasores procedentes da maior das illas Británicas.[1208]

Pero, claro está, debía haber, por forza, outros factores máis capitais que desen conta daquel desenlace dificilmente previsible. E non formaba parte destes, a xuízo de MacNeill, ningún dos dous acontecementos de principios do século XIV ós que se adoitaba recorrer como explicación nos escritos dos historiadores que el tanto criticaba pola súa parcialidade tan pouco académica. Nin a intervención das tropas escocesas dos irmáns Bruce nin a transferencia do señorío das terras

---

[1206] PIH, p. 323.

[1207] EILI, pp. 146-7. Cualifica o desenvolvemento urbano baixo o feudalismo como unha "especie de paradoxo", dado que o estímulo que o alentaba proviña do feito de ser as cidades, xustamente, lugares libres do dominio dos señores feudais.

[1208] "[...] there is left only one possible explanation of the failures, the perversity of the Irish mind, afflicted with a double dose of original sin, refusing to recognice either physical superiority in the arts of war or moral superiority in the arts of peace". PIH, p. 324

do norte do país dunha liñaxe de orixe anglonormanda pero residente na illa a outra absentista, sen contacto ningún con Irlanda, podían, segundo o noso autor, explicar de modo suficiente o carácter frustrado do dominio inglés na maioría do territorio insular.[1209]

Respecto do primeiro destes factores, alegados de maneira recorrente nos relatos habituais sobre a historia daqueles séculos, MacNeill rexeita que tivese incidencia ningunha na evolución do conflito que enfrontou a irlandeses e ingleses. Era verdade que os reis nativos buscaran ás veces apoio exterior na defensa dos seus intereses fronte ós señores feudais usurpadores. Así, a mediados do século XIII dirixiran xa peticións de axuda ó rei noruegués Hakon, establecido por entón nas illas Hébridas, aínda que a resposta non fora positiva.[1210] Do mesmo modo, con idénticos obxectivos, acudiran ó monarca escocés Robert Bruce, recente vencedor dos ingleses en Bannockburn (1314), ofrecéndolle a coroa de Irlanda a cambio de auxilio para derrotar os seus rivais de estirpe anglonormanda.[1211] O escocés delegou no seu irmán Edward, que se presentou cun poderoso exército na illa, proclamándose rei de Irlanda co apoio daqueles nobres locais. A pesar das súas vitorias iniciais, sen embargo, a aventura rematou coa súa derrota e morte polas tropas inglesas, en 1318, despois de catro anos de campaña por todo o país.

Un dobre motivo leva a MacNeill a descartar a idea de que a invasión organizada polos irmáns Bruce tivese un carácter decisivo na falta da consolidación da conquista inglesa de Irlanda. O primeiro deles insiste en que, a fin de contas, no seu resultado, "a empresa de Bruce foi en por si un fracaso ignominioso". Polo segundo e fundamental, considera a incursión escocesa non como a orixe sobre a que prendera unha reacción dos nativos contra os seus opresores, senón que, ó contrario, toma a propia invasión como a "consecuencia desa reacción", xa desencadeada previamente polos irlandeses.[1212] Para MacNeill, polo tanto, a expedición explicaríase dentro do contexto dunha mobilización irlandesa anterior pola recuperación da soberanía, é dicir, como o seu efecto, máis que como a súa causa.

En canto ó papel transcendental para os acontecementos futuros que se lle adxudicou nalgunhas obras á perda dos señoríos do Ulster e mais de Connacht pola familia De Burgh, de orixe anglonormanda –ata o punto de considerala moitos como "the turning point in the fortunes of the great struggle"–, MacNeill

[1209] PIH, pp. 324-5.

[1210] PIH, pp. 332-3.

[1211] PIH, pp. 333-4.

[1212] PIH, pp. 324 e 337-8.

relativiza considerablemente a súa importancia.[1213] Os feitos desenvolvéranse a continuación do episodio dos irmáns Bruce, despois da recuperación polo *Red Earl* do Ulster, Richard de Burgh, do que estes lle arrebataran no decurso da guerra. O seu sucesor, William, o *Brown Earl,* tras manter unha querela con outros membros da familia, foi asasinado polos seus rivais. Como deixara tan só unha filla cativa como herdeira, esta foi encomendada como pupila, segundo a lei, ó propio rei de Inglaterra, que a casaría cun dos seus fillos, o duque de Clarence, a quen chegou así o antigo señorío dos poderosos De Burgh. Algunhas interpretacións consideraban que fora esta a causa do abandono da antiga lealdade feudal respecto do monarca inglés por parte dos restantes membros da familia, titulares eles mesmos de importantes dereitos señoriais, e mais de moitos outros aristócratas de orixe anglonormanda. A tese sostiña que, como consecuencia da separación imposta dos señoríos de Ulster e Connacht da casa dos De Burgh, ben asentados en Irlanda desde séculos atrás, en favor dunha rama dos Plantagenet, sen relación ningunha cunha illa da que tamén permanecerían ausentes de alí en diante, boa parte da aristocracia feudal seguira o exemplo dos despoxados, que perderon toda fidelidade a Inglaterra e adoptaron os costumes, as leis e a propia lingua dos irlandeses.

Nega, sen embargo, MacNeill validez histórica a semellante presentación do que para el non era máis que un incidente que só viña afondar nun camiño xa antes iniciado. Na súa idea, a fin da lealdade feudal dos De Burgh e doutros aristócratas da mesma orixe foi semellante á que afectara ás primeiras xeracións de conquistadores, pois o grao da fidelidade dos vasalos dependía sempre da forza do titular último do señorío. O declive do réxime feudal en Irlanda foi, segundo MacNeill, tanto a causa do alleamento dos intereses ingleses pola parte dos De Burgh coma a súa consecuencia. Respecto á suxerida súbita adopción pola aristocracia anglonormanda de trazos culturais irlandeses, cumpría ter en conta, alega MacNeill, que non se tratou de cambio repentino ningún, senón do desenvolvemento progresivo dunha tendencia que estivera presente desde a mesma instalación dos estranxeiros en Irlanda. Os De Burgh, por exemplo, establecéranse nunhas terras onde non se falaba ningunha das linguas dos primeiros invasores –francés e galés, cunha mestura de flamengo–, entre as cales non figuraba o inglés. Nesas circunstancias, en contacto continuo cunha poboación nativa que formaba as ringleiras principais das súas milicias e emparentados por frecuentes matrimonios con familias irlandesas, a asimilación das formas gaélicas por esa clase nobiliaria parecíalle a MacNeill o froito lóxico e gradual da acción

[1213] PIH, p. 338.

do tempo, máis que a resposta deliberada a un cambio na titularidade señorial dalgunhas terras do país.[1214]

A fin do dominio dos De Burgh e a rebelión dos descendentes dos antigos invasores tampouco non podía ser, por tanto, a causa da quebra do dominio inglés. Por demais, sostén MacNeill que o proceso de conquista quedara paralizado máis de medio século antes de que os Bruce ameazaran a continuidade da presenza inglesa na illa. Era evidente que a razón, segundo o seu criterio, debía radicar na propia Irlanda gaélica. E foi nesta, xustamente, onde localizou o impulso que, de modo autónomo, orixinado sen interferencia do exterior, puxera fin á expansión da opresión estranxeira. Non había dúbida de que a causa primordial que fixo imposible que esta se completase estivo na resistencia organizada que os propios irlandeses foron capaces de articular a partir dos anos centrais do século XIII, cando a situación comezou a experimentar un xiro nunha dirección totalmente diferente á que viñera levando desde 1169, primeiro nos territorios do Ulster e Connacht e despois en todo o país.

A resposta á pregunta sobre os motivos do carácter inconcluso da dominación inglesa, con todo, esixía tamén a correspondente xustificación que dese conta do cambio de actitude da poboación nativa e das súas clases dirixentes, así como da súa nova capacidade para se enfrontar con posibilidades de éxito ás forzas estranxeiras. MacNeill atopa a clave explicativa de tan substancial cambio no rexurdimento dun sentimento nacional irlandés reactivado baixo o estímulo da opresión á que a nación estaba sendo sometida desde había case un século e que, pola propia inxustiza que implicaba, se converteu na base sobre a que afirmar unha reivindicación que pronto adoptou un contido político.[1215] A argumentación sería desenvolvida polo historiador segundo unha secuencia que encadeaba, nunha relación causal, a conciencia nacional preexistente, a súa reactivación baixo as brutais condicións da conquista, a incorporación dun contido político ó sentimento identitario –que resultou así transformado en *nacionalismo–,* a xuntanza dos irlandeses todos fronte ós seus opresores – "The Irish rally"– e o conseguinte enfrontamento cos estranxeiros que ocupaban a nación, por medio dun movemento de "resistencia irlandesa" para acadar a recuperación da soberanía. Foi nesta cadea onde integrou MacNeill a expedición dos irmáns Bruce e a perda de lealdade de boa parte da vella nobreza de orixe anglonormanda, considerando os dous como acontecementos importantes, certamente, pero só

[1214] PIH, pp. 337-8.

[1215] Exprésao así o noso autor: "The principal factor was national sentiment, intensified and supplied with a more definite political form under a sense of national oppression". PIH, p. 325.

en canto formaron parte dun proceso que se viña desenvolvendo con anterioridade e do que eles foron máis consecuencia que raíz.

A verdadeira orixe do fracaso final da operación de conquista, cando estaba case rematada, despois de sete decenios de supremacía militar por parte das tropas dos magnates feudais e da Coroa inglesa,[1216] fíxaa MacNeill, por tanto, no momento en que se producira a "unión nacional dos irlandeses libres".[1217] E sinala que a data de tan transcendental decisión podía precisarse no ano 1241, cando Maeleachlainn O'Domhnaill e Brian O'Neill se converteran en monarcas dos reinos ulsterianos de Tir Conaill e Tir Eoaghain (Tyronne), respectivamente, e derrotaron os candidatos nativos que recoñecían o dominio do señor feudal más poderoso da rexión, o conde do Ulster. Ó ano seguinte marcaran a nova liña de conduta que se iría espallando desde aquela polo país, cando decidiron resistir os intentos do vicerrei inglés, Maurice FitzGerald, de emprender a conquista real dos territorios setentrionais da illa para facer efectivos os títulos de señorío que se lles adxudicaran ós De Burgh sobre Ulster e Connacht.

FitzGerald conseguira en parte o seu propósito, cando o gobernante irlandés de Connacht se converteu no seu aliado, a cambio de conservar o título de rei, e puido, coa súa axuda, acometer a conquista do territorio do Ulster, algo que nunca se intentara aínda desde as datas da invasión. Despois de perder o cargo o vicerrei, a campaña do Ulster foi continuada polo seu sucesor, coa axuda de tropas irlandesas de Connacht, e mais polo propio FitzGerald, como magnate feudal interesado en facer medrar as súas posesións, manténdose as hostilidades durante anos, con éxitos alternativos dunha e outra parte.

1258 é a outra data decisiva sinalada por MacNeill, aquela na que tivera lugar o "auténtico comezo da unión irlandesa", por canto foi aquel o ano en que se producira a restauración da monarquía nacional.[1218] O acontecemento, ó que lle atribúe a maior importancia, non só polo seu significado inmediato, senón como indicador da evolución posterior da situación no país, orixinouse no acordo de dous dos máis poderosos gobernantes nativos, o de Thomond e o de Connacht –agora desligado dos ingleses–, para unir as súas forzas ás de Brian O'Neill, rei de Tyronne, e outorgarlle a este "by a spontaneous act", a autoridade da monarquía

[1216] MacNeill segue reforzando a caracterización dos invasores como seres pérfidos e desapiadados ó narrar estes feitos. Cita casos de traizón, como o asasinato dunha familia da aristocracia nativa despois de ser atraída a unha celebración amigable, e de crueldade, resaltando os numerosos casos de morte por fame no cárcere, tan frecuentes, afirma, que parece que os magnates *obedecían* a divina prohibición de matar "by allowing God to allow their enemy to die, themselves not interfering". PIH, pp. 337-9.

[1217] PIH, p. 326.

[1218] PIH, p. 346.

suprema sobre a enteira nación. No esquema de MacNeill, tal feito revestía un alcance transcendental, tanto como para considerar que supoñía o inicio dunha nova etapa na historia irlandesa. En primeiro termo, porque significaba o momento culminante da xuntanza dos irlandeses fronte ós estranxeiros. En segundo lugar, porque nunca no pasado os reis provinciais foran capaces de lle ofrecer, "espontánea e pacificamente", a monarquía superior a un deles. Pero, sobre todo, a súa relevancia radicaba en que do acto se deducía un rexeitamento indubidable da autoridade imposta polos señores feudais sobre os reis irlandeses e equivalía, en definitiva, a "unha declaración de independencia nacional" – fundada no "dereito dos irlandeses a determinar a súa propia soberanía", segundo cincuenta anos máis tarde afirmaría o fillo do propio O'Neill nunha misiva dirixida ó Papa para negar validez ás pretensións de dominio inglesas.[1219] Despois de tal decisión por parte dos principais dirixentes nacionais, xa non podía quedar dúbida ningunha da vontade irlandesa de encher politicamente aquel sentimento de identidade diferenciada. Moito máis elocuente, ademais, por constituír un acto sen comparanza posible na Europa daqueles tempos, onde calquera magnate se amosaba sempre disposto a enfrontar unha guerra civil cos demais membros da súa clase antes que renunciar ás súas reivindicacións persoais en asuntos deste teor. Nestas circunstancias, resalta MacNeill, o comportamento da aristocracia e dos monarcas irlandeses, capaces de abandonar as súas propias aspiracións a un título ó que non eran poucos os que podían alegar dereitos ben fundados, resultaba excepcional e, por tanto, verdadeiramente significativa do carácter nacional da loita na que se encadraba.[1220]

Foi deste tan arraigado sentido da nacionalidade, aduce o noso historiador, do que naceu a reunión dos irlandeses todos en defensa da súa soberanía.[1221] Por demais, a nova actitude que medrou no século XIII non se manifestou unicamente na prosecución ininterrompida da loita polas armas, senón que tamén se fixo expresa na procura do fortalecemento das institucións políticas propias. Foi naqueles tempos, recorda MacNeill, cando se adoptou no país a fórmula legal do sistema chamado *tannistry,* polo cal os gobernantes comezaron a designar en vida cadanseu sucesor, nun intento por acabar coas negativas consecuencias das leis hereditarias tradicionais no país, responsables das frecuentes querelas que enfrontaran ás familias dinásticas e inestabilizaran continuamente a vida política,

[1219] PIH, pp. 330-1.

[1220] PIH, p. 346.

[1221] "These facts prove that the first factor in the Irish rally of the thirteenth century was the sense of nationality, intensified by adversity". PIH, p. 332.

aínda que non parece que se convertese en costume xeneralizado nin legalmente necesario.[1222]

Pero, con todo, el mesmo recoñece que a dimensión militar do conflito fora a principal manifestación daquela vontade de defensa da independencia nacional. E nese terreo resultaría esencial, na súa opinión, unha terceira ruptura cos modos habituais do país gaélico, neste caso nun aspecto vital para o desenvolvemento da capacidade bélica das forzas nativas, tan inferiores ata o momento ás milicias feudais. Nunca, desde os tempos lendarios dos *fianna,* lembra MacNeill, existiran en Irlanda tropas organizadas de maneira permanente. Sen embargo, no mesmo século XIII, as cousas cambiaran neste terreo, a causa da repetida chegada de grupos de guerreiros profesionais procedentes de Argyle e das Hébridas –os chamados *galloglasses*– para poñerse ó servizo dos monarcas irlandeses do Ulster. Á parte do seu propio papel como forza de combate xunto a estes, o que MacNeill atopara de transcendental en tal incorporación ó escenario irlandés é o exemplo que estimulou ós nativos a establecer corpos similares, remediando así unha das deficiencias das que deitara a súa patente inferioridade militar desde os tempos da invasión. "Foi esta reintrodución da organización militar permanente a que, en definitiva, quebrou a forza da conquista feudal", afirma MacNeill, aínda que sen deixar de salientar que o seu papel soamente se explicaba pola precedente vontade de loita dos propios irlandeses.[1223]

Xunto co segundo e o terceiro intentos de liberación do xugo estranxeiro apoiándose na axuda exterior –norueguesa e escocesa–, os irlandeses continuaron sen desfalecer a súa resistencia nacional, segundo especifica o noso historiador, ocupando territorios dos señores feudais, destruíndo os seus castelos e erguendo outros propios, así como reforzando a súa organización militar.[1224] Resalta no seu relato do acontecido nos decenios finais do século XIV e nos primeiros do XV, sobre todo, o final do dominio feudal na parte oriental do Ulster, que databa dos tempos dos primeiros conquistadores, e o recoñecemento xeneralizado de membros da familia O'Neill como monarcas de toda Irlanda. Respecto do primeiro, detense a precisar o protagonismo de Niall O'Neill, cualificado polos analistas, ó rexistrar

[1222] PIH, p. 332 e EILI, p. 148. Noutro lugar desmentiu MacNeill como un dos grandes tópicos que falseaban a historia do país a crenza de que o *tannistry* era unha institución gaélica de orixes inmemoriais, atribuíndo a súa aparición, a partir do século XIII, á influencia do feudalismo, á vista das vantaxes da lei da primoxenitura sobre un sistema tan inestable coma o tradicional irlandés. PIH, p. 295.

[1223] PIH, pp. 325-6 e EILI, p. 98. Na primeira obra, pouco máis adiante, utilizando o seu habitual método de explotación das listas nominais dos documentos gaélicos, MacNeill fai unha relación detallada das principais familias de orixe hébrida que se estableceron e permaneceron por xeracións en Irlanda, como unha contribución máis á identidade nacional. PIH, pp. 334-5.

[1224] Enuméranse os feitos bélicos en PIH, pp. 334-7.

a súa morte, como "rei do Ulster".[1225] En 1430, un novo rei deste título recibiu a lealdade de boa parte dos principais monarcas nativos da illa, marcando o punto culminante do poder dos O'Neill.[1226] Con tal referencia culmina MacNeill a enumeración das fazañas militares dos irlandeses na súa loita pola liberación da opresión estranxeira.

Tampouco non descoidou o noso autor a dimensión cultural do esforzo irlandés. Por un lado, para salientar a fortaleza da cultura gaélica, como signo indiscutible da supervivencia da nación, a pesar das trabas todas que se lle puxeron. Por outro, por canto xa se viu como insistiu en que fora a conciencia da nacionalidade a que impulsara o enteiro proceso liberador.

No primeiro dos sensos, como quedou dito ó expoñer o caso da *gaelización* dos De Burgh e doutros aristócratas de procedencia foránea, gústalle lembrar a MacNeill que a solidez da cultura gaélica era tal, que acabou asimilando os "vellos estranxeiros".[1227] E isto aínda contra a recalcitrante oposición da administración inglesa, que buscou sempre a maneira de impedir o crecente proceso de integración dos propios magnates feudais de orixe anglonormanda na cultura do territorio onde se estableceran como conquistadores. Política que exemplificou o Estatuto de Kilkenny (1366), que pretendeu manter completamente separados os nativos dos colonos ingleses do territorio real, prohibindo as relacións individuais entre eles e establecendo que calquera tratado con eles debería ser común a toda a colonia ou contar con autorización legal. O obxectivo verdadeiro de semellante lexislación –"quizais a lei máis estraña que nunca se fixo"– non foi tanto exercer presión sobre os irlandeses, que xa estaban "fóra da lei", canto frear a tendencia ó achegamento ós costumes do país por parte dunha considerable fracción da antiga poboación colonizadora. Sen embargo, proclama MacNeill, o fracaso fora completo: "They continued to become *Hibernis ipsis Hiberniores".*[1228] En realidade, as circunstancias foran transformando as liñas establecidas ó inicio da conquista. O propio Richard II, que visitou persoalmente Irlanda a finais do século XIV, recoñeceu o dominio efectivo de moitos gobernantes nativos sobre os territorios que foran recuperando, ó aceptar a súa homenaxe e recibilos como vasalos. Pero é que tamén os propios señores feudais de orixe estranxeira, a pesar da lexislación en sentido contrario,

---

[1225] Aproveita MacNeill a cita da súa vitoria en Downpatrick, en 1375, o mesmo lugar onde o seu bisavó Brian O'Neill morrera derrotado en 1260, para amosar a teimosía da nación na súa loita: "[...] so little were the Irish of that age daunted by the apparent disasters of their forefathers". PIH, p. 341. Os ingleses enviaran a cabeza do líder irlandés a Londres, para sufrir escarnio público.

[1226] PIH, p. 343.

[1227] PIH, p. 341.

[1228] EILI, p. 145.

adoptaran, *de facto,* as leis irlandesas e recorrerían ós xuristas nativos para as relacións cos seus súbditos.[1229]

En canto ó segundo aspecto da dimensión cultural da loita irlandesa pola liberdade, xusto ó final do seu relato dos episodios do conflito militar, quere salientar MacNeill a súa transcendencia aludindo, de contado, á celebración dun magno festival artístico e literario convocado por unha muller, Margaret O'Carroll, esposa do rei de Offaly, nas mesmas proximidades do "Pale", a pequena zona de dominio exclusivo que aínda permanecía baixo o control dos estranxeiros, nas terras dos arredores de Dublín, en 1433. Concédelle MacNeill gran relevancia a este tipo de mostras culturais, por entender que eran unha proba irrecusable de que os irlandeses se guiaban naqueles tempos "segundo unha clara e concreta conciencia da nacionalidade" e porque tal clase de acontecementos, que tiñan antecedentes anos atrás, posuían unha sobresaliente significación política. E aínda máis se tiñan lugar, como este, nas mesmas portas do territorio sometido ó xugo estranxeiro, demostración evidente do éxito que acadara a mobilización irlandesa contra os invasores. Con tal homenaxe á cultura do país, o seu verdadeiro sinal de identificación, culmina a narración do "Irish rally", a través do cal MacNeill quixo contar "o progreso da renacente Irlanda" desde que aquel movemento liberador se iniciara: "And there I leave the story".[1230]

2.4.3. A nova conquista e a fin da orde gaélica

Despois da narración do rexurdimento dos séculos XIII ó XV, debeu deixar constancia MacNeill de que a nación entraba de novo noutro "tempo de escura adversidade".[1231] A illa foi sometida entón outra vez pola Inglaterra dos Tudor, e o noso historiador viuse compelido a presentar unha explicación de como puidera chegar á súa fin aquel esforzo pola recuperación da liberdade e do esplendor da civilización gaélica. O interese material máis vulgar e a forza militar constitúen os dous elementos da súa resposta. Igual que os Plantagenet agocharan na desculpa das súas pretensións misioneiras as súas ansias de enriquecemento cos recursos irlandeses, os ministros da raíña Elizabeth amparáronse na escusa de civilizar Irlanda para facerse co control das ricas terras do país.[1232] Do mesmo modo que as tácticas da guerra feudal lles permitiran a aqueles facerse coa illa, a superioridade

---

[1229] EILI, p. 147.

[1230] PIH, pp. 344-6. Di coincidir MacNeill coa historiadora A.S. Green en que o festival era unha "generous homage of an Irish queen to that literary tradition which [...] is the most characteristic element in Irish nationality".

[1231] PIH, p. 346.

[1232] Recorre á sentencia irónica MacNeill: "The Plantagenets invoked Peter, the Tudors invoked salpetre". PIH, p. 347.

dos exércitos ingleses permitiulles agora conquistala de novo.[1233] Nada tivo que ver o resultado, nin nunha nin noutra ocasión, con motivacións que non fosen as dos máis comúns e viláns dos intereses.

Pero, aínda así, que os conquistadores se movesen pola cobiza, e non por ningunha outra causa que puidese xustificar as súas accións, non explicaba como se viñera abaixo unha civilización tan sólida. Na retórica de MacNeill a pregunta formúlase revestida dunha solemnidade transcendental: "How came it that a brave and intelligent and energetic people did not keep itself in the forefront of western development?".[1234]

Algún "defecto radical" debía aniñar no miolo da civilización gaélica que fixese comprensible o seu esnaquizamento, suxire MacNeill. A súa explicación sinalou como culpable das desgrazas todas da sociedade gaélica á "clase patricia" que gobernaba a nación, unha "nobreza incapaz de utilizar a súa intelixencia para mellorar cos tempos" por causa dun só defecto, o orgullo: "[...] they were perhaps the most intensely proud class of men that ever existed. This pride was bred in their bones. It came to them out of an immemorial past".[1235] Era un orgullo de carácter racial, inscrito xa no carácter dos primitivos celtas antes da súa chegada á illa, acrecentado despois por dous mil anos de goberno independente en Irlanda –abondo tempo para ensoberbecer a calquera grupo–, reflectido aínda despois da derrota na admiración que a nobreza do seu porte e das súas maneiras espertou en todas as terras de Europa –"agás nunha soa"– e proclamado ata o extremo nos escritos gaélicos duns poetas que traballaban para servilo. Demasiado orgullo, que cegou os gobernantes e nos lles deixou ver a inseguridade do país, volvéndoos descoidados e incapaces de tomar as medidas que o perigo requiría: "Glorying in the long vista of their past, they did not look before them. They were conservative, inadaptable, unproviding. Herein lay the fatal weakness of medieval Ireland".[1236]

O resultado final da nova conquista foi catastrófico para a sociedade gaélica. O século XVI marcou a súa práctica desaparición. Contra a xustificación da política de dominación emprendida polos Tudor, outra vez baseada na suposto estado de incivilidade dos irlandeses, MacNeill volve resaltar que, aínda naqueles momentos,

---

[1233] Se a palabra clave do período anglonormando fora "incastellation", a que corresponde ó dos Tudor é "gunpowder", afirma MacNeill. PIH, p. 347.

[1234] PIH, p. 354.

[1235] PIH, p, 354.

[1236] PIH, p. 355. Contrasta a radicalidade destes xuízos coas loas que daquela mesma clase dirixente facía o noso autor cando se refería ó seu desinterese en canto á reivindicación dos seus dereitos á monarquía suprema, xenerosidade que tanto os distinguía, afirmaba, dos seus semellantes do resto de Europa.

non faltaban os indicadores do pulo da civilización específica irlandesa. Existían os testemuños de que mesmo no ano 1600, en plena guerra de ocupación, os soldados da raíña puideran vivir dos froitos dos que os fornecían unha extraordinaria agricultura e unha abundante gandería nativas.[1237] E sábese ben que, por aquelas mesmas datas, aduce o noso autor, estaban en pleno funcionamento algunhas das escolas de leis gaélicas, das cales, precisamente, proviñan a maioría dos manuscritos que chegaran ata os seus días. Sen embargo, pouco despois, baixo o reinado de James I, a lei irlandesa foi definitivamente anulada, mentres a inglesa era formalmente establecida en todo o país.[1238] En canto á prosperidade da poboación nativa, todo se veu abaixo coa desaparición dos numerosos campesiños donos das súas terras, despoxados dos seus bens e reducidos á condición de arrendatarios sen dereitos, convertidos en "practicamente servos dos novos propietarios", despois da política de desposesión que puxeron en marcha Henry VIII e Elizabeth I e que completou o réxime de Cromwell. Con el, por fin, o Estado moderno, dirixido desde Inglaterra, rematara a tarefa iniciada séculos atrás pola imposición do feudalismo, acabando definitivamente coas institucións gaélicas e, con elas, coa singular orde irlandesa.[1239]

3. A representación académica do pasado examinada na perspectiva do primeiro modelo de historia nacionalista

Segundo se desprende da exposición que se acaba de facer, boa parte dos criterios cos que Eoin MacNeill se aproxima ó pasado da súa nación non son demasiado diferentes dos que guiaran as excursións históricas dos autores da segunda metade do século XIX que xa se consideraron anteriormente nestas páxinas. Ademais da inspiración ideolóxica que condiciona o seu traballo, a significación política que lle atribúe á historia, a dimensión pedagóxica que xustifica o esforzo do autor e a ambición de poñer de manifesto a *verdadeira* historia do país son trazos, todos eles, claramente perceptibles tamén naquelas obras que se denominou co concepto de *historias populares*. Neste senso, é necesario analizar os seus estudios como un elemento máis que se engarza na mesma liña de representación do pasado irlandés que se fora desenvolvendo na segunda parte da centuria anterior. Xa se viu, sen embargo, que os traballos de MacNeill presentan, a maiores, unhas características certamente novas respecto daqueloutras historias de concepción nacionalista que os precederan, en canto a

[1237] EILI, pp. 44-6.

[1238] EILI, 148.

[1239] EILI, p. 43.

metodoloxía, pretensións científicas, selección cronolóxica e definición da nacionalidade, as cales fan da súa obra unha contribución historiográfica que, polo menos nestes ámbitos, rompe a tendencia propia das achegas anteriores e obrigan a considerala tamén nun plano diferente.

Parece conveniente, polo tanto, antes de proceder á necesaria comparación entre as dúas propostas historiográficas amentadas, a *popular* e a *científica,* establecer de maneira sintética os principios nos que se funda esta segunda, representada na versión de Eoin MacNeill que se acaba de caracterizar conforme ás seguintes pautas:

a) Representación científica do pasado nacional. Sen renunciar ás convicciónns nacionalistas que publicamente profesa, Eoin MacNeill presenta as súas contribucións ó coñecemento da historia de Irlanda como resultado dun traballo investigador rexido polo respecto ós criterios académicos propios dos estudios históricos no seu tempo. Desbota de maneira expresa, en consecuencia, as interpretacións fantasiosas das narracións tradicionais, nacidas dos relatos dos escritores medievais –compostos, segundo pon de relevo, ó servizo da clase dirixente que os patrocinara–, recollidas sen maior crítica nos séculos posteriores e espalladas amplamente na sociedade. Tales inexactitudes constituían o núcleo das crenzas populares sobre o pasado da nación que, xunto coas deformacións introducidas de maneira interesada como lexitimación da dominación inglesa do país, o autor pretende corrixir coa súa obra.

A representación da historia nacional de MacNeill, polo tanto, proponse a refutación da tendenciosa versión inglesa do pasado e a depuración das afirmacións infundadas das *historias populares,* seguindo as pautas propias do estudio académico: a selección das fontes adecuadas, o manexo científico dos materiais e a obxectividade na interpretación.

b) Definición cultural da nacionalidade. MacNeill caracteriza o pobo irlandés como unha nación gaélica e católica. Con independencia do seu *status* político, a nación atravesa o tempo histórico como suxeito diferenciado, en tanto que permanece inalterada a esencia que a define como entidade singular, creadora dunha civilización peculiar que era froito da mestura inextricable da herdanza cultural celta do pobo fundacional e da relixión cristiá que a modelou no seu día con carácter definitivo.

c) Preferencia da dimensión cultural sobre a política. En conformidade coa súa caracterización da nación, os estudios de MacNeill, considerados no seu conxunto, amosan unha preferencia pola especificación dos trazos culturais da civilización irlandesa, poñendo de manifesto a orixinalidade desta e resaltando o

extraordinario grao de desenvolvemento que acadara nos seus momentos de esplendor.

d) Representación afirmativa do pasado. A pesar da quebra da orde gaélica coa que remata a exposición do período sobre o que traballa, a impresión inmediata que se desprende da lectura da representación histórica de MacNeill é a que se corresponde co retrato dunha cultura do rango das civilizacións *clásicas*. Cualificación ben acaída, ó seu xuízo, tanto polos merecementos dos que eran expresión os altos niveis da súa produción cultural coma pola súa sinalada contribución á configuración da civilización europea, aspectos, ambos os dous, nos que a vella Irlanda gaélica é comparable á Antigüidade grecorromana. A obra de MacNeill consegue tal efecto positivo concentrando a súa atención no momento histórico en que as características que salienta se manifestaran da forma máis acabada, na que chama *Idade de ouro* irlandesa, froito da interacción de tres factores: o xa maduro legado céltico, a plena adopción da relixión cristiá por aquela sociedade e a liberdade política que permitira a súa afortunada confluencia.

Unha análise proveitosa dos textos de Eoin MacNeill, sen embargo, volve precisa unha lectura suplementaria que os considere non de modo illado, senón en relación coa serie de relatos históricos que deran en proliferar na Irlanda da segunda metade do século XIX, dalgúns dos cales se deu conta nestas páxinas. Fundamentalmente, porque tales obras constitúen o contexto no que xorden as contribucións do noso autor e, en consecuencia, achegan algunhas das claves que permiten a súa mellor comprensión. Aquelas *historias populares* conforman unha das principais referencias que condicionaron a elaboración dos traballos de MacNeill, non soamente no sentido negativo, en canto se corresponden co tipo de achegamento non científico ó pasado que el aspiraba a superar, senón tamén porque, como se verá, comparten coa súa propia obra –quer dicir, *transmítenlle* á súa propia obra– un conxunto de trazos e presuncións que obrigan a considerala, ó cabo, dentro dun mesmo marco de comprensión política da historia. Neste senso, cómpre sinalar as continuidades e as rupturas que cabe apreciar entre os dous modelos historiográficos, o que denominamos *popular* e o que presume de ser o froito dun estudio guiado polas máis estrictas pautas do traballo académico. E mesmo é preciso considerar os elementos que, tomando novas aparencias máis consontes coas esixencias científicas, viñan supoñer, en realidade, unha confirmación das antigas proposicións daquelas narracións de elaboración menos rigorosa. A tal efecto, considéranse nas seguintes liñas os carácteres do relato historiográfico de MacNeill á luz do xa descrito primeiro modelo nacionalista da historia de Irlanda.

3.1. A difícil coexistencia entre a fundamentación científica e a determinación ideolóxica

1. O condicionamento ideolóxico. Segundo se puido apreciar en diversos momentos da exposición do relato histórico de Eoin MacNeill, a tensión entre o rigor científico que continuamente proclama o autor como fundamento das súas investigacións e a doutrina nacionalista que profesa resulta, con abonda frecuencia, nunha caracterización do pasado onde se perciben con claridade as dificultades para mesturar de maneira equilibrada estes dous guieiros que rexen o seu traballo. Non dubidaba o autor, a este respecto, de que tal combinación fose posible, de que coubese compoñer unha representación do pasado compatible cos principios ideolóxicos nacionalistas e mais cos criterios científicos, un relato que, en suma, proxectase na historia a caracterización nacionalista do presente sen mingua ningunha da calidade académica. En realidade, seguindo o mesmo proceso mental do que xa se deu conta ó analizar os anteriores textos históricos, MacNeill inverte o mecanismo que relaciona as súas presuncións ideolóxicas e a súa produción historiográfica, facendo derivar a convicción nacionalista persoal do labor de contemplación do pasado, o cal, precisamente, viría xustificala e lexitimala. A súa crenza na realidade do ser nacional, sen embargo, é previa á súa representación histórica, convertida esta, de tal xeito, en simple corroboración do fundamento sobre o que se constitúe a ideoloxía nacionalista, a saber, a existencia dunha nación diferenciada como suxeito dos dereitos políticos primordiais.

Non se consideraba MacNeill a si mesmo un nacionalista radical. Cando menos non como para pensar que o seu compromiso político puidese limitar a precisión do seu xuízo como historiador. Pola contra, rexeitou tal posibilidade de maneira expresa e incluso, cando quixo delimitar o espazo no que se integraban os historiadores que se ocupaban do pasado de Irlanda sinalando os seus dous extremos, o dos "ultra-patriotas" e o dos "da outra banda –como queira que os chamemos", non sen incluíu el mesmo, claro está, en ningún deles.[1240] Sen embargo, xa no seu propio tempo recibiu críticas polo condicionamento ideolóxico que translucían as súas interpretacións históricas, acusacións inevitables, desde logo, dada a súa coñecida militancia nacionalista, e que MacNeill atribuíu, devolvendo a denuncia nos mesmos termos, á propia

[1240] Criticando o uso do concepto de *sistema clánico,* divide así os estudiosos da historia: "This phrase is used by the ultra-patriotic just as freely and confidently as by those on the opposite edge –whatever we are to call them– those people who perform for Irish history the not unfruitful function of devil's advocate". PIH, p. 289.

deformación política con que xulgaban o seu traballo os que as formulaban.[1241] En realidade, como xa se puido comprobar, as preconcepcións ideolóxicas coas que MacNeill emprendeu a súa viaxe ó pasado, que el mesmo nunca ocultou, na seguridade de que non serían obstáculo que atrancase a súa independencia de xuízo, abrollan de seguido no seu enteiro relato da historia irlandesa. As súas virtudes como historiador con pretensións de obxectividade profesional non son garantía suficiente para impedir que el mesmo non atinase a miúdo a distinguir o que viña ser froito da súa dedicación científica e o que deitaba directamente da súa convicción nacionalista. De feito, máis ben, o propio autor tende a escurecer os límites entre dous planos que, por demais, resultan de difícil separación, en canto é o factor ideolóxico o que impulsa o seu achegamento ó pasado e o que, en consecuencia, determina a súa representación.

O resultado de tal condicionamento aflora continuamente nos textos de MacNeill. Informa, en primeiro termo, o afán didáctico co que o autor concibe a súa enteira obra, a cal cabe considerar, a pesar das súas ínfulas académicas, como parte da mesma esfera da militancia propagandista na que traballaba a prol do rexurdimento da lingua gaélica. Porque, igual que no ámbito do idioma nativo, tal viña ser tamén o seu obxectivo no campo historiográfico, o de proceder á recuperación da historia nacional nun dobre senso: recuperación da historia propia para promover o coñecemento polo pobo do seu glorioso pasado;[1242] e recuperación tamén do *control* sobre a elaboración do relato histórico, liberándoo das mans estranxeiras que o utilizaban á súa comenencia, como instrumento lexitimador da dominación.[1243] Rescate do pasado que consideraba imprescindible para que a historia puidese desempeñar o papel apropiado que se lle reservaba na loita nacionalista, como se aprecia na teimosía do noso historiador respecto da refutación da caracterización tribal ou clánica da sociedade tradicional irlandesa. Insistencia comprensible, por demais, naquela época do apoxeo colonial, por causa das inevitables connotacións negativas que implicaba a asociación da nación cos pobos aborixes africanos e asiáticos, pero tamén porque a aceptación de ser os lazos de sangue o elemento determinante da estrutura social da antiga sociedade gaélica

---

[1241] O propio autor recolle un parágrafo do historiador inglés Christopher Dawson no que este afirma o carácter tribal da sociedade céltica irlandesa, "in spite of the protests of patriotic Irish scholars, such as Professor MacNeil[l] and Professor Macalister". EILI, p. 15.

[1242] Conclúe así *Phases of Irish History:* "If only I have succeeded in convincing you that Irish history must contain life, movement, colour, coherence, and human interest, beyond anything depicted of it in many books that have been written about it, with that and the recollection for your kind support I make a well contented conclusion". PIH, p. 356.

[1243] Cualifica o noso autor de *falacia* certas afirmacións dos historiadores ingleses: "a sort of fallacy common enough when the history of a nation or the description of its customs is undertaken by foreigners". EILI, p. 116.

impedía soster a condición nacionalitaria do pobo irlandés no pasado ó que MacNeill a quería remontar.

Está ben presente tamén a supeditación ideolóxica no ánimo do autor de lexitimar as proposicións nacionalistas retrotraendo a nacionalidade ata os inicios da historia, en canto no seu mesmo principio cabía rastrexar algúns dos seus trazos diferenciadores, e remontando a conciencia de formar unha nación plenamente constituída os irlandeses ós primeiros séculos medievais. De igual modo, aparece continuamente tal condicionamento sustentando o aparello conceptual que o autor manexa e sobre o cal constrúe a súa visión do pasado de Irlanda. Como nacionalista herderiano, MacNeill interpretou segundo a súa comenencia doutrinal os conceptos de *nación* –o ente *natural,* sempre existente, a pesar de non ter reflexo na independencia política– e de *Estado* –a construción *artificial* que non sempre respecta as realidades nacionais básicas–, establecendo unha diferenciación que lle permite aseverar a permanencia da nacionalidade irlandesa máis alá da disposición dunha entidade política propia.[1244] Lémbrese, ademais, a súa obsesión por salientar os trazos que ligaban entre si os pequenos Estados do sistema político gaélico, poñendo de relevo a compatibilidade da independencia de cada unha das unidades estatais menores coa existencia dunha monarquía central que as relacionaba nunha estrutura política superior, e sinalando os lazos de carácter nacional que as leis, os druídas e, sobre todo, a cultura compartida establecían entre os irlandeses todos desde a Antigüidade, vínculos reforzados pola chegada da nova relixión cristiá, que decontado se apoderara da alma da poboación do país e a convertera nunha nación plenamente formada.

Por moito que se afastase no tempo da historia, en realidade, nunca abandona o presente o noso autor. A súa exploración daquel pasado tan distante soamente se xustifica polo obxectivo político que o impulsa: descubrir a Irlanda gloriosa que foi e que cómpre que volva ser, caracterizar a Irlanda ideal que unha vez existiu e propoñela como modelo para o presente. Non outros son os motivos polos que MacNeill considerou tan importantes a caracterización e a divulgación da verdadeira historia nacional, depurada das fantasías concibidas noutros tempos para satisfacción de ambicións individuais e liberada das adherencias e deformacións

[1244] MacNeill precisa de maneira pormenorizada as súas ideas sobre o Estado, a nación e a nacionalidade na introdución de EILI, pp. 5-56. Critica nela a identificación entre *civilización* e *Estado,* entre o que é *natural* e o que é construción *política:* "Nationality is to be distinguished from Nationalism, which is a political doctrine, meaning localised Statism; it is a fact, not a theory; a nation is a species of the genus civilisation, a State is a species of the genus government. Nationality is the type of civilisation which a people has developed, which has become that people's tradition, and is so distinctive of that people". Id., pp. 53-4.

figuradas en beneficio da dominación estranxeira.[1245] As mesmas razóns polas que aceptara, por fin, reunir os seus artigos máis significativos en libros recompilatorios, de maneira que as súas achegas puidesen superar os reducidos ámbitos de lectura das publicacións especializadas e acadasen unha difusión máis ampla na sociedade irlandesa. A pesar das súas protestas de estrito respecto ás pautas da ciencia historiográfica, a funcionalidade política que MacNeill lle asigna ó relato do pasado fai que a sombra das *historias populares* cubra aínda boa parte da súa contribución ó mellor coñecemento dos tempos primeiros da nación irlandesa.

2. O presentismo político da representación histórica. En boa lóxica, a representación do pasado composta por MacNeill comparte cos autores dos textos históricos que demos en chamar *populares* os principios da descrición nacionalista da realidade presente: a confrontación entre dúas nacións como factor determinante, a imposición do dominio inglés como causa da prostración económica e política do país e a necesidade de proseguir a loita pola liberación nacional. A contribución de MacNeill e, en xeral, da corrente nacionalista da que é figura representativa engade á tal caracterización a singularidade cultural como o factor máis sobresaliente da nacionalidade, considerando a decadencia da súa cultura específica como a expresión e, ó tempo, a causa desa situación de abatemento xeral. Nos autores considerados con anterioridade apenas se atopara mención destacada ningunha sobre os asuntos desta orde cultural, agora convertida na cuestión primordial. Dela dependía, segundo a visión ideolóxica de MacNeill, a lexitimidade das reivindicacións nacionalistas, en canto o dominio político inglés estaba propiciando a destrución da nación irlandesa, equiparada esta á súa ameazada esencia cultural. Sumábaselle así unha nova xustificación ó argumentario nacionalista, xustificación para a que, precisamente, MacNeill quixo procurar unha confirmación axeitada no horizonte histórico.

A época do pasado da que se ocupou preferentemente MacNeill non lle permitía realizar a retroproxección da imaxe nacionalista do presente dunha maneira lineal. Sen embargo, conforme ós seus principios ideolóxicos, procedeu a efectuar unha operación de transposición temporal que viña confirmar aquela descrición dunha maneira indirecta e por contraste. En canto que o obxectivo primeiro dos seus traballos sobre a historia era a demostración da existencia doutra Irlanda diferente no pasado e a súa presentación como retrato da nación auténtica,

[1245] Como outros nacionalistas, MacNeill acusaba o sistema educativo británico imposto na illa de condenar o pobo irlandés á ignorancia do seu propio pasado, atribuíndolle como obxectivo "to cut the Irish people off from their own past –to make them think that they were foundlings in the world, nobody's children– and thereby to destroy their self-respect and render them more easily handled like a set of broken paupers in a poorhouse". Eoin MacNeill, "The Teaching of History in Irish Schools", *An Claidheamh Soluis,* 28 de outubro de 1911, citado en Philip O'Leary, *The Prose Literature of the Gaelic Revival,* p. 165.

a propia comparación que, de maneira implícita, se propón entre as dúas viña corroborar de forma indubidable a caracterización negativa coa que o nacionalismo figuraba o presente e, como consecuencia, a xustificar as súas demandas políticas. Alí onde as *historias populares* afirmaban a coherencia entre presente e pasado, e mesmo a súa igualdade, MacNeill proclama a existencia doutro tempo *diferente,* anterior a aquel no que a progresión cronolóxica convencional perdía o seu significado, fundidos os séculos nun todo indiferenciado de opresión e decadencia no que se unían o principio e o final dos últimos trescentos anos de dominio inglés.

Por demais, MacNeill non recorreu á historia na procura dunha explicación para o presente, a non ser da maneira indirecta que se acaba de comentar. Entre outras razóns porque, na súa época, a ideoloxía nacionalista parecía abondo estendida na sociedade irlandesa como para que non se precisase insistir na *causa* dos males que padecía a nación. A explicación nacionalista, que atribuía a lamentable situación do presente á opresión histórica inglesa, convertérase xa nunha *evidencia* para a maioría da sociedade, nunha proposición que apenas necesitaba de maiores argumentacións. Neste senso, as achegas do *revivalismo* cultural no que se integraba MacNeill non deben ser entendidas como unha alternativa ó nacionalismo político, senón como un afondamento na lexitimación da súa doutrina, como un complemento que reforzaba a loita pola consecución das reivindicacións políticas inmediatas, sucesivamente expresadas, segundo o momento, no combate pola implantación do *home rule,* na mobilización a prol da independencia e, por fin, no programa de goberno do *Free State.*

O verdadeiro motivo do seu interese polo pasado era a promoción dun modelo de nación válido para orientar a loita nacional e mais a acción do goberno irlandés independente, tanto cando este non era máis que unha aspiración ansiada como cando se concretou en realidade institucional. Neste senso, cabe sinalar que mentres as referencias explícitas do autor se dirixían cara a un pasado remoto, do que apenas era posible percibir pegadas no presente, os seus traballos están concibidos como unha apelación implícita cara ó futuro, en canto pretendían configurar unha proposta para os tempos de liberdade nacional que se albiscaban no horizonte. Deste modo, MacNeill coincidía cos historiadores da anterior centuria no rexeitamento dun presente que a todos lles resultaba desacougante e que cumpría superar por medio da loita nacionalista, pero deu un paso máis cara a diante. Mentres nas *historias populares* se enlaza sempre o pasado co presente, detendo os seus proxectos na consecución da quebra do sometemento a Inglaterra, MacNeill veu tender un vínculo entre o pasado e o futuro. A súa preocupación fundamental transcende a ansia pola liberación e céntrase nas finalidades que xustificaban a loita por acadar o autogoberno, propoñendo un plano de actuación e fixando o

modelo de referencia cara ó que cumpría dirixir a nación en liberdade. Da mesma maneira que é común ó nacionalismo irlandés, MacNeill fuxiu tamén dunha realidade na que resultaba ben difícil percibir os trazos da nacionalidade, pero, a diferencia dos que se concentraban só nas urxencias da loita política, construíu un pasado no que reflectir aquela imaxe idealizada da nación que lle resultaba imposible de atopar no triste presente.

En suma, o programa de MacNeill comeza xusto no punto onde se detiñan os nacionalistas *políticos,* no instante mesmo da liberación, a partir do cal debería principiar a tarefa que xustificaba a loita mesma, é dicir, a *reconstrución* da nacionalidade irlandesa. Era para aquel futuro prometido para o que ofrecía o modelo da *auténtica* Irlanda, a daquela *idade dourada* na que a nación puidera edificar a súa forma específica de civilización vivindo na liberdade da que, conseguido o éxito político, volvería gozar un día. Esquecendo o penoso presente, polo tanto, cumpría recuperar a verdadeira historia da nación, para asentar nela o primeiro piar da ponte que había unir aquel pasado glorioso co agardado futuro aberto pola quebra do secular xugo opresor.

A historia da Irlanda gaélica convértese outra vez, deste xeito, nunha contribución á loita nacionalista do presente, en canto autoriza a proclamación nacional, xustifica a demanda do recoñecemento dos dereitos políticos da nación e propón o programa no que asentar a acción política do cobizado Estado irlandés. Aínda que se expresase dun modo menos directo e manifesto que a que sustentaba os relatos históricos do século XIX analizados previamente, a dimensión *presentista* latexa, polo tanto, no traballo dun historiador como MacNeill que, na aparencia, se quixo afastar ben lonxe do presente. Como naquelas *historias populares* que pretendía superar coa súa investigación meticulosa, tamén a súa representación do pasado se concibe coa expectativa de desempeñar unhas funcións políticas específicas: lexitimar as propostas nacionalistas, inspirar a tarefa de goberno, fixar un paradigma exemplarizante e amosar a diferencia substancial entre o presente e o pasado, demostrando que a nación non estaba condenada ó atraso e á dependencia, que non tiña sentido, polo tanto, a resignación ante os males que consumían o país.

A preocupación polo presente, en consecuencia, aproxima relativamente os dous modelos nacionalistas de representación do pasado, o que se desenvolvera a partir do afán pedagóxico dos escritores da Young Ireland e o que quería responder ás pautas do traballo académico. Sendo evidentes na concepción, na metodoloxía da que deitan e nos propios resultados, as diferenzas entre eles quedan mitigadas por efecto da común plataforma ideolóxica desde a que se formulan. Cabe apreciar tal proximidade mesmo ó considerar aspectos nos que parecen obxectivamente

moi distanciados, como o relativo ó espazo temporal no que se centran os respectivos relatos e a interpretación xeral sobre a que se configura cada unha delas. A este respecto, mentres as historias do século XIX, ó teimar no discurso de inxustiza e opresión, tendían a representar o pasado como un tempo de sufrimento, o conxunto dos escritos de MacNeill inclínase a caracterizalo como un tempo de gloria e esplendor. Sen embargo, a referencia ó presente, por máis que sexa implícita nos textos de MacNeill, atenúa a aparente desemellanza. Sen dúbida ningunha, a dor polo perdido sería máis aguda despois de deixar constancia dos niveis de cultura e prosperidade que acadara no seu día a nación, aqueles dos que o dominio estranxeiro non lle permitía seguir gozando.

Outro tanto sucede ó examinar os propios contidos de ambas as dúas versións do pasado. Por un lado, en canto a composta por MacNeill veu complementar, en certo modo, as *historias populares,* que dirixían a súa atención ó pasado máis próximo e idealizaban, sen máis fundamento que as fantasías de orixe medieval, os tempos máis remotos, no caso de se referir ás épocas previas á invasión anglonormanda. A este respecto, a obra de MacNeill veu dar consistencia científica a aquela primeira Irlanda ideal, adobiándoa cos froitos dunha investigación máis axeitada ás esixencias académicas. Por outra parte, sen embargo, non se pode esquecer que aquel retrato imaxinario seguiu sendo, en certo senso, *o mesmo,* en canto, dando por certa a renovación dos contidos, permaneceu inmutable a natureza do armazón básico no que se enfiaban: a crenza na nación irlandesa singular, a localización histórica dun pobo fundacional, a persistencia da conciencia nacional, o desenvolvemento dunha cultura peculiar e a magnificencia da súa civilización. En realidade, a substancia dos elementos que estruturaban a primeira clase de relatos transmitiuse inalterada á versión académica da historia, como principio esencial da doutrina nacionalista na que as dúas asentaban.

3. Confirmación da lectura reducionista do pasado. A pesar da preocupación polo estudio da cultura gaélica que manifesta a materia na que se concentra o esforzo investigador de Eoin MacNeill, a combinación de ciencia e ideoloxía que sustenta a súa contribución ó coñecemento do pasado irlandés ten un reflexo evidente na determinación dos contidos e no eixe narrativo que soporta o seu relato do pasado. A dificultade para manter equilibrada unha balanza cargada co prexuízo nacionalista e mais co respecto á obxectividade académica aflora tamén na selección e no tratamento dos materiais cos que compón a narración da historia nacional. Fundamentalmente, porque ambos os dous condicionantes resultan ser contraditorios como principios orientadores da representación histórica, en canto a simplificación que impón o nacionalismo, froito da súa propia interpretación do presente, impide recoller no relato a complexidade dos tempos pasados. Da mesma

maneira que nas *historias populares,* o reducionismo político inherente ás presuncións nacionalistas limita o coñecemento da realidade e restrinxe a representación histórica á pura ratificación no tempo dun conflito entre nacións que se afirma que aínda se prolongaba no presente.

Encadrado nesta concepción xeral de base ideolóxica, o discurso histórico de MacNeill vén corroborar a limitada visión tradicional dos anteriores relatos nacionalistas dun dobre xeito. Da forma máis sinxela, reproducindo o esquema conflitual cando o período estudiado llo permite. Pero sobre todo, proxectando de maneira indirecta a confrontación cara a atrás no tempo. Ó caracterizar a nación oprimida como suxeito da historia, definindo os seus elementos constitutivos e expoñendo o desenvolvemento da súa civilización extraordinaria, os estudios de MacNeill sobre a Irlanda libre da intromisión inglesa confirman a suposta exactitude da caracterización nacionalista do pasado como conflito entre nacións. Deste modo, a súa orientación cultural do relato histórico, como xa se sinalou, non se comprende máis que como estratexia de lexitimación da loita política, en canto a ideoloxía nacionalista que inspira os seus traballos ligaba inextricablemente as dúas dimensións.

O reducionismo político, polo tanto, mantense como clave da interpretación xeral do pasado propia de MacNeill, aínda naqueles momentos nos que o seu interese parece concentrarse exclusivamente no ámbito da cultura nacional. Mesmo entón se pon de relevo a determinación ideolóxica na escolla dos contidos, seleccionados en virtude da súa adecuación ó diferencialismo cultural orixinario que esixían a caracterización nacional de Irlanda e a conseguinte exaltación da súa singularidade civilizatoria. Tamén neste ámbito conviven de maneira problemática nos seus textos a preconcepción doutrinal e a pretensión científica do autor. Certamente, MacNeill excluíu do relato aquilo que non se integraba con facilidade no esquema ideal previamente imaxinado, outorgoulle preferencia á definición céltica da nacionalidade, tanto na súa formación coma no seu desenvolvemento despois de constituída en plenitude pola acción do cristianismo, e salientou a conciencia nacional ben asentada no pobo gaélico. Mesmo na orde política, onde non cabía ocultar o fracaso na constitución dun Estado capaz de asegurar a independencia da nación, o seu relato propende a resaltar as forzas unificadoras, obstaculizadas tan só polo egoísmo e o orgullo dunha aristocracia ensoberbecida pola propia grandeza da nación que dirixía.

Cómpre sinalar, sen embargo, que a preocupación por fundamentar segundo pautas científicas as súas teses establece certos límites á influencia do condicionamento ideolóxico que distancian os traballos de MacNeill, formal e metodoloxicamente, das obras dos escritores nacionalistas das décadas previas.

Os criterios de veracidade cos que se seleccionan os materiais utilizados son máis estritos que os das *historias populares,* nas cales os contidos aparecían completamente subordinados á satisfacción dos obxectivos políticos que se lles asignaban. Conforme a tal finalidade, o didactismo estreito, a transmisión da mensaxe exemplarizante e a consecución do efecto mobilizador xustificaban a inclusión no relato de elementos claramente fantasiosos ou de episodios de escasa relevancia por si mesmos, pero de gran eficiencia pedagóxica. Esta función política da historia, sen embargo, con ser inherente ó nacionalismo, non se amosa de maneira tan simple na interpretación de MacNeill, a quen os requirimentos da presentación académica obrigan a establecer un *filtrado* dos materiais ficticios de orixe medieval que aínda se conservaran naqueles relatos precedentes, ben para eliminalos definitivamente, ben para depuralos das adherencias fantásticas, no caso de lles atribuír unha base real que o autor supoñía que quedara oculta polas deformacións introducidas con posterioridade.

Por demais, a configuración da obra de MacNeill vén determinada non soamente polo entendemento persoal da historia como ciencia, senón pola aspiración a impugnar cos seus escritos as interpretacións do pasado irlandés dominantes na historiografía inglesa, consciente o autor das limitacións dos relatos *populares,* valiosos para un labor de concienciación nacionalista da sociedade, pero insuficientes para contrapoñer á elaborada historiografía académica de orixe inglesa, que envolvía baixo aparencias científicas as que el consideraba falsidades interesadas para xustificar a dominación estranxeira do país. A este respecto, pode considerarse a súa caracterización do pasado como unha reformulación das *historias populares* que, limpando estas das súas inaceptables fantasías, debía permitir o mantemento dos principios ideolóxicos nacionalistas nos que se fundaban como guía para a comprensión do verdadeiro pasado de Irlanda. A obra de MacNeill, neste senso, quere poñer as bases dunha historia nacional fundamentada con criterios científicos, que permitise refutar no mesmo plano académico a versión inglesa do pasado por medio dunha opción alternativa da mesma natureza.

Aínda así, convén subliñar que a comparanza que propón MacNeill seguiu requirindo do autor a redución previa da interpretación histórica inglesa a termos semellantes ós do relato que lle quería enfrontar. En consecuencia, para poder desmentir os historiadores ingleses, debeu transferir o seu modelo de simplificación política nacionalista ás historias académicas que buscaba rebater. Para MacNeill, do mesmo modo que o fora para os autores das narracións históricas *populares,* a historiografía inglesa aparece como ideolóxica e nacionalmente concibida, atribúeselle o propósito de xustificar o pasado de Inglaterra e ponse ós seus autores ó servizo dos intereses da súa nación. En suma, convertida toda representación do

pasado nun exercicio historiográfico de inspiración nacionalista, as versións inglesas da historia podían ser cualificadas como relatos ideolóxicos e as súas interpretacións impugnadas pola falta de obxectividade que nacía do desexo de lexitimación dos intereses nacionais que impulsaba a súa elaboración. Deste modo, a historia de Irlanda que reflicten os seus textos podía ser proposta como alternativa e comparada con vantaxe coas narracións inglesas. Na opinión de MacNeill, nin sequera minguaba o estatuto académico da súa obra o recoñecemento da certa parcialidade nacional coa que estaba escrita. Antes ben, estimouna necesaria para contrarrestar a tendenciosidade previamente orixinada polos relatos que cumpría refutar, tal como confesa sen pudor ningún nas páxinas finais de *Phases of Irish History.*[1246]

4. Continuidade e ruptura: a significación política do tempo histórico. Ó remontar a identidade nacional ás orixes mesmas da historia, a obra de MacNeill ofrece a referencia que permite concretar a ansia de *continuidade* co pasado idealizado, o da época da Irlanda libre do dominio estranxeiro, tempo que permanecera implícito ou pouco preciso nos relatos populares, sempre preocupados pola urxencia da *ruptura* con aquel triste *presente* que se prolongaba, cando menos, tres ou catro séculos atrás. En realidade, o senso de *continuidade* e o devezo pola *ruptura* son elementos determinantes na estrutura dos dous tipos de relato histórico nacionalista irlandés que aquí se consideran, ben que con diferentes graos de expresividade. As *historias populares,* centradas no segundo dos termos, na loita pola liberación, propoñen tamén, aínda que sexa de maneira sobreentendida, o *recomezo* do particular camiño histórico de Irlanda. Deste modo, non soamente establecen unha liña de continuidade expresa, a que articula os contidos do período que merece a súa atención preferente –os séculos da opresión inglesa e da resistencia irlandesa–, senón que suxiren outra tácita que relaciona o pasado máis remoto, aínda que non o especifiquen nos seus trazos, e o futuro que se había abrir co éxito na loita nacionalista polo autogoberno

Pola súa parte, a obra de MacNeill veu dar forma a aquela primeira parte do pasado da nación que permanecía sen concretar ou, simplemente, reducida a fantasías de limitada funcionalidade para o presente, como nos casos dos textos de A.M. Sullivan e de Charles Gavan Duffy. Ó presentarlle á nación o seu *verdadeiro* pasado, o que non estaba deturpado aínda pola interferencia estraña, a extraordinaria civilización que ela mesma puidera construír en liberdade, MacNeill sinala o camiño axeitado para o futuro e crea lazos de continuidade con

[1246] "What I have said about Irish institutions has of necessity taken often the form of an apologia; of necessity, because I have found the balance heavily weighted down". PIH, p. 354.

aqueles tempos tan distantes, pero estimula tamén a ansia de rompemento co pasado máis recente, por canto, ó ofrecer a promesa certa dunha nación libre e feliz, contribúe a promover a mobilización política precisa para que Irlanda abandonase o lamentable presente no que agoniaba, recuperase o control do seu destino e reconstruíse a grandeza inherente á esencia do seu ser.

Deste modo, o discurso de MacNeill arraiga a continuidade na propia natureza nacional do pobo, sen facela depender da súa manifestación política, pero converte tamén, aínda que de maneira non expresa, a loita nesta dimensión en factor indispensable para o rexurdimento da Irlanda gloriosa que unha vez fora. Ben que dun xeito diferente ó daquelas historias anteriores que reducían o problema nacional irlandés á pura loita pola recuperación do autogoberno, os escritos de MacNeill non rebaixan a importancia da mobilización política e da necesidade de acadar a satisfacción das demandas nacionalistas a este respecto. Simplemente, en virtude da definición cultural da nación, sitúan a contenda política nun plano instrumental, lembrando que o esforzo neste ámbito soamente ten sentido en canto medio necesario para a consecución da finalidade última que persegue o nacionalismo, quer dicir, a afirmación –ou a *reconstrución,* tendo en conta o grao de *anglización*– da nacionalidade irlandesa.

A cuestión fundamental é que, deste xeito, como o propio autor puxo de manifesto coa súa vida de investigación, propagandismo cultural e militancia activa, o nacionalismo *cultural* non resulta contraditorio nin substitutivo, senón complementario do nacionalismo *político.* E a historia, tal como a compuxo MacNeill, cumpriu un papel ben sinalado na confirmación desta nova liña de actuación que adoptou o movemento nacionalista desde os primeiros anos do século XX. É neste mesmo senso no que, de modo semellante, a súa representación do pasado pode ser considerada tamén como un engadido que, máis que corrixir, veu suplementar o primeiro modelo de historia nacionalista de Irlanda que se fora construíndo ó longo da segunda metade da centuria anterior. En consecuencia, a pesar do distanciamento temporal dos períodos do pasado que se propuxo estudiar, os textos de MacNeill están tamén impregnados do *presentismo* que resultaba tan evidente nas *historias populares*. De maneira expresa ou sobreentendida, a súa obra asenta na crenza, consubstancial ó modo nacionalista de comprender a historia, por outra parte, que lle asignaba a responsabilidade da decadencia da nación a *unha soa causa* e que obrigaba a deducir que *un só remedio* era válido para o alivio dos seus males, é dicir, a liberación da opresión estranxeira.

A novidade principal que achega MacNeill a respecto da composición do relato dunha historia nacional irlandesa, polo tanto, radica na identificación da continuidade histórica coa comprobación da persistencia no tempo da singularidade

cultural que constitúe a Irlanda como nación. Sen embargo, en canto tal proposición descansa sobre o recoñecemento implícito da necesidade dunha intervención política, a súa obra non implica a impugnación dos relatos históricos elaborados nas décadas anteriores. Antes ben, como xa se indicou, contribúe ó seu reforzamento, xa que proporciona novas argumentacións lexitimadoras da loita de liberación nacional, finalidade principal, ó cabo, que motivara a súa creación. A insistencia na dimensión cultural da nacionalidade, na decadencia da lingua gaélica por causa da interferencia estranxeira e na necesidade de promover o seu rexurdimento non viñan senón confirmar os efectos perversos do dominio inglés e a urxencia da recuperación da liberdade. Neste senso, o núcleo argumental das *historias populares* non padeceu descrédito por causa dos estudios de MacNeill, salvo no relativo á precisión dos datos concretos sobre os tempos máis antigos, período que xa se viu que estaba ausente ou conformaba unha parte mínima daquelas narracións. Pola contra, os principios conceptuais sobre os que asentaban pareceron confirmados por unha investigación fundada en criterios académicos.

5. O paradoxo do relato nacionalista da historia. Xa se considerou o modo en que a obra de Eoin MacNeill intenta resolver a gran contradición sobre a que se erguía a historiografía nacionalista, que pretendía afirmar o carácter indestrutible da nación mentres, ó tempo, da lectura do seu relato do pasado se desprendía a necesidade da súa inmediata liberación para evitar que desaparecese. Val dicir, que propoñía unha representación do pasado que salientaba a *continuidade* da historia á vez que clamaba pola *ruptura* con ela. Contradición que se expresa tamén na dificultade para dar conta da relación paradoxal entre o *optimismo* que deitaba dun relato que enxalzaba as grandezas da nación e o *pesimismo* que cabía deducir dunha exposición que narraba as miserias que aínda sufría por causa do seu sometemento a unha secular dominación estranxeira. A solución a tal problema achegada por MacNeill difire da que procuraran os historiadores nacionalistas que o precederan, en conformidade coas distintas perspectivas das que partía cadansúa obra, orientada a que el compuxo pola preocupación por resaltar a caracterización cultural da nacionalidade e a súa pervivencia no tempo, centradas as anteriores na lexitimación explícita das reivindicacións políticas nacionalistas.

A este respecto, cómpre lembrar que a teimosía na relación das terribles consecuencias da política de opresión inglesa ó longo dos séculos era consubstancial ás *historias populares,* en canto evidencia imprescindible para amosar a inxustiza e a perversidade dun réxime de dominación que cumpría derribar. Da penosa descrición de semellantes padecementos era inevitable que deitase tamén, como efecto non desexado, unha certa desesperanza sobre as posibilidades da nación para inverter a súa terrible situación. Como xa se comentou, aqueles relatos

procuraban unha compensación a esa cara negativa da historia salientando a irreductible vontade dos irlandeses de sacudir o xugo estranxeiro, manifesta na enumeración dos repetidos intentos por recuperar a liberdade que enchen sen apenas pausa as súas narracións sobre os séculos pasados. A persistencia no combate contra Inglaterra, presumíase, era a proba irrefutable da fortaleza da nación, nunca vencida, a pesar das aparencias en contrario, tal como adoitaba repetir John Mitchel como colofón de cada unha das etapas da súa exposición histórica sobre as iniquidades dos gobernos ingleses. A opresión recibira *sempre* a resposta da resistencia nacional. Mesmo conteñen aqueles textos unha glorificación do espírito de rebeldía que se xustifica en por si, con independencia dos resultados a que conducise. Lémbrese que o mesmo Sullivan, tan crítico cos irresponsables soños revolucionarios dos fenianos, acabara por eloxiar os que, en 1867, se lanzaran a unha aventura que el xulgaba insensata, loando o seu valor, o seu patriotismo e, en último termo, o seu encomiable espírito de sacrificio.

Aínda así, mesmo presentándoos como proba de vitalidade, as *historias populares* non podían ocultar que a propia sucesión de tales intentos se explicaba, ademais de pola ansia de liberdade da nación irlandesa, xusto polo seu fracaso repetido por acadala. O pasado demostraba a firmeza da nación na defensa dos seus dereitos, certamente, pero tamén era reflexo da súa incapacidade para facelos valer. A exaltación da dispoñibilidade para o *martirio,* tan característica daquel tipo de narracións, cumpría os seus obxectivos, desde logo, pero non era a resposta definitiva ó pesimismo que deitaba da contemplación do pasado do país.

Por riba da exemplaridade dos heroes que poboaban os seus relatos e da comprobación da persistencia da conciencia de nacionalidade, incluso nos momentos máis duros do pasado, por riba mesmo da promesa de liberdade para o futuro, unha das amargas leccións que cabía extraer daquelas *historias populares* era a que amosaba a inutilidade de tanto esforzo, da loita de tantos e tantos loitadores gloriosos que, sen dúbida, ofrecían un modelo para o nacionalista do presente, si, pero que tamén deixaban constancia da falta de recompensa para tanto sacrificio. Lidos deste xeito os relatos do heroísmo pasado, cada novo intento de liberación era tamén a proba contundente do fracaso do anterior. E así ata o presente mesmo. A obra de MacNeill intentou emendar este subproduto inevitable dunha representación do pasado que precisaba salientar o carácter insoportable e cruel da opresión e do sufrimento do pobo pola súa causa. A súa proposta non consistiu en negar o discurso conflitual da historia das relacións entre Inglaterra e Irlanda, que deu por suposto, senón en tratar de compensalo poñendo de relevo a brillantez da *era dourada* da nación, os logros extraordinarios da súa civilización e a súa capacidade para se converter en foco de cultura para Europa enteira mentres

puidera conservar a súa liberdade. Unha composición destas características engadía un novo obxectivo ós dos que se propuxeran nos relatos previos, o de espertar un sentimento de orgullo polo pasado da nación que asentaba máis nas creacións que derivaran do xenio do pobo irlandés que naquela vontade de loita que, á vista dos seus resultados, non se xustificaba máis que pola súa propia existencia. É certo que a conciencia do grao de desenvolvemento cultural e económico que alcanzara o país naqueles tempos gloriosos talvez volvese máis dolorosa aínda a súa perda a mans dos invasores, pero, polo menos, a sociedade irlandesa podía contemplarse no seu momento de esplendor e soñar coa promesa de recuperalo.

Unha mancha, sen embargo, seguía ensombrecendo a narración da historia nacional. Tampouco MacNeill puido deixar de preguntarse polas causas que levaran aquela nación desde o seu brillante apoxeo ata a submisión a unha potencia estranxeira e á secular decadencia que a levara á prostración do presente. Fíxose o autor a gran pregunta que ningún nacionalista, despois de cantar as glorias da nación, pode evitar: ¿como fora posible o retroceso político, económico e cultural daquela Irlanda medieval extraordinaria? O orgullo dunha nobreza adurmiñada polo recordo das glorias do seu propio pasado volvera a clase dirixente da nación demasiado conservadora e conformista, impedíndolle previr e combater os perigos que ameazaban a nación, afirma o autor. Igual que as dos demais historiadores nacionalistas, a resposta de MacNeill, sen embargo, é claramente insatisfactoria no seu intento de dar conta do declive estrepitoso da nación. A explicación das causas da derrota é unha das grandes insuficiencias inherentes á historiografía nacionalista. De certo, as posibles respostas –e mesmo a propia formulación da pregunta– son de difícil acomodo dentro das pautas de exaltación das calidades excepcionais da nación que caracterizan esta particular clase de representacións do pasado.

3.2. A caracterización cultural da nacionalidade

Non hai dúbida ningunha sobre a concepción cultural da nacionalidade irlandesa –e de calquera outra que fose– sobre a que asenta MacNeill o seu discurso político e mais o seu traballo histórico. Sendo os seus elementos constituíntes a cultura gaélica e a relixión cristiá, a nación, tal como aínda era nos seus días, configurárase no período dos oitocentos anos que transcorreran entre a arribada do pobo fundador ás terras irlandesas, que datou no século IV a.C., e a consolidación da fe de Cristo na illa, que dá por certa no século VI, unha vez completada xa a tarefa evanxelizadora que san Patricio iniciara na centuria precedente. En realidade, segundo o autor, xa o propio santo percibira os irlandeses como un grupo nacional, coa súa lingua e sistema cultural comúns, e sobre tal materia, ben predisposta, por demais, prenderan con rapidez as ensinanzas da nova doutrina. Foi esta mestura

inextricable dos dous elementos, o céltico tradicional e o relixioso que tan ben se integrara con el, a que dera lugar a unha realidade nova que non cabía xa definir por referencia a ningún deles por separado, senón, xustamente, polo produto orixinal que resultara da súa fusión. Desde o momento mesmo da súa aparición, insistía o autor, a conciencia de pertenza a unha nación diferenciada medrara de maneira inmediata e irreversible naquela sociedade.

O compoñente cultural polo que MacNeill define a nación, polo tanto, nacía directamente das raíces célticas, ben que conservadas baixo a modelado cristiá, daquel pobo proveniente das terras continentais que establecera a súa patria na illa irlandesa en tempos remotos. Do mesmo modo que MacNeill reduce o celtismo a un fenómeno de dimensión lingüística, o pobo irlandés identifícase nos seus escritos coa lingua gaélica, que constituía a expresión máis acabada e manifesta da súa singularidade, o seu signo identitario máis relevante. Era aquela lingua de orixe céltica a que facía o pobo irlandés parte dunha civilización de raíces autenticamente europeas e equiparable sen deshonra ningunha ás altas culturas da Antigüidade clásica grecolatina.

A respecto do trazo relixioso que configura a identidade nacional, o cristianismo preséntase nos textos de MacNeill como o axente fecundador das potencialidades inscritas na natureza céltica de Irlanda. Na súa obra a relixión desempeña un papel identitario semellante en importancia ó que lle outorgaran os textos de Mitchel, Sullivan e Duffy, aínda que agora integrada en perfecta harmonía coa cultura gaélica. A diferencia destes autores, sen embargo, apenas se alude ó protestantismo nos estudios históricos de MacNeill, por causa do ámbito temporal que cobren, certamente, pero tamén como efecto coherente da súa vontade expresa de excluír as adscricións confesionais do movemento para a promoción da lingua gaélica. De todas formas, en canto establece unha vinculación expresa entre a relixión que predicara san Patricio e a Igrexa apostólica romana, cristianismo e catolicismo veñen resultar, de feito, equiparados na súa obra.

Non cabe dúbida ningunha de que MacNeill consideraba a caracterización cultural como o núcleo da identidade irlandesa. E así o afirmou constantemente nos seus escritos históricos, lingüísticos, folclóricos, toponímicos ou de calquera outra orde. Sen embargo, certas afirmacións acerca do compoñente céltico da nacionalidade e o seu interese pola dimensión política da historia da Irlanda gaélica obrigan a introducir algunhas matizacións ó respecto.

En canto á primeira cuestión, cómpre lembrar que, de certo, Eoin MacNeill rexeitou de maneira explícita o concepto de *raza celta* e refugou a equiparación entre nacionalidade e peculiaridade biolóxica, condenou o racismo –do que eran

vítimas, por certo, os irlandeses na Inglaterra do seu tempo– e negou que existisen carácteres físicos e mentais inmutables que condicionasen a vida histórica das nacións. Pero aínda así, a insistencia na diferenciación céltica do pobo, inevitablemente contraposta ás orixes anglosaxonas nas que se supoñía que asentaba a nación inglesa, as propias ambigüidades da autor sobre a difusión cultural e o desprazamento físico dos pobos, na súa descrición da expansión dos celtas primixenios, así como a relación tan estreita que estableceu entre lingua e individualidade grupal nos seus escritos, suxiren un certo fondo racial na súa concepción da nacionalidade ou, cando menos, permiten albiscalo por baixo do celtismo co que caracteriza o pobo irlandés.

En realidade, MacNeill veu dar un contido *cultural* á noción de *raza irlandesa* da que se serviran os autores dos textos históricos *populares* do século XIX. No caso de Mitchel e Duffy, usaran o concepto de "Irish race" como equivalente ó de *pobo irlandés,* e mesmo o propio Sullivan, que non o utilizara, amosara unha forte inclinación a resaltar a xénese diferenciada da nación coa súa demorada atención á lenda milesia orixinaria. A referencia céltica como denominación diferenciadora da nación irlandesa naqueles autores tiña, como xa se indicou, unhas connotacións raciais inevitables, mentres simplemente *suxería* a existencia dunha singularidade cultural, ben que sen especificar, agás as leves alusións ós tempos fundacionais no relato de Sullivan. Os *celtas* oprimidos polos *saxóns* nos poemas da Young Ireland e na narración de Duffy, os campesiños explotados do diario de Mitchel e os católicos sometidos da historia de Sullivan son o *mesmo pobo* do que escribe MacNeill, desde logo. Aínda que nos textos das *historias populares* apenas se lles concedese relevancia ningunha, tamén aqueles irlandeses se distinguían dos seus opresores polos seus trazos culturais específicos, tamén falaban unha lingua de seu. Pero para os primeiros autores nacionalistas os sinais identificadores esenciais daquel pobo, os que condicionaban e explicaban a súa penosa situación, eran a relixión e o atraso material e cultural. Por iso cumpría remover a causa que orixinaba os seus males, a dependencia política, mentres a dimensión cultural non lles merecía atención ningunha.

A orixinalidade da obra de MacNeill reside, a este respecto, en asentar a condición nacional daquel pobo na existencia dunha cultura orixinal, converténdoa no factor principal de lexitimación da reivindicación política. O diferencialismo racial dos autores que arrincan do movemento da Young Ireland recibe con ela unha nova fundamentación asociada á cultura e, sinaladamente, á lingua gaélica. Con todo, se é certo que MacNeill, como xa se apuntou, circunscribe expresamente o celtismo no que baseaba a singularidade irlandesa ó ámbito cultural, non faltan tampouco nos seus textos alusións nas que a rotundidade das súas afirmacións a

este respecto quedaba matizada. Lémbrese a súa insistencia na superposición do pobo gaélico sobre os antigos habitantes de Irlanda e o mantemento durante séculos da división da sociedade en conquistadores e conquistados, o solapamento entre a difusión cultural e a expansión física dos pobos celtas desde o seu núcleo orixinario, ou as amentadas connotacións raciais da súa teima na equiparación entre linguas e pobos. É verdade tamén que MacNeill relativizou os límites raciais ó resaltar a incorporación á nación dos descendentes dos primeiros invasores anglonormandos, boa parte deles *gaelizados* ó pouco tempo de residir na illa, aínda que parece que o autor pretendía salientar, ante todo, a fortaleza da cultura nativa respecto da inglesa, que quedaría ben probada pola súa capacidade de atracción, aínda nas difíciles circunstancias posteriores á intromisión estranxeira. En todo caso, a definición cultural da identidade nacional na que asenta a súa obra, concretada na caracterización da *Irlanda-irlandesa* como nación gaélica e católica, non exclúe a consideración de certas derivas raciais na súa representación da historia como o relato das vicisitudes no tempo dun pobo ben diferenciado desde as súas orixes ata o presente. Da mesma maneira –aínda que procedendo na dirección inversa– que se pode deducir unha connotación cultural non explícita da caracterización racial céltica da nación irlandesa propia das *historias populares,* cabe soster que a definición cultural da esencia celta sobre a que se ergue a representación histórica de MacNeill *suxire* unha dimensión *racial* asociada á nacionalidade. Tamén neste senso, polo tanto, é posible apreciar a complementariedade dos relatos históricos *popular* e *científico.*

Por outro lado, o interese pola evolución dos acontecementos políticos na obra de MacNeill introduce un novo elemento que perturba a coherencia da súa proclamación de principio sobre o carácter subordinado desta dimensión respecto da cultural. Certo que o núcleo dos seus traballos adoita referirse ás manifestacións de orde cultural que reflicten a esencia da nacionalidade, pero tamén cómpre recordar os seus numerosos estudios sobre moi diversos aspectos da lexislación, da organización social e das tradicións autóctonas, así como, moi especialmente, o extraordinario interese do autor por caracterizar un sistema político específico da Irlanda gaélica e por describir os procesos de constitución dun Estado rexido por unha autoridade central que dese expresión política á nación.

Máis ben parece que, ademais da súa concepción herderiana da nacionalidade, é o propio fracaso de Irlanda no plano político, val dicir, a súa incapacidade para edificar un sistema estatal con fortaleza abonda para garantir a unidade nacional e o mantemento da independencia fronte ás ameazas procedentes do exterior, o factor que obriga a MacNeill a relativizar a importancia da dimensión política da nacionalidade e a outorgarlle preeminencia á puramente cultural. A maiores das

súas convicciónns doutrinais, resulta evidente que un historiador nacionalista como MacNeill non podía ligar a existencia da nación á supervivencia das súas institucións políticas, en canto estas viran minguada progresivamente a súa incidencia efectiva na sociedade a partir do momento mesmo da invasión anglonormanda, nun camiño de decadencia que as levara á súa desaparición catro séculos máis adiante. A quebra da orde gaélica, a fin de calquera forma de poder político baixo control da sociedade nativa, despois do fracaso das últimas accións de loita militar organizada fronte ós intrusos ingleses, non podía equivaler á destrución da nación mesma, por canto tal recoñecemento privaría de sentido á propia argumentación nacionalista. En consecuencia, o eixe da nacionalidade debe ser desprazado a unha esfera como a cultural, a cal, aínda que obriga ó autor a dar conta da dexeneración que fora padecendo ata o presente, permite afirmar a continuidade da existencia dunha nación irlandesa e xustificar a pertinencia das reivindicacións que o nacionalismo formula no seu nome. O Estado, polo tanto, a expresión política da nacionalidade, redúcese no discurso histórico de MacNeill á condición de instrumento *artificial,* que pode non ter correspondencia coa realidade *natural* que constitúe a nación. E mesmo converterse, como no caso de imperios como o británico ou antigo romano, en verdadeiro destructor das nacións, en canto axente de aniquilación das culturas singulares que expresan o seu ser.

Aínda así, a presenza do ámbito político da historia é constante na obra de MacNeill. Primeiro de nada, polo fundamento ideolóxico que a orixina, que se traduce nun *presentismo* sempre latente e mesmo, con certa frecuencia, posto de manifesto de maneira explícita, con numerosas referencias que relacionan o pasado coa loita nacional na que o propio autor participaba de forma comprometida. Pero tamén pola vontade expresa deste de se achegar á dimensión política da historia cando o período estudiado lle dá a oportunidade. Neste senso, esténdese con gran amplitude na determinación dun modelo político irlandés configurado desde a era precristiá e de *evidentes* raíces célticas, que caracteriza como un sistema fundado na combinación de autoridade central, institucións nacionais e leis comúns ó enteiro país, por unha parte, co respecto ós dereitos da serie de entidades menores soberanas nas que se dividía o territorio insular. Con semellante intención, MacNeill teima por amosar a existencia histórica dun Estado rexido por unha monarquía suprema, como lle debía corresponder a unha nación recoñecida como tal, aínda que non puidese deixar de sinalar o fracaso final que supuxera a súa falta de consolidación, razón última da incapacidade do país para impedir a conquista estranxeira. Mesmo entón, non deixa de salientar a irreductibilidade da vontade de resistencia que amosara o pobo irlandés nos tempos posteriores á invasión, como expresión dunha conciencia nacional que aínda unía de maneira inextricable as dimensións cultural e política. De feito, o propio MacNeill estableceu no seu relato unha relación

directa entre a derrota *política* definitiva no século XVII e a desaparición da orde gaélica. Precisamente, presenta este momento, o que sinalaba a culminación do proceso de sometemento político da nación, como o inicio dos tempos en que as formas culturais da nación emprenderan o camiño da decadencia.

Despois de todo, polo tanto, a pesar da relativización da súa importancia para o desenvolvemento e consolidación da nacionalidade que proclama o autor, a dimensión política recibe un tratamento minucioso e ocupa un lugar ben sinalado na súa representación histórica. Paradoxo que tan só o é na aparencia, por canto a propia relevancia que se lle confire á diferenciación cultural da nación non pode deixar de ter unha transcendencia política evidente, como xa se viu ó considerar a función lexitimadora da historia do discurso ideolóxico nacionalista. Mesmo cabe argumentar que a insistencia nesa singularidade e na necesidade imperiosa de salvagardala contribuíu a radicalizar as demandas políticas, subliñando a lóxica da reivindicación separatista, entendida como único modo de asegurar a supervivencia de formas culturais tan peculiares e distintas das propias do Estado británico. A este respecto, a recuperación da *Irlanda-irlandesa* que MacNeill retratou e deu a coñecer nas súas exposicións históricas semellaba requirir a ruptura completa co Reino Unido e a constitución dunha entidade política independente que lle dese amparo.

En resume, a Irlanda que caracteriza MacNeill defínese como unha nación gaélica e católica. Aínda que a súa moderación persoal e a súa amizade con Hyde e outros protestantes do seu tempo comprometidos coa lingua non lle permitise caer na radicalidade verbal doutros partidarios da *Irlanda-irlandesa,* en realidade, cos seus ben fundados estudios históricos e lingüísticos, así como coas súas palabras e coas súas accións políticas, tamén MacNeill, de igual maneira que o fixeran os autores das *historias populares* do século XIX, contribuíu ó reforzamento dunha caracterización restrinxida da nacionalidade irlandesa e, en consecuencia, á xustificación da proposta máis radical do movemento nacionalista.

3.3. A dobre cara do pasado: esplendor e decadencia da nacionalidade irlandesa

A atención de MacNeill respecto do pasado concéntrase, como xa se viu, no período previo á invasión inglesa. Non foron soamente motivos de preferencia persoal os que guiaron en tal dirección a súa vocación histórica, senón tamén razóns de comenencia ideolóxica, en canto aquela época era a que lle permitía compoñer de maneira máis doada unha representación que satisfixese as finalidades constitutivas da función pedagóxica que lle adxudicaba ó coñecemento da historia, val dicir, a incitación da propia estima da nación irlandesa e a caracterización da

referencia ideal que había servir de inspiración para o movemento nacionalista no presente.

En consecuencia de tales presupostos doutrinais e mais da definición cultural da nacionalidade sobre as que asentan, a periodización do seu relato do pasado irlandés vén determinada polo estudio da sucesión das etapas nas que se pode apreciar as distintas fases nas que se fora desenvolvendo a entidade nacional, desde as súas orixes ata a crise que supuxo a desaparición ou o declive dalgúns dos seus trazos máis significativos. A súa exposición do pasado, polo tanto, comeza pola configuración progresiva dos trazos identitarios, detense despois no desenvolvemento máis brillante da civilización na que se expresa a singularidade nacional, sinala deseguido os momentos nos que se interrompe o proceso pola irrupción de elementos estraños e culmina coa descrición do camiño cara ó acantoamento da nación na historia, por causa da destrución das súas institucións específicas e do esmorecemento da súa peculiaridade cultural.

Conforme a este esquema, os momentos primordiais da historia da nación son aqueles que sinalan os fitos decisivos que marcan as fases que compoñen o relato: (1) o encontro fundacional entre pobo e territorio, (2) o establecemento da cultura céltica, (3) a madureza da nación coa achega da cristianización, (4) a *Idade de ouro* da civilización irlandesa, (5) a intromisión estranxeira, (6) a resistencia fronte á penetración das formas culturais alleas e fronte á dominación política, (7) a nova conquista inglesa dos séculos XVI-XVII e (8) a desaparición da orde gaélica tradicional, entendendo por tal a eliminación de toda traza institucional de poder político na sociedade nativa e a decadencia das formas culturais propias do país. As dúas grandes etapas nas que cabe reducir aínda esta representación do pasado, a que retrata o desenvolvemento da singularidade irlandesa en liberdade e a que dá conta da progresiva decadencia posterior, asentan nos dous elementos narrativos sobre os que MacNeill fai descansar o seu relato: a configuración do modelo da Irlanda gaélica e cristiá, no primeiro caso, e a decidida vontade de supervivencia da sociedade irlandesa, no segundo.

Ambas as dúas fases merecen unha atención desigual na obra de MacNeill, que se inclina decididamente por desenvolver os trazos constitutivos da máis antiga delas. Por demais, réxense tamén as dúas por criterios de exposición ben dispares. O relato dos primeiros séculos do pobo irlandés, ata a chegada dos invasores, articúlase arredor da idea da *autosuficiencia* da nación, libre de influencias alleas e capaz de crear unha civilización autóctona marabillosa. As referencias ó exterior serven tan só, neste período, para confirmar a exuberancia da nación e a súa capacidade de proxección, sobre todo, no plano cultural. Na última das grandes fases, a que coincide coa presenza inglesa na illa, sen embargo, pasan a ocupar o

primeiro plano as relacións conflitivas cos elementos estraños que se entremeten no corpo da nación. Pon MacNeill entón o acento na resistencia nacional ante semellante interferencia. Deste modo, aínda que brevemente apuntada, dada a menor atención que merece este período na obra do autor, aparece a confrontación entre dúas nacións como o factor máis relevante do relato histórico, que pasa a dar conta dun enfrontamento que se manifesta nunha dobre dimensión cultural e política. No primeiro ámbito, a concepción conflitiva do pasado tradúcese na insistencia da narración en salientar a fortaleza que conservaba a cultura nativa aínda naqueles difíciles tempos, expresada na progresiva *gaelización* de boa parte dos primeiros invasores, descrita como un proceso que chegou a ser dunha intensidade tal como para requirir da intervención política da Coroa inglesa. No segundo, revélase por medio da exaltación da vontade de resistencia da nación, capaz de unir as súas forzas para facer fronte ós invasores.

Resulta patente, polo tanto, a diferencia de tratamento que reciben estas dúas grandes épocas en que cabe dividir a escritura histórica de MacNeill en función da intrusión estranxeira na illa irlandesa. A preferencia do autor pola primeira delas, a que o autoriza a presentar a caracterización positiva do pasado da nación, non se explica, sen embargo, sen a referencia á segunda. Ante todo, porque é a comparanza cos tempos de decadencia dunha etapa da que era herdeiro o presente mesmo a que confire un maior relevo ó período previo do esplendor perdido. Pero tamén porque a representación afirmativa da época máis gloriosa da nación está concibida como contrapeso que equilibra un relato do pasado –e mais unha descrición do presente, cabe engadir– tinguido de sufrimento e pesimismo, conclusións que deitaban tanto da inclinación das *historias populares* a salientar a opresión e os padecementos do pobo irlandés coma da promoción interesada da idea da suposta inferioridade histórica e da incapacidade para superar o atraso que os dominadores ingleses asociaran á propia natureza da raza. Soamente considerada nesta dobre perspectiva cobra o seu pleno significado a representación da primeira historia nacional como a do admirable progreso da civilización gaélica cara á culminación nunha *Idade de ouro.* Tempo este, por demais, no que se establecera o modelo que a nación intentaría recuperar despois da liberación da intrusión estranxeira e que o autor constitúe na referencia que viñera xustificar a súa loita política desde aquel tráxico momento.

En canto á concepción xeral do pasado, a exposición histórica de MacNeill non se diferencia máis que relativamente da que inspirara as *historias populares.* A este respecto, a súa representación da época dourada da nación compréndese como o primeiro capítulo dun relato que, de maneira implícita, se prolonga ata o presente. Do segundo ofrece, máis brevemente, un relato que xa está caracterizado,

igual que as narracións anteriormente estudiadas, pola contraposición de dúas nacións en conflito, segundo a dicotomía *opresión-resistencia* tantas veces amentada. O terceiro dos apartados, o que inclúe os tres últimos séculos, está sobreentendido na súa obra de carácter académico, se se exceptúan algunhas esporádicas alusións. Faise explícito, sen embargo, nas poucas páxinas que lle dedica no resume da historia nacional composta para a *Guía oficial do Estado Libre Irlandés de 1932*. A pesar da súa concisión, esta breve visión panorámica do pasado, que inclúe os séculos que non foron nunca obxecto da súa investigación sistemática, vén confirmar que o autor tiña asumida a representación da historia dos tempos posteriores á crise da orde gaélica como a expresión última do conflito entre a nación irlandesa e a nación inglesa, segundo o relato modélico que se fora configurando ó longo da segunda metade do século XIX. Polo tanto, cabe supoñer que a ausencia do acontecido despois do século XVI nos seus textos é debida, máis alá do seu interese persoal como estudioso, ó feito de que ese relato, o da opresión inglesa, xa estaba perfectamente elaborado, segundo os criterios propios da doutrina nacionalista. Aínda máis, estas escasas páxinas veñen confirmar que Eoin MacNeill, o investigador concienciudo, académico e profesional, entendía o pasado da nación segundo os mesmos principios básicos nos que asentaban as *historias populares*.

Asumido como propio o primeiro modelo nacionalista da historia de Irlanda, MacNeill proponse confirmar os seus fundamentos *perfeccionando* a parte máis débil do seu relato, a que facía referencia ós momentos previos á confrontación, os cales, segundo os casos xa analizados, ou ben eran ignorados ou ben se presentaban baixo a forma das vellas fantasías medievais sobre a época. Neste senso, cos seus traballos, MacNeill completa a representación nacionalista, achegando unha versión do primeiro pasado da nación conforme coa ideoloxía que a inspira, pero que tamén quere ser consistente coas demandas dunha historiografía actualizada. Cómpre salientar, en consecuencia, que o autor non ten como obxectivo a refutación do esquema histórico do nacionalismo configurado nas derradeiras décadas da anterior centuria, senón, máis ben, a corrección da súa principal deficiencia, a saber, a falta de atención ós tempos primeiros da nación ou, cando a houbera, a súa insatisfactoria representación.

Deste modo, coa súa achega sobre a formación da Irlanda gaélica e a consagración da nacionalidade, MacNeill, de feito, vén remontar no tempo o conflito entre Inglaterra e Irlanda, aínda que de maneira indirecta, por medio da especificación de elementos determinantes para a súa adecuada descrición. A súa tarefa consiste, a este respecto, en caracterizar de maneira apropiada a verdadeira natureza dun dos dous contendentes no conflito, único modo de poder apreciar a

verdadeira significación do enfrontamento posterior e precisar os auténticos termos nos que se dirimía a loita entre as dúas nacións. Con este fin, os traballos históricos de MacNeill, polo tanto, proceden a fixar con exactitude os trazos que constitúen a Irlanda como nación. Deste modo, pretende achegar un retrato ben afastado tanto da imaxe de pobo condenado ó atraso cultural e á miseria económica coa que os dominadores lexitimaran desde o principio a súa presenza na illa, coma da que deitaba das tradicionais historias nacionalistas, que describían unha nación sometida e incapaz, en última instancia, de superar un estadio defensivo no seu combate pola liberdade, de transcender unha actitude puramente resistencial ante a opresión organizada que lle impoñía un Estado estranxeiro.

Os efectos de semellante caracterización non anulan, senón que completan a lectura do pasado como conflito entre dúas nacións e permiten comprender en toda a súa plenitude o verdadeiro significado do enfrontamento, segundo as pautas interpretativas da doutrina nacionalista. En primeiro lugar, porque se define con propiedade os dous suxeitos contrapostos. Mentres se mantén a antiga caracterización negativa de Inglaterra, Irlanda aparece agora representada como unha nación perfectamente equiparable á que inxustamente a oprimía, dona dun pasado ben glorioso que, ademais, constituía un modelo propio que tiña dereito a recuperar. E segundo, porque revela a dimensión completa dunha loita pola liberación que excedía á lóxica reacción dunha sociedade sometida pola forza e vítima dun mal goberno; unha loita que non era só o desordenado combate dun campesiñado reducido á miseria polo espolio dos seus bens; unha loita que nin sequera cabía reducir ás xustas demandas dunha poboación discriminada pola súa condición relixiosa. Así fora representada anteriormente a historia da relación entre os opresores e o pobo sometido, concibida nestes termos de resistencia, de loita puramente reactiva, en reposta ós agravios que deitaban da intromisión violenta dunha Inglaterra movida pola cobiza e pola ansia de poder. O relato histórico de MacNeill transcende esta interpretación, para situar a contenda como un conflito autenticamente nacional. A miseria, os abusos, a persecución relixiosa e o sometemento político non eran máis que manifestacións diversas da única causa dos males do país, da raíz verdadeira da inxustiza que lexitimaba a loita pola liberdade: Irlanda era unha nación ben arraigada na historia e, en canto tal, titular do dereito a dispoñer do seu destino, único modo de preservar a súa identidade singular, aquilo que a constituía como entidade diferenciada.

Neste senso, fronte ás vaguidades das historias anteriores, MacNeill concreta con detalle, primeiro de nada, os elementos que permiten a caracterización histórica da nacionalidade irlandesa, para asentar neles, como consecuencia, a lexitimidade das reivindicacións políticas do nacionalismo. Da súa exposición da historia do

país, val dicir, do relato da construción histórica da súa nacionalidade, só cabía deducir que nin o remedio das inxustizas relixiosas, nin o recoñecemento da igualdade nos dereitos de cidadanía, nin a solución ó acceso á propiedade da terra, nin o final da política de explotación económica, asuntos nos que se apoiaran as formas modernas da opresión sobre o pobo irlandés, darían cabo a un problema que era de orde nacional. Só a recuperación da independencia, por tanto, permitiría o rexurdimento da *Irlanda-irlandesa,* da auténtica nación que tanto tempo atrás vira truncada a súa evolución en liberdade.

En suma, a causa da anormalidade do pasado irlandés que as anteriores historias nacionalistas propuxeran, atribuíndoa á intrusión estranxeira, non queda refutada polas novas achegas científicas de Eoin MacNeill. Antes ben, a súa interpretación resulta confirmada e reforzada polo feito mesmo de salientar nelas a brillantez que no seu día acadara a civilización autóctona. Corroboración que mesmo se estende, de maneira paradoxal, á propia caracterización xeral que informaba o relato do pasado daquelas primeiras historias, en canto a exaltación dos extraordinarios niveis de prosperidade cultural e material que acadara o país no pasado viña acentuar, como consecuencia inevitable, o carácter tráxico da historia irlandesa, ó resaltar aínda máis, por comparanza entre as dúas grandes épocas, a magnitude da perda que seguira á conquista inglesa. Neste senso, a dimensión política da historia tampouco non queda diminuída. Pola contra, queda establecida na súa verdadeira integridade. Despois dos traballos de MacNeill, polo tanto, a historia de opresión e resistencia queda dobremente xustificada, coa nova argumentación culturalista engadida á puramente política na que viñera asentando desde o século anterior.

3.4. Entre a ciencia e a ideoloxía: a configuración formal do relato histórico

O prexuízo ideolóxico e a pretensión da obxectividade condicionan, como xa se sinalou, o enteiro proceso de elaboración da obra historiográfica de MacNeill, desde o instante mesmo da decisión que o movera a compoñela. Como consecuencia, ambos os dous factores conviven nela cun grao de harmonía variable, en función da capacidade do autor para manter en cada momento un equilibrio axeitado á satisfacción da dobre finalidade coa que emprendeu o seu achegamento ó pasado, concretada no desexo de fundamentar de maneira *científica* a representación *nacionalista* da historia de Irlanda. A inevitable tensión que deriva deste solapamento entre o rigor académico e os principios doutrinais maniféstase tamén nos distintos planos que configuran o ámbito formal da súa obra.

En primeiro lugar, a preocupación constante por subliñar a natureza científica das súas investigacións inclina ó autor a xustificar as súas afirmacións coa clase

de referencias propias dos estudios que se guían por tales pretensións. É certo que non adoita encher os seus traballos cun aparato crítico moi profuso e que, en realidade, tan só emprega con relativa abundancia as notas a pé de páxina en *Celtic Ireland,* en boa parte por causa da necesidade de efectuar precisións e actualizacións ós artigos que se recollen na obra, que foran escritos quince anos atrás. Pero en toda a súa obra, en xeral, procura fundamentar as súas posturas históricas, habitualmente por medio da mención no propio texto dos traballos que lle serven de apoio, tanto no caso de seguir as súas opinións coma no de rexeitalas. Desta maneira utiliza o seu método expositivo preferido, que adoita partir da descrición dunha determinada interpretación histórica e do seu inmediato rebatemento, tomados ambos os pasos como pretexto para a especificación das súas propias teses ó respecto.

Sen embargo, os prexuízos de raíz ideolóxica abrollan seguido nunhas obras, como as que aquí se consideran, nas que dificilmente se pode deixar de percibir a intencionalidade política que as anima. Por un lado, o autor sempre aparece presto a contradicir as posicións dos historiadores que considera favorables ós intereses ingleses e disposto a demoler os argumentos históricos que adoitaban servir de xustificación ó mantemento do sistema de dominación británico sobre Irlanda. Por outra parte, son demasiado frecuentes as alusións a diversos aspectos da realidade na que o autor vive, ós grandes acontecementos da época, a figuras relevantes da política británica ou a decisións gobernamentais respecto de cuestións relevantes para a Irlanda do momento. En todo caso, sexa de maneira expresa ou sobreentendida, o presente latexa en todo momento como referencia última da exposición histórica de MacNeill, nunha relación expresa que afecta decididamente á proclamada imparcialidade que o autor atribúe á súa representación do pasado, en canto quebra, en ocasións de forma patente, a barreira do distanciamento temporal que se adoita asociar ó traballo histórico de orde académica. O abuso da disposición do pasado no horizonte do presente mesmo chega a escurecer a indubidable dimensión científica dalgunhas das contribucións históricas de MacNeill, agachada por momentos pola ansia do autor por facer explícitas certas conclusións de significado político inmediato, no canto de deixar que fose a propia lectura a que as suxerise de maneira máis sutil. Deste modo, a obsesión por acadar as finalidades políticas que pretende deducir dunha exposición do pasado adecuada ás demandas nacionalistas transmítese ós seus textos e acaba por enturbar unha obra concibida co ánimo confesado de renovar unha historiografía que era aínda demasiado dependente dos relatos tradicionais.

Neste senso, salvando as diferenzas xa mencionadas noutro apartado anterior, a finalidade pedagóxica que, en última instancia, levara ó autor a achegarse ó

pasado confírelle á súa obra unha relativa semellanza nos seus trazos formais coas *historias populares* do século anterior. A instrumentalización educativa que os determina reflíctese tamén nos escritos de MacNeill nunha linguaxe demasiado politizada, que busca a eficacia inmediata na transmisión da mensaxe nacionalista, aínda a custa da simplificación expositiva, e na adopción dun estilo que, por veces, dá preferencia á emotividade fronte á argumentación razoada, no gusto por un ton expresivo que non sempre quere resistir a tentación do sentimentalismo. É verdade que, en ocasións, a habelencia do autor para recorrer á ironía atina a compensar con elegancia a deriva utilitaria, pero o didactismo que impregna a súa obra limita considerablemente a dimensión científica da que sempre quixo presumir.

En segundo termo, o propio proceso de elaboración dos estudios históricos e a súa forma de presentación editorial son o resultado da mestura de respecto polo rigor académico e afán divulgativo que caracteriza a obra de MacNeill. Lémbrese que, inicialmente, os seus traballos adoitan ser concibidos como artigos para publicacións especializadas ou como conferencias ou lecciónns de cursos públicos sobre historia irlandesa. En todo caso, como demostra a orixe da cada unha das obras aquí analizadas, os dous tipos de escritos resultan ser intercambiables na práctica, non só porque o autor emprega idéntica metodoloxía na súa elaboración, senón porque todos eles, con independencia da súa orixe, son utilizados de ambas as dúas maneiras polo autor, tal como amosan os tres grandes libros publicados mentres vivía, en tanto que son recompilacións de conferencias que, por demais, foran posteriormente recollidas como artigos en medios de carácter académico. En todo caso, o fundamento científico vese sempre afectado polo didactismo antes amentado, en canto cómpre atribuír á preocupación por acadar unha maior efectividade comunicativa a propia decisión de agrupar os estudios en obras conxuntas, mesmo vencendo, como no caso de *Celtic Ireland,* a natural resistencia do investigador a presentar un material que el mesmo consideraba en boa parte superado. Sen dúbida, finalmente, tamén aquí primou a obriga política do patriota sobre o rigor do estudioso.

Respecto da dimensión estilística, a linguaxe dos textos de MacNeill correspóndese co afán por conxugar a claridade expositiva, imprescindible para o cumprimento da función política, co respecto polas pautas da escritura académica. A eficacia na transmisión da mensaxe política, que segue sendo a xustificación principal da representación histórica, non se fai depender nos seus escritos de puros efectismos literarios. Non faltan neles, desde logo, nin o sentimentalismo, nin a loanza apaixonada dos heroes da nación, nin a descualificación radical e sistemática dos que son caracterizados como os seus inimigos, nin outros tipos de recursos expresivos destinados a estimular a sensibilidade do lector. Pero MacNeill

prefire, en xeral, a argumentación ó modo científico para fundamentar as súas teses, adoita apoiarse en referencias bibliográficas, sustenta os seus xuízos no coñecemento dos manuscritos gaélicos, exhibe con frecuencia a súa erudición e, en fin, busca convencer, máis que conmover, a quen se achega á súa obra. O efecto político final, sen embargo, vén ser o mesmo que o que se propoñían as *historias populares,* aínda que os medios para acadalo fosen substancialmente diferentes.

Conclusión

A análise da obra de Eoin MacNeill dentro do contexto historiográfico nacionalista definido nos decenios inmediatamente anteriores obriga a introducir unha serie de matices respecto da significación da súa achega á consolidación do modelo de historia de Irlanda que se imporía no primeiro terzo do século XX. Como se deduce da comparación que se acaba de establecer, o balance sobre os vínculos que ligan os textos das *historias populares* e as propostas científicas do historiador profesional está ben lonxe de ofrecer un resultado preciso e claro. Certamente, a relación entre os dous termos da comparanza afástase de toda linearidade simplificadora. Se é verdade que non está xustificada a consideración da obra de MacNeill como unha pura continuación daqueles escritos sobre o pasado que acadaran tan ampla difusión na sociedade irlandesa, como cabería deducir da insistencia na predeterminación ideolóxica que comparten, tamén o é que non respectaría a enteira realidade xulgala como unha aproximación conceptualmente distinta, no caso de ponderar soamente, seguindo as propias orientacións do autor, a novidade dos criterios científicos e as consecuencias da súa aplicación ó estudio do pasado.

En calquera caso, os lazos que vinculan as dúas variantes nacionalistas da historia irlandesa, a *popular* e a *científica,* son de maior complexidade do que unha e outra interpretación poderían suxerir, como lóxico efecto da propia tensión entre a convicción ideolóxica e a vocación de obxectividade que informan, de maneira sobreposta, o espírito que inspira o estudio do pasado da nación por Eoin MacNeill. Como resultado, a súa representación histórica ofrécese como unha lectura ambivalente que non pode deixar de reflectir a confluencia orixinaria das dúas fontes desde a que se constitúe.

En consecuencia, se as diferenzas respecto do método, dos contidos e da súa presentación formal impiden tratar os textos que compoñen a caracterización historiográfica de MacNeill como un simple apéndice que afonda e perfecciona o primeiro modelo de historia nacionalista de Irlanda, as abundantes mostras de coincidencias e continuidades, expresas ou sobreentendidas, que a vinculan con este obrigan a examinar a estreita relación que liga a súa representación do pasado

coa propia das *historias populares.* Máis que a súa suplantación, a obra de MacNeill esixe unha reformulación parcial daquel modelo que se fora conformando a partir das novas concepcións sobre o nacionalismo que naceran coa Young Ireland. Seguindo a sinopse do primeiro modelo de historia nacionalista xa exposta, cabe concretar, como sumario final, a maneira na que este resultou afectado polo novo enfoque científico que representa o noso autor.

a) Respecto dos *factores determinantes,* a coincidencia entre as dúas formas de exposición histórica é completa. O mesmo condicionamento ideolóxico no que asentan as narracións *populares* estimula, en función da finalidade política que el tamén lle atribúe á historia, a decisión de MacNeill de achegarse ó pasado, converte a nación no suxeito do relato e fixa a descrición do presente a partir da cal se elabora a representación histórica. Por demais, desa mesma fonte doutrinal deita a vontade de refutar a versión do pasado composta como xustificación do dominio inglés sobre Irlanda. Certamente, como xa se indicou, a vocación de obxectividade que impregna o traballo de MacNeill tempera os efectos do prexuízo nacionalista na súa caracterización histórica, pero o impulso de configurar unha interpretación da historia da nación conforme cos requisitos académicos nunca é da intensidade suficiente como para negar validez ós fundamentos sobre os que se compuxeran aquelas narracións que carecían aínda do rigorosidade que proclama como propia da súa contribución ó coñecemento do pasado.

Nesta esfera da determinación ideolóxica, a diferencia máis salientable respecto dos relatos anteriores provén do carácter *culturalista* do nacionalismo que profesa MacNeill. A concepción cultural da nación introduce un elemento ausente nas *historias populares* e tradúcese nun relato máis centrado no que o autor considera o núcleo mesmo da esencia da nacionalidade. Sen embargo, a diferente orientación que se orixina na preocupación polo desenvolvemento histórico dos signos identitarios non anula a significación política que caracteriza a narración nacionalista do pasado. Máis ben, a súa presenza explícita vén reforzar este trazo consubstancial a tales representacións historiográficas, asentadas na presunción diferencialista que constitúe un grupo humano como nación, val dicir, como entidade titular de dereitos políticos soberanos.

Coa localización histórica da nación irlandesa, como ente que definen os seus trazos culturais singulares, segundo as suposicións doutrinais de raíz herderiana das que participa, Eoin MacNeill non fai máis que confirmar a lexitimidade das demandas políticas nacionalistas e salientar a urxencia da súa cumprimentación, como condición imprescindible para a supervivencia de Irlanda. Nos textos dos *Young Irelanders,* de John Mitchel, de A.M. Sullivan e de Charles Gavan Duffy apenas non se establecía vinculación ningunha entre cultura e política

de maneira expresa, agás en certas escasas manifestacións da poesía dos primeiros. En todos aqueles escritos dábase por suposta a diferenciación nacional do pobo irlandés, poñendo o acento nos signos sobre os que asentaba a súa condición subordinada. A relixión católica e a miseria, como mostras máis evidentes da discriminación secular que padecía a nación, convertíanse tamén, deste modo, nos principais signos da identidade irlandesa, nas marcas que distinguían como grupo os irlandeses dos seus opresores. MacNeill, pola contra, asenta na orixinalidade cultural de raíz céltica o fundamento da nacionalidade e, por conseguinte, dos dereitos políticos de Irlanda. O camiño é diferente, pero o resultado dos dous tipos de relato histórico conclúen no mesmo horizonte: a liberación da nación irlandesa.

b) En canto ós *contidos* que compoñen o obxecto de estudio dos traballos de MacNeill, un primeiro reconto amosa unha evidente diferencia respecto dos que configuran a materia das *historias populares.* Alí onde estas se centraban na descrición do proceso de conquista e implantación do aparello de dominio inglés, sobre todo a partir do século XVI, atendendo fundamentalmente á expresión política do conflito que por tal causa se suscitara, MacNeill ocúpase, xustamente, do período anterior no tempo e concédelle unha sinalada atención á dimensión cultural que, ó seu xuízo, constitúe a esencia da nacionalidade irlandesa. Certamente, polo tanto, considerando o ámbito cronolóxico e as respectivas tendencias na selección dos materiais históricos, as diferenzas entre a obra de MacNeill e a dos historiadores nacionalistas que o precederon son manifestas. Sen embargo, unha análise máis atenta dos fundamentos sobre os cales se elaboran as dúas clases de representación do pasado permite detectar unha *continuidade* substancial entre elas que as volve complementarias, máis que contrapostas.

En realidade, a preferencia polos aspectos culturais e pola época previa á presenza inglesa no territorio irlandés non debe ocultar que a historia da nación elaborada por MacNeill no conxunto dos seus traballos segue asentando nunha concepción *política* do pasado, o cal, pese ás aparencias, resulta interpretado tamén en función das pautas que o reducen a un conflito secular entre Irlanda e Inglaterra, que se figura como o feito máis significativo do relato histórico. En certo senso, os tempos de formación e esplendor da nación, a pesar da meticulosidade coa que os quere estudiar e da relevancia que lle outorga á dimensión cultural, resultan así caracterizados como os *antecedentes* precisos para comprender a verdadeira significación da posterior evolución histórica, da que culmina na desaparición da orde gaélica e dá paso a unha nova era na que o pasado se prolonga ata o presente mesmo. Da mesma maneira que fixeran os autores dos relatos históricos *populares,* Eoin MacNeill converte os últimos trescentos anos nun delongado *presente,* nun tempo esencialmente igual, no que a historia apenas transcorre, para deixar paso

á pura *repetición* do proceso de dominio consolidado no século XVII e confirmado ata a actualidade.

Deste modo, asume o autor non soamente o tradicional relato nacionalista deses tempos dramáticos nos que aínda estaba inmerso o pobo irlandés, senón tamén, indirectamente e de modo paradoxal, dada a súa preocupación por resaltar a substancia cultural da nacionalidade, a enteira simplificación política do pasado na que aquel se fundamentaba. Faino, como xa se fixo notar, en canto o condicionante ideolóxico e a conseguinte funcionalidade política que lle asigna á historia constitúen o piar sobre o que se sostén a representación nacionalista do pasado e marcan de maneira decisiva a súa elaboración. Pero, ademais deste xeito subxacente, tamén se expresa nos textos de MacNeill a transcendencia da dimensión política do pasado na preocupación por definir un sistema político gaélico específico, que se traduce nunha atención pormenorizada ó estudio das leis e das institucións autóctonas, na descrición dos procesos de unificación entre as distintas entidades políticas da era prenormanda, na teima por salientar a existencia dunha antiga monarquía suprema con xurisdición sobre todo o territorio irlandés e na variante política da resistencia nacional ó poder estranxeiro no Medievo.

Confirma, pois, MacNeill cos seus traballos sobre o pasado a versión nacionalista da historia como confrontación entre nacións antagónicas de tres maneiras principais. En primeiro termo, porque o seu relato implica a asunción da dicotomía entre opresión e resistencia como eixe narrativo que articula a descrición dos acontecementos do tempo posterior á invasión inglesa. Faino de maneira expresa no período que el estudia, ata o século XVI, e de modo implícito para os tempos subseguintes. Conforme a tal entendemento do pasado, o autor procede a caracterizar os dous contendentes segundo as pautas propias da descrición nacionalista da realidade: á exaltación das virtudes de Irlanda contrapónselle unha imaxe completamente negativa de Inglaterra, retrato que se aplica non só ó Estado opresor que esta dirixe, senón a aqueles dos seus membros que inciden directamente na realidade do país sometido e mesmo, por extensión, á enteira nación inglesa.

En segundo lugar, corrobora MacNeill a pertinencia da interpretación das *historias populares,* en canto da súa exposición deriva a implícita integración da época prenormanda no esquema conflitual de historia de Irlanda que estas propoñían. Aínda sen as referencias expresas ó presente que salpican os seus textos, entendido segundo o prexuízo ideolóxico nacionalista que o autor confesa, o período no que se relata o proceso de maduración da nación gaélica queda convertido na descrición dos *precedentes* que permiten a fixación da relevancia do conflito posterior e da inxustiza que supuxo. Ó precisar os trazos da auténtica Irlanda, por demais, queda desautorizada a versión que reducía o conflito á

confrontación entre a superior civilización inglesa e o pobo atrasado que se resistía ó avance da historia.

Terceiro, do relato de MacNeill deriva un reforzamento do esquema de confrontación, xa que, sen negar a súa substancia política, estende o conflito ó enfrontamento entre culturas, convertido este, xustamente, na manifestación esencial do antagonismo, dado que nel se dirime a existencia mesma da nación. Non presenta a loita cultural, segundo xa se dixo, como unha dimensión illada da política nin como se fose resultado dun azar histórico. Pola contra, MacNeill identifica a destrución da cultura irlandesa como o obxectivo principal da política de Inglaterra na illa desde o Medievo, en canto significaría a desaparición da nación irlandesa e a mellor garantía da culminación dos seus planos de dominio sobre as xentes e os recursos do país.

c) Polo que se refire ós *aspectos formais* da representación do pasado, de maneira explícita nos traballos de longo percorrido cronolóxico e de maneira sobreentendida nos de dedicación máis restrinxida, mantense na obra de MacNeill a concepción narrativa da historia, entendida como o relato do desenvolvemento da nación desde as súas orixes, de modo semellante a como o formularan Sullivan e Duffy. A pretensión académica que informa o seu traballo de investigación e exposición históricas, fundado nos criterios científicos propios da historiografía da época, sen embargo, limita considerablemente o ámbito de selección, o tratamento e a organización dos materiais cos que MacNeill compón o seu relato, así como as propias formas estilísticas en que o expresa. Guiado por un afán de obxectividade do que carecían os historiadores nacionalistas *populares,* o autor preocúpase por excluír da súa obra os elementos fantasiosos, procedentes de lendas e tradicións infundadas, que aqueles non dubidaran en incorporar ás súas narracións, en canto non tiñan reparo en subordinar a veracidade dos episodios relatados á eficiencia política que esperaban acadar coa súa exposición. Unha materia emotiva, unha trama conmovedora ou un acontecemento exemplarizante, expostos na linguaxe apropiada para suscitar a resposta política adecuada no lector, vían xustificada a súa inclusión naquelas historias prioritariamente atentas a lexitimar o discurso nacionalista e a práctica política que deitaba da súa doutrina.

Sen dúbida ningunha, en comparanza con aqueles relatos, o condicionamento científico modera o prexuízo ideolóxico co que tamén MacNeill se achega ó pasado. Con todo, a tensión entre ambos os dous factores determinantes da súa historiografía non sempre se resolve en favor do primeiro, como xa se tivo ocasión de comprobar. A presunción nacionalista está sempre presente nos textos do autor, vencendo con demasiada frecuencia os freos que a súa mentalidade de estudioso académico debería apoñer ás súas ansias políticas, de modo que resultan patentes

tamén neles os efectos do utilitarismo pedagóxico. Neste senso, a procura da eficacia comunicativa leva ó autor a preterir a miúdo as restricións expresivas que impón a argumentación científica, en favor dunha linguaxe máis sinxela e directa pero moito menos precisa, así como a prescindir das complexidades que puidesen escurecer a claridade do eixe interpretativo sobre o que se articula o relato da historia da nación nas dúas partes en que se divide, a anterior e a posterior á invasión inglesa. Na mesma orde, o *presentismo* inherente á funcionalidade instrutiva da historia nacionalista deriva nun anacronismo na utilización dos conceptos políticos que mingua a precisión que o propio autor reclama como fundamento do seu traballo historiográfico. E por fin, o didactismo político afecta mesmo ó propósito de compoñer o relato histórico a partir de fontes de veracidade contrastada, por canto MacNeill inclúe tamén na súa obra materiais de evidente carácter lendario, coa escusa de que, baixo a tona da fabulación, cabe discernir neles a auténtica e primeira tradición gaélica, libre das adherencias coas que a revestiran posteriormente os eruditos medievais.

d) No que respecta á propia *mensaxe* que se deduce da representación do pasado e á súa *recepción* pola sociedade á que o autor lla quere transmitir, apenas se aprecian novidades en relación ás *historias populares,* tanto no que se refire ás conclusións que MacNeill formula de maneira expresa nos seus escritos coma ás que cabe esperar que se deducisen da súa lectura conxunta. Tamén neste plano o desequilibrio da balanza entre a pretensión científica e o determinante ideolóxico en favor deste segundo tende a achegar a obra de MacNeill cara ás tradicionais historias nacionalistas. Como xa se indicou, as achegas sobre o pasado da nación que os seus traballos incorporan a este modelo primeiro, con ser importantes respecto da precisión de feitos concretos e da depuración dos antigos materiais lendarios, non afectan á natureza mesma do relato que se fora configurando nas décadas anteriores, do cal, coas matizacións sinaladas, toma a estrutura sobre a que enfía a súa interpretación do pasado nacional. En consecuencia, tanto as afirmacións que o propio autor conclúe da súa mirada cara ós tempos pretéritos coma as deducións que pode extraer o lector da súa representación son substancialmente idénticas ás que deitaban das *historias populares.*

Aínda máis, en realidade, lonxe de desautorizalas, as contribucións historiográficas de MacNeill veñen confirmar o balance final que derivaba dos anteriores relatos nacionalistas. Non soamente porque, igual que estes, corroboran a lexitimidade das ideas esenciais e das propostas políticas do nacionalismo, senón porque as novas achegas específicas da súa representación do pasado, singularmente as que se relacionan coa transcendencia da dimensión cultural, engaden argumentos

que veñen reforzar as conclusións que deitaban da historia nacional xa elaborada segundo aqueles principios ideolóxicos.

En primeiro lugar, da exposición dos trazos da espléndida civilización gaélica da era prenormanda non cabía máis que deducir a extraordinaria inxustiza que supuxera a intromisión de Inglaterra, retratada como a culpable da alteración do decurso *natural* da historia irlandesa e, como consecuencia, da tráxica decadencia que experimentara a nación desde aquel seu momento de gloria. O coñecemento dos tempos dourados e das potencialidades inherentes á nación que revelan os traballos de MacNeill volvía, sen dúbida, máis penoso aínda o triste abatemento do presente e reforzaba o sentido da loita nacional pola súa reversión.

Como segunda conclusión, a atención preferente ó plano cultural do conflito histórico entre Inglaterra e Irlanda que caracteriza os escritos de MacNeill viña reafirmar a sensación de incompatibilidade entre as dúas nacións que xa se desprendía das *historias populares*. A historia que narra MacNeill –e o seu reflexo no presente– demostraba que era imposible, nun sistema de opresión como o que padecía Irlanda, a coexistencia entre as dúas culturas respectivas sen mingua para a do pobo sometido. Neste plano do antagonismo cultural, ademais, dirimíase a propia supervivencia da nación irlandesa, en canto o enfrontamento afectaba á propia esencia na que asentaba a súa natureza diferenciada. A conclusión era doada: en virtude das dramáticas consecuencias que cabía esperar da prolongación de tal confrontación histórica, cumpría quebrar definitivamente as circunstancias políticas que facían posible a consumación do perigo. A relevancia e a urxencia do obxectivo, por demais, non permitían excluír o recurso a calquera medio que garantise a recuperación dos dereitos da nación irlandesa.

Por último, o relato de MacNeill, coa súa insistencia na peculiaridade cultural como trazo definitorio da nación desde as súas orixes, confirmaba a caracterización restrinxida da identidade irlandesa, asentada non só na relixión católica, como alegaban as anteriores historias nacionalistas, senón tamén na cultura gaélica, expresada, de maneira manifesta, na súa lingua. Deste xeito, a representación do pasado, ó identificar a nación coa súa cultura, volvía aínda máis complicada a integración daqueles irlandeses que non compartían tales riscos identitarios. É certo que a aceptación da lingua e a cultura nativas abría ós protestantes do país a posibilidade de dar unha proba manifesta da súa *irlandesidade* sen abxurar da súa fe relixiosa. Pero tamén o é que, para quen non profesaba a relixión católica, o compromiso coa lingua veu sumarse á asunción da opción política nacionalista como un novo requisito engadido necesario para demostrar a súa vontade de pertenza á nación aqueles que, por principio, non formaban parte dela, en canto non satisfacían os estritos criterios identitarios da *Irlanda-irlandesa*.

En suma, a narración do pasado de Irlanda en clave da súa singularidade cultural e da ameaza histórica da destrución da nacionalidade que derivaba da presenza inglesa na illa viña confirmar as conclusións todas que constituían o balance que ofrecían as historias nacionalistas, val dicir, a lexitimidade da doutrina que as inspiraba, a definición excluínte da identidade nacional, a responsabilidade de Inglaterra na miseria e o atraso da sociedade irlandesa, a imposibilidade de concertar un amaño que permitise a coexistencia das dúas nacións no territorio irlandés e a difícil conciliación entre a poboación autóctona e a minoría de ascendencia estranxeira. A representación *científica* da historia, deste modo, a pesar da novidade dos seus fundamentos metodolóxicos e das súas contribucións, non se afastaba dos fundamentos da versión *popular* do pasado. Máis ben, asegurou a súa supervivencia revestíndoa de formas máis aceptables a unha sociedade moderna e instruída.

V. A HISTORIA OFICIAL DA NACIÓN IRLANDESA: CONCLUSIÓNS

No decenio de 1930 o Estado propio da nación irlandesa adquirira unha solidez institucional que permitía consideralo xa, sen dúbida ningunha, como unha entidade plenamente asentada. No ámbito interno, parecían superadas as discrepancias que dividiran o movemento nacionalista a respecto do Tratado Anglo-irlandés de decembro de 1921, do que nacera o *Irish Free State,* e que deran lugar á guerra civil durante os dous primeiros anos da súa existencia. A vitoria electoral do Fianna Fáil en 1932 e a conseguinte asunción do goberno de Irlanda polo partido que agrupaba á maioría da sección do republicanismo que combatera o novo réxime coas armas e que rexeitara incorporarse ós seus órganos de representación ata 1927 conferíalle ó Estado irlandés a lexitimidade social e política definitiva. No ámbito exterior, a Constitución de 1937 corroboraba xuridicamente a independencia da que, na práctica, gozara o país desde 1922, en canto resolvía as ambigüidades da súa relación co Imperio británico que derivaban do tratado fundacional e afirmaba de maneira taxativa a existencia de Irlanda –Éire– como Estado soberano.[1247]

Nestas circunstancias, a partir de 1922, rematada a loita pola independencia, a representación nacionalista da historia de Irlanda, aquela da que se acaban de rastrexar as súas pegadas desde mediados do século anterior, pasou a ser sustentada por un Estado que a promoveu como a versión *oficial* dun pasado que, en último termo, explicaba e xustificaba a súa propia existencia. Co novo *status* que lle outorgaba a súa integración nas estruturas de poder estatal, a historia *nacionalista* convértese entón en historia *nacional,* no relato do pasado dunha nación que, por fin, atopara recoñecemento institucional á súa singularidade, dando a definitiva culminación a unha delongada e heroica loita secular na procura da súa liberación,

[1247] "Article 4. The name of the State is Éire, or, in the English language, Ireland. Article 5. Ireland is a sovereign, independent, democratic state". *Constitution of Ireland.*

segundo quixo especificar o propio texto constitucional.[1248] Deste xeito, veu configurarse un mecanismo de lexitimación recíproca, en virtude do cal a pertinencia da interpretación nacionalista do pasado como loita pola liberdade da nación quedou confirmada polo propio establecemento do Estado e mais pola *oficialización* do relato histórico que este pasou a promover, espallándoo a través do sistema educativo e das institucións culturais e facendo del o provedor dos símbolos nos que se expresaba a condición nacional de Irlanda. A versión nacionalista da historia converteuse, deste xeito, en *memoria pública* da nación irlandesa, nunha representación do pasado que deitaba a súa lexitimidade da propia existencia e mais da acción dun Estado nacional ó cal, á súa vez, proporcionaba boa parte do seu aparello de lexitimación. En consecuencia, do proceso de institucionalización da historia nacionalista derivou a ocultación do seu apelido ideolóxico, moito máis visible nos tempos en que se presentaba como relato alternativo da versión do pasado de orixe británica, e a súa conversión en historia da nación titular da nova entidade estatal.

Na súa segunda década de vida, pois, o *Irish Free State* consagrou a interpretación nacionalista do pasado, convertida no relato *canónico* da historia nacional. Precisamente, foi Eoin MacNeill o chamado a redactar o capítulo dedicado á historia que había formar parte do volume co que as autoridades quixeron dar conta da situación do país despois de dez anos de independencia, enmarcando os distintos aspectos da realidade política, económica e cultural na súa perspectiva histórica e presentando o balance do autogoberno daquel período primeiro despois da liberación.[1249] Polo carácter oficial da publicación e pola personalidade do autor, a quen xa se retratou como figura decisiva da presentación académica da interpretación nacionalista do pasado no primeiro terzo do século XX, o artigo de MacNeill, a pesar da súa brevidade, pode servir como base para unha caracterización completa do modelo de historia nacional de Irlanda asumido polo novo Estado, as institucións culturais e educativas e, en xeral, pola sociedade irlandesa. A propia natureza do texto facilita o discernimento nel dos compoñentes fundamentais que articulan a visión *canónica* da historia nacional, por canto, en

[1248] "We, the people of Éire, Humbly acknowledging all our obligations to our Divine Lord, Jesus Christ, Who sustained our fathers through centuries of trial, Gratefully remembering their heroic and unremitting struggle to regain the rightful independence of our Nation, [...] Do hereby adopt, enact, and give to ourselves this Constitution". *Constitution of Ireland,* Preámbulo.

[1249] Bulmer Hobson (ed), *Saorstát Eireann Official Handbook,* The Talbot Press, Dublín 1932. O artigo de MacNeill, "History", figura como capítulo IV, pp. 41-63, despois dos correspondentes á descrición do país – "The Country and its people", "The Fauna and the Flora of Ireland", "Geology, structural and economic"– e precedendo a 29 capítulos máis sobre a Constitución do *Free State,* aspectos varios do sistema político e administrativo, a economía, a relixión, a educación e diversas manifestacións da cultura e a lingua.

razón da pequenez do espazo dispoñible e dos destinatarios ós que se dirixe, require a redución do relato ó que o autor, como historiador e nacionalista, consideraba as súas esencias, obrigándoo a resumir as súas propias contribucións sobre o período ó que tanto estudio dedicara e mais a completalas cunha sucinta relación do acontecido nos últimos cinco séculos, ós que non se achegara profesionalmente. Non obstante, a descrición dese relato, que a continuación se ofrece como exercicio de recapitulación, ademais de fundarse tamén na lembranza do esquema histórico de MacNeill exposto en páxinas anteriores, refórzase con referencias complementarias, especialmente para os tempos posteriores ó século XV, á obra de Edmund Curtis, *History of Ireland,* publicada naqueles mesmos anos e que responde a idénticos criterios historiográficos e ideolóxicos ós que inspiraron ó noso autor principal. A obra de Curtis, eminente historiador académico e convencido nacionalista, servirá, por tanto, como unha especie de fonte de control para aqueles séculos que MacNeill apenas atendeu nos seus escritos.[1250]

1. Caracterización do relato canónico da historia nacional de Irlanda

1.1. Estrutura e contidos do relato

A representación nacionalista do pasado asenta sobre as presuncións básicas que conforman a determinación ideolóxica da que xorde, a saber, a consideración de Irlanda como nación diferenciada, definida pola cultura gaélica e a fe católica, destinada a desenvolver en liberdade a civilización específica que deriva da súa singularidade nacional. En función de tal fundamento ideolóxico, Irlanda convértese no suxeito dun relato que debe dar conta dos avatares da súa existencia, desde as súas remotas orixes ata o presente, nunha narración histórica articulada en torno a dous eixes complementarios, a permanencia da nación a través do tempo, expresada nos trazos consubstanciais ó seu ser, e a capacidade para exercer os dereitos políticos que lle corresponden en virtude da súa natureza nacional. O desenvolvemento e os atrancos na historia das dimensións cultural e política da nacionalidade, inextricablemente ligadas estas na argumentación doutrinal nacionalista, constitúense, polo tanto, como os criterios primordiais

[1250] Edmund Curtis foi profesor no Trinity College desde 1914 ata a súa morte, dous anos antes que a de MacNeill, en 1943. Dedicouse preferentemente ó estudio do Medievo, pero a súa obra máis influínte foi *History of Ireland,* que se converteu en texto universitario clásico desde a súa primeira edición, en 1936, sendo continuamente reeditado ata o decenio de 1990. Está dispoñible unha reimpresión da sexta edición, de 1950, publicada por Routledge, Londres, 2002. Aquí manéxase a terceira edición, publicada por Methuen, Dublín 1937, que engade á orixinal do ano anterior unha vintena de páxinas nos dous derradeiros capítulos, ampliando o tratamento do acontecido despois de 1870.

de selección e organización dos contidos da narración. Sobre esta base ideolóxica primaria, por tanto, constrúese a representación do pasado, elabórase a interpretación xeral que constitúe a historia de Irlanda como entidade narrativa e estructúrase o seu relato, fixando a súa periodización e caracterizando as fases que o compoñen.

En función dos principios expostos, a representación historiográfica nacionalista componse de dúas grandes partes diferenciadas pola invasión anglonormanda de 1169, que constitúe a cesura decisiva no seu relato, por canto sinala a finalización do tempo en que a nación puidera desenvolver en liberdade as potencialidades inscritas no seu ser e o comezo dunha época –ata o mesmo presente– na que se viu sometida a un poder estranxeiro e debeu loitar pola recuperación da súa independencia. Dentro de cada unha desas grandes fases distínguense, á súa vez, períodos delimitados por unha serie de acontecementos ós que se lles outorga tamén unha importancia extraordinaria, en canto determinan alteracións substanciais no decurso da historia e condicionan a súa evolución posterior.

A liberdade da nación –o seu goce, a súa perda e o esforzo a prol da súa recuperación– vén ser, polo tanto, o determinante clave da articulación da elaboración histórica nacionalista, tal como aparece solidamente configurada nos anos inmediatos á proclamación da independencia irlandesa. Segundo esa referencia central, polo tanto, a invasión estranxeira de 1169 delimita dous grandes conxuntos narrativos:

A. ***Tempo de esplendor: formación, desenvolvemento e apoxeo da civilización autóctona irlandesa.*** Narra o decurso *natural* da historia: etapas fundacionais e de configuración da nacionalidade, camiño da *Idade de ouro* da nación.

B. ***Tempo de sufrimento: intromisión, decadencia e conflito.*** Relata a introdución da *anormalidade* na historia nacional: invasión inglesa, opresión, decadencia e loita pola liberación.

A distribución do espazo narrativo entre estas dúas grandes etapas da historia irlandesa tende ó equilibrio no relato de Eoin MacNeill para o *Official Handbook* de 1932, no cal os contidos se reparten practicamente a un 50% entre elas.

A primeira fase dosifica a súa atención de maneira axustada entre o tempo da Irlanda pagá, o da *Idade de ouro* que segue á cristianización e o que anuncia o declive que facilitaría a intrusión inglesa. A segunda divide o seu espazo a partes iguais entre a época que vai da invasión anglonormanda á era dos Tudor e os catro

séculos que levan desta ata o presente. Cómpre, sen embargo, lembrar a dedicación profesional do historiador ó estudio da Irlanda antiga e medieval, factor que debeu de influír de maneira decisiva neste parcelamento dos contidos e na limitación do espazo concedido ó período último da historia da nación nun texto, por demais, tan peculiar polo tipo de obra na que se integra e pola súa limitada extensión.



Figura 5. Inversión da distribución do espazo textual en Eoin MacNeill, "History"

A consideración da distribución textual na obra de Edmund Curtis, *History of Ireland,* escrita moi pouco despois e coa mesma perspectiva ideolóxica, permite comprobar unha asignación de contidos máis acorde coas *historias populares* de inspiración nacionalista. A historia de Curtis, aínda que tamén medievalista el mesmo, reserva tan só un 11% do seu relato para narrar os séculos que transcorren desde as orixes da nación ata a invasión anglonormanda de 1169. Mesmo considerando a declaración de Henry VIII como rei de Irlanda en 1541, que o autor sinala como clave na historia da nación, en canto fito que simboliza o inicio da "segunda conquista" de Irlanda, a obra de Curtis dedica un 60% da súa atención ós escasos catrocentos anos posteriores a esa data. Aínda que a condición de especialista no Medievo leva a Curtis a outorgarlle un 30% do texto ós catro séculos que separan a chegada dos invasores da asunción da monarquía irlandesa pola Coroa de Inglaterra, o desequilibrio a favor dos anos en que se aguza o conflito resulta ben patente no seu escrito.[1251]

[1251] Se as primeiras etapas da nación merecen un 11,2% do espazo, o último século, desde a Unión de 1800 ata 1922, ocupa tan só un 14,4%. É claramente dominante o tratamento dos douscentos cincuenta anos que separan 1541 de 1800, o tempo do apoxeo da opresión inglesa e da resistencia irlandesa, que consomen un 46,4% das 411 páxinas que a obra dedica á narración da historia de Irlanda. O reparto resulta confirmado pola relación de 164 datas fundamentais que se inclúe ó final do texto ("Key dates of Irish History", pp. 421-5): un 89% pertencen á fase posterior a 1169, sendo un 69,5% acontecementos referidos ós anos que seguen a 1540; resérvase un 46,3% para os que van de 1540 a 1800.



Figura 6. Reequilibrio da distribución do espazo textual
en Edmund Curtis, *A History of Ireland*

En suma, a *materia narrativa* que integra cada unha destas dúas grandes fases do relato componse dos seguintes asuntos:

Fase A

Tempo de esplendor *(ata 1169)*
1. Fundación e configuración da nacionalidade:
· Chegada do pobo gaélico á illa
· Formación da base da civilización irlandesa: sistema político, económico, social e cultural
· Cristianización sobre o fundamento céltico

2. Idade de ouro:
· Desenvolvemento cultural e relixioso
· Proxección exterior en Europa

3. Decaemento:
· Distorsións procedentes do exterior: viquingos e influencias feudais
· Deficiencias de orixe interna: fracaso da unión política e inestabilidade

Fase B
Tempo de sufrimento *(1169-1922)*

1. Conquista incompleta (1169-1541)
· Invasión anglonormanda
· Espolio do país pola aristocracia estranxeira
· Resistencia militar e cultural da Irlanda gaélica fronte á colonia inglesa
· Fortaleza da cultura nativa: gaelización e retroceso do poder inglés

2. Aguzamento do conflito: opresión e resistencia (1541-1800)
· Reforma protestante e redefinición político-relixiosa da confrontación
· Segunda conquista e proxecto de destrución da nación: guerra, confiscación da terra, persecución relixiosa e discriminación legal (1541-1691)
· Resistencia armada da Irlanda católica: Guerra dos nove anos (1595-1603), Guerra da Confederación católica (1641-53) e Guerra guillermina (1688-81)
· Derrota e fin da orde gaélica: exilio da clase dirixente nativa (1607) e incumprimento do Tratado de Limerick (1691)
· Agonía da nación: código penal anticatólico e destrución da economía irlandesa
· Patriotismo protestante e independencia lexislativa (1782)
· Fracaso da insurrección republicana de 1798

3. Unión e liberación (1800-1922)
· Unión parlamentaria: submisión política, decadencia económica e esmorecemento cultural
· Mobilización popular con Daniel O'Connell
· A *Gran Fame* e o exterminio da nación irlandesa
· Loita pola liberación: Young Ireland, fenianismo, *Home Rule,* movemento agrario e Sinn Féin
· Rexurdimento cultural: a Liga Gaélica
· Últimos pasos cara á independencia: insurrección de 1916, triunfo electoral republicano de 1918 e Tratado Anglo-irlandés de 1921

1.2. Mitografía histórica nacionalista

Os contidos que compoñen a narración nacionalista do pasado non son presentados, claro está, como unha pura crónica que relaciona unha serie de feitos cronoloxicamente ordenados. En canto elementos dun relato que eles mesmos constitúen, están ligados por conexións establecidas co obxecto de asegurar a coherencia narrativa, en conformidade coa interpretación xeral do pasado propia da ideoloxía nacionalista. En virtude da relevancia histórica que se lles outorga, son considerados *acontecementos,* sucesos que desempeñan unha función na representación do pasado, val dicir, que manteñen unha relación entre si da que nace a posibilidade mesma de configuralos como un relato histórico. En último termo, cada un dos contidos da historia nacionalista forma parte dela por causa da *significación* que se lle atribúe en relación cos demais, cada un deles é seleccionado non soamente pola súa natureza de *feito* certo, individualmente considerado, senón polo *sentido* que lle confire ós demais compoñentes do relato –e que estes, á súa vez, lle outorgan a el mesmo. O seu verdadeiro valor histórico provén, en realidade, da conexión que se establece entre todos eles e que os conforma como parte dunha única narrativa.

Máis alá da simple causalidade directa que implica a propia disposición cronolóxica en que se presentan, cómpre establecer, polo tanto, unha agrupación dos materiais que compoñen a representación nacionalista do pasado de Irlanda en *núcleos de contido* diferenciados segundo os *motivos* específicos ós que se refiren e segundo a *funcionalidade* que desempeñan no relato. O resultado de tales agrupamentos permite discernir un conxunto de *unidades narrativas* básicas que constitúen a armazón da historia nacionalista, reducen a complexidade do pasado –xa previamente filtrado pola peneira doutrinaria– e facilitan a articulación de materiais procedentes dun espazo temporal tan dilatado. Trátase de construcións ideolóxicas, en canto veñen ser *prefiguracións* que se orixinan nun momento anterior ó propio achegamento do historiador ó pasado, e de carácter mítico, en razón da ambición explicativa xenérica coa que se formulan e das funcións específicas que se lles asignan na narración. En consecuencia da súa xénese e mais da súa funcionalidade, polo tanto, poden cualificarse de *mitos* constituídos como reflexo da determinación ideolóxica que orixina o relato histórico, dado que aparecen, a un tempo, como expresión dos principios doutrinais nacionalistas e como corroboración da súa lexitimidade. O primeiro, porque a súa orixe provén da proxección da descrición nacionalista da realidade cara ó pasado; o segundo, porque, agachando o prexuízo que os determina, pretenden operar como confirmación da pertinencia dunha concreta interpretación ideolóxica do pasado e mais do presente.

En razón do exposto, procede elaborar unha tipoloxía dos *mitos historiográficos* que integran os diversos contidos da representación nacionalista do pasado, así como precisar a funcionalidade que satisfan. Debe sinalarse, en primeiro lugar, que todos eles son dependentes das presuncións ideolóxicas que autorizan a propia formulación do relato histórico nacionalista, expresadas no seu *argumento* central –a comprensión da pasado como perda da liberdade nacional e como loita pola súa recuperación: a lectura da historia como conflito– e nos principios xerais nos que se que fundamenta, quer dicir, o que presume a existencia da *Irlanda-irlandesa,* reflexo da pureza nacionalitaria, que iguala a nacionalidade coa fe católica, coa cultura gaélica e mais coa convicción política nacionalista, e o que presupón a homoxeneidade nacional da sociedade irlandesa na historia.

As configuracións míticas que agora cómpre detectar e clasificar, sen embargo, non son tanto estes principios que sustentan a concepción nacionalista da historia canto aquelas que traducen o *argumento* nacionalista do pasado de Irlanda nun *discurso* narrativo, as unidades nucleares a través das cales se articulan os contidos e se dá forma a esta específica interpretación histórica. Cabe diferenciar, a este respecto, cinco grandes tipos de *núcleos de contido,* que se corresponden

cos mitos *fundacionais,* os mitos de *afirmación* da civilización gaélica, os mitos de *continuidade,* os mitos de *representación conflitual* do pasado e os mitos de *racionalización* da derrota e da decadencia, cada un dos cales desempeña unha serie de funcións específicas no relato. A seguinte tipoloxía recolle as distintas unidades e a funcionalidade que a cada unha delas se lles atribúe:

Mitos fundacionais

a) mitos das orixes:

· mito do encontro do pobo gaélico co territorio nacional

· mito da ascendencia común

b) mitos de identidade nacional:

· mito do dobre momento fundacional do que resulta a nación: a base céltica modelada pola nova relixión cristiá

· mito da cristianización, articulado en catro dimensións: *predisposición* do pobo irlandés, *rapidez* do proceso de asunción da nova relixión, *continuidade* da primeira fe cristiá no catolicismo e *peculiaridade* do cristianismo irlandés

c) mito da civilización orixinal:

· mito da cultura de desenvolvemento autónomo, libre de influencias exteriores ata a cristianización

d) mitos do modelo político autóctono:

· mito da monarquía suprema de ámbito nacional

· mito do sistema político descentralizado e democrático, con limitación do poder real e asembleas de homes libres

Funcionalidade:

· lexitimación da presunción ideolóxica da natureza nacional de Irlanda

· diferenciación da nacionalidade irlandesa desde as orixes

Mitos de afirmación da civilización irlandesa

a) mitos de superioridade cultural:

· mito do carácter *clásico* da cultura gaélica, no mesmo plano que a da Antigüidade grecorromana

· mito do papel civilizador da primeira Irlanda cristiá, axente decisivo da recristianización e reculturización da Europa altomedieval

· mito da *gaelización,* da asimilación cultural dos invasores viquingos, normandos e ingleses

b) mitos do esplendor cultural en liberdade:

· mito da *Idade de ouro* pagá

· mito da *Idade de ouro* da Irlanda gaélica e cristiá, a era do apoxeo da nación

Funcionalidade:

· desautorización dos estereotipos negativos e do relato inglés do pasado (barbarie

da raza irlandesa, pobreza derivada do sistema social e económico nativo, incapacidade para o autogoberno e inferioridade cultural)
· proposición do modelo da Irlanda *auténtica*

Mitos de continuidade

· mito da persistencia da cultura gaélica diferenciada desde as orixes célticas
· mito da fidelidade á fe cristiá/católica
· mito da identificación ininterrompida entre fe e patria
· mito da sempiterna conciencia de nacionalidade do pobo irlandés
Funcionalidade:
· lexitimación da representación nacional do pasado
· vertebración dos compoñentes do relato
· conexión entre presente e pasado: a Irlanda actual é a mesma que a Irlanda da historia

Mitos de representación conflitual

a) mitos de opresión:
· mito do proxecto de dominación da Coroa inglesa, que determina as súas enteiras accións no territorio irlandés
· mito do designio inglés de exterminio da nación irlandesa, que se concreta nos planos de sometemento político, desmantelamento da orde gaélica, destrución económica, desarticulación da sociedade e aculturación
· mito da natureza perversa da nación inglesa, retratada pola cobiza, a ansia de poder e a maldade
· mito da orixe política da decadencia económica de Irlanda, froito da confiscación de terras e do desmantelamento da industria e mais do comercio en beneficio de Inglaterra
· mito da miseria do campesiñado, expropiado, expulsado das boas terras e convertido en rendeiro á mercé de propietarios protestantes
· mito da *Gran Fame,* artificial e politicamente forzada
· mito do exilio da clase dirixente nativa
· mito da emigración popular en masa despois da *Gran Fame*
· mito da dependencia colonial de Irlanda
b) mitos de resistencia:
· mito da resistencia armada: sete séculos de loita pola liberación nacional
· mito do sacrificio pola nación
· mito da resistencia cultural
· mito da nación na diáspora
· mito da inutilidade da busca dun compromiso con Inglaterra e da política de conciliación

· mito da necesidade da presión e da violencia para *arrincar* concesións a Inglaterra
Funcionalidade
· confirmación da descrición nacionalista do presente e da pertinencia das súas propostas políticas
· lexitimación da política de confrontación con Inglaterra, incluída a insurrección
· lexitimación do separatismo

Mitos de racionalización da derrota e da decadencia

a) mitos de autoexculpación:
· mito da superioridade da forza militar inglesa
· mito da orixe exterior das perturbacións
b) mitos de autocrítica:
· mito da desunión interna e das querelas dunha aristocracia egoísta
· mito da incapacidade para consolidar unha autoridade estatal superior
Funcionalidade
· explicación das derrotas e da decadencia, desligando as causas da natureza da nación
· volver comprensible o desacougante presente anterior á independencia
· salvar a responsabilidade da enteira nación, transferindo a culpa a outros alleos a ela e a unha minoría propia irresponsable
· ofrecer a lección necesaria para o presente e o futuro da nación

En canto á súa distribución, os dous primeiros conxuntos, os mitos de *identidade* e os de *afirmación,* predominan na *fase A* do relato, a que se estende desde as orixes ata a invasión do século XII, mentres os outros tres son preponderantes na *fase B,* cando as aparencias negativas asociadas ó declive da Irlanda gaélica obrigan a reafirmar a continuidade da nación, a poñer de relevo a súa resistencia á desaparición e a explicar as causas dun desastre que se prolongaba ata o presente mesmo. Con todo, a adscrición temporal de cada mito case nunca pode restrinxirse a un só período. Resulta patente que os mitos que resaltan a *continuidade* son, por propia definición, *transversais* á enteira historia e ó relato nacionalista. E outro tanto cabe dicir dos de *identidade,* por canto a persistencia da nación é consubstancial ó relato nacionalista. Mesmo os que dan conta da derrota e da decadencia, que deben ser posteriores, claro está, ós acontecementos que sinalan o seu inicio, están xa suxeridos en momentos anteriores da narración: como modo de minorar o impacto da ruptura do eixe narrativo dos tempos de esplendor, o relato *preanuncia* a invasión e explica de antemán os factores que habían provocar despois a quebra do apoxeo nacional.

En realidade, os límites entre as distintas categorías da clasificación non son impermeables nin absolutamente precisos, de modo que se producen solapamentos

entre elas, os cales se traducen, inevitablemente, no ámbito das funcionalidades respectivas, que nunca se lle adxudican de maneira exclusiva a cada unha das clases. En canto ós motivos que as definen, cada unidade pode formar parte de máis dun apartado da tipoloxía. Os mitos relacionados coa diferenciación identitaria, por exemplo, sexan os *fundacionais* ou os de *afirmación,* son tamén mitos que expresan continuidade, en canto salientan a esencia da nación, o núcleo constitutivo que, necesariamente, atravesa o tempo histórico e máis a súa exposición. Á súa vez, os mitos de *continuidad*e veñen ser, a maiores, unidades de confirmación da identidade, como manifestación da persistencia indestrutible dos trazos que delimitan a singularidade nacional. Pola súa parte, os mitos de *resistencia* encaixan tamén na categoría dos de *continuidade,* presentando a loita irreductible dos irlandeses como a máis consistente manifestación da súa conciencia nacional.

Por demais, as funcionalidades que se atribúen a un núcleo de contidos poden ser compartidas polas restantes categorías e, desde logo, cada un dos mitos pode desempeñar varias funcións no relato. Todos eles confirman, por principio, a presunción da natureza nacional de Irlanda e xustifican a súa diferenciación identitaria, de maneira que lexitiman a interpretación nacionalista do pasado e a súa representación como historia nacional. A caracterización da *auténtica* Irlanda queda directamente retratada nos mitos *fundacionais* e nos de *identidade,* pero tamén se deduce dos de *continuidade* e mesmo dos de *resistencia,* e incluso, ben que por contraste coa imaxe negativa, dos de *autocrítica.* En canto á lexitimación da loita contra Inglaterra e da ruptura co seu Estado, non soamente se confirma por medio dos mitos de *resistencia,* senón tamén polos que, previamente, describen as orixes diferenciadas da nación e os seus momentos de esplendor.

A maiores, a mitografía nacionalista complétase cunha relación de figuras históricas que personifican os propios mitos citados e que son tamén funcionalmente significativas. A este respecto, completando, unha vez máis, o texto de MacNeill para o *Official Handbook* coas referencias que conteñen os seus escritos de investigación histórica e mais coas da historia xeral de Curtis, cabe identificar un conxunto de persoeiros ós que se lles outorga un lugar preferente na versión nacionalista da historia de Irlanda. Cada un deles está caracterizado como encarnación dunha ou varias das configuracións míticas en que se articulan os contidos da narración, de modo que asume tamén, en correspondencia con estas, a expresión da súa funcionalidade. Deste xeito, as figuras escolleitas operan como recursos literarios de extraordinario valor didáctico, en canto amosan con claridade na súa persoa e nas súas actitudes os trazos esenciais da concepción nacionalista do pasado e ofrecen ós lectores do presente as ensinanzas que se pretende deducir da historia. En razón da dobre significación *demostrativa* e *exemplarizante* que

se lles asigna no relato, polo tanto, os heroes da nación adoitan estar caracterizados con riscos ben nítidos, que buscan reflectir de maneira inequívoca o seu compromiso coa nación e mais os valores que se lle asocian, que poñen de relevo o seu carácter modélico e que posibilitan o desempeño da función moralizante e aleccionadora que se lles presupón. Deste xeito, en suma, a exaltación de determinadas figuras do pasado convértese no mecanismo pedagóxico máis eficaz para a transmisión da mensaxe que a historia nacionalista quere difundir.

Segundo a actividade do personaxe ó que se lle outorga un valor relevante para a narración da historia nacional, cabe agrupar as referencias individuais nunha serie de categorías que veñen corresponderse cos *núcleos de contido* xa identificados. Ante todo, tanto pola amplitude con que son tratadas as súas accións coma polas loas que se lles dedican, destacan no relato as figuras dos irlandeses que demostraron a súa dedicación á *causa nacional* enfrontándose ó inimigo polas armas. Neste senso, en conformidade coa interpretación conflitual do pasado, os heroes que se corresponden cos mitos de *resistencia* merecen unha atención demorada e repetida na narración, especialmente no período máis agudo da confrontación, é dicir, os séculos XVI e XVII. Son enxalzados sen límite o valor, o compromiso patriótico e o desinterese persoal dos grandes defensores da nación fronte á agresión estranxeira, como Art MacMurrough, que loitou sen tregua durante decenios, mesmo contra as tropas do rei Richard II, que nunca foi derrotado e que mereceu a honra de ser alcumado polo inimigo como "the most fierce rebel";[1252] *Silken* Thomas Kildare, que desafiou a Henry VIII e pagou a súa afouteza coa vida; Shane O'Neill, que resistiu con valentía o dominio inglés; Hugh O'Neill e Hugh O'Donnell, os maiores dos heroes combatentes por Irlanda, que organizaron a resistencia militar da nación gaélica nos anos finais do século XVI; Rory O'More, líder da revolta de 1641; Owen Roe O'Neill, o xefe militar que dirixiu a Confederación dos católicos irlandeses por aqueles mesmos anos; e Patrick Sarsfield, modelo de soldado e de nobreza persoal, que encabezou a derradeira loita da Irlanda católica en 1691.

Para os tempos posteriores á derrota militar, saliéntase a decisión e a coraxe de Wolfe Tone, o líder dos *United Irishmen,* que loitou a prol dunha república inspirada nos ideais da Revolución francesa, promoveu a unidade dos irlandeses todos contra Inglaterra e incitounos á rebelión de 1798, dando a vida como un auténtico *mártir* pola liberdade da nación.[1253] E mesmo cabe incluír na orde de

[1252] Edmund Curtis, *History of Ireland,* p. 134.

[1253] Aínda que Tone non era católico e moitos vían con reparo a súa radicalidade revolucionaria, ocupa un lugar de privilexio na historiografía nacionalista, como pai do republicanismo e como campión da loita insurreccional. O texto de Curtis reflicte a prevención ante as súas ideas e a admiración polo seu compromiso patrio: "What Tone would have done with Ireland had he succeeded cannot be known, for

personaxes que tomaron as armas por Irlanda os líderes fenianos que, a pesar do fracaso de 1867, seguiron esforzándose en promover a vía insurreccional para acadar a liberdade da nación.[1254] En idéntico senso, cántase o papel decisivo das milicias armadas na consecución de obxectivos políticos, como sucedeu cos Voluntarios irlandeses que en 1782 e en 1913 se constituíron para apoiar as demandas dos *patriotas* protestantes e do nacionalismo contemporáneo, respectivamente. Tampouco non faltan, por outro lado, exemplos de exaltación das virtudes guerreiras na era da independencia da nación, como sucede con diversos monarcas da época pagá e, sobre todo, co canto á figura do rei Brian, que salvou o país da gran invasión viquinga na batalla de Clontarf, en 1014, na que pagou a vitoria coa súa propia vida.

En canto á loita por medios constitucionais, saliéntase o esforzo de líderes como Charles S. Parnell e Michael Davitt, que, con gran enerxía e decisión, souberon conciliar a reivindicación de autonomía política cos intereses do campesiñado integrado no movemento agrario, no último cuarto do XIX, e exercer unha esixente presión sobre o Estado. Tamén na orde política, a historia nacionalista ten interese en resaltar as figuras dos monarcas que mellor simbolizaron a unidade nacional nos tempos da liberdade, como os reis que crearon e asentaron a monarquía central antes da cristianización –Conn, o primeiro dos *high-kings,* Cormac, o que estableceu a capital en Tara, e Niall, cabeza da dinastía real dos O'Neill.

A expresión personalizada dos mitos de *identidade* e de *afirmación* cultural conforma a outra gran serie de figuras do pasado da nación. San Patricio, como o evanxelizador de Irlanda, sinala o momento fundacional da identidade católica; san Columba e san Columbanus representan as máximas figuras da Igrexa monástica, que se presenta como a gran peculiaridade do cristianismo irlandés e a impulsora principal do esplendor da cultura na *Idade de ouro;* san Malachy é cantado como o gran reformador da Igrexa nacional no século XII. Columba, por demais, exemplifica o mellor resultado da integración da nova fe cristiá e do amor polas tradicións gaélicas, simbolizando a dobre fundamentación da identidade nacional. Igualmente, Columbanus, o impulsor do esforzo misioneiro en Europa, dá conta da vocación civilizadora da cultura do país. Na mesma orde da afirmación da valía da civilización

he failed, but the memory of the man who founded the Republican tradition in Ireland has been the most inspiring in later history of all the names which the period 1770-1800 produced. For though unrelenting against what he considered the ruling tyranny and the classes that supported it, personally Tone was a man of sincere, generous and likeable character, a moral man, and a good husband and father". Edmund Curtis, *History of Ireland,* p. 339.

[1254] A pesar das críticas de que foron obxecto estes revolucionarios pola Igrexa católica, descúlpaos Curtis: "[...] the manly ideal of a fight for Ireland and the stern, thoughtful, and disinterested character that marked their leaders entitle the Fenians to all respect". Edmund Curtis, *History of Ireland,* p. 373.

autóctona, os diversos membros da familia dos Geraldines que aparecen no relato son caracterizados como o máis acabado exemplo do proceso de *gaelización,* da asimilación cultural de tantos estranxeiros como se foran establecendo no país.

Unha boa parte dos personaxes do relato nacionalista do pasado, especialmente entre aqueles de maior relevancia, son figuras que cabe cualificar de *multifuncionais.* Así, o rei Brian, ademais de representar o valor da loita polas armas (mito de *resistencia),* expresa a importancia da monarquía central e da unidade que esta simboliza (mito do *modelo político autóctono),* corrobora a significación identitaria e política da cultura nativa, por canto se enxalza a súa obra como promotor dun renacemento cultural (mito de *afirmación* e de *esplendor)* e mesmo serve como exemplo do mito da *autocrítica,* pois que se denuncian os métodos polos que accedeu ó trono e as negativas consecuencias que para o futuro derivaron da usurpación que cometeu. Dun xeito semellante en canto á funcionalidade, Hugh O'Neill, Hugh O'Donnell e Patrick Sarsfield, ademais de constituír a mellor encarnación dos heroes da resistencia, son casos paradigmáticos do mito da supervivencia da nación na *diáspora.*

En canto ós mitos de *continuidade,* moitas son as figuras que os encarnan. Algunhas xa foron citadas, como as que exemplifican a defensa armada da nación, as cales, consideradas en conxunto, configuran unha cadea que manifesta, a través do tempo, a solidez inalterable da conciencia nacional e a perseveranza no compromiso extremo coa patria, constituídas así en trazo distintivo da propia nacionalidade irlandesa. Igualmente, os heroes militares dos séculos XVI e XVII expresan o mantemento da íntima conexión entre a fidelidade á doutrina cristiá, identificada coa confesionalidade católica despois da Reforma, e o amor pola nación, que veñen ser practicamente indistinguibles na motivación que os impulsa.

Cómpre considerar tamén a serie de personaxes históricos caracterizados con certa dose de ambigüidade. Xa se viu que mesmo a figura do propio rei Brian, tan loado pola súa acción de goberno, resulta afectada polas sombras que sobre ela botan as críticas que descualifican o seu modo de apoderarse da coroa nacional irlandesa, aínda que a valoración conxunta que se desprende do relato respecto deste monarca é positiva. Hai outros destacados actores do pasado que merecen ser exaltados polas súas contribucións á causa nacional pero dos que non se ocultan as insuficiencias que impiden acomodalos con pleno dereito no panteón dos heroes da nación. Tal consideración ambivalente outórgaselles, por exemplo, ós *patriotas* protestantes do século XVIII. De Jonathan Swift, por exemplo, aprécianse as súas acusacións a Inglaterra polo sometemento de Irlanda ós seus intereses, o mesmo que dos parlamentarios Henry Flood e Henry Grattan se estima a súa loita por acadar o recoñecemento da independencia lexislativa de Irlanda; pero o relato non

pode deixar de sinalar que, en último termo, as súas reivindicacións perseguían o reforzamento do dominio da oligarquía protestante irlandesa, sen apenas considerar a inxustiza que padecía a maioría católica privada de dereitos. Mesmo o retrato de Daniel O'Connell, que organizou o pobo para conseguir a remoción das discriminacións legais que padecía por causa da súa fe, vese afectado pola lembranza da súa incapacidade para arrincar a autonomía por medio da negociación coa clase política inglesa e pola denuncia do seu desprezo da lingua e da cultura irlandesas, tan valoradas despois polo nacionalismo do século XX. Todas estas figuras, sen embargo, a pesar das imperfeccións que limitan a importancia da súa obra pola nación, achegan tamén unha ensinanza valiosa, non soamente polas súas accións máis positivas, senón tamén en canto o recordo das súas eivas contribúe a delimitar con máis precisión a lección que a historia nacionalista quere deducir da súa mirada cara ó pasado.

Por último, é necesario aludir ós *antiheroes* que encarnan os mitos *negativos* no relato do pasado, tanto os de *autocrítica* coma os de *opresión.* Respecto dos primeiros, Dermot MacMurrough, o traidor que atraeu os anglonormandos a Irlanda, personifica aquela parte da nobreza que, de maneira egoísta, antepuxo a satisfacción dos seus particulares intereses ó ben superior da nación e causou a súa ruína. En canto á segunda categoría, está composta por unha extensa serie de monarcas, soldados e gobernantes ingleses que executaron os planos do proxecto de dominación estranxeiro. Pola significación da súa obra, pola cobiza e pola crueldade extrema coa que desempeñaron o seu terrible papel, destacan na relación *Strongbow,* como representación dos primeiros baróns normandos que saquearon o país, a raíña Elizabeth, exemplo da desapiadada política de destrución da nación irlandesa que seguiu a Coroa, e Oliver Cromwell, con quen a opresión inglesa acadou as máis altas cotas de barbarie e fanatismo relixioso.

En calquera caso, ben por medio da exaltación dos heroes dignos de emulación, representados como modelos de valores patrióticos, ben a través das loas matizadas a figuras que, pese ás súas faltas, contribuíran á loita polos dereitos da nación, ben pola exemplaridade negativa dos seus máis característicos inimigos, as referencias a personaxes históricos resultan ser un dos mecanismos pedagóxicos máis eficaces para a expresión das unidades míticas que configuran a interpretación nacionalista do pasado e para a transmisión da mensaxe que con ela se pretende difundir.

1.3. Disposición narrativa do pasado

A representación nacionalista do pasado formalízase como unha narración que desenvolve cronoloxicamente as circunstancias e os acontecementos relacionados coa perda da súa liberdade pola nación irlandesa e a loita que mantén

pola súa recuperación ó longo de máis de setecentos anos. O *argumento,* polo tanto, é o conflito que se suscita por causa da interrupción do curso *natural* da historia de Irlanda a raíz do entremetemento de Inglaterra, que a priva da independencia política que lle corresponde pola súa condición nacional e da posibilidade de despregar as potencialidades inherentes á súa esencia cultural singular. O *suxeito* do relato, a nación irlandesa, aparece ben definido na súa especificidade desde a orixe dos tempos, e mantén en todo momento os trazos que o definen, mesmo cando sofre os duros embates do seu antagonista histórico, o cal, pola súa parte, amósase tamén sempre caracterizado por riscos, predominantemente negativos, que permanecen constantes no tempo.

A relación entre os dous contendentes redúcese ó enfrontamento que os contrapón durante séculos, nunha confrontación absoluta na que se imbrican a dimensión política, a cultural e a relixiosa. A concisión do argumento, froito da presunción ideolóxica que o determina, correspóndese no seu desenvolvemento narrativo cunha exposición lineal e directa, que prescinde de calquera complexidade que puidese afectar á transparencia coa que se manifesta o conflito no tempo e escurecer a lóxica finalista coa que se dirixe cara ó seu inevitable desenlace. O carácter teleolóxico co que se concibe o relato, asociado ó *presentismo* e ó reducionismo político que lle son propios á aproximación nacionalista ó pasado, condiciona de maneira decisiva a narración, en canto elimina a continxencia da historia e delimita con precisión o camiño cara a un resultado que non pode ser outro que o éxito final da liberación nacional.

A este respecto, é a claridade que debe caracterizar a representación da relación conflitual entre os dous antagonistas a que xustifica o ordenamento cronolóxico dos contidos do relato, segundo a relación de *causalidade* e *consecutividade* específicas da exposición narrativa. A coherencia da narración, por demais, refórzase pola repetición frecuente das pautas de comportamento de ambos os dous protagonistas, Irlanda e Inglaterra, articuladas arredor do eixe *opresión-resistencia,* que se mantén inmutable ó longo dos séculos, por máis que adoptase formas diversas de expresión en cada momento. Igualmente, fortalécese a consistencia narrativa da exposición e, en consecuencia, a lexitimidade da interpretación do pasado na que se fundamenta por medio dunha serie de recursos narrativos de emprego habitual na historia nacionalista, como a recorrencia na lembranza das *constantes* da historia, as periódicas referencias que establecen unha conexión explícita entre o pasado e o presente ou o reiterado encadeamento de feitos concretos con sucesos anteriores e posteriores ó seu tempo caracterizados como de idéntica natureza. Tarefa que resulta corroborada, a maiores, por causa da necesidade mesma de determinar o conxunto de *elementos unificadores* que

autorizan a representación nacional da historia, función que, ante a ausencia dunha monarquía ou dun Estado irlandeses que permitisen enfiar doadamente o enteiro relato do pasado, se lle asigna á continuidade da cultura gaélica e á perseveranza na resistencia, mostras as dúas dunha irreductible conciencia social de nacionalidade.

A caracterización conflitual esténdese ó enteiro pasado da nación, mesmo ás etapas previas á confrontación. Neste senso, o tempo anterior á invasión do século XII queda integrado no esquema interpretativo único que determina a selección, a significación, a xerarquización e o ordenamento narrativo dos materiais da representación histórica. Conforme á presunción argumental, o extenso espazo temporal previo ó conflito articúlase no relato como o período *antecedente,* como o momento que permite comprender a tráxica dimensión do enfrontamento posterior. A descrición da nacionalidade nos seus auténticos trazos, ocultos despois polas consecuencias da perturbación de procedencia foránea, cumpre o requisito de diferenciación orixinaria que autoriza a constituír a Irlanda en suxeito dunha historia nacional. Pero aqueles séculos, ademais, como anuncio do glorioso porvir que se albiscaba para o seu futuro, desempeñan unha función que vai máis alá da definición da natureza da nación irlandesa. Ó caracterizar a extraordinaria grandeza da nación en liberdade, ó retratar o suxeito na súa espléndida autenticidade, saliéntase de maneira indirecta a magnitude da traxedia que supuxo a perda posterior do control do seu destino e a inxustiza dunha intrusión que non só estragou unha realidade admirable de riqueza cultural e material, senón que tronzou a posibilidade dun desenvolvemento futuro daquela civilización que había ser aínda máis extraordinario. Deste xeito, por medio da referencia ós tempos que o anteceden, quedan establecidos de maneira precisa os verdadeiros termos do conflito que configura a enteira representación nacionalista do pasado irlandés.

En suma, é a orixe ideolóxica do argumento que desenvolve o discurso histórico, resultado dunha interpretación preconcibida do pasado, o condicionante que determina a estrutura narrativa da representación nacionalista da historia de Irlanda. Así mesmo, aquela mesma natureza ideolóxica, e canto lle asigna unha finalidade política específica ó relato, delimita o ámbito formal e establece as pautas da propia expresión do texto, prescribindo a utilización de recursos estilísticos orientados a satisfacer a ambición didáctica que estimula a aproximación nacionalista ó pasado. Por causa da *pedagoxía* política que a informa, abunda así a narración en descricións épicas, especialmente na exaltación da valentía dos heroes da nación e do seu espírito de sacrificio, en episodios exemplarizantes, en xuízos de valor de carácter político e mesmo en advertencias e mais recomendacións explícitas de actitudes para o presente que cómpre deducir da lectura da historia. Concibido como instrumento de adoutrinamento, a *comunicabilidade* do texto, a

eficacia na transmisión da mensaxe política, convértese en criterio esencial que ordena tanto a disposición do contido coma a súa expresión formal.

1.4. Funcionalidade política

A representación nacionalista da historia de Irlanda non oculta a súa orixe ideolóxica. Non se trata só de que resulta patente que a articulación dos acontecementos pasados arredor do eixe nacional procede dun esquema doutrinal previamente concibido que lle permite ó historiador outorgarlles unidade e integralos nun relato coherente. En realidade, é a propia historia nacionalista a que fai unha proclamación explícita da convicción ideolóxica da que xorde e que a informa. A pesar de semellante confesión, sen embargo, esta representación historiográfica nega ser un puro reflexo da ideoloxía que a xera. Pola contra, o discurso histórico nacionalista ten pretensións de obxectividade, ofrécese como resultado da consideración imparcial das *evidencias* que deitan dunha contemplación do pasado libre, precisamente, dos prexuízos interesados que agacharan a súa auténtica realidade. Aínda máis, para o historiador nacionalista a ideoloxía que profesa é o instrumento epistemolóxico que permite poñer de manifesto, por fin, despois de tantas deturpacións ó servizo da nación opresora, a natureza verdadeira do pasado irlandés. En consecuencia, a representación do pasado *redescuberto* segundo tales pautas debe ser comunicada á sociedade, co obxectivo de producir os correspondentes efectos políticos. O sentido do relato desa historia, a xustificación da súa elaboración mesma, é a transmisión eficaz da mensaxe política que deriva da convicción ideolóxica que o sustenta.

Deste xeito, non só a ideoloxía, senón tamén a procura mesma da efectividade na comunicación da mensaxe vólvense condicionantes esenciais da representación nacionalista do pasado irlandés. A *comunicabilidade* do texto, como requisito imprescindible para a súa propia operatividade no plano político, convértese en criterio definitivo na configuración do relato, ordenada tanto pola calidade da mensaxe que debe transmitir coma pola efectividade do proceso de comunicación. Todo o cal, claro está, vai en prexuízo do respecto da obxectividade coa que a propia historia nacionalista se presenta ós lectores, subordinada aquela sempre ó mantemento da coherencia ideolóxica da interpretación do pasado e mais á eficacia no ámbito da pedagoxía política. O suposto equilibrio entre a dimensión ideolóxico-política e a dimensión científica que lle achegan ó relato nacionalista as pautas da elaboración académica vence aínda claramente a favor da primeira.

En contra da proclamación explícita de obxectividade, pois, do carácter instrumental dunha historia imaxinada como mecanismo de adoutrinamento político derivan consecuencias que afectan, de maneira inevitable, á elaboración do relato

e ás súa pretensións de rigorosidade académica. En primeiro lugar, a tensión entre as demandas da exposición científica e as esixencias da predeterminación ideolóxica resólvense sempre de maneira favorable a estas; a admisión de achados da investigación histórica queda, necesariamente, restrinxida polo respecto ós principios nos que asenta a interpretación nacionalista do pasado, baixo pena de desautorizala. A incorporación de novas contribucións científicas, polo tanto, soamente cabe en canto poidan ser encaixadas como confirmación do esquema interpretativo preconcibido, limitando así as posibilidades de evolución do relato.

En segundo termo, a eventual renovación da representación histórica nacionalista vese tamén obstaculizada por causa da dependencia que amosa respecto da versión inglesa do pasado. A súa concepción como narración alternativa a esta e ás falsidades que lle atribúe o nacionalismo réstalle *autonomía* e márcalle uns límites insuperables, a risco de non poder cumprir a súa función de reescribir a historia, rescatándoa do control dos opresores. Non soamente porque a necesidade de refutar o seu relato obriga a seguir as pautas que caracterizan o discurso da interpretación inglesa, restándolle autonomía á narración propia, senón porque dificulta a inclusión de achegas da investigación que, eventualmente, puidesen confirmar a versión que se quere rexeitar por infundada e tendenciosa.

En terceiro lugar, por fin, o *didactismo* que a finalidade política que a xustifica lle impón á narración nacionalista redunda nun reforzamento do predominio dos elementos estético-literarios sobre os puramente científicos, consonte coa preocupación prioritaria pola eficiencia na transmisión da mensaxe política do texto. Neste senso, a esixencia pedagóxica contribúe a consolidar a simplicidade argumental no desenvolvemento do discurso, centrado no conflito entre nativos e estranxeiros dunha maneira lineal e mesmo reducionista, en canto o eixe político absorbe as referencias ás demais ordes nas que se manifesta o enfrontamento, mesmo na obra dun historiador tan preocupado pola esencia cultural da nacionalidade como Eoin MacNeill. En aras do afán didáctico e, de maneira paradoxal, da ansia por non socavar a verosimilitude do relato nacionalista cuestionando algúns dos seus contidos máis difundidos na sociedade, incluso se manteñen alusións a feitos de dubidosa ocorrencia histórica ou, cando menos, procúrase representalos dun xeito máis compatible co rigor académico. En todo caso, apréciase unha mestura de feitos e ficcións non sempre ben diferenciados.[1255]

[1255] O comezo da obra de Edmund Curtis que aquí se utiliza como elemento de comprobación suplementaria é ben significativo. O relato empeza evocando as tradicións irlandesas sobre a lenda milesia, citando a chegada do pobo gaélico, procedente de España, a unha illa poboada por razas como os Firbolg ("a race dark, short, and plebeian") e os Tuatha Dé Danann. A posterior exposición daquelas etapas iniciais segundo os estudiosos actuais non desautoriza de maneira expresa a narración lendaria. Antes ben, alude o texto a un grupo poboacional previo ós celtas dun xeito que lembra as fantasías anteditas, referíndose

En suma, o relato enteiro está condicionado na súa concepción e na súa representación narrativa polo cumprimento da funcionalidade política que o nacionalismo lle adscribe. A mensaxe que deita da súa exposición resulta patente: a lectura da historia de Irlanda vén ser a confirmación indubidable da lexitimidade da doutrina nacionalista, da fundamentación da súa descrición do presente e da pertinenza da práctica de acción política que propón. En definitiva, invertendo o mecanismo real por medio do cal se formula, proxecta sobre a actualidade a representación conflitual do pasado, caracterizado como referencia especular do presente e como lección exemplar que debe orientar a loita política da nación. A este respecto, as ensinanzas son ben significativas: a definición católica e gaélica da nacionalidade e a conseguinte imposibilidade dun compromiso co segmento social de orixe allea, expresada na confesionalidade protestante, a non ser baixo a condición de asumir este a identidade cultural nativa e as posicións políticas nacionalistas; e a incompatibilidade entre Irlanda e Inglaterra, que xustifica a separación, así como a lexitimidade do recurso a todos os medios de presión, incluído o uso político da violencia, como única maneira de *arrincar* os dereitos nacionais a quen a historia amosa como totalmente remisa a recoñecelos.

2. O proceso de configuración do relato

O modelo de historia nacional de Irlanda que aparece consolidado unha década despois da independencia non pode ser considerado soamente como un simple reflexo do contexto no que se formula. Certamente, encádrase no marco das circunstancias políticas, ideolóxicas e académicas do momento, as que conforman o nacemento do Estado irlandés, o afianzamento hexemónico da caracterización etnicista do nacionalismo e a demanda dun relato de lexitimación histórica da nova realidade institucional. Pero é tamén o resultado final dun proceso de máis longa duración, do que pretendeu dar conta neste traballo, no cal se foron conformando os trazos que acabaron por constituír o relato *oficial* do pasado da nación. En correspondencia coa determinación ideolóxica da que deriva a representación histórica, cabe remontar ese período de configuración ós anos inmediatamente anteriores ó cumprimento da primeira metade do século anterior, val dicir, ós tempos fundacionais do nacionalismo moderno irlandés.

---

a el como *"dark, small people* from the *Mediterranean,* users of bronze, who are *perhaps the Firbolg* of our traditions". A diferenciación entre o real e o imaxinario nunca queda clara: "Ireland was already a land of ancient cultures. *From the Tuatha Dé Danann and Firbolg* the Gaels added to their Gods […]". Todo o cal non lle impide ó autor facer *desaparecer* da historia irlandesa calquera outro trazo que non se corresponda coa herdanza celta inextinguible: "[...] Ireland is to-day the only Celtic nation State left in the world". Edmund Curtis, *History of Ireland,* pp. 1-3 [cursiva engadida].

No transcurso do case centenar de anos que unen a creación do movemento da Young Ireland e a Constitución de 1937, que corrobora a independencia da nación, fóronse moldeando os elementos todos que acabaron por compoñer o relato *canónico* da historia de Irlanda forxado polo nacionalismo. O produto último da súa particular aproximación ó pasado vén ser, polo tanto, o froito dun delongado traballo de elaboración no que, ó tempo que se perfilaron con precisión os trazos definidores do suxeito nacional, foi tomando forma a correspondente interpretación do seu pasado, procedéndose á selección dos contidos historicamente relevantes –quer dicir, en conformidade co prexuízo ideolóxico– e á súa articulación como narración completa, como representación da enteira historia da nación irlandesa.

Trátase dunha configuración progresiva, que dista de estar intencionalmente preconcibida pero que amosa riscos patentes de *continuidade,* non soamente no ámbito da fundamentación ideolóxica común que motivou as contribucións todas que se foron achegando sucesivamente, senón tamén na propia materia coa que constituíu o relato, na estrutura coa que se dispuxeron os seus contidos e mesmo na forma que foi adoptando ó longo do período. A confirmación da *continuidade,* desde logo, tampouco non exclúe a existencia de *cambio,* que foi evidente nos distintos aspectos do proceso de elaboración do discurso histórico nacionalista, pero si que obriga a resaltar a ausencia dun momento de *ruptura* no decurso do amplo tracto temporal considerado. En realidade, nin sequera cabe entender o tránsito das *historias populare*s ás compostas segundo os requisitos da historiografía académica como unha fractura ou, cando menos, como un fito que sinale unha vontade de *refundación* no desenvolvemento da configuración do relato. Mesmo nese momento de mudanza o proceso vese caracterizado pola permanencia dos elementos historiográficos esenciais da interpretación nacionalista xa asentados nos relatos da segunda metade do século XIX.

Cómpre, en consecuencia, efectuar unha comprobación da procedencia e evolución dos principais elementos da historiografía nacionalista, tal como aparece configurada na década de 1930, en orde a establecer as pautas de continuidade que seguiu no seu proceso de elaboración.

2.1. Fixación do argumento e do suxeito do relato

A interpretación do pasado como conflito nacido da imposición do dominio inglés sobre a nación irlandesa permaneceu sempre como a esencia inalterable do relato histórico nacionalista. Así se entende o pasado desde as mostras iniciais do primeiro modelo da historia nacionalista e así se mantén na representación académica do que despois se iría conformando sobre aquela base. Non podería ser doutro xeito, en realidade, en canto a visión que reduce a realidade pasada á

confrontación entre Irlanda e os seus inimigos exteriores vén ser a transposición á historia da descrición nacionalista do presente. Quer dicir, como dedución inevitable da prescrición doutrinal, a representación do pasado como conflito é a manifestación primordial da determinación ideolóxica da que deriva o relato e, en consecuencia, o factor que autoriza o discernimento e a definición da historia nacionalista como unha categoría historiográfica específica.

A caracterización conflitual do pasado propia da historia nacionalista establécese xa, polo tanto, como o *argumento* das visións *populares* que se configuran na segunda metade do século XIX, que reflicten todas o desenvolvemento temporal da confrontación orixinada por causa da perda da liberdade pola nación irlandesa e a loita conseguinte pola súa recuperación, ben de maneira episódica ou parcial, como nas baladas patrióticas dos *Young Irelanders,* recollidas en *The Spirit of the Nation,* ou no *Jail Journal* de John Mitchel, ben nas narracións que teñen pretensións de *totalidade* histórica, como as que compuxeron posteriormente A.M. Sullivan e Charles Gavan Duffy, *The Story of Ireland* e *A bird's-eye view of Irish History,* respectivamente. En todas estas obras características da primeira modalidade de achegamento nacionalista ó pasado, o conflito motivado pola perda da liberdade nacional exprésase no ordenamento da historia segundo o dobre eixe que emparella *opresión* e *resistencia,* que é o que o prescribe a selección e a correspondente articulación dos contidos.

A dicotomía *opresión-resistencia* vén ser unha proxección da contraposición primordial *nativos-estranxeiros,* dualidade que define o enfrontamento determinante do relato histórico nacionalista. Segundo esta condición fundacional, a especificación dos trazos da nacionalidade esixe unha atención prioritaria. A caracterización dos antagonistas reflicte sempre, desde os primeiros momentos ata as narracións académicas, unha teimosía por facer visible a diferenciación que os distingue entre si, en canto é este o factor que permite representalos como suxeitos colectivos do relato. A preocupación polo mantemento do contraste tradúcese, da maneira máis evidente, na oposición entre os respectivos trazos xenéricos positivos e negativos que retratan de maneira nítida a cada un deles, afán de claridade que se mantén como constante no relato. Pero tamén se concreta nunha ansia crecente por delimitar con maior precisión os signos identitarios de ambos os protagonistas. Neste senso, a delimitación dos criterios de pertenza á nación irlandesa foise facendo cada vez máis excluínte, como reflexo da propia evolución da ideoloxía nacionalista. A identificación inicial do *nativos* coa confesión relixiosa católica, asociada á condición miserable e oprimida da maioría campesiña, completouse posteriormente coa adscrición á cultura gaélica como trazo nacionalitario primordial. Cada vez máis, a identidade nacional foi definida como católica e gaélica, en canto signos diferenciadores da

estirpe orixinaria, da nación *auténtica,* en definitiva, do que se había cualificar como a *Irlanda-irlandesa.* Mentres, a cultura inglesa e a relixión protestante quedaban asimiladas no relato á ascendencia foránea.

Deste xeito, os cambios na definición do suxeito principal da historia nacional e do seu antagonista non fixeron máis que corroborar a presunción primeira na que se funda a interpretación nacionalista da historia: a existencia dunha nación irlandesa, perfectamente diferenciada, que fora desposuída dos seus dereitos pola forza e que, ó longo do tempo, loitara con coraxe por recobrar a liberdade. Os cambios que neste aspecto se aprecian nas sucesivas versións do relato nacionalista, en consecuencia, non veñen máis que a afirmar a lexitimidade da lectura nacional do pasado, da pertinencia da súa representación como a historia da nación. Ó cabo, non se trata senón dunha descrición máis detallada dos termos cos que os *Young Irelanders* designaban as dúas nacións confrontadas, suxerindo a súa irreductible diferenciación desde as orixes mesmas: *celtas* contra *saxóns.* En certo modo, a historiografía nacionalista, na súa evolución ata o modelo final elaborado nos tempos da independencia, non fixo máis que ir enchendo de substancia nacionalitaria e contido histórico o que un día non parecera ser máis que unha atinada figura retórica para designar de maneira simplificada os protagonistas do conflitivo presente e proxectalos cara ó pasado.

2.2. Selección e o ordenamento da materia histórica

Os fitos fundamentais do pasado irlandés sobre os que se configura o último relato nacionalista aparecen xa claramente sinalados nas narracións das *historias populares* do século XIX. Nelas atópanse os acontecementos que marcan os comezos ou os cambios de época, os episodios que serven de guía ás liñas do desenvolvemento histórico, a saber, ademais do establecemento do pobo gaélico no territorio nacional, a invasión normanda de 1169, a Reforma protestante e mais a "segunda conquista" do país, no século XVI, e a Acta de Unión de 1800. A historiografía académica nacionalista non fixo senón confirmar a transcendencia daqueles momentos capitais –precisando a cronoloxía da arribada céltica á illa– e engadir á relación o logro da independencia en 1922, como conclusión do ciclo histórico da liberación nacional. Por demais, a estrutura do relato mantense articulada en función das tres datas decisivas que marcan o establecemento do dominio alleo no país: o inicio da intromisión estranxeira en 1169, os sucesos do século XVI, que levan á fin da orde gaélica, simbolizada no exilio dos máis ilustres príncipes nativos en 1607, e a desaparición do Parlamento irlandés en 1800.



Figura 7. Comparanza da distribución do espazo textual

Sobre esta estrutura básica, a novidade principal que achega a representación académica da historia de Irlanda reside na redistribución dos contidos entre as dúas grandes fases que delimita a intrusión estranxeira na illa, desenvolvendo con

amplitude a etapa inicial, a que se ocupa da formación e esplendor da civilización irlandesa, apenas apuntada nas primeiras aproximacións nacionalistas ó pasado. Con todo, a nova orientación non implica mingua ningunha do tratamento dos tempos da dominación inglesa, que seguen merecendo unha moi completa atención. En realidade, como xa se comentou, a preocupación das historias académicas por caracterizar de maneira pormenorizada as etapas primeiras da nacionalidade debe entenderse como un reforzamento do xa establecido modelo conflitual da representación do pasado, en canto pretende salientar a inxustiza do sometemento posterior dunha nación que acadara tan altas cotas de esplendor e prosperidade mentres gozara de liberdade. Aínda máis, a formulación académica conserva intacta a esencia do primeiro relato nacionalista, non só na interpretación ideolóxica xeral na que asenta –o *argumento* do conflito– senón tamén no mantemento dos termos da representación dos tempos posteriores a 1500, a etapa na que ata daquela se concentrara a atención de maneira case exclusiva.

Certamente, é doado rastrexar os *núcleos de contido* que configuran a versión final do relato nacionalista nas composicións *populares* que o precederon no século XIX. Nuns casos, reformulados de xeito conforme ós requirimentos do enfoque científico do pasado, pero tamén, en moitas ocasións, como unha simple transcrición dos materiais integrantes daquelas primeiras obras de historia nacionalista. Dada a atención prioritaria que as *historias populares* lle outorgan ós acontecementos dos séculos XVI a XVIII, a correspondencia entre os dous modelos resulta máis evidente nos apartados que ambos dedican á última fase do pasado. Sen embargo, tamén se aprecia unha extraordinaria coincidencia nos contidos que se refiren ás etapas anteriores, mesmo ás previas á invasión de 1169, a pesar da brevidade coa que se expón a caracterización daqueles tempos no primeiro modelo de historia nacionalista.

a. Mitos fundacionais

a.1. Mitos das orixes: tanto Sullivan coma Duffy comezan o seu relato sinalando as orixes diferenciadas da nación irlandesa, remontándoa a catorce séculos antes de Cristo, momento no que datan os acontecementos narrados na tradicional lenda da chegada á illa dos milesios procedentes de España. O segundo tan só fai unhas breves alusións á fábula, pero Sullivan expona en toda a súa extensión. Polas especiais características dos poemas da Young Ireland e do diario de Mitchel non se contén nestas obras ningunha referencia explícita á xénese da nación, pero comparten coas dúas grandes narracións citadas a presunción dunha ascendencia común, da pertenza a unha "Irish race" de carácter céltico.

a.2. Mitos de identidade nacional: Sullivan e Duffy subliñan a dobre orixe da nacionalidade, consolidada a partir da fusión dos trazos culturais celtas cunha relixión cristiá á que o pobo irlandés estaba predisposto e que foi asumida de

inmediato. En lóxica correspondencia a tal predisposición, Irlanda converteuse á nova fe sen sangue derramado ningún, alega Sullivan, mentres Duffy sostén que o cristianismo lle sobreimpuxo un "obxectivo común" á raza. Os poemas de *The Spirit of the Nation* e o relato de Mitchel, pola súa parte, tratan como equivalentes, con frecuencia abonda, os termos *celta, católico* e *irlandés.*

a.3. Mitos da civilización orixinal: a obra de Sullivan, a única que se ocupa da dimensión cultural, resalta a orixinalidade da civilización gaélica da época pagá, desenvolvida de maneira autónoma, libre mesmo das influencias da Roma imperial.

a.4. Mitos do modelo político autóctono: ademais das baladas dos *Young Irelanders* que cantan con orgullo as fazañas militares dos poderosos reis da Irlanda pagá nas terras continentais, capaces de impoñer a súa forza en expedicións militares que proban a fortaleza e a solidez das institucións autóctonas, o relato de Sullivan describe un sistema político que prefigura de maneira explícita os réximes constitucionais do século XIX, caracterizado por un parlamento representativo con sede en Tara, por un monarca con poderes limitados e por un conxunto legal moi desenvolvido e preciso.

b. Mitos de afirmación da civilización irlandesa

b.1. Mitos da superioridade cultural: tanto Duffy coma Sullivan, este con máis amplitude, resaltan o labor civilizador e evanxelizador da Irlanda medieval en Europa. Así mesmo, dan conta os dous da capacidade de asimilación que amosou a cultura gaélica despois do século XII, salientando o carácter xeneralizado dos casos de *gaelización* ou *hibernización* dos descendentes dos invasores, a pesar da persecución legal pola Coroa do abandono da lingua, das leis e dos costumes ingleses pola sociedade angloirlandesa.

b.2. Mitos do esplendor cultural en liberdade: as dúas narracións *populares* destacan con entusiasmo o extraordinario nivel cultural da *Idade de ouro* da nación, contrastándoo coa decadencia posterior experimentada por causa da intrusión allea.

c. Mitos de continuidade

En virtude da escasa atención que as *historias populares* lle prestan á cultura gaélica, a confirmación da continuidade identitaria adoita recaer na identificación entre a fe católica e a patria, elemento constante en todas elas. Sobre todo en *The Story of Ireland,* son frecuentes as alusións á equivalencia da defensa da relixión e o amor á nación irlandesa, expresada en numerosas figuras e acontecementos históricos. Por demais, de múltiples formas, queda reflectida sempre como unha *evidencia* a continuidade no tempo dunha nación que é *indestrutible,* segundo a cualificación de Sullivan.

d. Mitos de representación conflitual

d.1. Mitos de opresión: son os autores das *historias populares* os que compoñen as bases do modelo conflitual da representación do pasado de Irlanda. Aínda que limitada a súa obra ós séculos XVII, XVIII e XIX, John Mitchel elabora a primeira interpretación sistemática da presenza inglesa en Irlanda como desenvolvemento dun *programa de conquista* destinado a confiscar e explotar os recursos do país en beneficio dos intereses de Inglaterra. Tal proxecto, segundo expuxo na introdución do *Jail Journal,* esixiu a destrución da nación irlandesa, o sometemento político dos seus habitantes, a privación dos dereitos de cidadanía por unhas leis discriminatorias, o espolio dos seus bens e a redución das súas xentes á miseria e á ignorancia. A aplicación dos terribles planos de dominio comezou, segundo o seu relato, pola confiscación das terras de cultivo nos séculos XVI e XVII e proseguiu co afundimento da industria e mais do comercio do país, así como coa promulgación do terrible código penal, na seguinte centuria, para culminar despois coa Acta de Unión de 1800 e a subseguinte política de *exterminio* do campesiñado nativo no XIX, última expresión dun proxecto de aniquilación que quixo asestar o golpe definitivo por medio da *Gran Fame* de mediados de século, promovida desde o poder británico como o derradeiro instrumento da secular política de conquista e sometemento de Irlanda. O resultado final daqueles inicuos designios foi a decadencia económica e cultural da nación, reducida a unha dependencia colonial de Gran Bretaña. A.M. Sullivan, pola súa parte, estendeu este modelo da opresión e o espolio ata os tempos iniciais da intrusión estranxeira na illa, establecendo unha liña de continuidade entre os saqueos dos baróns normandos e os sucesivos pasos que levaran ó desacougante abatemento nacional do presente. Por demais, completou o relato coa exposición pormenorizada da abraiante violencia que Inglaterra despregou ó longo dos sete séculos do seu establecemento no país para impoñer os seus designios.

Da lectura destas obras, así como da de Duffy, que abunda nos mesmos argumentos, dedúcese que a destrución da nación irlandesa non foi o resultado dunha serie de factores desafortunados, senón a consecuencia *programada* dun proxecto de dominación de longas raíces guiado pola cobiza e a ansia de poder. Deste xeito, determínase a *raíz política* da decadencia nacional: un país que era rico e culto converteuse na miserable nación do presente, como culminación dun tráxico e inxusto proceso histórico sen comparanza posible en Europa. Inglaterra, a culpable de tales desmandos, era, sen dúbida ningunha, unha nación perversa, e así queda retratada en todos estes textos, incluídos os poemas de *The Spirit of the Nation,* asociada sempre ó engano, á traizón, á violencia criminal, ó fanatismo relixioso, á cobiza e, en fin, ás mostras todas dos máis desprezables riscos do ser humano.

d.2. Mitos de resistencia: as *historias populares* completan o relato da opresión padecida por Irlanda coa narración da correspondente loita resistencial que aquela debía suscitar, en orde a completar a dualidade que confirma a interpretación nacionalista do pasado como conflito entre *nativos* e *estranxeiros.* Xa os escritores da Young Ireland, coa constante exaltación dos heroes que acoden coas armas na defensa da patria, expresan un extraordinario interese polos exemplos que manifestan a permanente decisión da nación de combater por todos os medios en demanda da súa liberdade, desde aquel rei Brian que erguera o país contra os invasores viquingos ata os valentes soldados da *Irish Brigade* que mantiveran o espírito de independencia nos campos de batalla europeos no século XVIII. John Mitchel insiste sempre en proclamar no seu texto, despois da descrición de cada un dos arrepiantes golpes que lle inflixira o goberno inglés, a supervivencia da nación irlandesa, nunca definitivamente vencida, a pesar das terribles aparencias. Duffy, pola súa parte, non perde ocasión de salientar o irreductible compromiso dos irlandeses de loitar ó longo da historia pola recuperación dos seus dereitos como nación.

Pero é A.M. Sullivan, sobre todo, quen establece de maneira definitiva o modelo conflitual, amosando con abundantes exemplos a vontade nacional de resistir a opresión estranxeira desde o momento mesmo da invasión normanda. Máis da metade das páxinas de *The Story of Ireland* ocúpanse de recoller con profusión de detalles a loita dos irlandeses contra o poder inglés nos decisivos séculos XVI e XVII, cantando o valor e a coraxe dos O'Neill, dos O'Donnell, dos O'Sullivan, dos Sarsfield e de tantos outros que compoñen a súa ampla galería dos heroes da nación naqueles tempos decisivos, pero non dubida o seu autor en estender as mostras daquela actitude combativa modélica ata a propia "hora fatal" que marcara o destino de Irlanda ata os seus días. Deste xeito, en Sullivan aparece concretada nos seus detalles a interpretación nacionalista do pasado como un enfrontamento incesante comezado sete séculos atrás, no instante mesmo da implantación do poder estranxeiro na illa, e que non concluiría ata que a nación irlandesa acadase a liberación. A historia de Irlanda vén ser, polo tanto, o relato de sete séculos de opresión, pero tamén a glorificación doutros tantos de resistencia indomeable da nación contra os intrusos.

Esta historia, tanto no texto de Sullivan coma nos demais que compoñen o primeiro modelo nacionalista de representación do pasado, pretende ser o relato que dá conta da inflexible vontade nacional de independencia, que enxalza a disposición ó sacrifico dos mellores homes do país nese combate, que xustifica a loita armada no pasado pola imposibilidade de acadar un compromiso conciliador cos opresores. Poida que no presente se rexeiten as propostas insurreccionais, como fan Duffy e o propio Sullivan, máis por causa da imposibilidade de derrotar a potencia inglesa nunha confrontación aberta que por razóns éticas, pero a

exaltación das figuras que se ergueran en armas pola patria e a conseguinte xustificación da rebeldía contra Inglaterra no pasado constitúen dúas das máis salientables características do primeiro achegamento nacionalista ó pasado. Aínda que Sullivan e Duffy loan a mobilización popular pacífica promovida por Daniel O'Connell no seu propio tempo e non ocultan a súa valoración positiva dos esforzos dos *patriotas* protestantes de finais do século XVIII, as *historias populares* non deixan de remarcar a imposibilidade de atopar no pasado un camiño para a conciliación, tanto entre Irlanda e Inglaterra coma entre a maioría católica e a clase dominante de orixe estranxeira establecida na illa.

e. Mitos de racionalización da derrota e da decadencia

e.1. Mitos de autoexculpación: as *historias populares* localizan as causas que explican o declive de Irlanda nunha primeira serie de factores alleos á nación. A decadencia mesma orixínase na intromisión estranxeira, na imposición do seu dominio político e no establecemento dun sistema cultural estraño á civilización autóctona. En canto á explicación da derrota final fronte ós invasores, atribúese a circunstancias de imposible superación, desde a superioridade de recursos militares e económicos do Estado opresor ata as insuficiencias da axuda dos aliados estranxeiros dos irlandeses, a incompetencia dos seus mandos en momentos decisivos e mesmo o azar.

e.2. Mitos de autocrítica: pero tamén o modelo inicial de historia nacionalista elabora a segunda parte da explicación da derrota, atribuída a deficiencias internas. Salva, desde logo, ó pobo irlandés no seu conxunto, pero culpa a unha parte minoritaria da propia nación, a unha aristocracia egoísta, incapaz de superar as querelas que a dividían, remisa a subordinar os seus intereses particulares a un proxecto común nacional e responsable última, en consecuencia, do fracaso na constitución dun poder político centralizado que permitise facer fronte ás ameazas exteriores.

En suma, ben que coas peculiaridades propias daquel primeiro modelo de representación nacionalista do pasado, fundamentalmente orientado cara ós últimos catro séculos do conflito xerado pola inxerencia de Inglaterra na illa irlandesa, as cinco *unidades de contido* que constitúen a mitografía característica do relato *oficial* da historia de Irlanda establecido pouco despois da independencia do *Irish Free State* aparecen xa apuntadas nas *historias populares* que se foran elaborando na segunda metade do século XIX. En lóxica correspondencia, ademais, a materia histórica da que se compoñen cumprimenta tamén as mesmas pautas de funcionalidade que se lle adxudican á posterior versión definitiva, tanto na dimensión xenérica da lexitimación da ideoloxía nacionalista e do seu discurso político coma no ámbito específico da validación da lectura nacional do pasado e da súa interpretación como conflito entre dúas nacións antagónicas.

2.3. Representación narrativa do pasado

A composición formal do relato *oficial* da historia nacionalista está prefigurada na obra de Sullivan, escrita en 1867, e na de Duffy, redactada en 1880. Do mesmo modo que aquel, tanto *The Story of Ireland* coma *A bird's-eye view of Irish History* reflicten un entendemento do pasado como representación narrativa da historia completa da nación irlandesa. O suxeito nacional está xa perfectamente definido e diferenciado do seu antagonista por unha caracterización dicotómica que contrapón a ambos os dous nos seus trazos identitarios e os predispón en situación de enfrontamento. Fixados os contidos en función da interpretación do pasado como conflito entre a parella de contendentes, o discurso narrativo dá conta do desenvolvemento da confrontación cara a un final predeterminado, aínda implícito, que non pode ser outro máis que a liberación de Irlanda do inxusto dominio ó que se ve sometida. Son as distintas unidades mitográficas, ademais, as que permiten a articulación narrativa, enfiando nunha única *trama* nacional os materiais diversos que se seleccionan do vasto e variado depósito dun pasado milenario, de maneira que se poden integrar nun só relato que abrangue desde as remotas orixes da nación ata o propio presente.

Así mesmo, as *historias populares* ofrecen xa esbozados os trazos específicos que caracterizan a exposición narrativa do posterior modelo nacionalista. O didactismo que deriva da funcionalidade política que se lle atribúe á historia impregna o enteiro relato, obrigado a manter un estilo directo e reiterativo, por causa da necesidade de delimitar con claridade a mensaxe e facilitar a súa transmisión. Este afán pedagóxico que informa a representación desde a súa mesma xénese deriva nunha subordinación da rigorosidade no tratamento dos contidos en favor da efectividade expresiva, que se reflicte nunha linguaxe presta á dramatización excesiva, sempre próxima á hipérbole descritiva, como acontece coa representación do sufrimento do pobo irlandés, coas loas ós heroes da nación ou coa caracterización dos personaxes ingleses ou protestantes, sempre tinguida por unha anglofobia que marca de maneira decisiva a tonalidade da narración. Por demais, o ritmo do desenvolvemento discursivo atópase condicionado pola inserción de continuas referencias textuais ó presente, derivación directa da funcionalidade política que se lle asigna á historia e manifestación recorrente do finalismo con que se concibe a súa representación, así como pola frecuente intercalación de parágrafos contraditorios da versión inglesa do pasado.

Desde o punto de vista formal, pois, a historia nacionalista *popular* configúrase como relato do enteiro pasado de Irlanda, representado segundo criterios de secuencialidade temporal e de presunción teleolóxica, en virtude dos cales se

encadean unha sucesión de unidades ligadas por relacións de causalidade e consecutividade, e condicionado na súa expresión narrativa polo *didactismo,* o *presentismo,* a pretensión de *comunicabilidade,* o prexuízo anglófobo e a ansia de refutación da historiografía inglesa, factores todos que se asocian á concepción instrumental da historia propia do nacionalismo.

3. A reformulación académica da historia nacionalista

A comparanza entre os termos que as caracterizan pon de manifesto a indubidable continuidade que enlaza as formas *popular* e *académica* da representación nacionalista do pasado irlandés. O percorrido polas mostras desta categoría historiográfica que se suceden desde a publicación dos poemas da Young Ireland ata 1937 amosan a configuración dun modelo narrativo que pode considerarse establecido cara a 1880 e que é produto, á súa vez, de sucesivas caracterizacións do pasado acometidas desde diversas perspectivas dunha mesma convicción ideolóxica compartida. Están constituídos xa nesa versión *popular* os trazos esenciais do relato nacionalista da historia de Irlanda, tanto na delimitación precisa do argumento que o define coma na súa expresión discursiva. E así se transmitiu este modelo inicial á versión *académica* nacionalista, que non alterou a substancialidade do esquema. En consecuencia, cabe concluír que o relato *oficial* da historia da nación que se atopa fixado no decenio de 1930 vén ser o resultado dun proceso de elaboración no que, de maneira gradual, se foi conformando a representación histórica que desenvolve a interpretación nacionalista do pasado de Irlanda.

O factor de continuidade latente no transcurso desa constitución progresiva deriva directamente do núcleo ideolóxico fundacional que orixina o relato, compartido, claro é, polas variantes todas do achegamento nacionalista á historia. En calquera das formas en que esta se presenta, mantense sempre a conformidade co que se pode chamar o *consenso nacionalista,* o conxunto de principios constitutivos da doutrina que, por riba das discrepancias relacionadas coa práctica política, todos os autores comparten. En canto determina o suxeito nacional e a representación conflitual do seu pasado, esta é a base ideolóxica que define a natureza da historia nacionalista e, como tal, permanece sempre inalterable. Ningún relato que presuma desta condición pode contradicir, por principio, os fundamentos sobre os que se constrúe. A presunción doutrinal, polo tanto, establece o marco definidor da narración histórica nacionalista en todas as súas versións, *populares* ou *académicas,* e fixa, en consecuencia, os límites da evolución do relato no decurso do longo período da súa configuración.

Aínda dentro dese ámbito restrinxido pola determinación ideolóxica, sen embargo, desde os primeiros textos que se ocupan de maneira parcial dos tempos pasados da nación ata o relato último que dá conta de maneira completa dunha historia que remata coa súa liberación, cabe apreciar unha serie de cambios que, deixando a salvo a substancia constitutiva da interpretación nacionalista, afectaron a diversos aspectos relacionados coa materia do discurso e coa súa expresión formal. A tal renovación respondeu, principalmente, a dous estímulos fundamentais que demandaron unha adaptación do relato histórico a partir da década final do século XIX: por un lado, a evolución do núcleo ideolóxico do nacionalismo –sempre restrinxida e autolimitada, por definición– e, polo outro, as esixencias da concepción académica da historia. Respecto do primeiro dos factores, a progresiva *etnificación* do nacionalismo irlandés nos momentos de cambio de centuria reflectiuse na potenciación da presenza do elemento cultural na representación do pasado do país, achegando ó relato un elemento verdadeiramente novidoso. En canto á aplicación das pautas específicas da historiografía académica á narración histórica nacionalista, que coincide tamén co nacemento do novo século, implicou unha depuración de certa clase de contidos habituais nas *historias populares* e mesmo unha actualización formal. Por demais, como xa se sinalou, en razón do mantemento das mesmas liñas argumentais, centradas desde as referencias iniciais ó pasado no conflito entre as dúas nacións enfrontadas, a esencia do relato nacionalista da historia permaneceu inmutable, tanto na súa exposición coma na súa funcionalidade.

En realidade, a configuración narrativa da interpretación nacionalista da historia é o froito dun proceso no que, ó longo do período amentado, se foi desenvolvendo de maneira gradual, por medio de achegas sucesivas, o argumento inicial de orixe ideolóxica. Tales contribucións historiográficas non son, en ningún caso, contraditorias entre si, non pretenden refutar os contidos das obras que as preceden, antes ben, teñen unha inequívoca ambición de complementariedade. O seu obxectivo último é, en toda ocasión, o reforzamento daquela interpretación do pasado, engadindo novas probas que confirmen a súa exactitude. Trátase, en definitiva, dun proceso de *perfeccionamento* do relato, construído a partir dun *consenso historiográfico* conforme co que se lle corresponde no ámbito ideolóxico e coa comprensión do pasado que deste cómpre deducir. A dependencia relacional que subordina a expresión discursiva á fundación doutrinal na que asenta transmítelle á primeira a natureza invariable desta segunda, restrinxindo a posibilidade mesma de cambio na representación histórica. Deste xeito, incluso na transición da versión *popular* á *académica,* simbolizada pola obra de Eoin MacNeill, nun momento en que cabería esperar que a introdución dunha nova perspectiva científica sinalase unha *ruptura* co modelo histórico nacionalista

precedente, resulta patente a consistencia da sensación de continuidade. De maneira que, mesmo entón, por baixo das aparencias renovadoras, permaneceron os trazos que viñan caracterizando xa o relato. De feito, a versión *popular* da historia nacionalista de Irlanda foi asumida nos seus trazos esenciais pola nova caracterización académica, que afirmaba satisfacer os requisitos todos da historiografía científica profesionalizada.

Así, a transmisión das sucesivas achegas historiográficas supera e escurece os límites entre as historias *populares* e as *académicas,* de maneira que o coñecemento das primeiras convértese en elemento esencial para a caracterización do relato nacionalista *oficial* da historia, por canto constitúen a base sobre a que se constrúe e se fixa este con carácter pretensiosamente definitivo. A permeabilidade entre ambas as dúas formas de representación histórica é perceptible en todas as dimensións do relato e, en consecuencia, afecta gravemente á mesma proclamada condición científica da versión académica do pasado de inspiración nacionalista. Se o proceso de intercomunicación resulta comprensible dentro da categoría das narracións *populares* da historia, en función da carencia de espírito crítico coa que estas se elaboran e da súa subordinación á finalidade política coa que se conciben, resulta, en principio, sorprendente que se estendese tamén desde elas a un conxunto de obras das que se presume que *filtran* os materiais históricos segundo uns criterios científicos ós que se afirma outorgarlles a primacía absoluta.

As historias *académicas* nacionalistas, compostas segundo os mesmos principios xerais que os que informaran as de carácter *popular,* integran nelas boa parte dos contidos previamente seleccionados por estas, manteñen os distintos *mitos* que compoñen o seu relato e consideran aínda a lexitimación da ideoloxía nacionalista como criterio primordial que condiciona a súa elaboración. Certamente, non desmenten, senón que complementan, enriquecen e refinan as narracións *populares.* Este proceso de *perfeccionamento* pode sistematizarse nos seguintes apartados, que abranguen a caracterización do suxeito nacional, a definición do argumento que ordena a narración do pasado, a escolla dos contidos que a compoñen e a súa articulación no relato, así como os trazos formais da representación.

1. *A etnificación do suxeito histórico.* No decurso da configuración da historia *popular,* a contraposición entre *nativos* e *estranxeiros,* os protagonistas do conflito, expresárase nas figuras dos *campesiños-oprimidos-católicos* e dos *propietarios-opresores-protestantes.* A circunstancia socioeconómica, política e relixiosa, considerada como un *todo,* permitía a identificación de dous pobos de orixes diferentes e constitutivamente distintos, aqueles que os escritores da Young Ireland representaban enfrontados como *celtas* e *saxóns.* A pesar dos soños gaélicos de

Thomas Davis, nunca compartidos polos seus compañeiros e herdeiros, foran consideracións estritamente *políticas* as que guiaran o nacionalismo da segunda metade do XIX, na procura sempre e de maneira exclusiva da consecución da liberdade nacional. En consecuencia, a representación do pasado, ausente a necesidade de concretar un modelo específico irlandés válido para o futuro, apenas prestara atención ás consideracións culturais.

A redefinición cultural da identidade que se xeneralizou a partir do *revival* gaélico dos anos finais daquel século, coincidindo coas primeiras achegas científicas sobre o pasado, e que se reflectiu tamén nunha nova caracterización da nación arredor da que se organizou a exposición histórica, non implicou, sen embargo, un cambio substancial nos trazos do relato nacionalista, máis alá da inclusión dunha serie de contidos axeitados ás novas concepcións. Antes ben, a ampliación cultural dos riscos polos que se delimitou de maneira máis precisa o perfil do pobo *nativo* fronte ó *estranxeiro* resultou non soamente nunha confirmación da singularidade nacional de Irlanda, así corroborada, senón tamén na *exclusión* daqueles membros da sociedade que non cumprisen ou non se comprometesen a asumir os requisitos todos prefixados desde o nacionalismo. Neste senso, a consideración *política* da nacionalidade irlandesa, nunca antes predisposta á integración, aínda que si relativamente *aberta* a quen abrazase os obxectivos políticos do nacionalismo, deixou paso a unha definición nacionalitaria moito máis restrinxida, a da *Irlanda-irlandesa,* é dicir, a nación católica e gaélica.

Deste xeito, a identificación da esencia da nacionalidade coa cultura autóctona, sinaladamente coa lingua gaélica, veu completar a definición campesiña e católica do *irlandés,* enchendo dun contido máis preciso e excluínte a imaxe do suxeito da historia proposto nas narracións *populares.*

2. *A revalidación do entendemento conflitual do pasado.* Ó consolidar un núcleo identitario étnico diferenciador, moito máis resistente ás lecturas cívico-territoriais que aínda defendían os círculos máis *políticos* do nacionalismo irlandés, a representación académica nacionalista da historia veu corroborar a interpretación do pasado como un conflito entre dúas nacións. Definidas como contraditorias pola súa propia natureza, marcadas por unha orixe singular e polas respectivas e irreductibles peculiaridades culturais, a nación irlandesa e a inglesa estaban *condenadas* a un enfrontamento que non se resolvería definitivamente máis que coa recuperación da súa liberdade pola Irlanda oprimida, único modo de desenvolver o seu propio modelo de civilización nacional. Se algún día houbera un camiño aberto á conciliación, a *etnificación* da nacionalidade cerrou calquera saída que non concluíse coa independencia irlandesa.

3. *O alongamento cronolóxico e o equilibrio na periodización do relato.* A nova preocupación pola dimensión cultural da nacionalidade traduciuse nunha ampliación do ámbito temporal do relato histórico. Mentres a identidade nacional se definira principalmente pola referencia á opresión padecida polo campesiñado católico, non se requiriu, dado o *presentismo* que informa o achegamento nacionalista ó pasado, que a narración avanzase máis alá do momento en que se constituía o moderno sistema de dominación, o espolio dos recursos nativos, a discriminación legal e a dimensión relixiosa do conflito, val dicir, os trazos do pasado significativos para unha compresión adecuada do presente. A definición étnica da identidade nacional, sen embargo, obrigou a rastrexar o pasado na procura das orixes nacionais, do momento fundacional da identidade, e a un seguimento da evolución dos trazos conformadores da nacionalidade e da singular civilización irlandesa. En consecuencia, non soamente se engadiu unha nova dimensión cultural á representación do pasado, senón que se produciu, como resultado, un *profundamento* do eixe cronolóxico do relato, que pasou a dar conta da historia da nación desde o establecemento do pobo gaélico na illa ata o presente, culminando, no relato *oficial* fixado despois da independencia, en 1922, coa recuperación da liberdade perdida

Como consecuencia da introdución do elemento cultural, a narración *académica* nacionalista da historia experimentou un dobre proceso de *reequilibrio* respecto da versión primeira *popular,* que afectou tanto á distribución cronolóxica coma á dos contidos. Por unha parte, no aspecto da periodización, a primeira fase do relato, tan pouco atendida ata o momento, pasou a ocupar un lugar salientable na representación do pasado, que así acadou verdadeiramente a condición de *historia nacional,* en canto xa daba conta do desenvolvemento temporal completo do suxeito protagonista. Deste modo, a case exclusiva atención ós acontecementos posteriores a 1500 que caracterizara os relatos *populares* foi progresivamente contrapesada pola exposición detallada das etapas iniciais da biografía da nación. No ámbito dos contidos, por outro lado, tamén se deu un desenvolvemento compensatorio semellante, en canto o tratamento da dimensión cultural, ben que limitada a aquelas etapas primeiras, previas á destrución da orde gaélica despois da era dos Tudor, matizou a abraiante propensión da historiografía nacionalista a concentrarse na vertente político-militar do pasado.

Con todo, o desprazamento cronolóxico e o alargamento da materia historiográfica, coa alusión á esfera cultural que caracterizou a nova versión histórica elaborada con criterios académicos polo nacionalismo irlandés, non implicaron unha maior corrección do entendemento conflitual do pasado. Pola contra, as referencias á cultura gaélica e ó extraordinario nivel que acadara no seu

período de apoxeo medieval anterior á intromisión estranxeira deben ser entendidas como un novo e eficaz recurso utilizado para a corroboración do esquema interpretativo centrado na confrontación suscitada pola perda da liberdade da nación irlandesa, presentada como o elemento nuclear da representación do pasado. O innovador interese polas manifestacións culturais da historia serviu, en realidade, ó obxectivo de completar e *perfeccionar* a tradicional lectura da historia nacional. Tendo en conta, por demais, que a inclusión dos novos materiais apenas afectou á segunda fase do relato, a que recolle os episodios do momento máis agudo do enfrontamento, que foi tomada sen alteración ningunha da versión *popular* e asumida na súa integridade pola historiografía académica.

4. *A transposición das unidades de contido.* Tampouco no ámbito da materia da que se compón o discurso da historia nacionalista *oficializado* despois da independencia se aprecia unha quebra substancial co primeiro relato de carácter *popular.* Nin sequera a necesaria adecuación ós requirimentos da práctica historiográfica máis profesionalizada, que simbolizan os estudios de Eoin MacNeill, nin a orientación culturalista que reflicte a evolución ideolóxica de finais do século XIX, expresada no traballo do mesmo autor, implicaron unha ruptura co modelo histórico configurado polas obras dos *Young Irelanders,* John Mitchel, A.M. Sullivan e Charles Gavan Duffy, que se guiaran, como xa se indicou, por criterios ben distintos. Aínda que tamén incorporou materiais orixinais á narración do pasado, sobre todo referidos á dimensión cultural, o novo relato nacionalista elaborouse a partir dos contidos que conformaban a anterior versión *popular,* que foron integrados nel por medio de diversas estratexias adaptativas que permitiron convalidar a súa vixencia como elementos constitutivos da historia nacional. Deste xeito, procedeuse á transmisión da enteira mitografía nacionalista á nova versión académica, tanto respecto das propias *unidades de contido,* coa imprescindible acomodación ás novas pautas do traballo científico e mais ó enfoque ideolóxico culturalista, coma no referente ás funcións que aquelas desempeñaban.

En canto ós *bloques de contido,* seguirían predominando os vellos materiais cos que se compuxera o relato *popular.* En realidade, as contribucións da investigación dos historiadores profesionais do primeiro terzo do século XX que se incorporaron á nova representación non tiñan a entidade suficiente como para establecer unha ruptura co anterior modelo. Máis ben, os seus efectos pretenderon matizar, precisar e refinar os vellos contidos. A este respecto, a nova historiografía nacionalista de pretensións científicas compuxo o seu relato do pasado seguindo catro estratexias básicas que lle permitiron reescribir o modelo tradicional de maneira axeitada ás esixencias do momento, a saber, a *transcrición,* a *reformulación,* a *depuración* e a *acreción* de contidos.

En primeiro lugar, recorreu á pura *transcrición* de boa parte dos antigos materiais, deixando a salvo o obrigado axeitamento ás prescricións académicas. En segundo termo, realizou unha *reformulación* das tradicionais *unidades de contido,* dándolles un novo tratamento axeitado ás demandas académicas, ideolóxicas e, sobre todo a partir de 1922, do contexto político. Terceiro, levou a cabo unha *depuración* dos elementos máis fantásticos do vello relato, consistente na eliminación dalgúns contidos pouco verosímiles e mais de certas unidades narrativas menores, das que cumpría prescindir ben polo seu carácter redundante ou anecdótico, ben por dar conta de accións secundarias ó eixe argumental, segundo a técnica expositiva habitual das narracións *populares;* en todo caso, trátase de contidos que non afectan á natureza mesma da representación nacionalista do pasado. Por último, por medio dun proceso de *acreción* de novos materiais, sinaladamente do campo cultural, a nova historiografía complementou algúns dos *bloques de contido* do vello relato sen alterar a súa significación. Por calquera dos procedementos citados, a historia académica non modificou a interpretación nacionalista do pasado xa establecida con anterioridade, senón que, volvéndoa consistente na súa aparencia cos máis estritos preceptos do estudio científico, contribuíu de maneira decisiva ó seu reforzamento.

Polo que afecta á funcionalidade dos contidos do relato, cada unha das distintas unidades conservou a que se lle asignaba na representación tradicional. Tanto no que se refire ós materiais que foron obxecto dunha reformulación coma polo que toca ós que foron eliminados, a condición que autorizou o procedemento foi sempre a garantía do mantemento das funcións respectivas que desempeñaban. No primeiro caso, preservándoas na nova redacción, no segundo, asegurándose de que a desaparición de certos fragmentos narrativos non afectase á súa funcionalidade, en tanto esta debía quedar cuberta por outros materiais semellantes.



Figura 8. Distribución espacial: a era prenormanda, 1400ac - 1169



Figura 9. Distribución espacial: das orixes á segunda conquista, 1400ac - 1500



Figura 10. Distribución espacial: a fase aguda do conflito, 1540 - 1691

5. *A narración académica do relato popular do pasado.* A caracterización do pasado irlandés proposta polo nacionalismo triunfante preséntase como unha interpretación da historia cientificamente fundada, como o resultado dun minucioso estudio orientado polas prescricións de obxectividade e rigor no tratamento dos materiais históricos propias dos métodos da moderna historiografía. Era inevitable, sen embargo, que a asunción dos compoñentes esenciais do relato *popular* se reflectise tamén na propia forma da representación. En efecto, a

continuidade apreciada no argumento, na estrutura e na funcionalidade maniféstase tamén na debida correspondencia no ámbito da expresión discursiva. Non soamente porque se comproba que a historia *académica* segue na súa exposición as pautas narrativas xa consolidadas na década de 1880, senón tamén porque con elas se lle transferiron os trazos formais do primeiro modelo nacionalista de representación do pasado.

Neste senso, lonxe de responder ás demandas da súa proclamada natureza científica, a linguaxe na que se expresa o relato nacionalista último está impregnada por un forte subxectivismo, que lembra as narracións de Mitchel ou Sullivan e mesmo os poemas de *The Spirit of the Nation.* Do mesmo xeito que a selección dos contidos, os riscos de estilo da exposición amosan unha dependencia directa dos requirimentos da pedagoxía política inherente á determinación ideolóxica, que segue informando o enteiro texto cun *didactismo* dubidosamente compatible coas esixencias de exactitude científica e de imparcialidade diante do obxecto estudiado. Igual que sucedera coas historias *populares,* o elemento estético, a preocupación polo efectismo literario que nace do afán educativo e moralizante, predomina de maneira evidente sobre a dimensión académica, limitando o alcance da renovación das vellas concepcións históricas que pretendera realizar o nacionalismo do século XX. Proceso innovador que, por demais, resultou constrinxido nos seus resultados pola propia vontade de incorporar boa parte dos materiais do antigo relato, moitos dos cales transfundiron con eles unha sensación de incerta verosimilitude que os mecanismos de transferencia utilizados non conseguiron eliminar e que derivou na reprodución da ambigüidade derivada da inextricable mestura e da xustaposición de feitos e ficción que seguiu caracterizando o novo relato de pretensións académicas.

En consecuencia do mantemento da preponderancia do condicionamento ideolóxico sobre o criterio científico, resultou gravemente afectada a presunción de obxectividade dun relato que, a pesar das protestas de renovación e adaptación ás demandas da historiografía académica, seguiu subordinando toda outra consideración á eficiencia na comunicación da mensaxe política que se lle atribuía. Deste xeito, o proclamado estatuto científico da nova narración nacionalista resultou ser ben precario. En realidade, as aparencias formais de cambio non foron suficientes para alterar a natureza do que non chegou a ser máis que unha reformulación *perfeccionada* do mesmo vello relato *popular* da historia elaborado polo primeiro nacionalismo irlandés na segunda metade do século XIX.

4. A historia como recurso político do nacionalismo irlandés

En calquera das versións que asumiu, fose a *popular,* fose a *académica,* a historiografía nacionalista coidou sempre de presentar os froitos do seu traballo como a fiel descrición do pasado da nación irlandesa. Aínda confesando de maneira expresa a procedencia ideolóxica desde a que se formulaba e mesmo proclamando sen reparo ningún a causa política á que se pretendía servir, os historiadores nacionalistas tiveron en todo momento a convicción de reproducir con exactitude os acontecementos máis significativos dese pasado e de achegar as claves precisas para a súa atinada compresión. Aínda máis, presumiron de remover co seu esforzo intelectual os veos politicamente interesados que a encubrían e de desvelar nas súas obras a auténtica historia da nación. Os autores aquí estudiados non dubidaron en radicar a orixe do seu labor na necesidade de *descubrir* ós irlandeses a súa propia historia, agachada baixo a forma dun relato tendencioso e arbitrario de elaboración allea, nacido do secular prexuízo de Inglaterra cara á nación e da súa vontade de construír un argumentario que xustificase a xa delongada política de dominación sobre Irlanda. Para eles, por máis que as súas obras se concibisen como instrumentos de concienciación e mobilización na loita política nacional pola recuperación da liberdade perdida séculos atrás, non había contradición ningunha entre o condicionamento ideolóxico que as informaba e a aseveración da veracidade histórica do resultado do seu traballo.

Sen embargo, como xa se viu, a determinación ideolóxica e a funcionalidade política que se lle asignaba á historia constituíron os dous factores esenciais sobre os que asentaba a representación nacionalista do pasado, mesmo na súa versión máis académica. En realidade, o relato *definitivo* e *oficial* da historia da nación irlandesa, consolidado nos primeiros anos da independencia e no que conclúe o longo proceso de configuración aquí estudiado, amosa de maneira manifesta nos seus trazos a pegada deste seu condicionante primordial. A pesar das proclamas de imparcialidade e obxectividade ás que di responder, a historia nacionalista irlandesa, polo tanto, veu ser o produto dunha prefiguración e dunha concepción instrumental de raíces alleas á pura ambición investigadora e ó simple afán de coñecemento. En consecuencia, o seu relato do pasado é tamén o reflexo narrativo das peculiaridades irlandesas da ideoloxía desde a cal se formulou e da especificidade do contexto político no que se integraba. En canto a evolución do nacionalismo en Irlanda desde mediados do século XIX e as características do escenario político británico respondían a unhas formas singulares no ámbito xeral europeo, a narración da historia nacional irlandesa expresouse tamén cuns certos trazos particulares dos que cómpre dar conta nunhas breves consideracións finais.

A elaboración dunha historia de Irlanda conforme cunha interpretación axeitada ós principios doutrinais nacionalistas constituíu unha parte dun máis amplo proceso de *nacionalización* xeral da realidade do que o pasado non podía quedar excluído. Xa se deixou constancia da instrumentalización política da historia por parte dun nacionalismo irlandés que, neste senso, comparte os carácteres cos que se manifestou un fenómeno que foi común a toda Europa, tanto cando a acción *nacionalizadora* foi impulsada desde o Estado como cando respondeu ó impulso menos formalizado de movementos que aspiraban ó recoñecemento político dunha nación que carecía de expresión institucional propia. O caso irlandés, sen embargo, non se corresponde, claro está, cos procesos de relexitimación nacional dos vellos Estados europeos, promovidos desde as institucións académicas, educativas e políticas oficiais. Soamente cabería identificar prácticas semellantes en Irlanda a partir de 1922, despois do establecemento do *Irish Free State,* pero o estudio dos mecanismos de promoción da historia *oficial* polo novo Estado queda fóra do ámbito do presente traballo.

Certamente, o nacionalismo irlandés intégrase no grupo dos movementos europeos que, desde a segunda metade do século XIX, buscaron acadar para unhas comunidades que eles mesmos definían como nacións unha institucionalización política da que carecían e que proclamaban corresponderlles por dereito. Pero aínda nesta segunda categoría non encaixa de maneira doada, por causa tanto da particular evolución da súa doutrina, que non referiu de maneira preferente a condición nacionalitaria do país á dimensión cultural ata un momento xa ben avanzado da mobilización nacionalista, coma pola singularidade do marco político no que se desenvolveu a súa actuación. A este respecto, o caso irlandés presenta trazos diferentes ós dos movementos de unificación italiano e alemán, que contaron para a súa pronta culminación co liderado dun Estado aglutinador que coordinou o esforzo liberador e proporcionou os recursos necesarios para vencer os obstáculos que se opoñían ó proceso. E tampouco non cadra Irlanda co esquema habitual dos nacionalismos sen Estado que floreceron na Europa de finais do século XIX. Máis alá do feito de que unha maioría non conseguise os seus obxectivos, como si o fixo o irlandés, este afástase de todos eles en razón do escenario político no que levou a cabo o seu programa de acción. A este respecto, o nacionalismo irlandés non soamente dispuxo da oportunidade de defender as súas propostas por canles legais, senón que, desde momentos moi temperáns respecto dos demais exemplos, gozou tamén de posibilidades certas de ver satisfeitas as súas demandas –polo menos en boa parte– sen quebrar as vías constitucionais do Estado contra o que combatía.



Figura 11. A reformulación académica da representación nacionalista do pasado
[en negra, o engadido ó primeiro modelo de relato nacionalista; entre corchetes, o eliminado]

Figura 11. A reformulación académica da representación nacionalista do pasado

En consecuencia, a representación do pasado configurada polo nacionalismo irlandés traduce as relativas singularidades que caracterizan a *evolución* da súa doutrina e mais unha práctica política que ofrece riscos peculiares dentro do panorama xeral europeo, como a longa duración da súa loita, ata culminar coa independencia en 1922; a amplitude das manifestacións do movemento, diverso en canto ós métodos de acción e de extenso espectro nos seus obxectivos inmediatos, que abrangueron desde a autonomía ata a completa ruptura co Estado británico; a posibilidade de actuación legal das asociacións políticas ou culturais nacionalistas –agás as que promovían a insurrección armada, desde logo– e as fundadas expectativas de éxito na satisfacción dalgunhas das súas demandas máis significativas utilizando a legalidade constitucional. Cabe concluír, a este respecto, que en canto o *presente* no que desenvolveu a súa actuación o nacionalismo irlandés foi específico nos aspectos citados, tamén o foi, en xusta correspondencia, a narración do *pasado* que a partir del compuxo.

4.1. Reducionismo político e inversión da causalidade histórica

O achegamento ó pasado na procura de recursos válidos para a loita política estableceu o *presente* como condicionante decisivo na elaboración do relato histórico de inspiración nacionalista, quer dicir, a caracterización que desde esta convicción ideolóxica se formulou da realidade do momento, entendida como a última e dramática consecuencia da dominación inglesa do país que se viña prolongando desde centos de anos atrás. Sendo común a todos os nacionalismos europeos da época, o carácter instrumental que neles se lle asigna á historia manifestouse dunha maneira moi sinalada na Irlanda da segunda metade do século XIX e das primeiras décadas do XX, por causa da *urxencia* coa que aquel *presente* demandaba do *pasado* respostas dispoñibles para a súa utilización inmediata. Deste xeito, a representación histórica nacionalista, apremada desde o presente, debeu concentrar a súa atención nos tempos máis próximos e máis directamente relacionados con aquela realidade tan imperiosa nas súas esixencias. O relato da historia de Irlanda, sobre todo o que se compuxo nos primeiros tempos do período aquí considerado, non puido perderse en divagacións máis ou menos fantasiosas sobre uns tempos tan distantes que, se ben servirían para fundamentar unha reivindicación nacional a maior prazo, apenas terían relevancia para a consecución dos efectos políticos que con carácter inmediato se pretendían, é dicir, a concienciación social da orixe dos males que padecía o país e a mobilización popular correspondente a prol das propostas de actuación nacionalistas. O desacougante presente da Irlanda que seguiu á crise alimentaria de mediados de século requiría unha *racionalización* que expuxese a *lóxica* da traxedia, unha explicación sinxela e satisfactoria das causas do estado de abatemento xeral da

nación. E o nacionalismo concretouna na atribución de toda a responsabilidade ós efectos da secular opresión inglesa. Máis que para se gabar de antigas glorias esquecidas e socialmente irrelevantes naquel preciso momento, a historia nacionalista naceu para dar conta do proceso do que derivara a catastrófica situación nacional que por entón vivían os irlandeses.

En consecuencia, para volver racionalmente comprensible a miseria na que se afundía o país, segundo o entendemento nacionalista do propio presente, o relato do pasado concentrou a súa atención nos catro séculos inmediatamente anteriores. Desde eles resultaba doado establecer a pertinente conexión coa realidade actual da nación irlandesa, ligándoa co espolio das súas terras e a destrución da súa industria, coa discriminación relixiosa por causa da Reforma e, en definitiva, coa imposición do dominio inglés sobre a illa. Non é estraño, polo tanto, que o relato do pasado da nación comezase a ser elaborado de maneira máis detallada polas súas últimas etapas nin que estivese enchoupado de dor e sufrimento, en exacta correspondencia coa visión nacionalista do presente que con el pretendía explicar.

Por demais, a simplificación do pasado para axeitalo ás demandas do presente que requiría aquela interpretación viuse confirmada pola relevancia que no último cuarto do século XIX acadou a *cuestión nacional* irlandesa, cando se foi convertendo de maneira progresiva nun dos asuntos centrais da contenda política británica. Incorporada como un dos puntos que conformaban os respectivos programas dos dous grandes partidos de dimensión estatal, sobre todo a partir da consolidación do movemento a prol do *home rule* para Irlanda da man de Charles S. Parnell e da asunción do proxecto autonomista polo Partido Liberal de Gladstone, a implantación da reivindicación nacionalista irlandesa como un dos eixes da política británica contribuíu ó asentamento da lectura do pasado centrada nos catro séculos máis inmediatos, tal como se aprecia de maneira patente nas que cabe chamar *historias populares*. Nestas narracións, a caracterización do presente, descrito como conflito entre a nación irlandesa e a nación inglesa, foi proxectada sobre o pasado, determinando a súa representación arredor da dicotomía *opresión-resistencia*. O enfrontamento político desde o cal se contemplaba a historia impoñía a visión reducionista da realidade contemporánea sobre a súa narración, depurada de calquera elemento que escurecese o conflito esencial do que debía dar conta, demandándolle o trazado dunha liña de continuidade que ligase a loita do presente coa constante manifestación no pasado dunha vontade irreductible de recuperar a nación a súa liberdade perdida. Así, o sacrificio heroico e ininterrompido convertíase en acompañante inseparable do sufrimento do pobo irlandés ó longo da descrición daqueles tempos terribles dos que aínda se vivía a súa consecuencia, transmitíndolle

ó presente non só o rexo espírito necesario para a dura contenda política actual, senón tamén a esperanza de que a inesgotable forza da nación había fructificar un día na reconquista dos seus dereitos.

Por canto en ningún momento perdeu a súa inmediata significación e utilidade políticas, este retrato inicial dos últimos catrocentos anos do pasado, xa plenamente configurado nas obras de historia *popular,* mantívose inalterado mesmo cando se abordou o seu estudio desde concepcións máis académicas. Na condición de provedora de lexitimación da loita proseguida ata a consecución da independencia e do novo Estado que xurdiu do seu éxito final, os historiadores nacionalistas acudiron sempre á representación tradicional da fase máis aguda do conflito, libre de calquera complexidade expositiva que afectase á claridade da interpretación conflitual. Perfectamente adecuado na súa forma para o desempeño da funcionalidade que se lle tiña adxudicada, non houbo necesidade de que o relato nacionalista daqueles tempos experimentase renovación ningunha.

A determinación da historiografía nacionalista pola urxencia política do presente, por outra parte, non se limitou ós tempos posteriores ó século XVI, senón que tamén se trasladou á narración do período previo. Aínda que non fose tan palmar a súa relevancia para a realidade máis inmediata, tampouco non foi difícil interpretar na mesma clave de utilidade política inmediata os anos que seguiran á invasión normanda de 1169, caracterizada como a "hora fatal" na que se iniciaran as desgrazas que aínda padecía a nación. Pero tamén se levou mesmo máis alá daquela data, como xa se indicou, o argumento conflitual que unificaba o enteiro relato histórico, por canto a era prenormanda foi idealizada de maneira que servise para subliñar a tráxica dimensión da ruína posterior, corroborar a xustificación da loita, rememorando aqueles tempos gloriosos inxustamente perdidos, e para se constituír en atraente modelo alternativo que orientase o presente e máis o futuro da nación.

a. *Complexidade histórica e simplificación do presente.* Non cabe dúbida ningunha de que a caracterización nacionalista da realidade e a instrumentalización política da historia que se lle asocia determinan a interpretación do enteiro relato do pasado irlandés elaborado desde esta plataforma ideolóxica. Aínda así, estando condicionado en toda a súa extensión polo reducionismo que implica semellante perspectiva, cabe sinalar unha diferenciación interna no tratamento dos distintos materiais históricos que compoñen o relato, establecida en función da proximidade do fragmento narrativo respecto do presente. Neste senso, pode discernirse unha pauta que relaciona a simplificación expositiva e o presente, nunha correspondencia que se debilita a medida que se retrocede no tempo histórico. Quer dicir que se detecta unha especie de *gradiente de complexidade* inverso ó avance cronolóxico

da narración, tal como se deduce da comprobación de que mentres a representación dos tempos máis afastados da historia admite a inclusión de elementos de maior diversidade, a dos séculos máis recentes esixe unha dependencia estrita da caracterización conflitual propia da análise do presente e do programa político do nacionalismo. Así se aprecia nas obras de MacNeill, tan ricas en detalles e matices no seu estudio da Irlanda prenormanda –dentro da marxes que permite a determinación ideolóxica, claro está– e tan pouco rigorosas nas alusións ós séculos máis recentes, que veñen ser pura repetición dos clixés acuñados pola historiografía *popular,* asumidos de maneira acrítica polo autor. Non parece que a limitación ós tempos da antiga Irlanda das súas proclamadas ansias de corrección de erros históricos se debese soamente á orientación vocacional como estudioso da primeira historia da nación, senón tamén a unha aceptación incondicional da validez da representación nacionalista das etapas máis próximas do pasado, reducidas á simple expresión do conflito que o mesmo MacNeill se esforzaba activamente por concluír. Non se trata, pois, dunha carencia de coñecementos por falta de especialización. Máis ben, parece que o condicionamento que implica a lectura nacionalista do presente se acentúa coa proximidade ó momento no que se escribe, que impón de maneira ineludible a súa descrición da realidade como enfrontamento entre nacións ó relato dos tempos máis recentes, que deben poñer de manifesto as orixes da dualidade conflitiva na que se vive. O achegamento ó presente, polo tanto, semella reducir a liberdade do historiador nacionalista, que debe aterse á simplificación que lle demandan as esixencias políticas e a satisfacción da funcionalidade inmediata do relato do pasado. O distanciamento temporal, pola contra, permítelle dispoñer de certa marxe para introducir elementos que non se relacionan directamente coa dicotomía *opresión-resistencia,* sen medo a que a inclusión destoutros factores afectase á mensaxe esencial do relato e á súa eficacia como instrumento na loita política.

b. *Denegación do pluralismo historiográfico.* No canto de transformarse segundo o compás da evolución da historiografía e da actualización dos resultados da investigación, o relato do pasado irlandés apenas experimentou cambios na súa concepción fundamental, asentada na súa versión *popular* xa nos comezos do derradeiro cuarto do século XIX e conservada no esencial nunha representación académica que, tal como se adiantou, non veu senón *perfeccionar* o mesmo modelo nacionalista básico. Tamén neste ámbito da configuración progresiva da historia nacional de Irlanda exerceron unha influencia decisiva a inspiración ideolóxica e a finalidade política coas que se abordou o estudio do pasado. En realidade, a consistencia doutrinal da interpretación nacionalista e a procura da eficiencia na contenda política estableceron os límites da representación histórica, infranqueables mesmo para as realizadas segundo un enfoque científico, ben representado polo

traballo de Eoin MacNeill e de Edmund Curtis. De feito, a principal contribución das obras elaboradas ó abeiro das prescricións académicas cinguiuse a pouco máis que ó revestimento da caracterización *popular* cos adobíos do estudio profesional. Neste senso, os seus autores non renunciaron nunca ó mantemento do *consenso historiográfico* nacionalista, fixeron confesión explícita do propósito político que impulsaba o seu traballo e sinalaron abertamente a mensaxe que cumpría extraer da súa exposición.

Nun presente definido polo enfrontamento entre nacións, a introdución de calquera referencia que perturbase a claridade da interpretación conflitual do pasado iría en detrimento da funcionalidade que o nacionalismo atribuía á historia. Afastarse das liñas mestras que sustentaban o modelo ideolóxico de representación do pasado afectaría á razón mesma que, en último termo, xustificaba a súa existencia, val dicir, a súa utilidade como ferramenta na confrontación política do presente. Neste senso, a diversidade interpretativa, as reservas científicas sobre aspectos nucleares do relato e, moito máis, a formulación dunha exposición alternativa son radicalmente contraditorias coa aproximación nacionalista á pasado da nación, sexa na versión *popular,* sexa na académica. En definitiva, o nacionalismo irlandés demostrou unha incompatibilidade substancial con calquera mostra de pluralismo historiográfico. A súa non era *unha* historia máis de Irlanda, senón *a única* historia posible da nación.

c. *Ambición de totalidade explicativa.* A insatisfacción nacionalista co presente esixiu unha representación do pasado que satisfixese a dobre demanda de ofrecer un relato que puxese de manifesto as raíces históricas dos males do país, amosando a súa orixe exterior á propia natureza nacional, e que localizase na historia o modelo específico que orientase o esforzo político pola restauración da *auténtica* Irlanda. De tal requirimento naceu unha lectura do pasado que combinaba dúas facianas opostas pero complementarias, a do *sufrimento* que deitaba da contemplación das doenzas da nación por causa do dominio ó que fora sometida e a da *esperanza* que derivaba da comprobación da invencible capacidade de resistencia que os irlandeses demostraran ó longo daquela terrible experiencia histórica.

Os primeiros achegamentos ó pasado desde a convicción nacionalista, sen embargo, cumprimentaron tan só de maneira incompleta tales esixencias. En realidade, os poemas dos escritores da Young Ireland, pola propia natureza do xénero, restrinxían o seu tratamento a aspectos concretos do pasado dos que obter conclusións significativas para o presente, relacionados, en xeral, coa violencia e mais a perversidade que caracterizaran a relación de sometemento entre Inglaterra e Irlanda. O texto de John Mitchel, limitado como estaba no seu campo cronolóxico

e urxido por unha experiencia persoal que transfería o seu dramatismo á enteira sociedade irlandesa, para propoñerse como mostra da traxedia histórica que *vivía* a nación, engadía xa unha ambición totalizadora, tramada cos fíos dun reducionismo político igualador do presente e do pasado. Posteriormente, o proceso cara a unha historia verdadeiramente *nacional* avanzou de maneira decisiva coas narracións de Sullivan e Duffy, aínda que a súa representación do pasado sufría dun evidente desequilibrio de contidos cara ós tempos máis recentes. Por fin, o estudio académico, informado polas presuncións nacionalistas, completou o camiño cara a unha caracterización do pasado como historia da nación, *completa* en todas as súas dimensións, tanto pola extensión do ámbito temporal coma polo tratamento integrado das manifestacións todas da nacionalidade irlandesa, incluída a cultural.

Deste xeito, o pasado de Irlanda foi *nacionalizado* e fundido nunha relación de continuidade co presente. As *historias populares* sentaron as bases da representación nacionalista. Os padecementos do pobo irlandés, os de onte coma os de hoxe, foron representados como o resultado da *opresión nacional* pola que Irlanda fora conquistada e espoliada; os episodios de revolta contra o dominio inglés convertéronse en expresión de *resistencia* dunha poboación que non só constituía unha comunidade homoxénea e diferenciada respecto doutras, senón que exhibira sempre unha indubidable *conciencia nacional;* a teimosía na fidelidade á relixión católica, mantida en medio de enormes dificultades, entendeuse como efecto de ser a fe un marcador da *identidade nacional.* O pasado, en definitiva, foi ordenado e simplificado segundo as pautas prefixadas pola ideoloxía nacionalista, en orde a ser utilizado como instrumento no conflito político do presente.

Aquelas primeiras narracións nacionalistas do pasado, en embargo, eran claramente insuficientes no propósito de caracterizar o modelo de referencia que cumpría que a historia ofrecese, necesario como contrapeso dun presente que amosaba unha nación en decadencia e privada de liberdade. As alusións das *historias populares* ós remotos tempos nos que Irlanda gozara de independencia eran escasas e pouco desenvolvidas. Foron os estudios académicos os que acometeron a tarefa de completar o relato coa descrición detallada da era previa á invasión de 1169. Idealizada á comenencia das necesidades políticas, a Irlanda prenormanda constituíuse na alternativa á Irlanda do presente, no país libre, próspero e civilizado que debía inspirar a loita contra os opresores estranxeiros.

Constituído xa o referente ó que cumpría remitir o esforzo político, a representación nacionalista do pasado estaba *acabada,* en canto podía satisfacer plenamente as demandas todas que se lle fixesen desde o presente. A historia, deste xeito, estaba en condicións de desempeñar a funcionalidade política que lle correspondía na confrontación que a nación irlandesa seguía a manter no presente

co Estado que aínda a seguía sometendo e que lle impedía o desenvolvemento das capacidades todas inherentes á súa natureza. Así exposta, como relato *completo* da nación, a historia ofrecíase como unha caracterización mítica en por si, en canto brindaba unha comprensión global do pasado e mais do presente e cumprimentaba as funcións precisas para a lexitimación da práctica nacionalista.

O *mito histórico* non soamente explicaba o pasado, senón que tamén proxectaba a súa luz sobre o presente no que estaba sendo construído, precisamente porque esta era a razón última que determinaba a súa existencia. A ambición totalizadora da historiografía nacionalista, polo tanto, culminaba naquel relato que abranguía o enteiro pasado da nación e que demostraba a súa plenitude, precisamente, pola súa utilidade como recurso político irrecusable no presente. A historia era a proba definitiva da condición nacional de Irlanda, a fundamentación irrefutable dos seus dereitos políticos e o argumento último da lexitimidade da súa loita contra a opresión estranxeira.

d. *A inversión da causalidade.* En suma, a historia nacionalista de Irlanda é o resultado dun proceso de configuración no que se foi desenvolvendo de maneira gradual a interpretación derivada da ideoloxía que a inspirou, en función dun contexto político que determinou a evolución da representación arredor dun núcleo argumental que permaneceu sempre inalterado. O condicionamento ideolóxico e político do presente sobre a elaboración da historia da nación implicou unha inversión do sentido do fluxo de comunicación que a orde cronolóxica establece entre pasado e presente, en canto na narración da historia veu ser este último o determinante da caracterización do primeiro. A concepción instrumental da historia, a funcionalidade política que se lle asignaba, obrigou a unha representación que tivo como criterio primordial de composición a relevancia significativa para o presente desde o que se formulaba. Foi neste onde se estableceu e definiu o suxeito narrativo e desde onde se emprendeu o rastrexamento dos tempos idos na procura das continuidades temporais, das constantes históricas que autorizaron o ordenamento nacional do pasado. Pero tal continuidade estableceuse, de feito, proxectando o presente, tal como o describía a doutrina nacionalista, cara a atrás, invertendo así o decurso temporal narrativo, a causalidade e a consecutividade dos elementos que compoñen o relato.

A exposición histórica así concibida resultou ser, en consecuencia, un reflexo do presente definido polo nacionalismo e polo contexto político no que este operaba. É dicir, que a historia nacionalista foi, fundamentalmente, o produto dunha determinación ideolóxica e política propia do presente no que se constituía como tal e no que estaba destinado a desempeñar as súas funcións. As adaptacións que experimentou no curso do tempo foron apenas as puras esixencias da evolución

deses dous factores, máis que o froito de criterios científicos e novos achados da investigación histórica profesional. Foi a satisfacción da funcionalidade política a que determinou a validez do relato e o factor ó que se subordinaron as demais pautas de produción dos textos históricos nacionalistas.

A continuidade histórica que procurou a lectura nacionalista do pasado estableceuse, polo tanto, invertendo os criterios de causalidade e consecutividade, alterando a lóxica do decurso narrativo, xa que, a pesar das aparencias, o que debía ser a *conclusión* implícita ó relato, o presente, converteuse no *principio* segundo o que se ordenou o pasado. A *arte* da historiografía nacionalista radica, en consecuencia, na capacidade de ocultación deste mecanismo ideolóxico orixinario e na conseguinte presentación do seu relato como *evidencia* que se deducía dunha mirada imparcial e obxectiva ó pasado. Era o único xeito de que a historia puidese cumprir con plena satisfacción o seu papel de lexitimación do enteiro discurso nacionalista e da práctica política que del se desprende.

e. *A clausura da historia.* O mecanismo de produción da historia nacionalista sufriu un atranco nos convulsos anos que seguiron á sinatura do Tratado Anglo-irlandés de decembro de 1921. A incerteza e a conflictividade daqueles tempos interrompeu o proceso de elaboración gradual do relato histórico nacionalista segundo o método da *inversión de causalidade,* en canto resultaba improcedente proxectar cara a atrás aquel presente tan confuso que quebraba a lóxica nacionalista da historia. Lonxe de desautorizar o modelo, sen embargo, a nova situación que naceu en 1922 veu confirmar a absoluta determinación política do relato.

A consecución da independencia naquela data sinalou *a fin da historia* nacionalista nun dobre senso. Por un lado, na dimensión cronolóxica, o Estado irlandés apareceu como a conclusión dun relato que xa fixara de antemán o final do camiño da loita nacional e que agora se vía confirmado polos feitos. Por outro, no ámbito narrativo, tamén parecía rematada a última etapa do proceso de *perfeccionamento* que se emprendera ó sobrepoñer a perspectiva académica sobre a antiga forma *popular.* Desde aquela nova realidade, o *Irish Free State* viña corroborar de maneira definitiva a interpretación do pasado composta polo nacionalismo desde tanto tempo atrás. Non era necesario alterar o vello relato nin, moito menos, prescindir del, por canto amosaba aínda ser o máis axeitado para cumprimentar as funcións que agora se lle esixían, a saber, a lexitimación da nova realidade institucional e a provisión do modelo de nación que debía constituír a referencia ideal e fixar o rumbo da acción de goberno. Non dous aspectos, polo tanto, o relato nacionalista parecía definitivamente establecido: dera unha cabal e atinada interpretación do pasado, como demostraba o triunfante final que anticipara,

e proporcionaba o paradigma nacional que había guiar o camiño da ansiada restauración da *auténtica* Irlanda.

Por demais, outra razón decisiva contribuíu a deixar suspendido o relato, cando menos no relativo ós tempos máis recentes. En realidade, o novo *presente* non cadraba coas previsións nacionalistas nun aspecto transcendental, en canto o que reflectía a realidade non era a Irlanda feliz que debería seguir á recuperación da liberdade. Nin sequera semellaba ser a Irlanda *nacional,* aquel pobo homoxéneo, unido e sacrificado que loitara sen tregua contra o estranxeiro opresor. Pola contra, a proclamación da independencia trasladara o conflito ó interior da nación, contradicindo o suposto básico sobre o que asentara o enteiro relato do pasado. Na práctica, aquel *presente* servía para fundamentar a representación histórica só en canto significaba o remate da conquista inglesa que comezara había case oito séculos. Sen embargo, ó contrario do que ata entón sucedera, en tanto que estaba sometido a discusión entre os nacionalistas, agora mortalmente enfrontados, non podía fundamentar a prolongación do relato recibido do pasado.

De feito, a narración quedou en suspenso. A historia de Irlanda de Curtis interrompe o seu curso en 1922, data que tamén é a derradeira da táboa de acontecementos sinalados que acompaña a obra como resume dos momentos fundamentais do pasado nacional. Escrita case quince anos despois, considerablemente reafirmada xa a estabilidade interna, o autor concluíu a súa exposición alí onde a *continuidade* da interpretación nacionalista tradicional parecía evidente, no instante mesmo da restauración dun goberno irlandés. Son os anos previos á independencia os que seguían determinando o relato da historia, en canto neles a *claridade* da interpretación nacionalista era manifesta e podía transmitirse ó pasado. O *presente* posterior resultaba ser demasiado complexo para reducilo a unha pauta que inspirase unha reavaliación dos tempos máis recentes.

4.2. A historificación das crenzas populares sobre o pasado

O criterio prioritario da procura de eficacia política que determinou a elaboración da historia nacionalista de Irlanda a partir de mediados do século XIX tivo como unha das súas consecuencias directas a preservación dos mitos sobre o pasado espallados daquela na poboación irlandesa. Ademais das posibilidades que esa clase de materiais ofrecía para encher de contido a interpretación histórica nacionalista, foi a preocupación pola eficiencia instrumental que se lle esixiu ó relato a que veu confirmar, en último termo, a validez daquelas narracións orais tradicionais para as novas representacións que pretendían reflectir a enteira historia da nación irlandesa. E foi o mesmo interese o que restrinxiu as posibilidades dunha

verdadeira actualización do relato, que estivo sempre limitada no seu alcance, mesmo nas obras dos historiadores académicos, pola necesidade de manter, ademais da consistencia ideolóxica, a súa utilidade política inmediata. Condición esta que se vería minguada de se presentar a historia nacionalista como unha *ruptura* completa coas vellas crenzas sociais sobre o pasado. En tal caso, sen dúbida ningunha, a impugnación absoluta no novo relato das vellas mitificacións comunitarias afectaría á credibilidade mesma da interpretación histórica nacionalista e, en consecuencia, iría en detrimento do seu poder de penetración social, coa conseguinte diminución da súa capacidade de mobilización popular. A mesma intensificación da xa prolongada loita nacionalista nas primeiras décadas do século XX contribuíu así á permanencia de elaboracións tradicionais de incerta fundamentación nuns tempos en que estaban ben establecidos xa os criterios do estudio profesional do pasado. Como xa se indicou a propósito da obra de MacNeill, a propia historiografía académica tivo bo tino de non rexeitar de raíz os mitos históricos tradicionais, limitándose, en xeral, a adaptar os seus contidos ás novas normas do traballo científico e, en todo caso, coidando de salvagardar a funcionalidade que debían desempeñar na representación da historia nacional. A *renovación* do relato nacionalista respondeu sempre ás necesidades ideolóxico-políticas e, aínda que de maneira subordinada, ás académicas pero, en todo caso, sen desautorizar en ningún momento os presupostos esenciais que o sustentaban.

Deste modo, o relato da historia de Irlanda composto segundo as presuncións doutrinais do nacionalismo non se fixo en contradición coas narracións sobre o pasado asentadas na mentalidade social irlandesa como *memorias* de acontecementos sinalados doutros tempos. Constituían estas unha serie de relatos orais que trataban, con diverso grao de fabulación, acerca de episodios adscritos a un tempo pretérito que, en xeral, por causa da súa suposta relevancia para o presente, permanecían vivos no recordo popular. Lembranzas sobre confiscacións de terras e sobre persecucións padecidas por cuestións relacionadas coa fe católica despois do século XV ou, sen maiores precisións cronolóxicas, sobre a perversidade do goberno inglés e da aristocracia terratenente de orixe estranxeira establecida na illa. A historiografía nacionalista contribuíu á súa perpetuación integrándoas no relato que foi configurando durante a segunda metade do século XIX e que se completaría no primeiro terzo do seguinte. Transmitidas e fixadas a través dos textos das primeiras versións nacionalistas da historia, elaboradas en boa parte como pura transposición dalgunhas daquelas crenzas xeneralizadas na sociedade irlandesa, tal como se viu en moitos dos asuntos desenvolvidos nos poemas de *The Spirit of the Nation* e no relato de Sullivan, aqueles materiais de orixe popular recibiron a *respectabilidade* que o texto escrito lles outorga ás narracións orais. Por demais, completando o proceso, o seu novo estatuto de verosimilitude histórica viuse

confirmado posteriormente pola súa integración nas propias representacións nacionalistas configuradas atendendo os requisitos dos estudios académicos, incorporadas a eles por medio dos mecanismos de *perfeccionamento* do relato básico nacionalista da historia que xa se mencionaron noutro lugar.

En realidade, a historiografía nacionalista, con independencia da súa dimensión *popular* ou *académica,* deulles unha nova lexitimación a aqueles materiais que formaban parte do acerbo social sobre o pasado polo propio feito de os encadrar como partes dunha representación conxunta que pretendía dar conta da enteira historia da nación. De xeito que o que non eran máis que noticias *fragmentarias* e *inconexas* do pasado foron integradas nun *gran relato* que estableceu relacións entre elas, ordenounas nunha secuencia cronolóxica e conferiulles o seu pleno sentido, ademais de lles achegar unha aparencia de veracidade que, pola propia natureza pouco formalizada da narración oral, era ata entón relativamente precaria, segundo os criterios historiográficos modernos. Incluídos no contexto histórico desenvolvido a partir do argumento central que falaba dos setecentos anos de conflito entre a nación irlandesa e os seus opresores, os tradicionais relatos foron *nacionalizados,* transcendendo o ámbito da memoria territorialmente limitada e adquirindo unha localización temporal precisa, xustapostos a outros casos semellantes nas *unidades de contido* que articulaban a representación completa da historia de Irlanda. Neste senso, aqueles materiais que compoñían a *memoria social* do pasado experimentaron un proceso de *historificación,* que dicir, quedaron caracterizados como partes constituíntes da composición narrativa que daba conta do pasado dunha nación. O resultado de tal desenvolvemento, claro está, non podía ser outro que a transmisión á historia nacional das simplificacións propias daquelas narracións orais, perpetuadas, cando menos nos seus principios esenciais, a través das historias *populares* e da propia versión última da historia nacionalista, aquela que pretendía ser unha representación cientificamente fundada do pasado da nación. A introdución de matices e a exposición das complexidades das que debe dar conta a narración histórica de orde académica afectarían á coherencia mítica do pasado, esvaecerían a transparencia da súa mensaxe e, en consecuencia, inutilizaríano politicamente.

4.3. A tardía incorporación da cultura á representación histórica

A representación do pasado como historia nacional de Irlanda asentou nunha dobre presunción. Por un lado, dáse por certa a existencia no tempo da nación que é suxeito do relato. Por outro, afírmase a posibilidade de rexistrar no pasado unha serie de constantes que permitían discernir unha liña de unidade que autorizaba a enfiar de maneira coherente os acontecementos que afectaran ó protagonista a

través do tempo histórico. Ambas as suposicións son as que configuran a *continuidade* básica que volvía plausible ordenar nunha secuencia narrativa os diferentes materiais e compoñer un relato da historia susceptible de ser utilizado polo nacionalismo como recurso na confrontación política que se desenvolvía no presente.

As primeiras versións desa crónica do pasado, as que cabe denominar *historias populares,* construídas arredor do eixe que constitúe a prolongación cara ó pasado da contraposición entre a opresión estranxeira e a resposta da nación, segundo a cal o nacionalismo caracteriza a realidade anterior a 1922, satisfacían de maneira bastante a funcionalidade política que nun principio se lle esixiu á representación histórica. Polo menos mentres a loita nacionalista, durante a segunda metade do XIX, se centrou na consecución de obxectivos expresamente relacionados coa resolución de problemas concretos que aflixían á maioría da sociedade irlandesa. En canto os obxectivos da reivindicación nacionalista se referiron ó remedio da discriminación legal derivada da confesionalidade católica e da miseria rural pola desigual distribución da propiedade da terra ou mesmo a unha xenérica opresión política que condenaba a nación a permanecer en estado de prostración, a historia cumprira de maneira aceptable a súa función, poñendo de manifesto as raíces daqueles males. Sinalada a orixe política da situación presente, abondaba a simple retroproxección das diversas facianas nas que se manifestaba o conflito entre as dúas nacións, tal como fixeron os traballos de Mitchel, Sullivan e Duffy. En razón das demandas concretas que se lle facían á historia, o reducionismo político do presente transferíase de maneira linear ó ordenamento do pasado, de maneira que este, á súa vez, xustificase a análise e as propostas nacionalistas do momento. A inseparable parella que conforman a *opresión* e a *resistencia* daba conta precisa do conflito que permitía unha interpretación cabal da historia de Irlanda, constituída como arma política para un nacionalismo que buscaba rematar coas desgracias que afectaban á nación dando cabo ó dominio británico que as causaba, ben por medio dunha insurrección, ben a través do movemento pola recuperación do autogoberno.

En todo caso, no pasado e no presente, a confrontación primordial dirimíase no terreo político, por moito que se manifestase noutros ámbitos como o relixioso ou o económico. En consecuencia, non había estímulo ningún para incluír no relato histórico ningunha dimensión de orde cultural que fose máis alá da breve afirmación do esplendor que no seu día acadara aquela civilización que tan apagada se amosaba nos tempos en que aquel se estaba a compoñer. Nin sequera eran precisas as referencias culturais como elementos da caracterización do suxeito da historia, en canto, igual que no presente, eran os trazos nos que se expresaba a opresión

que padecía Irlanda –a discriminación por causa da fe católica, o espolio económico, o sometemento político– os sinais da identidade nacional, aqueles riscos que, agora e antes, permitían diferenciar os irlandeses dos estranxeiros.

O panorama político, sen embargo, alterouse a finais do século XIX e principios do XX. Resolta no ámbito legal a cuestión relixiosa, encamiñada a solución ó problema do acceso á propiedade da terra e asumida por boa parte da clase política do Estado británico a necesidade de atopar unha vía para o recoñecemento da singularidade política de Irlanda, o nacionalismo incorporou progresivamente ó seu núcleo ideolóxico e ó seu programa político o interese pola recuperación da cultura propia do país. O movemento polo *revival* da lingua gaélica, como máxima expresión da especificidade irlandesa, fixou un obxectivo último para a loita política que transcendía a pura conquista do poder, en canto esta había ser só o imprescindible paso previo para o restablecemento da *auténtica* civilización irlandesa. Así, as novas circunstancias nas que medrou o nacionalismo cultural converteron as manifestacións da singularidade nacional en elemento *político* de primeira magnitude e, en consecuencia, introduciron demandas engadidas ó relato histórico. E as historias *populares* eran claramente insuficientes no tratamento da dimensión cultural da nacionalidade.

En razón das novas funcións que se lle pedían, a representación do pasado debía agora dar conta da orixe das *esencias* culturais que definían a identidade da nación e da súa presenza ininterrompida na historia, mesmo ata o presente, en orde a fortalecer a lexitimidade do esforzo nacionalista e a caracterizar de maneira rigorosa o modelo segundo o cal cumpría reconstruír a *auténtica* Irlanda. Deturpada esta no presente pola corruptora influencia dunha cultura estraña, a historia debía amosar en toda plenitude os trazos característicos da *Irlanda-irlandesa*. A complexidade da tarefa obrigou a unha reconsideración do traballo histórico, en canto demandaba un coñecemento especializado e o dominio das ferramentas de investigación propias do estudio histórico profesional. En consecuencia das necesidades políticas e das esixencias científicas, polo tanto, a historiografía académica de inspiración nacionalista tomou o relevo das primeiras narracións *populares* do pasado elaboradas segundo a mesma inspiración ideolóxica, coa finalidade de expoñer a *continuidade* da nación a través do tempo por medio do seguimento dos trazos culturais da súa identidade desde as súas orixes ata o presente. A representación do pasado, deste xeito, ampliou non soamente o campo dos materiais historicamente relevantes, senón que estendeu o seu espazo cronolóxico ata as orixes mesmas da nación, identificada coa súa especificidade cultural. A historia confirmaba a nova orientación promovida polo nacionalismo cultural: a loita de Irlanda pola súa liberdade estaba xustificada non só porque era

unha sociedade *oprimida,* senón tamén porque constituía unha comunidade radicalmente *diferenciada.*

En suma, a incorporación tardía da dimensión cultural á representación da historia expresa a particularidade que afastou o movemento irlandés polo recoñecemento dos dereitos políticos da nación do camiño que caracterizou a tantos movementos nacionalistas europeos, nos que a recuperación e a reavaliación dos trazos culturais constituíu a etapa previa á mobilización política por eles promovida. En Irlanda, en cambio, invértese ese camiño tan frecuente desde o século XIX. Alí, a historia non foi máis que o reflexo que reproduciu a evolución dun nacionalismo que, gracias á singularidade do contexto político británico, non precisou dun proceso previo de afirmación cultural da nacionalidade para desenvolver a súa loita política.

4.4. Historia alternativa e dependencia do relato

Os nacionalistas que se achegaron ó estudio do pasado encadraron o seu traballo como un compoñente máis do que entendían como a loita da sociedade irlandesa polo restablecemento da súa liberdade perdida. Para aqueles autores, o proceso de liberación debía incluír como un dos seus elementos principais o *rescate* da historia da nación das mans dos seus opresores, que construíran e utilizaran como xustificación do seu dominio sobre Irlanda un relato que ofrecía unha versión dos acontecementos históricos que o nacionalismo consideraba falsa en todos os seus termos e completamente tendenciosa segundo os intereses de Inglaterra. Neste senso, a elaboración dunha narrativa do pasado axeitada ás necesidades da confrontación política do presente, segundo xa se repetiu, levaba aparellada a refutación daquela versión que John Mitchel cualificara de *oficial,* requisito ineludible para posibilitar a *recuperación* da historia da nación que pretendía o nacionalismo. En consecuencia, a nova representación do pasado de Irlanda debeu compoñerse como unha historia *alternativa* á de orixe inglesa. E así foron concibidos os textos que configuraron o primeiro modelo de historia nacionalista, quer dicir, como impugnación dun relato arbitrario, falso e manipulador que instrumentalizaba o pasado en favor dos intereses do poder estranxeiro e dos seus beneficiarios na illa. A narración do que os historiadores ingleses presentaran como a instauración do progreso, da liberdade e da civilización no territorio dun pobo atrasado e bárbaro foi contrarrestada por unha crónica que, pola contra, salientaba o saqueo dos recursos do país e a violencia exercida sobre as súas xentes por causa da pura cobiza e ambición de poder dos opresores, única razón que os movera a impoñer o seu dominio en Irlanda.

As *historias populares* cumpriron con suficiencia a función concienciadora e mobilizadora da sociedade irlandesa na orde política. Por demais, respondían con efectividade ós estereotipos negativos que compoñían a visión de Irlanda que difundían os relatos equivalentes dominantes na opinión pública inglesa da época. A pesar das súas pretensións, carecían de competencia, sen embargo, para contrarrestar o tratamento que ó pasado irlandés se lle daba nas obras históricas de orixe académica producidas na Inglaterra da segunda metade do XIX con argumentos da mesma entidade, que fosen máis alá do simple desmentido. A súa insuficiencia a este respecto non proviña só da deformación ideolóxica que caracterizaba a aquelas, por canto tamén as historias inglesas estaban informadas por unha predeterminación de semellante natureza. En realidade, era a formalidade *científica* dos estudios dos grandes historiadores profesionais ingleses da época a que estaba ausente na primeira versión nacionalista do pasado de Irlanda. Era esa disparidade conceptual dos dous termos enfrontados a que, en última instancia, volvía ilusorias as ambicións nacionalistas de establecer unha comparanza entre ambos os relatos históricos. A primeira versión nacionalista do pasado non podía ser tomada como alternativa da representación inglesa máis alá do nivel popular.

O enfoque académico dos autores nacionalistas irlandeses que se propuxeron desenvolver unha historiografía rigorosa e profesional nos seus métodos pretendeu dar resposta á necesidade de dispoñer dunha historia que, cumprindo as demandas utilitarias da confrontación política e mantendo a pureza da interpretación ideolóxica esencial, reunise os requirimentos precisos para contrapoñerse con autoridade científica á que sustentaba as posicións inglesas respecto de Irlanda. Con ese afán de elaborar unha representación do pasado da nación capaz de competir tamén no mesmo plano académico coa que o nacionalismo intentaba descualificar fora co que proclamara MacNeill, referíndose ó estudio dos primeiros tempos da nación, que o seu obxectivo era "suplir o que parece defectuoso e corrixir o que parece erróneo no tratamento da historia antiga irlandesa".

Neste senso, a historiografía nacionalista, en calquera das súas versións, presentouse como *alternativa* á composta desde Inglaterra, tanto no suxeito que xustificaba a súa propia formulación, ó redor do cal se ordenaba o relato, coma nos seus contidos e na interpretación conforme á que estes se organizaban. O seu obxectivo prioritario viña ser caracterizar unha representación do pasado contraditoria en todas as súas dimensións coa que o inimigo inglés xustificaba a súa presenza no territorio da nación desde había séculos. A historia irlandesa converteuse, deste xeito, nunha narración que seleccionaba, exactamente, os mesmos acontecementos que a composta desde Inglaterra, coa finalidade de ofrecer

unha explicación deles que fose o xusto contrapunto desta. Tal condicionamento de orixe traduciuse nun relato que, por forza, tiña que quedar ligado por unha forte relación de dependencia con respecto a aquel do que pretendía ser unha contestación categórica.

Así, o carácter *competitivo* da historia nacionalista respecto da inglesa derivou, de maneira paradoxal, nun certo ton *imitativo* do relato de referencia e mesmo nunha falta de *autonomía* da súa representación. A pretensión de constituírse en *alternativa* obrigou a compoñer unha caracterización do pasado que non só puidese desmentir os tópicos antiirlandeses asentados nas historias inglesas, senón que tamén determinou a necesidade de crear os correspondentes *contramitos*. Deste xeito, a obriga de contrarrestar, por exemplo, a afirmación da suposta orixe anglosaxona da democracia que se facía no relato inglés levou a atribuírlles na historia nacionalista un carácter representativo ás asembleas da antiga Irlanda gaélica e mesmo a convertelas en factor de moderación do poder da monarquía, anticipando así ó que era un dos trazos definidores do moderno sistema político de liberdades, aquel que Inglaterra presentaba como unha das probas da superioridade do seu modelo de civilización e como argumento a prol da defensa da lexitimidade da súa conquista do país.

En consecuencia da supeditación ó relato inglés que debía contradicir, a historia nacionalista irlandesa viu limitadas as súas posibilidades de evolucionar segundo criterios de desenvolvemento autónomo. Neste senso, sobre todo no que respecta á parte da narración que se ocupaba do período posterior á invasión anglonormanda, sinaladamente a partir de 1500, amosa un alto grao de dependencia do relato inglés. Por demais, aínda que fose de modo menos acentuado na caracterización dos tempos máis antigos, gracias ós esforzos de historiadores como MacNeill por ampliar o coñecemento sobre a época en que a nación vivira en liberdade, o efecto de subordinación estendeuse á enteira representación nacionalista do pasado. A inspiración ideolóxica e as esixencias do escenario político, expresadas neste caso no propósito de rebater a exposición histórica inglesa, transmitiuse tamén á era prenormanda, de maneira que obrigou a caracterizar aquela fase de conformación da especificidade nacional, previa á intrusión estranxeira, por contraposición ás afirmacións da descrición inglesa dos tempos posteriores ó inicio da súa presenza na illa.

A operación mesmo implicou, por veces, unha certa ambigüidade na definición do modelo nacional que os primeiros tempos da historia debían prover, por canto o relato nacionalista daquela época debeu combinar o rexeitamento dos elementos negativos que se lle asignaban a Irlanda na crónica inglesa coa afirmación da súa natureza nacional. En consecuencia, a segunda tarefa, a da representación

dos trazos da nacionalidade nos seus momentos de esplendor, viuse tamén condicionada pola obriga ineludible de contradicir a interpretación inglesa do pasado. Deste modo, a referencia constante ó relato que cumpría contradicir restoulle autonomía á narración histórica nacionalista, mesmo limitando, en ocasións, as súas posibilidades de afondar máis na diferenciación nacionalitaria respecto de Inglaterra. Lémbrese, como exemplo, que mentres Duffy loara a propiedade colectiva da terra que lle atribuía como propia á civilización gaélica orixinaria, MacNeill sentiuse na obrigación de negar que tal sistema de tenza agraria fose característico da vella Irlanda e de salientar o predominio nela da propiedade individual, por canto esta formaba parte do discurso de aseveración da superioridade cultural inglesa. Como xa se indicou no seu momento, as connotacións negativas do tribalismo forzaron ó historiador irlandés a desbotar repetidamente calquera referencia que asociase aquel concepto á tradición irlandesa.

Así pois, a referencia obrigada á interpretación inglesa do pasado de Irlanda, por causa da imperiosa necesidade de desmentir a súa caracterización, veu impedir, en certo senso, que o relato nacionalista consumase a *redención* completa da historia da nación. Do mesmo xeito que aconteceu co país despois da independencia, tamén na representación do pasado, por baixo das aparencias de liberdade plena, a pegada de Inglaterra resultou ser indeleble.

4.5. Os rendementos dunha historia militante

Certamente, calquera que sexa a circunstancia na que se formule, toda composición historiográfica caracterízase por ser un reflexo de determinados presupostos ideolóxicos e por ter, en maior ou menor grao, unha transcendencia social. O que converte as historias nacionalistas nunha categoría específica é que, ademais de non enmascarar as presuncións doutrinais desde as cales son elaboradas, por canto se volven explícitas no momento mesmo da elección do seu suxeito, declaran sen reparo a función social á que están destinadas e definen con precisión os obxectivos políticos que se lles asignan. En consecuencia, os trazos do seu relato aparecen claramente subordinados ó desempeño daquela funcionalidade, á consecución dos fins concretos nos que esta se expresa. Mentres un historiador que non se inspira en tales criterios pode desentenderse dos efectos sociais da súa obra, en canto non son estes os factores primordiais que a determinan, o traballo que desenvolve o historiador nacionalista só atopa o seu pleno sentido por referencia ás repercusións políticas que pretende provocar na sociedade á que se dirixe. Neste senso, a proclamación aberta do carácter instrumental co que se concibe a representación nacionalista do pasado convértea, mesmo na versión de pretensións académicas, nunha auténtica *historia militante*. No caso de Irlanda, a

análise dos textos históricos do nacionalismo non deixa lugar a dúbidas de que é a ambición de incidencia social, a vontade de transmitir unha mensaxe ben deliñada, a motivación que impulsa directamente a súa escritura. O seu obxectivo manifesto, a razón última da súa propia existencia, nunca foi outro que o afán de influír na sociedade irlandesa en orde á consecución dunhas finalidades específicas de orde política.

Do mesmo xeito que, a partir do século XIX, fixeron os Estados e os movementos europeos cos que compartía principios ideolóxicos e ambicións políticas, o nacionalismo irlandés atopou nas referencias ó pasado un medio idóneo para desenvolver a prioritaria tarefa de *nacionalizar* a sociedade. Neste senso, o seu discurso *histórico* resultou ser, desde as súas propias orixes e pola súa mesma natureza, un discurso *político*. Aínda que limitado o seu labor pola carencia dos medios e instrumentos propios dun Estado, a historia nacionalista irlandesa converteuse en axente dun proceso de *nacionalización* social alternativo ó promovido polas mesmas datas desde as instancias oficiais do Reino Unido. De certo, a *competencia* co programa do *nacionalismo oficial* británico non se realizou en igualdade de condicións, pero, sen embargo, o proxecto irlandés demostrou ter unha eficacia comunicativa considerable, de xeito que a súa representación histórica foi asumida rapidamente por boa parte da maioría católica do país.

Tamén neste ámbito da difusión social da representación do pasado influíron as peculiaridades do escenario no que se desenvolveu o nacionalismo irlandés, en canto ás oportunidades de actuación que lle ofrecía un contexto político que acabou permitindo a canalización constitucional dunha parte significativa das súas demandas e a expresión pública das organizacións que desenvolvían actividades relacionadas cos diversos ámbitos de interese nacionalista, desde a promoción do idioma e do folclore gaélicos ata o asociacionismo con propósitos máis directamente políticos. Por demais, o sistema da administración británica permitiu que os intelectuais nacionalistas irlandeses desenvolvesen a súa tarefa desde as institucións académicas oficiais. Como demostra a carreira profesional do propio Eoin MacNeill, foi posible promover un programa de *nacionalización* contrario ó defendido polo Estado desde a estrutura cultural e educativa institucional. Deste xeito, ocupando os seus postos nas universidades, nos arquivos ou nos museos estatais e publicando as súas obras con enteira liberdade, os historiadores irlandeses puideron contribuír á deslexitimación do Estado promovida polo movemento nacionalista, a través dunha representación do pasado expresamente elaborada con tal finalidade. Fronte a un Estado que, como os demais do momento en Europa, se servía da historia para corroborar a lexitimidade da orde política, en Irlanda foi posible, sen maiores obstáculos, difundir e consolidar na sociedade un relato do

pasado que contradicía a representación *oficial* e que sostiña un discurso político que esixía a recomposición da organización territorial do Reino Unido e mesmo ameazaba a súa propia integridade.

O feito de se converter a historia nun dos mecanismos de adoutrinamento nacionalista tivo efectos certos no proceso de configuración do relato do pasado, pero tamén este, á súa vez, acabou exercendo unha influencia notable na evolución do propio nacionalismo en Irlanda. Xa se indicaron anteriormente as consecuencias da determinación ideolóxica e política para a representación histórica nacionalista nos ámbitos estrutural e formal, desde o reducionismo político dos contidos e a linearidade teleolóxica cara a un Estado propio que aquel implicaba, ata o *didactismo* narrativo e a subordinación dos criterios de rigorosidade académica á consecución da eficiencia na transmisión da mensaxe. Pero cómpre apuntar tamén algúns dos resultados que cabe atribuír –polo menos en parte, en canto non é doado deslindar os seus efectos dos que derivan da asunción xenérica pola sociedade da doutrina nacionalista– á difusión desta interpretación histórica.

A este respecto, a propagación daquelas narracións que poñían énfase nas constantes manifestacións na historia do carácter perverso da presenza inglesa en Irlanda e os seus terribles efectos para pobo sometido contribuíu, sen dúbida, á progresiva aceptación social das propostas máis radicais do nacionalismo e, con ela, a pechar os camiños de acción política moderados que foron dominantes ata os anos inmediatamente anteriores á consumación da independencia. Certamente, a simplificación das historias nacionalistas non era máis que a imaxe reflectida da correspondente descrición da realidade difundida pola mesma ideoloxía que as inspiraba, pero a lectura daqueles relatos que reducían a relación entre Inglaterra e Irlanda a un puro conflito tiña que consolidar as opcións políticas máis extremas, en prexuízo das suxestións de busca dunha vía de conciliación que a propia historia, así caracterizada, desautorizaba por ilusorias. Vía negociadora que, por demais, veu pechar a consolidación da orientación culturalista do nacionalismo, reforzada por un relato do pasado que corroboraba os trazos da *verdadeira* Irlanda, definida como nación gaélica e católica. A última versión nacionalista da historia veu confirmar a identificación da nacionalidade irlandesa como *esencialmente* diferente da inglesa e, por tanto, a conseguinte fixación da independencia como obxectivo imprescindible para reconstruír a Irlanda ideal. Contribuíu así a obstruír o camiño cara ó establecemento dun compromiso que recoñecese a singularidade irlandesa dentro do Estado británico. Co efecto engadido, ademais, de favorecer a consolidación da delimitación excluínte dos criterios de identidade nacional, de evidentes consecuencias inmediatas para o sector da poboación irlandesa que non se acomodaba a eles.

A comprobación da influencia da representación do pasado na caracterización do presente significa que a relación entre ambos os momentos resultou determinante nunha dobre dirección. Interdependencia de tempos distintos que se estableceu dun modo paradoxal, por canto o relato histórico xurdiu como froito dunha decisión política que pretendía que o seu resultado, o mesmo relato que suscitaba, tivese efectos sobre o propio presente onde nacía o impulso que levara a aquela concreta caracterización do pasado. Deste xeito, produciuse un efecto de *retroalimentación* a través do tempo, polo cal o nacionalismo conseguiu que a representación do pasado e a descrición do presente que propoñía se xustificasen de maneira recíproca, quedando ocultos os dispositivos de construción ideolóxica nos que asentaban as dúas formulacións. O resultado final do proceso de mutua influencia foi a *nacionalización* da enteira historia de Irlanda, incluído o presente e máis o porvir, así como o asentamento da interpretación nacionalista da realidade irlandesa como *evidencia,* fóra, por tanto, do ámbito do que debía ser obxecto de debate e negociación. A *política,* en consecuencia, consistiría só na pura esixencia do recoñecemento dos dereitos que lle correspondían á nación irlandesa e que lle foran arrebatados no seu día.

Epítome

A gran achega da representación nacionalista do pasado irlandés foi a súa contribución á xeneralización na sociedade á que se dirixía da crenza na natureza nacional de Irlanda e da conseguinte dedución da lexitimidade da reivindicación fronte ó Estado británico dos dereitos que en virtude dela lle correspondían. O logro de tal resultado requiriu a instrumentalización política da historia irlandesa, convertida en simple reprodución do conflito entre nacións ó que a doutrina nacionalista reducía o presente, constituído no núcleo argumental do seu discurso histórico. A elaboración de tal relato do pasado configurouse como o desenvolvemento progresivo desa interpretación fundacional, sempre inmutable, nun proceso de *perfeccionamento* que arrincou coas *historias populares* da segunda metade do século XIX e concluíu coa *actualización* e *mellora* desa primeira versión por parte dos estudiosos académicos nacionalistas, exemplificados na figura senlleira de Eoin MacNeill, ó longo das catro primeiras décadas da seguinte centuria, período no que se inclúe o cambio de *status* político da nación cara á independencia en 1922.

A *continuidade* esencial que se percibe no proceso de configuración narrativa do pasado da nación, en realidade, asentou no respecto ás *memorias sociais* activadas en función da mobilización política da maioría católica no século XIX, arredor do rexeitamento da discriminación relixiosa e política e a prol do acceso

á propiedade da terra por parte da poboación agraria. Sobre esta base difusa construíuse un relato histórico que achegaba unha explicación racional do presente e permitía extraer as *lecciónns* das que o nacionalismo pretendía servirse na defensa das súas propostas políticas. En correspondencia con tal finalidade, a narración centrouse, primeiramente, no retrato da confrontación política dos períodos máis recentes do pasado, onde era doado ancorar a xénese dos males que sufría a sociedade irlandesa dun modo conforme cos *recordos* populares. A historia, deste xeito, converteuse na crónica da *opresión* inglesa e da conseguinte *resistencia* que a nación lle contrapuxo. Só con posterioridade, en coincidencia coa deriva étnica do nacionalismo, a finais do XIX e principios do XX, se procedeu á ampliación cronolóxica do campo histórico ata os remotos momentos nos que se localizaba a orixe das *esencias* culturais que definían a nacionalidade, así como ó alargamento dos contidos relevantes para a narración, co propósito de integrar esa nova clase de materiais no relato. Con todo, a representación da historia seguiu conservando o seu carácter netamente político, non só porque predominou aínda a simplificación conflitual proxectada desde o presente, senón tamén porque a dimensión cultural mantivo sempre unha significación política primordial, en tanto que foi caracterizada para exercer a dobre función de probar a permanencia irreductible da nacionalidade a través do tempo e de achegar o modelo ideal da Irlanda *auténtica* que servise de referencia última de lexitimación da loita nacionalista.

A eficiencia funcional da representación histórica nacionalista fundouse na súa consistencia coas *lembranzas* do pasado dominantes na sociedade. De feito, polo menos na exposición da fase posterior á conquista inglesa, puido ser recibida pola sociedade como a formalización escrita e académica daquela *memoria popular,* agora completada coas referencias a tempos máis distantes e totalmente *nacionalizada,* no senso de que pasou a integrarse nun relato coherente que abranguía a enteira historia de Irlanda e que o nacionalismo atinou a representar como o pasado *común* que unía os membros da nación irlandesa.

A continuidade que enfiou as dúas etapas da elaboración da historia nacional permite considerar que esta veu consistir, en realidade, nunha *reescritura* permanente do mesmo relato básico. Nunca se chegou a estimar desde as ringleiras da historiografía nacionalista, nin sequera cando se fixeron co seu control os estudiosos profesionais, a posibilidade dunha alteración da substancia interpretativa fundacional. A versión académica procedeu, desde logo, a un *melloramento* do relato, pero confirmou sempre as *unidades míticas* que articulaban a representación, se non conservando con exactitude o tratamento dos contidos que as integraban, si asegurando a permanencia da funcionalidade específica que se lles atribuía a cada unha delas na narrativa histórica. En realidade, os vellos mitos das historias

populares adquiriron unha nova *respectabilidade* e mesmo viron reforzada a súa significación dentro da interpretación nacionalista, en canto foron axeitados ós requirimentos do estudio científico propios da historiografía do século XX e integrados nun relato no que se incluían novos materiais que xa nacían coa verosimilitude que se lle presumía ós resultados do traballo académico.

A concepción instrumental da historia propia do nacionalismo determinou tamén a persistencia de certos trazos formais relacionados co afán de *pedagoxía política* que en todo momento caracterizou o relato. O *didactismo* e o *presentismo* que se lle asociaba mesmo impuxeron a súa preeminencia na versión académica, orientada tamén polo obxectivo primordial de facer operativa a funcionalidade política que se buscaba co achegamento ó pasado. Así, as pretensións de obxectividade seguiron estando sempre subordinadas á eficiencia na comunicación da mensaxe que a historia debía transmitir á sociedade, que se constituíu como o auténtico límite que fixaba o marco dentro do cal cumpría desenvolver a narración do pasado. A procura da eficacia política volveu imposible unha evolución do relato nacionalista do pasado que pospuxese a dimensión ideolóxica en beneficio dunha exposición máis acorde coas demandas da historiografía moderna. A consecuencia inmediata foi unha historia nacional na que cabían os anacronismos conceptuais, precisos para facer relevante no presente un tempo no que os termos políticos fundamentais contemporáneos carecían de significación ou tiñan outra ben distinta –a nación, o Estado, a democracia, a conciencia nacional...–, un relato no que as consideracións de orde estética, pola ansia de acadar a *comunicabilidade* da mensaxe política, se sobrepuxeron ás esixencias empíricas e ó rigor metodolóxico, unha interpretación, en fin, na que as necesidades da mobilización política outorgaron unha presenza desproporcionada ás formulacións míticas das primeiras versións non académicas do pasado.

Por demais, a representación nacionalista sempre foi excluínte de calquera outra alternativa, pretendendo ser a *única* que describía a realidade auténtica da historia da nación. O *pluralismo historiográfico* nunca foi unha opción contemplada no nacionalismo irlandés. Calquera outra narrativa que non respectase o seu esquema interpretativo, calquera formulación que non fose construída sobre o eixe da perda e a loita pola recuperación da liberdade nacional e non desenvolvese unha linearidade que había acabar no establecemento de institucións políticas particulares da nación, non merecería a consideración de historia de Irlanda.

Fontes documentais

Edmund Curtis
A History of Ireland, Methuen, Dublín 1937[3]

Eoin MacNeill
Phases of Irish History, Gill and Son, Dublín 1919. Cítase pola reimpresión da mesma editorial de 1968

Celtic Ireland, Martin Lester, Dublín 1921. Cítase pola reimpresión editada por Donnchadh Ó Córrain, The Irish Academic Press, Dublín 1981

Early Irish Laws and Institutions, Burns Oates and Washbourne, Dublín s/d (1935)

Saint Patrick, Clonmore and Reynolds, Dublín 1964, edición de John Ryan:
· "The Earliest Lives of Saint Patrick", en *Journal of the Royal Society of Antiquaries of Ireland,* 1928
· "Dates of Texts in the Book of Armagh relating to Saint Patrick", en *Journal of the Royal Society of Antiquaries of Ireland,* 1928
· "The Origin of the Tripartite Life of St. Patrick", en *Journal of the Royal Society of Antiquaries of Ireland,* 1929
· "The Vita Tripartita of Saint Patrick: 1. Later Accretions; 2. Topographical Importance", en *Eriu,* 1930

"History", incluído en *Saorstát Eireann, Irish Free State Official Handbook,* Talbot Press, Dublín 1932, pp. 41-63, editado por Bulmer Hobson

Charles Gavan Duffy
Young Ireland. A fragment of Irish History. 1840-1850, D. Appleton and Company, Nova York 1881. Cítase pola edición facsímile de Da Capo Press, Nova York 1973

Charles Gavan Duffy et al.

The Spirit of the Nation, James Duffy, Dublín 1845. Cítase pola edición facsímile de Woodstock Books, Poole, Washington D.C. 1998

John Mitchel

Jail Journal. Or Five Years in British Prisons, 1854. Cítase pola edición de Cameron & Ferguson, Glasgow, 1876, segundo a reprodución a cargo de John Kelly, *Jail Journal (1876),* Woodstock Books, Poole – Washington D.C. 1996

A.M. Sullivan

The Story of Ireland: New edition (Brought up to recent times by a well-known Author), 1867. Cítase pola reedición de M.H. Gill & Son, Ltd., Dublín s/d *(ca.* 1904)

Bibliografía

José Álvarez Junco, *Mater Dolorosa. La idea de España en el siglo XIX,* Taurus, Madrid 2001

Benedict Anderson, *Imagined Communities. Reflections on the Origins and Spread of Nationalism,* Verso, Londres 1983

Thomas Bartlett, "An End to Moral Economy: The Irish Militia Disturbances of 1793", en C.H.E. Philpin (ed), *Nationalism and Popular Protest in Ireland,* pp. 191-218

J.C. Beckett, *The Making of Modern Ireland, 1603-1923,* Faber and Faber, Londres 1981

Michael Bentley, *Modernising England's Past. English Historiography in the Age of Modernism, 1870-1970,* Cambridge University Press, 2005

Michael Bentley, "The Singularities of British Weltgeschichte", en Benedikt Stuchtey e Eckhard Fuchs (ed), *Writing World History. 1800-2000,* pp. 173-96.

Stefan Berger, Mark Donovan e Kevin Passmore (ed), *Writing National Histories. Western Europe since 1800,* Routledge, Londres 1999

Stefan Berger, Mark Donovan e Kevin Passmore, "Apologias for the nation-state in Western Europe since 1800", en Id. (ed), *Writing National Histories. Western Europe since 1800,* pp. 3-14

Stefan Berger, Heiko Felder e Kevin Passmore (ed), *Writing History. Theory and Practice,* Arnold, Londres 2003

Vernon Bogdanor, *Devolution,* Oxford University Press, 1979

Peter J. Bowler, *The Invention of Progress. The Vitorians and the Past,* Basil Blackwell, Oxford 1989

D. George Boyce, *Nationalism in Ireland,* Routledge, Londres 1995[3]

D. George Boyce e Alan O'Day (ed), *The Making of Irish History. Revisionism and the revisionist controversy,* Routledge, Londres 1996

D. George Boyce, Robert Eccleshall e Vincent Geoghegan (ed), *Political Thought in Ireland Since the Seventeenth Century,* Routledge, Londres, 1993

Carolyn P. Boyd, *Historia Patria. Politics, History, and National Identity in Spain, 1875-1975,* Princeton University Press, 1997

Brendan Bradshaw, "Geoffrey Keating: apologist of Irish Ireland", en Brendan Bradshaw, Andrew Hadfield e Willy Maley (ed), *Representing Ireland. Literature and the origins of conflict, 1530-1660,* pp. 166-190

Brendan Bradshaw, Andrew Hadfield e Willy Maley (ed), *Representing Ireland. Literature and the origins of conflict, 1530-1660,* Cambridge University Press, 1993

Ciaran Brady (ed), *Interpreting Irish History. The debate on historical revisionism, 1938-1994,* Irish Academic Press, Dublín 1994

John Breuilly, *Nationalism and the State,* Manchester University Press, 1985

Terence Brown, *Ireland. A Social and Cultural History 1922-1985,* Fontana Press, Londres 1985

H. Butterfield, *The Whig Interpretation of History,* G. Bell and sons, Londres 1931

Nicholas Canny, "The Formation of the Irish Mind: Religion, Politics and Gaelic Irish Literature, 1580-1750", *Past and Present* 95 (1982) 91-116

Paloma Cirujano Marín, Teresa Elorriaga Planes e Juan Sisinio Pérez Garzón, *Historiografía y nacionalismo liberal español, 1834-1868,* CSIC, Madrid 1985

Suzanne Citron, *Le mythe national. L'histoire de France en question,* Les Editions ouvrières / Études et Documentation internationales, París 1989

Samuel Clark & James S. Donnelly, Jr., *Irish Peasants. Violence and Political Unrest. 1780-1914,* The University of Wisconsin Press, Madison 1983

John Coakley & Michael Gallagher (ed), *Politics in the Republic of Ireland,* PSAI Press, Limerick 1996

Peter Collins (ed), *Nationalism and Unionism. Conflict in Ireland, 1885-1921,* Queen's University, Belfast 1994

Gabriel Cooney, "Building the future on the past: archaelogy and the construction of national identity in Ireland", en Margarita Díaz-Andreu e Timothy Champion (ed), *Nationalism and archaeology in Europe,* pp. 146-63

Geoffrey Cubbit (ed), *Imagining nations,* Manchester University Press, 1998

Malcolm Chapman, *The Celts. The Construction of a Myth,* MacMillan, Londres 1992

Otto Dann e John Dinwiddy (ed), *Nationalism in the age of French Revolution,* The Hambledon Press, Londres 1988

Mary Daly, "Revisionism and Irish History: The Great Famine", en D. George Boyce e Alan O'Day (ed), *The Making of Irish History. Revisionism and the revisionist controversy,* pp. 71-89

Karl W. Deutsch, *Nationalism and Social Communication. An inquiry into the foundations of nationality,* The M.I.T. Press, Cambridge (Massachussets) 1975 [1953]

Margarita Díaz-Andreu e Timothy Champion, *Nationalism and archaeology in Europe,* Westview Press, Boulder, 1996

Olivier Dumoulin, *Le rôle social de l'historien. De la chaire au prétoire,* Albin Michel, París 2003

Janet Egleson Dunleavy & Gareth W. Dunleavy, *Douglas Hyde. A Maker of Modern Ireland,* University of California Press, Berkeley 1991

T.J. Dunne, "The Gaelic Response to Conquest and Colonisation: The Evidence of the Poetry", *Studia Hibernica* xx (1980) 7-30

R.D. Edwards, "An Agenda for Irish History, 1978-2018", en *IHS* xxi (1978-9) 3-19, repr. en Ciaran Brady (ed), *Interpreting Irish History. The debate on historical revisionism, 1938-1994,* pp. 54-67

Ruth Dudley Edwards, *Patrick Pearse. The Triumph of Failure*, Poolbeg, Dublín, 1990 [1977]

Marianne Elliot, "Ireland", en Otto Dann e John Dinwiddy (ed), *Nationalism in the age of French Revolution,* pp. 71-86

David Fitzpatrick, "Ireland Since 1870", en R.F. Foster (ed), *The Oxford History of Ireland,* pp. 174-229

Ruth Fleischmann, *Catholic Nationalism in the Irish Revival. A Study of Canon Sheehan, 1852-1913,* MacMillan, Londres 1997

R.F. Foster (ed), *The Oxford History of Ireland,* Oxford University Press, 1989

R.F. Foster, *Modern Ireland,* Penguin Books, Londres 1989

R.F. Foster, *The Irish Story. Telling tales and making it up in Ireland,* Penguin Books, Londres 2002

R.F. Foster, "Storylines: narratives and nationality in nineteenth-century Ireland", en Geoffrey Cubbit (ed), *Imagining nations,* pp. 38-56

Inman Fox, *La invención de España. Nacionalismo liberal e identidad nacional,* Cátedra, Madrid 1997

Michael Gallagher, "The constitution", en John Coakley & Michael Gallagher (ed), *Politics in the Republic of Ireland,* pp. 49-66

Tom Garvin, *Nationalist Revolutionaries in Ireland, 1858-1928,* Clarendon Press, Oxford 1987

Ernest Gellner, *Nations and Nationalism,* Basil Blackwell, Oxford 1983

John Gillingham, "The Invasion of Ireland", en Brendan Bradshaw, Andrew Hadfield e Willy Maley (ed), *Representing Ireland. Literature and the origins of conflict, 1530-1660*

John R. Gillis, "Memory and Identity: The History of a Relationship", pp. 3-24.

John R. Gillis (ed), *Commemorations (The Politics of National Identity),* Princeton University Press, 1994

Jonathan Githens-Mazer, *Myths and Memories of the Easter Rising. Cultural and Political Nationalism in Ireland*, Irish Academic Press, Dublín 2006

Maurice Goldring, *Pleasant the Scholar's Life. Irish Intellectuals and the Construction of the Nation State,* Serif, Londres 1993

George P. Gooch, *Historia e historiadores en el siglo XIX,* FCE, México 1977 [1913]

Liah Greenfeld, *Nationalism. Five Roads to Modernity,* Harvard University Press, Cambridge (Mass), 1992

Stuart Hall e Bram Gieben (ed), *Formations of Modernity,* Polity Press, Cambridge 1992

Adrian Hastings, *La construción de las nacionalidades,* Cambridge University Press, Madrid 2000

David Held, "The development of the modern state", en Stuart Hall e Bram Gieben (ed), *Formations of Modernity,* pp. 71-125

E.J. Hobsbawm, *Nations and Nationalism since 1780. Programme, myth, reality.* Cambridge University Press, 1990

Eric Hobsbawm, "Introduction: Inventing Traditions", en Eric Hobsbawm e Terence Ranger (ed), *The Invention of Tradition,* pp. 1-14.

Eric Hobsbawm, "Mass-Producing Traditions: Europe, 1870-1914", en Eric Hobsbawm e Terence Ranger (ed), *The Invention of Tradition,* pp. 263-307

Eric Hobsbawm e Terence Ranger (ed), *The Invention of Tradition,* Cambridge University Press, 1983

Miroslav Hroch, *Social Preconditions of National Revival in Europe. A Comparative Analysis of the Social Composition of Patriotic Groups among the Smaller European Nations,* Cambridge University Press, 1985

John Hutchinson, *The Dynamics of Cultural Nationalism. The Gaelic Revival and the Creation of the Irish Nation State,* Allen e Unwin, Londres 1987

Georg G. Iggers, *The German Conception of History. The National Tradition of Historical Thought from Herder to the Present,* Wesleyan University Press, Middletown (Connecticut) 1983

Georg G. Iggers e Konrad von Moltke (ed), *The Theory and Practice of History,* Bobbs and Merrill, Indianápolis 1973

Donald Jordan, "Merchants, 'Strong Farmers' and Fenians: The Post-Famine Political Élite and the Irish Land War", en C.H.E. Philpin (ed) *Nationalism and Popular Protest in Ireland,* pp. 320-348

Santos Juliá, *Historia de las dos Españas,* Taurus, Madrid 2004

Hugh F. Kearney, "1875: Faith or Fatherland? The Contested Symbolism of Irish Nationalism", en *Ireland. Contested Ideas of Nationalism and History,* New York University Press 2007

Christopher M. Kennedy, *Genesis of the Rising 1912-1916. A transformation of nationalist opinion,* Peter Lang, Nova York 2010

Colin Kidd, *Subverting Scotland's Past. Scottish whig historians and the creation*

of an Anglo-British identity, 1689-c.1830, Cambridge University Press, 1993

Michael Laffan, *The Resurrection of Ireland. The Sinn Féin Party, 1916-1923,* Cambridge Universitiy Press, 1999

Peter Lambert, "The professionalization and institutionalization of history", en Stefan Berger, Heiko Felder e Kevin Passmore (ed), *Writing History. Theory and Practice,* pp. 42-60

Joseph Lee, *The Modernisation of Irish Society. 1848-1918,* Gill and Macmillan, Dublín 1989

Joepp Leerssen, *National Thought in Europe. A Cultural History,* Amsterdam University Press 2006

Joep Leerssen, *Remembrance and Imagination. Patterns in the Historical and Literary Representation of Ireland in the Nineteenth Century,* University of Notre Dame Press, Indiana 1997

Philippa Levine, *The Amateur and the Professional. Antiquarians, Historians and Archaeologists in Vitorian England, 1838-1886,* Cambridge University Press, 1986

Richard J. Loftus, *Nationalism in Modern Anglo-Irish Poetry,* The University of Wisconsin Press, Madison 1964

James Lydon, *The Making of Ireland. From ancient times to the present,* Routledge, Londres 1998

F.S.L. Lyons, *Culture and Anarchy in Ireland. 1890-1939,* Clarendon Press, Oxford 1979

Robert Mahony, *Jonathan Swift. The Irish Identity,* Yale University Press, New Haven & London 1995

Ramón Máiz, *A idea de nación,* Edicións Xerais de Galicia, Vigo 1997

Ramón Máiz, "Poesía del pasado y comunidad imaginaria: los usos políticos de la historia en el discurso del nacionalismo gallego", Instituto de Estudios sobre Nacionalismos Comparados, Vitoria 1992

Michael Mann, *The Sources of Social Power, vol. 2: The rise of class and nation-states, 1760-1914,* Cambridge University Press, 1993

Nicholas Mansergh, *The Irish Question, 1840-1921,* Allen & Unwin, Londres 1975

Amy E. Martin, "Becoming a Race Apart': Representing Irish Racial Difference and the British Working Class in Victorian Critiques of Capitalism", en Terence McDonough (ed), *Was Ireland a Colony?* pp. 186-211.

F.X. Martin & F.J. Byrne (ed), *The Scholar Revolutionary. Eoin MacNeill, 1867-1945, and the Making of the New Ireland,* Barnes & Noble, Nova York 1973

Michael Mays, *Nation States. The Cultures of Irish Nationalism,* Lexington Books, Lanham 2007

Michael McAteer, *Standish O'Grady, AE and Yeats. History, Politics, Culture,* Irish Academic Press, Dublín 2002

Ian Mc Bride (ed), *History and Memory in Modern Ireland,* Cambridge University Press, 2001

Ian McBride, "Introduction: memory and national identity in modern Ireland", en Ian Mc Bride (ed), *History and Memory in Modern Ireland,* pp. 1-42

Lawrence W. McBride, *Reading Irish Histories. Texts, contexts, and memory in modern Ireland,* Four Courts Press, Dublín 2003

Donal McCartney, "The Political use of History in the work of Arthur Griffith", *Journal of Contemporary History* 8 (1973) 2-19

Terence McDonough (ed), *Was Ireland a Colony? Economics, Politics and Culture in Nineteenth-Century Ireland,* Irish Academic Press, Dublín 2005

Billie Melman, "Claiming the Nation's Past: The Invention of an Anglo-Saxon Tradition", en Jehuda Reinharz e George L. Mosse (ed), *The Impact of Western Nationalisms,* pp. 221-41

T.W. Moody (ed), *The Fenian Movement,* The Mercier Press, Cork, 1968

T.W. Moody, "The fenian movement in Irish history", en T.W. Moody (ed), *The Fenian Movement,* pp. 99-112

T.W. Moody e R.D. Edwards, "Preface", *IHS* i (1938-9) 1-3, repr. Ciaran Brady (ed), *Interpreting Irish History,* pp. 35-7

D.P. Moran, *The Philosophy of Irish Ireland,* James Duffy, Dublín 1905

Conor Cruise O'Brien, *States of Ireland,* Hutchinson, Londres 1972

Margaret O'Callaghan, "Denis Patrick Moran and 'the Irish colonial condition', 1891-1921", en D. George Boyce, Robert Eccleshall, Vincent Geoghegan (ed), *Political Thought in Ireland Since the Seventeenth Century,* pp. 146-160

Alan O'Day, *Irish Home Rule crisis, 1867-1921,* Manchester University Press 1998

Cormac Ó Gráda, *Ireland. A New Economic History. 1780-1939,* Clarendon Press, Oxford 1994

Clare O'Halloran, *Golden Age and Barbarous Nations. Antiquarian Debate and Cultural Politics in Ireland, c. 1750-1800,* Cork University Press/Field Day 2004

Philip O'Leary, *The Prose Literature of the Gaelic Revival, 1881-1921,* The Pennsylvania State University Press, University Park (Pennsylvania) 1994

Patrick O'Mahony & Gerard Delanty, *Rethinking Irish History. Nationalism, Identity and Ideology,* MacMillan, Londres 1998

Gearóid Ó Tuathaigh, "Nationalist Ireland 1912-1922: Aspects of Continuity and Change", en Peter Collins (ed), *Nationalism and Unionism. Conflict in Ireland,* pp. 47-74

Juan Sisinio Pérez Garzón et al., *La gestión de la memoria. La historia de España al servicio del poder,* Crítica, Barcelona 2000

Pádraic H. Pearse, *Political Writings and Speeches,* n.d., repr. Talbot Press, Dublín

C.H.E. Philpin (ed), *Nationalism and Popular Protest in Ireland,* Cambridge University Press, 1987

Leopold von Ranke, *Geschichte der romanischen und germanischen Völker von 1494 bis 1514,* 1824

Eileen Reilly, "J.A. Froude's use of history and his Irish prescription", en Lawrence W. McBride, *Reading Irish Histories. Texts, contexts, and memory in modern Ireland,* pp. 140-155

Jehuda Reinharz e George L. Mosse (ed), *The Impact of Western Nationalisms,* Sage, Londres 1992

Ann Rigney, *Imperfect Histories. The Elusive Past and the Legacy of Romantic Historicism,* Cornell University Press, Ithaca 2001

Mark Salber Phillips, "Distance and Historical Representation", *History Workshop Journal* 57 (2004) 123-41.

Raphael Samuel, "Continuous national history", en Id (ed), *Patriotism. The Making and Unmaking of British National Identity,* Vol I, pp. 9-17.

Raphael Samuel (ed), *Patriotism. The Making and Unmaking of British National Identity,* Vol I, Routledege, Londres 1989

Hugh Seton-Watson, *Nations and States. An Inquiry into the Origins of Nations and the Politics of Nationalism,* Westview Press, Boulder 1977

Francis Shaw, "The Canon of Irish History: a Chalenge", *Studies* 61 (1972) 113-53

Hagen Schulze, *Estado y nación en Europa,* Crítica, Barcelona 1997

E.J. Sieyès, *Qu'est-ce que le Tiers état?,* 1789, ed. Roberto Zapperi, Librairie Droz, Xenebra 1970

Anthony D. Smith, "Gastronomy or Geology? The Role of Nationalism in the Reconstruction of Nations", *Nations and Nationalism* 1 (1995) 3-23

Anthony D. Smith, *The Ethnic Origins of Nations,* Basil Blackwell, Oxford 1986

Anthony Smith. "The 'Golden Age' and National Renewal", en Geoffrey Hosking e George Schöpflin (ed), *Myths and Nationhood,* Hurst & Company, Londres, 1997, pp. 36-59

W.A. Speck, *Historia de Gran Bretaña,* Cambridge University Press, 1996

Benedikt Stuchtey e Eckhard Fuchs (ed), *Writing World History. 1800-2000,* Oxford University Press, 2003

Benedikt Stuchtey, "Literature, liberty and life of the nation: British historiography from Macaulay to Trevelyan", en S. Berger, M. Donovan e K. Passmore (ed), *Writing National Histories. Western Europe since 1800,* pp. 30-46

Anne-Marie Thiesse, *La création des identités nationales. Europe XVIII-XIX siècle,* Éditions du Seuil, París 1999

Mary Helen Thuente, *The Harp Re-strung. The United Irishmen and the Rise of Irish Literary Nationalism,* Syracuse University Press, 1994

Javier Varela, *La novela de España. Los intelectuales y el problema español,* Taurus, Madrid 1999

Maurizio Viroli, *For Love of Country. An essay of Patriotism and Nationalism,* Clarendon Press, Oxford 1995

Brian M. Walker, "The 1885 and 1886 General Elections: A Milestone in Irish History", en Peter Collins (ed), *Nationalism and Unionism. Conflict in Ireland, 1885-1921,* pp. 1-16

John Warren, "The Rankean tradition in British historiography, 1840 to 1950", en S. Berger, H. Feldner e K. Passmore (ed), *Writing History. Theory and Practice,* pp. 23-41

Hayden White, *Metahistoria. La imaginación histórica en la Europa del siglo XIX,* Fondo de Cultura Económica, México 1992 [1973]

Robert J.C. Young, *The Idea of English Ethnicity,* Blackwell, Oxford 2008

PUBLICACIÓNS DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES 1994-2010

RECURSOS EN LIÑA

Lingüística

ARRECADA *Servizo de Terminoloxía Galega* (http://www.cirp.es/rec2/arrecada.html).
BILEGA: *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega* (http://www.cirp.es/bdo/bil/).
CODOLGA: *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (http://balteira.cirp.es/codolga).
CORGA: *Corpus de Referencia do Galego Actual* (http://corpus.cirp.es/corgaxml).
COTOVÍA: *Conversor texto-voz* (http.//www.gts.tsc.uvigo.es/cotovia/cotovia.gl.html).
ES>GL: *Tradutor automático español-galego* (http://www.xunta.es/tradutor/).

Literatura

BIRMED: *Bibliografía de Referencia da Lírica Medieval Galego-Portuguesa* (http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=BIRMED).
MEDDB: *Base de datos da Lírica profana galego-portuguesa* (http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p/=meddb2).
DITERLI: *Base de datos do Dicionario de termos literarios (letras A-D)* (http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p/=DITERLI).

OBRAS IMPRESAS (I), EN DISQUETE (D), EN CD-ROM (CD) E/OU EN LIÑA (W)

Medio(s)	*Título*	Nº publ.
	Lingüística	
I	*Repertorio bibliográfico da lingüística galega (desde os seus inicios ata 1994 inclusive).* Francisco García Gondar (dir.) et al.	11
I	*Euromosaic. Producción e reprodución dos grupos lingüísticos minoritarios da UE.* Peter Nelde, Miquel Strubell e Glyn Williams. [Mercedes Penoucos Castiñeiras (trad.)].	22
I, W	*Marco Europeo Común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación.*	115
I, W	*Niveis de competencia en lingua galega. Descrición de habilidades e de contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL).* Elvira Fidalgo et al.	132
I, W	*Bibliografía analítica da lingua galega (2004).* Francisco García Gondar (dir.) et al.	144
I, W	*Bibliografía analítica da lingua galega (2005 e complementos de 2004).* Francisco García Gondar (dir.) e Silvana Castro García.	157
	Lingüística: Fraseoloxía	
I, W	*Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía* .	30
I, W	*Refraneiro galego da vaca.* Pedro Benavente Jareño e Xesús Ferro Ruibal.	6
I, W	*As imaxes da lingua rusa. Ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía.* Valerii Mokienko. [Ekaterina Lossik (trad.)].	52
I, W	*Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas.* Valerii Mokienko. [Ekaterina Guerbek (trad.)].	53
I	*Aspectos teóricos da fraseoloxía.* Anatolij Baránov; Dmitrij Dobrovol'skij. [Fernando de Castro (trad.)]	172
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 1. *Fraseoloxía do mar na mariña luguesa.* Paco Rivas.	54
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 2. *Refraneiro galego.* Xesús Taboada Chivite.	55
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 3. *Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego.* Mª do Rosario Soto Arias.	84
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 4. *Estudos e recadádivas.* VV. AA.	85
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 5. *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral.* Francisco Vázquez Saco.	86

I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 6, 2004.	107
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 7, 2005.	118
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 8, 2006.	129
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 9, 2007.	146
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 10, 2008.	156
I, W	*Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral. Anexo 1,2007 de Cadernos de fraseoloxía galega.* José Augusto Ventín Durán.	147
I	*Cadernos de fraseoloxía galega* 11, 2009.	174
	LINGÜÍSTICA: TERMINOLOXÍA	
I+D	*Formulario notarial.* Victorino Gutiérrez Aller.	40
I+D	*Regulamentos municipais I.* Xoaquín Monteagudo Romero.	41
I	*Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos.* Fernando Lahuerta Mouriño e Francisco X. Vázquez Álvarez.	63
I, W	*Vocabulario multilingüe de acuicultura.* Fernando Lahuerta Mouriño, Francisco X. Vázquez Álvarez e Xosé L. Rodríguez Villanueva.	78
I, W	*Dicionario galego da televisión.* Edith Pazó Fernández.	117
I, W	*O nome e o símbolo dos elementos químicos.* M. R. Bermejo, A. M. González-Noya e M. Vázquez.	134
I	*Glosario de termos para a avaliación de linguas.* Alte.	154
I	*Dicionario galego de recursos humanos.* Lucía Dans Álvarez de Sotomayor, Yolanda Maneiro Vázquez e Inés Veiga Mateos.	181
	LINGÜÍSTICA: LEXICOGRAFÍA	
I, W	*Diccionario Italiano-Galego.* Isabel González (dir.) et al.	64
I, W	*O libro das palabras (obra xornalística completa).* Constantino García. [Teresa Monteagudo Cabaleiro e María Carme García Arias (eds.)].	92
I	*Dicionario Galego-Latino clásico e moderno.* Xosé López Díaz.	178
	LINGÜÍSTICA: ETNOLINGÜÍSTICA	
I	*O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún.* Pedro Benavente Jareño, Xesús Ferro Ruibal.	180
	LITERATURA E FONTES MEDIEVAIS	
I	*As Cantigas de Loor de Santa María.* Milagros Muíña, Fernando Magán Abelleira e Mª Xesús BotanaVillar.	106
I, W	*Cantigas de madre galego-portuguesas. Estudo de xéneros das cantigas líricas.* Paulo Roberto Sodré. [Antonio Augusto Domínguez Carregal e Marta López Macías (trads.)].	155
I	*Cantigas de Santa María, proposta de explotación didáctica.* Elvira Fidalgo e Milagros Muíña.	116
I	*Cantigas do mar de Vigo.* Antonio Fernández Guiadanes et al.	35
I, W	*Carolina Michaëlis e o Cancioneiro de Ajuda, hoxe.* Mercedes Brea (coord.).	113
I	*Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani.* Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo Gradín (coords.).	4
I	*Livro de Tristán e Livro de Merlín. Estudio, edición, notas e glosario.* Pilar Lorenzo Gradín e José António Souto Cabo (eds.).	72
I	*Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica.* Mercedes Brea (coord.) et al.	19
I, W	*O cancioneiro de Pero Meendiz de Fonseca.* Laura Tato Fontaíña.	148
I, W	*Orixes da Materia de Bretaña (A Historia regum Britanniae e o pensamento europeo do século XII).* Santiago Gutiérrez García.	75
I	*Tratado de Albeitaria.* José Luís Pensado Tomé (ed.).	105

I	*Pola melhor dona de quantas fez Nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani*. Mercedes Brea (coord.)	165
I	*Guía para o estudo da lírica profana galego-portuguesa*. Marina Meléndez Cabo, Isabel Vega Vázquez e Esther Corral Díaz (coord.)	182
I	*Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*. Luís Alonso Girgado (coord.).	39
I	*Antoloxía do conto neozelandés*. María Fe González Fernández (ed.).	58
I	*Diccionario de termos literarios. A-D*. Equipo Glifo.	38
I	*Diccionario de termos literarios. E-H*. Equipo Glifo.	81
I	*Informe de literatura 1995*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	14
I	*Informe de literatura 1996*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	25
I, CD	*Informe de literatura 1997* (o CD-ROM tamén inclúe os dous informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	37
I, CD	*Informe de literatura 1998* (o CD-ROM tamén inclúe os tres informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	48
I, CD	*Informe de literatura 1999* (o CD-ROM tamén inclúe os catro informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	62
I, CD	*Informe de literatura 1995-2000*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	73
I, CD	*Informe de literatura 1995-2001*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	79
I, CD	*Informe de literatura 1995-2002*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	93
CD	*Informe de literatura 2003*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	109
CD	*Informe de literatura 2004*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	119
CD	*Informe de literatura 2005*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	135
CD	*Informe de literatura 2006*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	145
CD	*Informe de literatura 2007*. Blana-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	159
CD	*Informe de literatura 2008*. Blana-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	173
CD	*Informe de literatura 2009*. Blana-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	179
I	*Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico*. Mª de los Ángeles Rodríguez Fontela.	18
I	*Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia*. Úrsula Heinze de Lorenzo (intr., selección e trad.).	15
I	*Clave Orión. Números XII-XIII-XIV-XV*. Luz Pozo Garza (ed. e dir.)	164
	Literatura: Facsímiles	
I, W	*A Gaita Gallega (A Habana, 1885-1889*). Luís Alonso Girgado et al. (eds.) / 2ª ed.: 2006.	51, 122
I	*A saudade nos poetas gallegos*. Ramón Cabanillas Enriquez e Eladio Rodríguez González. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	65
I+CD, W	*Aires d'a miña terra (Bos Aires, 1908-1909)*. Carmen Fariña Miranda (ed.).	97
I	*Airiños d'a miña terra (A Habana, 1909)*. María Cuquejo Enríquez (ed.).	112
I	*Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (A Coruña, 1948 – Vigo, 1956)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	8
I+CD, W	*Alma Gallega (Montevideo, 1919-1967)*. Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.).	126
I, W	*Arazua (Montevideo, 1929-1930) / Raza Celta (Montevideo, 1934-1935)*. Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.).	125
I	*Aturuxo. Revista de poesía e crítica (Ferrol, 1952-1960)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	2
I	*Aturuxos*. Ramón Armada Teixeiro. [Luís Alonso Girgado (ed.)].	77
I	*Bohemia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 25 de abril de 1915)*. Luís Alonso Girgado (intr.) e Marisa Moreda Leirado (ed.)	152

I, W	*Centro gallego (Montevideo, anos 1917-1918, números 1-13)*. Luís Alonso Girgado e María Cuquejo Enríquez (eds.).	108
I	*Cristal (Pontevedra, 1932-1933)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	29
I, W	*Cultura Gallega (A Habana, 1936-1940)* [Facsímile dos anos 1936-1937]. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	45
I	*Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal*. Vicente Risco. [Afonso Vázquez-Monxardín Fernández (ed.)].	31
I+CD, W	*Eco de Galicia. (A Habana, 1917-1936)* [Facsímile dos anos 1917-1918]. María Lojo Abeijón (ed.).	96
CD	*El gallego. Periódico semanal. Órgano de los intereses de su nombre*. Manuel Quintáns Suárez e Marisa Moreda Leirado (eds.).	150
I, W	*Eufonía (Buenos Aires 1958-1959)*. Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Manuel Quintáns Suárez (eds.).	111
I, W	*Galicia. Revista do Centro Galego (Montevideo, 1929, número 151)*. María Cuquejo Enríquez (ed.).	114
I, W	*Galicia. Revista del Centro Gallego*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	130
I+CD, W	*Galicia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 1902-1930)* [Facsímile dos anos 1904-1905]. María Vilariño Suárez (ed., estudo e índices).	151
I+CD, W	*Galicia. Revista semanal ilustrada. (A Habana, 1902-1930)* [Facsímile dos anos 1902-1903]. Luís Alonso Girgado (ed.).	138
I+CD, W	*Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales (A Habana, 1885-1890)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	76
CD, W	*Galicia Nueva (Montevideo, 1918)*. Luís Alonso Girgado (ed.).	124
I	*Galiza. (Mondoñedo 1930-1933)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	42
I	*Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela, 1945-1946)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	12
I	*La Alborada (A Habana, 1912)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	43
I	*La Noche. Suplemento del Sábado (Santiago de Compostela, 1949-1950)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	20
I	*La Primera Luz*. Manuel Martínez Murguía. [Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González (eds.)].	60
I	*La Tierra Gallega (A Habana 1894-1896)*. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	80
I	*La Tierra Gallega (A Habana, 1915)*. Luís Alonso Girgado (ed.).	44
CD, W	*La Unión Gallega*. Manuel Quintáns Suárez (ed.).	133
I, W	*Mundo gallego. Revista de Galicia en América (Bos Aires, 1951-1952)*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	142
I	*Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña 'El Noroeste' (1918-1919)*. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	69
CD	*O Irmandino. Órgao da Irmandade Galeguista do Uruguai*. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	177
I	*Plumas e Letras en 'La Noche'* (1946-1949). Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	13
I	*Posío (Ourense, 1945-1946)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	9
I	*Posío, Arte y Letras (Ourense, 1951-1954)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	17
CD, W	*Prensa galega en Arxentina (1907-1963): Lar Galician / Alalá / Alborada / Alén Mar*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	139
I	*Resol (Galicia 1932-1936), Bos Aires (1937-1938), Galicia (1990)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	28
I	*Saudade (Verba galega nas américas (México, D.F., 1942-1953)*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.)	149

I, W	*Suevia*. (*Bos Aires, 1913. Revista gallega regionalista) / (Bos Aires, 1916. Revista gallega*). Luís Alonso Girgado (intr.), Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	140
I+CD, W	*Tapal*. Carmen Fariña Miranda (ed.).	88
I+CD, W	*Tierra Gallega: Seminario regional ilustrado* (Montevideo, 1917-1918). Carmen Fariña Miranda (ed.).	110
I, W	*Universitarios. Revista de la F.U.E.* (Santiago de Compostela 1932-1933). María Cuquejo Enríquez e Luís Alonso Girgado (eds.).	123
I, W	*Yunque. Periódico de vanguardia política*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	137
CD, W	*Escolma de almanaques galegos (1865-1929) [Bos Aires - A Habana – Galicia]*. Manuel Quintáns Suárez (ed.).	158
I	*1985. Almanaque gallego*. F. Lage e G. Díaz (dirs.) [Manuel Quintáns Suárez, Alexandra Cilleiro Prieto, Élida Abal Santorum e Luís Alonso Girgado (eds.)]	160
I	*Lérez. Revista do centro pontevedrés de Bos Aires (1962)*. Luís Alonso Girgado (ed.).	161
CD, W	*Prensa galega da Arxentina (1935-1964)*. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	162
I	*Céltiga. Bos Aires (1924-1932). Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades*. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	163
	Literatura: Narrativa e poesía recuperada	
I	*A cruz de salgueiro*. Xesús Rodríguez López. [Manuel González e María González (eds.)].	23
I, W	*A obra narrativa en galego*. Manuel Lugrís Freire. [Modesto Hermida García e Xabier Campos Villar (eds.)]. / 2ª edic.: 2006.	57, 121
I	*Alira de Elfe, A Reina Loba e outros relatos*. Manuel Lois Vázquez. [Manuel López Vázquez (ed.)].	26
I	*As noites no fogar e outros textos*. Ángel Vázquez Taboada. [Anxo Tarrío Varela e Alexandra Cabaleiro Carro (eds.)].	70
I	*Baixo do alpendre e outros relatos*. M. P. Amor Meilán. [Mª Teresa Araujo García (ed.)].	27
I	*Escolma*. Manuel Martínez Murguía. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	61
I	*Escolma*. Eladio Rodríguez González. [Constantino García, Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.)].	68
I	*Folla Bricia. Poesía galega Completa*. Xosé Crecente Vega. [Ricardo Polín (ed.)].	82
I	*Gallegada e outros textos en prosa* de Valentín Lamas Carvajal. [Rafael Adán Rodríguez (ed.)].	102
I, W	*Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve*). [Modesto Hermida (coord.)].	101
I	*O vento segrel*. Augusto Mª Casas. [Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda (ed.)].	83
I, W	*Obra galega*. Xosé Otero Espasandín. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	128
I	*Obra galega*. Xulio Sigüenza. [Luís Alonso Girgado e Josefa Beloso Gómez (eds.)].	59
I, W	*Obra narrativa en galego*. Amador Montenegro Saavedra. [Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González (ed., intr. e notas)].	141
I	*Obra narrativa en galego*. Aurelio Ribalta y Copete. [Mª Eulalia Agrelo Costas (ed.)].	56
I	*Obra narrativa en galego*. Heraclio Pérez Placer. [Isabel Soto López (ed.)].	34
I	*Obra narrativa en galego*. Uxío Carré Aldao. [Modesto Hermida García e Mario Romero Triñanes (eds.)].	66

I	*Paja brava de El Viejo Pancho e outras obras*. José A. Y Trelles. [Gustavo San Román (ed.)].	32
I	*Relatos e outras prosas*. Roque Pesqueira Crespo. [Mª Teresa Araújo García (ed.)].	71
I	*Salayos e outros poemas*. Manuel Núñez González. [Amelia Rodríguez Esteves (ed.)].	36
I	*Sulco e vento*. Álvaro de las Casas. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	95
I	*Contos do Turreiro*. Avelino Rodríguez Villar [Anxo X. Rajó Pazó (ed.)]	183
	FILOSOFÍA E ENSAIO	
I	*A filosofía krausista en Galicia*. Ramón López Vázquez.	3
I	*Castelao humorista*. Siro López.	16
I, W	*Celestino Fernández de la Vega. Pensador do novo galeguismo*. Ramón López Vázquez.	143
I	*Ética xeral*. Ramón del Prado. Ramón López Vázquez.	49
I	*Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao*. Anxo González Fernández.	46
I	*Hamlet e a realidade cunqueirana*. Anxo González Fernández.	10
I	*Historia do pensamento antropolóxico en Galicia*. Alfredo Iglesias Diéguez.	50
I	*O Padre Feixoo, escolástico*. Ramón López Vázquez.	7
I	*O pensamento rexeneracionista de Eloy Luís André (Do europeísmo ó galeguismo)*. Ramón López Vázquez.	21
I	*Suma da lóxica*. Guillerme De Ockham. [Xosé Calviño Pueyo (trad.)].	47
I	*Ramón Piñeiro: sobre a saudade e outros temas*. Luís Rey Núñez.	94
I	*Roberto Nóvoa Santos. (Nova interpretación antropolóxica)*. Ramón López Vázquez.	99
	CINE	
I	*Filmografía galega. Longametraxes de ficción*. Ángel Luís Hueso Montón e José Mª Folgar de la Calle (coords.).	33
I	*Filmografía galega. Curtametraxes*. Ángel Luís Hueso Montón e José Mª Folgar de la Calle (coords.).	74
	RAMÓN PIÑEIRO E CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO	
I	*Lembranza de Ramón Piñeiro. Catro discursos*. VV. AA.	1
I	*Ramón Piñeiro* (video-libro). Carlos Casares Mouriño.	24
I	*Conversa con Ramón Piñeiro*. Manuel Rico Verea.	87
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (I). Ramón Piñeiro: dúas lecturas*. Anxo González Fernández e Ramón López Vázquez.	89
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (II). Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas*. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	90
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (III). Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución*. Luis Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	91
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (IV). Ideas sobre a lingua galega na obra de Manuel Murguía*. José Ángel García López.	98
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (V). Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*. Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda (eds.).	100
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (VI). Idacio Lémico: Chronica (379 – 469)*. Xoán Bernárdez Vilar.	103
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (VII). Antón e Ramón Villar Ponte. Unha irmandade alén do sangue*. Emilio Xosé Ínsua López.	104
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (VIII). Diálogos na néboa. Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*. Manuel Forcadela.	120
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (IX). Sobre o humor de Cervantes no Quixote*. Siro López.	127

I	*Cadernos Ramón Piñeiro (X). A pretensa nostalxia da autoridade (Unha interpretación parcelar d'*O porco de pé *de Vicente Risco).* Alba Martínez Teixeiro.	136
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XI). Cartas a Filgueira Valverde e outros*. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	166
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XII). Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado*. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	167
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XIII). Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo (1952-1971)*. Luís Cochón e Miro Villar (ed., intr. e notas).	168
I	*Homenaxe a Ramón Piñeiro*. Alexandra Cilleiro Prieto e Élida Abal Santorum (eds.)	169
I	*Ramón Piñeiro. Letras Galegas 2009. Ramón Piñeiro na lembranza (catálogo)*. Siro López.	170
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XIV). A casa! o val! a patria homilde! Celebración de Uxío Novoneyra (1930 –1999)*	175
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XV).Ramón Piñeiro: epistolario lugués*	176
	Véxase tamén o apartado de Filosofía e Ensaio.	
	Outros	
I	*Epistolario galego de Miguel de Unamuno*. Alexandre Rodríguez Guerra.	67
I	*Guía de alimentación*. Pedro Benavente Jareño.	5
I	*Redes e peixes. Saberes dun mariñeiro*. Xavier Rodríguez Vergara.	153
I, W	*Escritos sobre Federalismo e Galeguismo*. Aureliano Pereira. [Esther Martínez Eiras (trad.)].	131
I	*Máis aló da nación unificadora: en defensa do federalismo multinacional*. Alain Gagnon	171
I	*A nacionalización do pasado irlandés (1845 – 1937)*. Xavier R. Madriñán	184

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

XACOBEO 2010
Galicia

ISBN 978-84-453-4960-1
9 788445 349601

XUNTA DE GALICIA